INFORME DO VALEDOR DO POBO

AO PARLAMENTO DE GALICIA

ANO 2011

INDICE XERAL

Páxina

CAPÍTULO 1. RESUMO DAS QUEIXAS POR ÁREAS 1

1.1. *Área de emprego público e interior* 3
1.1.1. Introdución 5
1.1.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 7
1.1.3. Queixas admitidas a trámite 8
1.1.3.1. Emprego público 9
1.1.3.2. Orde pública 23
1.1.3.3. Tráfico 23
1.1.4. Queixas non admitidas a trámite 25
1.1.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 26
1.1.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de emprego público e interior 27

1.2. *Área de urbanismo e vivenda* 39
1.2.1. Introdución 41
1.2.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 43
1.2.3. Queixas admitidas a trámite 44
1.2.3.1. Urbanismo e disciplina urbanística 44
1.2.3.2. Vivenda 54
1.2.4. Queixas non admitidas a trámite 66
1.2.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 67
1.2.5. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de urbanismo e vivenda 68

1.3. *Área de medio ambiente* 91
1.3.1. Introdución 93
1.3.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 98
1.3.3. Queixas admitidas a trámite 99
1.3.3.1. A concentración de locais; zonas acusticamente contaminadas por saturación 99
1.3.3.2. Os locais sen licenza ou que non se axustan ao tipo de licenza que teñen 106
1.3.3.3. A sorprendente abundancia de *tablaos flamencos* en Galicia e a evidente fraude que se esconde detrás deste tipo de licenzas 107
1.3.3.4. O incumprimento dos horarios dos locais de lecer e a necesidade da súa redución 119
1.3.3.5. Os locais que transmiten niveis de ruído superiores aos permitidos e a ausencia de controis eficaces nalgúns concellos .. 110
1.3.3.6. A contaminación acústica e outros prexuízos ocasionados polo botellón 116

Páxina

1.3.3.7. O consumo de alcohol na rúa relacionado coa actividade dos locais 120
1.3.3.8. Outros locais industriais ou comerciais potencialmente molestos por ruídos 122
1.3.3.9. Outras fontes de contaminación acústica 122
1.3.3.10. Prexuízos e molestias ocasionados por actividades 124
1.3.3.11. O tratamento do dereito de acceso á información ambiental e á participación cidadá en materia de medio ambiente 126
1.3.3.12. A xestión das augas continentais 126
1.3.3.13. A necesidade de licenza de funcionamento das antenas de telefonía móbil e a posición contraria da Xunta á súa esixencia 127
1.3.4. Queixas non admitidas a trámite 128
1.3.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 128
1.3.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de medio ambiente 131

1.4. *Área de educación* 365
1.4.1. Introdución 367
1.4.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 368
1.4.3. Queixas admitidas a trámite 370
1.4.3.1. A educación non universitaria 370
1.4.3.1.1. A adscrición da EEI Concepción Crespo Rivas ao CEIP Campolongo 371
1.4.3.1.2. A conversión de sete institutos en centros integrados de formación profesional 377
1.4.3.1.3. A supresión do servizo de transporte para actividades extraescolares 379
1.4.3.1.4. Algunhas situacións conflitivas en materia de escolarización 380
1.4.3.1.5. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo 390
1.4.3.1.6. Algúns problemas concretos no funcionamento dos centros 397
1.4.3.1.7. Os recursos educativos complementarios 403
1.4.3.1.8. Programa municipal de inmersión en lingua inglesa do Concello de Vigo 408
1.4.3.1.9. A necesidade de matizar contidos pedagóxicos nun libro de texto 411
1.4.3.1.10. Os procesos selectivos na asignación de prazas en campamentos de verán 413
1.4.3.1.11. Problema recorrente da escaseza de prazas en escolas infantís 414
1.4.3.2. A educación universitaria 414

Páxina

1.4.3.2.1. As queixas sobre a situación da investigación en Galicia durante o ano 2011 415
1.4.3.2.2. As xestións académicas por vía telemática 420
1.4.3.2.3. Os títulos propios 427
1.4.3.2.4. Algúns casos conflitivos 435
1.4.3.3. Ensinos de réxime especial 437
1.4.3.3.1. As escolas oficiais de idiomas 437
1.4.3.3.2. O funcionamento dos conservatorios superiores de música 442
1.4.4. Queixas non admitidas a trámite 448
1.4.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 450
1.4.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de educación 451

1.5. *Área de industria, comercio e turismo* 663
1.5.1. Introdución 665
1.5.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 665
1.5.3. Queixas admitidas a trámite 666
1.5.3.1. Industria 666
1.5.3.1.1. Subministración de enerxía eléctrica 667
1.5.3.1.2. Comunicacións telefónicas e electrónicas 672
1.5.3.2. Consumo 672
1.5.3.3. Comercio 674
1.5.3.4. Turismo 675
1.5.4. Queixas non admitidas a trámite 675
1.5.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 676
1.5.6. Observacións 676
1.5.7. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de industria, comercio e turismo 679

1.6. *Área de agricultura, gandería e pesca* 683
1.6.1. Introdución 685
1.6.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 685
1.6.3. Queixas admitidas a trámite 686
1.6.3.1. Agricultura e montes 686
1.6.3.2. Pesca e acuicultura 690
1.6.4. Queixas non admitidas a trámite 691
1.6.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 691
1.6.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de agricultura, gandería e pesca 692

Páxina

1.7. *Área de servizos sociais* 699
1.7.1. Introdución 699
1.7.1.1. As carencias na aplicación da Lei de Dependencia 699
1.7.1.2. Outros problemas observados en materia de asuntos sociais..... 705
1.7.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 706
1.7.3. Queixas admitidas a trámite 707
1.7.3.1. Os atrasos na atención dos dependentes 707
1.7.3.2. Os casos de falecemento antes da aprobación do programa de atención e con atraso no procedemento; os casos de falecemento con programa de atención aprobado, pero sen pago dos atrasos 713
1.7.3.3. O déficit de prazas no catálogo de servizos; as listas de espera ... 715
1.7.3.4. As necesidades específicas de determinados grupos de dependentes, en especial dos discapacitados intelectuais 719
1.7.3.5. A retirada de fondos complementarios cos que antes contribuía a ONCE para atención dos seus afiliados con discapacidade intelectual 721
1.7.3.6. Problemas co servizo de transporte adaptado (065) e de accesibilidade nos transportes públicos. 723
1.7.3.7. O fomento da accesibilidade e outros problemas relacionados coa discapacidade 724
1.7.3.8. Amplos atrasos nas valoracións de discapacidades 724
1.7.3.9. As reservas de prazas para discapacitados nas ofertas de emprego público 726
1.7.3.10. As reclamacións por rendas de integración social, axudas de urxencia ou doutro tipo 728
1.7.3.11. A redución de axudas para proxectos de cooperación e accións humanitarias no exterior 729
1.7.4. Queixas non admitidas a trámite 730
1.7.5. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de servizos sociais 733

1.8. *Área de emigración e traballo* 879
1.8.1. Introdución 881
1.8.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 883
1.8.3. Queixas admitidas a trámite 884
1.8.4. Queixas non admitidas a trámite 887
1.8.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 888

1.9. *Área de sanidade* 889
1.9.1. Introdución 891
1.9.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 913
1.9.3. Queixas admitidas a trámite 914
1.9.3.1. Listas de espera 914

Páxina

1.9.3.2. Servizos médicos 914
1.9.3.3. Historias clínicas 918
1.9.3.4. Cuestións de persoal 919
1.9.3.5. Outras materias 920
1.9.4. Queixas non admitidas a trámite 922
1.9.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 923
1.9.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de sanidade 925

1.10. *Área de xustiza* 933
1.10.1. Introdución 935
1.10.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 946
1.10.3. Queixas admitidas a trámite 947
1.10.4. Queixas non admitidas a trámite 948
1.10.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 948

1.11. *Área de administración económica e transportes* 949
1.11.1. Introdución 951
1.11.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 952
1.11.3. Queixas admitidas a trámite 953
1.11.4. Queixas non admitidas a trámite 957
1.11.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 958

1.12. *Área de obras públicas e expropiacións* 959
1.12.1. Introdución 961
1.12.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 961
1.12.3. Queixas admitidas a trámite 962
1.12.4. Queixas non admitidas a trámite 968
1.12.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 969
1.12.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de obras públicas e expropiacións 973

1.13. *Área de corporacións locais, servizos municipais e protección civil* 977
1.13.1. Introdución 979
1.13.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 979
1.13.3. Queixas admitidas a trámite 980
1.13.3.1. Dereito de participación nas corporacións locais 980
1.13.3.1.1. O dereito dos membros das corporacións de acceso á información e documentación municipais 980
1.13.3.1.2. Dereito de participación do veciño na actividade municipal 982

Páxina

1.13.3.1.3. A organización e o funcionamento das corporacións locais 983
1.13.3.2. Servizos municipais 984
1.13.3.3. Protección civil e outros 987
1.13.4. Queixas non admitidas a trámite 988
1.13.5. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de corporacións locais, servizos municipais e protección civil 991

1.14. *Área de menores* 997
1.14.1. Introdución 999
1.14.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 1000
1.14.3. Queixas admitidas a trámite 1001
1.14.4. Queixas non admitidas a trámite 1005
1.14.5. Actividade de pedagoxía de dereitos 1006
1.14.6. Resolución do Valedor do Pobo en materia de menores 1009

1.15. *Área de cultura e política lingüística* 1019
1.15.1. Introdución 1021
1.15.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 1021
1.15.3. Queixas admitidas a trámite 1022
1.15.3.1. A falta da adecuada protección a determinados elementos do patrimonio histórico-artístico galego 1022
1.15.3.2. Os dereitos lingüísticos no ámbito das Administracións Públicas 1024
1.15.3.3. Os problemas derivados das validacións e homologacións de cursos de lingua galega 1029
1.15.4. Queixas non admitidas a trámite 1037
1.15.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 1037
1.15.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de cultura e política lingüística 1039

1.16. *Área de sociedade da información* 1069
1.16.1. Introdución 1071
1.16.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 1071
1.16.3. Queixas admitidas a trámite 1072
1.16.4. Queixas non admitidas a trámite 1075
1.16.5. Informe extraordinario sobre adolescentes e internet en Galicia 1075
1.16.5. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de sociedade da información 1083

1.17. Queixas de oficio 1087

Páxina

CAPÍTULO 2. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE COLABORACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCION 1119

2.1. O deber legal de colaboración nas investigacións da Institución 1121
2.1.1. As advertencias constrinxentes 1122
2.1.2. Administracións ou órganos aos que se reiterou a petición de informe ata en dúas ocasións, e o número de veces en que tal circunstancia se deu 1127

CAPÍTULO 3. AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS FORMULADAS POLO VALEDOR DO POBO 1131

3.1. As respostas das Administracións ou órganos aos que se dirixiu algunha resolución 1133
3.1.1. Introdución 1133
3.1.2. Respostas das diferentes administracións e órganos ás resolucións do Valedor do Pobo 1135
3.1.3. Resumo das resolucións do Valedor do Pobo e da súa aceptación polas correspondentes administracións 1139
3.1.4. As respostas ás resolucións 1141

CAPÍTULO 4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS 1151

4.1. Actividades parlamentarias. Informes ordinarios e extraordinarios 1155
4.1.1. Informe ordinario 1155
4.1.2. Informe extraordinario 1157
4.2. Outras actividades da institución 1158
4.2.1. Estreo nas redes sociais 1158
4.2.2. O Valedor, membro de honor do colexio de odontólogos 1159
4.2.3. A institución tamén se apunta a facebook 1160
4.2.4. Co deporte limpo 1160
4.2.5. Certame de fotografía inclusiva 1161
4.2.6. Publicacións 1161
4.2.7. Visitas guiadas á institución 1163
4.2.8. Portas abertas 1163
4.2.9. Estudo pioneiro 1164
4.2.10. Nova secretaria xeral 1165
4.3. Visitas e actos oficiais e protocolarios 1166
4.3.1. Recepcións na sede da institución 1166
4.3.2. Actos institucionais e protocolarios 1168

Páxina

4.4. Reunións de traballo nacionais e internacionais 1174
4.5. Relación con outros comisionados autonómicos 1188
4.6. Comunicacións e conferencias 1190

CAPITULO 5. APÉNDICE ESTATÍSTICO 1193

5.1. Introdución 1195
5.2. Entradas e saídas de documentos 1195
5.3. Expedientes iniciados no ano 2011 1197
5.3.1. Comparación con exercicios anteriores 1199
5.3.2. Distribución de expedientes pola súa natureza 1201
5.3.3. Distribución das queixas segundo as áreas da administración pública ás que se refiren 1202
5.3.4. Algúns datos sociolóxicos reflectidos nas queixas 1205
5.3.5. Entrada de queixas por meses 1209
5.4. Distribución das queixas por razón das provincias e municipios de procedencia 1211
5.4.1. Por provincias 1211
5.4.2. Por concellos 1213
5.5. Curso dado as queixas recibidas 1221
5.6. As causas de non admisión por áreas 1224
5.7. Distribución das queixas admitidas por razón das áreas da administración pública ás que se refiren 1226
5.8. Distribución das queixas referidas á administración pública galega, segundo niveis 1227
5.9. Distribución das queixas que se refiren á Xunta de Galicia, segundo consellerías 1229
5.10. Distribución das queixas referidas ás deputacións provinciais e aos concellos .. 1231
5.10.1. Queixas referidas ás Deputacións Provinciais 1231
5.10.2. Queixas referidas aos Concellos 1231
5.10.2.1. A Coruña 1231
5.10.2.2. Lugo 1234
5.10.2.3. Ourense 1236
5.10.2.4. Pontevedra 1238
5.11. Atención ao cidadán 1241

Anexo. Liquidación do orzamento (artigo37.4 da Lei 6/84) 1243

CAPÍTULO 1
RESUMO DAS QUEIXAS POR ÁREAS

1.1 ÁREA DE EMPREGO PÚBLICO E INTERIOR

1.1.1 INTRODUCIÓN

Nesta área de emprego público e interior inclúense as queixas que se refiren a cuestións que englobaremos baixo os termos xenéricos de función pública, orde pública e tráfico. O maior número de queixas recibidas ao longo do tempo de funcionamento da institución tiveron como causa cuestións relacionadas fundamentalmente coa función pública, e en menor medida co tráfico e a orde pública

No transcurso do ano 2011 recibimos nesta área 348 queixas, 119 máis que en 2010. Das 348 queixas recibidas, 268 foron admitidas a trámite e destas concluímos 205, e 63 continúan en trámite. Das 80 restantes, 32 remitímolas ao Defensor del Pueblo porque se referían a cuestións competencia da Administración Xeral do Estado; unha ao Procurador do Común porque facía referencia a unha cuestión competencia da Administración da Comunidade autónoma de Castela e León; e as 47 restantes non puideron ser admitidas a trámite, dado o contido das mesmas. Agora ben, aos seus autores informámolos das razóns polas que a súa queixa non podía ser atendida por esta institución. Tamén tramitamos e resolvemos catro queixas de 2009, e 59 de 2010.

Das 268 admitidas a trámite unha ampla maioría, 226, facían referencia a cuestións relativas ao emprego público. Unhas referíanse a aspectos relativos a persoal funcionario ou laboral da administración autonómica, outras a persoal docente, e outras a persoal do Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Tamén se deron queixas contra as actuacións dos concellos galegos nesta materia.

Este ano destacaron polo seu número e importancia as queixas relativas a irregularidades nos procesos de selección de persoal das administracións, especialmente nalgunhas oposicións do Concello de Vigo e da Deputación Provincial de Ourense. O escrupuloso respecto das garantías que teñen por obxecto asegurar a limpeza das oposicións resulta de imperiosa necesidade e niso estamos poñendo toda a nosa atención, como demostramos xa o pasado ano ao reaccionar de forma enérxica para corrixir as irregularidades detectadas nalgúns procesos selectivos do SERGAS (Q/1073/10; ver Informe Anual de 2010, páxs. 13-20 e 49-90). A deslexitimación dos procesos selectivos

da administración derivada dos sucesivos escándalos que coñecemos debe cortarse de raíz, máis aínda en momentos de crise como os que vivimos, nos que contar cun posto de traballo permanente resulta un verdadeiro privilexio. Os primeiros interesados en que se respecten as garantías son os propios traballadores do sector público que na súa inmensa maioría realizaron un considerable esforzo para acceder en condicións de xusta competencia, é dicir, demostrando o seu mérito e capacidade. As noticias de irregularidades en oposicións fan que o sector público e en especial os seus traballadores sexan observados con receo por gran parte da sociedade, o que deslexitima a súa actual posición profesional dunha forma certamente inxusta.

Ademais, garantindo a limpeza dos procesos tamén pretendemos que non se vexan prexudicadas as xustas expectativas das persoas que participaron neles de forma limpa; polo tanto, preténdese que as administracións emenden de forma inmediata calquera irregularidade e que a súa tendencia a non reaccionar a tempo non ocasione a posible anulación de todo o procedemento, prexudicando a quen non tivo culpa ningunha polo mal comportamento das administracións e dalgúns opositores.

Diferentes escándalos que a opinión pública coñece resultan especialmente graves. Por iso, todas as administracións deben poñer especial empeño en que non se volvan repetir situacións claramente irregulares ou polo menos moi sospeitosas como as coñecidas en relación co SERGAS, a Deputación Provincial de Ourense ou o Concello de Vigo.

En materia de persoal ao servizo da Comunidade Autónoma presentáronse queixas sobre diferentes cuestións: esixencia de determinadas titulacións para interinos das oficinas de emprego; equiparación de niveis entre biólogos da Consellería do Mar; falta de pagamento de complementos a un empregado do servizo contra incendios forestais; atraso no recoñecemento de sexenios de docentes; suspensión da contratación de substitutos docentes; inadecuada adxudicación de prazas nun concurso de traslados de persoal docente; ou falta de aboamento do complemento de intersustitución a enfermeiras do SERGAS.

En orde pública a maioría das queixas remitíronse ao Defensor/a del Pueblo porque se referían a actuacións de órganos da Administración Xeral do Estado.

En tráfico é frecuente que moitas das queixas que se nos presentan se refiran a actuacións das Xefaturas Provinciais de Tráfico. Por tratarse de órganos da Administración Xeral do Estado remitímolas ao Defensor/a del Pueblo. Con todo, cada ano é máis frecuente que se nos presenten queixas referidas ao tráfico urbano, competencia dos municipios galegos. Con respecto a estas queixas podemos distinguir dous grupos: as que poñen en cuestión a sinalización das vías urbanas e interurbanas, e as de desconformidade coa tramitación de expedientes sancionadores incoados polos concellos. En relación co primeiro grupo destacan as referidas á inseguridade viaria na estrada AC-550 ao seu paso por Salmón, en Ribeira, e a dunha asociación veciñal da parroquia de Oseiro (Arteixo), polo pintado da estrada AC- 415 nesa parroquia, deficiente en comparación co da mesma estrada ao seu paso por Meicende ou Pastoriza, tamén do termo municipal de Arteixo. A Xunta de Galicia, como titular das vías en cuestión, é a competente para adoptar aquelas medidas que, con base nos estudos técnicos correspondentes e de acordo coa normativa establecida, sexan máis adecuadas para a mellora da seguridade viaria nas vías de referencia. Con relación ao segundo grupo -desconformidade expedientes sancionadores incoados por concellos-, da información facilitada deducimos que a tramitación se adecuaba ao establecido na norma.

1.1.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

As queixas recibidas nesta área ao longo de 2011 foron 348, e o seu estado de tramitación é o seguinte:

Iniciadas	348	
Admitidas	268	77 %
Non Admitidas	47	14 %

Remitidas ao Defensor del Pueblo	32	9 %
Remitidas ao Procurador de Castillla - León	1	

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	205	76%
En trámite	63	24%

Tamén foron obxecto de trámite ao longo de 2011 diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de Presentación	En trámite al 31-12-10	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite o 31-12-2011
2009	2	2	4	4	0
2010	44	19	63	59	4

1.1.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Como queda plasmado nos cadros anteriores, durante 2011 foron admitidas a trámite 268 queixas, un 77% das presentadas, das que foron concluídas 205, un 76% das admitidas. Así mesmo foron concluídas 4 queixas de 2009 e 59 de 2010. Como en anos anteriores, para o estudo sistemático das queixas admitidas a trámite imos distribuílas en subáreas.

1.1.3.1.Emprego Público

Procesos selectivos de persoal funcionario ou laboral da Administración autonómica.

En 2011 recibimos unha vez máis diversas queixas referidas a procesos selectivos convocados pola Administración autonómica.

O ano pasado tratamos o atraso constatado na solución das oposicións da OEP de 2008 (Q/2148/10). Á vista dese atraso procuramos minimizalo e reclamamos á Consellería de Facenda que os trámites pendentes se resolvesen coa máxima dilixencia. Conseguiuse que se descartase un dos principais motivos do atraso, a orde sucesiva prevista na solución das diferentes oposicións, o que, unido ao atraso da oposición do subgrupo A1, podería facer que os atrasos se prolongasen moito máis tempo. Así, o subgrupo C1 ordinario resolveuse o 18 de novembro e o resto dos subgrupos afectados terían destino definitivo e tomarían posesión como moi tarde durante o mes de abril de 2011, segundo se sinalaba. Polo tanto, non puideron evitarse os problemas xa consumados, pero evitáronse novos atrasos ao descartar obstáculos innecesarios.

Non obstante a Consellería comunicou finalmente unha rectificación parcial do achegado antes, ao indicar que a adxudicación de destinos de 60 opositores do proceso extraordinario de consolidación do subgrupo C1 sería provisional, o que deu lugar a dúas novas queixas (Q/550 y 585/11). Sinalouse que *as organizacións sindicais ... manifestaron ... a súa oposición á adxudicación definitiva dos postos C1 adscritos a servizos periféricos que quedaran vacantes con posterioridade á convocatoria do concurso de traslados e instaron a súa adxudicación provisional en tanto os funcionarios de promocións anteriores non puidesen optar a eles. Resultando insuficientes os postos ofertados no concurso (12) resolveuse adxudicar provisionalmente os postos aos 60 aspirantes da quenda extraordinaria.* Este cambio de criterio xustificouse no sinalado e nas *facultades organizativas* da administración, que nun primeiro momento fixo que se establecera un criterio acorde co informado que posteriormente se modificou para adaptalo ao reclamado

polas organizacións sindicais. Non obstante, a Consellería de Facenda comprometeuse a *adoptar as medidas precisas para que a provisionalidade teña a menor duración posible*.

Once funcionarios da Xunta pertencentes ao corpo de axentes forestais (Grupo C2) dirixíronse a esta institución expoñendo o seu malestar polo atraso no proceso de integración na escala de axentes facultativos medioambientales (Grupo C1) convocado pola Orde de 25-06-09, dado que, segundo manifestaban, soamente faltaba a publicación final dos opositores que superaran o devandito proceso, pero este trámite estaba paralizado desde había varios meses, en concreto desde a Resolución de 15-04-11 (DOG de 25-04-11), o que lles estaba ocasionando un grave prexuízo aos seus intereses profesionais e económicos. A primeira das queixas recibidas (Q/2131/11) tivo entrada o 20-10-11. A Consellería de Facenda en contestación á nosa petición de informe indicábanos que unha vez finalizado o 16-05-11 o prazo concedido na devandita resolución para que os aspirantes que superaran o proceso selectivo presentasen a documentación xustificativa de estar en posesión dos requisitos esixidos para o ingreso, procedeuse ao exame e comprobación da documentación recibida, pero ao iniciarse no mes de xuño o Plan de prevención e defensa contra incendios forestais (Pladiga 2011), que mobilizou, entre outros efectivos, aos 155 axentes forestais participantes no proceso de promoción a axentes facultativos ambientais, fíxose aconsellable atrasar a finalización do devandito proceso selectivo ata a finalización da vixencia do plan, que por circunstancias climatolóxicas e de sinistralidade prolongouse durante outubro. Os cesamentos e tomas de posesión dos devanditos axentes terían incidido no operativo de prevención e defensa contra incendios. Finalmente, mediante Orde de 2-12-11 (DOG de 13-12-11) procedeuse ao nomeamento como funcionarios do corpo de axudantes facultativos (subgrupo C1), escala de axentes facultativos ambientais, aos aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Presentouse outra queixa na que se poñían en cuestión as probas realizadas nun proceso selectivo de persoal temporal en determinadas categorías profesionais, entre elas as de peón especialista e peón para unha empresa pública dependente da Consellería de Medio Rural. Da información facilitada despréndese que para a cualificación da proba física, da que se queixaba o autor da queixa, a Comisión de Selección, de acordo co establecido nas Bases, dispuxo a incorporación de 4 xuíces independentes da Federación

Galega de Atletismo, que velaron porque se desenvolvesen de acordo coas normas. Ante estas circunstancias consideramos que na cualificación das probas en cuestión non se produciron actuacións irregulares por parte do Tribunal encargado do proceso en cuestión.

A autora doutra queixa reclamaba por un proceso selectivo convocado para a cobertura de dúas prazas de auxiliar administrativo na Delegación da Xunta en Montevideo (Uruguay), poñendo de manifesto a escasa publicidade da convocatoria, e que dúas persoas que xa traballaban de forma temporal na Delegación se presentaban ao proceso e eran as encargadas da recepción e procesamento dos datos dos demais participantes, de manexar a información do concurso e da publicación de resultados, o que crebaba as garantías do proceso. Aínda cando do exposto pola autora da queixa parecía deducirse a posible existencia de certas anomalías no desenvolvemento do devandito proceso selectivo, co exame da información que nos foi facilitada púidose constatar que aínda que se presentaron ao dito proceso dúas persoas que traballaban na devandita Delegación, non obstante as funcións relacionadas coa recepción de solicitudes dos aspirantes eran realizadas por persoal da dita Delegación, pero alleo ao proceso selectivo e non polas persoas a que se refería a autora da queixa, e que ademais en ningún momento tiveron acceso aos cuestionarios con anterioridade ao exame, pois a custodia tanto do cuestionario como da proba de lingua galega correu a cargo en todo momento do Tribunal que se reunía en Santiago de Compostela, que só se desprazou a Montevideo para a realización do exame e a baremación da fase do concurso. As bases da convocatoria informaban de forma clara e transparente da tramitación do proceso selectivo, da realización de cada unha das probas e da puntuación outorgada ás distintas fases.

Un opositor participante nun proceso selectivo da Xunta expuxo a súa desconformidade coa interpretación realizada por un Tribunal das bases dunha convocatoria no referente á forma de realizar a cualificación das probas. Da información facilitada desprendíase que o Tribunal, ante as dificultades con que se atopou para a aplicación das bases (base II.1.1.2), realizou un exame pormenorizado das diferentes opcións concluíndo que a única interpretación que non daría lugar a unha nulidade de pleno dereito por vulneración de principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade era considerar que a base establecía dúas regras: 1ª.- Para superar o segundo

exercicio era necesario en todo caso obter un mínimo de 4 puntos na primeira proba e 10 puntos no total resultante da suma das dúas probas e 2ª.- O opositor número 250 establecería unha nota de corte para o caso de que máis de 250 aspirantes conseguisen as notas mínimas previstas na regra primeira, de tal forma que non poidan superar a fase de oposición e pasar á fase de concurso máis de 250 persoas. Esta interpretación foi sometida a consulta da Dirección Xeral da Función Pública, que a considerou axustada a dereito. Contra esta interpretación tanto o autor da queixa como calquera outro opositor puideron interpoñer recurso en vía administrativa ou en vía xudicial, cousa que, ao parecer, non fixeron.

Procesos selectivos de persoal funcionario ou laboral das administracións locais.

En relación con procesos selectivos convocados por entidades locais este ano destacaron as numerosas queixas relativas a oposicións do Concello de Vigo. A primeira iniciouse de oficio (Q/1462/11) debido á noticia aparecida en *La Voz de Galicia* na que se relataba que unha participante nunha oposición de promoción interna para administrativos tivo ao seu cargo os exames durante varios días, o que comprobou outra opositora que ao solicitar unha revisión viu como facilitaba a súa proba unha das súas competidoras, polo que presentou unha reclamación. Á anterior uniuse unha queixa da sección sindical municipal de CC.OO. (Q/1919/11) sobre irregularidades en diferentes procesos selectivos, e outras moitas de supostos prexudicados por esas irregularidades. Outra manifestaba que as actuacións dun funcionario e alcalde pedáneo dunha parroquia de Vigo poderían ser delito e ter relación coas irregularidades denunciadas respecto das oposicións en Vigo, polo que foi remitida ao Ministerio Fiscal.

Ao noso requirimento de informe respecto da queixa de oficio o Concello respondeu en primeiro termo que lle sorprendía a forma de actuar do Valedor do Pobo *iniciando un expediente de oficio exclusivamente por unha información de prensa, sen realizar unha consulta previa a este Concello ... e sen producirse ningunha denuncia de particular*. Por iso vímonos obrigados a informalo de que as actuacións de oficio se atopan habilitadas pola Lei do Valedor do Pobo, que normalmente se inician por noticias de

prensa, e que son comúns nesta institución e nas análogas (Defensor del Pueblo ...), sen que se prevexan consultas previas, como pretende o concello. Ademais, no caso do Valedor do Pobo as iniciativas de oficio son demandadas en sede parlamentaria polos diferentes Grupos Parlamentarios. Son numerosas as iniciativas deste tipo que se promoveron para a comprobación do respecto dos dereitos constitucionais e da legalidade ordinaria, como se pode comprobar nos diferentes Informes Anuais, e moitas delas foron dirixidas ao Concello de Vigo, que en ningún caso fixo manifestacións deste tipo con anterioridade.

Respecto ao fondo do asunto o concello sinalou que iniciaría un *expediente de información reservada,* pero sen responder ás preguntas sobre a situación de suposta irregularidade. Ademais, da expresión referida (*información reservada*) parecía deducirse que o concello non daría conta diso. Así as cousas, requirímoslle informe complementario, que o concello emitiu, pero de novo sen responder ás cuestións requiridas. Non achegou os detalles do comprobado en relación cos aspectos requiridos, que foron obxecto de análise nesa información reservada; en calquera caso, coñecemos que do actuado pola Asesoría Xurídica se derivou a suspensión cautelar do nomeamento dos funcionarios. Engadíase que *das actuacións que se continúen adoptando polos órganos municipais competentes dará debida conta en tempo e forma*; con todo, ao cabo dun tempo non se tiña esa información, polo que a requirimos.

Como resposta esta vez o concello enviounos un detallado informe da Asesoría Xurídica que confirmou a existencia de irregularidades, aínda que entendía que se podían emendar no caso de que o tribunal dese unha explicación adecuada; en caso contrario deberíase iniciar un procedemento de revisión de oficio ou lesividade, dependendo do grao da irregularidade constatada finalmente. Engadíase que o órgano de selección estaba examinando e executando as indicacións da asesoría e que se daría conta do resultado de todo iso; con todo, ao cabo dun tempo considerable aínda non recibimos a información comprometida, polo que ao peche do Informe vémonos na obrigación de requirir de novo ao Concello de Vigo que aclare definitivamente o resolto sobre o asunto obxecto de queixa. Ademais, ao observar que o informe da Asesoría Xurídica se refire só ao sucedido no caso descrito na noticia e ás súas posibles consecuencias, tamén nos vemos na

obrigación de indicar ao concello que entendemos que a súa investigación debe transcender do detalle puntual que se trata, que parece ser indicio dun mala *praxe* que pode afectar a outras persoas e circunstancias, polo que o que se precisa é unha investigación pormenorizada das circunstancias xerais que concorreron na oposición, en especial se participaron membros do tribunal que debesen absterse, polo menos en canto ao exame do persoal con relación de xerarquía con eles; se determinados opositores participaron no proceso como colaboradores formais ou informais no proceso selectivo, nese caso deberían advertir da súa obrigación de non participación; ou se puideron ter acceso ao material propio da oposición debido á súa proximidade a membros do tribunal, especialmente aos que custodiaban as preguntas e manipularon os exames.

En conclusión, a pesar do tempo transcorrido desde o inicio da queixa de oficio Q/1462/11, en xullo de 2011, o certo é que o Concello de Vigo aínda non aclarou todas as circunstancias irregulares da oposición e sobre todo non deu conta das medidas adoptadas de forma definitiva en relación coas irregularidades xa confirmadas e coas que poidan deducirse dunha máis ampla investigación, que se considera conveniente.

Na Q/1919/11 a sección sindical de CCOO no Concello de Vigo sinalaba que transmitira ao concelleiro de persoal e aos responsables do servizo municipal de recursos humanos as conversacións do funcionario e alcalde pedáneo ao que xa nos referimos, pero sobre todo indicaba que impugnara a designación e nomeamento dalgúns dos membros dos tribunais da OPE de 2008, que debían considerarse nulos por non reunir os requisitos básicos de imparcialidade e profesionalidade. Sinalaba que unha alta porcentaxe eran representantes sindicais e/ou persoas con vínculos políticos, ata o punto de que un, ademais de representante sindical, sería asesor da concelleira de urbanismo; nalgún caso nin sequera estaban encadrados nun grupo de titulación igual ou superior ao ofertado, como é preceptivo, ou non pertencían ás áreas de coñecemento nin tiñan coñecementos das técnicas ou habilidades específicas da área profesional da praza ofertada; determinados representantes sindicais acumulan ata nove nomeamentos en tribunais desta OPE. En contra de prácticas máis adecuadas de anteriores convocatorias para a determinación e custodia das preguntas, nestas os tribunais reuníronse con amplos intervalos de tempo, e cando o fixeron nas horas anteriores aos exercicios foi achegando cada membro unhas

preguntas xa definidas, non sorteando entre moitas, co que se facilitaron as filtracións. Ademais, a falta de coñecementos e "inventar" preguntas deu lugar a erros nos modelos de corrección dos test, o que motivou que o tribunal dese como válidas respostas incorrectas, algunhas verdadeiras "barbaridades", segundo se sinalaba na queixa. Os opositores reclamaron a súa corrección e as respostas foron modificadas tras aceptarse as ditas reclamacións; pero curiosamente os opositores que lograron "notas moi altas" orixinalmente, esas barbaridades contestáronas exactamente como aparecían no modelo errado, cando de estar tan ben preparados como aparentaban coas súas notas sería difícil que as erraran. Ademais, os opositores contestaron os test co seu nome e apelido, polo que no momento da corrección dos exames eran identificables.

O ente local respondeu dando conta da desestimación do recurso promovido por CCOO. Antes xa se solicitara un informe xurídico no que se concluía que existía dúbida xurídica razoable respecto da participación de representantes sindicais nos órganos de selección, e outro relativo á idoneidade dos seleccionados debido á súa preparación técnica e titulación, no que se indicaba que "*todos/as membros/as (sic) dos órganos de selección que figuran ...contan con titulación igual ou superior á esixida para o acceso a cada unha das prazas ofertadas ...".* Como consecuencia diso produciuse a renuncia de 15 membros de tribunais afectados pola obxección sinalada no informe xurídico, razón pola cal o concello entendía solucionado o problema e polo tanto desestimaba a reclamación de CCOO.

Do exame do anterior deduciuse que non se aclararan todos os aspectos da queixa, polo que ao peche do Informe preparamos un novo requirimento de aclaración. Solucionouse parte do problema apuntado polo informe xurídico, posto que se apartaron -renunciaron- os examinadores que eran representantes sindicais, pero non se aclarou a repercusión que a súa participación anterior pode ter no procedemento, posto que ata que se fixo efectiva a renuncia como membros dos tribunais exerceron como tales. Ademais, respecto do outro asunto controvertido en relación cos examinadores, os informes municipais afirman que se cumpriu a esixencia de titulación igual ou superior, pero non aclaran que a selección dos membros dos tribunais se fixese tendo en conta criterios *predominantemente técnicos*. Este concreto requisito non se cumpre só coa posesión dunha

titulación igual ou superior, senón que tamén pode esixir coñecementos técnicos específicos, sobre todo cando se trata de avaliar procesos selectivos moi concretos, como moitos dos que tratamos na queixa. *A profesionalidade* esixida refírese a ambas circunstancias, especificadas de forma acumulativa no art. 127.1 h) da lei 7/1985 -modificada pola Lei 57/2003-, isto é, a titulación necesaria e os coñecementos técnicos que sexan precisos en función do tipo de proceso de que se trate. Ademais, tampouco se aclararon o resto dos motivos da queixa; a falta de anonimato na entrega dos exames; a inadecuada selección das preguntas; e, o máis importante, non se achega unha investigación adecuada respecto dunha circunstancia que de confirmarse resultaría ilustrativa de presumibles irregularidades: que os opositores que lograron notas moi altas orixinalmente responderan ás preguntas anuladas da forma prevista e que posteriormente se comprobou errada (en ocasións tratábase de *barbaridades*, segundo se di na queixa), cando de estar tan ben preparados como aparentan as súas notas sería difícil que as erraran -todas- sempre no mesmo sentido, o predeterminado de forma errónea. Ao peche de Informe atopámonos á espera desas aclaracións.

Outras queixas relativas a procesos selectivos do Concello de Vigo déronse con ocasión da oposición de programador informático (Q/2137 e 2507/11); ou no caso de oposicións para prazas de subalternos ou auxiliares de administración xeral da OPE de 2008 (Q/2177, 2189, 2190, 2258 e 2263/11). En todos os casos as queixas centrábanse na falta de anonimato nos exames. Tamén recibimos unha queixa (Q/1670/11) relativa á forma na que se desenvolveron determinados procesos de consolidación no Concello da Coruña, que se coñece ao peche do Informe.

Por outra banda, tal e como tratamos amplamente na área de servizos sociais, coñecemos dúas queixas (unha de oficio) pola actuación da Deputación Provincial de Ourense, que non respectou a reserva de prazas para persoas con discapacidade. Recomendámoslle que respectase o legalmente previsto en relación a esas cotas de reserva nas OEP do organismo provincial, o que non se fixo na ocasión analizada e posiblemente tampouco nas anteriores. A Deputación aceptou a nosa indicación, pero só para futuras ofertas de emprego, e non recoñeceu a súa inadecuada actuación nas convocatorias xa realizadas.

Tamén recibimos unha queixa de dous opositores que non participaran no proceso de consolidación aberto polo Concello da Coruña porque, segundo expoñían, unha representante sindical lles indicara que non podían facelo (Q/1670/11). Concluíuse que as bases non indicaban tal cousa e que por tanto non podía facerse responsable á administración local dunha información errónea que no seu caso proporcionara un particular.

Recibimos algunhas queixas por procesos selectivos locais nas que se expoñía a desconformidade dos seus autores coa cualificación que lles foi outorgada. Nestes casos, unha vez examinada a queixa e a información facilitada pola entidade correspondente, participóuselles que é constante a xurisprudencia ao sinalar que nas puntuacións dos exames e dos méritos existe unha ampla potestade valorativa por parte dos tribunais ou comisións de cualificación. Noutras queixas as persoas manifestaban as razóns polas que consideraban que a súa exclusión das listas dos procesos selectivos correspondentes fora irregular. Da información facilitada pola administración correspondente desprendíase que tal exclusión estaba apoiada no establecido nas bases e a este respecto tamén é constante a xurisprudencia en sinalar que as bases de convocatoria de procesos selectivos, unha vez firmes e consentidas, vinculan por igual aos participantes e á Administración, xa que constitúen a lei á que ha de suxeitarse o procedemento e a resolución deste.

O autor dunha queixa expoñía a súa desconformidade co límite de idade establecido no art. 33.2 da lei autonómica 4/2007, de coordinación de policías locais, polo que solicitaba que se elimine. Fundaméntao na sentenza de 21-3-11 ditada pola Sala Terceira do Tribunal Supremo que declarou nulo o límite de idade establecido no apartado b) do art. 7 do Real Decreto 614/1995, polo que se aprobou o Regulamento dos procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía. Á vista do exposto decidimos dar traslado de tal cuestión á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como órgano de coordinación das policías locais, por se estimaba conveniente proceder ao estudo desta cuestión. Informounos que consideraban que debería de analizarse a actual normativa autonómica de coordinación das policías locais, a Lei 4/2007, e o Decreto 243/2008, por se procedese a súa modificación, e que en función diso, logo do ditame da

Asesoría Xurídica e de coñecer o parecer dos órganos de representación do persoal de policía local, se resolverá o procedente.

Persoal funcionario ou laboral da Administración autonómica e das Entidades Locais.

En materia de persoal da Xunta de Galicia expuxéronse cuestións como a contida na queixa de varias persoas que figuraban na lista de interinos, grupo A2, dunha categoría determinada, porque para a cobertura de 109 prazas nas oficinas de emprego íaselles esixir estar en posesión de determinadas titulacións (traballador social, graduado social, educador social e diplomado en relacións laborais), cando aos contratados de anos anteriores para os mesmos postos non se lles esixiron tales titulacións específicas. A información facilitada facía referencia a que ditas titulacións eran as máis adecuadas para o desempeño das funcións que tiñan que levar a cabo as persoas que ían ocupar as 109 prazas nas oficinas de emprego. Outra queixa referiuse a que un colectivo de biólogos que prestan servizos como funcionarios na Consellería do Mar levan varios anos reclamando a equiparación de niveis; uns ocupan postos con nivel 20, outros 22 e ata algúns 24, cando todos teñen cometidos e funcións similares. A Consellería informounos de que para o colectivo de "biólogos de zona", uns con nivel 22 e outros con 20, propúxose o incremento de nivel 24 para os postos que estaban desempeñando, non só en atención ás reiteradas solicitudes do colectivo, senón tamén por considerar que tal reclasificación supoñería a adopción dunha medida xusta para os empregados que ocupan tales postos e que ao mesmo tempo favorecería a mellor organización dos seus recursos humanos, pero a Consellería de Facenda informara que o cambio de nivel ou reclasificación de postos non era admisible, aínda que existise financiamento coa amortización doutras prazas, xa que aínda que esa modificación non supuxese incremento de crédito, si que representaba maior gasto. Non se puido levar a cabo a reclasificación. Outra queixa (Q/162/11) foi presentada por un empregado do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais porque non se lle aboou o complemento de nocturnidade de 2009 e 2010. Vímonos precisados a formularlle unha recomendación á Consellería do Medio Rural nos seguintes termos: "Que por esa Consellería se proceda o máis axiña posible ao aboamento a D. M. M. B. do complemento de nocturnidade polas horas nocturnas por el realizadas durante os anos 2009 e 2010" (ver

resolución nº 3 desta área). No momento da elaboración deste informe estamos á espera de recibir a pertinente contestación de dita Consellería.

A queixa Q/231/11 presentouse contra o Concello de Vigo ante a falta de resolución dun recurso de reposición interposto contra un acordo desestimatorio dunha solicitude para que se recoñecese o dereito a percibir unhas determinadas cantidades. Vímonos precisados a remitir ao concello unha recomendación nos seguintes termos: "Que ese concello deberá adoptar as medidas tendentes á resolución expresa e á súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, adecuándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e demais normativa aplicable. E consecuentemente deberase proceder á resolución, no prazo máis breve posible, do recurso interposto polo autor desta queixa" (ver resolución nº 2 desta área). O concello remitiu certificación da Xunta de Goberno Local na que se adoptou acordo sobre recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local, desestimatorio de reclamación de cantidades, en cumprimento da recomendación efectuada, polo que a consideramos aceptada.

Persoal funcionario ou laboral docente.

Durante 2011 presentáronse varias queixas nas que os seus autores poñían de manifesto o seu malestar en relación co desenvolvemento de procesos selectivos para acceder á condición de funcionario docente. Na maioría destas queixas facíase referencia a que se produciron diversas irregularidades nas oposicións ao corpo de mestres. Tamén recibimos algunhas outras denunciando irregularidades nas oposicións para o corpo de profesores de artes plásticas e de deseño. Ambos procesos selectivos foron convocados pola Orde de 8-04-11. Un número importante destas queixas continúan en tramitación no momento da elaboración deste informe, na maioría dos casos á espera de recibir a pertinente información. Algunhas xa se concluíron; da información facilitada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deducíase que as irregularidades non se produciron. Unha das queixas facía referencia a que a maioría das notas altas foran outorgadas a opositores que estaban ocupando prazas de docentes de forma interina, mentres que para os que non estaban traballando as cualificacións roldaban o 5 ou o 6. Da

información facilitada despréndese que non existiron diferenzas significativas nas cualificacións outorgadas aos aspirantes que traballaron no curso 2010-2011 e as outorgadas a aquelas outras persoas que non traballaron.

Noutras dúas queixas os seus autores expoñían o seu malestar polo atraso no recoñecemento de sexenios que solicitaran. Grazas á nosa intervención a dita Consellería informounos que se lles recoñeceu o sexenio en cuestión.

Varias persoas dirixíronse individualmente a esta institución expoñendo o seu malestar porque a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acordara suspender a contratación de persoal substituto desde o 6-04-11 ata o 25-04-11. Informóusenos, entre outras cuestións, de que no período de Semana Santa no que non hai actividade lectiva non resulta necesario nin urxente cubrir ningunha baixa laboral, polo que se deixou de facer chamamentos para a cobertura temporal de prazas desde o 4 ao 25 de abril, coa excepción de circunstancias especiais e concretas. Esta actuación foi semellante á dos últimos dez anos; o nomeamento de persoal funcionario por causa de interinidade ou substitución debe basearse en razóns de necesidade e urxencia, segundo o art. 10.1 do Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007.

Varias queixas manifestaban desconformidade coa valoración de méritos realizada no concurso de traslados de persoal docente convocado por Orde de 8-11-10 e coa adxudicación de prazas. Na información que nos foi remitida explicábanse de forma clara as razóns da valoración dos méritos e da adxudicación das prazas.

Outra queixa (Q/1993/10) manifestaba a desconformidade coa actuación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ante a falta de resolución dun recurso de alzada presentado contra resolución da Xefatura Territorial da Coruña por dedución de haberes (1 hora). Ante esta circunstancia e logo de diversas xestións realizadas ante a Consellería vímonos precisados a formularlle unha recomendación nos seguintes termos: "Que esa Consellería deberá adoptar as medidas tendentes á resolución expresa e á súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, adecuándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e demais normativa

aplicable. E consecuentemente deberase proceder á resolución, no prazo mais breve posible, do recurso interposto pola autora desta queixa" (ver resolución nº 1 desta área). A consellería informounos de que xa resolvera o recurso, polo que consideramos aceptada a nosa recomendación.

Persoal funcionario, laboral ou estatutario do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Este ano recibimos varias queixas relacionadas con actuacións do SERGAS en materia de persoal. Así, recibimos unha queixa colectiva de varios opositores que superaran o proceso selectivo do grupo de xestión da función administrativa. O motivo da súa queixa era que non se ían ofertar aos aprobados todas as prazas vacantes de devandita categoría na provincia de Lugo coa intención, segundo eles, de manter no seu posto a determinado persoal interino que non superara o proceso selectivo en cuestión ou que non se presentaron ao mesmo. Da exhaustiva información que nos foi remitida deducimos que a reclamación carecía de fundamento, xa que estaba sen publicar nin convocar a elección de destino da categoría en cuestión, e que todas as prazas de interinos a que se referían os reclamantes foran ofertadas a concurso de traslados (procedemento previo á adxudicación de prazas ao persoal da OPE), polo que todos os interinos dos centros en cuestión foron susceptibles de cesamento, o que demostra que non se deu a blindaxe de prazas a que facían referencia os reclamantes.

Recibimos outras queixas nas que os seus autores, que xa viñan desempeñando as súas funcións no SERGAS no grupo de auxiliar da función administrativa, queixábanse porque aos aprobados na OPE ofertáranselles para a elección de destino prazas que con anterioridade non se ofreceron no concurso previo ao persoal anterior. Na información que nos foi facilitada faise constar, entre outras cuestións, que por Resolución de 22-07-10 da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde convocouse o concurso de traslados para a provisión de prazas de diversas categorías estatutarias, entre as que figuraban 117 de devandito grupo e que esta cantidade fora acordada na mesa sectorial de negociación sindical de sanidade celebrada no mes de maio de 2010. Tamén se fai constar que como consecuencia do concurso de traslados, se produce un déficit de prazas para

ofertar na OPE, circunstancia que se produce por varios motivos, entre os que cabe citar a participación de profesionais con praza en propiedade noutros servizos de saúde, profesionais que reingresan provisionalmente con obrigación de participar pero sen reserva de praza ou profesionais que participan no concurso desde unha situación de excedencia sen reserva de praza. Tamén se engade que as prazas ofertadas no OPE correspondían a vacantes que existían no momento de publicación da resolución de 15-04-11, pola que se convocou o acto de elección de praza dos aprobados na convocatoria. Eran pois prazas que estaban vacantes e que o Servizo Galego de Saúde necesitaba cubrir para atender con eficacia o servizo de asistencia sanitaria.

Noutra serie de queixas os seus autores manifestaban que aprobaran na OPE pero sen praza e que non se convocaron todas as prazas vacantes, senón soamente 1099 na súa categoría de enfermería, co que se lles privou da posibilidade de aprobar con praza. Na información que nos foi facilitada faise constar que polo Decreto 25/2009 do 12 de febreiro foi aprobada a OPE de varias categorías para o ano 2009 do Servizo Galego de Saúde, das que lle correspondían 1099 á categoría de enfermería e que na devandita oferta incluíanse as prazas con asignación presupostaría que non podían ser cubertas con efectivos de persoal existentes, dentro das potestades de autoorganización da administración sanitaria e coas limitacións que en materia de planificación presupostaria se establecen por parte da consellería competente en materia de Función Pública e Facenda.

En materia retributiva presentáronsenos varias queixas nas que se expoñía polos seus autores que non se lles aboou un complemento que, ao seu entender, se lles debía aboar. O complemento de intersubstitución ten por finalidade retribuír a prestación de servizos dos profesionais que atenden a cota de pacientes adscritos a outros profesionais da mesma categoría e unidade, ausentes por causas determinadas. Para o seu recoñecemento requírese a participación efectiva na cobertura da axenda de citación do persoal ausente e a preceptiva autorización da dirección do centro de saúde ou das persoas nas que delegue esta facultade. Coñeceuse que con respecto aos reclamantes se comprobou que non constaba a preceptiva autorización para a realización das suplencias e ademais as axendas dos profesionais sanitarios ausentes constaban bloqueadas e non distribuídas; así se lles participou aos interesados mediante a resolución denegatoria.

1.1.3.2 Orde Pública

A maioría das queixas que se presentan en materia de orde pública refírense a actuacións da Administración Xeral do Estado e, en consecuencia, correspóndelle coñecelas ao Defensor/a del Pueblo, polo que procedemos a trasladalas e comunicar tal circunstancia aos autores das queixas.

1.1.3.3.Tráfico

Como en anos anteriores recibimos varias queixas referidas a actuacións das Xefaturas Provinciais de Tráfico, que por tratarse de órganos da Administración Xeral do Estado corresponde coñecer ao Defensor/a del Pueblo. Non obstante o anterior cada ano é máis frecuente que se nos presenten queixas referidas ao tráfico urbano, competencia dos concellos.

En materia de tráfico podemos distinguir dous grupos de queixas; un constituído por aquelas nas que se pon en cuestión a sinalización das vías urbanas e interurbanas, e outro no que se manifesta a desconformidade coa tramitación de expedientes sancionadores incoados polos concellos.

En relación coas queixas do primeiro grupo (sinalización das vías urbanas e interurbanas) imos referirnos a dúas queixas. A primeira a persoa que se dirixiu a esta institución expoñía o seu malestar pola inseguridade viaria na estrada AC- 550 ao seu paso pola localidade de Salmón-Ribeira. Trátase dun tramo de aproximadamente 900 metros con medio centenar de vivendas nas súas marxes no que se produciron varios accidentes durante os últimos anos, algúns mortais e no que a velocidade está limitada a 70 Kms/h e no cal soamente existe un paso de peóns. Dirixímonos en primeiro lugar ao Concello de Ribeira, que nos informou que a citada estrada era de titularidade autonómica, polo que lle correspondía á Xunta de Galicia a sinalización e a adopción das pertinentes medidas en canto á seguridade viaria. Ante esta información dirixímonos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Este órgano informounos que a limitación de 70 Kms/h era o aconsellable e que non se consideraba necesaria unha limitación máis baixa,

xa que non existe un tramo urbano na devandita zona e o trazado do devandito tramo é o adecuado á limitación de velocidade establecida e que ademais nel está permitido o adiantamento entre vehículos, manobra incompatible coa instalación de pasos de peóns. Ademais, segundo os datos de sinistralidade nos últimos anos, houbo oito accidentes con vítimas entre os puntos quilométricos 101 e 103, sen que houbese ningunha vítima mortal, e todos os accidentes producíronse de noite, polo que non se trata dun treito de alta sinistralidade.

Na outra queixa a presidenta dunha asociación veciñal manifestou que os veciños da parroquia de Oseiro-Arteixo consideraban que estaban sendo tratados de forma discriminatoria pola Xefatura Territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña en relación ao pintado da estrada AC - 415 ao seu paso pola parroquia, en comparación co pintado desta estrada ao seu paso polas parroquias de Meicende e Pastoriza, ambas tamén pertencentes ao termo municipal de Arteixo. Na información exhaustiva que nos foi facilitada pola consellería conclúese que a premisa da súa actuación foi a seguridade viaria, dado o seu carácter de tramo de concentración de accidentes. Realizouse unha análise minuciosa dos movementos no tramo e tratouse de decidir nas condicións máximas de seguridade tanto para os usuarios da vía como para os residentes no contorno. Durante a execución suprimíronse distintos accesos ou movementos que non cumprían cos requisitos de seguridade viaria, para o que se habilitaron diversos cambios de sentido con carrís centrais de espera en zonas próximas, que permitan, na maior proximidade posible, a execución dos movementos en condicións de seguridade. En resumo, non se tratou de diferente forma ás parroquias de Arteixo, senón que se estudaron pormenorizadamente as características da estrada, propoñendo solucións de seguridade viaria para o conxunto.

Con respecto a estas dúas queixas debemos facer constar que a Xunta, titular das vías en cuestión, é competente para adoptar aquelas medidas que, en base aos estudos técnicos correspondentes e de acordo coa normativa establecida, considere máis adecuadas para a mellora da seguridade viaria nas vías de referencia, sen que se vexa compelida a adoptar aqueloutras medidas propostas polos veciños, usuarios das vías, etc.

Por outra banda, con relación a aquelas outras queixas nas que o que se expón é a desconformidade coa tramitación de expedientes sancionadores municipais, unha vez examinada a información facilitada polo concello correspondente e constatado que a tramitación se axusta á norma, participamos aos seus autores que non podemos pronunciarnos sobre os feitos controvertidos nos procedementos, senón só sobre as garantías establecidas en favor dos administrados, limitándose a actuación do Valedor do Pobo a verificar que estas se respectan.

1.1.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Ao longo de 2011 vímonos precisados a non admitir a trámite 47 queixas, o que supón un 13% do total das recibidas. Aos autores de cada unha destas queixas explicáronselles as causas polas que non podían ser obxecto de tramitación.

A) Falta de indicios de irregularidade da Administración

Por esta causa non foron admitidas a trámite 7 queixas, pois do estudo dos correspondentes escritos de queixa comprobamos que a actuación da administración que interveu se adecuaba á normativa vixente.

B) Non actuación administrativa previa

Foron 28 as queixas non admitidas a trámite por esta causa, pois do estudo dos correspondentes escritos de queixa constatamos que aínda non se dirixiran á administración afectada, ou que había moi pouco tempo que se dirixiran a esta. En consecuencia, informámolos de que deberían dirixirse á administración ou esperar a que esta examinase as súas alegacións e puidese adoptar a resolución correspondente.

C) Intervención xudicial

Non puidemos admitir 7 queixas a trámite porque estaban pendentes da correspondente resolución xudicial, ou xa se produciu un pronunciamento por parte dun

xuíz ou tribunal, ou o asunto sometido á nosa consideración debería suscitarse ante os órganos xudiciais competentes.

D) Non competencia do Valedor

Aos autores de 3 queixas tivemos que participarlles que non podiamos admitir a trámite as súas queixas, á vista de que as cuestións que expoñían nos seus escritos quedaban fóra das competencias do Valedor.

E) Relación xurídico privada

Non admitimos a trámite 2 queixas ao comprobar que o asunto denunciado en cada unha delas ante esta institución tiña un carácter netamente privado e, en consecuencia, tivemos que absternos de intervir.

1.1.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

En 2011 remitíronse 32 queixas ao Defensor del Pueblo porque se referían a actuacións de órganos dependentes da Administración Xeral do Estado. Tamén se remitiu 1 queixa ao Procurador do Común de Castela e León porque facía referencia a unha cuestión competencia de devandita Comunidade Autónoma. Estas 33 queixas supoñen un 9% do total das queixas recibidas. Delas, 20 facían referencia a cuestións relacionadas coas competencias das Xefaturas Provinciais e a Dirección Xeral de Tráfico, 4 referíanse a cuestións relacionadas con situacións administrativas do persoal ao servizo de organismos da Administración Xeral do Estado ou con procesos selectivos convocados pola devandita Administración, e 8 a cuestións relacionadas con actuacións das Forzas de Seguridade do Estado. A queixa remitida ao Procurador de Castela e León referíase a unha cuestión relacionada coa situación administrativa dunha funcionaria ao servizo de devandita Comunidade Autónoma.

1.1.6. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE EMPREGO PÚBLICO E INTERIOR

1.- Recomendación dirixida á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en data 28 de abril de 2011 para que se resolvan expresamente as solicitudes e recursos que se lle presenten. (Q/1993/2010).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado, como consecuencia da queixa presentada o 25-10-10 por E. L. G., con domicilio en Avda. X, de Oleiros, na que nos indicaba que con data 7-05-10 presentou no rexistro Portelo Único do concello de Oleiros un recurso de alzada dirixido a esa consellería contra a resolución da Xefa territorial de A Coruña por dedución de haberes (1 hora), sen que, a pesar do tempo transcorrido se procedese a resolución do mesmo. Tamén manifesta que con data 28-09-10 solicitou desa Consellería certificado acreditativo do silencio, sen que tampouco se lle contestase a dita solicitude.

Admitida a trámite a queixa solicitouse con data 4 de novembro de 2010 informe da Secretaría Xeral desa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ante a falta de contestación fíxose preciso realizar requirimentos o 9-12-10, 25-01-11 e 3-03-11. A esta petición de informe, despois dos requirimentos realizados, contestóusenos mediante escrito de 18-03-11, saída de 21-03-11 nº 7540, no que se facía constar o seguinte: *"significolle que con data 03/02/2011, foille remitido a interesada, certificado acreditativo de silencio administrativo pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos desta consellería, segundo petición de data 28/09/2010 do certificado"*.

Ante esta información da Secretaría Xeral desa consellería debemos resaltar que esta Institución ven pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obriga da Administración de contestar debidamente ás reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presentan e así no informe correspondente ao ano 1996, entre outras precisións, facíase constar que "desde a perspectiva do noso texto constitucional, o artigo 103.1 da Constitución establece taxativamente: "A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía,

descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ó Dereito". Neste sentido, o principio de eficacia esixe das Administracións Públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Agora ben, unha das máis importantes tradúcese no deber da Administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha axeitada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, cómpre subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima ao lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común. Na exposición de motivos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sinálase literalmente que "*el silencio administrativo, positivo o negativo, no debe ser un instituto jurídico normal, sino la garantía que impida que los derechos de los particulares se vacíen de contenido cuando su Administración no atiende eficazmente y con la celeridad debida las funciones para las que se ha organizado". Así mesmo indícase: "el objeto de la Ley no es dar carácter positivo a la inactividad de la Administración cuando los particulares se dirijan a ella; el carácter positivo de la inactividad de la Administración es la garantía que se establece cuando no se cumple el verdadero objetivo de la ley, que es que los ciudadanos obtengan respuesta expresa de la Administración y, sobre todo, que la obtengan en el plazo establecido"*.

Dende esta perspectiva, non debe esquecerse que o primeiro dos preceptos da Lei 30/92 dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula "obligación de resolver", poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da Administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da administración de resolver expresamente, tamén cómpre facer un breve comentario sobre os supostos que o artigo 42 sinala como exceptuados da obrigación de ditar resolución expresa; serían os procedementos administrativos nos que se produza a prescrición, a caducidade, a renuncia ou o

desestimando, así como os relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación á Administración, ou aqueles nos que se producira a perda sobrevida do obxecto do procedemento. Consideramos que aquí se advirte unha inexactitude na terminoloxía do precepto legal referido, xa que non debería confundirse a resolución expresa coa resolución sobre o fondo, pois se ben é certo que en todo caso debe ditarse resolución expresa sobre un asunto, non é menos certo que non sempre esa resolución terá que abordar necesariamente o fondo do asunto controvertido, como ocorre nos casos exceptuados antes mencionados.

En conclusión, o feito da non contestación a un recurso administrativo ou mesmo a resolución tardía deste abocan ao cidadán a acudir aos Tribunais de Xustiza para resolver conflitos coa Administración, que quizais unha boa parte deles non terían porque chegar á vía xudicial, o que por outra parte trae consigo tamén unha sobrecarga, claramente comprobada na realidade, dos Tribunais do contencioso-administrativo.

Debemos resaltar que o artigo 42 antes referido foi modificado pola Lei 4/1999 establecendo que "nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desestimando da solicitude, así como a desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables". Con esta modificación o lexislador abunda na obriga da Administración de ditar resolución expresa.

Con máis motivo debemos resaltar, recollendo a opinión de D. José Antonio Domínguez Luís,profesor de Dereito Administrativo da Universidade Carlos III de Madrid, no seu comentario sobre "Tutela judicial y no preclusividad del plazo reacional frente al silencio administrativo negativo", que *" el incumplimiento por parte de la Administración de su obligación de resolver expresamente los procedimientos sitúa en abierta desventaja al interesado, en tanto que aquella solo tiene que esperar a que la eventual pasividad o falta de diligencia de éste legitime su ilegal proceder. Con ello lo que se propicia en definitiva es una Administración ineficaz que contraviene uno de los principios básicos del artículo 103 de la Constitución que ordenan su estatuto como organización pública. En*

otros términos, el fundamento de la obligación de resolver que atañe a la Administración Pública descansa en el carácter instrumental de ésta en cuanto organización que ha de servir con objetividad los intereses generales con base en los principios de eficacia y servicio a todos los ciudadanos".

Por último debemos indicar que aínda que por parte desa consellería se lle remitiu á interesada certificado de silencio administrativo a instancias da mesma, emitido fóra do prazo establecido no artigo 43.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, que establece que *"solicitado o certificado, este deberá emitirse no prazo máximo de quince días"*, tal certificado non exime a esa consellería da obriga de resolver o recurso de alzada interposto pola autora desta queixa (artigos 42 e 115 da dita Lei 30/1992).

Por todo o antedito, esta institución diríxese a vostede de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle a seguinte **recomendación:**

Que esa consellería deberá adoptalas medidas tendentes a resolución expresa e a súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, acomodándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e demais normativa aplicable. E consecuentemente, deberase proceder á resolución, no prazo mais breve posible, do recurso interposto pola autora desta queixa.

Resposta da Consellería de Educación y Ordenación Universitaria: aceptada.

2.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo en data 9 de xuño de 2011 para que se resolvan expresamente as solicitudes e recursos que se lle presenten. (Q/231/2011).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado, como consecuencia da queixa presentada o 4-02-11 por D. C.A.B., con domicilio na rúa X, de Vigo, na que nos indicaba que con data 22-04-10 interpuxo recurso de reposición contra o acordo da Xunta

de Goberno local de 15-03-10 acordando desestimar a súa solicitude de 1-04-09 para que se lle recoñecera o dereito a percibir as cantidades que solicitaba na dita solicitude, como consecuencia de permanecer suspendido de emprego e soldo durante maior tempo do que lle correspondía por aplicación do indulto que lle foi concedido polo Consello de Ministros con data 25-11-05.

Admitida a trámite a queixa solicitouse con data 17 de febreiro de 2011 informe dese Concello sobre as razóns polas que non se resolveu o recurso de reposición interposto polo autor desta queixa. A esta petición de informe contestóusenos mediante escrito de 25-02-11, saída de 25-02-11 nº 3705, co que se remitía copia do expediente administrativo nº 19697-220 polo que se resolvía a reclamación formulada polo interesado, pero entre a dita documentación non se incluía a resolución do recurso de reposición presentado polo autor desta queixa. Á vista destes feitos con data 4-04-11 dirixímonos de novo a ese concello en solicitude dunha nova información na que se nos especificasen as razóns polas que, a pesar do tempo transcorrido, non se procedera a resolver o devandito recurso de reposición que o autor desta queixa presentara nese concello con data 22-04-10, rexistrado de entrada nese organismo con data 22-04-10 nº 100055513.

A esta nova petición de informe contestounos ese concello mediante escrito de 19-05-11, saída nº 10742, no que, entre outras cuestións se fai constar o seguinte: *"A elevada carga de traballo que soportan as diferentes unidades administrativas municipais nunha Administración Local das dimensións e estruturas como o Concello de Vigo xenera a operatividade da figura xurídica do* ***silencio administrativo*** *como modo de produción dos actos administrativos, como así recolle o artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC), contemplando os efectos desestimatorios do silencio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións, entre outros."*

Ante esta información dese concello debemos resaltar que esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obriga da Administración de contestar debidamente ás reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presentan e así no informe correspondente ao ano 1996, entre outras precisións, facíase

constar que "desde a perspectiva do noso texto constitucional, o artigo 103.1 da Constitución establece taxativamente: "A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ó Dereito". Neste sentido, o principio de eficacia esixe das Administracións Públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Agora ben, unha das máis importantes tradúcese no deber da Administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha axeitada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, cómpre subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima ao lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común. Na exposición de motivos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sinálase literalmente que "*el silencio administrativo, positivo o negativo, no debe ser un instituto jurídico normal, sino la garantía que impida que los derechos de los particulares se vacíen de contenido cuando su Administración no atiende eficazmente y con la celeridad debida las funciones para las que se ha organizado". Así mesmo indícase: "el objeto de la Ley no es dar carácter positivo a la inactividad de la Administración cuando los particulares se dirijan a ella; el carácter positivo de la inactividad de la Administración es la garantía que se establece cuando no se cumple el verdadero objetivo de la ley, que es que los ciudadanos obtengan respuesta expresa de la Administración y, sobre todo, que la obtengan en el plazo establecido".*

Dende esta perspectiva, non debe esquecerse que o primeiro dos preceptos da Lei 30/92 dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula "obligación de resolver", poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da Administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da Administración de resolver expresamente, tamén cómpre facer un breve comentario sobre os supostos que o artigo 42 sinala como exceptuados da obrigación de ditar resolución expresa; serían os procedementos administrativos nos que se produza a prescrición, a caducidade, a renuncia ou o desestimando, así como os relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación á Administración, ou aqueles nos que se producira a perda sobrevida do obxecto do procedemento. Consideramos que aquí se advirte unha inexactitude na terminoloxía do precepto legal referido, xa que non debería confundirse a resolución expresa coa resolución sobre o fondo, pois se ben é certo que en todo caso se debe ditar resolución expresa sobre un asunto, non é menos certo que non sempre esa resolución terá que abordar necesariamente o fondo do asunto controvertido, como ocorre nos casos exceptuados antes mencionados.

En conclusión, o feito da non contestación a un recurso administrativo ou mesmo a resolución tardía deste abocan ao cidadán a acudir aos Tribunais de Xustiza para resolver conflitos coa Administración, que quizais unha boa parte deles non terían porque chegar á vía xudicial, o que por outra parte trae consigo tamén unha sobrecarga, claramente comprobada na realidade, dos Tribunais do contencioso-administrativo.

Debemos resaltar que o artigo 42 antes referido foi modificado pola Lei 4/1999 establecendo que "nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desestimando da solicitude, así como a desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables". Con esta modificación o lexislador abunda na obriga da Administración de ditar resolución expresa.

Con máis motivo debemos resaltar, recollendo a opinión de D. José Antonio Domínguez Luís, profesor de Dereito Administrativo da Universidade Carlos III de Madrid, no seu comentario sobre "Tutela judicial y no preclusividad del plazo reacional frente al silencio administrativo negativo", que *" el incumplimiento por parte de la Administración de su obligación de resolver expresamente los procedimientos sitúa en*

abierta desventaja al interesado, en tanto que aquella solo tiene que esperar a que la eventual pasividad o falta de diligencia de éste legitime su ilegal proceder. Con ello lo que se propicia en definitiva es una Administración ineficaz que contraviene uno de los principios básicos del artículo 103 de la Constitución que ordenan su estatuto como organización pública. En otros términos, el fundamento de la obligación de resolver que atañe a la Administración Pública descansa en el carácter instrumental de ésta en cuanto organización que ha de servir con objetividad los intereses generales con base en los principios de eficacia y servicio a todos los ciudadanos".

Por todo o antedito, esta institución diríxese a vostede, de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle a seguinte **recomendación:**

Que ese concello deberá adoptalas medidas tendentes a resolución expresa e a súa notificación das solicitudes e recursos que se lle formulen, acomodándose no seu proceder aos prazos establecidos na Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999, e demais normativa aplicable. E consecuentemente, deberase proceder á resolución, no prazo mais breve posible, do recurso interposto polo autor desta queixa.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Vigo: aceptada.

3. –Recomendación dirixida á Consellería do Medio Rural en data 2 de decembro de 2011, para que se proceda ao abono do complemento de nocturnidade (Q/162/11).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado, como consecuencia da queixa presentada o 24-01-11 por D. M.A.M.B, con domiciliado na rúa X, de Santiago de Compostela, na que nos indicaba que esa consellería comprometeuse cos axentes sociais a pagar o complemento de nocturnidade dos anos 2009 e 2010 do pasado ano a tódolos traballadores do SPDCIF, pero que a el non se lle abonou dito complemento. Tamén indicaba nun novo escrito que tivo entrada nesta institución o 22-02-11 que con data 14 de febreiro do presente ano dirixiu un escrito á Xefatura Territorial desa Consellería en A

Coruña solicitando o pagamento do devandito complemento de nocturnidade que non se lle abonou, correspondente aos meses de xullo, agosto e setembro dos anos 2009 e 2010.

Admitida a trámite a queixa solicitouse con data 14 de marzo do presente ano informe desa Consellería. A esta petición de informe por ese organismo contestóusenos mediante escrito de 4 de abril de 2011, saída de 6-04-11 nº 13899 no que se especificaba o seguinte:

"En contestación ao seu oficio do pasado 14 de marzo de 2011 (Expediente: A.4.Q/162/11), en relación co escrito de don M.A.M.B., de 20 de decembro de 2010, que solicita o pagamento da nocturnidade polas horas realizadas en quenda de noite, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2009 e 2010, infórmolle que a Consellería do Medio Rural, como consecuencia da sentenza do Tribunal supremo de 20 de xullo de 2010, procedeu ao xuízo dos trámites para o seu aboamento a partir do mes de decembro de 2010, o que suporá a regularización a todos os afectados a medida que se certifiquen polas unidades correspondentes as horas nocturnas efectivamente realizadas e as dispoñibilidades orzamentarias así o permitan."

Unha vez facilitada esta información ao autor da queixa, polo mesmo remitíusenos un novo escrito con data 31 de maio no que fai constar que por esa consellería aínda non se procedeu a aboárselle a el o dito complemento de nocturnidade correspondente aos meses de xullo, agosto e setembro dos anos 2009 e 2010, así como tampouco o pagamento dos xuros de demora, a pesar do tempo transcorrido, cando en cambio si se lle aboou no mes de decembro aos traballadores fixos e fixos descontinuos. Á vista deste novo escrito do autor da queixa e das alegacións por el formuladas dirixímonos de novo a esa consellería para que se nos especificasen as razóns polas que, a pesar do tempo transcorrido, aínda non se aboou ao autor da queixa o complemento de nocturnidade correspondente aos meses de xullo, agosto e setembro dos anos 2009 e 2010 e os xuros correspondentes de demora. Tamén se nos deberá informar se se procedeu a certificar polo Xefe de Distrito Forestal III as horas nocturnas por el realizadas. Por último deberásenos indicar en que data se ten previsto realizar o aboamento do dito complemento e dos xuros de demora, no caso de que as cantidades correspondentes aínda non fose aboadas.

A esta nova petición de informe, por ese organismo contestóusenos mediante escrito de 11-08-11, rexistro de saída de 18-08-11 nº 32610, no que se facía constar o seguinte:

"En contestación á solicitude de información do Valedor do Pobo que tivo entrada na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural con data 12 de xullo de 2010, sobre o aboamento do complemento de nocturnidade a don M.A.M.B., pola realización de horas nocturnas durante os anos 2009 e 2010, infórmaselle que polo que se refire ao aboamento do complemento de nocturnidade dos anos 2009 e 2010, a Consellería do Medio Rural como consecuencia da sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xullo de 2010 procedeu ao inicio dos trámites para o seu aboamento a partir do mes de decembro de 2010, o que está supoñendo a regularización a todos os afectados a medida que se certifican polas unidades correspondentes as horas nocturnas efectivamente realizadas e as dispoñibilidades orzamentarias así o permiten."

Do exame detido e conxunto das informacións facilitadas por esa consellería e das alegacións e documentación aportada polo autor da queixa pódense precisar as seguintes circunstancias:

1º.- Que por sentenza do Tribunal Supremo de 20-07-10 deberáselle aboar por esa consellería a D. M.A.M.B., o complemento de nocturnidade polas horas nocturnas realizadas durante os anos 2009 e 2010.

2º.- Que por esa consellería se procedeu ao inicio dos trámites para aboamento do dito complemento a partir do mes de decembro de 2010.

3º.- Que a pesar do tempo transcorrido e das reclamacións formuladas polo autor da queixa aínda non se procedeu a aboarlle a D. M.A.M.B. o dito complemento na contía correspondente polas horas nocturnas por el realizadas nos anos 2009 e 2010.

Por todo o antedito, esta institución diríxese a vostede de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle a seguinte **recomendación:**

Que por esa consellería se proceda coa maior brevidade posible ao aboamento a D. M.M.B., do complemento de nocturnidade polas horas nocturnas por el realizadas durante os anos 2009 e 2010.

Resposta da Consellería do Medio Rural: pendente de contestación.

1.2 ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA

1.2.1 INTRODUCIÓN.

No ano 2011 o total de queixas presentadas foi de 155 queixas, polo que se mantivo un número similar ao de 2010, que fora de 146 queixas. Neste sentido, debemos subliñar que o leve aumento observado, próximo a un 5%, apenas alixeira o notable descenso producido en 2010 en relación con 2009, xa que aquel ano o descenso fora dun 39%. En definitiva, as 155 queixas recibidas en 2011 aínda quedan bastante lonxe das 241 queixas de 2009.

Por outra banda, e tratándose dunha área na que se inclúen materias tan singularizadas como as de urbanismo e vivenda, a efectos estatísticos cremos que deben desagregarse as cifras correspondentes a ambas subáreas. Neste sentido, en 2011 presentáronse 96 queixas en materia de urbanismo e 58 queixas referidas a vivenda, co que o peso relativo de ambas materias dentro da área mantense en magnitudes máis ou menos similares ás de 2010. En 2011 a porcentaxe das queixas de vivenda é do 38% e en 2010 fora dun 30%, achegándose máis ás porcentaxes de 2009 (47%) e de 2008 (33%).

Na subárea de vivenda seguen tendo incidencia relevante as queixas referidas ás axudas públicas para o aluguer de vivendas privadas. Así, do total de queixas referidas a vivenda (58), practicamente a metade (28) afectan ás axudas ao aluguer de vivenda. Con todo, debe subliñarse que dentro deste grupo de queixas deixaron de cobrar protagonismo as queixas relativas ao Programa Aluga, anteriormente denominado Programa de Vivenda en Aluguer, sendo moito máis importante o número de queixas referidas ás axudas a mozos e mozas para aluguer de vivenda en concepto de renda básica de emancipación. Así, do total destas 28 queixas, 19 corresponden a problemas relacionados coa renda básica de emancipación. Neste sentido, debe destacarse o feito de que en 2011 a totalidade das queixas referidas á renda básica de emancipación afectaban aos atrasos no pago da axuda, de maneira que nesta oficina do Valedor do Pobo non recibimos ningunha queixa sobre o procedemento de recoñecemento da axuda, polo que se produciu unha situación á inversa á que observamos nos primeiros anos de aplicación desas axudas ao aluguer. En efecto, ao

comezo da aplicación deste programa, a maior parte das queixas referíanse aos atrasos no procedemento de concesión.

Este ano a totalidade das queixas recibidas deberon remitirse ao Defensor del Pueblo, por referirse a demoras no pago, o que corresponde ao Estado.

A este respecto, no Real decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, na súa disposición derrogatoria primeira establécese a derrogación do Real decreto 1472/2007, de 2 de novembro, polo que se regulaba a renda básica de emancipación dos mozos e mozas, e indícase que os beneficiarios que teñan recoñecido o dereito á renda básica de emancipación ao amparo do disposto no citado real decreto continuarán gozando do devandito dereito nas condicións establecidas na norma que se derroga e de acordo cos termos da resolución do seu recoñecemento e establécese que, excepcionalmente, poderán ser beneficiarios do dereito á renda básica de emancipación quen o solicitara o día 31 de decembro de 2011 e sempre que cumpran na devandita data os requisitos contemplados na norma que se derroga, e nos termos que se estableza na resolución do seu recoñecemento.

En relación coas queixas remitidas ao Defensor del Pueblo, ademais das 19 indicadas anteriormente sobre a problemática dos atrasos na percepción da axuda consistente na renda básica de emancipación, en materia de urbanismo só se remitiu unha queixa ao Defensor del Pueblo, sobre a tramitación da necesaria autorización do Ministerio de Fomento, como titular dunha estrada, para unhas obras de acondicionamento dunha vivenda.

Por outra banda, respecto ás queixas non admitidas a trámite, un total de 27, a porcentaxe foi maior en urbanismo (63%) que en vivenda (37%).

1.2.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN.

Iniciadas	155	
Admitidas a trámite	107	69%
Non admitidas	27	18%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	21	13%

A situación actual das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	74	69%
En trámite	33	31%

Por último, se segregamos os datos referidos en relación coas dúas subáreas de urbanismo e vivenda as estatísticas serían as seguintes:

Na área de Urbanismo

Admitidas a trámite	78	81%
Non Admitidas	17	18%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	1%

Concluídas	53	68%
En trámite	25	32%

Na área de vivenda

Admitidas a trámite	29	50%
Non admitidas	10	18%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	19	32%

Concluídas	21	72%
En trámite	8	28%

Ao longo deste ano foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite a 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite a 31-12-2011
2009	9	0	9	8	1
2010	52	18	70	62	8

1.2.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.2.3.1 URBANISMO E DISCIPLINA URBANÍSTICA

En materia de urbanismo unha gran parte das queixas poden encadrarse baixo o epígrafe da disciplina urbanística, e en case todas elas o reclamante manifesta na súa queixa a pasividade da Administración -fundamentalmente as queixas refírense á Administración municipal- ante unha denuncia por infracción urbanística.

Pode facerse unha primeira distinción fundamental entre as queixas sobre disciplina urbanística, atendendo á fase do procedemento administrativo na que se produce o bloqueo ou paralización do expediente. Así, pode tratarse de demoras producidas na tramitación do expediente de disciplina urbanística, ou de supostos de inexecución de ordes de demolición de obras ilegais.

A tramitación do expediente de restauración da legalidade urbanística: Atrasos producidos antes da resolución do expediente.

A este respecto, ao tramitar as queixas presentadas nesta oficina do Valedor do Pobo obsérvanse nalgúns casos demoras inxustificadas na etapa inicial, en canto a denuncia se presenta no concello, ou ben nos trámites inmediatamente posteriores dun expediente administrativo desta natureza. Estas demoras poden afectar gravemente ao resultado final das actuacións administrativas que teñan que seguirse ante as posibles infraccións urbanísticas, xa que a falta dunha actuación eficaz por parte da Administración pode ocorrer que as obras ilegais realizadas se convertan en feitos consumados, cun difícil retorno á legalidade.

Neste sentido, a pasividade da Administración na tramitación deste tipo de expedientes pode provocar a caducidade do procedemento, o que obrigaría a abrir un novo expediente, sempre que esa pasividade non producise outra consecuencia máis radical como sería a prescrición da infracción urbanística.

A este respecto, o artigo 210 da vixente Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia establece o prazo de seis anos para que a Administración proceda á apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade, e transcorrido este prazo sen que se abra o oportuno expediente a unha obra ilegal, por non axustarse ao planeamento urbanístico, esta quedaría como unha obra fóra de ordenación, e non podería ser demolida. Son indubidables, polo tanto, os efectos que na práctica poden ter estas demoras que ás veces se observan na tramitación dos expedientes de restauración da legalidade urbanística.

En relación con demoras producidas na tramitación dun expediente de reposición da legalidade urbanística podemos referirnos a algunhas queixas tramitadas en 2011.

A queixa Q/1351/10 afectaba ao Concello de Forcarei e nela a reclamante referíase ás demoras na tramitación dunha denuncia pola construción dun muro e uns anexos dun galpón e un garaxe dunha veciña. A denuncia presentárase o día 23-6-09, reiterándose en dúas ocasións, e en novembro de 2011, aínda que se tiña emitido un informe técnico anterior, aínda estaba pendente a visita de inspección ás obras para comprobar se se adaptaban a un proxecto de legalización achegado polo interesado, polo que no momento de elaborarse este informe as obras se atopaban pendentes dunha eventual legalización.

Na queixa Q/2456/09, que afectaba ao Concello de Gondomar, tratábase dunha obra que incorría nunha ilegalidade urbanística en canto que non gardaba a distancia esixida legalmente con respecto ao lindeiro dunha leira veciña, e a Administración municipal non incoara o preceptivo expediente de restauración da legalidade urbanística, polo que formulamos a seguinte recomendación: "*Que por parte desa administración municipal se proceda a facer efectiva a función inspectora para comprobar se houbo unha infracción urbanística, no caso denunciado polo reclamante, en particular no que se refire á distancia existente entre a edificación executada e o límite coa propiedade do reclamante, para constatar se existe incumprimento das condicións da licenza concedida e do previsto na normativa urbanística*". Posteriormente, procedeuse ao arquivo do expediente en tanto que recibimos un informe do concello, e un escrito do reclamante, nos que se indicaba que se producira un acordo entre ambos veciños.

Na queixa Q/99/11, que afectaba ao Concello de Ourense, tamén se puxo de manifesto unha demora inxustificada na tramitación dunha denuncia por infracción urbanística. Neste caso a reclamante presentou unha denuncia o 29-10-09 en relación coa execución dunhas obras sen permiso nun terreo sobrante da edificación dun solar, e en marzo de 2011 aínda non se determinara a quen pertencía a propiedade do terreo no que se realizou a construción denunciada.

Na queixa Q/457/11, que afectaba ao Concello de Trazo, facíase referencia a unha denuncia por infracción urbanística que presentara a reclamante respecto das obras de ampliación dunha granxa, indicando que o concello non lle comunicou a decisión adoptada sobre o caso; unha vez recibida a información correspondente formulamos un recordatorio de deberes legais nos seguintes termos: "*Que por parte desa administración municipal se proceda a exercer a potestade de disciplina urbanística en relación coa obra denunciada pola reclamante, e polo tanto, ao tratarse dunha obra realizada con licenza municipal pero excedéndose das obras autorizadas na licenza, se inicie un expediente de reposición da legalidade urbanística, seguindo os trámites previstos no artigo 209 da Lei 9/2002, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia".* Recibimos unha resposta do concello na que nos indicaba que tras unha visita de comprobación das obras, nas que se constataba que se axustaban ao proxecto da licenza concedida e ás modificacións introducidas posteriormente, o técnico municipal emitira informe favorable de final de obra e de actividade.

Na queixa Q/798/11, que afectaba ao Concello de Sanxenxo, o reclamante manifestaba que se estaba producindo unha notable demora na tramitación de dous expedientes de reposición da legalidade urbanística, un deles referido á construción dun galpón e outro á execución dun muro que non respectaba aliñacións á vía pública. A este respecto, unha vez recibida a información formulámoslle ao Concello de Sanxenxo a seguinte recomendación: "*Que por parte desa Alcaldía-Presidencia e co obxecto de evitar a súa caducidade se ordene a máxima dilixencia na tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras realizadas sen contar con licenza municipal, en aplicación do previsto no artigo 210 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tendo en conta a circunstancia da caducidade dun expediente anterior polas mesmas obras, e o reducido prazo de tempo que resta para que se produza a prescrición da acción de restauración da legalidade urbanística"*. Posteriormente recibimos unha resposta do Concello de Sanxenxo na que nos indicaba que en canto aos prazos de caducidade e de prescrición, en 2006, cando se iniciou o primeiro expediente, as obras estaban en execución, e que, por outra banda, dos informes técnicos que figuran no expediente de reposición da legalidade urbanística, despréndese que o galpón é legalizable, e que o muro ilegal se demolerá.

Execución de ordes de demolición de obras ilegais: ineficacia das actuacións administrativas.

Ademais das demoras na tramitación dos expedientes con anterioridade á súa resolución, é moi habitual que recibamos queixas sobre a ineficacia das administracións municipais para conseguir que se executen as demolicións de obras ilegais. En moitas das queixas tramitadas nesta oficina pódese observar como a execución da resolución administrativa que obriga á demolición total ou parcial dunhas obras se vai atrasando nunha secuencia de trámites dilatorios por parte do interesado, moitos deles non contemplados estritamente en ningunha norma legal, sen que tampouco se leven a cabo as medidas de execución forzosa previstas na lexislación de procedemento común e na propia lexislación urbanística.

Entre estas medidas de execución forzosa previstas no artigo 209 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, debemos facer referencia á execución subsidiaria pola Administración e ás multas coercitivas. Neste sentido, da análise das queixas que se refiren á falta de efectividade das medidas de restauración da legalidade urbanística adoptadas pola Administración pode concluírse que apenas se recorre á execución subsidiaria, quizais polas dificultades prácticas para conseguir posteriormente do interesado o reembolso dos gastos ocasionados pola demolición. A este respecto, debe subliñarse que adoitan ser as multas coercitivas o mecanismo máis utilizado pola Administración para asegurar a efectividade da orde de demolición, pero para que esta medida sexa efectiva é necesario que as multas se impoñan e cobren con suficiente dilixencia, pois de non ser así aínda dilatarían máis o proceso de restauración da legalidade urbanística. Desde esta perspectiva, na tramitación das queixas observáronse moitos casos nos que as multas non se impoñen dun xeito regular ou ben se dilata moito o seu cobro.

Entre os casos nos que se constatara a inexecución de acordos de demolición de obras ilegais podemos referirnos á queixa Q/758/11, que afectaba ao Concello de Vigo. Realizarase un galpón nunha leira contigua coa do reclamante e pegado ao linde da súa casa, e ao parecer sen contar coa licenza necesaria; incluso ao construírse o galpón,

aproveitando unha parede da propiedade do reclamante, quedaba oculto o contador da auga, polo que a empresa concesionaria do servizo non podía realizar as lecturas do contador. No caso recaera tamén unha sentenza xudicial na que se declaraba que as obras realizadas sen licenza eran incompatibles co ordenamento urbanístico e, en consecuencia, procedía ordenar a súa demolición, sen que ata o momento se levase a cabo.

Na información remitida polo Concello de Vigo constátase por un informe do inspector municipal que o interesado non procedera á total demolición das obras ilegais, e indícase que se lle require a que proceda á finalización da demolición, co apercibimento de que en caso de incumprimento se procederá á execución forzosa, ben mediante execución subsidiaria ou mediante imposición de multas coercitivas reiterables. A este respecto, procedemos a concluír provisionalmente a nosa intervención, quedando a disposición do reclamante sobre calquera nova incidencia ou demora inxustificada que puidese producirse na resolución do caso.

Noutra queixa (Q/817/11) sobre este mesmo problema, que afectaba ao Concello de Santiago de Compostela, púxose de manifesto que o promotor dunhas obras ilegais realizadas en 2006, que non gardaban a distancia esixida ao eixe dunha pista, non fixera efectiva a orde municipal de demolición. Unha vez solicitada información do concello indicounos que, coa mesma data do informe remitido, se acordou impoñer unha multa coercitiva ao interesado para o cumprimento da demolición ordenada.

Noutra das queixas recibidas, a Q/1686/11, que afectaba ao Concello de Vigo, expoñíase un caso similar aos anteriores, en relación cunha denuncia por un recheo ilegal. Neste caso a administración municipal incoara en 2006 un expediente de restauración da legalidade urbanística, e unha vez ordenada a recuperación da rasante natural do terreo só se impuxo unha multa coercitiva en 2007, e ademais o infractor volveu realizar unha obra nova sen licenza en xullo de 2011. Na información remitida indícase que ademais do recheo efectuado existían tamén un muro de contención e unha pechadura ilegalizables, que se impoñía unha nova multa coercitiva, e que na mesma data en que se remite o informe trasládase o expediente a un técnico municipal para que se emita un novo informe

sobre as obras obxecto do expediente, concretamente sobre o custo de reposición da legalidade urbanística.

Acceso á información sobre un expediente urbanístico.

Nalgunhas queixas presentadas nesta institución púidose observar que xurdían conflitos en relación coa información urbanística solicitada a unha administración municipal.

A este respecto, debe terse en conta que, ademais das normas que sobre acceso á información administrativa se recollen na Lei 30/1992 sobre Procedemento Administrativo Común, no que se refire á información de contido urbanístico establécese no artigo 100 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA), que: "1. *Os instrumentos de ordenación urbana, con todos os seus documentos, tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación, serán públicos e calquera persoa poderá, en todo momento, consultalos, obter copias dos mesmos tralo pago do prezo correspondente e solicitar información sobre estes no Concello; 2. Toda persoa terá dereito a que o municipio correspondente o informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento en que se atope incluído. Esta información deberá facilitarse pola Administración municipal no prazo máis breve posible e, como máximo, no de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude no Rexistro municipal; 3. Os Concellos deberán regular, mediante a correspondente ordenanza, a cédula urbanística dos terreos ou edificios existentes en solo urbano e urbanizable. Ao expedir a cédula, se o plan estivese en proceso de modificación ou revisión, farase constar expresamente esta circunstancia nesta."*

Neste sentido, nalgunha das queixas presentadas alúdese a un problema que xa foi obxecto de análise en informes anteriores, como é o da virtualidade e efectos xurídicos dos informes municipais sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto, o que se denominan tamén cédulas urbanísticas, e moi en particular sobre o grao de vinculación xurídica que asome un concello por unha información desa natureza, cando o interesado solicita a oportuna licenza urbanística dese concello.

A este respecto, na queixa Q/881/11 un reclamante referíase aos problemas cos que se atopaba para a concesión dunha licenza urbanística para a construción dunha vivenda unifamiliar. Despois de analizar a documentación que entregou o reclamante advertiuse que o propio concello xa lle indicara, na información urbanística sobre o terreo no que pretendía edificar, que este se atopaba dentro da área de protección dunha igrexa parroquial, e sinalábase expresamente que "*calquera obra a realizar dentro da área está suxeita ao informe previo de Patrimonio"*.

Neste caso, ademais indicabámoslle ao reclamante que en relación coa natureza xurídica do informe urbanístico que lle facilitou o concello, debemos sinalar que tiña a consideración dunha mera información, non vinculante para a administración, que no momento de resolver a solicitude dunha licenza deberá examinar a súa adecuación á normativa urbanística aplicable, sen quedar condicionada pola información urbanística que ten un carácter de mero acto de trámite, non resolutorio, sen eficacia vinculante.

En todo caso, indicabámoslle tamén ao reclamante que, como se recoñecía na xurisprudencia do Tribunal Supremo, aínda que esa información non teña carácter vinculante, o que recibiu a información pode reclamar responsabilidade patrimonial á administración se, confiando na resposta que lle deron, pretende realizar unha actividade urbanística á que despois se lle denega expresamente a licenza. Neste sentido, a queixa non puido ser admitida a trámite, xa que lle correspondía ao concello a obrigación de resolver sobre a eventual reclamación, e só no caso de non obter resposta en prazo podería reabrirse o expediente de queixa.

Na queixa Q/208/11, que afectaba ao Concello de Barreiros, o reclamante, un residente no País Vasco que adquirira unha vivenda no citado concello, indicábanos que se estaba producindo un atraso considerable por parte da Administración municipal en contestar á información solicitada sobre se concedera ou non licenza de primeira ocupación para o edificio no que comprara a súa vivenda. Solicitada información ao concello tivemos que reiterar a nosa petición en varias ocasións, a última delas en forma de recordatorio-advertencia, ata que tras unha visita dun asesor ao concello comprobouse que a licenza de

primeira ocupación se concedera en xullo de 2011, con posterioridade á presentación da queixa.

En relación con este aspecto da información a un terceiro adquirente dunha vivenda sobre a licenza de primeira ocupación do edificio no que adquiriu unha vivenda tivemos tamén outras queixas, como as queixas Q/533/11, Q/853/11 e Q/1073/11, poñéndose en todas elas de manifesto as dificultades coas que se atopan eses adquirentes en edificios nos que aínda non existía licenza de primeira ocupación malia que o promotor vendera xa as vivendas.

Tramitación de licenzas urbanísticas

Como ocorreu en anos anteriores tamén se recibiron queixas nas que se expoñían problemas relacionados coa tramitación de licenzas urbanísticas. Así, nalgúns casos expoñían a controversia sobre a natureza das obras que se pretendían amparar coa licenza solicitada, ben se tratase de obras menores ou ben de obras maiores. No primeiro caso os requisitos para obter a licenza son menos esixentes que para as obras maiores, xa que neste último caso se necesita, entre outros documentos relevantes, un proxecto técnico das obras que se van realizar.

A este respecto, entre as queixas tramitadas en 2011 e que tratan deste problema podemos citar a Q/272/11, que afectaba ao Concello de Padrón. O reclamante referíase a unha solicitude de licenza para o tellado dun alpendre, e unha vez que recibimos o informe da Administración municipal constatouse que as obras para as que se pretendía a licenza eran de tal relevancia construtiva e económica que determinaban a súa cualificación como obra maior, polo que o interesado tiña que aportar un proxecto técnico, e ata o momento non tiña presentado a documentación preceptiva para unha solicitude da natureza indicada. Tamén na queixa Q/1948/10, que afectaba ao Concello de Teo, presentábase este mesmo problema, e unha vez solicitada información da Administración municipal púxose de manifesto que a licenza se solicitara para unhas obras menores (entubado das augas procedentes dun manancial), pero comprobouse que na realidade as obras que se estaban

levando a cabo tiñan o carácter de maiores, dado que se estaba construíndo un muro de contención de mampostería.

Na queixa Q/430/11, que tamén afectaba ao Concello de Padrón, o reclamante referíase a unha orde de paralización que lle dirixiu o concello respecto dunhas obras realizadas nun muro que delimitaba a súa propiedade e con fronte a vía pública, e en relación coas que estaba en trámite unha licenza ante a Administración municipal. Solicitamos información do concello e recibimos un informe no que se indica que o muro existente incumpría as aliñacións do planeamento , e que a reconstrución total dun muro como era o caso, máis aló dunha simple restauración, suporía traspasar os límites determinados polo artigo 103 da LOUGA para as construcións en situación de fóra de ordenación, e todo iso impediría ademais a obtención da licenza por silencio administrativo.

Planificación urbanística

Nesta materia de planificación urbanística apenas se tramitaron queixas en 2011, polo que simplemente podemos apuntar unha queixa, a Q/2197/10, na que se facía referencia ás dificultades coas que se atopou a reclamante para acceder, no trámite de información pública, á documentación do PXOM do Concello de Abegondo. Na información remitida pola administración municipal indícase que nos dous meses de exposición pública do PXOM en ningún momento se lle denegaran á reclamante fotocopias de documentos referidos aos seus terreos, e que na páxina web do concello constaba que por un acordo do pleno municipal se acordara ampliar o prazo de exposición pública do PXOM.

Por outra banda, tamén se tramitou algunha queixa referida non á planificación urbanística, senón á xestión urbanística, como é o caso da Q/1451/11, que afectaba ao Concello de Santiago de Compostela, na que o reclamante se refería á urbanización dun polígono de solo urbanizable non programado, que ao parecer afectaba ao denominado antigo Camiño Real de Vidán. A este respecto, na información remitida polo concello alúdese a un requirimento municipal á Xunta de Compensación do polígono para que

realice a traza precisa para comprobar os aspectos aos que se refería a queixa. No momento de redactarse este informe, a queixa está pendente de resolución.

1.2.3.2 VIVENDA

As queixas referidas á materia de vivenda poden encadrarse en dous grandes grupos: as que se refiren ás axudas públicas para aluguer de vivendas privadas (concretamente, as incluídas no Programa Aluga, e no Programa da Renda Básica de Emancipación), e outro grupo máis heteroxéneo no que figurarían as queixas que tratan de diversos temas.

En primeiro lugar, referirémonos ás queixas relativas ás axudas ao aluguer, que como veu ocorrendo nos últimos anos, e como xa apuntabamos na introdución desta área, supuxeron unha porcentaxe moi relevante nas queixas sobre vivenda. En efecto, estas queixas constitúen o 50% do total de queixas sobre vivenda. Neste grupo a maioría das queixas (68%) refírense á Renda Básica de Emancipación, e a totalidade das mesmas presentáronse en relación cos atrasos no pago das axudas xa recoñecidas pola Xunta, responsabilidade polo tanto do Ministerio de Fomento-Secretaría Xeral da Vivenda, polo que foran todas elas remitidas ao Defensor del Pueblo

Tamén, pola súa importancia relativa, aínda que en moita menor medida que as queixas anteriormente apuntadas, poden mencionarse as queixas referidas ás axudas do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para vivendas rurais con cédula de rehabilitación de calidade, e as queixas referidas ás deficiencias no estado de conservación ou aos defectos de construción en vivendas de promoción pública ou de protección autonómica.

Xa no informe de 2010 referímonos a unha queixa colectiva, da que se abriron 24 expedientes, en relación coa adxudicación de vivendas de promoción pública a diversas familias de etnia xitana na cidade de Lugo. O problema que se expoñía nestas queixas, como xa se reflectiu no informe anterior, aludía aos notables atrasos na entrega das vivendas ás familias ás que foran adxudicadas definitivamente. Desde esta oficina

solicitouse información ao Concello de Lugo e ao IGVS, constatándose a existencia de dous grupos diferenciados entre as familias afectadas polo problema. Dunha parte, as familias instaladas nun poboado formado por chabolas, que foran incluídas nun programa de erradicación do chabolismo, que neste caso se concretaría na adquisición polo concello en 2008 e 2009 de 15 vivendas que quedarían a disposición destas familias. Doutra parte, outro grupo constituído polas familias ás que se asignaría unha vivenda en dous edificios de vivendas de promoción pública de recente construción, estando pendente aínda a concesión de licenza de primeira ocupación para un dos edificios. Ao elaborarse o informe anual correspondente a 2010 aínda non se concluíu a nosa intervención no caso. No momento actual, con todo, o problema parece atoparse en vías de solución e os adxudicatarios das 41 vivendas sociais cuxos edificios estaban pendentes de licenza de primeira ocupación, e tras esperar máis de catro anos, xa só están pendentes dos últimos trámites previos á entrega das vivendas, referidos á fixación do prezo ou renda das vivendas de promoción pública, e á firma das escrituras de venda ou dos contratos de arrendamento, segundo se trate de compravenda ou arrendamento.

Axudas públicas para o aluguer de vivendas privadas.

Dentro deste campo sobresae o importante número de queixas referidas á **renda básica de emancipación,** pero como xa indicabamos na parte introdutoria desta área a totalidade das queixas sobre estas axudas foron remitidas ao Defensor del Pueblo, en tanto que se referían aos atrasos no pago, que corresponde ao Ministerio de Fomento-Secretaría Xeral da Vivenda.

Na información recibida do Defensor del Pueblo sobre a tramitación destas queixas indicábanos que constatara demoras ao longo do exercicio de 2011 no pago destas axudas económicas, tanto nas axudas recoñecidas nos primeiros meses do ano como nalgunhas das anteriores. Á vista desta circunstancia, o Defensor del Pueblo iniciara unha investigación de oficio a fin de coñecer a situación da xestión destas axudas. A este respecto, informounos que o Consello de Ministros, na súa reunión de 24-6-2011, aprobara un suplemento de 46,1 millóns de euros para facer fronte a esta situación, e que con esta partida presupostaria o Ministerio de Fomento satisfixera o pago das axudas a moitos dos

afectados. En todo caso, o Defensor del Pueblo informaba aos interesados que podían reclamar por escrito do Ministerio de Fomento o recoñecemento de intereses polos atrasos nos pagos correspondentes.

Programa Aluga

En relación a este programa que substituíu ao anterior Programa de Vivenda en Aluguer recibíronse en 2011 un total de 9 queixas, polo que se confirma a tendencia á baixa que se observa nas queixas referidas a este programa ao longo dos últimos anos.

A este respecto, entre as queixas tramitadas, dúas delas referíanse a un mesmo problema. As reclamantes, inquilinas beneficiarias das axudas económicas para o pago da renda a través do Programa Aluga, perderan a axuda correspondente a un mes determinado, e polo tanto tiveron que pagar elas o importe total da renda de inquilinato. Neste sentido, o problema xurdira porque cando a reclamante quixo ingresar nunha entidade bancaria a parte da renda que lle correspondía pagar mensualmente, informárona de que o programa informático non admitía o pago por atoparse fóra de prazo, polo que debía dirixirse á oficina do IGVS para tratar de resolver o problema.

A cuestión controvertida centrábase nestes casos na aplicación do artigo 35.1 do Decreto 84/2010, polo que se regula o Programa Aluga, e no que se sinala expresamente que: "A arrendataria deberá ingresar a renda do aluguer ou a parte que lle corresponda, no caso de ser beneficiaria da subvención ás persoas inquilinas prevista neste decreto, na conta bancaria do IGVS designada ao efecto, dentro dos dez primeiros días de cada mes". A este respecto, nos casos que presentaban as queixas, referidos a unha mesma mensualidade, os dous últimos días do prazo previsto coincidían en sábado e domingo, polo que non puideran pagar no banco a cantidade que correspondía. Indicaba a reclamante que na oficina do IGVS informárana de que o prazo terminaba o día 10 (domingo) e que polo tanto non era posible recibir a subvención desta mensualidade e tiña que pagar completa a renda.

Unha vez admitidas a trámite as dúas queixas, a Q/708/11 e a Q/892/11, solicitamos a información correspondente ao IGVS, e posteriormente formulámoslle ao IGVS un recordatorio de deberes legais nos seguintes termos: "*Que por parte dese organismo se aplique a norma do artigo 48.1 da Lei 30/1992 de Procedemento Administrativo Común no cómputo do prazo previsto no artigo 35.1 do Decreto 84/2010 polo que se aproba o Programa Aluga, referido ao pago da parte da renda mensual que debe satisfacer o inquilino, e que polo tanto non se teñan en conta os días inhábiles incluídos dentro do prazo establecido*. Tamén lle formulamos unha recomendación nos seguintes termos: " *Que por parte dese organismo, e previa reclamación da interesada, se estime procedente a devolución da cantidade que correspondía a axuda do Programa Aluga na renda de inquilinato do pasado mes de abril de 2011, por entender que a negativa a aceptar o pago na data do 11-4-2011 da parte que correspondía á inquilina non se axusta á normativa legal que regula o cómputo dos prazos administrativos*".

En relación con estas resolucións recibimos unha resposta do IGVS na que, substancialmente, se sinala que a Administración sempre entendeu que no prazo controvertido debía aplicarse o cómputo civil, no que non se exclúen os días inhábiles (artigo 5.2 do Código Civil), por considerar que se trata dun prazo convencional para o cumprimento dunha obrigación derivada dun contrato privado entre particulares, con independencia de que se formalice no marco dun programa público para o fomento do aluguer de vivendas privadas e para facilitar o acceso á vivenda a determinados colectivos.

Con todo, no último escrito que lle diriximos ao IGVS estimamos que o prazo controvertido non era estritamente un prazo establecido para o cumprimento dunha obrigación contractual do pago da renda, xa que o cumprimento desa obrigación fronte ao arrendador, que é a outra parte do contrato, ten lugar noutro momento posterior: na última quincena de cada mes (artigo 35.2 do Decreto 84/2010). Estimamos que o prazo dos dez días establécese para o pago que debe efectuar o arrendatario que, de ser un pago parcial, constitúe un requisito para a efectiva concesión da axuda a aluguer, e polo tanto está intimamente ligado a unha relación xurídico-administrativa.

Na resposta que nos facilitou o IGVS sinálase tamén que no sistema de xestión do cobro e pago da renda a actuación do IGVS non supón o exercicio dunha función administrativa propiamente dita, senón que actúa como un mero intermediario: recada e paga a renda ao arrendador en atención ao disposto no Decreto 84/2010, e en virtude do compromiso asumido co propietario no momento da posta a disposición da vivenda para o seu aluguer no marco do programa. Con todo, entendemos que en relación coa xestión do programa sinálase expresamente no artigo 6.3 do decreto que "a coordinación do programa, así como a xestión e administración da conta para o pago e cobro das rendas, levarase a cabo nos servizos centrais do IGVS". Neste sentido, consideramos que debe terse en conta que a través do Programa Aluga se concede unha subvención pública, e a este respecto debe subliñarse que na propia Exposición de Motivos da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, afírmase expresamente que "o control da concesión e aplicación das subvencións cobra plena substantividade como procedemento administrativo, ao constituírse unha relación administrativa funcional de carácter singular entre o órgano que controla, pertencente á esfera administrativa, e o beneficiario ou entidade suxeitos ao control, e que, a este respecto, refórzanse as facultades do persoal controlador e o deber de colaboración nas actuacións, á vez que se manteñen as garantías de procedemento establecidas en defensa dos dereitos dos beneficiarios". Para rematar, indicabamos tamén no noso último escrito que neste mesmo texto legal citado e en relación co procedemento de aprobación do gasto e pago, sinalábase expresamente no artigo 31.5 que: "O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o cal se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención".

A modo de conclusión, consideramos que nunha relación xurídico administrativa, o interesado razoablemente considerará que o prazo controvertido é un prazo administrativo, polo que terá a lóxica expectativa de que se o último día do prazo é inhábil poderá efectuar o pago que lle corresponda da renda no día hábil seguinte, e que só podería crebar esta expectativa no caso de que no Decreto 84/2010 se establecese expresamente que o prazo de dez días establecido no artigo 35.1 se computase por días naturais, e polo tanto incluíndo tamén no cómputo os días inhábiles.

Finalmente, debemos destacar que demos por concluída a nosa intervención no problema que motivou a queixa entendendo que non se aceptaban as nosas resolucións.

Noutra queixa referida ao Programa Aluga, a Q/402/11, trátase da problemática xurdida cunha solicitude no programa presentada por unha muller que quería acollerse á preferencia prevista para mulleres vítimas de violencia de xénero. Na información remitida polo IGVS indicábase que, solicitado informe polo IGVS ao Servizo Galego de Igualdade (actualmente Secretaría Xeral da Igualdade), este afirmaba que non tiña constancia da situación alegada pola solicitante, e que tampouco queda acreditada a necesidade urxente de vivenda. O informe do IGVS tamén sinalaba que posteriormente, tendo coñecemento de determinadas incidencias xudiciais, solicitouse novo informe á Secretaría Xeral de Igualdade, recibíndose un informe favorable, o que determinou que se lle adxudicase directamente á interesada unha vivenda, á que renunciou por determinadas discrepancias coa propietaria sobre o seu mobiliario. No seu informe o IGVS informa tamén de que na oficina do programa de Santiago de Compostela está en proceso de incorporación unha vivenda que podería axustarse ás necesidades da solicitante.

Defectos construtivos en vivendas protexidas.

Entre as queixas presentadas en materia de vivenda tamén merecen destacarse as presentadas polos ocupantes de vivendas de promoción pública relacionadas con problemas de mantemento das edificacións ou ben con posibles defectos construtivos. Nalgunhas queixas expoñen os reclamantes a existencia de posible defectos construtivos en vivendas de protección autonómica, polo tanto de promoción privada.

En relación coas queixas referidas a vivendas de protección autonómica comprobouse a existencia de dificultades para que a empresa promotora realice as obras necesarias para corrixir os defectos observados.

Así, na queixa Q/305/09 o adquirente dunha vivenda de protección autonómica en Silleda referíase a que presentara varias denuncias ante o IGVS por defectos de construción observados na vivenda, polo que solicitamos a información correspondente do

citado organismo, en particular sobre as actuacións de inspección levadas a cabo, e a resolución que correspondese en función dos resultados da inspección practicada. No primeiro informe remitido polo IGVS sinalábase que se ía proceder á reapertura de dilixencias previas co fin de determinar a procedencia ou non da incoación de expediente sancionador.

Posteriormente, recibimos novos escritos do reclamante nos que nos indicaba que non recibira notificación ningunha sobre a tramitación das dilixencias referidas, polo que solicitamos da Xefatura Territorial do IGVS un informe complementario. A este respecto, emítese un novo informe no que se sinala que a dirección facultativa e de execución da obra conxuntamente informan do resultado das visitas á vivenda coa presenza do denunciante e do representante da empresa construtora, dándose como prazo un mes para emendar as deficiencias observadas.

Con todo, á vista de que a situación denunciada persistía requiriuse novamente outro informe complementario do IGVS, e posteriormente, tendo en conta que na información recibida se constataba que a situación denunciada continuaba, formulouse unha recomendación á Xefatura Territorial do IGVS de Pontevedra nos seguintes termos: "*Que por parte desa Xefatura Territorial se ordene con carácter inmediato unha inspección da vivenda de protección autonómica adquirida polo reclamante para determinar se persisten ou non os defectos de construción denunciados, consistentes en humidades na fachada do edificio, e deficiencias de ventilación na cheminea da vivenda, circunstancias que poderían afectar ás condicións de habitabilidade da vivenda e polo tanto constituír a comisión dunha infracción moi grave por parte do promotor da edificación, e en caso afirmativo proceder á apertura do correspondente expediente sancionador."* Na resposta recibida do IGVS indicábase expresamente o seguinte: "*O 27/05/2011 realizouse a inspección na que se comprobou que non se realizaron as obras de reparación que se solicitaron para arranxar as deficiencias. Ao ter coñecemento este organismo de que o promotor D. M. F. S. se atopa en situación de concurso voluntario no xulgado do mercantil n° 2 de Pontevedra, remitiuse ao administrador concursal designado copia das reclamacións de D. L. B. V. para que se adopten as medidas e se realicen as actuacións necesarias."*

Tamén houbo algunha queixa, como é o caso da Q/1039/11, na que o reclamante se refería ás deficiencias que se observaban no edificio no que ten a súa vivenda de promoción pública, no Concello de Cerdido. O reclamante aludía na queixa a que se trata de seis vivendas acaroadas que teñen menos de 10 anos, e que o problema, que afecta a todas as vivendas, estriba en que necesitan pintura e impermeabilización, e que o IGVS só concede axudas para o mantemento e reparación de vivendas sociais que teñan máis de 10 anos, pero que o IGVS debería realizar algunha actuación, pois as vivendas estaban en garantía ao non cumprirse os 10 anos.

No informe remitido polo IGVS indicábase que a empresa adxudicataria das obras realizara algunhas reparacións, aínda que non foran suficientes para solucionar os problemas suscitados, polo que o IGVS a consecuencia do desprendemento de tellas nas cubertas e de parte da uralita de base abriu un expediente de urxencia en marzo de 2009, e que ademais desta obra realizou outra consistente no arranxo e illamento das arquetas de saneamento e dos espazos nos que se situaban. Tamén se sinalaba no informe que as fachadas e outras deficiencias cuxo arranxo reclamaron os veciños abordáronse puntualmente en diferentes actuacións, sendo a última a efectuada mentres se estaba executando a obra de urxencia das cubertas, selándose distintas fiestras, polas reclamacións dalgúns veciños e revisándose outras.

Tamén poden traerse aquí a colación algunhas queixas que tratan sobre temas varios relacionados en xeral con axudas para o acceso á vivenda, como é o caso da queixa Q/1088/11. Facíase referencia á demora na resolución dunha solicitude de axuda para a adquisición dunha vivenda usada desde que o interesado presentara no IGVS o contrato para o seu visado preceptivo, aos efectos da concesión das axudas. Unha vez recibida a información da administración constaba que a resolución do IGVS pola que concedía as axudas era de 10-6-2011, e que o reclamante presentara a documentación a finais de decembro de 2010 e a solicitude, xa co contrato visado, en marzo de 2011. No informe indicábase que o atraso na tramitación das solicitude da reclamante debíase ao elevado número de solicitudes presentadas, e que debían tramitarse por orde de presentación. Ademais indicábase tamén no informe que a reclamante sinalara na documentación unha dirección postal incorrecta, o que motivou unha nova notificación.

Por outra banda, na queixa Q/57/11 fora presentada por un adxudicatario dunha vivenda dentro dun grupo que o IGVS restaurara nun núcleo rural do Concello de Lugo en 2004, en execución dun plan para proporcionar vivendas en aluguer a mozos e mozas. O reclamante manifestaba na queixa que desde 2005, ano en que finalizaron as obras, aínda non se procedeu á entrega das vivendas, que xa presentaban un claro deterioro, tras case 6 anos desocupadas e en estado de semiabandono. Na información recibida do IGVS indicábase que durante a tramitación do expediente de rehabilitación se xestionaron as licenzas e autorizacións administrativas correspondentes, e que algunhas delas, en particular a licenza de primeira ocupación e a autorización da instalación de calefacción, presentaran especiais complicacións para a empresa adxudicataria das obras. No informe sinalábase que se ían entregar de forma inmediata as vivendas aos seus adxudicatarios.

Hai algún caso, como ocorre coa queixa Q/992/11, no que xorde un problema cunha vivenda de renda limitada. Esta queixa presentouna o arrendatario dunha vivenda de protección oficial con renda limitada na Coruña, manifestando que o propietario lle viña cobrando desde 1972 unha renda superior á legalmente permitida, e que presentara unha denuncia ante o IGVS que dera lugar a un expediente sancionador no que recaera unha multa coa obrigación de devolución do indebidamente cobrado ao inquilino. Na queixa constaba que esta resolución do IGVS se mantivo tras un recurso contencioso-administrativo do propietario, pero o reclamante sinalaba que non conseguira que se cumprise a resolución administrativa no que se refería ao reintegro do indebidamente cobrado polo propietario. Admitida a trámite a queixa, solicitamos a información correspondente do IGVS, en particular sobre a cuantificación da cantidade a devolver polo propietario. No momento de elaborarse este informe anual, a queixa está pendente de resolverse.

Outro apartado que podemos subliñar é o relativo ás axudas para rehabilitación de vivendas rurais. En relación con esta materia presentáronse 4 queixas en 2011, referíndose os reclamantes en xeral ao atraso no pago das axudas correspondentes. Na análise das queixas recibidas puideron observarse algunhas demoras causadas pola insuficiente ou inadecuada documentación achegada polos propios reclamantes, pero tamén se acreditaron demoras na realización de diversos trámites por parte do IGVS.

A este respecto, as queixas presentadas referíanse a expedientes tramitados ao amparo do Decreto 157/2006, de 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia. Este decreto tiña por obxecto o fomento da rehabilitación de calidade, de maneira que, ademais de promover vivendas en condicións dignas de habitabilidade, contribuíase tamén á conservación e posta en valor do importante patrimonio construído no medio rural e nos conxuntos históricos de Galicia, e a fixar a súa poboación e revitalizar o seu contorno.

O sistema de axudas deste decreto sustentábase sobre a creación dunha cédula de rehabilitación de calidade e mediante subvencións a fondo perdido para as persoas promotoras de baixos ingresos do medio rural. A cédula de rehabilitación de calidade tiña por finalidade o asesoramento e tutela da calidade das actuacións de rehabilitación e renovación. No decreto establecíase ademais como requisito para ser obxecto das subvencións, que se irían convocando periodicamente, que as vivendas estivesen en posesión da cédula concedida durante os dous anos inmediatamente anteriores ao momento da presentación da solicitude de subvención.

En consecuencia, o proceso de solicitude de subvención de rehabilitación e renovación de vivendas levaba consigo a tramitación de dous expedientes: en primeiro lugar, a solicitude de cédula de rehabilitación de calidade, e en segundo lugar a solicitude de subvención a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural. Estes procedementos eran distintos e con tramitación independente, pero interconectados entre si.

A este respecto, debe subliñarse que como requisito para acceder a unha subvención establecíase que no momento de presentarse a solicitude o interesado debía ter a cédula de rehabilitación de calidade, ou cando menos estar en posesión da resolución de conformidade emitida con anterioridade á cédula propiamente dita, e para a concesión desta requiríase que as obras propostas e conformes se realizasen nun determinado prazo que se fixaba na resolución de conformidade. Neste sentido, podía ocorrer que unhas obras que contasen coa resolución de conformidade, pero cuxo prazo de execución excedía do exercicio presupostario correspondente á convocatoria de subvencións, non puidesen obter

a axuda, co que tiñan que esperar a unha nova convocatoria de subvencións, o que determinaba que os prazos para obtelas se puidesen alargar bastante desde o primeiro momento da solicitude de cédula de rehabilitación de calidade.

En relación coa aplicación do Decreto de 2006 cabe mencionar que o 27 de agosto de 2009 publicouse a Orde de 18 de agosto de 2009, pola que se determinaba a finalización do prazo de presentación de solicitudes de cédula de rehabilitación de calidade.

Por outra banda, o sistema de subvencións á rehabilitación de vivendas rurais baseado na cédula de rehabilitación de calidade suprimiuse polo Decreto 44/2011, do 10 de marzo, en cuxas disposicións transitorias se recollen varios supostos para os expedientes en tramitación ao amparo do Decreto de 2006.

Con todo, as últimas convocatorias de subvencións ao amparo do Decreto de 2006 realizáronse por resolucións de 1-7-2010 e de 4-10-2010, polo que os interesados que obtivesen a cédula de rehabilitación de calidade pero que non puidesen acollerse ás axudas convocadas polas citadas resolucións (nos casos estudados porque o prazo de execución das obras excedía do exercicio económico de 2010) non tiveron a posibilidade en 2011 de beneficiarse destas axudas.

Entre os casos referidos a esta materia pode sinalarse a queixa Q/891/11. Un veciño de Chantada solicitara a cédula de rehabilitación o 3-10-08, e a partir dese momento producíronse os seguintes trámites: requirimento de documentación non achegada (10-11-2008); contestación polo solicitante (19-11-2008); visita técnica previa de información e asesoramento con posterior solicitude de modificación ou mellora da solicitude inicial (23-2-2009), requiríndose achega de documentación (licenza municipal de obras e orzamento desagregado); contestación do solicitante (24-3-2009); revisión da documentación aportada, e nova solicitude de modificación (faltaba licenza municipal) con data de 15-12-2009; contestación a este requirimento (13-1-2010); nova revisión da documentación achegada, comprobándose insuficiencia (segue sen entregarse a licenza municipal de obras), requírese nova solicitude de modificación (16-6-2010); contestación a este requirimento (12-7-2010); con data de 24-8-2010 emítese resolución de conformidade

para obter a cédula de rehabilitación de calidade, na que se indica un prazo de execución das obras de 8 meses; con data de 29-11-2010 o solicitante achega comunicación de finalización das obras, con data de 24-12-2010 emítese informe favorable trala visita técnica final, e con data de 18-1-2011 emítese resolución de concesión de cédula de rehabilitación de calidade.

En paralelo co procedemento anterior o interesado presenta solicitude de subvención o 21-10-2010 (xa obtivera a resolución de conformidade), convocadas por resolución do IGVS do 4-10-2010. A este respecto, no caso ao que se refería a queixa compróbase que a solicitude de subvención non cumpría cos requisitos esixidos na convocatoria, dado que no momento da solicitude non estaba en posesión da cédula de rehabilitación de calidade e o prazo de execución das obras que constaba na resolución de conformidade era superior ao 31 de decembro de 2010, xa que o prazo acababa o 3-3-2011, polo tanto o IGVS denega a axuda solicitada e indícalle ao interesado que debía presentar a solicitude na seguinte convocatoria.

En relación con este caso concreto, aínda que a denegación da subvención polo IGVS se apoiaba nas previsións legais contidas na resolución que convocaba as subvencións, con todo debe subliñarse que na secuencia temporal dos trámites indicados prodúcense dúas demoras importantes na comprobación documental pola administración, de 9 e 5 meses. A este respecto, noutro dos casos que desembocaron en queixas aludíase a que os atrasos na tramitación dos expedientes de obtención da citada cédula producíanse polo elevado número de solicitudes e polas características do procedemento no que confluían informes de técnicos colaboradores contratados, que entregaban persoalmente os informes, polo que procedían previamente a acumular un certo número deles, e a necesidade tamén de informes do servizo técnico correspondente do IGVS.

Noutra queixa, a Q/632/11, que afectaba a unha vivenda en San Sadurniño tamén se observa que o IGVS tivo que requirir documentación á interesada en varias ocasións, por resultar insuficiente a que aportaba, aínda que tamén se advirten lapsos de tempo demasiado amplos de trámites da administración (8 meses para a primeira visita do técnico, e 3 meses máis para requirir a documentación). A subvención denegouse pola mesma

razón que no caso anterior, en tanto que o prazo de execución das obras excede do exercicio presupostario da convocatoria das subvencións.

Noutra das queixas presentadas, a Q/1366/11, que se refería á rehabilitación dunha vivenda en Montederramo, o problema que se detectou era que unha vez obtida a resolución de conformidade o interesado solicitou en dúas ocasións a prórroga do prazo para executar as obras (requisito imprescindible para obter a cédula), e na segunda delas foille denegada a prórroga.

Na queixa Q/1715/11, que trataba dunha axuda para unha vivenda en Chantada que se lle concedeu ao interesado unha axuda (6.600 €) con data de 9-12-2010, unha vez tramitada a queixa o IGVS indicou que tras algunhas comprobacións nas obras, que obtiveran a conformidade da administración, elaborouse a proposta de pago; no momento de elaborarse este informe a reclamante infórmanos de que aínda non lle pagaron a subvención recoñecida, polo que solicitaremos un novo informe ao IGVS.

1.2.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Durante o ano 2011 nesta área foron 27 as queixas non admitidas a trámite, o que representa un 18% do total das queixas presentadas. Como dato relevante debe subliñarse que foi maior a proporción de queixas non admitidas a trámite en urbanismo que en vivenda, pois do total de 27 non admitidas, 17 corresponden a urbanismo e 10 a vivenda. Nas resolucións de non admisión a trámite informóuselles aos reclamantes das razóns que determinaron esta decisión. A este respecto, de entre os variados motivos nos que se fundaron estas resolucións, poden destacarse os casos nos que existe unha relación xurídico-privada, que implica necesariamente que o conflito deba someterse á decisión do órgano xudicial competente; ou os casos nos que se advirte a inexistencia dunha actuación administrativa previa. Por outra banda, noutros casos, unha vez examinado o contido da queixa concluíuse que non se apreciaba unha actuación administrativa irregular, polo que se entendeu que non había fundamento para solicitar información da administración afectada.

1.2.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

No ano 2011 remitimos 20 queixas ao Defensor del Pueblo por afectar a actuacións de órganos administrativos, organismos ou entidades dependentes da Administración Xeral do Estado. A este respecto, do total destas queixas, a inmensa maioría (19) referíanse a atrasos no pago da axuda en concepto de renda básica de emancipación, dependendo esta xestión do Ministerio de Fomento. En materia de urbanismo só se remitiu unha queixa ao Defensor del Pueblo, referida ás obras de reforma dunha vivenda lindante cunha estrada de titularidade do Estado, polo que a Administración afectada era o Ministerio de Fomento.

1.2.6. RESOLUCIONS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE URBANISMO E VIVENDA.

1. Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Gondomar o día 3 de febreiro de 2011, para que se exerciten as funcións de inspección en relación cunha presunta infracción urbanística (Q/2456/09).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por D. L. A. A. C., no que, esencialmente, nos indicaba que na data do 22-10-09 presentara nese Concello unha denuncia por infracción urbanística polas obras, que non gardan o retranqueo a lindeiros, de construcción dunha vivenda por un veciño seu, D. I. V. Á., nunha finca lindante. Manifestaba tamén o reclamante na súa queixa que ata o momento non recibira contestación dese Concello á súa denuncia.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das Administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello de Gondomar que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre os resultados da inspección practicada no lugar dos feitos denunciados, e sobre o acordo municipal pertinente en función destes resultados.

A este respecto, recibimos un informe dese Concello de data do 22-2-10 (RS nº 723, do 26-2-10), do que lle demos traslado ao reclamante, e procedemos a concluír a nosa intervención no problema que motivou a queixa agardando a que lle comunicaran ao reclamante desde ese Concello a resolución adoptada sobre a denuncia, de xeito que

se nun tempo prudencial non recibe ningunha notificación do Concello, poderíase proceder á reapertura do expediente de queixa.

Neste sentido, recibimos un novo escrito do reclamante no que entre outras cousas manifestaba que non recibira aínda notificación ningunha dese Concello sobre a resolución adoptada respecto da súa denuncia, polo que solicitamos un informe complementario desa Administración municipal sobre o trámite actualizado do referido procedemento administrativo, singularmente se xa se emitira o informe técnico ao que se aludía na anterior información remitida por ese Concello.

A este respecto, recibimos un novo informe dese Concello de data do 10-11-10 (RS n.º 3713, do 22-11-10), indicando neste último escrito que se faría un novo requirimento ao arquitecto municipal para que emitise un informe que permitise continuar o procedemento, xa que non constaba informe técnico sobre a legalidade das obras.

Por outra parte, tamén recibimos nesta oficina do Valedor do Pobo un escrito de D. I.V.A. acompañado de ampla documentación sobre o aspecto controvertido neste caso que se concreta na distancia que separa a vivenda do denunciado do linde coa propiedade do reclamante. Indica o denunciado que achegou a esa Administración municipal planos, fotografías, certificacións catastrais, testemuñas..., aludindo en particular ao feito de que na linde controvertida se realizou un novo muro de común acordo entre reclamante e denunciado e pagado polos dous, e que a distancia ao anterior muro era maior, e dentro do retranqueo legal.

Tendo en conta o expresado anteriormente, estimamos nesta oficina do Valedor do Pobo que debemos facer algunhas consideracións sobre o problema que motivou a queixa.

A este respecto, á vista de que pola información de que dispoñemos non se abriu un expediente de disciplina urbanística en relación coas obras denunciadas, consideramos nesta oficina do Valedor do Pobo que respecto das actuacións previas ou

dilixencias preliminares anteriores á posible apertura dun expediente desta natureza, debe terse en conta o previsto no artigo 12 do Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, en tanto que nin a Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia, nin o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, regulan este aspecto.

A este respecto, o citado artigo 12 indica expresamente que*: "1. Con anterioridad a la iniciación del procedimiento, se podrán realizar actuaciones previas con objeto de determinar con carácter preliminar si concurren circunstancias que justifiquen tal iniciación. En especial, estas actuaciones se orientarán a determinar, con la mayor precisión posible, los hechos susceptibles de motivar la incoación del procedimiento, la identificación de la persona o personas que pudieran resultar responsables y las circunstancias relevantes que concurran en unos y otros.*

2. Las actuaciones previas serán realizadas por los órganos que tengan atribuidas funciones de investigación, averiguación e inspección en la materia y, en defecto de éstos, por la persona u órgano administrativo que se determine por el órgano competente para la iniciación o resolución del procedimiento."

A este respecto, cómpre subliñar que na vixente Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia, sinálase expresamente no seu artigo 208, relativo á inspección urbanística, que:

"1. A inspección urbanística é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo teñen que realizar coa finalidade de comprobar que unha e outro se axustan ao ordenamento urbanístico.

2. O persoal adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e estará capacitado, co dito carácter, para requirir e examinar toda clase de documentos relativos ao planeamento, para comprobar a adecuación dos actos de edificación e uso do solo á normativa urbanística aplicable e para solicitar de todas as partes relacionadas con calquera actuación urbanística e dos Colexios Profesionais e calquera outro dos

organismos oficiais con competencia na materia canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións."

3. Os inspectores urbanísticos están autorizados para entrar e permanecer libremente e en calquera momento en parcelas, construcións e demais lugares suxeitos a súa actuación inspectora. Cando para o exercicio desas funcións inspectoras fose precisa a entrada nun domicilio, solicitarase a oportuna autorización xudicial.

4. Os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados."

Por outra parte, en relación coa acreditación das circunstancias que permitirían adoptar unha resolución sobre a apertura ou non do expediente de reposición da legalidade urbanística, estimamos que debe facerse unha valoración conxunta e ponderada dos distintos aspectos, tanto no que se refire ás medicións e comprobacións físicas no lugar dos feitos como no que atinxe á diversa documentación presentada e probas testemuñais.

En consecuencia, á vista do anteriormente expresado, e tendo en conta o previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a ese Concello de Gondomar a seguinte **recomendación:**

Que por parte desa administración municipal se proceda a facer efectiva a función inspectora para comprobar se houbo unha infracción urbanística, no caso denunciado polo reclamante, en particular no que se refire á distancia existente entre a edificación executada e o límite coa propiedade do reclamante, para constatar se existe incumprimento das condicións da licenza concedida e do previsto na normativa urbanística.

Resposta á recomendación: aceptada.

2- Recomendación dirixida ao Instituto Galego da Vivenda e Solo o día 28 de marzo de 2011 para que se ordene a inspección dunha vivenda de protección autonómica para determinar se presenta defectos construtivos (Q/305/09):

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por D. L. B. V., con domicilio en Silleda. Na súa queixa, esencialmente, indicábanos que os días 22 de maio de 2008 e do 12 de febreiro de 2009 presentara escritos na anteriormente denominada Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo, referidos todos eles aos defectos de construción observados na vivenda de Protección Autonómica na que reside (a sinalada anteriormente como o seu domicilio). O reclamante ademais de achegar fotocopias dos citados escritos, dos que manifestaba que non recibira contestación da citada Consellería, axuntaba tamén co seu escrito de queixa varios escritos dirixidos á empresa promotora do edificio.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das Administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos da citada Delegación Provincial que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre as actuacións de inspección levadas a cabo pola citada Consellería de Vivenda e Solo, e a resolución que correspondese en función dos resultados da inspección practicada.

A este respecto, recibimos da citada Delegación un primeiro informe de data do 12-3-09 (RS nº. 5431/09) no que se indicaba expresamente o seguinte: *"Cómpre manifestar que feitos os requirimentos oportunos a todas as partes implicadas,*

requirimentos que non foron contestados, se vai a proceder á reapertura de dilixencias previas coa fin de determinar a procedencia ou non de incoación de expediente sancionador"

Á vista da información facilitada pola citada Delegación, da que lle damos traslado de acordo ao reclamante, procedemos a concluír provisionalmente a nosa intervención no problema que motivou a queixa, en tanto que a citada Consellería ía proceder á apertura de dilixencias previas sobre os feitos denunciados.

Posteriormente, e transcorrido un longo período de tempo o reclamante comunicounos que non recibira notificación ningunha sobre a tramitación das dilixencias indicadas, polo que na data do 31-3-10 solicitamos desa Xefatura Territorial un informe complementario. A este respecto, recibimos un informe desa Xefatura Territorial do 12-4-10 (RS nº. 5350/10) no que se indicaba expresamente o seguinte:

"Con data 24 de xuño de 2009 o Servizo Técnico deste organismo, a través dun dos seus arquitectos técnicos, emite un informe técnico tras realizar dúas inspeccións á vivenda nas datas 22 de abril e 10 de xuño de 2009. No devandito informe cítanse as deficiencias observadas, as deficiencias arranxadas e as posibles obras a realizar, no seu caso.

Mediante escritos de data 2 de xullo de 2009 requírese novamente as partes implicadas (promotor, construtor e dirección facultativa), poñendo no seu coñecemento o contido do informe do servizo técnico do IGVS para realizar unha proposta de actuación.

Con data de rexistro de entrada do 20 de agosto de 2009 a dirección facultativa e de execución da obra conxuntamente informan do resultado das visitas á vivenda coa presenza do denunciante o 7 de agosto de 2009 e do representante da empresa construtora o 11 de agosto de 2009, dándose como prazo un mes para subsanar as deficiencias observadas.

Mediante escrito de data 9 de abril de 2010 solicítase de novo ao arquitecto informe sobre as actuacións realizadas na vivenda".

Á vista da información facilitada por ese organismo do IGVS, démoslle traslado desta ao reclamante, e comunicounos telefonicamente que aínda non se resolvera o problema que motivou a súa queixa, polo que o día do 8-11-10 solicitamos desa Xefatura Territorial un novo informe complementario sobre o trámite actual do expediente administrativo aberto no presente caso.

Neste sentido, recibimos un informe desa Xefatura Territorial do 17-11-10 (RS nº. 20487/10) no que tras reiterar información recibida anteriormente indícase expresamente que *"mediante escritos de data do 16 de novembro de 2010 requírese novamente ás partes implicadas (promotor, construtor e dirección facultativa de obra) un informe sobre as obras de reparación que se adoptaron ao respecto"* .

Desde esta oficina do Valedor do Pobo procedemos a darlle traslado desta información ao reclamante, indicándolle que unha vez transcorrido un prazo prudencial nos remitise un escrito indicándonos se se producía algunha nova incidencia no problema que motivara a queixa.

A este respecto, recibimos recentemente un novo escrito do reclamante no que nos indica que ata o momento non se resolveu o problema que motivou a queixa, en particular no que se refire á cheminea da cociña e ás humidades na fachada do edificio.

Neste sentido, tendo en conta o anteriormente expresado e en particular o longo tempo transcorrido desde as primeiras denuncias do reclamante sobre os defectos observados no edificio e vivenda na que reside, estimamos que debemos facer algunhas consideracións.

Así as cousas, pola data das primeiras denuncias a normativa aplicable en materia de vivenda neste caso sería a contida na Lei 4/2003, de 29 de xullo, de vivenda de Galicia (vixente ata o 20 de abril de 2009), xa que a Disposición Transitoria Primeira da vixente Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia, establece no

referido ás disposicións sancionadoras, que: *"as disposicións sancionadoras contidas no título V da presente Lei serán de aplicación ás infraccións cometidas a partir da súa entrada en vigor"*. Esta prevalencia normativa dependería de que non se considerase de aplicación o previsto neste mesmo precepto legal: *"Non obstante, aplicaranse con carácter retroactivo as infraccións cometidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei en canto favorezan á presunta persoa infractora*." Neste sentido, cómpre subliñar que os artigos 108 a 110 da vixente Lei 18/2008, en relación cun suposto similar ao que orixinou esta queixa, establecen un novo catálogo de infraccións clasificadas en leves, graves e moi graves, e referidas aos defectos que afecten á seguridade da edificación ou causen danos aos destinatarios da vivenda.

A este respecto, de aplicarse a Lei 4/2003, entendemos que debe terse en conta o previsto no artigo 54.1.d) deste texto legal, no que se sinala expresamente que: "*A neglixencia de promotores, construtores e facultativos durante a execución das obras de edificación de protección oficial que deu lugar a vicios ou defectos graves que afecten á edificación ou habitabilidade das vivendas e se manifesten durante os cinco anos seguintes data de expedición da cédula de cualificación definitiva."*

Por outra parte, pola información de que dispoñemos neste expediente de queixa a vivenda de protección autonómica adquirida polo reclamante presenta humidades na fachada, e tamén falta dunha axeitada ventilación na cociña por problemas ao parecer relacionados coa cheminea.

Neste sentido, en relación co concepto legal de condicións de habitabilidade das vivendas cómpre subliñar a referencia contida no artigo 3 da Lei 38/1999, de ordenación da edificación sobre os requisitos básicos da edificación. Así, na aliña c) deste artigo, que trata dos requisitos relativos á habitabilidade, indícanse expresamente no epígrafe 1 as seguintes condicións na construción dos edificios:*"higiene, salud y protección del medio ambiente, de tal forma que se alcancen condiciones aceptables de salubridad y estanquidad en el ambiente interior del edificio..."*

A este respecto, a persistencia dos problemas denunciados polo reclamante na medida en que afecten "as condicións de salubridade e estanquidade no ambiente interior do edificio" podería determinar a comisión dunha infracción moi grave por parte do promotor. Neste sentido, estimamos que, á vista de que por parte da empresa promotora non se remite a ese organismo do IGVS un informe técnico sobre a situación actual en relación cos defectos observados a través de inspección técnica dese IGVS, debería levarse a cabo unha nova inspección por parte dese organismo, debendo terse en conta a estes efectos que o artigo 59, aliña 4, da citada Lei 4/2003, indica expresamente o seguinte: *"as funcións inspectoras con fin de pescudar e investigar o exacto cumprimento das obrigas establecidas na presente lei corresponde ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. Os inspectores deste organismo desenvolverán as tarefas de inspección necesarias ao respecto, tendo a consideración de axentes da autoridade, gozando as actas que levanten de presunción de veracidade".*

En consecuencia, á vista do anteriormente expresado e tendo en conta o previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a esa Xefatura Territorial a seguinte **recomendación**:

Que por parte desa Xefatura Territorial se ordene con carácter inmediato unha inspección da vivenda de protección autonómica adquirida polo reclamante para determinar se persisten ou non os defectos de construción denunciados, consistentes en humidades na fachada do edificio, e deficiencias de ventilación na cheminea da vivenda, circunstancias que poderían afectar as condicións de habitabilidade da vivenda e polo tanto constituír a comisión dunha infracción moi grave por parte do promotor da edificación, e en caso afirmativo proceder á apertura do correspondente expediente sancionador.

Resposta á recomendación: aceptada

3.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Trazo o día 24 de xuño de 2011, para que se inicie un expediente de reposición da legalidade urbanística (Q/457/11).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por Dª. E.M.D.N. no que, esencialmente, indicábanos que na data do 26-11-10 presentara nese Concello de Trazo un escrito referido a unha explotación gandeira e as ampliacións que nela se estaban levando a cabo (parcelas 809 e 810 do polígono 5 da concentración parcelaria de Morlán-Vilouchada) indicando que se incumprían as leis vixentes, tanto respecto dos retranqueos ou lindes como do uso e tipoloxía das construcións existentes, e solicitaba a ese Concello que tomase as medidas oportunas para que se cumprise a lei, e que o día de hoxe segue sen resposta a súa denuncia estando xa as obras rematadas.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das Administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese Concello de Trazo que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre se existía licenza municipal para as obras denunciadas e, en caso afirmativo, se unha vez realizada a inspección técnica se acreditaba se as obras executadas se axustaban ou non á licenza ou licenzas concedidas.

A este respecto, recibimos un primeiro informe dese Concello de data do 8-4-11 (RS nº 353) no que se indicaba expresamente o seguinte:

"En contestación a súa petición de información sinalarlle que nas parcelas 801-809 que menciona concedeuse a seguinte licenza de obra:

"Ampliación dunha explotación de gando vacún de leite no lugar de Larín segundo proxecto visado 20090568".

A licenza foille concedida por acordo da xunta de goberno local tomado en sesión de 19 de febreiro de 2010.

Os prazas de execución da licenza de obra son de tres anos dende a súa concesión, non constando neste concello o certificado final de obra que deberá aportar o promotor da obra, e que so lle será esixible unha vez rematado o prazo de execución mencionado".

A este respecto, tendo en conta que na queixa presentada nesta oficina do Valedor do Pobo se facía referencia a posibles incumprimentos das leis vixentes, tanto respecto dos retranqueos aos lindes como do uso e tipoloxía das construcións existentes, na solicitude de información facíase expresa referencia, non só á existencia ou non dunha licenza municipal, senón tamén aos eventuais resultados ou conclusións dunha inspección técnica para acreditar se as obras executadas se axustan ou non á licenza ou licenzas concedidas.

En consecuencia, na data do 26-4-11 solicitamos un informe complementario dese concello sobre estes aspectos mencionados na queixa da reclamante.

A este respecto, recibimos un último informe dese concello de data do 30-5-11, do arquitecto técnico municipal, no que se indica expresamente que:

"Las obras se encuentran sin finalizar, dese el 2 de marzo se dio un plazo de 1 año para comenzar las obras y un plazo de 3 años para finalizarlas. En la fecha de la visita estas se encuentran dentro del plazo de ejecución establecido.

Tras consultar el proyecto de ejecución con visado 20090568 e realizar algunas comprobaciones en la obra ejecutada hasta la fecha, se aprecian algunas variaciones con respecto al proyecto. No obstante estas variaciones parecen cumplir con la normativa urbanística.

Conclusión:

Con lo anteriormente expuesto se informa que las obras se encuentran en curso de ejecución, que existen variaciones respecto a la licencia que podrán se recogidas en una documentación final de obra con el correspondiente certificado final de obra; y que a priori cumplen con la legislación urbanística".

Tendo en conta o contido do último informe remitido por ese Concello de Trazo cómpre subliñar que as obras realizadas polo denunciado non se axustan á licenza concedida, introducindo ao parecer diversas variacións sobre o proxecto técnico que serviu de base para a concesión da licenza. Con todo, aínda que no informe técnico remitido se constata esta circunstancia, non se derivan dela os efectos legais correspondentes que se concretarían na apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

Dende esta perspectiva, estimamos que deben facerse algunhas consideracións sobre a base da normativa urbanística vixente.

A este respecto, en relación coas obras en curso de execución realizadas sen licenza, ou excedéndose da licenza concedida como ocorre no presente caso, establece expresamente o artigo 209 da Lei 9/2002, do 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o seguinte:

"1. Cando se estivesen executando obras sen licenza ou orde de execución ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde disporá a suspensión inmediata dos citados actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ao interesado.

2. Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade. Para estes efectos o alcalde poderá:

a) Ordenar a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria afecta a ela.

b) Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.

c) Ordenar a suspensión de subministracións de auga, electricidade, gas e telecomunicacións das actividades e obras das que se ordenase a paralización.

Proceder á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 euros, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

Adoptar calquera outra medida que sexa conveniente a favor da efectividade da suspensión.

3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar o, se é o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

4. O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano contado desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, se é o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar. Procederase de igual modo no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6. No caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria desta ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10 000 euros cada unha.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo."

En consecuencia, á vista do anteriormente expresado, e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulamos a esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Trazo o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

*Que por parte desa administración municipal se proceda a exercer a potestade de disciplina urbanística en relación coa obra denunciada pola reclamante, e polo tanto, ao tratarse dunha obra realizada con licenza municipal pero que se excedía das obras autorizadas na licenza, se inicie un expediente de reposición da legalidade urbanística, seguindo os trámites previstos no artigo 209 da Lei 9/2002, do 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia***.**

Resposta á recomendación: aceptada

4.- Recomendación e Recordatorio de Deberes Legais dirixidos ao Instituto Galego de Vivenda e Solo en data 19de setembro de 2011, para que non contasen os días inhábiles no cómputo dun prazo previsto no Decreto que regula o Programa Aluga, e para que se estimase a eventual reclamación da interesada de devolución de cantidade (Q/892/11). *En relación con estas resolucións debemos subliñar que por tratar un problema proposto en circunstancias idénticas, tamén se formularon as mesmas resolucións ao IGVS no caso da queixa Q/708/11.*

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por Dª. C.B.F., e no que, esencialmente, nos indicaba que dende setembro de 2009 reside como inquilina nunha vivenda incluída no programa ALUGA e que nunca tivo ningún problema co pago da cantidade que lle correspondía satisfacer pola renda de aluguer, e que, no entanto, no recibo correspondente á mensualidade da abril de 2011 fixábase o período de pago do 1 ao 10 de abril, sendo así que o día 9 era sábado e o 10 domingo e o pago tiña que efectuarse nunha entidade bancaria, polo que consideraba que sendo imposible o pago en calquera destes dous días estimaba que se podería efectuar o pago o luns día 11; e cando se achegou ao banco lle dixeron que non se podía efectuar o pago e que o prazo estaba rematado, o que lle confirmaron na oficina do IGVS.

Sinalaba tamén a reclamante que por consecuencia desta circunstancia lle emitiron un novo recibo co prazo do 11 ao 20 de abril, pero tendo que pagar a totalidade da renda de inquilinato e polo tanto perdendo a axuda do IGVS, circunstancia que considera inxusta dada a situación descrita anteriormente.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das Administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

A este respecto, recibimos un escrito do director xeral dese organismo do IGVS do 17-6-2011 (RS nº 4059, do 21-6-2011), acompañado dun informe da directora técnica de Actuacións de Aluguer do 13-6- 2011 no que se concluía que:

"En atención ao anterior considerase que os prazos de pagamento da renda do aluguer da vivenda están adaptados á norma reguladora, así como ao contrato de arrendamento formalizado, o seu pagamento en prazo é unha condición ineludible para a percepción mensual da subvención para o financiamento parcial da renda do aluguer ao abeiro do Programa Aluga, cuxa esixencia, sen excepcións, ven motivada na necesidade de respectar os servizos e garantías que oferta o Programa Aluga aos propietarios das vivendas (de titularidade privada) postas a disposición do IGVS para o seu arrendamento a demandantes de vivenda, con ingresos inferiores a 3'5 veces o IPREM inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia."

A este respecto, no informe remitido por ese organismo sinálase expresamente o seguinte: *"Do día 1 ao 10 de cada mensualidade: Os inquilinos deben ingresar, en calquera sucursal da entidade colaboradora Caixanova o recibo polo importe parcial da renda (no caso de ter subvención) ou sen subvención. Por iso a partir do día 10, a entidade bancaria non pode admitir recibos normais para pagar en prazo."*

Neste sentido, na nota informativa que se lles entrega aos adxudicatarios das axudas sinálase expresamente que "*O pagamento da renda deberá efectuarse dentro dos dez primeiros días de cada mes (ou con anterioridade), na conta do IGVS aberta ao efecto, en calquera sucursal da entidade colaboradora Caixanova mediante a presentación do recibo da correspondente mensualidade".*

Á vista do anteriormente expresado, estimamos que deben formularse algunhas consideracións sobre o cómputo do prazo que se lle outorgou á reclamante para o pago da parte que lle corresponde da renda de inquilinato.

A este respecto, indícase expresamente no artigo 48.1 da Lei 30/1992 de Procedemento Administrativo Común que *"cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los domingos y los declarados festivos. Cuando los plazos se señalen por días naturales, se debe hacer constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones."* Neste sentido, a declaración de que non se exclúen os días inhábiles, pouco frecuente, adoita facerse na resolución ou convocatoria correspondente, e o certo é que no Decreto 84/2020 non se formula esta declaración expresa, nin tampouco na nota informativa que se facilita ao beneficiario das axudas.

Así as cousas, estimamos nesta oficina do Valedor do Pobo que a normativa citada é de aplicación ao prazo que se establece no artigo 35.1 do Decreto 84/2010, en tanto que se trata dun prazo establecido nunha norma de natureza administrativa, na que se regulan unhas axudas públicas ao aluguer, polo que non pode haber dúbidas sobre o seu carácter de normas administrativas. Esta natureza non pode quedar desvirtuada polo feito de que o contrato de aluguer ao que se destinan as axudas teña un carácter privado e se regule pola normativa civil correspondente.

Por outra parte, en relación coa normativa anterior sobre este tipo de axudas ao aluguer de vivendas, no informe citado indícase expresamente que *"En canto ao sistema de pagamento, o extinto decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regulaba o programa de vivenda en aluguer (PVA) e a súa normativa de desenvolvemento, en concreto a Orde de 22 de xuño de 2006, pola que se regulaba a xestión das vivendas, procedemento de adxudicación e concesión das subvencións no programa de vivenda en aluguer establecíase que o pagamento da renda debía efectuarse dentro dos 7 primeiros días de cada mes, se ben se permitía que se realizase o mesmo ata o día 10 da mensualidade correspondente.*

Por tanto, e con respecto a normativa anterior, o período de pagamento da renda do aluguer aínda foi ampliado".

Con todo, entendemos que aínda que o novo prazo legal sexa máis xeneroso que o anterior, pasando de 7 a 10 días, non pode eludir en ningún modo a aplicación dunha norma legal como é a establecida no artigo 48.1 da Lei 30/1992.

En todo caso, debe terse en conta que na nosa lexislación a medida de tempo na que se expresan os prazos administrativos, agás nalgún caso excepcional no que se empregan as horas (é o caso do prazo de vintecatro horas previsto no artigo 26.4 do Regulamento de Disciplina Urbanística no procedemento sumario de ruína inminente), é a do prazo expresado en días, ou o prazo expresado en meses ou anos. A este respecto, cómpre subliñar que no prazo expresado en días, como xa se indicou, non se computan os días inhábiles agás declaración expresa en sentido contrario, pero aínda nos prazos expresados en meses ou anos, nos que non se descontan os días inhábiles, o certo é que o artigo 48.3 da citada Lei 30/1992 sinálase expresamente que *"Cuando el último día del plazo sea inhábil, se entenderá prorrogado al primer día hábil siguiente."*

Dende esta perspectiva, consideramos que a reclamante podía facer efectivo o pago da cantidade que lle correspondía ata o día 12 de abril de 2011, en tanto que non poderían computarse para o prazo establecido no artigo 35 do Decreto 84/2010 os días 3 e 10 de abril por tratarse de días inhábiles. Neste sentido, e na medida en que estimamos ineludible a aplicación da normativa administrativa citada, o automatismo do sistema informático deseñado para este trámite non pode derivar na imposibilidade de que o beneficiario destas axudas non poida pagar a cantidade que lle corresponde axustándose plenamente á normativa legal de aplicación, polo que entendemos que, na medida en que fose posible, debería corrixirse o sistema informático de pagos polo inquilino introducindo esta incidencia referida á exclusión dos días inhábiles no cómputo do prazo que é obxecto desta queixa.

En consecuencia, tendo en conta o expresado anteriormente e de acordo co previsto no artigo 32.1 da lei do Valedor do Pobo, formulámoslle un **recordatorio de deberes legais** nos seguintes termos:

Que por parte dese organismo se aplique a norma do artigo 48.1 da Lei 30/1992 de Procedemento Administrativo Común no cómputo do prazo previsto no artigo 35.1 do Decreto 84/2010 polo que se aproba o Programa Aluga, referido ao pago da parte da renda mensual que debe satisfacer o inquilino, e que polo tanto non se teñan en conta os días inhábiles incluídos dentro do prazo establecido.

E unha **recomendación** nos seguintes termos:

Que por parte dese organismo, e previa reclamación da interesada, se estime procedente a devolución da cantidade que correspondía á axuda do Programa Aluga no renda de inquilinato do pasado mes de abril de 2011, por entender que a negativa a aceptar o pago na data do 11-4-2011 da parte que correspondía á inquilina non se axusta á normativa legal que regula o cómputo dos prazos administrativos.

Resposta á recomendación e ao recordatorio de deberes legais: non aceptada

5.- Recomendación dirixida á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Sanxenxo, o día 10 de outubro de 2011, para que se ordene a máxima dilixencia na tramitación dun expediente de reposición da legalidade urbanística, co obxecto de evitar a caducidade do expediente e unha eventual prescripción da infracción urbanística (Q/798/11).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por D. F.O.V., con domicilio no Lugar … en Vilalonga, e no que, esencialmente, indicábanos que no citado lugar de …., no ano 2006 D. C.C.G., procedeu a realizar obras de construción dun galpón carecendo da preceptiva licenza municipal. Sinalaba tamén o reclamante na súa queixa que estas obras foron denunciadas ante a Xerencia Municipal de Urbanismo dese Concello de Sanxenxo, procedéndose a incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co número 06.163-O, e ditándose ao amparo deste expediente resolución de data 05 de decembro de 2007 ordenando a paralización das obras.

Manifestaba tamén no seu escrito de queixa que o Sr. C. solicitou licenza para levar a cabo as obras de construción da citada edificación auxiliar no ámbito do expediente número 869/6, e que tras varios requirimentos sen atender polo interesado a Xerencia de Urbanismo dese Concello de Sanxenxo procedeu a arquivar unilateralmente o expediente, sen mais trámite, por resolución de data 10 de marzo de 2009.

Indicaba tamén no escrito de queixa que posteriormente e no ámbito do expediente número 681/08, o Sr. C. solicitou licenza para levar a cabo obras de revestimento de fachadas do citado garaxe, e que este expediente segue aberto o día de hoxe, sen que recaera resolución ningunha ao respecto, e a citada edificación está totalmente finalizada, e aínda que as continuas obras foron denunciadas en varias ocasións, desprazándose a Policía Local ao lugar dos feitos denunciados e constando varias dilixencias de estudios fotográficos realizados dando cumprimento ás denuncias presentadas, no entanto, sinalaba o reclamante que ata o momento ese Concello de Sanxenxo, non lle comunicou acordo ningún en relación á legalización das obras nin en relación ao precinto ou demolición destas.

Por último, sinalaba o reclamante na súa queixa que ante a inactividade dese Concello e aproveitando as obras anteriormente referidas (revestimento de fachada de edificación acaroada á vivenda existente), fixéronse obras de impermeabilización da terraza, colocación de varandas na mesma así como acondicionamento interior das plantas baixo e primeira, para destinar a dita edificación acaroada a vivenda independente da vivenda principal, constituíndo claramente unha consolidación do ilegalmente construído. Indicábase tamén na queixa que incluso as parcelas están fisicamente separadas por muros de separación, recentemente construídos dentro da parcela "principal", e que probablemente unha vez mais, se construirán carecendo da preceptiva licenza municipal ao efecto, sendo así que ditos muros invaden claramente o trazado das aliñacións establecidas polo PXOM.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e

de eficacia que deben rexer as actuacións das Administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese concello que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre o resultado das inspeccións practicadas no lugar dos feitos, sobre a licenza ou licenzas que existan no caso, e sobre a adecuación das obras ás licenzas eventualmente concedidas.

A este respecto, recibimos un informe dese Concello do 27-6-2011 (RS nº 2287) e no que se indica expresamente o seguinte:

"Certamente, por D. C.C.G., no ano 2006 procedeu á construción dun galpón no lugar de X., parroquia de Vilalonga (Sanxenxo). Dita obra carecía da preceptiva licenza municipal, polo que por Resolución da Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de 28 de decembro de 2006 incoouse o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística, e ordenase a paralización das obras. (Expte.: 06-163-O).

Solicitouse por D. C.C.G., licenza municipal urbanística (expte: 869/06) para a construción citada no parágrafo anterior e, na tramitación do expediente, logo de reiterada petición de documentación que completase o mesmo, e de non ser presentada polo solicitante, procedeuse ao arquivo do mesmo por Resolución da Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de 10 de marzo de 2009.

Tamén para o citado galpón solicitouse, polo interesado, licenza municipal urbanística (expte: 681/08) para proceder ó revestimento da fachada. Na tramitación do expediente solicitouse en reiteradas ocasións que debería proceder á legalización da edificación antes de obter a licenza solicitada; legalización que non foi levada a cabo, polo que se procedeu ao arquivo do expediente. As obras solicitadas non se levaron a cabo.

A edificación principal, casa-vivenda, obtivo licenza municipal urbanística para revestimento das fachadas, por Resolución da Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de 05 de marzo de 2009 (expte.: 646/08), e ademais, o interesado, solicitou licenza para levar a cabo a construción dun muro, na mesma parcela, que foi concedida por Resolución da Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo de 06 de marzo de 2009 (expte.: 078/09).

Polo que se refire á edificación carente de licenza municipal, o galpón, como se indicou mais arriba, ten incoado expediente de reposición da legalidade que se está a tramitar co número 06.163-O. De acordo co establecido no artigo 209.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, o prazo para rematar dito expediente é dun ano dende a data do acordo de iniciación.

Logo do visto e, dado o transcurso do prazo de caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística, é a vista de que a acción para repoñer a legalidade non está caducada, pois o artigo 210 do mesmo corpo legal establece un prazo de seis anos, dende a total finalización das obras, para repoñer a legalidade urbanística vulnerada, por esta Xerencia Municipal de Urbanismo, procédese a ditar Resolución pola que se arquive o citado expediente, procedendo á incoación dun novo, co fin de proceder á demolición da edificación."

Á vista do anteriormente expresado estimamos pertinente facer algunhas consideracións sobre o problema que motivou a queixa.

Así, no informe remitido por ese Concello non se alude expresamente á clasificación urbanística do solo no que se realizaron as obras que foron e son obxecto dun expediente de reposición da legalidade urbanística polo que poden suscitarse dúbidas sobre o prazo de prescrición aplicable neste caso á acción para a restauración da legalidade urbanística. A este respecto, parece deducirse que se trataría de solo de núcleo rural xa que no último paragrafo do informe alúdese a un prazo de prescrición de seis anos. Sobre este aspecto cómpre subliñar que se as obras se realizasen en solo rústico entendemos que non habería prescrición da acción de restauración da legalidade

urbanística, xa que aínda que na vixente redacción da Lei 9/2002 (modificada pola Lei 2/2010) no seu artigo 214 desapareceu a norma da imprescritibilidade respecto das obras ilegais en solo rústico, con todo mantense esta norma para as obras ilegais executadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2010, tal e como se establece na disposición transitoria décima *("En todo caso, os procedementos sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións cometidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse pola lexislación vixente no momento da súa comisión, sen prexuízo de lles aplicar ós expedientes sancionadores a norma máis favorable ó sancionado").*

Así as cousas, e na medida en que pola información facilitada por ese Concello existe un prazo de prescrición de seis anos, e o primeiro expediente de reposición da legalidade urbanística abriuse xa na data do 28-12-2006, polo tanto a piques de cumprirse os cinco anos, cómpre que se actúe coa máxima dilixencia para que sexa efectiva a restauración de legalidade urbanística presuntamente vulnerada no presente caso.

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Sanxenxo a seguinte **recomendación :**

Que por parte desa Alcaldía-Presidencia e co obxecto de evitar a súa caducidade se ordene a máxima dilixencia na tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras realizadas sen contar con licenza municipal, en aplicación do previsto no artigo 210 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tendo en conta a circunstancia da caducidade dun expediente anterior polas mesmas obras, e o reducido prazo de tempo que resta para que se produza a prescrición da acción de restauración da legalidade urbanística.

Resposta á recomendación: non aceptada.

1.3 ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

1.3.1 INTRODUCIÓN

Os habituais problemas de contaminación acústica.

A maioría de queixas que se reciben en materia de medio ambiente refírense a problemas de ruídos ocasionados por locais de hostalería nocturna e pola presenza dos seus clientes na vía pública a altas horas da madrugada. Esta última circunstancia relaciónase coas chamadas zonas contaminadas por saturación ou concentración de locais. Tamén seguen sendo frecuentes as queixas polas consecuencias prexudiciais do denominado *botellón*. A iso este ano engadiuse a xeneralizada fraude en materia de horarios observado a través da proliferación de licenzas de supostos *tablaos flamencos*, que en realidade funcionan como pubs, sen que os concellos adopten as medidas preventivas ou de corrección para evitar esta clara irregularidade, que prexudica tanto aos veciños como ás empresas que funcionan adaptándose ás esixencias da normativa.

Nas zonas contaminadas ou saturadas por concentración de locais, aos problemas propios dos locais engádense os derivados desa concentración -tránsito continuado de coches ou motos, problemas de orde pública, sucidade, etc. -. As medidas adecuadas para tratar os específicos problemas das zonas contaminadas por ruídos non son as que se veñen aplicando, que normalmente se limitan a procurar que non se agraven mediante a prohibición de novas licenzas.

Outra medida necesaria para evitar ou corrixir as zonas contaminadas é non consentir e non legalizar locais sen licenza ou con licenzas non adecuadas, fundamentalmente porque funcionan como locais ruidosos sen ter licenza para música e horario amplo, o que se dá con frecuencia. En numerosas ocasións reclamamos que os concellos realicen un exhaustivo labor de detección das circunstancias dos locais e despois obriguen aos que se atopen en situación ilegal a pechar ou a axustar a súa actividade real ao autorizado pola súa licenza, que non permite un funcionamento ruidoso e amplo, co que se reduciría o problema que tratamos, é dicir, a contaminación por saturación.

Proba evidente do insuficiente das medidas aplicadas é a frecuente renovación das declaracións de zonas contaminadas ao cabo dos anos ou a súa permanencia durante moito tempo. Este ano detectáronse supostos de saturación non abordados adecuadamente en concellos como Vigo, Santiago ou Lugo, pero tamén casos de aparente saturación sen declarar e polo tanto sen o máis mínimo tratamento.

Obsérvase que con carácter xeral os concellos comezan a promover medidas máis serias para evitar as graves consecuencias ambientais e doutro tipo derivadas dos *botellóns*, co que progresivamente se dá efectividade a unha indicación expresada por esta institución desde hai tempo. Moitos aceptaron e deron efectividade a recomendacións para perseguir botellóns claramente prexudiciais para os dereitos dos veciños, como sucedeu no caso de Santiago de Compostela, Baiona e O Carballiño. Aos concellos remisos a impedir os botellóns que prexudican aos veciños recordámoslles que tanto a Lei do ruído como os decretos autonómicos de contaminación acústica obrigan a intervir contra os efectos máis perniciosos. Efectivamente, á marxe doutro tipo de consideracións (saúde, orde pública, etc.), deben evitarse as graves consecuencias que os botellóns teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polo ruído xerado, que noite tras noite impide o descanso dos residentes. As administracións, fundamentalmente a local, deben intervir por medio das súas potestades actuais.

Tamén procuramos que os concellos se comprometesen a tratar eficazmente o consumo de alcohol por menores nos botellóns, cuestión que tratamos en detalle na área de menores.

Polo que se refire ao tratamento xeral dos ruídos, o desenvolvemento das investigacións que levamos a cabo certifica que en moitas ocasións se ven vulnerados os dereitos dos reclamantes, que poñen de relevo o deficiente tratamento municipal das súas denuncias. Moitos concellos seguen subestimando os problemas relacionados coa contaminación acústica, malia que na maioría dos casos se trata da violación dun dereito fundamental -o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario do artigo 18.1 e 2 CE-, malia que os prexuízos para a saúde da persoa que sofre os ruídos son considerables, e que cada vez se producen máis condenas penais contra os responsables

privados e públicos de casos de contaminación acústica. Efectivamente, comezan a ser correntes as condenas penais que afectan a promotores de actividades ou responsables municipais por actuacións contaminantes por ruídos ou por absterse na toma de decisións preceptivas. Tamén son numerosas as condenas por responsabilidade patrimonial da administración debido a abstencións inxustificadas ou a malas prácticas neste ámbito.

A fonte máis común de ruído nocturno son os locais de lecer; moitos non teñen licenza ou funcionan cunha que non lles permite realizar a actividade que realmente desenvolven. Outros fano cun nivel de ruído por encima do establecido, ou permiten o consumo na rúa. É frecuente atopar concellos que non comproban os ruídos con escusas moi pobres, ou ata que actúan inadecuadamente ante a falta de licenza ou ante o funcionamento de locais sen axustarse ao previsto nela ou ao ordenamento sectorial da materia.

En relación coa necesaria licenza de funcionamento con que deben contar os locais de lecer, esta debe reivindicarse como o medio máis eficaz para previr eventuais prexuízos dos establecementos. Trátase dun procedemento de control previo de todas as actividades potencialmente molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, o que inclúe, como é lóxico, aos establecementos de hostalería e lecer nocturno. A lexislación mantiña un modelo que proviña do anterior RAMINP (Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas); o artigo 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, preceptuaba que *as actividades que produzan unha perturbación por ruídos ou vibracións deberán someterse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.* Por iso non podía comprenderse por qué a Administración galega non rectificara o claro erro que se cometeu á hora de aprobar o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Tal e como vimos advertindo unha e outra vez nos Informes a este Parlamento, o Decreto exclúe de avaliación a estes locais; o seu anexo III sinala que serán actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, entre outras, as *actividades de lecer e entretemento previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004* (o

devandito Catálogo menciona todos os tipos de establecementos de lecer), o que resultaba ilegal, á vista do artigo 4.3 da Lei 7/1997.

Resultaba claro que o regulamento debía ser inaplicado, pero era igualmente evidente que constituía un elemento de inseguridade xurídica que debía ser corrixido, logo de advertido o erro, cousa que fixemos en diferentes ocasións. Comprobamos esta inseguridade en numerosas respostas municipais que daban a entender que os locais nocturnos non precisaban licenza de funcionamento, o que, de ser certo, faría saltar polos aires a máis básica das garantías dos cidadáns contra o ruído das actividades. O mantemento do Decreto neses termos creaba unha dúbida moi perigosa en relación coa garantía preventiva máis importante que teñen os cidadáns cando no seu contorno se pretende instalar salas de festas, discotecas, pubs ou calquera outra actividade deste tipo. A experiencia demostra que son potencialmente molestos e que resultan básicos os controis preventivos, é dicir, esixir licenzas específicas que analicen a repercusión que van ter na súa calidade de vida ou na intimidade persoal e familiar, a saúde ou o descanso dos veciños. Ademais, ao tratarse de licenzas de funcionamento, co seu outorgamento ábrese unha relación permanente entre a administración e o titular, que se concreta no continuado labor tuitivo da administración para que a actividade non resulte prexudicial ou para que responda a criterios de interese publico. Por iso resultaba necesario e urxente que, en beneficio da seguridade xurídica, a Administración autonómica corrixira este erro, advertido hai tempo.

A actuación promovida foi no sentido completamente contrario do indicado, ao derrogarse a Lei 7/1997 a través da Lei galega 12/2011, de medidas fiscais e administrativas, o que non parece en absoluto adecuado polas razóns apuntadas.

En ocasións o ruído na rúa atópase relacionado coa actividade dos locais, posto que algúns propietarios permiten o consumo na vía pública, sen que o concello correspondente reaccione ante os evidentes prexuízos que iso causa. Recordámoslles que o Decreto 320/2002 sinala que *os titulares dos establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ao entrar ou saír do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar*

inmediatamente á policía municipal. Do mesmo xeito actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no devandito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados (art. 12).

Un aspecto fundamental á hora de abordar os problemas de contaminación acústica é o respecto dos horarios dos establecementos. Resulta preciso que se comproben as moitas infraccións que se dan, que os expedientes non caduquen e que as sancións teñan carácter disuasorio. A última orde reguladora dos horarios configurounos dunha forma moi xenerosa a cambio dun suposto compromiso para o seu estrito cumprimento, circunstancia que non se dá.

En relación co incumprimento dos horarios polos locais atópase a común fraude no uso de licenzas que non se corresponden coa realidade e que se adquiren única e exclusivamente para aumentar de forma irregular o horario. É o caso dos numerosos locais con licenza municipal de *tablaos flamencos*, pero que en realidade son pubs ou similares, que se amparan nesa licenza para abrir durante máis tempo do permitido aos pubs. Ao comprobar esta abundante e sorprendente realidade, que xa advertiramos en ocasións anteriores, vímonos na obrigación de reclamar dalgúns concellos que interviñesen para sancionar aos responsables e corrixir esa evidente fraude.

Ademais da responsabilidade que corresponde aos concellos no tocante a corrixir a fraude dos supostos *tablaos*, á Administración autonómica correspóndelle corrixir a irregularidade que se aprecia na Orde de 2005 pola que aproban os horarios de apertura e peche dos locais. A Orde aprobouse e permanece con esa redacción malia estar en clara contradición co Decreto 292/2004, que aproba o Catálogo de establecementos, no que se refire aos *tablaos*. Respecto do seu horario o Decreto di que "coincidirá co da actividade principal, que é a de restauración", pero a Orde non asimila o horario dos *tablaos* a ningunha actividade de restauración, senón que establece un específico e enormemente amplo, as 5.30 horas, que é o que deu lugar a este curioso fenómeno, consentido por moitos concellos.

Ás numerosas fontes de ruído que se mencionaron ata agora este ano sumáronse os xerados por carillóns (en realidade amplificadores ou altofalantes) instalados de forma irregular e que ocasionan molestias aos residentes nas súas inmediacións; ou a falta de control que se dá en ocasións co horario e ruído de festas locais, o que prexudica durante un tempo considerable aos máis próximos ás súas instalacións.

1.3.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN.

O número de queixas correspondentes á área de medio ambiente no ano 2011 foi de 194, ás que se deu o curso que se describe a continuación:

Iniciadas	194	
Admitidas	170	88 %
Non Admitidas	21	11 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	3	1 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluidas	126	74 %
En trámite	44	26 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite a 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite a 31-12-2011
2007	0	2	2	2	0
2008	1	0	1	1	0
2009	0	10	10	10	0
2010	70	0	70	66	4

1.3.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.3.3.1 A concentración de locais; zonas acusticamente contaminadas por saturación.

A concentración de locais nunha determinada zona fai que aos problemas propios dos locais se engada o tránsito de xente, coches ou motos a altas horas da madrugada, incidentes de orde pública, sucidade, vandalismo, sensación de descontrol, etc, o que se ve reforzado polo frecuente recoñecemento municipal de que resulta imposible abordar estes incidencias xerados noite tras noite. Os problemas proveñen tanto da actividade interior como exterior.

As medidas adecuadas para tratar os específicos problemas das zonas contaminadas por acumulación de ruídos (ZAS) non son as que se veñen aplicando, que normalmente se limitan a prohibir máis licenzas. Pola contra, o Decreto 320/2002 prevé a aplicación das medidas oportunas, sen concretalas nin limitalas, dentro do ámbito de competencias municipais, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos (artigo 12.2). Sempre que as ditas medidas resulten motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas. Pola contra, de non aplicarse e persistir os problemas de contaminación acústica resulta unha clara responsabilidade municipal. Centrar a actuación nunha mera prohibición de novas licenzas, que é o que

adoita facerse, resulta claramente insuficiente, aínda que esa medida veña acompañada doutros compromisos igualmente ineficaces.

Unha clara esixencia para evitar ou corrixir as *zonas contaminadas* é non consentir e non legalizar os locais sen licenza ou con licenzas inadecuadas, fundamentalmente porque funcionan como locais ruidosos sen ter licenza para música e horario amplo. Supostos deste tipo detéctanse con frecuencia nas cidades ou vilas con zonas saturadas, razón pola que en numerosas ocasións reclamamos que os concellos realicen un exhaustivo labor de detección das circunstancias dos locais e obriguen aos que se atopen en situación ilegal a pechar ou a axustar a súa actividade ao permitido pola súa licenza, co que se reduciría de forma considerable a contaminación por saturación.

Observamos que con frecuencia os concellos dan a oportunidade aos locais nesa situación ilegal -con funcionamento desaxustado ao previsto na súa licenza- de realizar unha simple legalización, isto é, permíteselles que cun sinxelo trámite obteñan unha nova licenza xa axustada á actividade que viñan desenvolvendo ilegalmente. Isto resulta contrario ao ordenamento e produce consecuencias moi prexudiciais, como a consolidación da zona como acusticamente saturada, o que despois terá que corrixirse por medios moito máis custosos. Como apuntamos, resulta unha opción ilegal, porque as licenzas para actividades substancialmente diferentes son novas licenzas e requiren un procedemento *ex novo* e completo, non unha simple *adaptación para cambio de uso.*

Ademais, o funcionamento desaxustado que tratamos resulta unha infracción administrativa, polo que o primeiro que deberan facer os concellos para tratar o asunto con seriedade é iniciar o correspondente expediente sancionador, de tal xeito que se evite -ou se limite- a capacidade para defraudar por ese medio, que agora resulta habitual debido ao tratamento permisivo de moitos concellos. Estes non adoitan dar conta de sancións por esta razón. A fraude desenvólvese sen que o seu responsable corra grandes riscos; como moito obrigaranlle a adaptarse ao que se prevé na súa licenza, sen sanción, cousa que ademais poderá solucionar debido ás facilidades dadas por moitos entes locais para *adaptar* as licenzas sen esixir unha completamente nova. Con esta

usual forma de proceder non é de estrañar que proliferen as fraudes en materia de licenzas, do cal son un exemplo moi ilustrativo os abundantes *tablaos flamencos*, que trataremos máis adiante.

Os problemas relacionados coa acumulación de locais xeran numerosas queixas que dan lugar a actuacións de diferente tipo pola nosa banda; en ocasións trátase de zonas xa declaradas como contaminadas por ruídos desde hai tempo polos concellos, polo que demandamos que especifiquen a eficacia comprobada das medidas xa aplicadas, que en caso de demostrarse como ineficaces ou insuficientes deberían reforzarse. E para os casos de zonas aparentemente contaminadas, pero non declaradas oficialmente como tales, recomendamos que se avalíe formalmente se se dan as condicións para que a zona sexa declarada como acusticamente contaminada, de acordo co previsto no Decreto 320/2002, e que en caso positivo se adopten as medidas previstas.

Este ano coñecemos a presenza prexudicial de zonas acusticamente contaminadas por saturación en Vigo -en varias zonas-, Santiago de Compostela, Monforte de Lemos, Lugo, Tui e Salceda de Caselas.

En Vigo realizamos diferentes actuacións relativas a zonas declaradas acusticamente saturadas da cidade, pero malia iso non se deu conta da solución da prexudicial situación que o propio concello recoñece con esa declaración, como apreciamos claramente na queixa de oficio Q/2431/08. Nela, logo de numerosos atrasos nos informes e de advertencias de declaración de hostilidade e entorpecemento, o ente local non aclarou ningún dos aspectos fundamentais da queixa, que traía a súa causa noutras dúas anteriores que tampouco tiveron unha resposta adecuada (Q/1640/06 e Q/937/07). En primeiro lugar non se aclarou suficientemente que os locais situados en zonas saturadas funcionasen con licenza e adaptándose a ela -bar, pub ...-, e sobre todo non se mencionaron as medidas adoptadas para corrixir as situacións irregulares, algo que resulta especialmente necesario nestas zonas; e en segundo lugar non se acreditou que resultasen suficientes as medidas adoptadas con ocasión da declaración de ZAS para producir o efecto legalmente perseguido, a redución do nivel de ruído ata situalo en

parámetros legais. Por iso formulamos ao Concello de Vigo un recordatorio de deberes legais para que cumprise as súas responsabilidades en relación á contaminación acústica que sofren os veciños que residen nas ZAS da cidade; para que se determine con precisión e de forma exhaustiva se os seus numerosos locais axustan a súa forma de funcionar ao habilitado para cada un na correspondente licenza, e para que se axusten as denominacións das licenzas ao previsto no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas (Decreto 292/2004); e para que logo de corrixir os locais que non se axusten ao previsto na súa licenza, se aínda continúan os prexuízos definidos no art. 12.2 do Decreto 320/2002, o que debería comprobarse, de inmediato se adopten todas as medidas adecuadas para reconducir a situación e diminuír de forma significativa o nivel de ruído, que é o obxectivo legalmente establecido para as ZAS (ver resolución nº 2 desta área). Á vista de que o concello non respondía vímonos na obrigación de reiterar o requirimento de resposta tres veces, a última coa advertencia de que no suposto de non recibila entenderiamos desatendida a obrigación legal contida no art. 32.2 da Lei do Valedor do Pobo (LVP) e rexeitada de forma tácita a recomendación, e procederiamos de acordo co art. 33.2 da citada Lei, que sinala que se realice un comentario crítico de considerarse que era posible unha solución positiva e non se dese. A resposta final do alcalde de Vigo non se recibiu, polo que realizamos esta crítica.

Outra das queixas por ZAS de Vigo refírese aos danos denunciados pola dona dun hostal da zona de Churruca. Subliña a gravísima incidencia que ten na actividade económica do hostal o incumprimento reiterado dos horarios dos locais de copas situados na súa contorna e que o lecer nocturno se traslade á vía publica, provocando ruído, molestias e actos vandálicos. Os hóspedes do hostal abandonan as habitacións e non se xeran reservas; a través das páxinas web son moitos os comentarios negativos acerca do ruído e as desordes nas rúas (Q/1504/10). As respostas municipais requiridas recibíronse cun atraso moi considerable; foi preciso recordar o deber legal de responder, advertir ao concello que podería ser declarado hostil e entorpecedor e ata recordar que non responder podería ser unha conduta constitutiva de delito (art. 502 do Código Penal). Finalmente, despois de moito tempo respondeuse, pero de forma que se considerou insuficiente, polo que requirimos aclaración sobre determinados aspectos da actuación municipal, aínda pendente. O concello comprobou a presenza dun número

importante de locais que funcionan de forma desaxustada á súa licenza, pero só iniciou expediente de reposición da legalidade urbanística, o que fixo que nalgún caso os locais afectados retomarán a súa actividade ilegal pola reacción insuficiente do concello; non se coñece un asunto urbanístico *strictu sensu*, senón un asunto ambiental que prexudica aos veciños, razón pola que o incumprimento das condicións da licenza resulta unha infracción administrativa grave -arts. 33.e) e 34 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia-, polo que debe iniciarse o correspondente expediente sancionador, como tamén podería promoverse a revogación da licenza. Se o concello non actúa dese xeito o promotor pode sentirse tentado a volver facelo; o máis grave que pode pasarlle é que se lle requira o axuste ao previsto nun primeiro momento para a súa licenza, polo que o risco de incumprir unha e outra vez é mínimo, sobre todo tendo en conta que para realizar as comprobacións se require un enorme esforzo por parte dos prexudicados, como comprobamos neste expediente. Outro aspecto da queixa é a necesidade de comprobación da mellora dos niveis acústicos nocturnos soportados polos afectados pola ZAS, aspecto respecto do cal o Concello de Vigo non sinala nada, malia que se requiriu aclaración sobre as medidas adoptadas para reducir o nivel de ruído xeral nesa ZAS, de acordo co previsto no Decreto 320/2002. Ao peche do Informe atopámonos á espera das aclaracións municipais requiridas.

Unha nova queixa afecta a Vigo en relación co tratamento das súas zonas contaminadas por ruídos nocturnos. Iniciouse de oficio como consecuencia dunha noticia en *Faro de Vigo* (Q/1666/10) pola situación das rúas Real e Teófilo Llorente. Ao referirse a un aspecto concreto que tratamos noutro apartado, o resultado desta queixa tratámolo nel (o consumo de alcohol na rúa).

Outro caso moi ilustrativo da mala administración aplicada a casos de ZAS coñecémolo en Santiago de Compostela (Q/398/11). O interesado sinalaba, entre outras cousas, que o concello renovara a declaración de zonas acusticamente saturadas, entre as que se atopa a zona na que vivía -Alfredo Brañas- antes de ter que abandonar a súa vivenda polo ruído que sufría constantemente. Sinalaba que a simple limitación de apertura de novas actividades contaminantes non pode considerarse suficiente ao non corrixir a situación, tal e como quedou demostrado co fracasado decreto de zonas

saturadas de 2005. Resulta necesario adoptar medidas de prevención e verdadeiras medidas correctoras, sinala. O novo decreto repite o indicado no anterior e amplía as zonas a outras rúas, o que significa que nese tempo non se adoptaron as medidas correctoras que esixe a normativa para acabar coa contaminación acústica nesas zonas. A simple declaración, sen medidas que corrixan a situación, supón unha ilegalidade, posto que o ordenamento require a adopción de medidas que reduzan os niveis de ruído ata os límites legalmente permitidos. Malia iso o novo decreto municipal non incorpora medidas adecuadas. Na correspondente investigación comprobamos que as anteriores afirmacións respondían á realidade, polo que formulamos ao Concello de Santiago de Compostela unha recomendación para que cumprise coas súas responsabilidades municipais en relación á contaminación acústica que sufrían os veciños das zonas acusticamente saturadas de Santiago e adoptase as medidas apropiadas, que describimos ata agora (ver resolución nº 11 desta área). A anterior Corporación non aceptou o indicado, e a actual aínda non deu conta da aplicación de medidas adecuadas para darlle efectividade e mellorar os problemas certificados a través das declaracións de ZAS, que o son desde fai máis de 6 anos, aducindo que non pode tomar medidas que vaian máis aló das adoptadas anteriormente, malia que se demostraron claramente insuficientes. Como sinalamos amplamente, non é ese o criterio legal adecuado; as medidas ao alcance dos concellos son moito máis amplas e ademais resultan obrigadas, pero requiren un comportamento máis dilixente que non acaba de observarse.

Moi ilustrativo de todo o que comentamos en relación coas ZAS resulta a queixa promovida por unha asociación de veciños afectados por unha zona ruidosa de Lugo (Q/1229/10). Non fai mención a locais concretos, senón ás molestias que ocasiona a súa acumulación. A zona foi declarada acusticamente saturada en 1997, pero os reclamantes interpretan que o concello non tivo intención de abordar a redución dos problemas que padecen. A mera declaración da zona como acusticamente saturada só impide a concesión de máis licenzas de actividades de hostalería, pero iso non é suficiente para a redución da contaminación acústica que sofren si non se acompaña de máis medidas. O propio concello organiza alí concertos de noite e sen control de decibelios. Cada ano o grao de presión sonora vai en aumento, segundo se sinala. Ao comprobar algunhas desas circunstancias formulamos ao Concello de Lugo un

recordatorio de deberes legais similar ao mencionado nos casos de Vigo ou Santiago (ver resolución nº 10 desta área). O concello aceptou a resolución e deu conta de medidas para darlle efectividade, sen prexuízo de que sexa necesario retomar o asunto ante novos incidentes.

En Monforte de Lemos coñecemos unha reclamación polo incumprimento das ordenanzas referentes ao descanso nocturno e polo nivel de ruídos na vía pública na rúa Duquesa de Alba (Q/579/10). Cada fin de semana é escenario de consumo de alcohol e actos vandálicos ata pasadas as 7, quedando toda a rúa convertida en urinario público e con abundantes restos de botellas e vasos rotos, ante a pasividade das autoridades. Logo de confirmar algúns extremos formulamos ao concello desa localidade unha recomendación para que se evite o consumo de alcohol ás portas dos locais da zona, prohibido no Decreto 320/2002, e que en xeral se evite o ruído na rúa como consecuencia da presenza de moitas persoas a altas horas da madrugada na zona, de tal forma que se garantan os dereitos dos afectados; que se avalíe formalmente se se dan as condicións para que a zona sexa declarada como acusticamente contaminada, de acordo co previsto no Decreto 320/2002, e que en caso positivo se adopten as medidas previstas; e que se determine con precisión e de forma exhaustiva se os locais da zona contan con licenza de funcionamento e axustan a súa forma de funcionar ao habilitado para cada un deles, evitando especialmente que os que sexan sinxelos bares ou similares conten con música e funcionen ata altas horas da madrugada (ver resolución nº 7 desta área). A recomendación foi aceptada polo concello, que comezou a darlle efectividade; sinala que o consumo de alcohol ás portas dos locais de lecer estase evitando, que acordou promover a avaliación das condicións para que a zona sexa declarada ZAS e a adopción das medidas adecuadas, e que está realizando un inventario de locais e indicaranse os que conten con licenza e se axústanse ao habilitado nela.

De Salceda de Caselas recibimos unha queixa referida ás molestias ocasionadas polos locais da localidade (Q/1080/11). Logo de confirmar algúns aspectos da queixa formulamos unha recomendación ao Concello de Salceda de Caselas para que proceda da forma que indicamos en casos similares e se garanta o adecuado descanso e os dereitos dos residentes afectados (ver resolución nº 20 desta área). O concello

respondeu sen concretar se acepta a recomendación e o resultado das medidas para darlle efectividade.

En Ordes coñecemos que un grupo de locais funcionaba sen axustarse ao previsto na súa licenza, algunhas de *tablao flamenco* e outras de simples cafés ou bares; facíano normalmente como pubs, en clara fraude. Por iso actuamos na forma que se describe máis adiante.

1.3.3.2 Os locais sen licenza ou que non se axustan ao tipo de licenza que teñen.

Como sinalamos, un dos aspectos que se pretende corrixir nas ZAS é a presenza de establecementos sen licenza ou con licenza non adecuada, fundamentalmente porque funcionan como locais ruidosos sen ter licenza para música e horario amplo. Loxicamente, esta necesidade esténdese a todos os locais, á marxe da zona na que se atopen. O desaxuste entre a actividade real da actividade e o previsto na súa licenza resulta moi común; é unha forma de eludir os estritos controis preventivos que se realizan mediante as licenzas de funcionamento. Por iso, deberan detectarse a través dos actos de comprobación propios do procedemento de licenza, e, para o caso de detectarse posteriormente, nese preciso momento deberían perseguirse mediante a sanción da infracción que supoñen e evitando de forma inmediata que a fraude continúe.

Un bo número de casos de desaxuste comprobámolos en zonas saturadas, pero iso non quere dicir que non se comprobaran tamén illadamente. Así, en Marín confirmouse o funcionamento dun bar como pub (Q/2216/11) e o concello respondeunos de forma adecuada, iniciando o correspondente expediente sancionador para corrixilo. En Tui coñecemos outro caso de desaxuste (Q/1439/11) que, como en Marín, foi corrixido polo concello. Pola contra, o mesmo Concello de Tui non deu conta dunha actuación dilixente para solucionar os desaxustes dun bo número de locais (Q/2245/10), circunstancia que ademais xa trataramos de emendar nunha queixa precedente (Q/488/01), ao parecer con pouco éxito, a pesar do compromiso municipal de corrixir todos os locais en situación irregular. Por iso, ao peche do Informe atopámonos redactando unha recomendación a ese concello para indicarlle a necesidade

de concretar as medidas adoptadas para sancionar e evitar a actividade dos locais que funcionan sen axustarse ao seu tipo de licenza e para explicar determinados trámites aparentemente irregulares nas autorizacións de cambio de actividade.

Outros claros exemplos de desaxuste de varios locais respecto da súa licenza atopámolos en Santiago (Q/2367/10), onde un establecemento funciona con música, malia que ten licenza de simple bar, e con respecto ao cal non aportar medicións; en Ordes (Q/206/11), o que comentamos amplamente no seguinte apartado; ou nas Pontes (Q/643/11), o que tamén tratamos máis adiante.

1.3.3.3. A sorprendente abundancia de *tablaos flamencos* en Galicia e a evidente fraude que se esconde detrás deste tipo de licenzas.

Este ano destacou un aspecto singular no desaxuste entre licenzas e actividade real dos locais que tratamos anteriormente. A través de diferentes queixas coñecéronse casos de locais con licenza de *tablao flamenco* que -como era de supoñer- non funcionan como tales, senón que pretenden defraudar as restricións en materia de horarios e aumentar o que correspondería ao seu local, que normalmente é un pub ou similar; ampáranse na licenza de *tablao* para abrir bastante máis tempo do permitido aos pubs. Como xa adiantamos na introdución, ao comprobar esta abundante realidade vímonos na obrigación de reclamar dos concellos que interviñeran para sancionar aos responsables e corrixir esa evidente fraude.

A concesión de licenza de *tablao flamenco* require a comprobación de que o proxecto e a execución deste reúnen todos os elementos propios dun *tablao*. O Catálogo de establecementos (Decreto 292/2004) defíneos como "establecementos públicos fixos nos que se desenvolven actuacións de danza e música flamenca en directo, debendo dispoñer dun escenario de madeira elevado a unha altura suficiente para que poida ser observado polo público que se atopa nas mesas nas que se ofrece servizo de bar, café bar, segundo conste na preceptiva autorización turística. O local debe dispoñer de *tablao* e mesas para as consumicións do público, debendo existir entre o *tablao* e as mesas do público unha distancia de polo menos tres metros e sempre suficiente para garantir a

seguridade dos actores e dos usuarios do local. Carecendo de pista de baile, o escenario debe ter unhas medidas mínimas de 20 metros de superficie. O local debe contar, cando menos, cun camerino". Pero tamén é necesario que con posterioridade se comprobe de forma continuada que non se trata dunha licenza con ánimo de defraudar, o que debe facerse cantas veces sexa preciso por denuncia ou outras causas. Tanto ao comezo como ao longo de todo o posterior desenvolvemento da actividade, o concello debe examinar o estrito axuste da actividade real ao previsto para os tablaos, de tal forma que se non son tales, entón debe iniciarse o correspondente expediente sancionador con orde de axuste inmediato ao previsto na licenza.

Ademais da responsabilidade que corresponde aos concellos no tocante a corrixir a fraude dos supostos *tablaos*, á Administración autonómica correspóndelle corrixir a irregularidade que se aprecia na Orde de 16 de xuño de 2005 que aproba os horarios de apertura e peche dos locais, que se aprobou e permanece con esa redacción malia estar en clara contradición co Decreto 292/2004, que aproba o Catálogo de establecementos. Este sinala que os *tablaos* son "establecementos públicos fixos nos que se desenvolven actuacións de danza e música flamenca en directo", e respecto do seu horario di que "coincidirá co da actividade principal, que é a de restauración". Pola contra, na Orde non se asimila o horario dos *tablaos* ao previsto para as actividades de restauración, posto que non se remite a estas nin se asimila a elas, senón que sinala outro horario de pechadura, as 5.30 horas, que non se corresponde con ningún dos propios dos establecementos de restauración.

Estes criterios foron trasladados ao Concello de Ribadeo como consecuencia dun escrito do seu alcalde reclamando consello para poder actuar en contra duns locais que tiñan licenza de pubs e que -presumiblemente para eludir o horario limitado destes- reclamaban do ente local converterse en *tablaos*. Trasladamos o exposto ao Concello de Ribadeo e indicámoslle tamén que os locais debían solicitar e tramitar unha licenza *ex novo*, posto que se trataba dun cambio substancial da actividade, e que se conseguían a licenza de *tablao*, se posteriormente se comprobaba o desaxuste do funcionamento real e a licenza, deberíase abrir expediente sancionador e ordenar o axuste ao habilitado na

licenza; para os locais non cabe a opción de volver á anterior licenza, posto que coa nova a anterior decae e queda sen efectos.

A través da queixa Q/206/11 reclamábase que en Ordes existen locais de lecer nocturno cunha licenza que non se corresponde coa actividade que realmente están exercendo. Hai locais con licenza de *tablao flamenco* que non exercen como tales e se están beneficiando dun amplo horario, ou con licenza de cafetería que en realidade son pubs (con pista de baile, música a volume alto, luces espectaculares, cabina con dj, etc.; non teñen cafeteira, mesas, cadeiras; están pechando ás 4.00 h e abrindo de novo ás 6.00 h). Os titulares de locais que si cumpren co previsto na súa licenza séntense prexudicados; os pubs teñen que pechar ás 4.30 e ven como os seus clientes se van a este tipo de locais. O concello respondeu que xa iniciara algunhas actuacións respecto dos *tablaos*, aínda que pola nosa banda recomendamos que con urxencia se concretasen as medidas finalmente adoptadas en relación eses locais; e dado que a queixa tamén se refería a establecementos con licenza de cafetería que en realidade son pub, tamén recomendamos que se especificasen o resto dos locais que se atopan en situación irregular, dando conta das medidas adoptadas para corrixir e sancionar aos seus promotores (ver resolución nº 23 das desta área). O Concello de Ordes aceptou plenamente a recomendación que lle formulamos.

1.3.3.4. O Incumprimento dos horarios dos locais de lecer e a necesidade da súa redución.

A través das queixas coñecemos que un dos aspectos que máis preocupa ás vítimas dos ruídos nocturnos é o frecuente incumprimento dos horarios dos establecementos. Por iso resulta preciso que se comproben e sancionen as moitas infraccións que se dan neste ámbito, que os expedientes non caduquen, e que as sancións teñan carácter disuasorio, cousa que non sucede en moitos casos. A Orde de 16 de xuño de 2005, reguladora dos horarios de apertura e peche dos locais, configurounos dunha forma moi xenerosa logo dunha negociación con sectores afectados, entre eles os hostaleiros, que como contrapartida se comprometían ao seu estrito cumprimento, circunstancia que non se dá. Diferentes circunstancias, como a escaseza de axentes que

traballen en horario nocturno en moitas localidades, impiden ou dificultan que os frecuentes incumprimentos se comproben, o que permite que as infraccións se repitan noite tras noite, ao que se suma unha regulación pouco eficaz para disuadir aos infractores. A iso únense casos tan particulares de fraude nos horarios como os protagonizados polos supostos *tablaos*, algo que non tería acontecido se non existise unha clara permisividade por parte dos concellos implicados e un actitude pasiva ante as evidentes fraudes.

Frecuentemente reclámase a limitación de horario das actividades, especialmente cando se trata de reducilos nas ZAS, algo coherente co fin legalmente perseguido nesas zonas. Respecto diso a Consellería respondeu (Q/1229/10) que promoverá unha norma que permita esa redución -a restrición horaria para determinados casos-, algo que non se contempla na actualidade; con todo, o camiño que propón para conseguir ese obxectivo é claramente inadecuado, posto que se fará primeiro a través dunha norma con rango legal, e despois mediante unha norma de desenvolvemento, o que provocará unha considerable espera, malia que a solución resulta de imperiosa necesidade e moito máis sinxela, posto que a habilitación para a necesaria redución dos horarios nas ZAS pode facerse coa simple modificación da actual Orde.

1.3.3.5. Os locais que transmiten niveis de ruído superiores aos permitidos e a ausencia de controis eficaces nalgúns concellos.

Moitos locais emiten e transmiten niveis de ruído por encima do permitido, e en ocasións fano con claras fraudes dos elementos preventivos que se lles impuxeron nas súas licenza (limitadores, sonógrafos ...). Diso dedúcese que a súa presenza non resulta xustificación municipal para non realizar as necesarias comprobacións cando os afectados sinalan que sofren ruídos nas súas casas. Con todo, é frecuente atopar concellos que non comproban os ruídos con escusas pouco adecuadas, como a falta de medios. Adoitamos recordar que os concellos non poden facer deixamento das súas obrigacións e deben realizar cantas comprobacións e correccións resulten precisas; o art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, sinala que corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, esixir a adopción de medidas

correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento. En ocasións atopamos o inconveniente de que os policías locais dalgunhas localidades non traballan pola noite, cuestión que debe ser solucionada polo concello, ou que nalgunhas cidades, como Santiago de Compostela, os policías locais non adoitan realizar medicións, o que limita -case impide- a capacidade de comprobación e corrección dos locais ruidosos e tradúcese en actuacións municipais que non garanten os dereitos dos afectados.

O dito anteriormente no caso de Santiago de Compostela comprobámolo en casos precedentes, pero tamén este ano a través das queixas Q/2367/10 e Q/852/11. Coñécese que os axentes da policía local non realizan o labor mencionado -que poderían facer sen obstáculo, como se fai noutras localidades-, razón pola cal a súa función de corrección neste terreo resulta moi limitada. As medicións normalmente realízanas técnicos e son programadas, polo que se dan en menor número e sen eficacia. As medicións programadas resultan ineficaces para a comprobación dos feitos denunciados: que no preciso momento da chamada estase cometendo unha infracción administrativa que prexudica gravemente aos denunciantes e debe ser sancionada. Poden resultar eficaces noutro ámbito, por exemplo na esixencia das medidas correctoras da licenza -illamento ...-, pero non para a comprobación dunha circunstancia que se dá nun preciso momento, e non necesariamente cando se *programa* a medición. Por iso consideramos necesario que esa administración municipal cambie de criterio respecto deste aspecto crucial da loita contra o ruído, habilite aos policías locais que prestan os seus servizos de noite para realizar medicións sonométricas, que deben darse cantas veces sexa preciso para a comprobación das denuncias por ruídos que afectan aos residentes. Nas últimas respostas recibidas o Concello de Santiago se compromete a cambiar a súa anterior forma de proceder e a aceptar a nosa recomendación.

Na primeira das queixas citadas (Q/2367/10) reprochamos ao Concello de Santiago de Compostela que non achegase aclaración sobre comprobacións sonométricas adecuadas na vivenda da afectada, malia que era o seu deber ante ese suposto (un simple bar que funcionaba con música); iso, en unión a outras moitas circunstancias coñecidas, obrigounos a concluír que non se garantiu a ausencia de

prexuízos e molestias desproporcionados e continuados aos residentes da vivenda contigua ao local. Esa falta de comprobacións adecuadas vénse observando no Concello de Santiago desde hai tempo, sen que ata agora se corrixise. Recomendamos ao Concello de Santiago, entre outras cousas, que neste caso e en calquera outro similar, se realicen cantas medicións sexan precisas para comprobar e corrixir os ruídos transmitidos ás vivendas, e que esas medicións se realicen cando se producen as molestias que se denuncian, e non nun momento posterior ou a través dunha medición programada (ver resolución nº 24 desta área).

Na segunda queixa referida a Santiago (Q/852/11) a reclamante, que xa se queixou en anteriores ocasións sen lograr a solución definitiva do seu problema -a transmisión de música e ruído en xeral desde unha cervexería-, sinalou que a policía local limítase a acudir á cervexería a dicir aos seus responsables que baixen o nivel da música, o que fan momentaneamente para despois subilo ata niveis moi superiores por vinganza das denuncias practicadas. Logo de moito tempo de sufrir ese problema abandonou a súa casa para irse a vivir cunha filla. A resposta municipal recibida en primeiro termo non foi satisfactoria e reclamamos do concello que aclarase as causas polas que non se concreta nada en relación coa comprobación dos ruídos que a interesada denuncia desde hai moitísimo tempo. O ente local sinalaba que *non se puideron probar as molestias por ruídos* e que entrou en comunicación coa interesada para fixar un día para medir, o que, como expresamos, resulta inadecuado. Esa forma de proceder non responde á lóxica das comprobacións de infraccións administrativas, que deben ser comprobadas no preciso momento en que se dan, e non dunha forma programada. As medicións téñense que facer cando se demandan polo volume que se sofre nese momento, normalmente de noite, deben facerse pola policía local ou por calquera outro funcionario ou axente dispoñible nese momento, e na casa do reclamante.

En Ribadeo coñecemos a presenza dunha serie de locais próximos e ruidosos (Q/1393/10), polo que recomendamos ao seu concello que sancionase e corrixise o funcionamento irregular deses locais, respecto dos que se comprobou que transmitían ruído as vivendas a altas horas da madrugada, e que realizase as medicións que fosen demandadas polos afectados no momento en que se chame á policía local; que

comprobara que os tres locais obxecto da queixa contan con licenza de funcionamento e desenvolvan a súa actividade de acordo con ela, descartando que os que sexan simples bares ou similares funcionen con música e ata altas horas da madrugada; que para iso se utilice como referencia o previsto no Catálogo aprobado polo Decreto 292/2004; e que no relativo ao control do ruído na rúa, xa sexa por consumo fóra dos locais ou pola presenza de xente pola rúa, con posible saturación da zona, se adopten as medidas precisas para evitalo e dar efectividade ao previsto no Decreto 320/2002 (ver resolución nº 12 desta área). Como consecuencia da nosa actuación conseguiuse corrixir a situación detectada, posto que o ente local aceptou expresamente a recomendación e deu conta de medidas para cumprir o indicado.

A necesidade de realizar un control adecuado dos ruídos suscitouse na Q/1753/11. Reclamábase debido a que o Concello de Ares non realizaba ese labor coa desculpa de que carecía de medios. Xa anteriormente coñeceramos unha queixa (Q/1001/10) na que confirmamos a ausencia de control, aínda que despois o ente local se comprometeu a corrixir esa carencia e a contratar unha empresa para efectuar as medicións nos locais e na rúa, acompañados por membros da policía local. Coa nova queixa confirmamos que o concello non cumpriu co comprometido na anterior, polo que ao peche do Informe atopámonos redactando unha recomendación para o Concello de Ares na que sinalaremos a necesidade de cumprir de forma estrita a función legal de control dos ruídos, de tal xeito que se garantan os dereitos fundamentais dos afectados, e para que con urxencia se comprobe adecuadamente e cantas veces sexa preciso, e finalmente se corrixa, de ser o caso, a contaminación acústica transmitida ás vivendas, en especial no caso do local máis molesto (que se cita). Tamén debe corrixirse a presenza de xente consumindo na rúa e o incumprimento dos horarios dos establecementos.

En Noia (Q/669/11) coñecemos de novo un suposto xa examinado noutra queixa, que dera lugar a que formulásemos ao Concello de Noia unha recomendación para que controlase o nivel de ruído dos locais e o producido na vía pública, de tal forma que se corrixa a súa actitude pasiva. O concello finalmente aceptou a recomendación e comprometeuse a medir o ruído dos locais no preciso momento en que

os afectados chamasen por sentir molestias e cantas veces fose preciso, e a actuar en contra das acumulacións de persoas consumindo fóra dos locais. Con todo, coa nova queixa coñecemos que o ruído permanecía e que a policía local respondía que non tiña sonómetro para facer medicións ou que non podían evitar o ruído na rúa. Por iso realizamos unha nova recomendación para que se dea efectividade á formulada hai tempo e para que se comprobe o nivel de ruído (ver resolución nº 17 desta área).

En Burela (Q/434/10) coñeceuse o caso suscitado polo ruído transmitido por un pub. Como consecuencia da investigación coñecemos que o local contaba con medidores automáticos, polo que non se daban medicións nas vivendas ou eran inadecuadas -facíanse programadas-. Con todo, ao parecer o sonógrafo non funcionaba correctamente, pero tampouco se indicaba a quen correspondía a responsabilidade desa circunstancia tan sospeitosa. Xa que logo, non constaban comprobacións adecuadas do que se denunciaba, que era a transmisión habitual de ruído ás vivendas. Recomendamos ao Concello de Burela que se realizasen as medicións que se demanden, se determine a posible comisión de infraccións, se corrixa o funcionamento irregular do establecemento, e se aclaren as causas e responsabilidade polas que non se poden utilizar os resultados do aparello de medicións permanentes instalado (ver resolución nº 15 desta área). O concello rexeitou a recomendación; non explicou as causas do mal funcionamento do medidor automático e non sinalou a responsabilidade nin as medidas que ía adoptar por ese incumprimento, e non achegou medicións novas e adecuadas, senón programadas, ineficaces para o fin legalmente perseguido. Non se deu unha xustificación adecuada para non actuar de acordo co indicado, polo que debe concluírse que se observou unha mala administración (art. 33.2 LVP).

Na Estrada de novo coñecemos que un caso que trataramos anteriormente (Q/597/09) seguía provocando molestias (Q/202/11). Ao confirmalo recomendamos ao Concello da Estrada que actúe con dilixencia ao tramitar os expedientes -que non se deixen caducar, como sucedeu-; que comprobe o nivel de ruído transmitido á vivenda cantas veces se chame á policía local; e que se inicien os correspondentes expedientes sancionadores, téñase en conta a posible reincidencia e corríxase a situación de contaminación acústica que o afectado denuncia e padece na súa vivenda desde hai

moito tempo, sen que a actuación municipal a evitase, con posible prexuízo dalgún dos seus dereitos fundamentais (ver resolución nº 14 desta área). Malia as circunstancias sinaladas o concello rexeitou a recomendación, ou polo menos non deu conta da súa efectividade; seguen sen facerse medicións posteriores á que deu lugar ao expediente caducado -o único expediente sancionador aberto caducou-, co que non se garante que os problemas xa non se dean, e iso a pesar do moito tempo desde que se producen as reclamacións e queixas. Só a través da comprobación dos ruídos na vivenda (acudindo a medir no momento en que se denuncian) poderase evitar que se repitan noite tras noite, sancionándoos adecuadamente. Non resulta adecuado acudir unicamente para advertir que os veciños se queixan, que ao parecer é o que se fai. Non se deu unha xustificación adecuada para non actuar de acordo co indicado; observouse unha mala administración (art. 33.2 LVP).

Respecto das Pontes coñecemos unha queixa (Q/643/11) que trae o seu antecedente noutra polo mesmo motivo, a Q/1867/09. Como conclusión desta indicaramos ao concello que era preciso realizar as medicións na vivenda para comprobar a posible existencia de infraccións administrativas e corrixilas (art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica). O anterior era aínda máis necesario logo de comprobarse que o establecemento pechaba en horas extraordinariamente tardías, moi por encima do permitido. O ente local sinalou que tomaría as medidas oportunas, pero da nova queixa deduciuse que poderían non terse dado ou non resultar suficientes. Coñecemos que malia as indicacións anteriores o concello non fixera medicións -ou polo menos non daba conta de ningunha-, malia as denuncias do reclamante. Tampouco se evitou o ruído exterior, polo que indicamos que esa é unha responsabilidade municipal -Decreto 320/2002 (arts. 12 e 26)-. Por todo iso recomendamos ao Concello das Pontes que comprobe o funcionamento irregular do local e o impida, e que inicie o correspondente expediente sancionador por esa infracción; que, unha vez axustado o funcionamento do local ao habilitado para os cafés-cantantes, se persisten as molestias se realicen as medicións precisas, que ata agora non se fixeron, malia as queixas e denuncias, e se procede se inicie o correspondente expediente sancionador; e que se evite o ruído procedente da rúa (ver

resolución nº 13 desta área). Da resposta achegada dedúcese que a recomendación foi aceptada e tivo efectividade.

En Sarria coñecemos a existencia dun local que funcionaba como pub, malia contar con licenza de simple bar (Q/1551/11), polo que formulamos unha recomendación similar ás citadas ata agora (ver resolución nº 21 desta área), pendente de resposta, a pesar do moito tempo transcorrido.

Tamén coñecemos casos de contaminación acústica provocada ou relacionada coa actividade de locais na Pobra do Caramiñal (Q/46/11) ou Nigrán (Q/645/11), sen que os concellos desen conta de actuacións adecuadas para tratar os problemas coñecidos.

1.3.3.6. A contaminación acústica e outros prexuízos ocasionados polo botellón.

Aínda que a actitude xeral dos concellos respecto dos graves problemas que se xeran coa celebración de botellóns cambiou en gran medida, pasando dunha posición comunmente permisiva a unha na que se manifesta unha vontade máis ou menos decidida de acabar con eles ou reducir os prexuízos do fenómeno, aínda atopamos determinadas respostas que resultan moi negativas, posto que negan eses prexuízos ou se confesan impotentes para abordalos.

En ocasións sinálase que os concellos non teñen habilitación legal para corrixir os actos dos cidadáns que practican botellón nas súas rúas, poñendo en dúbida a súa capacidade legal para tratalo. Pola nosa banda respondemos en máis dunha ocasión que tal afirmación non é correcta e que, pola contra, existe a obrigación de abordalo na maioría dos casos. Para iso contamos cos instrumentos legais precisos -aínda que poidan mellorarse-, como a Lei estatal do ruído, Lei galega 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, ou o Decreto galego 320/2002, de ordenanzas-tipo sobre protección contra a contaminación acústica; neles contéñense a regulación positiva e as habilitacións suficientes para unha adecuada intervención municipal en contra deste fenómeno. A Lei do ruído habilita os concellos para que a través das súas ordenanzas

aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación acústica ocasionada polos usuarios da vía pública *(as ordenanzas locais poderán tipificar infraccións en relación con: a) O ruído procedente de usuarios da vía pública en determinadas circunstancias*; artigo 28.5). E o Decreto 320/2002 establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *será sancionado conforme ao establecido neste regulamento* (artigo 26.5). Esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais, ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles. A iso engádense as ordenanzas municipais, cada vez máis abundantes. Moitas delas establecen a prohibición do *botellón* ou polo menos importantes restricións; pero os concellos que non teñan ordenanza non poden alegar falta de normativa municipal, posto que resultará de aplicación directa a ordenanza-tipo.

A todo iso hai que engadir a necesidade de dar aplicación directa aos dereitos fundamentais afectados, como o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario, así como a numerosa xurisprudencia que obriga a corrixir os graves prexuízos deste fenómeno, por exemplo, a Sentenza de 29 de outubro de 2001, da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (sé de Sevilla), que obriga a un concello a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos.

Ademais, non abordar eficazmente os botellóns facilita o consumo ilegal de alcohol en menores, o que resulta moi grave. A recente Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas, prohibe aos menores o consumo e xa que logo o acceso ao botellón e en xeral ás fontes e lugares de consumo de alcohol. O seu Preámbulo sinala que *o botellón pasou de ser un fenómeno social a un problema social, como fonte de conflitos de orde diversa.*

Iniciamos unha queixa de oficio (995/10) debido a unha festa en condicións aparentemente irregulares no Campus da Universidade de Santiago de Compostela

(USC), o que parecía asimilarse a un botellón. Coa investigación puidemos coñecer que a propia USC subliña que o que prexudica en maior medida aos residentes no campus era o botellón que periodicamente se celebra alí, con presenza masiva de xuventude na Praza dos Colexios Maiores; o informe do reitor sinala que debería evitarse. Confirmamos tales extremos, pero o Concello de Santiago de Compostela non entendeu que debese impedirse, malia que lle trasladamos o criterio de que se estaba incumprindo a normativa citada. A Universidade indicou que realizaran xestións ante o concello, a quen correspondería a competencia na materia (ruídos na vía pública), co fin de abordar o problema, pero que non tiveran éxito. Por iso formulamos ao Concello de Santiago unha recomendación para que con urxencia adoptase as medidas precisas para impedir a práctica do denominado botellón no campus sur da USC, prohibido por unha ordenanza municipal, de tal forma que non se prexudiquen os dereitos dos afectados (ver resolución nº 5 desta área). A anterior corporación municipal rexeitou a recomendación, pero foi finalmente aceptada pola nova, que deu conta das medidas para darlle efectividade, con amplo reflexo nos medios de comunicación.

Os prexuízos ocasionados polo botellón no Carballiño foi o obxecto de dúas queixas, unha iniciada de oficio (Q/1044/10) e outra como consecuencia do escrito dun afectado (Q/1381/10). Na noticia que deu orixe á queixa de oficio sinalábase que o alcalde (da anterior Corporación) indicaba que *non existe ningunha normativa que o prohiba* (o botellón), polo que xa na solicitude de informe indicouse que tal cousa non é exacta e recordamos as previsións respecto diso da normativa citada, que resulta suficiente. O informe da policía local centra a atención na súa intervención para abordar algúns aspectos -delitos, menores ...-, pero non considera os graves prexuízos e molestias ocasionados pola contaminación acústica que xera este fenómeno. Parece querer desculpar que se celebren ata as 3.30, pero a esas horas a maioría dos cidadáns pretenden descansar. Por iso formulamos ao Concello do Carballiño unha recomendación para que impida a práctica do botellón cando produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, conforme o establecido no Decreto 320/2002, ou, no seu caso, de acordo coas condicións dunha eventual ordenanza municipal propia, de tal forma que non se prexudiquen os dereitos constitucionais dos afectados, como sucede (ver resolución nº 4 desta área). O ente local aceptou a recomendación e anunciou que

está tomando medidas urxentes para impedir a práctica do botellón no casco urbano do Carballiño e "redactarase unha ordenanza municipal propia que regule esta actividade e que permita ata ter un sistema penalizador máis contundente".

O ano pasado formulamos unha recomendación ao Concello de Baiona para que impedise os botellóns que se celebraban nesa localidade con gran afluencia de persoas e polo tanto con evidentes molestias (Q/1429/10). Finalmente a recomendación (ver resolución nº 6 das do área de medio ambiente do Informe de 2010) foi aceptada.

Pola contra, o Concello de Ourense aínda non deu conta de actuacións adecuadas ou suficientes en relación co tratamento dos botellóns que teñen lugar na cidade (Q/1669 e 2095/11), aducindo razóns infundadas, polo que mantemos abertas as queixas.

Como sinalamos o ano pasado, unha consecuencia asociada á mala xestión do fenómeno do botellón coñecémola na queixa de oficio Q/2147/10. A prensa sinalaba que un lume arrasara o parque infantil do patio do colexio de San Pedro de Visma, na Coruña. O patio era utilizado por grupos de mozos que saltaban valos e facían botellóns polas noites. No colexio estaban fartos de velo repleto de latas e cristais abandonados e de sufrir os estragos nos xogos; o patio converteuse nun *botellonódromo*. "O colexio está pechado cun valado, pero os mozos saltan para dentro", lamenta o conserxe do colexio. "Rompen os xogos, fan as súas necesidades, deixan cristais, latas de cervexa, botellas enteiras...", di unha docente. Requirimos informe ao Concello da Coruña e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e logo de valoralos formulamos ao primeiro unha recomendación para que atendese adecuadamente a función municipal de conservación, mantemento e vixilancia dos centros públicos educativos, evitando o seu uso inadecuado e prexudicial, circunstancia que se deu neste caso debido a que no patio do centro se practicaba habitualmente o botellón, o que posiblemente tivo relación co incendio dos elementos de xogo instalados no patio; e para que se repuxesen os elementos danados e se xestione adecuadamente o acceso ao colexio (ver resolución nº 8 desta área). O Concello da Coruña respondeu que xa repuxera os elementos danados, pero non recoñeceu que a súa actuación (a da policía local) debese protexer o parque

infantil e en xeral todas as instalacións do colexio do seu uso indebido; non obstante, é labor municipal, posto que se trata de conservar, manter e vixiar os edificios destinados a centros de educación. Por iso entendemos que a recomendación só se aceptou parcialmente.

Tamén respecto do Concello de A Coruña iniciamos outra queixa de oficio (Q/2082/11). O ente local entende que as medidas que ven aplicando para combater os efectos mais prexudiciais do botellón nos Xardíns de Méndez Núñez son suficientes. Con todo, respecto do ruído e demais molestias, os veciños non comparten esa percepción, posto que existe unha opinión común en contra do consentimento dos botellóns molestos, como sería este. E respecto dos danos asociados aos botellóns por actos vandálicos contra o patrimonio público, o Concello parece entender tamén que non é necesario aplicar mais medidas que as que xa se veñen dando, o que contrasta coa evidencia que se reflexa nas noticias de prensa, nas que se indica que se produciron repetidos e moi significativos danos nesa zona, recoñecidos polo propio ente local, sen que nin tan sequera de conta das medidas adoptadas ao respecto deses concretos danos para promover a sanción dos seus autores, no seu caso, e para evitar que se repitan coa asiduidade con que se veñen dando. Concluíuse que a resposta municipal non resultou satisfactoria.

1.3.3.7. O consumo de alcohol na rúa relacionado coa actividade dos locais.

O consumo ás portas dos locais é unha frecuente fonte de prexuízos para os residentes, que denuncian a responsabilidade dos titulares dos establecementos e dos cidadáns; ambos compórtanse de forma moi daniña para o seu descanso. Un suposto deste tipo atopámolo -de novo- en Boiro (Q/1266/10), logo de telo constatado en ocasións anteriores (Q/955/06 e Q/1171/08). Con esta nova queixa soubemos que os problemas constados nas anteriores non se solucionaron polo menos en relación con dous aspectos que prexudicaban de forma especial á afectada: o consumo no exterior de dous locais situados baixo a súa casa e o funcionamento irregular dun deles, que ten licenza de bar e funciona como pub. Por iso formulamos ao Concello de Boiro un novo recordatorio de deberes legais para que cumpra coas súas responsabilidades en materia

de contaminación acústica e preserve os dereitos fundamentais da interesada, prexudicados pola súa actuación ou abstención, especialmente o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18 1 e 2 CE); para que evite o ruído provocado polo consumo ou concentración de persoas ás portas dos locais, o que non está permitido -art. 12.1 do Decreto 320/2002-; e para que confirme e evite o funcionamento irregular do local referido (ver resolución nº 9 desta área). Ao peche do Informe o Concello de Boiro aínda non aclarou a efectividade da resolución, malia os moitos requirimentos enviados para iso. Non se coñece que o local se adecuase e tampouco que xa non permita o consumo ás portas dos establecementos.

Iniciamos unha queixa de oficio como consecuencia dunha noticia en *Faro de Vigo* (Q/1666/10) referida ao ruído nocturno nas rúas Real e Teófilo Llorente de Vigo, que son ZAS. Os veciños recoñecen que desapareceu o *botellón*, pero denuncian as aglomeracións de xente nova fronte aos pubs e esixen máis policía. A asociación veciñal do casco vello e outros moitos residentes da zona denuncian que se rexistrou un repunte da contaminación acústica pola movida nocturna. As concentracións de xuventude ás portas dos locais de copas continúan sendo unha constante nas noites de xoves a sábado. Os veciños alertan da escasa presenza policial na zona, sobre todo durante a época estival, que definen como *infernal*. O anterior foi confirmado, polo que formulamos ao Concello de Vigo unha recomendación para que comprobase e corrixise a permanencia molesta de persoas ás portas dos locais da zona, declarada como acusticamente saturada, de tal forma que se protexan os dereitos constitucionais dos potenciais afectados (ver resolución nº 19 desta área). O ente local aceptou a recomendación e deu conta de determinadas medidas que poñía en marcha para darlle efectividade. Este mesmo obxectivo (impedir o consumo ás portas dos locais) trasladouse ao Concello de Vigo con motivo da queixa Q/1504/10, referida a outra ZAS, a contorna da rúa Churruca, pero ao peche do informe non tivemos unha resposta satisfactoria pola súa banda.

Tamén recomendamos (en resolucións máis amplas e xa citadas) evitar o consumo de alcohol ás portas dos locais de determinadas zonas con aparente saturación ou concentración en Monforte de Lemos (Q/579/10), Salceda de Caselas (Q/1080/11), Ribadeo (Q/1393/10), Ares (Q/1753/11) ou Noia (Q/669/11).

1.3.3.8. Outros locais industriais ou comerciais potencialmente molestos por ruídos.

As queixas que recibimos por ruídos xerados por establecementos industriais ou comerciais normalmente refírense á falta de controis previos ou licenzas, ou á negativa dos concellos a realizar comprobacións sonométricas da contaminación acústica que se transmite ás súas vivendas, normalmente aducindo falta de medios, polo que nos vemos na obrigación de recordar a eses entes locais que realizar inspeccións sobre o bo funcionamento das instalacións con licenza de funcionamento é unha obrigación legal.

Así sucedeu no caso dun centro de lecer infantil de Marín (Q/1987/10); o concello indicou en diferentes ocasións que non dispoñía de medios para realizar as medicións, polo que finalmente recomendámoslle que realizase cantas medicións de ruído demande a afectada pola actividade, que se fagan no momento en que se demanden (por teléfono), e que se inicien os expedientes necesarios para corrixir as irregularidades que se poñan de relevo nesas comprobacións (ver resolución nº 6 desta área). O Concello de Marín aceptouno e anunciou que daría efectividade ao recomendado.

En Chantada coñecemos unha queixa referida a unha froitería (Q/1128/10) que produce ruídos aleatorios e fortes durante todo o día. No silencio da noite é imposible conciliar o sono debido ao ruído dos motores da refrixeración. Tras confirmalo recomendamos ao Concello de Chantada que realice a preceptiva comprobación sonométrica e adopte as medidas que se deduzan, de tal forma que se garanta que non se produzan inmisións de ruído na vivenda (ver resolución nº 1 desta área). O concello aceptou a recomendación e deulle efectividade.

1.3.3.9. Outras fontes de contaminación acústica.

Como resaltamos na introdución, ás numerosas fontes de ruído que se mencionaron ata agora este ano sumáronse os carillóns instalados de forma irregular,

con evidentes molestias para as persoas residentes nas súas inmediacións, ou a falta de control que en ocasións se produce do horario e ruído das festas locais, o que prexudica durante un tempo considerable aos máis próximos ás súas instalacións.

Polo que se refire á instalación de altofalantes ou carillóns recibimos dúas reclamacións. A primeira (Q/737/11) referíase á instalación de reloxos electrónicos con altofalantes na praza de Pedornes, en Oia, que desde as 9.00 h soan cada media hora cunha estridente música que se escoita no interior das vivendas. Nun primeiro momento o Concello de Oia comprometeuse a realizar a comprobación despois do verán, pero ao cabo dun tempo sinalou que non podía facelo por falta de orzamento. Con todo, o labor municipal de control do ruído é irrenunciable -con máis razón neste caso, no que o concello é promotor da fonte ruidosa- e pode facerse sen necesidade de recorrer aos custosos medios mencionou o ente local. Por iso recomendámoslle que adoptase as medidas adecuadas para revisar o proceso de instalación do aparello sonoro e evitase a produción e transmisión aos domicilios de niveis de ruído superiores aos permitidos (ver resolución nº 25 desta área). Ao peche do Informe atopámonos á espera de recibir a resposta, que aínda se atopa en prazo. A segunda (Q/1714/11) refírese a altofalantes instalados nunha igrexa de Xunqueira de Ambía. O concello indicou que requirira que se diminuíse o volume, que os altofalantes non se dirixan directamente á casa do reclamante, e que non funcionen durante a noite. Despois o reclamante volveu dirixirse a nós para indicar que o concello non solucionara o seu problema, polo que de novo nos diriximos ao ente local, requiríndolle unha aclaración, que se atopa pendente (en prazo).

Con respecto aos festexos, cando se recibe unha queixa deste tipo preténdese coñecer as limitacións en canto ao contorno, o horario e o ruído, de tal forma que os prexuízos, de darse, non resulten desproporcionados, e se os concellos vixían adecuadamente o cumprimento desas condicións. De non darse as prevencións citadas resultan lóxicas as queixas e que teña que impoñerse unha solución que garanta os dereitos das vítimas do ruído e a falta de descanso, como sucedeu na Garda, onde unha sentenza, que resultou confirmada, obrigou ao concello da localidade a organizar as verbenas estivais e as festas nun recinto diferente á praza na o que teñen lugar desde fai

tempo, posto que non pode supoñer unha obrigación para quen padece ese ruído en horario nocturno, que é o de descanso da maioría das persoas.

Este ano recibiuse unha queixa polos considerables prexuízos ocasionados aos habitantes da zona onde se instala o recinto feiral nas festas de San Froilán, en Lugo (Q/2000/11). Sinálase que todos os anos ponse nas mesmas rúas, "sometendo a todos os veciños da zona do parque Rosalía de Castro á mesma tortura, ... fulminando a paz e a tranquilidade da veciñanza". Ademais permítese que numerosas furgonetas estacionen encima das beirarrúas, con xente durmindo alí e cociñando en plena rúa, segundo se expresa. Respondeuse que se reclamara informe dos departamentos responsables, pero despois do vencemento do prazo segue sen recibirse a preceptiva resposta. Tamén se recibiron reclamacións varias sobre os ruídos excesivos e a deshora ocasionados en determinadas celebracións do Concello de Brión (Q/59, 1847 e 2103/11), circunstancia que nega o concello.

1.3.3.10. Prexuízos e molestias ocasionados por actividades

Un número considerable de queixas (Q/2140/09 e acumuladas) referíanse ao funcionamento dunha granxa porcina en Celas de Peiro (Culleredo). Logo de realizar a correspondente investigación chegamos á conclusión de que o Concello de Culleredo tramitara o proxecto de ampliación só como obra, pero non no seu aspecto ambiental; non se coñeceu o procedemento regulado no RAMINP entón vixente. Iso sucedeu malia que no proxecto existía unha información do secretario que indicaba que *a obra é unha importante ampliación da granxa, ... polo que debería tramitarse nova licenza de acordo co RAMINP*. Non se deu o adecuado tratamento ao instrumento preventivo previsto, que pretende protexer o interese público e evitar as molestias desproporcionadas, sobre todo para os veciños do contorno, os potencialmente máis afectados. Á vista desa circunstancias o concello anunciou que requiriría ao titular para que solicite unha nova licenza de actividade. No entanto, o que agora pretende o ente local non resulta unha solución concluínte; a concesión da licenza urbanística e a tramitación posterior da de actividade resulta claramente inadecuada, posto que contradí o disposto no art. 22.3 RSCL e no art. 196.2 Lei 9/2002, de ordenación urbanística e

protección do medio rural de Galicia. Só se pode conceder licenza de obra para unha instalación determinada se ao tempo se avaliou positivamente o seu funcionamento, única causa da obra. Tamén se pretende evitar posibles responsabilidades municipais para o caso de que, logo de concedida a licenza de obra, con todo se considere improcedente conceder a de actividade, onde é preciso manexar outros datos e criterios. Ademais, se o concello xa coñeceu a licenza de obra, posteriormente verase condicionado indebidamente á hora de coñecer o expediente de actividade e funcionamento, posto que saberá que en caso de resolución negativa podería verse exposto a responsabilidade. Por outra banda, o coñecemento de todos os elementos para decidir sobre a actividade non os terá ata que rematen os trámites previstos no RAMINP (información pública aos veciños inmediatos, alegacións destes e do público en xeral, cualificación e informe do órgano ambiental ...), polo que a decisión debería adoptarse só á vista deles. Por iso recomendamos ao Concello de Culleredo que con carácter xeral, cando se soliciten licenzas de obra que á vez requiran licenza de actividade e funcionamento, se respecte o previsto na lexislación vixente e se coñezan os expedientes de xeito simultáneo, de tal xeito que en ningún caso se poida conceder unha licenza de obra que non vaia acompañada pola de actividade; e que no suposto concreto obxecto da queixa se examine a procedencia de conceder ou denegar a licenza de actividade pendente sen que o Concello se vexa condicionado pola eventual responsabilidade que no seu caso podería serlle reclamada (ver resolución nº 2 desta área).

Coa recomendación suscitábase ao concello a necesidade de que no trámite pendente non se vise condicionado pola posible responsabilidade municipal, algo case imposible, pero sobre todo que se garantise a ausencia de molestias. En relación con isto último o ente local non aclarou nada. A sinxela afirmación municipal de que *as molestias que poida ocasionar o transvasamento son razoablemente admisibles para este tipo de actividades nun medio rural* non resulta suficiente para determinar o cumprimento por parte da granxa das súas obrigacións en relación coa calidade de vida das persoas que residen ao seu redor. Debería xustificarse que na ampliación se tivo en conta a presenza dun contorno habitado e que se executaron medidas correctoras adecuadas para que se descartasen todas os posibles prexuízos ou incidencias

desproporcionadas, cousa que non sucedeu. Por iso entendemos que o Concello de Culleredo non deu efectividade á recomendación formulada.

1.3.3.11. O Tratamento do dereito de acceso á información ambiental e á participación cidadá en materia de medio ambiente.

Tamén este ano coñecemos casos de importantes demoras na resposta que debe darse ás solicitudes de información en materia de medio ambiente. En case todas as queixas coñecidas, a maioría promovidas por asociacións de defensa ambiental, aprécianse atrasos de maior ou menor consideración. Non se cumpren os prazos que desde hai tempo prevé a Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que é transposición das Directivas comunitarias que dan efectividade ao *Convenio de Aarhus*, ratificado pola Unión Europea e ao que tivemos ocasión de referirnos en diferentes Informes. Non adoitan respectarse eses prazos -un mes-; resulta frecuente que as administracións retarden a resposta ou obstaculicen a súa entrega, polo que debe mellorarse no tratamento desta materia.

1.3.3.12. A xestión das augas continentais.

Nesta materia destaca a queixa (Q/1851/11) promovida por unha asociación de defensa ambiental (*Fundación Germán Estévez*) contra o proxecto de construción dunha gran balsa de auga nas Paradellas, Parada de Sil, nun área de protección paisaxística. A solicitude de *Iberdrola* tramítase polo Ministerio de Medio Ambiente, por tratarse dunha conca intercomunitaria, pero a asociación reclama que a Xunta interveña en uso das súas competencias e evite a obra. Requiriuse informe en diferentes ocasións á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que remitiu informes de diferentes órganos e que unicamente sinalan que o asunto é competencia da Administración Xeral do Estado, pero sen dar conta das actuacións ou informes comprometidos por ela mesma e achegados no curso dese expediente, polo que despois dun tempo considerable o asunto aínda se atopa pendente.

1.3.3.13. A necesidade de licenza de funcionamento das antenas de telefonía móbil e a posición contraria da Xunta á súa esixencia.

Este ano coñecemos que a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, está trasladando o criterio de que non resulta preciso que as antenas de telefonía móbil cumpran o control preventivo que supón a súa previa licenza de funcionamento. Pola nosa banda desde hai tempo afirmamos o criterio contrario, como pode comprobarse en Informes precedentes.

Na queixa Q/55/11 coñecemos que o Concello de Coles non requirira licenza de funcionamento ás antenas debido a que, segundo afirmaba, ese era o criterio que lle transmitía a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Unha vez requiridos informes do concello e da consellería confirmamos que esta sostiña que as antenas de telefonía móbil non precisan de avaliación de incidencia ambiental, posto que o Decreto 133/2008, que regula ese trámite, non o especifica así. Pola nosa banda expuxemos un criterio ben distinto; xa o RAMINP de 1961 non mencionaba as antenas de telefonía móbil no seu *nomenclátor*, como resulta lóxico, posto que esas instalacións non existían entón, o que non significou a súa exclusión do ámbito suxeito ao RAMINP. Considerábanse obxecto do procedemento por encaixar nas definicións das actividades clasificadas e polo carácter de *numerus apertus* do *nomenclátor* do regulamento. Agora, vixente o Decreto 133/2008, haberá que recorrer, como sucedía antes, ás definicións das actividades do art. 13 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia. E dado que as definicións son similares ás do RAMINP e as instalacións ás que nos referimos non se atopan expresamente excluídas no correspondente anexo, non parece que a interpretación precedente se deba considerar modificada. Por iso formulamos unha recomendación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura para que modificase a súa posición e en consecuencia indicase ao Concello de Coles e en xeral a todos os que reclamen criterio ao respecto que ese tipo de instalacións precisan o mencionado trámite ambiental. Tamén recomendamos ao Concello de Coles que requirise dos titulares das antenas o inicio dos trámites para a eventual concesión da autorización ambiental (ver resolución nº 16 desta área). Con todo, a consellería rexeitou a recomendación reiterando que o Decreto 133/2008 non inclúe as antenas

entre as actividades que precisan avaliación de incidencia ambiental, e o concello tamén a rexeitou, apoiándose no criterio da consellería.

Pola contra, si aceptaron o criterio que lles trasladamos a favor da necesidade de licenza ambiental das antenas de telefonía móbil os concellos de Monforte de Lemos (Q/588/11) e Salceda de Caselas (Q/1431/11). Ao primeiro formulámoslle unha recomendación (ver resolución nº 18 desta área) similar á que diriximos a Coles, e o Concello de Monforte de Lemos aceptouna; sinalou que logo da recomendación requirira á empresa Vodafone que tramitase a precisa licenza de actividade da antena. E no caso de Salceda de Caselas formulamos ao seu concello unha recomendación similar (ver resolución nº 22 desta área), que aceptou.

1.3.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Neste apartado recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reunir os requisitos formais establecidos no artigo 18 da LVP, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e especifícase o motivo concreto desa decisión, informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se apreciamos algunha actuación alternativa que poida promoverse. No exercicio que examinamos non se admitiron a trámite 21 queixas das 170 coñecidas nesta área.

1.3.5. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

O Defensor del Pueblo é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da Administración Xeral do Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos

algunha queixa relativa a esa Administración, remitímola ao Defensor del Pueblo, dando efectividade deste xeito aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, de 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do Defensor del Pueblo e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas. Este ano remitimos tres queixas ao Defensor/a del Pueblo, referidas á solicitude de interposición de recurso de inconstitucionalidade contra o Real decreto-lei 14/2010, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit de tarifas do sector eléctrico (Q/449/11); á contaminación provocada pola actividade dunha estación de trens en Pontevedra (Q/743/11); ou ao ruído das obras do AVE (Q/1675/11).

1.3.6. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE

1.-Recomendación dirixida ao Concello de Chantada o 4 de febreiro de 2011 debido aos prexuízos e molestias ocasionados por un almacén de froita (Q/1128/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª. N. P. F. relativo aos prexuízos e molestias ocasionados por un establecemento.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que no lugar viven 4 familiares. Debaixo existe un local, "F. N.", e dende Semana Santa de 2010 observouse un cambio na froitería. O novo equipamento produce ruídos aleatorios fortes en intervalos de tempo e as 24 horas do día. No silencio da noite é imposible conciliar o sono debido ao ruído dos motores do equipamento de refrixeración. O edificio non ten entrechán, quedando as habitacións de descanso xusto enriba da froitería. Por iso reclama que o concello realice unha sonometría nocturna. Os ruídos de día enténdenos ao ser produto normal da actividade; pero non os nocturnos, que prexudican física e psicoloxicamente debido á falla de sono. É obrigación do titular da froitería utilizar medidas de illamento.

Ante iso solicitamos información ao concello, que no seu momento informou que a policía local se achegou ao local, aínda que non se fixo medición, ou polo menos non se daba conta dela. A policía constatou que hai dúas neveiras que están as 24 horas do día funcionando, e que se aprecia un ruído considerable emitido por estas, que con probabilidade afecte o primeiro andar. Por iso iniciouse un expediente no que se concedía audiencia ao titular do establecemento. Co anterior en principio debería corrixirse o que se viña denunciando, polo que arquivamos provisionalmente a queixa.

Porén, a interesada acudiu de novo a esta institución para indicar que a situación non foi resolta. As alegacións feitas por *F.* . ao concello foron as seguintes: 1.- Non teñen cámaras de refrixeración, só dúas neveiras coma as que pode ter calquera

persoa na casa 2. Preguntaron aos veciños do edificio e ningún se queixa. Pola súa parte asegura que estas dúas alegacións non responden á realidade. Debido ao anterior foi facerlle unha visita ao alcalde de Chantada, que lle dixo que xa pecharon o expediente coas alegacións. Non é unha persoa queixosa, pero eses ruídos "non pode soportalos". Comunícalle que dado que a policía local de Chantada non posúe un medidor de ruídos, ten que ser ela mesma a que contrate unha empresa homologada para que faga as medicións, e que necesitan ter máis queixas por parte de máis veciños para facer caso; ela dilles que no seu edificio todos os seus veciños están dispostos a apoiar a súa denuncia, pero ela é a persoa máis afectada, dado que vive xusto encima do local, e decidiu facer as reclamacións. Parécelle realmente raro que un concello coma o de Chantada, no que hai bares de lecer nocturno, nunca tivera que facer ningunha medición, e que lle indiquen que ten que contratar unha empresa homologada, cun custo moi grande.

Ante iso requirimos novamente informe do Concello de Chantada, que xa nolo remitiu. Este recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordarlle ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. O informe sinala o seguinte:

"O alcalde-presidente do Concello de Chantada, O día 22/12/2010 ditou o seguinte DECRETO:

"DECRETO 22/12/2010.- RECLAMACION DE DONA N.P.FCONTRA "F.N." POR NIVEL DE RUIDOS EMITIDOS NO LOCAL COMERCIAL.

D. M. A. T. R..z, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a reclamación formulada por dona N. P. F., con DNI 34264934V, veciña da Vila, con domicilio na rúa ..., o día 20/04/2010, RE n° 1491, polos niveles de

ruídos emitidos polo local comercial que se atopa nos baixos do edificio onde ela reside e que non a deixa descansar polas noites.

Vistas as dilixencias da policía local n° 127/2010, do día 07 de malo de 2010, as cales na súa parte dispositiva din o seguinte:

"puido comprobar que o referido local está destinado a froitería, e no interior do mesmo hai dúas neveiras que están as 24 horas do día funcionando, instaladas para que tanto a froita como as verduras non se derramen. No momento de inspeccionar o local apreciase un ruído considerable emitido polas mesmas, e que con probabilidade afecte o primeiro andar da edificación por mor de non existir na mesma entresollado e por non estar presuntamente ou suficientemente illado o local para que non traspasen os ruídos. O local está arrendado por F. N, S.L". e posúe licenza municipal para a actividade de froitería aprobada por resolución da Comisión de Goberno de data 4/09/20007 é todo canto se pode informar tendo en conta que esta Policía Local non conta con sonómetro ou aparato similar para poder estipular os niveis de ruídos emitidos polas máquinas".

Considerando que se Ile concedeu ao interesado trámite de audiencia con data 30/06/2010.

Visto ou escrito de alegacións de "F. N. S.L.", de data 02/08/2010, non que alega que "o local dispón de dúas neveiras, non cámaras de conservación, as cales son monofásicas como as de calquera domicilio, ...que estamos en parámetros normais de ruídos para esta actividade e non obstaculizamos a que unha entidade homologada faga as medicións correspondentes en devandito baixo, ...que o local dispón de licenza de actividade para froitería e que ditas neveiras son indispensables para meter os produtos de cada día."

Vistos os distintos escritos do Valedor do Pobo solicitando ao Concello de chantada que informe sobre o asunto de referencia (Expte: C6Q/1128/2010).

Considerando o disposto n Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Considerando o disposto no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Desestimar as pretensións de N.P.F xa que actividade de froitería está amparada por licenza municipal do ano 2007, non existen máis reclamacións de veciños sobre este asunto, non queda acreditado no expediente que se superen os niveis de ruídos admitidos, e o Concello de Chantada non conta con sonómetros oficiais ou aparatos similares para poder estipular os niveis de ruídos emitidos polas máquinas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acto aos interesados e ao Valedor do Pobo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución na próxima sesión da Xunta de Goberno Local."

Da información municipal dedúcese que na visita realizada anteriormente a policía local indicou que *puido comprobar que no interior hai dúas neveiras que están as 24 horas do día funcionando, instaladas para que tanto a froita como as verduras non se derramen,* e que *no momento de inspeccionar o local se aprecia un ruído considerable emitido por estas e que con probabilidade afecte o primeiro andar da edificación por mor de non existir na mesma entresollado e por non estar presuntamente ou suficientemente illado o local para que non traspasen os ruídos.* Non se achega medición porque *a Policía Local non conta con sonómetro ou aparato similar.*

Porén, a pesar do claro que resultan as anteriores apreciacións, o concello conclúe desestimando a pretensión da interesada, que reclama que se comprobe

adecuadamente a transmisión de ruído e se corrixa tal circunstancia, xustificando a desestimación en que *non queda acreditado no expediente que se superen os niveis de ruídos admitidos e o Concello de Chantada non conta con sonómetros oficiais ou aparatos similares para poder estipular os niveis de ruídos emitidos polas máquinas.* A anterior argumentación chama a atención, posto que a responsabilidade de que o denunciado "non quede acreditado" é da administración responsable, o propio concello, que sinala que non pode facer a medición por falta de medios. Como dixemos, isto sucede a pesar de que as primeiras comprobacións apoian a tese da afectada e por tanto só restaría a comprobación técnica, que debe realizar o propio concello.

O anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". Esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Chantada non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Chantada a seguinte **recomendación:**

*Que con urxencia se proceda a realizar a preceptiva comprobación sonométrica, que resulta obrigada para o Concello de acordo co disposto no art. 9 da Lei 7/1997, e que unha vez realizada, tamén con urxencia se adopten as medidas que se deduzan, de ser o caso, de tal forma que se garanta que non se produzan inmisións de ruído na vivenda da interesada***.**

Resposta do Concello de Chantada: aceptada

2.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Vigo 0 7 de febreiro de 2011 debido ao tratamento do ruído por parte de este concello (Q/2431/08).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa de oficio en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia das conclusións das queixas de oficio C.6.Q/1640/06 C.6.Q/937/07 e da noticia aparecida no diario *La Voz de Galicia* do 24 de setembro de 2008, na que se di que o presidente da *asociación viguesa contra o ruído* declarou que non se mostra de acordo con todo o que di o Concello en materia de tratamento do ruído.

Unha vez avaliado o contido dos informes municipais relativos ás queixas de oficio referidas, iniciadas hai un tempo considerable, dedúcese que o Concello de Vigo declarou determinadas zonas de movida como acusticamente saturadas. Non obstante, segue sen aclarar dous aspectos esenciais. Un deles é a constatación dos locais que nesas zonas están a funcionar de xeito irregular, é dicir, sen licenza ou con licenza que nos os habilita para funcionar como o veñen facendo; e o outro é a suficiencia das medidas adoptadas pola declaración mencionada. Efectivamente, dende hai moito tempo requirirmos do Concello que se facilitara información sobre ás licenzas dos locais das zonas saturadas e obxecto da queixa; pero a pesar diso segue sen indicarse si se comprobou que todos o locais teñan licenza (hai tempo remitiuse un listado, pero sen mencionar se era exhaustivo, é dicir, se comprendía todos os locais de cada unha das zonas saturadas) e, sobre todo, o cumprimento das condicións propias das correspondentes licenzas, especialmente se os locais que non son pubs ou bares especiais non contan con música e limitan o seu horario de acordo co previsto para eles. A revisión de posibles irregularidades en materia de licenza, tanto a súa posible carencia como o axuste as súas condicións, debe ser a primeira medida coherente á hora de abordar calquera situación de saturación. Coa actuación de axuste á legalidade das posibles irregularidades neste ámbito é previsible que se reconduza en parte o problema oficialmente declarado coa resolución de ZAS, isto é, que na zona se superan os límites legalmente admitidos en materia de ruídos. Por tanto, se solicitaba ao respecto un listado exhaustivo dos establecementos de cada unha das zonas que permitira coñecer cales teñen licenza, de que tipo, no seu caso, e se os que terían licenza funcionan de acordo co habilitado nela, especialmente se os locais que non son pubs ou bares especiais non contan con música e limitan o seu horario de acordo co previsto para eles. Loxicamente, resulta preciso coñecer tamén as actuacións do Concello para corrixir as irregularidades que no seu caso constate, tanto no ámbito da reposición da legalidade, incluídas as medidas cautelares que impidan que continúe o funcionamento irregular, como no ámbito sancionador. Tampouco se concreta a eficacia das medidas adoptadas despois da declaración das ZAS. Como sinalamos, é posible que pola aplicación das medidas de axuste á legalidade en materia de licenzas se produza unha diminución dos locais nas zonas afectadas, o que, unido á imposibilidade de novas licenzas, faría innecesarias novas medidas. Pero no caso de non darse esa circunstancia, as medidas a

adoptar deberían procurar a diminución dos niveis de ruído constatados, o que non se logra con medidas de mínimos, como a citada prohibición de novas licenzas, acompañada doutras que se citan, que tampouco garanten a diminución. As medidas habilitadas no Decreto 320/2002 permiten unha marxe moi ampla, sempre e cando se motive suficientemente a súa adopción e o seu carácter proporcional. É máis, ao darse os elementos materiais para a declaración, a aplicación das medidas adecuadas resulta unha obriga para o Concello, que, en caso de non adoptalas, podería conculcar dereitos constitucionais de primeira orde (fundamentais), como os regulados nos artigos 15 e 18 CE, e non prescricións de carácter ordinario (STS do 12 de marzo de 2007).

Por outra banda, observamos que no diario *La Voz de Galicia* do 24 de setembro de 2008, publícase que o presidente da asociación viguesa contra o ruído declarou que "todo o que se ten dito é mentira, non se ten feito nada en absoluto (en materia de tratamento do ruído). Dise tamén que avisou a policía para que medira, pero respondéronlle que non tiñan efectivos de paisano e que acudirían con uniforme; as 4.45 acudiron, o que provocou que o local baixara o volume da música antes de que se puidera facer a medición no piso. Tamén sinala que a comisión do ruído pasou a historia e que das 33 denuncias con expediente non se sabe nada.

Por todo o anterior, dado o tempo transcorrido desde a apertura das anteriores queixas de oficio e de que a pesar diso aínda non se puideron coñecer todas os extremos destas, por falta da información completa do Concello, e dado tamén que o problema continua, segundo os afectados, iniciamos a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos obxecto da presente queixa de oficio. En concreto solicitamos do Concello que nos facilitara a información aínda pendente para completar as anteriores, en concreto sobre a constatación dos locais que nas ZAS están a funcionar de xeito irregular, sen licenza ou con licenza que non os habilita para funcionar como o veñen facendo, e sobre as medidas adoptadas para corrixilos; sobre a suficiencia das medidas adoptadas pola declaración das zonas saturadas, é dicir, sobre se se reduciu o número de locais ou o nivel constatado de ruído; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Pois ben, a información municipal recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución e realizar algunha chamada telefónica ao ente local para urxir o envío da información demorada. No informe municipal sinálase o seguinte:

"En relación co seu escrito de data 22 de outubro de 2009, con respecto ao expediente C.6.Q/2431/2008, este Concello infórmalle da seguinte:

O Concello de Vigo está a traballar de forma intensa na erradicación do ruído nos lugares de ocio para garantir o dereito ao descanso dos cidadáns. Neste sentido adoptáronse as seguintes medidas:

1.- Concello de Vigo aprobou a Ordenanza Reguladora da Convivencia Cidadá e o Ocio, que restrinxe a práctica do botellón naqueles espazos acusticamente saturados e nos que existen reiteradas denuncias dos veciños. Esta Ordenanza que entrou en vigor o pasado mes de maio estase a aplicar con éxito.

Dende o pasado mes de xuño aplicase a prohibición do botellón con éxito na zona da rúa Loriga, Venezuela, Simón Bolivar, Panamá -tradicionalmente moi problemática e con moitas queixas da propia Asociación.

Dende o 25 de setembro aplicase á toda a zona do entorno do Berbés, que se trababa tamén dun ámbito moi conflitivo neste sentido.

A partir do 2 de outubro deste ano estase a prohibir o botellón na zona de Teófilo Llorente, A Pedas, A Colexiata, Rúa Real, Praza de Almeida.

Agora, o Concello está a tramitar a prohibición do botellón na zona das Avenidas, outro punto moi problemático.

2.- Creouse o Grupo de Prevención e Reacción da Policía Local, con axentes especificamente preparados para o control de masas, organizados en seis

grupos, cun oficial ao mando e catro inspectores, que están a patrullar todos os fins de semana especificamente nas zonas acusticamente saturadas.

O Concello formou nos últimos meses a 36 axentes especializados en control de multitudes e que participan neste dispositivo nocturno nas zonas acusticamente saturadas. Tamén se está a mobilizar unha unidade de paisano para o control dos locais. Froito da colaboración coa Policía Nacional, esta tamén participa no dispositivo de fin de semana cunha veintena de axentes.

3.- Prohibiuse aos locais de ocio destas zonas acusticamente saturadas que os clientes consuman bebidas na rúa, na porta dos locais ou nas aceiras da súa zona de influencia, evitando así o ruído que xenera e perturba aos veciños dos inmuebles.

4.- Prohibiuse aos establecementos ubicados matas zonas con saturación acústica a venda de alcohol dende as 22.00h ata as 09.00h. do día seguinte. Agora, esta prohibición estenderase tamén ás gasolineiras e establecementos 24 horas.

5.- A Policía Local está a facer controis tamén nos centros comerciais para controlar que estes esixen o carnet de identidad para a venda de alcohol a aquelas persoas que aparentan ser menores de idade,

6.- Asimesmo, o grupo de intervención da Policia está esixindo aos locais de ocio que cumpran cos horarios de peche dos locais e elevando denuncia no caso de incumprimento.

7.- A Concellería de Medio Ambiente está a tramitar expedientes sancionadores naqueles locais que exceden o nivel de ruído permitido. A tramitación dos expedientes sancionadores efectivamente sufriu un leve retraso nos últimos meses, xa que por causas alleas á administración municipal, a Concellería tivo que formar a varios instructores diferentes, xa que por mor de promoción e ascensos, tres técnicos instrutores abandoaron o departamento para trasladarse a outras prazas. Neste intre, o problema está solucionado e incluso está previsto que nas próximas semanas poidamos

contar con nutro técnico adicional para axilizar a tramitación administrativa destas sanción. En todo caso, advertir que en ningún caso o Concedo de Vigo fixo deixadez das súas competencias, por canto nestes dous anos tramitáronse máis de 100 expedientes sancionadores coas súas respectivas multas coercitivas."

A información non respondía a aspectos especificamente requiridos na comunicación de 16 de decembro de 2008. O ente local refírese ás recentes medidas normativas adoptadas en contra do "botellón", o que xa coñecéramos a través doutros expedientes, e a outro tipo de medidas; Porén, a actual queixa, como as precedentes que se mencionaron (C.6.Q/1640/06 e C.6.Q/937/07), refírense á saturación ou contaminación acústica pola acumulación de locais, circunstancia declarada oficialmente dende hai tempo, e ás graves consecuencias que ten para as vítimas, recoñecidas polo propio ente local coa declaración citada. Na comunicación de 16 de decembro de 2008 requiríase información detallada sobre a comprobación do funcionamento regular dos locais, en concreto sobre a presenza de licenza ou o axuste dese funcionamento ao tipo de licenza con que contan, no seu caso; e sobre a eficacia das medidas adoptadas como consecuencia da declaración da zona como acusticamente saturada; Porén, estas concretas cuestións non se aclaraban no informe municipal, a pesar do moito tempo transcorrido dende que se deu o requirimento. Por iso, entón reclamamos un novo informe municipal no que definitivamente se aclararan esas cuestións. A resposta deuse a través de informes, que, como sucedeu na anterior ocasión, recibíronse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertir o alcalde da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e ata realizar algunha chamada para urxir o seu envío. Nos informes municipais sinálase o seguinte:

-1º informe:

"En relación coa reiteración de solicitude de informe con respecto á queixa C.6.Q/2431/2008, práceme informarlle do seguinte:

Como ben sabe, a Concellería de Medio Ambiente respondeu á queixa formulada, nos aspectos da súa competencia, con data 2 de outubro de 2009, ofrecéndolle cumprida información sobre as medidas que se están a levar a cabo polo Concello de Vigo para a erradicación do ruído en lugares de ocio, co obxecto de garantir o dereito ao descanso dos veciños.

A concellería de Medio Ambiente está a aplicar con rigor a Ordenanza contra a contaminación acústica e a Ordenanza Reguladora da Convivencia Cidadá e o Ocio, tramitando -cando existe incumprimento de algún dos seus preceptos- os correspondentes expediente sancionadores.

Con respecto á concreta petición que reitera esa institución sobre "información detallada sobre a comprobación do funcionamento regular dos locais, en concreto sobre a presenza de licenza ou o axuste dese funcionamento ao tipo de licenza con que contan no seu caso", debo informarlle de que a existencia ou non de licenza de actividade dos locais é unha competencia da Xerencia Municipal de Urbanismo - Servizo de Licenza de Actividades e, no seu caso de Disciplina Urbanística-, polo que xa con data 1 de marzo de 2010, se lle deu traslado do seu requirimento ao responsable da Xerencia para que elabore dito informe.

Con data de hoxe mesmo, remitiremos copia de novo do seu escrito de reiteración á Xerencia Municipal de Urbanismo, co rogo de que a partires de agora reclamen dita información a aquel organismo autónomo, xa que a Concellería de Medio Ambiente carece da información solicitada e das competencias correspondentes."

-2º informe:

"En relación coa reiteración de solicitude de informe respecto á queixa C.Q./2431/2008, esta Concellería de Medio Ambiente informa do seguinte:

Reiteramos o contido do noso escrito de data 29 de abril de 2010, no que en resumo informabamos a esa institución de todas as medidas adoptadas pola Concellería de Medio Ambiente no ámbito das súas competencias para erradicar o ruído en lugares de ocio, co obxecto de garantir o dereito ao descanso dos cidadáns.

A Concellería de Medio Ambiente está a aplicar con rigor a Ordenanza contra a contaminación acústica e a Ordenanza Reguladora da Convivencia Cidadá aprobada nesta lexislatura, tramitando -cando existe incumprimento dalgún dos seus preceptos os correspondentes expedientes sancionadores.

Con respecto á concreta petición que reitera esa institución sobre "información detallada sobre a comprobación do funcionamento regular dos locais, en concreto sobre a presenza de licenza ou o axuste dese funcionamento ao tipo de licenza de actividade dos locais" é unha competencia da Xerencia Municipal de Urbanismo - Servizo de Licenzas de Actividade ou no seu caso de Disciplina Urbanística-, polo que xa con data 1 de marzo de 2010, se lle deu traslado do seu requerimento ao responsable da Xerencia para que elabore dito informe.

Con data de hoxe mesmo, remitiremos copia de novo do seu escrito de reiteración á Xerencia Municipal de Urbanismo, co rogo de que a partires de agora reclamen dita información a aquel organismo autónomo, xa que a Concellería de Medio Ambiente carece da información solicitada e das competencias na materia."

Como pode apreciarse, nos informes transcritos basicamente indicábase que a materia requirida de aclaración é competencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, e que por ese motivo a Concellería de Medio Ambiente dirixiuse á Xerencia para que respondera, cousa que Porén non se fixo despois de moito tempo. O anterior obrigounos a dirixirnos de novo ao Concello co fin de reiterar o recordatorio de deberes legais e a advertencia xa formulados ao alcalde o día 21 de maio de 2010. Engadimos que o requirimento realizado por esta institución diríxese ao Concello de Vigo, e, como o seu máximo representante, ao alcalde do mesmo, polo que circunstancias como as que se mencionan nestes dous últimos informes non resultan xustificación da falta de resposta

adecuada, posto que se refiren á organización interna do ente local. De feito, pola nosa banda en ningún momento nos diriximos á concellería que respondeu dese xeito, senón ao alcalde, partindo da base de que desa forma o Concello respondería de forma completa e coherente aos diferentes aspectos da cuestión, obviando a circunstancia de que esta se refira a materias dependentes dunha ou varias dependencias municipais.

Por todo o sinalado de novo nos diriximos ao Concello de Vigo para requirir que se facilitara aclaración sobre os extremos aínda pendentes, a pesar do moito tempo transcorrido dende o inicio da investigación, reiterando tamén o recordatorio de deberes legais e a advertencia. Ademais, advertimos ao Concello que no caso de non recibirse a información pendente dende hai moito tempo estudaríamos a necesidade de acudir ao Concello para tratar de forma directa o obxecto da queixa, de acordo co previsto no art. 23 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo. A resposta municipal (da Xerencia de Urbanismo) xa se recibiu, aínda que de novo cun considerable retraso. Nela sinálase o seguinte:

"Á vista do solicitado polo Servizo de Participación Cidadá de data 3/06/10, no que reitera o escrito do Valedor do Pobo de datas 16/12/08 (doc 80166816), 23/01/09 (doc 90012444) e 24/03/09 (doc 90042625), recabando información sobre as actuacións do Concello de Vigo con respecto dos locais en zona acusticamente saturada (ZAS), compre por de manifesto en primeiro lugar, que por parte, desta Oficina de Licenzas de Actividades e Instalacións, deuse contestación aos escrito anteriormente mencionados en data 17/11/09.

Pola súa banda, o Valedor do Pobo tal como pon de manifesto no seu requirimento de data 16/12/08, xa conta e obra no seu poder informe sobre licenzas na ZAS realizado por esta oficina o 0/01/07.

Sen prexuízo do anterior, e para dar por cumprido o requirido polo Valedor do Pobo, dentro das competencias que lle corresponden a esta oficina, achégase a relación de locais con música, que se atopan no ámbito da ZAS, e que a día de hoxe, de acordo con os datos existente neste Servizo, contan coa preceptiva licenza municipal.

Asemade, faise constar que, respecto a se existen expedientes sancionadores, medidas cautelares adoptadas ou o axuste da actividade á licenza concedida, deberá informar o servizo correspondente, oficina de infraccións urbanísticas, a oficina de medio ambiente ou policía local.

Licencias de actividades con música en ZAS.

ENDEREZO	**ACTIVIDADE**	**DATA DE CONCESIÓN**
RÚA ALFONSO XIII, 2 A – BAIXO	BAR CON MÚSICA	Favorable. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 12/06/2000. Exp. 18831/422.
RÚA ALFONSO XIII, 16 – BAIXO	BAR CON MÚSICA (PUB)	Favorable.Vicepresidente da Xerencia27/04/2006.Exp. 30530/422.
RÚA AREAL 14, BAIXO	PUB CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área en data 24/01/2008. Falta posta en funcionamento, está pendente de informe de inspector. Exps. 23610/422 e 40925/421
RÚA AREAL N° 18, BAIXO A	PUB CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área de Urbanismo en data 08/03/2010. Exp. 36185/422
RÚA AREAL N° 18, BAIXO C	DISCOTECA	Favorable. Ilmo. Sr. Alcalde en data 19/10/98. Exp. 18496/422
RÚA AREAL N° 18 — BAIXO F	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda en data 12/08/2010. Exp. 36838/422.
RÚA AREAL N° 18 — BAIXO G	PUB — BAR CON MÚSICA	Favorable. Delegado a Área de Urbanismo e Vivenda en data 03/09/2009. Exp. 35408/422
RÚA AREAL N° 20 BAIXO	PUB CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda en data 19/06/2008. Exp. 34034/422

RÚA AREAL N° 42 BAIXO A	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable.Vicepresidente da XMU en data 11/09/2000. Exp. 19142/422
RÚA CANCELEIRO N° 24 BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Presidente da XMU en data 14/07/1999. Exp. 19890/422
RÚA CERVANTES N° 7 BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA (PUB)	Favorable.Vicepresidente da XMU en data 08/06/06. Exp. 30445/422
RÚA CHURRUCA N° 13 — Baixo	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda en data 23/07/2010. Exp. 35530/422
RÚA CHURRUCA N° 12 BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda en data 23/04/2009. Exp. 35074/422
RÚA CHURRUCA N° 14 BAIXO	BAR CON MÚSICA sen realización de actuacións nin espectáculos de ningún tipo	Favorable. Consello da XMU en data 18/10/01. Exp. 17897/422
RÚA CHURRUCA N° 18 BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA — PUB-	Favorable. Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda en data 17/08/2007. Exp. 31432/422
PRAZA DE COMPOSTELA N° 19 — .BAIXO B	BAR SALA DE FESTAS	Favorable. Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda en data 29/04/2010. Exp. 36151/422
PRAZA DE COMPOSTELA N° 23 — BAIXO	PUB CON MÚSICA	Favorable.Vicepresidente da XMU. 11/08/05. Exp. 27736/422
AVDA. GARCÍA BARBÓN° 30 — BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Presidente da XMU en data 28/07/00 Exp 21760/422
AVDA. GARCÍA BARBÓN 73 — BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Presidente da XMU. 12/06/03. Falta posta en funcionamento. Exp. 24512/422

R/ INÉS PÉREZ DE CETA N° 1 BAIXO	PUB CON MÚSICA	Favorable. Vicepresidente da XMU. Exp. 25019/422
R/ INÉS PÉREZ DE CETA N° 5 — BAIXO	PUB CON MÚSICA	Favorable.Vicepresidente da XMU en data 18/08/05.Exp. 9806/422
R/ INÉS PÉREZ DE CETA N° 7- BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Consello da XMU en data 06/06/02. Exp. 23639/422
R. IRMANDIÑOS N° 3 BAIXO	PUB CON MÚSICA (BAR CON MÚSICA)	Favorable.Vicepresidente da XMU en data 17/03/05. Exp. 28823/422
R. IRMANDIÑOS N° 15 BAIXO	BAR CON MÚSICA (AMPLIFI-CADO) SEN PISTA DE BAILE.	Favorable. Comisión de goberno en data 12/12/88. E-834/422/87
R/ ISAAC PERAL N° 2 BAIXO	DISCOTECA	Favorable. Consello da XMU en data 28/06/01. Exp. 22985/422
R/ LEPANTO N° 15 - BAIXO	CAFE BAR CON MÚSICA AM-BIENTAL (PUB)	Favorable. Comisión de Goberno (09/06/1986). E-3213/84
R/ LEPANTO N° 19 - BAIXO	BAR CON MÚSICA	Favorable.Vicepresidente da XMU (29/08/2002). Exp. 23112/422
R/ LEPANTO N° 24 — BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable.Consello da XMU (03/10/2002). Exp. 18615/422
R/ MARTÍN CODAX N° 21 - BAIXO	BAR CON MÚSICA	Favorable.Vicepresidente da XMU (14/02/2005).Exp.25549/422
R/MARIN CODAX N° 22 - BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable Consello da XMU (05/12/1996). Exp. 15080/422
R/MARTIN CÓDÁX N° 26 - BAIXO	BAR CON MÚSICA	Favorable. Presidente da XMU (26/06/2000). Exp. 18729/422
R/ OPORTO N° 12 - BAIXO	BAR CLUB CON PISTA PARA BAILE	Favorable. Alcalde Concello de Vigo (12/02/1972). E-8450/71

R/ OPORTO N° 26 - BAIXO	BAR CAFETERÍA CON MÚSI- CA, excluíndo expresamente todo tipo de concertos ou actuacións en directo	Favorable.Vicepresidente da XMU (11/12/2003).Exp. 17082/422
R/ PABLO MORILLO N° 7 - BAIXO B	CAFÉ BAR CON MÚSICA (PUB)	Favorable. Vicepresidente da XMU (16/02/2006).Exp.18263/422
R/ PONTEVEDRA N° 4 BAIXO A	DISCOTECA	Favorable.Vicepresidente da XMU(27/06/2007).Exp.23048/422
R/ PONTEVEDRA N° 4 BAIXO B	DISCOTECA	Favorable. Vicepresidente da XMU (24/06/2004). Exp. 24830/422
R/ REP. ARGENTINA N° 7 - BAIXO A	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área (2/9/2010) Exp. 36820/422
R/ ROGELIO ABALDE N° 3 - BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable.Vicepresidente da XMU (25/01/2007). Exp. 31610/422
R/ ROGELIO ABALDE N° 6 - BAIXO	BAR CON MÚSICA	Favorable. Presidente da XMU (3/7/1998). Exp. 14975/422
R/ ROGELIO ABALDE N° 7 - BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA (PUB)	Favorable.Vicepresidente da XMU (08/06/2006).Exp. 30621/422
R/ ROGELIO ABALDE N° 11 - BAIXO	BAR CON MÚSICA (PUB)	Favorable. Presidente da XMU (6/3/2008). Exp. 33095/422
ROGELIO ABALDE N° 12 - BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA (PUB)	Favorable. Vicepresidente da XMU (03/03/2005). Exp. 28710/422
R/ ROGELIO ABALDE N° 14 - BAIXO	BAR CON MÚSICA	Favorable. Presidente da XMU (26/06/1998). Exp. 16420/422
R/ ROGELIO ABALDE N° 16 - BAIXO	BAR CON MÚSICA (PUB)	Favorable. Vicepresidente da XMU (07/08/2006). Falta posta en funcionamento. Exp. 27754/422

RI ROGELIO ABALDE N° 18 - BAIXO	BAR CON MÚSICA	Favorable. Vicepresidente da XMU (23/11/2006). Exp. 29725/422
R/ ROGELIO ABALDE N° 22 - BAIXO	PUB BAR CON MÚSICA	Favorable. Vicepresidente da XMU (24/05/2007). Exp. 30313/422
R/ ROGELIO ABALDE N° 32 -13AIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA (PUB)	Favorable. Delegada da Área (29/11/2007). Exp. 32685/422
R/ ROSALÍA DE CASTRO N° 29 - BAIXO	PUB CON MÚSICA (CAFÉ BAR CON MÚSICA SEN PISTA DE BAILE)	Favorable. Vicepresidente da XMU (06/10/2005). Exp. 27911/422
R/ ROSALÍA DE CASTRO N° 62 - BAIXO	PUB CON MÚSICA	Favorable. Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda (03/01/2008). Falta posta en funcionamento. Exp. 28154/422
1° TRAVESÍA SANTIAGO DE VIGO N° 1 – BAIXO CON ENTRECHÁN	PUB CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área (23/9/2010). Exp. 37002/422
1' TRAVESÍA SANTIAGO DE VIGO N° 4 - BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable. Consello da XMU (14/03/2002). Exp. 20624/422
R/ URUGUAY N° 12 – BAIXO A y B	DISCOTECA	Favorable. Vicepresidente da XMU (19/04/2007). Exp. 30614/422 e 30613/422
R/ URUGUAY N° 28 - BAIXO	CAFÉ BAR CON MÚSICA	Favorable, Vicepresidente da XMU (13/02/2003). Exp, 19662/422
R/ URZÁIZ N° 1 -INTERIOR BAIXO A	PUB CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área (20/5/2010). Exp. 36516/422
R/ URZÁIZ N° 1 -INTERIOR BAIXO B	PUB CON MÚSICA	Favorable. Delegado da Área (17/6/2010). Exp. 36514/422

En relación con todo o anterior é de subliñar que, no que se refire ao aspecto formal, o Concello non responde adecuadamente, xa non só porque demore considerablemente todas as informacións requiridas, senón sobre todo porque non acaba de facilitar o concretamente requirido en relación con esta queixa e tamén en relación cos seus antecedentes, as Q/1640/06 Q/937/07. Como observamos, agora segue na mesma actitude, e de novo deixa sen resposta o requirido en primeiro termo. Efectivamente, pedíase información sobre a constatación dos locais que nas ZAS están a funcionar de xeito irregular, sen licenza ou con licenza que nos os habilita para funcionar como o veñen facendo, e sobre as medidas adoptadas para corrixilos; e sobre a suficiencia das medidas adoptadas pola declaración das zonas saturadas, é dicir, sobre se se reduciu o número de locais ou o nivel constatado de ruído. Porén, o único que facilita o Concello, despois de moitísimo tempo, é o listado de locais habilitados *con música*, pero sen mencionar os que teoricamente non poden funcionar con música e sobre todo sen a comprobación do seu axuste ao legalmente previsto, expresamente requirido. Nin tan sequera se envía un listado que se corresponda coa clasificación dos locais de acordo coa normativa vixente, en concreto o *catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da CAG* (Decreto 292/2004), algo fundamental aos efectos que tratamos, posto que o que poden facer cada unha das categorías de locais depende en primeiro termo da clarificación do habilitado na súa licenza, algo que só se fai a través do novo catálogo. Este debera atoparse adaptado en Vigo hai moito tempo, posto que o período para tal labor era de dous anos dende a entrada en vigor do Decreto 292/2004. Porén, o Concello envía denominacións como *bar con música, café bar con música, pub bar con música, bar club con pista para baile*, etc., o que non permite facer a avaliación pendente dende hai moito tempo, que é a comprobación do axuste real dos locais aos que se lles permite de acordo coa súa licenza. En calquera caso, non se remite ningún tipo de comprobación.

En todo exame do cumprimento das garantías legalmente previstas en relación coa protección dos dereitos constitucionais afectados nesta orde é preciso coñecer a presenza dos actos preventivos, as licenzas de actividades, e o cumprimento das súas condicións. Esta necesidade é aínda máis intensa nas ZAS, onde con carácter previo a actuacións máis gravosas debe coñecerse se as actividades da zona teñen

licenza e se cumpren as condicións desta. O contrario prexudica gravemente os locais que funcionen adecuadamente. Porén, despois de moito insistir, o Concello unicamente chegou a mencionar os locais e a súa licenza sen actualizar, e non concretou que se comprobara que funcionan de acordo co habilitado, que era o que se pedía.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no anterior RAMINP e agora no art. 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

Unha das condicións dos locais de ocio autorizados é cumprir co tipo de licenza concedida e por tanto que a súa actividade non contradiga a natureza dela. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafeterías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado,

poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Os cafés, bares ou similares son locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música. Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da CAG (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

A zona conta con numerosos locais e con moita afluencia de xente neles e no exterior, o que ocasiona problemas que proveñen tanto da actividade interior como exterior (por exemplo, o intenso tránsito a altas horas da madrugada). Por iso, á hora de abordar os problemas propios da aparente concentración, resulta preciso investigar e, no seu caso, corrixir, os establecementos que se atoparan en circunstancias irregulares, para impedir o seu funcionamento sen licenza ou dun xeito non habilitado pola que teñan. Esta forma de proceder é un *prius* á hora de abordar un suposto de concentración de locais molestos ou de aparente saturación. E se aínda permaneceran os problemas que definen a saturación (art. 12.2 do Decreto 320/2002) despois de reducir os locais en funcionamento evitando o dos que non o fan de acordo coa correspondente licenza municipal, entón o Concello adoptaría as medidas habilitadas para as ZAS.

A esta primeira carencia, que, como expuxemos, é un *prius* nunha correcta actuación para tratar o problema declarado oficialmente, a presenza prexudicial dunha ZAS, vénse a engadir a absoluta falta de resposta á segunda das cuestións, referida á eventual redución do número de locais ou, en último termo, do nivel constatado de ruído, o obxectivo da declaración de ZAS. Para o tratamento destes lugares o art. 12.2

do Decreto 320/2002 sinala que *naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*.

A xurisprudencia resalta a necesidade de determinar e abordar o problema da saturación de ruídos de maneira urxente alí onde se constate, como tamén a necesidade de que as medidas a aplicar sexan as adecuadas para a solución eficaz do problema en función das circunstancias, descartando a adopción de medidas de tipo discrecional ou as limitadas á non agravar o problema (sentenza do TSX das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999, confirmada polo TS). Esta interpretación ampla das medidas a aplicar en caso de declaración de ZAS vén prevista no Decreto 320/2002, que, como vimos, dispón a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas. Polo tanto, sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo Concello, que ademais se atopa obrigado a lograr tal fin, posto que en caso contrario resultaría responsabilidade municipal. Iso é o que se deduce da sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, que recoñece a responsabilidade patrimonial dos entes locais por insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma a responsabilidade dun Concello como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos. A sentenza subliña que o axuizado era a actividade xeral ante o problema, deducindo unha conduta pasiva *vulneradora dalgún dereito fundamental*.

As disposicións municipais limitadas a non autorizar novas licenzas nada solucionan se non van acompañadas doutras que permitan aliviar os prexuízos constatados, ou, como di o Decreto 320/2002, *diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*. O anterior trátase na citada sentenza do TSX das Illas Baleares, que delimita o alcance da declaración municipal de *zonas acusticamente*

contaminadas. Unha asociación de veciños viña denunciando a proliferación de locais e unha gran afluencia de público na zona, ante o que o Concello de Palma acordou a declaración do barrio como *ZAC*, acordo que foi recorrido en vía contencioso-administrativa pola asociación por considerar as medidas adoptadas insuficientes ou ineficaces para o fin último perseguido, a preservación dos seus dereitos. A principal medida aplicada consistiu na prohibición de novas licenzas que incumprisen determinadas distancias, o que non pareceu suficiente aos veciños. A sentenza estima parcialmente o recurso e declara anulables determinados aspectos da decisión municipal. O Concello defendía o carácter discrecional das concretas medidas a aplicar ante a presenza dunha *ZAC*; segundo el, podería elixir entre diferentes opcións. A Sala considerou en cambio que estabamos ante un *concepto xurídico indeterminado* e non ante unha potestade discrecional, e por tal razón entendeu que a única solución xusta era a congruente coa solución do problema, e non a que quixera inxustificadamente o Concello. A medida congruente para corrixir a grave contaminación non é a sinxela limitación de licenzas ou o compromiso municipal de efectuar unha estrita vixilancia; non poden considerarse suficientes para corrixir a situación. O Concello de Palma de Mallorca entendía que actuara de acordo cunha suposta ponderación de intereses, o dereito ao descanso dos veciños e o dereito ao exercicio de actividade económica dos empresarios. Este argumento é con frecuencia utilizado por concellos, e, como sinala a sentenza, debe ser rexeitado. A función da administración non é realizar unha suposta *arbitraxe de intereses*, senón dar efectividade ao principio de legalidade.

Así pois, as carencias sinaladas na actividade do Concello de Vigo supoñen unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "*corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento*"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

Debe subliñarse que a desatención afecta a dereitos fundamentais ou especialmente protexidos. Tanto as sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (Powell e Rayner contra o Reino Unido; López Ostra contra España; Guerra e outra contra Italia; Hatton e outros contra o Reino Unido...) como a xurisprudencia constitucional española resaltan esta circunstancia desde hai tempo. A sentenza do Tribunal Constitucional 119/2001, do 24 de maio, sinala que *una exposición prolongada a unos determinados niveles de ruido, que puedan objetivamente calificarse como evitables e insoportables, ha de merecer la protección dispensada al derecho fundamental a la intimidad personal y familiar, en el ámbito domiciliario, en la medida en que impidan o dificulten gravemente el libre desarrollo de la personalidad, siempre y cuando la lesión o menoscabo provenga de actos u omisiones de entes públicos a los que sea imputable la lesión producida.* Tamén a sentenza do Tribunal Supremo do 15 de marzo de 2002 resalta a vinculación dos problemas de contaminación acústica con algún dereito fundamental, e sinala que, no contexto da realidade social actual, o problema da exposición a ruídos excesivos non é *un aspecto que poida considerarse superficial ou pouco importante no tratamento xurídico-administrativo das actividades hoxe habitualmente denominadas xenericamente como clasificadas (...). Para poñer de relevo a transcendencia do ben xurídico cuxa protección está en xogo, basta con recordar a importancia que a xurisprudencia constitucional e europea de dereitos humanos atribúen as actividades desta natureza*.

As desatencións ás funcións municipais mencionadas poden xerar responsabilidade patrimonial. A sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002 resulta unha boa mostra do recoñecemento da responsabilidade patrimonial dos entes locais nos supostos en que se constate unha insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma outra do TSX de Castela-A Mancha na que se condenara un concello ao aboamento dunha indemnización como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos.

Despois de tanto tempo dende o inicio da queixa debe concluírse que o Concello de Vigo non aclarou os concretos extremos que mencionamos. Convén sinalar

que os cidadáns que promoveron as queixas están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. É especialmente destacable que o prexuízo se está dando na vivenda dos afectados, polo que se está conculcando un dereito dos cualificados como fundamentais na Constitución (artigo 18.1 e 2) e na Convención Europea de Dereitos Humanos (art. 8), polo que o labor de protección da administración municipal debera ter sido aínda máis dilixente.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Vigo non cumpriu co seu deber legal (art. 22.1 da Lei 6/1984) de aclarar as circunstancias requiridas por esta institución, e non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente, que por iso poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento deste problema, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar a cuestión.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Vigo o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

"Que con urxencia se proceda a dar cumprimento ás responsabilidades municipais non aclaradas no seo deste expediente en relación á contaminación acústica que sofren os numerosos veciños que residen nas ZAS desa cidade.

Que en relación cos controis preventivos dos establecementos se determine con precisión e de forma exhaustiva se os numerosos locais obxecto da queixa, moitos deles non mencionados polo ente local, axustan a súa forma de funcionar ao habilitado para cada un deles na súa correspondente licenza de funcionamento, e que para iso se axusten as denominacións das licenzas ao previsto no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da CAG (Decreto 292/2004).

E que, logo de realizar o labor mencionado no parágrafo anterior e corrixidos os locais que non se axusten ao previsto na súa licenza, se aínda continúan os prexuízos definidos no art. 12.2 do Decreto 320/2002, o que debera comprobarse, de inmediato se proceda a adoptar todas as medidas adecuadas para reconducir a situación e diminuír de forma significativa o nivel de ruído, que é o obxectivo legalmente establecido nas ZAS."

Resposta do Concello de Vigo: sen resposta -incumprida a obriga legal de responder ás resolucións-, e, polo tanto, rexeitada.

3.- Recomendación dirixida ao Concello de Culleredo o 10 de febreiro de 2011 debido aos prexuízos ocasionados polo funcionamento dunha granxa porcina. (Q/2140/09 e acumulados).

Nesta institución iniciáronse expedientes como consecuencia dos escritos de diferentes veciños de Celas de Peiro-Culleredo debido aos prexuízos ocasionados polo funcionamento dunha granxa porcina.

Nos seus escritos esencialmente indicábannos que, preto das súas vivendas, en zona urbana con moitas edificacións, dende hai uns meses reabriuse unha antiga granxa de porcos. Nun principio os olores que desprendían eran ocasionais. Estes olores foron aumentando en intensidade e duración ao longo do verán. A situación na actualidade é insoportable, segundo expresa, dado que non poden ventilar adecuadamente as vivendas nin estar fóra, facer unha vida normal, xa que o cheirume é insoportable, ademais das moscas. Reclamaron ao Concello de Culleredo mediante un

mail na súa páxina web, ademais persoalmente falando co concelleiro responsable de medio ambiente. Esta persoa dixo que descoñecía o problema e que ningún veciño protestara. Teñen constancia de que varios veciños tiveron unha reunión co alcalde para que adoptara as medidas necesarias para poñer fin a esta situación. Ademais, presentaron na Delegación Provincial de Medio Ambiente as correspondentes denuncias ou reclamacións ambientais.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e ao Concello de Culleredo, que no seu momento indicaron o seguinte:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

"En contestación aos seus escritos nos que solicita información en relación ás queixas de referencia formuladas por ..., en relación aos olores provenientes dunha granxa de porcos situada preto das súas vivendas en zona urbana, achégolle o informe remitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental desta consellería con data 22 de xaneiro de 2010."

- Concello de Culleredo:

"En contestación ao escrito recibido O día 9 de novembro de 2009 rexistro 2009/10075, en relación co expediente C.6.Q/2140/2009 informase o seguinte: Visto o escrito presentado no que ..., con domicilio en ... Celas de Peiro-Culleredo, COMUNICASELLE: que a actividade a que se fai referencia no escrito de denuncia conta con autorización municipal a nome de D. J. H. V para "construción e explotación dunha industria destinada ao cebado de porcos no lugar de Gándara, parroquia de Celas con data 23 de decembro de 1977." Posteriormente con data 27 de marzo de 2008, resólvese polo Concelleiro de Urbanismo por Delegación de Alcaldía, conceder D. J H y Otros, S.C. a licenza de obras para a mellora de benestar animal e condicións ambientais dun cebadeiro de porcos."

O concello só aclaraba que a explotación conta coa autorización municipal orixinal e que posteriormente se dera unha licenza de obras para mellora da explotación. Porén, non se mencionaba nada respecto da preceptiva licenza de actividade e funcionamento (Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas - RAMINP), e sobre todo do cumprimento das condicións que de ser o caso se impuxeran para impedir molestias desproporcionadas, como son as que denuncian os moitos reclamantes.

Á marxe do aspecto formal comentado, o que máis chamaba a atención era que o concello non mencionara nada en relación co fondo da queixa, que se refire a que dende a reapertura da explotación se producen molestias desproporcionadas nas vivendas, ata o punto de que a situación agora é insoportable, segundo sinalan, sobre todo no verán. Dado que a licenza mencionada é de funcionamento, o ente local ten unha obriga permanente respecto da actividade, o que fai preciso comprobar a situación denunciada, o cumprimento das condicións que se mencionaran nos proxectos e nas medidas correctoras, e en xeral preservar o interese público. Neste mesmo sentido a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) sinala que "compete ao concello … comprobar o cumprimento do proxecto presentado polo particular e a observación e suficiencia das medidas correctoras impostas na licenza (art. 34 do RAMINP e art. 16 do Decreto de incidencia ambiental)".

Á vista do anterior requirimos aclaración ao concello, que no seu momento respondeu da seguinte maneira:

"A granxa en cuestión data do ano 1967 data de construción e autorización. O 25 de novembro de 2008 certificase o final de obra dun proxecto de mellora do benestar animal e das condicións ambientais de cebadeiro de ganado porcino, no que se fai constar que as obras e instalacións están de acordo co proxecto e son as propias para o desenvolvemento da actividade indicada de explotación de gando porcino. Efectuada a visita ás instalacións externas no día 16.03.2010, non se observou ningún vertido fóra do depósito de formigón onde se depositan os xurros da granxa que

logo se retiran en cisternas, polo que as molestias que poida ocasionar o transvase son razoablemente admisibles para este tipo de actividades nun medio rural, cumprindo polo tanto na actualidade coas medidas correctoras necesarias para este tipo de actividades."

A información municipal resultaba insuficiente. O informe facía mención unicamente ao *certificado de final de obra* do proxecto de mellora. Porén, pola nosa banda reclamábase aclaración doutros aspectos ben diferentes e que teñen por fin determinar o adecuado funcionamento da instalación obxecto das denuncias e as queixas. No momento que se cita como orixe da granxa, este tipo de instalacións precisaban licenza de funcionamento, de acordo co anterior RAMINP. Ante iso de novo requirimos aclaración ao concello, que respondeu cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordarlle ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e ata realizar algunha chamada para urxir o seu envío. O informe municipal sinala o seguinte:

"...o xefe da Área do Medio, Servizos e Obras emitiu, con data 23 de setembro de 2010, informe, no que, entre nutras cousas, indico:

Primeiro.- O día 23/12/1967 outorgouse licenza de obras para a construción e explotación dunha industria destinada a cebado de porcos. Segundo.- O día 5/7/1971 outorgouse licenza de apertura dunha industria dedicada a "granxa de cebadeiro de gando porcino". Terceiro.- O día 7/5/1998 concedeuse licenza de obras para a mellora de explotación porcina. Cuarto.- O día 6/8/1999, por Resolución do Concelleiro de Servizos, Medio Ambiente e Consumo, autorizase a posta en funcionamento para o exercicio do actividade de "mellora de explotación porcino", previa clasificación da actividade polo Comisión Provincial de Medio Ambiente. Quinto.- O día 27/3/2008 por Resolución do Concelleiro de Urbanismo autorizase licenza municipal de obras para a "mellora de benestar animal e condicións ambientais" dun cebadeiro de porcos. Neste expediente constan informes favorables do xefe do Servizo de Arquitectura e Urbanismo así como do xefe da Área do Medio,

Servizos e Obras. Así mesmo, consta nota informativa do Secretario xeral municipal que entende que a obra é unha importante ampliación da granxa, xa que a mesma pasou de 380 porcos a 520 porcos polo que debería tramitarse novo licenza de acordo co RAMINP. Sexto.- O día 1/7/2010 o persoal técnico da área do Medio, Servizos e Obras, xirou visita de comprobación do funcionamento da actividade, na que se puido comprobar un funcionamento normal da mesma, constando, no informe ao efecto, que o xurro que se xera, desemboca nunha fosa séptica que se limpa periodicamente mediante cisternas. Revisado o expediente pola Asesoría Xurídica desde concello, emítese informe no que se indica que debe darse cumprimento á nota informativo do Secretario Municipal. Polo que por parte desta Alcaldía xa se deron as instrucións necesarias ao xefe do Area do Medio, Servizos e Obras para que se proceda, de xeito inmediato, a requirir ao titular da granxa para que solicite unha nova licenza de actividade."

Da información finalmente achegada dedúcese claramente que o concello recoñece que no seu momento o proxecto de ampliación se tramitou só como obra, pero non no seu aspecto ambiental, que é o que motiva a queixa, en concreto a través do procedemento do RAMINP entón vixente (agora Decreto 133/2008). Iso sucedeu a pesar de que no proxecto existía unha información do secretario xeral municipal que indicaba que *a obra é unha importante ampliación da granxa, ... polo que debería tramitarse nova licenza de acordo co RAMINP.* Á vista destas circunstancias agora o concello anuncia que *debe darse cumprimento á nota informativa do secretario municipal* e que *por parte desta alcaldía xa se deron as instrucións necesarias ... para que se proceda, de xeito inmediato, a requirir ao titular da granxa para que solicite unha nova licenza de actividade.*

Así pois, no aspecto formal tratado a actuación municipal non foi adecuada, como se recoñece. Non se deu o adecuado tratamento ao instrumento preventivo previsto. A través del protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. A licenza implica en primeiro termo a adecuada execución do proxecto aprobado, e tamén

o cumprimento das *medidas correctoras* que se impoñan ao proxecto*;* esas condicións diríxense a preservación do ambiente e do interese público, e especificamente do interese e a calidade de vida dos veciños do contorno, os potencialmente máis afectados.

Agora o concello sinala que corrixirá tal carencia facendo o que xa no seu momento indicaba o informe da secretaría. Non obstante, o que agora pretende o ente local non resulta unha solución concluínte. Efectivamente, a instalación conta con licenza urbanística ou de obra, pero non ten a de actividade. Esta forma de proceder, é dicir, a concesión da licenza urbanística e a tramitación posterior da de actividade, resulta claramente inadecuada, posto que contradí o disposto no artigo 22.3 do RSCL (Regulamento de servizo das Corporacións Locais), que preceptúa que *cando, segundo o disposto no proxecto presentado, a edificación dun inmoble destinarase especificamente a establecemento de características determinadas, non se concederá o permiso de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fora procedente*. Nese mesmo sentido o artigo 196.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, indica que *os supostos que esixan licenza de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenza urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa. A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licenza urbanística. Se procedera denegar a primeira, así se notificará ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda. En cambio, se procedera outorgar a licenza de actividade clasificada ou de apertura, o órgano municipal competente pasará a resolver sobre a licenza urbanística, notificándose o pertinente en forma unitaria ao interesado.*

Estas disposicións teñen a súa causa na lóxica elemental, posto que só se pode conceder licenza de obra para unha instalación determinada se ao tempo se avaliou positivamente o seu funcionamento, única causa da obra. Tamén se pretende evitar posibles responsabilidades municipais para o caso de que, despois de concedida a licenza de obra, porén se considere improcedente conceder a de actividade, onde é preciso manexar outros datos e criterios. Ademais, se o concello xa coñeceu a licenza de

obra, posteriormente se verá condicionado indebidamente á hora de coñecer o expediente de actividade e funcionamento, posto que saberá que no caso de resolución negativa podería verse exposto a responsabilidade. Por outra banda, o coñecemento de todos os elementos para decidir sobre a actividade non os terá ata que rematen os trámites previstos no RAMINP (información pública aos veciños inmediatos, alegacións destes e do público en xeral, cualificación e informe do órgano ambiental ...), polo que a decisión debería adoptarse só á vista deles.

Cando a solicitude da licenza de obra precisa que esta se vai dedicar a unha determinada actividade, como é este caso, se non se tramita a licenza para esta última antes ou simultaneamente á de obra, o outorgamento desta *sen a de apertura integra un funcionamento anormal da Administración que pode xerar unha responsabilidade patrimonial* (STS de 18-06-1900). Tamén a STS de 21-09-63 afirmou a responsabilidade cando *se outorga licenza municipal para unha construción que ía destinarse a fábrica ... e logo non se concede a apertura do establecemento por consideralo contrario ao turismo, e que ha de indemnizarse ao propietario dos danos e perda causados coa negación da licenza cando non se debeu conceder para a construción segundo prevén o artigo 22 do RSCL*. A licenza de obra non vincula á de actividade (STS de 06-02-80), e *é perfectamente factible a impugnación da posterior de apertura* (STS de 22-03-1980). E incorre nun *erro manifesto aquel que crea que unha licenza de obras pode vincular para o outorgamento dunha licenza de apertura de industria* (STS de 27-06-79).

O descrito anteriormente é o que sucede no caso que examinamos. O concello verase condicionado á hora de coñecer este novo expediente, posto que en caso de denegar a licenza de funcionamento para a ampliación é evidente que incorrería en responsabilidade, e, da mesma forma, se a outorga en prexuízo dos veciños afectados, sucedería o mesmo.

Por outra banda, co outorgamento da licenza de funcionamento, que neste caso non se deu respecto do segundo proxecto, non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por

función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

Polo que se refire ao fondo, tal e como mencionamos en algún requirimento de información complementaria, o ente local non aclarou que a instalación fora adecuada por razón das circunstancias. Efectivamente, de acordo co réxime legal que se citou, a sinxela afirmación municipal de que *as molestias que poida ocasionar o transvase son razoablemente admisibles para este tipo de actividades nun medio rural* non resulta suficiente para determinar o cumprimento por parte da granxa das súas obrigas legais en relación co ambiente e a calidade de vida das persoas que residen ao seu redor. Deberá xustificarse que na ampliación se tivo en conta a presenza dunha contorna habitada e que, en razón desta, se executaron medidas correctoras adecuadas para que se descartaran todos os posibles prexuízos ou incidencias desproporcionadas.

Da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Culleredo non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais afectados, en concreto o dereito ao medio ambiente adecuado e á calidade de vida (art. 45), e o dereito á protección da saúde (art. 43), que poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia da actuación municipal e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Culleredo a seguinte **recomendación:**

"Que, con carácter xeral, cando se soliciten licenzas de obra que á vez requiran licenza de actividade e funcionamento, se respecte o previsto na lexislación vixente e por iso se coñezan os expedientes de xeito simultáneo, de tal maneira que en

ningún caso se poida conceder unha licenza de obra que non vaia acompañada pola de actividade.

E que no suposto concreto obxecto da queixa se examine a procedencia de conceder ou denegar a licenza de actividade pendente de resolver sen que o concello se vexa condicionado pola eventual responsabilidade que de ser o caso podería serlle reclamada."

Resposta do Concello de Culleredo: recomendación non aceptada

4.- Recomendación dirixida ao Concello do Carballiño o 11 de marzo de 2011 debido aos prexuízos e molestias ocasionadas polos botellóns que teñen lugar no Carballiño. (Q/1381/10, 1044/10)

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa, un de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Región* o 26 de abril de 2010 en relación co crecemento do *botellón* no Carballiño, e outro como consecuencia do escrito dun veciño dese concello debido aos prexuízos e molestias ocasionadas polos *botellóns* que teñen lugar no Carballiño.

Na noticia (Q/1044/10) sinálase esencialmente que se observa un crecemento do botellón no Carballiño tras o control horario dos pubs. Nos soportais de acceso ao Auditorio municipal e da estación de autobuses do Carballiño desenvólvese un botellón cun centenar de persoas. Segundo se sinala, neste fenómeno a responsabilidade recae na policía local. O alcalde indica que "*non existe ningunha normativa que o prohiba, non obstante os axentes están intensificando a vixilancia, aínda que só poden actuar á hora de atopar menores consumindo alcohol, e tamén se o botellón produce lixo ou non se recolle*". Ao respecto debe subliñarse, tal e como facemos en diferentes Informes do Valedor ao Parlamento de Galicia, entre eles o último, correspondente a 2009, que a Lei galega 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, a Lei estatal do ruído, e os decretos autonómicos de

contaminación acústica, especialmente o Decreto 320/2002, resultan instrumentos legais suficientes como para intervir contra os efectos prexudiciais do chamado botellón. Así, apreciase que a maior parte dos concellos se mostran dispostos a intervir para solucionar este problema, co que progresivamente se dá efectividade a unha conclusión expresada por esta institución desde hai tempo. Efectivamente, sen prexuízo doutro tipo de consideracións (saúde, orde pública, etc.), deben evitarse as graves consecuencias que os *botellóns* teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polas desordes e ruído xerado. As administracións, e fundamentalmente a local, deben intervir por medio das súas potestades actuais, que en principio resultan suficientes, segundo expresamos.

No escrito de queixa (Q/1381/10) indicábase que se deron anteriores reclamacións co fin de comprobar e paliar as graves consecuencias dos botellóns que teñen lugar os sábados na noite no barrio da Eira de Flores, no Carballiño, pero esas reclamacións non deron efectos positivos. As consecuencias deses botellóns celebrados a altas horas da noite son a asistencia de menores, o alcoholismo, a contaminación acústica (incluso en bares veciños e no propio espazo), o vandalismo contra patrimonio público (o cruceiro da Eira xa perdeu unha imaxe, con riscos futuros), o vandalismo contra o patrimonio privado (rotura de cristais, portas, xanelas), inseguridade, *trapicheo* e lixo. Reclama que se comprobe o indicado e que o concello do Carballiño, a través das concellerías, en coordinación coas demais administracións, vixíen ou controlen que se cumpren as prescricións legais relativas á materia, e de ser necesario se aproben as ordenanzas precisas para evitar os danos sinalados. Así mesmo debera contribuír a unha educación na convivencia entre os veciños, o que non é máis que tomar medidas preventivas de cara a un futuro mellor.

Ante a primeira queixa requirimos informe ao concello, que sinalou o seguinte:

"En relación co escrito da institución VALEDOR DO POBO, en referencia ao aumento do botellón nas rúas do Carballiño, informando do inicio de expediente de oficio como consecuencia dunha noticia publicada o día 26 de abril de 2010 no diario La Región, infórmolle:

1°) Non é certo que na data de referencia, é dicir, a madrugada do sábado vinte e catro ao domingo vinte e cinco de abril, se celebrase un botellón cunha participación dun centenar de mozos nos soportais de acceso á estación de autobuses e do auditorio. Verificouse a presenza dun número variable de dez a quince persoas a primeiras horas da noite, entre a unha e as tres, dato contrastado coa patrulla de servizo e reafirmado pola patrulla da Garda Civil, asegurándose así mesmo que a dita congregación de persoas era o resultado de coincidir no mesmo lugar pequenos grupos novos.

2) Ningún grupo de persoas alí concentradas utilizou aparellos reprodutores de son nin se constatou a utilización de aparellos instalados en vehículos.

3°) A aplicación de Lei 7/1997, sobre protección contra a contaminación acústica, a lei estatal do ruído e os seus decretos reguladores, NON SON INSTRUMENTOS LEGAIS SUFICIENTES, nin eficaces cando o botellón é o resultado dunha congregación espontánea de persoas formada por grupos individualizados, os que coinciden de forma casual nun lugar sen mediar a intervención de persoa ou persoas responsables da súa organización e sobre os que puidesen recaer responsabilidade no suposto da comisión dalgún tipo de infracción derivada do exceso de ruído. Aínda así non se rexistraron denuncias de particulares afectados que se visen prexudicados pola emisión de ruídos ou calquera outra alteración da orde pública por parte das persoas congregadas no botellón.

4º) O botellón na zona referida prodúcese entre a unha e as tres da madrugada polo que non garda relación co control sobre horarios de peche que rutinariamente veñen efectuando aos locais de lecer.

5°) O control sobre as zonas de botellón é unha práctica habitual dos servizos nocturnos da Policía Local en fins de semana e vésperas de festivo, incidindo especialmente naquelas zonas máis sensibles, tanto pola comisión de actos contra o patrimonio como pola alteración da paz e a orde pública, extremándose así a vixilancia sobre o barrio de Flores, Parque Municipal, contorno do templo de Veracruz e

ultimamente sobre este que se produce fronte á estación de autobuses na Avenida do Balneario.

6°) Coa información obtida nas inspeccións realizadas pódese verificar que a concentración de persoas nestes lugares prodúcese sempre a primeiras horas da noite e son o resultado da coincidencia de pequenos grupos de persoas dispersos nun espazo determinado e que en ningún caso deberían ser considerados macrobotellóns."

Á vista da información municipal indicamos ao concello o que a continuación transcribimos.

"Esta (a información municipal) consiste na remisión dun informe da policía local que, entre outras cousas, sinala que non é certo que se celebren botellóns de consideración na zona da estación de autobuses e do auditorio, senón que nesa data, o 26 de abril, se reuniron varios grupos, sumando unhas 15 persoas. Ademais, dise que o previsto na Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, non resulta suficiente para intervir. E, finalmente, que a policía intervén nas zonas máis sensibles para controlar actos vandálicos e a alteración da paz e a orde pública.

Ao respecto da habilitación legal para intervir en contra dos botellóns que produzan molestias á veciñanza é de sinalar que xa na noticia se indicaba que o alcalde dicía que "non existe ningunha normativa que o prohiba, non obstante os axentes están intensificando a vixilancia, aínda que só poden actuar á hora de atopar menores consumindo alcohol, e tamén se o botellón produce lixo ou non se recolle". Non obstante pola nosa banda subliñamos que, de confirmarse, tal posición non parecía adecuada. Nos diferentes Informes do Valedor do Pobo ao Parlamento de Galicia, entre eles o último, de 2009, indícase que a Lei galega 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, a Lei estatal do ruído, e os decretos autonómicos de contaminación acústica, especialmente o Decreto 320/2002, resultan instrumentos legais suficientes como para intervir contra os efectos prexudiciais do chamado botellón.

O Decreto 320/2002, de ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *será sancionado conforme ao establecido neste regulamento* (artigo 26.5). Parece claro que esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais, ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles. Se algunha dúbida se podía crear con anterioridade respecto á suposta falta de habilitación legal da citada norma, hoxe debe considerarse despexada co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, que habilita os concellos para que a través das súas ordenanzas aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación deste tipo ocasionada polos usuarios da vía pública *en determinadas circunstancias*. Efectivamente, *as ordenanzas locais poderán tipificar infraccións en relación con: a) o ruído procedente de usuarios da vía pública en determinadas circunstancias* (artigo 28.5). Por tanto, os concellos que regulasen a cuestión a través das súas propias ordenanzas deben aplicalas, e nos que non as teñan ou non as reformen para abordar esta cuestión resultará de aplicación directa a ordenanza-tipo.

Ademais, algunhas sentenzas tratan os problemas dos residentes polas aglomeracións de mozos consumindo bebidas na rúa ata altas horas da madrugada, causando considerables molestias debido aos ruídos, voces, pelexas, actos vandálicos, etc., e impedindo o descanso dos veciños. Na de 29 de outubro de 2001, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía**,** sede de Sevilla, sinálase que *"se poden adoptar medidas de control adecuadas para evitar o ruído, a venda de bebidas alcohólicas na rúa, a utilización daquela como urinario público, os danos ao espazo público e aos seus elementos, e permitir a libre circulación de persoas e vehículos (...) o recurso debe ser estimado porque á Administración lle incumbe, na súa función de policía, o cumprimento do deber de vixilancia de horarios de peche, emisión de ruídos de bares, vehículos, etc. E do actuado dedúcese certa inactividade que prexudica sen lugar a dúbidas os veciños da zona que han de soportar a incomodidade de acceso ás súas vivendas, exceso de ruídos que impiden o descanso*

nocturno e outras molestias que non teñen o deber xurídico de soportar e que se poden paliar, se a Administración no ámbito da súa competencia non fai abandono da súa función e adopta cantas medidas sexan necesarias para exixir o cumprimento da lei facendo posible que o exercicio dun dereito por parte dun sector de poboación non menoscabe os dereitos dos veciños da zona na que se concentran". A sentenza obriga ao Concello de Sevilla a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos.

Así pois, sen prexuízo doutro tipo de consideracións (saúde, orde pública, etc.), deben evitarse as consecuencias que os *botellóns* teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polas desordes e o ruído xerado. As administracións, e fundamentalmente a local, deben intervir por medio das súas potestades actuais, que en principio resultan suficientes, segundo expresamos.

Por outra banda, o feito de que nun determinado momento non sexan moitas as persoas congregadas non descarta, nin moito menos, as molestias aos veciños. E polo que se refire á ausencia de denuncias formais (non se aclara se tamén de chamadas á policía), o certo é que polo menos coñecemos ata dúas queixas debido ás consecuencias prexudiciais dos botellóns que teñen lugar no Carballiño, aínda que posiblemente non coincidan as zonas obxecto desta e das demais reclamacións. O que si coincide é a demanda dunha intervención municipal eficaz para preservar os dereitos dos veciños afectados, en concreto o dereito fundamental á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18.1 e 2 CE), e outros dereitos de diferente natureza (arts. 43 e 45 CE).

Por todo o exposto é de esperar que os argumentos expresados na anterior valoración sexan atendidos en relación con calquera botellón molesto que poida ter lugar nesa localidade. Tamén procedemos ao arquivo do presente expediente de queixa de oficio, sen prexuízo de reabrilo ante novos datos ou criterios.

Posteriormente recibiuse informe relativo á queixa Q/1381/10. Esta resposta recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo

da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. A resposta municipal consiste nun informe do xefe da policía local enviado polo alcalde no que se indica o seguinte:

"*No seu escrito o Valedor do Pobo asegura que, o veciño refire graves consecuencias derivadas da celebración de botellóns na Eira de Flores, tales como asistencia de menores, alcoholismo, contaminación acústica, vandalismo contra o patrimonio público e privado, inseguridade, trapicheo e lixo. En definitiva unha xeneralización de consecuencias comúns e inherentes ao fenómeno do botellón en todo o territorio nacional.*

En relación co caso particular do botellón na Eira de Flores debo de apuntar que, no transcurso do ano recibiuse nesta sede policial unha única petición e demanda de actuación formulada por un veciño da Rúa Carabel número 7, con número de rexistro 487/10 e de data nove de agosto de 2010, dando resposta á mesma o día quince de agosto, é dicir, o fin de semana seguinte, acordando unha actuación conxunta co Posto da Garda Civil.

Este operativo foi iniciado á 01'00 horas do día 15, procedéndose á identificación de varias persoas, especialmente aquelas que por aparencia física puidesen ser menores de idade e tamén aquelas que fundadamente resultasen sospeitosas de portar sustancias estupefacientes, psicotrópicos, fármacos ou outras análogas, tanto para consumo propio ou para a súa venda. Destas inspeccións, identificacións e cacheos persoais obtívose como resultado positivo a aprehensión dunha pequena cantidade de hachis, ao observar no interior dun local situado na rúa Baixada a Flores, a dous homes maiores de idade consumindo e por ese feito foron denunciados ante a Subdelegación do Goberno por infracción á L.O. 1/1991, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.

A inspección de botellóns é un servizo propio e rutineiro das patrullas deste Corpo, con especial atención á presenza de menores de idade e identificación de participantes como acción preventiva ante actos de vandalismo, exceso de ruídos, etc.

Esta é unha actuación que se estende aos diferentes puntos de congregación de mozos tanto no centro urbano como na súa periferia.

En relación co vandalismo contra o patrimonio público e privado débese sinalar que as incidencias por danos NON SON RELEVANTES.

A imaxe que perdeu o cruceiro da Eira de Flores non foi produto dun acto de vandalismo, senón dun ROUBO coincidindo no tempo con outros atentados contra o patrimonio histórico habidos na comarca, especialmente en ermidas, capelas, cruceiros, petos de ánimas, etc.

A inseguridade cidadá en Flores valorada obxectivamente, e sobre todo desde un punto de vista cuantitativo é practicamente insignificante, especialmente nas primeiras horas da noite cando os locais de lecer están abertos e varios grupos de persoas, illados entre si se concentran na vía pública. Certamente a congregación de persoas pode derivar en actos non desexados como discusións en voz alta e pelexas previsibles pero inevitables mesmo coa presenza policial continuada.

O consumo de drogas na vía pública non é alarmante sendo máis significativo o que se produce dentro dalgúns locais. No caso particular dos espazos ocupados por botellón en Flores, dado que a maior parte das persoas reunidas non son consumidoras, o consumo de cocaína e hachis adoitase facer en recunchos apartados fóra de vista doutras persoas e, por suposto, non expóndose á sorte dunha intervención policial.

En relación co trapicheo, resulta evidente que unha aglomeración de xente non é o lugar adecuado para establecer un punto de venda de drogas, ao non ofrecer a reserva necesaria nin para o "camelo" nin para o consumidor, recorrendo como é práctica habitual na actualidade ao contacto telefónico e reunión nun lugar pactado. Desde a Xefatura deste Corpo en operativos coordinados desenvolvéronse tarefas de seguimento e vixilancia contra tráfico comerciante polo miúdo de estupefacientes, pero certamente en poucas ocasións se actuou na Eira de Flores, ao non cumprir criterio de

afluencia diaria de consumidores e punto de contacto con distribuidores, como desgraciadamente ocorre noutros lugares da vila.

En resumo poderíase dicir que no barrio de Flores, incluída a súa eira non debería de considerarse unha zona de especial conflito por condutas antisociais por comisión de infraccións penais cometidas contra as persoas , a saúde pública ou a orde socioeconómica. Todo iso expresado en valores relativos cotexados con outros puntos de conflito.

A referencia feita pola Institución VALEDOR DO POBO, aos artigos 18.1 e 18.2 da CE e unha posible conculcación de dereitos, no contexto da problemática do botellón na eira de Flores é inaceptable aínda como mera insinuación.

A referencia no texto artigos 43 e 45 (CE), suponse que se fai para advertir da necesidade de garantir a saúde dos veciños máis próximos ao lugar. Cabe apuntar que no escrito de queixa di textualmente:"As consecuencias deses botellóns celebrados a altas horas da noite...". En realidade a concentración de persoas na Eira de Flores iníciase sobre as 01'00 horas finalizando entre as 03'00 e as 03'30 horas, é dicir, a primeiras horas dos domingos, sendo excepcional vésperas de festivos, acentuándose durante o verán cando a concentración de persoas pode roldar entre 100 e 150 persoas.

O horario dos botellóns en Flores atende ao propio ritmo da "movida nocturna" no Carballiño os sábados pola noite (realmente domingo de madrugada), desprazándose o público desde os locais da "zona de abaixo" entre as 03'00 h e as 04'00 h ate a parte coñecida como "zona vermella" onde realmente se prolonga até altas horas da madrugada. De feito este Corpo tramitou case un centenar de denuncias por atraso no horario de peche correspondendo nunha boa porcentaxe a locais situados na referida zona vermella. Dos cinco locais existentes no barrio de Flores, ningún foi denunciado pola infracción a ese precepto, porque certamente cumpren puntualmente co horario de peche establecido.

Conscientes da problemática existente, programáranse operativos de vixilancia e control con máis frecuencia, todo iso dentro das posibilidades humanas e materiais coas que conta este Corpo policial, ademais proporanse actuacións conxuntas co Posto da Garda Civil."

Unha vez avaliado este último informe da policía local que remite o concello como resposta do propio ente local ás queixas referidas ao botellón, dedúcese que este confirma a existencia do citado fenómeno que resulta obxecto da queixa. Non se dá conta de que as actuacións realizadas se dirixan á preservación dos intereses que se citan, fundamentalmente a ausencia de molestias nas vivendas próximas, molestias que fan que se vexan prexudicados os dereitos constitucionais citados, incluído o art. 18. 1 e 2 CE, a pesar do expresión inadecuada do informe da policía local (*a referencia feita pola Institución Valedor do Pobo, aos artigos 18.1 e 18.2 da CE, e unha posible conculcación de dereitos, no contexto da problemática do botellón na eira de Flores é inaceptable aínda como mera insinuación*). Efectivamente, tal e como sinalamos a ese e a outros concellos (ao Carballiño recentemente, no anterior escrito que lle diriximos), resulta precisa unha intervención municipal eficaz para preservar os dereitos dos veciños afectados, en concreto o dereito fundamental á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18.1 e 2 CE), e outros dereitos de diferente natureza (arts. 43 e 45 CE). O prexuízo deses dereitos, inmisións ruidosas nos domicilios, resulta unha clara conculcación deses concretos dereitos, incluído o dereito (fundamental) á intimidade familiar e persoal no ámbito domiciliario, de acordo con reiterada xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH), Tribunal Constitucional (TC), Tribunal Supremo (TS) e outros órganos xurisdicionais.

O informe da policía local centra a súa atención na adecuada intervención para abordar algúns aspectos certamente graves do problema que tratamos, como os posibles delitos contra a saúde pública ou o consumo de alcohol ou outras sustancias prohibidas por menores. Porén, non entra na consideración do adecuado tratamento dun dos concretos obxectos da queixa, como son as graves prexuízos e molestias ocasionados pola evidente contaminación acústica que xera un fenómeno deste tipo. Ao respecto parece querer desmentir que se celebren a altas horas da madrugada ao indicar

que *iníciase sobre as 01'00 horas finalizando entre as 03'00 e as 03'30 horas*; loxicamente este é horario de descanso para a inmensa maioría dos cidadáns, sen prexuízo de que exista o que chama movida aínda máis tarde, que é o que sinala despois.

Todo o anterior fai que sexa preciso achegar ao concello as consideracións que xa lle trasladamos con motivo da queixa de oficio da que demos conta, aínda que agora en forma de recomendación para que se modifique o tratamento dado polo concello ao respecto dos evidentes prexuízos, molestias e aínda a conculcación de determinados dereitos constitucionais relativos a materia, como citamos.

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello do Carballiño non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello do Carballiño a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se adopten as medidas precisas para impedir a práctica do botellón nesa localidade cando produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, conforme o establecido no Decreto 320/2002, ou, de ser o caso, de acordo coas condicións dunha eventual ordenanza municipal propia, habilitada pola Lei do Ruído, de tal forma que non se prexudiquen os dereitos constitucionais dos afectados, como sucede.

Resposta do Concello do Carballiño: recomendación aceptada.

5.- Recomendación dirixida ao Concello de Santiago de Compostela o 11 de marzo de 2011 debido aos botellóns que teñen lugar no campus universitario de Santiago (Q/995/10).

Nesta institución iniciouse unha queixa de oficio debido á noticia aparecida no diario *El Correo Gallego* do 17.04.10 en relación cun suposto *botellón* no campus universitario de Santiago.

Na noticia indícase que se fixo un gran *botellón* de madrugada no campus compostelán e que a policía non puido desaloxar Enxeñaría Técnica porque o responsable autorizara a grande esmorga. A *macrofesta* durou ata as catro e os veciños do ensanche non pegaron ollo. A Escola de Enxeñaría Técnica da Universidade de Santiago de Compostela (USC) converteuse nesa madrugada nun auténtico *botellódromo*. Ese centro do Campus Sur viviu unha noite de esmorga que nin a policía puido parar, xa que cando acudiu ao lugar os alumnos mostraron aos axentes o *salvoconduto* para seguir coa festa ata pasadas as catro da madrugada. Contaban cun documento asinado polo propio director autorizando a *macrofesta*, que chegou a reunir máis de medio millar de universitarios. Segundo o diario, non é a primeira vez na que efectivos policiais se encontran nesta tesitura; acoden a un recinto, como unha facultade ou unha escola como esta de enxeñaría, que dirixe o profesor Lema, e os alumnos ensínanlles a autorización. Noutras ocasións a *postfesta* foi motivo dun cruzamento de chamadas entre Raxoi e a Universidade para protestar polos ruídos provocados. Non é de estrañar que volva producirse nos próximos días, segundo se sinala, pois ao peche da

edición non houbo ningunha explicación da USC pola autorización do *botellón* no Campus. A concentración de máis de medio millar de mozos que estiveron na Escola de Enxeñaría Técnica ata pasadas as catro da madrugada motivou que moitos compostelán, sobre todo veciños do ensanche, pasasen a noite en vela aguantando cánticos, balbordo e demais efectos colaterais. O Campus Sur é un dos lugares máis buscados polos mozos en noites deste tipo, e aínda que na zona non hai moitos veciños aos que molestar, os mozos seguen a festa por locais do ensanche e do casco histórico. Esta situación provocou que mesmo o correo electrónico do vicerreitor da USC se colapsase con centos de correos enviados polos propios estudantes das residencias do Campus Sur, ao non poder estudar nin conciliar o sono.

Ante iso solicitamos información á USC, que no seu momento respondeu o seguinte:

"En contestación ao seu escrito do 20 de abril de 2010, con rexistro de entrada na USC do 22 de abril, polo que solicita información relativa á queixa aberta de oficio debido á noticia aparecida no xornal "El Correo Gallego" do 17 de abril de 2010 en relación cun botellón no recinto universitario, (expediente C.6.Q199512010), práceme informarlle:

O escrito indica que se fixo un gran botellón de madrugada no campus compostelán e que a policía non puido desaloxar enxeñaría técnica porque o responsable autorizara a grande esmorga, e que a macrofesta durou ata as catro e os veciños do ensanche non pegaron ollo.

O Director da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) informa do seguinte:

O pasado 15 de abril de 2010 celebrouse o Dia da ETSE. Pola noite, como xa vén sendo habitual, os alumnos celebraron a Festa da Escola, para recadar fondos para o seu viaxe fin de "paso de ecuador". Este ano, como os anteriores, a festa

celebrouse na zona exterior da Escola, facilitándose o acceso ao garaxe e, de acordo cos concesionarios, á cafetería que proporciona ademais os servizos sanitarios.

O compromiso por parte dos alumnos foi o de minimizar as molestias e recoller todo o lixo xerado na festa. E este ano, como en todos os anos anteriores, os alumnos cumpriron perfectamente cos seus compromisos. Así, orientaron os altofalantes cara o edificio, minimizando o impacto sobre a urbanización máis próxima (que se atopa a unha distancia duns 300 m), e procederon a recoller completamente o lixo, e así consta no informe da Oficina de arquitectura e urbanismo da USC (na mañá do pasado día 16 de abril non se detectou ningún dano nas especies vexetais nin presenza de sucidade ou residuos maior da que pode ser habitual e normal dos arredores do edificio da escola).

O artigo no xornal El Correo Gallego, que é a base para a pregunta por parte do Valedor do Pobo, está cheo de desinformacións e agrupa, na mesma noticia, a Festa da ETSE coa concentración de xoves no entorno da Facultada de Química, sen que haxa relación algunha entre ambas. Indicar que a foto que publica o xornal non pertence á Escola nin ó seu entorno senón que, moi probablemente, corresponda as pistas de tenis, situadas a 1 km da ETSE.

Os impactos que indica o xornal, algúns deles absolutamente manipulados como se indicou no escrito que foi publicado no xornal como nota de rectificación, poden ser debidos a concentración de xoves no entorno da Facultada de Química, pero non teñen relación algunha coa festa da ETSE. Indicada, por exemplo, que tres profesores da USC que viven na urbanización máis próxima á Escola, na avenida de Barcelona, manifestaron non ter escoitado ruídos molestos durante esa noite

O informe do director achega, como información adicional, o escrito remitido pola Delegación de Alumnos da ETSE ao xornal El Correo Gallego e copias dos permisos para a celebración da festa

A información tanto escrita como gráfica publicada en "El Correo Gallego" con data do 17 de abril de 2010 é manifestamente inexacta tanto respecto dos feitos como da súa localización.

Debe indicarse tamén que, ademais dos permisos facilitados pola dirección da Escola, os alumnos puxéronse en contacto coa Vicerreitoría de Economía, Financiamento e Infraestruturas por correo electrónico que foi respondida polo mesmo medio coa información necesaria para a tramitación dos permisos relativos ao terreo alleo á escola.

Non consta na USC nin comunicacións da policía sobre a imposibilidade de actuar no Campus, nin cruzamento de chamadas con Raxoi para protestar dos ruídos provocados, nin colapso do correo electrónico do vicerreitor con centos de correos por non poder estudar nin conciliar o sono os estudantes dos colexios maiores, con ocasión da celebración da festa da ETSE o día 15 de abril.

Si se teñen realizado xestións desde a USC cos responsables do Concello de Santiago de Compostela, a quen corresponde a competencia na materia, con ocasión da deslocalización dos botellóns masivos desde a Alameda á praza dos Colexios Maiores, que nada teñen que ver coa festa da ETSE sen que ata o momento se chegase a unha solución."

A información achegada confirma que na Escola Técnica Superior de Enxeñería (ETSE) se celebrou o que se denomina "o día da Escola", que ten lugar unha vez ao ano, e que nesta ocasión foi no exterior, con altofalantes, e aproveitando parte das instalacións do centro para apoio da celebración. O uso do garaxe e da cafetería do centro foi autorizado pola dirección do centro, segundo consta. Tal e como aclaran os propios organizadores e confirman a dirección do centro e o reitorado, celebrouse un "concerto" e utilizouse a vía pública; non obstante, non se aclara que se contara coa correspondente autorización municipal para tal fin, o que resultaría preciso de acordo coa normativa vixente en relación coa celebración de espectáculos públicos. Ao respecto consta na documentación achegada que o reitorado advertiu aos organizadores

que “deberán solicitar a preceptiva autorización expedida polo Concello de Santiago de Compostela para a celebración da devandita actividade. De non contar coa esta, a autorización da USC quedará sen efecto”. O indicado parece adecuado, posto que en último termo, á marxe do que resulte dos concretos permisos para a utilización de determinados bens patrimoniais da USC, como o garaxe ou a cafetería da ETSE, como apoio da festa exterior, o certo é que a competencia para a autorización dos espectáculos corresponde ao concello, así como o mantemento das condicións establecidas, de ser o caso, sobre todo en relación coa situación concreta, seguridade (vixilancia, aforo, acceso, evacuación, ...), limpeza, contaminación acústica e outros aspectos de competencia estritamente municipal. Por tanto, dedúcese que as supostas autorizacións da ETSE e da USC non poderían ter ido máis alá do que é o uso das instalacións estritamente universitarias, sen que poidan entenderse como un permiso formal para a celebración dun espectáculo na vía pública, como ben sinala a notificación citada da USC. Do anterior dedúcese que, ante calquera ausencia ou incumprimento respecto do aludido permiso municipal, o concello (a policía local, que a noticia indica que acudiu) podería ter intervido en uso das súas facultades. O informe despois achegado polo propio concello parece confirmar a ausencia da autorización municipal ao indicar que as únicas autorizacións (en realidade permisos de uso de determinadas instalacións como apoio) achegadas foron as do director e da subdirectora da ETSE.

Outro aspecto destacable da resposta da USC é o referente á posibilidade de que os sucesos referidos na noticia se mesturaran con outros de diferente tipo para chegar a facer a valoración negativa que se contén na noticia, sobre todo no relativo á contaminación acústica. Efectivamente, parte das molestias ás que se refería a prensa posiblemente tiveran a súa orixe no *botellón* que periodicamente se celebra no campus, con respecto ao cal a USC manifesta o seu rexeitamento. O informe do reitor sinala que *se teñen realizado xestións desde a USC cos responsables do Concello de Santiago, a quen corresponde a competencia na materia, con ocasión da deslocalización dos botellóns masivos desde a Alameda á praza dos Colexios Maiores, que nada teñen que ver coa festa da ETSE sen que ata o momento se chegase a unha solución*. De confirmarse o indicado estaríase incumprindo a normativa municipal en relación coa materia, circunstancia con respecto á que a USC indica claramente que realizou xestións

co concello, *a quen corresponde a competencia na materia*, co fin de abordar o problema dos *botellóns masivos* no campus. Polo indicado requirimos información ao Concello de Santiago, que respondeu da seguinte forma:

"En contestación ao seu escrito do día 14 de xullo de 2010, no que se solicita aclaración sobre determinados extremos relativos á celebración dunha festa no Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela;

Poño en coñecemento de V.E., que segundo informe da Xefatura da Policía Local e tras inspeccionar os arquivos que constan para os efectos, nestes consta o seguinte:

1º Que na madrugada do 15 ao 16 de abril de 2010, celebrouse unha festa no recinto da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, sito na Rúa Lope de Marzoa, desta Cidade. A que di ser responsable da organización, Dna. N. G. G. , con D.N.I. n° ..., veciña da Coruña, con domicilio en C/ ..., mostra a membros da Policía Local dúas autorizacións, unha do director e outra da subdirectora da mencionada Escola na que consta que tanto ao comezo como ao fin da mesma deben estar presentes os vixiantes do Campus. 2° Desde as 22:00 horas do día 15 até as 08:00 horas do día 16 de abril dos correntes, non se realizou á Central de Comunicacións da Policía Local, chamada ningunha relativa a molestias derivadas do mencionado evento. 3° Non consta, así mesmo, que na mencionada madrugada detectouse a presenza masiva de mozos na Praza dos Colexios Maiores. 4° De acordo co establecido no art. 1.1 da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, "A Seguridade Pública é competencia exclusiva do estado. O seu mantemento corresponde ao Goberno da nación", recollendo no punto 3 do mesmo artigo que "as corporacións locais participarán no mantemento da Seguridade Pública nos termos establecidos na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e no marco desta Lei".

Como adiantamos, non se aclara se a dita "celebración" contara coa correspondente autorización municipal, pero sobre todo non se aclara o indicado pola USC, que subliñaba o carácter negativo do *botellón* que periodicamente se celebra no

campus, con respecto ao cal o informe do reitor sinalaba que debera evitarse (á marxe de que nese concreto día non se dera o que o concello chama *presenza masiva de mozas na Praza dos Colexios Maiores,* o que en parte pode explicarse pola outra celebración que tratamos). Como indicamos, de confirmarse o botellón periódico estaríase incumprindo a normativa municipal en relación coa materia, circunstancia con respecto á que a Universidade indica claramente que realizou xestións co concello, a quen correspondería a competencia na materia (ruídos na vía pública), co fin de abordar o problema. Porén, na resposta municipal non se menciona nada respecto dese botellón periódico; como subliñamos, á marxe das consecuencias da festa citada, o que molestaría periodicamente sería ese botellón que acostuma celebrarse no campus, con respecto ao cal a USC pediu a intervención do concello.

Á vista do indicado de novo nos diriximos ao concello, que nesta ocasión respondeu o seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 8 de setembro de 2010, no que se interesa información sobre determinados extremos relativos á celebración de "botellóns" periódicos na zona do campus; visto o informe emitido para o efecto polo Inspector Principal Xefe da Policía Local, infórmao do seguinte:

1° Que o espazo ao que se alude no seu escrito non é de titularidade municipal. 2° No seu momento, o Concello de Santiago procedeu a pechar, a determinadas horas, o perímetro da zona oeste do parque da Alameda, para mellorar a protección do parque infantil, mobiliario urbano e riqueza botánica da zona. 3° Na documentación remitida non se especifica que tipo de xestións se teñen realizado por parte da USC, e con que responsables en concreto. En todo caso, segundo se expón no punto seguinte, representantes da USC participaron no "Foro polo civismo", espazo idóneo para expor os posicionamentos ante este fenómeno e achegar ideas. 4° Dado que as consecuencias dalgunha das actuais alternativas de lecer da nosa mocidade, transcenden as competencias desta Administración Local, carecendo de sentido tratar o botellón como un mero foco de ruído, con data 21/04/2008 constitúese o "Foro polo Civismo de Santiago de Compostela". Este órgano, creado a instancias do Goberno

Municipal, nace para articular alternativas e solucións a problemas como "o botellón", a convivencia da movida nocturna co descanso, os hábitos de consumo dos mozos, e as posibles carencias na educación cívica ou a necesidade de concienciación de parte da mocidade nas prácticas ambientais saudables, entre outros. O "Foro polo Civismo", quedou integrado por representantes do Goberno Municipal, dos grupos políticos da Corporación; da Universidade de Santiago; do Corpo Nacional de Policía, Policía Local, Unidade Adscrita á Comunidade Autonómica e da Garda Civil; de Protección Civil; da Cruz Vermella; servizo do 061, das Consellerías de Educación, Sanidade, Industria e da Dirección Xeral de Xuventude dependente de Vicepresidencia; dos Centros de Ensino Público, Concertada e Privada; das APAS; de alumnos da USC; de alumnos de centros de secundaria (públicos e privados); das asociacións de veciños, das asociacións de restauración, hospedaxe e lecer nocturno; da Cámara de Comercio; do Consello da Xuventude; da Asociación da Prensa; das asociacións xuvenís e dos sindicatos, e cuxos grupos de traballo chegaron a conclusións que implican actuacións multidisciplinares na materia. 5° O Concello de Santiago en ningún caso autoriza, ampara ou colabora na celebración do "botellón". Simplemente, de acordo cos medios dos que dispón, trata de evitar, na medida das súas posibilidades, a súa celebración nos lugares que poidan afectar de forma máis manifesta ao patrimonio histórico e á calidade de vida dos veciños, carecendo este concello das competencias en materia de seguridade pública e dos medios necesarios e suficientes para asegurar un control total. 6° A dimensión do mencionado fenómeno fai necesario reincidir en que, de acordo co establecido no art. 1.1 da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade "A Seguridade Pública é competencia exclusiva do estado. O seu mantemento corresponde ao Goberno da nación", recollendo no punto 3 do mesmo artigo que "as corporacións locais participarán no mantemento da Seguridade Pública nos termos establecidos na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e no marco desta Lei". Reitérase, así mesmo, que a celebración habitual prodúcese nun espazo público."

A resposta do concello sinala, entre outras cousas, que *o espazo ao que se alude no seu escrito* (as inmediacións dos colexios maiores) *non é de titularidade municipal*, e que *non se especifica que tipo de xestións se teñen realizado por parte da*

USC, e con que responsables en concreto. Á vista do indicado polo ente local de novo nos diriximos á USC, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

"En contestación ao seu escrito do 27 de decembro de 2010, con rexistro de entrada na USC do día 30 de decembro, polo que solicita aclaracións sobre determinada información relativa á queixa aberta de oficio debido á noticia aparecida no xornal "El Correo Gallego" do 17 de abril de 2010 en relación cun botellón, (expediente C.6.Q/995/2010), práceme informalo:

1. Sobre as xestións realizadas desde a USC cos responsables do Concello de Santiago de Compostela cómpre indicar que, na recompilación de información para dar resposta á solicitude do Valedor do Pobo e que conduciu ao informe de 4 de maio de 2010, púxose de manifesto, por membros do anterior equipo de goberno da USC, de que se tiñan mantido reiteradas conversas con responsables municipais do Concello sobre a xestión do Campus Vida, anteriormente denominado Campus Sur, e máis en concreto cos problemas derivados da realización de botellóns no Campus Universitario como consecuencia da súa deslocalización desde a Alameda, logo de actuacións do propio Concello. Lamentamos non poder facilitar e ampliar máis datos ao respecto. 2. Por outra banda, é necesario destacar que de acordo cos sucesivos convenios de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a USC referentes ao Campus Universitario, o último do 30 de novembro de 2005, a titularidade das vías públicas e das beirarrúas do Campus corresponde ao Concello de Santiago, e polo tanto de dominio e uso público local, así como tamén, de xeito progresivo, as zonas verdes incluídas no anexo II que pasan a titularidade do Concello entre o ano 2005 e 2010. 3. Como consecuencia do anterior, o Concello de Santiago de Compostela farase cargo do mantemento e limpeza de calzadas e beirarrúas do recinto interior do campus universitario e velará polo seu bo estado de uso e conservación, tamén asumirá a dotación de papeleiras e inclusive nas zonas non asumidas, e correspóndelle a ordenación do tráfico e os aparcamentos así como o consumo eléctrico e a conservación da rede de iluminación das vías públicas e zonas verdes e titularidade municipal, a vixilancia é compartida entre o Concello e a USC, etc. 4. A USC entende que corresponde ó Concello de Santiago de Compostela a ordenación dos usos públicos

do Campus Vida e non pode adoptar medidas de orde público, que inciden directamente en competencias que como universidade e administración pública non lle corresponden, nin pode, en ningún caso asumir."

Así pois, pode concluírse que a USC só autorizou a *celebración* obxecto orixinal da queixa de oficio no relativo ao seu ámbito propio, en concreto á utilización de certos espazos como apoio da denominada *festa*, e advertiu aos organizadores que deberían solicitar a preceptiva autorización expedida polo Concello de Santiago de Compostela para a súa celebración, o que descoñecemos se finalmente se fixo e, de ser o caso, se deu. *De non contar coa mesma, a autorización da USC quedará sen efecto*, sinalou a USC.

A autorización municipal referida ten por obxecto a avaliación da posible celebración e de ser o caso o establecemento de condicións en relación coa situación concreta, seguridade (vixilancia, aforo, acceso, evacuación, ...), limpeza, contaminación acústica e outros aspectos de competencia estritamente municipal. Ante a súa ausencia ou ante calquera incumprimento respecto das condicións do permiso municipal debera ser o propio concello quen interveña en uso das súas facultades, do que non se ten noticia de que sucedera. O suposto permiso da ETSE, limitado ao que indicamos, en realidade non debera ser impedimento para o adecuado cumprimento da responsabilidades municipais.

A raíz do anterior coñecemos que a noticia posiblemente se refería tamén a un fenómeno que ao parecer se dá con carácter periódico no campus, tal e como subliña a USC: o *botellón* que se celebra no Campus Sur e que o concello non impide, segundo se indica. Ao respecto o reitor sinalou que *se realizaron xestións desde a USC cos responsables do Concello de Santiago, a quen corresponde a competencia na materia, con ocasión da deslocalización dos botellóns masivos desde a Alameda á praza dos Colexios Maiores... sen que ata o momento se chegase a unha solución*. Sobre este asunto requirimos informe ao concello, indicándolle que de confirmarse o apuntado pola USC se estaría a incumprir a normativa municipal en relación coa materia. O concello respondeu en primeiro termo sen aclarar as medidas aplicadas para impedir ese

botellón denunciado pola USC, e, despois de pedir aclaración, que non coñecía as concretas xestións realizadas pola USC neste sentido e que ademais non era un asunto da súa responsabilidade, tanto polo espazo como pola materia. Non obstante, a USC aclara, respecto do espazo, que con base nos convenios que se citan *corresponde ao Concello a ordenación dos usos públicos do Campus Vida,* e que ademais *non pode* (a USC) *adoptar medidas de orde pública, que inciden directamente en competencias que como universidade e administración pública non lle corresponden, nin pode, en ningún caso asumir*.

Efectivamente, a competencia no asunto que tratamos é municipal, en especial tendo en conta que o referido pola USC son prexuízos e molestias ocasionados pola contaminación acústica e outros tipo de contaminacións (por exemplo, a sucidade), como consecuencia da permisividade municipal co botellón que ten lugar no Campus Sur. De todo o anterior parece deducirse unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento". Pola súa banda, no art. 25 da LRBRL establécese que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". Ademais, a ordenanza municipal de convivencia, residuos e limpeza de Santiago de Compostela (BOP do 17 de febreiro de 2007; modificación no BOP do 17 de decembro de 2008) sinala a necesaria intervención municipal ante fenómenos deste tipo, como veremos.

Unha vez definido o aspecto competencial ou formal, respecto do fondo do asunto, é dicir, o tratamento do *botellón,* é de sinalar que, tal e como sinalamos en ocasións anteriores en Informes Anuais ao Parlamento de Galicia ou noutras queixas, este pode conculcar dereitos fundamentais (artigo 18.1 e 2 CE) ou dereitos constitucionais doutra natureza (artigos 43 e 45 CE), razón pola que as administracións

responsables deben resultar especialmente dilixentes á hora de abordar este tipo de problemas.

A Lei do ruído (LR), o Decreto 320/2002, de ordenanzas-tipo sobre protección contra a contaminación acústica, e moitas ordenanzas, establecen a regulación positiva e as habilitacións suficientes para abordalo. A LR habilita aos concellos para que a través das súas ordenanzas aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación acústica ocasionada polos usuarios da vía pública (*as ordenanzas locais poderán tipificar infraccións en relación con: a) o ruído procedente de usuarios da vía pública en determinadas circunstancias*; artigo 28.5), cousa que xa fixo Santiago. O art. 67 da ordenanza municipal de convivencia, residuos e limpeza (consumo de bebidas na vía pública) sinala que:

"1. Queda prohibido o consumo de bebidas na vía pública cando poida alterar gravemente a convivencia cidadá. Para estes efectos, prodúcese alteración cando concorran as circunstancias seguintes:

Cando pola morfoloxía ou a natureza do lugar público, o consumo poida facerse de forma masiva por grupos de cidadáns/ás ou invite á aglomeración destes.

Cando como consecuencia da acción do consumo se poida deteriorar a tranquilidade do contorno ou provocar nel situacións de insalubridade.

A prohibición á que se refire este apartado quedará sen efecto nos supostos en que o consumo de bebidas teña lugar en establecementos e outros espazos reservados expresamente para esa finalidade, como terrazas e veladores, e cando dito consumo conte coa oportuna autorización que as autoridades competentes poden outorgar en casos puntuais.

2.- Prohíbese nas vías e zonas públicas, a distribución e subministro de bebidas, incluso desde vehículos automóbiles, caravanas, carros, barracas ou

similares, se realicen a título oneroso ou gratuíto excepto os supostos expresamente autorizados polo Concello.

3.- Igualmente prohíbese a distribución e venda de bebidas alcohólicas, independentemente do seu grao alcohólico, destinadas ao consumo fóra do propio establecemento de venda, entre as 22.00 horas e as 08.00 horas do día seguinte, agás nos supostos de veladores e terrazas de establecementos dedicados á restauración ou hostalería, así como en festas, feiras, romarías e festexos populares previa autorización expresa do Concello.

Nos supostos referidos nos parágrafos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelarmente as bebidas, os envases e os demais elementos obxecto das prohibicións, así como os materiais ou os medios empregados. As bebidas alcohólicas e alimentos inservibles poderán ser destruídos inmediatamente por razóns hixiénico sanitarias.

Ademais dos supostos nos que así se prevea expresamente nesta Ordenanza, os axentes da autoridade poderán, en todo caso, comisar os utensilios e xéneros obxecto de infraccións ou que serviron, directa ou indirectamente, para a comisión da mesma, así como o diñeiro, os froitos e os produtos obtidos coa actividade infractora, os cales quedarán baixo custodia municipal mentres sexa necesario para a tramitación do expediente sancionador ou, a falta deste, mentres perduren as circunstancias que provocaron o comiso.

De tratarse de bens funxibles, destruiranse ou se lles dará o destino adecuado.

Os obxectos comisados depositaranse a disposición do órgano sancionador competente para a resolución do expediente. Unha vez ditada resolución firme e transcorridos dous meses sen que o titular recuperase o obxecto, procederase a súa destrución ou entregarase gratuitamente a entidades sen ánimo de lucro con fines sociais.

Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais, titores ou titoras, gardadores ou gardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsábeis directos e solidarios das infraccións cometidas por estes, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou neglixencia, incluída a simple inobservancia.

As bebidas vendidas nun establecemento hostaleiro deberán ser consumidas no interior deste, agás nos supostos previstos no parágrafo primeiro deste artigo."

Pola súa parte, o Decreto 320/2002 establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *será sancionado conforme o establecido neste regulamento* (artigo 26.5). Esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais, ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles.

Como vemos, a ordenanza municipal de Santiago prohibe o comportamento que tratamos. Non obstante, aínda para o caso de non facelo, como sucede noutros concellos, o certo é que non resultaría adecuado alegar permisividade normativa, posto que sería de aplicación directa a ordenanza-tipo, que impide a celebración prexudicial dos botellóns.

A todo iso hai que engadir a necesidade de dar aplicación directa aos dereitos fundamentais afectados, como o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario, así como a numerosa xurisprudencia que obriga a corrixir os graves prexuízos deste fenómeno, por exemplo, a sentenza do 29 de outubro de 2001, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (sede de Sevilla), que obriga a un concello a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos.

Nos Informes Anuais resaltamos que algúns concellos de Galicia abordaran este problema nas súas ordenanzas, como é o caso de Santiago, co que se dá

efectividade a unha conclusión expresada por esta institución hai xa tempo, como é que deben evitarse as graves consecuencias que os *botellóns* teñen para os afectados. Non obstante, esa efectividade debe vir referida a todo o termo municipal e respecto de todos os potenciais prexudicados que residen na cidade.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o concello non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Santiago de Compostela a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se adopten as medidas precisas para impedir a práctica do denominado botellón no campus sur da USC, prohibido pola correspondente ordenanza municipal, de tal forma que non se prexudiquen os dereitos dos afectados.

Resposta do Concello de Santiago de Compostela: recomendación aceptada.

6.- Recomendación dirixida ao Concello de Marín o 14 de marzo de 2011 debido a ruídos transmitidos por unha actividade. (Q/1987/10)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª S. R. V. debido a ruídos transmitidos por unha actividade.

No seu escrito indícanos que o 18/10/10 recibiu escrito concedendo licenza de apertura e funcionamento para actividade de centro de lecer infantil no local nº 8 da rúa José del Río, local situado debaixo da súa vivenda. O devandito local conta cun

informe de ruídos e vibracións feito por unha empresa homologada, o que solicitou nesa mesma data, pero do que aínda non ten noticias, segundo indica. O informe tivo que ser solicitado tras varios escritos ao concello reiterando a necesidade dese certificado, xa que o ente local dicía descoñecer a normativa que o esixía. Ese mesmo día solicitou a inspección necesaria para acreditar o illamento acústico mínimo, de 55 decibelios, e reclamando que se tivera en conta os valores limite en horario diúrno son 35 decibelios. Porén, ao parecer dixéronlle que non teñen sonómetro para realizar a medición. A Lei 7/1997 di que corresponde aos concellos exercer o control do seu cumprimento. O 22/10/10, ás 20:00 h, o axente 350/PM23 recibe unha chamada que solicita facer unha medición, xa que no baixo da vivenda están realizando actividades molestas que poderían superar os límites de ruído. O axente informou de que non dispón de sonómetro. Á vista do anterior reclama que o concello faga as medicións precisas cando se denuncien ruídos que poidan supoñer infraccións, como neste caso, e se non ten medios propios, entón debera adquirilos para cumprir coas súas obrigas, ou facelo por calquera outro medio.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que no seu momento sinalou o seguinte:

"Con data 14.10.10, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, concedeuse licenza de apertura e funcionamento de centro de ocio infantil a nome de A.C.S., no local sito na rúa ……., núm…….8, licenza tramitada como unha actividade recreativa sometida ao Regulamento de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas. No expediente consta o informe favorable da Arquitecta Municipal, de data 13.10.10, sobre o certificado de ruídos e vibracións favorable emitido por empresa homologada na medición de ruídos. Tamén consta o informe do Servizo da Policía Local do Concello, referido á visita de inspección feita ao local na tarde do sábado, 30.10.10, indicando no apartado segundo do informe que a actividade non xera ruídos que obxectivamente poidan molestar aos veciños.

Respecto da petición de fotocopia do informe acústico, esta foi presentada no rexistro de entrada do concello o 18.10.10 e foron entregadas o 2.11.10 (martes) nas

oficinas de Secretaría Xeral do Concello á persoa enviada pola peticionaria, despois de serlle comunicado, na semana anterior a esa data, que podía retirar a citada copia.

Por último achégaselle copia dos seguintes documentos acreditativos do sinalado nos puntos anteriores: Acordo da Xunta de Goberno Local de 14.10.10, de concesión da licenza de funcionamento, na que constan os recursos procedentes contra este. Informe favorable da Arquitecta Municipal, de data 13.10.10. Informe do Servizo de Policía Local do Concello de 30.10.10. Documento no que a Sra. R, V, solicita copia do informe acústico (R.E. no 8804 de 18.10.10) no que, na súa parte inferior dereita consta a recepción da copia solicitada, asinada tal recepción o 2.11.10."

Ante iso solicitamos información complementaria ao concello, que informou do seguinte:

"1° informe:

"Informe Xurídico. Expte.: 34/05 - RECR

Recibido escrito do Valedor do Pobo interesando a remisión de informe relativo á queixa promovida por S. R. V., debida ás molestias ocasionadas por un Centro de Ocio Infantil.

Respecto do primeiro apartado, referido a que o ente local concedeu licenza de apertura e funcionamento parecendo que o fai mediante a aplicación do Regulamento de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas e sen ter en conta o RAMINP, convén informalo de que o expediente de solicitude presentado por A. C. S. de licenza de obras e instalación e apertura de parque infantil sito na rúa Alcalde José del Río, núm. 8, foi incoado de acordo co disposto no artigo 37.1 do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas e o artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (Achégaselle fotocopia da Resolución da Alcaldía de incoación do expediente).

O trámite do expediente, como actividade recreativa e como actividade clasificada, deu lugar a que pola Xunta de Goberno Local de data 25.05.2006 se concedera licenza de obras e instalación para o acondicionamento de local referido coa finalidade de exercer nel a actividade de centro de ocio infantil, actividade cualificada como MOLESTA SCD pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Achégase copia da Resolución da Consellería de Medio Ambiente de data 14.11.05 de cualificación da actividade).

Respecto do segundo apartado, este atópase pendente de ser informado pola Oficina Técnica Municipal, en canto ao control do cumprimento da Lei de protección contra a contaminación acústica."

2° informe:

"*En contestación ao seu escrito de 27 .10.10 e como complemento á contestación deste concello remitida con data 9.12.10, n° de rexistro de saída 6058, pola presente achégaselle copia do informe realizado pola Arquitecta* Municipal*, de data 7.12.10."*

Á vista desa información de novo nos diriximos ao concello para reclamar aclaración a algúns aspectos, fundamentalmente respecto do cumprimento da obriga municipal de realizar as comprobacións precisas ás actividades clasificadas. A resposta municipal final foi a seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 10.01.11, rexistrado no concello o 12.01.11 co no 312, comunícaselle que a Xefatura do Servizo de Urbanismo, informante dos expedientes de licenza de actividade e de disciplina, comunicou a esta Alcaldía a dificultade para levar a cabo as actuacións de inspección de control sonoro necesarias nos expedientes de actividades que causan molestias debido ás deficientes condicións sonoras, xa que no citado Servizo de Urbanismo non dispoñen de medios técnicos necesarios nin teñen unha cualificación específica na materia que lles poida permitir, no caso de dispoñer dos medios, a aplicación axeitada dos mesmos. Do antedito dedúcese a imposibilidade de efectuar, polos propios medios do Concello, a medición

sonométrica dos locais denunciados polos veciños a causa das molestias que lles provoca o ruído procedente da actividade exercida nos mesmos.

En consecuencia, e como queira que o artigo 9 da Lei 7/1997, de 11 de agosto, contra a contaminación acústica de Galicia recolle unha excepción á competencia dos Concellos nos labores de inspección e control do cumprimento da citada lei, ao sinalar "Non obstante, cando a Administración Local se considere imposibilitada para o exercicio da competencia de inspección, esta poderá solicitarlle o auxilio en tal función á Administración autonómica, ou ás empresas habilitadas ao respecto pola Xunta de Galicia, de acordo co estipulado no artigo 25 desta Lei."; por parte do Concello solicitouse á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, a colaboración para o exercicio da función de comprobación sonométrica das actividades denunciadas (escritos enviados á citada administración nas datas 26.05.10, 4.08.10 e 15.12.10). Ata a data non se tivo resposta.

Non obstante, con esta mesma data, requírese á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia para que teña a ben prestar a colaboración para a medición sonométrica do local do centro de ocio infantil, en particular."

Da información municipal achegada dedúcese que o expediente que autoriza a actividade se deu tamén de acordo co previsto no RAMINP, circunstancia necesaria e que non se aclarara nunha primeira instancia. Polo tanto, quedan aclaradas as cuestións que teñen que ver co aspecto formal da queixa, isto é, coa necesaria licenza do establecemento.

Non obstante, tal e como se lle indicou ao concello en ocasións anteriores, co achegado non pode entenderse aclarada a cuestión principal obxecto da queixa. Efectivamente, a queixa refírese á falta de comprobación dos episodios de ruído por parte do concello. Ao respecto indicamos que de non corrixirse tal cousa se estaría dando unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos

concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento".

Agora o concello insiste en que non dispón de medios para dar efectividade a esta función municipal e que por esa razón dende hai tempo demanda a colaboración da administración autonómica. Porén, a suposta falta de medios non pode servir de xustificación para non dar cumprimento indefinidamente a unha función municipal, sobre todo tendo en conta que esta (o tratamento administrativo das actividades clasificadas e da contaminación acústica) se atribúe aos concellos dende hai moitísimo tempo. Por iso, en caso de contar con medios escasos ou limitados para abordar a función, o concello debe habilitalos de forma urxente ou polo menos nun prazo prudencial, o que non parece que se comezara a facer. Unicamente se pide colaboración, que loxicamente sería temporal, e que ao tempo debera dar lugar á posta en marcha da solución definitiva ás carencias que deron lugar a solicitude de colaboración. En ningún caso pode considerarse adecuada a non realización das comprobacións, que teñen carácter preceptivo.

Ademais, as medicións habería que facelas no preciso momento en que se están dando as molestias, isto é, no momento en que os afectados denuncian que están sufrindo as molestias, e non esperando a outro día para facer unha medición noutras circunstancias; e deben facerse cantas sexan necesarias, de acordo co previsto no citado artigo 9 da Lei 7/1997, que sinala que "correspóndelles aos concellos... realizar cantas inspeccións se requiran..." .

O concello debera ter actuado para revisar e, de ser o caso, corrixir o exercicio da actividade do establecemento. As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, instrumento de control preventivo a través do cal se protexe o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co

outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Loxicamente, nesta orde enmárcanse as obrigas de comprobacións das posibles inmisións acústicas.

De todo o anterior parece deducirse unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

A afectada está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á integridade física (art. 15), á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o concello non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece ter efectividade no tratamento desta problemática, á vista do insuficiente das actuacións municipais, e fundamentalmente pola abstención na

adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar a cuestión.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Marín a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se realicen cantas medicións de ruído demande a afectada pola actividade obxecto da queixa, que estas se dean no preciso momento en que se demanden (por teléfono), e que se inicien os expedientes necesarios para corrixir as irregularidades que se poñan de relevo como consecuencia desas comprobacións.

Resposta do Concello de Marín: recomendación aceptada.

7.- Recomendación dirixida ao Concello de Monforte de Lemos o 16 de marzo de 2011 debido aos prexuízos e molestias ocasionados nunha zona de Monforte. (Q/579/10)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. D.V.R. relativo aos prexuízos e molestias ocasionados nunha zona de Monforte.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 4 de decembro de 2009 cursou denuncia ao Concello de Monforte de Lemos polo manifesto incumprimento das ordenanzas municipais referentes ao descanso nocturno das 23 ata as 8 horas, e polo nivel de ruídos na vía pública na rúa …desa localidade. Cada fin de semana é escenario de consumo de alcohol, falcatruadas e actos vandálicos ata pasadas as 7 da mañá, quedando toda a rúa convertida en urinario público e con abundantes restos de botellas e vasos rotos. Todo iso ante a pasividade das autoridades. Por iso, incúmprense tamén a ordenanza de saneamento e limpeza da vía pública, ademais de alterarse a orde pública. Ten constancia da recepción da denuncia o 11 de decembro de 2009, pero ata agora non

se deu resposta ningunha nin ten coñecemento da adopción de medidas. O 2 de febreiro de 2010 presentou un novo escrito á Concellería de Réxime Interior do Concello de Monforte de Lemos no que se require a exposición das actuacións seguidas. O 8 de febreiro de 2010 consta a recepción deste escrito, novamente sen resposta nin constancia da adopción de medidas para a erradicación dos feitos denunciados. Considera que é un manifesto incumprimento da lexislación vixente e o reiterado comportamento molesto das actividades denunciadas. A pesar das denuncias o concello non actúa para aplicar a normativa, fundamentalmente a Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e o Decreto 320/2002, evitando o consumo de alcohol na rúa, tanto o vinculado á actividade dos locais (art. 12 do citado decreto) como o que non se atope vinculado a este (art. 26.5), e o funcionamento irregular dos locais (ruídos, horarios ...).

Ante iso requirimos informe ao concello, que no seu momento sinalou o seguinte:

"En relación ao seu escrito recibido neste Concello con data 18 de marzo, entrada número 2701, relativo a queixa presentada por D. D.V.R. polo manifesto incumprimento das ordenanzas municipais, comunícolle a V.I. que con data 1 de marzo do 2010, remitíuselle ao representante escrito comunicándolle os trámites levados a cabo dende o mes de novembro do 2009 en relación aos horarios de peche dos establecementos da rúa …… (achégase copia do mesmo), igualmente comunícaselle que a Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten aberto expedientes sancionadores dende o citado mes de novembro aos establecementos que incumpren o horario de peche."

Así pois, no referente aos horarios, o concello realizou comprobacións de algúns incumprimentos e ao parecer a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza iniciou expedientes sancionadores. Non obstante, non se concretaban as denuncias formuladas, o que permitiría coñecer os locais denunciados, as veces que se denunciaron, e as causas. Polo que se refire ao ruído, consumo de alcohol na rúa, sucidade e actos vandálicos ata altas horas da madrugada, que tamén eran obxecto da

denuncia e da queixa, o concello non sinalou nada en relación coa suposta pasividade neste aspecto, en especial polo consumo de alcohol na rúa, tanto o vinculado a actividade dos locais como o non vinculado (*botellón)*, prohibidos ambos polo Decreto 320/2002 (arts. 12.1 y 26.5). Ante iso requirimos información complementaria do concello, que respondeu da seguinte forma:

"En relación ao escrito recibido neste Concello con data 23 de abril do 2010 (expediente C.6.Q/579/2010) entrada número 3851 relativo ao expediente promovido por D. D.V.R. debido ás molestias ocasionados por ruídos na rúa ……., este Concello informa V.E. o seguinte: - Dende o mes de novembro do 2009 este Concello a través da Policía Local está levantando actas de infracción en materia de horario aos establecementos situados na rúa Duquesa de Alba que a continuación se detallan: ……. - Igualmente dende novembro do 2009 remítense as actas citadas á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que a súa vez procede ao inicio de expediente sancionador ao establecemento referenciado na acta segundo establece a LO 1/92 modificada pola LO 4/97."

Nesta ocasión apreciamos que so se mencionaba o nome dos locais, pero non se indicaban referente aos horarios non aclaran as veces que se denunciaron e as causas (hora de incumprimento). Resultaba especialmente necesario coñecer cantas veces se deron as denuncias, as súas fechas e as referencias dos expedientes sancionadores comunicados ao concello e dos que este so da conta xenérica (*están abertos desde novembro de 2009*). A razón de esa petición era poder identificar cada suposta infracción para que o interesado poida presentarse nos expedientes sancionadores que tramita a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e coñecer as actuacións desta para corrixir adecuadamente aos infractores. Polo que se refire aos outros aspectos da queixa, fundamentalmente o ruído na rúa, a sucidade e o vandalismo, segue sen sinalarse nada, a pesar do noso requirimento ao respecto.

Entre tanto o interesado dirixiuse novamente a esta institución para indicar que de novo nesas datas lle resultou imposible conciliar o sono e efectuou chamadas á policía local a altas horas da madrugada, segundo consta nun atestado da policía nacional de 24 de maio de 2010. Nel sinálase, entre outra circunstancias, que o reclamante chamou o 22-05-10 á policía local as 4.30 h, aproximadamente, para denunciar o ruído que proviña dun local, e volveu a chamar aos 20 minutos, pero o policía indicoulle que mentía, facendo alusión ao exceso de ruído na rúa.

Ante iso requirimos nova información do concello, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

"Con data 30 de marzo 2010 remitíuselle contestación relativa ás actuacións levadas a cabo por este Concello en canto aos horarios de peche de establecementos na rúa ……..

Con data 12 de maio do 2010 remitíuselle contestación relativa as molestias ocasionados por ruídos na rúa ... por queixas de D. D.V.R., na que lle indicaba que dende o mes de novembro do 2009 este Concello a través da Policía Local está levantando actas de infracción en materia de horario de peche de establecementos situados na rúa ..., as mesmas remítense á Delegación Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a que, a súa vez inicia o expediente sancionador que corresponda notificándolle o mesmo ao titular do establecemento impoñéndolle unha sanción (adxúntanse copias das mesmas remitidas pola Consellería a este Concello para constancia)."

Comunicarlle igualmente, que a Consellería de Presidencia é a competente para o control no horario de peche deste tipo de establecementos.Da información agora achegada se deduce que o Concello so da conta do resultado das súas actuacións en relación cos incumprimentos de horario, en concreto dos expedientes sancionadores que iniciáronse en materia de horarios pola Consellería de Presidencia."

Como pode comprobarse, o ente local só respondeu, como nas ocasións anteriores, do relativo ao control dos horarios, esta vez concretando a través de fotocopias algunhas das denuncias enviadas á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os expedientes iniciados por esta. Porén, polo que se refire ao resto das cuestiones obxecto da queixa, seguía sen aclararse o relacionado co ruído, o consumo de alcohol na rúa, tanto o vinculado á actividade dos locais (as portas) como o vinculado ao *botellón*, prohibidos ambos polo Decreto 320/2002 (arts. 12.1, consumo ás portas, e 26.5, o *botellón*), e a sucidade, aspectos todos eles de competencia municipal.

Tampouco se citaba circunstancia de competencia do concello en relación cos locais problemáticos á vista da reclamación e da propia información municipal: a comprobación da súa licenza de funcionamento e do axuste da súa actividade ao tipo de licenza (bar, pub ...), excluíndo que os que sexan simples bares ou cafés funcionen con música e ata altas horas da madrugada. Non se mencionaba tampouco a realización de medicións ou as actuacións para impedir a sucidade denunciada e o vandalismo ata pasadas as 7 da mañá, que tamén son obxecto da denuncia.

Ante iso de novo requirimos información complementaria. Entre tanto o interesado indicara que os problemas obxecto da súa queixa continuaban. Porén, o informe municipal recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. No informe sinálase o seguinte:

"Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de xaneiro do 2011 adoptou o seguinte acordo que se transcribe a continuación:

"11. DAR CONTA DE ESCRITOS DO VALEDOR DO POBO a) Dáse conta do escrito do Valedor do Pobo referido ao expediente C.6.Q579/2010 (queixa de D. D.V..R.). Requirido informe á Policía Local con data 29 de decembro do 2010. Visto e coñecido o contido do informe emitido pola Policía Local de data 9 de xaneiro do 2011

referido ao expediente C.6.Q/579/2010 (queixa de D. D.V.R.). Polo que antecede, a Xunta de Goberno Local, ACORDA: Primeiro.- Contestar ao Valedor do Pobo no senso do informe emitido pola Policía Local no se indica "como o consumo de alcohol na vía pública nesa zona, son casos illados no que algún dos clientes dos establecementos burla a vixilancia dos propietarios dos mesmos e sae á rúa coa bebida. Informar igualmente que o denominado "botellón" como reunión de xoves con consumo de alcohol, non se da nesa rúa nin nas proximidades da mesma".

Ao anterior é de engadir que o interesado sinalou que en xullo de 2010 un xulgado de instrución de Monforte resolveu en auto que "do actuado se desprende que os feitos investigados son constitutivos de infracción penal, se ben non existen motivos suficientes para atribuír a súa perpetración a persoa ningunha determinada". Ao respecto sinala que cada fin de semana se incumpren as normas coas conseguintes molestias e prexuízos aos veciños, pero sen que exista ningún culpable.

De toda a información transcrita dedúcese, en primeiro termo, que o concello realizou a actividade adecuada en relación co control dos horarios dos locais, sen prexuízo da necesidade de seguir facendo este tipo de controis, que, para o caso de persistir a irregular forma de actuar dalgúns locais, poderían dar lugar a novas infraccións, posiblemente máis graves e por tanto con sancións que poderían chegar ao peche dos locais. Ao respecto do curso dos correspondentes expedientes o interesado podería acudir á Consellería responsable cos datos proporcionados polo propio concello, de tal maneira que poda coñecer o adecuado ou non da actuación da consellería. No caso de considerar que a actuación da consellería non resultou adecuada podería promover a correspondente queixa.

Á marxe do anterior, xa apuntamos en ocasións anteriores que o concello segue sen aclarar o ruído na rúa, en concreto o vinculado á actividade dos locais, é dicir, as súas portas (no último informe se aclara que o botellón *non se da nesa rúa nin nas proximidades da mesma*). O concello sinala que *son casos illados no que algún dos clientes dos establecementos burla a vixilancia dos propietarios dos mesmos e sae á rúa coa bebida*

Ao respecto é de sinalar que o art. 12.1 do decreto 320/2002 sinala que *"os titulares de establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ó entrar ou saír do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente á policía municipal. Do mesmo xeito actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local, fora do establecemento e dos lugares autorizados ..."*. Queda por tanto claro que é obriga dos responsables dos establecementos avisar a policía local cando se consuma ás súas portas, e é obriga desta aplicar as medidas correctoras e sancionadoras que correspondan, polo que non parece adecuado indicar que os clientes en ocasións burlan a vixilancia e saen coas consumicións. Se o fan debe avisarse á policía, que entón se encargaría de evitalos e de realizar as actas de infracción que correspondan. Se o fenómeno se repite e segue o ruído na rúa, circunstancia que non se nega en ningún dos numerosos informes municipais, entón so pode concluírse que non se actúa de acordo co indicado na citada norma.

Ademais, do contido da queixa e da información municipal, que non desminte os prexuízos e graves molestias polas que se reclama, parece deducirse que a zona posiblemente se atope acusticamente contaminada ou saturada (ZAS; art. 12.2 do Decreto 320/2002). En relación con tal cuestión preguntábase ao concello a situación dos diferentes locais que mencionaba na documentación achegada, pero no seu último informe o concello non sinala nada. Ante esta posibilidade tamén se debería coñecer se todos os demais locais da zona funcionan de forma regular, é dicir, con licenza e adaptando o seu funcionamento ao habilitado na que teñan, con especial atención aos locais que sendo sinxelos bares ou similares en realidade funcionen como pubs, é dicir, con música e ata altas horas da madrugada.

A zona conta con numerosos locais e con moita afluencia de xente neles e no exterior, o que ocasiona problemas que proveñen tanto da actividade interior como exterior (por exemplo, o intenso tránsito a altas horas da madrugada). Por iso, á hora de abordar os problemas propios da aparente concentración, resulta preciso investigar e, de ser o caso, corrixir os establecementos que se atoparan en circunstancias irregulares, para impedir o seu funcionamento sen licenza ou dun xeito non habilitado pola que

teñan. Esta forma de proceder é un *prius* á hora de abordar un suposto de concentración de locais molestos ou de aparente saturación. Se despois diso aínda permaneceran os problemas que definen a saturación despois de reducir os locais en funcionamento evitando o dos que non o fan de acordo coa correspondente licenza municipal, entón o concello adoptaría as medidas habilitadas para as ZAS. O art. 12.2 do Decreto 320/2002 sinala que *naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*. Por tanto, en último termo deberá conseguirse a diminución do nivel constatado de ruído, tanto o procedente dos propios locais como o da rúa. A xurisprudencia resalta a necesidade de determinar e abordar o problema da saturación de ruídos de maneira urxente alí onde se constate, como tamén a necesidade de que as medidas a aplicar sexan as adecuadas para a solución eficaz do problema en función das circunstancias, descartando a adopción de medidas de tipo discrecional ou as limitadas á non agravar o problema (sentenza do TSX das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999, confirmada polo TS). Esta interpretación ampla das medidas a aplicar en caso de declaración de ZAS vén prevista no Decreto 320/2002, que, como vimos, dispón a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas. Por tanto, sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo concello, que ademais se atopa obrigado a lograr tal fin, posto que en caso contrario resultaría responsabilidade municipal. Iso é o que se deduce da sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, que recoñece a responsabilidade patrimonial dos entes locais por insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma a responsabilidade dun concello como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos. A sentenza subliña que o axuizado era a actividade xeral ante o problema, deducindo unha conduta pasiva *vulneradora dalgún dereito fundamental*.

Así pois, as carencias sinaladas na actividade do Concello de Monforte de Lemos supoñen unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. É especialmente destacable que o prexuízo se está dando na vivenda dos afectados, polo que se está conculcando un dereito dos cualificados como fundamentais na Constitución (artigo 18.1 e 2) e na Convención Europea de Dereitos Humanos (art. 8), polo que o labor de protección da administración municipal debera ter sido aínda máis dilixente.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Monforte de Lemos non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente, que por iso poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento deste problema, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar a cuestión.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Monforte de Lemos a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se evite o consumo de alcohol ás portas dos locais de ocio da zona obxecto da queixa, expresamente prohibido no decreto 320/2002, e que en xeral se evite o ruído na rúa como consecuencia da presenza de moitas persoas a altas horas da madrugada na zona, de tal forma que se garantan os dereitos dos afectados.

Que con urxencia se avalíe formalmente se danse as condicións para que a zona sexa declarada como acusticamente contaminada ou saturada, de acordo co previsto no decreto 320/2002, e que en caso positivo se adopten as medidas regulamentariamente previstas.

E que tamén con urxencia se determine con precisión e de forma exhaustiva se os locais da zona contan con licenza de funcionamento e axustan a súa forma de funcionar ao habilitado para cada un deles nas mesmas, evitando especialmente que os que sexan sinxelos bares ou similares conten con música e funcionen ata altas horas da madrugada.

Resposta do Concello de Monforte de Lemos: recomendación aceptada.

8.- Recomendación dirixida ao Concello da Coruña o 23 de marzo de 2011 debido a un incendio no parque infantil do colexio de San Pedro de Visma. (Q/2147/10).

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia das noticias aparecidas no diario *La Opinión* do 20 de novembro (páxs. 1 e 12), en relación cun incendio no parque infantil do colexio de San Pedro de Visma.

Na noticia do día 20 sinálase esencialmente que un lume arrasou na noite do xoves o parque infantil do Colexio de San Pedro de Visma, que grupos de mozos usan

regularmente para facer botellóns polas noites tras saltar os valados do recinto. A dirección do centro esixe que se identifique os responsables e que os seus pais ou titores legais se fagan cargo da reparación do complexo educativo. No colexio están fartos de ver polas mañás o lugar de lecer dos pequenos repleto de latas e cristais abandonados polos vándalos, ademais de sufrir estragos nos xogos, pero onte encontráronse cun escenario desolado e consumido polas chamas. Un veciño avisou pola noite os bombeiros de que un incendio se declarara no perímetro interior do centro. Os nenos non puideron enlear onte na "casiña", como lle chaman ao módulo de xogos que preside o parque infantil do centro, onde están fartos de que un grupo de mozos converta o patio en *botellonódromo* e abandone sen pudor cristais e latas. Na noite do xoves os bombeiros tiveron que acudir ao edificio, alertados por un veciño que viu a randeeira en chamas a través dun cercado que non impide que estraños entren no recinto.

Engádese que "o colexio está cerrado arredor cun valado, pero os mozos saltan para dentro", lamenta a conserxe do colexio, que foi alertada dos feitos pola policía porque reside na zona. Era case medianoite cando os bombeiros acudiron ao lugar para acorar as chamas dun lume que puido ser intencionado ou ben involuntario, pero causado pola presenza dos descoñecidos que adoitan acceder ilegalmente ao lugar. Non é a primeira vez que a "casiña" sofre danos. "Temos un colexio precioso, con moito campiño, non hai ningún colexio con tanto verde, temos a herba sempre recentemente cortada, areíña para que xoguen os nenos, pero cada vez que arranxan a casiña, estrágannola", lamentaba a xefa de estudos do centro de Educación Infantil e Primaria, …. Mentres, a directora acudía á policía para denunciar os feitos. Nunha movida mañá, tamén entregou un escrito no concello para que os seus responsables axeiten os accesos e emenden a anarquía de tráfico en hora punta. A dirección do centro denuncia que se teñan que investir fondos en arranxar o parque infantil e non en verdadeiras necesidades do centro. … describe como o lume non é o único que perturba o entretemento dos escolares: "Rompen os xogos, fan as súas necesidades, deixan cristais, latas de cervexas, botellas enteiras...", enumera a docente, "sorte que temos unha empregada de limpeza permanente, que vén ás nove da mañá e ocúpase diso antes de que veñan os nenos". Aínda que a chegada da chuvia aplaca a actividade *botellonera* no lugar, o colexio San Pedro de Visma esixe ás autoridades policiais e a administración

que identifiquen os mozos e que sexan os seus pais ou titores legais quen se fagan responsables dos estragos que regularmente aparecen no patio de recreo e que ten que arranxar o concello á custa das arcas municipais.

Outra das preocupacións da dirección do colexio de San Pedro de Visma e dos pais dos seus alumnos é o acceso ao centro educativo e o caos de tráfico que se repite ás horas de entrada e de saída. Cando se abriu o colexio, no ano 1989, aseguráronlles que o camiño de entrada era "provisional". Por iso onte a directora entregou un escrito no concello para esixir que dunha vez se poña remedio á situación. Só hai sitio para dous autobuses, os automóbiles aparcan onde poden, cunha beirarrúa de cincuenta centímetros e liña amarela, e moitos pais e nais con carriños teñen que participar nun verdadeiro circuíto de cross para acadar as portas do edificio. "É unha carreira de obstáculos", denuncia a xefa de estudos, R.T., que entende que, xa que están mellorando a praza dos Mariñeiros, é a ocasión ideal para arranxar os accesos ao colexio.

Ante iso solicitamos información a ese concello e á Consellería de Educación Ordenación Universitaria, que xa nos remitiron os seus informes. Neles sinálase o seguinte:

- Consellería de Educación Ordenación Universitaria:

"En contestación ao seu escrito pertencente ao expediente C.6.Q/2147/10 remítolle a información que sobre a dita queixa subscribe o Servizo de Inspección Educativa do Departamento territorial desta consellería na Coruña.

Asemade significolle que, de acordo coa disposición adicional décimo quinta, apartado 2, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, correspóndenlle ao concello respectivo."

"En contestación ao seu requirimento de informe relativo á reclamación con número de expediente C.6.Q/2147/10 de oficio, en relación co acceso de persoas alleas ao Colexio San Pedro de Visma, así como a celebración de botellóns e actos vandálicos nel, e as dificultades de acceso para os pais e nenos ao dito centro, achégolle o informe emitido pola inspección educativa."

"Vista a copia do escrito do Valedor do Pobo, en relación co acceso de persoas alleas ao CEIP de San Pedro de Visma, celebración de botellóns e actos vandálicos nel e as dificultades de acceso para os pais e nenos a dito Centro, a Inspectora responsable do mesmo solicitou informe da Dirección e visitou o Centro.

Recibido, hoxe , o informe dí :

"A directora do CEIP San Pedro de Visma, ……., informa do sucedido o 18 de Novembro do 2010 no Centro.

Ás 23.30, a policía municipal, alertada por un veciño, presentouse na casa do Conserxe, anexa ao Centro, para comunicarlle que o parque infantil estaba ardendo e que abrise o portalón aos bombeiros para apagar o lume.

Ao día seguinte tomáronse fotografías do estado do parque, o corpo principal desaparecera e o chan de caucho tamén estaba queimado. Foise á policía nacional a poñer a denuncia e logo enviouse esta ao Concello, pois foi o que instalou o parque no Colexio. O Concello dixo que enviaría un perito para que valorase os danos. Pasouselle a información aos medios de comunicación para denunciar o sucedido e tamén se informou á Inspección educativa.

Non se coñecen os causantes do delito, pero o que sí vimos sufrindo, dende hai tempo é o "botellón" todas as fins de semana no Centro. Deixan botellas rotas por todas partes, cabichas de tabaco e de "hachís" e, cando lles parece, rompen algo ou fan algunha pintada.

Cando chamamos á Policía municipal dinnos que eles non poden facer nada, polo que nos vemos un pouco desprotexidos ante este tipo de vandalismo.

A día de hoxe o parque segue no mesmo estado: queimado. O perito veu no mes de Decembro, tomou nota e dixo que o Concello xa podía acometer a reparación, pero aínda estamos agardando."

En visita ao Colexio o día 11 de Xaneiro de 2011, a Inspectora puido comprobar que o parque está queimado.

En relación coa outra preocupación da dirección e dos pais: o acceso ao Centro e o caos de tráfico, compre lembrar que é responsabilidade do Concello e que como xa consta, a Directora entregou un escrito no Concello para esixir que dunha vez se poña remedio á situación."

-Concello da Coruña:

"En contestación a su escrito de fecha 26 de noviembre de 2010, Expediente C.6.Q/2147 10, relativo a las competencias municipales se informa que la ampliación del vial de acceso a dicho colegio, no es competencia de la Sección de Circulación, lo que sí se puede mejorar es señalizar los carriles de circulación para prohibir el estacionamiento de vehículos en uno de los márgenes y que quede la sección completa de calzada libre para la circulación.

Como ya se menciona en el escrito, se están ejecutando obras en la zona de influencia de dicho vial, que va a afectar al mismo al crearse un acceso al nuevo aparcamiento de la Plaza de los Marineros.

En consecuencia y como solución provisional al problema, se procederá a señalizar los carriles de circulación para prohibir el estacionamiento de vehículos tal y como se cita en el referido informe.

En cuanto a la intervención del Servicios de Extinción de Incendios y Salvamento, según el parte de intervención de fecha 09/12/2010, se limitó a extinguir el fuego en unos columpios en San Pedro de Visma (Colegio), correspondiendo la investigación de estos hechos al Cuerpo Nacional de Policía.

Sobre otras demandas incluidas en el escrito (uso de las instalaciones de forma irregular, daños, etc.), éstas son competencia de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, que depende de la Subdelegación del Gobierno."

Unha vez avaliados os informes que transcribimos dedúcese que, no que se refire ao primeiro e principal obxecto da queixa de oficio, a celebración periódica de *botellóns* no lugar de recreo do colexio e a falta de actuación para impedilo, sorprende a resposta dada polo concello, que se limita a indicar que cando se deu o incendio a intervención municipal *limitouse a extinguir o lume ..., correspondendo a investigación destes feitos ao Corpo Nacional de Policía*, e que o uso das instalacións de forma irregular é *competencia das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.*

O aspecto fundamental que se trataba de aclarar na queixa de oficio non era tanto o sucedido puntualmente, o incendio, senón sobre todo por qué anteriormente non se dera unha intervención eficaz que impedira o uso evidentemente irregular das instalacións, o que estaba a prexudicar gravemente o gozo ordinario dese espazo para o fin para o cal estaba habilitado, o xogo dos nenos do colexio. Como ben indica o informe achegado ao respecto polos responsables do colexio e mesmo a noticia de prensa que deu orixe á queixa de oficio, o uso indebido estaba a provocar danos e graves alteracións no espazo, ademais de supor un risco que despois se concretou no incendio, que presumiblemente ten relación co botellón.

Ao respecto da responsabilidade á hora de evitar a habitual presenza do botellón no patio do colexio e posteriores e previsibles incidentes de máis entidade, como o sucedido, é de subliñar que os feitos viñan sendo denunciados polos responsables do centro ante a policía local, que porén non intervira, segundo se indica (*cando chamamos á Policía municipal dinnos que eles non poden facer nada, polo que*

nos vemos un pouco desprotexidos ante este tipo de vandalismo), sen que o concello o desminta. Ao contrario, este limítase a indicar, como vemos, que o asunto é responsabilidade da Policía Nacional.

Pois ben, á marxe de que circunstancias posteriores aos habituais botellóns poidan ser obxecto do tratamento propio da Policía Nacional, como as posibles responsabilidades polo incendio, parece claro que a intervención anterior para a adecuada preservación das instalacións do colexio correspondía ao concello, que Porén non actuou para evitar o botellón, que ao parecer se daba con certa asiduidade, e sobre todo para evitar danos no patio e aínda riscos inherentes a ese uso inadecuado (*o lugar de lecer dos pequenos repleto de latas e cristais abandonados polos vándalos*, segundo se di na noticia).

Ao respecto a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sinala acertadamente que "*de acordo coa disposición adicional décimo quinta, apartado 2, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, correspóndenlle ao concello"*. Ao anterior debe engadirse que a mesma disposición sinala que *"ditos edificios non poderán destinarse a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración educativa correspondente"*.

Polo que se refire ao resto dos aspectos da queixa, fundamentalmente a reposición dos elementos de xogo queimados ou deteriorados e a adecuada ordenación do tráfico, é de sinalar o seguinte. Respecto da reposición o concello non sinala nada, a directora sinala que *o perito veu no mes de decembro e dixo que o Concello xa podía acometer a reparación, pero aínda estamos agardando,* e a inspectora de educación *o día 11 de xaneiro de 2011 puido comprobar que o parque está queimado;* por tanto, a reposición debida aínda se atopaba pendente. E respecto da ordenación do tráfico, o concello non aclara que coas obras ás que fai referencia se solvente a carencia denunciada.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello da Coruña a seguinte **recomendación:**

Que se atenda adecuadamente a función municipal de conservación, mantemento e vixilancia dos centros públicos educativos, evitando especialmente o uso inadecuado e prexudicial que poida darse neles, como sucedeu no caso examinado na presente queixa de oficio, na que se confirmou que no patio do centro se daba habitualmente un botellón que prexudicaba o seu uso ordinario e posiblemente tivo relación co incendio dos elementos de xogo instalados no patio.

E que tamén con urxencia se repoñan os elementos danados que aínda non foran repostos; e que se aclare definitivamente o relativo ao adecuado acceso ao colexio.

Resposta do Concello da Coruña: recomendación aceptada parcialmente.

9.- Recomendación dirixida ao Concello de Boiro el 29 de marzo de 2011 debido aos prexuízos e molestias ocasionados por locais de ocio en Boiro (Q/1266/10).

Nesta institución iniciouse expedinte de queixa como consecuencia do escrito de Dª. … debido aos prexuízos e molestias ocasionados por locais de ocio en Boiro.

No seu escrito esencialmente indica que coñece a resposta dada polo concello aos recordatorios de deberes legais formulados por esta institución con motivo das queixas que se citan. Os recordatorios referíanse a diferentes aspectos que se atopaban en situación de ilegalidade ou polo menos non se aclaraban suficientemente, a pesar de que a cuestión se coñecía dende hai 4 anos. Un dos aspectos tratados nas resolucións era o referido ao ruído na rúa, con respecto ao cal se sinalaba que se recordaba a necesidade de dar estrito cumprimento ao previsto nos artigos 12.1 e 26.5

do Decreto 320/2002, de tal forma que non se consuma na rúa o adquirido en locais de ocio, ou o adquirido previamente en establecementos comerciais ordinarios (*botellón*). Polo que se refire a este aspecto dos recordatorios, da resposta achegada deduciuse que o ente local aceptaba plenamente o indicado, posto que impediría o *consumo na rúa das bebidas adquiridas en locais de ocio nocturno* e que *o denominado botellón xenere molestias para os veciños*. Pois ben, agora a interesada sinala que o comprometido na contestación do concello referida ás graves molestias producidas polos locais de ocio non se cumpre. Sinala que as autoridades locais non cumpriron e non queren cumprir os deberes legais que vén esixindo esta institución, e polo tanto "nesa medida van continuar". Os locais de ocio que prexudican directamente a súa familia e a ela son os situados na rúa de Rañó. Son dous locais que abriron á vez a primeiros de xullo de 2008. Distan entre ambos os dous uns 5 metros aproximadamente e o seu horario de peche é as 8 horas do sábado e do domingo. Sinala que eses locais son ilegais e non cumpren, entre outros, o artigo 12 da ordenanza municipal de contaminación acústica de 2007, polos ruídos e a consumición de bebidas no exterior. Como se sinalou en anteriores ocasións, entre elas á hora de formular os recordatorios de deberes legais citados, o 15 de outubro de 2009, o artigo 12.1 do Decreto 320/2002 prohibe que se consuma na rúa o adquirido nos locais de ocio e sinala como proceder ao respecto. Porén, ao parecer esta obriga estaría a incumprirse, tal e como xa puxo de manifesto a interesada en anteriores ocasións, e aínda non se adoptaron medidas para corrixir tal cousa, a pesar do compromiso municipal de dar efectividade ao recordatorio de deberes legais; como sinalamos, o ente local respondeu que impediría o *consumo na rúa das bebidas adquiridas en locais de ocio nocturno* e que *o denominado botellón xenere molestias para os veciños.* Ademais, o horario dos locais, que pechan ás 8 da mañá, non se corresponde co previsto na lexislación vixente. Tamén sinala que non cumpre o artigo da ordenanza que esixe contar con placa identificativa e aviso de niveis sonoros (art. 13); tampouco se trata de locais illados e sen vivendas laterais, arriba ou abaixo (art. 17.3); tampouco debera ter licenza para música amplificada, posto que se establece unha distancia mínima entre locais de 75 metros lineais (art. 17.4). Polo que se refire ao comportamento nocturno, entre as 22 horas e as 8 horas está prohibido cantar, berrar e vociferar; ao non cumprir este artigo estase facendo todas os fins de semana "unha auténtica desorde pública", segundo indica. Todos estes incumprimentos son coñecidos

polas autoridades locais, membros da oposición e presidente de empresarios boirense, "e aquí non pasa nada", engade. Ninguén toma cartas no asunto e polo tanto non se quere facer cumprir a lei, e mentres os dereitos da súa familia e os seus propios, segundo a Constitución, "seguen machucados", manifesta.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Boiro, que no seu momento sinalou o seguinte:

"En relación co expediente de queixa do asunto, e dándolle resposta á solicitude de informe remitida por esa institución, poño no seu coñecemento o seguinte: PRIMEIRO. Os locais ós que se refire a queixa da que se nos dá traslado son os denominados "PLAN B" e "OPEN", situados no calexón de Rañó. Os datos máis salientables deles son os seguintes: PLAN B: Ten a categoría de bar. A súa licenza de actividade foi solicitada o 09.11.2005, e autorizada a posta en funcionamento o 08.04.2008. OPEN: Ten a categoría de discoteca. A súa licenza de actividade foi solicitada o 02.06.2005, e autorizada a posta en funcionamento o 08.04.2008. SEGUNDO. Respecto das limitacións que se alegan en canto a distancias entre algúns tipos de actividades (75 metros), e da necesidade de que as discotecas se instalen en locais illados, sen vivendas enriba, debaixo ou ó lado, procede aclara-lo seguinte: Estas limitacións están previstas na actual Ordenanza Municipal contra a contaminación acústica, aprobada de xeito definitivo polo Pleno da Corporación na sesión do 08.11.2007 e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 282 do 07.12.2007. A aprobación e entrada en vigor desta ordenanza é posterior á solicitude das licenzas de actividade destes locais, posto que estas limitacións non lle resultaban de aplicación. TERCEIRO. En canto ó funcionamento do bar denominado PLAN B con ambientación musical, xa no seu día se puxo no coñecemento desa institución a tramitación durante o ano pasado dun expediente sancionador (PLANB090505) que se pechou coa imposición dunha sanción económica de 1.500,00 € ó titular da licenza do bar por funcionar como un pub. Non hai, polo tanto, deixación de funcións por parte do concello nesta materia. CUARTO. Por último, reiterámo-lo compromiso do concello de traballar para corrixi-los problemas que se deriven tanto da consumición na rúa das bebidas adquiridas nos locais hostaleiros e de ocio e

entretemento (no sentido de impedilas), como do fenómeno coñecido como botellón. No que se refire especificamente ó "botellón", entendido como a xuntanza de xente nas rúas ou espazos públicos para, fundamentalmente, ó consumo de alcohol adquirido previamente en establecementos comerciais (non hostaleiros), coincidimos con esa institución na necesidade de, cando menos, regulalo. Neste sentido, consideramos válida a remisión que se fai, entre outros, ó artigo 26.5 do Decreto 320/2002, pero no entendemento de que este precepto é aplicable a aquelas concentracións que produzan unha perturbación acústica para a veciñanza, pero non é aplicable polo consumo de alcohol en si mesmo, consumo que, entendemos, a día de hoxe, non está prohibido, sendo este un asunto que excede do ámbito competencial dos concellos. O propio Valedor, no informe do ano 2008 rendido ó Parlamento de Galicia, recoñece a necesidade de regular mediante unha norma con rango de lei formal a prohibición da consumición de bebidas alcohólicas na rúa ou en espazos públicos. En todo caso, a pesares do exposto, continuaremos traballando para evitar que este tipo de concentracións causen molestias ó vecindario, tanto na forma de contaminación acústica como a través da degradación dos espazos públicos."

Da información transcrita deduciuse que os locais obxecto da queixa teñen licenza de simple bar, o *Plan b,* e de discoteca, o *Open.* Porén, o primeiro ao parecer funciona sen axustarse ao previsto no tipo de licenza con que conta, de simple bar, posto que ten *ambientación musical,* razón pola que o ente local sancionou cunha multa de 1.500,00 € ao titular. Por iso, conclúe que non hai *deixación de funcións por parte do concello nesta materia.* Porén, á vista do tipo de infracción que se menciona, resulta evidente que, tal e como xa puxemos de releve nas anteriores queixas, a actuación do concello debería consistir na sanción que se menciona, posto que se trata dunha infracción, pero tamén na corrección definitiva desa forma irregular de funcionar, posto que se non converteríase en continuada. Esta cuestión non se aclaraba, posto que non se indicaba se o establecemento xa non funciona con música, e, no caso de facelo, se se ordenou expresamente o axuste da actividade do local, e as medidas adoptadas para facer cumprir tal orde (precinto do equipo de música...). Tamén poderían darse novas comprobacións e sancións, coa conseguinte valoración da reincidencia.

Tampouco se aclaraban definitivamente outros aspectos fundamentais obxecto da queixa. Un deles era o ruído na rúa provocado pola concentración de persoas na rúa ás portas dos locais. Ao respecto o concello sinalaba que *reiterámo-lo compromiso de traballar para corrixi-los problemas que se deriven da consumición na rúa das bebidas adquiridas nos locais hostaleiros e de ocio e entretemento (no sentido de impedilas).* Porén, non se especificaban as medidas adoptadas e a comprobación da súa eficacia para impedir esta práctica ilegal. Xa no requirimento de informe indicábase que nas resolucións formuladas con ocasión das queixas C.6.Q/955/06 e C.6.Q/1171/08 se recordaba a necesidade de facer cumprir o artigo 12.1 do Decreto 320/2002, de tal forma que non se consuma na rúa o adquirido en locais de ocio. A resposta municipal aceptaba o indicado e o concello impediría o *consumo na rúa das bebidas adquiridas en locais de ocio nocturno*. Pero, como apuntamos, segue sen coñecerse a efectividade dese compromiso.

Polo sinalado, o 7 de setembro requirimos aclaración sobre estes dous extremos ao concello. A resposta municipal recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordarlle ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e ata recordarlle especialmente o previsto no art. 502 do Código Penal ("1. Os que, sendo requiridos en forma legal e baixo apercibimento, deixaren de comparecer ante unha Comisión de investigación das Cortes Xerais ou dunha Asemblea Lexislativa de Comunidade Autónoma, serán castigados como reos do delito de desobediencia. Se o reo fose autoridade ou funcionario público, imporáselle ademais a pena de suspensión de emprego ou cargo público por tempo de seis meses a dous anos. 2. Nas mesmas penas incorrerá a autoridade ou funcionario que obstaculizara a investigación do *Defensor del Pueblo*, *Tribunal de Cuentas* ou órganos equivalentes das Comunidades Autónomas, negándose ou dilatando indebidamente o envío dos informes que estes solicitaren ou dificultando o seu acceso aos expedientes ou documentación administrativa necesaria para tal investigación."). No informe municipal sinálase o seguinte:

"En relación co expediente de queixa do asunto, e dándolle resposta ás solicitudes de informe remitidas por esa institución, poño no seu coñecemento o seguinte:

PRIMEIRO. Debido tanto á limitación de efectivos cos que conta a plantilla da Policía Local deste concello, como debido ás diferentes incidencias que se produciron na xestión deste persoal (quendas de vacacións e, sobre todo, baixas médicas), este concello non tivo operativo o quendas de noite da policía practicamente desde o mes de xullo do ano pasado (en concreto, entre os meses de xullo a decembro de 2010 prestouse servizo nocturno un total de 10 noites), quedando a vixilancia do municipio durante ese tempo unicamente a cargo da Garda Civil. Nesta situación resultou imposible facer un seguimento tanto do funcionamento dos locais hostaleiros e de ocio e entretemento, como das concentracións de persoas nas vías públicas.

SEGUNDO. O referido servizo nocturno restaurouse o pasado mes de xaneiro de 2011, funcionando a día de hoxe con normalidade, se ben, conta unicamente cunha dotación de 2 axentes por quenda, tanto a diario como durante a fin de semana. Na medida na que estas limitacións o permitan, continuarase facendo seguimento e control do funcionamento destas actividades.

TERCEIRO. Por último, reiterámo-lo compromiso do concello, xa manifestado en comunicacións anteriores, de traballar para corrixi-los problemas que se deriven tanto do funcionamento deste tipo de locais, como da consumición na rúa das bebidas adquiridas nos locais hostaleiros e de ocio e entretemento (no sentido de impedilas), e do fenómeno coñecido como botellón."

Da resposta transcrita dedúcese que concello volve a non concretar ningún dos dous aspectos pendentes de aclaración, o funcionamento irregular dun local e a evitación das reiterados prexuízos e molestias polo consumo consentido ás portas dos locais obxecto da queixa.

Ao respecto desto último o ente local sinala que *non tivo operativa a quenda de noite da policía practicamente desde o mes de xullo do ano pasado..., quedando a vixilancia do municipio durante ese tempo unicamente a cargo da Garda Civil.* Porén, o responsable do posto da Garda Civil sinala ao respecto que en ningún momento se concretou formalmente a asunción das responsabilidades propias do concello, como as que tratamos; que unicamente se recibiu unha solicitude de colaboración fundamentalmente para a época das festas, que se trasladou dende a Delegación do Goberno; e que atendendo esa solicitude a Garda Civil atendeu a vixilancia nocturna, pero sen que diso poida deducirse que se asumen con carácter ordinario as funcións que son propias do concello, como todas as relacionadas coa contaminación acústica, que deben ser atendidas polo mesmo ente local.

En calquera caso, tal e como adiantamos, o problema que tratamos fora confirmado hai tempo e ao respecto formulóuselle ao concello un recordatorio de deberes legais o 15 de outubro de 2009 no que se indica que en relación co ruído na rúa se debía dar estrito cumprimento ao previsto nos artigos 12.1 e 26.5 do Decreto 320/2002, de tal forma que non se consuma na rúa o adquirido en locais de ocio. Polo tanto, á marxe dos incidentes laborais que puideran darse coa policía local, que non se concretan e que en calquera caso non eximen o ente local da súa responsabilidade, o certo é que o problema debera terse abordado dende hai tempo, o que o concello non acredita, a pesar da súa expresa aceptación do recordatorio de deberes legais no relativo a esta concreta circunstancia. Nin tan sequera sinala nada respecto da súa actuación para impedir estes comportamentos contrarios ao legalmente previstos despois da suposta normalización do servizo, en xaneiro deste ano.

Todo o sinalado fai que debamos concluír que non se atendeu o recordatorio de deberes legais, polo que debe entenderse que finalmente se rexeitou, posto que non se lle deu efectividade. Procederemos de acordo co disposto no artigo 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, no que se preceptúa que se non se obtivera unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto incluirase no Informe Anual ao Parlamento de Galicia, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dera.

Así mesmo, no que se refire á actual queixa, reiteramos ao concello a súa obriga legal de facer respectar o previsto no art. 12.1 do decreto 320/2002, que preceptúa que *os titulares dos establecementos serán responsables de velar para que os usuarios, ao entraren ou saíren do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente a policía municipal. Do mesmo modo actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados*. Polo tanto, é o concello o responsable de facer cumprir esta obriga; nun primeiro termo, ante a chamada dos responsables dos locais, pero no caso de que non se dea a chamada, ante a comprobación propia ou por denuncia dos afectados, como sucede neste caso. Neste último suposto, ademais do requirimento aos presentes para que se respecte a norma, a reacción municipal debe dirixirse tamén contra os responsables do establecemento, posto que estaría a incumprirse a obriga que mencionamos.

Polo que se refire ao funcionamento dun dos locais obxecto da queixa sen axustarse ao previsto no tipo de licenza con que conta, de simple bar, posto que ten *ambientación musical,* razón pola que o ente local o sancionou cunha multa de 1.500,00 €, xa con anterioridade se indicara que a actuación do concello debería consistir na sanción que se menciona, posto que se trata dunha infracción, pero tamén na corrección definitiva desa forma irregular de funcionar, posto que se non converteríase en continuada. De confirmarse que o funcionamento segue a ser irregular, nos termos expresados, sería adecuada a orde de axuste da actividade do local ao permitido na súa licenza, evitando a música e o horario prolongado, e, no caso de incumprimento, deberían aplicarse as medidas adecuadas facer cumprir tal orde (precinto do equipo de música ...).

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2414/1961), e agora de acordo co Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as

licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafeterías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Este tipo de establecementos non poden contar con música, nin pretender exercer como pubs. Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

Co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; esta abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza

municipal de funcionamento. E, como xa tratamos, unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento. O funcionamento real do establecemento é o propio dun pub, o que, no caso de confirmarse neste momento, debera impedirse con urxencia.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no citado artigo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Boiro non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á

vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Boiro o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

Que con urxencia se proceda a dar cumprimento ás responsabilidades municipais en materia de contaminación acústica e se preserven os dereitos fundamentais da interesada que poden estar sendo prexudicados pola actuación ou abstención do ente local, especialmente o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18 1 e 2 CE).

E que, para facer efectiva a mencionada garantía dos dereitos da afectada, con urxencia se evite o ruído provocado polo consumo ou concentración de persoas ás portas dos locais obxecto da queixa, o que non se atopa permitido, de acordo art. 12.1 do Decreto 320/2002; e que tamén con urxencia se proceda a confirmar o aparente funcionamento irregular dun local obxecto da queixa, que conta con licenza de simple bar ou cafetería, pero que non se axusta ao habilitado nela, ao funcionar con música e cun horario amplo, e no caso de confirmarse, de forma inmediata se impida ese funcionamento irregular e se inicie o correspondente expediente sancionador pola infracción que pode supoñer tal circunstancia.

Resposta do Concello de Boiro: pendente de resposta final na que se dea conta da efectividade do recordatorio de deberes legais.

10.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Lugo o 31 de marzo de 2011 debido a aos prexuízos e molestias por ruídos relacionados coa presenza de locais de ocio na zona do entorno da catedral (Q/1229/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dona A.G.B.C. e Dona J.M.P.G., na súa calidade de portavoces da ..., debido aos prexuízos e molestias por ruídos nesa zona da cidade.

No seu escrito, esencialmente, indícannos que as súas anteriores queixas non facían mención a locais concretos, senón ás molestias que ocasiona a súa acumulación na zona, o que provoca, entre outras cousas, aglomeracións de xente a altas horas da madrugada na vía pública e numerosos actos vandálicos. Se ben moitos veciños non realizan denuncias por escrito, si son múltiples as denuncias telefónicas a altas horas da madrugada, tanto a policía local como a nacional, o que probaría que os actos de vandalismo na zona son frecuentes.

Con respecto ao que se respondeu por parte do concello na anterior queixa ("aínda non pasou un ano dende que lle comunicamos a esta institución o proxecto de reestruturación da Policía Local"), sinalan que a zona foi declarada acusticamente saturada na ordenanza de protección acústica publicada o 16 de decembro de 1997, hai case 13 anos. A comisión de veciños interpreta esa resposta como o recoñecemento de que o concello non tivo intención de abordar a redución dos problemas que padecen, obrigando aos veciños a cuantiosos gastos para aumentar o illamento acústico das vivendas, vendo condicionada a distribución e uso das diferentes estancias, asumindo o custo das reparacións nas partes afectadas por actos vandálicos (pintadas nas fachadas ou rotura de cristais) e vendo como se degrada o entorno dos edificios, coa conseguinte perda patrimonial que isto comporta.

A mera declaración da zona acusticamente saturada, que só impide a concesión de máis licenzas de actividades de hostalería, o que agravaría o problema, non é suficiente para a redución da contaminación acústica se non se acompaña de máis medidas concretas, co que o concello está incumprindo tanto a Directiva 2002/49/ como

a Lei 37/2003, do ruído, que obrigan a tomar medidas que reduzan o número de persoas que sofren os efectos nocivos do ruído ambiental e a prevelo e reducilo.

Non só padecen a contaminación acústica nocturna procedente da movida, senón que o propio concello organiza concertos na contorna da Catedral, a pesar de que se trata dunha zona residencial xa declarada saturada acusticamente. Os concertos con frecuencia son de noite, sen ningún control en canto aos decibelios emitidos polas actividades. Cada ano o grao de presión sonora de estes eventos vai en aumento.

Para que todas aquelas administracións con competencia no asunto tomen medidas para paliar as molestias que padecen polo ruído e vandalismo nocturno, remitiron un escrito para a regulación de horarios á Subdirección Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos, Dirección Xeral de Interior, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que manifestan que ao regular horarios se teña en conta a existencia de zonas saturadas, establecendo un horario de peche máis restritivo para aqueles locais de ocio nocturno situados naquelas zonas que estean declaradas saturadas.

Ademais, sinalan que segue a escaseza de efectivos policiais que se poidan ocupar do control do cumprimento da ordenanza. O concello debería esforzarse por facer cumprir escrupulosamente a normativa en canto ao control de horarios de peche, peche de locais sen licenza, peche de locais que incumpran a normativa ou acumulen denuncias, comprobar o estado das medidas correctoras, etc.

Ante iso solicitamos información á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ao Concello de Lugo. Este respondeu cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordarlle o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. Nos respectivos informes sinálase o seguinte:

- Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

"En contestación ao seu escrito do 8 de xuño de 2010, con nº de rexistro de saída 6287, relativo ao expediente referido, no que solicita información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a resposta ao escrito dirixido á Subdirección Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos, sobre a regulación por parte da Consellería da redución de horarios en zonas acusticamente saturadas ou a habilitación municipal para esa redución; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa, cómpre informar o seguinte:

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza establece fundamentalmente o horario de peche dos locais e sanciona o seu incumprimento e a adecuación das licenzas de apertura coa actividade desenvolvida. Para esta función, debe contar coa colaboración dos corpos de seguridade (Policías locais, Policía Nacional e Garda Civil), que son os que deben presentar as denuncias por incumprimento da normativa sobre espectáculos públicos. Nesta materia de incumprimento do horario de peche dos locais, o Concello de Lugo pode tamén exercer competencias sancionadoras.

Tal como se fixo constar na resposta da Subdirección Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos ao escrito mencionado no parágrafo anterior, a elaboración da normativa sobre os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos é un procedemento administrativo previsto no Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividade recreativas, aprobado polo Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto (BOE núm. 267, do 6 de novembro). Para iso, a citada norma prevé a intervención dos órganos das administracións públicas con competencias na materia, así como a audiencia das diversas asociacións (veciñais, empresariais...) afectadas e legalmente inscritas. En consecuencia, os horarios límite de peche actualmente vixentes son os establecidos na Orde do 16 de xuño de 2005 (DOG núm. 117, do 20 de xuño) co acordo dos sectores implicados. Cómpre lembrar ao respecto que na elaboración desta norma por parte de ningún sector se propuxo que os horarios puideran ser obxecto de reducións ou cambios por razón de condición ningunha, aínda que si se recolleron, en cambio, posibles ampliacións de horario que,

en todo caso, para seren autorizadas son estudas e analizadas cadansúa singularmente e requiren o informe previo do concello onde se desenvolva o espectáculo ou actividade recreativa.

Así mesmo, na devandita resposta tamén se reflectía que, neste intre, non está en estudo a modificación da Orde citada, malia que, de se considerar oportuna e conveniente a modificación da normativa de horarios vixente na actualidade, estudaríase a viabilidade das propostas formuladas no repetido escrito, logo do acordo de todos os sectores implicados.

Por outra banda, cómpre subliñar que, aínda que os problemas de horarios poden incidir nos temas de contaminación acústica, trátase de dúas competencias distintas que, en consecuencia, correspóndenlle a diferentes órganos das administracións públicas.

En canto á contaminación acústica nocturna, orixinada polos establecementos públicos, esta consellería non ten competencias sobre a dita materia, correspondéndolle esta aos concellos -segundo o disposto na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e no Decreto 320/2002, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica-, aos cales incumbe o labor de inspección e o réxime sancionador. A citada lei dispón que lles corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento dela e esixir as medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento.

No ámbito das súas competencias, esta consellería seguirá a tramitar todas as denuncias que se presenten polo incumprimento da normativa vixente en materia de espectáculos e establecementos públicos e a ditar, de ser o caso, as correspondentes resolucións sancionadoras polas condutas infractoras."

-Concello de Lugo:

"En relación ó requirimento formulado polo Valedor do Pobo (expediente: C.6.Q/1229/10 relacionada coas C.6.Q/798/04 e C.6.Q/542/09) e cuxo documento figura rexistrado de entrada para Policía Urbana con data 4 de novembro de 2010.

Con datas 8 de xuño, 19 de agosto e 23 de setembro de 2010, tal e como se sinala no requirimento que se achega, esa Institución realizou tres requirimentos a este Concello coa fin de dar resposta ás cuestións neles propostos (relativas a molestias que están a padecer veciños na rúa Clérigos) cuestións de índole estritamente policial e á que subscribe non pode dar resposta. Non obstante o anterior foron requiridos os informes que se estimaron convenientes hasta en tres ocasións sen que a día de hoxe se fixeran chegar a esta dependencia para deste xeito elaborar unha contestación. Polo anterior e lido o contido deste último requirimento e coa fin de non incorrer en responsabilidade, pois repito, non me corresponde a min contestar a cuestións que non son da miña competencia, solicito ó Encargado do Rexistro remita de forma urxente o documento con número de rexistro de entrada 2010067735 á Policía Local, para así se poda contestar en prazo.

Xúntanse fotocopias dos informes solicitados pola que subscribe ó Sr. Coordinador e ó Sr. Director da Policía Local de datas 16 de xuño, 3 e 28 de setembro de 2010, xunto con fotocopias dos requirimentos formulados polo Valedor do Pobo de datas 14 de xuño, 23 de agosto e 27 de setembro de 2010 [folios do 1 ó 20], así como documento orixinal do cuarto requirimento de data 4 de novembro de 2010."

O concello non respondeu ao especificamente requirido xa dende o 8 de xuño. Enviou principalmente os escritos remitidos desde esta institución, e a documentación propia refírese á advertencia de que o asunto corresponde a outros departamentos do propio concello, aos que se pediu aclaración, e finalmente, nun informe da policía local de 9 de novembro, sinala que o control deste asunto correspóndelle á patrulla verde, que hai actos vandálicos que son moi difíciles de controlar por parte dos axentes, que durante o período de vacacións de xullo a setembro o cadro de persoal diminúe case nun 50%, e que "por parte da Policía Local non é

posible controlar o ruído provocado pola xente na rúa", co que as diferentes cuestións que formaban parte do requirimento de información quedan sen aclaración suficiente.

Polo que se refire á resposta da Consellería, esta non aclaraba o principal obxecto de queixa dirixido a esta, en concreto a petición para a que regulación de horarios que fai ese órgano teña en conta a existencia de zonas saturadas, establecendo un horario de peche máis restritivo para aqueles locais situados nesas zonas, ou habilitando os concellos que declaren tal circunstancia (que se trata dunha zona saturada ou contaminada por acumulación de locais) para reducir os horarios na zona.

Ante iso requirimos información complementaria a ambas administracións, que xa nola remitiron. Nos respectivos informes dise o seguinte:

-Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

"En contestación ao seu escrito do 27 de decembro de 2010 relativo ao expediente referido, no que solicita información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a regulación por parte da Consellería da redución de horarios en zonas acusticamente saturadas ou a habilitación municipal para esa redución; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa, cómpre informarlle o seguinte:

Entre os proxectos a desenvolver pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao longo deste ano, atópase a elaboración dunha normativa propia, de rango legal, actualizada e de carácter global, que sexa de aplicación a todos os espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos en que se celebren, e que se desenvolvan no ámbito da comunidade autónoma, establecendo unha regulación xenérica para todos eles que supere o baleiro normativo existente na actualidade.

Pois ben, dentro dese marco do anteproxecto de Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, estableceríase unha nova regulación dos

horarios de apertura e peche dos establecementos públicos que, partindo da competencia autonómica para establecelos, indicase os principios xerais informadores da normativa de horarios, as condicións a ter en conta para a fixación do réxime horario, os supostos nos que sería posible exceptuar a aplicación do réxime xeral e, finalmente, recolleríanse claramente os requisitos que permitirían aos Concellos realizar ampliacións ou reducións sobre o marco xeral de horarios.

Nesa liña, o horario xeral dos establecementos públicos, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas determinaríase mediante Orde da persoa titular da consellería competente na materia, oída a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia.

En todo caso, os horarios establecidos garantirán o dereito ao descanso e á saúde, e estableceranse tendo en conta polo menos os seguintes aspectos:

Características do establecemento público, instalación ou espazo aberto e a modalidade de espectáculo público ou actividade recreativa e as súas particulares esixencias de celebración.

Usos sociais e tipo de público ao que vai dirixido.

Situación dos establecementos, instalacións e espazos abertos en zonas residenciais e non residenciais urbanas, ou ben nas proximidades de hospitais ou residencias de anciáns.

Estación anual.

Distinción entre días laborables e vésperas de festivos ou festivos.

Na propia Lei así como na Orde que determinará o horario xeral dos establecementos públicos, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, figurarán os criterios, supostos e circunstancias que permitirán proceder, sempre de forma motivada, a realizar ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

Neste eido, reforzaríase o papel das entidades locais como administración máis próxima á cidadanía, de tal xeito que os concellos poderían autorizar ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, de oficio ou a petición dos interesados, atendendo aos criterios, supostos e circunstancias que figuren na Lei e que se desenvolvan na Orde de horarios.

Agora ben, a elaboración da normativa sobre os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos require a intervención dos órganos das administracións públicas con competencias na materia, así como a audiencia das diversas colectivos afectados, na procura de acadar o maior consenso posible con todos os sectores implicados."

-Concello de Lugo:

"Dende a Concellería de Réxime Interior e Protección da Comunidade deste concello e máis concretamente dende a Dirección Xeral da Policía Local hai unha orden de control de horarios de peche dos locais de ocio en diferentes zonas da cidade,sendo os efectivos da Patrulla Verde desta policía os responsables dese control e de denunciar se existe incumprimento de horario,se carecen de licenza ou ben non se axustan a ela.

Todos os locais comprendidos nesa zona presentan licenza municipal axustándose ao que ela recolle sendo só posible denunciar os devanditos locais por incumprimento de horario de peche e darlle traslado da denuncia a Consellería de Presidencia,Administracións Públicas e Xustiza como órgano competente en materia sancionadora. Cómpre dicir que, unha vez remitida a denuncia dita delegación non informa a esta concellería sobre a continuidade ou non do expediente sancionador. Só somo coñecedores da imposición de sancións por incumprimento de horario de peche a través dos anuncios públicos que aparecen no DOGA.

O que si compre indicar que por parte desta Policía Local non é posible controlar o ruído provocado pola xente na rúa.

Con respecto a celebración de concertos nas inmediacións da zona indicar que se celebran en momentos puntuais e que todos eles rematan a horas marcadas na lexislación vixente en materia de celebración de espectáculos.

Compre salientar que os horarios de concertos na Praza de Santa María, (lugar máis próximo a Rúa Clérigos), que se celebran durante as festas patronais rematan antes das oo:oo co fin de evitar, na medida do posible, as molestias os veciños da zona."

Unha vez avaliadas as respostas dedúcese, no que se refire ás funcións da Consellería, que esta se compromete a promover unha norma que permita o indicado, isto é, aplicar medidas de restrición horaria para casos de saturación.

Polo que se refire ao Concello de Lugo, este non responde de forma suficiente a unha das principais cuestións, en concreto á relación de todos os locais de ocio existentes na zona e á comprobación de que contan con licenza e cumpren as condicións dela. Efectivamente, pedíase información detallada sobre os locais que están a funcionar na ZAS e dos que o fan de xeito irregular, sen licenza ou con licenza que non os habilita para funcionar como o veñen facendo, e sobre as medidas adoptadas para corrixilos. Porén, o único que indica o concello é que *todos os locais comprendidos nesa zona presentan licenza municipal, axustándose ao que ela recolle*. Non obstante, non se dá a relación destes, con mención da licenza e do tipo desta, e sobre todo referencia á comprobación recente do cumprimento das condicións desta, descartando especialmente que os que teñan licenza de simples bares ou similares non funcionen con música e ata altas horas da madrugada, en contra do habilitado nese tipo de licenzas. Esta exhaustiva información era o que se requiría xa no primeiro requirimento de informe, de 8 de xuño, reiterado en moitas ocasións, e foi requirido de novo no oficio de 27 de decembro.

En todo exame do cumprimento das garantías legalmente previstas en relación coa protección dos dereitos constitucionais afectados nesta orde é preciso coñecer a presenza dos actos preventivos, as licenzas de actividades, e o cumprimento

das súas condicións. Esta necesidade é aínda máis intensa nas ZAS, onde con carácter previo as actuacións máis gravosas debe coñecerse se as actividades da zona teñen licenza e se cumpren as condicións desta. Porén, despois de insistir na necesidade de coñecer de forma detallada esta cuestión, o concello respondeu unicamente da forma mencionada.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no anterior RAMINP e agora no art. 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

Unha das condicións dos locais de ocio autorizados é cumprir co tipo de licenza concedida e por tanto que a súa actividade non contradiga a natureza dela. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se

posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Os cafés, bares ou similares son locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música. Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

A zona conta con numerosos locais e con moita afluencia de xente neles e no exterior, o que ocasiona problemas que proveñen tanto da actividade interior como exterior (por exemplo, o intenso tránsito a altas horas da madrugada). Por iso, á hora de abordar os problemas propios da aparente concentración, resulta preciso investigar e, de ser o caso, corrixir, os establecementos que se atoparan en circunstancias irregulares, para impedir o seu funcionamento sen licenza ou dun xeito non habilitado pola que teñan. Esta forma de proceder é un *prius* á hora de abordar un suposto de concentración de locais molestos ou de aparente saturación. E se aínda permaneceran os problemas que definen a saturación (art. 12.2 do Decreto 320/2002) despois de reducir os locais en funcionamento evitando o dos que non o fan de acordo coa correspondente licenza municipal, entón o concello adoptaría as medidas habilitadas para as ZAS.

A esta primeira carencia, que, como expuxemos, é un *prius* nunha correcta actuación para tratar o problema declarado oficialmente, a presenza prexudicial dunha ZAS, vense a engadir a falta de resposta a segunda das cuestións. Efectivamente,

reclamábase aclaración sobre a comprobación, 13 anos despois da declaración da ZAS, do obxectivo legal desta, a diminución do nivel de ruído transmitido, aclarando se polo contrario permanecen niveis ilegais, como sinalan os interesados. A declaración de ZAS non é unha mera declaración formal que poida limitarse á prohibición de novos locais, como parece pretenderse, senón que, ao definir a zona como contaminada, supón o compromiso de descontaminación a través das medidas que correspondan, e a comprobación de que tal obxectivo legal se produce. A redución do nivel constatado de ruído é obxectivo da declaración de ZAS. Para o tratamento destes lugares o art. 12.2 do Decreto 320/2002 sinala que *naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*.

A xurisprudencia resalta a necesidade de determinar e abordar o problema da saturación de ruídos de maneira urxente alí onde se constate, como tamén a necesidade de que as medidas que se deben aplicar sexan as adecuadas para a solución eficaz do problema en función das circunstancias, descartando a adopción de medidas de tipo discrecional ou as limitadas a non agravar o problema (sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999, confirmada polo Tribunal Supremo). Esta interpretación ampla das medidas que se aplican no caso de declaración de ZAS vén prevista no Decreto 320/2002, que, como vimos, dispón a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas. Polo tanto, sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo concello, que ademais se atopa obrigado a lograr tal fin, posto que en caso contrario resultaría responsabilidade municipal. Iso é o que se deduce da sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, que recoñece a responsabilidade patrimonial dos entes locais por insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma a responsabilidade dun concello como consecuencia da súa falta de dilixencia no

tratamento dos ruídos. A sentenza subliña que o axuizado era a actividade xeral ante o problema, deducindo unha conduta pasiva *vulneradora dalgún dereito fundamental*.

As disposicións municipais limitadas a non autorizar novas licenzas nada solucionan se non van acompañadas doutras que permitan aliviar os prexuízos constatados, ou, como di o Decreto 320/2002, *diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*. O anterior trátase na citada sentenza do TSX das Illas Baleares, que delimita o alcance da declaración municipal de *zonas acusticamente contaminadas*. Unha asociación de veciños viña denunciando a proliferación de locais e unha gran afluencia de público na zona, ante o que o Concello de Palma acordou a declaración do barrio como *ZAC*, acordo que foi recorrido en vía contencioso-administrativa pola asociación por considerar as medidas adoptadas insuficientes ou ineficaces en orde ao fin último perseguido, a preservación dos seus dereitos. O concello defendía o carácter discrecional das concretas medidas a aplicar ante a presenza dunha ZAS; segundo el, podería elixir entre diferentes opcións. A Sala considerou en cambio que estabamos ante un *concepto xurídico indeterminado* e non ante unha potestade discrecional, e por tal razón entendeu que a única solución xusta era a congruente coa solución do problema, e non a que quixera inxustificadamente o concello. A medida congruente para corrixir a grave contaminación non é a sinxela limitación de licenzas ou o compromiso municipal de efectuar unha estrita vixilancia; non poden considerarse suficientes para corrixir a situación. O Concello de Palma de Mallorca entendía que actuara de acordo cunha suposta ponderación de intereses, o dereito ao descanso dos veciños e o dereito ao exercicio de actividade económica dos empresarios. Este argumento é con frecuencia utilizado por concellos, e, como sinala a sentenza, debe ser rexeitado. A función da administración non é realizar unha suposta *arbitraxe de intereses*, senón dar efectividade ao principio de legalidade.

Así pois, as carencias sinaladas na actividade do Concello de Lugo supoñen unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e

aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

Debe subliñarse que a desatención afecta a dereitos fundamentais ou especialmente protexidos. Tanto as sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (*Powell e Rayner contra o Reino Unido; López Ostra contra España; Guerra e outra contra Italia; Hatton e outros contra o Reino Unido*...) como a xurisprudencia constitucional española resaltan esta circunstancia desde hai tempo. A sentenza do Tribunal Constitucional 119/2001, do 24 de maio, sinala que *unha exposición prolongada a uns determinados niveis de ruído, que podan obxectivamente cualificarse como evitables e insoportables, debe merecer a protección dispensada ao dereito fundamental á intimidade persoal e familiar, no ámbito domiciliario, na medida en que impidan ou dificulten gravemente o libre desenrolo da personalidade, sempre e cando a lesión ou menoscabo proveña de actos ou omisións de entes públicos aos que sexa imputable a lesión producida.* Tamén a sentenza do Tribunal Supremo do 15 de marzo de 2002 resalta a vinculación dos problemas de contaminación acústica con algún dereito fundamental, e sinala que, no contexto da realidade social actual, o problema da exposición a ruídos excesivos non é *un aspecto que poida considerarse superficial ou pouco importante no tratamento xurídico-administrativo das actividades hoxe habitualmente denominadas xenericamente como clasificadas (...). Para poñer de relevo a transcendencia do ben xurídico cuxa protección está en xogo, basta con recordar a importancia que a xurisprudencia constitucional e europea de dereitos humanos atribúen as actividades desta natureza*.

As desatencións ás funcións municipais mencionadas poden xerar responsabilidade patrimonial. A sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002 resulta unha boa mostra do recoñecemento da responsabilidade patrimonial dos entes locais nos supostos en que se constate unha insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma outra do TSX de Castela - A Mancha na que se condenara un concello ao

aboamento dunha indemnización como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos.

Debe concluírse que o Concello de Lugo non aclarou os concretos extremos que mencionamos. Os cidadáns que promoveron as queixas están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. É especialmente destacable que o prexuízo se está dando na vivenda dos afectados, polo que se está conculcando un dereito dos cualificados como fundamentais na Constitución (artigo 18.1 e 2) e na Convención Europea de Dereitos Humanos (art. 8), polo que o labor de protección da administración municipal debera ter sido aínda máis dilixente.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Lugo non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente, que por iso poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento deste problema, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar a cuestión.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Lugo o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que con urxencia se proceda a dar cumprimento ás responsabilidades municipais non aclaradas no seo do presente expediente en relación á contaminación acústica que sofren os veciños da zona acusticamente contaminada obxecto da queixa.

Que en relación cos controis preventivos dos establecementos se determinen de forma exhaustiva os locais obxecto da queixa, con mención ao resultado de recentes comprobacións sobre o axuste da súa forma de funcionar ao habilitado para cada un deles na súa licenza de funcionamento, corrixindo aos que teñan licenza de simples bares ou similares e Porén funcionen con música e ata altas horas da madrugada, en contra do habilitado nese tipo de licenzas.

E que, logo de realizar o labor mencionado no parágrafo anterior e corrixidos os locais que non se axusten ao previsto na súa licenza, se comprobe de forma urxente se aínda continúan os prexuízos definidos no art. 12.2 do Decreto 320/2002, e en caso positivo se proceda a adoptar todas as medidas adecuadas para reconducir a situación e diminuír de forma significativa o nivel de ruído dos locais e o exterior que sofren os residentes, o que resulta o obxectivo legalmente establecido nas ZAS.

Resposta do Concello de Lugo: recordatorio de deberes legais aceptado.

11.-Recordatorio de deberes legais dirixida ao Concello de Santiago de Compostela o 5 de abril de 2011 debido a aos prexuízos e molestias ocasionados por un local de ocio e en xeral polas zonas acusticamente contaminadas da cidade. (Q/398/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. T. B. B. de P. debido aos prexuízos e molestias ocasionados por un local de ocio e en xeral polas zonas acusticamente contaminadas da cidade.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 3 de xaneiro de 2011 publicouse no Boletín Oficial da Provincia o procedemento de exposición pública do

expediente de Declaración de Zonas Saturadas. El é veciño de Alfredo Brañas, unha das rúas saturadas, e presentou alegacións polos motivos que se expoñen:

1. Durante varios anos foi veciño de Alfredo Brañas, residindo concretamente no edificio situado enfronte do local ANUBIS, con horario de *after*. No pasado verán decidiu mudarse de domicilio debido ás continuas molestias que viña sufrindo durante varias noites á semana, todas as semanas do ano, no transcurso de moitos anos. Algo que se facía cada vez máis insostible e que estaba a chegar a afectar á súa saúde. Esta situación, en lugar de ir a menos, foise incrementando ano tras ano sen que se vise unha actitude resolutiva por parte da administración local e do alcalde da cidade. O conflito que o concello coñece (xa que son moitas as chamadas que se efectúan á policía local e as denuncias que obran no departamento de Urbanismo) ten un carácter eminentemente xurídico e por iso a administración local, como competente na materia, debe darlle un tratamento baseado no principio de legalidade, é dicir, na aplicación do sector do ordenamento xurídico que regula os supostos de contaminación acústica e que por iso predetermina as consecuencias xurídicas aplicables. No Decreto que revisa a Declaración de Zonas Acusticamente Saturadas, a simple limitación de apertura de novas actividades contaminantes non pode considerarse suficiente ao non corrixir a situación que se pretende abordar; tal e como quedou demostrado co fracasado Decreto de zonas saturadas do ano 2005. Resulta necesario adoptar medidas de prevención e medidas correctoras.

2. O Decreto que se pretende aprobar declara saturada a rúa de Alfredo Brañas, do mesmo xeito que xa o fixo o Decreto de Zonas Saturadas de 2005. Esta rúa, xunto con outras nove, repite como *zona saturada* e outras seis máis se suman ás declaradas en 2005. Isto quere dicir que o concello non adoptou medidas correctoras (tal e como esixe a normativa) para acabar coa contaminación acústica nestas zonas. A declaración dunha serie de rúas como zonas saturadas supón o recoñecemento dunha actividade ilícita resultante do exceso de ruído; a simple declaración sen a adopción de medidas preventivas ou que corrixan a situación supón unha nova ilegalidade xa que a normativa vixente (Lei 7/1997, art. 12 do Decreto 320/2002 da Xunta de Galicia, e o art.

13 da Ordenanza municipal de ruído) en materia de ruído esixe a adopción de medidas que reduzan os niveis de ruído aos límites legalmente permitidos.

Sinala que a situación é insostible e por tanto o Decreto de Declaración de Zonas Saturadas publicado o 3 de xaneiro de 2011 haberá de incorporar medidas correctoras dos niveis de ruído excesivos que se sofren nas rúas declaradas saturadas. O concello debe cumprir e facer cumprir a normativa de ruído vixente na actualidade, algo que non sucede xa que incumpre sistematicamente a ordenanza municipal de ruídos de 2003 (falta de control de ruído na rúa -art. 31-, homologación do modelo de placa identificadora das actividades nos locais -art. 45-, ou falta de actualización das licenzas administrativas).

Ante iso solicitamos información a ese concello, que recentemente nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"En relación coa queixa presentada ante esa institución, no expediente C.6.Q/398/11, a Xefe do Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística, con esta mesma data, emite o seguinte informe:

"En relación coa queixa presentada ante o Valedor do Pobo, por C. Thierry Berguer Bit de Parseval, se informa.

No primeiro parágrafo do escrito presentado polo interesado poñen en coñecemento desa institución que o Concello está a tramitar o expediente de declaración de zonas saturas, o que efectivamente é correcto. A Rúa Alfredo Brañas foi unha das rúas que foi declarada saturada mediante Decreto do Alcalde de data 17 de marzo de 2.011, publicada no BOP de 21 de marzo. O interesado presentou escrito de alegacións no prazo de exposición ó público do inicio expediente de declaración de zonas saturadas. Ditas alegacións foron cumpridamente informadas polos técnicos municipais e resoltas no Decreto de 17 de marzo de 2.011, polo que se acordou aprobar a declaración de zonas saturadas. Con data 23 de marzo de 2.011 foille notificado a resolución ó interesado concedéndolle prazo interposición recurso

potestativo de reposición e contencioso administrativo. Faise contar que o contido do escrito presentado polo interesado é semellante ó presentado nesa institución. Remítese copia da resolución notificada ó interesado".

Unha vez avaliada a resposta municipal e a documentación que a acompaña dedúcese, en primeiro termo, que o concello non sinala nada respecto do primeiro aspecto da queixa, que fai referencia ao funcionamento do local *Anubis* cun horario de *after,* o que loxicamente suporía, de confirmarse, unha clara irregularidade, posto que trataríase dunha actividade desaxustada respecto da licenza que de ser o caso teña o establecemento. Por iso no requirimento de informe indicamos que era preciso aclarar "o aparente funcionamento irregular do local mencionado, o *Anubis*, que sería un *after*, o que non se permite no catálogo do decreto 292/2004", e "as medidas adoptadas para corrixir aos locais sen licenza e aos que non se axusten ao permitido na súa licenza".

No relativo ao aspecto xeral da queixa, isto é, a existencia dende hai tempo de Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS) que permanecen nas mesmas circunstancias, sen que a actuación do concello as corrixira, o ente local indica basicamente que se tramitou unha nova declaración que afecta á zona mencionada na queixa, que o interesado promovera alegacións, que foron respondidas, segundo consta, e que se aprobou a declaración a través do decreto municipal de 17 de marzo de 2011.

Así pois, en relación coas ZAS o Concello de Santiago actuou cunha primeira declaración en 2005, e agora cunha nova declaración no mesmo sentido, na que basicamente se establece que non se concederán novas licenzas de apertura ou ampliación de actividades molestas definidas no art. 42 da ordenanza municipal de ruídos nin cambios de titularidade cando supoñan execución de obras para incrementar o aforo, e a prohibición das terrazas por riba da 1.30 en verán e das 0.00 o resto do ano. Tamén se menciona que deberá incrementarse a presenza e vixilancia dos axentes da policía local para evitar situacións que "supoñan unha contaminación acústica superior aos límites tolerables".

Do anterior conclúese que o concello non responde de forma suficiente a unha das principais cuestións, en concreto a relación de todos os locais de ocio existentes na zona e á comprobación de que contan con licenza e cumpren as condicións dela. Efectivamente, pedíase información detallada sobre os locais que están a funcionar na ZAS e dos que o fan de xeito irregular, sen licenza ou con licenza que nos os habilita para funcionar como o veñen facendo, e sobre as medidas adoptadas para corrixilos. Porén, non se da a relación destes coa mención das comprobacións indicadas. Esta exhaustiva información requiríase o 7 de marzo, cando se mencionaba a necesidade dun "listado de locais que funcionan na ZAS desa rúa e no resto das ZAS, con mención da comprobación do seu funcionamento regular, é dicir, con licenza de funcionamento e de acordo co que lles habilita esta, en especial descartando que os locais que sexan bares ou similares funcionen con música e ata altas horas da madrugada, como pubs ou superiores". Un claro exemplo de funcionamento irregular sería, no caso de confirmarse, o do local *Anubis*.

En todo exame do cumprimento das garantías legalmente previstas en relación coa protección dos dereitos afectados nesta orde é preciso coñecer a presenza dos actos preventivos, as licenzas de actividades, e o cumprimento das súas condicións. Esta necesidade é aínda máis intensa nas ZAS, onde con carácter previo a actuacións máis gravosas debe coñecerse se as actividades da zona teñen licenza e se cumpren as súas condicións.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no anterior RAMINP e agora no art. 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a

administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

Unha das condicións dos locais de ocio autorizados é cumprir co tipo de licenza concedida e por tanto que a súa actividade non contradiga a natureza dela. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafeterías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Os cafés, bares ou similares son locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música. Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da CAG (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

As zonas contan con numerosos locais e con moita afluencia de xente neles e no exterior, o que ocasiona problemas que proveñen tanto da actividade interior como exterior (por exemplo, o intenso tránsito a altas horas da madrugada). Por iso, á hora de abordar os problemas propios da aparente concentración, resulta preciso investigar e, de ser o caso, corrixir, os establecementos que se atoparan en circunstancias irregulares, para impedir o seu funcionamento sen licenza ou dun xeito non habilitado pola que teñan. Esta forma de proceder é un *prius* á hora de abordar un suposto de concentración de locais molestos ou de aparente saturación. E se aínda permaneceran os problemas que definen a saturación (art. 12.2 do Decreto 320/2002) despois de reducir os locais en funcionamento evitando o dos que non o fan de acordo coa correspondente licenza municipal, entón é cando o concello se vería obrigado a adoptar as medidas habilitadas para as ZAS.

A esta primeira carencia, que, como expuxemos, é un *prius* nunha correcta actuación para tratar o problema declarado oficialmente, a presenza prexudicial dunha ZAS, vense a engadir a falta de resposta á segunda das cuestións. Efectivamente, se reclamaba aclaración sobre a comprobación, 6 anos despois da declaración da anterior ZAS, do sucedido co obxectivo legal desta, a diminución do nivel de ruído, aclarando se polo contrario permanecen niveis ilegais, como sinala o interesado e parece confirmar o concello coa nova declaración. En concreto requiríase que se aclararan "as medidas aplicadas en relación coas ZAS declaradas en 2005, e a comprobación da efectividade destas de cara a diminuír o nivel de ruído que motivou a declaración", e "sobre a situación actual que deu lugar a manter a rúa á que se refire o interesado entre as ZAS". A declaración de ZAS non é unha mera declaración formal que poida limitarse á prohibición de novos locais, como parece pretenderse, senón que definir a zona como saturada ou contaminada supón o compromiso de descontaminación a través das medidas que correspondan, como tamén a comprobación de que tal obxectivo legal se produce. A redución do nivel constatado de ruído é obxectivo da declaración de ZAS; para o tratamento destes lugares o art. 12.2 do Decreto 320/2002 sinala que *naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade*

das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos.

No caso examinado, a nova declaración de ZAS, que aínda aumenta o seu ámbito territorial, non parece facer mención á anterior declaración e aos seus resultados. Só na resposta ás alegacións do interesado indícase que "estas medidas foron aprobadas no ano 2005 e puxéronse en práctica, aínda que nalgunhas rúas non se acadaron os niveis desexados". O anterior é tanto como recoñecer que as medidas no seu momento aplicadas non resultaron eficaces para o fin legalmente perseguido, que, como vemos, era *diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos.* Porén, da información dispoñible non se aprecia que se prevexa a aplicación de medidas de diferente orde (*as medidas oportunas,* como sinala o Decreto 320/2002) que fagan pensar que nesta ocasión finalmente se corrixirá a deficiencia detectada. Ao respecto é de resaltar tamén a importancia do prazo de revisión da eficacia das medidas; no decreto municipal indícase que será de 4 anos, o que resulta un período de tempo moi longo tendo en conta que, como dixemos, o que o concello está a recoñecer oficialmente é o incumprimento dos niveis acústicos en horario nocturno, circunstancia que obriga a solucionar tal cousa canto antes, e polo tanto tamén a comprobalo. A revisión que coñecemos fíxose despois de 6 anos e serviu para constatar que o problema continuaba e aínda empeorara, dado que se aumenta o seu ámbito, o que demostra que as medidas aplicadas non resultaron adecuadas. Agora os afectados terán que esperar 4 anos para que o concello revise de novo se as medidas agora aplicadas, basicamente as mesmas, resultan adecuadas, o que parece inadecuado.

Unha zona oficialmente declarada da forma mencionada supón, en primeiro termo, que o ente local comprobou que se dá unha concentración de locais excesiva (*zona saturada*), o que trae consigo un gran número de problemas, non só polo funcionamento dos propios locais, senón de todo tipo, como é o caso do ruído na rúa provocado polo trasfego continuo de xente, o tráfico, os aceleróns, o vandalismo, etc. Evitar isto é función municipal; porén, da nova declaración só pode deducirse que as

medidas aplicadas dende 2005 ao respecto non foron eficaces, e as adoptadas agora parecen iguales ou moi similares.

A xurisprudencia resalta a necesidade de determinar e abordar o problema dos ruídos por saturación de maneira urxente alí onde se constate, como tamén a necesidade de que as medidas a aplicar sexan as adecuadas para a solución eficaz do problema en función das circunstancias, descartando a adopción de medidas de tipo discrecional ou as limitadas á non agravar o problema (sentenza do TSX das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999, confirmada polo TS). Esta interpretación ampla das medidas a aplicar en caso de declaración de ZAS vén prevista no Decreto 320/2002, que, como vimos, dispón a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas. Polo tanto, sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo concello, que ademais se atopa obrigado a lograr tal fin, posto que no caso contrario resultaría responsabilidade municipal. Iso é o que se deduce da sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, que recoñece a responsabilidade patrimonial dos entes locais por insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma a responsabilidade dun concello como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos. A sentenza subliña que o axuizado era a actividade xeral ante o problema, deducindo unha conduta pasiva *vulneradora dalgún dereito fundamental*.

As disposicións municipais limitadas a non autorizar novas licenzas nada solucionan se non van acompañadas doutras que permitan aliviar os prexuízos constatados, ou, como di o Decreto 320/2002, *diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*. O anterior trátase na citada sentenza do TSX das Illas Baleares, que delimita o alcance da declaración municipal de *zonas acusticamente contaminadas*. Unha asociación de veciños viña denunciando a proliferación de locais e unha gran afluencia de público na zona, ante o que o Concello de Palma acordou a declaración do barrio como *ZAC*, acordo que foi recorrido en vía contencioso-administrativa pola asociación por considerar as medidas adoptadas insuficientes ou ineficaces tocante ao fin último perseguido, a preservación dos seus dereitos. O concello

defendía o carácter discrecional das concretas medidas que se teñen que aplicar ante a presenza dunha ZAC; segundo el, podería elixir entre diferentes opcións. A Sala considerou en cambio que estabamos ante un *concepto xurídico indeterminado* e non ante unha potestade discrecional, e por tal razón entendeu que a única solución xusta era a congruente coa solución do problema, e non a que quixera inxustificadamente o concello. A medida congruente para corrixir a grave contaminación non é a sinxela limitación de licenzas ou o compromiso municipal de efectuar unha estrita vixilancia; non poden considerarse suficientes para corrixir a situación. O Concello de Palma de Mallorca entendía que actuara de acordo cunha suposta ponderación de intereses, o dereito ao descanso dos veciños e o dereito ao exercicio de actividade económica dos empresarios. Este argumento é con frecuencia utilizado por concellos, e, como sinala a sentenza, debe ser rexeitado. A función da administración non é realizar unha suposta *arbitraxe de intereses*, senón dar efectividade ao principio de legalidade.

Así pois, as carencias sinaladas na actividade do Concello de Santiago supoñen unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

Debe subliñarse que a desatención afecta a dereitos fundamentais ou especialmente protexidos. Tanto as sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (*Powell e Rayner contra o Reino Unido; López Ostra contra España; Guerra e outra contra Italia; Hatton e outros contra o Reino Unido*...) como a xurisprudencia constitucional española resaltan esta circunstancia desde hai tempo. A sentenza do Tribunal Constitucional 119/2001, do 24 de maio, sinala que *unha exposición prolongada a uns determinados niveis de ruído, que podan obxectivamente cualificarse como evitables e insoportables, debe merecer a protección dispensada ao dereito*

fundamental á intimidade persoal e familiar, no ámbito domiciliario, na medida en que impidan ou dificulten gravemente o libre desenrolo da personalidade, sempre e cando a lesión ou menoscabo proveña de actos ou omisións de entes públicos aos que sexa imputable a lesión producida. Tamén a sentenza do Tribunal Supremo do 15 de marzo de 2002 resalta a vinculación dos problemas de contaminación acústica con algún dereito fundamental, e sinala que, no contexto da realidade social actual, o problema da exposición a ruídos excesivos non é *un aspecto que poida considerarse superficial ou pouco importante no tratamento xurídico-administrativo das actividades hoxe habitualmente denominadas xenericamente como clasificadas (...). Para poñer de relevo a transcendencia do ben xurídico cuxa protección está en xogo, basta con recordar a importancia que a xurisprudencia constitucional e europea de dereitos humanos atribúen as actividades desta natureza*.

As desatencións ás funcións municipais mencionadas poden xerar responsabilidade. A sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002 resulta unha boa mostra do recoñecemento da responsabilidade patrimonial dos entes locais nos supostos en que se constate unha insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma outra do TSX de Castela-A Mancha na que se condenara un concello ao aboamento dunha indemnización como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos.

Debe concluírse que o Concello de Santiago non aclarou os concretos extremos que mencionamos. O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Santiago non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente, que por iso poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento deste problema, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Santiago o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que con urxencia se proceda a dar cumprimento ás responsabilidades municipais non aclaradas no seo deste expediente en relación á contaminación acústica que sofren os veciños das zonas acusticamente contaminadas obxecto da queixa.

Que en relación cos controis preventivos dos establecementos se determinen de forma exhaustiva os locais obxecto da queixa, con mención do resultado de recentes comprobacións sobre a súa licenza de funcionamento e o axuste da súa forma de funcionar ao habilitado nela, corrixindo aos que non teñan licenza e aos que a teñan de simples bares ou similares e Porén funcionen con música e ata altas horas da madrugada, en contra do habilitado nese tipo de licenzas.

Que, logo de realizar o labor mencionado no parágrafo anterior e corrixidos os locais mencionados, se comprobe de forma urxente se aínda continúan os prexuízos definidos no art. 12.2 do Decreto 320/2002, e en caso positivo se proceda a adoptar todas as medidas adecuadas para reconducir a situación e diminuír de forma significativa o nivel de ruído que sofren os residentes, o que resulta o obxectivo legalmente establecido nas ZAS.

E que se aclare e de ser o caso se corrixa o aparente funcionamento irregular do establecemento que se menciona na queixa.

Resposta do Concello de Santiago de Compostela: pendente de resposta final na que se dea conta da efectividade do recordatorio de deberes legais.

12.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Ribadeo el 5 de abril de 2011 debido a a los ruidos procedentes de pubs en Ribadeo (Q/1393/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª S. R. F. debido aos ruídos procedentes de pubs en Ribadeo.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que a súa rúa era moi tranquila e agora se atopa reformada e moi ben dotada, cunha biblioteca, a casa da xuventude, un hotel, un ximnasio, etc. Porén, os veciños se ven obrigados a convivir cun ruído insoportable os fins de semana. A súa casa está situada ao carón de pubs que incumpren toda a normativa ao respecto: non pechan á hora, non teñen insonorización, etc. Dende a súa casa, tanto por diante como por detrás, escóitase perfectamente a música toda a noite, pero, a pesar das súas chamadas á policía local, non se comproba, posto que "non está operativa". A presenza deses locais fai que polas mañas as portas se atopen con vómitos e ouriños e que non poidan durmir, polo que desexan que chegue o domingo. Os sábados a súa veciña durme na habitación traseira e con tranquilizantes, a súa filla vai a casa da súa aboa, e ela chama sistematicamente a policía local ata as 6.30, pero nunca a atopa, nin no fixo nin no móbil, polo que entón chama a garda civil, que lle di que iso é cousa da policía local e en ocasións vai, pero sen poder corrixir os aspectos que comenta, que non son da súa competencia. Non se apaga a música ata as 7 ou 8 da mañá. Engade que falou das circunstancias desta queixa co alcalde. De confirmarse o anterior estaríase a incumprir a normativa sectorial, fundamentalmente a Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e o Decreto 320/2002.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Ribadeo, que no seu momento nola remitiu cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordarlle o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo

da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. No informe municipal sinalábase o seguinte:

"En relación ao seu atento escrito de data 14 de decembro de 2010 reiterativo doutros anteriores sobre Queixa de referencia, non tendo sido enviada comunicación xustificativa do atraso na contestación, pola presente poño no seu coñecemento as actuacións realizadas e procedo a facilitarlle na medida do posible os datos requeridos.

Actuacións realizadas. Por esta Alcaldía, por Resolución de 23 de setembro de 2010 da que se achega copia, efectuouse sobre o asunto o seguinte:

Petición de informe escrito da Policía Local respecto aos seguintes aspectos que foron obxecto de denuncia pola interesada e outros veciños:

a) Se os establecementos que sexan sinxelos Bares non teñen música e pechan no horario correspondente a este tipo de establecemento. b) Causas polas que a Policía Local non atende ás chamadas de denuncia das circunstancias mencionadas pola interesada, no caso de confirmarse a pesar de que tal atención é obrigada. c) Comprobación do incumprimento dos horarios. d) comprobación dos ruídos transmitidos, de ser o caso. e) Sobre o consumo de alcohol na rúa que se atopa prohibido segundo os artigos 12 e 26 .5) do Decreto 320/2002. f) Sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración obxecto da queixa.

A contestación da referida Policía Local emitiuse con data 1 de outubro de 2010 e se achega copia da mesma, da que se desprende que no que atinxe á parte da queixa de que se deixa de atender chamadas é negada polo Xefe da Policía Local nos termos que a efectúa e sobre os restantes aspectos solicitados pola Alcaldía contesta nos termos que figuran. Achégase copia aos efectos procedentes.

Toda vez que a Xefatura da Policía Local se remite á Xunta Local de Seguridade de 6 de novembro de 2009 no que se tratou o asunto de ruídos, achégolle copla da acta desta Xunta.

Por esta Alcaldía, de que calquera modo, vaise reiterar á Policía Local a tenor do interese manifestado por esa Institución que efectúe durante as noites dos fins de semana en que se atopa operativa, unha vixilancia máis intensiva da zona obxecto da denuncia da que se dará conta a esa Valedor do Pobo."

A pesar do amplo período de tempo que pasou desde que se requiriu a información, o certo é que non se respondía ao especificamente indicado. O informe da policía local confirmaba que as quendas que ten establecidas non abarcan todos os días e por tanto non permiten acudir a comprobar as diferentes denuncias das supostas infraccións, e que as chamadas que poden recibirse "aténdense", sen especificar nada máis, o que loxicamente non aclara o fondo do asunto, sobre todo o resultado das comprobacións que de ser o caso se deran en relación a eses concretos locais. Ao respecto a policía local engade que "existen multitude de informes de medición de ruídos", pero a pesar diso non se indica se existen en relación cos locais obxecto da queixa, o resultado destes e as actuacións a que deron lugar. As comprobacións por parte do concello resultan preceptivas, de acordo co establecido no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica.

Tampouco se aclaraban as circunstancias máis básicas sobre as que se demandaba informe, en concreto "os locais que se atopan na zona a que se refire a interesada; se eses locais contan con licenza municipal de funcionamento e, de ser o caso, de que tipo (bar, pub...), especificando cal en cada caso; e se cumpren as condicións propias do tipo de licenza que teñan, de ser o caso, en especial se os que sexan sinxelos bares non teñen música e pechan no horario correspondente a este tipo de establecemento". Isto sucede a pesar de que, tal e como se indica na acta da Xunta Local de Seguridade que se achega, a posición do concello respecto destas cuestións parece coincidente coa queixa; o alcalde sinala ao respecto que o concello "está condenado en materia de ruídos e que se detecta que hai locais que fan fraude de lei e utilizan

torticeramente as súas licenzas", cousa que precisamente pretende aclararse co requirimento de informe, sobre todo para coñecer as actuacións ao respecto. Tamén deberan aclararse as actuacións da policía local en relación co ruído na rúa, cuxa corrección tamén corresponde ao concello, de acordo coa lexislación vixente e de conformidade coa aplicación que dela fan os órganos xurisdicionais. Polo que se refire á comprobación do horario de peche, a policía local unicamente sinala que se remite á acta da Xunta Local de Seguridade. Porén, esta non aclara se se encarga ordinariamente de facer as comprobacións do cumprimento do horario (non di que o faga), e a Garda Civil sinala que "se lle remita unha relación das denuncias de horarios de peche", do que parece deducirse que non as fai ela (a Garda Civil), senón que se presupón que as fai a propia policía local, á vez que realiza o control ordinario do cumprimento das condicións das licenzas, os ruídos nos locais e os ruídos na rúa.

Á vista do indicado polo concello requirímoslle información complementaria, que xa remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"En relación ao seu atento escrito de data 23.02.2011 (num. Rexistro saída 001569) sobre Queixa de referencia, e como complemento dos anteriores emitidos por esta Alcaldía, achégolle o informado pola Policía Local, ata o día de hoxe:

-Contestación Decreto de fecha 29.01.2011 en relación a denuncias de dona Susana del Rio Fernández, de fecha 7 de febreiro de 2011.

-Informe sobre medición de niveis acústicos procedentes do local Vivir sen durmir, de data 18.02.2011.

-Informe sobre control de establecementos públicos. Data 21.02.2011.

-Informe de incidencias, de data 28.02.2011.

Dende esta Alcaldía, como xa se facía constar no último escrito de data 20.12.2010 remitido a esa Institución o mesmo día con rexistro de saída número 5602, quérese indicar que a Policía Local está a face-los controis necesarios durante as

noites dos fíns de semana (que é cando se poden producir alteracións significativas) e que se poñen e porán tódolos medios precisos para evitar e/ou minimizar, dentro do posible os problemas orixinados."

Da información achegada dedúcese que o concello segue sen aclarar o cumprimento das funcións que lle son propias en relación co tratamento do problema. Efectivamente, o ente local segue sen aclarar as circunstancias máis básicas sobre as que se demandaba informe xa no requirimento orixinal, reiterado en numerosas ocasións, e que de novo se mencionaron no requirimento de información complementaria, que tamén foi preciso reiterar. Menciónanse tres locais como os da zona, *Vivir sin dormir*, *Bugas* e *Estopa*, pero indícase que un pouco máis afastados existen máis. Porén, non se especifican os elementos de fondo que servirían para comeza a analizar o seu funcionamento, como se eses locais contan con licenza municipal de funcionamento e, de ser o caso, de que tipo (bar, pub...), e se cumpren as condicións propias do tipo de licenza que teñan, en especial se os que sexan sinxelos bares non teñen música e pechan no horario correspondente a este tipo de establecemento.

Polo que se refire ao control de ruídos procedentes dos locais o concello sinalara que as chamadas "aténdense", sen indicar nada máis, e que "existen multitude de informes de medición de ruídos", pero sen especificar. Agora, como resposta ao requirimento de informe complementario segue sen dicirse nada respecto desas "moitas comprobacións". Indícase que aumentou a quenda de noite, pero segue sen mencionarse que se atendan todas as chamadas, como resulta da obriga prevista no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica. As comprobacións que agora se trasladan son posteriores ao requirimento de información complementaria. O que resulta máis relevante é que delas se desprende que os locais funcionan transmitindo niveis de ruído superiores aos permitidos e que o fan a altas horas da madrugada, pero a pesar diso o ente local non sinala nada respecto das súas actuacións, que loxicamente deberan conducirse cara a sancionar as infraccións que constan e a corrixir o funcionamento irregular dos locais, se fora necesario coas medidas cautelares adecuadas.

O anterior sucede a pesar de que o ente local sinala expresamente nun documento achegado que "está condenado en materia de ruídos e que detecta que hai locais que fan fraude de lei e utilizan "torticeramente as súas licenzas", pero sen concretar as súas actuacións para corrixir tal cousa. A pesar de que non se facilita información sobre as licenzas e sobre o seu tipo, nalgún documento achegado figura que un dos locais ten licenza de *tablao flamenco*, circunstancia á que posiblemente se refira o concello cando fala de fraude de lei, pero sen concretar o que fai ao respecto. Esta actuación atopase a súa disposición e ata resulta unha obriga; a realidade do local ten que axustarse á súa licenza.

Polo que se refire ao ruído na rúa, respecto do que tamén reclamamos aclaración de forma insistente, o ente local segue sen indicar nada. O mesmo sucede co resto dos problemas na rúa asociados ao funcionamento dos locais, de acordo coa queixa (a presenza dos locais fai que as polas mañás as portas se atopen con vómitos e ouriños). Tampouco se aclara o ruído procedente da rúa a altas horas da madrugada, o que, como sinalamos dende o primeiro momento, estaría a incumprir a normativa sectorial, fundamentalmente a Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e o Decreto 320/2002 (arts. 12 e 26).

En canto ao reiterado incumprimento dos horarios, as últimas comprobacións deixan constancia de que os locais funcionan nuns horarios desproporcionados, como indicara a queixa. Nalgúns casos xúntanse medicións feitas as 6.13, as 6.20, as 6.24 e as 6.30, o que, unido aos niveis rexistrados a esas horas, resulta alarmante.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2414/1961), e agora no art. 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas

soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafeterías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen. Por iso, é necesario que o concello precise o tipo de licenza con que contan os locais e se esta lles permite funcionar como o veñen facendo.

Ademais, as licenzas referidas teñen que atoparse referidas ás tipoloxías que se definen no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), e o funcionamento real do local debe cinguirse a categoría adaptada ao catálogo, o que posiblemente non sucede nalgún dos casos examinados. Os outros non se aclaran.

O Concello de Ribadeo debe ter presente que co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; esta abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

Ademais, deben realizarse cantas comprobacións se demanden polos posibles prexudicados polo ruído, tal e como establece o art. 9 Lei 7/1997, de protección

contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento". As comprobacións que dean lugar a actas de infracción por superar os niveis permitidos, como algunhas das achegadas, necesariamente deben ter o curso que lles corresponde, pois este non se atopa a disposición do ente local. Porén, en relación coas infraccións acreditadas, o Concello de Ribadeo non dá conta de que lle dera o curso adecuado.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no citado artigo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Ribadeo non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á

vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ribadeo a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se adopten as medidas adecuadas para sancionar e corrixir o funcionamento irregular dos locais respecto dos que se comprobou que transmitían ruído as vivendas a altas horas da madrugada; e que se realicen as demais medicións que sexan demandadas polos afectados, e no momento en que se chame á policía local.

Que con urxencia se comprobe que os tres locais obxecto da queixa contan con licenza de funcionamento e desenvolven na súa actividade de acordo con ela, descartando que os que sexan simples bares ou similares funcionen con música e ata altas horas da madrugada; e que para iso se utilice como referencia o previsto no catálogo aprobado polo Decreto 292/2004.

E que no relativo ao control do ruído na rúa, xa sexa por consumo fóra dos locais ou pola presenza de xente pola rúa, con posible saturación da zona, con urxencia se adopten as medidas precisas para evitalo e dar efectividade ao previsto no Decreto 320/2002."

Resposta do Concello de Ribadeo: recomendación aceptada.

13.- Recomendación dirixida al Concello das Pontes o 29 de abril de 2011 debido a aos prexuízos e molestias ocasionados por un local (Q/643/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. D. C. C. debido aos prexuízos e molestias ocasionados por un local.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que fixo unha reclamación anterior polo mesmo motivo, é dicir, que as fins de semana poñen a discoteca ..., na rúa ..., a un volume superior ao permitido. Como consecuencia desa queixa o ente local sinalou, entre outras cousas, que no referente ao axuste á legalidade da licenza comprométese a *tomar as medidas oportunas para que dito local axuste a súa actividade a licenza que posúe.* O interesado sinala tamén que hai pelexas e sobre todo ruído e desfeitas de mobiliario urbano. Ademais, hai uns días rompeu un cristal do portal 11-13 da dita rúa e estaba todo o chan de sangue. "Tódolos veciños puxemos numerosas queixas e ninguén fai caso. Todo isto ben ocorrendo dende fai numerosos anos e queremos unha solución", engade. O local non está insonorizado e non cumpre os horarios de apertura e peche.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte: *"Visto o seu escrito arriba referenciado, sobre os extremos que se sinalan no mesmo, por parte do que subscribe, Inspector- xefe da Policía Local dicir o seguinte: En primeiro lugar facer constar que dito local na actualidade cambiou de nome pasándose a chamar ..., e así mesmo que no seu día xa se lle remitiu copia da licenza do citado local, tendo o mesmo licenza de CAFÉ CANTANTE. En canto o volume de dito local neste Concello a única denuncia que se ten recibido e a do reclamante, comprobando por parte da policía tódolos días de apertura do mesmo que cumpra cas cláusulas propias da súa licenza. En canto as pelexas, ruído e desfeitas de mobiliario urbano, rotura do cristal, nesta policía non existen durante o fin de semana un número de denuncias que faga sospeitar un aumento desproporcionado de ditas condutas. No tocante os horarios de apertura e peche, na etapa anterior de dito local foi denunciado no ano 2008 en seis ocasións por dito motivo, no ano 2009 con un propietario distinto tamén foi denunciado tanto polo horario como por desobediencia ante o requirimento para pechar o local. Na actualidade con outro xerente distinto de momento non foi necesario denuncialo. A parte do exposto, dicir que para unha poboación como a das Pontes, con casi doce mil habitantes dicir que tanto no tema de actos vandálicos, como pelexas, etc., o índice de sinistros e moi baixo, e no relativo o horario de peches dos locais por parte desta policía contrólanse exhaustivamente os mesmos denunciando as infraccións."*

Como se indicou, anteriormente coñecéramos unha queixa polo mesmo motivo, a C.6.Q/1867/09. Como conclusión dela indicáramos ao concello que era preciso realizar as medicións na vivenda para comprobar a posible existencia de infracción administrativa e realizar as accións correctoras e sancionadoras que corresponderan en dereito (art. 9 da Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica). O anterior era aínda máis necesario despois de comprobarse por parte da policía local que o establecemento pechaba en horas extraordinariamente tardías (ás 6.20, 6.30, 6.45, 6.50, 7.00 ou 7.40), moi por enriba do permitido. O ente local sinalou que *tomaría as medidas oportunas para que dito local axuste a súa actividade a licenza que posúe.*

Porén, agora non se aclara nin o axuste do establecemento ao previsto na súa licenza de café-cantante, nin que se fixeran as medicións de ruído precisas no domicilio do afectado ou afectados. Respecto da primeira cuestión o concello limítase a indicar por medio da policía local e de forma xenérica que comproba que a *apertura do mesmo* (o establecemento) *cumpra cas cláusulas propias da súa licenza.* Porén, non concreta que o horario agora comprobado sexa o propio dos cafés-cantantes, como tampouco concreta que agora o local non se comporte como unha discoteca, que ao parecer é o que facía, e iso a pesar do compromiso municipal citado. Efectivamente, os cafés-cantantes deben funcionar de acordo co previsto para eles polo Decreto 292/2004, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da CAG. Prevese que non teñan pista de baile para o público e en consecuencia está prohibido que nestes locais se celebren bailes. Tamén se limita o seu horario, que se asimila ao da actividade principal, que é a de restauración (epígrafe 2.7.3.1. do anexo do Decreto), nada acorde co comprobado anteriormente, que asimilaba o horario de funcionamento ao dunha discoteca e aínda superaba este.

Polo tanto, tendo en conta que antes se comprobara o funcionamento do establecemento como discoteca, tendo en conta o horario comprobado, e que ademais non se aclaraba que realmente o funcionamento se axustara ao permitido para un café-cantante, de acordo coa definición do mesmo na norma citada, resultaba necesario que se concretara de forma indubitada que o establecemento xa non funciona como antes, e

de ser o caso se proceda de inmediato a corrixir esa irregular forma de funcionar. Nesta mesma liña xa indicáramos ao concello que debía procederse ao axuste á legalidade de forma inmediata. Tal circunstancia era de esperar despois do compromiso municipal ao respecto. Porén, como vemos, aínda non se concretou o axuste á legalidade en ámbolos dous aspectos citados.

No relativo ao ruído, chama a atención que, a pesar das indicacións anteriores, o concello non dá conta de medición ningunha na vivenda do afectado ou afectados, a pesar de que se fan constar as denuncias do reclamante. Ao respecto só se indica que *a única denuncia que se ten recibido é a do reclamante* (o que debe resultar suficiente), pero sen aclarar que esta dera lugar á preceptiva comprobación sonométrica, que ademais debera repetirse en caso de reincidencia na conduta denunciada (art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica).

Tampouco se aclara que se evite o ruído exterior, con respecto ao que indicamos ao concello que é da súa responsabilidade evitalo na rúa, como se especifica no Decreto 320/2002, de ordenanza tipo de protección contra a contaminación acústica (arts. 12 e 26), especificamente referidos ao ruído na vía pública por diferentes fontes.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2414/1961), e agora de acordo co Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, en relación co art. 4 da Lei 7/1997. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento.

Co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; esta abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. E, como xa tratamos, unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

O comprobado supón unha desatención das funcións municipais contempladas no artigo 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello das Pontes non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado

con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello das Pontes a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se proceda a concretar o suposto funcionamento regular do local obxecto da queixa, en especial no que se refire ao seu horario e ao funcionamento propio dun café-cantante; e no caso de que siga funcionado dunha forma irregular, como antes, de inmediato se proceda a impedir e se inicie o correspondente expediente sancionador pola infracción que pode supoñer tal circunstancia.

Que, unha vez axustado o funcionamento do local ao habilitado na súa licenza de café-cantante, de ser o caso, se persisten as molestias no domicilio do reclamante, tamén con urxencia se realicen as medicións precisas, que ata agora non se fixeron, a pesar das queixas e denuncias, e de ser o caso, o se inicie o correspondente expediente sancionador pola correspondente infracción.

E que finalmente se evite o ruído procedente da rúa, en aplicación da normativa que se cita no texto desta resolución.

Resposta do Concello das Pontes: recomendación aceptada.

14.- Recomendación dirixida ao Concello da Estrada o 13 de maio de 2011 debido aos prexuízos e molestias ocasionados por un local de ocio (Q/202/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu D. M.A.G.S. debido aos prexuíos e molestias ocasionados por un local de ocio.

Xa no primeiro escrito, que deu lugar a queixa 597/09, indicábanos que xusto debaixo da súa vivenda se atopa o café-bar denominado "...", e como

consecuencia da súa actividade o interesado e á súa familia veñen soportando dende 2004 uns niveis altos de ruídos, que lles impiden durmir e descansar sobre todo os venres, as fins de semana, festivos e vésperas de festivos, co agravante de que este se produce ata altas horas da madrugada, xa que tampouco se cumpre o horario de peche. Interpuxo múltiples denuncias e o 11 de marzo de 2005 o concello realizou unha medición do illamento do local por medio da empresa Virocem. Os técnicos emitiron un informe onde propoñían a aplicación de medidas correctoras do illamento no prazo máximo de dous meses, e o 8 de abril do mesmo ano o primeiro tenente-alcalde require ao local para que adapte o illamento. Posteriormente, o 15 de abril de 2006, realízase unha nova medición por parte da mesma empresa, e compróbase que as obras non se fixeron e que se manteñen os índices de ruído por riba do máximo legal permitido. O 30 de maio de 2006 a xunta de goberno local incoa un expediente sancionador por contaminación acústica ao acreditarse que a actividade no local supera os niveis máximos permitidos pola lei. O instrutor cualifica provisionalmente os feitos como infracción grave (art. 14.a da Lei 7/97), polo que se podería aplicar unha sanción de 5.258,85 €, sen prexuízo da clausura temporal do establecemento durante o prazo dun mes. O 30 de outubro de 2007 preséntase escrito ante o concello solicitando que se continúe coa tramitación do expediente sancionador. A pesar de ter transcorrido case tres anos desde a incoación do expediente sancionador, o día de hoxe nin se realizaron as obras de acondicionamento, nin se produciu o peche do local, nin á imposición da multa; é dicir, a actividade irregular do local continúa e o interesado ten que seguir soportando un ruído ao que non está obrigado, cos consecuentes prexuízos e trastornos tanto a nivel físico como psíquico, e a administración municipal segue tolerando indebidamente que continúe a actividade do local. Isto evidencia un funcionamento anormal dun servizo público como é o de vixilancia municipal do cumprimento polos locais licenciados da normativa en materia medioambiental e urbanística, segundo sinala, e unha inactividade manifesta por parte de quen ten que facer cumprir a normativa vixente en materia de medio ambiente e ruídos. O anterior provoca o desamparo e desprotección dos seus dereitos e permite o desenvolvemento de actividades que non cumpren a normativa vixente.

Na máis recente o interesado sinalou que despois de cinco anos e de multitude de escritos e denuncias ante o concello, -interpuxo a primeira denuncia en marzo de 2.003-, o 24 de maio do 2010 o concello acordou as medidas que ía a adoptar en relación ao local no cal se incumprían as normas relativas á contaminación acústica. En setembro de 2.010 solicitou información ao concello en relación ao estado do expediente, ao resultado da medición que se debe realizar, así como da información que a policía local tería que achegar. Ate o día de hoxe a única resposta dada foi o silencio. A situación é a mesma que hai un ano e segue obrigado a soportar a música proveniente do bar e o ruído das persoas que nel se atopan; sinala que o máis grave é a actitude reincidente do concello en canto á inactividade, o desinterese por parte da policía local, e o desamparo no que se atopa o cidadán, posto que as administracións encargadas de velar polos seus dereitos non actúan.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Por medio da presente, trasládeselle o Acordo adoptado na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local 18 de abril de 2011:

8°.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR INCOADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29-05-06 CONTRA D. J.M.A.S., POR INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA; E A INCOACIÓN DOUTRO PROCEDEMENTO POR IGUAL CAUSA CONTRA O MESMO RESPONSABLE (BAR BOLICHE). Vista a proposta da Concelleira Delegada de Urbanismo, en relación co asunto de referencia.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29.05.06 (punto 6° da Orde do Día), froito do incumprimento por parte do establecemento público bar, categoría especial, Boliche", sito na Avda. Benito Vigo n° 68-baixo, da normativa vixente en materia de contaminación acústica, do seguinte teor:

" 6°.-PROPOSTA DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POLA PRODUCIÓN DE RUIDOS NO LOCAL SITO NA AVDA. BENITO VIGO N° 68, BAIX0.-

De orde do Sr. Presidente, dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido por Virocem S.L., contratista adxudicatario do contrato de servizo para o control de ruídos e vibración, referido ao establecemento denominado "..." sito na Avda. ..., control, realizado o día 15-04-06 que conclúe que a inspección deu lugar á afirmación de que superou os niveis máximos permitidos pola Lei 7/97, de Protección contra a Contaminación Acústica de Galicia en máis de 5 decibelios, feito, susceptible de constituír falta grave susceptible de sanción económica sen prexuízo da suspensión temporal da actividade, dado que o incumprimento é reiterado.

Deliberado sobre o particular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incoar expediente administrativo sancionador contra o responsable do establecemento denominado "..." sito na ..., por incumprimento da lexislación vixente en materia de contaminación acústica, nomeando como Instructor responsable ao Concelleiro Delegado D. J.A.M. B. sendo Secretario o Xeral da Corporación ou o que legalmente o substitúa".

Vista a proposta de resolución formulada O día 19.06.06 por parte do órgano instrutor, do seguinte teor:

"J.A.M.B., NOMEADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29.05.06 (PUNTO 6° DA ORDE DO DÍA), CONCELLEIRO INSTRUCTOR DO EXPEDIENTE SANCIONADOR QUE POR CONTAMINACIÓN ACÚSTICA SE INCOOU CONTRA A PERSOA QUE EXERCE A ACTIVIDADE DE BAR (CATEGORÍA ESPECIAL) EMPRAZADO NA AVDA. BENITO VIGO, 74 BAIXO (OU 68), POLA COMISIÓN DOS FEITOS SEGUINTES QUE SUPOÑEN SUPOSTA INFRACCIÓN DA LEI 7/97, DE 11 DE AGOSTO, DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DE GALICIA:

Superación por parte da actividade que se exerce no dito local, en máis de 5 decibelios, dos valores máximos admitidos pola Lei 7/97, dado que segundo informe de inspección emitido pola entidade homologada co número 7055 pola Consellería de Medio Ambiente e contratada por este Concello VIROCEM S.L., froito das medicións realizadas o día 15.04.06, detectouse un nivel de 38,9 decibelios na zona de sensibilidade acústica moderada (B) onde se empraza o local, excedendo do máximo legalmente permitido (30 dhA entre as 22.00 e as 08.00 horas; 35 dbA entre as 08.00 e as 22.00 horas).

Vulneración expresa do requirimento municipal para corrixir as deficiencias detectadas e non adopción das medidas correctoras que lle sinalou o Concello dentro do prazo que lle outorgou O día 07.04.05, RS 5540, do que tivo coñecemento o día 08.04.05 segundo dilixencia obrame na notificación correspondente.

Reincidencia, dado que en inspección previa levada a cabo O día 11.03.05 ás 12.00 horas, xa se detectara a insuficiencia das medidas de protección contra a contaminación acústica e de illamento en virtude doutro informe de VIROCEM S.L., que fundamentou o requirimento municipal do día 07.04.05, RS 5540, quedando a disposición do infractor o informe da inspección, sen que alegase nin adoptase as medidas correctoras esixidas, no prazo outorgado.

En uso das facultades conferidas polo lexislación vixente, e en concreto os artigo 9 e seguintes da Lei 7/97, de 11 de agosto, de Protección contra a contaminación acústica de Galicia e concordantes do Decreto 150/99, de 7 de malo, e da Lei do Ruído; 134 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e R.D. 1398/93, de 4 de agosto,

RESOLVO

Primeiro.- Cualificar provisoriamente os feitos sinalados, sen prexuízo do que resulte desta instrución como INFRACCIÓN GRAVE ao abeiro do disposto nos apartados a), c), e) e g) do artigo 14 da Lei 7/97, de 11 de agosto.

Infracción que pode ser sancionada con multa comprendida dentro do intervalo comprendido entre 1.502,54 euros e 9.015,18 euros (artigo 16.1.b da Lei 7/97), propoñéndose, para o suposto concreto, unha multa - sanción de 5.258,85 euros (en grao medio), sen prexuízo da clausura temporal do establecemento durante o prazo de un mes coa correspondente paralización da actividade.

Segundo.- Outorgar ao responsable do exercicio da actividade D. J.M.A. S. con NIF ... e enderezo na ..., (Local denominado "..."), prazo de 15 días computado partires da notificación desta Resolución para que alegue, xustifique ou presente os documentos / probas que estime oportunos en defensa dos seus dereitos e intereses.

Terceiro.- Poñer en coñecemento do responsable da infracción que, de non presentar alegacións nin probas que desvirtúen a imputación dos feitos sinalados no prazo indicado, a iniciación poderá ser considerada e elevada ao órgano competente para resolver, como proposta de resolución.

Cuarto.- Para resolver este expediente que se está a instruír é competente o Sr. Alcalde-Presidente (artigo 21.1.n da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local).

Quinto.- Dar conta desta Resolución a D. M. A.G. S., veciño de ..., , en calidade de denunciante e interesado neste expediente.

Sexto.- Poñer a disposición do Sr. A. S.os documentos integrantes do expediente que se instrúe para o seu exorne e eventual obtención de copia, de ser o caso:

Denuncia de D. M.A.G. S. de data 04.03.05, RE 2662.

Informe de inspección emitido por VIROCEM S.L. relativo a medición de data 11.03.05. Requirimento de adopción de medidas correctoras. e audiencia efectuado ao infractor O día 07.04.05, RS 5540.

Informe de inspección emitido por VIROCEM S.L. correspondente ao día 17.04.06.

Certificación do acordo da Xunta de Goberno Local de 29.05.06 incoando expediente sancionador, entre outros extremos".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 24.05.10 (punto 15° da súa Orde do Día), do seguinte teor:

DACIÓN DE CONTA DA COMUNICACIÓN DO VALEDOR DO POBO, RECIBIDA POR ESTE CONCELLO O 15-02-10 (RE 1649), EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE C.6.Q/597/2009.

Vistas as comunicacións do Valedor do Pobo de datas 24-06-09, 03-09-09, 15-10-09 e 11-12-09; así como a do 15-02-10, relativas ao expediente da súa referencia número C'.6.Q/597/2009, en sede da queixa presentada por D. M. A. G. S. polo presunto incumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica e illamento por parte do establecemento público "..." radicado na ..., ...), correspondente ao exercicio da actividade de bar (categoría especial).

Vista a advertencia, da que queda sabedora a Xunta de Goberno Local, relativa a que a negativa ou neglixencia na atención do recordatorio de deberes legais formulado polo dita Institución poderá ser considerada como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, de ser o caso, ao Parlamento de Galicia; todo isto, sen prexuízo da elevación do tanto de culpa ao abeiro do artigo 502.2 do Código Penal.

Por unanimidade, a Xunta de Goberno Local adoptou os seguintes acordos:

1º.-Requirir ao titular actual da devandita actividade, D. J.M. A. S., para que, no improrrogable prazo de 15 días, presente perante o Concello, acta de medición orixinal, coa súa correspondente certificación/ informe conclusiva/o, emitida por entidade/empresa homologada pola Administración Autonómica (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas), acreditativa de que o referenciado local cumpre a vixente Lei 7/1997, do II de agosto, de Protección contra a contaminación acústica de Galicia, o Decreto 150/1999, do 7 de malo, a Lei do Ruído 37/ 2.003. do 17 de novembro, e restante normativa de concordancia, unha vez realizado e verificado o illamento preciso, en debida forma.

2º.-Outorgar ao Sr. A. S. prazo de 5 días, computado a partires da notificación deste acordo, para que alegue, xustifique ou presente os documentos/probas que estime oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses. O prazo de 15 días sinalado no apartado precedente iniciará o seu cómputo a partires da expiración do de audiencia.

3°.- Poñer en coñecemento do Sr. A. S. que, de non presentar alegación nin probas que desvirtúen os fritos que se imputan (incumprimento por parte do local das condición de illamento precisas para o exercicio da salientada actividade no seu día licenciada), este Concello poderá, previos os trámites oportunos, resolver a imposición de multa-sanción, así como a clausura temporal do establecemento coa correspondente paralización da actividade ata o efectivo cumprimento por parle do dito local das medidas correctoras esixidas pola sinalada normativa vixente.

4º.- Requirir ao Sr. A.S. para que, en todo caso, cumpra o horario límite de apertura e funcionamento da actividade determinado pola normativa sectorial vixente, en función da actividade administrativamente autorizada (bar, categoría especial, segundo acordo da Comisión de Goberno do 28.02.94).

5º- Requirir á Inspección-Xefatura da Policía Local para que eleve informe á Alcaldía-Presidencia, diariamente, sobre o cumprimento/incumprimento por parte do dito establecemento, do horario límite de peche da súa actividade.

6º- Notificar este acordo a D. J. M. A. S, así como a D. M. Á. G. S. (en calidade de interesado no expediente), para coñecemento e efectos.

7º- Comunicar este acordo ao Valedor do Pobo, para coñecemento e efectos residenciados no expediente de mención".

Visto que, a pesares do tempo transcorrido, non consta que se resolvera, en tempo e forma, o procedemento administrativo-sancionador no seu día incoado, nin consta a achega por parte do Sr. A. S., do certificado/acta de medición que se lle requiriu.

Visto que, o incumprimento foi continuado ao longo destes anos, como queda acreditado nas diferentes denuncias dos veciños, así como nos periódicos recordatorios de deberes legais por parte do Valedor do Pobo.

Visto que, o responsable ou titular da dita actividade, D. J. M.A. S., non atendeu ningún dos compromisos verbais aos que chegou con esta Alcaldía, nas múltiples xuntanzas celebradas para solucionar as molestias que está a ocasionar aos veciños froito do ruído procedente do dito establecemento, de xeito que poida compatibilizarse cos dereitos destes a non resultar perturbados nin incomodados pola dita actividade.

Visto que, o Sr. A.S. tampouco acometeu medida correctora ningunha referida ao illamento do local, en debida forma, tal e como queda acreditado nos arquivos municipais, nos que, salvo erro ou omisión, non consta solicitude de licenza urbanística para a realización de ningunha obra/ instalación de tal natureza e coa amentada finalidade.

Vista a Sentencia n° 10/ 2.009, do 28 de xaneiro, ditada polo Xulgado do Contencioso- Administrativo n° 3 de Pontevedra que, entre outros estremos, salientou ob iter dicta a obriga municipal de tramitar, no exercicio das súas facultades, o oportuno expediente sancionador en materia de protección da normativa

medioambiental fronte ao titular da explotación, ao terse amosado este Concello plenamente consciente do exercicio, nese local, da actividade indicada sen cumprir a normativa sectorial relativa ao illamento acústico (fundamento de dereito quinto, in line).

De acordo coa normativa obrante nas transcricións precedentes, a Xunta de Goberno Local, adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

Primeiro.- Declarar, administrativamente, a caducidade do indicado procedemento sancionador incoado en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.05.06, debido ao tempo transcorrido sen ditar resolución por parte do órgano competente.

Segundo.- Dado o carácter continuado do sinalado incumprimento, incoar novo procedemento sancionador, por igual causa e en base a idéntica normativa, contra o titular da devandita actividade, D. J. M.l A. S.; designando a igual órgano-secretario, e como órgano-instructor, ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, D. M. O. E., aos efectos da eventual abstención/ recusación, nos termos contemplados nos arts. 28 e 29 da Lei 30/ 1.992, do 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Terceiro.- Notificar este acordo, para coñecemento e efectos, aos órganos instrutor e secretario, a D. J.M.l A. S. (enderezo: ...), e a D. M. A. G. S. (enderezo: ...).

Cuarto.- Comunicar este acordo, para coñecemento e efectos, ao Valedor do Pobo, con enderezo na rúa do Hórreo n° 65-E - 15700 Santiago de Compostela, (exp. n° C.6.Q/ 202/11 — C.6.Q/597/09).

RECURSOS: ...”

Da resposta transcrita dedúcese unha evidente actuación irregular do concello, posto que, no que se refire ao expediente sancionador aberto hai moito tempo e ao que se refería o interesado na queixa, este deixouse caducar (ou polo menos non se

dá a máis mínima explicación sobre esa grave circunstancia); no relativo ao requirimento feito para a corrección da actuación inadecuada do local, non se fixo que se lle dera efectividade; e en relación ás medicións dos niveis de ruído transmitidos á vivenda do prexudicado, non se dá conta de que o ente local, quen debe facelas, as fixera, a pesar do reiterado das reclamacións do afectado, que vén sufrindo os prexuízos que denuncia dende hai moitísimo tempo.

Efectivamente, despois de coñecer a anterior queixa concluímos que o concello finalmente requirira formalmente ao titular da actividade que presentara medición *acreditativa de que o local cumpre a vixente Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a contaminación acústica de Galicia, o Decreto 150/1999, do 7 de maio, a Lei do Ruído 37/ 2.003, do 17 de novembro, e restante normativa de concordancia, unha vez realizado e verificado o illamento preciso, en debida forma.* O anterior tería por fin demostrar o *cumprimento por parte do local das condicións de illamento precisas para o exercicio da salientada actividade no seu día licenciada.* Con iso o previsible sería que se resolvera sobre o asunto no relativo a ese concreto aspecto, co que en principio a situación podería mellorar ou corrixirse en parte. Non obstante, o actuado polo concello (unha medición programada polo posible infractor e que se faría a instancias del) so se referiría á constatación do grado de illamento do local, o que en ningún caso pode acreditar que non se transmitía ruído por outras circunstancias. Por iso, á marxe do resultado das actuacións das que daba conta o concello, indicamos ao afectado que se apreciaba que se transmitían ruídos procedentes do local (música máis alta do previsto para establecer o grado de illamento, portas ou ventás abertas, consumo as portas ...), ou se non se respectan os horarios, entón podería reclamar a presenza da policía local nese preciso intre, posto que, de comprobarse, tales actuacións supoñen infraccións que deben ser sancionadas.

Pois ben, como comprobamos, non se fixo nin unha cousa nin outra; nin o promotor cumpriu o requirimento do concello para facer a comprobación do illamento e corrixir, de ser o caso, o que fora procedente, nin o concello fixo medición ningunha sobre aos niveis de ruído transmitidos á vivenda do afectado, e iso a pesar do moito tempo transcorrido.

Agora o concello indica que o expediente iniciado como consecuencia dunha anterior medición caducou, o que a falta de máis explicacións é algo do que resulta responsable, e como única medida anuncia un novo expediente sancionador, pero, como dixemos, sen que agora exista medición sonométrica como a anterior (non dá conta de ningunha; as comprobacións das posibles infraccións poderían dar lugar a novos expedientes e a consideración da reincidencia), nin tampouco a acreditación do incumprimento do illamento, que non se concretou, como tamén vemos, posto que non se tomou a precaución de obrigar a realizar a comprobación respecto do illamento.

É de subliñar que co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; esta abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

Ademais, a ausencia de comprobacións sonométricas resulta contraria á obriga municipal prevista no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e supón unha desatención das funcións municipais contempladas nese artigo, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento". Tamén o art. 25 da LRBRL establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia.

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas

disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello da Estrada non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello da Estrada a seguinte **recomendación:**

Que se actúe coa necesaria dilixencia á hora de tramitar os expedientes iniciados, de tal forma que non se deixen caducar, como sucedeu; e que con urxencia se proceda a comprobar o nivel de ruído transmitido á vivenda do afectado cantas veces este denuncie tal cousa ou chame á policía local, e que de ser o caso, se inicien os correspondentes expedientes sancionadores, se teña en conta a posible reincidencia, e se corrixa a situación de contaminación acústica que o afectado vén denunciando e padece na súa vivenda dende hai moito tempo, sen que a actuación municipal a evitara, con posible prexuízo dalgún dos seus dereitos fundamentais.

Resposta do Concello da Estrada: recomendación rexeitada.

15.- Recomendación dirixida ao Concello de Burela o 13 de maio de 2011 debido a aos prexuízos e molestias ocasionados por un local de ocio de Burela. (Q/434/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª G. P. B.relativo aos prexuízos e molestias ocasionados por un local de ocio de Burela.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que leva moitos anos sufrindo o ruído da música que emite o pub *Gold*, pegado ao seu domicilio. Puxo queixas e denuncias no concello para que lle fixeran as pertinentes inspeccións, sen ningún resultado. A policía municipal foi un par de ocasións medir o son, pero non superaba o límite, 30 decibelios; a medición foi de 28. Porén, ao ser un pobo pequeno, cando ven o coche dos municipais baixan a música. Solicitou do concello un volcado de datos e unha medición, tamén sen resultados. Sinala que se encontra totalmente desprotexida, pois aínda con 28 decibelios que daba a medición, nese momento non se podía durmir, sinala.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que sinalou o seguinte:

"Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 14/04/2009, acordou conceder cambio de titularidade de licenza municipal para cafetería de 1° clase-pub, a favor da entidade "Bayley C:B", e na súa representación J. M.G. R, en relación co local denominado "Gold", ubicado na rúa Marqués de Sargadelos, esquina rúa Ramón Farré, en Burela.

O día 4 de xaneiro de 2011, co n° de rexistro de saída 22, e ante unha denuncia da veciña G. P. B. de data 3 de xaneiro de 2011, envíase un escrito dende este Concello ao representante do local denominado "Gold", que se transcribe literalmente a continuación:

"A través do presente infórmaselle que con data 3 de xaneiro de 2011 (RE n° 3), G. P. B. con domicilio na rúa ……, presenta denuncia ante a Policía Local de Burela na que manifesta o seu malestar polos ruídos procedentes do local do que Vd é propietario.

Que ás 04:40 horas ol día un de xaneiro de 2011, despois de aguantar varias horas un ruído excesivo que vén do local Gold, chamei á Policía Local de Burela ao seu número móbil- 629823171 para reclamar a súa presenza na miña vivenda e que se realizasen as correspondentes medicións de ruídos, non obstante o axente que estaba de servizo respondeume que non podía vir porque se encontraba el só de servizo. Que tendo en cuenta que .sempre que chamo por teléfono para que se realicen as medicións nunca se presenta ninguén para facelas nese momento senón días despois, solicito que se faga un volcado de datos do sonómetro limitador do pub, para comprobar se funciona correctamente e se se pasa de ruído.

Que o día 12 de xaneiro teño que presentarme no xulgado de Viveiro e quero acompañar o volcado de datos ese día para presentalo ante a súa Señoría, recordando que o dito volcado de datos xa lo solicitei en anteriores ocasións e non teño constancia de que se fixera..

Desexo á súa vez que esta denuncia se dea conta tanto ao xulgado de Instrución de Viveiro correspondente como ao sr. Alcalde do Concello de Burela, para que se adopten as medidas oportunas ao respecto".

En base ao anterior comunícaselle o seguinte:

Primeiro: A Orde do 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu artigo 1°; que os pubs, poderán exercer a súa actividade, como máximo, ate as 4:00 horas.

Asemade, o artigo 4 dispón que a partir da hora límite de peche establecida ..., non se permitirá o aceso aos establecementos a ningún cliente, non se servirá ningunha consumición e deixará de funcionar a música ambiental, é dicir, rematarán todas as actividades que se estean a desenvolver e encenderánse todas as luces para facilitar o desaloxo dos establecementos ou recintos, que deberán quedar baleiros de público no prazo máximo de trinta minutos.

Neste senso, o artigo 18 da Ordenanza municipal de Ruídos establece como obriga dos propietarios o respecto ao horario de peche establecido legalmente.

Segundo: Que con motivo da mentada denuncia e co obxecto de controlar por parte de este Concello o cumprimento da normativa municipal en materia de ruídos, presente no rexistro xeral desta Entidade local o volcado de datos dos últimos seis meses.

En base a todo o anteriormente exposto, requíreselle para que de cumprimento ás observacións establecidas legalmente, en caso contrario, esta Entidade local verase na obriga de iniciar os correspondentes procedementos sancionadores".

3.- O día 12 de xaneiro de 2011, co n° de rexistro de entrada n° 159, de 12 de xaneiro de 2011, J. M. G. R., en representación da entidade "Gold", dirixe o seguinte escrito a esta Entidade local:

PRIMEIRO: No tocante o horario de peche do local, manifestar, que nos atopábamos nas festas do Nadal e que por parte provincial e municipal rexía un horario de peche dos locais distinto ao habitual, non sendo aplicable neste caso o artigo 4 da Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos da Comunidade Autónoma Galega, senón o artigo 5 de dita norma, que no seu apartado a) reflexa ampliación de horario, entre outras, no Nadal.

Sinalar, neste punto, que durante o ano e medio que leva de actividade o local "Gold", nunca tivo denuncia algunha, e polo tanto non foi sancionado, por incumprir o horario de peche establecido regulamentariamente.

SEGUNDO.. En relación a denuncia presentada por Dª G. P. B., resulta un pouco curioso, que a mesma se realice nunha data festiva, a noite de aninovo, época de festas e de bo funcionamento dos establecementos hostaleiros, máis aínda neste época de crise que estamos a atravesar.

TERCEIRO: Sinalar tamén que durante todo o tempo que leva o pub "Gold", non existe denuncia de propietario de algún dos pisos do propio edificio no que se atopa ubicado o "Gold", senón que a denuncia prevén da propietaria dun dos edificios colindantes. Ante as reiteradas peticións, por parte de Da G. P. B., de medicións dos niveis de ruído do local, só nunha ocasión, se sobrepasaron en 3,5 db os límites permitidos, adoptándose, desde ese momento, polo propietario do local as correspondentes medidas para que esto non volvera a ocorrer.

CUARTO.. Contestando a solicitude feíta polo Concello de Burela de presentar no Rexistro Xeral desta Entidade local o volcado de datos dos últimos 6 meses manifestar:

Que, carecemos dos medios necesarios para realizar ese volcado de datos, como xa manifestamos en ocasións anteriores, pero nembargantes, xa nos puxemos en contacto cunha empresa especializada, sita en Ourense, que nos vindeiros días virá realizar dito volcado de datos. Polo tanto, manifestar que non estarnos negando esa información o Concello pero neste momento non podemos facilitarlla por carecer de medios propios.

Que, entra dentro das súas competencias de inspección e vixilancia, a adopción das medidas necesarias para facer cumprilas normas de calidade e de prevención acústica, tal e como se recolle no artigo 36 da Ordenanza Municipal de protección do medio ambiente en materia de ruídos e vibracións do Concello de Burela.

Que, manifesto a mina colaboración con esa Entidade local, de cara a aclarar esta presunta situación perturbadora, facilitándolle ese volcado de datos, no momento que no lo facilite a empresa que o vai a realizar. Sinalar o respecto, que ese volcado de datos será entregado nesa Entidade local, ou ben ante a autoridade xudicial pertinente, entendendo que non se lle debe de dar a propia denunciante para que o presente ela persoalmente, ante a entidade que considere pertinente. Polo tanto, eses datos propios do pub "Gold", serán presentados, ante o organismo xudicial ou administrativo competente".

O día 2 de febreiro de 2011, co n° de rexistro de saída 662, esta Alcaldía dirixe un segundo requirimento ao propietario do local "Gold", para que presente, no prazo máis breve posible, o volcado de datos solicitado; e O día 25 de febreiro de 2011, co n° de rexistro de entrada 1.471, J.M. G. R., en representación da entidade, presenta un informe realizado e asinado pola empresa SONORAMA, O día 9 de febreiro de 2011, no que se reflexa, que tralo volcado de datos do limitador instalado no local "Gold", detéctanse unha serie de anomalías, que debido á antigüidade do aparato, non se pode saber cando se producen; asemade o interesado presenta un certificado, de que O día 17 de febreiro de 2011, procedeuse ao cambio do limitador rexistrador do nivel sonoro, por outro.

O 6 de marzo de 2011, a Policía municipal do Concello de Burela emite informe, no que se establece que se realizan medicións no inmoble ubicado na rúa ……, entreplanta, non observándose infraccións en base á correspondente medición.

Este Concello está levando a cabo actuacións periódicas de inspección en todos os pubs dos municipios. Proba diso é o feito que cando se solicita unha licenza de cambio de titularidade, como requisito preceptivo, a Ordenanza municipal de protección do Medio Ambiente en materia de ruídos e vibracións, obriga a que por técnico competente o Concello, se realice a correspondente inspección acústica;

Infórmase que por esta Entidade local se realizan continuas inspeccións acústicas de locais, tramitándose varios procedementos sancionadores por

incumprimento da Ordenanza municipal de ruídos ao longo destes anos, algúns deles remataron cunha sentenza condenatoria penal contra os propietarios do local; concluíndo, outros, con multas administrativas e peches de locais."

Unha vez examinado o contido desa información municipal deduciuse que esta facía referencia a "unha serie de anomalías" detectadas nos datos achegados polo volcado de datos do limitador, pero sen concretarse; unicamente se di que se producen debido á antigüidade do aparato. Porén, debera aclarase se a responsabilidade da carencia mencionada é do concello ou do propietario, ao incumprir algunha condición imposta. Non se explica o control técnico exercido polo concello sobre o limitador, como tampouco se aclara o control que se exerce sobre o recentemente instalado, respecto do que se indica que se presenta un certificado do cambio, pero sen especificar se con el se garante que non se produzan os problemas que se mencionaron. En resumen, comprobáronse anomalías, o que debera concretarse para coñecer se estas se refiren a niveis de ruído superiores aos permitidos, o que denuncia vostede, ou a inutilidade do aparello para rexistrar as irregularidades, o que tamén debera aclararse.

Por outra banda, non se mencionaban as causas polas que non se acudía a medir á vivenda da interesada cando denunciaba a presenza de ruídos a altas horas da madrugada. Chama á policía local e esta non pode acudir a medir no preciso intre en que se transmite o ruído, e tamén indica que cando se acode non se fai discretamente, polo que o titular baixa o nivel da música. O informe sinala que se acudiu o 6 de marzo, pero sen aclarar as circunstancias, fundamentalmente se foi unha medición programada ou se se fixo pola noite e despois dunha chamada, e o resultado concreto dela. Ao respecto é de sinalar que "correspóndelles aos concellos exerce-lo control do cumprimento desta lei, esixi-la adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplica-las sancións correspondentes ..." (art. 9 da lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica); polo tanto, as medicións deben realizarse cantas veces sexan realizadas denuncias por ruídos e no preciso momento en que se producen.

Pois ben, como resposta a estas cuestións, o Concello de Burela sinalou o seguinte:

"Á vista do seu escrito de data 29 de marzo de se solicitaba informe a esta Entidade local sobre a queixa formulada por G. P. B. polos ruídos provenintes de un local de ocio nocturno, remítese os informes emitidos pola Policía local ao respecto."

"Con relación ao asunto que se acompaña ao presente, achegar informe de todas as actuacións practicadas pola Policía Local de Burela que constan en Dilixencias Previas 0000535/2010, e á vez indicar que en canto á atención das chamadas e denuncias dicir que polos Policías actuantes confeccionáronse os correspondentes atestados e remítense os informes así como as actas das medicións tanto en vía administrativa como xudicial, acódese a tomar a correspondente medición dos ruídos sempre que se dispón do persoal e medios adecuados. En cando á forma discreta, indicar que unha vez recibida a chamada, acódese no vehículo oficial e vestidos co uniforme regulamentario, ao lugar da denuncia."

A información municipal complétase cunha referencia ás dilixencias previas coñecidas polos órganos xurisdicionais competentes.

Unha vez examinada a información achegada dedúcese que seguen sen coñecer os detalles das dúas concretas cuestións obxecto da queixa, que foron trasladadas na primeira comunicación dirixida ao concello, e que, á vista da non aclaración destas, foron mencionadas con detalle na segunda comunicación, na que se reclamaba información complementaria.

Efectivamente, respecto do control permanente a realizar por medios mecánicos instalados no establecemento (o que posiblemente se esixiu na licenza ou posteriormente como medida necesaria de control), o ente local non aclara por qué non funciona adecuadamente aos efectos de concretar os niveis de ruído emitidos. O concello afirma que, a pesar de ser unha obriga, non se pode utilizar por "unha serie de anomalías" detectadas nos datos achegados polo volcado de datos do limitador; porén,

como xa apuntamos, non indica a quen correspondía a responsabilidade do correcto funcionamento do aparello, se ao concello ou ao promotor, e neste segundo caso, que medidas se adoptaron pola carencia detectada.

O feito de que non se teña referencia xeral do ruído en orixe do local fai que se teña que ser aínda máis dilixente á hora de concretar as obrigas de vixilancia permanente do concello e da súa policía local para determinar os niveis de ruído transmitidos á vivenda. Ao respecto seguimos sen coñecer detalles desas medicións, a pesar de reclamalos expresamente na segunda comunicación. Unicamente se trasladan referencias xenéricas, pero seguen sen coñecerse os detalles das actuacións administrativas, que ao parecer unicamente se trasladan por parte da policía local á alcaldía, que a súa vez non as traslada a esta institución. Faise referencia a que o resultado dalgunhas actuacións se dirixiron ao xulgado, circunstancia que non obsta para que tamén se poidan dirixir a esta institución, posto que se trata de actuacións estritamente administrativas, e o feito de que se coñecera a súa posible repercusión penal non impide que, unha vez descartada esta, de ser o caso, se inicien as actuacións administrativas que correspondan. Ademais, o que principalmente se pretende coñecer é a resposta adecuada ás frecuentes chamadas da afectada para que se comprobe a transmisión de ruídos, o que, como se indicou, debera facerse no preciso momento en que se produce a chamada e acudindo de forma suficientemente discreta como para que non se eluda a responsabilidade que se deriva deste tipo de infraccións, que prexudican dereitos fundamentais, como veremos.

É de subliñar que co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; esta abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. A pesar diso non se dá conta dos detalles das comprobacións sonométricas, que resultan unha obriga municipal (art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica). As medicións ou comprobacións adecuadas son unha función municipal, de acordo co artigo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, que sinala que "corresponde aos

concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento". Tamén o art. 25 da LRBRL establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". A desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia.

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Burela non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo, ou polo menos non aclara suficientemente esas actuacións. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Burela a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se aclaren os detalles das comprobacións sonométricas realizadas no domicilio da afectada; que se realicen adecuadamente as que en adiante

se demanden por ela mesma ou por calquera outro afectado, de tal forma que se determine con precisión a posible comisión de infraccións e se corrixa o funcionamento irregular do establecemento, no caso de comprobarse; e que se aclaren as causas polas que ao parecer non se poden ter en conta os resultados rexistrados no aparello permanente de medicións no local, e a responsabilidade de tal circunstancia.

Resposta do Concello de Burela: recomendación rexeitada.

16.-Recomendación dirixida ao Concello de Coles e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 13 de maio de 2011 debido a unha antena de telefonía móbil (Q/55/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. R.C.R-G.P. relativo a unha antena de telefonía móbil.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que reclamou información ao Concello de Coles sobre a existencia de licenza de actividade dunhas antenas de telefonía móbil o 15-10-10. Transcorridos uns días notificanlle desde o concello que ten á súa disposición o expediente da antena solicitada por *Retevisión*, xunto coa licenza de 30.06.03. Descoñece se a licenza se tramitou polo RAMINP, como debera ser, pero supón que non, posto que non se deu a notificación persoal aos veciños inmediatos á antena autorizada. Pola súa banda, a licenza da antena de *Telefónica* non aparece nos arquivos municipais, polo que se require á compañía que en quince días a achegue. O 22 de decembro ponse en contacto telefónico co alcalde para que conteste ao seu escrito no sentido que proceda. O alcalde comentou que *Telefónica* se interesou ante o concello coa intención de legalizar a antena, e que en canto ao que regulamentariamente ten que expedir o secretario do concello, este se atopa realizando tarefas de peche de exercicio, polo que debe esperar ata á volta de vacacións, o 10.01.2011, data en que o alcalde lle fará chegar copia do escrito. O 2 de xaneiro recibe chamada do concello notificándolle que ten á súa disposición, para recoller, copia da licenza concedida a *Telefónica Móviles*. O 3 de xaneiro preséntase nas oficinas para recoller a citada licenza e preséntanlle copia da licenza de obras concedida a *Telefónica* o 09.02.98, e non a de

actividade pedida. Ao respecto dos trámites deste tipo de instalacións o interesado reclamou información anterior a esta institución, que lle confirmou a necesidade de contar con licenza municipal de funcionamento, e tamén ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que tamén lle indicou que deben contar con esa licenza municipal ("de obra, instalación e actividade").

Ante iso solicitamos información ao Concello de Coles, que entre outras cousas sinalou o seguinte:

"O vixente Decreto galego 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental non inclúe as antenas e estacións base de telefonía móvil entre as actividades suxeitas a avaliación de incidencia ambiental. A Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, veu derrogar o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP), aprobado polo Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, permitindo que o citado Regulamento manteña a súa vixencia naquelas comunidades autónomas que non teñan normativa aprobada na materia, en tanto non se dite a dita normativa. Facendo uso da habilitación contida nos artigos 13 e 14 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, e no marco do ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, o decreto 133/2008 regula por unha parte o procedemento da avaliación de incidencia ambiental e por outra, aproba o nomenclátor das actividades sometidas a este, desprazando para estes efectos o Decreto 2414/1961, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

Esta Alcaldía, entende, a día de hoxe, que a citada antena conta con licenza de obra e instalación, non sendo necesaria unha tramitación semellante ao establecido no derrogado RAMINP ao que fai referencia nos seus escritos o Sr. G.. (Achego copia obtida a traveso da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, onde se deixa expresamente claro que as antenas de telefonía móbil non están suxeitas á avaliación de incidencia ambiental)."

Polo anterior requirimos desa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que informara sobre a cuestión, en particular a resposta da Consellería ao concello, que indicaba que as antenas de telefonía móbil no se atopan sometidas ao procedemento do Decreto 133/2008. A resposta da Consellería foi a seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 08 de marzo de 2011, polo que se solicitaba información relativa á queixa de referencia formulada por R.C.F-G.P., relativa á instalación dunha antena de telefonía móbil sen tramitar a licenza de actividade polo RAMINP, no concello de Coles, achégolle o informe emitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 30 de marzo de 2011. O que lle comunico en cumprimento do establecido na Lei 6/1984, do 5 de xuño."

"ASUNTO: QUEIXA C.6 Q/55/2011, EN RELACIÓN Á INSTALACIÓN DUNHA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL SEN TRAMITAR A LICENZA DE ACTIVIDADE POLO RAMINP, NO CONCELLO DE COLES.

En relación co tema referido no asunto, e tratado na Queixa C.6.Q/55/2011, emítese o seguinte informe:

As instalacións de telefonía móbil non se atopan, con carácter xeral directamente afectadas pola normativa de avaliación ambiental que se indica a continuación:

Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos. Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia. Decreto 327/1991, de 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais par Galicia (Neste caso non afecta por carecer de normativa sectorial que obrigue ao seu trámite baixo este Decreto). Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Soamente poderían estar afectadas pola normativa dos apartados a) b) e d), aquelas antenas de telefonía móbil que se pretendesen instalar en zonas vulnerables, de importancia ambiental, protexidas debido a valores ecolóxicos, culturais, de patrimonio ou de outro tipo, e as zonas sensibles como hospitais, centros médicos, centros educativos, parques infantís ou similares. Nestes casos, de maneira excepcional, poderían estar sometidas, segundo corresponda, a avaliación de impacto ou a ditame de incidencia ambiental.

En canto ás posibles afeccións ambientais derivadas da xeración de radiacións electromagnéticas, os proxectos deberán cumprir as especificacións técnicas contidas no Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioeléctricas, aprobado mediante Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro.

Polo que respecta á contestación emitida a través da páxina web, indicar unicamente, que foi dada dun modo xenérico, dado que a pregunta tamén foi formulada dun modo xenérico e sen ningún tipo de concreción."

Unha vez examinado o informe transcrito dedúcese que a Consellería confirma que o seu criterio é o exposto sucintamente na resposta achegada polo concello, isto é, que as antenas de telefonía móbil non precisan de avaliación ambiental, en concreto de avaliación de incidencia ambiental. Porén, tal e como se apuntaba no requirimento de informe dirixido á Consellería, xa o RAMINP de 1961 non mencionaba as antenas de telefonía móbil no seu *nomenclátor,* como resulta lóxico, posto que este tipo de instalacións non existía nesa data, o que non significou a exclusión destas instalación do seu ámbito obxectivo. Considerábanse obxecto do procedemento por encaixar nas definicións das actividades clasificadas e polo carácter de *numerus apertus* do *nomenclátor* do regulamento.

Pois ben, ese carácter de *numeros apertus* na definición do obxecto das avaliacións de incidencia ambiental non se modifica no máis mínimo co novo Decreto

autonómico 133/2008. O seu artigo 2.2 sinala que *así mesmo estarán sometidas a este procedemento aqueloutras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, conforme as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A consellería competente en materia de medio ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das actividades contempladas nesta aliña. A decisión será motivada e adoptarase de acordo cos criterios obxectivos que se determinan no anexo II.* Polo tanto, haberá que recorrer, como sucedía antes, ás definicións das actividades, agora ás do artigo 13 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, que deben interpretarse de acordo cos criterios obxectivos sinalados no anexo II do Decreto. E dado que as definicións son similares ás do RAMINP e que os criterios do anexo II non apuntan cambios con respecto á situación anterior, e ademais as instalacións ás que nos referimos non se encontran expresamente excluídas no correspondente anexo, non parece que a interpretación da xurisprudencia precedente se deba considerar modificada, sen prexuízo das decisións xurisdicionais relativas aos recursos que se promovan contra a esta.

Permanecen as razóns que levaron a considerar que coa vixencia do RAMINP as antenas debían ser obxecto da avaliación aínda; estas razóns especifícanse, por exemplo, na sentenza do Tribunal Supremo do 27-10-1997, que sinala que "todo outorgamento de licenza ha de comprobar a conformidade do que se solicita en relación coa normativa de protección do medio ambiente e da calidade de vida, así como a licitude da colocación da actividade ou do uso urbanístico que se pretende, e con iso se exerce a potestade municipal de control na concesión de licenzas".

Ademais, unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao examinar a legalidade das diferentes disposicións da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de antenas de telefonía móbil do Concello de Chantada, sinala o seguinte en relación coa exixencia da licenza de actividade neste tipo de antenas (fundamento xurídico sétimo): "Sostén a parte recorrente con relación ao artigo 17 da ordenanza, na que se establece o carácter clasificado da actividade e no que se somete a concesión das licenzas ao réxime previsto no Regulamento de actividades molestas,

insalubres, nocivas e perigosas, que é suficiente a licenza urbanística. Fronte a iso, non parece superfluo recordar por un lado a crecente preocupación social e, por outro, o non ofrecemento de probas concluíntes sobre a inocuidade da actividade. A masiva proliferación de fontes xeradoras de campos electromagnéticos (liñas de alta tensión, aparatos eléctricos, antenas de telefonía móbil) xerou incertezas na sociedade en xeral que os estudos científicos non despexaron ata o momento. Baixo os auspicios da Organización Mundial da Saúde iniciouse no ano 1996 un estudo, no que participan máis de 40 países e sete organizacións internacionais (Centro Internacional de Investigacións sobre o Cáncer, Comisión Electrotécnica Internacional, Comisión Europea, Comisión Internacional de Protección sobre as Radiacións non Ionizantes, Oficina Internacional do Traballo, Organización do Tratado do Atlántico Norte, Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e Unión Internacional de Telecomunicacións) e tras máis de 25 000 artigos publicados, dada a complexidade do tema, a controversia suscitada e as enormes contradicións encontradas estase á espera de que se fagan públicas as conclusións finais. Por razóns temporais as instalacións de telefonía móbil non se encontran recollidas no anexo do RAMINP, pero atendendo á natureza da actividade, parece incuestionable que a autorización daquelas estean sometidas ao procedemento autorizatorio non previsto. O mínimo principio de precaución permite incluír as instalacións de mención entre as actividades descritas no artigo 3 do regulamento de referencia cuxo anexo non contén unha lista pechada e esixe ademais ser integrada polo artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro. Dito o anterior resta indicar que a impugnación referida ao artigo 17 está condenada ao fracaso. Os informes preceptivos e previos que a norma esixe (Dirección Xeral de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e os urbanísticos, xurídicos e de sanidade propios do concello), son consecuencia do procedemento, previsto no RAMINP e non ten porque incidir na competencia estatal. Unha lectura atenta da norma revela que esta se refire a competencias propias municipais na concesión da licenza de obras e de actividade (clasificada) e non invade a competencia estatal. Recordemos que o Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radiadas e medidas de protección fronte á planificación e a inspección das emisións, así como que a orde de 9 de marzo de 2000, a que se refire o Real decreto 1066/2002, ao

establecer no artigo 10, último parágrafo que: a autorización das instalacións das estacións fixas queda condicionada, en calquera caso, á ausencia de perturbacións a outros servizos radioeléctricos, así como ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de servidumes radioeléctricas ou aeronáuticas, de medio ambiente, ordenación do territorio ou calquera outra que resulte de aplicación, recoñece a concorrencia de autorizacións estatais e locais cun ámbito obxectivo distinto".

É de sinalar que o cidadán que acudiu ao Concello de Coles, que a súa vez consultou á CMATI, está demandando a preservación dun interese especialmente protexido na Constitución Española, que ampara os dereitos á protección da saúde (art. 43.1 CE) e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, e entre eles as administracións locais, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura e ao Concello de Coles as seguintes **recomendacións:**

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura:

Que se modifique a posición expresada respecto da non necesidade de avaliación de incidencia ambiental das antenas de telefonía móbil e en consecuencia se informe ao Concello de Coles e en xeral a todos os que reclamen información ou criterio ao respecto que ese tipo de instalacións precisan o mencionado trámite ambiental.

- Concello de Coles**:**

Que se realicen os trámites para requirir dos titulares das antenas obxecto da queixa que inicien os trámites para a eventual concesión da autorización ambiental

que tratamos, e, no caso de non ser así ou para o caso de denegación, que se corrixa a súa instalación e funcionamento.

Resposta do Concello de Coles: recomendación rexeitada.

Resposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: recomendación rexeitada.

17.- Recomendación dirixida ao Concello de Noia o 22 de xuño de 2011 debido ás molestias ocasionadas por locais de Noia. (Q/669/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª P.P.P., relativo ás molestias ocasionadas por locais de Noia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o seu problema é a contaminación acústica. Fixo queixas anteriormente, co resultado de que o pub en cuestión colocou unha mampara de cristal na porta, a cal deixan aberta, co que o ruído se escoitase como antes de tela posta. Sinala que o concello permite iso, o que fai que teña crises nerviosas moitas fins de semana, tendo que chamar ao 061, o que deu lugar a un ingreso hospitalario de mes e medio. Tal e como sinala a interesada, en ocasións anteriores coñecéronse queixas, coas referencias mencionadas, e como consecuencia delas xa en 2008 formulamos ao concello unha **recomendación** para que con urxencia comprobara de forma exhaustiva o nivel de ruído transmitido polos locais e o producido na vía pública, de tal forma que se corrixa a actitude pasiva do concello en relación con tales cuestións. Despois de moito tempo o concello finalmente aceptou a recomendación e comprometeuse a medir o ruído dos locais no preciso momento en que os afectados chamen por molestias e cantas veces sexa preciso, e a actuar en contra do ruído na rúa, é dicir, en contra das acumulacións de persoas consumindo fóra dos locais. A pesar do anterior o ruído permanecía, segundo a interesada, e fanse denuncias ás que a policía local respondía que non tiña sonómetro para facer medicións, ou que non medían polo ruído da rúa.

En 2010 o ente local sinalou que *se emite o compromiso de realizar unha comprobación exhaustiva por parte dos servizos técnicos no referente o nivel de ruído deste local, todo iso a efectos de dar total cumprimento á normativa en materia de ruídos e conciliar deste xeito o descanso dos veciños cos locais de ocio, tomando as medidas oportunas que concorreran no caso que non se cumprira o recollido na Ordenanza de Ruídos, dándolle traslado de todo o actuado no expediente que se incoara.* Polo anterior, entendemos que finalmente se daría cumprimento ao compromiso mencionado, de tal forma que se impedira o consumo na rúa e con iso o ruído exterior, de acordo co previsto no art. 12.1 do decreto 320/2002, e que, no relativo ao ruído interior, se procedía a realizar todas as medicións que se requiriran no preciso momento en que se sufran as molestias, e que, de ser o caso, se adoptarían as medidas que correspondan. Non obstante, de acordo co indicado pola interesada, isto non se fixo.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"F.F.A., xefe da Policía L. deste Concello con N° IP 157-201, por medio do presente

Informo: Visto escrito do Valedor do Pobo, promovido por denuncia de Dña. P.P.P., e respecto o que interesa en canto o impedimento do consumo de bebidas na vía pública, para evitar os ruídos, faise saber que en esta cuestión non se intervén xa que no hai soporte legal que prohiba tal consumo, salvo que sexan menores.

En canto os ruídos, si hai patrulla de servizo de noite, seria unha patrulla composta por dous policías, de haber queixas polos ruídos dos locais de ocio, intervense nos mesmos con medicións, de poder levarse acabo estas, xa que unha vez é observada a presenza policial, cesa o ruído, si o requirimento é por un veciño, fanse medicións no seu domicilio e de haber infracción, formulase a acta correspondente e dáselle o curso oportuno.

Si o ruído provén da aglomeración de xente na rúa, o que se entende por movida, a efectividade que poden ter dos policías, de habelos, é totalmente mínima e en moitos casos contraproducente para a súa integridade física."

Como indicamos, xa hai tempo formulamos ao concello unha **recomendación** para que con urxencia comprobara de forma exhaustiva o nivel de ruído transmitido polos locais e o producido na vía pública, de tal forma que se corrixa a actitude pasiva do concello en relación con tales cuestións. O concello aceptou a recomendación e comprometeuse a medir o ruído dos locais no preciso momento en que os afectados chamen por molestias e cantas veces sexa preciso, e a actuar en contra do ruído na rúa, é dicir, en contra das acumulacións de persoas consumindo fóra dos locais. A policía local respondía que non tiña sonómetro para facer medicións ou que non medían polo "ruído da rúa". Finalmente, en 2010 o concello comprometeuse a *realizar unha comprobación exhaustiva por parte dos servizos técnicos no referente o nivel de ruído deste local, todo elo a efectos de dar total cumprimento á normativa en materia de ruídos e conciliar deste xeito o descanso dos veciños cos locais de ocio, tomando as medidas oportunas que concorreran no caso que non se cumprira o recollido na Ordenanza de Ruídos, dándolle traslado de todo o actuado no expediente que se incoara*, polo que entendemos que finalmente se daría cumprimento ao compromiso mencionado e impediríase o consumo na rúa e con iso o ruído exterior, de acordo co previsto no art. 12.1 do decreto 320/2002, e no relativo ao ruído interior realizaríanse todas as medicións que se requiriran no preciso momento en que se sufran as molestias, e que, de ser o caso, se adoptarían as medidas que corresponderan.

Non obstante, polo indicado na queixa e sobre todo de acordo coa resposta municipal agora achegada dedúcese que a situación é a mesma que cando se formulou a queixa, fíxose a recomendación e o concello comprometeuse a darlle efectividade, ou polo menos o concello non aclara esa efectividade. O informado polo concello non responde en absoluto ao concretamente reclamado, posto que só fai un comentario de tipo xeral do normalmente feito polo policía local en relación cos ruídos, pero non aclara o resultado do actuado respecto do local obxecto da queixa e da transmisión de ruído á vivenda da reclamante. Isto sucede a pesar de que o que se requiría era

aclaración sobre a efectividade dada á recomendación anterior, advertindo que para o caso de non se ter producido esa efectividade procederase do xeito legalmente previsto; sobre as comprobacións realizadas; sobre as medidas adoptadas para impedir o ruído na vivenda da interesada a altas horas da madrugada; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no citado artigo da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Noia non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á

vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Noia a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se dea efectividade á recomendación formulada hai tempo en relación coa reclamación da interesada, e que por tanto con urxencia se realice unha comprobación exhaustiva do nivel de ruído do local obxecto da queixa para obrigarlle ao estrito cumprimento da normativa en materia de ruídos; e que tamén con urxencia se impida o consumo na rúa e o ruído exterior (art. 12.1 do decreto 320/2002).

Resposta do Concello de Noia: recomendación aceptada.

18.- Recomendación dirixida ao Concello de Monforte de Lemos o 11 de agosto de 2011 debido a unha antena de telefonía móbil (Q/588/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. A. N. R. debido a unha antena de telefonía móbil en Monforte de Lemos.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que hai unha antena instalada no tellado dun edificio, nas Galerías Fontechas, na rúa das Hortas, que pode afectar á saúde. Por iso reclama que se retire, polas emisións radiolóxicas que poden afectar á saúde dos que viven cerca dela.

Ante iso solicitamos información en diferentes ocasións ao Concello de Monforte de Lemos. Nun primeiro intre non aclarou o aspecto fundamental da queixa, isto é, se a antena contaba con licenza municipal de actividade e funcionamento, de acordo co anterior RAMINP ou co novo decreto 133/2008. Máis adiante sinalou o seguinte:

"Visto o seu escrito de data de rexistro de entrada neste Concello 22/6/11 (n°6845) solicitando información sobre se a antena sita na R/ Huertas n°39, conta con licenza de actividade, contestarlle que o expediente data do ano 1996, contando con licenza de obra por acordo de Xunta de Goberno Local de data 27/12/1996. Naquel tempo, debido ao estado da técnica, non se requiría licenza de actividade para o desenvolvemento da mesma."

En relación co anterior é de subliñar que non parece acertada a apreciación municipal que indica que a razón da non esixencia municipal de licenzas de funcionamento para este tipo de instalacións fora o estado da técnica, posto que é evidente que este permitía entón, en 1996, tanto as propias antenas como o seu adecuado control de acordo coa lexislación aplicable. Ao que parece referirse o ente local é a que cando se aprobara o RAMINP, en 1961, non existían antenas de telefonía móbil, polo que estas non poderían terse previsto expresamente. Efectivamente, as antenas de telefonía móbil non se mencionaban no seu *nomenclátor,* pero esta circunstancia non significaba a exclusión nin destas nin de outras instalacións do seu ámbito obxectivo, posto que o *nomenclátor* do regulamento tiña carácter de *numerus apertus*. Ese carácter non se modificou na recente reforma autonómica da materia; a definición do obxecto das avaliacións de incidencia ambiental (Decreto autonómico 133/2008, artigo 2.2) faise engadindo as listas que se conteñen a previsión de que *así mesmo estarán sometidas a este procedemento aqueloutras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, conforme as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A consellería competente en materia de medio ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das actividades contempladas nesta aliña. A decisión será motivada e adoptarase de acordo cos criterios obxectivos que se determinan no anexo II.* Polo tanto, haberá que recorrer, como sucedía antes, ás definicións das actividades, agora ás do artigo 13 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, que deben interpretarse de acordo cos criterios obxectivos sinalados no anexo II do Decreto. E dado que as definicións son similares ás do RAMINP e que os criterios do anexo II non apuntan cambios con respecto á situación anterior, e ademais as instalacións ás que nos

referimos non se encontran expresamente excluídas no correspondente anexo, non parece que deba considerar modificado o anterior criterio favorable á necesidade deste tipo de licenzas para as antenas de telefonía, confirmado pola xurisprudencia.

Por tanto, permanecen as razóns que levaron a considerar que coa vixencia do RAMINP as antenas debían ser obxecto da avaliación aínda; estas razóns especifícanse, por exemplo, na sentenza do Tribunal Supremo do 27-10-1997, que sinala que "todo outorgamento de licenza ha de comprobar a conformidade do que se solicita en relación coa normativa de protección do medio ambiente e da calidade de vida, así como a licitude da colocación da actividade ou do uso urbanístico que se pretende, e con iso exércese a potestade municipal de control na concesión de licenzas".

Ademais, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao examinar a legalidade das diferentes disposicións da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de antenas de telefonía móbil do Concello de Chantada, sinala o seguinte en relación coa exixencia da licenza de actividade neste tipo de antenas (fundamento xurídico sétimo): "Sostén a parte recorrente con relación ao artigo 17 da ordenanza, na que se establece o carácter clasificado da actividade e no que se somete a concesión das licenzas ao réxime previsto no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, que é suficiente a licenza urbanística. Fronte a iso, non parece superfluo recordar por un lado a crecente preocupación social e, por outro, o non ofrecemento de probas concluíntes sobre a inocuidade da actividade. A masiva proliferación de fontes xeradoras de campos electromagnéticos (liñas de alta tensión, aparatos eléctricos, antenas de telefonía móbil) xerou incertezas na sociedade en xeral que os estudos científicos non despexaron ata o momento. Baixo os auspicios da Organización Mundial da Saúde iniciouse no ano 1996 un estudo, no que participan máis de 40 países e sete organizacións internacionais (Centro Internacional de Investigacións sobre o Cáncer, Comisión Electrotécnica Internacional, Comisión Europea, Comisión Internacional de Protección sobre as Radiacións non Ionizantes, Oficina Internacional do Traballo, Organización do Tratado do Atlántico Norte, Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e Unión Internacional de Telecomunicacións) e tras máis de 25 000 artigos publicados, dada a complexidade do

tema, a controversia suscitada e as enormes contradicións encontradas estase á espera de que se fagan públicas as conclusións finais. Por razóns temporais as instalacións de telefonía móbil non se encontran recollidas no anexo do RAMINP, pero atendendo á natureza da actividade, parece incuestionable que a autorización daquelas estean sometidas ao procedemento autorizatorio non previsto. O mínimo principio de precaución permite incluír as instalacións de mención entre as actividades descritas no artigo 3 do regulamento de referencia cuxo anexo non contén unha lista pechada e esixe ademais ser integrada polo artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro. Dito o anterior resta indicar que a impugnación referida ao artigo 17 está condenada ao fracaso. Os informes preceptivos e previos que a norma esixe (Dirección Xeral de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e os urbanísticos, xurídicos e de sanidade propios do concello), son consecuencia do procedemento, previsto no RAMINP e non ten porque incidir na competencia estatal. Unha lectura atenta da norma revela que esta se refire a competencias propias municipais na concesión da licenza de obras e de actividade (clasificada) e non invade a competencia estatal. Recordemos que o Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radiadas e medidas de protección fronte á planificación e a inspección das emisións, así como que a orde de 9 de marzo de 2000, a que se refire o Real decreto 1066/2002, ao establecer no artigo 10, último parágrafo que: a autorización das instalacións das estacións fixas queda condicionada, en calquera caso, á ausencia de perturbacións a outros servizos radioeléctricos, así como ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de servidumes radioeléctricas ou aeronáuticas, de medio ambiente, ordenación do territorio ou calquera outra que resulte de aplicación, recoñece a concorrencia de autorizacións estatais e locais cun ámbito obxectivo distinto".

O cidadán que acudiu ao Concello de Monforte de Lemos está demandando a preservación dun interese especialmente protexido na Constitución Española, que ampara os dereitos á protección da saúde (art. 43.1 CE) e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, e entre eles as administracións locais,

teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Monforte de Lemos a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se requira do titular da antena obxecto da queixa que inicie os trámites para a eventual concesión da autorización ambiental que tratamos, e, no caso de non ser así ou para o caso de denegación, que se corrixa a súa instalación e funcionamento.

Resposta do Concello de Monforte: recomendación aceptada.

19.- Recomendación dirixida ao Concello de Vigo o 26 de agosto de 2011 debido ao ruído nocturno nunha zona da cidade (Q/166/10)

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia das noticias aparecidas no diario *Faro de Vigo* dos días 13 de setembro de 2010, páxs. 2 e 3, e 14 de setembro, páx. 3, en relación co ruído nocturno nunha zona de Vigo.

Na noticia do día 13 sinálase esencialmente que como balance da ordenanza de convivencia cidadá se indica que o ruído nocturno volveu ás rúas Real e Teófilo Llorente ao ano de declarase zona protexida. Os veciños recoñecen que desapareceu o *botellón*, pero denuncian as aglomeracións de mozos fronte aos pubs e esixen máis policía. Nesa noticia indícase que *"a declaración de zona protexida funcionou moi ben nun principio e os veciños incluso nos estrañabamos pola tranquilidade que se respiraba para durmir despois de tantos anos sufrindo o botellón, pero ultimamente descendeu a presión policial e estamos volvendo ao mesmo"*. Este é o sentir da asociación veciñal do casco vello e outros moitos residentes da zona de Teófilo

Llorente e Real, que denuncian que desde hai uns meses se rexistrou un repunte da contaminación acústica nestas rúas as madrugadas das fins de semana con motivo da movida nocturna. Aínda que xa non observan a xente facendo *botellón* na vía pública, as concentracións de mozos ás portas dos locais de copas (algúns consumindo bebidas supostamente dispensadas nos propios pubs) continúan sendo unha constante nas noites de xoves a sábado, ambas as dúas incluídas. Os veciños alertan da escasa presenza policial na zona, sobre todo durante a época estival, que a definen de infernal. "*Ás veces chamámoslles e nin sequera veñen alegando que hai falta de efectivos. Noutras ocasións, preséntanse e non fan absolutamente nada porque din que se non hai persoas bebendo na vía pública non poden intervir, que é anticonstitucional"*, segundo revelarían os residentes, que formalizaron máis dunha decena de denuncias ante o concello desde 2007. Unha delas, de xuño do ano pasado, está asinada por 42 persoas. Engádese que a contaminación acústica que de xoves a sábado sofren os veciños de determinadas zonas do Casco Vello provocaron que moitas persoas do barrio se cambiaran de residencia antes de aprobarse a ordenanza antibotellón, e os chegados máis recentemente, na súa frustrada busca de tranquilidade, xa dubidan se a súa elección foi a correcta. Antigos e novos veciños relatan a súa historia. Os residentes veteranos xa se trasladaron a outras zonas de Vigo. A asociación veciñal avisa que o ruído frea a repoboación do barrio. Algúns sinalan que "da xente de toda a vida quedan moi poucos; eu sufrín dez anos problemas de saúde", ou que "a zona protexida non resulta para nada: durmimos con tapóns nos oídos". A noticia do día 14 sinala que o concello abriu 15 expedientes por ruído nas rúas citadas, sobre todo por concentracións de persoas, gritos e vandalismo, en aplicación da ordenanza de convivencia cidadá. Pola súa banda, os hostaleiros sinalan que "insonorizamos os locais, pero non somos educadores nin podemos controlar o barullo na rúa".

Ao respecto é de sinalar que, de confirmarse o exposto, fundamentalmente o repunte do ruído non tanto polo *botellón* como polas aglomeracións de mozos fronte aos pubs, no caso de ausencia de normativa municipal neste senso, entón resultaría aplicable o artigo 12 do Decreto 320/2002, de ordenanza-tipo, que sinala que *os titulares dos establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ao entraren ou saíren do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas*

recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente a policía municipal. Do mesmo modo actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no devandito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados. Polo tanto, se a ordenanza municipal indica tal circunstancia para perseguir este tipo de comportamento prexudicial, entón resultará aplicable; e a falta desta disposición, entón será directamente aplicable a ordenanza-tipo, posto que xa transcorreu o prazo de adaptación ás súas previsións.

Ante iso requirimos informe ao Concello de Vigo o 22 de setembro de 2010, e xa nolo remitiu. Este recibiuse cun atraso considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución, e ata indicar ao concello o previsto no art. 502 do Código Penal. Na resposta sinálase o seguinte:

"O Servizo de Participación Cidadá deste Concello remitiu queixa formulada polo Valedor do Pobo ao Departamento de Medio Ambiente con data 4 de outubro de 2010.

Así mesmo e con data 10 de novembro de 2010, este servizo de Medio Ambiente respondeu á queixa formulada, co fin de que se lle remitira resposta á institución do Valedor do Pobo.

En todo caso, reiterando o contido esencial do escrito de data 10 de novembro, comunícolle que o Concello de Vigo, consciente da problemática que ocasiona a utilización masiva dos espazos públicos para o ocio e a súa incidencia no normal desenvolvemento da convivencia cidadá, aprobou no ano 2009 a "Ordenanza Municipal Reguladora da Convivencia Cidadá e Ocio do Termo Municipal de Vigo", sendo aplicada a mencionada ordenanza previa acta de infracción da Policía Local, elemento de proba imprescindible para poder incoar o correspondente expediente sancionador.

Asemade se lle informa que no que atinxe o fenómeno do "botellón" nas rúas Teófilo Llorente e Real os mesmos veciños do casco vello recoñecen o labor do Concello neste senso. Así o acredita a información publicada no Faro de Vigo O día 09/02/2011, posterior polo tanto as que fai referencia o Valedor do Pobo na súa denuncia, na que se deixa constancia de que as medidas adoptadas polo Concello lograron erradicar o botellón nesa zona. Adxúntase copia da noticia de referencia.

En canto á contaminación acústica producida polos locais de ocio, a Concellería de Medio Ambiente ten resolto ata trinta e seis expedientes sancionadores por contaminación acústica, dos que soamente tres correspondían ás rúas mencionadas na súa denuncia: Teófilo Llorente e Real, rematando os tres expedientes mencionados con sanción firme, non constando a día da data, novas denuncias ou medicións sonométricas positivas procedentes de locais sitos nas devanditas rúas.

Ao non concretar no escrito desa institución o nome concreto dos locais que están a incumprir, supostamente, as ordenanzas municipais e, ao non existir denuncia por parte de particulares afectados, constatada pola corresponde acta da Policía Local, o Concello de Vigo non pode incoar expediente sancionador algún."

Unha vez avaliado o contido do aludido escrito dedúcese que, polo que se refire ao aspecto principal da queixa, isto é, as molestias ocasionadas pola contaminación acústica derivada da presenza de persoas na rúa ás portas dos locais da zona, as veces consumindo alcohol, o ente local unicamente sinala que non se concretan os locais que están a incumprir, supostamente, as ordenanzas municipais, e que non existe denuncia, polo que o concello "non pode incoar expediente sancionador algún". Ao respecto é de subliñar que a resposta aludida resulta insuficiente para tratar o problema descrito na noticia de referencia, que fai alusión a fontes de persoas afectadas por este grave problema. A comprobación do tratado na noticia resulta perfectamente posible de oficio, sobre todo se temos en conta que se trata dunha zona acusticamente saturada.

Polo que se refire á mención da ausencia de denuncias, o concello parece limitar estas ás que se formulan por escrito; porén, as denuncias son a posta en coñecemento da administración competente de feitos que poden ser constitutivos de infracción administrativa. Neste caso o concello ten esa noticia, tanto a través da prensa como a través do procedemento formal de queixa; resta a comprobación por axente da autoridade, aos efectos de dar curso ás medidas que se deduzan, de ser o caso.

No que se refire ao fondo do asunto, o ruído provocado polas aglomeracións fronte aos locais regúlase polo art. 12 do Decreto 320/2002, que sinala o que xa indicamos. Ademais, é de ter moi presente que a zona foi declarada acusticamente saturada (ZAS), cuxo obxectivo legal é a diminución do nivel de ruído, ao alcanzar niveis ilegais. O Decreto 320/2002 sinala que *naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*. A declaración formal de ZAS supón, en primeiro termo, que o ente local comprobou que se da unha concentración de locais excesiva (*zona saturada*), o que trae consigo un gran número de problemas, non so polo funcionamento dos propios locais, senón tamén outros, entre eles o posible consumo ás portas dos locais ou a presenza ruidosa de persoas a altas horas da madrugada.

Os cidadáns afectados demandan a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse

que o Concello de Vigo non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos citados. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento deste problema, á vista da insuficiencia das actuacións municipais.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Vigo a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se comprobe adecuadamente e de ser o caso se corrixa a permañenza molesta de persoas ás portas dos locais de ocio da zona que se refire na queixa, declarada como acusticamente saturada, de tal forma que se protexan os dereitos constitucionais dos potenciais afectados.

Resposta do Concello de Vigo: recomendación aceptada.

20.- Recomendación dirixida ao Concello de Salceda de Caselas o 31 de agosto de 2011 debido aos graves prexuízos ocasionados polo funcionamento dos locais de ocio (Q/1080/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. A. G. V. debido aos graves prexuízos ocasionados polo funcionamento dos locais de ocio nunha zona de Salceda de Caselas.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que desde hai anos son continuas as queixas do edificio Rei González e de todos os edificios sitos na mesma rúa. As queixas foron trasladadas tanto ao concello como ao Valedor do Pobo.

No seu momento, polo mesmo motivo, coñeceuse a queixa C.6.Q/2481/09. Da información entón achegada por ese concello deduciuse que, polo que se refire ao ruído e demais molestias ocasionados polos locais e os seus clientes, os titulares dos establecemento comprometéronse *a cumprir os horarios de peche de cada local, cumprir coa ordenanza de terrazas, evitar no posible a caída de persoas dos*

establecementos con vasos de cristais e tolerancia cero no consumo de drogas nos locais. Entón indicamos ao interesado que debera darse cumprimento ao previsto no artigo 12.1 e 26 do decreto 320/2002; por iso, non debería consumirse fóra dos locais, non debería terse terraza nos que funcionen con música e cun horario amplo, e tampouco debería consentirse a música no exterior, como sucedera anteriormente, de acordo indicado na súa queixa. Polo que se refire aos actos vandálicos que tamén eran obxecto da queixa, o ente local indicaba que *tralo falado na Xunta Local de Seguridade intentarase que a Policía local e Guarda Civil controlen a zona e eviten estas actitudes totalmente reprobables aínda que a veces son grupos difíciles de controlar.*

Porén agora sinala que a situación vólvese día a día insostible. A pasada fin de semana (venres 3, sábado 4 e domingo 5 de xuño) a situación foi insoportable para os veciños que teñen a súa vivenda na rúa e tentan descansar. Entenden que os locais comerciais de hostalaría queiran traballar, pero iso non debe supor un menoscabo da tranquilidade e descanso dos veciños. Durante os tres mencionados días sucedéronse as "ilegalidades" cometidas en plena rúa, ante a impotencia dun só axente da policía local que se atopaba de garda. Entre as moitas cometidas destacan as seguintes:

1. Portas dos locais de copas abertas de par a par durante toda a noite, co que a música se escoita a dúas mazás do lugar.

2. Permisividade á hora de saír con vasos e botellas de cristal ás beirarrúas, co que á mañá seguinte a rúa parece un campo de batalla, aparecendo cristalería ata na praza do concello.

3. Permisividade coa hora de peche dos locais pois os pubs permaneceron abertos ata as 6:00 e a discoteca pasadas as 7:00 o tres días.

4. Permisividade e incumprimento de ordenanza municipal na hora de recollida das terrazas, pois ás 3:00 da madrugada seguían montadas, non se recolleron en silencio, nin limparon as beirarrúas.

5. 0 venres pasadas as 3:00 da madrugada un vehículo estrelouse contra a fachada do edificio (concretamente contra a empresa Asefisla), o condutor saía completamente ebrio dos locais de copas.

6. 0 sábado pasada a 1:00 da madrugada a bocatería tiña os bafles da terraza con música disco a todo volume.

7. 0 domingo pasadas as doce da noite un grupo de "Timbalada Brasileira" contratada pola discoteca Tuenti, fixo retumbar todas as rúas de Salceda con bombos, maracas, etc.; cortaron as rúas ao tráfico, etc.

A comunidade xa dirixiu numerosos escritos denunciando a situación (rexistro de entrada de 29 de Novembro de 2005, 26 de Decembro de 2005, 21 de Xullo de 2006, 22 de Xullo de 2009, 20 de Outubro de 2009, 14 de Decembro de 2009).

O problema agrávase polo feito que as persoas saen fóra dos locais a fumar e ante iso os veciños efectúan chamadas primeiro á Policía Local de Salceda de Caselas, que cos efectivos de que dispón o concello actualmente non son suficientes (esta fin de semana houbo un de garda o tres días), e a continuación as chamadas efectúanse á Garda Civil do destacamento de Porriño, os cales directamente non acoden.

Reclaman que se tomen as medidas oportunas para que esta situación cese, pois de seguir así é imposible que os residentes da zona poidan ter unha vida tranquila e de descanso polas noites.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que xa nola remitiu. Nesta indícase o seguinte:

"M. D. B. . Alcalde de Salceda de Caselas (Pontevedra), pola presente remito informe realizado pola Policía Local con número de rexistro de saída 140/11, en contestación ó seu escrito presentado neste Concello con data 21 de xuño de 2011, e con número de rexistro de entrada nº 3637."

"En referencia ó escrito presentado neste Concello con data 21 de xuño de 2.011, con rexistro de entrada n° 3637, por o VALEDOR DO POBO DE GALICIA, no cal solicita que se informe dos feitos acaecidos durante as noites dos días 3,4 e 5 de xuño, que provocou as queixas dos veciños, e polo que se informa o seguinte:

En primeiro lugar informar que a Policía Local de Salceda de Caselas conta con seis Policías, sen mando superior xerárquico, estando as ordes do concelleiro de seguridade.

Que o día 4 de xuño, non houbo en todo día Policía Local, e que as quendas de noite dos días 3 e 4 de xuño, estiveron atendidas por un so Policía, que é o que subscribe o presente informe, que empecei o as 22 h. e rematei o servizo as 05:00 h.

Que este Policía tiña constancia de que ese fin de semana, celebrábase a inauguración da discoteca de nome comercial TUENTI, que esta situada na rúa Pontevedra, que moi céntrica e onde están os locais de ocio de ambiente nocturno.

Que estaba moi claro que ese fin de semana se necesitaba máis control policial nas rúas, xa que en un fin de semana normal xa con dous policías de servizo algunhas veces xa nos vemos superados.

E polo que este policía infórmalle o concelleiro de seguridade de que o seu compañeiro de quenda encontrase de baixa, que se non se buscaba unha solución estaría so de noite un fin de semana que claramente prometía problemas, pola masiva afluencia de xuventude a inauguración da discoteca e demais locais de ocio, e polo que o concelleiro me contesta que non se conta con máis medios humanos, que se fixera o que se puidera.

Vendo esta situación, despraceime ata o cuartel da Garda Civil de o Porriño, para por en coñecemento esta situación do comandante do posto, solicitándolle verbalmente o apoio dunha patrulla para ese fin de semana.

En esta rúa hai dous disco pub chamados DESMODUS e ANDEN, ademais da discoteca TUENTI, que esta policía non controla o seu horario de peche porque o noso horario de noite remata as 05:00 h, e empeza de maná as 08:00 h, pechando estes locais cando queren dentro de esa franxa horaria que non hai policía. Tamén hai en esta rúa unha cafetería denominada TANDIL II, que incumpre sistematicamente os horarios de peche si ven que non hai policía traballado na quenda de noite.

Que os problemas cos veciños agrávanse, co a obriga de saír a fumar fora dos locais, xa que as portas destes están continuamente abríndose escoitándose a musica fora, e na rúa concéntranse centos de persoas fumando, algunhas veces tantas persoas que non collen na beirarrúa e ocupan a estrada , tendo que co rúa a circulación

Que o día venres 3 de xuño, cando saín durante a noite ata rúa Pontevedra comprobei que estaba ateigada de xente, algunha dando voces, consumindo bebidas na rúa, e con vehículos circulando pola zona de forma temeraria. Véndose este policía completamente superado, e sen ver polo pobo ningunha patrulla de apoio, completase o servizo en dependencias.

Que o día domingo 5 de xuño, a partir das 23:30 h. tiven múltiples chamadas telefónicas dos veciños, queixándose do ruído que producía un grupo de persoas tocando bombos, que estaban percorrendo o pobo, e polo que tiven que saír so a rúa , e foron interceptados na rúa Pontevedra sobre as 00:30 h., e estes nos din que están contratados pola discoteca TUENTI, e que están promocionando a marcha en Salceda . Por parte deste policía se lle informa que están molestando os veciños, e en principio paran de facer ruido, ademais volvese a comprobar que a rúa Pontevedra esta ateigada de xente, producindo moito raído, e non vendo pola zona a ningunha patrulla de apoio, completando o servizo en dependencias .

Que co número de efectivos cos que conta esta Policía Local non e posible garantir un bo servizo o cidadán, que se non se aumentan en número estes efectivos policiais, terá que a Xunta Local de Seguridade organizar outras forzas de seguridade

para reforzar ou completar os servizos que quedan baleiros. Que temos coñecemento dende fai tempo das queixas dos veciños da rúa Pontevedra, que so esixen poder descasar nos seus domicilios."

Da información transcrita dedúcese que o informe achegado pola ente local (o da policía local) confirma todos os extremos da queixa, en concreto os problemas de ruído procedente dos locais, ruído e desorde na rúa, e incumprimento dos horarios dos locais, todo iso nunha determinada área do concello, con grave prexuízo para os veciños, que non ven atendidas as súas denuncias polos motivos indicados (*temos coñecemento dende fai tempo das queixas dos veciños da rúa Pontevedra, que so esixen poder descasar nos seus domicilios*). Por iso, resulta moi rechamante que ao respecto o concello, en concreto a resposta do alcalde, non sinale nada ao respecto, a pesar do claro que resulta o indicado pola policía local.

O concello tampouco aclara outros aspectos fundamentais para o adecuado tratamento da materia, a pesar de que expresamente se requiría, como a relación dos locais da zona, con mención da súa licenza de funcionamento, e, no caso de tela, do tipo de licenza de que se trate (bar, pub ...), e do cumprimento das súas condicións en función de cada tipo de local, en especial a ausencia de música e o peche ao seu horario nos locais que sexan sinxelos cafés ou bares.

Ao respecto do ruído na rúa é de sinalar que evitar este é tarefa municipal, que ademais debe esixir a responsabilidade dos titulares dos locais no que se refire ao ruído xerado ás súas portas; efectivamente, o art. 12.1 do Decreto 320/2002 sinala que *os titulares de establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ó entrar ou saír do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente á policía municipal. Do mesmo xeito actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local, fora do establecemento e dos lugares autorizados.* Queda claro que é obriga dos responsables dos establecementos avisar a policía local cando se consuma ou se moleste ás súas portas, e é obriga desta aplicar as medidas correctoras e sancionadoras que correspondan; ningunha das dúas cousas se fixo neste caso, coa

consecuencia de que segue o ruído na rúa debido a que non se actuou de acordo coa norma.

Ademais, do contido da queixa e da información municipal dedúcese que a zona posiblemente se atope acusticamente contaminada (*Zona Acusticamente Saturada*; art. 12.2 do Decreto 320/2002). En relación con tal cuestión preguntábase ao concello a situación das licenzas dos diferentes locais, pero no informe municipal non se sinala nada. Debería coñecerse se todos os demais locais da zona funcionan de forma regular, é dicir, con licenza e adaptando o seu funcionamento ao habilitado na que teñan, con especial atención aos locais que sendo sinxelos bares ou similares en realidade funcionen como pubs, é dicir, con música e at altas horas da madrugada.

A zona conta con numerosos locais e con moita afluencia de xente neles e no exterior, o que ocasiona problemas que proveñen tanto da actividade interior como exterior. Por iso, á hora de abordar os problemas propios da aparente concentración, resulta preciso investigar e, de ser o caso, corrixir os establecementos que se atopen en circunstancias irregulares, impedindo o seu funcionamento sen licenza ou dun xeito non habilitado pola que teñan. Esta forma de proceder é un *prius* á hora de abordar un suposto de concentración de locais molestos ou de aparente saturación. Se despois diso aínda permaneceran os problemas que definen a saturación -despois de reducir os locais en funcionamento evitando o dos que non o fan de acordo coa correspondente licenza municipal-, entón o concello adoptaría as medidas habilitadas para as ZAS. O art. 12.2 do Decreto 320/2002 sinala que *naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*. Por tanto, en último termo deberá conseguirse a diminución do nivel constatado de ruído, tanto o procedente dos propios locais como o da rúa.

A xurisprudencia resalta a necesidade de determinar e abordar o problema da saturación de ruídos de maneira urxente alí onde se constate, como tamén a necesidade de que as medidas a aplicar sexan as adecuadas para a solución eficaz do problema en función das circunstancias, descartando a adopción de medidas de tipo discrecional ou as limitadas á non agravar o problema (sentenza do TSX das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999, confirmada polo TS). Esta interpretación ampla das medidas a aplicar en caso de declaración de ZAS vén prevista no Decreto 320/2002, que, como vimos, dispón a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas. Por tanto, sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo concello, que ademais se atopa obrigado a lograr tal fin, posto que en caso contrario resultaría responsabilidade municipal. Iso é o que se deduce da sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, que recoñece a responsabilidade patrimonial dos entes locais por insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma a responsabilidade dun concello como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos. A sentenza subliña que o axuizado era a actividade xeral ante o problema, deducindo unha conduta pasiva *vulneradora dalgún dereito fundamental*.

Os locais teñen (ou deberan ter) unha licenza de actividade concedida polo concello, o que lles permite funcionar como pubs, cafeterías especiais ou discotecas, todos eles potencialmente moi molestos. Este tipo de licenzas son *de funcionamento*, polo que de acordo coa súa natureza e con reiterada xurisprudencia, co outorgamento delas non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. A desatención destas obrigas legais pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

Así pois, as carencias sinaladas na actividade do Concello de Salceda de Caselas supoñen unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

Esta tarefa de competencia municipal non pode ser desatendida en ningún caso; o ruído dos locais ou relacionado coa súa presenza debe ser controlado polo concello en todo caso (art. 9 da Lei 7/1997), mediante recursos ordinarios ou extraordinarios, como poden ser comisións de servizo, empresas, etc., sen que en ningún caso poida servir de escusa a escaseza de medios ou a organización dos servizos ordinarios, como parece pretender o ente local. Queda pendente polo tanto acreditar o adecuado control do ruído provocado polos locais, a súa insonorización, o cumprimento de todas as condicións da licenza, e o ruído na rúa, principalmente o provocado ás portas dos locais (por consumo de alcohol, concentracións para fumar ou por calquera outro motivo).

Os cidadáns que promoveron a queixa están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. É especialmente destacable que o prexuízo se está dando nas vivendas dos afectados, polo que se está conculcando un dereito dos cualificados como fundamentais na Constitución (artigo 18.1 e 2) e na Convención

Europea de Dereitos Humanos (art. 8), polo que o labor de protección da administración municipal debera ter sido aínda máis dilixente.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Salceda de Caselas non adoptou todas as medidas adecuadas para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente, que por iso poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento deste problema, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Salceda de Caselas a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se evite o ruído na rúa derivado da presenza de persoas ás portas dos locais a altas horas da madrugada, o que se atopa prohibido no decreto 320/2002, e que en xeral se evite o ruído nesas horas, de tal forma que se garantan o adecuado descanso e os dereitos dos residentes afectados.

Que tamén con urxencia se avalíe formalmente se danse as condicións para que a zona sexa declarada como acusticamente contaminada ou saturada, de acordo co previsto no decreto 320/2002, e que en caso positivo se adopten as medidas regulamentariamente previstas.

E que tamén con urxencia se determine con precisión e de forma exhaustiva se os locais da zona contan con licenza de funcionamento e axustan a súa forma de funcionar ao habilitado para cada un deles nas mesmas, evitando especialmente que os que sexan sinxelos bares ou similares conten con música e funcionen ata altas horas da madrugada.

Resposta do Concello de Salceda de Caselas: pendente de aclaración sobre aceptación e efectividade da recomendación.

21.- Recomendación dirixida ao Concello de Sarria o 7 de setembro de 2011 debido aos prexuízos ocasionados por un local de ocio (Q/1551/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª. L. C. L.debido aos prexuízos ocasionados por un local de ocio de Sarria.

No seu escrito esencialmente indícanos que promoveron varias queixas ou denuncias na administración local de Sarria e na policía local polos ruídos e incumprimento do peche do *Bar Rincón*, situado no edificio Alborada de Sarria. Debido a neglixencias non se chega a ningunha sanción do concello, sinala, e os veciños están a ser ameazados. A policía local é sabedora de todo. A inquilina chámase M…. Non cumpre a lei; o bar non está insonorizado e pecha ás 7, a pesar de que debería facelo ás 2.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Xunto remito documentación solicitada no seu escrito de data 13 de agosto en relación có escrito presentado ante vostede por parte de dona L. C. L. solicitando a intervención do Valedor do Pobo por mor do ruído e o horario do local de hostalaría sito no baixo do seu edificio".

"JOSÉ ANTONIO GARCÍA LÓPEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA, NA PROVINCIA DE LUGO.-

En contestación o seu escrito de data 12 de agosto de 2011, en relación a situación do bar "Rincón" sito na rúa Ramón Cabanillas, edificio Alborada, remito documentación relativa a licenza municipal e o cambio de titularidade do mesmo:

Con data 20 de marzo de 1979, concédese licenza para o establecemento dedicado a "Café-bar de segunda categoría" no Edificio Estación, actualmente Ramón Cabanillas, a nome de D. L.L. L..

Con data 28 de xullo de 2006, Dona O.L. A., titular do Dni número ... presenta no rexistro xeral deste Concello certificado de solidez e seguridade do local sito no Edificio ...

Con data 9 de agosto de 2006, solicítase cambio de titularidade da licenza a nome de Dona O.L.A., titular do Dni ...

Con data 22 de agosto de 2006, Dona O.L. A., titular do Dni número ..., presenta no rexistro xeral deste Concello informe de avaliación de illamento e acústico.

Con data 24 de agosto de 2009, Dona O. L.A., titular do Dni número ..., presenta no rexistro xeral deste Concello certificado técnico de seguridade e solidez.

Con data 16 de novembro de 2009, redáctase informe técnico por parte do arquitecto técnico municipal en relación a documentación achegada pola interesada para a concesión da licenza municipal.

Con data 21 de decembro de 2009, remítese notificación para a remisión de documentación a fin de completar o expediente de cambio na licenza municipal.

Con data 21 de xullo de 2010, presenta no rexistro xeral deste Concello a documentación solicitada para a concesión da licenza municipal.

Con data 11 de outubro de 2010, redáctase o informe por parte do arquitecto técnico municipal da visita de comprobación, no que se indica que o establecemento cumpre cós requisitos para a concesión da licenza.

10.- Con data 3 de novembro de 2010, por parte da Xunta de Goberno Local aprobase o cambio de titular da actividade de café-bar na Rúa Ramón Cabanillas nº 2.

En resumo, o Local de hostalaría con categoría de café-bar sito nos baixos do edificio na Rúa Ramón Cabanillas nº 2 conta con licenza municipal de actividade dende o ano 1979 e dende o 3 de novembro de 2010 a licenza cambia de titular a favor de Dona O.L. A., titular do D.N.I. número ..., o cumprir todas as normas urbanísticas de aplicación.

No tocante a se o citado local conta con música ambiental e a comprobación dos ruídos transmitidos a vivenda da veciña afectada, o Concello de Sarria conta cun apartado na súa Ordenanza Municipal de Medio Ambiente, en concreto o seu título IV está dedicado a protección ambiental fronte a ruídos, no que se indican os decibelios máximos permitidos nas distintas horas do día e ubicacións, no artigo 53.6 da citada Ordenanza indícase que na transmisión de licenzas dun local que poida considerarse foco de ruído poderá efectuarse una verificación previa por parte da Administración e no seu artigo 52.1. indícase que as actividades autorizadas con anterioridade a entrada en vigor desta Ordenanza deberán axustarse ás normas establecidas na mesma, neste caso, a interesada no cambio de nome na licenza presenta no ano 2006 no rexistro xeral deste Concello informe de avaliación de illamento acústico, no Catálogo de Espectáculos indícase que cando nas definición do catálogo de espectáculos non se estableza limitación ningunha respecto de que dispoñan de música ambiental estímase que a norma non o prohibe e, polo tanto, o local está autorizado a dispoñer de ambientación musical por medio técnicos, salvo que expresamente a licenza o prohiba. Isto non significa que o local poida sobrepasar os límites establecidos na Ordenanza Municipal e na Lei 7/1997 de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, tanto nos decibelios coma no horario xa que segundo o establecido na Orden de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade de Galicia, que especifica que o horario máximo de peche dos café-bar son as 2:30 h. O Concello de Sarria ten coñecemento do exceso de ruído e horario do

citado local, tanto por parte dos continuos escritos dos veciños coma dos informes da Policía Local e da Garda Civil, que tamén se adxuntan, a pesares de contar con Ordenanza o Concello de Sarria non dispón dos medios necesarios e persoal cualificado para a realización de medicións acústicas feito que imposibilita a incoación de expedientes sancionadores en materia de ruído.

O citado local de hostalaría incumpre de maneira reitarada o exceso no horario de peche máximo autorizado, polo que foi sancionado en repetidas ocasións por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, quen ten as competencias na materia. O Concello de Sarria, a pesares dos numerosos informes da Policía Local, non iniciou ningún expediente sancionador o entender que as competencia no réxime sancionador da Lei Orgánica 1/992 de 21 de febrero, sobre Portección da Seguridade Cidadá son da Consellería de Presidencia, Adminsitración Públicas e Xustiza da Xunta e non do Concello, por iso en repetidas ocasión os informes da Policía Local foron remitidos solicitando a iniciación do correspondente expediente sancionador, o pasado 16 de agosto remitíronse novos informes da Policía Local e os escritos presentados nestas Dependencias Municipais por parte dos veciños do edificio solicitando que se considere infracción moi grave, o tenor do disposto no Capítulo IV, Réxime Sancionador, no seu artigo 23.e da citada Lei di que "se considerará infracción grave o exceso nos límites da autorización concedida para a apertura do establecemento" e no artigo 24 indica que "se considerará infracción moi grave tendo en conta o risco producido ou o prexuízo causado", vista a documentación anexa, escritos dos veciños e atestados da Policía Local e da Garda Civil, entendemos que o local de hostalaría está a perxudicar de forma grave o descanso do veciños, polo que se solicitou que se lle impoña a sanción máxima para este tipo de infracción, tanto en contía económica coma na suspensión temporal da licenza do referido local."

Da información achegada dedúcese que o concello aduce que non pode comprobar o nivel de ruído transmitido polo establecemento debido a súa carencia de medios; que o local pode ter ambientación musical -sen especificar que entende por iso-, o que loxicamente pode resultar unha interpretación incorrecta se se trata de música

amplificada; e que se dan frecuentes incumprimentos de horario, o que se se confirma indicará que o establecemento funciona como pub, sen que por parte de quen corresponde, o concello, se adopten as medidas adecuadas para impedilo. O anterior resulta especialmente rechamante se temos en conta que o propio ente local confirma o motivo das queixas e denuncias ao indicar que *o Concello de Sarria ten coñecemento do exceso de ruído e horario do citado local, tanto por parte dos continuos escritos dos veciños coma dos informes da Policía Local e da Garda Civil.*

En relación co primeiro aspecto tratado, é dicir, a posibilidade de que o local poida ter música, o ente local entende que pode tela de ambiente, o que parece lóxico sempre e cando sexa o que comunmente chámase fío musical -ou música a moi baixo nivel-. Porén, non parece ser iso o que se dá neste caso; a presenza da música, en unión con outros datos, como o horario de peche moi tardío e a comprobación por axentes da autoridade do volume e a transmisión de ruído ás vivendas dos afectados, fan concluír que en realidade o establecemento funciona como un pub, o que debera impedir o concello.

Efectivamente, unha das condicións dos locais de ocio autorizados é cumprir co tipo de licenza concedida e por tanto que a súa actividade non contradiga a natureza dela. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións que inteviñan (concello e Consellería de Medio Ambiente) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Os cafés, bares ou similares son locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música. Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos

públicos e actividades recreativas da CAG (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no anterior RAMINP e agora no art. 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, e no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

Nesta liña o concello achega recente escrito dirixido á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinados polo alcalde, no que se reclama que se sancione ao establecemento, nesta ocasión chamándoo *Pub Próbame,* polo exceso de horario (fala tamén de ruído), confirmando desa forma o exposto, isto é, que o local, ademais de funcionar fóra do seu horario de forma reiterada, funciona de forma contraria ao aprobado na súa licenza, do que é dato ilustrativo o mencionado

respecto do horario, xunto co funcionamento con música amplificada (a policía local sinala que ten o volume de música moi alta) e o nome indicado -pub, de confirmarse-; intervir para evitar ese funcionamento irregular é tarefa municipal, posto que é o concello quen outorgou a licenza de funcionamento que está a incumprirse, á marxe sancións doutro tipo por outros motivos, como o horario. Porén, a pesar das reiteradas reclamacións neste sentido tanto dos reclamantes como tamén da policía local, o certo é que aínda non se deu unha intervención municipal eficaz. A propia policía local indica que o establecemento, que carece de licenza de pub, no caso de seguir funcionando como tal debera ser denunciado, aínda que menciona só a denuncia por horario, cando en realidade o desaxuste do funcionamento respecto da licenza é unha infracción (art. 33.e da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia), que ademais de ser sancionada debera ser obxecto de corrección inmediata para axustar ese funcionamento ao previsto ou, en caso de non darse isto, para pechar o local.

Polo que se refire á ausencia de intervención eficaz debido á suposta falta de medios, é de sinalar que non está a disposición do concello desatender as obrigas legais que lle concirnen respecto desta materia. As carencias sinaladas na actividade do Concello de Sarria supoñen unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". Ademais, tal e como xa sinalamos, co outorgamento da licenza non termina o labor do concello, senón que ao longo de toda a vida da actividade deberá garantir o seu adecuado funcionamento, e unha das condicións é o axuste ao tipo de licenza concedida, o que non se da neste caso. Por iso, se o concello carece de medios, deberá aplica-los que con carácter xeral ou excepcional sexan adecuados para cumprir esa labor; non obstante, á vista do indicado, a tarefa municipal pendente non require de labores dificultosas, senón todo o contrario.

A cidadá que promoveu as queixas está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. É especialmente destacable que o prexuízo se está dando na vivenda dos afectados, polo que se está conculcando un dereito dos cualificados como fundamentais na Constitución (artigo 18.1 e 2) e na Convención Europea de Dereitos Humanos (art. 8), polo que o labor de protección da administración municipal debera ter sido máis dilixente.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Sarria non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente, que por iso poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento deste problema, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar a cuestión.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Sarria a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se proceda a dar cumprimento ás responsabilidades municipais en relación á contaminación acústica que sofre o reclamante, confirmada polo propio Concello, e que en consecuencia se impida o funcionamento do establecemento como un pub, a pesar de ter licenza de sinxelo bar, e se inicie o expediente sancionador correspondente, no caso de confirmación; e que se despois de tal medida aínda persisten as reclamacións por ruídos, entón se dea cumprimento á

obriga municipal de comprobar o nivel de ruído transmitido ás vivendas e se adopten as medidas que se deduzan desas comprobacións.

Resposta do Concello de Sarria: pendente de resposta, a pesar do moito tempo transcorrido.

22.- Recomendación dirixida ao Concello de Salceda de Caselas o 28 de novembro de 2011 debido á instalación e funcionamento de antenas de telefonía móbil sen as licenas adecuadas (Q/1431/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de algúns veciños de Bouzovedra (un número indeterminado de sinaturas) debido a instalación e funcionamento de antenas de telefonía móbil sen as licenzas adecuadas.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que promoveron a queixa C.6.Q/2007/08 debida a presenza de antenas de telefonía móbil no lugar. Entón coñecemos que (a pesar do considerable do informe municipal -foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución-), no que respecta a unha das antenas, a de *Vodafone España*, denegouse a licenza de obra para reforma da antena antes autorizada, por tratarse dun uso non permitido, ao encontrarse en solo de núcleo rural. Sinalábase tamén que non conta con licenza de actividade. No que respecta a outra, *está en tramites de resolución no departamento de urbanismo.* Por tanto, ao parecer as antenas non contaban coas licenzas de obra precisas, e tampouco de actividade. O ente local pretendía o traslado das instalación obxecto da queixa, para o que *é necesario habilitar una zona do termino municipal;* o 05-02-09 se contratou a unha empresa a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, *no que previsiblemente se poderá recoller a zona onde se poidan ubicar estas infraestruturas*. A pesar do anterior e do tempo transcorrido agora os veciños sinalan que seguen na mesma situación respecto ás antenas de telefonía móbil das cales o concello, na última

reunión mantida, informoulnos da posibilidade de sacar unha das antenas, a de *Vodafone*, e a outra, que pertence a *Orange*, non a mencionaron, segundo sinalan.

Ante iso solicitamos información a ese Concello, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"*En data 13.09.2011 (R.E n° 5137) tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Salceda de Caselas escrito do Valedor do Pobo no que se indica que por Veciños de Bouzavedra (un número indeterminado de sinaturas) se interpuxo queixa ante a citada institución pola presenza de antenas de telefonía móbil no lugar. Solicitase no referido informe que por parte deste Concello se proceda a remitir información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a comprobación das circunstancias mencionadas; sobre se as antenas sen licenza de funcionamento continúan como entón; sobre as medidas adoptadas para impedilo, no caso de confirmarse; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.*

Que dentro do prazo legalmente establecido procédese a informar o Valedor do Pobo dos trámites realizados dentro do expediente anteriormente indicado ao que se refire a queixa presentada polos veciños de Bouzavedra, e así:

En relación coa antena de telefonía móbil instalada por AIRTEL MOVIL, S.A:

- *En data 13.03.1998 (r.e.n° 277) por D. M.F.A. solicitouse licenza para instalación de antena de telefonía móbil, achegando os citados efectos proxecto redactado polo Arquitecto …….*

- *En data 01.04.1998 emitiuse informe polo Arquitecto Técnico municipal no que se indicaba a necesidade de que o citado proxecto viñera firmado polo Colexio Profesional correspondente,así como a necesidade de solicitude de licenza e de autorización previa de Patrimonio.*

- *En data 07.08.1998 (r.e.n° 855) por Don M.F.A. achegase nova solicitude de licenza, achegando os efectos oportunos proxecto de execución para estación base de telefonía móvil, visado en data 03.08.1998, asinado polo Enxeñeiro Técnico de Minas D. …….*

- *En data 25.08.1998 emitiuse informe polo Arquitecto Técnico D. ……..... no que se informa favorablemente a colocación da torre para base de equipo de telefonía móbil na finca denominada Minada, na parroquia de San Xurxo.*

- *A vista do anterior informe a Comisión Municipal, en Sesión celebrada en data 31.08.1998, concedeu licenza de obra a Don M.F.A., en representación de Airtel Móvil, S.A para colocación de torre de instalación dunha Estación Base de Telefonía Móbil, na finca denominada "Minada", na parroquia de San Jorge.*

- *En data 25.04.2002 (r.s.n° 279) remitiuse oficio de Alcaldía en cuxa virtude se indicaba que no prazo de un mes procedera a solicitar a licenza de actividade para o desenvolvemento do uso da antena de telefonía móbil.*

- *A vista do anterior, por D. M.F.A., en data 28.06.2002 (r.e.n° 820) presentouse escrito no que se indicaba que a licenza de actividade non era necesaria por canto xa se tiña concedido licenza de obras pola Comisión de Goberno e por ende tamén a licenza de actividade. Invoca así mesmo, unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, de data 16.10.1998, no que se indica que era suficiente coa obtida pola Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Obras Públicas.*

- *Non consta no expediente administrativo que se tivera dado resposta ó escrito anteriormente sinalado.*

- *En data 10.10.2005, por D. A.R.V. actuando en nome e representación de VODAFONE ESPAÑA, S.A, solicita licenza para modificar a Estación Base de Servizos de Telecomunicacións na Finca "Minada", parroquia de San Jorge,*

achegando novo proxecto asinado polos Enxeñeiros Técnicos Industriais D. ……. e Don ……., visado en data 27.05.2005.

- *A vista do proxecto presentado polo Arquitecto Municipal D. ……., en data 16.11.2005 emitiuse informe desfavorable por canto a antena de telefonía se atopa dentro dun núcleo rural e non de un solo rústico.*

- *Comunicado o citado informe a mercantil "VODAFONE ESPAÑA, S.A", pola mesma presentouse escrito en data 27.12.2005 (r.e.n° 3226) no que se indica que existindo informe desfavorable sobre a caseta que alberga o equipamento procederase a súa retirada achegando planos técnicos de detalle de como quedaría a citada instalación, e así se acompañan planos asinados polos mesmos técnicos que asinaran o proxecto informado desfavorablemente.*

- *En data 21.04.2006 (r.e.n° 1025) por D. Antonio Raposo Vidal, actuando en nome e representación de "VODAFONE ESPAÑA, S.A" presentouse nova solicitude de licenza para modificar a Estación Base situada na finca "Minada", na parroquia de San Jorge, achegando nova documentación.*

- *En data 13.06.2006 (r.e.n° 1716) presentase por "VODAFONE ESPAÑA, S.A" nova documentación relativa a modificación da Estación Base situada na finca "Minada", na parroquia de San Jorge*

- *En data 03.02.2010 emitiuse informe xurídico ao respecto da licenza de reforma da estación base de telefonía móbil, sendo a súa conclusión desfavorable por canto se trata dun uso non permitido ó atoparse situada en solo de núcleo rural, propoñendo que se dite resolución denegando a citada licenza.*

- *A vista dos informes do Arquitecto Municipal de data 16.11.2005 e da Asesoría Xurídica de 3.02.2010 nos que se informa desfavorablemente, a Xunta de Goberno Local, en Sesión celebrada en data 18.02.2010 acordouse denegar a licenza de reforma de Estación Base de telefonía Móbil por tratarse de un uso non permitido*

por encontrarse sita en solo de núcleo rural. Acordo que foi debidamente notificado a mercantil en data 05.03.2010, segundo obra acreditado no expediente de referencia.

- *Que en data 08.04.2010 (r.e.n° 2257) por Don A.R.V. presentouse escrito solicitando que se teñan por concedidas as licenzas por aplicación do silencio administrativo positivo.*

- *Que en data 05.04.2010 (r.e.n° 2222. de data 07.04.2010) por Don Antonio Raposo Vidal interpúxose recurso potestativo de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local, de data 18.02.2010, en cuxa virtude se denegaba a licenza de obras solicitada por VODAFONE ESPAÑA, S.A.*

En relación coa antena de telefonía móbil instalada por AMENA AUNA (hoxe ORANGE):

- *Que en data 20.09.1999 (r.e.n° 1194) por Don ……., actuando en nome de "RETEVISION MOVIL S.A" presentouse escrito solicitando que se conceda licenza para colocación de base de telefonía móvil en Finca Cazolos- Parderrubias, achegando os efectos oportunos proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Dona Ramona Rodriguez Rodriguez, visado en data 27.09.1999.*

- *En data 18.10.1999 emitiuse informe polo Arquitecto Técnico municipal no que se indicaba a necesidade de que se procederan a subsanar unha serie de deficiencias.*

- *Achegada a documentación requirida e subsanadas as deficiencias, en data 20.12.1999 emitiuse informe polo Arquitecto Técnico D. ……. no que se informa favorablemente a colocación da torre para base de equipo de telefonía móbil na finca denominada Cazolos.*

- *A vista do anterior informe a Comisión Municipal, en Sesión celebrada en data 31.12.1999, concedeu licenza de obra a Don ……., en representación de*

Retevisión Móvil, S.A para instalación dunha Estación Base de Telefonía Móbil, na finca denominada "Cazolos", sita en Bouzavedra- San Jorge.

- *En data 25.04.2002 (r.s.n° 278) remitiuse oficio de Alcaldía en cuia virtude se indicaba que no prazo de un mes procedera a solicitar a licenza de actividade para o desenvolvemento do uso da antena de telefonía móbil.*

- *A vista do anterior, por D. ……....., actuando en nome de "RETEVISIÓN MÓVIL, S.A" en data 23.05.2002 (r.e.n° 627) presentouse escrito no que se solicitaba que se ampliara o prazo concedido para achegar a documentación requirida e concretamente o proxecto de actividade.*

- *En data 13.11.2008 (r.e.n° 7421) por Dona ……..., actuando en nome e representación de FRANCE TELECOM solicita licenza para modificación de la licenza de obra para instalación de Estación Base para equipo de telecomunicacións no Monte dos Cazolos, aportándose os citados efectos proxecto asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial Dona ……..., visado en data 10.11.2008.*

- *Escrito presentado en data 19.09.2011 (r.e.n° 5271) por Don …….. no que se indica a adquisición da licenza solicitada por silencio administrativo positivo, en base ao sinalado no artigo 195 da Lei 9/2002, de 30 de decembro*

EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA INCOADO A VODAFONE POR EXECUCIÓN DE OBRAS NO BARRIO DE BOUZAVEDRA, PARROQUIA DE SANXURXO.

- *En data 4.11.2009 pola Policía Local de Salceda informouse da realización de obras na Estación situada en Bouzavedra.*

- *A vista do anterior informe, en data 6.11.2011 polo Arquitecto Técnico Municipal emitiuse informe no que se indica que non existe licenza para a execución*

das obras polo que de conformidade co sinalado no artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro procede incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

- *En data 9.11.2009 por Resolución de Alcaldía acordouse incoar expediente de reposición da legalidade urbanística pro execución de obras sen licenza no barrio de Bouzavedra, parroquia de San Xurxo, correspondente coa parcela número 233 do polígono 15, consistentes na execución de traballos en antena de telefonía móbil.*

- *En data 02.12.2010 (r.e.n° 8524) por D. ……....., en nome de "VODAFONE ESPAÑA, S.A" presentouse escrito de alegacións no que se indica que para a realización das obras que se están acometendo non era preceptiva a licenza de obras polo que non se solicitou.*

*Visto o anterior e a modo de finalizar o presente escrito preséntanse as seguintes_*

CONCLUSIONS:

- *Ao respecto do traslado das antenas de telefonía móbil debese indicar que segue a ser intención da administración local atopar unha ubicación adecuada a este tipo de instalacións de telecomunicacións, se ben considerase que o estudo da mellor ubicación para os intereses públicos e conciliandoos cas necesidades das empresas para este tipo de instalacións será coa realización do PXOM. Debemos poñer en coñecemento da institución a que nos diriximos que se ben no ano 2008 xa se indicou esta intención, en data 08.02.2010 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo N ° 2 de Pontevedra procedeuse a ditar sentenza anulando e deixando sen efecto o prego de cláusulas administrativas particulares do expediente de licitación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Salceda de Caselas.*

En base a citada sentenza, copia da cal se achega o presente escrito, foi necesario retrotraer todo o procedemento e proceder a resolución contractual coa empresa adxudicataria da redacción do PXOM, motivo polo que a pesares de que é intención a reubicación das citadas estacións bases non foi factible facelo ata este momento.

- *Respecto as antenas de telefonía móbil si contan con licenza de obras se ben carecen de licenza de actividade, en parte por entender que non era necesario por canto xa contaban con autorización da Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Obras Públicas, e como ben se poderá comprobar pola institución a que nos diriximos, durante un período de tempo entendouse que non era necesario que se contara con licenzas municipais para as instalacións de telefonía móvil ao entender que tratándose de servizos de interese xeral.*

- *Que presentados proxectos para ampliación da licenza de obra, na actualidade as compañías operadoras teñen presentado escrito para que se entenda que se adquiriron as licenzas por silencio administrativo, o cal está sendo obxecto de estudo polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, xa que non procede adoptar medidas en tanto non se resolva a citada cuestión, por canto carecería de todo respaldo xurídico ordenar a retirada das antenas no caso de que se confirmara a adquisición das licenzas de obras e instalación por intervención da figura do silencio administrativo.*

- *Que sen prexuízo do anterior, por parte do Concello de Salceda de Caselas manterase informado o Valedor do Pobo das actuacións que se vaian acometendo en relación cos expedientes indicados."*

Unha vez examinado o informe transcrito dedúcese que, a pesar do moito tempo transcorrido dende o coñecemento da queixa orixinal e do compromiso municipal de solucionar o asunto, o certo é que a día de hoxe as antenas continúan en funcionamento, a pesar das súas carencias legais.

As antenas de telefonía móbil precisan de avaliación ambiental, en concreto de avaliación de incidencia ambiental. No anterior RAMINP de 1961 non mencionaban as antenas de telefonía móbil no seu *nomenclátor,* como resulta lóxico, posto que esas instalacións non existían nesa data, o que non significou a súa exclusión do ámbito obxectivo do Regulamento. Considerábanse obxecto do procedemento por encaixar nas definicións das actividades clasificadas e polo carácter de *numerus apertus* do *nomenclátor* do regulamento.

Ese carácter de *numeros apertus* na definición do obxecto das avaliacións de incidencia ambiental non se modifica no máis mínimo co novo Decreto autonómico 133/2008. O seu artigo 2.2 sinala que *así mesmo estarán sometidas a este procedemento aqueloutras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, conforme as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A consellería competente en materia de medio ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das actividades contempladas nesta aliña. A decisión será motivada e adoptarase de acordo cos criterios obxectivos que se determinan no anexo II.* Polo tanto, haberá que recorrer, como sucedía antes, ás definicións das actividades, agora ás do artigo 13 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, que deben interpretarse de acordo cos criterios obxectivos sinalados no anexo II do Decreto. E dado que as definicións son similares ás do RAMINP e que os criterios do anexo II non apuntan cambios con respecto á situación anterior, e ademais as instalacións ás que nos referimos non se encontran expresamente excluídas no correspondente anexo, non parece que a interpretación da xurisprudencia precedente se deba considerar modificada, sen prexuízo das decisións xurisdicionais relativas aos recursos que se promovan contra a mesma.

Permanecen as razóns que levaron a considerar que coa vixencia do RAMINP as antenas debían ser obxecto da avaliación aínda; estas razóns se especifican, por exemplo, na sentenza do Tribunal Supremo do 27-10-1997, que sinala que "todo outorgamento de licenza ha de comprobar a conformidade do que se solicita en relación coa normativa de protección do medio ambiente e da calidade de vida, así como a

licitude da colocación da actividade ou do uso urbanístico que se pretende, e con iso exércese a potestade municipal de control na concesión de licenzas".

Ademais, unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao examinar a legalidade das diferentes disposicións da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de antenas de telefonía móbil do Concello de Chantada, sinala o seguinte en relación coa exixencia da licenza de actividade neste tipo de antenas (fundamento xurídico sétimo): "Sostén a parte recorrente con relación ao artigo 17 da ordenanza, na que se establece o carácter clasificado da actividade e no que se somete a concesión das licenzas ao réxime previsto no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, que é suficiente a licenza urbanística. Fronte a iso, non parece superfluo recordar por un lado a crecente preocupación social e, por outro, o non ofrecemento de probas concluíntes sobre a inocuidade da actividade. A masiva proliferación de fontes xeradoras de campos electromagnéticos (liñas de alta tensión, aparatos eléctricos, antenas de telefonía móbil) xerou incertezas na sociedade en xeral que os estudos científicos non despexaron ata o momento. Baixo os auspicios da Organización Mundial da Saúde iniciouse no ano 1996 un estudo, no que participan máis de 40 países e sete organizacións internacionais (Centro Internacional de Investigacións sobre o Cáncer, Comisión Electrotécnica Internacional, Comisión Europea, Comisión Internacional de Protección sobre as Radiacións non Ionizantes, Oficina Internacional do Traballo, Organización do Tratado do Atlántico Norte, Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e Unión Internacional de Telecomunicacións) e tras máis de 25 000 artigos publicados, dada a complexidade do tema, a controversia suscitada e as enormes contradicións encontradas estase á espera de que se fagan públicas as conclusións finais. Por razóns temporais as instalacións de telefonía móbil non se encontran recollidas no anexo do RAMINP, pero atendendo á natureza da actividade, parece incuestionable que a autorización daquelas estean sometidas ao procedemento autorizatorio non previsto. O mínimo principio de precaución permite incluír as instalacións de mención entre as actividades descritas no artigo 3 do regulamento de referencia cuxo anexo non contén unha lista pechada e esixe ademais ser integrada polo artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro. Dito o anterior resta indicar que a impugnación referida ao artigo 17 está condenada ao fracaso. Os

informes preceptivos e previos que a norma esixe (Dirección Xeral de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e os urbanísticos, xurídicos e de sanidade propios do concello), son consecuencia do procedemento, previsto no RAMINP e non ten porque incidir na competencia estatal. Unha lectura atenta da norma revela que esta se refire a competencias propias municipais na concesión da licenza de obras e de actividade (clasificada) e non invade a competencia estatal. Recordemos que o Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radiadas e medidas de protección fronte á planificación e a inspección das emisións, así como que a orde de 9 de marzo de 2000, a que se refire o Real decreto 1066/2002, ao establecer no artigo 10, último parágrafo que: a autorización das instalacións das estacións fixas queda condicionada, en calquera caso, á ausencia de perturbacións a outros servizos radioeléctricos, así como ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de servidumes radioeléctricas ou aeronáuticas, de medio ambiente, ordenación do territorio ou calquera outra que resulte de aplicación, recoñece a concorrencia de autorizacións estatais e locais cun ámbito obxectivo distinto".

É de sinalar que os cidadáns que reclaman están demandando a preservación dun interese especialmente protexido na Constitución Española, que ampara os dereitos á protección da saúde (art. 43.1 CE) e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, e entre eles as administracións locais, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Salceda de Caselas a seguinte **recomendación:**

Que se realicen os trámites para requirir dos titulares das antenas obxecto da queixa que inicien os trámites para a eventual concesión da autorización ambiental que

tratamos, e, no caso de non ser así ou para o caso de denegación, que se corrixa a súa instalación e funcionamento irregulares.

Resposta do Concello de Salceda de Caselas: recomendación aceptada.

23.- Recomendación dirixida ao Concello de Ordes o 2 de decembro de 2011 debido ao funcionamiento irregular de locais de ocio de Ordes (Q/206/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dunha cidadá relativo ao funcionamento irregular de locais de ocio de Ordes.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que existen locais de lecer nocturno en Ordes cunha licenza que non se corresponde coa actividade que realmente están exercendo, polo que existe competencia desleal. Sinala que, aclarando un pouco máis o tema, hai locais con licenza de *tablao flamenco* que non exercen como tal e se están beneficiando da amplitude horaria, ou con licenza de cafetería que son pub (con pista de baile, música a todo volume, luces espectaculares, cabina con dj´s, etc, e non teñen cafeteira, mesas, cadeiras, etc., e están pechando ás 4 e abrindo de novo ás 6). Por isto séntense prexudicados xa que eles (os pubs) teñen que pechar ás 4.30 e ven como os seus clientes se van a este tipo de locais, sentíndose agraviados.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Ordes, que sinalou o seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 11/03/01 solicitando información sobre o problema que motivou a queixa que dá lugar á apertura de expediente por esa institución, poño no seu coñecemento que tal e como se solicitaba no seu escrito inicial, de data 09/02/11, estase procedendo a comprobar as licenzas concedidas para o exercicio da actividade de tablao flamenco neste municipio, unha vez finalizada esa comprobación daráselle traslado dos resultados desta."

Á vista do anterior indicamos ao concello que anunciaba a comprobación das *licenzas concedidas para o exercicio da actividade de tablao flamenco,* o que resulta insuficiente, posto que en realidade a queixa é moito mais ampla, ao facer

mención ao funcionamento irregular de moitos outros locais. No requirimento de información enviado ao ente local o 9 de febreiro sinalábase que existen *tablaos flamencos* que non exercen como tales e se están beneficiando da amplitude horaria, pero tamén establecementos con licenza de cafetería que en realidade son pub. Por esa razón requiriuse informe sobre os locais que tendo licenza de simples bares ou cafés, en realidade funcionan como pubs ou similares; sobre a presenza de licenzas de *tablaos flamencos*, sobre se se comprobou que responde á realidade, de acordo coa súa definición no nº 2.7.2.1. do catálogo do decreto 292/2004, e sobre a revisión da licenza, no seu caso, de acordo co previsto no mesmo decreto; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

A este requirimento de información complementaria o concello respondeu cun retraso moi considerable, ata o punto de que foi preciso recordarlle o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e facerlle de novo ese mesmo recordatorio de deberes legais e advertencia, indicando tamén que o art. 502 do Código Penal tipifica esa actuación cunha desobediencia específica, coa correspondente pena. A resposta finalmente recibida foi a seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 11/08/2011 solicitando información sobre o problema que motivou a queixa que da lugar a apertura de expediente por esa institución, poño no seu coñecemento que se está procedendo a facer unha inspección para comprobar as licenzas concedidas por este concello para o exercicio da actividade de tablao flamenco e de aqueles locais que poidan estar exercendo unha actividade distinta á licenza concedida. Unha vez rematada a inspección daráselle traslado do resultado da mesma."

Á vista das circunstancias da queixa, que se tiña iniciado hai tempo, e da falta de resposta actual respecto do fondo do asunto, a pesar do tempo transcorrido, de novo nos diriximos ao concello co fin de requirir que **con urxencia** se facilitara a información aínda pendente, reiterando os recordatorios de deberes legais e advertencias achegados por esa falta de resposta adecuada, e recordando tamén que o art. 502 do Código Penal

tipifica a obstaculización das investigacións dos Defensores do Pobo, negándose ou dilatando indebidamente o envío dos informes que estes solicitaren. Dado que desa forma tampouco se puido obter a información requirida, o 27 de outubro realizamos ao alcalde-presidente unha última advertencia na que indicábamos que reiterábamos por última vez os requirimentos, recordatorios de deberes legais e advertencias, de tal forma que se no prazo de 5 días hábiles non se recibía información completa e adecuada que dea cumprimento ao requirido, entón procederiamos a declaralo hostil e entorpecedor das funcións desta institución, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu Informe ao Parlamento. Ademais, nesa declaración de novo se requiriría o cumprimento da obriga pendente, e para o caso de proseguir o incumprimento do legalmente previsto, entón daríase conta á Autoridade Xudicial ou ao Ministerio Fiscal para que se deduza a eventual responsabilidade penal derivada dos feitos, que poderían ser constitutivos do delito tipificado no art. 502 do Código Penal. A resposta foi a seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 27/10/2011 en relación co problema que motivou a queixa que da lugar a apertura de expediente por esa institución, poño no seu coñecemento que este concello procedeu a facer unha inspección para comprobar as licenzas de actividade concedidas aos locais dedicados a "tablao flamenco" e as concedidas a locais que se sospeita que poidan estar exercendo unha actividade distinta á licenza concedida.

Ós locais inspeccionados son os seguintes:

- *Cafetería denominada Tubos situada na rúa da Feira, n° 19-baixo, Ordes, da que é titular ……..*

- *Cafetería denominada O Veleiro, situada na rúa Lagartos, n° 52-baixo, Ordes, da que é titular ……..*

- *Tablao flamenco denominado Zemtrum, situado na rúa da Feira, n° 37-baixo, Ordes, da que é titular ……..*

- *Tablao flamenco denominado Tahití-Manisero, situado na rúa do Muíño, n° 18-baixo, Ordes, da que é titular …… (actualmente propiedade dos seus herdeiros).*

- *Queda pendente de facer inspección ao local dedicado a "tablao flamenco" denominado Acero, situado na rúa da Feira, n° 25-27-baixo, Ordes, que figura a nome de ……., xa que despois de facer os correspondente requirimentos para a inspección dos técnicos municipais non se presentaron no local, polo que se procederá por vía xudicial para acceder ao mesmo.*

Xúntase copia do informe emitido pola arquitecto técnico municipal despois de realizar a correspondente inspección e comunícaselle que se procederá a adoptar as medidas oportunas para que os locais exerzan únicamente a actividade para a que teñen licenza ou que se axunten a licenza a actividade exercida."

Da información achegada deduciuse que o concello daba conta de determinadas comprobacións realizadas en locais dedicados a *tablao flamenco* e locais que poderían estar exercendo unha actividade distinta á da súa licenza. Xuntábanse comprobacións técnicas que non resultan concluíntes, posto que so describían a realidade física dos locais, pero sinalando que non se pode comprobar o funcionamento dos locais por atoparse pechados nese intre -a técnico conclúe que debera "verificarse o seu funcionamento"-, e noutro caso a comprobación faise pola mañá, polo que tampouco se descarta que funcione irregularmente. Ademais, non se especifica se a relación de *tablaos* e demais locais que funcionan de forma desaxustada á súa licenza é exhaustiva, isto é, se coas comprobacións realizadas e as medidas que se tomaron ou se tomarán ao respecto se poden entender tratadas as irregularidades no relativo ao común desaxuste entre as licenzas e a actividade que realmente teñen os locais, que é o obxecto da queixa.

Polo anterior de novo requirimos aclaración, reiterando todas os recordatorios de deberes legais e advertencias mencionadas, á vista de que continuaba a incerteza respecto do obxecto da queixa. A resposta, recibida recentemente, foi a seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 16/11/2011 en relación co problema que motivou a queixa que da lugar a apertura de expediente por esa institución, poño no seu coñecemento que este concello iniciou expediente de clausura da actividade aos locais que a continuación se relacionanan e que segundo informe emitido pola Policía Local o 13/11/2011 non desenvolven a actividade para a que teñen licenza:

TABLAO FLAMENCO DENOMINADO ACERO, situado na rúa da Feira, n° 25-27, Ordes, do que é titular ……..

TABLAO FLAMENCO DENOMINADO TAHITÍ-MANISERO, situado na rúa do Muíño, n° 18- baixo, Ordes, do que é titular Herdeiros de …… representados por dona ……..

Xúntase copia da notificación da resolución da Alcaldía iniciando o expediente de clausura e copia do informe emitido pola Policía Local.

En canto ao local con licenza municipal para tablao flamenco denominado Zemtrum, situado na rúa da Feira, n° 37-baixo, Ordes, da que é titular ……..., encóntrase pechado ao público."

Do anterior informe municipal e da documentación que o acompaña dedúcese que o ente local iniciou o trámite para o peche de dous locais que tiñan licenza de *tablao flamento* sen que a súa actividade se correspondera co definido para tales instalacións polo correspondente Catálogo de actividades. A falta de máis explicacións debe entenderse que se trata dun expediente sancionador para a retirada da licenza. O outro local ao parecer atópase pechado ao público, pero o ente local non aclara se foi con ocasión dunha orde súa ou por iniciativa propia, o que resulta relevante.

Non obstante, non se indica nada en relación co outro aspecto relevante da queixa, que se subliñou nos primeiros requirimentos de informe. A queixa non só se refire aos *tablaos* flamencos que funcionen irregularmente, aspecto este no que ao parecer o concello xa actuou, despois de moito tempo, como corresponde, senón que o seu obxecto é moito mais amplo, ao facer mención ao funcionamento irregular de moitos outros locais. Tamén existen establecementos con licenza de cafetería que en realidade son pub, polo que se requiriu informe sobre os locais que tendo licenza de simples bares ou cafés, en realidade funcionan como pubs ou similares. Sobre este aspecto o concello non sinala nada agora; anteriormente indicara dúas cafeterías (*Tubos* e *Veleiro*) das que se sospeitaba que non se axustaban ao previsto na súa licenza, pero sen aclaralo de forma definitiva e sen indicar as actuacións que no seu caso se deran. Ademais, non se aclaraba se esa comprobación resultaba exhaustiva, só se indicaba que se trata de *locais que se sospeita que poidan estar exercendo unha actividade distinta á licenza concedida,* o que non aclara o carácter exhaustivo da comprobación, que resulta preciso.

A anterior carencia resulta significativa nesta localidade, posto que o 9 de xuño de 2004 formulámoslle unha recomendación como conclusión da queixa de oficio iniciada como consecuencia da noticia contida no diario "*El Correo Gallego*" do día 26/11/03, páxina 35, na que se daba conta dos graves prexuízos que sofren os residentes do Campo da Feira de Ordes como consecuencia dos ruídos producidos polos locais de ocio e pola súa clientela. Recomendábamos que "con urxencia se promovan por ese concello todas as medidas precisas para corrixir o inadecuado funcionamento dos locais que se citan no informe municipal, e, de ser o caso, do resto dos locais que se atopen en situación irregular no relativo á súa preceptiva licenza ou a calquera outra circunstancia das mencionadas no texto da presente resolución. Especialmente deberán promoverse, concluírse e executarse as sancións polas correspondentes infraccións administrativas e as reposicións da legalidade que procedan. E que, tamén con urxencia, se garanta o descanso dos afectados polos ruídos nocturnos que se xeran como consecuencia da concentración de xente na rúa e o consumo de alcohol nela." O concello non respondeu á recomendación, polo que nos vemos obrigados a entender desatendida a obriga legal

correspondente e rexeitada de xeito tácito a recomendación, o que subliñamos no Informe ao Parlamento.

En relación co anterior é de sinalar que as actividades clasificadas precisan unha licenza municipal de funcionamento, segundo o establecido no anterior RAMINP, agora Decreto 133/2008 -en relación coa lei 7/1997-. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatible a actividade coa evitación das molestias desproporcionadas, outorgando as licenzas só cando iso sexa posible en función das circunstancias. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. Pero ademais, a licenza abre unha *relación continuada* no curso da que a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de concederlles as respectivas licencias de funcionamento.

Porén, algúns dos locais funcionaban sen axustarse ao permitido pola licenza con que contaban, segundo se comprobou respecto dos *tablaos*, algo que por outra banda era perfectamente previsible. Porén, non se aclara que clase de expediente se iniciou en relación con estes. Tampouco se coñece o resultado do peche pretendido, posto que non parece tratarse dunha medida cautelar xa esixible, e si dun posible resultado do propio expediente (retirada a licenza).

Tal e como adiantamos, o outro aspecto que resta por aclarar, a pesar do moitísimo tempo dende que se pretende tal cousa, é o actuado en relación cos locais que contan con licencias para funcionar como simples bares, cafeterías ou similares, polo que non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns debido a que no momento do exercicio do control preventivo realizado, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (Concello e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) non garantiron

a inocuidade do local nesas condicións de uso, ao figurar outras ben distintas. As esixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

O artigo 25 da LRBRL establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: f) Protección do medio ambiente". Así mesmo, o artigo 9 da Lei galega 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, esixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento". Xa anteriormente, o RAMINP de 1961 estableceu a competencia municipal no tratamento das actividades molestas, entre as que loxicamente se encontran as xeradoras de ruído. Por tanto, a competencia municipal nesta orde, ademais de resultar clara, vén de moi antigo, e a falta de adecuado exercicio desta prexudica claramente aos cidadáns afectados, que observan como o Concello non atende a súa responsabilidade neste terreo, e tampouco se compromete a atendela nun futuro inmediato.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible dedúcese que o Concello de Ordes non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais á intimidade persoal e familiar (art. 18. 1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), ao medio ambiente adecuado e á calidade de vida (art. 45), e á protección da saúde (art. 43). Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia da actuación municipal e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ordes a seguinte **recomendación**:

Que con urxencia se concreten as medidas finalmente adoptadas en relación cos locais con licenza de tablao flamento que funcionaban sen axustarse á actividade propia dos mesmos, aspecto este xa contrastado polo Concello.

E que se especifiquen de forma exhaustiva o resto dos locais que se atopan en situación irregular no relativo á súa preceptiva licenza, en especial os establecementos con licenza de cafetería que en realidade funcionan como pub, achegando as medidas adoptadas para corrixir e sancionar aos seus promotores.

Resposta do Concello de Ordes: recomendación aceptada.

24.- Recomendación dirixida ao Concello de Santiago de Compostela o 15 de decembro de 2011 debido aos prexuízos e molestias ocasionados por un local de ocio. (Q/2367/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª Mª J. D. L. debido aos prexuízos e molestias ocasionados por un local de ocio.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que a súa nai, Dª M. L., vén denunciando dende hai tempo os graves prexuízos que ocasiona o café-bar *Camalea* debido fundamentalmente á presenza de música, a servir bebidas na rúa e a ter máis mesas das autorizadas. Ante a falta de actuación adecuada por parte do Concello promoveu a queixa C.6.Q/297/09. Esta respondeuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. A información municipal confirmou o funcionamento do establecemento sen axustarse ao previsto na súa licenza, que é de

simple café ou bar e que polo tanto non permite a música que utiliza o local. Este utilizaba altofalantes e permanecía coas portas abertas, o que loxicamente ocasionaba as molestias polas que reclamaba. Tamén se confirmou o exceso de ocupación de espazo coa terraza autorizada. O ente local iniciou as actuacións para corrixir tales circunstancia, en concreto un expediente de reposición da legalidade urbanística, ordenou a retirada dos altofalantes non autorizados e obriga a pechar as portas. Tamén requiriu para evitar que durante o seu funcionamento se consuma na rúa o que se adquire no local. Finalmente, respecto da terraza, ordenouse a retirada das mesas que excedían do autorizado e como consecuencia do correspondente expediente sancionador deuse proposta de sanción de 1750 €.

Pois ben, a pesar do anterior agora a interesada sinala que a súa nai está a tratamento por ansiedade e depresión, algo que poderíase ter evitado se o Concello tomara as medidas adecuadas; se permite que o local siga funcionando da mesma forma. Colocaron tripla fiestra, unha dobre especial acústica, e aínda así a medición efectuada coas portas pechadas (era inverno) deu 34,2 dBA. "Estase convertendo nunha verdadeira tortura", sinala. O Concello decretou a retirada dos altofalante e o peche cautelar do local, pero non se fai efectivo. De confirmarse todo o exposto non se tería dado cumprimento ao indicado polo Concello con motivo da anterior queixa.

Ante iso requirimos información ao Concello de Santiago de Compostela, que no seu momento (a anterior Corporación, o 17 de febreiro) sinalou o seguinte:

"En relación co requerimento efectuado polo Valedor do Pobo na data 28.01.2011 pola queixa presentada ente esa Institución por Dª M.J.D.L. respecto o funcionamento do Café Bar CAMALEA sito na Praza San Martiño Pinario, 4 , informase. Á vista do parte policial do 5.02.2010, no que se informaba que o referido local "Camalea" funcionaba cas portas abertas asi como pola existencia duns altavoces non licenciables (xa que ainda que no local conceduese a instalación dun fio musical por decreto de data 20.10.05, o mesmo debe funcionar sen estar conectados a amplificadores ou a altofalantes), na data 22.02.2010 incoouselle ao titular do local "CAMALEA" expediente de reposición da legalidade urbanística alterada,

ordenándolle a retirada dos mesmos nun prazo de 24 horas a contar dende a recepción da notificación, baixo apercebemento de execución forzosa, asi como a obriga de funcionar coas portas pechadas, e da adopción durante o seu funcionamento das medidas oportunas para evitar que o público efectúe as súas consumicións na vía publica, en cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 43, 44.6 e 50 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos,vibracións e condicións dos locais.

Presentadas alegacións pola titular do establecemento no que comprometiaese a axustarse á licenza municipal concedida, e decir, coas portas cerradas, sen altofalantes non autorizados, realizaronse inspeccións policiais, informandose na data 5 de maio de 2010, que non foron detectados incumprimentos da licenza de café bar concedida, motivo polo cal foron admitidas as alegacions presentadas, ordenando o levantamento do peche ordenado, sen perxicio da incoación de posteriores procedementos, de verificarse o incumprimento das condicións da licenza concedida.

Solicitada á Policía Local, inspeccións rutinarias do devandito local, na data 16.02.2011 informa que realizadas estas, nas datas 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14 de febreiro de 2011, non foron detectados incumprimentos á normativa de aplicación, ó funciona-lo local coas súas portas pechadas, sen ocupación de vía pública con terraza. Igualmente tampouco observaron infraccións ó seu horario de peche."

No informe transcrito o Concello argumenta que despois das correccións ás que se facían mención na queixa e do levantamento da medida de peche imposta, o ente local realizou a través da policía local inspeccións en diferentes datas de febreiro e que nelas comprobou que o local funcionaba coas portas pechadas, sen ocupación da vía pública con terraza e sen infraccións do horario de peche. Non obstante, non aclaraba que xa non conte con altofalantes; indícase que non os tiña en maio de 2010, despois de actuar en contra do local, pero na nova queixa a interesada sinala que ten altofalantes como antes. Mais aínda, en realidade o Concello non aclara a variación comprobada respecto da situación anterior, posto que unicamente fai mención a unhas alegacións dos responsables do local que deron lugar a unha comprobación da policía local,

informándose que non foron detectados incumprimentos da licenza de café bar concedida, motivo polo cal foron admitidas as alegacions presentadas, ordenando o levantamento do peche ordenado. Por tanto, non se aclara en que medida variou a forma de actuar do local respecto da situación anterior que o propio ente local obriga a corrixir, sendo este o aspecto principal da queixa. Tampouco se indica que peche no horario propio dos bares (esa é a actividade contemplada na licenza), moi inferior ao dos pubs (se indica xenericamente que non se observou infracción). Ambas as dúas circunstancias determinarían que o local está a axustar a súa forma de funcionar ao que se corresponde co tipo de licenza con que conta. Tamén parece indicarse que nos controis se comprobou que non ten terraza, pero non se dicía que se impida o consumo no exterior. Tampouco se aclaraba nada respecto a unha medición a que a interesada fai referencia, que ao parecer deu 34,3 dB, por enriba do permitido, nin ao resultado do anterior expediente sancionador, que tiña unha proposta de sanción de 1750 €. Polo indicado de novo nos diriximos ao Concello de Santiago, que nesta ocasión (tamén a través da anterior Corporación) sinalou o seguinte:

"En relación co requirimento efectuado polo Valedor do Pobo na data 30.03.2011 pola queixa presentada ente esa Institución por Dª M.J.D.L. respecto o funcionamento do Café Bar CAMALEA sito na Praza San Martiño Pinario, 4 , informase. Na data de hoxe formulase dilixencia a policía local co obxecto de comprobar a retirada dos altofalantes non autorizados, do cumprimento do seu horario de apertura e demais incumprimentos que sexan apreciados. Emitido o parte policial, comunicaráselle o resultado do mesmo. No referente ao ruído na rúa, o decreto de alcadía de data 14 de marzo de 2011(BOP A Coruña 21.03.2011) estimáronse as alegacións presentadas por Dª M.J.D.L. no senso de que se procederá a contratación dun estudio sonométrico para determinar a posible existencia de contaminación acústica na Praza San Martiño Binario e iniciar, no seu caso, o procedemento de declaración da mesma como zona saturada de ruído. No momento encontrase pendente de resolución o expediente sancionador por infracción a ordenanza local xa que procedeuse á ocupación de vía publica con terraza excedéndose da autorización municipal concedida."

Do exame do informe municipal transcrito dedúcese que o Concello segue sen aclarar as diferentes cuestións que eran obxecto de requirimento de informe complementario na anterior comunicación. Efectivamente, segue sen concretarse que o local xa non conta con altofalantes. Tampouco se indica que peche no horario propio dos bares, que se impida o consumo no exterior, que se fixo coa medición que deu 34,3 dB, ou o sucedido cun anterior expediente sancionador, que tiña unha proposta de sanción de 1750 €. Ante iso de novo nos diriximos ao Concello, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

"Asunto: Información requerida polo Valedor o Pobo Expediente: C.6.Q1236712010. En relación co requerimento efectuado polo Valedor do Pobo na data 19.05.2011 pola queixa presentada ente esa Institución por Dª M.J.D.L. respecto ó funcionamento do Café Bar CAMALEA sito na Praza San Martiño Pinario,n° 4 , informase.

Local obxecto de informe denominado CAMALEA conta cunha licenza de apertura de café bar.

Referido local conta cun hilo musical concedido por decreto de data 20.10.2005 segundo o proxecto do enxeñeiro técnico industrial D. ……..... (LIC/3047/2004), concedéndolle o funcionamento na data 27.01.2006.

Solicitada informe da policía local co obxecto de comprobar a retirada dos altofalantes non autorizados, do cumprimento do seu horario de apertura e demais incumprimentos que sexan apreciados, na data 07.06.2011 informa que realizadas inspeccións ao referido local, nas datas 31 de maio ao 5 de xuño de 2011, comprobouse o seguinte:

Na noite do 31 de maio ao 01 de xuño o local permaneceu pechado. Na noite do 01 ao 02 de xuño de 2011, abriu ao público, comprobando ata en 3 ocasións que os clientes non consumían fóra do respectivo local. As 03:25 horas o local encontrábase pechado. Na noite 02 ao 03 de xuño de 2011, abriu o público, pechando as 03:19

horas. Na noite 03 ao 04 de xuño de 2011, abriu ao público, pechando ás 03:20 horas. Na noite do 04 ao 05 de xuño de 2011, abriu o publico, pechando ás 03:22 horas.

A Orden da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de data 16 de xuño de 2005(publicada no DOGA n°117 de 20.06.2005) determina que os horarios de apertura e peche dos establecementos públicos da C.A de Galicia. Establece como horario de peche para os cafés bares (como é o CAMALEA) as 02:30 horas e unha ampliación de horario de peche de media hora, nas noites que van do xoves ao venres, de venres a sábado, de sábado a domingo e de domingo a luns;así como as noites anteriores a festivos e do propio festivo. É de sinalar que o horario de peche para os establecementos públicos, con carácter xeral, ampliouse nunha hora mais, dende a data 2 ao 5 de xuño, ambos incluídos, con motivo da celebración das festas da Ascensión. Solicitude presentada pola Asociación Hostelería Compostela ante a Jefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

No referente ao ruído na rúa, o decreto de alcadía de data 14 de marzo de 2011(BOP A Coruña 21.03.2011) estimaronse as alegacións presentadas por D^{a} M.J.D.L. no senso de que se procederá a contratación dun estudio sonométrico para determinar a posible existencia de contaminación acústica na Praza San Martiño Pinario e iniciar, no seu caso, o procedemento de declaración da mesma como zona saturada de ruído.

No referente o procedemento sancionador incoado, a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 18 de malo de 2011, acordou desestima-las alegacións presentadas por D^{a}. Sandra Varela Alende, impoñéndolle a sanción de 1750 € por infracción a ordenanza local xa que procedeu á ocupación de vía publica con terraza excedéndose da autorización municipal."

Do exame do informe municipal transcrito dedúcese que o Concello aclara a imposición da multa de 1750 € debido á ocupación irregular da rúa, e o cumprimento do horario, aínda que en datas cun horario especial ou ampliado. Non obstante, segue sen

aclarar o fundamental, referido basicamente ao funcionamento como un pub e ao ruído na rúa. Ao respecto dende hai tempo requirimos ao Concello que aclarara diferentes cuestións, que seguen sen resposta definitiva. Así, entre outras cousas non se di que se impida o consumo no exterior; so se indica que non se daba o 1-2 de xuño, sen mención nas outras ocasións ou nun espazo de tempo máis amplo; ao respecto a interesada sinala que segue dispensando bebidas na rúa. Ante iso requirimos informe ao Concello, que nesta ocasión enviou dous informe nos que sinala o seguinte:

1º informe:

"Remítolle informe da técnica de Administración Xeral de data 01.09.11 en relación co local denominado CAMALEA, sito na praza de San Martiño Pinario nº 4, para o expediente C.6.Q/2367/2010".

"En relación co requerimento efectuado polo Valedor do Pobo na data 18.08.2011 (con data de Rexisto de entrada neste Concello o 23.08.2011) pola queixa presentada ente esa Institución por Dª M.J.D.L. respecto ó funcionamento do Café Bar CAMALEA sito na Praza San Martiño Pinario, n° 4, informase. O local CAMALEA conta cunha licenza de apertura de café bar.

Segundo establece o artigo 44.6 da ordenanza municipal de reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais: "Non se permitirán a instalación e uso de aparellos de música ou videomusicais ou a utilización de instrumentos de amplificación ou altofalantes distintos ós dos propios aparellos, nos establecementos do grupo I (entre os que se inclúen os café bares). Nesta categoría de establecementos só poderá instalarse fío musical, un aparello de radio ou televisión, que deberán funcionar sen estar conectados a amplificadores ou a altofalantes distinto aos propios do aparello.

Como xa se lle informou, o local o mesmo conta cun fío musical concedido por decreto de data 20.10.2005 segundo o proxecto do enxeñeiro técnico industrial D. ……. (LIC/3047/2004), concedéndolle o funcionamento na data 27.01.2006,

sendo evidente co fío musical necesita de instalacións de altofalantes para poder funcionar

Solicitada informe da policía local co obxecto de verificar o cumprimento do seu horario de apertura e demais incumprimentos que sexan apreciados, na data 07.06.2011 informa que realizadas inspeccións ao referido local, nas datas 31 de maio ao 5 de xuño de 2011, comprobouse que o referido local non incumpre o horario de peche, sen que con posterioridade fóra comunicado a esta oficina incumprimentos no seu horario de peche, ou calquera outro de relevancia.

No referente ao ruído na rúa, o decreto de alcaldía de data 14 de marzo de 2011(BOP A Coruña 21.03.2011), como xa se ten informado, as alegacións presentadas por Dª M.J.D.L. foron estimadas, no senso de que se procederá a contratación dun estudio sonométrico para determinar a posible existencia de contaminación acústica na Praza San Martiño Pinario e iniciar, no seu caso, o procedemento de declaración da mesma como zona saturada de ruído."

2º informe:

"Con motivo do requirimento efectuado polo Valedor do Pobo en relación co expediente C.6.Q/2367/2010, pola queixa presentada ante esta Institución por M. J.D.L. respecto ao funcionamento do local situado na Praza de San Martiño Pinario n°4, denominado Café-Bar Camalea, achégase o informe da técnica de administración xeral da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación de data 10-11-2011.

En relación ca queixa presentada ente esa Institución por Dª M.J.D.L. respecto ó funcionamento do Café Bar CAMALEA sito na Praza San Martiño Pinario, n° 4 e realizadas inspeccións rutinarias ó devandito local, a Policía Urbanística informa na data 01.09.2011 que o referido local ten instaladas na vía pública 3 mesas e 12 cadeiras autorizadas no decreto de data 27.07.2005.

Igualmente, realizadas inspeccións pola Policía Local, na data 30.09.2011, se informa que na vía pública instala un total de 3 mesas, que cumpre co seu horario de peche, que non se permite a saída de clientes con bebidas ao exterior do local (a excepción da terraza autorizada) e que tendo autorizados a instalación dun total de 6 altavoces do fio musical concedido na data 27.01.2006 (LIC/3047/2004), encóntranse instalados un total de 5.

Faise constar que expediente tramitado ante esta administración de instalación de fío musical, aportouse informe da empresa CETA de medición do aillamento do local, certificandose que mesmo é de 60,00 db(A), cumprindo co indicado no artigo 48 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, sendo notificada na data 18 de xaneiro de 2006 a Dª M..L.L a data de inspección municipal, o inspector municipal informou o 27 de xaneiro de 2006, que non abriu ninguén a porta."

Como sinalamos, anteriormente coñecerase un expediente promovido pola mesma interesada e polo mesmo asunto, o C.6.Q/297/09. Da información municipal entón proporcionada deduciuse que finalmente se confirmara o que a interesada viña sinalando e que era obxecto da súa reclamación, isto é, o funcionamento do establecemento sen axustarse ao previsto na súa licenza, que é de simple café-bar e que polo tanto non permite a música que utiliza o local. Este utilizaba altofalantes e permanecía coas portas abertas, o que loxicamente ocasionaba as molestias polas que reclamaba. Tamén se confirmou o exceso de ocupación de espazo coa terraza autorizada. O ente local inicuo as actuacións para corrixir tales circunstancia por medio dun expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenou a retirada dos altofalantes, o peche das portas e que se evite que durante o seu funcionamento se consuma na rúa o que se adquire no local. Respecto da terraza ordenouse a retirada das mesas que excedían do autorizado e como consecuencia do correspondente expediente sancionador deuse proposta de sanción de 1750 €. Co anterior o previsible era que o problema se solucionara; non obstante, indicamos á interesada que se non se daba cumprimento voluntario das ordes municipais citadas, entón podería reclamar ao Concello que realicen os actos de execución forzosa que procedan, e se o Concello non

fixera cumprir o ordenado por el mesmo, entón podería acudir novamente a esta institución, se fora o seu desexo. Precisamente iso é o que fixo para iniciar o expediente de queixa que se coñece actualmente.

A interesada xunta nos seus escritos numerosas actuacións ante o Concello para corrixir algunhas das deficiencias recoñecidas polo propio Concello, pero non corrixidas finalmente. Tamén achega un bo número de indicios relativos ao funcionamento do local como pub, local con música ou similar, circunstancia que foi confirmada polo Concello con motivo da anterior queixa. Así, a interesada achega informacións de diferente procedencia nas que se publicita ao local como de ambiente musical (por exemplo, na páxina oficial de turismo de Santiago -www.santiagoturismo.com-, que se refire ao local como pub alternativo; en www.berenguela.com; en www.curtocircuito.com, onde se anuncia unha festa ou concerto; ou en *Galicia Hoxe* do 10.05.11, onde se fai mención a unha *sesión Party* no pub Camalea).

Tamén (posteriormente) achegou sentenzas nas que claramente se expresa a necesidade dunha actuación municipal máis dilixente para a protección ou garantía da ausencia de molestias ocasionadas á afectada e para que se corrixan actuacións do Concello. Así, por exemplo, a sentenza de 26-09-2006 do xulgado do contencioso-admisntrativo nº 1 de Santiago, a 563/2008, da Sala do contenciso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou a sentenza 957/2009 do mesmo Tribunal Superior de Xustiza. Nesta se estima parcialmente o recurso da interesada para a revogación da licenza precisamente polo motivo que se trata, e sinalase, entre outras cousas, que despois de actuacións para que o local axustara a súa forma de funcionar ao autorizado, con todo "con posterioridade a policía local comprobou que o local funcionaba en horario de madrugada, cun equipo reprodutor de música e as súas portas abertas, polo que a actividade que realmente se desenrolaba nel era a de pub". Non obstante, o expediente de revogación viuse afectado pola súa caducidade, o que tamén resultaría de responsabilidade municipal.

Así pois, o primeiro que debe resaltarse como conclusión dos datos que constan é que se trata dun sinxelo café-bar, pero porén funcionaba con altofalantes, o que o propio Concello recoñeceu como irregular despois de denuncia e aínda de intervencións xudiciais que resaltan o inadecuado diso. Con todo, con posterioridade o Concello parece cambiar de criterio respecto da presenza da música, posto que asimila os altofalantes cun fío musical, pero sen indicar de forma clara se eliminouse o que antes había (se se cambiou por un fío musical) e se o que en realidade funciona no local pode entenderse de forma indubitada como iso, un sinxelo fío musical similar ao funciona en calquera edificio residencial sen provocar molestias de ningún tipo, o que non parece que sexa o caso, á vista de todos os datos cos que se contan. A pesar da nosa insistencia sobre a cuestión o Concello non acaba de explicar este aparente cambio de criterio, que resulta sorprendente, e unicamente sinala, nun dos seus últimos informes, que é *evidente que o fío musical necesita de instalacións de altofalantes para poder funcionar*. Esa manifestación municipal segue deixando sen aclaración o obxecto da queixa, isto é, a utilización de música na actividade, o que non está permitido nin pola normativa xeral, á que faremos referencia, nin pola ordenanza municipal que cita o propio Concello, que sinala que *non se permitirán a instalación e uso de aparellos de música ou videomusicais ou a utilización de instrumentos de amplificación ou altofalantes distintos ós dos propios aparellos nos establecementos do grupo I (entre os que se inclúen os café bares).* So poderá terse un *fío musical ...,* que deberá funcionar sen estar conectados a amplificadores ou a altofalantes distinto aos propios do aparello.

É evidente que tanto antes das súas actuacións orixinais, que deron lugar a orde de retirada dos altofalantes, como agora, que di que non hai altofalantes propiamente ditos, senón so fío musical, o Concello sabe diferenciar perfectamente un fío musical de amplificadores doutro tipo, pero con todo non clarifica a cuestión. O Concello parece entender que o relevante neste caso é valorar a condición dos aparellos musicais como fío musical en función da súa inclusión no proxecto de licenza e na limitación de emisión prevista nel, que se axustaría ao previsto na ordenanza. Tal cousa non é así, posto que os locais desta categoría se definen a través do indicado, isto é, pola ausencia de música, salvo moi baixa, asimilable á dun domicilio ordinario, como sería o caso dun

fío musical, o que non se corresponde en absoluto co volume mencionado noutros apartados do informe, ao que habería que engadir o da clientela, que se superpoñería.

Ao anterior engádese -e resulta moi ilustrativo- que o Concello non achega aclaración sobre comprobacións sonométricas adecuadas na vivenda da afectada, a pesar de que tal é a súa obriga legal ante este tipo de supostos, co que iso, en unión coa circunstancia mencionada no anterior parágrafo e a outras moitas coas que contan, fai que se conclúa que non se garante a ausencia de prexuízos e molestias desproporcionadas e continuadas que sofren os residentes na vivenda. Ante a realidade da falta de comprobacións sonométricas adecuadas a interesada achegou a súa propia, co resultado que consta. Esta falta de comprobacións adecuadas (realizadas nas vivendas e no preciso intre en que se reclaman polos afectados, non noutros momentos) veñense observando no Concello de Santiago dende hai tempo sen que ata agora se corrixira, o que fai que, unido isto a outras circunstancias, como as tratadas neste caso, resulten perfectamente xustificadas as reclamacións dos afectados que demandan que se garanta o seu dereito ao silencio, sobre todo a altas horas da madrugada.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no anterior RAMINP (Decreto 2414/1961), hoxe a través do Decreto 133/2008, en relación co art. 4.3 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

Loxicamente, unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (Concello e Consellería de Medio Ambiente) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Este tipo de establecementos non poden contar con música, nin pretender exercer como pubs. Ao respecto xa tivemos ocasión de sinalar en anteriores ocasións que a denominación café-bar fai referencia a locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música, incluso nos supostos en que se encontran mencionados nos proxectos (véxase a recomendación e suxestión incluídas no Informe Anual ao Parlamento de Galicia 2002: 249 e ss). Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara. E non parece adecuado, como pretende ese ente local, que esta clara caracterización se poda defraudar entendendo que os niveis citados na súa ordenanza a outros efectos non deben considerarse música amplificada.

O concello debera garantir o adecuado desenvolvemento do procedemento desde o seu comezo, especialmente do trámite de información pública, e globalmente debería garantir a protección dos dereitos constitucionais potencialmente afectados dos interesados neste tipo de cuestións, claramente da súa competencia. Se un local se tramita como café-bar no procedemento de obtención da licenza municipal, no correspondente proceso de información pública (con comunicación persoal aos veciños inmediatos) figurará que o desexo do promotor é a apertura deste tipo de local, sen máis. E en caso de que ao tempo se pretenda instalar música no local, a unión de ambas as circunstancias levará a un evidente erro nos potenciais prexudicados, que incluso podería ser considerado como causa da eventual nulidade ou anulación da resolución recaída. Esta confusión daríase porque o normal sería que os interesados non se preocupasen en maior medida á vista de que o que supostamente se pretende é a instalación dun simple café-bar, polo que sería perfectamente posible que decidisen nin tan sequera consultar o proxecto, nin presentar alegacións, pensando sempre na previsible ausencia de música e, conseguintemente, de molestias desproporcionadas. Porén, con posterioridade á tramitación do procedemento descubrirían que a denominación non se corresponde co que realmente se pretendía, senón que o que verdadeiramente se autorizou foi un bar con música, sen que tal circunstancia constase nin na notificación persoal recibida nin no anuncio da apertura do período de información pública no boletín oficial da provincia. O argumento que sostén que os simples bares ou cafés poden optar entre ter ou non ter música é, para estes efectos, un claro elemento de inseguridade xurídica, posto que obrigaría a todos os veciños afectados por un establecemento denominado dese modo a comprobar no correspondente proxecto se trátase dunha actividade con ou sen música, o que leva necesariamente a entender esa interpretación como inadecuada desde o momento en que tal indefinición ou inseguridade se pode evitar facilmente aplicando criterios máis rigorosos á hora de coñecer a materia.

Ademais, a interpretación de que pode existir un local que sendo formalmente café-bar exerza a súa actividade habitualmente con música trae consigo determinadas consecuencias que parecen conducir ao absurdo, e, por tanto, débese descartar. Como exemplo podemos citar que un local con ese tipo de licenza (café) debería respectar o

horario nocturno limitado que establecen as correspondentes ordes, pero teoricamente podería abrir a primeira hora da mañá, incluso de madrugada, como todos os bares, enganchando co horario dos bares especiais, pubs e discotecas, que a esa hora finalizan a súa actividade permitida. E, como ademais podería ter música (segundo a interpretación incorrecta que comentamos), tamén podería recoller toda a clientela que aínda desexe permanecer nese tipo de ambiente, converténdose no que se coñece como *after hours*, algo non permitido.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBRL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Santiago de Compostela non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos citados, que poden estar sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Santiago de Compostela a seguinte recomendación:

Que con urxencia se proceda a revisar a actuación municipal obxecto da presente queixa e no seu caso a corrixir o aparente funcionamento irregular do local en cuestión, que conta con licenza de sinxelo café-bar, pero funcionaba con música, non axustándose ao habilitado na súa licenza, sen que ata agora se aclarara en que cambiaron as súas circunstancias desde que tal cousa quedou acreditada e resolta polo propio ente local.

E que neste caso e en calquera outro se realicen cantas medicións sexan precisas para comprobar e corrixir os ruídos transmitidos ás vivendas, e que esas medicións se realicen no momento adecuado, isto é, cando se producen as molestias que se denuncian, e non nun momento posterior ou a través dunha medición programada.

Resposta do Concello de Santiago de Compostela: recomendación pendente.

25.- Recomendación dirixida ao Concello de Oia el 21 de decembro de 2011 debido a la contaminación acústica de altofalantes instalados nas prazas de Pedornes e outras. (Q/737/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. C. A. G.C. debido á contaminación acústica de altofalantes instalados nas prazas de Pedornes e outras.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que presentou dúas denuncias ante a Consellería de Medio Ambiente por contaminación acústica en Oia, aténdose ao Real decreto 1513/2005, polo que se desenvolve a lei 37/2003, do ruído. Este dáse pola instalación de reloxos electrónicos con altofalantes na praza de Pedornes, Oia,

Viladesuso, etc., que desde as 9 soan cada media hora acompañado dunha estridente música que se escoita no interior das vivendas que están ao redor "taladrando o noso cerebro e contravindo ruidosamente os niveis sonoros mencionados na lei", segundo sinala. A Consellería sinalou que o concello é o que debe resolver sobre o asunto. Presentou varias queixas ante o concello sen resultado, xa que foi o propio alcalde o artífice do feito e "non dá o seu brazo a torcer", sinala. Asómbrao a pouca sensibilidade ante a contaminación acústica. Está a maior parte do tempo en casa, xa que no exterior da pequena leira fáiselle insoportable escoitar cada media hora o insoportable carillón.

Ante iso solicitamos información a ese Concello, que sinalou o seguinte:

"En contestación ó seu escrito de data 25.04.2011 (R.E. municipal nº 931 de 27.04.201), relativo á queixa formulada por D. C.A.G.C., respecto da existencia de reloxos electrónicos con altofalantes na praza de Pedornes, Oia, Viladesuso, a través da presente, COMUNÍCOLLE que: O reloxio en cuestión cumpre a normativa vixente e o sonido que emite respeta o limite de decibelios autorizados por disposicións legais. De feito, a carón do Centro Cultural onde está instalado o reloxio hai outras vivendas e nunca houbo ningunha queixa. O autor do escrito de queixa, D. C.A.G.C., presentou tamén outra queixa ante a Comunidade de Montes en Man Común de Pedornes solicitando a anulación das Festas Parroquiais e as Tiradas de Fogos de lucería, e manifestou asimesmo que tamén lle molestan as campás da Igrexa do lugar, polo que parece ter unha excesiva sensibilidade auditiva que o Concello de Oia non pode resolver."

Da información transcrita dedúcese que o ente local entende que a instalación *cumpre a normativa vixente e o sonido que emite respeta o limite de decibelios autorizados por disposicións legais;* non obstante, non achega criterio obxectivo ningún para soster tal cousa, nin desminte que o reloxo, ademais de servir para iso, é dicir, como reloxo, ademais transmita música elevada, estridente e deformada, o que prexudica de forma moi singular aos veciños inmediatos. O interesado indica que se contraveñen os niveis legais permitidos e que ese tipo de ruído é moi molesto. Ademais, recentemente indicou que tal cousa se produce cada media hora

dende as 9 da mañá ata as 10 da noite, e como mostra da intensidade do son di que se escoita ata no monte, a moita distancia. Por outra banda, respecto dos comentarios municipais que indican que non existen máis denuncias e que o interesado denunciou outros feitos, resulta claro que tales circunstancias non significan que se poida descartar o agora denunciado. Efectivamente, a queixa que coñecemos refírese a unha determinada fonte de contaminación acústica e non as outras que se mencionan no informe, e o feito de que non existan máis denuncias non significa que esa fonte se axuste á legalidade, circunstancia que é o que agora se pretende coñecer. Ante iso requirimos información complementaria, e como resposta o Concello sinalou o seguinte:

"En contestación ó seu escrito de data 04.08.2011 (R.E. municipal no 1792), relativo á queixa formulada por D. C.A.G.C., respecto da existencia de reloxos electrónicos con altofalantes na praza de Pedornes,Oia, Viladesuso, a través da presente, COMUNÍCOLLE que: Visto que o interesado persiste na súa queixa, ante esa institución, recentemente, o concello de Oia iniciou trámites para realización de medición de decibelios, con aparato homologado a tal efecto. Esperamos ter a tecnoloxía a nosa disposición, en canto remate o periodo vacacional, e daráselle conta en canto sexa posible, do resultado das medicións."

Nese momento -agosto de 2011- o Concello comprometíase á realización das probas sonométricas precisas "en canto remate o período vacacional", e a dar conta do resultado das medicións. Non obstante, ao non recibir o comprometido tivemos que requirir nova aclaración. Ao respecto o interesado indicou que non só non desapareceu o problema, senón que nun "acto de prepotencia" subiron o volume das máquinas. A resposta municipal xa se recibiu e nela sinálase o seguinte:

"*En contestación ós seus escritos de datas 17.10.2011 (R.E. municipal nº 2269), e 15.11.2011 (R.E. municipal 2487), relativos á queixa formulada por D. C.A.G.C., respecto da existencia de reloxos electrónicos con altofalantes na praza de Pedornes,Oia, Viladesuso, a través da presente, COMUNÍCOLLE que: o concello de Oia recibiu en datas recentes o presuposto necesario para poder levar a cabo a*

avaliación dos niveles sonoros xerados polos sinais acústicos do reloxo público, do que se queixa o Sr. G.C., que ascende a 932,20 €, importe do que, neste momento, o concello de Oia non pode dispoñer, polo que acometermos a tarefa de contratar o servicio cando presupostariamente sexa posible."

Da resposta municipal dedúcese que o Concello segue a non resolver a cuestión, xa sexa mediante o medio anunciado por el mesmo (comprometeuse á realización das probas sonométricas precisas "en canto remate o período vacacional" e a dar conta do resultado das medicións) ou mediante calquera outro que resulte adecuado. O Concello comprometérase non a pedir un orzamento á empresa, como ao parecer fixo, senón a dar estrito cumprimento ao seu deber legal en materia de ruídos mediante a *realización de medición de decibelios con aparato homologado a tal efecto;* por tanto, ao parecer ía a medir polos seus propios medios unha vez tivera a tecnoloxía (é de supoñer que se refire a un sinxelo sonómetro, que posiblemente pediría a quen corresponda). Por tanto, do anterior só cabe deducir que o Concello non deu cumprimento ao seu compromiso, e sobre todo non cumpre a súa obriga legal, aspecto este no que incidiremos máis adiante.

Ademais, o ente local é promotor da fonte de ruído, polo que non só resulta a administración responsable do control deses ruídos, senón tamén do control preventivo ou previo que fora adecuado. A eses efectos o Concello non sinala absolutamente nada; non indica que medios legais aplicou para coñecer a incidencia ambiental da fonte de ruído instalada no exterior dunha instalación municipal e, no seu caso, para descartalos ou polo menos limitalo ao nivel adecuado. Esta circunstancia fai pensar que a desculpa para non realizar comprobacións posteriores non é razoable, posto que o Concello xa executou un gasto na instalación, pero non en cambio para a avaliación previa da súa incidencia -polo menos non indicou tal cousa- ou agora para a avaliación do seu actual funcionamento. Ao parecer a instalación dos altofalantes non conta coa necesaria licenza e segue a molestar de forma inxustificada ao reclamante. Este sinala que o ruído que fai a instalación é moi molesto; non se asemella a unha campá, cun son harmónico, senón que se trata dunha imitación cun "artiluxio eléctrico desafinado". Para a comprobación achega un CD coa gravación do que sucede.

O labor municipal que se demanda é preceptiva, posto que o Concello non pode deixar de resolver sobre un asunto da súa competencia. O art. 9 Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento desta lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento". O art. 25 da LRBRL establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Oia non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Oia a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se adopten as medidas adecuadas para revisar o proceso de instalación do aparello sonoro obxecto da presente queixa, e que tamén con urxencia se evite que produzan niveis de ruído superiores aos permitidos e se transmitan a calquera dos domicilios dos potenciais afectados.

Resposta do Concello de Oia: recomendación aceptada.

1.4. ÁREA DE EDUCACIÓN

1.4.3. INTRODUCIÓN

No ámbito da educación, o ano 2011 marcou unha significativa diferenza nos ámbitos do ensino universitario e o non universitario. O impacto da crise económica, téndose rexistrado os seus efectos nos niveis de educación obrigatoria e no bacharelato, tivo consecuencias máis perceptibles e de gran transcendencia, no ámbito da educación superior. No informe anual de 2010 sinalabamos que as queixas tramitadas nesta área incidían sobre os dous problemas fundamentais que afectaban ao sistema educativo: a calidade do ensino e as restricións na organización prestacional da educación, como consecuencia da crise económica. Hai que poñer de relevo que, con menos recursos, a Administración educativa galega realizou este ano un gran esforzo para avanzar na calidade do sistema público de ensino a través de accións prioritarias e intentou xestionar de modo máis eficiente un servizo extremadamente complexo, o que se transloce no número e contido das queixas que se presentaron ante esta institución que, na súa maior parte, obedecen a disfuncións puntuais e a actuacións irregulares que se produciron en situacións concretas, e que teremos ocasión de detallar.

Pola contra, a educación universitaria acusou, ata no seu funcionamento ordinario, os efectos dun financiamento claramente insuficiente que, ademais, coincidiu coa implantación dun novo sistema, o denominado Plan Bolonia, que para a súa adecuada posta en funcionamento esixiría unha autonomía financeira, unhas dispoñibilidades presupostarias e un modelo de xestión que a universidade española está moi lonxe de alcanzar. Aínda que as súas consecuencias na formación dos futuros graduados só serán perceptibles a medio prazo, a crise económica tivo este ano un impacto evidente nas dificultades polas que atravesa un amplísimo sector do colectivo de investigadores e nos problemas de inserción laboral dos novos titulados universitarios. Ademais diso, un inadecuado entendemento do principio de autonomía universitaria está na base das resistencias que as institucións de educación superior ofrecen para corrixir certas prácticas.

Desde un punto de vista xeral, o sistema universitario galego enfróntase aos problemas de financiamento e xestión derivados da ampliación -non sempre racional- de

centros, campus e universidades das últimas décadas; a unha duplicación incomprensible de centros e titulacións asumida, en ocasións, por presións localistas; a un desaxuste entre prazas ofertadas e demanda real nalgúns estudos; a fallos na necesaria coordinación universitaria que eviten a subactividade, capacidades ociosas ou falta de especialización e de diferenciación funcional entre as universidades. Un problema non pequeno é a ineficiencia nos custos que está vinculada a unha organización inadecuada de recursos humanos. Aínda que as universidades galegas teñen un dos crecementos medios dos cadros de persoal académicos máis baixos no seo das universidades españolas, non parece haber unha estratexia clara para formular a necesaria coexistencia dos seus diferentes ámbitos funcionais. É dicir, non parecen terse equilibrado as necesidades financeiras derivadas da educación, a investigación e a innovación e algúns ámbitos destas actividades universitarias crecen sacrificando a outros, sen que se alcancen por iso os adecuados niveis de calidade e excelencia.

En definitiva, a autonomía universitaria incorreu ás veces en discrecionalidade ou improvisación, e non parecen terse definido aínda os perfís que identifiquen a cada unha das nosas universidades entre as máis competitivas e especializadas nun determinado sector de actividade.

1.4.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas recibidas ao longo do ano 2011 na área de educación universitaria e non universitaria foi de 475, ás que se lles deu a seguinte tramitación:

Iniciadas	475	
Admitidas	206	43 %
Non Admitidas	260	55 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	9	2 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	172	83 %
En trámite	34	17 %

O elevado número de expedientes inadmitidos a trámite obedece aos seguintes motivos:

- Por estar en vía xudicial.
- Por non se ter producido unha actuación administrativa previa.
- Por manifestar desacordo cunha resolución da institución, que ten carácter irrecorrible.

Ao longo deste ano, continuouse e concluíuse a tramitación de expedientes iniciados en anos anteriores.

Ano de presentación	En trámite o 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite o 31-12-2011
2009	1	0	1	1	0
2010	40	0	40	40	0

1.4.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.4.3.1.A educación non universitaria

No ámbito da educación non universitaria, como antes apuntamos, a tipoloxía das queixas que tiveron entrada este ano na institución e que foron admitidas a trámite é moi variada, o que parece poñer de manifesto que non houbo unha actuación administrativa singular da que se derivou unha especial conflitividade ou que xere queixas de forma sistemática nalgún dos diversos estamentos da comunidade educativa. A maior parte dos asuntos que investigamos referíanse a problemas concretos no funcionamento dalgúns centros, desacordo coa actitude de determinados profesores, conflitos puntuais na xestión do servizo de transporte escolar ou dos comedores, casos de acoso escolar, falta de profesorado de apoio ou atención inadecuada a alumnos con necesidades educativas específicas, expedientes de responsabilidade patrimonial por lesións sufridas en recintos educativos, ou problemas coa asignación de centros por insuficiencia de prazas nos colexios inicialmente solicitados.

Cabería, no entanto, destacar os seguintes asuntos: por unha banda, as tres cuestións que foron máis problemáticas desde o punto de vista do número de persoas afectadas como son as queixas derivadas do proceso de adscrición da EEI Concepción Crespo Rivas ao CEIP Campolongo, en Pontevedra e os conflitos de escolarización derivados desta adscrición; as dezanove queixas presentadas pola supresión do servizo de transporte para actividades extraescolares no CEIP Pedro Barrié da Maza, en Sada; e a inicial oposición á reconversión de determinados institutos en centros integrados de FP. Por outra banda, a consellería non aceptou unha recomendación formulada no expediente de queixa Q/1477/11 para que fosen escolarizados no mesmo centro dous irmáns en acollemento familiar provisional preadoptivo, en sentido contrario a outro expediente, Q/2131/10, que concluíu con outra recomendación, esta aceptada, cando a criterio desta institución se daba en ambos supostos unha identidade de razón.

1.4.3.1.1. A adscrición da EEI Concepción Crespo Rivas ao CEIP Campolongo

O 10 de marzo de 2011, iniciado xa o prazo ordinario para a solicitude de prazas escolares, a titular do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra dispón en auto (peza de suspensión n° 14/11-MS (P. Abrev. 0000101/2011), estimar a medida cautelar interesada en nome e representación da *Asociación para a defensa da calidade educativa do CEIP Campolongo*, e con iso a suspensión da executividade da resolución impugnada no devandito proceso en virtude da que se adscribe a EEI Crespo Rivas ao CEIP Campolongo de Pontevedra a partir deste proceso de admisión 2011/2012. No razoamento xurídico primeiro do Auto conclúese que " (...) deben prevalecer os intereses da recorrente, fronte aos públicos postos en risco pola adscrición pretendida, o que implicaría a supresión progresiva do segundo ciclo de Educación Infantil no CEIP Campolongo de Pontevedra, pois a suspensión mencionada e o non mantemento con iso do *statu quo* ou situación anterior, crearía unha situación irreversible facendo ineficaz a sentenza que se dite de conceder a razón á actora, afectando a un grupo de estudantes do ensino no centro e prescindindo do traballo de determinados profesores, mentres que o trastorno para a Administración é de menor consideración, tanto na programación do ensino como desde o punto de vista económico e, en xeral, desde o punto de vista de autoorganización da Administración, dado que non consta que coa medida adoptada se dea grave perturbación dos intereses xerais no sentido que prevé e regula o artigo 130 da LJCA e ningún prexuízo desta natureza se daría polo feito de manter o actual status do Colexio ata que recaia sentenza firme, por todo o cal procede a estimación da medida cautelar".

Esta medida cautelar afectaba a un acto administrativo que, segundo a consellería, se levou a cabo por imperativo legal, en cumprimento do disposto no art. 5.1 da Orde de 17 de marzo de 2007 e para evitar un prexuízo ao alumnado que, cada curso, ao acabar a etapa de educación infantil na EEI Crespo Rivas, debía someterse a un novo proceso de admisión para acceder á etapa de educación primaria, principalmente no CEIP Campolongo, pero tamén noutros centros educativos da cidade de Pontevedra. O devandito prexuízo afectaba a un máximo de 75 alumnos cada ano (que podían optar a algunha das 50 prazas de 1° de E.P. no CEIP Campolongo; os que non conseguían algunha destas prazas (ata un máximo de 25 alumnos) eran escolarizados pola comisión de escolarización de Pontevedra noutros

centros educativos da cidade. Esta situación implicaba un grave prexuízo para as familias do alumnado escolarizado na EEI Crespo Rivas, por non saber en qué centro educativo deberían iniciar os seus fillos a etapa educativa obrigatoria, coa incidencia que a dita situación podía ter na conciliación da vida laboral e familiar en moitos casos. Adscribir a EEI Crespo Rivas ao CEIP Campolongo eliminaría os prexuízos citados. En calquera caso, a decisión de adscrición enmárcase na competencia da Administración educativa en materia de planificación e regulación do ensino regrado en toda a súa extensión e que se revisa en cada curso académico no relativo ao número de unidades autorizadas no centro, ao persoal con destino nel e aos recursos materiais necesarios. De acordo cos datos demográficos dos anos 2008 e 2009 sobre o número de nados nas distintas zonas da cidade de Pontevedra, a previsión de solicitudes de alumnado da área de influencia, en EI3, na EEI Crespo Rivas e no CEIP Campolongo, era moi inferior ao conxunto das prazas ofertadas por ambos centros cada ano no nivel citado (cen prazas en total, das cales 75 ofertábanse na EEI Crespo Rivas e 25 no CEIP Campolongo). De feito, no proceso de admisión do curso 2010-2011, ambos centros, que comparten a mesma zona de influencia a efectos de escolarización, recibiron un total de 53 solicitudes de alumnado residente no devandito ámbito de influencia (con cinco puntos por domicilio familiar no baremo de admisión), fronte ás cen prazas ofertadas entre os dous centros educativos. Por outra banda, débese ter en conta que o alumnado residente na área de influencia destes colexios, tamén reside no ámbito de influencia de dous dos catro centros privados concertados existentes no casco urbano de Pontevedra, para os cales ten á súa vez cinco puntos por domicilio familiar, o cal fai que unha parte do alumnado residente na área de influencia do EEI Crespo Rivas e o CEIP Campolongo opte por solicitar praza nalgún dos centros privados concertados para os cales ten máxima puntuación por domicilio familiar no baremo. Como é evidente, non todo o alumnado que reside na área de influencia dun centro público solicita praza nel, por exemplo, por existir outros centros educativos que poidan axustarse de xeito máis satisfactorio ás expectativas ou necesidades familiares, e, polo tanto, os centros educativos non só escolarizan alumnado residente na súa área de influencia. Os datos a partir dos cales o servizo de inspección educativa de Pontevedra puido realizar unha estimación da demanda de postos escolares de escolas infantín de 3 anos (EI3) na zona de influencia do EEI Crespo Rivas e o CEIP Campolongo permitiron

concluír que a dita demanda era inferior á oferta de prazas habitual incluso este curso (cen prazas de Educación Infantil de 3 anos).

Para cumprir os obxectivos da adscrición e garantir as prazas ao alumnado da EEI Crespo Rivas en Campolongo, a consellería axustou o número de liñas de educación infantil e primaria en ambos centros, e acordou a eliminación progresiva da única liña de infantil do CEIP Campolongo e a creación de tres unidades máis de educación primaria nos próximos tres cursos, é dicir, para poder escolarizar xa, desde o curso 2011-2012, a todo o alumnado que finaliza a etapa de infantil na EEI Crespo Rivas. Supoñía esta medida que nos próximos tres cursos (2011-12, 2012-13 e 2013-14), o CEIP Campolongo recibiría máis alumnos en 1° de EP dos que podía escolarizar (ata 100 para 75 prazas), polo que a Consellería de Educación debería habilitar cada ano unha aula adicional de 1° de EP, ata a extinción da liña de educación infantil no centro. Así, chegaría a ter unha cuarta liña de EP de catro niveis educativos (desde 1° ata 4° no curso 2013-2014), que se extinguiría no centro no curso 2019-2020, ano no que acabaría os seus estudos o alumnado que accedese a 1° de EP no curso 2013-2014. En todo caso, garantíase o principio de que, conforme ao prescrito no artigo 16.2° do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, nos procedementos de admisión do alumnado en centros que impartan educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, cando non existan prazas suficientes, terán prioridad aqueles alumnos ou alumnas que procedan dos centros de educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria, respectivamente, que teñen adscritos.

O Servizo de Inspección educativa da Xefatura Territorial de Pontevedra entendeu que a medida cautelar adoptada provocou unha perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiros, porque a suspensión do acordo da Xefatura Territorial para adscribir a EEI Crespo Rivas ao CEIP Campolongo, en pleno desenvolvemento do proceso de admisión de alumnos, tivo as seguintes implicacións:

-Os 74 alumnos da EEI Crespo Rivas que, en virtude da adscrición ao CEIP Campolongo, presentaron no mes de febreiro neste centro a reserva de praza contemplada no art. 7° da Orde de 17 de marzo de 2007, deberon someterse a un proceso de admisión que non lles garantía a adxudicación dun posto escolar no centro educativo de educación

primaria en cuxa área de influencia residían. Esta situación era a que se viña producindo ano tras ano e era o que a adscrición trataba de evitar.

-As familias que formalizaron a solicitude de praza escolar de EI3 na EEI Crespo Rivas no mes de marzo, así como as que, estando interesadas, aínda non o fixeron (o prazo de solicitude acababa o 31 de marzo), viron suspendida a adscrición o día 10, e tiveron que optar por presentar a súa solicitude naquel centro ou no CEIP Campolongo, asumindo o risco de non obter praza en ningún dos dous centros, tal e como viña acontecendo ata no curso 2010-11. Para a Inspección educativa, a adscrición entre os dous centros, resolta pola Xefatura Territorial con data de 22 de febreiro, e as conseguintes medidas organizativas adoptadas pola Administración educativa (eliminación progresiva da liña de EI no CEIP Campolongo) buscaban a normalización legal da escolarización na área de influencia dos centros educativos implicados, minimizando os prexuízos causados ao alumnado e ás súas familias.

Segundo a argumentación reiteradamente exposta nos seus informes pola Inspección educativa de Pontevedra, tívose en conta que no proceso de admisión correspondente ao curso 2010-2011, a EEI Crespo Rivas e o CEIP Campolongo recibiron un total de 53 solicitudes de admisión de alumnado procedente do seu ámbito de influencia, fronte as cen prazas totais ofertadas. Aínda así, seis alumnos da zona de influencia que solicitaron praza no CEIP Campolongo, non obtiveron praza no devandito centro. E é habitual que este centro reciba máis solicitudes que prazas ofertadas, fronte á situación contraria na EEI Crespo Rivas, debido a que os pais/nais do alumnado da área de influencia valoran na súa decisión o feito de que se os seus fillos obteñen praza no CEIP Campolongo xa non deberán someterse, tres anos despois, a un novo proceso de admisión en 1° de EP, cousa que sucede se solicitan e obteñen praza escolar na EEI Crespo Rivas. É dicir, producíase a situación paradoxal de que habendo na área de influencia común aos dous centros menos demanda de prazas que as ofertadas, algún alumno da devandita área de influencia non obtiña praza en ningún dos dous centros educativos, consecuencia directa do feito de que ambos ofertasen postos escolares de EI3 e non estivesen adscritos. Por outra banda, coa adscrición, as familias poderían escolarizar aos seus fillos na EEI Crespo Rivas tendo a máxima puntuación por "domicilio familiar" e a correspondente a "irmáns no

centro", xa que a adscrición implicaba que os criterios de admisión haberíanse de aplicar de forma conxunta a ambos centros adscritos (art. 18°.5 da orde de 17 de marzo de 2007), coma se fosen un centro único, o cal lles garantía unha puntuación suficiente para que se lles adxudicase un posto escolar. Deste xeito, unha vez escolarizado na EEI Crespo Rivas, e en virtude da adscrición deste centro ao CEIP Campolongo, o devandito alumnado tería garantida unha praza neste centro para cursar a educación primaria, situación máis respectuosa cos dereitos do alumnado que a que se mantiña antes da resolución de adscrición.

Na práctica, a situación complicouse ata o extremo de que esta institución recibiu vinte e nove queixas individuais por estar en desacordo coas concretas decisións sobre a escolarización dos seus fillos e unha queixa colectiva presentada pola presidenta do ANPA de Campolongo, en representación da asociación. No precipitado *iter* xudicial que seguiu á interposición da demanda por parte da *Asociación para a defensa da calidade educativa do CEIP Campolongo*, con data de 30 de marzo de 2011, é dicir, un día antes da conclusión do prazo legal ordinario para presentar as solicitudes de praza, o Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 1 de Pontevedra dita auto non admitindo o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución de adscrición e a supresión progresiva da liña de infantil do CEIP Campolongo, polo que, de acordo co principio de executividade dos actos administrativos do art. 57 da Lei 30/1992, a resolución de adscrición adquiriu plena vixencia. Dentro do prazo legalmente previsto, que, como se indicou concluía ao día seguinte, 31 de marzo, remitíronse todas as solicitudes de admisión presentadas no CEIP Campolongo á EEI Concepción Crespo Rivas, por ser este o único centro con oferta de educación infantil na zona de influencia, e por ser o Consello Escolar do devandito centro o órgano competente para decidir sobre a admisión do alumnado ao amparo do disposto no artigo 41.1 da orde de 17 de marzo de 2007. Segundo a Consellería, este feito foi comunicado a todas as familias que asinaron o correspondente escrito de conformidade, co que se daban por notificados. Desde ese momento, todo o proceso de admisión pasou a ser responsabilidade da EEI Concepción Crespo Rivas, sendo este o centro onde se publicaron as listas provisionais e as definitivas.

En canto ás actuacións desta institución, dezasete das queixas tiveron que ser arquivadas por ser presentadas cando o recurso contencioso-administrativo xa fora interposto. Do resto, solicitouse informe á Administración educativa en cada un dos casos, que confirmou a regularidade do proceso e xustificou a non adxudicación da praza escolar solicitada polos distintos interesados e a asignación de prazas noutros centros escolares de Pontevedra por parte da Comisión de Escolarización. Hai que destacar que estas asignacións de praza fixéronse, en varios casos, nos colexios onde había a esas alturas prazas dispoñibles pero que estaban situados a unha relativa distancia da área de influencia dos centros agora adscritos, sobre todo tendo en conta que se trataba de alumnos de tres anos aos que se escolarizaba por primeira vez. En varios expedientes, os pais fixeron constar que vivían apenas a uns metros do colexio e agora víanse obrigados a levar os seus fillos ao colexio en coche ou a utilizar o transporte escolar.

Os informes recibidos, en varias ocasións, limitábanse a describir o proceso de adscrición con todos os pormenores da súa fase xurisdicional e, ata, rebatendo a fundamentación xurídica das resolucións xudiciais, pero sen detallar os elementos concorrentes nas baremacións feitas polo Consello Escolar competente, polo que houbo que solicitar informes complementarios para poder supervisar a regularidade de cada un dos procedementos (por exemplo, nas Q/972/11, Q/1421/11, Q/1741/11). Con independencia de que para moitas familias se produciron algunhas desas situacións inxustas ou disfuncionais que a resolución de adscrición pretendía evitar, garantindo prazas a quen tivese expectativas racionais de obtela, probablemente a maioría dos conflitos se terían evitado se non se actuase con tal grao de precipitación, renovando o proceso de adscrición só un día antes da conclusión do prazo legal para solicitar praza e trasladando de oficio todas as solicitudes á EEI Crespo Rivas. En non poucos casos, durante ese período de suspensión, xerouse nas familias unha notable incerteza sobre o colexio ao que finalmente asistirían os seus fillos ao ser todas as prazas provisionais; impedíuselles solicitar praza noutros centros educativos, con marxe suficiente para valorar as súas posibilidades de obtela en función da puntuación que podían alegar ou ponderando outros elementos do baremo, como a proximidade do centro de traballo; limitáronse as súas opcións de ser escolarizados no CEIP Campolongo na etapa de primaria, ao ter preferencia os alumnos procedentes da EEI Crespo Rivas e terse axustado a oferta á previsible

demanda dos alumnos do centro adscrito; e, finalmente, foi determinante en moitos casos un criterio de puntuación sobrevido (ter irmáns escolarizados no CEIP Campolongo) que ata o 22 de febreiro, apenas oito días antes de que se abrise oficialmente o prazo de admisión, non habería ter ningunha incidencia nas solicitudes presentadas na EEI Crespo Rivas. Quizais fose menos problemático establecer un período transitorio de polo menos un curso escolar, á vista da litixiosidade a que deu lugar a decisión administrativa e do desaxuste nos cálculos sobre o número de prazas solicitadas, de modo que se garantira un maior equilibrio entre todos os intereses afectados e a máis ampla proporcionalidade da medida.

1.4.3.1.2. A conversión de sete institutos en centros integrados de formación profesional

Boa parte do razoamento co que concluímos o apartado anterior podería aplicarse á decisión de converter sete IES galegos en centros integrados de formación profesional. A medida adoptouse mediante o Decreto 118/2011, de 16 de xuño, polo que se transforman determinados institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional, fusiónanse centros educativos e cámbianse ensinos, fundándose, segundo xustifica a propia norma, na necesidade de proporcionar solucións formativas aos principais sectores da economía que demandan cualificación e formación profesional en Galicia. Para iso resulta imprescindible contar cunha adecuada Rede de centros integrados de formación profesional na nosa comunidade. Esta Rede está baseada nun uso eficiente dos recursos dispoñibles, na ampliación e axuste do conxunto das súas instalacións á mellor oferta de formación profesional e no achegamento á poboación do procedemento para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional.

A conversión afectou aos institutos de secundaria de Paseo das Pontes (A Coruña), Ferrolterra (Ferrol), Coroso (Ribeira), Politécnico de Lugo, Portovello (Ourense), A Xunqueira (Pontevedra) e Manuel Antonio (Vigo). Produciuse a fusión de dous institutos en Ribadavia e dun CIFP e un instituto de secundaria en Fene. Outro cambio de

gran incidencia foi que os ensinos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato dos institutos de educación secundaria que se transformaron en centros integrados de formación profesional, trasladáronse a outros institutos de educación secundaria. O decreto trasladou integramente, xa para o curso académico 2011-2012, determinados ensinos de ciclos formativos de grao medio en Ferrol e Lugo, de grao superior en Ourense, Pontevedra e Vigo, ensinos de bacharelato do réxime ordinario (do Centro Integrado de Formación Profesional Rodolfo Ucha Piñeiro de Ferrol trasladáronse ao Instituto de Educación Secundaria Ricardo Carballo Calero de Ferrol), e ensinos de bacharelato do réxime de adultos (do Centro Integrado de Formación Profesional Rodolfo Ucha Piñeiro de Ferrol trasladáronse ao Instituto de Educación Secundaria Concepción Arenal de Ferrol).

Todos estes cambios foron inicialmente rexeitados polos pais e nais do alumnado dos centros afectados, alegando que se decataron pola prensa, o día 7 de xuño, da decisión da Consellería de acometer esta profunda reforma xa con efectos no curso 2011-2012. A súa principal reclamación era que viran vulnerado o seu dereito á libre elección de centro, dado que as conversións de institutos en centros integrados de FP e os cambios de ensinos duns centros a outros decidíronse no mes de xuño, cando as familias e os alumnos fixeran as reservas ordinarias de prazas durante o mes de marzo e o proceso de admisión e asignación de posto escolar concluíra, de modo que había unha expectativa firme respecto dos centros nos que foran admitidos ou pensaban continuar os seus estudos. Nas queixas colectivas presentadas polas familias, por comisións de afectados ou por ANPAS (Q/1185/11; Q/1188/11; Q/1189/11; Q/1207/11; Q/1382/11; Q/1416/11) reflectíase o malestar por atoparse con que os seus fillos eran directamente "escolarizados" polo decreto nos centros aos que se trasladaba por determinación legal ao alumnado de secundaria e bacharelato procedente dos que serían en adiante novos centros integrados de FP; o problema da continuidade dos itinerarios e as optativas elixidas para os ciclos que nalgúns casos deixaban de impartirse; os casos de diversificación curricular ou os problemas derivados da conciliación da vida familiar e laboral.

O outro foco de conflitividade xurdiu entre os profesores. O profesorado adscrito definitivamente a prazas das especialidades de formación profesional específica afectado polo cambio de ensinos previsto no artigo 3 do Decreto 118/2011 quedou adscrito con

carácter definitivo ao centro receptor dos ensinos. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinaría as necesidades de profesorado das materias comúns que imparten os ensinos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros receptores de ensinos, tanto se son previas coma se as orixina o propio traslado de ensinos. Para determinar o persoal funcionario docente que, de ser o caso, se adscribiría con carácter definitivo no centro receptor de ensinos aplicáronse os criterios de prioridade establecidos no Decreto 140/2006, de 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda de destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinos distintos dos universitarios e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el. Os funcionarios docentes que non puidesen quedar adscritos definitivamente deberían optar por quedar suprimidos ou con destino definitivo no centro receptor de ensinos. Neste último suposto, este persoal funcionario docente quedaría desprazado por falta de horario e debería participar obrigatoriamente na adxudicación provisional de destinos e nos concursos de traslados ata a obtención dun novo destino definitivo.

Os expedientes de queixa tiveron que arquivarse ao entrar o asunto en vía xudicial, pero esta institución, sen prexuízo do respecto ao principio de autoorganización da Administración e ás súas competencias para planificar e ordenar todos os niveis do ensino, considera que a xestión dos tempos que se fixo neste proceso puido vulnerar certos dereitos educativos. Non é razoable pensar que a medida era de tal urxencia que anulou toda posibilidade de previsión, de modo que no proceso ordinario de admisións do mes de marzo resultou de todo imposible informar ao alumnado da reconversión dos centros ou do cambio de ensinos que estaba previsto para o mes de xuño, de modo que puidesen organizar as súas opcións formativas de modo máis libre e conveniente. .

1.4.3.1.3. A supresión do servizo de transporte para actividades extraescolares

No mes de outubro tiveron entrada na institución dezanove queixas pola supresión do servizo de transporte para actividades extraescolares no CEIP Pedro Barrié da Maza, en Sada. Aínda que algúns recorrentes en queixa o atribuíron a recortes nas prestacións

educativas como consecuencia da crise económica, a Consellería manifestou con toda claridade no seu informe que o 6 de xullo de 2011, o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ditou unha resolución a propósito do transporte escolar para actividades extraescolares organizado polas ANPAS nalgúns centros de ensino, na que sinalaba que o transporte escolar é considerado pola lexislación vixente como un servizo educativo complementario de carácter gratuíto para todos os centros educativos de titularidade pública que trasladen alumnos menores de 16 anos desde as distintas paradas establecidas nas rutas de transporte existentes ata os centros docentes nos que se atopen escolarizados, sempre que os seus domicilios estean fóra do núcleo no que se sitúan os centros escolares e a unha distancia destes superior a 2 Km.

Neste sentido, o transporte escolar xestionado pola Xunta de Galicia realízase en vehículos autorizados, e está destinado a facilitar a efectiva escolarización do alumnado que cursa ensinos obrigatorios de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. A norma concreta que na nosa Comunidade Autónoma regula as condicións que dan dereito ao uso gratuíto do servizo de transporte escolar é o Decreto 203/1986, do 12 de xuño. Ao amparo desa normativa, vixente desde hai 25 anos, o transporte escolar cobre só os desprazamentos dos alumnos necesarios para garantir a súa asistencia ás actividades académicas desenvolvidas nos horarios lectivos fixados ao efecto. Polo tanto, non cabe de ningún modo a utilización do servizo de transporte escolar gratuíto xestionado pola Xunta de Galicia para asistir ás actividades extraescolares programadas nos centros de ensino público. Por tal motivo, procedeuse ao arquivo das queixas recibidas.

1.4.3.1.4. Algunhas situacións conflitivas en materia de escolarización

Na mesma liña do curso pasado, os procesos de escolarización, con carácter xeral, desenvolvéronse sen problemas, pero esta institución coñeceu algúns expedientes de queixa que denotaban un gran malestar nas familias implicadas. Apuntabamos antes a discordancia entre dous casos de escolarización de irmáns en situación de acollemento familiar provisional preadoptivo. Nun deles, iniciado en 2010 (Q/2131/10), a Comisión de Escolarización de Pontevedra denegou a solicitude de praza a unha menor acolleita no

mesmo centro no que a súa irmá maior cursaba estudos de primaria e a nai era profesora de educación infantil, sendo este o nivel ao que accedería a pequena, en situación de tutela desde a súa primeira semana de vida. A resolución que estableceu o acollemento familiar preadoptivo produciuse en outubro de 2010, iniciado xa o curso escolar. As experiencias negativas de vinculación e a situación de provisionalidade na que vivira sempre levaron ao Equipo de Adopción do Servizo de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar a informar a favor da escolarización da nena no mesmo centro concertado, para favorecer a súa integración no novo contorno familiar e social, solicitude que a Xefatura Territorial de Pontevedra denegou inicialmente. Durante a investigación dos feitos, esta institución tivo coñecemento dunha situación de risco na que se atopaba a nena pola oposición da familia biolóxica da súa nai ao acollemento e ao auto xudicial no que se ordenaba a suspensión das visitas. Desta situación informouse á Consellería, modificándose a resolución inicial para garantir a seguridade e o benestar da nena, por ser o seu interese o máis necesitado de protección.

Precisamente a ausencia deste elemento de risco para o menor levou á mesma Xefatura Territorial da Consellería en Pontevedra a rexeitar unha resolución da institución de data do 5 de outubro, recaída no expediente Q/1477/11, que recomendaba que o menor en acollemento fose escolarizado no mesmo centro no que se atopaba a súa irmá maior, tamén adoptada e cunha escasa diferenza de idade, atendendo aos criterios de elección do centro escolar solicitado polos pais en acollemento familiar preadoptivo. No escrito de resposta manifestábase o seguinte: "A Administración educativa comparte o principio reitor da primacía do interese do neno sobre calquera outro interese lexítimo que inspire as actuacións dos poderes públicos. Pero, no caso que nos ocupa, entendemos que se debe ter en conta, que a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos só afecta a menores de idade. É dicir, o dereito á educación do menor A.G.V. concorre co dereito dos restantes alumnos/as (e as súas familias) que solicitan a matrícula en centros docentes sostidos con fondos públicos". Tras aludir á normativa aplicable á admisión do alumnado en centros públicos e privados concertados, sinalábase no escrito que a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra, como así consta na súa Resolución do 27 de xuño de 2011, ofertou a escolarización do menor noutro centro docente sostido con fondos públicos cos servizos e especializacións

profesionais necesarios, para garantirlle unha atención educativa de calidade. Así mesmo, manifestóuselles aos pais a posibilidade de que a ese centro se trasladase tamén a matrícula da súa irmá (en idéntica situación de acollemento provisional preadoptivo).

O escrito de resposta da consellería cita a recente sentenza do 30 de abril de 2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña no seu fundamento de dereito segundo, no sentido de que o principio de igualdade non implica que ambos irmáns polo feito de selo teñan que ir ao mesmo centro escolar. Esta circunstancia está prevista como criterio prioritario para ter acceso ao mesmo centro escolar na Lei orgánica 2/2006, pero a igualdade no acceso ao colexio haberá de referirse respecto doutros solicitantes, tendo en conta os elementos ou factores prefixados (o que a normativa de referencia denomina "criterios xerais de prioridade para a admisión do alumnado"). Segundo o informe da Administración, o dereito á igualdade e non discriminación, tal e como o entenden os solicitantes, levaría a que habería que admitir a todos os menores que o solicitasen no mesmo centro escolar, independentemente da súa capacidade e sen poder limitalo con ningún elemento ou factor obxectivo de preferencia na admisión.

O escrito contén outros argumentos que non se poñen en cuestión por parte desta institución. No relativo ao caso invocado na resolución (o expediente Q/2131/10), recoñece a Administración educativa que hai similitudes co caso que nos ocupa: proceso de admisión de alumnado (aínda que este fose instado fóra do prazo ordinario de matrícula), alumno/a en situación de acollemento provisional preadoptivo, etc. Con todo, da documentación que figura no expediente vinculado á queixa Q/2131/10, constátanse concretas circunstancias recollidas nos feitos expostos no informe remitido o 29 de abril de 2011 sendo determinante o manifestado no oficio desta institución do 15 de marzo de 2011 no que se daba conta da concorrencia de necesidades educativas especiais ante a necesidade de minimizar calquera tipo de risco para a menor debido á clara oposición por parte da familia da nai biolóxica (e a existencia en sede xudicial de medidas para evitar que localizasen á menor). Nesa situación, a consellería compartiu coa institución a necesidade de priorizar un contorno de control e protección sobre a menor que quedaría mellor atendida no centro solicitado, xa que a nai adoptiva era mestra de educación infantil no

centro, situación que facilitaría un seguimento dos desprazamentos entre o domicilio e o colexio.

O que poderiamos chamar o *punctum dolens* deste tipo de situacións é que a Administración educativa aplica de forma ríxida o criterio formal e organizativo da *ratio* máxima de alumnos por unidade, como elemento decisivo para garantir unha educación de calidade, e que unicamente admite as excepcións taxadas na norma, relativas, en xeral, á ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais mediante os procedementos técnicos e administrativos necesarios para afrontar con todas as garantías posibles a resposta educativa máis adecuada ás necesidades particulares de cada alumno e alumna, en función dos apoios persoais e materiais que precisen e a partir dos recursos existentes. A diferenza do que aprecia a Administración educativa, no sentido de que non consta conflito xudicial coa familia biolóxica do menor en relación a actuacións que impliquen risco para o neno, a situación de risco é un concepto xurídico indeterminado que non se circunscribe á existencia de ameazas ou perigos físicos para o menor, senón que deriva de certas condicións do seu contorno persoal e social que afectan ao seu benestar e seguridade. Neste caso, trátase dun menor desamparado que se atopa en situación de tutela pola Xunta de Galicia desde o 12 de marzo de 2009, cando tiña catro anos de idade. Á Administración educativa cónstalle, porque así o manifesta o informe do Servizo de Menores que "no ano 2009, esta Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia en Vigo, dita resolución administrativa de suspensión de visitas para os pais e familia extensa co fin de integrar o menor cunha familia adoptiva, notificación que foi recorrida xudicialmente por parte da familia biolóxica. En outubro de 2010, o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución n° 5 dita auto no que se desestima a demanda de oposición da devandita resolución administrativa, novamente apelado e pendente de resolución firme, polo que o menor leva toda a súa vida (etapa que se considera crucial para o desenvolvemento da súa personalidade) nunha situación de temporalidade e provisionalidade".

A situación de desamparo dun menor, máis grave que de risco, supón unha saída instantánea do seu núcleo familiar. Neste momento, prodúcese de xeito automático, polo ministerio da lei, a actuación das entidades públicas. Respecto dos menores en situación de

risco social, os servizos sociais municipais teñen que ocuparse dos casos de menores en situación de risco social, é dicir, cando a situación non é o suficientemente grave para separar ao menor do núcleo familiar.

Por outra banda, cada Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia é o órgano de ámbito autonómico encargado de determinar a retirada da tutela dos pais no caso dos menores que se atopan en situación de desamparo e asúmea integramente. O artigo 17 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece que lle corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería competente, asumir a tutela dos menores desamparados que residan ou se atopen transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma galega, sen prexuízo das competencias que sobre estes últimos puidesen ter outras administracións públicas. A tutela administrativa subsistirá en tanto non desaparezan as causas que a motivaron, se proceda á constitución da tutela ordinaria, o menor sexa adoptado, se emancipe ou chegue á maioría de idade. O punto clave está, polo tanto, no contido da asunción da tutela pola Xunta de Galicia.

No artigo 18 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia sinálase o contido da asunción da tutela administrativa: "1. A resolución pola que se asume a tutela administrativa será motivada e nela faranse constar as medidas de protección que se adoptarán que sexan máis adecuadas aos intereses do menor. Regulamentariamente arbitrarase un procedemento no que se garantirá a audiencia dos pais, titores ou gardadores do menor, excepto nos casos de urxencia con grave risco para o menor, nos que o organismo competente poderá, de modo inmediato, declarar e asumir a tutela".

Finalmente, o artigo 21, ao referirse ás medidas que se adoptarán, establece que se basearán nun informe preceptivo de equipos técnicos, os Servizos de Familia e Menores de cada Xefatura Territorial, que terán en conta o interese dos nenos e das nenas. Tales medidas poderán ser, entre outras:

b) O acollemento do menor por unha persoa ou familia que poida substituír, de xeito provisional ou permanente, o seu núcleo familiar natural.

d) O acollemento familiar preadoptivo.

e) Calquera outra medida de carácter asistencial, educativo ou terapéutico que resulte aconsellable atendendo ás circunstancias do menor.

Entre elas atópase, sen dúbida, a elección do centro educativo máis adecuado ás peculiares características persoais do menor.

Chama a atención que no escrito remitido a esta institución pola Consellería de Educación se estea falando dun "informe-tipo". O informe preceptivo dos equipos técnicos está especificamente referido ao menor A.G.V., aínda que se mencionen elementos típicos do contexto persoal dos menores susceptibles de ser adoptados, que, como di o Servizo de Menores da Consellería de Traballo e Benestar, "son nenos e nenas que tiveron na súa maior parte unha historia de adversidade de maior ou menor severidade e duración. Trátase de menores que en case todos os casos van presentar algún tipo de especial necesidade que pode estar relacionada co seu historial de maltrato, negativas experiencias de vinculación, atrasos evolutivos, problemas de conduta, ou unha combinación destas situacións. O caso que nos ocupa, o do menor A.G.V., entendemos que está dentro destas características". Lamentablemente, este é un cadro común a este tipo de nenas e nenos, sen que poida falarse por iso de informes-tipo, como fai a Administración educativa.

Entre as medidas propostas polo equipo de adopción, órgano técnico da entidade pública titora, "na metodoloxía empregada por este equipo de adopción cara á selección da familia, tivéronse en conta, entre outros criterios, as especiais habilidades parentais que presentaban os futuros pais así como a existencia dunha irmá de sete anos de idade que consideramos relevante de cara a facilitar a integración do menor. Polo tanto, a escolarización de A. no mesmo centro educativo da irmá **considérase de vital importancia** xusto nesta etapa crucial para o seu desenvolvemento, dada a súa curta idade e características persoais, o cal favorecerá a súa integración tanto na propia familia, como

na escola, potenciando a relación de convivencia e complicidade, coa súa irmá, que por riba vai ser un modelo de referencia e patrón de aprendizaxe que vai favorecer en gran medida a vinculación do menor no seo da súa nova familia. Dadas estas características de índole persoal e familiar que van contribuír a favorecer un contorno protexido, minimizando calquera tipo de risco para o menor, debido á clara oposición por parte da familia biolóxica e favorecer a súa plena integración no seo da súa nova familia, nesta etapa da súa vida na que a escola ten un papel crucial, desde este equipo de adopción consideramos prioritario a escolarización do menor no mesmo centro educativo que a súa irmá (...)". É necesario subliñar que a irmá é así mesmo adoptada. Por este motivo é absolutamente inapropiada a medida proposta de agrupar a ambos irmáns nun centro escolar distinto pois, lonxe de normalizar a situación, desestabilizaría a unha menor de sete anos, xa integrada no seu contorno escolar e que afrontaría tal cambio como unha perturbación que só ela está obrigada a soportar e que é producida pola chegada dun novo membro á familia.

Fronte a todas estas consideracións de orde material e substantivo, referidas ao interese superior dos menores, non poden prevalecer outros intereses lexítimos da Administración educativa e, aínda menos, a ríxida aplicación dun criterio formal e organizativo como é a ratio máxima de alumnos por unidade, que non é un principio esencial e inmutable que garanta per se a calidade da educación, senón que é un criterio que a propia norma dispensa en supostos concretos nos que prevalecen outros intereses. Parece un contrasentido que unha limitación do número de alumnos por aula, que intenta ser un reforzo a unha educación de calidade, poida prevalecer como criterio prioritario de escolarización no caso concreto dun menor para o que se estima "de vital importancia" que se integre nun concreto centro educativo.

No relativo ao anterior caso invocado, o Q/2131/10, no que a Consellería de Educación aceptou a recomendación formulada por esta institución para a adopción das medidas necesarias para a escolarización dunha menor, esta institución segue considerando que se dá en ambos supostos unha identidade de razón, que permitiría unha aplicación analóxica do mesmo criterio para facilitar a integración do ordenamento xurídico neste punto, no que non existe unha específica regulamentación do caso concreto. Por esta razón,

considérase que a Administración estaría obrando en contra dos seus propios actos ao non proceder no mesmo sentido. Esta institución considerou que debía ser atendido, na súa urxente escolarización, o criterio prioritario da entidade pública que ostenta a súa tutela, á vista do principio de colaboración que vén garantir a necesaria cooperación inter-administrativa en todas as ordes, especialmente nos ámbitos familiar, educativo e dos servizos sociais encargados da súa protección; pola interpretación sistemática do ordenamento xurídico que non se esgota na lexislación aplicable ao ámbito educativo, senón que impón unha interpretación harmónica das normas, incluída a lexislación sobre familia e menores e os principios xerais do Dereito civil.

Por todo o cal, procedeu facer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a recomendación de *que se proceda á urxente escolarización do menor A.G.V. atendendo aos criterios de elección de centro escolar sinalados como prioritarios polo órgano da Administración pública galega que ten conferida legalmente a súa tutela, tendo en conta a primacía do interese do neno sobre calquera outro interese lexítimo que inspire as actuacións dos poderes públicos, e, en particular, a necesaria cooperación interadministrativa entre as Consellerías con competencias nas funcións asistenciais, protectoras e educativas de menores e a necesaria existencia de criterios comúns nestes ámbitos. En concreto, que sexa escolarizado no centro educativo de X. solicitado polos pais en acollemento familiar preadoptivo, medida que o órgano tutelar considera de vital importancia.*

Esta recomendación non foi aceptada.

Algúns escritos (Q/1050/11; Q/1064/11; Q/1179/11) queixábanse pola falta de prazas no CEIP Agro de Muiño, en Ames e esixían a ampliación das actuais instalacións do centro escolar. Trátase dun colexio cunha elevada demanda por estar situado no contorno dunha zona en expansión urbanística na que se instalan familias novas e que conta cunha oferta educativa que ofrece grandes vantaxes para a conciliación da vida familiar e laboral como os programas de *Madrugadores, Bos días, cole e Tardes divertidas.* Segundo os pais afectados, a falta de prazas no CEIP Agro do Muiño provocaría que uns 36 escolares tivesen que iniciar os seus estudos no CEIP Barouta. En

particular, os afectados criticaban que a Xunta se negase rotundamente á proposta realizada polos pais, que consistía en instalar uns módulos prefabricados nuns terreos de titularidade municipal anexos ao centro. Os pais aseguraban que o traslado a Barouta suporía que os nenos se desprazasen "nove quilómetros" para ir a clase e que "non contarían cos mesmos servizos" que en Agro do Muiño.

Os técnicos, con todo, non vían viable ampliar con tres módulos prefabricados o CEIP. A noticia foi comunicada no seu momento polo inspector xefe de Educación trala Comisión de Escolarización que confirmou que o colexio de Ventín aumentaría en setenta e cinco prazas e a escola infantil de Bertamiráns noutras vinte e cinco. A consellería manifestou que debía ser o concello quen cedese os terreos para construír un novo centro en Milladoiro, mentres que desde o concello alegaban problemas polo sometemento do expediente ao trámite de Avaliación Ambiental Estratéxica para poder cambiar a cualificación deses terreos e a súa cesión.

Pola súa banda, en Barouta, que dista sete quilómetros de Bertamiráns, aumentouse a capacidade en vinte e cinco alumnos, cunha nova unidade para nenos de tres anos. Desde a Xunta aseguraron que se implantaría o servizo de comedor e se acondicionarían as pistas deportivas, sinalando que coas cento vinte e cinco novas prazas (incluídas as mencionadas en Barouta), garantíase a escolarización de todos os amienses, de acordo coa lei, e que contarían con servizo de transporte escolar. Con esta información procedeuse ao arquivo das queixas recibidas.

Problemas similares pero cunha incidencia limitada a un número moi reducido de alumnos rexistráronse en Caldas de Reis (Q/1034/11 e Q/1035/11), por falta de prazas no segundo ciclo de educación infantil no CEIP Alfonso VII, lamentando os pais o peche, hai uns anos, da escola unitaria de Arcos da Condesa. Tamén nos expedientes Q/1457/11; Q/1473/11; Q/1480/11; Q/1486/11; Q/1736/11, pola eliminación dos dous cursos do primeiro ciclo de educación primaria no CRA de Dodro. A nosa actuación, nestes casos, houbo de limitarse á comprobación de se foi vulnerado ou non neses casos o dereito fundamental á educación coa asignación dunha praza escolar pública e gratuíta no nivel e a etapa correspondente, e se a Administración educativa observou as previsións legais no

relativo á ordenación dos ensinos, á regularidade dos procesos de escolarización, ás condicións dos centros e das instalacións escolares e as demais circunstancias establecidas na normativa en vigor como parte do contido esencial do dereito fundamental á educación.

Non lle corresponde a esta institución instar a implantación dun determinado modelo educativo, o das escolas unitarias, nas que se dá un agrupamento na mesma aula de alumnos de distintos niveis, ás que os interesados facían referencia nos seus escritos e que consideraban a opción pedagóxica máis idónea e, en todo caso, a preferente. Esta institución non ten atribuída a capacidade de organizar os ensinos oficiais nin elixir o modelo pedagóxico. Con todo, ten que velar porque se cumpran as previsións legais, que no que afecta ao sistema educativo contén unha minuciosa regulación da súa organización en etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino, de modo que se asegure a adecuada transición entre eles e, se procede, dentro de cada un deles. A Lei orgánica de educación de 2006 é a norma básica e contén a ordenación das diversas etapas, os principios polos que se rexen e o currículo de cada unha, é dicir, o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada un dos ensinos regulados na devandita lei. A existencia dun marco lexislativo capaz de combinar os obxectivos e normas comúns é compatible coa necesaria autonomía pedagóxica e de xestión dos centros docentes, permitindo aos centros a adopción das medidas organizativas e curriculares que resulten máis adecuadas ás características do seu alumnado, dun modo flexible. Pero é á Administración educativa a quen lle corresponde establecer estes cambios na ordenación dos ensinos ou autorizalos, no seu caso. A nosa potestade de supervisión da súa actividade non alcanza as decisións que se insiren na capacidade de autoorganización da Administración como é o desdobramento dunha escola unitaria, sempre que se garanta a escolarización do alumnado na etapa e no ciclo que lle corresponda e se respecte a ratio de alumnos por aula. A cuestión de se ofrece unha maior calidade do ensino un modelo ou outro está fóra do ámbito da nosa actuación.

Segundo sinalaban os propios interesados, o punto determinante dos escritos de queixa era a defensa que ese colectivo de pais e nais realizaba da filosofía das escolas unitarias, entendidas como un lugar onde conviven nun mesmo espazo educativo alumnos de diferentes idades, cada cal coa súa personalidade, intereses e necesidades especiais. Os

interesados defendíano como o modelo idóneo para manter os vínculos dos nenos cos seus contornos rurais de procedencia, aludindo a algúns estudos que consideran que a política educativa debe, non só frear a pechadura deste tipo de escolas, senón fomentar a súa proliferación.

1.4.3.1.5. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Nas diversas queixas tramitadas este ano sobre a atención a nenos con necesidades educativas especiais (NEE) latexa case sempre unha clara diferenza na percepción do problema entre os pais, por unha banda, e os profesores, orientadores e Inspección educativa por outra. As discrepancias nas diferentes estratexias que se poden propoñer é unha cuestión complexa e, en certo sentido, lóxica, pois o contorno familiar e a comunidade educativa viven necesariamente de xeito distinto o problema. Ademais, na práctica, a Administración educativa está sometida en moitos casos a unha regulación establecida con carácter xeral, que, en ocasións non permite adoptar certas medidas que os pais ven como irrenunciables. Noutros casos, a propia Administración rectificou a súa decisión inicial cando se demostrou que non se adoptou a resposta educativa máis adecuada ás necesidades do menor. Así sucedeu na Q/679/11, no que se flexibilizou a escolarización no segundo ciclo de educación infantil dun neno con Síndrome de Wolf-Hirschhorn; na Q/1325/11, relativa a un alumno que, polas súas características persoais, non puido incorporarse ao sistema escolar nin seguir o proceso educativo ordinario por presentar necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade, o que facía necesaria a adaptación da oferta educativa segundo as capacidades e necesidades que presentaba para alcanzar os obxectivos xerais da educación infantil. Á vista do contido do informe remitido pola consellería, a nova resolución da Xefatura Territorial da Consellería en Lugo axústase, agora si, ao criterio defendido por esta institución sobre a estrita aplicación da legalidade vixente. En efecto, a situación escolar deste alumno é un caso expresamente previsto na normativa actualmente en vigor. Este criterio da Administración educativa sobre o acceso do alumnado ao segundo ciclo de educación infantil (EI) cando por diversas razóns permanecese no primeiro ciclo máis tempo do normal está tamén expresamente reflectido no novo Decreto de atención á diversidade. Como se afirmou

reiteradamente nos escritos dirixidos aos distintos órganos da consellería, este non é, en sentido técnico, un suposto de flexibilización da idade dentro da etapa senón de incorporación á etapa mesma. Por este motivo, tivo que ser revisada a resolución da Dirección Xeral de Educación. As fundadas razóns técnicas do ditame de escolarización aconsellaban claramente a medida de escolarizalo no grupo de idade máis próximo á súa idade madurativa, como finalmente se fixo.

Tamén na Q/1725/11, relativa a unha nena que necesitaba na súa escolarización unha coidadora e un transporte adaptado, a situación resolveuse axustándose ao criterio do EOE (equipo de orientación educativa) e da familia, aínda que non coincidía cos argumentos formais e organizativos aos que apelaba a inspección educativa. Como vimos, en ocasións entran en colisión as prioridades das familias e da Administración educativa en canto á forma de implementar o principio fundamental de que, para os alumnos que presenten necesidades educativas especiais, buscarase a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais. Neste suposto, a familia e o EOE manifestaban a conveniencia de que a nena fose escolarizada en 1º de E.S.O. no IES A Cachada de Boiro, onde estaba a súa irmá e outras persoas do seu contorno social e que era o centro que lle correspondía por domicilio, entendendo que se facilitaba a súa adaptación e integración, e a conciliación da vida familiar e laboral. A inspección educativa e a Xefatura Territorial consideraban que os recursos extraordinarios que precisaba, incluída unha unidade específica para alumnos con NEE e o profesorado especialista para impartirlle unha sesión diaria da audición e linguaxe (AL), atopábanse noutro centro, o IES Praia de Barraña. Finalmente, accedeuse aos desexos da familia.

Noutros casos, vímonos na necesidade de facer recomendacións á anterior Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Neste ámbito, hai que destacar dous expedientes. Un deles, o Q/1890/10, relativo á falta de información dos pais dunha menor con necesidades educativas especiais asociadas a alta capacidade. Este caso aparece detalladamente descrito no Informe anual de 2010 porque a súa tramitación levouse a cabo, no esencial, durante o ano pasado, pero o motivo da queixa aparece incidentalmente reflectido en moitos outros expedientes nos que se suscitan outros problemas. As queixas céntranse en que a Administración educativa non impulsa a participación dos pais ou

titores nas decisións que afectan á escolarización e aos procesos educativos do alumnado con necesidades educativas especiais e que non reciben o adecuado asesoramento individualizado, así como a información necesaria que lles axude na educación dos seus fillos. Unha discrepancia importante sobre este nivel de información prodúcese en torno aos informes psicopedagóxicos. Desde a consellería tíñase alegado que estes documentos están amparados polo deber de sixilo e que o acceso a esta información está constantemente delimitado na lexislación aos profesionais que tratan ao alumno, que deben garantir a súa confidencialidade. O deber de sixilo aplícase respecto do "profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten ao honor e intimidade dos menores ou as súas familias". Sobre esta cuestión, a Asesoría Xurídica, en resposta a unha solicitude feita polo IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra, comunica en xaneiro de 2005 ao xefe do Servizo Provincial de Inspección educativa, con respecto á posibilidade de que os pais dun alumno poidan coñecer un informe: "Toda a información da avaliación psicopedagóxica é confidencial. Confidencial significa que só poden coñecer o seu contido as persoas autorizadas e como di o artigo 6 da Orde de 31 de outubro de 1996 (DOG de 19 de decembro) os profesionais que por razón do seu cargo deban coñecer o contido. Polo tanto, non os pais dos alumnos. Aos pais comunicaráselles o que sexa necesario, pero sen darlles copia dos documentos que son internos do centro, e que só deben manipulalos as persoas que teñen a súa custodia ou aqueles aos que van dirixidos. En conclusión: os informes e a documentación que contén o selo de confidencial só pode ser coñecida polas persoas autorizadas".

Esta institución non comparte esta posición, e por iso, remitiu á consellería en febreiro de 2011 unha recomendación na que se reflexionaba sobre o carácter confidencial dos datos, o acceso dos titulares da patria potestade á información escolar e a cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado. En canto ao carácter confidencial dos datos, os únicos datos que poden ser obtidos e tratados lexitimamente no ámbito escolar son aqueles aos que se refire a disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación: os datos persoais do alumnado que sexan necesarios para o exercicio da función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, as características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo

coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos. Respecto a ningún destes datos se establece, nin nesta norma nin na lexislación educativa no seu conxunto, que os pais poidan quedar excluídos do seu coñecemento, porque se refiren á función de educar e orientar que forman parte intrínseca da patria potestade ou da función tutelar que os pais ou titores están obrigados a cumprir en colaboración coa escola. Estes datos en ningún caso poden ser confidenciais para os pais porque a Administración educativa non pode tratar nos informes psicopedagóxicos datos persoais para cuxa obtención é necesario o consentimento dos pais sen informalos dese tratamento. Este criterio enmárcase no espírito doutras modificacións normativas, en particular no ámbito sanitario, que consideran a información ou o consentimento informado un mecanismo imprescindible para a preservar a autonomía do paciente. Do mesmo xeito, o coñecemento por parte dos pais do que acontece na educación dos seus fillos e das medidas que se adopten na súa escolarización é unha obrigación inherente aos deberes propios da patria potestade, sen que a Administración poida subrogarse en lugar dos pais ou titores ou considerar como confidenciais respecto deles os informes ou ditames que se realizan ao longo do proceso educativo.

Neste sentido, a recomendación foi integramente aceptada, pero máis aló do caso concreto ao que ía dirixida, a consellería incluíu este criterio no artigo 35.2 do Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación: "As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación". Esta disposición ampara en diante a todos os proxenitores e titores legais que vían rexeitada a súa solicitude de obter copia do informe psicopedagóxico.

No expediente Q/1468/11, os pais dun alumno dun CEIP de Oleiros, interpuxeron ante a xefa territorial recurso de alzada contra a decisión do centro de non promoción ao 2° ciclo de E. Primaria do seu fillo, alegando como argumento fundamental da súa reclamación que "J. foi cualificado como un alumno sen necesidades educativas

específicas, cando os pais estivemos solicitando desde o principio que o neno necesitaba unha adaptación de acordo coas súas características de aprendizaxe" e solicitaban a promoción do seu fillo "xa que como pais podemos asegurar que non tería ningún resultado positivo o atoparse na mesma situación...". Na documentación achegada, o centro ratifícase na decisión de que o feito de que o alumno repita é consecuente cos resultados do proceso de avaliación, no que queda claro que o alumno non alcanzou o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e que as aprendizaxes non alcanzadas son un claro obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo, dado o carácter instrumental dalgunhas das áreas non superadas. Os pais alegan que se viu prexudicado na súa marcha escolar debido a que non lle foron aplicadas as medidas correctoras necesarias no seu caso, en concreto, ao non se ter elaborado por parte do centro unha adaptación curricular que os pais solicitaron en diversas ocasións. O centro non considerou conveniente a elaboración dunha adaptación curricular para o alumno, senón que lle prestou as medidas de reforzo que estimou pertinentes, así como o apoio do profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición da Linguaxe (PT e AL). Solicitou, por outra banda, a intervención do EOE a través da inspección educativa, que trasladou a solicitude de intervención ao EOE con data do 10 de febreiro de 2011, para que procedese á valoración do alumno e ao asesoramento correspondente ao centro. Non se produciu, con todo, a intervención do EOE, ao parecer, segundo comunica o centro, "por saturación de axenda e por considerar necesario un informe médico máis recente que o achegado polos pais, que é de novembro de 2007". Ningún de ambos motivos aparecen recollidos na normativa aplicable como causa para a non realización dun informe psicopedagóxico, e aínda menos ao longo de todo un curso escolar. Non se entende que o equipo non puidese avaliar a J. ao longo de cinco meses.

A permanencia dun alumno un ano máis nun ciclo ao longo da etapa de educación primaria pode adoptarse unha soa vez na etapa con carácter ordinario, non requirindo autorización especial ningunha, polo que, e máxime no 1° ciclo de EP, pode considerarse unha medida común de intervención educativa debido ao grao de madurez dun alumno, ao seu ritmo máis lento de aprendizaxe ou a outras circunstancias valoradas polo equipo docente. A inspección educativa considerou que o CEIP non conculcou a lexislación vixente ao non aceptar a demanda dos pais de elaborar unha adaptación curricular para o menor e que non era posible, polo feito de non ter elaborada a adaptación que demandaban

os pais, que a Xefatura Territorial alterase a decisión de non promoción adoptada polo centro.

Esta institución considerou que, con independencia de que a Xefatura Territorial non poida alterar a decisión de non promoción adoptada polo centro, e sen prexulgar se foi ou non conculcada a lexislación, quedaba fóra de toda dubida unha actuación irregular da Administración educativa que foi lesiva para o menor, o que se mostra nos seguintes aspectos, todos eles expresamente recoñecidos na acta da reunión da Comisión de Avaliación do centro á que o informe do inspector se remite. A Comisión ratifícase na decisión de non promoción de J. por non conseguir os obxectivos mínimos establecidos na programación didáctica de determinadas materias e por non obter polo menos as seguintes competencias: lingüística, matemática, en coñecemento, social e cidadá, aprender a aprender e autonomía persoal. Esta afirmación revela o absoluto fracaso das medidas adoptadas polo centro durante o curso. O feito de que un alumno de 2º de Primaria non consiga ningunha das competencias básicas nin supere cinco materias ao finalizar o curso pon de manifesto a inadecuación da resposta educativa ás necesidades dese alumno.

As medidas adoptadas polo centro non foron adecuadas para conseguir os obxectivos mínimos establecidos na programación didáctica. É dicir, o propio centro recoñece que este era un caso claro no que se debeu facer unha adaptación curricular. A Orde de 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nos ensinos de réxime xeral, entende por adaptacións curriculares as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas, neste caso, por unha determinada dificultade persoal. O informe afirmaba que o centro non considerou conveniente a elaboración dunha adaptación curricular para o alumno, senón que lle prestou as medidas de reforzo que estimou pertinentes, así como o apoio do profesorado de PT e A L. O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención, pero a intervención dos especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe non é unha medida ordinaria. Trátase de profesorado con función de apoio á atención do alumnado con necesidades educativas especiais. Con todo, J. non foi avaliado como un alumno con necesidades educativas especiais, polo que existe unha contradición entre as medidas de

intervención adoptadas e a avaliación diagnóstica, de terse feito, circunstancia que non se acredita expresamente na documentación remitida. De resultas diso, adoptáronse certas medidas que o centro considerou pertinentes, sen ditame de escolarización nin informe técnico específico sobre as necesidades educativas especiais que apoiase as ditas medidas. O resultado foi "que o alumno non alcanzou o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e que as aprendizaxes non alcanzadas son un claro obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo, dado o carácter instrumental dalgunhas das áreas non superadas".

Segundo a Orde de 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan os ensinos de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización, enténdese por avaliación psicopedagóxica o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de identificar as necesidades educativas de determinados alumnos que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis idónea, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a proposta de diversificacións do currículo, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aqueles poidan precisar para progresar no desenvolvemento armónico das distintas capacidades. Neste suposto, é evidente que J. foi privado dun elemento fundamental para identificar as súas necesidades e darlle a resposta educativa idónea.

Tampouco é fácil comprender o reproche feito aos pais de que non tiñan informes médicos cun diagnóstico máis preciso. A propia orientadora recoñece que non foi posible adiantar a cita que J. tiña pendente no servizo de Neuropediatría. A valoración das necesidades educativas de J. é unha competencia que o departamento de orientación ten legalmente conferida, así como a realización das avaliacións psicopedagóxicas, no seu caso (artigos 6º e 7º do Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia). Esta avaliación non está

suxeita á existencia de informes médicos previos, que ademais, neste caso, existían. A propia diagnose de disartria, aínda que se fixera no ano 2007, debía ter levar ao centro á elaboración dun informe psicopedagóxico que tería fundamentado un ditame de escolarización e as medidas máis adecuadas para dar apoio a J. na súa aprendizaxe. A non promoción de J., á marxe de que sexa unha decisión académica revisable ou non, parece ser consecuencia directa do fracaso das estratexias educativas propostas e do tipo de apoio que se lle deu.

Por todo o anterior, procedeu facer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a recomendación de que coa maior urxencia se procedese a aplicar ao alumno J. os procedementos legalmente previstos para identificar as necesidades educativas que puidese presentar e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis adecuada, a elaboración de adaptacións curriculares, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e cantos outros aspectos puidese precisar para progresar no seu desenvolvemento; en particular, que o Equipo de Orientación Específico elaborase un informe psicopedagóxico, de non terse feito xa na data desta resolución, e que se aplicasen as medidas necesarias para que en ningún caso se reproducisen as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados no alumno, segundo establece expresamente o artigo 12.2 da Orde do 6 de outubro de 1995. Ao mesmo tempo, os pais do alumno debían ser informados de todo o proceso. A recomendación foi expresamente aceptada.

1.4.3.1.6. Algúns problemas concretos no funcionamento dos centros

Tal como sinalamos ao comezo desta parte do informe anual, un dos aspectos máis significativos é que un elevado número das queixas dirixidas contra a Administración educativa referíanse a denuncias sobre situacións concretas. Así sucedeu na Q/670/11 sobre a perigosa situación dos accesos ao colexio Rías Altas en Culleredo, que en realidade era responsabilidade directa do Ministerio de Fomento e da empresa que realizaba os traballos de construción da Terceira rolda. O Concello de Culleredo chegou a reclamar que non se habilitara o acceso ao colexio Rías Altas desde a urbanización Augas Mansas

mentres non se desen as condicións de seguridade exixibles. Fai uns meses concluíron xa as obras da Terceira ronda e pódese circular pola rúa Río Sil, o que, xunto coas obras de mellora da rúa Río Mandeo, debería supoñer unha normalización dos accesos ao colexio, de acordo coa carga de tráfico e circulación de peóns que soporta habitualmente.

No expediente Q/658/11, o ANPA Val da Amaía, do CEIP A Maía queixábase pola falta de vixilancia dos menores, en ocasións nenos de moi curta idade, no período de espera entre a chegada do autobús e a apertura do recinto escolar, tempos esixidos para que cada unha das rutas puidese completar os distintos percorridos que ten asignados. A cuestión dependía enteiramente da boa disposición dos equipos directivos e dos profesores, que establecían voluntariamente quendas de garda para vixiar aos nenos desde que os deixaban ou recollían os autobuses e antes de entrar ou saír do colexio, xa que non había unha normativa específica para regular esta cuestión. Con todo, parece evidente que desde o momento en que os alumnos fan uso do transporte escolar, a obrigación de custodia sobre eles trasládase á Administración educativa. Este é o sentido da figura do acompañante nas rutas. O que non parecía lóxico é un baleiro sobre a responsabilidade *in vigilando* nos minutos que transcorren desde que os primeiros autobuses chegan ao colexio ou saen os últimos e o momento en que os nenos se atopan no interior do recinto escolar.

Contemplando, entre outras cuestións, este criterio e coa finalidade de equiparar o horario ao que teñen a maioría das Comunidades Autónomas, produciuse un cambio no horario lectivo que foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 23 de xuño e que regulou a xornada laboral dos docentes de educación infantil e primaria que, aínda que segue sendo de 37,5 horas semanais, dentro delas as horas lectivas pasaron de 21 a 25. O novo horario lectivo permite atender aos alumnos usuarios do transporte escolar desde que soben e baixan do autobús ata a entrada e saída do colexio. A mesa sectorial de ensino non universitario rexeitou frontalmente a medida. No entanto, con esta medida deuse resposta ás familias que demandaban acompañamento para os seus fillos neses momentos, sobre todo no caso das alumnas e alumnos de menor idade.

Outras queixas referíanse a problemas coas infraestruturas de colexios, en ocasións de certa antigüidade pero tamén de edificios moi recentes con deficiencias

construtivas (Q/905/11; Q/1124/11). O expediente Q/1170/11 referíase ao cambio de aula dunha nena de catro anos con asma bronquial severa nun centro que acusaba grandes humidades na planta superior (sen aulas) e nos corredores, a consecuencia de filtracións da cuberta. Trala realización de obras de reparación e impermeabilización do tellado e de pintura interior, ademais do funcionamento de aparellos deshumidificadores, a situación foi corrixida.

A falta de profesorado de apoio é un tema recorrente, agravado en 2011 polos necesarios axustes dos persoais de profesorado e a optimización dos horarios de profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e en audición e linguaxe. Este ano concluíronse algúns expedientes iniciados en 2010 (Q/683/10; Q/1856/10; Q/2156/10; Q/2240/10) e iniciáronse outros sobre os mesmos problemas, entre eles Q/187/11; Q/228/11; Q/558/11; Q/589/11. En xeral, a Administración educativa está moi atenta ás medidas de reforzo educativo e procura dar aos alumnos a atención que está establecida para cada caso nos documentos técnicos. Pero ocorre que para os pais, en múltiples ocasións, estas medidas son insuficientes, ben no tempo de dedicación do profesorado de apoio, nas condicións de impartición dese reforzo ou ata no perfil mesmo dos especialistas. Na maior parte dos casos, non se detecta un incumprimento ou unha actuación irregular por parte da Administración e esta institución entende que o modo concreto en que tales medidas se implementan enmárcase dentro da potestade de autoorganización que ten a consellería para asignar e ordenar os seus recursos.

No expediente Q/1015/11, viuse a conveniencia de formular unha recomendación á consellería sobre a necesidade de "que todos os centros educativos teñan instrucións concretas para poñer en marcha o procedemento establecido para solicitar a intervención dos Equipos de Orientación Específicos cando os pais ou titores legais dos menores informen ao centro da existencia de diagnósticos médicos, sospeitas clínicas, avaliacións psicolóxicas ou, en xeral, informes privados de profesionais da saúde, coa finalidade de axustar a resposta educativa ás necesidades especificas de apoio destes alumnos e coordinar a actuación dos centros escolares e a das familias en aras do interese máis necesitado de protección que é o dos menores". A resposta recibida da consellería foi "que a información procedente de servizos externos aportada polas familias debe ser

considerada tanto polo equipo docente como polos servizos de orientación. Así se recolle en varias das funcións do profesorado que establece a Lei orgánica de educación (artigo 91) e na propia Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan os ensinos de réxime xeral, e establécese o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (artigos 3, 4 e 5). En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que todos os centros e todos os servizos teñen instrucións claras sobre o procedemento para demandar a intervención dos servizos de orientación, entre os que se inclúen os equipos de orientación específicos. Polo tanto, non proceden novas instrucións."

Un tema que nos preocupou especialmente foi a falta de resposta adecuada por parte dalgúns centros educativos a situacións contrastadas de acoso escolar (entre outras, Q/432/11; Q/702/11; Q/800/11; Q/936/11). Estes casos adoitan producir nos pais unha gran angustia e impotencia, coa sensación de que non se está protexendo aos seus fillos dunha situación inaceptable de agresión. Desde o noso punto de vista, é fundamental avanzar na loita contra a violencia escolar porque nada hai máis oposto á formación que debe transmitirse nos centros educativos que a tolerancia, calquera que sexa o seu grao, con condutas que atenten contra a dignidade dos alumnos. Non cabe falar xa só de comportamentos típicos da adolescencia senón que coñecemos varias queixas nas que quen acosaba a un compañeiro ou compañeira eran nenos de primaria. O acoso escolar prodúcese cando un neno insulta, agride ou ten un comportamento hostil cara a outro neno e este comportamento se produce de forma continuada no tempo. A violencia escolar adoita ser moito máis social e psicolóxica que física. Aínda que tamén se producen agresións físicas, intimidación e coacción, é máis frecuente a exclusión social, o illamento, ou condutas como a de ridiculizar, humillar, poñer alcumes, non deixar participar en actividades, enfrontar aos compañeiros contra a vítima, facer correr rumores, etc. Este acoso psicolóxico é moito máis daniño que o acoso físico e produce maiores taxas de estrés postraumático. A maior parte destas condutas están probadas no caso da filla da recorrente na queixa Q/936/11, e despréndese así do informe do inspector e do informe da orientadora do centro.

Segundo os estudos sobre a materia, o acoso escolar non é un aspecto inofensivo do crecemento. Pode causar un dano severo á saúde mental e física de vítimas, acosadores e dos nenos testemuñas da violencia. As vítimas poden sufrir lesións físicas, medo e ansiedade. Poden aparecer cadros depresivos, trastorno de estrés postraumático e síntomas físicos. O seu rendemento escolar decae debido a que poden faltar á escola ou chegar tarde, a problemas para concentrarse nos estudos ou a baixa autoestima provocada polo acoso constante. As vítimas de acoso poden rexeitar participar en actividades que implican a outros nenos; poden non facer ningunha actividade social e comezar a perder amizades ou depender psicoloxicamente dos seus acosadores. Adoitan estar ansiosos e deprimidos. O estrés ao que se ven sometidos tamén afecta ao seu corpo, dando lugar a dores de estómago, dores de cabeza, negarse a comer, ouriñar na cama ou a problemas de sono. Unha parte significativa destes síntomas foron mostrados pola filla da interesada ao longo dos meses nos que tivo lugar esta problemática relación con tres das súas compañeiras de clase.

Por este motivo, minimizar os efectos deste tipo de condutas nos centros escolares por parte dos equipos directivos ou dos profesores, e facelo dun modo máis claro cando os nenos son pequenos aceptándoo como pelexas propias da idade non é unha actitude coherente. É innecesario subliñar as diferenzas entre enfados no grupo, que xorden de modo espontáneo, e condutas deliberadas de acoso ou illamento entre iguais. Respecto destas, non cabe tolerancia. Os feitos concretos relatados pola interesada no escrito dirixido ao presidente da ANPA con data do 3 de novembro non foron desmentidos ou negados doutro xeito, senón só "reinterpretados" na información remitida polo centro e no informe da inspección educativa. Chama a atención uno dos últimos comentarios da psicóloga do centro e a absoluta falta de explicación sobre o contexto: "Con data de 22 de decembro de 2010, nunha dinámica durante as clases de inglés, todo o grupo-clase sinala a E. como a peor compañeira". Non sabemos que quere dicir "unha dinámica" na que se permite aos alumnos facer valoracións de modo público e aberto sobre os seus compañeiros nin cales son os seus obxectivos, pero parece, cando menos, unha práctica potencialmente conflitiva.

Sobre as outras cuestións que a interesada desmente ou matiza con información complementaria da forma en que se produciron, clarifican tamén certas afirmacións do

informe. Noutros casos, as manifestacións da nai teñen un carácter marcadamente subxectivo, perfectamente comprensible na situación que se estaba vivindo na súa familia, pero que non acreditan feitos obxectivos. Con todo, tampouco parecen feitos obxectivos algúns dos que o informe da inspección dá como probados. Resulta problemático afirmar que "o inicio dos incidentes é normalmente responsabilidade da presunta acosada, non sendo en cambio a máis prexudicada nos mesmos". Non se entende que en ningún dos documentos figure que se advertiu á nai de que á súa filla era a que promovía os conflitos. O informe fala de incidentes e de prexuízos, co que está recoñecendo que ambos se producían. Fálase de "intención de facer dano" o que ten tamén un compoñente decisivo de voluntariedade que é dificilmente comprobable logo de ocorrer os feitos. Critica a intervención da nai cando lle solicita ao titor que cambie a súa filla de sitio na aula, e acúsaa de "tratar de alterar a organización do aula de forma inxustificada". A nai, con todo, refire que a compañeira sentada detrás da súa filla estaba dándolle patadas nas costas e pequenos golpes, pero constantes, molestándoa todo o tempo, collendo os seus libros e pintándoos. De calquera modo, as medidas adoptadas non foron suficientes aínda que o centro identificou o caso como unha situación de posible acoso entre alumnos e activou o protocolo correspondente en dúas ocasións, iniciándose incluso unha mediación. Outro elemento que suscita dúbidas é o feito de que o cambio de aula da menor fose anulado a petición das súas compañeiras e da propia filla da interesada. Non se comprende como esta medida é rectificada a instancia das alumnas, sen que conste a aprobación da nai, que foi a que a solicitou. O mero feito de que dúas alumnas solicitasen cambio de centro o pasado curso por razóns moi semellantes é proba de que o centro ten problemas, talvez puntuais, de convivencia. Por todos estes motivos, é conveniente que se traslade ao Colexio Fogar Santa Margarita a recomendación de que se extremen as medidas para erradicar calquera tipo de conduta ou actitude dos alumnos que poida ser perturbadora para a convivencia no centro, en particular, que se garanta un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar. En xeral, que se traballe máis intensamente nos principios e fins da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Esta recomendación está pendente de resposta no momento de pechar este informe.

1.4.3.1.7. Os recursos educativos complementarios

Cabe traer a este apartado do informe as consideracións que se facían o pasado ano sobre os servizos de transporte e comedor. Os recursos que destina a Xunta de Galicia ao transporte escolar ascenderon neste ano 2011 a máis de 117 millóns de euros, e no próximo ano 2012 representarán case o 1 % do orzamento total da Xunta. Os actuais tempos de crise esixen cada día máis a adopción de medidas de optimización dos recursos postos a disposición das administracións. Polo tanto, a Consellería está adoptando medidas de reestruturación e racionalización das liñas de transporte escolar, que nos casos nos que non resultan sostibles, impoñen o deber de modificación ou ata de supresión dalgunhas das rutas existentes. Nas zonas nas que se produce unha maior perda de poboación infantil existen liñas que transportan a moi poucos usuarios que poden ser substituídas mediante outras medidas, tales como modificación doutras liñas ou o cambio por vehículos de menor capacidade, sen perda de garantía do servizo aos alumnos.

Trala aprobación da Lei 5/2009 de Medidas Urxentes para a modernización do sector de transporte público por estrada de Galicia garantiuse ás empresas transportistas un marco de estabilidade económica, mediante unha prórroga dos contratos de transporte escolar ata o 31 de decembro de 2011.

Dos expedientes de queixa que coñecemos (Q/366/11; Q/529/11; Q/534/11; Q/1998/11) cabe destacar a situación do CEIP A Lomba, de Vilagarcía. Do informe deducíase, dun xeito bastante claro, que non se axustaba á legalidade vixente no campo dos servizos educativos complementarios. Este desaxuste vén explicado no informe como unha situación herdada de tempo atrás, da que o actual equipo directivo do centro parece non facerse responsable. Máis ben, acepta a consolidación dunha situación non axustada a Dereito, consentida ou propiciada pola anterior dirección, e mostra a vontade do actual equipo de dirección e do Consello Escolar de corrixir cara ao futuro estas desviacións dos criterios normativos. Esta decisión, a de corrixir parcialmente unha situación administrativa irregular, ten unha aplicación moi complexa que xera, na práctica, situacións discriminatorias como a denunciada nos escritos de queixa.

Hai que partir dun principio claro que é que non pode esixirse igualdade cando non se está aplicando a normativa. É dicir, non cabo alegar discriminación naqueles supostos nos que unha concreta actividade administrativa pode estar vulnerando a legalidade. Por esta razón, é decisivo esclarecer o contexto no que se aplicou a norma que se supón discriminatoria. Neste punto, convén subliñar os seguintes aspectos manifestados no informe. Neste curso académico, están admitidos como usuarios do comedor determinados alumnos aos que non lles correspondería, de aplicarse rigorosamente a normativa. Con todo, a dirección e o Consello Escolar admiten a subsistencia do dereito destes alumnos, non revisan a súa situación, e prodúcese un automatismo da súa condición de usuarios que se funda, de xeito exclusivo, en que xa o foron o curso anterior. Para o cumprimento da legalidade, o actual equipo directivo e o Consello Escolar poden tomar decisións, non só sobre as novas admisións, como sinala o informe, senón que, de producirse máis peticións que prazas (neste caso, estamos falando de tres solicitudes por encima das prazas) están obrigados a revisar caso por caso, de forma que se garanta que todos os admitidos están de acordo coas normas. O que non é admisible é que a normativa se aplique só ás novas admisións e non a todos os usuarios. O contrario sería consentir unha ilegalidade.

Sinala o informe que hai que indicar que entre as familias da comunidade educativa estendeuse a idea de que para acceder ao comedor "había que usar o bus". Ata en reunións de pais houbo comentarios nese sentido e algúns pais declararon publicamente que anotaban aos seus fillos no transporte escolar para poder acceder ao comedor. Neste punto convén aclarar que en Vilagarcía se utiliza o transporte escolar aínda sen haber dous quilómetros de distancia ao centro, con coñecemento da Consellería de Educación, polas características da distribución dos centros educativos. Esta é outra grave anomalía. Non están equivocados os pais cando creen que para acceder ao comedor “hai que usar o bus”. A Orde de 2007 estableceo como segundo criterio de preferencia, que se converte no primeiro para as novas admisións. De feito, parece ser tido en conta case exclusivamente polo Consello Escolar nas listas provisionais e foi, inmediatamente, a motivación principal das exclusións. Por isto, sería gravemente irregular que haxa usuarios do transporte escolar aos que legalmente non lles corresponda, porque, por esta vía, accederían ao uso do comedor, que tampouco lles corresponde. Do informe despréndese que, no que afecta ao

transporte, tampouco se está cumprindo a normativa. Con todo, a Consellería de Educación mostrouse inflexible na aplicación do criterio dos dous quilómetros noutros moitos casos que admitirían, por razóns de equidade, unha modalización da norma. Literalmente, informou en moitos casos a esta institución que "ante a imposibilidade de satisfacer as numerosas solicitudes que se presentan anualmente para aproximar as paradas aos domicilios dos usuarios, e cuxa estimación indiscriminada e sen aplicar un criterio obxectivo supoñería vulnerar a duración máxima de permanencia do alumnado nos autobuses, non cabe outra solución que aplicar rixidamente o criterio dos dous quilómetros". O criterio desta institución é outro. Moitos alumnos en Galicia gozan de transporte escolar e comedor sen que resulte imprescindible a prestación para garantir as mellores condicións á súa escolarización, pero recoñéceselles este dereito porque cumpren certos criterios obxectivos. No caso do transporte, o criterio é ter o seu domicilio a máis de dous quilómetros do centro escolar; a condición de usuario do comedor recoñécese automaticamente a todos os que utilizan transporte escolar. Con todo, outros escolares que precisan xustificadamente eses recursos ou prestacións non cumpren os actuais criterios, polo que non se lles están garantindo as condicións máis favorables para a escolarización durante as etapas de educación infantil e básica, aínda que as súas condicións persoais supoñan unha desigualdade inicial, xusto o que pretende evitarse pola Lei orgánica de educación cando prevé servizos como o transporte escolar ou o comedor. Estes servizos teñen na norma orgánica básica un carácter marcadamente compensatorio. Se é racional, como di o informe, o uso do transporte en distancias menores polas características da distribución dos centros educativos, esta circunstancia debería ser pública e xeral, e non meramente consentida pola Consellería, en contra do criterio que ela mesma obxetcivou na norma. Non se comprende esta situación de permisividad que, neste suposto, o que orixina claramente é unha discriminación, xa que a uns alumnos permíteselles usar o transporte e ser usuarios do comedor, sen ter dereito a iso segundo a norma, e a outros, non.

O informe di que "ante esta situación o equipo directivo decidiu revisar as novas admisións realizadas este curso e detectou catro casos nos que a proximidade ao centro non xustificaba a utilización do transporte escolar". Supoñen un agravio comparativo e unha discriminación contraria a Dereito que só se revisaran as novas admisións, pola razón exposta no punto seguinte. A Orde de 2007, no artigo 7.5º, establece que terá preferencia

na adxudicación de praza, en todo caso, o alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido. Se non se comproban as condicións de admisión deste alumnado, non resulta posible comprobar se variou ou non o criterio polo cal foi admitido. A norma non impón o automatismo para os usuarios do curso anterior senón que se comprobe un eventual cambio do criterio polo que accedeu no seu día. Esta comprobación vén esixida por un feito externo que é a redución da capacidade do comedor, polo que se abre un proceso de concorrencia. O Consello Escolar ten imposto, legalmente, o deber de comprobar se concorren os requisitos porque é quen ten que decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos nesta Orde. Téñase en conta que a Orde non fala só das novas admisións senón, en xeral, de alumnado usuario (art. 11.1).

A insistencia en que as reclamacións se cursaron fóra de prazo, tal como se reflicte no escrito de queixa, tampouco se axusta aos criterios de funcionamento. Unha situación antixurídica ten que ser corrixida cando sexa coñecida polo órgano con competencia. Neste sentido, a Orde é moi precisa e, por unha banda, impón ao Consello Escolar a obrigación de aprobar, dentro da normativa vixente, un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante da lexislación orgánica do centro (art. 11.1 apartado 2). Isto tradúcese na obrigación de seguir e avaliar o funcionamento do comedor de acordo coa normativa vixente durante todo o curso escolar. Do escrito de queixa e do informe parece que só se fixo nas novas admisións.

Á vista do contido do informe, detéctanse no funcionamento dos servizos educativos complementarios do CEIP A Lomba, de Vilagarcía de Arousa, certas irregularidades que poden producir un trato discriminatorio, ao non aplicarse por igual os criterios de admisión a todos os alumnos usuarios do comedor e do transporte escolar no mesmo centro e no mesmo curso escolar. O artigo 18 da Orde de 21 de febreiro de 2007 impón ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través dos seus servizos de inspección, o deber de arbitrar fórmulas de control e seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de

comedor escolar nos centros docentes públicos do seu ámbito de competencia. Na memoria final de curso incluirase unha parte sobre o funcionamento do servizo de comedor escolar, así como as propostas de avance que se consideren convenientes, cunha valoración económica delas, que será obxecto de coñecemento e valoración do consello escolar, e da cal se dará traslado á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Ao amparo desta norma, e en cumprimento do artigo 32 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, esta institución fixo a recomendación de que como parte do deber de control e seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Lomba, se procedera, por parte do Consello Escolar, a unha revisión das condicións de acceso de todos os usuarios do comedor escolar, de forma que, en todos os casos, se cumprira a normativa vixente e non se amparasen situacións de desigualdade ou discriminación. A recomendación foi expresamente aceptada.

De modo análogo resolveuse a situación denunciada no expediente de queixa Q/2249/10, iniciado o pasado ano, e da que demos conta detallada no anterior informe, relativa á admisión no comedor do CEIP A Rabadeira, en Oleiros (A Coruña). A investigación concluíu formulando á consellería a recomendación de que, de acordo coa normativa vixente, se faga unha comprobación por parte do Consello Escolar do CEIP A Rabadeira da veracidade dos domicilios que se fan constar na solicitude do comedor, no sentido de que han de coincidir cos do domicilio fiscal dos solicitantes, e non abonda con que coincidan cos da secretaría do centro ou os do Xestión Administrativa da Educación (XADE) xa que, en todo caso, estes últimos deberían tamén corresponderse co domicilio fiscal. Se non é así, e non se xustifica mediante outros documentos (Art. 21.4º da Orde de 17 de maio de 2007 *in fine*), non cabería puntuar no baremo este apartado. A falta de comprobación desta correspondencia supón a omisión dun deber legal dos órganos de goberno do centro, e faise aínda máis inxustificable por existir neste caso unha denuncia concreta cuxa veracidad deberá ser investigada. A recomendación foi expresamente aceptada.

1.4.3.1.8. Programa municipal de inmersión en lingua inglesa do Concello de Vigo

Como consecuencia da queixa presentada ante esta institución pola "Federación de Asociacións de Pais de Alumnos do suroeste de Galicia (SURGAPA)" con data de 31 de maio (Q/965/11), solicitouse informe sobre o problema que a motivaba, que houbo de requirirse ao Concello de Vigo ata en catro ocasións. A cuestión problemática é se pode considerarse axustada a dereito a vinculación que neste programa municipal de inmersión lingüística se fai entre políticas de educación compensatoria e a rede pública de ensino, dando prioridade na admisión aos alumnos de colexios públicos sobre os dos concertados ou privados, partindo do postulado de que o alumnado do ensino público é, sistematicamente, máis desfavorecido. Diversos cidadáns presentaron tamén as súas queixas a título particular (expedientes Q/929/11; Q/935/11; Q/975/11; Q/976/11; Q/989/11 e Q/1070/11) por considerar vulnerados os dereitos dos seus fillos.

Finalmente, tivo entrada nesta institución o citado informe, asinado polo xefe do Servizo de Educación, co visto e prace do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. Á vista do que se fai constar no informe, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. O procedemento administrativo concreto seleccionado para implementar o programa de inmersión lingüística en lingua inglesa PILIVIGO impulsado polo Concello de Vigo, e o carácter da convocatoria incumben á capacidade autoorganizativa da Administración municipal que pode, no ámbito das súas competencias e na execución do seu orzamento, elixir unhas vías ou outras (subvencións a particulares, prestacións directas...) dentro da legalidade vixente. É certo tamén que este tipo de actividades poden ser prestadas polas administracións locais no ámbito dos seus servizos complementarios. Non é unha actividade típica e esencial da Administración municipal, pero pode ser lexitimamente desenvolvida no marco do artigo 28 da LBRL que contempla a posibilidade de realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas, tamén no campo educativo.

Esta institución non comparte un dos criterios de selección sinalados nas bases da convocatoria do programa PILIVIGO, posto que parece ter un perfil marcadamente

ideolóxico ao establecer unha correlación entre a escolarización en centros públicos, o nivel socioeconómico e cultural das familias e os niveis de competencia en linguas estranxeiras, con apoio en indicadores cando menos discutibles. Os centros concertados integran a rede de centros sostidos con fondos públicos e a súa inicial exclusión da convocatoria baséase en elementos que carecen de fundamentación xurídica e ata de apoio legal xa que a escolarización neses centros, os requisitos e baremo para facer as admisións, as limitacións de *ratio*, a súa programación, a planificación e execución dos ensinos, incluídas as linguas estranxeiras, e as demais circunstancias académicas veñen regulamentadas e supervisadas pola Administración educativa. O Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten os ensinos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala que a lei prescribe que as administracións educativas deberán regular a admisión do alumnado en centros públicos e privados concertados de tal forma que se garanta o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por pais, nais e titores legais. Así mesmo, a Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, regula a participación na programación xeral do ensino e dedica o seu título IV aos centros concertados, regulando que a admisión nestes centros axustarase ao réxime establecido para os centros públicos e definindo a infracción das normas sobre admisión de alumnado como unha das causas de incumprimento grave do concerto por parte do titular do centro. En aplicación do artigo 87 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e coa finalidade de asegurar a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades, garántese unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, establecendo a proporción de alumnado destas características que debe ser escolarizado en cada un dos centros públicos e privados concertados garantindo os recursos persoais e económicos necesarios. Finalmente, garántese a escolarización do alumnado de incorporación tardía. Para todos os efectos, a rede de centros sostidos con fondos públicos está conformada por centros públicos e privados concertados. Todos son alumnos da rede pública. Só cambia o titular.

Chama a atención a formulación do Concello de Vigo neste campo, baseado na premisa que vincula a escolarización pública cunha situación social desfavorable que

precisa de medidas compensatorias. É inadecuada, na nosa opinión, esa asimilación entre actividades complementarias das realizadas pola Administración educativa (artigo 28 da Lei 7/85 de 2 de abril RBRL) con políticas de educación compensatoria (artigo 80.2 da Lei 2/2006, de 3 de maio, orgánica de educación) que están pensadas para contextos de desigualdade socioeconómica en sentido estrito ou de exclusión social, e non teñen que ver co tipo de centro, público ou concertado, no que un alumno é escolarizado, no que ten carácter preferente, entre outros criterios, a proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo dos pais/nais ou titores, os niveis de renda ou as circunstancias da familia (irmáns, familias numerosas...). Polo tanto, parece que a xustificación última é a recollida no propio informe, a das políticas que os gobernos locais consideren en cada momento apropiadas conforme ás súas prioridades programáticas. É dicir, a decisión baséase en criterios políticos e ideolóxicos. Na práctica, pode supoñer unha discriminación dun amplo sector do alumnado vigués que, cumprindo os requisitos académicos, é excluído polo tipo de centro escolar no que se atopa escolarizado, na maior parte das ocasións de modo regrado.

Con todo, no propio desenvolvemento do programa, o Concello de Vigo vén incrementando as prazas e proporcionalmente increméntase tamén o alumnado dos centros concertados, aínda que segue tendo un tratamento residual no proceso de adxudicación. Segundo o informe, na última edición os beneficiarios do programa foron 284 alumnos de centros públicos e 156 alumnos de centros concertados. Esta situación mostra por parte do concello unha progresiva corrección do criterio "de compensación".

En conclusión, considérase moi positiva a progresiva ampliación das prazas ofertadas no programa PILIVIGO, o que supón, sen dúbida, un esforzo financeiro notable nas arcas municipais, pero que mostra por parte do concello o loable obxectivo de que paga a pena investir na educación e na formación dos futuros cidadáns. Considéranse adecuados os criterios de selección dos participantes: que estean matriculados en 3° da ESO no curso anterior; que teñan aprobadas todas as materias de 2° da ESO no curso anterior; que teñan unha nota media de 6 na materia de inglés e que estean empadroados en Vigo. No relativo á especificación de que terá preferencia o alumnado pertencente aos centros públicos, de maneira que se asignarán as prazas entre aqueles alumnos que cumpran os requisitos da

convocatoria, primeiro entre todos os solicitantes da rede pública e, no caso de existir prazas vacantes, entre o alumnado da rede privada-concertada, consideramos que é máis axustado á súa configuración xurídica entender que é alumnado da rede pública o que foi escolarizado en centros sostidos con fondos públicos, sen prexulgar a condición desfavorecida do alumnado matriculado en centros de titularidade pública. Polo tanto, o carácter compensatorio deste programa, que é certamente loable, debería obxectivarse no nivel de renda familiar, circunstancia que pode acreditarse de xeito simple pola declaración tributaria correspondente, ou outras continxencias socio-laborais (desemprego, precariedade laboral...). Neste tipo de formación (a aprendizaxe de idiomas), as desigualdades derivan de factores sociais, económicos e culturais moi dependentes da renda familiar dispoñible, aínda que o alumnado estea escolarizado en centros concertados, ao ser a Administración educativa a que determina as zonas de influencia dos centros e a escolarización.

Por todo o anterior, formúlase a suxestión de que en próximas edicións do Programa de Inmersión Lingüística en Lingua Inglesa do Concello de Vigo sexa considerado como alumnado da rede pública o que foi escolarizado en centros sostidos con fondos públicos, e que o carácter compensatorio deste programa, dirixido a corrixir as desigualdades que derivan de factores sociais, económicos e culturais, tome en consideración o nivel de renda e as circunstancias socio-laborais das familias dos alumnos solicitantes. Está pendente de resposta por parte do concello.

1.4.3.1.9. A necesidade de matizar contidos pedagóxicos nun libro de texto.

Tamén formulamos unha recomendación para que se corrixira o contido inexacto e incompleto dun libro de texto de 5º de primaria da materia de coñecemento do medio sobre o réxime xurídico das linguas en Galicia (ver resolución nº 30 das desta área).

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia establece no artigo 5 o réxime xurídico da cooficialidade lingüística, no marco da regulación constitucional das linguas contida no artigo 3 da Constitución española de 1978, á que todos os poderes públicos e os cidadáns están sometidos.

O artigo 5 declara que : 1.- A lingua propia de Galicia é o galego. 2.- Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e de usalos. 3.- Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o o seu coñecemento. 4.- Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Esta institución entende que un libro de texto está suxeito ao rigor científico na transmisión dos contidos, que é a primeira das esixencias do traballo intelectual. O devandito rigor científico está vinculado á calidade do ensino. Neste sentido, o obxectivo da unidade era dar a coñecer ao alumnado a configuración estatutaria da Comunidade Autónoma galega e o seu goberno. No que se refire ao réxime xurídico das linguas oficiais na nosa comunidade, debe ser dado a coñecer aos alumnos dun xeito íntegro, polo que a transcrición incompleta do artigo 5 non transmite ao alumnado o exacto marco normativo dos idiomas galego e castelán en Galicia. Por outra banda, a referencia á oficialidade lingüística que se fai no recadro "Para saber máis" é inexacta e confusa. No seu primeiro parágrafo sinala que "A Constitución establece que o castelán é a lingua oficial de España". No seguinte apartado afirma que "O galego é a lingua oficial en Galicia". O uso do determinante parece dar a entender que é a única lingua oficial, e aínda resulta máis confuso cando se está falando do castelán como lingua oficial única en once comunidades autónomas. Xa que logo, desde o punto de vista pedagóxico, sería moito máis sinxelo reproducir literalmente no libro de texto o artigo 5 do Estatuto completo, que establece claramente a cooficialidade dos idiomas galego e castelán e a súa configuración xurídica, distinguindo entre lingua oficial e lingua propia.

O contido íntegro da resolución é accesible na páxina web desta institución. Da súa lectura poderá comprobarse que non foi solicitada a retirada do libro, senón que non se seguise utilizando mentres non fose corrixido no sentido indicado, recomendación aceptada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que arbitrou o mecanismo, no seu criterio, máis oportuno. Ademais diso, sobre a falta de rigor no libro de texto, hai que reparar sobre a situación no mapa da cidade de Santiago de Compostela,

situada no golfo ártabro, preto da ría de Betanzos. Sobre esta e outras cuestións análogas, esta institución non se pronunciou por non ser obxecto de queixas.

1.4.3.1.10. Os procesos selectivos na asignación de prazas en campamentos de verán

No mes de xuño, tiveron entrada na institución dous escritos de queixa contra a Deputación Provincial de Pontevedra nos que, en esencia, se denunciaba falta de transparencia na adxudicación de prazas nos campamentos de verán da Lanzada. (Q/785/11; Q/823/11).

Á vista do que se fai constar nos informes, e como conclusión da investigación, houbo que formular á Deputación de Pontevedra unha suxestión. Nin as bases nin o proceso de adxudicación das prazas de campamentos dependentes da Deputación de Pontevedra mostraban a necesaria transparencia e publicidade. Non se fai público na páxina web o número exacto de prazas que se detraen "para os nenos do Centro Príncipe Felipe, tutelados pola Consellería de Traballo e Benestar, así como por acordo cos sindicatos, reserva de prazas para os fillos dos funcionarios, total 2%". Non queda claro o sistema concreto polo que se efectúa o sorteo. Dise que é mediante programa informático aleatorio, pero non se especifica o sistema nin se é un sorteo público, nin existe fe pública notarial do procedemento. Non se fan constar os parámetros de selección (por exemplo, un número a partir do cal se fan as adxudicacións, unha letra do alfabeto, o sorteo de todas as solicitudes...). Non existe publicidade do procedemento, nin publicación de listas provisionais, nin posibilidade de facer reclamacións á adxudicación ou non adxudicación de praza. En definitiva, parece producirse unha falta de transparencia dos criterios seguidos que non é aceptable neste tipo de procedementos nos que se adxudican prazas subvencionadas e nos que se precisa facer unha selección entre os solicitantes.

Por este motivo, de acordo co artigo 32 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, formulouse a seguinte suxestión para a adopción de novas medidas por parte desa Deputación: "Que na información contida na páxina web da Deputación de Pontevedra relativa ás bases para participar nos campamentos de verán que se celebran na Lanzada, se

conteña toda a información pertinente sobre o número de prazas que quedan reservadas e os seus beneficiarios, as prazas reais que finalmente saen ao sorteo, o procedemento para este, que deberá ser público, as listas provisionais de admitidos e excluídos, o prazo para facer reclamacións, os criterios de adxudicación das listas de resultas e toda a información necesaria para que o proceso sexa obxectivo e transparente, cumprindo os principios de boa administración no que alcanza aos deberes de información ao cidadán." A suxestión foi aceptada en ambos casos.

1.4.3.1.11. O Problema recorrente da escaseza de prazas en escolas infantís

Sobre este asunto foron varias as queixas tramitadas este ano, ben por problemas na xestión do programa de cheque infantil da Xunta (Q/97/11, cunha recomendación non aceptada polo Concello da Coruña, ou a Q/594/11); as queixas Q/1642/11, Q/537/11, Q/2114/11, por desacordo coa non adxudicación das prazas solicitadas; pola aplicación do IPREM sen a necesaria publicidade na convocatoria (a queixa Q/542/11, que concluíu cunha recomendación aceptada expresamente polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar); polos criterios preferentes de baremación ou polo peche de determinadas escolas durante o mes de agosto (Q/1165/11, Q/1176/11 …). Pouco cabe engadir ao manifestado por esta institución en anteriores informes, aínda que a situación se agravou este ano polas restricións presupostarias que afectaron principalmente ás garderías dependentes dos concellos.

1.4.3.2. A educación universitaria

Este ano, entre as queixas que denunciaban unha actuación lesiva para dereitos individuais ou colectivos por parte das institucións de educación superior destacan tres ámbitos principais: o malestar dos investigadores acolleitos a programas de captación e inserción en universidades e organismos de investigación polo incumprimento das súas expectativas de consolidación de prazas; os problemas causados pola implantación da vía telemática como exclusiva para certas xestións académicas; e as situacións irregulares nos títulos propios das Universidades.

1.4.3.2.1. As queixas sobre a situación da investigación en Galicia durante o ano 2011

O obxectivo do Programa Isidro Parga Pondal (IPP) é contribuír a superar o déficit de recursos humanos que ten o sistema de I+D en Galicia a través do apoio á inserción, en organismos públicos e privados de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, de doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos nacionais ou estranxeiros. Os investigadores acceden ao programa mediante unha convocatoria que establece as bases que regulan, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, a concesión de axudas para a realización de contratos laborais de duración determinada destinados á incorporación, en organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia, de investigadores doutores cunha formación investigadora acreditada. No mes de maio, presentouse a Q/479/11 pola Asociación de investigadores acolleitos ao Programa Isidro Parga Pondal (AIPP).

En esencia, a asociación queixábase porque, aínda que o programa IPP é un programa finalista destinado á captación e inserción de mozos investigadores cunha formación e traxectoria acreditadas, desde que se implantou en 2003, non foi posible articular mecanismos de consolidación destes investigadores de modo que nunha gran parte, cando acaban este tipo de vinculación contractual cos seus centros de traballo, pasan a formar parte do colectivo de desempregados. No mellor dos casos, vanse a outras comunidades autónomas ou a outros países, arrastrando os proxectos financiados con fondos públicos que están en vigor; polo tanto estase producindo obxectivamente unha perda apreciable de fondos públicos e de talento investigador.

Malia a existencia do programa Manuel Colmeiro, co que a Xunta financia parcialmente o salario dun contrato indefinido establecido trala finalización da etapa Parga Pondal (a condición de que haxa unha avaliación positiva do traballo do investigador de acordo cos criterios do propio programa Colmeiro), hai centros receptores que non estabilizan a estes investigadores. Nas tres universidades galegas hai casos similares.

O actual Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento non menciona novas convocatorias. Por outra banda, os IPP que entregaron a documentación para a súa avaliación segundo os criterios do programa Colmeiro, en outubro de 2010, viron notablemente atrasadas as súas avaliacións, coa particularidade de que este ano é a primeira convocatoria na que se tiñan que avaliar traxectorias investigadoras desenvolvidas en centros non universitarios como son centros tecnolóxicos, empresas, ou fundacións.

Algún titular de prensa resumía a situación dicindo que "a investigación en España estaba en coma inducido". E aínda que é case un lugar común a proclamación de que sen unha investigación de calidade, é imposible o desenvolvemento, a innovación e a competitividade, na práctica, as medidas que se foron adoptando non apuntan nesa dirección. O problema é, sen dúbida, complexo, pero as debilidades principais do sistema están bastante ben identificadas e, con todo, non se actúa nesa liña. A primeira evidencia é que cando se prescinde destes investigadores, prodúcese unha perda obxectiva dos fondos investidos na súa formación, decenas de miles de euros durante os anos de duración do programa, ademais das axudas para financiar estancias de investigación no estranxeiro, asistencias a congresos ou cursos ou os fondos investidos con cargo a proxectos de investigación nacionais ou internacionais de cuxos equipos formasen parte.

Dáse, ademais, unha vinculación problemática entre a docencia e a investigación que adoita ter efectos perversos. Os IPP foron contratados pola necesidade de aumentar a produtividade científica nos centros onde viñeron traballando. As universidades, con todo, poñen trabas á súa estabilización aducindo a diminución de alumnos e, polo tanto, de horas de docencia, o que repercute no número de prazas que saen a concurso, vinculadas ás necesidades docentes dos departamentos. Con todo, en numerosas ocasións, as necesidades investigadoras destes centros non están cubertas, nin sequera as de Galicia como comunidade autónoma. De feito, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística no 2009, en Galicia faría falta un incremento próximo aos dous mil investigadores para chegar á media nacional no número de investigadores por poboación activa. Por outra banda, dado que a única vía de estabilización establecida ata agora era a través da habilitación para cubrir prazas docentes por parte das diferentes entidades de acreditación (autonómica ou nacional) estes investigadores tamén veñen impartindo docencia (ata un máximo de 120

horas por curso), incluso formando a novos investigadores mediante a dirección de tese, proxectos de fin de grao ou traballos académicos tutelados doutro tipo.

O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C), foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 23 de decembro de 2010. Fixa unha serie de desafíos e dez eixes estratéxicos. Estes eixes concrétanse en programas e liñas de actuación que responden á plasmación operativa destes, pero o plan non contempla convocatorias específicas de axudas xa que estas se irán realizando en execución dos programas e liñas de actuación. No entanto, no eixe estratéxico 1: Xestión do Talento, o I2C contempla entre outras liñas de actuación as seguintes:

-Liña 1.1- Apoio á carreira investigadora na que se inclúe o Programa de Apoio á etapa predoutoral e o Programa de apoio á etapa post-doutoral.

-Liña 1.2.- Programa de Apoio á consolidación do persoal investigador que ten como finalidade "apoiar a incorporación estable de investigadores de excelencia científica nos organismos públicos de investigación e nas universidades do Sistema Universitario de Galicia".

Para a Administración galega, o Programa Isidro Parga Pondal ten como finalidade apoiar a inserción, nos centros de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, de doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos nacionais e estranxeiros (artigo 10 do Anexo I da orde do 31 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do Programa Isidro Parga Pondal). Non se trata polo tanto dun programa de consolidación. A consolidación de investigadores forma parte da política de persoal das institucións nas que se insiren estes investigadores e a Dirección Xeral de I+D+I neste ámbito non ten máis competencia que a política de fomento.

En relación coa consolidación tamén é preciso ter en conta que no ano 2011, os organismos públicos de investigación, singularmente as universidades do SUG, quedaron suxeitos ás limitacións que no artigo 290 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de

orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 se estableceron no número de prazas de novo ingreso do persoal do sector público (máximo 10% da taxa de reposición).

Neste mesmo sentido suscitáronse conflitos en relación co compromiso de estabilización dos investigadores Ramón y Cajal que obtiveron a avaliación positiva no programa I3. Esta institución coñeceu, sobre este asunto, o expediente Q/1977/10. Este compromiso de estabilización traduciuse por parte da USC, na creación dunha praza de profesor contratado doutor ou de profesor titular de universidade para facilitar a estabilización daqueles investigadores que, finalizado o seu período de contrato teñan a avaliación positiva do Programa I3 e estean acreditados a algunha destas figuras de profesorado. É dicir, para a USC o compromiso alcanza, pois, a creación e saída a concurso da praza, pero non unha estabilización directa ou automática, pois toda administración pública está obrigada a garantir un acceso ao emprego público a través de procesos selectivos transparentes e públicos que observen os principios de igualdade, mérito e capacidade. Isto é así, pero os órganos de Goberno da Universidade, que asumen de xeito directo o compromiso, asumen tamén que non pode ser unha vía á que se lle dea un cumprimento exclusivamente formal, coa mera aprobación e convocatoria da praza, senón que hai que evitar que o resultado de estabilizar, que é o obxectivo, se poida ver afectado por outros intereses. Especialmente, cando os procesos, como no presente caso, foron problemáticos e producen reclamacións, ata na vía xudicial.

Neste sentido, alcanzáronse no seu momento acordos na Universidade de Santiago (por exemplo, a reunión do Consello de Participación Sindical da USC, de abril de 2006) nos que se creaban prazas, aínda en áreas excedentarias, xustificadas co fin de conservar na USC persoal de solvencia contrastada por ser investigadores do programa Ramón y Cajal cos seus contratos finalizados ou a piques de finalizar, con valoración I3 positiva e que contaran coa acreditación necesaria para concorrer ás citadas prazas. O obxectivo sería, por unha banda, incorporar establemente a este persoal e por outra, solicitar e manter un financiamento adicional que doutra forma se perdería. A proposta partiu da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

Desde hai un tempo, estase buscando unha solución ao grave problema de inserción no sistema de ciencia e tecnoloxía dos investigadores contratados polo programa Ramón y Cajal. Inténtase nestes momentos que estes científicos, que teñen na súa inmensa maioría un alto nivel, poidan ser contratados indefinidamente por universidades e organismos públicos de investigación. Este é o sentido da nova figura proposta do contrato de investigador. Como é sabido, o programa Ramón y Cajal naceu en 2001 coa intención de aumentar o número de bos científicos, insuficiente en España segundo todos os baremos. Considerouse o primeiro paso para establecer unha carreira científica nas institucións de investigación pero o reiterado incumprimento por parte das Universidades e OPIs dos seus compromisos de estabilización fai que o esforzo de formación, financeiro e persoal dedicado a estes investigadores resulte, en moitas ocasións, inútil.

Por outra banda, as Universidades, e a de Santiago de Compostela entre elas, teñen que procurar establecer mecanismos que poñan en valor as avaliacións externas fronte aos sistemas internos clásicos de comisións para a provisión de prazas estables que adoitan reflectir determinados intereses das áreas ou ata dos departamentos que en moitas ocasións non garanten os principios de igualdade, mérito e capacidade na selección dos aspirantes. É absolutamente incomprensible que científicos que obtiveron unha avaliación positiva conforme a criterios obxectivos de excelencia no tramo final do seu contrato de cinco anos, poidan ser rexeitados nos concursos a prazas estables creadas ao amparo dos seus contratos no programa. Hai que recordar que a valoración I3 positiva implica que o Ministerio de Educación e Ciencia, por convenio coa comunidade autónoma, financia os tres primeiros anos dun contrato estable. A participación de axencias estatais de investigación e de Universidades públicas neste programa supón que asumen a creación de postos de traballo permanentes cun perfil adecuado aos contratados para financiar os compromisos co investigador, cuxos méritos investigadores e a achega de fondos públicos aos centros nos que se insiren, mediante proxectos e outros mecanismos, son un formidable pulo ao desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Na liña do esforzo de consolidación dun sistema competitivo de ciencia e tecnoloxía, a Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación pretende eliminar a precariedade dos postos destes investigadores impulsando a celebración de contratos con carácter

indefinido e dedicación a tempo completo. Para facer efectivo este compromiso, esta institución formulou á Universidade de Santiago de Compostela, unha suxestión para que, garantindo os principios de igualdade, mérito e capacidade, e conforme ás súas normas de organización e funcionamento e respectando a súa autonomía, estude as vías máis adecuadas para procurar a efectiva estabilización dos investigadores que sexan contratados pola institución ao amparo do programa Ramón y Cajal e que no desenvolvemento da súa actividade investigadora superen con criterios de excelencia a avaliación I3 correspondente.

Con todo, non parece fácil vencer os obstáculos que supón para a investigación a súa intensa dependencia da dispoñibilidade financeira, de decisións de natureza presupuestaria vinculadas á acción de goberno e moi condicionadas en tempos de crise económica, e tamén de principios xurídicos, en ocasións problemáticos na súa aplicación, como é a autonomía universitaria.

1.4.3.2.2. As xestións académicas por vía telemática

A través dalgunhas queixas presentadas individualmente, así como mediante varias chamadas telefónicas recibidas desde a apertura dos prazos de presentación de documentos relativos a distintas xestións académicas (preinscricións, matrículas en períodos ordinarios ou extraordinarios, cambios de matrícula, solicitudes de bolsas…), os reclamantes sinalaron dous problemas principais. As dificultades para acceder aos distintos procedementos exclusivamente por vía telemática non se limitaron aos inconvenientes para aqueles que, ao non contar con conexión a internet e material de impresión nos seus domicilios deberon desprazarse en numerosas ocasións a algún centro público que ofrecese servizos de internet gratuítos, senón que foron varias as dificultades xurdidas, entre as que citan, por exemplo, que tras numerosos intentos infrutuosos só se lograba a conexión coas páxinas web correspondentes en horario de madrugada; que nas ocasións nas que conseguiron acceder á aplicación informática da solicitude, deberon repetir de xeito reiterado o proceso desde o seu inicio por supostos fallos do sistema ou por terse superado o escaso tempo concedido para facelo; ou ben que, por problemas co servidor, non

recibiron a confirmación da solicitude ou a clave, imprescindible para presentar a solicitude unha vez cuberta e impresa, polo que debían procesalo repetidamente.

Tamén se atoparon con dificultades os reclamantes para poñerse en contacto telefónico con determinados servizos de axuda ou asistencia. Nalgúns casos, os problemas referíanse a bolsas convocadas polo Ministerio de Educación, polo que se trasladaron as reclamacións ao Defensor del Pueblo, competente para o seu tramitación. No ámbito da Comunidade Autónoma, referirémonos neste informe a algúns casos concretos que serven para ilustrar este problema.

Na Q/968/11, o reclamante queixábase de que a aplicación informática de automatrícula Xescampus non enviaba unha mensaxe automática de confirmación da matrícula realizada senón que era sempre o interesado o que debía xestionar esta confirmación. Segundo o recorrente en queixa, o erro na súa matrícula, ao non activar a opción correspondente á convocatoria extraordinaria de decembro, o que lle impediu presentarse a dúas materias nela, foi producida por unha deficiencia da aplicación informática que non envía ao usuario ningunha mensaxe de confirmación da concreta matrícula realizada, o que é, sen dúbida, un fallo da aplicación pois é fácil que o proceso, tal e como está concibido, poida xerar no alumno erros, inseguridade sobre o que finalmente se gravou, ou ata a convicción de que non se visualizan nin se poden imprimir determinadas opcións feitas nun combo (circunstancia que se produce en moitas aplicacións informáticas) pero que quedan gravadas no sistema.

Inicialmente, o documento xustificativo para o alumno que se lle facilita como confirmación da matrícula realizada é unha folla de liquidación que consiste no que na linguaxe informática se denomina "captura de pantalla". Como o propio informe pon de manifesto, o que imprime o alumno é a imaxe que visualiza na pantalla do ordenador, na que se mostra unha fase concreta do proceso de matrícula. Esta captura, por unha banda, non acredita que o proceso foi concluído posto que non impide modificalo logo da impresión. Por outra banda, as capturas de pantalla non teñen valor probatorio nin certifican a veracidade do proceso pois, como é sabido, determinados elementos da

pantalla capturada poden ser manipulados despois, ao pegar a imaxe, por medio de moitas ferramentas informáticas de uso común.

A esta circunstancia, engádese o feito de que a Universidade non fai públicas as listas de alumnos matriculados en cada unha das materias, coas convocatorias de exame elixidas, excepto no momento de xerar as actas de cualificación, o que se produce nun momento moi posterior.

Parece claro que a confusión producida na matrícula do alumno débese a un deficiente deseño da aplicación. O feito de que afectase a un só ou a moitos (e esta institución ten coñecemento de que se produciron erros no proceso de auto matrícula do curso 2010-11 nunha porcentaxe significativa de alumnos), non modifica a conclusión de que a orixe do problema está en que non se arbitraron mecanismos en soporte físico ou virtual (listas públicas en papel ou na web dos alumnos inscritos nas distintas convocatorias das materias da titulación con carácter inmediato á finalización do prazo do proceso de auto matrícula, mensaxes de confirmación a cada usuario, relación de materias e convocatorias na secretaría virtual que confirmen a matrícula realizada ... e calquera outra ferramenta que respecte o dereito do alumno a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesado, como é a matrícula, e a obter copia con selo dos documentos contidos en tales procedementos, coa necesaria seguridade xurídica.

A observación feita pola directora da Área de Xestión Académica de que non constan incidencias relativas ao proceso de matrícula do alumno só pode entenderse aplicable aos mecanismos de consulta e atención ao usuario previstos pola Universidade para resolver os problemas que xorden á hora de realizar a matrícula e que se advirten nese instante. Si que constan incidencias relativas ao proceso de matrícula do interesado por outras vías: os escritos de reclamación presentados ante os propios órganos da Universidade e o escrito de queixa ante esta Institución.

Por todo o anterior, esta institución formulou a recomendación de que a aplicación informática de auto matrícula Xescampus sexa modificada de forma que o sistema poida

xerar unha mensaxe de confirmación da matrícula efectivamente realizada ou se estableza outra ferramenta física ou virtual pola que o alumno poida conseguir toda a información relativa ao proceso de matrícula coas garantías legalmente exixibles aos procedementos administrativos nos que ten a condición de interesado. De acoller esta recomendación, é necesario que a área de Xestión Académica e o Servizo de Alumnado procedan a corrixir os procesos de auto matrícula nos que, como o que deu lugar ao presente expediente de queixa, se acredite que se produciu un erro na matrícula realizada derivado da defectuosa xustificación do trámite realizado.

Tanto a xefa do Servizo de Alumnado como a directora da Área de Xestión Académica mostraron a súa disposición a corrixir as eventuais deficiencias da aplicación, no marco máis amplo das demais Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) que utilizan o mesmo sistema de automatrícula.

Tamén a aplicación NERTA que utiliza a Comisión Interuniversitaria de Galicia xerou algúns problemas, aínda que a Comisión non aceptou as conclusións da investigación realizada pola institución con ocasión da Q/1713/11. No seu escrito, o interesado esencialmente indicábanos que presentaba a súa queixa pola falta de resposta da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) ás instancias presentadas por el para que se lle permitise realizar a súa preinscrición fóra de prazo na titulación 2002- Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, no campus de Pontevedra, ao ter constancia de que a aplicación informática NERTA non rexistrara a súa preinscrición feita online no mes de xuño. Achegou no seu momento un escrito do xefe da área de Servizos á Comunidade do campus de Pontevedra, no que fai constar e certifica que o día 13 de xullo de 2011 se presentou nas dependencias administrativas do lugar de entrega e recollida de documentación (LERD) nº 7 o estudante D. G.A.P., para solicitar que se lle admitise a súa preinscrición fóra de prazo, debido a que o trámite que realizou, dentro de prazo, "on line" na páxina web de CIUG non fora debidamente gravado e, polo tanto, tramitada a súa preinscrición, tendo en conta que el non aparecía nos listados de admitidos, malia ter unha nota superior á do último alumno admitido. En ningún momento se lle pediu por parte do persoal do LERD que presentase a súa solicitude de preinscrición fóra de prazo nun impreso oficial.

Na orixe dos problemas xurdidos para a matriculación do alumno parece atoparse un uso incorrecto da aplicación informática NERTA xa que non quedou correctamente gravada a solicitude de preinscrición feita polo interesado. Con todo, a propia configuración da ferramenta parece que pode xerar problemas deste tipo ao non terse establecido na aplicación, con carácter automático, a emisión dun xustificante do proceso realizado. Esta institución vén insistindo no feito de que a substitución de procesos manuais por procesos informáticos ten que articular as suficientes garantías, principalmente cando conteñan actos administrativos, é dicir, nun sentido amplo, declaracións unilaterais de vontade realizadas no exercicio dunha función administrativa que producen efectos xurídicos individuais de xeito inmediato. Estas garantías deben concretarse na expedición automática por parte do sistema ou da aplicación de xustificantes ou mensaxes automáticas de confirmación dos procesos realizados. É dicir, de mecanismos de proba e recoñecemento formal da validez dos documentos e comunicacións emitidos por vía telemática. Esta é, xustamente, unha pretensión e un obxectivo da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común cando se refire á modernización e tecnificación dos medios operativos na administración. Neste sentido, son aplicables os artigos 58, 59 e 60 da Lei 30/1992 no relativo á eficacia dos actos administrativos e a necesaria constancia destes por parte do interesado.

Polo tanto, non é suficiente con que o alumno "poida imprimir" un xustificante da operación realizada, é dicir, un xustificante obtido de xeito potestativo. É imprescindible que sexa xerado automaticamente unha mensaxe de confirmación. Constitúe esta a única proba de que o proceso finalizou correctamente e a constancia oficial para o alumno dos termos exactos do trámite administrativo feito. Esta é unha práctica común nas operacións privadas que se realizan de xeito virtual e de numerosas operacións no ámbito administrativo. Hai que recordar o disposto no artigo 45. 5 da Lei 30/1992 sobre a incorporación de medios técnicos:

"Os documentos emitidos, calquera que sexa o seu soporte, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos polas Administracións Públicas, ou os que estas emitan como copias de orixinais almacenados por estes mesmos medios, gozarán da

validez e eficacia de documento orixinal sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación e, no seu caso, a recepción polo interesado, así como o cumprimento das garantías e requisitos esixidos por esta ou outras Leis".

Por outra banda, no intento por parte do alumno de corrixir a situación producida polo deficiente funcionamento do sistema informático (polo menos no grao de certeza por parte do usuario do trámite feito e de que os datos fosen gravados), o LERD nº 7 non informou ao alumno da necesidade de presentar a súa solicitude de preinscrición fóra de prazo no impreso oficial. De terse feito así, a solicitude oficial estaría cursada dentro do prazo para incorporar o alumno aos listados de admitidos, tendo en conta que cumpría todos os demais requisitos académicos en canto á súa nota de acceso e ás probas de aptitude.

En canto ás cuestións relativas ao procedemento administrativo común, non é aceptable a dilación por parte da CIUG en dar resposta ás instancias do interesado, aínda menos neste tipo de procesos de matrícula que se caracterizan por prazos preclusivos notablemente breves. Transcorreron máis de dous meses sen que os seus escritos á CIUG fosen respondidos.

A institución do Valedor do Pobo comparte integramente o criterio exposto nunha resolución do Defensor del Pueblo de 19 de xaneiro de 2010 no sentido de que é certo que o artigo 45 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, estableceu que as administracións públicas impulsarían o emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, constituíndo a implantación deste tipo de sistemas de matrícula (tamén nas Escolas Oficiais de Idiomas) ou a presentación de solicitudes de beca por medios telemáticos unha actuación acorde co espírito deste precepto.

No entanto, o carácter de exclusividade que se vén conferindo a este sistema para cumprimentar este tipo de trámites contrasta, por exemplo, coa amplitude de fórmulas que a mesma lei arriba citada propicia para que os cidadáns poidan presentar as solicitudes,

escritos e comunicacións dirixidas ás administracións públicas (artigo 38) e coas facilidades que dispón para a intervención dos cidadáns nos procedementos administrativos (artigo 85).

Noutra orde de cousas, a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, contempla a relación coas administracións públicas por medios electrónicos como un dereito dos cidadáns e unha obrigación correlativa para tales administracións, pero non como unha obrigación para aqueles, e a finalidade que a mencionada lei persegue non é só simplificar os procedementos administrativos, que é un fin reiteradamente invocado polos órganos aos que se solicitou informe en relación con este problema, senón, entre outros, facilitar o acceso dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación das barreiras que limiten o devandito acceso, así como crear as condicións de confianza no uso dos medios electrónicos.

A propia lei prevé tamén o acceso dos cidadáns aos servizos electrónicos proporcionándolles asistencia e orientación sobre a súa utilización, así como servizos de atención telefónica que faciliten o devandito acceso (artigo 8), e proclama expresamente o dereito dos cidadáns a elixir en todo momento o xeito de comunicarse coas administracións públicas, sexa ou non por medios electrónicos (artigo 27). A dita Lei 11/2007, de 22 de xuño, que pon ao cidadán e os seus dereitos na base de todo, foi parcialmente desenvolvida polo Real decreto 1671/2009, de 6 de novembro, norma que pretende establecer un marco o máis flexible posible na implantación dos novos medios, coidando os niveis de protección de dereitos e intereses previstos tanto na Lei 11/2007, de 22 de xuño, como na lexislación administrativa xeral.

Por outra banda, considera a institución do Defensor del Pueblo e comparte plenamente esta institución que, á luz do previsto na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, cabería considerar aceptable a esixencia de cumprimentar este tipo de xestións académicas (preinscricións, matrículas, bolsas..) só a través de aplicacións informáticas unicamente se quedan en todo caso garantidos os principios xerais recollidos no seu artigo 4, e en especial o principio de accesibilidade aos

servizos por medios electrónicos, a través de sistemas que garantan a accesibilidade universal e o deseño para todos os soportes, canles e contornos con obxecto de que todos os cidadáns poidan exercer os seus dereitos en igualdade de condicións; así como o de legalidade en canto ao mantemento da integridade das garantías xurídicas dos cidadáns ante as administracións públicas establecidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tendo en conta que o anterior require un previo e paulatino desenvolvemento xeneralizado dos medios técnicos necesarios, e sobre todo, a posta a disposición dos cidadáns de puntos de acceso a través dos cales poidan cumprimentar o concreto trámite procedemental sen restricións, debería entre tanto contemplarse a formalización destes trámites de xestión académica por vía telemática só como unha opción non excluínte do sistema de presentación tradicional, e iso co fin de evitar que as vantaxes que se pretenderon con este sistema supoñan unha desvantaxe para os intereses dos aspirantes a participar neste tipo de procesos.

1.4.3.2.3. Os títulos propios

A Lei orgánica de universidades establece que as universidades españolas, ademais da oferta de ensinos superiores oficiais, recollidas no Catálogo de Títulos Universitarios Oficiais, poden establecer outro tipo de ensinos conducentes á obtención de diplomas e títulos propios que non teñen carácter oficial nin validez en todo o territorio nacional. Estes ensinos propios permiten ás universidades responder á demanda social de formación especializada nos distintos campos de coñecemento que xeralmente non está incluída nas titulacións oficiais. Aínda que todas as universidades utilicen a mesma denominación para estes títulos, a ampla autonomía da que gozan para o deseño de títulos propios fai que non sempre haxa homoxeneidade entre elas nas características fundamentais destes programas: duración, créditos, prezos ou requisitos de acceso. No entanto, hai unha serie de notas comúns propias destes programas. En primeiro termo, que o título que outorgan non ten carácter oficial nin ningún recoñecemento no estranxeiro, xa que logo a súa realización está máis orientada ao recoñecemento profesional que ao

académico. Nalgúns casos, con todo, poden estar homologados por empresas públicas ou privadas que participaron ou colaboraron no establecemento dos ensinos polas súas necesidades concretas de profesionais especializados nunha materia ou actividade determinada. Os ensinos teñen un carácter máis práctico e relacionado co contorno laboral, o cal permite ao alumno especializarse desde un punto de vista profesional máis que teórico. Con todo, hai que contrapoñer claramente os ensinos regulados oficiais de carácter universitario con outros títulos non oficiais.

Esta institución coñeceu algúns expedientes de queixa relacionados con este tipo de títulos. Dúas destas queixas (Q/124/11; Q/839/11) refírense ao título propio que a Universidade de Vigo imparte en ESDEMGA, siglas que se corresponden cos Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galicia, en Pontevedra. No seu escrito, o interesado indicábanos que presentaba a súa queixa polas irregularidades cometidas pola Universidade de Vigo en referencia á denominación e impartición da titulación Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda coma se se tratase dun título oficial, afirmando na súa publicidade que "son os únicos estudos de carácter universitario en Galicia", cunha estrutura en créditos ECTS (Plan Bolonia). Nesta situación, algúns alumnos formalizaron a súa matrícula na titulación Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda, no convencemento de que se trataba dun título universitario oficial adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior. O recorrente en queixa afirmaba que "a *Lei orgánica 6/2001 de 21 de decembro indica claramente na disposición adicional 19ª que só poderá utilizarse a denominación universidade para títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, así como que NON se utilizarán aqueloutras denominacións que polo seu significado poidan inducir a erro cos títulos. O R.D. 1125/2003 no cal se establece o sistema europeo de créditos (ECTS), só é de aplicación a titulacións oficiais. No plan de estudos aprobado en Consello de Goberno o 18/03/04 e a guía de estudantes figuran os créditos indicando que son ECTS (o que segundo o R.D. 1125/2003 só é de aplicación a titulacións oficiais)".*

A tal fin, solicitouse do reitor da Universidade de Vigo que informase sobre a natureza do título impartido: se se trataba ou non dun grao universitario adaptado ao EEES, e, en consecuencia, se é un título universitario oficial válido en todo o territorio do Estado.

No informe recibido sinálase que na sesión do Consello de Goberno da Universidade de Vigo que tivo lugar o 11 de marzo de 2004, aprobouse o "Título propio de Estudos Superiores de Deseño Téxtil e Moda". De conformidade co establecido no artigo 1 da normativa de títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo, os títulos propios "non substituirán os ensinos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do estado español". Polo tanto, a titulación de ESDEMGA non é un grao universitario adaptado ao EEES, senón que é unha titulación propia da Universidade de Vigo, como queda reflectido desde a súa creación nos órganos universitarios.

Á vista do contido do informe e da documentación achegada polo interesado, esta institución constatou que se estaba producindo unha situación grave e que podía orixinar, como neste caso, prexuízos de moi difícil reparación. Esa situación consistía en impartir un título propio cunha denominación e unhas características que podían inducir a confusión en canto á natureza dos estudos ofertados. Esa confusión empeza cando se fai referencia a estudos de carácter universitario en Galicia. No coñecemento xeral, por estudos de carácter universitario adoita entenderse un título universitario oficial. É certo que son estudos de carácter universitario os que se cursan nas Universidades, pero indúcese a un grave erro cando se fala de "Graduado Universitario" para referirse a un título propio, porque os actuais títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional son tamén graos universitarios. Os estudos de Grao en Deseño cúrsanse nas Escolas Superiores de Deseño -artigo 58 de LOE e artigo 2 do R.D. 633/2010-. A superación dos ensinos artísticos de Grao en Deseño dá lugar á obtención do Título de Graduado ou Graduada en Deseño, especificando a especialidade correspondente. O título de Graduado/a en Deseño ten carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional, e é equivalente para todos os efectos ao título universitario de Grao. En cambio, o título de Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda da Universidade de Vigo non é un título oficial.

O Regulamento de títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo, no seu artigo 3 establece: "*A denominación dos títulos propios da Universidade de Vigo nunca poderán coincidir coa dos homologados oficialmente, nin inducir á confusión*

con estes. Así mesmo, non poderán incorporar os elementos identificativos que a lexislación vixente estableza para os títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do estado español, expedidos no nome do Rei polo reitor/a.

En todo caso os títulos, diplomas e certificados a que dean lugar os ensinos propios da Universidade de Vigo carecerán dos efectos académicos plenos e da habilitación para o exercicio profesional que as disposicións legais lles outorguen aos títulos universitarios oficiais que lle compete establecer ao Goberno".

Hai que destacar o feito de que, por oficio de 27 de novembro de 2008, do director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia comunicou ao reitor da Universidade de Vigo que *se están ofertando pola Universidade de Vigo os títulos non oficiais denominados "Graduado Universitario en Ciencias Policiais" e "Graduado Universitario en Detective Privado".*

Recórdaselle que, de acordo co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4 /2007, de 12 de abril, só poderán empregarse as denominacións propias de ensinos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional cando fosen autorizadas ou recoñecidas de acordo co disposto nesta. Tampouco poderán empregarse aqueloutras denominacións que, polo seu significado, poidan inducir a confusión con aquelas.

Fáiselle notar tamén que a disposición adicional undécima do Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, disposición relativa aos títulos non oficiais, establece que na expedición destes títulos, o seu formato e denominación será realizada de forma que non poida inducir a confusión cos títulos que se establecen no devandito Real decreto, entre eles o de Graduado, recollido no artigo 9.

Polo anterior requíreselle para que cese a publicidade e proceda á modificación da denominación dos títulos non oficiais da UVIGO en "Ciencias Policiais" e "Detective

Privado", de xeito tal que se elimine a referencia a "Graduado" ou "Grao" e non se induza a confusión con ensinos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais.

A situación é idéntica neste caso, pero non se actuou de igual xeito cando o título se imparte nunha Facultade universitaria e a Secretaría de alumnos se atopa no mesmo centro, a Facultade de Belas Artes, en Pontevedra. É dicir, ao amparo da estrutura académica oficial, o que redunda na aparencia de que é un grao universitario.

Por todo o anterior, esta institución fixo a recomendación de que a Universidade de Vigo adoptase todas as medidas necesarias para eliminar dos seus títulos propios calquera mención que puidese inducir a confusión con títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado español, aclarando na súa publicidade o significado e alcance dos títulos propios. En particular, eliminar a denominación mesma de grao universitario para referirse a estes títulos na súa páxina web, nos certificados académicos persoais expedidos polos centros e noutros documentos nos que se conteñan menciones ao título propio.

Sobre esta mesma titulación presentouse a Q/839/11, contra a normativa que regula a materia de proxecto de fin de estudos ou traballo académico equivalente pertencente ao 2° cuadrimestre do terceiro curso segundo o plan de estudos aprobado en Consello de Goberno do 18/3/2004. O informe remitido pola directora da titulación, en referencia á impugnación da normativa que regula o Proxecto Final de Carreira dos Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galicia, manifesta o seguinte: “Os Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda, Titulación Propia da Universidade de Vigo non ten no seu plan de estudos ningunha materia que se chame "Proxecto fin de carreira", senón unha materia chamada "Proxecto Fin de Estudos". Con todo, na páxina web de ESDEMGA, figuraba por dúas veces a denominación Proxectos Fin de Carreira baixo o epígrafe xeral “Proxectos Fin de Estudos”. Polo tanto, o emprego indistinto de ambos termos era común na información relativa a esta materia e facíase así desde o propio centro. A denominación “Proxecto final de carreira” é precisamente a que figura no plan de estudos oficial conducente á titulación propia e na súa descritor, segundo copia do plan de estudos oficial achegada co seu informe pola secretaria xeral.

Sinala a directora da escola que «a "*Normativa de Proxectos Fin de Estudos*" é unha guía docente que non é aprobada en Xunta de Centro, xa que non é unha materia dun título conducente a unha titulación oficial, deste xeito a mencionada normativa é aprobada pola comisión académica do título composta polo equipo de dirección do Título Propio. Nese sentido os actuais proxectos fin de grao e proxectos fin de máster que se imparten no centro son aprobados igualmente na comisión académica ou similar de cada título, non nas Xuntas de centro».

Con todo, á vista do seu contido, é evidente que se trata en sentido técnico dunha normativa e non dunha guía docente. Regula cuestións que non forman parte das guías docentes, denomínase "Normativa proxectos fin de estudos", e establece as bases e as normas sobre definición, adxudicación, presentación, cualificación e tramitación administrativa dos PFE, aspectos moitos deles que quedan fóra do contido propio dunha guía docente. Para rematar, contén unha disposición final relativa a que a "normativa" entrará en vigor a partir da data da publicación. As guías docentes non entran en vigor. Establece a "iniciativa para a reforma de calquera artigo do presente regulamento" e o trámite que deberá facerse. En conclusión, aínda que agora se afirme que é unha guía docente, ten natureza de regulamentación. Por este motivo, incumpriuse neste suposto o artigo 43 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo, no que se sinala que entre as funcións da Xunta de Centro se atopa a regulamentación relativa á realización de proxectos de fin de carreira, tese de licenciatura e ensinos e actividades complementarias esixidas para obter os títulos, ámbito no que se inclúen os proxectos de fin de estudos. Por esta razón, ten motivo o recorrente en queixa para solicitar a nulidade da actual normativa por terse aprobado por un órgano sen competencia para facelo como é a Dirección da titulación.

Tamén resulta problemática a estimación da carga de traballo do alumno á realización do traballo proposto e o relativo ao pago das taxas de presentación do proxecto, que non se considera unha materia dentro do plan de estudos senón unha proba final. Con todo, a maior parte da información que recibe o alumno non se corresponde con este criterio. Aínda que a materia non figura entre as materias do terceiro curso na folla de matrícula, na propia normativa do PFE dise: "*O PFE é unha materia obrigatoria situada*

no último cuadrimestre da titulación". Debería corrixirse o feito de que o proxecto apareza integrado xunto coas materias do terceiro curso e computando a súa carga lectiva no total de créditos a cursar. Deberían adoptarse as medidas necesarias para que no plan oficial resulte claro que o título se obterá unha vez superados os tres cursos académicos da especialidade e o PFE e que só é posible presentarse ao Proxecto Fin de Estudos cando consten aprobados todos os créditos dos tres cursos.

Por todo o anterior, procedeu facer á Universidade de Vigo a recomendación, en relación co Título Propio de Graduado Superior en Deseño Téxtil e Moda impartido por ESDEMGA, de que a denominación oficial da materia sexa a mesma no plan oficial de estudos e no resto da documentación relativa ao título propio e non se induza a confusión empregando indistintamente as dúas denominacións: Proxecto Fin de Estudos ou Proxecto Fin de Carreira. No mesmo sentido que sinalaba o Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo, a normativa que regula o Proxecto de Fin de Estudos ou traballo académico equivalente debe ser aprobada pola Xunta de Centro ou órgano competente. O contido obrigatorio do proxecto debe axustarse á carga lectiva deste, catro créditos, non considerando que os catro créditos ECTS se fixan en relación a unha serie de horas de titoría de dirección do proxecto, é dicir, a 40 horas de titoría; e, finalmente, que o Proxecto Fin de Estudos non figure entre as materias do segundo cuadrimestre do terceiro curso nin se computen os seus créditos nel, senón como unha proba final que esixe ter superadas as materias ordinarias do título propio. Deste xeito eliminaríase tamén o problema derivado do pago das taxas do proxecto, cando o alumno pode entender que pagou xa por todos os créditos do curso completo. A recomendación foi expresamente aceptada.

Finalmente, ao fío deste expediente e doutros máis, como o Q/1690/11, abriuse unha queixa de oficio (Q/1874/11) relativa á propiedade intelectual dos proxectos de fin de grao, de fin de estudos ou traballos académicos equivalentes. Non existe neste campo un criterio unánime na universidade española. Algúns centros configuran os proxectos de fin de estudos ou de fin de carreira como obras en colaboración, mentres que outros consideran que é propiedade do autor. A propia Universidade de Vigo, para traballos académicos equivalentes noutros centros, establece que a propiedade é só do autor, é dicir, do alumno. Este é tamén o criterio xeral para outro tipo de traballos académicos tutelados

como son as teses doutorais. O feito de que un traballo académico estea tutelado non o converte nunha "obra en colaboración", no sentido regulado polo artigo 7 do Real decreto lexislativo 1/1996. Hai que subliñar que o artigo 7 *do Real decreto lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia,* fala de obras que son resultado unitario da colaboración de varios autores, é dicir, na que todos eles comparten a condición de coautor. O caso típico dáse no campo científico, no que é habitual a coautoría de traballos, artigos e publicacións en revistas científicas.

Con todo, un traballo académico tutelado que forma parte do plan de estudos como unha materia específica, e que ten que pasar por un proceso de avaliación e cualificación para poder obter o título, non debería ser considerado unha obra en colaboración xa que o titor non é nunca un coautor (entender o contrario levaría ao paradoxo de que tamén os titores dos PFE aprobarían ou suspenderían na avaliación do proxecto) porque a súa actividade deriva de dar cumprimento a un deber docente asumido de xeito voluntario (dirixir os traballos académicos do alumnado) e porque en ningún caso ten a condición de autor xa que non crea (no sentido do art. 5 do Real decreto lexislativo 1/1996), senón que tutela ou dirixe. É o alumno quen se matricula do PFE, quen paga as taxas da proba, quen crea a obra orixinal, quen defende o proxecto, quen pode solicitar cambio de director (o que redunda no argumento de que non é obra en colaboración) e quen aproba ou suspende.

A cuestión é particularmente relevante, porque da condición de autor dependen os dereitos de explotación da propiedade intelectual que a lei recolle, cun contido económico innegable. No ámbito concreto da Universidade de Vigo, non existe unha regulamentación uniforme. Algúns centros recollen a propiedade intelectual compartida dos PFC ao 50% entre autor e director (enxeñería). A OTRI, pola súa banda mantén que "a *propiedade intelectual segundo a Lei de propiedade intelectual, corresponde sempre ao autor. A Universidade de Vigo non ten norma respecto diso, pero esta lei é de ámbito nacional. No tipo de traballos que me preguntas hai veces que a persoa que elabora o traballo pode recoñecer ao seu director de proxecto, tese, dereitos de propiedade intelectual tamén pola implicación que tivese no traballo. En normativas recentes, como a Lei de Economía*

Sostible e a nova Lei da Ciencia, séguese recoñecendo ao autor a propiedade intelectual, pero os dereitos de explotación desa propiedade outórganse a universidades e centros de investigación, se o autor traballa nestes centros."

Por esta razón, parece urxente regular adecuadamente esta cuestión dentro da normativa xeral das universidades para evitar discriminacións ou regulamentacións contraditorias dentro das distintas institucións. Por este motivo, a institución do Valedor do Pobo está facendo unha investigación sobre este aspecto, cuxas conclusións comunicaranse no seu día.

1.4.3.2.4. Algúns casos conflitivos

Un dos expedientes nos que convén facer fincapé é o Q/2210/10. No seu escrito o interesado indicábanos a súa desconformidade coa xestión feita pola Universidade da Coruña (UDC) da bolsa Leonardo da Vinci para estancias formativas no estranxeiro, da que resultou beneficiaria a UDC e na que el foi participante. O informe da Universidade da Coruña tivo rexistro de entrada nesta institución o día 9 de febreiro. Da análise do informe, despréndese que a UDC atribúe ao participante unha actitude de obstrución e negatividade, non aceptando as alternativas propostas, negándose a recoller documentación, esixindo que diversas instancias da UDC se puxesen en contacto con el e condicionando o seu retorno a España. O informe conclúe afirmando que "*procede contestar que a Universidade da Coruña cumpriu en todo momento coa legalidade vixente e cos compromisos adquiridos nas bases reguladoras do programa Leonardo Hac Luce", intentando por todos os seus medios o cumprimento dos compromisos da empresa participante de devandito Programa*".

Á vista do sinalado no informe, non quedaban claras determinadas cuestións suscitadas no escrito de queixa e das que se lle solicitou aclaración. En concreto, as razóns polas que o recorrente estivo corenta e dous días en Portsmouth sen facer nada, sen gastos cubertos, e intentando resolver persoalmente o problema. A empresa que contratou a UDC á que o recorrente en queixa aboou os 3 250 euros da bolsa, non lle atopou traballo no prazo de tempo estimado para que puidese cumprir os requisitos e recibir a subvención. A

cuestión principal era esclarecer cal fora a actitude da UDC ante a reclamación de responsabilidades á empresa intermediaria e ao aboamento das cantidades satisfeitas, como expoñía o interesado no seu escrito de queixa. En abril, a UDC remitiu un oficio asinado polo secretario xeral ao que se achegaban copias dunha serie de correos electrónicos, sen máis aclaración nin valoración das consideracións recollidas no escrito desta institución.

Con data de 23 de maio, solicitamos ao Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE) que informase sobre o caso, á vista da actitude da UDC e por existir un absoluto desacordo sobre a situación entre a entidade beneficiaria do programa, a UDC, e o participante. Con data de 24 de xuño, foi recibido o devandito informe do OAPEE, asinado polo director da División Leonardo da Vinci. O informe do organismo autónomo confirmou todos e cada un dos extremos denunciados no escrito de queixa, polo que esta resultaba claramente fundada. A súa percepción do problema, por ser unha das partes asinantes do convenio de subvención era especialmente significativa. Do conxunto do informe concluíase sen dúbida que a UDC como beneficiaria era a responsable única das deficiencias na prestación do servizo de acolleita que puido dar o intermediario designado pola UDC, neste caso, a empresa Training Vision. A circunstancia anómala da práctica feita pola UDC de pago indirecto ao intermediario polos servizos de acolleita foi tamén censurada polo organismo autónomo, dado que este sistema debilita a súa posición respecto ao socio intermediario, xa que se impide un contrato directo entre beneficiario e prestador de servizos, cunhas condicións contractuais que garantan a calidade esixida no ámbito do programa de Mobilidade Leonardo da Vinci. A interrupción da estancia non se entendeu por mor de forza maior (artigo 1.2 do contrato de financiamento entre OAPEE e UDC, segundo Anexo 1), senón a unha deficiente prestación do servizo de acolleita, imputable ao beneficiario UDC.

Os criterios técnicos e legais para o reembolso das cantidades aboadas viñan expostos con toda claridade no informe: “Comunicamos á UDC que debe requirir ao intermediario a devolución das cantidades adiantadas para aloxamento e mantemento, así como para xestión da mobilidade.”. “Indicamos á UDC que de todos os xeitos deberá facerse cargo de reclamar ao intermediario a devolución íntegra das cantidades recibidas, ao non cumprir co seu cometido de facilitar un posto en prácticas adecuado ao participante.

Débese aclarar que esas cantidades, en caso de recuperarse non pertencerían ao participante, senón á UDC que é quen as entregou xa ao participante como pago adiantado. En caso de non recuperalas, a UDC deberaas dar como perdidas, renunciando expresamente a reclamalas ao participante, malia non realizar este a súa estancia formativa".

Por todo o sinalado, considerouse necesario facer chegar á Reitoría da Universidade da Coruña a recomendación de que a UDC asumise, como responsable única, as deficiencias na xestión do programa de mobilidade Leonardo da Vinci denunciadas neste expediente de queixa, na prestación do servizo de acolleita ao participante e na consecuente interrupción da estancia formativa, e procedese á xestión do reembolso das cantidades satisfeitas no sentido indicado polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos procurando compensar ao participante por non cumprir co seu cometido de facilitarlle un posto en prácticas, tal como manifestaba literalmente o informe do OAPEE, da forma que puidese ser acordado entre eles. A UDC, entre as inaceptables dilacións na tramitación deste expediente que lle son imputables, tardou máis de tres meses en responder á resolución desta institución, facéndoo dunha forma xenérica e inconcreta. Tras solicitarlle que aclarase se a aceptaba ou non, e, en caso de ser aceptada, que medidas adoptaría para darlle cumprimento, persistiu na súa actitude de non responder ao noso oficio do mes de setembro polo que hai que entender que, de forma tácita, rexeita a recomendación formulada.

1.4.3.3.Ensinos de réxime especial

1.4.3.3.1. As escolas oficiais de idiomas

En febreiro de 2011 formulouse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha recomendación para que cesase a práctica irregular de percibir tres euros en concepto de entrega do sobre de matrícula na maioría das Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia, excepto na de Ourense. Con ocasión da presentación dun escrito de queixa, tívose coñecemento desta situación, sobre a que se solicitou informe. Nel, a

subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade de Sistema Educativo conclúe que esta práctica está amparada polo Decreto 201/2003 de 20 de marzo, que regula a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios. Con todo, esta normativa está regulando un suposto ben distinto que é a posibilidade que teñen estes centros de percibir entre os seus ingresos achegas económicas procedentes de legados e doazóns legalmente adquiridas, axudas e subvencións de calquera entidade ou institución privada, ou de particulares. (artigo 5º), que haberán de incluír no orzamento anual do centro. En ningún caso estas achegas voluntarias poden aparecer vinculadas á entrega de bens ou servizos por parte do centro educativo, sexa o sobre de matrícula, material didáctico ou calquera outra contraprestación. Refírese, con toda claridade, ao dereito dos centros a ser beneficiarios de actos de liberalidade, de legados e doazóns adquiridos legalmente ou de axudas de particulares, pero non de importes fixos anunciados no centro (neste caso, mediante carteis), a cambio de documentación, contabilizados de xeito irregular e cuxa percepción é acordada por un órgano de xestión do centro como é o Consello Escolar.

A cuestión aínda resultaba máis anómala polo feito de que a E.O.I. da Coruña percibiu no curso 2010-2011 as ditas cantidades no momento de entregar a documentación no centro, malia terse implantado a matrícula por internet e poder descargar toda a documentación sen necesidade de obter un sobre de matrícula.

Por este motivo, esta institución considerou que esta práctica debía cesar de xeito inmediato, polo que formulou á Consellería a seguinte recomendación: Que en diante, non se perciba nas EOI ningunha achega voluntaria vinculada á entrega do sobre de matrícula. Calquera gasto do centro que estea chamado a cubrir esta suposta achega voluntaria debe ser presupostado entre os gastos comúns e cuberto con taxas, prezos públicos ou outros ingresos tamén ordinarios.

En relación a esta resolución de 17 de febreiro, a Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinos de Réxime Especial respondeu que os prezos públicos correspondentes aos ensinos de réxime especial se estableceron a través do Decreto 147/2006, do 31 de agosto, polo que se modifica o Decreto 156/2002, do 18 de abril, polo

que se establecen os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. Nestas normas non se contempla o pago de ningunha achega en concepto de sobre de matrícula. Con obxecto de atender a recomendación realizada polo Valedor do Pobo de que en diante non se perciba por parte das EOI ningunha achega vinculada á entrega de sobre de matrícula, procederase a trasladar aos centros nos que se imparten ensinos de réxime especial das instrucións correspondentes para que a dita práctica deixe de realizarse.

No entanto, recibiuse novamente unha queixa relativa a un cobro non regular na EOI de Santiago de Compostela (Q/2160/11), ao amparo da autonomía de xestión económica que o Decreto 201/2003 (DOG 14/04/03) recolle para os centros docentes públicos non universitarios, aplicando o cobro de 3 euros ao seu alumnado en concepto de bono de fotocopias para o presente curso 2011-2012, amparándose no artigo 5.1 do citado decreto. A dita medida foi promovida desde a propia escola e foi aprobada polo Consello Escolar do centro, sen que en ningún caso, segundo informou a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, se enviaran instrucións a esta escola nin a ningunha outra solicitando o cobro das fotocopias que se entregan ao alumnado como parte do seu proceso de aprendizaxe.

No informe emitido pola EOI de Santiago a petición do servizo de inspección educativa, ponse de manifesto que o gasto en fotocopias do centro, cuxo uso na clase se establece como imprescindible no informe, supuxo nos anos 2009, 2010 e 2011 unha media do 8,5% dos gastos de funcionamento da escola, e que a dirección da EOI de Santiago entende que é necesario e posible trasladar este gasto ao alumnado para manter o equilibrio presupuestario do centro. Polo tanto, a dirección da EOI de Santiago decidiu elevar ao claustro a proposta, aprobada posteriormente polo Consello escolar, de vender un bono de fotocopias nominal e intransferible que todo o alumnado deberá comprar se quere conservar as fotocopias entregadas na clase, cun prezo de 3 euros.

A Consellería manifesta no seu informe que, seguindo a recomendación formulada polo Valedor do Pobo o 17 de febreiro de 2011 respecto dunha situación

análoga relacionada coas achegas voluntarias na EOI de Lugo, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, está elaborando unha proposta de modificación da normativa que regula os prezos públicos nestes ensinos.

Sobre este punto, habería que subliñar que a situación corrixida non é idéntica xa que a principal anomalía da situación anterior era vincular a entrega do sobre de matrícula a unha "achega voluntaria", non contabilizada nos centros como tal ou contabilizada de xeito irregular ao non estar nos orzamentos ordinarios das escolas. Neste caso, o bono ten por obxecto sufragar parcialmente os gastos de fotocopias xa que pola súa contía non pode cubrir, como resulta evidente, os gastos reais que representa para o centro o subministro de fotocopias. Entendemos que é a Administración a que ten que arbitrar os mecanismos pertinentes para percibir as taxas e prezos públicos que cubran estes gastos correntes, manifestando a Administración que este é o seu propósito.

Rexistráronse nesta institución varias queixas relativas ao uso de instalacións nas EEOOII (Q/1381/11, Q/1394/11, Q/1405/11, Q/1407/11, Q/1455/11). Nos seus escritos, esencialmente indicábannos que eran profesores da Escola Oficial de Idiomas da Coruña. Todo o profesorado con dedicación exclusiva pode impartir, ademais dos seus cursos normais, outras 75 horas lectivas (Artigo 3° do Decreto do 6 Xuño 2002 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, DOG n° 115/2002). Malia iso, a autorización da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación para que a Asociación de ex-alumnos da EOI da Coruña use as instalacións da escola para cursos de verán, durante o mes de xullo de 2011, estaba condicionada a que non impartiran os devanditos cursos os profesores das escolas de idiomas. Indicaban os interesados que noutras escolas de Galicia, a autorización da Xefatura Territorial para ceder as instalacións non esixía esta condición, de modo que o profesorado do propio centro e doutras escolas podía impartir os cursos sen problemas. Denunciaban que esta situación xa se produciu o ano pasado, cando se permitiu contratar libremente ao profesorado noutras escolas e se prohibiu na EOI da Coruña. Consideraban que esta situación supoñía unha discriminación da Escola Oficial de Idiomas da Coruña e o seu profesorado fronte a outras escolas de Galicia; unha discriminación do profesorado das escolas de idiomas fronte ao resto do profesorado doutros centros públicos e outro profesorado habilitado (institutos, universidades ...), que podía acudir á escola para

impartir as 75 horas permitidas; e unha lesión aos dereitos dunha asociación privada, xa que impide á asociación de ex-alumnos da Escola da Coruña contratar libremente o profesorado que considere oportuno. Foi recibido o informe remitido pola Consellería, asinado polo subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinos de Réxime Especial. Nel sinálase literalmente o seguinte:

"A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (BOE do 04/01/1985), establece, no seu artigo 19, diversas actividades que quedan exceptuadas do réxime de incompatibilidades. Entre as devanditas actividades, recóllense, no punto b) do devandito artigo, "A dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de setenta e cinco horas ao ano, así como a preparación para o acceso á función pública nos casos e forma que regulamentariamente se determine."

Pola súa banda, o Decreto 202/2002, do 6 de xuño, (DOG do 17/06/2002) sobre indemnizacións pola colaboración, con carácter non permanente nin habitual, nas actividades formativas organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios, establece só as indemnizacións ás que darán dereito a realización das devanditas actividades. Tendo en conta que as actividades obxecto da queixa, organizadas pola Asociación de antigos alumnos da EOI de Coruña, van dirixidas ao público en xeral e non se poden catalogar como actividades específicas para a formación do profesorado, enténdese que os profesores que presentan a queixa, en tanto que funcionarios públicos, non poden impartir os mencionados cursos.

Á vista do contido do informe e da situación referida no seu escrito de queixa, parece que, en efecto, a actividade que se pretendía realizar por parte dos profesores da EOI da Coruña nas instalacións da Escola era a de cursos de verán dirixidos ao público en xeral, cando a única situación de actividade docente non incompatible para un funcionario público é a de impartir "cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin

supoñan máis de setenta e cinco horas ao ano, así como a preparación para o acceso á función pública nos casos e forma que regulamentariamente se determine". Polo tanto, impartir estes cursos de verán está vedado por incompatibilidade a todos os funcionarios públicos, ao non cumprirse os requisitos legais para quedar excluídos. Por outra banda, do informe despréndese que a prohibición da actividade por incompatibilidade ten carácter xeral e afecta a todos os profesores de todas as escolas oficiais de idiomas.

Polo tanto, non se acredita a situación de discriminación do profesorado da EOI da Coruña fronte a outras escolas de Galicia que, de permitir esta actividade, o farían á marxe da normativa vixente. Como é sabido, non cabe reclamar trato de igualdade ou alegar discriminación cando se trata dunha actividade ilícita. O mesmo cabo dicir do profesorado doutros centros públicos, afectados igualmente pola incompatibilidade. Tampouco se lesionan os dereitos dunha asociación privada, xa que ningunha asociación privada pode contratar libremente a funcionarios públicos que están ao servizo da Administración, salvo dentro do marco legal de actividades compatibles.

1.4.3.3.2. O funcionamento dos conservatorios superiores de música

Un dos problemas dos que tivemos coñecemento na institución refírese ao horario de apertura destes centros de ensinos de réxime especial (Q/1004/11), especialmente para alumnos de Grao Superior, xa que o conservatorio abre os sábados de 10 a 13 horas, cando un alumno de piano ten que estudar moitas máis horas, sobre todo en época de exames, e non pode facelo noutro lugar que non estea debidamente insonorizado. Queixábase o alumno de que as bibliotecas universitarias teñen horarios de apertura moito máis amplos e en períodos de exame, abren ata a madrugada. No informe remitido pola Consellería afírmase que os ensinos superiores de música son ensinos de réxime especial non universitarias comprendidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Xa que logo, para a organización e funcionamento dos conservatorios de música estarase ao establecido na normativa aplicable aos centros de ensino non universitario. Os conservatorios de música, en tanto que centros públicos que imparten o ensino de réxime especial de música, están sometidos á normativa aplicable de carácter xeral no que alcanza

ao uso das instalacións. Neste sentido, a Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba a Lexislación orgánica dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento -de aplicación nos conservatorios de música, segundo establece o artigo 2 do Decreto 324/1996-, dispoñen, no punto 14, que como norma xeral, os institutos deberán permanecer abertos e a disposición da comunidade escolar en xornada de mañá e tarde, de luns a venres. Calquera excepcionalidade neste sentido deberá ser aprobada polo respectivo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo de solicitude motivada da dirección do instituto. A devandita solicitude farase coa proposta de horario xeral remitida á inspección educativa segundo se establece no punto anterior. En consecuencia, o informe conclúe que corresponde ao Conservatorio Superior de Vigo, no marco da súa autonomía organizativa e pedagóxica, valorar a eventual apertura do centro, fóra do horario establecido, no marco legal sinalado no parágrafo anterior.

Esta institución non comparte o criterio exposto no informe de que os conservatorios de música, en tanto que centros públicos que imparten os ensinos de réxime especial de música, están sometidos á normativa aplicable de carácter xeral no que se refire ao uso das instalacións. Trátase, como o seu nome indica, de ensino de réxime especial, o que non alude só a que se trata de estudos de carácter non universitario, senón a que a súa aprendizaxe esixe uns recursos materiais e humanos que exceden dos propios dos ensinos de réxime ordinario. Entre estes medios, é claro que se atopa a necesidade de practicar e preparar os exames cos correspondentes instrumentos, o que en multitude de casos non pode realizarse no propio domicilio. Por outra banda, a implantación de horarios extraordinarios en certos servizos educativos (o exemplo máis evidente é a prolongación de horarios nocturnos nas bibliotecas universitarias) é unha práctica case xeral.

Con todo, pola tramitación dalgún outro expediente de contido análogo, a solución do problema implica un incremento de gasto do centro para a contratación dun conserxe, un ordenanza ou un vixiante. É neste punto onde esta institución non pode impoñer un criterio administrativo que teña incidencia, por mínima que sexa, na execución do orzamento, xa que este ámbito é da competencia exclusiva dos órganos directivos e enmárcase na actuación política e de xestión económica da Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria, a través das súas Xefaturas Territoriais, e da aprobación da Inspección educativa. Naquilo que supoña un criterio que incremente o gasto, non nos cabe facer ningunha resolución.

Por outra banda, a consellería sinala que, por razón da autonomía organizativa e de xestión do propio conservatorio, correspóndelles valorar a eventual apertura do centro, fóra do horario establecido, no marco legal sinalado. Por este motivo, propúxose ao interesado que se promovera unha solicitude formal ante a dirección do conservatorio, polo menos para que non volva producirse esta situación no próximo curso e poida reordenarse o servizo de portería ou vixilancia do centro, establecer con marxe a ampliación de horarios en época de exames e facer a pertinente previsión presupuestaria.

O expediente Q/1704/11 referíase a unha reclamación relativa á revisión de notas nas probas de acceso ao Grao Profesional no Conservatorio Profesional de Música da Coruña, e, en xeral, ao seu desacordo co proceso de avaliación dos seus fillos nese centro. No informe remitido pola consellería afirmábase que o pai dos menores insta á dirección do centro a remisión do expediente á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Coruña para a súa revisión mediante solicitude presentada o 14 de xullo. É neste último punto onde se considera que fora superado o prazo establecido no artigo 19º da Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso aos ensinos profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo dos ensinos profesionais de réxime especial de música, no que se establece que "no suposto de desestimación da reclamación, o interesado ou interesada poderá instar para que a dirección lle remita o expediente á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria" e máis tarde "no caso de ter que enviar o expediente á delegación provincial, tramitarase no prazo de 48 horas".

No entanto, a dita Xefatura Territorial remite copia das probas realizadas polo alumnado obxecto de reclamación coa intención de revisar as ditas probas por parte de tribunais de contraste integrados por profesorado alleo ao Conservatorio Profesional de Música da Coruña. Os devanditos tribunais emiten os seus informes relativos aos dous aspirantes, ratificándose ambos informes nas notas outorgadas polos tribunais que xulgaron

as probas de acceso, e a súa vez, indican a improcedencia da reclamación pola superación dos prazos establecidos no artigo 19° da Orde do 28 de xullo de 2008.

Á vista do que se fai constar no informe, procede facer as seguintes consideracións. A apreciación da efectividade dos prazos legais feita polos tribunais de revisión non parece idónea. Literalmente, o devandito artigo 19, invocado como fundamento, non establece ningún prazo no seu apartado 3º, que é o que regula a facultade do interesado ou interesada de instar a remisión do expediente á Delegación Provincial da Consellería para que o xefe territorial dite a resolución procedente. Non se sinala prazo, como si se fai en cambio no apartado 1º. A única mención a un prazo nesta fase do procedemento faise no apartado 4. b) do mesmo artigo. Pero hai que destacar que se está regulando un acto de trámite, e non un acto administrativo definitivo. A redacción do precepto é confusa, porque no mesmo apartado 4 está regulando actos definitivos, que son resolucións recorribles ao amparo dos apartados 3 (a do director/a ante o xefe territorial) e 5 (a do xefe/a territorial en alzada ante o conselleiro) xunto cun mero acto de trámite (a remisión do expediente á Delegación Provincial) no que o prazo de 48 horas vincula só á administración, pois non pode afectar ao interesado unha tramitación ou despacho no que a observancia do prazo non está na súa man.

Con todo, cando se lle recoñece ao interesado ou interesada o dereito a instar a remisión do expediente para que resolva a Xefatura territorial, non se limita temporalmente o seu exercicio. De pretender establecer un prazo para que o interesado inste a remisión, unha mínima sistemática normativa obrigaría a facelo neste mesmo apartado. De calquera xeito, a regulación legal é deficiente e xera dúbidas interpretativas, polo que deberían aplicarse os principios xerais sobre a ordenación dos actos administrativos. En primeiro termo, a celeridade, aludida tamén como obxectivo no apartado 4 da Orde de 2008 comentada. A Lei reguladora do procedemento administrativo común sinala no artigo 75. 2. "Ao solicitar os trámites que deban ser cumpridos por outros órganos, deberá consignarse na comunicación cursada o prazo legal establecido ao efecto". Este é claramente o suposto contemplado no artigo 19.4, b), que outorga un prazo de 48 horas para que a Dirección do Conservatorio remita o expediente á Xefatura Territorial.

Por outra banda, de tratarse dun prazo preclusivo (o das 48 horas) e aínda máis dada a súa brevidade, tería que establecerse un mecanismo indubidable para o cómputo do *dies a quo*, de xeito que houbese constancia *indubitada* da notificación ou publicación da resolución desestimatoria da reclamación, nos termos establecidos no artigo 48 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Por exemplo, por un acuse de recibo. Neste expediente en particular, acredítase que a comunicación da Dirección do Conservatorio fíxose por correo común, o que veda calquera posibilidade de veracidade no cómputo do prazo. O artigo 76.1 da devandita Lei do procedemento administrativo común en canto ao cumprimento dos trámites, sinala:

"Os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de dez días a partir da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto". É evidente que a norma non establece un prazo distinto e que non houbo notificación.

A resolución é do xefe de estudos e non do director de centro, cando segundo o artigo 19.2, a competencia para resolver as reclamacións contra as cualificacións das probas de acceso a ten o director ou directora do Conservatorio, sen que conste delegación de competencia nin firma por delegación. Ademais, non leva pé de recurso, polo que os interesados carecen de información sobre a posibilidade de efectuar reclamacións e os seus prazos. Con todo, trátase dun acto administrativo recorrible. Ambos defectos poderían invalidar a resolución. O pé de recurso é unha mención obrigatoria segundo o artigo 89 da Lei 30/1992.

A resolución da xefa territorial da consellería fundaméntase para a desestimación da revisión nunha norma que non é aplicable a este suposto aínda que, no fondo do asunto, a regulación sexa coincidente. En efecto, alega o artigo 6º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa os ensinos profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, cando o caso se refire a alumnos que realizaron a proba de acceso a estes estudos pero que aínda non son alumnos do conservatorio profesional senón do superior,

polo que hai que aplicar a Orde de 28 de xullo de 2008, que é a que regula estas probas de acceso.

Á marxe disto, o procedemento mesmo de revisión resulta problemático. A resolución do xefe de estudos do Conservatorio fai unha transcrición literal do informe emitido polo tribunal e no punto 3º manifesta: "O Tribunal ratifícase na cualificación outorgada". Non hai motivación nin se segue un procedemento contraditorio que é o propio das reclamacións. Pero ademais, é incomprensible o procedemento de revisión establecido para unha proba de acceso que consiste nunha interpretación instrumental e nunha proba de linguaxe musical que contén unha parte práctica. Se a revisión se basea na mera remisión das actas do tribunal a outro tribunal alleo ao centro pero non se lle remiten, porque non se fan, as videogravacións das probas de execución, non é entendible que elementos de contraste se lle ofrecen ao tribunal revisor. Como pode un tribunal revisar se unha postura corporal é correcta, a calidade na proxección do son, se se realizan ben os cambios de compás, se hai destreza, control e fluidez na lectura rítmica ou se hai unha correcta entoación e afinación (aspectos todos eles sometidos a avaliación) cando só pode xulgar por unhas actas escritas? Parece claro que o sistema de revisión establecido é pouco adecuado para probas que non consisten na mera revisión dun exercicio escrito. Para evitar que este mecanismo de garantía se traduza nunha regulamentación *pro forma* sería conveniente establecer outras vías, tales como a videogravación da proba ou ata a súa repetición ante o tribunal revisor.

Por todo o sinalado ata agora, considerouse necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á consellería a recomendación de que, tendo en conta dos defectos de forma e de fondo, algúns con eficacia invalidante, que concorreron no procedemento de revisión da avaliación da proba de acceso ao grao profesional dos fillos da interesada, se considere a pertinencia de declarar a nulidade do procedemento e se lles permita realizar novamente a proba.

Por outra banda, formulóuselle a suxestión de que se considere a conveniencia de modificar o procedemento para a reclamación das cualificacións das probas de acceso, de

xeito que se garanta unha revisión efectiva dos exercicios, non baseada só nas actas escritas do primeiro tribunal que xulgou a proba.

1.4.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Entre as queixas inadmitidas destacan tres grupos de expedientes:

- Por estar o asunto en vía xudicial, inadmitíronse 17 queixas relativas á adscrición da EEI Concepción Crespo Rivas, de Pontevedra, ao CEIP Campolongo. Todas elas tiveron entrada entre os días 1 e 7 de abril de 2011. Aos interesados comunicóuselles que, en relación co exposto nos seus escritos de queixa sobre o seu desacordo co auto de medidas cautelares ditado polo Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, non podiamos intervir por imperativo do disposto no artigo 20 da Lei 6/1984 do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, que preceptúa que a institución "... non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial ...". Por este motivo vímonos na necesidade de arquivar os expedientes iniciados como consecuencia dos escritos de queixa.

Ante estes feitos, informamos aos interesados que as competencias desta institución do Valedor do Pobo, de acordo coa lei pola que se rexe, concrétanse en supervisar as actuacións das Administracións públicas co fin de garantir os dereitos fundamentais previstos no Título I da Constitución. Queda á marxe das nosas actuacións todo o relativo á Administración de Xustiza nos asuntos da súa competencia que son resoltos polos xuíces e tribunais con independencia e exclusividade, de modo que as desconformidades que poidan existir con devanditas resolucións só poderán ser impugnadas mediante o exercicio dos recursos legalmente pertinentes ou accións legalmente viables, pero sempre dentro do ámbito xudicial. Tan só, en materia xudicial, podemos intervir naqueles supostos de paralización ou dilación no trámite dun proceso xudicial para coñecer as causas de tal dilación aos efectos do artigo 24 da Constitución. Por este motivo, non podía darse trámite aos escritos de queixa, presentados contra un xulgado por causa do seu desacordo co contido da resolución xudicial, sequera se tratase dunha medida cautelar.

No entanto, esta institución entrara xa no exame individual doutras queixas sobre a mesma cuestión, presentadas antes do inicio de accións xudiciais, e solicitouse informe á entón Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Por auto de data 30 de marzo de 2011, declarouse a inadmisión do recurso xudicial interposto pola representación da asociación para a defensa dá calidade educativa do CEIP Campolongo. A resolución xudicial fundamentouse xuridicamente na inexistencia de acto expreso ou presunto impugnable en vía xudicial. Así mesmo, estableceu que se se deducise testemuño da resolución xudicial para a súa unión á peza de suspensión 14/11 para os efectos oportunos, o que implicou, de feito, deixar sen efecto a suspensión da adscrición de ambos centros educativos. O proceso continuou adiante, o que fixo que se admitisen a trámite con posterioridade algunhas outras queixas. Desta situación dáse conta no correspondente apartado do informe.

- No mes de setembro tiveron entrada na institución 87 queixas individuais contra o proxecto de Decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da comunidade autónoma. Examinadas as queixas, era evidente que non se produciu unha actuación firme da Administración, posto que todas elas se referían a un simple borrador dunha eventual normativa administrativa. Polo tanto, naquel momento, non resultaba posible realizar o labor de supervisión encomendada legalmente a esta institución. O contrario sería tanto como prexulgar unha actividade aínda non firme por parte da Administración, que aínda podería ser rectificada, posto que o proxecto estaba suxeito a modificacións, entre elas, algunhas de tipo conceptual ou relativas a cambios na redacción dalgunhas das súas disposicións.

Neste sentido, convén subliñar que a institución do Valedor do Pobo non ten funcións consultivas nin figura entre as súas competencias informar os proxectos normativos. En consecuencia, vímonos no deber de acordar o arquivo destas reclamacións. Finalmente, o Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2011, publicou o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

- Un nutrido grupo de queixas, ata 140, tivo entrada nesta institución durante o mes de decembro, manifestando o seu desacordo coa fundamentación e o alcance dunha recomendación formulada á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por esta institución con data de 3 de novembro de 2011. En relación cos escritos de queixa hai que ter en conta que o artigo 21 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo, establece que as súas resolucións non serán susceptibles de recurso. Por tal motivo, vímonos na obrigación de rexeitar a tramitación dos escritos de queixa xa que o seu motivo de fondo era o desacordo coa recomendación de que se corrixise o contido inexacto e incompleto dun libro de texto de 5º de Primaria da materia de Coñecemento do medio sobre o réxime xurídico das linguas en Galicia.

Con esta información procedeuse ao arquivo dos expedientes abertos como consecuencia dos escritos de queixa, subscritos na súa inmensa maioría por profesores de lingua galega e membros de equipos de normalización e dinamización de lingua galega de diversos centros educativos sobre a base dun escrito-tipo.

- Un reducido número de queixas foron inadmitidas por falta de interese lexítimo no recorrente ou por non existir unha actuación administrativa previa.

1.4.5. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Remitíronse á oficina do Defensor del Pueblo nove expedientes de queixa por referirse a denegacións de bolsas ou axudas convocadas polo Ministerio de Educación (Q/286/11; Q/1673/11; Q/2274/11; Q/2752/11; préstamo renda dunha liña ICO, Q/2500/11); problemas con estancias ou validacións de estudos no estranxeiro (Q/197/11; Q/360/11); incumplimiento dun contrato para realizar un máster no medio ambiente (Q/1912/11) ou relativos a unha matrícula na Universidade Complutense (Q/1613/11)..

1.4.6. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE EDUCACIÓN.

1.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 1 de febreiro de 2011 para que se autorice provisonalmente unha parada de transporte escolar, dadas as características da solicitude e por ser posible, racionalmente, facer compatible o interese xeral co interese particular deste usuario (Q/1689/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención dona E.G.C. e dona C.L.E., con domicilio, para os efectos de notificacións en Santiago de Compostela, R/ …

No seu escrito, esencialmente indicábanos que dende 2006 teñen problemas co servizo de transporte escolar para as súas fillas que teñen neste momento 7 anos de idade. O colexio é o CEIP Pepe de Xan Baña, en Santa Comba. Cada curso teñen que facer a solicitude do uso de servizos complementarios xa que se aplica sempre o criterio de que os seus domicilios están a unha distancia inferior aos dous quilómetros do centro docente. Quéixanse as nais de que este criterio se aplica de forma inxusta e discriminatoria, xa que outros nenos cuxos domicilios están máis preto do centro escolar, son recollidos pola ruta. Todos os anos tardan un mes ou mes e medio dende o comezo do curso en ter resolto o problema do transporte das menores, ata que a Xefatura Territorial resolve as peticións. Neste ano, a resolución da Xefatura denega o dereito os servizos, pero autoriza, con carácter excepcional e sen consolidación de dereito, o uso do servizo só para algúns dos nenos solicitantes.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 27 da Constitución Española, procedeu admitir esta a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, o día 24 de setembro de 2010 solicitouse dese órgano que, no prazo de **quince días**, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En concreto, a comprobación dos criterios polos que, tras a denegación do dereito ao servizo, a Xefatura Territorial resolve favorablemente algunhas solicitudes e autoriza o uso do transporte escolar e denega outras, cando do contido da queixa resulta claro que non se aplica o criterio da distancia ao centro escolar. Asemade, solicítase informe das razóns polas que a situación denunciada non se resolve con carácter definitivo, colocando ás familias nunha incomprensible incerteza ao comezo de cada curso escolar.

O correspondente informe tivo entrada nos rexistros da institución o día 13 de outubro. Nel sinalábase literalmente o seguinte:

"No expediente de referencia, derivado da queixa formulada por Dª E.G.C. e Dª C.L.E., infórmase o seguinte:

O Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos do transporte escolar determina no seu artigo 1, apartado primeiro, que terán dereito ao transporte escolar ale desde os centros públicos os alumnos dos niveis obrigatorios e/ou gratuítos cuxos domicilios se atopen fóra do casco urbano en que se atope situado o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia do mesmo superior a 2 Km.

A distancia existente desde o domicilio das fillas das interesadas, ambas as dúas alumnas do CEIP Pepe de Xan Baña, do concello de Santa Comba, ata o devandito centro é netamente inferior á establecida no citado precepto (concretamente é de 600 e 1300 m). A xefatura territorial denegoulles a solicitude formulada en base ao criterio xeral seguido por esta consellería, en coherencia co disposto no decreto citado, de non autorizar desviacións nos itinerarios de transporte escolar de menos de 2 km de distancia. Ese criterio figura recollido na circular n° 7/96 da Secretaría Xeral da consellería de data 16/09/1996, circular que, tal e como declarou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentenza do 19/01/2005, "foi ditada no exercicio da potestade de autoorganización e trata de unificar criterios na aplicación dos itinerarios de transporte escolar cunha pauta moi lóxica fundada no artigo 1 do Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se

regulan determinados aspectos do transporte escolar, xa que no mesmo se garante o dereito de transporte escolar aos alumnos que teñan os seus domicilios a unha distancia do centro escolar superior a 2 km, polo que se ese é o traxecto máximo que debe percorrer o escolar resulta racional que esa sexa a distancia máxima que se toma como directriz entre a parada máis próxima e o domicilio do alumno."

Ademais, a Orde do 1 de marzo de 1991, de racionalización do transporte escolar, determina que entre os criterios aos que debe responder a racionalización do transporte escolar baseada na combinación de vehículos entre dous o máis centros escolares será a diminución dos tempos de permanencia dos alumnos nos autobuses.

Tal e como sinala o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na sentenza antes citada, "o dereito ao transporte escolar desde ou ata os centros públicos, que regula o mencionado artigo 1 do Decreto 203/1986, do 12 de xuño, se ben integra un dereito prestacional complementario á educación, non ten encaixe, sen embargo, dentro do que se entende propiamente como dereito á educación. E iso é así, xa que este dereito complementario non pode imperar ou prevalecer sen máis sobre a potestade organizativa que, como discrecional, en materia de planificación escolar corresponde á Administración educativa, o que claramente se percibe no suposto axuizado, no que se tratan de conxugar os diversos intereses en presenza, dando prevalencia en todo caso ao interese xeral de todos os alumnos transportados, de modo que só se concorren circunstancias especiais moi relevantes podería atenderse ao interese particular dun só alumno, sacrificando aquel interese xeral na diminución do traxecto, tempo de espera e duración da permanencia no autobús.

A pauta que a Administración debe seguir á hora de establecer a planificación e programación do transporte escolar, como servizo complementario que fai posible o exercicio do dereito á educación, debe ser a de tutelar o interese xeral dos alumnos desprazados, que debe ostentar preferencia sobre o particular de cada un dos usuarios, de modo que só cando racionalmente sexa posible facer compatible o devandito interese xeral co privado de cada usuario, pode atenderse a este. Por tanto, ante unha petición particular neste terreo, debe esixirse a concorrencia de racionalidade e obxectividade na

decisión, para medir as cales debe contrastarse o resolto con aqueles criterios de interese xeral. No caso presente ese interese xeral concrétase na necesidade de non incrementar o percorrido e tempo empregado no traxecto para os demais alumnos desprazados, polo maior risco que iso representa, pois se en beneficio dun se obrigase aos demais a sufrir esa maior distancia de percorrido e de tempo de traxecto así como superior risco, estaríase concedendo preferencia ao interese particular sobre o xeral, en contra daquela directriz que debe rexer na decisión de quen ten como cometido a xestión dos intereses públicos."

En coherencia co exposto, a Instrución 5/2010 da Secretaría Xeral desta consellería sobre xestión do servizo de transporte escolar no curso 2010-2011, establece, a propósito do acceso ao servizo por alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia inferior a 2 km do centro docente, o seguinte:

"Se ben este alumnado non ten normativamente dereito a usar o servizo de transporte escolar, é posible concederlle unha autorización excepcional para o seu uso, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

Que existan prazas vacantes
Que non comporte modificación de rutas
Que non supoña creación de novas paradas
Que non incremente duración do traxecto
Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose, como circunstancias a ter en conta, a idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar dos alumnos, etc. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral.

As autorizacións, que se concederán en precario, serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican. Non comportarán en ningún caso dereito automático ao uso do comedor escolar (e en ningún caso ao seu uso gratuíto), que estará, en todo caso, sometido á súa normativa reguladora.

A vixencia das autorizacións comprenderá o curso escolar 2010-2011, sempre que non sexa preciso asignar as prazas a alumnos con dereito preferente. De todos os xeitos, o feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos beneficiarios dereito ningún no futuro."

O pasado mes de setembro, seguindo a normativa indicada, autorizouse con carácter excepcional para este curso escolar 2010-2011 a parada solicitada a 1.300 m. do centro docente e denegouse a situada a 600 m deste.

A propósito da alegación que fan as interesadas da existencia doutras paradas a unha distancia inferior a 2 km e da conseguinte discriminación que esta circunstancia supón, sen prexuízo de que tal argumento non pode ser esgrimido para pretender converter unha autorización concedida con carácter excepcional nun dereito consolidado cando non existe amparo normativo para iso, pois unha situación irregular como a que manifestan que se estaría producindo non pode ser invocada para acadar o mesmo resultado contrario á normativa en vigor, cómpre indicar que no presente curso escolar procedeuse a depurar esta situación e as paradas que estaban concedidas e situadas a menos de 2 km do dito centro foron autorizadas con carácter excepcional para este curso escolar".

Ao non responder o informe á totalidade dos problemas que foran expostos polo recorrente en queixa, solicítase desa Administración que, con carácter urxente, nos complemente a información subministrada e, en particular, sobre se a ruta do transporte escolar do CEIP Pepe de Xan Baña ten unha parada en Estévez, tres paradas en Frieiro -todas elas a menos de 2 quilómetros do centro escolar- chega ata Traba e vai despois a Boimente, onde recolle a unha alumna á que se lle ten concedida a autorización para o uso do trasporte con carácter provisional para este curso 2010-11, establecendo unha nova

parada Boimente 1 no itinerario núm. 3, e a comprobación de se é certo que ese autobús pasa dúas veces por diante da casa de C.L.E., a recorrente en queixa, á que se lle denegou o servizo, polo que a empresa Romar Bus non para diante para levar á súa nena ao colexio, a pesar de que ten que percorrer necesariamente esa estrada.

Con data do 25 de xaneiro foi recibido o dito informe, asinado polo inspector de servizos educativos complementarios da Xefatura territorial na Coruña, e nel manifestase literalmente o seguinte:

"Duración actual da ruta: 35 min.

Repercusión da nova parada no tempo total da ruta: Sen incremento de tempo. Distancias do domicilio: ao colexio: 700 metros. Á parada actual: 400 metros. Posibilidade física de facelo itinerario e situar a parada no lugar solicitado: Si.

Datos complementarios:

Dende fai varios cursos foron autorizadas con carácter provisional e coa validez do curso no que se autorizaban, as paradas Boimente 1 e Boimente 2, situadas a 1,100 e 700 metros do colexio respectivamente.

A autorización destas parada obriga ao autobús a se desviar dende a entrada do colexio ata a aldea de Boimente con todos os alumnos da ruta. A pesar desta circunstancia decidiuse autorizar provisionalmente estas paradas atendendo á curta idade dos alumnos afectados, que daquela eran de educación infantil.

O carácter provisional das autorizacións é motivado para non consolidar o desvío da ruta.

No presente curso foi autorizada, igualmente con carácter provisional, a parada Boimente 1, a máis afastada do colexio, pero non a de Boimente 2 (obxecto do recurso), situada unicamente a 700 metros deste.

O camiño de acceso ao colexio discorre na maior parte por unha pista de servizo exclusivo á aldea de Boimente e con escaso tráfico, e nuns 200 metros por unha estrada secundaria de pouco tráfico. O acceso á parada actual de Boimente discorre pola citada pista sen apenas tráfico.

Non foi detectada ningunha causa de especial incomodidade ou dificultade que xustifique unha motivación excepcional de cara a resolver a solicitude de xeito distinto á xeneralidade."

Recoñécese neste informe que a parada solicitada non comporta modificación de ruta, nin incrementa a duración do traxecto; non precisa a incorporación de acompañante e existen prazas vacantes. Polo tanto, cúmprense catro dos cinco requisitos establecidos na Instrución 5/2010 da Secretaría Xeral da consellería sobre xestión do servizo de trasporte escolar, a propósito do acceso ao servizo por alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia inferior a 2 km do centro docente.

O requisito de que non supoña creación de novas paradas é, precisamente, o suposto de feito que fundamenta a sentenza do TSXG de 19 de xaneiro de 2005, citada no informe da consellería e transcrita máis arriba: "*A pauta que a Administración debe seguir á hora de establecer a planificación e programación do transporte escolar, como servizo complementario que fai posible o exercicio do dereito á educación, debe ser a de tutelar o interese xeral dos alumnos desprazados, que debe ostentar preferencia sobre o particular de cada un dos usuarios, de modo que só cando racionalmente sexa posible facer compatible o devandito interese xeral co privado de cada usuario, pode atenderse a este. Por tanto, ante unha petición particular neste terreo, debe esixirse a concorrencia de racionalidade e obxectividade na decisión, para medir as cales debe contrastarse o resolto con aqueles criterios de interese xeral.*

Neste suposto, a petición particular é que o autobús escolar pare diante da casa dunha nena de 7 anos, xa que o autocar ten que facer necesariamente ese traxecto para ir e voltar ao colexio e pasa por diante da casa dúas veces. Racionalmente é posible facer

compatible o interese xeral con este interés privado, xa que non modifica a ruta nin incrementa o tempo de permanencia no autobús dos demais alumnos.

En canto a obxectividade, esta parada foi autorizada provisionalmente nos anos anteriores, sendo este o primeiro ano en que só se autoriza provisionalmente Boimente 1. A curta idade das alumnas afectadas en Boimente manténse, sendo esta unha circunstancia obxectiva que foi ponderada para o outorgamento das paradas provisionais. Como sen dúbida lle consta ao inspector, a recorrente ten outra nena de tres anos que se incorporara a educación infantil o vindeiro curso, polo que a situación se agravará. As condicións nas que a alumna fai o seu traslado ao colexio, como lle consta a esta institución, supoñen certo risco pola idade da persoa responsable e as características do vehículo que se emprega, sen cintos nin medidas de seguridade.

Por todo o anterior, esta institución acorda facer a seguinte **recomendación:**

Que se autorice provisionalmente a parada Boimente 2, a pesar de estar a unha distancia de 700 metros do centro escolar, dado que o autobús pasa dúas veces por diante da casa da solicitante; hai posibilidade física de facer o itinerario e situar a parada no lugar solicitado; non se incrementa o tempo de permanencia no autobús nin se modifica a ruta establecida, e racionalmente é posible facer compatible o interese xeral co privado de este usuario, polo que pode ser atendido.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: non aceptada.

2.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 17 de febreiro de 2011 para que os pais dunha menor con necesidades educativas específicas asociadas a altas capacidades, accedan ao contido íntegro do informe psicopedagóxico (Q/1890/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dª. N.L.B., con domicilio en la Avenida …, Pontevedra.

No seu escrito indicábanos que no ano 2009 solicitou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un informe de altas capacidades da súa filla, F.S.G.L., e que ata á data non ten recibido información por parte da Xunta de Galicia sobre a súa solicitude, a pesar de terse entrevistado en diversos momentos co equipo de orientación do CEIP San Benito de Lérez (Pontevedra), coa dirección e o xefe de estudos do centro, co inspector do centro, e de ter remitido en xuño de 2009 o primeiro escrito ao xefe territorial da Consellería de Educación en Pontevedra, ao que tamén visitaron persoalmente, sen que ata a data teñan información oficial ningunha sobre a avaliación psicopedagóxica da menor, as medidas de intervención educativa que no seu caso foron propostas e aplicadas, e, en xeral, o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización. A única información que teñen os pais, segundo expón literalmente no seu escrito de queixa e que *"cursando 3° de primaria en abril 2009, nuestra hija fue valorada con altas capacidades por el EOEP (Pontevedra) cuya intervención fue solicitada por el CEIP San Benito de Lérez. El Sr. Eladio perteneciente al EOEP, notificó al centro, una vez concluidas las pruebas, que nuestra hija es una alumna con necesidades educativas específicas asociadas a altas capacidades. En ese momento se acordó, como medida de intervención, el enriquecimiento horizontal, el cual se aplicó hasta fin de curso".*

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 27 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 do dito texto legal, procedeu admitir esta a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse desa Administración que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En particular, a comprobación da actuación seguida coa menor F.S.G.L., a partir do informe da orientadora do CEIP San Benito de Lérez feito en febreiro de 2007, onde se apuntába a necesidade dun seguimento da evolución psicopedagóxica e escolar da menor por presentar

necesidades educativas específicas asociadas a alta capacidade, e a información ou o asesoramento facilitado aos pais polo departamento de orientación do centro e polas autoridades educativas implicadas no proceso.

Con data do 2 de decembro, tivo entrada nesta institución o devandito informe, no que se sinala o seguinte:

"O xefe territorial da Consellería de Educación e O.U. en Pontevedra, emite ou seguinte INFORME, relativo o expediente D.3.Q/1890/10 dimanante da queixa formulada por Dona N.L.B. en relación ao informe de altas capacidades da súa filla F.S.G. que estuda no CEIP San Benito de Lérez de Pontevedra.

Dado o escrito anteriormente mencionado da nai da alumna F.S.G., solicitouse o Servizo Provincial de Inspección Educativa informase sobre o mesmo.

A alumna foi avaliada por sobredotación intelectual polo equipo de orientación específico.

O artigo 11 da Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, indica que: "Os documentos relativos á avaliación psicopedagóxica levarán constancia do seu carácter confidencial co cuño correspondente. A súa custodia será competencia do departamento de orientación, se é o caso, ou do equipo psicopedagóxico de apoio, e trasladarase ó expediente do alumno só aquela información relevante para a intervención pedagóxica dos docentes. Esta información levará igualmente o cuño de confidencialidade".

O artigo 6 da Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización, indica que: "Os profesionais que, en razón do seu

cargo, deban coñecer o contido do informe de avaliación psicopedagóxica e do ditame de escolarización garantirán a súa confidencialidade.

Na mesma liña, o 5 de xaneiro de 2005 a Asesoría Xurídica en resposta a unha solicitude feita polo IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra comunicase ao xefe de Servizo Provincial de Inspección Educativa, a propósito da posibilidade de coñecer un informe polos pais de alumnos que: "Toda a información da avaliación psicopedagóxica é confidencial. Confidencial significa que so poden coñecer o seu contido as persoas autorizadas e como di o artigo 6 da Orde de 31 de outubro de 1996 (DOG de 19 de decembro) os profesionais que por razón do seu cargo deban coñecer o contido. Polo tanto non os pais dos alumnos. Aos pais comunicaráselles o que sexa necesario, pero sen darlles copia dos documentos que son internos do centro, e que só deben manipulalos as persoas que teñen a súa custodia ou aqueles a que van dirixidos. En conclusión: os informes e a documentación que contén o selo de confidencial só pode ser coñecida polas persoas autorizadas".

Por todo o anterior informo:

Que tal como indica o escrito do Valedor do Pobo do 19 de outubro de 2010 os pais foron informados polo Equipo de Orientación Específico.

Que a copia do informe psicopedagóxico é un documento interno que só pode ser manipulado polos profesionais que por razón do seu cargo deban coñecer o contido, e polo tanto non aos pais.

Que non se detecta ningunha actuación irregular no procedemento."

En relación co informe recibido do Departamento Territorial de Pontevedra desa consellería, subscrito polo Servizo Provincial de Inspección Educativa, esta institución debe facer as seguintes valoracións:

A consideración xurídica exclusiva do informe radica no carácter confidencial da avaliación psicopedagóxica. Sobre a base deste carácter confidencial, négaselle aos pais o

acceso ao contido dos informes e avaliacións psicopedagóxicas. Non obstante, o obxecto desta queixa debe formularse, polo menos, en tres ámbitos diferenciados:

1.- O carácter confidencial dos datos persoais relativos a procesos escolares.

2.- O acceso dos titulares da patria potestade á información relativa aos menores.

3.- O dereito á cesión dos datos, e, en particular, o dereito a acceder ao informe psicopedagóxico.

En canto ao primeiro argumento, único no que se funda o informe remitido pola Consellería, hai que discrepar da interpretación levada a cabo en 2005 pola Asesoría Xurídica dos seguintes preceptos recollidos no propio informe:

"O artigo 11 da Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, indica que: "Os documentos relativos á avaliación psicopedagóxica levarán constancia do seu carácter confidencial co cuño correspondente. A súa custodia será competencia do departamento de orientación, se é o caso, ou do equipo psicopedagóxico de apoio, e trasladarase ó expediente do alumno só aquela información relevante para a intervención pedagóxica dos docentes. Esta información levará igualmente o cuño de confidencialidade".

O artigo 6 da Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización, indica que: "Os profesionais que, en razón do seu cargo, deban coñecer o contido do informe de avaliación psicopedagóxica e do ditame de escolarización garantirán a súa confidencialidade."

Sobre esta regulación, a Asesoría Xurídica, en resposta a unha solicitude feita polo IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra, comunica en xaneiro de 2005 ao xefe do

Servizo Provincial de Inspección Educativa, a propósito da posibilidade de que os pais dun alumno poidan coñecer un informe:

"Toda a información da avaliación psicopedagóxica é confidencial. Confidencial significa que só poden coñecer o seu contido as persoas autorizadas e como di o artigo 6 da Orde de 31 de outubro de 1996 (DOG de 19 de decembro) os profesionais que por razón do seu cargo deban coñecer o contido. Polo tanto non os pais dos alumnos. Aos pais comunicaráselles o que sexa necesario, pero sen darlles copia dos documentos que son internos do centro, e que só deben manipulalos as persoas que teñen a súa custodia ou aqueles aos que van dirixidos. En conclusión: os informe e a documentación que contén o selo de confidencial só pode ser coñecida polas persoas autorizadas".

Porén, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, refírese especificamente á cuestión do tratamento dos datos persoais dos alumnos nos seguintes termos:

"Disposición adicional vixésimo terceira. Datos persoais dos alumnos.

1. Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ao ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aqueloutras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

2. Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información a que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, de ser o caso, a cesión de datos procedentes do centro en que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información a que se refire este punto será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non se podendo tratar con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.

3. No tratamento dos datos do alumnado aplicaranse normas técnicas e organizativas que garantan a súa seguridade e confidencialidade. O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten o honor e intimidade dos menores ou das súas familias quedará suxeito ao deber de sixilo.

4. A cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado, necesarios para o sistema educativo, realizarase preferentemente por vía telemática e estará suxeita á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal, e as condicións mínimas serán acordadas polo Goberno coas comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación."

Deste precepto despréndese os tres ámbitos apuntados ao principio: o carácter confidencial dos datos, o acceso dos titulares da patria potestade á información escolar e a cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado.

1.- O carácter confidencial dos datos.

O deber de sixilo aplícase respecto do *"profesorado y el resto del personal que, en el ejercicio de sus funciones, acceda a datos personales y familiares o que afecten al honor e intimidad de los menores o sus familias"*. Os únicos datos que poden ser obtidos e tratados lexitimamente no ámbito escolar son aqueles aos que se refire a propia disposición: datos persoais do alumnado que sexan necesarios para o exercicio da función educativa. Os ditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultado da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos. Respecto de ningún destes datos se establece, nin nesta norma nin na lexislación educativa no seu conxunto, que os pais poidan quedar excluídos do seu coñecemento, porque se refiren á función de educar e orientar que forman parte intrínseca da patria potestade ou da función tutelar que os pais ou titores están obrigados a cumprir en colaboración coa escola. Estes datos en ningún caso poden ser confidenciais para os pais.

Implicitamente refírese tamén esta norma ás avaliacións psicopedagóxicas. A Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e establécese o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización, sinala no seu artigo 3º apartado 1 as condicións:

"1. Para os efectos da presente orde, enténdese por avaliación psicopedagóxica o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de identifica-las necesidades educativas de determinados alumnos que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamenta-las decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis axeitada, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a proposta de diversificacións do currículo, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aqueles poidan precisar para progresar no desenvolvemento harmónico das distintas capacidades."

Pola súa parte, o artigo 5º da mesma Orde regula o denominado *"informe psicopedagógico"* nos seguintes termos:

"1. As conclusións derivadas da información obtida a que se fai referencia nos artigos precedentes recollerase nun informe psicopedagóxico no que deberá constar da forma máis completa posible a situación evolutiva e educativa actual do alumno, a concreción das súas necesidades educativas especiais, se é o caso, a proposta curricular e o tipo de apoio que pode precisar durante a súa escolarización.

2. O informe psicopedagóxico incluirá, como mínimo, a síntese da información do alumno relativa ós seguintes aspectos:

a) Datos persoais, historia escolar e motivo da avaliación.

b) Desenvolvemento xeral do alumno, que incluirá, se é o caso, as condicións persoais de saúde, de discapacidade ou de sobredotación, o nivel de competencia curricular e o estilo de aprendizaxe.

c) Aspectos máis relevantes do proceso de ensino e aprendizaxe na aula e no centro escolar, tendo en conta as observacións realizadas e a información facilitada polo profesorado e outros profesionais que interveñan na educación e o tratamento individualizado do alumno.

d) Influencia do contorno sociofamiliar no desenvolvemento do alumno.

e) Identificación das necesidades educativas especiais que permitan a adecuación da oferta educativa e a previsión dos apoios persoais e materiais a partir dos recursos existentes ou que poidan ser incorporados.

f) Orientacións para a proposta curricular e para o mellor desenvolvemento persoal e sociofamiliar do alumno."

É evidente que ningún destes datos pode ser confidencial para os pais ou titores, senón que o deber de confidencialidade se impón aos profesionais externos ao entorno familiar directo do alumno. Ese mesmo sentido ten o deber de sixilo que establece a normativa autonómica na Orde do 31 de outubro de 1996: *"Os profesionais que, en razón do seu cargo, deban coñecer o contido do informe de avaliación psicopedagóxica e do ditame de escolarización garantirán a súa confidencialidade"*: profesores, orientadores, dirección do centro, xefe de estudios, inspección educativa, xestores e outros membros da administración educativa, psicólogos, psiquiatras, ou os profesionais aos que se refire o artigo 13 .4 da Orde de 1996 citada.

Ademais, a consideración destes datos como confidenciais para os pais ven a contradicir o disposto na propia Orde do 31 de outubro de 1996, cuxo artigo 18 establece, entre os criterios xerais para a escolarización, os seguintes:

"c) A escolarización dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais deberá iniciarse tan pronto se detecte a súa necesidade. A colaboración coas familias será fundamental tanto para a identificación das necesidades dos seus fillos como para o apoio nas accións de carácter preventivo ou compensador.

e) Os pais e, se é o caso, os titores legais ou ordinarios do alumno e alumna, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, deberán ter en todo momento información sobre o procedemento de escolarización e sobre as distintas ofertas educativas que mellor garantan o desenvolvemento das potencialidades deses alumnos e alumnas."

Neste punto non fai a norma ningunha exclusión expresa de determinados datos ou de documentos que sexan confidenciais para eles. Ao contrario, soamente unha información detallada e completa dos procesos de avaliación dos seus fillos poden servir para fundar a opinión e o acordo dos pais. O artigo 16º da Orde do 31 de outubro de 1996, no relativo ao proceso de escolarización inicial do alumnado con necesidades educativas especiais establece que:

"b) O equipo psicopedagóxico de apoio e, se é o caso, o departamento de orientación, unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica pertinente coa colaboración das familias e, se é o caso, do profesorado, procederá a cubri-lo dictame de escolarización.

c) O equipo psicopedagóxico de apoio e, se é o caso, o departamento de orientación informaralle á familia sobre os resultados da avaliación psicopedagóxica, os servicios educativos da zona e a proposta de escolarización, e incluirá na documentación a opinión asinada polos pais/nais ou titores legais sobre dita proposta".

Estes mesmos criterios se aplican cando a avaliación psicopedagóxica se produza cando o alumno está xa escolarizado. En canto ao modo de informar, a norma no exclúe expresamente o acceso ao contido íntegro do informe.

2.- O acceso dos titulares da patria potestade á información relativa aos menores.

Segundo se desprende do PLAN SECTORIAL DE OFICIO Á ENSINANZA REGRADA NON UNIVERSITARIA, elaborado pola *Agencia Española de Protección de Datos*, na maioría dos casos, os centros escolares recaban e tratan grande cantidade de datos persoais das familias e dos alumnos e, como xa se especificou, ao non facilitar a información do artigo 5 da LOPD nos formularios utilizados para recoller os datos persoais ou facilitar unha información incompleta, permite concluír que non dispoñen do consentimento regulado pola normativa de protección de datos para tratar os datos persoais dos seus alumnos e as súas familias.

A modo de exemplo, os seguintes tratamentos non necesitarían consentimento: solicitude de praza escolar, do libro de escolaridade, xestionar as solicitudes de bolsas ou a expedición dos títulos académicos. Mención aparte merece o consentimento necesario para realizar outro tipo de tratamentos, tales como a publicación de fotos nos anuarios, ou a entrega de datos de alumnos aos museos cando se formula a súa visita como unha actividade extraescolar, en cuxo caso, é necesario contar co consentimento esixido pola Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD).

Finalmente temos que engadir que, en xeral, a solicitude de datos persoais por parte dos centros escolares e a entrega destes por parte das familias, acostuma ser unha práctica tan habitual e xeneralizada que ambas partes creen que é un proceso natural que se atopa amparado pola lexislación educativa. Isto, unido ao descoñecemento da normativa de protección de datos, leva aos centros a solicitar, paradóxicamente, autorización aos pais para realizar aqueles tratamentos cuxa autorización é obrigatoria por imperativo legal, cando precisamente, en tales casos, non é necesario contar co consentimento do afectado.

Os interesados aos que se soliciten datos persoais deberán ser previamente informados, sendo constitutivo dunha infracción a falta de información, de modo expreso, preciso e inequívoco:

a) Da existencia dun ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal, da finalidade da recollida destes e dos destinatarios da información.

b) Do carácter obrigatorio ou facultativo da súa resposta ás preguntas que lles sexan planteadas.

c) Das consecuencias da obtención dos datos ou da negativa a facilitalos.

d) Da posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

e) Da identidade e dirección do responsable do tratamento ou, no seu caso, do seu representante.

Pola natureza dos datos contidos no informe psicopedagóxico, os pais nunca poden quedar excluídos do seu coñecemento polos seguintes motivos:

a) Tanto a avaliación psicopedagóxica como o ditame de escolarización precisan do consentimento dos pais para ser realizados ou postos en práctica, sendo a propia lei a que garante a participación dos pais en ambos procesos. E non podía ser doutro modo xa que inciden nas funcións propias da potestade parental, de acordo co artigo 154 do Código Civil.

b) A Lei Orgánica de Educación somete todo o relativo aos datos persoais dos alumnos á lexislación en materia de protección de datos. Un dos principios básicos que inspira a protección das persoas na utilización dos seus datos por terceiros é do consentimento. O art. 6 da LOPD estipula que o tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a lei dispoña outra cousa. Por consentimento debe entenderse, de acordo coa definición recollida no art. 3 h) da LOPD e que repite o art. 5.1 d) do Real Decreto 1720/2007, toda manifestación de vontade, libre, inequívoca, específica e informada, mediante a que o interesado consinta o tratamento de datos persoais que lle concirnen. O consentimento sempre é necesario, salvo as excepcións contempladas nos artigos 6 da LOPD e 10 do seu regulamento de desenvolvemento, e ten

que ser dado con carácter previo ao tratamento, debendo ser expreso cando se traten datos de carácter persoal que fagan referencia ao orixe racial, á saúde e á vida sexual, e se se trata de datos de carácter persoal que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas o consentimento deberá ser ademais de expreso escrito, no resto dos casos admítese incluso o consentimento tácito.

En canto ao consentimento referido a menores de idade, non ven regulado na LOPD, aínda que a *Agencia Española de Protección de Datos* se pronunciara sobre esta materia nas súas memorias do ano 2000. Actualmente está regulado no novo regulamento de desenvolvemento da LOPD, o Real Decreto 1720/2007, que no seu art. 13 distingue dúas situacións segundo se trate dun maior ou menor de catorce anos:

Maiores de catorce anos. Poderá procederse ao tratamento dos datos co seu consentimento, salvo naqueles casos nos que a Lei esixa para a súa prestación a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela.

Menores de catorce anos. Requirirase o consentimento dos pais ou titores.

O límite dos 14 anos ten o seu fundamento en que o noso ordenamento xurídico, vén a recoñecer en diversos casos aos maiores de catorce anos a suficiente capacidade de obrar, capacidade de discernimento e madurez, para adoptar por si solos ós determinados actos da vida civil, e por iso se considera que estes dispoñen tamén da suficiente madurez para consentir, por sí mesmos, o tratamento dos seus datos persoais.

Cando o tratamento se refire a datos de menores de idade, a información dirixida a estes deberá expresarse nunha linguaxe que sexa facilmente comprensible por aqueles, con expresa indicación do disposto neste artigo. Corresponderá ao responsable do ficheiro o tratamento, articular os procedementos que garantan que se comprobou de modo efectivo a idade do menor e a autenticidade do consentimento prestado no seu caso, polos pais, titores ou representantes legais.

c) Por outro lado, independentemente de que sexa maior ou menor de catorce anos, en ningún caso poderán conseguirse do menor datos que permitan obter información sobre os demais membros do grupo familiar, ou sobre as características deste, como os datos relativos á actividade profesional dos proxenitores, información económica, datos sociolóxicos ou calquera outros, sen consentimento dos titulares de tales datos. Non obstante, poderán conseguirse os datos de identidade e dirección do pai, nai ou titor coa única finalidade de consegui-la autorización prevista no apartado anterior.

Esta cuestión é relevante porque o informe psicopedagóxico inclúe necesariamente datos do entorno socio familiar do menor que non poderían obterse do alumno sen o consentimento expreso do pai, nai ou titor. En ningún caso, o modo en que tales datos foron tratados ou interpretados poderíalles ser ocultado, porque o seu consentimento non se require soamente para a recollida senón tamén para o tratamento dos datos, nos termos definidos na lei. En concreto, o artigo 4º da Orde do 31 de outubro de 1996, citada, sinala que a avaliación psicopedagóxica constitúe un proceso de recollida de información acerca das características individuais do alumno e do seu contexto socio familiar e escolar que resulte relevante para axusta-la resposta educativa ás súas necesidades. A avaliación psicopedagóxica deberá recoller, entre outros aspectos as *"características del contexto sociofamiliar: se analizarán aquellas características de la familia y de su entorno social, cultural o económico de interés para comprender mejor la situación actual del alumno, las expectativas de los padres y las posibilidades de cooperación en el desarrollo del programa de atención educativa en la propia familia"*. Para recoller e tratar estes datos requírese un consentimento expreso dos pais, e non están en ningún caso amparados pola confidencialidade respecto de eles.

d) O mesmo cabe dicir de datos especialmente protexidos na lei como son os datos relativos á saúde do menor, cuxa incidencia no proceso escolar debe ser tamén valorada no informe.

3.- A cesión dos datos.

O apartado cuarto da Disposición adicional vixésimo terceira da L.O.E. establece: *"A cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado, necesarios para o sistema educativo, realizarase preferentemente por vía telemática e estará suxeita á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal...."*.

A *Agencia Española de Protección de Datos* elaborou un documento, accesible no seguinte enlace :

http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/recomendaciones/common/pdfs/documento-completo_colegios.pdf, no que se aborda, entre outras cuestións, a negativa, por acción ou omisión (silencio administrativo), a facilitar datos relacionados coa educación dos fillos. En particular, no suposto de entrega dos datos referidos na consulta aos pais do menor, así como a outros familiares:

"Como ya se indicó con anterioridad, en el supuesto planteado nos encontraremos, con carácter general, ante una cesión o comunicación de datos de carácter personal, que deberá cumplir lo establecido en el artículo 11 de la Ley Orgánica 15/1999.

Dicho esto, el artículo 154 del Código Civil dispone que "Los hijos no emancipados están bajo la potestad del padre y de la madre", añadiendo que "La patria potestad se ejercerá siempre en beneficio de los hijos, de acuerdo con su personalidad, y comprende los siguientes deberes y facultades (...) Velar por ellos, tenerlos en su compañía, alimentarlos, educarlos y procurarles una formación integral".

En consecuencia, no que se refire aos datos que garden relación coas funcións de educación e formación establecidas no citado artigo 154 do Código Civil, existe unha norma con rango de Lei que habilita a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal, polo que a cesión dos datos académicos ou psicopedagóxicos que garden directa relación con eses deberes formativos atoparíase amparada no artigo 11.2 a) da Lei Orgánica 15/1999 en relación co artigo 154 do Código Civil.

Por outra parte, como se veu indicando, a habilitación refírese aos titulares da patria potestade e non a calquera familiar, que unicamente poderían obter os datos en caso de exercer a tutela.

En consecuencia, en relación cos datos relacionados directamente coa educación e formación do menor, e en resposta ás cuestións formuladas, debe concluírse que será posible a cesión a calquera dos proxenitores mentres exerzan a patria potestade.

Na presente queixa, os pais non foron informados nin se levou a cabo o proceso de recollida, tratamento e cesión de datos persoais da súa filla menor nos termos contemplados pola normativa xurídica aplicable. Por todo o cal, procede facer a seguinte **recomendación:**

Que no que se refire aos datos que garden relación coas funcións de educación e formación establecidas no artigo 154 do Código Civil, existe unha norma con rango de lei que habilita a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal, polo que a cesión dos datos académicos ou psicopedagóxicos que garden directa relación con eses deberes formativos atópase amparada no artigo 11.2 a) da Lei Orgánica 15/1999 en relación co artigo 154 do Código Civil. En consecuencia, os pais da menor deben ter acceso ao contido íntegro do informe resultante da avaliación realizada polo equipo psicopedagóxico de apoio por necesidades educativas específicas asociadas á alta capacidade para poder valorar e dar contido a súa participación no proceso educativo da súa filla e nas medidas propostas.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada expresamente.

3.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 17 de febreiro de 2011 para que nas Escolas Oficiais de Idiomas non se perciba ningunha achega voluntaria vinculada á entrega do sobre de matrícula (Q/1281/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona M.E., presidenta da Xunta de Delegados da E.O.I. de Lugo, e con domicilio na rúa …, Lugo.

Reunindo a queixa os requisitos formais, promoveuse no seu día a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, reclamándose o correspondente informe á Dirección da Escola Oficial de Idiomas de Lugo, que tivo entrada nos rexistros da institución.

Á vista da información subministrada pola Dirección da E.O.I. de Lugo solicitouse dese órgano que nos complementara a información subministrada e, en particular, a comprobación sobre se nas Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia, agás a de Ourense, se ten consolidado a práctica de cobrar "unha achega voluntaria" a cambio da entrega dun sobre de matrícula gratuíto; se ese cobro se configura como un donativo e non como unha taxa, do que se informa en "carteis" colgados no centro; o tratamento que tales ingresos teñen nos presupostos do centro, si é que o teñen, é o destino dos gastos; e, en xeral, como se contabilizaba o diñeiro en efectivo percibido pola entrega de sobres de matrícula non numerados cando a Dirección declara que "en moitas ocasións se entregaron sobres sen que o alumno quixera facer unha achega voluntaria. A todos os alumnos que o solicitaban se lles deu sempre un xustificante de haber feito a achega", o que implica que algúns deles non o solicitaban e, por tanto, non se xustificaban tales ingresos.

Solicitábaselle tamén que informe sobre se no presente curso, a pesar de terse establecida con carácter xeral a matrícula por internet, persiste a práctica de percibir "achegas voluntarias" dos alumnos por ese ou outros conceptos, así como calquera outra información, dato ou circunstancia que deba ser tido en conta para a unha axeitada valoración do contido da queixa.

No mes de decembro foron recibidos sendos informes, remitidos polo secretario xeral da Consellería. Un deles subscríbeo o subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial e o outro, a subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo desa consellería.

No informe do subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial sinálase literalmente o seguinte:

"O artigo 3 da Lei 8/1987, do 25 de novembro (DOG do 20 de xaneiro de 1988), establece que constitúe o feito impoñible das taxas académicas a prestación polos centros públicos dos servizos que figuran no artigo 6 desta lei, correspondentes ás escolas de idiomas e conservatorios de música, así como a outras modalidades e centros de estudo que no futuro poidan existir en Galicia, tales como escolas de arte dramática, danza, canto, cerámica e restauración.

Os prezos públicos correspondentes a estas ensinanzas establecéronse a través do Decreto 147/2006, do 31 de agosto, polo que se modifica o Decreto 156/2002, do 18 de abril, polo que se establecen os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Nos citados decretos non se contempla o pago de ningunha achega en concepto de sobre de matrícula, que en calquera caso estaría incluído no pago do prezo establecido no "Artigo 3" que se modificou no Decreto 147/2006, e no que se contemplan os seguintes conceptos:

- Apertura de expediente: 19 euros.
- Servizos xerais: 11 euros.
- Matriculación por idioma: 70 euros.

No proceso iniciado no presente curso escolar para realizar a matrícula a través de internet seguiu sendo de aplicación o establecido nos anteditos decretos na súa totalidade".

Pola súa banda, a subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo desa consellería remite a seguinte información:

Vistos os informes de inspección educativa sobre o cobro de sobres de matrícula nas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), comunícolle a información referente a cada unha delas:

Escola Oficial de Idiomas de Lugo:

No curso 2009-2010 inspección educativa emitiu un informe e deu instrucións con respecto a esta situación, a raíz dunha denuncia presentada por unha nai. A situación é a seguinte:

1°. Os documentos de matrícula están na páxina web da consellería, polo que se poden descargar gratuitamente.

2°. Os 3€ solicitados aportábanse voluntariamente, para ser invertidos en beneficio dos alumnos.

3°. Existía un libro de control coas páxinas numeradas, iniciado o 17 de novembro de 1987, no que estaba reflectida toda a contabilidade correspondente a ese concepto, incluíndo ingresos e gastos con datas e cantidades así como os conceptos nos que se invisten.

4°. Existía un cartel informativo explicando a aportación ao longo de todo o curso no taboleiro de anuncios. No período de matrícula aumentaba o número de carteis por todo o centro

5°. O presente curso 2010-2011 os alumnos non están a colaborar con 3€ para financiar as fotocopias e demais material de uso dos mesmos.

6°. A Consellería está a piques de rematar o procedemento informático para que a próxima matrícula se realice vía internet.

Escolas Oficiais de Idiomas de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía:

1°.- Nas EOI estaban expostos nas conserxerías carteis que anunciaban que a achega de 3 € que se facía ao entregar o sobre de matrícula ían destinados para axudar ao custo de fotocopias que o profesorado entregaba ao longo do curso en cada un dos grupos dos distintos idiomas. Especificábase que a doazón dos 3 € fóra acordada polo Consello Escolar do centro. Así, na EOI de Vigo o cartel poñía o seguinte texto: "¿A onde irán destinados os meus 3 €?. Axuda ao custo de fotocopias entregadas polo profesorado durante o curso escolar. Axuda ao custo das actividades extraescolares. Uso de material informático para autoaprendizaxe". No caso da EOI de Pontevedra todos os sobres levaban unha acuñación que poñía "EOI de Pontevedra. Achega de 3€ en concepto de material didáctico e actividades extraescolares. Acordo Consello Escolar do 15/02/2006. Pontevedra xuño/setembro do Sinatura".

Na EOI de Vilagarcía non se conservan os carteis, xa que este curso non se produciron ningún tipo de achega. A aqueles alumnos que se negaban a facer a achega só se lles entregaba os impresos de matrícula e non o resto de información que contiña o sobre.

2°.- Os Consellos Escolares dos centros aprobaron a achega voluntaria dos 3 €: Na EOI de Pontevedra na acta correspondente ao Consello Escolar do 15 de febreiro de 2006 recóllese a aprobación de cobrar 3 € coa entrega do sobre da matrícula e un comentario do director informando que na EOI de Ourense non se realiza este cobro, pero que os directores das outras EOI o consideran moi positivo.

Na EOI de Vigo, na acta que recolle os acordos do Consello Escolar celebrado o 13 de xullo de 2001 aparece a votación de si se mantén o prezo do sobre en 500 pesetas, subilo a 800 ou a 1000. Na acta do Consello Escolar da EOI de Vigo celebrado o 27 de setembro de 2005, recóllese que os 2 € que se lle están cobrando aos alumnos como achega potestativa, destinaranse a cubrir o gasto orixinado polas fotocopias que lle fornecerán os profesores durante o curso. Unha representante dos alumnos manifesta que está en contra de que se cobre por este concepto.

3°.- O control do número de alumnos que facían a achega:

Nas EOI de Vigo e Pontevedra os sobres estaban numerados e na EOI de Vilagarcía non. Na EOI de Pontevedra entregábaselle un ticket ao alumno, na EOI de Vilagarcía non e na de Vigo a quen o solicitaba. Na EOI de Vigo, en anos anteriores, poñíase unha marca nos sobres dos alumnos que non facían a achega, pero o número era tan escaso que deixou de facerse. Na EOI de Vilagarcía había unha lista do alumnado na conserxería na que se marcaba o nome do alumno que facía a achega, aínda que isto non sucedía sempre.

4°.- En todas as EOI ao final do día realizábase o reconto das achegas. Os cartos recadados polo cobro dos sobres ingresábanse nas contas bancarias respectivas. No concepto de ingreso figuran as expresións "Sobres de matrícula" ou "Ingresos matrícula 2009".

5°.- Os ingresos aparecen reflectidos nas Contas de Xestión de orzamentos das EOI. Na EOI de Pontevedra no apartado i) Os derivados de venda de fotocopias e uso de teléfono. Na EOI de Vigo no apartado c) Achegas económicas procedentes de legados e doazóns legalmente adquiridas, axudas e subvencións de calquera entidade ou institución privada, ou particulares. Na EOI de Vilagarcía no apartado j) Achegas de entidades ou particulares para o pagamento dos servizos de comedor, residencias, instalacións deportivas e outros.

6°.- No actual curso académico 2010-2011 ningún alumno da EOI de Vilagarcía, nin da EOI de Pontevedra realizou achega algunha polo sobre debido á implantación do sistema informático da matrícula. Na EOI de Vigo realizaron a achega de 3 € aqueles alumnos que non fixeron preinscripción e non se matricularon a través do sistema informático.

7°.- As EOI da provincia de Pontevedra ata o curso 2009-2010 mantiñan como práctica habitual o cobro de 3 € coa entrega do sobre da matrícula. A achega dos tres euros non era obrigatoria para o alumnado senón que era voluntaria, segundo a información que aparecía nos carteis informativos ou nos propios sobres de matrícula. O tratamento non tiña concepto de taxa. A aqueles alumnos que se negaban a facer a achega só se lles entregaba os impresos de matrícula e non o resto de información que contiña o sobre. As cantidades cobradas axudaban ao alto custo que supón o gran número de fotocopias que se lle entregan aos alumnos ao longo do curso, segundo aparecen reflectidas no control de fotocopias realizado polas secretarías.

8°.- Os cartos recadados ingresábanse en efectivo na conta bancaria de cada escola. Nos recibos consta o ingreso como sobres de matrícula ou matrícula 2009. Facíase nun só ingreso como nas EOI de Pontevedra e Vilagarcía ou en ata sete ingresos como na EOI de Vigo.

9°.- O sistema de control para saber qué alumnos pagaban ou non estaba establecido, xa que ou ben os sobres estaban numerados, ou entregábaselle un ticket a cada alumno ou se poñían marcas en listas de alumnos ou nos propios sobres. Sen embargo, isto non ocorría en todos os casos por mor en determinadas horas ou días de gran afluencia de alumnado. Diariamente contabilizábanse os cartos recollidos, contrastábanse cos sobres ou cos tickets entregados. Na actualidade non é posible comprobar o número de alumnos que realizaban o pago, pero constátase que era elevado polas cantidades ingresadas. Así da EOI de Vigo nos sete recibos bancarios de 2009 polo concepto de "ingresos matrícula 2009", aparece reflexada unha cantidade total de 13.310 E.

10°.- Co sistema de matrícula por internet non se realizaron achegas nas EOI de Pontevedra e Vilagarcía. No caso da EOI de Vigo si se fixeron achegas por parte dos alumnos que non realizaron a preinscripción e non se matricularon a través do sistema informático.

11°.- Nas entrevistas mantidas coas direccións das tres EOI da provincia de Pontevedra manifestaron que eran coñecedoras da normativa, polo que cando se propuxo aos Consellos escolares dos centros a aprobación da achega de diñeiro (cantidade que foi variando no tempo ata alcanzar os 3 € cobrados no ano 2009) para a axuda a custos de material didáctico e de fotocopias quedou claro que era unha achega voluntaria por parte do alumnado, que non tiña carácter de taxa administrativa e que así se publicitaria nas conserxerías das escolas onde se facía entrega dos sobres ao alumnado.

Escola Oficial de Idiomas da Coruña:

Esta escola cobra unha achega voluntaria polo sobre de matrícula, desde que foi aprobado polo consello escolar.

Este curso 2010-2011, a pesar de que parte da matrícula se formalizou online, cobráronse os sobres do seguinte xeito:

1° O alumnado precisaba entregar a documentación obtida por internet na escola e completala con outros documentos (carné da escola, documento informativo asinado), que se lle facilitaron xunto co sobre para entregar na secretaría, neste caso pagaban un prezo simbólico.

2° As persoas que se matricularon despois do prazo de matrícula online recolleron o sobre con toda a documentación como en cursos anteriores e pagaron o prezo de anos pasados.

As razóns polas que se decidiu cobrar os sobres de matrícula son as seguintes:

1°.O elevado custo do sobre coa documentación que contén. A escola ten que pagar na imprenta a impresión dos sobres, impresos e carnés da escola; o documento informativo para o alumnado fotocópiase na escola, así como o resto de información que se inclúe nos centros.

2°. A información impresa que se lle proporciona ao alumnado ao longo co curso de xeito gratuíto, especialmente no nivel avanzado e en idiomas nos que se traballa sen libro de texto.

3°. O uso da biblioteca por parte de todo o alumnado, que obrigou a contratar os servizos dunha bibliotecaria para catalogar o material.

4°. O uso da aula de autoaprendizaxe por todo o alumnado do centro, que obriga a manter actualizados os recursos, pagado polo centro.

Condicións do cobro:

Este cobro considérase donativo. En carteis colocados nos taboleiros infórmase ao alumnado de que a súa achega é voluntaria.

Sempre se entregou o sobre de xeito gratuíto ao alumnado que dixo que non quería pagar e sempre se entregou xustificante de pagamento ao alumnado que o solicitou.

Destino dos ingresos:

O diñeiro percibido polos sobres de matrícula pasa a formar parte do orzamento da EOI, ingrésase na conta bancaria da escola e na "Conta de xestión do orzamento" que cada ano debe enviarse á Consellería de Educación, apartado de Xestión económica. Estes ingresos aparecen contabilizados no apartado de "Os derivados da venda de fotocopias e uso do teléfono".

En relación co informe subscrito pola subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade de Sistema Educativo e co informe do Subdirector xeral de

Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, esta institución debe face-la seguinte valoración:

- O informe do subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial manifesta taxativamente que na normativa que regula os prezos públicos correspondentes ás ensinanzas especiais impartidas nas escolas oficiais de idiomas non se contempla ningunha achega en concepto de sobre de matrícula, que, en calquera caso, estaría incluído no pago do prezo establecido no artigo 3 modificado no Decreto 147/2006. Conclúe o seu informe sinalando a vixencia destas normas no presente curso escolar no que se realiza a matrícula a través de internet.

- O informe da subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade de Sistema Educativo contén unha pormenorizada relación da práctica xeneralizada nas EOI, excepto a de Ourense, de percibiren cartos en efectivo pola entrega do sobre de matrícula (sempre por este concepto e non por outras contraprestacións), téndose incrementado a contía ao longo do tempo ata os tres euros que se cobran hoxe en día. Do seu informe poden extraerse, sen dúbida, os seguintes feitos:

- Non foi nunca unha taxa nin un prezo público. A decisión de percibiren estas cantidades foi adoptada por acordos dos distintos Consellos Escolares.

- O seu cobro anunciábase en carteis pendurados no centro. Non figura nos impresos oficiais.

- Contabilizábase de xeito irregular. Non se entregaba sempre xustificante da súa percepción, só cando os alumnos o solicitaban, o que impedía a súa exacta contabilización como ingreso xa que non se correspondía con todos os sobres de matrícula entregados e cobrados.

- Nos orzamentos dos distintos centros, tampouco quedaba reflectido nun mesmo concepto contable. Ás veces, contabilizábase como ingreso polo uso do teléfono, ou por venta de fotocopias ou como doazón.

- Publicamente denominábase achega voluntaria, máis cando se pedía un recibo, entregábase un xustificante de pagamento, o que é claramente contraditorio.

- A pesar do seu carácter voluntario, se non se entregaban os tres euros, retirábase parte da documentación do sobre de matrícula e non se entregaba completo.

O informe da subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade de Sistema Educativo conclúe que esta práctica está amparada polo Decreto 201/2003 de 20 de marzo, que regula a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios. Con todo, esta normativa está regulando un suposto ben distinto que é a posibilidade que estes centros teñen de percibir, entre os seus ingresos, achegas económicas procedentes de legados e doazóns legalmente adquiridas, axudas e subvencións de calquera entidade ou institución privada, ou de particulares. (artigo 5º), que haberán de incluír no orzamento anual do centro. En ningún caso estas achegas voluntarias poden aparecer vinculadas á entrega de bens ou servizos por parte do centro educativo, sexa un sobre de matrícula, material didáctico ou calquera outra contraprestación. Refírese, con toda claridade, ao dereito dos centros a seren beneficiarios de actos de liberalidade, de legados e doazóns adquiridos legalmente ou de axudas de particulares, pero non de importes fixos anunciados no centro (neste caso, mediante carteis), a cambio de documentación, contabilizados de xeito irregular e cuxa percepción é acordada por un órgano de xestión do centro como é o Consello Escolar.

A cuestión aínda resulta máis anómala cando a E.O.I. da Coruña ten percibido este curso as devanditas cantidades a pesar de terse implantado a matrícula por internet, no momento de entregar a documentación no centro.

Por este motivo, esta institución considera que esta práctica debe cesar de xeito inmediato, polo que formula a esa Consellería a seguinte **recomendación**:

Que no sucesivo, non se perciba nas EOI ningunha achega voluntaria vinculada á entrega do sobre de matrícula. Calquera gasto do centro que estivera chamado a cubrir

esta suposta achega voluntaria debe ser presupostado entre os gastos ordinarios e cuberto con taxas, prezos públicos ou outros ingresos tamén ordinarios.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada.

4.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello da Coruña, o día 24 de febreiro de 2011 para que as escolas infantís municipais cumpran a súa obriga de enviar as solicitudes rexeitadas á Xunta e desa forma poidan optar ao cheque infantil (Q/2169/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona S.L.A., con domicilio na Avda. … en Culleredo (A Coruña).

No seu escrito, indicábanos que en abril do ano 2010, solicitou praza na Escola Infantil Municipal "Os Cativos" para a súa filla A.F.L.. Literalmente expón: *"En la solicitud marco con una x la casilla del cheque infantil. Entrego todo lo que se me pide y a su tiempo. Acto seguido voy al edificio Proa de la Xunta y en la novena planta pregunto por la solicitud del cheque infantil, se me contesta que no es necesario ya que he marcado la casilla correspondiente en la solicitud de la guardería. Pasa el tiempo y voy al PROA a preguntar por el cheque infantil y me dicen que la guardería no ha presentado los papeles y mi hija no tiene expediente. Enfadada, me pongo en contacto con la guardería y su vez con el ayuntamiento y me dicen que dicho trabajo no es competencia de ellos. Vuelvo al Proa y les comunico lo que el representante municipal me ha dicho, que contestan que no tengo nada que hacer por que no han presentado mis papeles. En ningún momento se me explica que si solicito en guardería municipal tenía que presentar yo los papeles ni en la solicitud lo pone. Por tanto, el Ayuntamiento le echa la culpa a la Xunta y la Xunta al contrario, ninguno me da una solución y me encuentro sin un derecho por culpa de dos administraciones que no saben que hacer. Quisiera decir que tengo tres hijos y no hay derecho a que se juegue con las personas".*

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura

constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse desa Administración que, no prazo de **quince días**, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En concreto, sobre a comprobación de se na documentación que se lle entregou á interesada na escola infantil, se facía constar claramente que nas escolas infantís de titularidade municipal debíase facer a tramitación polo interesado; as razóns polas que se lle recolleu na gardería esta documentación que non ía ser tramitada por eles, xerando na recorrente en queixa a convicción de que ía ser feita a solicitude pola propia escola, e en fin, calquera outra información que considere que deba ser tida en conta para unha axeitada valoración do obxecto da queixa.

Con data de 16 de decembro foi recibido o informe do Concello da Coruña no que se sinala o seguinte:

"En contestación á solicitude de información en relación coa investigación sumaria e informal, Expediente: D.3.Q/2169/10, iniciado mediante escrito de queixa presentado por Dona S.L.A., con domicilio en Culleredo, e en concreto "sobre a comprobación de se na documentación que se lle entregou á interesada na escola infantil, faise constar claramente que as escolas infantís de titularidade municipal débese facer a tramitación polo interesado; as razóns polas que se lle recolleu na gardería esta documentación que non ía ser tramitada por eles, xerando na recorrente en queixa a convicción de que ía ser feita a solicitude pola propia escola, e en fin, calquera outra información que considere que deba ser tida en conta para unha axeitada valoración do obxecto da queixa", e conforme ao deber de auxilio e cooperación establecido no art. 26 da Lei Reguladora desa Alta Institución, teño a honra de remitir as seguintes consideracións:

En virtude do establecido no art. 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, este Concello para contribuír á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ten establecida unha Rede de Escolas Infantís Municipais integrada por sete escolas que prestan un servizo público municipal de atención á infancia, todas elas xestionadas de forma indirecta mediante concesións. Desta Rede de Escolas forma parte a Escola Infantil Municipal "Os Cativos" na que a reclamante con domicilio en Culleredo solicitou e non obtivo praza para a súa filla. Este Concello non percibe ningunha axuda ou subvención da Xunta de Galicia para o sostemento destas escolas.

A Rede de Escolas Infantís Municipais réxese no seu funcionamento por o estipulado nos contratos concesionais de cada unha de elas e polo establecido no Regulamento de Organización e Funcionamento da Rede de Escolas Infantís Municipais aprobado o día 3 de novembro de 2008 (BOP do 18 de novembro de 2008) e modificado o día 12 de febreiro de 2010 (BOP do 9 de marzo de 2010), inspiradas estas normas polo principio de autonomía de que goza este municipio para a xestión dos seus intereses constitucionalmente garantido.

Con estrita suxeición ás normas citadas, este Concello tivo aberto o prazo de solicitude de prazas na Rede de Escolas Infantís Municipais dende o día 5 ata o día 23 de abril de 2010 para os nenos e nenas nacidos nos anos 2008 e 2009, como era o caso da filla da interesada, publicándose previamente a documentación de presentación obrigada para a obtención de praza, que fundamentalmente foi a seguinte:

- *Impreso de solicitude*
- *Volante de convivencia do Padrón Municipal*
- *Fotocopia do DM ou NIE*
- *Impreso de autorización para a obtención polo Concello de datos tributarios*
- *Fotocopia do libro de Familia*
- *Certificado de minusvalidez, no seu caso*

· *Fotocopia da última nómina ou do recibo de pagamento á Seguridade Social*

No "Impreso de solicitude" (achégase como documento n° 1) incluíuse, como en todas as convocatorias dos últimos anos, unha casa a cumprimentar polos interesados que literalmente indica: "No caso de non ter praza nalgunha Escola Infantil Municipal, ¿interésalle participar no Programa "Cheque Infantil" da Xunta: SI/NON". Esta casa foi marcada afirmativamente pola interesada.

A interesada presentou exclusivamente esta documentación esixida (a excepción do último dos documentos relacionados) e non outra, e non obtendo praza na Escola Infantil Municipal "Os Cativos" o Concello comunicou á Consellería de Traballo e Benestar con data 30 de xuño de 2010 o desexo manifestado pola interesada de participar no programa do "cheque infantil" promovido pala Xunta de Galicia a través da devandita Consellería.

O Concello de A Coruña procedeu de igual modo con todos os solicitantes que expresaron este desexo neste ano 2010 e en todos os anos anteriores dende que existe o programa autonómico de "cheque infantil", en cumprimento da súa vontade de colaboración coa Xunta de Galicia, pola razón de que foi requisito en todas as convocatorias de axudas do "cheque infantil" que o interesado fose solicitante de praza en escolas infantís de 0-3 anos sostidas con fondos públicos e que non resultasen adxudicatarios dunha delas por falta de prazas dispoñibles. Nas convocatorias anteriores e de conformidade co previsto nas normas que as regularon, foi a Xunta de Galicia a que se dirixiu aos interesados requiríndolles a documentación necesaria para optar ás axudas de "cheque infantil". Esta e non outra é a razón de incluír no impreso de solicitude de praza nunha escola infantil municipal a pregunta á que se aludiu, pregunta da formulación da cal non pode deducirse que o Concello asumiría unha competencia propia doutra Administración, e queda claro que a interesada estivo informada e foi consciente de que o Concello non tiña competencias para a tramitación do "cheque infantil" posta que ela mesura afirma na queixa a VI dirixida que unha vez solicitada a praza na escola infantil municipal "acto seguido voy al edificio Proa de la Xunta ". Do alegado pola

interesada dedúcese que é no edificio Proa que alberga as dependencias da Consellería de Traballo e Benestar onde á interesada se lle ofrece unha información errónea.

Case dous meses despois de pechado o proceso de solicitude de prazas na Rede de Escalas Infantís Municipais a Consellería de Traballo e Benestar publicou no DOG do 14 de xuño de 2010 a Orde pala que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia a través do cheque infantil nas escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos, e procedeuse á súa convocatoria. A devandita Orde establece no seu art. 8° que os servizos de Familia e Menores dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar serán os órganos responsables da tramitación dos expedientes, e especifica nos seus anexos II, III, IV, V e VI a prolixa documentación que os interesados deberán presentar para optar ás axudas (ata 4 documentos posibles no Anexo II, ata 12 no anexo III e seguintes).

O Concello non puido, nin pode remitir á Xunta a documentación esixida para a obtención do cheque infantil pola interesada porque non dispón nin dispuxo dela, en razón de que á solicitante non se lle pediu esa documentación, nin se lle recolleu cando presentou a súa solicitude de praza nunha escola infantil municipal.

Non percibindo este Concello ningunha axuda ou subvención da Xunta de Galicia para o sostemento da súa Rede de Escolas Infantís municipais, non lle é de aplicación a Orde da Consellería de Traballo e Benestar de 12 de maio de 2010, pola que se regulan as bases que rexen o procedemento de concesión das axudas para o mantemento de escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, o art. 20 da cal establece un réxime de admisión de alumnos común a todas estas escolas que se sosteñen en parte con fondos públicos da Xunta de Galicia, que inclúe adaptar os modelos de solicitude de prazas e documentos a presentar por os interesados, puntuar as solicitudes de novo ingreso de acordo co baremo que así mesmo establece, enviar aos departamentos territoriais competentes en materia de familia e benestar a relación de solicitantes que figuran na lista de espera e que opten por unha praza do programa "cheque infantil", xunto con copia das solicitudes en lista de espera e a documentación que se tivo en conta para puntualas.

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xullo de 2010, a Xefa do Servizo de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar comunicou ao Servizo Municipal de Educación en relación coa lista de solicitantes de cheque infantil que "deberán remitirnos a documentación que obra no seu poder, necesaria para a súa valoración" (adxúntase copia como documento n° 2), e con data de saída do Rexistro Xeral Municipal de 15 de xullo de 2010, a Xefa do Servizo Municipal de Educación comunicou á Xefa do Servizo de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar que esta Administración municipal "non dispón da documentación que na Orde se esixe aos interesados, posto que tampouco a esixiu a estes no seu proceso autónomo de admisión de alumnos regulado no Regulamento de Organización e Funcionamento da Rede de Escolas Infantís Municipais. " (Achégase copia como documento n° 3).

Con data 8 de novembro de 2010 tivo entrada neste Concello o escrito de Dona S.L.A. a copia da cal achégase (documento n° 4) no que expresa a súa queixa de que o Concello "no me informa de que no va a presentar mis papeles a la Xunta" e o día 16 de novembro de 2010 o Concello notificou á interesada que "la razón por la que el Ayuntamiento no ha podido, ni puede remitir a la Xunta la documentación demandada es porque no dispone de la misma, en razón de que a la solicitante no se le pidió esa documentación, ni se le recogió cuando presentó su solicitud de plaza en una escuela infantil municipal. Por tanto no se ajusta a la realidad la afirmación de que ya fueron entregados todos los papeles. Los únicos papeles que se entregaron en su día al solicitar plaza en una escuela infantil municipal fueron los que las escuelas infantiles del Ayuntamiento exigen para su admisión en el centro y esta documentación no coincide en modo alguno con la solicitada por la Xunta de Galicia para la concesión del llamado cheque infantil" achégase copia como documento n° 5).

Á vista do sinalado no informe do concello, esta institución dirixiuse á Consellería de Traballo e Benestar reclamándolle informe, e dándolle traslado do manifestado polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña solicitándolle que aclarase esta información. O informe da consellería foi recibido nesta institución e nel sinálase que para o curso 2010/2011, a Orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da

primeira infancia a través do cheque infantil, en escolas infantís 0-3 anos non sostidas con fondos públicos, publicouse no D.O.G. n° 111 do 14 de xuño de 2010.

Na citada orde no seu artigo 3°.5 establécese que as escolas infantís sostidas con fondos públicos que teñan en lista de espera solicitantes que optaran polo programa de cheque infantil, deberán enviar ao departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar as súas listas de agarda, xunto coa documentación necesaria para a súa valoración (artigo 6° desta orde) antes do 9 de xullo de 2010. Se no prazo establecido non se presentasen as listas de espera dos centros sostidos con fondos públicos non se procederá á súa tramitación.

O departamento territorial púxose en contacto co Concello da Coruña para ver de que remitiran as solicitudes en lista de agarda coa documentación correspondente. En resposta ao anterior o Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña, no seu escrito de data de entrada de 16 de xullo de 2010, informa o seguinte: "A Administración Municipal do Concello da Coruña non recibe ningunha axuda da Xunta para mantemento das escolas infantís municipais que forman parte da súa rede, nin ningunha outra axuda da Xunta relacionada coa xestión das devanditas escolas, polo que non pode de ningún xeito entenderse que son centros sostidos con fondos públicos aos efectos da citada Orde, e polo tanto non lle son de aplicación as súas previsións"

O informe conclúe: *"Polo exposto, o propio concello da Coruña exclúe a posibilidade de aplicar ás súas escolas infantís municipais o establecido na antedita Orde de 9 de xuño de 2010 (D.O.G. n° 111 do 14 de xuño de 2010)"*.

Á vista do contido dos informes, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. O artigo 103.1 da Constitución española alude en singular á Administración pública, o que de ningún modo significa que as afirmacións que se conteñen no dito apartado 1 refíranse exclusivamente á Administración do Estado. O artigo 103.1 irradia o seu campo de actuación a calquera Administración pública, de forma que as garantías e esixencias que deste se desprenden beneficiarán ou restrinxirán a actuación de calquera Administración pública e, por ende, afectarán no que corresponda á calquera

cidadán nas súas relacións coas Administracións públicas. Dito isto, é obvio que os "intereses públicos" aos que alude o artigo 103.1 deben poñerse en correlación con cada unha das Administracións existentes, o que pode levar en ocasións -e así ocorre ás veces na práctica- a un conflito de intereses públicos: dúas ou máis Administracións, en trance de servir aos intereses públicos que lles corresponden, adoptan medidas -cada unha dela dentro do seu ámbito competencial- contraditorias ou que entran en conflito. Aínda que o artigo 103.1 non ofrece unha solución explícita a situacións como a descrita, non obstante os principios aos que tamén alude (especialmente, polo que agora interesa, os de eficacia e coordinación) deben terse presente en trance de resolver a cuestión. En todo caso, quizais non sería necesario realizar un grande esforzo argumental para soster que do artigo 103.1 se desprende o principio do "interese público prevalente" (cando se produza conflito con outros intereses públicos representado por distintas Administracións), que non necesariamente sempre terá que coincidir co interese público da Administración do Estado.

Por outra parte, o sometemento pleno á lei e ao Dereito recollido no artigo 103.1 enlaza co previsto no artigo 106.1 da Constitución, cando se atribúe aos Tribunais (aos órganos xurisdicionais competentes) o control da potestade regulamentaria e a legalidade da actuación administrativa, así como o sometemento desta aos fins que a xustifican. Como sinalou con profusión o Tribunal Constitucional, o artigo 103.1 en conexión co artigo 106.1 da Constitución impiden que poidan existir comportamentos da Administración pública -positivos ou negativos- inmunes ao control xudicial.

O artigo 103.1 da Constitución alude tamén aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, dispoñendo que a Administración pública debe actuar de acordo cos ditos principios. En realidade, é fácil observar que os aludidos principios non están situados no mesmo plano: os principios de xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación non son nada en si mesmos senón se conectan coa finalidade que con eles se persegue, como é acadar unha actuación administrativa eficaz. Podería dicirse que o principio de eficacia é o obxectivo a acadar, sendo os principios de xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación medios a través dos que poderá conseguirse o dito obxectivo.

A Lei 30/1992 recolle literalmente no seu artigo 3.1 o contido do artigo 103.1 da Constitución, modificando exclusivamente a referencia ás Administracións públicas en plural. Aos citados principios, engade o precepto legal que as Administracións deberán respectar na súa actuación os principios de boa fe e confianza lexítima; nas súas relacións con outras Administracións públicas rexeranse polo principio de cooperación e colaboración; nas súas relacións cos cidadáns baixo os principios de transparencia e participación; e sempre actuando con criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns.

O principio de coordinación é quizais un dos máis útiles para lograr unha actuación eficaz por parte das Administracións públicas, máxime se se ten en conta o solapamento que en numerosas ocasións se produce, cun maior ou menor alcance, entre competencias de distintas Administracións públicas. O Tribunal Constitucional recordou reiteradamente a necesidade de que as Administracións se coordinen, o que, entre outras cousas, evitaría un grande número de conflitos de competencias. Concretamente, por referencia ao artigo 103.1 da Constitución, na súa sentencia 109/1998, do 21 de maio, aludía ao principio constitucional de eficacia como orixe dos instrumentos coordinadores en xeral. A Lei 30/1992 tamén se refire a este principio en diversos preceptos, aparte do artigo 3.1 xa citado. É de destacar neste sentido o artigo 4, no que partindo do principio de lealdade institucional que debe rexer as relacións entre as Administracións públicas, alúdese ao respecto, intercambio de información e cooperación que debe existir entre Administracións.

Nada disto se produciu neste caso. O Concello da Coruña interpretou á súa conveniencia nunha norma, causando un grave prexuízo aos cidadáns afectados. Por unha parte, interpreta que a súa rede de escolas infantís municipais é válida para os efectos de entender cumprido o requisito establecido na normativa reguladora do programa do cheque infantil de que o interesado fose solicitante de praza en escolas infantís de 0-3 anos sostidas con fondos públicos, e que non resultase adxudicatario dunha delas por falta de prazas dispoñibles. En consecuencia, inclúe nos seus impresos de solicitude a casiña correspondente para facer constar a posibilidade de optar polo cheque infantil, o que crea nos interesados o convencemento da súa participación no programa da Consellería. Con todo, á hora de dar curso ás solicitudes denegadas por falta de praza, non colabora coa

Consellería amparándose no argumento de que o Concello non percibe ningunha axuda ou subvención da Xunta de Galicia para o sostemento da súa rede de escolas infantís.

Ademais, esta falta de colaboración, é tamén, poderíamos dicir, selectiva, porque o Concello enviou a lista dos solicitantes que non obtiveron praza e optaron polo programa do cheque infantil. Non obstante, cando a Xefa de Servizo de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar comunicou ao Servizo Municipal de Educación en relación coa lista de solicitantes de cheque infantil que *"deberán remitirnos a documentación que obra no seu poder, necesaria para a súa valoración"*, a Xefa do Servizo Municipal de Educación comunicou ao Servizo de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar que *"esta Administración municipal non dispón da documentación que na Orde se esixe aos interesados, posto que tampouco a esixiu a estes no seu proceso autónomo de admisión de alumnos regulado no Regulamento de Organización e Funcionamento da Rede de Escolas Infantís Municipais"*. Este deber de colaboración reiteradamente invocado puidera ser facilmente atendido remitindo a documentación entregada ao solicitar praza na escola municipal, de modo que a Xunta puidera despois reclamar a documentación complementaria que correspondera. Cando a interesada se queixa de que o Concello non a informa de que non vai presentar os seus papeis á Xunta, é inaceptable o razoamento feito por ese órgano: *"la razón por la que el Ayuntamiento no ha podido, ni puede remitir a la Xunta la documentación demandada es porque no dispone de la misma, en razón de que a la solicitante no se le pidió esa documentación, ni se le recogió cuando presentó su solicitud de plaza en una escuela infantil municipal. Por tanto no se ajusta a la realidad la afirmación de que ya fueron entregados todos los papeles. Los únicos papeles que se entregaron en su día al solicitar plaza en una escuela infantil municipal fueron los que las escuelas infantiles del Ayuntamiento exigen para su admisión en el centro y esta documentación no coincide en modo alguno con la solicitada por la Xunta de Galicia para la concesión del llamado cheque infantil..."*.

No escrito de queixa queda reflectido tamén que en ningún momento se advertiu ao solicitante de praza que nas convocatorias anteriores foi a Xunta de Galicia a que se dirixiu aos interesados requiríndolles a documentación necesaria para optar ás axudas do

cheque infantil. De ningún modo é aceptable que o interesado non teña constancia, en ningún momento, de cal é a tramitación que se está dando a súa solicitude e aínda menos, a información errónea que se lle deu. Tampouco pode esixirse aos cidadáns unha dobre tramitación das súas solicitudes, e que a descoordinación entre as Administracións lles obrigue a un dobre procedemento segundo sexa a titularidade da escola infantil.

Na base deste conflito late unha idea equivocada do público. É evidente que as escolas infantís dependentes do Concello prestan un servizo público municipal. Con todo, non cabe dicir que, dado que non recibe ningunha axuda da Xunta para o mantemento das escolas infantís municipais que forman parte da súa rede, nin ningunha outra axuda da Xunta relacionada coa xestión das ditas escolas, non pode de ningún modo entenderse que son centros sostidos con fondos públicos aos efectos da citada Orde do 9 de xuño de 2010, e polo tanto non lle son de aplicación as previsións contidas na Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 12 de maio de 2010, pola que se regulan as bases que rexen o procedemento de concesión das axudas para o mantemento de escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais. Da redacción literal do precepto despréndese que as escolas municipais están incluídas no ámbito da regulación: *"Para os efectos desta orde, enténdese por escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos: as escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia, as galescolas dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as escolas infantís 0-3 e puntos de atención á primeira infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e as escolas infantís 0-3 dependentes das entidades privadas de iniciativa social que reciban axudas da Xunta de Galicia para mantemento do centro"*. Literalmente interpretado, as axudas da Xunta só se referirían a estas últimas escolas, as dependentes de entidades privadas de iniciativa social. E isto é o lóxico posto que todas as demais son garderías de titularidade pública e están sostidas con fondos públicos.

O deber de colaboración entre as administracións é independente do seu financiamento e está orientado a servir con obxectividade os intereses xerais. Por todo o cal, esta institución ten que facer ao Concello da Coruña a seguinte **recomendación:**

"Que, en cumprimento dos principios constitucionais de colaboración e coordinación entre as administracións públicas, en caso de que o solicitante dunha praza en escolas infantís pertencentes á rede municipal non a obtivera, se contemple o deber de enviar aos departamentos territoriais competentes en materia de familia e benestar da Xunta de Galicia a relación de solicitantes que figuran na lista de espera e que opten por unha praza do programa "cheque infantil", xunto con copia das solicitudes en lista de espera e a documentación que se tivo en conta para puntualas que obre en poder do Concello".

Resposta do alcalde da Coruña: non aceptada.

5.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello da Coruña, o día 24 de febreiro de 2011 para que as escolas infantís municipais cumpran a súa obriga de enviar as solicitudes rexeitadas á Xunta e desa forma poidan optar ao cheque infantil (Q/97/11).

Nesta institución mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dª P.R.F., con domicilio na Plaza …, El Temple, Cambre, A Coruña.

No seu escrito, indicábanos que nas datas de 19 e 22 de abril do ano 2010, solicitou praza nas Escolas Infantís Municipais *"A Caracola"* e *"Carricanta"* para o seu fillo. Non obtivo praza nelas pero denuncia que o Concello da Coruña non enviou á Delegación territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta a documentación correspondente para a súa participación no programa do cheque infantil. Sinala que tentaron presentar a documentación directamente na delegación territorial pero dixeronlles que non a tiñan en conta senón a remitía o Concello.

Unha vez estudada a súa queixa, foi admitida ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española.

Non foi solicitado informe ao Concello da Coruña nin á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia pois da documentación que achegaba a recorrente en queixa a esta institución xunto co seu escrito existían xa elementos abondo para facer unha valoración do contido da queixa. En concreto, axuntaba ao seu escrito un oficio asinado polo Director de Servizos Sociais e Educación, de data do 21 de xaneiro de 2011, en resposta a unha reclamación presentada perante o Concello con data de rexistro de entrada de 17 de xaneiro, e a resposta dada pola Consellería de Traballo e Benestar a outra reclamación de idéntico contido e presentada na mesma data na Delegación territorial.

Por outra banda, nesas mesmas datas estaba a tramitarse nesta institución outra queixa idéntica (Q/2169/10) e tíñase recibido xa o informe do Concello da Coruña e da devandita Consellería.

Para o curso 2010/2011, a Orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia a través do cheque infantil, en escolas infantís 0-3 anos non sostidas con fondos públicos, publicouse no D.O.G. n° 111 do 14 de xuño de 2010.

Na citada Orde no seu artigo 3°.5 establécese que as escolas infantís sostidas con fondos públicos que teñan en lista de espera solicitantes que optaran polo programa de cheque infantil, deberán enviar ao departamento territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar as súas listas de agarda, xunto coa documentación necesaria para a súa valoración (artigo 6° desta orde) antes do 9 de xullo de 2010. Se no prazo establecido non se presentasen as listas de espera dos centros sostidos con fondos públicos non se procederá á súa tramitación.

O departamento territorial púxose en contacto co Concello da Coruña para que remitiran as solicitudes en lista de agarda coa documentación correspondente.

En resposta ao anterior, o Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña, no seu escrito de data de entrada de 16 de xullo de 2010, informa o seguinte: *"A Administración Municipal do Concello da Coruña non recibe ningunha axuda da Xunta para mantemento das escolas infantís municipais que forman parte da súa rede, nin*

ningunha outra axuda da Xunta relacionada coa xestión das devanditas escolas, polo que non pode de ningún xeito entenderse que son centros sostidos con fondos públicos aos efectos da citada Orde, e polo tanto non lle son de aplicación as súas previsións".

Polo exposto, o propio concello da Coruña exclúe a posibilidade de aplicar ás súas escolas infantís municipais o establecido na antedita Orde de 9 de xuño de 2010 (D.O.G. n° 111 do 14 de xuño de 2010).

Á vista do contido dos informes remitidos a esta institución na tramitación da queixa Q/2169/10, das respostas dadas ás reclamacións presentadas pola interesada perante o Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar e do Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña, esta institución ten que facer as seguintes consideracións:

O artigo 103.1 da Constitución española alude en singular á Administración pública, o que de ningún mondo significa que as afirmacións que se conteñen no dito apartado 1 se refiran exclusivamente á Administración do Estado. O artigo 103.1 irradia o seu campo de actuación a calquera Administración pública, de forma que as garantías e esixencias que deste se desprenden beneficiarán ou restrinxirán a actuación de calquera Administración pública e, por ende, afectarán no que corresponda a calquera cidadán nas súas relacións coas Administracións públicas. Dito isto, é obvio que os "intereses públicos" aos que alude o artigo 103.1 deben poñerse en correlación con cada unha das Administracións existentes, o que pode levar en ocasións -e así ocorre ás veces na práctica- a un conflito de intereses públicos: dúas ou máis Administracións, en trance de servir aos intereses públicos que lles corresponden, adoptan medidas -cada unha dela dentro do seu ámbito competencial- contraditorias ou que entran en conflito. Aínda que o artigo 103.1 non ofrece unha solución explícita a situacións como a descrita, non obstante os principios aos que tamén alude (especialmente, polo que agora interesa, os de eficacia e coordinación) deben terse presente en trance de resolver a cuestión. En todo caso, quizais non sería necesario realizar un grande esforzo argumental para soster que do artigo 103.1 se desprende o principio do "interese público prevalente" (cando se produza conflito con

outros intereses públicos representado por distintas administracións), que non necesariamente sempre terá que coincidir co interese público da Administración do Estado.

Por outra parte, o sometemento pleno á lei e ao Dereito recollido no artigo 103.1 enlaza co previsto no artigo 106.1 da Constitución, cando se atribúe aos Tribunais (aos órganos xurisdicionais competentes) o control da potestade regulamentaria e a legalidade da actuación administrativa, así como o sometemento desta aos fins que a xustifican. Como sinalou con profusión o Tribunal Constitucional, o artigo 103.1 en conexión co artigo 106.1 da Constitución impiden que poidan existir comportamentos da administración pública -positivos ou negativos- inmunes ao control xudicial.

O artigo 103.1 da Constitución alude tamén aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, dispoñendo que a Administración pública debe actuar de acordo con ditos principios. En realidade, é fácil observar que os aludidos principios non están situados no mesmo plano: os principios de xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación non son nada en si mesmos senón se conectan coa finalidade que con eles se persigue, como é acadar unha actuación administrativa eficaz. Podería dicirse que o principio de eficacia é o obxectivo a acadar, sendo os principios de xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación medios a través dos que poderá conseguirse o dito obxectivo.

A Lei 30/1992 recolle literalmente no seu artigo 3.1 o contido do artigo 103.1 da Constitución, modificando exclusivamente a referencia ás Administracións públicas en plural. Aos citados principios, engade o precepto legal que as Administracións deberán respectar na súa actuación os principios de boa fe e confianza lexítima; nas súas relacións con outras Administracións públicas rexeranse polo principio de cooperación e colaboración; nas súas relacións cos cidadáns baixo os principios de transparencia e participación; e sempre actuando con criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns.

O principio de coordinación é quizais un dos máis útiles para lograr unha actuación eficaz por parte das Administracións públicas, máxime se se ten en conta o solapamento que en numerosas ocasións se produce, cun maior ou menor alcance, entre

competencias de distintas Administracións públicas. O Tribunal Constitucional recordou reiteradamente a necesidade de que as Administracións se coordinen, o que, entre outras cousas, evitaría un grande número de conflitos de competencias. Concretamente, por referencia ao artigo 103.1 da Constitución, na súa sentencia 109/1998, do 21 de maio, aludía ao principio constitucional de eficacia como orixe dos instrumentos coordinadores en xeral. A Lei 30/1992 tamén se refire a este principio en diversos preceptos, aparte do artigo 3.1 xa citado. É de destacar neste sentido o artigo 4, no que partindo do principio de lealdade institucional que debe rexer as relacións entre as Administracións públicas, alúdese ao respecto, intercambio de información e cooperación que debe existir entre Administracións.

Nada disto se produciu neste caso. O Concello da Coruña interpretou á súa conveniencia unha norma, causando un grave prexuízo aos cidadáns afectados. Por unha parte, interpreta que a súa rede de escolas infantís municipais é válida para os efectos de entender cumprido o requisito establecido na normativa reguladora do programa do cheque infantil de que o interesado fose solicitante de praza en escolas infantís de 0-3 anos sostidas con fondos públicos, e que non resultase adxudicatario dunha delas por falta de prazas dispoñibles. En consecuencia, inclúe nos seus impresos de solicitude a casiña correspondente para facer constar a posibilidade de optar polo cheque infantil, o que crea nos interesados o convencemento da súa participación no programa da Consellería. A recorrente sinala no seu escrito: *"En las solicitudes de las escuelas infantiles municipales hay un punto que dice "No caso de non ter praza nalgunha Escola Infantil Municipal, ¿interésalle participar no Programa Cheque Infantil da Xunta ? Si No " . Mi respuesta fue Si. Sabiendo a tiempo que el Ayuntamiento no iba a presentar la documentación yo hubiese hecho la solicitud en otro ayuntamiento. ¿Qué sentido tiene que hagan esa pregunta si después no nos permiten participar en dicho programa?*.

Este razoamento é completamente lóxico.Por isto, debemos rexeitar o que se sinala no escrito de resposta do Concello á súa reclamación:

"4.- En consonancia con estas circunstancias no se ajusta a la realidad la afirmación que se hace en el punto segundo de la exposición de motivos de que "en las

solicitudes EL AYUNTAMIENTO DIO LA POSIBILIDAD DE PARTICIPAR EN EL PROGRAMA CHEQUE INFANTIL DE LA XUNTA", porque este programa de ayudas ni siquiera había sido convocado.

5. - El impreso de solicitud de plaza en la Red de Escuelas Infantiles municipales incluye una pregunta sobre si el solicitante, en caso de no obtener plaza en las escuelas infantiles municipales, tiene o no interés en participar en el programa del Cheque infantil, todavía no convocado, con el fin de remitir en su día la lista de interesados que no hubieran obtenido plaza en las escuelas infantiles municipales a la Consellería de Traballo e Benestar, porque en todas las convocatorias precedentes era un requisito para obtener la ayuda, y también lo fue en la del año 2010, el haber solicitado plaza en un centro público y no haberla obtenido. La pregunta tiene pues como único objeto el determinar si el solicitante tiene interés en participar en la futura convocatoria de ayudas o no. Por ello, el Ayuntamiento ha remitido a la Consellería de Traballo después de la convocatoria de estas ayudas de 2010, y en todas las convocatorias precedentes, las listas de solicitantes que no habiendo obtenido plaza en sus escuelas infantiles han manifestado su interés por participar en este programa de ayudas, con el fin de que esta Consellería tenga un testimonio fehaciente de que solicitaron plaza en un centro público y no la obtuvieron".

Con todo, á hora de dar curso ás solicitudes denegadas por falta de praza, non colabora coa Consellería amparándose no argumento de que o Concello non percibe ningunha axuda ou subvención da Xunta de Galicia para o sostemento da súa rede de escolas infantís.

Esta falta de colaboración é tamén, poderíamos dicir, selectiva, porque o concello enviou a lista dos solicitantes que non obtiveron praza e optaron polo programa do cheque infantil. Non obstante, cando a xefa de servizo de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar comunicou ao Servizo Municipal de Educación en relación coa lista de solicitantes de cheque infantil que *"deberán remitirnos a documentación que obra no seu poder, necesaria para a súa valoración"*, a xefa do servizo Municipal de Educación comunicou ao Servizo de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar que

"esta Administración municipal non dispón da documentación que na Orde se esixe aos interesados, posto que tampouco a esixiu a estes no seu proceso autónomo de admisión de alumnos regulado no Regulamento de Organización e Funcionamento da Rede de Escolas Infantís Municipais". Este deber de colaboración reiteradamente invocado puidera ser facilmente atendido remitindo a documentación entregada ao solicitar praza na escola municipal, de modo que a Xunta puidera despois reclamar o que correspondera. Cando a interesada se queixa de que o concello non a informou de que non ía presentar os seus papeis á Xunta, é inaceptable o razoamento feito por ese órgano: *"la documentación presentada por la demandante en las escuelas infantiles municipales en el proceso de adjudicación de plazas que se cerró el 23 de abril de 2010 fue la exigida por estas escuelas para la valoración de los criterios de admisión de alumnos en las mismas (...). Esta documentación es distinta y no tiene nada que ver con la exigida por la Orden de la Consellería de Traballo de 9 de junio de 2010 (...). Por tanto, tampoco se ajusta a la realidad la afirmación que se hace en el punto tercero de la exposición de motivos de que "presentó de nuevo toda la documentación en la Delegación Territorial de A Coruña al enterarse de que el Ayuntamiento no había remitido dicha documentación. La demandante nunca entregó esa documentación en las escuelas ni en el ayuntamiento porque no se la pidieron. Por esta razón ni las escuelas ni el Ayuntamiento dispusieron nunca de ella"*.

No escrito de queixa queda reflectido tamén que en ningún momento se advertiu aos solicitantes de praza que nas convocatorias anteriores foi a Xunta de Galicia a que se dirixiu aos interesados requiríndolles a documentación necesaria para optar ás axudas do cheque infantil. De ningún modo é aceptable que o interesado non teña constancia, en ningún momento, de cal é a tramitación que se está dando a súa solicitude e aínda menos, a información errónea que se lle deu. Tampouco pode esixirse aos cidadáns unha dobre tramitación das súas solicitudes, e que a descoordinación entre as administracións os obrigue a un dobre procedemento segundo sexa a titularidade da escola infantil.

Na base deste conflito late unha idea equivocada do público. É evidente que as escolas infantís dependentes do Concello prestan un servizo público municipal. Non obstante, non cabe dicir que, dado que non recibe ningunha axuda da Xunta para o mantemento das escolas infantís municipais que forman parte da súa rede, nin ningunha

outra axuda da Xunta relacionada coa xestión de ditas escolas, non pode de ningún modo entenderse que son centros sostidos con fondos públicos aos efectos da citada Orde do 9 de xuño de 2010, e polo tanto non lle son de aplicación as previsións contidas na Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 12 de maio de 2010, pola que se regulan as bases que rexen o procedemento de concesión das axudas para o mantemento de escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais. Da redacción literal do precepto se desprende que as escolas municipais están incluídas no ámbito da regulación: *"Para os efectos desta orde, enténdese por escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos: as escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia, as galescolas dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as escolas infantís 0-3 e puntos de atención á primeira infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e as escolas infantís 0-3 dependentes das entidades privadas de iniciativa social que reciban axudas da Xunta de Galicia para mantemento do centro"*. Literalmente interpretado, as axudas da Xunta só se referirían a estas últimas escolas, as dependentes de entidades privadas de iniciativa social. E isto é o lóxico posto que todas as demais son garderías públicas e están sostidas con fondos públicos.

O deber de colaboración entre as Administracións é independente do seu financiamento e está orientado a servir con obxectividade os intereses xerais. Por todo o cal, esta institución ten que facer ao Concello da Coruña a seguinte **recomendación:**

"Que, en cumprimento dos principios constitucionais de colaboración e coordinación entre as administracións públicas, en caso de que o solicitante dunha praza en escolas infantís pertencentes á rede municipal non a obtivera, se contemple o deber de enviar aos departamentos territoriais competentes en materia de familia e benestar da Xunta de Galicia a relación de solicitantes que figuran na lista de espera e que opten por unha praza do programa "cheque infantil", xunto con copia das solicitudes en lista de espera e a documentación que se tivo en conta para puntualas que obre en poder do Concello".

Resposta do alcalde da Coruña: non aceptada.

6.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 11 de marzo de 2011 para que sexan adoptadas as medidas necesarias para levar a cabo a escolarización dunha menor en acollemento familiar provisional preadoptivo no CPR Nuestra Señora de los Dolores, como se indica de maneira expresa nos informes do Servizo de Menores, órgano competente na xestión da súa tutela por parte da Xunta de Galicia (Q/2131/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. A.C.C., con domicilio en rúa … de Poio (Pontevedra).

No seu escrito, esencialmente indicábanos que dende o día 15 de outubro ten en acollemento familiar provisional preadoptivo a unha nena de tres anos e medio de idade, que vén de deixar a súa familia de acollida dende os dez días de vida noutra localidade. A Xunta de Galicia mantén nestes momentos a tutela da menor, en tanto non sexa firme a adopción. O informe do Equipo de Adopción do Servizo de Familia e Menores, no Departamento territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar, que se xunta ao escrito de queixa, é claro no sentido de considerar sobradamente xustificada a escolarización da alumna no CPR Nosa Señora de los Dolores, onde a nai adoptiva é mestra de infantil e onde se atopa escolarizada a irmá maior da nena acollida. Os pais adoptantes consideran que a dita escolarización podería paliar condutas negativas de vinculación e retrasos evolutivos e favorecería a integración da menor no seu novo contorno familiar e escolar.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 da Constitución española, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, o día 22 de novembro, solicitouse desa Administración que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En particular, a posible aplicación neste caso de medidas de flexibilización da *ratio* da aula ao concorrer na nena circunstancias que aconsellaban, polo interese da menor que é o prevalente, que fora escolarizada preto da súa nova familia e ao darse neste caso polo menos dous dos criterios que puntuarían no baremo caso de terse feito a solicitude en prazo, o que neste caso non foi posible por dárselles a nena en acollemento a mediados de outubro.

Con data do 13 de decembro, remitiuse por fax á Consellería nova documentación en relación coa queixa formulada. No entanto, mantívose unha reunión co Director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería na que, entre outros asuntos, formouse un criterio claro sobre a solución máis positiva para este caso, no sentido de escolarizar á menor no CPR Nuestra Señora de los Dolores. Nas seguintes datas, mantivéronse numerosas conversas telefónicas co Subdirector xeral de Centros reclamándolle o informe para poder resolver o expediente nos termos acordados.

Con data de 8 de marzo, recíbese por fax un oficio do subdirector xeral de Centros no que se fai unha síntese do procedemento administrativo seguido neste caso, e se referencian unha serie de documentos que finalmente teñen entrada no rexistro desta institución con data de 10 de marzo de 2010. O oficio remitido non conclúe de xeito determinante, senón que se informa a esta institución de que se achega o informe que foi solicitado dende a Xefatura Territorial, no que a Inspección educativa se ratifica (con maiúsculas no orixinal, para despexar calquera dúbida) na resposta dada a esa subdirección xeral e entende que a solicitante debería ter presentado recurso de alzada perante esa Xefatura Territorial. O informe vai asinado polo Inspector e leva o visto e prace do inspector xefe.

Á vista de toda a documentación remitida, esta institución ten que facer as seguintes consideracións:

a) Sobre os aspectos formais do procedemento

- Non queda claro do oficio do subdirector xeral de Centros cal é a postura do órgano xerarquicamente superior sobre a cuestión solicitada na que se tiña acordado co dito órgano un criterio para resolver a cuestión obxecto da queixa que resulta radicalmente contraditorio coa decisión finalmente adoptada pola Inspección. Nesta Institución queda a dúbida de se a Dirección Xeral de Centros asome o criterio imposto pola Inspección educativa de Pontevedra e se aquieta coa resolución desestimatoria, ou non o asome e mantén a solución acordada con esta institución.

- O informe vén asinado polo mesmo inspector que resolveu e asinou a denegación inicial da escolarización ante a solicitude feita pola Directora titular do CPR Nuestra Señora de los Dolores. A resolución denegatoria inicial leva data de 2 de novembro de 2010.

- Insiste o inspector nunha cuestión desconcertante: por tres veces sinala que a solicitante da praza tiña que ter presentado o recurso de alzada. Parece descoñecer que os recursos administrativos non son o único medio con que conta o cidadán para impugnar actos administrativos que considere lesivos para os seus dereitos. Como sen dúbida sabe a Inspección educativa de Pontevedra, o Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución e para o exercicio das demais funcións que a lei lle atribúe. A actividade do Valedor do Pobo estenderase á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía, en especial, os sancionados no seu título preliminar. A estes fins, e no exercicio das funcións que lle encomendan o Estatuto de Autonomía e a presente lei, o Valedor do Pobo poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega e a dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da nosa Comunidade. Polo tanto, a presentación dun escrito de queixa ante o Valedor ten tamén o valor de poñer de manifesto o seu desacordo cunha determinada decisión administrativa e trátase dunha canle lexítima da que os cidadáns poden facer uso para defender os seus dereitos fronte a unha concreta actuación da Administración. O recurso de alzada é un recurso potestativo, e non é a única vía para impugnar os actos da Administración.

b) Sobre o fondo

- As resolucións da Administración educativa baséanse de xeito case exclusivo en consideracións de carácter formal e parecen descoñecer certos aspectos esenciais:

1º - A menor está baixo a tutela pública. Esta circunstancia cónstalle á Administración educativa pois entre a documentación remitida pola Subdirección xeral de Centros figura a resolución da Xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo, datada o 15 de outubro de 2010. É dicir, **a tutela da menor tena a Xunta de Galicia** que é responsable de garantir o interese superior da menor, que é o máis necesitado de protección, de xeito especialmente evidente neste caso.

Os recorrentes en queixa teñen trasladado o exercicio da súa garda, coas responsabilidades legais que isto conleva, e teñen asinado un acordo de acollemento familiar provisional preadoptivo, con efectos dende esa data.

2º- Os órganos especializados e con competencia funcional en materia de adopcións da Xunta de Galicia, que é, insistimos, quen ostenta a tutela, asinan dous informes nos que consideran prioritaria a escolarización da menor no mesmo centro educativo que a súa irmán e a súa nai, para que existan garantías de éxito neste novo núcleo familiar. Subliñan a necesidade de *favorecer un entorno protexido* e de *minimizar calquera tipo de risco para a menor, debido a clara oposición por parte da familia biolóxica.* Refiren os informes da Consellería de Traballo e Benestar que a suspensión do dereito de visitas para os pais e a familia extensa foi recorrida xudicialmente por parte da familia biolóxica; que o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 ditou auto no que desestima a demanda de oposición a dita resolución administrativa, novamente apelado pola familia biolóxica e pendente de resolución firme. Nos informes sinálase tamén que a menor non está empadroada cos pais acolledores para evitar o risco da súa localización por parte da familia da nai biolóxica.

Por todo isto, resultan sorprendentes e incomprensibles algunhas consideracións vertidas nos informes remitidos pola Inspección educativa de Pontevedra. O informe

asinado con data de 16 de decembro polo inspector da Comisión de Escolarización sobre a denegación desta contén os seguintes argumentos:

1. *A solicitude de escolarización foi feita rematado o período de matriculación regulado polo Decreto 30/2007 do 15 de marzo e pola Orde de 17 de marzo de 2007.* A resolución da Consellería de Traballo e Benestar que acorda manter a tutela pública da nena e transferir a súa garda aos recorrentes en queixa é de 15 de outubro de 2010. A solicitude de escolarización houbo de facerse **necesariamente** fora do período de matrícula pois ata esa data de outubro os pais non tiñan establecido ao seu favor o acollemento familiar provisional preadoptivo.

2. *A petición realizada polos pais suporía un incremento da ratio no nivel de Educación Infantil, 3 anos, no centro educativo solicitado. Con toda probabilidade este incremento da ratio perduraría nos sucesivos cursos académicos.* A Inspección está tomando unha decisión denegatoria baseada nun criterio formal, cuxa flexibilización está prevista na propia normativa por razóns diversas e necesidades inmediatas de escolarización que poidan producirse, e nunha previsión de futuro sobre a que non existe a menor garantía pois en calquera momento e en calquera nivel se producen de feito baixas inesperadas e prazas vacantes.

3. A mención do artigo 46 é superflua. Está claro que non é de aplicación neste caso.

4. A mención do artigo 49 refírese á posibilidade de autorizar un incremento de ata un dez por cento do número máximo de alumnos e alumnas por unidade nos centros públicos e privados concertados dunha mesma área de escolarización para atender as necesidades inmediatas de escolarización que se produzan. Se esta norma se considera aplicable neste caso, interpretando de xeito amplo o que é unha incorporación tardía ao sistema educativo, non se exclúe en ningún caso a aplicabilidade desa porcentaxe non só as áreas de escolarización senón tamén a unidades de centros públicos e privados concertados en particular.

5. A posibilidade de escolarizar á nena noutro centro é rexeitada polas razóns que a Inspección educativa xa coñece pero non semella ter valorado. A oposición da familia biolóxica da menor á súa actual situación de preadopción é un risco cuxo alcance ten sido valorado en vía xudicial coa suspensión das visitas. A necesidade dun contorno de control e protección sobre a menor non quedaría atendida noutro centro. A Administración, que é quen ten a tutela, tería unha grave responsabilidade de producirse unha situación de risco ou desprotección para a nena.

6. O informe conclúe coas seguintes consideracións: "*Tódolos días recíbense nesta Inspección Educativa peticións de escolarización fora de prazo, con argumentos semellantes ou diferentes: integración do neno/a no seu medio; conciliación da vida familiar, persoal e laboral; motivos de saúde... Este servizo, como non podería ser doutro xeito, axústase ao establecido na normativa vixente, evitando sentar precedentes que impidan unha razoable programación das ensinanzas na cidade de Pontevedra"*. Chama a atención que os argumentos mencionados, todos eles lexítimos, sexan postos baixo sospeita de encubriren outros motivos menos lexítimos en todos os casos, non só cando se acreditase que non son certos. Pero ademais, neste caso concreto, a indicación desa escolarización no centro non a fan os pais, senón un servizo especializado en adopcións da mesma Xunta de Galicia. Hai un informe no expediente que non ten sido axeitadamente valorado: leva data de 14 de outubro, un día antes de firmar o acollemento familiar provisional preadoptivo, é asinado polo Equipo de Adopcións do Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo, e indica á directora do Colexio das Doroteas que as características de índole persoal e familiar da menor supoñen unha necesidade de apoio educativo que xustifica sobradamente a escolarización nese centro. Os pais acolledores, corresponsables da menor e titulares da súa garda, teñen amosado a debida dilixencia solicitando, apenas cinco días despois de recibiren á nena, praza no colexio indicado e non acomodándose a outras propostas que estiman prexudiciais para a menor.

7. Cómpre recordar que entre a normativa vixente á que a Administración educativa ten que axustarse hai principios como o da personalidade xurídica única da Administración. Como ben sabe a Inspección educativa de Pontevedra, a Xunta de Galicia,

como Administración da Comunidade Autónoma, está constituída por órganos xerarquicamente ordenados e actúa con personalidade xurídica única, sendo responsable fronte a terceiros como un único ente. Deberían darse moi poderosos motivos para desatender unha indicación dun órgano da Xunta con competencia no servizo de menores, que xestiona funcionalmente o exercicio da tutela sobre a menor e que establece unhas medidas de protección en atención ao interese prevalente da súa seguridade, integración e benestar. Non parece que este interese poida ser sacrificado ante *unha razoable programación das ensinanzas na cidade de Pontevedra.*

Neste sentido, a Inspección educativa non pondera na súa resolución outros elementos do ordenamento xurídico: o principio xeral de que, no ámbito dos menores, o seu interese é, sempre, o máis necesitado de protección e prevalece sobre calquera medida de tipo organizativo; e a lexislación galega da familia e da infancia, que fai moi precisas previsións de orde material en sede de adopción.

Por todo o cal esta institución ten que facer a seguinte **recomendación:**

Que dado que o ben xurídico máis necesitado de protección neste caso é o que atinxe ao interese superior da menor recibida en acollemento familiar provisional preadoptivo, que é o prevalente e ante o que deben ceder consideracións de carácter puramente formal, como é a ratio de alumnos por aula, ou de tipo organizativo, como é a programación xeral das ensinanzas, e que á vista da responsabilidade da administración, que ostenta a tutela da menor, cara ao seu benestar, á súa integración e a súa seguridade, sexan adoptadas as medidas necesarias para levar a cabo a súa escolarización no CPR Nuestra Señora de los Dolores, como se indica de xeito expreso nos informes do Servizo de Menores, órgano competente na xestión da súa tutela por parte da Xunta de Galicia.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada.

7.- Recomendación dirixida ao reitor da Universidade de Vigo, o día 15 de marzo de 2011 para que a Universidade de Vigo adopte todas as medidas necesarias para eliminar dos seus títulos propios calquera mención que poida inducir a confusión con títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado

español, aclarando na súa publididade o significado e alcande dos títulos propios (Q/124/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. J.D.D.V., veciño de Vigo e domicilio para os efectos de notificacións na rúa … en Vigo (Pontevedra).

No seu escrito, esencialmente indicábanos que presentaba a súa queixa *"por las irregularidades cometidas por la Universidad de Vigo en referencia a la Denominación e Impartición de la titulación Graduado Universitario en Diseño Textil y Moda como si de una titulación oficial se tratara".* Sinala literalmente no seu escrito:

"Primero.- En Consello de Gobierno del 18/03/2004 se aprueba el plan de estudios de la titulación Graduado Universitario Diseño Textil y Moda.

Segundo.- Antes del inicio del plazo de matrícula, la Universidad de Vigo publicita la titulación (mediante folleto publicitario y guía de estudios) en la que la denomina Graduado Universitario en Diseño Textil y Moda alegando que es la única titulación en Galicia de carácter universitario y su estructura es en créditos ECTS (Plan Bolonia).

Tercero.- En consecuencia, es evidente que el alumno formaliza la matricula para el curso 2004-2005 y cursos sucesivos en la titulación Graduado UNIVERSITARIO en Diseño Textil y Moda, motivado por el hecho de que se trata de un título universitario oficial adaptado a "Bolonia" (Espacio Europeo) ya que:

El plan de estudios aprobado en Consello de Gobierno el 18/03/04 y la guía de estudiantes figura la denominación "GRADUADO UNIVERSITARIO en Diseño Textil y Moda", y se menciona que esta titulación es la primera en Galicia con Carácter Universitario. (La Ley Orgánica 6/2001 de 21 de diciembre, indica claramente en la Disposición adicional 19 que SOLO podrá utilizarse la denominación Universidad para títulos de carácter oficial con validez en todo el territorio nacional así como que no se

utilizarán aquellas otras denominaciones que por su significado pueda inducir a error con los títulos oficiales).

En el plan de estudios aprobado en Consello de Gobierno el 18/03/04 y la guía de estudiantes figura una estructura en ECTS (que, en aplicación del R.D. 1 L25/2003, solo es de aplicación a titulaciones oficiales). Dicho hecho aún sigue siendo afirmado por la directora de la titulación en el informe del 3/05/2010 (n° salida 38) en el que literalmente dice: "O Graduado Universitario en Diseño Textil y Moda de Galicia básase nunha estructura ECTS adaptada ós principios do Plan Bolonia"

En la web de la Universidad, al consultar las titulaciones impartidas en la Facultad de Bellas Artes figura la titulación de Graduado UNIVERSITARIO en Diseño Textil y Moda junto con la de Licenciado en Bellas Artes, sin hacer ninguna separación de la naturaleza de las titulaciones.

En el expediente académico figura la denominación "GRADUADO UNIVERSITARIO Diseño Textil y Moda" impartida en el campus de Pontevedra.

- La docencia es impartida en la Facultad de Bellas Artes.

- La matrícula es formalizada en la secretaría de la Facultad de Bellas Artes

La decisión última de matricularse en esta titulación y no en otra ha sido la motivación de alcanzar un título adaptado a Bolonia de carácter oficial y validez en todo el territorio español. La efectiva realización del daño queda ampliamente acreditada con las argumentaciones expuestas, en la que se demuestra que la Universidad ha "enmascarado" una titulación SIN validez dentro de la estructura universitaria como si se tratara de una titulación oficial (a pesar de incumplir la legislación vigente en la fecha de formalizar la matricula.

Dicho hecho ha causado unos daños cuantificables económicamente que se podría desglosar en: coste de matrícula universitaria, coste de desplazamiento, coste compra de material y confección de prendas, dedicación tiempo, daños morales.

En este caso, la lesión es consecuencia del mal funcionamiento de los servicios públicos ya que están incumpliendo la legislación vigente y han "enmascarado" una titulación sin validez oficial con una denominación en contra a derecho y dentro de una estructura universitaria.

- La Ley Orgánica 6/2001 de 21 de diciembre indica claramente en la Disposición adicional 19 que solo podrá utilizarse la denominación universidad para títulos de carácter oficial y con validez en todo el territorio nacional, así como que NO se utilizaran aquellas otras denominaciones que por su significado puedan inducir a error con los títulos - R.D. 1125/2003 en el cual se establece el sistema europeo de créditos (ECTS), solo es de aplicación a titulaciones OFICIALES, plan de estudios aprobado en Consello de Gobierno el 18/03/04 y la guía de estudiantes figuran los créditos indicando que son ECTS (que en aplicación del R.D. 1125/2003 solo es de aplicación a titulaciones OFICIALES).

Las Universidades tienen la obligación de cumplir la legislación vigente por lo que NO podría ofertar la titulación con la denominación de GRADUADO UNIVERSITARIO en diseño textil y moda y indicando que su estructura es en Créditos ECTS (ya que es contraria a la LOU 6/2001 y el R.D. 1125/2003), vigentes a la hora de aprobar la denominación y estructura de créditos de la titulación .

Tal y como se ha argumentado, la decisión última de matricularse en esta titulación y no en otra, ha sido la motivación de alcanzar un título adaptado a Bolonia de carácter oficial y validez en todo el territorio español.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En particular, solicitábase que informara sobre a natureza do título impartido: se se trata ou non dun grao universitario adaptado ao EEES, e, en consecuencia, se é un título universitario oficial válido en todo o territorio do Estado.

Con data de 7 de marzo foi recibido o devandito informe, asinado pola Vicerrectora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, no que se sinala literalmente:

"En contestación ao seu escrito de data 1 de febreiro de 2011 solicitando información sobre a titulación de Estudos Superiores en Deseño Textil e Moda (ESDEMGA) da Universidade de Vigo, infórmolle de que:

1.- Na sesión do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, que tivo lugar o 11 de marzo de 2004, aprobouse o "título propio de estudos superiores de Deseño Téxtil e Moda".

2.- De conformidade co establecido no artigo 1 do Regulamento de títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo, os títulos propios "non substituirán as ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do estado español". O dito Regulamento pode ser consultado no enderezo:
http://www.uvigo.es/uvigo_gl/EstudiosTitulaciones/TitulosPropios/normativa/regulamento.html

3.- Polo tanto, a titulación de ESDEMGA non é un grao universitario adaptado ao EEES, senón que é unha titulación propia da Universidade de Vigo como queda reflectido dende a súa creación nos órganos universitarios".

Á vista do contido do informe e da documentación aportada polo interesado, esta institución ten que facer as seguintes consideracións:

Estase a producir unha situación grave e que pode orixinar, como neste caso, prexuízos de moi difícil reparación. Esa situación consiste na impartición dun título propio

cunha denominación e unhas características que poden inducir a confusión en canto a natureza dos estudos ofertados, o que se acredita nos seguintes aspectos:

1.- Na páxina web de ESDEMGA, dirixida desde a web oficial da Universidade de Vigo, no apartado de información xeral afírmase o seguinte:

ESDEMGA son as siglas dos Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza, únicos estudos de carácter universitario en Galiza, e Titulación Propia da Universidade de Vigo.

Esa información non é veraz. ESDEMGA non imparte os únicos estudos de carácter universitario en Galicia. Os únicos *estudos de carácter universitario* en Deseño en Galicia a partir do curso 2010-2011 implántanse na EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela, no que se imparten as ensinanzas artísticas de Grao en Deseño, nas especialidades de Produto e Moda. ESDEMGA imparte un título propio. Tal como establece a Lei Orgánica de Universidades, as universidades españolas, ademais da oferta de ensinanzas superiores oficiais, recollidas no Catálogo de Títulos Universitarios Oficiales, poden establecer outro tipo de ensinanzas conducentes á obtención de diplomas e títulos propios que non teñen carácter oficial nin validez en todo o territorio nacional. Estas ensinanzas propias permiten ás universidades responder á demanda social de formación especializada nos distintos campos de coñecemento que xeralmente non está incluída nas titulacións oficiais. Contrapónse claramente as ensinanzas regradas oficiais de carácter universitario con outros títulos non oficiais.

Os estudos de grao en Deseño cúrsanse nas Escolas Superiores de Deseño -artigo 58 de LOE e artigo 2 do R.D. 633/2010. A superación das ensinanzas artísticas de Grao en Deseño da lugar á obtención do Título de graduado ou graduada en Deseño, especificando a especialidade correspondente. O título de graduado/a en Deseño ten carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional, e é equivalente a todos os efectos ao título universitario de grao. As especialidades das ensinanzas artísticas de grao en Deseño son as seguintes: Gráfico, Produto, Interiores e Moda. Os plans de estudos comprenden 4 cursos académicos de 60 créditos ECTS cada un, cun total de 240 créditos ECTS. O curso 2010-2011 implántanse na EASD Mestre Mateo as ensinanzas artísticas de

Grao en Deseño, nas especialidades de Produto e Moda. Iníciase a extinción progresiva dos Estudos Superiores de Deseño neste mesmo curso. Así o establece o "*Real Decreto 633/2010, de 14 de mayo, por el que se regula el contenido básico de las enseñanzas artísticas superiores de Grado de Diseño establecidas en la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Esta establece en el artículo 58 que corresponde al Gobierno, previa consulta a las comunidades autónomas y al Consejo Superior de Enseñanzas Artísticas, definir la estructura y el contenido básico de los diferentes estudios de enseñanzas artísticas superiores establecidos en la misma".*

En cambio, o título de Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda da Universidade de Vigo non é un título oficial.

2.- O Regulamento de títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo, no seu artigo 3 establece: *"A denominación dos títulos propios da Universidade de Vigo nunca poderán coincidir coa dos homologados oficialmente,* ***nin inducir á confusión con estes****. Asemade, non poderán incorporar os elementos identificativos que a lexislación vixente estableza para os títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do estado español, expedidos no nome do Rei polo reitor/a.*

En todo caso os títulos, diplomas e certificados a que dean lugar as ensinanzas propias da Universidade de Vigo carecerán dos efectos académicos plenos e da habilitación para o exercicio profesional que as disposicións legais lles outorguen aos títulos universitarios oficiais que lle compete establecer ao Goberno".

A denominación do título como *Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda* induce a confusión co título oficial de *Graduado en Deseño, especialidade en Moda*. Aínda máis, o adxectivo *universitario* que figura no título propio ven a reforzar a crenza de que trátase de un título universitario regrado, cando non é así.

3.- A denominación do título como *Graduado Universitario* figura no plano de estudos, na guía da titulación, nas páxinas web oficiais e nas certificacións académicas persoais. A confusión e a indución a erro na denominación dos títulos propios que se

anuncian como *Grao Universitario* deriva da páxina web oficial da Uvigo, na que aparece o enlace: http://uvigo.es/uvigo_gl/EstudiosTitulaciones/TitulosPropios/titulacions.html no que figuran outros Graos e na que titulación que nos ocupa denomínase en cambio *Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda* e non Graduado Universitario.

Hai que salientar o feito de que por oficio do 27 de novembro de 2008 do director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia comunicouse ao reitor da Universidade de Vigo que:

"Estanse a ofertar pola Universidade de Vigo os títulos non oficiais denominados "Graduado Universitario en Ciencias Policiais" e "Graduado Universitario en Detective Privado".

Lémbraselle que, de acordo co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, modificada pela Lei Orgánica 4 /2007, de 12 de abril só poderán empregarse as denominacións propias de ensinanzas e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional cando tiveran sido autorizadas ou recoñecidas de acordo co disposto na mesma, tampouco poderán empregarse aquelas outras denominacións que, polo seu significado, podan inducir a confusión con aquelas.

Fáiselle notar tamén que a disposición adicional undécima do Real Decreto 139312007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, disposición relativa ós títulos non oficiais, establece que na expedición destes títulos, o seu formato e denominación será realizada de xeito que non poda inducir a confusión cos títulos que se establecen en dito Real Decreto, entre eles o de Graduado, recollido no artigo 9.

Polo anterior requíreselle para que cese a publicidade e proceda á modificación da denominación dos títulos non oficiais da UVIGO en "Ciencias Policiais" e "Detective Privado", de xeito tal que se elimine a referencia a "Graduado" ou "Grao" e non se induza a confusión con ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais.

A situación é idéntica neste caso, pero non tense actuado de igual xeito.

4.- O título impártese nunha Facultade universitaria e a Secretaría de alumnos atópase no mesmo centro, a Facultade de Belas Artes, en Pontevedra. É dicir, ao abeiro da estrutura académica oficial.

5.- Na páxina web de ESDEMGA, á pregunta "¿Qué título outorga o centro?" respóndese o seguinte: "O título que o estudante conseguirá ó finalizar o período formativo é de Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda pola Universidade de Vigo". Non se fai aclaración ningunha de que non é un título de carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado español. Cando o define como título propio, na resposta á primeira pregunta (*os Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza, únicos estudos de carácter universitario en Galiza, e Titulación Propia da Universidade de Vigo)* tampouco clarexa cal é o significado técnico de estes títulos, que non ten porqué ser coñecida polas persoas alleas ao sistema universitario.

6.- A indución a erro sobre a natureza do título e a confusión sobre o seu alcance refórzase no informe da directora da escola de 3/05/2010 (n° salida 38) no que literalmente dí: "O Graduado Universitario en Deseño Téxtil y Moda de Galicia basease nunha estrutura ECTS adaptada ós principios do Plan Bolonia".

En efecto, segundo o *Real Decreto 1125/2003, de 5 de septiembre, por el que se establece el sistema europeo de créditos y el sistema de calificaciones en las titulaciones universitarias de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional*:

Artículo 1. Objeto.

Este Real Decreto tiene por objeto establecer el ***crédito europeo como la unidad de medida del haber académico en las enseñanzas universitarias de carácter oficial****, así como el sistema de calificación de los resultados académicos obtenidos por los estudiantes en estas enseñanzas.*

Artículo 2. Ámbito de aplicación.

El concepto de crédito y el modo de su asignación establecidos en esta norma se aplicarán a las directrices generales propias correspondientes a títulos universitarios de carácter oficial *que apruebe el Gobierno a partir de la entrada en vigor de este Real Decreto, así como a los planes de estudios que deban cursarse para la obtención y homologación de dichos títulos.*

Por todo o cal, esta institución ten que facer a seguinte **recomendación:**

Que a Universidade de Vigo adopte todas as medidas necesarias para eliminar dos seus títulos propios calquera mención que poida inducir a confusión con títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado español, aclarando na súa publicidade o significado e alcance dos títulos propios. En particular, eliminar a denominación mesma de Grao universitario para referirse a estes títulos na súa páxina web, nos certificados académicos persoais expedidos polos centros e noutros documentos nos que se conteñan mencións ao título propio.

Resposta do reitor da Universidade de Vigo: aceptada expresamente.

8.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 15 de marzo de 2011 para que a Universidade de Vigo adopte todas as medidas necesarias para eliminar dos seus títulos propios calquera mención que poida inducir á confusión con títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado español, aclarando na súa publicidade o significado e alcance dos títulos propios (Q/124/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. J.D.D.V., veciño de Vigo e domicilio para os efectos de notificacións na rúa … en Vigo (Pontevedra).

No seu escrito, esencialmente indicábanos que presentaba a súa queixa *"por las irregularidades cometidas por la Universidad de Vigo en referencia a la Denominación e*

Impartición de la titulación Graduado Universitario en Diseño Textil y Moda como si de una titulación oficial se tratara". Sinala literalmente no seu escrito:

"Primero.- En Consello de Gobierno del 18/03/2004 se aprueba el plan de estudios de la titulación Graduado Universitario Diseño Textil y Moda.

Segundo.- Antes del inicio del plazo de matrícula, la Universidad de Vigo publicita la titulación (mediante folleto publicitario y guía de estudios) en la que la denomina Graduado Universitario en Diseño Textil y Moda alegando que es la única titulación en Galicia de carácter universitario y su estructura es en créditos ECTS (Plan Bolonia).

Tercero.- En consecuencia, es evidente que el alumno formaliza la matricula para el curso 2004-2005 y cursos sucesivos en la titulación Graduado UNIVERSITARIO en Diseño Textil y Moda, motivado por el hecho de que se trata de un título universitario oficial adaptado a "Bolonia" (Espacio Europeo) ya que:

El plan de estudios aprobado en Consello de Gobierno el 18/03/04 y la guía de estudiantes figura la denominación "GRADUADO UNIVERSITARIO en Diseño Textil y Moda", y se menciona que esta titulación es la primera en Galicia con Carácter Universitario. (La Ley Orgánica 6/2001 de 21 de diciembre, indica claramente en la Disposición adicional 19 que SOLO podrá utilizarse la denominación Universidad para títulos de carácter oficial con validez en todo el territorio nacional así como que no se utilizarán aquellas otras denominaciones que por su significado pueda inducir a error con los títulos oficiales).

En el plan de estudios aprobado en Consello de Gobierno el 18/03/04 y la guía de estudiantes figura una estructura en ECTS (que, en aplicación del R.D. 1 L25/2003, solo es de aplicación a titulaciones oficiales). Dicho hecho aún sigue siendo afirmado por la directora de la titulación en el informe del 3/05/2010 (n° salida 38) en el que literalmente dice: "O Graduado Universitario en Diseño Textil y Moda de Galicia básase nunha estructura ECTS adaptada ós principios do Plan Bolonia"

En la web de la Universidad, al consultar las titulaciones impartidas en la Facultad de Bellas Artes figura la titulación de Graduado UNIVERSITARIO en Diseño Textil y Moda junto con la de Licenciado en Bellas Artes, sin hacer ninguna separación de la naturaleza de las titulaciones.

En el expediente académico figura la denominación "GRADUADO UNIVERSITARIO Diseño Textil y Moda" impartida en el campus de Pontevedra.

- La docencia es impartida en la Facultad de Bellas Artes.

- La matrícula es formalizada en la secretaría de la Facultad de Bellas Artes

La decisión última de matricularse en esta titulación y no en otra ha sido la motivación de alcanzar un título adaptado a Bolonia de carácter oficial y validez en todo el territorio español. La efectiva realización del daño queda ampliamente acreditada con las argumentaciones expuestas, en la que se demuestra que la Universidad ha "enmascarado" una titulación SIN validez dentro de la estructura universitaria como si se tratara de una titulación oficial (a pesar de incumplir la legislación vigente en la fecha de formalizar la matricula.

Dicho hecho ha causado unos daños cuantificables económicamente que se podría desglosar en: coste de matrícula universitaria, coste de desplazamiento, coste compra de material y confección de prendas, dedicación tiempo, daños morales.

En este caso, la lesión es consecuencia del mal funcionamiento de los servicios públicos ya que están incumpliendo la legislación vigente y han "enmascarado" una titulación sin validez oficial con una denominación en contra a derecho y dentro de una estructura universitaria.

-La Ley Orgánica 6/2001 de 21 de diciembre indica claramente en la Disposición adicional 19 que solo podrá utilizarse la denominación universidad para títulos de carácter oficial y con validez en todo el territorio nacional, así como que NO se utilizaran aquellas otras denominaciones que por su significado puedan inducir a error con los

títulos - R.D. 1125/2003 en el cual se establece el sistema europeo de créditos (ECTS), solo es de aplicación a titulaciones OFICIALES, plan de estudios aprobado en Consello de Gobierno el 18/03/04 y la guía de estudiantes figuran los créditos indicando que son ECTS (que en aplicación del R.D. 1125/2003 solo es de aplicación a titulaciones OFICIALES).

Las Universidades tienen la obligación de cumplir la legislación vigente por lo que NO podría ofertar la titulación con la denominación de GRADUADO UNIVERSITARIO en diseño textil y moda y indicando que su estructura es en Créditos ECTS (ya que es contraria a la LOU 6/2001 y el R.D. 1125/2003), vigentes a la hora de aprobar la denominación y estructura de créditos de la titulación .

Tal y como se ha argumentado, la decisión última de matricularse en esta titulación y no en otra, ha sido la motivación de alcanzar un título adaptado a Bolonia de carácter oficial y validez en todo el territorio español.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse da reitoría da Universidade de Vigo que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En particular, solicitábase que informara sobre a natureza do título impartido: se se trata ou non dun grao universitario adaptado ao EEES, e, en consecuencia, se é un título universitario oficial válido en todo o territorio do Estado.

Con data de 7 de marzo foi recibido o devandito informe, asinado pola Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, no que se sinala literalmente:

"En contestación ao seu escrito de data 1 de febreiro de 2011 solicitando información sobre a titulación de Estudos Superiores en Deseño Textil e Moda (ESDEMGA) da Universidade de Vigo, infórmolle de que:

1.- Na sesión do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, que tivo lugar o 11 de marzo de 2004, aprobouse o "título propio de estudos superiores de Deseño Téxtil e Moda".

2.- De conformidade co establecido no artigo 1 do Regulamento de títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo, os títulos propios "non substituirán as ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do estado español". O dito Regulamento pode ser consultado no enderezo:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/EstudiosTitulaciones/TitulosPropios/normativa/regulamento.html

3.- Polo tanto, a titulación de ESDEMGA non é un grao universitario adaptado ao EEES, senón que é unha titulación propia da Universidade de Vigo como queda reflectido dende a súa creación nos órganos universitarios".

Á vista do contido do informe e da documentación aportada polo interesado, esta institución ten que facer as seguintes consideracións:

Estase a producir unha situación grave e que pode orixinar, como neste caso, prexuízos de moi difícil reparación. Esa situación consiste na impartición dun título propio cunha denominación e unhas características que poden inducir a confusión en canto a natureza dos estudos ofertados, o que se acredita nos seguintes aspectos:

1.- Na páxina web de ESDEMGA, dirixida desde a web oficial da Universidade de Vigo, no apartado de información xeral afírmase o seguinte:

ESDEMGA son as siglas dos Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza, únicos estudos de carácter universitario en Galiza, e Titulación Propia da Universidade de Vigo.

Esa información non é veraz. ESDEMGA non imparte os únicos estudos de carácter universitario en Galicia. Os únicos *estudos de carácter universitario* en Deseño en Galicia a partir do curso 2010-2011 implántanse na EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela, no que se imparten as ensinanzas artísticas de Grao en Deseño, nas especialidades de Produto e Moda. ESDEMGA imparte un título propio. Tal como establece a Lei Orgánica de Universidades, as universidades españolas, ademais da oferta de ensinanzas superiores oficiais, recollidas no Catálogo de Títulos Universitarios Oficiales, poden establecer outro tipo de ensinanzas conducentes á obtención de diplomas e títulos propios que non teñen carácter oficial nin validez en todo o territorio nacional. Estas ensinanzas propias permiten ás universidades responder á demanda social de formación especializada nos distintos campos de coñecemento que xeralmente non está incluída nas titulacións oficiais. Contrapóñense claramente as ensinanzas regradas oficiais de carácter universitario con outros títulos non oficiais.

Os estudos de Grao en Deseño cúrsanse nas Escolas Superiores de Deseño -artigo 58 de LOE e artigo 2 do R.D. 633/2010. A superación das ensinanzas artísticas de Grao en Deseño da lugar á obtención do Título de Graduado ou Graduada en Deseño, especificando a especialidade correspondente. O título de Graduado/a en Deseño ten carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional, e é equivalente a todos os efectos ao título universitario de Grao. As especialidades das ensinanzas artísticas de Grao en Deseño son as seguintes: Gráfico, Produto, Interiores e Moda. Os plans de estudos comprenden 4 cursos académicos de 60 créditos ECTS cada un, cun total de 240 créditos ECTS. O curso 2010-2011 implántanse na EASD Mestre Mateo as ensinanzas artísticas de Grao en Deseño, nas especialidades de Produto e Moda. Iníciase a extinción progresiva dos Estudos Superiores de Deseño neste mesmo curso. Así o establece o "*Real Decreto 633/2010, de 14 de mayo, por el que se regula el contenido básico de las enseñanzas artísticas superiores de Grado de Diseño establecidas en la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Esta establece en el artículo 58 que corresponde al Gobierno, previa*

consulta a las comunidades autónomas y al Consejo Superior de Enseñanzas Artísticas, definir la estructura y el contenido básico de los diferentes estudios de enseñanzas artísticas superiores establecidos en la misma".

En cambio, o título de Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda da Universidade de Vigo non é un título oficial.

2.- O Regulamento de títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo, no seu artigo 3 establece: *"A denominación dos títulos propios da Universidade de Vigo nunca poderán coincidir coa dos homologados oficialmente,* ***nin inducir á confusión con estes****. Asemade, non poderán incorporar os elementos identificativos que a lexislación vixente estableza para os títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do estado español, expedidos no nome do Rei polo reitor/a.*

En todo caso os títulos, diplomas e certificados a que dean lugar as ensinanzas propias da Universidade de Vigo carecerán dos efectos académicos plenos e da habilitación para o exercicio profesional que as disposicións legais lles outorguen aos títulos universitarios oficiais que lle compete establecer ao Goberno".

A denominación do título como *Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda* induce a confusión co título oficial de *Graduado en Deseño, especialidade en Moda*. Aínda máis, o adxectivo *universitario* que figura no título propio ven a reforzar a crenza de que trátase de un título universitario regrado, cando non é así.

3.- A denominación do título como *Graduado Universitario* figura no plano de estudos, na guía da titulación, nas páxinas web oficiais e nas certificacións académicas persoais. A confusión e a indución a erro na denominación dos títulos propios que se anuncian como *Grao Universitario* deriva da páxina web oficial da Uvigo, na que aparece o enlace: http://uvigo.es/uvigo_gl/EstudiosTitulaciones/TitulosPropios/titulacions.html no que figuran outros Graos e na que titulación que nos ocupa denomínase en cambio *Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda* e non Graduado Universitario.

Hai que salientar o feito de que por oficio do 27 de novembro de 2008 do director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia comunicouse ao reitor da Universidade de Vigo que:

"Estanse a ofertar pola Universidade de Vigo os títulos non oficiais denominados "Graduado Universitario en Ciencias Policiais" e "Graduado Universitario en Detective Privado".

Lémbraselle que, de acordo co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, modificada pela Lei Orgánica 4 /2007, de 12 de abril só poderán empregarse as denominacións propias de ensinanzas e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional cando tiveran sido autorizadas ou recoñecidas de acordo co disposto na mesma, tampouco poderán empregarse aquelas outras denominacións que, polo seu significado, podan inducir a confusión con aquelas.

Fáiselle notar tamén que a disposición adicional undécima do Real Decreto 139312007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, disposición relativa ós títulos non oficiais, establece que na expedición destes títulos, o seu formato e denominación será realizada de xeito que non poda inducir a confusión cos títulos que se establecen en dito Real Decreto, entre eles o de Graduado, recollido no artigo 9.

Polo anterior requíreselle para que cese a publicidade e proceda á modificación da denominación dos títulos non oficiais da UVIGO en "Ciencias Policiais" e "Detective Privado", de xeito tal que se elimine a referencia a "Graduado" ou "Grao" e non se induza a confusión con ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais.

A situación é idéntica neste caso, pero non se ten actuado de igual xeito.

4.- O título impártese nunha Facultade universitaria e a Secretaría de alumnos atópase no mesmo centro, a Facultade de Belas Artes, en Pontevedra. É dicir, ao abeiro da estrutura académica oficial.

5.- Na páxina web de ESDEMGA, á pregunta "¿Qué título outorga o centro?" respóndese o seguinte: "O título que o estudante conseguirá ó finalizar o período formativo é de Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda pola Universidade de Vigo". Non se fai aclaración algunha de que non é un título de carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado español. Cando o define como título propio, na resposta á primeira pregunta (*os Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza, únicos estudos de carácter universitario en Galiza, e Titulación Propia da Universidade de Vigo)* tampouco clarexa cal é o significado técnico de estes títulos, que non ten porqué ser coñecida polas persoas alleas ao sistema universitario.

6.- A indución a erro sobre a natureza do título e a confusión sobre o seu alcance refórzase no informe da directora da escola de 3/05/2010 (n° salida 38) no que literalmente dí: "O Graduado Universitario en Deseño Téxtil y Moda de Galicia básease nunha estructura ECTS adaptada ós principios do Plan Bolonia".

En efecto, segundo o *Real Decreto 1125/2003, de 5 de septiembre, por el que se establece el sistema europeo de créditos y el sistema de calificaciones en las titulaciones universitarias de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional*:

Artículo 1. Objeto.

Este Real Decreto tiene por objeto establecer el ***crédito europeo como la unidad de medida del haber académico en las enseñanzas universitarias de carácter oficial****, así como el sistema de calificación de los resultados académicos obtenidos por los estudiantes en estas enseñanzas.*

Artículo 2. Ámbito de aplicación.

El concepto de crédito y el modo de su asignación establecidos en esta norma se aplicarán a las directrices generales propias correspondientes a títulos universitarios de carácter oficial *que apruebe el Gobierno a partir de la entrada en vigor de este Real Decreto, así como a los planes de estudios que deban cursarse para la obtención y homologación de dichos títulos.*

Por todo o cal, esta institución ten que facer a seguinte **recomendación:**

Que a Universidade de Vigo adopte todas as medidas necesarias para eliminar dos seus títulos propios calquera mención que poida inducir a confusión con títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado español, aclarando na súa publicidade o significado e alcance dos títulos propios. En particular, eliminar a denominación mesma de Grao universitario para referirse a estes títulos na súa páxina web, nos certificados académicos persoais expedidos polos centros e noutros documentos nos que se conteñan mencións ao título propio.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

9.- Recomendación e recordatorio de deberes legais dirixido ao reitor da Universidade da Coruña, o día 16 de marzo de 2011 para que por parte da sección de Bolsas de Universidade da Coruña se adopten as medidas necesarias para reparar os prexuízos causados ao interesado pola irregular tramitación dada á súa solicitude de bolsa de colaboración solicitada, non só no ámbito económico senón tamén no académico, e que se reconsidere o informe negativo remitido á Subdirección General de Becas do Ministerio de Educación (Q/342/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. L.A.B.C., con domicilio en …, CP 15160, en Sada (A Coruña).

No seu escrito, literalmente indicábanos o seguinte:

"El 2 de junio 2010 solicité ante la Universidade da Coruña la corrección de un error material en mi expediente que rebajaba mi nota media considerablemente.

Transcurridos más de 3 meses sin recibir noticia alguna, y tras varias comunicaciones con el Servicio de Gestión Académica, con fecha 11 de noviembre, finalmente se dicta resolución favorable y se procede a la corrección de dicho error material.

El 22 de septiembre 2010 participé en la convocatoria de becas de Colaboración (orden EDU 1799/2010 de 29 de junio 2010 — BOE de 5 de julio), que con fecha 12 de noviembre me fue denegada por "solicitar beca para un Departamento sin cupo asignado". Dichas becas, convocadas por el Ministerio de Educación, son gestionadas por la Universidade da Coruña. Al solicitar aclaraciones en el Servicio de Becas de la Universidad se me informa de que al Departamento que yo solicité se asignaron 2 becas a expedientes con mayor nota que el mío. Contra esta resolución denegatoria presenté, en la Sección de Becas de la Universidade da Coruña, recurso de reposición (dirigido a la Secretaría General de Universidades del Ministerio de Educación) el 19 de noviembre, ya que el cálculo se hizo basándose en mi expediente antes de ser corregido, por un error imputable, por demás, a la propia Universidad. Error que ya figuraba corregido en la fecha de la Resolución de las becas.

Un mes más tarde (el 13 de diciembre) me he interesado ante el Ministerio de Educación por el estado de tramitación de mi recurso, y se me informa de que éste no ha llegado a su destino. El 15 de diciembre he solicitado información a la Sección de Becas, que me contesta que mi recurso continúa en la Universidade da Coruña y sería remitido a Madrid en los días siguientes. Este incumplimiento de la Ley de Procedimiento Administrativo está causando de facto una situación de indefensión, al impedir o retrasar indebidamente una resolución a mi recurso, ya que mi expediente correctamente valorado es superior al menos a una de las becas adjudicadas. En este momento las credenciales de becario y el importe de las becas ya han sido remitidos a sus adjudicatarios, por lo que la reparación del perjuicio resulta prácticamente imposible. Pero la cosa no acaba ahí. Transcurrido el plazo legal previsto para resolver un recurso de reposición, solicité al órgano competente (Secretaría General de Universidades) la emisión de un certificado de inexistencia de resolución expresa (27 de enero 2010), sin que hasta la fecha haya recibido respuesta alguna, a pesar de que la Ley establece para ello un plazo máximo de 15 días. Soy un estudiante de Biología, no trabajador por el momento. Esta beca supone

para mí la posibilidad de continuar mis estudios con un máster (es tan importante por el dinero como por el curriculum). Tengo derecho a ella por mi expediente, pero la estoy perdiendo por una deficiente actuación administrativa, tanto de la Universidade da Coruña como del Ministerio de Educación".

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En concreto, a comprobación de se foi remitido ou non á Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación o recurso de reposición presentado polo interesado e a situación concreta deste procedemento administrativo.

Con data de 8 de marzo recibiuse o informe, asinado pola xefa da sección de Bolsas da UDC, ao que xunta unha serie de documentos.

No informe, literalmente, sinálase o seguinte:

"O día 4 de marzo do presente ano, a vicerreitoría de estudantes envía a esta sección un escrito do Valedor do Pobo coa finalidade de que se conteste a unha queixa que presentou D. A.B.C. por serlle denegada unha bolsa de colaboración con departamentos para o curso 2010-2011. (expediente :D.3. Q/342/11.

O Valedor do Pobo pídenos que no prazo de quince días facilitemos información sobre o problema que motivou a queixa di textualmente "En concreto a comprobación de se foi remitido ou non a Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación o

recurso de reposición presentado polo interesado e a situación concreta deste procedemento administrativo ".

Como xa se fixo un informe o Valedor Universitario xa que este mesmo alumno presentou queixa ante el que nos foi remitida pola vicerreitoría o día 11-01-2011 e que contestamos o día 13-01-2011 con copia de toda a documentación que avalaba o noso informe, vou facer un resumo da cronoloxía dos feitos"

CRONOLOXIA DOS FEITOS A RAIZ DA DENEGACIÓN DA BOLSA DE COLABORACIÓN

1°.- Esta convocatoria rexese pola Orde EDU/ 1799/2010, de 29 de xuño pola que se convocan bolsas de colaboración de estudantes en departamentos universitarios para o curso académico 2010-2011 (BOE núm162 do 5 de xullo). O artigo 7 apartado f) da convocatoria di textualmente. "Para el cumplimiento de los requisitos académicos, sólo serán tenidas en cuenta las calificaciones que figuren anotadas en el expediente a la fecha de finalización de presentación de solicitudes"

2°.- A finalización do prazo de presentación de solicitudes foi o 30 de setembro de 2010 (artigo 10 da convocatoria). Esta sección tivo en conta rigorosamente o que di a convocatoria e no seu expediente figuraban as cualificacións coas que se calculou a media tal como se lle explicou o alumno persoalmente. O expediente para o cálculo to día de 22-10-2010 (achegase copia)

3°.- O día 19 de novembro de 2010 o alumno presenta nesta sección un recurso de reposición no que nos di que hai un erro no expediente académico e que este erro é imputable a Universidade e que el instou a corrección o día 2 de xuño de 2010 (o alumno presenta copia do escrito dirixido a Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións (con data de entrada na Facultade de Ciencias o 2 de xuño de 2010) e tamén presenta un certificado de data 17-11-2010 no que aparece unha nota cambiada).

4°.- Esta sección que ten que informar o recurso de reposición ponse en contacto co centro para pedirlle a resolución que avale esa cambio de cualificación. O centro infórmame que el non fixo o cambio e que non ten resolución. Ante isto, esta sección diríxese por escrito ao Xefe de Servizo de Xestión Universitaria o día 13 de decembro de 2010 no que lle explica a situación deste alumno e pídelle a resolución reitoral que avale o cambio de cualificación (achégase copia)

5°.- O día 16-12-2010 (rexistro de entrada nesta sección núm. 208) a xefa de sección de Estudos de Grao envíame a resolución que eu solicitei. A citada resolución to día de 11-11-2010 (achégase copia).

6°.- O recurso de reposición foi enviado a Madrid desde esta sección o día 16 de decembro de 2010 xunto con outros correspondentes a outro alumnado que tamén presentou recursos cumprindo escrupulosamente os prazos marcados na convocatoria que no seu artigo 18 di textualmente:

"1.- Quienes hayan sido objeto de denegación podrán interponer, en el plazo de dos meses, recurso contencioso-administrativo ante la Audiencia Nacional, sin perjuicio del recurso postestativo de reposición que podrá interponerse ante el Secretario General de Universidades en el plazo de un mes."

Polo tanto o recurso foi enviado ó Secretario General de Universidades a Madrid e o prazo para resolver e notificar corresponde ao Ministerio. (achégase copia).

Á vista do que se fai constar no informe, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. A queixa amósase como moi fundada pois, en efecto, a Universidade ten cometido varios e graves incumprimentos do procedemento administrativo.

1º.-En primeiro termo, a tardía resolución por parte da reitoría do escrito no que se solicitaba a rectificación do erro cometido no expediente. O escrito do solicitante leva data de 2 de xuño e tivo entrada no Rexistro xeral da universidade da Coruña para a súa resolución con data do 30 de xuño, retraso que semella xa excesivo. Foi resolto con data de

11 de novembro, segundo figura na propia resolución reitoral, asinada pola vicerrectora de Organización Académica por delegación do reitor. No oficio remitido ao Rexistro auxiliar de Bolsas, a xefa da sección de Estudos de Grao sinala que a resolución reitoral é de **11 de decembro** de 2010. Isto é un novo erro que se engade á tramitación do expediente. O oficio leva data do día 16 de decembro, é dicir, envíase máis de un mes despois de que fora ditada a resolución reitoral.

2º.- O escrito dirixido ao xefe do servizo de Xestión Universitaria no que a xefa da sección de Bolsas solicita que se lle envíe a resolución reitoral que avale o cambio de cualificación leva data de 14 de novembro de 2010, pero a data de saída do Rexistro auxiliar de Bolsas é de 13 de decembro, é dicir, o escrito sae da sección de Bolsas un mes despois. Non se aclara no informe o motivo deste incomprensible retraso na tramitación.

3º.- A xefa da sección de Bolsas, no devandito oficio remitido ao servizo de Xestión Académica, manifesta o seguinte: *O día 19 de novembro presenta recurso de reposición que teño que enviar a Madrid e acompáñao dun escrito de data 2 de xuño de 2010 no que pide que se lle cambie unha cualificación dunha materia de libre elección "Campionato de España Universitario" que quere se lle poña como Apta tal como ven da universidade de orixe. Ademais presenta unha certificación na que esa materia aparece como Apta con data 15/12/2008. Na certificación que sacou esta sección constaba como Adaptada (aprobado) con data 12/11/2008. O alumno non presenta ningunha resolución reitoral que avale o cambio de cualificación. Ao centro tampouco lle consta. Debido a isto diríxome a ese servizo para que me envíe a resolución reitoral que avale ese cambio para poder aportar no recurso, xa que o alumno basea o seu recurso en que o expediente académico non estaba actualizado por un error imputable a esta universidade e o artigo 7 apartado f) da convocatoria di: "para el cumplimiento de los requisitos académicos sólo serán tenidas en cuenta la calificaciones que figuren anotadas en el expediente a la fecha de finalización de presentación de solicitudes ".*

4º.- A certificación académica tida en conta para facer a media do expediente é de 22 de outubro de 2010. Non leva sinaturas nin selo. Con data de 17 de novembro de 2010, o expediente figura xa rectificado.

5º.- A situación agrávase polo feito de que a xefa da sección de Bolsas **informou negativamente o recurso de reposición,** como resulta do oficio con data de 16 de decembro remitido ao Secretario General de Universidades, Subdirección General de Becas, Ayudas y movilidad de Estudiantes. Para entón, o erro material xa estaba corrixido pero a xefa da sección de Bolsas non fai mención a ese documento académico oficial con plena validez senón que basea o seu informe no certificado anterior, que contiña un erro non imputable ao interesado.

A interpretación errónea dos requisitos académicos recollida no punto terceiro é a causa do grave dano causado ao interesado. Neste caso produciuse un erro material ou de feito, unha inexacta transcrición dunha cualificación que figuraba nunha certificación académica oficial expedida pola Universidade de orixe e que estaba, polo tanto, debidamente acreditado. Este erro de feito tiña que terse corrixido no momento mesmo en que o interesado o puxo de manifesto, xa que non é un feito sobre o que poida facerse un xuízo valorativo ou unha operación de cualificación xurídica. É unha inexacta apreciación da realidade, comprobable de xeito indubitado polo cotexo coa certificación académica oficial da Universidade de Santiago de Compostela que o alumno achegou. Para corrixir o erro, bastaba acudir a datos que figuraban no propio expediente. Non semella xustificado un retraso na resolución reitoral de case catro meses e medio para ordenar que se rectificase o expediente, cando non era precisa tramitación adicional de ningún tipo.

Aínda menos explicable semella o retraso na tramitación que se produciu na sección de Bolsas, que remitiu o recurso de reposición case un mes máis tarde da súa presentación (o 19 de novembro), enviándoo ao Ministerio de Educación con data de 16 de decembro, preto da data límite de presentación. Ademais, sendo xa consciente da situación e da resolución reitoral na que se ordenaba a substitución da cualificación do seu expediente, insiste a xefa da sección de Bolsas en que só tiña que ter en conta as cualificacións que figuren anotadas no expediente á data de finalización de presentación das solicitudes. No escrito da xefa da sección de Bolsas referenciado como nº 6 sinálase que *"El recurso se basa en que su expediente no estaba actualizado"*. Esta afirmación non é veraz. O recurso baséase en que o expediente contiña **un erro material de transcrición** dunha cualificación, unha equivocación imputable aos servizos administrativos da

universidade que non ten nada que ver coa actualización do expediente. A regulación contida na Orde EDU/ 1799/2010, de 29 de xuño pola que se convocan bolsas de colaboración de estudantes en departamentos universitarios para o curso académico 2010-2011 (BOE núm162 do 5 de xullo) no artigo 7 apartado f) da convocatoria di textualmente. "Para el cumplimiento de los requisitos académicos, sólo serán tenidos en cuenta las calificaciónes que figuren anotadas en el expediente a la fecha de finalización de presentación de solicitudes". Esta norma refírese a que non se terán en conta cualificacións obtidas e incorporadas ao expediente con posterioridade á data de finalización da presentación das solicitudes, pero non é aplicable á rectificación de erros materiales ou de feito nas cualificacións. Desde o punto de vista do procedemento administrativo, o artigo 105.2 LRJ-PAC establece que «las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos». Como ten declarado xurisprudencia constante, trátase dun erro ostensible, evidente, que non implica interpretación de normas xurídicas e que pode ser comprobado no mesmo procedemento. Non cabía neste suposto a interpretación feita pola xefa da sección de Bolsas no sentido de entender a rectificación dun erro material imputable á Administración cunha actualización do seu expediente.

Por todo o cal procede facer a seguinte **recomendación**:

Que por parte da sección de Bolsas da Universidade da Coruña se adopten as medidas necesarias para reparar os prexuízos causados ao interesado pola irregular tramitación dada a súa solicitude da bolsa de colaboración solicitada, non só no ámbito económico senón tamén no académico, e que se reconsidere o informe negativo remitido á Subdirección xeral de Becas do Ministerio de Educación, baseado nunha inexacta interpretación da natureza do erro material cometido no seu expediente académico, que houbera de ter sido subsanado en prazo, xa que en moitas fases do procedemento se amosaron considerables retrasos.

E, por isto, o seguinte **recordatorio dos seus deberes legais**:

Que nos procedementos levados a cabo na UDC se atenda ao seguinte:

1.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Que de conformidade co número 2 do devandito artigo o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o que fixe a norma reguladora do correspondente procedemento, que non deberá de exceder de seis meses, e, segundo o número 3, cando as normas reguladoras non fixen prazo máximo, será de tres meses que, nos expedientes iniciados a solicitude do interesado, se contará desde a data que dita solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Neste sentido, o artigo 42.2 da Lei 30/1992, de 26 de decembro, de réxime xurídico e de procedemento administrativo común, e a súa modificación posterior contida na Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, establece que: "o prazo máximo para resolver as solicitudes que se formulan polos interesados será o que resulte da tramitación do procedemento aplicable en cada caso. Cando a norma do procedemento non fixe prazos, o prazo máximo de resolución será de tres meses".

3.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das Administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do citado artigo.

Resposta do reitor da Universidade da Coruña: non aceptada.

10.- Suxestión dirixida ao reitor da Universidade de Santiago, o día 16 de marzo de 2011 para que a Universidade de Santiago de Compostela, garantindo os principios de igualdade, mérito e capacidade, conforme as súas normas de organización e funcionamento e respectando a súa autonomía, estudie as vías máis

adecuadas para procurar a efectiva estabilización dos investigadores que foran contratados pola institución ao amparo do progrma Ramón y Cajal e que no desenvolvemento da súa actividade investigadora superasen con cirterios de excelencia a avaliación I2 correspondente (Q/1977/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. J.R.V.J., con domicilio na rúa …, en Santiago de Compostela.

No seu escrito, esencialmente indicábanos que en xullo de 2004, mentres realizaba unha estancia postdoutoral na Universidade de Cornell, en Nueva York, o Ministerio de Educación e Ciencia concedeulle nun concurso internacional un contrato de investigación Ramón y Cajal por un período de cinco anos, para realizar nun organismo público de investigación en España. Inicialmente o seu contrato desenvolveuse no Departamento de Biotecnoloxía da Universidade Politécnica de Madrid, pero despois, os órganos correspondentes de USC (o Vicerrectorado de Investigación e Innovación e o Departamento de Fisioloxía Vexetal da USC) aceptaron o traslado do investigador, circunstancia de cambio de centro que está prevista nas bases da convocatoria do programa RyC. e que foi tamén aceptada pola UPM. Con data de 1 de setembro de 2007 incorporouse ao Departamento e pouco tempo despois iniciáronse os trámites para trasladar tamén o proxecto europeo da Acción Marie Curie para a reintegración de investigadores, que o interesado tiña concedido pola Comisión Europea. Durante o período do contrato Ramón y Cajal, no ano 2006, obtivo a acreditación para Profesor Contratado Doutor da ANECA, e a valoración positiva da avaliación I3 do Ministerio de Ciencia e Innovación en 2009. Ambos os dous requisitos propiciaban a transformación do contrato RyC nunha praza de profesor, de acordo co compromiso de estabilización dos investigadores contratados Ramón y Cajal con valoración I3 positiva.

O concurso, tras os trámites correspondentes, celebrouse en outubro de 2009. A valoración feita pola Comisión de Selección, que propón na súa acta final a non provisión da praza, foi obxecto de reclamación polos dous candidatos. En particular, o interesado impugna as puntuacións outorgadas por contradicir os criterios de valoración empregados por diversas axencias de avaliación nacionais e internacionais que valoraran xa moi

favorablemente unha parte dos méritos presentados, significativamente o feito de ter xa o candidato unha valoración positiva no Programa I3 que no caso dos investigadores do Programa Ramón y Cajal, xunto co informe da cuarta anualidade do contrato, vén a avaliar tamén se posúen unha traxectoria investigadora destacada. A reclamación foi desestimada en xaneiro de 2010. Uns meses antes, en novembro de 2009, finalizou o contrato Ramón y Cajal e deixou ao investigador nunha situación administrativa irregular, sendo investigador principal de varios proxectos cunha forte achega de financiación á USC, figurando no POD, coordinando un proxecto de Máster e sendo responsable de varios contratos de persoal técnico e investigador.

Con data de 16 de abril de 2010, celebrouse un Consello Ordinario do departamento de Fisioloxía Vexetal no que se aceptou por asentimento a petición dunha nova praza de Profesor Contratado Doutor a tempo completo con docencia na Facultade de Bioloxía. Con data de 19 de xullo de 2010, a ANECA comunicou ó interesado a resolución favorable a súa acreditación como Profesor Titular de Universidade, o que suporía un ano máis de retribución salarial cuberta polo Ministerio de Ciencia e Innovación na aportación económica do Programa I3.

O interesado expoñía na súa queixa que tivera mantido numerosas reunións cos membros do equipo reitoral anterior e co actual, con membros da asesoría xurídica da USC e cos xestores do Programa I3 do Ministerio de Ciencia e Innovación, sen que se lle dera unha resposta satisfactoria a súa solicitude de cumprimento dos compromisos adquiridos ao aceptar o seu traslado como investigador contratado Ramón y Cajal, amosando moitos dos interlocutores a súa perplexidade ante a súa situación ou a súa vontade de resolvela, pero prolongándose no tempo a súa precaria situación laboral.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación

sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea a queixa e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En particular, sobre os seguintes extremos que debían ser aclarados para unha axeitada valoración do obxecto da queixa:

Se na Programación Plurianual da USC 2007-2010, aprobada en Consello de Goberno do 19 de xullo de 2007, se contén a aprobación das liñas xerais de Programación Plurianual, converténdose así nun documento guía de goberno que ten carácter vinculante para toda a comunidade universitaria, máis para quen ten especiais responsabilidades por razón do seu traballo e/ou cargo académico. En particular, se nesa programación vinculante se afirma en varias ocasións o firme compromiso da USC a prol da estabilización dos contratados Ramón y Cajal con valoración I3 positiva, polo feito de que ese programa ten como finalidade, precisamente, fomentar a incorporación estable dos profesores-investigadores con unha traxectoria investigadora destacada nas universidades, no CSIC e noutros organismos públicos de investigación, e que supón unha importante dotación económica a tal fin.

Se na relación de postos de traballo da USC figura unha praza de profesor xerada polo contrato Ramón y Cajal do interesado, con valoración I3 positiva, dotada e premiada economicamente polo Ministerio de Ciencia e Innovación, e que a data de hoxe non está amortizada, e cal é o criterio que esa reitoría vai seguir para cumprir o compromiso de estabilización do investigador contratado que deu orixe a esa plaza pola vía do Programa I3 positivo, respecto do Ministerio que dotou a súa provisión.

Se consta nesa reitoría a aprobación polo Consello de Departamento de Fisioloxía Vexetal de data 16 de abril de 2010, da solicitude dunha nova praza de Profesor Contratado Doutor con encargo docente na Facultade de Bioloxía e as previsións de aprobación e saída a concurso da dita praza, no seu caso.

Se esa reitoría ten coñecemento de que os fondos vencellados á valoración I3 positiva concedida ao interesado polo seu traballo investigador foron xa transferidos polo Ministerio á Xunta de Galicia, de acordo coa *Resolución de 21 de noviembre de 2005, de la Secretaría General de Política Científica y Tecnológica, por la que se acuerda la publicación del Protocolo general por el que se establece la colaboración entre el Ministerio de Educación y Ciencia y la Xunta de Galicia en el Programa de Incentivación de la Incorporación e Intensificación de la Actividad Investigadora (Programa I3),* información que aporta o recorrente no seu escrito de queixa.

A virtualidade que a acreditación do interesado como profesor titular pode ter na súa estabilización, na liña dos compromisos reiteradamente invocados neste escrito, en relación coas prazas as que se fai referencia nos puntos 2 e 3 ou cara a súa transformación, no seu caso.

As medidas que se teñen adoptado na USC para dar efectividade a reintegración estable e de longa duración do investigador por estaren incluído na Acción Marie Curie, xa que o programa e os seus fondos foron tamén trasladados á USC cando se trasladou o investigador.

As medidas adoptadas en relación cos proxectos de investigación dos que o recorrente en queixa é investigador principal, respecto do persoal en formación do grupo de investigación, o persoal contratado con cargo a ditos proxectos e demais circunstancias relativas á xestión dos proxectos.

Con data de 18 de novembro de 2010, recibiuse o informe desa reitoría no que daba resposta ás cuestións formuladas no requirimento. Entre os aspectos que cómpre destacar atópanse dúas consideracións do informe remitido:

A) Que, efectivamente, na Programación Anual da USC 2007-10, aprobada no Consello de Goberno do 19 de xullo de 2007, recóllense as seguintes referencias específicas á estabilización dos contratados Ramón y Cajal con valoración 13:

No punto 2 da programación Plurianual, 2. Investigación, desenvolvemento e innovación, recóllense unha serie de obxectivos, entre os cales está

2.1. Promover o recoñecemento axeitado e a valoración da actividade investigadora, e dentro deste:

2.1.2 Elaborar un plano de integración de investigadores/as a través de programas competitivos (Ramón y Cajal, Isidro Parga Pondal...)

A incorporación e posible estabilización de investigadores/as a través de programas competitivos enmarcarase nun plano estratéxico que permitirá aumentar a calidade do noso persoal, tal como se recolle no apartado de persoal docente e investigador »» (Programación Anual da USC 2007-10, páx. 18)

No punto 3 da Programación Plurianual, 3. Recursos humanos: PDI e PAS, en concreto no punto 3.1. Persoal Docente e Investigador e dentro deste no apartado Plano estratéxico do PDI, recóllese a intención de configurar un cadro de persoal baseado entre outros no aspecto seguinte: »» Desenvolver un plano de captación de persoal a través de programas competitivos no camiño da mellora da calidade da investigación e da docencia. Na medida en que existan programas de incorporación (Ramón y Cajal, Isidro Parga Pondal...) e de estabilización de investigadores/as (programa 13, por exemplo), **consideramos de grande interese a captación de persoal docente e investigador por esta vía**.»» (Programación Anual da USC 2007-10, páxs. 27 e 28).

No mesmo punto 3.1. Persoal Docente e Investigador e dentro deste no apartado Estabilización e promoción do PDI, recóllese como obxectivo para o período 2007-10: »» Estabilización do actual PDI contratado a través de programas competitivos. **Continuarase co compromiso de estabilización dos investigadores Ramón y Cajal que obteñan a avaliación positiva para participar no programa I3**. »» (Programación Anual da USC 2007-10, páx. 28).

Este compromiso de estabilización, tradúcese por parte da USC, na creación dunha praza de profesor contratado doutor ou de profesor titular de universidade para facilitar a estabilización de aqueles investigadores que finalizado o seu período de contrato teñan a avaliación positiva do Programa I3 e estean acreditados a algunha destas figuras de profesorado. O compromiso alcanza, pois, a creación e saída a concurso da praza, pero non unha estabilización directa ou automática, pois toda administración pública está obrigada a garantir un acceso ao emprego público a través de procesos selectivos transparentes e públicos que observen os principios de igualdade, mérito e capacidade. Isto é así, pero os órganos de Goberno da Universidade, que asomen de xeito directo o compromiso, asomen tamén que non poden ser unha vía á que se lle dea un cumprimento exclusivamente formal, coa mera aprobación e convocatoria da praza, senón evitar que o resultado de estabilizar, que é o obxectivo, poida verse afectado por outros intereses. Nomeadamente, cando os procesos, como no presente caso, son problemáticos e prodúcense reclamacións, mesmo na vía xudicial.

B) Non existen fondos directamente vinculados á avaliación positiva do Programa 13 como se pode comprobar a través da Xunta de Galicia, encargada de xestionar os fondos. Só cando se produce unha estabilización do investigador a través dunha figura de profesorado con vinculación permanente e o profesor estabilizado conta coa avaliación positiva correspondente, a universidade está en condicións de concorrer ás axudas da liña de incorporación estable do Programa I3 na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso que nos ocupa, dado que a praza non se cubriu, non se produciu ningunha estabilización e, polo tanto, a Universidade non pode concorrer a ningunha convocatoria de axudas co currículum de don J.R.V.J..

Neste sentido, téñense producido xa na Universidade de Santiago acordos (por exemplo, a reunión do Consello de Participación Sindical da USC, de abril de 2006) nos que se crean prazas, aínda en áreas excedentarias, xustificadas co fin de conservar na USC persoal de solvencia contrastada por seren investigadores do programa Ramón y Cajal cos seus contratos rematados ou a piques de rematar, con valoración I3 positiva e que contaran coa acreditación necesaria para concorrer as devanditas prazas. O obxectivo sería, por unha banda, incorporar establemente a este persoal e por outra, solicitar e manter un

financiamento adicional que doutro xeito se perdería. A proposta partiu do vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado.

Dende hai un tempo, estase a buscar unha solución ao grave problema da inserción no sistema de ciencia e tecnoloxía dos investigadores contratados polo programa Ramón y Cajal. Téntase nestes momentos que estes científicos, que teñen na súa inmensa maioría un alto nivel, poidan ser contratados indefinidamente por universidades e organismos públicos de investigación. Este é o sentido da nova figura proposta do contrato de investigador. Como é sabido, o programa Ramón y Cajal naceu en 2001 coa intención de aumentar o número de bos científicos, insuficiente en España segundo todos os baremos. Considerouse o primeiro paso para establecer unha carreira científica nas institucións de investigación pero o reiterado incumprimento por parte das Universidades e OPIs dos seus compromisos de estabilización fai que o esforzo de formación, financeiro e persoal adicado a estes investigadores resulte en moitas ocasións inútil.

Por outra banda, as Universidades, e a de Santiago de Compostela entre elas, teñen que procurar establecer mecanismos que poñan en valor as avaliacións externas fronte aos sistemas internos clásicos de comisións para a provisións de prazas estables que adoitan reflectir determinados intereses das áreas ou mesmo dos departamentos que en moitas ocasións non garanten os principios de igualdade, mérito e capacidade na selección dos aspirantes. É absolutamente incomprensible que científicos que teñen obtido unha avaliación positiva conforme a criterios obxectivos de excelencia no tramo final do seu contrato de cinco anos, poidan ser rexeitados nos concursos a prazas estables creadas ao abeiro do seus contratos no programa. Hai que recordar que a valoración I3 positiva implica que o Ministerio de Educación e Ciencia, por convenio coa comunidade autónoma, financia os tres primeiros anos dun contrato estable. A participación de axencias estatais de investigación e de Universidades públicas neste programa supón que asumen a creación de postos de traballo permanentes cun perfil adecuado aos contratados para afianzar os compromisos co investigador, cuxos méritos investigadores e a achega de fondos públicos aos centros nos que se insertan, mediante proxectos e outros mecanismos, son un formidable pulo ao desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Na liña do esforzo de consolidación dun sistema competitivo de ciencia e tecnoloxía, a nova Ley de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación que se vota hoxe no Congreso dos Deputados pretende eliminar a precariedade dos postos destes investigadores impulsando a celebración de contratos con carácter indefinido e adicación a tempo completo.

Por todo o cal, esta institución ten que facer a seguinte **suxestión:**

Que a Universidade de Santiago de Compostela, garantindo os principios de igualdade, mérito e capacidade, e conforme as súas normas de organización e funcionamento e respectando a súa autonomía, estude as vías máis axeitadas para procurar a efectiva estabilización dos investigadores que teñan sido contratados pola institución ao abeiro do programa Ramón y Cajal e que no desenvolvemento da súa actividade investigadora teñan superado con criterios de excelencia a avaliación I3 correspondente.

Resposta do reitor da Universidade de Santiago de Compostela: aceptada.

11.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 28 de marzo de 2011 para que no sucesivo, se cumpran rigorosamente os prazos previstos na lexislación sobre a resolución das solicitudes de exención da calificación nas probas de lingua galega, sempre que legalmente corresponda a solicitude e se dean os requisitos previstos na norma e se axilicen os trámites no procedemento co fin de evitar todo prexuízo académico aos interesados (Q/159/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dª C.B.N., con domicilio na Avda. … CP 15490 en Ferrol (A Coruña).

No seu escrito, literalmente indicábanos o seguinte:

"Llegué a vivir a Ferrol, procedente de Madrid, con mi familia, el pasado verano. Mis tres hijos pequeños (C., 15 años; G., 13 años; y F., 11 años S.B.) están matriculados

en el colegio Discípulas de Jesús Maestro de Ferrol. Siguiendo las indicaciones del Colegio, el 17 de septiembre de 2010 presenté las correspondientes solicitudes para la exención del Gallego de mis hijos. Transcurridos más de cuatro meses desde la presentación de la solicitud y prácticamente la mitad del curso escolar, aún no he recibido la solicitada exención. Esto supone una importante e injusta carga escolar para mis hijos, que están encontrando muchas dificultades en el aprendizaje y han suspendido la asignatura."

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita Lei do Valedor do Pobo, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En concreto, requiriuse que se informe do estado actual das solicitudes, das razóns polas que aínda non se teñen resolto os expedientes, que se investigue a razón desta inxustificada demora e que, no seu caso, se informe das medidas que se van adoptar para evitar prexuízos académicos aos alumnos.

Por escrito de 7 de marzo, non tendo sido recibido o informe, requiríuselle de novo para que dera cumprimento ao establecido na citada lei, recordándolle especialmente a obriga de todos os poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lle sexan demandados por esta institución no curso das súas investigacións e actuacións.

Con data de 25 de marzo, foi finalmente recibido o devandito informe pero nel só se dí que, unha vez consultado ao Servizo Territorial de Inspección Educativa desta consellería na Coruña, infórmase que con data 19/01/2011 concedéuselle a exención da lingua galega a F.S.B. e con data 15/02/2011 aos seus irmáns. Non aclara o informe a razón da extrema demora na resolución das solicitudes, tal como expresamente se lle pediu

desde esta institución, polo que cabe entender que non existen motivos obxectivos que xustifiquen tan dilatado retraso. Aínda máis cando esta demora, segundo denunciaba a súa nai, ten causado aos menores certas dificultades académicas evitables. A mesma recorrente apuntaba que lle constaba que había discrepancias cos cómputos de tempo por estar os seus fillos escolarizados xa en Galicia noutros períodos. Con todo, reiteramos que o informe da Consellería non especificaba ningún motivo para ter retrasado a resolución case catro meses no caso do máis pequeno e cinco meses no caso dos dous irmáns maiores.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia sinala no seu Artigo 19º.-*Solicitudes de exención* que:

"1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.

2. As solicitudes de exencións dirixiranse aos directores/as dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ***resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa****. No caso dos centros privados e privados concertados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos a que estean adscritos.*

3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Artigo 20º.-Inspección educativa, sinala que:

Os servizos de inspección educativa velarán para que en todos os centros educativos se cumpran as disposicións previstas neste decreto e proporanlles, se é o caso,

ás xefaturas territoriais de educación a adopción das medidas correctoras que sexan necesarias no caso de incumprimento, sen prexuízo das responsabilidades que procedan."

Por todo o cal, procede facer a esa Consellería o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

Que no sucesivo, se cumpran rigorosamente os prazos previstos na lexislación sobre a resolución das solicitudes de exención da cualificación nas probas de lingua galega, sempre que legalmente corresponda a solicitude e se dean os requisitos previstos na norma, e se axilicen os trámites no procedemento a fin de evitar todo prexuízo académico aos interesados.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

12.- Suxestión dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 1 de abril de 2011 para que o equipo directivo do I.E.S. Pontepedriña procure atender as propostas de horarios aos principios de equidade e mutuo acordo, tal como promove a normativa aplicable, e que nos horarios definitivos se observen de maneria precisa os criterios establecidos nas disposicións que regulan a implantación dos estudos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, a súa organización e currículo e as normas que aproban a regulación orgánica destes centos, especialemnte no que atinxe á asignación de materias, grupos e niveis, no caso de que sexan impartidas por especialistas ou por profesores de materias afíns, observando, en particular, o establecido no artigo 91.c) do Regulamento Orgánicao de Centros, e se teña en conta o disposot en canto a desdobramentos de educación secudnaria obrigatoria para a atención á diversidade (Q/2282/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Don J.M.L.R., con domicilio en Santiago de Compostela.

Sinalaba no seu escrito que é profesor de Latín do IES Pontepedriña de Santiago, e denunciaba, esencialmente, que o seu horario no presente curso consta de 8 horas de latín e 9 de galego; que o Departamento de Galego ten unha serie de desdobres que fan que él teña que impartir esta materia como afín; que algún dos catro profesores do Departamento de Galego imparte as súas clases nos grupos máis baixos da E.S.O. e nun só nivel; que un profesor do Departamento de Galego ten dúas horas de garda de biblioteca, e que nun curso de 2° da ESO ten alumnado con problemas de aprendizaxe e a clase non está desdobrada. Finaliza o seu escrito de queixa sinalando que consideraba que *"foron vulnerados os meus dereitos ao non darme a opción a ir completar horario a outro centro; tampouco me deron opción a elixir dentro do departamento de galego as horas dos cursos máis baixos como ordena o ROC; nin tampouco a coller as horas de Historia e Cultura das Relixións que por lei lle corresponden aos departamentos de Latín e Grego; nin tampouco tiven opción ás horas de Atención Educativa (alternativa á Relixión Católica e á Historia das relixións), que é a única materia que non dispón de profesorado asignado.*

Que están vulnerados tamén os dereitos dos alumnos ao non outorgarlles o profesorado teoricamente máis capacitado para cada materia, dispoñendo, como se dispón, del".

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita Lei do Valedor do Pobo, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal. A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa.

Con data do 27 de xaneiro de 2011, recíbese o informe desa Consellería, asinado polo Inspector de Educación do IES Pontepedriña no que se contén certos criterios cos que esta institución non pode amosar o seu pleno acordo.

Incidentalmente, sinala o informe que o reclamante, nun correo electrónico de data 10 de outubro, solicitou unha entrevista á inspección, que aínda non lle foi concedida

porque esta xuntanza levaríaa a cabo na súa próxima visita ao centro. Cando foi remitido o informe a esta Institución, a entrevista xa se tiña celebrado, con data de 28 de outubro de 2010.

Sinala o informe que nun correo electrónico do reclamante de data 18 de outubro de 2010 dirixido á subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, este amplía o seu escrito inicial nos seguintes puntos:

"- O Departamento de Galego (do que o Director é membro) dispón de catro profesores para dar 41 (horas de clase semanais (sobra profesor e medio!), e, aínda así, pásalle 9 horas ao Departamento de Latín, que só dispón de 8 horas para un profesor. Este disparate que atenta claramente contra a calidade do ensino, provoca situacións tan aberrantes como as seguintes:

• Un profesor de Latín, que só dispón de 8 horas, recibe do Dpto. de Galego 9 horas (tres e grupos da ESO, dous de 2° e un de 4°), e queda cun horario completo de 17 horas. E o Dpto. de Galego, que dispón de 41 horas, ao ceder 9, queda con 32 que, repartidas entre os catro profesores, tocan a 8 cada un: a mesma situación de partida que o Dpto. de Latín, pero neste caso multiplicada por catro. A solución agora é desdobrar sete dos dez grupos que dan os profesores de Galego, convertendo as 32 horas en 55.

• O profesor de Latín, que ten medio horario de Galego (o outro medio cúbreo coas clases de Latín), está nunha situación semellante ao Director do centro, que tamén ten medio horario de Galego, e cumpre o outro medio co cargo directivo. Pero, velaí, o profesor de Latín (non especialista) ten tres grupos, dous niveis (2° e 4°) e uns 65 alumnos; o Director, profesor de Galego, ten dous medios grupos, un só nivel (1° ESO) e uns 30 alumnos.

• Unha profesora de Galego, que cobre todo o seu horario con Galego, ten 14 horas de clase, catro medios grupos, dous niveis (1° ESO e 2° Bacharelato) e uns 60 alumnos. Completa horario con bibliotecas e horas de redución de Normalización Lingüística."

Segundo o informe remitido pola Inspección educativa, neste escrito o reclamante ten graves confusións normativas, pois os horarios dos departamentos os asigna a xefatura de estudios, e nestes pódense contemplar os desdobres que indica a normativa na asignatura de galego (apartado 8.f da Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia), polo tanto como se pode comprobar nos horarios de todos os profesores da materia que se xuntan ao informe, o departamento non pode atender 9 horas. Sen embargo, sen dúbida por erro, o informe non xunta os horarios, polo que non se poden facer as devanditas comprobacións.

En calquera caso, a Orde citada non se refire aos desdobramentos en Bacharelato. Aplícase só aos desdobres de diversificación que poidan ser necesarios en 3º e 4º da educación secundaria obrigatoria. Xustificaría o desdobre no grupo de 2º S de E.S.O., no que están concentrados os alumnos con maiores dificultades de aprendizaxe, e que se conformou así para ser desdobrado na meirande parte das materias, principalmente nas instrumentais. De feito, está desdobrado en seis materias, pero **precisamente non foi desdobrado en Lingua Galega**, cando neste suposto sí se xustificaría o desdobre. As clases de Lingua galega dese grupo tenas asignadas o profesor de Latín.

O artigo 8.f) da Orde do 6 de setembro de 2007 xustifica os desdobres cando se trata de atención á diversidade, pero non en bacharelato. Segundo sinala o recorrente en queixa, neste centro, ademais dos grupos de diversificación de 3º e 4º, e do 2º S citado, se dividen o resto dos grupos seguindo un criterio exclusivamente alfabético.

O informe refírese as confusións nas que incorre o profesor L. ao comparar os seus horarios cos do director e o da coordinadora do equipo de normalización e cita a incidencia do proxecto Abalar, apartado primeiro da Orde do 28 de xuño de 2010 que modifica a Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, afirmando que o director ten a redución horaria que contempla a normativa polo seu cargo. Estas mencións non engaden nada novo ao sinalado no escrito de queixa. En canto ao

horario da coordinadora do equipo de normalización lingüística, que é proposta polo Director do centro, este cargo ten unha redución de **ata 3** horas lectivas (mesmo apartado da normativa mencionada). Matiza o informe que as outras horas que menciona o reclamante, as gardas de biblioteca, son complementarias e non lectivas.

Mantén o recorrente en queixa no seu escrito que os profesores de galego poderían asumir esas nove horas asignadas ao profesor de Latín incluso cos desdobres. As reducións as que se refire o informe do inspector son interpretadas de xeito distinto polo recorrente en queixa. Así, o Director que imparte 8 horas, ten 9 de redución por cargo, co que podería dar 3 máis, completando o seu horario de 20 horas. A xefa de departamento ten 15 horas de clase e podería asumir 3 máis, co que lle quedarían 2 de redución por cargo que, segundo o ROC poden ser **ata tres**. A coordinadora de normalización lingüística ten 14 horas, polo que podería asumir outras 3, e coas 3 de redución horaria sumaría tamén as 20 do seu horario.

O Regulamento Orgánico de Centros (Orde de 28 de xuño de 2010, art. 91.c.) sinala que:

"5º.- No caso de que houbera máis horas lectivas asignadas ao departamento que as que poden cubrir os horarios lectivos dos seus membros, antes de proceder á elección de grupos de alumnado, determinarase que áreas e ou materias ou cursos van ser impartidos, ben por outros profesores como afíns, ben por persoal docente interino, co fin de que non entren na citada elección. A este respecto débese ter en conta ***que un profesor ou profesora especialista no poderá elixir cursos inferiores se quedasen os superiores para profesorado de afíns ou para persoal docente interino.***

6º.- Ningún persoal docente poderá elixir horario de disciplinas afíns en canto non estean totalmente cubertas tódalas horas do seu propio departamento, agás o profesorado que se formou e está a impartir na actualidade determinados módulos profesionais."

No punto quinto do informe non se aclara cómo profesores especialistas dan clases en niveis inferiores ou fan horas de biblioteca mentres un profesor non especialista ten asignados tres grupos de galego en 2º e en 4º da E.S.O.

Semella claro que se non se pode elixir horario de disciplinas afíns en canto non estean totalmente cubertas todas as horas do seu propio Departamento. Moito menos as gardas de biblioteca que nin sequera é unha materia lectiva afín senón que son horas complementarias.

Segundo resulta da información recibida, o Director, que é especialista, da un só nivel, o máis baixo da E.S.O. (1º) mentres que o profesor de Latín da dous niveis superiores (2º e 4º), en tres grupos completos.

"CUARTO. No informe do Director do IES PONTEPEDRIÑA, de data 19 de outubro, relativo á reclamación do horario do profesor de latín do IES PONTEPEDRIÑA, indícase o seguinte:

Unha vez rematada a matrícula de setembro a situación para o departamento unipersoal de Latín era a seguinte: 1 grupo de 1° BACH. (7 alumnos) e un grupo de 2° BACH (7 alumnos), en total 2 grupos, 8 horas e 14 alumnos. En base a isto, a xefatura de estudos de acordo coa dirección acorda atribuírlle un grupo de diversificación curricular de 3° de ESO (9 horas) con cinco alumnos. Quedaba pois o seu horario con 17 horas de clase e 19 alumnos en total.

Ante esta situación o profesor de Latín don X.L. protesta airadamente pois di que se lle atribúen tres materias diferentes a maiores, esquecendo o carácter unitario do Ámbito Lingüístico en Diversificación."

Sen embargo, cómpre recordar que o Ámbito Lingüístico ten que impartilo un profesor dos departamentos afectados. A Orde de 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria delimita o ámbito específico de carácter lingüístico-social, no seu artigo 7.1. a), sinalando que incluirá

elementos formativos seleccionados entre os obxectivos e contidos curriculares correspondentes ao terceiro e ao cuarto curso da etapa das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura. O artigo 12, relativo ao profesorado, establece que "Cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora pertencente a un dos departamentos didácticos a que corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro". Entre estes departamentos aos que cómpre impartir o Ámbito Lingüístico non se atopa o de Latín.

O informe continúa:

Por outra parte, dado que o director do centro é de Lingua galega, nos últimos anos solicitamos e temos dentro do cupo, un profesor de lingua galega que imparte ademais lingua castelá. Este curso, dado que un profesor de lingua castelá que estaba en comisión de servizos se incorporou provisionalmente ao centro (hoxe mesmo pide a excedencia para incorporarse á universidade) e posto que ademais é especialista tamén en galego, atribuímoslle ao departamento de castelán 2 grupos de galego de 2° ESO e 1 grupo de 4°. A intención era solicitar, ao producirse a excedencia, un substituto de lingua galega con lingua castelá.

A razón desa atribución de grupos é que 1° de ESO, dado que estamos no proxecto Abalar, debería impartilo alguén que estivese apuntado desde o ano pasado no proxecto, por iso os dous grupos de 2° de ESO. O feito de deixar logo un cuarto é que só temos este ano un cuarto e podería, como xa pasou o ano pasado, un mesmo profesor impartir a LC e a LG nese grupo. Insistimos ademais que a intención era que un profesor especialista en Lingua galega impartise estas materias.

Esta parte do informe resulta moi confusa. De calquera xeito, non se entende que lle deixen ao profesor de Latín uns grupos que en principio ía dar un profesor que non quedaría no centro e que **é un profesor de lingua castelá que, ademais, é especialista tamén en galego**.

Do escrito do recorrente en queixa despréndese claramente que propuxo que, se tiña que dar afíns, quería poder acceder a materias que non estaban asignadas a ningún departamento como Atención educativa ou mesmo bibliotecas.

Pensamos desde unha perspectiva didáctica que é preferible que algún grupo en vez de 30 alumnos poida desdobrarse en dous de 15, habendo profesorado e non que uns profesores estean sobrecargados mentres outros apenas teñen traballo.

Desde unha perspectiva didáctica, o criterio básico para a distribución de grupos son as necesidades pedagóxicas do alumnado que sempre estarán mellor cubertas con profesores especialistas que cos que non o son, polo que as mencións do informe as cargas de traballo do profesorado non parece que teñan que ver coa mellor docencia senón con outras cuestións de tipo laboral ou organizativo, perfectamente lexítimas, pero que non ten porque coincidir coas necesidades pedagóxicas. En canto aos desdobres, non se comprende ben como seis grupos de bacharelato suman máis horas desdobradas (86) que os sete grupos da E.S.O. (82). A interpretación da inspección contida no punto noveno non atopa un apoio normativo expreso na orde citada. Segundo o artigo 8º, o único desdobre con apoio legal sería o de 2º S da E.S.O., xustificado ao abeiro da atención á diversidade, como xa se sinalou.

En canto ao punto décimo do seu informe, o Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el, sinala no seu preámbulo que: *"As funcionarias e funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias poden perder o seu destino definitivo, de forma provisional ou definitiva, por diminución das necesidades de profesorado no seu centro de destino. Esta diminución pode ter a súa orixe na situación demográfica, na planificación educativa ou nas modificación dos plans de estudos. Existe, pois, a necesidade de ter regulados os criterios que permitan determinar entre varios funcionarios docentes, quen debe ser o afectado pola perda do seu destino definitivo, quedando na situación de suprimido".*

A Orde do 14 de xuño citada nada ten que ver co anterior, senón cos supostos enumerados no seu longo enunciado e para o curso 2010-2011.

No relativo ao mencionado no punto décimo primeiro, o recorrente xunta ao seu escrito de queixa unha copia da súa proposta de horarios na que figura por escrito a petición de completar horario noutro centro. Na acta do claustro do 9 de novembro recóllese que a dirección negouse a asignarlle medio horario no IES e que só se lle propuña un horario completo. Neste punto, hai tres horas (dúas en 1° e unha en 2° de ESO) de *Historia e cultura das relixións*, que, segundo o Anexo V do Real Decreto 1834/2008, de 8 de novembro, BOE 28 de novembro, suplemento núm. 15, de 1 de decembro, poderían asignarse ao departamento de Latín e/ou Grego, e non obstante fóronlle asignadas só ao departamento de Filosofía, aínda que este teña preferencia segundo o Anexo III, en relación co apartado 3 do artigo 3 do devandito Real Decreto. Non sería necesario que indicara por escrito a súa disposición a impartir a materia pois é unha obriga docente imposta na norma que podería ter sido atendida ao facer os horarios, á vista da situación xerada no centro e en atención ao principio de equidade. En canto ao punto décimo segundo, nada dí a lei sobre esta cuestión. Evidentemente, antes de acollerse a outras opcións, o profesor afectado ten dereito a coñecer o horario definitivo no seu centro.

O informe conclúe que o horario do profesor de latín do IES Pontepedriña, D. J. M. L. R., para o curso 2010/11, cumpre a normativa mencionada e fundaméntase en criterios pedagóxicos e de equilibrio entre os docentes do centro educativo.

Sen embargo, á vista do sinalado no informe, esta institución considera que o horario imposto ao profesor non cumpre rigorosamente con algunhas disposicións legais. Por todo o cal procede facer a seguinte **suxestión:**

Que o equipo directivo do I.E.S. Pontepedriña procure atender nas propostas de horarios aos principios de equidade e mutuo acordo, tal como promove a normativa aplicable, e que nos horarios definitivos se observen de xeito preciso os criterios establecidos nas disposicións que regulan a implantación dos estudos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, a súa organización e currículo e as normas que

aproban o regulamento orgánico destes centros, especialmente no que atinxe á asignación das materias, grupos e niveis, no caso de que sexan impartidas por especialistas ou por profesores de materias afíns, observando en particular o establecido no artigo 91 c) do Regulamento Orgánico de Centros, e se teña en conta o disposto en canto aos desdobres de educación secundaria obrigatoria para a atención á diversidade.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

13.- Recomendación e recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Betanzos, o día 5 de abril de 2011 para que o concello leve a cabo, coa maior brevidade posible, a revisión da ordenanza fiscal nº 14 á vista do sinalado no informe da interventora municipal do concello de data 20 de setembro de 2010, no que se recoñece que existe unha diferencia de trato entre o usuarios do Conservatorio municipal segundo o lugar da súa residencia que está prohibida polo artigo 24.4 da lei reguladora das facendas locais na determinación da contía das taxas, no que só se refiere a criterios xenéricos de capacidade económica, e tendo presente a finalidade de non causar aos interesados prexuízos económics evitables que teñen moi difícil reparación (Q/1688/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. M:A.C.D., veciño de Coirós, con domicilio en ...

No seu escrito esencialmente indicábanos que, con data do 8 de abril de 2010, presentou un recurso contra a taxa do Conservatorio da cidade de Betanzos. O recorrente en queixa subliña que transcorreu dabondo o período dun mes para a resolución do recurso, conforme ó previsto no artigo 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sen que o goberno local respondera ó mesmo, en violación da obriga imposta polo artigo 42 da Lei 30/92 de 26 de novembro sobre o réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, que afirma categoricamente que "A Administración está obrigada a ditar unha resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación."

Tendo en conta que o silencio administrativo ten neste caso efectos desestimatorios, de conformidade co artigo 43 e 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o recorrente non ten máis opción que ir aos tribunais presentando un recurso contencioso-administrativo para obter unha resolución fundada en dereito, asumindo inicialmente un custo moito máis elevado que a contía da taxa contra á que reclama. Polo tanto, prodúcese unha situación inxusta e contraria á lei ao non cumprirse a obriga de resolver.

A tal fin, solicitouse dese órgano que nos facilitara información sobre a comprobación de se se ditou resolución expresa no recurso presentado e foi notificada ao recorrente; no seu caso, as razóns polas que non se resolveu e o prazo no que se ditará e notificará e, finalmente, sobre calquera outra información, dato ou circunstancia que deba ser tido en conta para unha axeitada valoración do contido da queixa.

Con datas de 1 de outubro, 3 de novembro, 14 de decembro de 2010, e do 7 de febreiro e 15 de marzo de 2011, de conformidade con establecido no artigo 22 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, foille reclamado o informe correspondente pola queixa que no seu día fora presentada.

Con data do 30 de marzo, foi finalmente recibido o dito informe, xunto cun oficio asinado con data de 20 de marzo por vostede. Nel sinálase literalmente o que segue:

"Me pongo en contacto con usted en respuesta a su escrito con número de expediente D.3.Q/1688/10 en el que recoge la reclamación de D. M.A.C.D. en relación con el cobro de la tasa del Conservatorio. A la vista del informe realizado por la Intervención Municipal, que se adjunta, procedemos a la revisión de la ordenanza".

O informe da intervención municipal ao que refírese o oficio remata como segue:

"En conclusión, resulta una diferencia de trato para los usuarios del servicio del Conservatorio Elemental de Música de Betanzos en función de la tasa que deben pagar

según estén o no empadronados en el término municipal de Betanzos. Procede por tanto, la revisión de esta Ordenanza".

O informe da interventora está asinado o día 30 de setembro de 2010. O oficio desa Alcaldía leva data de 20 de marzo, e sinala que se procederá á revisión da ordenanza, do que semella que aínda non se ten levado a cabo a súa modificación. Na práctica, a modificación das ordenanzas fiscales lévase a cabo xunto cos presupostos municipais para o exercicio económico. Nada dí o oficio da Alcaldía sobre os prazos para a adopción destas modificacións na ordenanza fiscal nº 14. Tampouco informa de si se ten cumprido xa o trámite previsto no artigo 17 do *Real Decreto Legislativo 2/2004 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales:*

1. Los acuerdos provisionales adoptados por las corporaciones locales para el establecimiento, supresión y ordenación de tributos y para la fijación de los elementos necesarios en orden a la determinación de las respectivas cuotas tributarias, así como las aprobaciones y modificaciones de las correspondientes ordenanzas fiscales, se expondrán en el tablón de anuncios de la Entidad durante treinta días, como mínimo, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

2. Las entidades locales publicarán, en todo caso, los anuncios de exposición en el boletín oficial de la provincia, o, en su caso, en el de la comunidad autónoma uniprovincial. Las diputaciones provinciales, los órganos de gobierno de las entidades supramunicipales y los ayuntamientos de población superior a 10.000 habitantes deberán publicarlos, además, en un diario de los de mayor difusión de la provincia, o de la comunidad autónoma uniprovincial.

3. Finalizado el período de exposición pública, las corporaciones locales adoptarán los acuerdos definitivos que procedan, resolviendo las reclamaciones que se hubieran presentado y aprobando la redacción definitiva de la ordenanza, su derogación o las modificaciones a que se refiera el acuerdo provisional. En el caso de que no se hubieran

presentado reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo, hasta entonces provisional, sin necesidad de acuerdo plenario.

4. En todo caso, los acuerdos definitivos a que se refiere el apartado anterior, incluyendo los provisionales elevados automáticamente a tal categoría, y el texto íntegro de las ordenanzas o de sus modificaciones, habrán de ser publicados en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, sin que entren en vigor hasta que se haya llevado a cabo dicha publicación.

5. Las diputaciones provinciales, consejos, cabildos insulares y, en todo caso, las demás entidades locales cuando su población sea superior a 20.000 habitantes, editarán el texto íntegro de las ordenanzas fiscales reguladoras de sus tributos dentro del primer cuatrimestre del ejercicio económico correspondiente.

En calquera caso, non é aceptable unha dilación de preto de seis meses desde o informe da intervención no que se sinala a procedencia da revisión. Aínda máis, cando as ordenanzas fiscais só poden ser recorridas, conforme ó artigo 19 do mesmo texto, pola interposición dun recurso contencioso administrativo.

1. Las ordenanzas fiscales de las entidades locales a que se refiere el artículo 17.3 de esta Ley regirán durante el plazo, determinado o indefinido, previsto en ellas, sin que quepa contra ellas otro recurso que el contencioso-administrativo que se podrá interponer, a partir de su publicación en el boletín oficial de la provincia, o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, en la forma y plazos que establecen las normas reguladoras de dicha jurisdicción.

Por outra banda, esa revisión das ordenanzas non ten, en principio, carácter retroactivo. O párrafo 2 do artigo 18 sinala que:

2. Si por resolución judicial firme resultaren anulados o modificados los acuerdos locales o el texto de las ordenanzas fiscales, la entidad local vendrá obligada a adecuar a los términos de la sentencia todas las actuaciones que lleve a cabo con posterioridad a la

fecha en que aquélla le sea notificada. Salvo que expresamente lo prohibiera la sentencia, se mantendrán los actos firmes o consentidos dictados al amparo de la ordenanza que posteriormente resulte anulada o modificada.

O mesmo semella que debe entenderse se a modificación da ordenanza non se fai por execución de sentenza senón pola revisión da propia Administración municipal baseada nun informe dos seus propios órganos especializados, como é o caso.

Por outra banda, o informe da intervención emítese a consecuencia dun recurso de reposición presentado por outra persoa contra a *Ordenanza fiscal n° 14 reguladora de la Tasa por la prestación de servicios en los museos y otras instalaciones culturales del Ayuntamiento de Betanzos.* Nada se dí sobre o recurso de reposición presentado polo interesado con data de 8 de abril de 2010, aínda que é evidente que se lle aplica a mesma consecuencia xurídica en canto á revisión.

Por todas as razóns apuntadas, é inaceptable a dilación no trámite de revisión da ordenanza. O mesmo sucede respecto dos retrasos na remisión do informe a esta institución, que tivo que serlle requirido ata en cinco ocasións, e na tramitación e resolución do recurso de reposición interposto polo recorrente en queixa con data de 8 de abril de 2010.

Por todo o cal, procede facer ao Concello a seguinte **recomendación**:

"Que o Concello de Betanzos leve a cabo á maior brevidade a revisión da ordenanza fiscal nº 14, á vista do sinalado no informe da interventora municipal docConcello de data de 20 de setembro de 2010, no que se recoñece que existe unha diferenza de trato entre os usuarios do Conservatorio municipal segundo o lugar da súa residencia que está prohibida polo artigo 24.4 da lei reguladora das facendas locais na determinación da contía das taxas, no que só se refire a criterios xenéricos de capacidade económica, e tendo presente a finalidade de non causar aos interesados prexuízos económicos evitables que teñen moi difícil reparación".

Por outra banda, tendo en conta:

1º.- A obrigatoriedade que ten a administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o núm. 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2º.- Que de conformidade co número 2 do artigo 115 da dita lei o prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada será de tres meses e, no suposto do recurso potestativo de reposición, como foi cualificado definitivamente o recurso, o artigo 117.2 sinálao nun mes.

3º.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver estes, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o núm. 7 do artigo 42 citado.

Procede, á vista do establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, efectuar o seguinte **recordatorio dos deberes legais:**

"Que a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común no seu artigo 115.2 sinala como prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada o de tres meses dende a súa interposición e, no suposto do recurso potestativo de reposición, como foi cualificado definitivamente o recurso a que se refire esta queixa, o artigo 117.2 establece o prazo dun mes".

Resposta da Alcaldía de Betanzos: aceptada expresamente.

14.- Recomendación dirixida ao Xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, o día 27 de abril de 2011 para que se actualice a información contida na páxina *web* do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no relativo á

normativa reguladora dos prezos públicos das escolas infantís pertencentes á rede do Consorcio, de forma que conste claramente o indicador público de renda que se utiliza para fixar determinadas taxas, reducións, prezos públicos e cotas (Q/542/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. A.O.G., con domicilio na Avda. …, en Lalín (Pontevedra).

No seu escrito, esencialmente indicábanos a súa desconformidade co feito de que se estivera a aplicar, na determinación dos prezos públicos das escolas infantís da rede do Consorcio, un indicador distinto do que figura na normativa publicada na páxina web, no enderezo electrónico:

http://igualdadebenestar.org/mediateca/documentacion/normativa_prezos_p_ei.pdf.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitir a mesma a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

Con data de 20 de abril tivo entrada nesta institución un informe asinado pola xerente adxunta de escolas Infantís do Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar. En efecto, admite o informe que nestes momentos se esta a aplicar o IPREM, ao abeiro do Real Decreto Lei 3/2004, de 25 de xuño, que tenta desvincular o salario mínimo interprofesional doutros efectos ou finalidades distintas da garantía salarial mínima dos traballadores por conta allea e establece o indicador público de renda de efectos múltiples como referencia do nivel de renda para determinar a contía de certas prestacións, beneficios ou servizos públicos.

Sen embargo, o mesmo informe sinala que a normativa reguladora dos prezos públicos para as escolas infantís xestionadas polo Consorcio foi aprobada polo Comité Directivo de data 3 de marzo de 2008 e que o acordo publicouse no DOG nº 72, de 15 de

abril de 2008. No anuncio publicado no DOG comunícase o seguinte: *Anuncio polo que se fan públicos os acordos do comité directivo deste organismo. O comité directivo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na sesión ordinaria que tivo lugar o 3 de marzo de 2008 adoptou, entre outros, os seguintes acordos: Aprobar definitivamente o Regulamento interno do consorcio, o Regulamento de réxime interior das escolas infantís integradas na rede galega de escolas infantís Galescolas xestionadas polo consorcio e o Regulamento de réxime interno dos centros de día. (...) Aprobar a normativa reguladora do prezo público das galescolas, a normativa reguladora do prezo público de centros de día e as taxas para a inscrición nas convocatorias para a selección de persoal do consorcio. (...) O contido íntegro destes textos está publicado na páxina web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, www.igualdadebenestar.org.*

É dicir, o informe estase remitindo á normativa reguladora dos prezos públicos publicada na web. E en dita páxina, consultada á data de hoxe nesta institución, recóllese un texto normativo cuxa disposición final segunda sinalou a súa entrada en vigor ao día seguinte ao da súa publicación. O Anexo refírese ao SMI como indicador a utilizar para aplicar determinadas reducións totais ou parciais segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar. O recorrente en queixa sinala, con fundamento, que o Real Decreto Lei 3/2004, de 25 de xuño, establece que *"el IPREM sustituirá al SMI en esta función, de forma obligatoria para el caso de las normas del Estado y de forma potestativa para el caso de las comunidades autónomas, de las Ciudades de Ceuta y Melilla y de las entidades que integran la Administración local"*. En efecto, no seu artigo 2.4 declárase: "*Las comunidades autónomas, las ciudades de Ceuta y Melilla y las entidades que integran la Administración local podrán utilizar como índice o referencia de renta el IPREM, sin perjuicio de su potestad para fijar indicadores propios en el ejercicio de las competencias que constitucionalmente les correspondan"*. Desta norma despréndese que a utilización do IPREM ou doutros indicadores é potestativa nas Comunidades autónomas no exercicio das súas competencias constitucionais, e non ten que producirse a automática substitución do indicador, como sí sucedeu no ámbito das normas estatais. Pódese racionalmente inferir, polo tanto, a vixencia da normativa publicada na páxina web xa que non está expresamente derrogada ou aclarada por ningunha outra disposición. Esta circunstancia podería afectar ao principio de legalidade e o de seguridade xurídica e debería ser corrixida.

No relativo á solicitude do interesado de reembolso das cantidades aboadas, cómpre recordar que desde o mes de novembro de 2010 tivo información telefónica e escrita por parte da Xerencia adxunta de escolas infantís do Consorcio de que se estaba a aplicar o IPREM, polo que tratándose dun indicador que legalmente pode ser utilizado en substitución do SMI en todos os ámbitos da Administración para determinar a contía de certas prestacións, beneficios ou servizos públicos, non cabería alegar descoñecemento por parte do interesado nin vulneración dos seus dereitos. Só cabería alegar unha inexacta información na páxina web que no seu caso, non tiña xa incidencia algunha posto que se lle comunicou o indicador empregado, pero que cómpre que sexa corrixida.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que se actualice a información contida na páxina web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no relativo á normativa reguladora dos prezos públicos das escolas infantís pertencentes á rede do Consorcio, de xeito que conste claramente o indicador público de renda que se utiliza para fixar determinadas taxas, reducións, prezos públicos ou cotas.

Resposta do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: aceptada expresamente.

15.- Suxestión dirixida ao reitor da Universidade de Santiago, o día 24 de maio de 2011 para que esta Universidade, tendo en conta o espírito que inspira a nova organización das ensinanzas universitariars no Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, precisamente ao amparo do que se lle recoñecen créditos pola realización de certas actividades extra-académicas, regule o seu recoñecemento dunha ofrma máis flexible, determinando e motivando con claridade aquelas que unicamente poderán ser cursadas na propia Universidade de Santiago de Compostela e aquelas que, de cara a fomentar a mobilidade dos estudantes, poderán cursarse noutras

universidades españolas ou europeas ou noutros ámbitos distintos, polas propias características da actividade ou da entidade organizadora.(Q/595/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. P.V.N., con domicilio na Avda. …, en Padrón (A Coruña).

No seu escrito, literalmente indicábanos o seguinte:

"1. Que es estudiante del 1º curso del Grado en Medicina de la Universidad de Santiago de Compostela (USC).

2. Que ha superado el curso de verano «X Aula de Verano "Ortega y Gasset". Iniciación a la Universidad», organizado por la Universidad Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) y la Dirección General de Política Universitaria (Ministerio de Educación) y regulado por la Orden EDU/1371/2010, de 20 de mayo (BOE 28 de mayo de 2010). La carga lectiva total de dicha actividad asciende a 40 horas.

3. Que el día 15 de septiembre de 2010 solicitó al Sr. Vicerrector de Cultura de la USC el reconocimiento de 2 créditos ECTS optativos por haber superado dicho curso. La normativa aplicable es el «Acuerdo del Consejo de Gobierno de 4 de julio de 2008 sobre propuesta de reconocimiento de créditos al amparo del artículo 12.8 del Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, y de las líneas generales de la USC para la elaboración de las nuevas titulaciones», en particular el apartado quinto («Cursos de verano y otras actividades estivales de extensión cultural») del epígrafe «Actividades Culturales» del Anexo I. En esta normativa se especifica que al alumnado que realice estos cursos se le concederán 2 créditos por cada curso de 25 o más horas lectivas y 1 crédito por las actividades de menos de 25 horas.

4. Que el día 10 de febrero de 2011 (registro de salida de la UXA Sur nº 798. Referencia 2010/822) el Jefe del Servicio de Gestión Académica desestimó la solicitud antes mencionada. La normativa en la que se fundamenta la resolución es el "Acuerdo del Consejo de Gobierno de 4 de julio de 2008», dado que «no se contempla el reconocimiento

de Cursos de Verano cursados en otras Universidades Públicas Españolas» y que, a su juicio, no procede el reconocimiento solicitado. Asimismo, esta demora de 5 meses resulta excesiva e innecesaria, además de vulnerar el artículo 42.3 de la Ley 30/92, la normativa interna en materia de gestión académica de la USC y los compromisos de calidad en la gestión de la USC

5. Que el día 21 de febrero de 2011 interpuso recurso potestativo de reposición contra el Sr. Jefe del Servicio de Gestión Académica. Este recurso ha sido desestimado por silencio administrativo, según los artículos 43 y 117.2 de la Ley 30/92.

6. Las alegaciones del solicitante contra de resolución son las siguientes:

a. Este Acuerdo no vincula en ningún momento el reconocimiento de créditos a que el curso de verano esté organizado por la USC. En otros apartados de la misma norma sí se especifica que el órgano organizador debe depender de la USC, como puede verse en el epígrafe de «Actividades Deportivas», apartado primero («A los alumnos y alumnas que participen en las escuelas deportivas de la USC...), y en el de «Actividades Culturales», apartado primero («A los alumnos y alumnas que integren las Compañías da Aula Teatro de la USC...). Además, el no reconocimiento de actividades desarrolladas en universidades públicas españolas distintas de la USC haría inútiles instituciones como la UIMP, cuyo objetivo principal es la celebración de cursos de verano para estudiantes universitarios de toda España.

Por tanto, no procede denegar el reconocimiento alegando que no se especifique en el susodicho Acuerdo que el reconocimiento se aplique en cursos de verano distintos de los de la USC. Esto se debe a que la necesidad de ser organizados por la USC sí se especifica en otros casos de la misma norma.

Por esto, cabe suponer que el requisito de ser organizados por la USC no se extiende a aquellos supuestos en los que no se mencione dicha exigencia.

7. Que se acompaña esta solicitud de copia compulsada de los siguientes documentos:

a) Solicitud de reconocimiento de créditos (15 de septiembre de 2010).

b) Resolución del servicio de gestión académica (10 de febrero de 2011).

c) Recurso potestativo de reposición (21 de febrero de 2011)".

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En concreto, os motivos para o non recoñecemento pola USC dos cursos de verán doutras universidades públicas españolas segundo a interpretación feita polo Servizo de Xestión Académica da USC do Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008, e a razón que xustificaba unha demora de cinco meses na resolución da solicitude de recoñecemento de créditos feita polo interesado.

Con data de 5 de maio foi recibido o devandito informe. Á vista do que se fai constar nel, procede facer as seguintes consideracións. Con carácter xeral, hai que salientar que o marco xurídico no que se inserta este problema é o Acordo do Consello de Goberno da USC polo que se aproba o recoñecemento de créditos ao amparo do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro e das liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións. Ese artigo do RD de 2007 establece o seguinte:

"Artigo 12.8. De acordo co artigo 46.2.i) da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en

créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plan de estudios cursado".

Polo tanto, o recoñecemento académico en créditos por actividades universitarias extra-académicas deriva desta norma básica, o Real Decreto 1393/2007. Como declara expresamente o seu preámbulo:

"Por outra parte, un dos obxectivos fundamentais desta organización das ensinanzas é fomenta-la mobilidade dos estudantes, tanto dentro de Europa, como con outras partes do mundo, e sobre todo a mobilidade entre as distintas universidades españolas e dentro dunha mesma universidade. Neste contexto resulta imprescindible apostar por un sistema de recoñecemento e acumulación de créditos, no que os créditos cursados noutra universidade serán recoñecidos e incorporados ao expediente do estudante". O artigo 6 desta norma, con obxecto de facer efectiva a mobilidade de estudantes, tanto dentro do territorio nacional como fóra del, establece que as universidades elaborarán e farán pública a súa normativa sobre o sistema de recoñecemento e transferencia de créditos, con suxeición aos criterios xerais que sobre o particular se establecen neste real decreto. A estes efectos, enténdese por recoñecemento a aceptación por unha universidade dos créditos que, sendo obtidos nunhas ensinanzas oficiais, na mesma ou outra universidade, son computados noutras distintas para os efectos da obtención dun título oficial.

Así mesmo, a transferencia de créditos implica que, nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante, se incluirán a totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, na mesma ou outra universidade, que non conduciran á obtención dun título oficial.

Se a norma contempla a obrigatoriedade de que as universidades conten con un sistema de recoñecemento e acumulación de créditos cursados noutra universidade no ámbito das ensinanzas oficiais, non se entende a razón pola que a USC non permite obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias

culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, é dicir, actividades que non forman parte das ensinanzas oficiais, cando non foran organizadas pola propia USC. Esta restrición é claramente contraria ao espírito da norma.

Por outra parte, despréndese do informe que a exixencia de que a actividade fora organizada pola USC é unha cuestión estritamente interpretativa, e que é un criterio que o servizo de Xestión Académica ven aplicando de modo fáctico. Non é relevante, a estes efectos, que no consten recursos xudiciais contra as resolucións denegatorias destes recoñecementos, por razóns obvias de proporcionalidade. O propio informe insiste en que "sempre se entendeu que eran as actividades que se realizaban na propia USC...". Pero este criterio resulta tamén problemático, porque, aínda cando o informe da Universidade sinala no seu punto 4 que "non é certo o que sinala o alumno de que cando se quere precisar que as actividades deben terse realizado na USC, así se recolle expresamente", no Anexo 1 figuran varias actividades recoñecidas de modo xenérico ou específico que non organiza a USC e ás que se recoñecen créditos. Por exemplo, de modo específico, a participación de deportistas de alto rendemento da USC en determinados campionatos ou competicións externas á Universidade que se relacionan concretamente no Anexo. De modo xenérico, a USC recoñece créditos por actividades solidarias e de cooperación pola participación en proxectos de entidades de iniciativa social legalmente constituídas, aínda que non asinaran un convenio de colaboración coa USC, ou por ter colaborado en proxectos desta natureza coordinados pola universidade de procedencia. Polo tanto, hai actividades organizadas fora da USC ás que se recoñecen créditos. Para as demais, xeralmente, especifícase que teñen que ser organizadas pola USC.

En canto aos cursos de verano, non hai ningunha especificación que impida recoñecer este tipo de actividades cando se realizaran fora da USC, e tampouco hai ningunha mención que os limite aos organizados pola USC, polo que é comprensible a interpretación feita polo interesado, e máis aínda se conectamos este criterio co espírito que impulsa esta regulación: un dos *obxectivos fundamentais desta organización das ensinanzas é fomenta-la mobilidade dos estudantes, tanto dentro de Europa, como con outras partes do mundo, e sobre todo a mobilidade entre as distintas universidades españolas e dentro dunha mesma universidade.* É completamente lóxico o razoamento do

interesado sobre as características da UIMP como universidade de verán, de xeito que a falta de recoñecemento dos seus cursos faríaa inútil.

Por todo o anterior, e non derivándose de modo indubitado de ningunha norma da USC (tampouco da Resolución reitoral de 5 de maio de 2009 pola que se establece o procedemento para o recoñecemento de créditos ao amparo do disposto no artigo 12.8 do R.D. 1393/2007, do 29 de outubro) a restrición do dito recoñecemento ás actividades organizadas pola USC, senón tratándose dun criterio meramente interpretativo, que non se aplica, ademais, en todos os casos senón que o propio Anexo 1, que contempla as actividades, recolle expresamente algunhas que non foran organizadas pola USC, procede facer a seguinte **suxestión**:

Que a Universidade de Santiago de Compostela, tendo en conta o espírito que inspira a nova organización das ensinanzas universitarias no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, precisamente ao amparo do que se recoñecen créditos pola realización de certas actividades extra-académicas, regule o seu recoñecemento dun xeito máis flexible, determinando e motivando con claridade aquelas que unicamente poderán ser cursadas na propia Universidade de Santiago de Compostela e aquelas que, en aras de fomentar a mobilidade dos estudantes, poderán cursarse noutras universidades españolas ou europeas ou noutros ámbitos distintos, polas propias características da actividade ou da entidade organizadora.

Resposta do reitor da Universidade de Santiago de Compostela: aceptada.

16.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 30 de maio de 2011 para que, como parte do deber de control, seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Lomba, se proceda, por parte do Consello Escolar, a unha revisión das condicións de acceso de todos os usuarios do comedor escolar, de forma que, en todos os casos, se cumpra a normativa vixente e non se amparen situacións de desigualdade ou discriminación. (Q/529 y 534/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención Dª A.I.A.S., con domicilio na Rúa …, en Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, que deu lugar ao expediente D.3.Q/534/11, e Dª M.M.S.R., con domicilio na Avda. … en Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, que deu lugar ao expediente D.3.Q.529/11. Os seus escritos estaban referidos aos servizos educativos complementarios do CEIP A Lomba, en Vilagarcía de Arousa.

Reunindo estas queixas os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitilas a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

Con data de 26 de maio, foi recibido o informe desa Consellería. Do informe derívase, dun xeito bastante claro, que a situación do CEIP A Lomba, de Vilagarcía, non se axusta á legalidade vixente no eido dos servizos educativos complementarios. Este desaxuste ven formulado no informe como unha situación herdada de tempo atrás, da que o actual equipo directivo do centro semella non facerse responsable. Mais ben, acepta a consolidación dunha situación non axustada a Dereito, consentida ou propiciada pola anterior Dirección, e amosa a vontade do actual equipo de Dirección e do Consello Escolar de corrixir cara ó futuro estas desviacións dos criterios normativos. Esta decisión, a de corrixir parcialmente unha situación administrativa irregular, ten unha aplicación moi

complexa que xera, na práctica, situacións discriminatorias como a denunciada no escrito de queixa.

Hai que partir dun principio claro que é que non pode esixirse igualdade cando non se está a aplicar a normativa. É dicir, non cabe alegar discriminación en aqueles supostos nos que unha concreta actividade administrativa pode estar vulnerando a legalidade. Por esta razón, é decisivo esclarecer o contexto no que se aplicou a norma que se supón discriminatoria. Neste punto, convén subliñar os seguintes aspectos manifestados no informe:

1º.- Neste curso académico, están admitidos como usuarios do comedor determinados alumnos aos que non lles correspondería, de aplicarse rigorosamente a normativa. Sen embargo, a Dirección e o Consello Escolar admiten a subsistencia do dereito destes alumnos, non revisan a súa situación, e prodúcese un automatismo da súa condición de usuarios que se funda, de xeito exclusivo, en que xa o foron o curso anterior. Para o cumprimento da legalidade, o actual equipo directivo e o Consello Escolar poden tomar decisións, non só sobre as novas admisións, como sinala o informe, senón que, de producirse mais peticións que prazas (neste caso, estamos a falar de tres solicitudes por riba das prazas) están obrigados a revisar caso por caso, de xeito que se garanta que todos os admitidos o están de acordo coas normas. O que non é admisible é que a normativa se aplique só as novas admisións e non a todos os usuarios. O contrario sería consentir unha ilegalidade.

2º.- Sinala o informe que *hai que indicar que entre as familias da comunidade educativa estendeuse a idea de que para acceder ao comedor "había que usar o bus". Mesmo en reunións de pais ten habido comentarios nese sentido e algúns pais declararon publicamente que anotaban aos seus fillos no transporte escolar para poder acceder ao comedor. Neste punto convén aclarar que en Vilagarcía utilízase o transporte escolar aínda sen haber dous quilómetros de distancia ao centro, con coñecemento da Consellería de Educación, polas características da distribución dos centros educativos.*

Esta é outra grave anomalía. Non están errados os pais cando cren que para acceder ao comedor "hai que usar o bus". A Orde de 2007 o establece como segundo criterio de preferencia, que convértese no primeiro para as novas admisións. De feito, semella ter sido en conta case exclusivamente polo Consello Escolar nas listaxes provisionais e ten sido, asemade, a motivación principal das exclusións. Por isto, sería gravemente irregular que haxa usuarios do transporte escolar aos que legalmente non lles corresponda, porque, por esta vía, accederían ao uso do comedor, que tampouco lles corresponde. Do informe despréndese que, no que atinxe ao transporte, tampouco se está a cumprir a normativa. Sen embargo, a Consellería de Educación tense amosado inflexible na aplicación do criterio dos dous quilómetros en outros moitos casos que admitirían, por razóns de equidade, unha modalización da norma. Literalmente, informou en moitos casos a esta institución que *"ante a imposibilidade de satisfacer as numerosas solicitudes que se presentan anualmente para aproximar as paradas aos domicilios dos usuarios, e cuxa estimación indiscriminada e sen aplicar un criterio obxectivo suporía vulnerar a duración máxima de permanencia do alumnado nos autobuses, non cabe outra solución que aplicar rixidamente o criterio dos 2 quilómetros*". O criterio desta institución e outro. Moitos alumnos en Galicia gozan de transporte escolar e comedor sen que resulte imprescindible a prestación para garantir as mellores condicións á súa escolarización, pero recoñéceselles este dereito porque cumpren certos criterios obxectivos. No caso do transporte, o criterio é ter o seu domicilio a máis de dous quilómetros do centro escolar; a condición de usuario do comedor recoñécese automaticamente a todos os que utilizan transporte escolar. Sen embargo, outros escolares que precisan xustificadamente eses recursos ou prestacións non cumpren os actuais criterios, polo que non se lles están garantindo as condicións máis favorables para a escolarización durante as etapas de educación infantil e básica, aínd que as súas condicións persoais supoñan unha desigualdade inicial, precisamente o que pretende evitarse pola Lei Orgánica de Educación cando prevé servizos como o transporte escolar ou o comedor. Estes servizos teñen na norma orgánica básica un carácter marcadamente compensatorio. Si é racional, como di o informe, o uso do transporte en distancias menores *polas características da distribución dos centros educativos*, esta circunstancia debería ser pública e xeral, e non meramente consentida pola Consellería, en contra do criterio que ela mesma obxectivou na norma. Non se comprende esta situación de permisividade que, neste suposto, o que orixina claramente é unha discriminación, xa

que a uns alumnos se lles permite usar o transporte e ser usuarios do comedor, sen ter dereito a elo segundo a norma, e a outros, non.

O informe di que "*diante desta situación o equipo directivo decidiu revisar as novas admisións realizadas este curso e detectou catro casos nos que a proximidade ao centro non xustificaba a utilización do transporte escolar"*. Supón un agravio comparativo e unha discriminación contraria a Dereito que só se revisaran as novas admisións, pola razón exposta no punto seguinte.

3º.- A Orde de 2007, no artigo 7.5º, establece que terá preferencia na adxudicación de praza, en todo caso, o alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior*, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido*. Se non se comproban as condicións de admisión de este alumnado, non resulta posible comprobar se ten variado ou non o criterio polo cal foi admitido. A norma non impón o automatismo para os usuarios do curso anterior senón que se comprobe un eventual cambio do criterio polo que accedeu no seu día. Esta comprobación ven esixida por un feito externo que é a redución da capacidade do comedor, polo que se abre un proceso de concorrencia. O Consello Escolar ten imposta, legalmente, a obriga de comprobar se concorren os requisitos porque é quen ten que decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos nesta Orde. Téñase en conta que a Orde non fala só das novas admisións senón, en xeral, de *alumnado usuario* (art. 11.1).

4º.- A insistencia en que as reclamacións se cursaran fóra de prazo, tal como se reflicte no escrito de queixa, tampouco se axusta aos criterios de funcionamento. Unha situación antixurídica ten que ser corrixida cando sexa coñecida polo órgano con competencia. Neste sentido, a Orde é moi precisa e, por unha banda, impón ao Consello Escolar a obriga de aprobar, dentro da normativa vixente, un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu *seguimento e avaliación durante o curso escolar*. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro (art.. 11.1 apartado 2). Esto tradúcese na obriga de *seguir e avaliar o funcionamento do comedor de acordo coa normativa vixente*

durante todo o curso escolar. Do escrito de queixa e do informe semella que só se fixo nas novas admisións.

Á vista do contido do informe, detéctanse no funcionamento dos servizos educativos complementarios do CEIP A Lomba, de Vilagarcía de Arousa, certas irregularidades que poden ter producido un trato discriminatorio, ao non aplicarse por igual os criterios de admisión a todos os alumnos usuarios do comedor e do transporte escolar no mesmo centro e no mesmo curso escolar. O artigo 18 da Orde de 21 de febreiro de 2007 impón ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través dos seus servizos de inspección, a obriga de arbitrar *fórmulas de control e seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos do seu ámbito de competencia. Na memoria final de curso incluirase unha parte sobre o funcionamento do servizo de comedor escolar, así como as propostas de mellora que se coiden convenientes, cunha valoración económica delas, que será obxecto de coñecemento e valoración do consello escolar, e da cal se lle dará traslado á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Ao abeiro desta norma, e en cumprimento do artigo esta Institución ten que facer a seguinte **recomendación:**

Que, como parte da obriga de control e seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Lomba, se proceda, por parte do Consello Escolar, a unha revisión das condicións de acceso de todos os usuarios do comedor escolar, de xeito que, en todos os casos, se cumpra a normativa vixente e non se amparen situacións de desigualdade ou discriminación.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

17.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 30 de maio de 2011 para que de acordo coa normativa vixente, se faga unha comprobación por parte do Consello Escolar do CEIP A Rabadeira de

Oleiros, da veracidade dos domicilios que se fan constar na solicitude do comedor, no sentido de que han de coincidir cos do domicilio fiscal dos solicitantes, e non abonda con que coincidan cos da secretaría do centro ou os do XADE xa que, en todo caso, estes últimos deberían tamén corresponderse co domicilio fiscal. Se non é así, e non se xustifica mediante outros documentos (Art. 21.4º, in fine), non cabería puntuar no baremo este apartado. A falta de comprobación desta correspondencia supón a omisión dun deber legal dos órganos de goberno do centro, e faise aínda máis inxustificable por existir neste caso unha denuncia concreta cuxa veracidade deberá ser investigada. (Q/2249/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona A.G.V., con domicilio na Rúa X en Oleiros (A Coruña).

No seu escrito, literalmente indicábanos o seguinte: que o motivo da súa queixa contra o Departamento Territorial da Consellería en A Coruña é *"la falta de comprobacion exhaustiva y documental del cambio de domicilio o situaciones que provoquen un cambio sobre el uso y disfrute del comedor por parte del Consello Escolar del CEIP Rabadeira de Oleiros en la reordenacion del listado del comedor de dicho centro, quedando fuera mi hijo del comedor sin una causa justa".*

Xunta ao seu escrito de queixa os seguintes documentos*: "escrito al Consello Escolar reclamando la reordenacion de las listas por haber fraude en la mayoría de los domicilios aportados para justificar el área de influencia y así estar dentro del comedor. y recurso de alzada ante la Conselleria de Educación e Ordenación Universitaria, presentado el 8/10/2010 y todavía a fecha de hoy no tengo respuesta".*

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación

sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que no prazo de **quince días**, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa e as razóns polas que non se lle dera resposta á interesada ao recurso de alzada presentado perante esa Consellería no mes de outubro. O recurso de alzada perante a Consellería presentado o día 8 de outubro foi finalmente resolto, do que a interesada nos deu traslado no seu momento. Con data de 25 de xaneiro recibiuse o informe solicitado por esta institución sobre a situación da lista definitiva de usuarios do comedor escolar no CEIP A Rabadeira, de Oleiros. Ao non contestar a todas as cuestións plantexadas, requiríuse un informe complementario no que se sinala o seguinte:

"Asunto: Queixa ante o Valedor do Pobo D.3.Q/2249/10 Alegacións presentadas por Dona A.G.V..

Solicitante: Servizo técnico xurídico da Consellería de Educación e O.U.

1- Antecedentes

1°- Á vista do expediente en poder deste Servizo, a reclamante solicita ao Servizo da Inspección Educativa desta Xefatura Territorial, o 1 de setembro de 2010, a revisión da lista de admitidos ao comedor no CEIP A Rabadeira, Oleiros, por entender que teñen falseado o Padrón Municipal de habitantes.

Neste escrito, a solicitante que dí que denuncia "casos concretos", envía unha relación de 241 deses casos concretos que, estima , teñen falseado o seu empadronamento.

2°- Segundo informa a Inspección Educativa, esta reclamación remitida na mesma data que ao Consello Escolar do centro, preséntase no prazo de alegacións á relación provisional de admitidos ao comedor escolar.

A Inspección Educativa informa á interesada (telefonicamente) que ese Servizo non é competente para atender ao seu escrito e que o procedemento a seguir é: esperar a resolución do Consello Escolar e, de non ser conforme, recorrer en alzada ante esta Xefatura Territorial.

3°- O Consello Escolar da resposta no escrito do 25 de outubro de 2010, no que dí que a normativa está correctamente aplicada coa comprobación do Padrón.

4°- Ante esta resolución do Consello Escolar a interesada presenta un recurso de alzada, no que non fai mención a esa lista inicial de alumnos (presentada no escrito do 1/09/2010) decindo unicamente que o Consello Escolar non fai a comprobación exhaustiva dos cambios de domicilio dos usuarios do comedor.

II- Conclusións:

Como xa queda dito no informe para dar resposta ao recurso de alzada, a interesada atribúe á organización e funcionamento dos comedores escolares a normativa para a escolarización de alumnos en centros sostidos con fondos públicos.

O centro non ten a obriga normativa, nin medios, para facer esa comprobación exhaustiva que a reclamante lle solicitou. No centro consta o domicilio dos alumnos, segundo o seu empadroamento, e con esta base aplica correctamente a normativa de admisión ao comedor escolar.

O informe complementario remitido pola Consellería non engade ningún elemento novo, nin contradí os razoamentos xurídicos contidos no anterior oficio desta institución. Insiste, erradamente, en que "*o centro non ten a obriga normativa, nin medios, para facer esa comprobación exhaustiva que a reclamante lle solicitou"*. Deixando ao carón a falta de medios, que non pode ser invocada para o incumprimento dun deber legal, a obriga normativa ven claramente establecida no artigo 13 da Orde do 17 de maio de 2007 que sinala:

"Presentación de documentación acreditativa dos criterios alegados.

1. Naqueles centros e para as ensinanzas nas que exista máis demanda que oferta de postos escolares, as direccións dos centros abrirán un prazo do 1 ao 20 de abril, ambos incluídos, para que os pais, nais ou titores legais do alumnado presenten a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha copia do anexo II presentado anteriormente.

2. A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación teñen carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

3. O ***consello escolar*** *dos centros docentes públicos e o titular no caso dos centros privados concertados, poderán recabar de forma motivada dos solicitantes* ***documentación complementaria á establecida na presente orde, para a xustificación das situacións e circunstancias alegadas****. No caso de que a citada documentación non sexa aportada no prazo de dez días, se entenderá que se renuncia á puntuación prevista no apartado correspondente do baremo.*

Segundo este artigo, o consello escolar está habilitado para recabar proba xustificativa do domicilio alegado cando exista máis demanda que oferta (no caso do comedor é claro) e con maior razón cando existe, como neste caso, unha denuncia de que moitos dos domicilios alegados non coinciden cos reais. Sería absurdo que o Consello Escolar do centro poda recabar documentación complementaria para xustificar as circunstancias alegadas cara a escolarización e considere o certificado municipal de empadroamento suficiente proba para facer a selección do comedor. O mesmo hai que dicir da dirección do colexio.

Cómpre recordar que, nestas mesmas datas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fixo chegar a esta institución dous informes relativos ao servizo de comedor dun CEIP de Vilagarcía de Arousa no que o que fai o Consello Escolar é aplicar os criterios de preferencia para a selección dos usuarios do comedor só respecto das novas admisións, esixindo aos pais dos novos alumnos a xustificación das circunstancias invocadas, e permitindo que os usuarios xa admitidos continuaran no uso do comedor

aínda que non cumpriran as condicións. É dicir, neste caso o Consello escolar sí fixo as comprobacións á que está legalmente obrigado pero ao non revisar toda a listaxe, a súa decisión foi arbitraria e discriminatoria.

En relación cos informes solicitados sobre a situación da lista definitiva de usuarios do comedor escolar no CEIP A Rabadeira, de Oleiros, esta institución ten que facer as seguintes valoracións:

En primeiro lugar, que non é aceptable a explicación dada polo Consello Escolar do CEIP A Rabadeira na súa contestación ao escrito de reclamación contra unha parte da lista provisional de admitidos ao comedor, presentado pola interesada no centro o día 1 de setembro de 2010. Nesa resposta sinálase que na normativa enviada pola Consellería de Educación que afecta ao comedor escolar non se recolle en ningún apartado que o Consello Escolar deba comparar o Padrón Municipal co domicilio fiscal, afirmando que para eles o Padrón Municipal é válido xa que é un documento oficial coa súa validez correspondente, sempre e cando os datos da solicitude de comedor coincidan cos que se teñen na secretaría do centro.

Pois ben, a condición de beneficiario do comedor escolar é inseparable da escolarización, e está afectada pola regularidade desta. É evidente que non todos os alumnos escolarizados nun centro son beneficiarios do comedor, pero todos os usuarios do comedor deben cumprir as condicións para selo legalmente, e entre elas, a primeira é que estean regularmente escolarizados. Que o estean na zona de influencia que corresponde aos seus domicilios é, ademais, un elemento determinante para establecer a preferencia. A Instrución 3/2010 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 9 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa para o curso 2010/2011, establece no seu punto 6, *"Selección y admisión de usuarios"*, a orde de preferencia, engadindo aos criterios da Orde do 21 de febreiro de 2007 un último apartado, de acordo co art. 38 da Orde da Consellería de Educación e O. U. do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, ditada en desenvolvemento do Decreto 30/2007, do 15 de marzo. Este último

apartado sinala: *"Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde"*. É dicir, na orde de preferencia para a admisión, os escolarizados fora da zona estarían sempre no último lugar.

Desta normativa resulta evidente que as circunstancias nas que un alumno está escolarizado son relevantes en materia de comedor. Por elo, é o Servizo de Recursos Educativos Complementarios do Departamento Territorial da Coruña o que interpreta erroneamente a normativa e non a interesada cando invoca a Orde do 17 de maio de 2007. Non cabe alegar que *"los criterios a los que se refiere la Orden de 21 de febrero de 2007, son los criterios que utiliza el Consello Escolar para la admisión de alumnos al comedor y no las circunstancias familiares de los alumnos",* porque non son criterios que poidan funcionar de modo autónomo e son contemplados conxuntamente entre os criterios xerais de prioridade para a admisión do alumnado:

- O artigo 13 da Orde do 17 de maio de 2007 sinala:

"Presentación de documentación acreditativa dos criterios alegados.

1. Naqueles centros e para as ensinanzas nas que exista máis demanda que oferta de postos escolares, as direccións dos centros abrirán un prazo do 1 ao 20 de abril, ambos incluídos, para que os pais, nais ou titores legais do alumnado presenten a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha copia do anexo II presentado anteriormente.

2. A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación teñen carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

3. O ***consello escolar*** *dos centros docentes públicos e o titular no caso dos centros privados concertados, poderán recabar de forma motivada dos solicitantes* ***documentación complementaria á establecida na presente orde, para a xustificación das situacións e circunstancias alegadas****. No caso de que a citada documentación non sexa*

aportada no prazo de dez días, se entenderá que se renuncia á puntuación prevista no apartado correspondente do baremo."

Segundo este artigo, o consello escolar está habilitado para recabar proba xustificativa do domicilio alegado cando exista máis demanda que oferta (no caso do comedor é claro) e con maior razón cando existe, como neste caso, unha denuncia de que moitos dos domicilios alegados non coinciden cos reais.

- O artigo 21º.- Definición e acreditación do domicilio familiar e do lugar de traballo.

"1. O solicitante poderá demandar que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo, non sendo acumulables as puntuacións polos dous criterios. A opción que se realice será única para todos os centros demandados na solicitude de admisión. (...)

3. Considérase como domicilio familiar o **habitual de residencia do pai, nai ou titores legais do alumnado** ou, no seu caso, o dos alumnos e alumnas maiores de idade ou menores emancipados se viven en domicilios distintos dos de aqueles e excepcionalmente ou daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva sempre que esa convivencia real se probe mediante certificación específica expedida, a tales efectos, polo concello. Cando o pai, nai ou titores legais vivan en domicilios diferentes, considerarase como domicilio familiar o daquel que teña a garda e custodia legalmente atribuída por sentencia firme, por convenio regulador ou por acollemento familiar preadoptivo.

4. O domicilio familiar se acreditará mediante ***certificado do Padrón municipal****. Os directores dos centros docentes públicos ou os titulares dos centros privados concertados* ***solicitarán****, ao día seguinte de finalización do prazo de presentación de documentos, á delegación provincial correspondente* ***que verifique que os datos de identificación fiscal, emitidos pola Axencia Estatal Tributaria no ano no que se solicita praza escolar, coinciden cos aportados no certificado do Padrón municipal.*** *A tal fin, de conformidade co establecido no apartado 10º do artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e nos artigos 95.1º, apartado k) e 95.2º da Lei 58/2003, do 17 de*

decembro, xeral tributaria, na solicitude de inscrición os pais, nais ou titores legais autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación do domicilio fiscal, que será facilitada á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a través de medios informáticos ou telemáticos.

Polo tanto, aquelas persoas interesadas que non presenten a autorización expresa para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria facilite a información, a que se refire o apartado anterior á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, terán cero puntos neste criterio de admisión.

De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, os interesados deberán presenta-la seguinte documentación complementaria: *copia autentificada do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou donación, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministros (auga, luz, gas) a nome do solicitante da praza."*

Artigo 38º.- Servizos complementarios

"O alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda, seguindo a distribución das áreas de influencia establecida polos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no terán dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria."

Artigo 8º.- Ao regular a solicitude de admisión sinala que:

5. Na mesma solicitude os pais, nais ou titores legais deberán manifestar se desexan ou non utilizar o servizo complementario de comedor.

Das normas citadas despréndese o seguinte:

- O servizo complementario de comedor solicítase no mesmo documento no que se pide a admisión no centro, e, en consecuencia, aplícanselle os mesmos criterios. Non son, en ningún caso, procesos autónomos nin na súa tramitación nin na súa xustificación documental. **Os datos que constan na secretaría do centro teñen que ser certos e contrastados.**

- A comprobación da correspondencia entre o domicilio declarado na solicitude de admisión (e, polo tanto, do comedor) e o domicilio real e efectivo é un acto imposto imperativamente na normativa reguladora, e non é potestativo facelo ou non. **Ao día seguinte da finalización do prazo de presentación de documentos, as direccións dos centros solicitarán á delegación provincial correspondente que verifique que os datos de identificación fiscal, emitidos pola Axencia Estatal Tributaria no ano no que se solicita praza escolar, coinciden cos aportados no certificado do Padrón municipal**. É dicir, o Padrón, por si só, carece de validez se non se verifica co domicilio fiscal. E ata tal punto é así que a propia normativa prevé que aquelas persoas interesadas que non presenten a autorización expresa para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria facilite a información fiscal á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, terán cero puntos neste criterio de admisión. Esta verificación é un acto regrado.

- As obrigacións do Consello Escolar veñen tamén sinaladas na normativa, e non é necesario que a Consellería impoña ningún deber adicional. O Consello Escolar dos centros docentes públicos e o titular n caso dos centros privados concertados *poderán recabar de forma motivada dos solicitantes documentación complementaria á establecida na presente orde, para a xustificación das situacións e circunstancias alegadas*. No caso de que a citada documentación non sexa aportada no prazo de dez días, se entenderá que se renuncia á puntuación prevista no apartado correspondente do baremo. É evidente que se refire a situacións e circunstancias alegadas nos ámbitos de competencia do Consello Escolar, singularmente, a selección de beneficiarios do comedor cando a demanda supere a oferta.

Cómpre recordar que a admisión á escolarización e o acceso como usuario do comedor non son procesos autónomos. A regularidade da admisión e as circunstancias en

que se fai, inciden nas condicións para ser usuario do comedor e non se trata de procesos autónomos senón interdependentes.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **recomendación:**

Que, de acordo coa normativa vixente, se faga unha comprobación por parte do Consello Escolar do CEIP A Rabadeira de Oleiros, da veracidade dos domicilios que se fan constar na solicitude do comedor, no sentido de que han de coincidir cos do domicilio fiscal dos solicitantes, e non basta con que coincidan cos da secretaría do centro ou os do XADE xa que, en todo caso, estes últimos deberían tamén corresponderse co domicilio fiscal. Se non é así, e non se xustifica mediante outros documentos (Art. 21.4º, in fine), non cabería puntuar no baremo este apartado. A falta de comprobación desta correspondencia supón a omisión dun deber legal dos órganos de goberno do centro, e faise aínda máis inxustificable por existiren neste caso unha denuncia concreta cuxa veracidade debera ser investigada.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

18.- Suxestión dirixida ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, o día 3 de xuño de 2011 para que na información contida na páxina web da Deputación de Pontevedra relativa ás bases para participar nos campamentos de verán que se celebran na Lanzada, se conteña toda a información pertinente sobre o número de prazas que quedan reservadas e os seus beneficiarios, as prazas reais que finalmente saen a sorteo, o procedemento para este, que deberá ser público, as listas provisionais de admitidos e excluídos, o prazo para facer reclamacións, os criterios de adxudicación das listas de espera e toda a información necesaria para que o proceso sexa obxectivo e transparente, cumprindo os principios de boa administración no que incumbe ao deber de información ao cidadán (Q/785/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dª M.N.N.T., con domicilio na Avda. …, en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

No seu escrito, literalmente indicábanos que está en desacordo coa forma na que se *adxudican as prazas do campamento da Lanzada, organizado pola Cidade Infantil Príncipe Felipe, dependente da Deputación Provincial de Pontevedra. Este campamento ten unhas bases que eu penso que non son legais porque na súa publicación, que pode verse na páxina web da Deputación de Pontevedra simplemente poñen prezo, datas, ... e en ningún caso figura o seu procedemento, que debería ser público. Se se chama por teléfono, din que faise mediante sorteo, que sempre se fixo así, pero o dito sorteo nin é público nin nada de nada.*

A queixa foi admitida a trámite e solicitouse dese órgano informe que foi recibido nesta institución con data de 23 de maio.

Á vista do que se fai constar no informe, semella que nin as bases nin o proceso de adxudicación amosan a necesaria transparencia e publicidade neste tipo de procedementos:

- Non se fai público na páxina web o número exacto de prazas que se detraen, como sinala o informe *"para los niños del Centro Príncipe Felipe, tutelados de la Consellería de Traballo e Benestar, así como por acuerdo con los sindicatos, reserva de plazas para los hijos de los funcionarios, total 2%."*

- Non queda claro o sistema concreto polo que se efectúa o sorteo. Dise que é mediante programa informático aleatorio pero non se especifica o sistema nin se é un sorteo público.

- Non se fan constar os parámetros de selección (por exemplo, un número a partir do cal se fan as adxudicacións, unha letra do alfabeto, o sorteo de todas as solicitudes...).

- Non existe publicidade do procedemento, nin publicación de listaxes provisionais, nin posibilidade de facer reclamacións á adxudicación ou non adxudicación de praza.

En definitiva, semella producirse unha falta de transparencia dos criterios seguidos que non é aceptable neste tipo de procedementos nos que se adxudican prazas subvencionadas e nos que se precisa facer unha selección entre os solicitantes.

Por este motivo, de acordo co artigo 32 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, formúlase a seguinte **SUXESTIÓN** para a mellora dos mecanismos de información por parte desa Deputación:

"Que na información contida na páxina web da Deputación de Pontevedra relativa ás bases para participar nos campamentos de verán que se celebran na Lanzada, se conteña toda a información pertinente sobre o número de prazas que quedan reservadas e os seus beneficiarios, as prazas reais que finalmente saen a sorteo, o procedemento para este, que deberá ser público, as listaxes provisionais de admitidos e excluídos, o prazo para facer reclamacións, os criterios de adxudicación das listaxes de resultas e toda a información necesaria para que o proceso sexa obxectivo e transparente, cumprindo os principios de boa administración no que atinxe aos deberes de información ao cidadán."

Resposta do Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra: aceptada

19.- Suxestión dirixida ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, o día 10 de xuño de 2011 para que na información contida na páxina web da Deputación de Pontevedra relativa ás bases para participar nos campamentos de verán que se celebran na Lanzada, se conteña toda a información pertinente sobre o número de prazas que quedan reservadas e as súas beneficiarios, as prazas reais que finalmente saen a sorteo, o procedemento para este, que deberá ser público, as listas provisionais de admitidos e excluídos, o prazo para facer reclamacións, os criterios de adxudicación das listas de espera e toda a información necesaria para que o proceso

sexa obxectivo e transparente, cumprindo os principios de boa administración no que incumbe ao deber de información ao cidadán (Q/823/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. J.C.V., con domicilio na Rúa …, en Pontevedra. Presenta a súa queixa perante a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e ante a Deputación de Pontevedra.

Para que se puidera facer nesa Deputación Provincial unha axeitada valoración do obxecto da queixa, déuselle traslado literal do seu escrito. Con data do 7 de xuño, recibiuse nesta institución o devandito informe, substancialmente coincidente co derivado do expediente de queixa D.3.Q/785/11.

Á vista do que se fai constar no informe, temos que reiterarlle o contido da resolución feita por esta institución como conclusión do citado expediente de queixa. Nin as bases nin o proceso de adxudicación das prazas de campamentos dependentes da Deputación de Pontevedra amosan a necesaria transparencia e publicidade:

- Non se fai público na páxina web o número exacto de prazas que se detraen *"para los niños del Centro Príncipe Felipe, tutelados de la Consellería de Traballo e Benestar, así como por acuerdo con los sindicatos, reserva de plazas para los hijos de los funcionarios, total 2%."*

- Non queda claro o sistema concreto polo que se efectúa o sorteo. Díse que é mediante programa informático aleatorio pero non se especifica o sistema nin se é un sorteo público, nin existe fe pública notarial do procedemento.

- Non se fan constar os parámetros de selección (por exemplo, un número a partir do cal se fan as adxudicacións, unha letra do alfabeto, o sorteo de todas as solicitudes...).

- Non existe publicidade do procedemento, nin publicación de listaxes provisionais, nin posibilidade de facer reclamacións á adxudicación ou non adxudicación de praza.

En definitiva, semella producirse unha falta de transparencia dos criterios seguidos que non é aceptable neste tipo de procedementos nos que se adxudican prazas subvencionadas e nos que se precisa facer unha selección entre os solicitantes.

Por este motivo, de acordo co artigo 32 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, formúlase a seguinte **SUXESTIÓN** para a adopción de novas medidas por parte desa Deputación:

"Que na información contida na páxina web da Deputación de Pontevedra relativa as bases para participar nos campamentos de verán que se celebran en A Lanzada, se conteña toda a información pertinente sobre o número de prazas que quedan reservadas e os seus beneficiarios, as prazas reais que finalmente saen a sorteo, o procedemento para o mesmo, que deberá ser público, as listaxes provisionais de admitidos e excluídos, o prazo para facer reclamacións, os criterios de adxudicación das listaxes de resultas e toda a información necesaria para que o proceso sexa obxectivo e transparente, cumprindo os principios de boa administración no que atinxe aos deberes de información ao cidadán."

Resposta do Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra: aceptada

20.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 10 de xuño de 2011 para que como parte do deber de control e seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Lomba, se proceda, por parte do Consello Escolar, a unha revisión das condicións de acceso de todos os usuarios do comedor escolar, de forma que, en todos os casos, se cumpra a normativa vixente e non se amparen situacións de desigualdade ou discriminación (Q/366/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Don J.M.S.T., con domicilio en Rúa …, en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). O seu escrito de queixa coincidía no fondo cos presentados con anterioridade por Dona Dª A.I.A.S., con domicilio na Rúa …, en Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, que deu lugar ao expediente D.3.Q/534/11, e por Dª M.M.S.R., con domicilio na Avda. Z en

Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, que deu lugar ao expediente D.3.Q/529/11. Os tres escritos estaban referidos aos servizos educativos complementarios do CEIP A Lomba, en Vilagarcía de Arousa.

Reunindo estas queixas os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admitir as mesmas a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

Con data de 8 de xuño, foi recibido o informe desa Consellería referente a queixa referenciada, e substancialmente coincidente cos dous informes remitidos con anterioridade, excepto nas específicas circunstancias da filla do interesado.

Do informe derívase, dun xeito bastante claro, que a situación do CEIP A Lomba, de Vilagarcía, non se axusta á legalidade vixente no eido dos servizos educativos complementarios. Este desaxuste vén formulado no informe como unha situación herdada de tempo atrás, da que o actual equipo directivo do centro semella non facerse responsable. Mais ben, acepta a consolidación dunha situación non axustada a Dereito, consentida ou propiciada pola anterior Dirección, e amosa a vontade do actual equipo de Dirección e do Consello Escolar de corrixir cara ó futuro estas desviacións dos criterios normativos. Esta decisión, a de corrixir parcialmente unha situación administrativa irregular, ten unha aplicación moi complexa que xera, na práctica, situacións discriminatorias como a denunciada no escrito de queixa.

Hai que partir dun principio claro que é que non pode esixirse igualdade cando non se está a aplicar a normativa. É dicir, non cabe alegar discriminación naqueles supostos nos que unha concreta actividade administrativa pode estar vulnerando a legalidade. Por esta razón, é decisivo esclarecer o contexto no que se aplicou a norma que

se supón discriminatoria. En este punto, convén subliñar os seguintes aspectos manifestados no informe:

1º.- Neste curso académico, están admitidos como usuarios do comedor determinados alumnos aos que non lles correspondería, de aplicarse rigorosamente a normativa. Porén, a Dirección e o Consello Escolar admiten a subsistencia do dereito destes alumnos, non revisan a súa situación, e prodúcese un automatismo da súa condición de usuarios que se funda, de xeito exclusivo, en que xa o foron o curso anterior. Para o cumprimento da legalidade, o actual equipo directivo e o Consello Escolar poden tomar decisións, non só sobre as novas admisións, como sinala o informe, senón que, de producirse mais peticións que prazas (neste caso, estamos a falar de tres solicitudes por riba das prazas) están obrigados a revisar caso por caso, de xeito que se garanta que todos os admitidos o están de acordo coas normas. O que non é admisible é que a normativa se aplique só as novas admisións e non a todos os usuarios. O contrario sería consentir unha ilegalidade.

2º.- Sinala o informe que *hai que indicar que entre as familias da comunidade educativa estendeuse a idea de que para acceder ao comedor "había que usar o bus". Mesmo en reunións de pais ten habido comentarios nese sentido e algúns pais declararon publicamente que anotaban aos seus fillos no transporte escolar para poder acceder ao comedor. Neste punto convén aclarar que en Vilagarcía utilízase o transporte escolar aínda sen haber dous quilómetros de distancia ao centro, con coñecemento da Consellería de Educación, polas características da distribución dos centros educativos.*

Esta é outra grave anomalía. Non están errados os pais cando cren que para acceder ao comedor “hai que usar o bus”. A Orde de 2007 o establece como segundo criterio de preferencia, que se converte no primeiro para as novas admisións. De feito, semella ter sido en conta case exclusivamente polo Consello Escolar nas listaxes provisionais e ten sido, asemade, a motivación principal das exclusións. Por isto, sería gravemente irregular que haxa usuarios do transporte escolar aos que legalmente non lles corresponda, porque, por esta vía, accederían ao uso do comedor, que tampouco lles corresponde. Do informe despréndese que, no que atinxe ao transporte, tampouco estase a

cumprir a normativa. Porén, a Consellería de Educación tense amosado inflexible na aplicación do criterio dos dous quilómetros en outros moitos casos que admitirían, por razóns de equidade, unha modalización da norma. Literalmente, informou en moitos casos a esta institución que *"ante a imposibilidade de satisfacer as numerosas solicitudes que se presentan anualmente para aproximar as paradas aos domicilios dos usuarios, e cuxa estimación indiscriminada e sen aplicar un criterio obxectivo suporía vulnerar a duración máxima de permanencia do alumnado nos autobuses, non cabe outra solución que aplicar rixidamente o criterio dos 2 quilómetros*". O criterio desta institución e outro. Moitos alumnos en Galicia gozan de transporte escolar e comedor sen que resulte imprescindible a prestación para garantir as mellores condicións á súa escolarización, pero recoñéceselles este dereito porque cumpren certos criterios obxectivos. No caso do transporte, o criterio é ter o seu domicilio a máis de dous quilómetros do centro escolar; a condición de usuario do comedor recoñécese automaticamente a todos os que utilizan transporte escolar. Sen embargo, outros escolares que precisan xustificadamente eses recursos ou prestacións non cumpren os actuais criterios, polo que non se lles están garantindo as condicións máis favorables para a escolarización durante as etapas de educación infantil e básica, aunque as súas condicións persoais supoñan unha desigualdade inicial, precisamente o que pretende evitarse pola Lei Orgánica de Educación cando prevé servizos como o transporte escolar ou o comedor. Estes servizos teñen na norma orgánica básica un carácter marcadamente compensatorio. Si é racional, como di o informe, o uso do transporte en distancias menores *polas características da distribución dos centros educativos*, esta circunstancia debería ser pública e xeral, e non meramente consentida pola Consellería, en contra do criterio que ela mesma obxectivou na norma. Non se comprende esta situación de permisividade que, neste suposto, o que orixina claramente é unha discriminación, xa que a uns alumnos se lles permite usar o transporte e ser usuarios do comedor, sen ter dereito a iso segundo a norma, e a outros, non.

O informe di que "*diante desta situación o equipo directivo decidiu revisar as novas admisións realizadas este curso e detectou catro casos nos que a proximidade ao centro non xustificaba a utilización do transporte escolar"*. Supón un agravio comparativo e unha discriminación contraria a Dereito que só se revisaran as novas admisións, pola razón exposta no punto seguinte.

3º.- A Orde de 2007, no artigo 7.5º, establece que terá preferencia na adxudicación de praza, en todo caso, o alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior*, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido*. Se non se comproban as condicións de admisión de este alumnado, non resulta posible comprobar se ten variado ou non o criterio polo cal foi admitido. A norma non impón o automatismo para os usuarios do curso anterior senón que se comprobe un eventual cambio do criterio polo que accedeu no seu día. Esta comprobación ven esixida por un feito externo que é a redución da capacidade do comedor, polo que se abre un proceso de concorrencia. O Consello Escolar ten imposta, legalmente, a obriga de comprobar si concorren os requisitos porque é quen ten que decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos nesta Orde. Téñase en conta que a Orde non fala só das novas admisións senón, en xeral, de *alumnado usuario* (art. 11.1).

4º.- A insistencia en que as reclamacións se cursaran fóra de prazo, tal como se reflicte nos escritos de queixa, tampouco se axusta aos criterios de funcionamento. Unha situación antixurídica ten que ser corrixida cando sexa coñecida polo órgano con competencia. Neste sentido, a Orde é moi precisa e, por unha banda, impón ao Consello Escolar a obriga de aprobar, dentro da normativa vixente, un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu *seguimento e avaliación durante o curso escolar*. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro (art.. 11.1 apartado 2). Esto tradúcese na obriga de *seguir e avaliar o funcionamento do comedor de acordo coa normativa vixente durante todo o curso escolar*. Do escrito de queixa e do informe semella que só se fixo nas novas admisións.

Á vista do contido do informe, detéctanse no funcionamento dos servizos educativos complementarios do CEIP A Lomba, de Vilagarcía de Arousa, certas irregularidades que poden ter producido un trato discriminatorio, ao non aplicarse por igual os criterios de admisión a todos os alumnos usuarios do comedor e do transporte escolar no mesmo centro e no mesmo curso escolar. O artigo 18 da Orde de 21 de febreiro de 2007 impón ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través dos seus servizos de inspección, a obriga de arbitrar *fórmulas de control e*

seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos do seu ámbito de competencia. Na memoria final de curso incluirase unha parte sobre o funcionamento do servizo de comedor escolar, así como as propostas de mellora que se coiden convenientes, cunha valoración económica delas, que será obxecto de coñecemento e valoración do consello escolar, e da cal se lle dará traslado á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Ao abeiro desta norma, e en cumprimento do artigo esta Institución ten que facer a seguinte **recomendación:**

Que, como parte da obriga de control e seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Lomba, se proceda, por parte do Consello Escolar, a unha revisión das condicións de acceso de todos os usuarios do comedor escolar, de xeito que, en todos os casos, se cumpra a normativa vixente e non se amparen situacións de desigualdade ou discriminación.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

21.- Recomendación dirixida ao reitor da Universidade da Coruña, o día 29 de xuño de 2011 para que a UDC asuma, como responsable única, as deficiencias na xestión do programa de mobilidade Leonardo da Vinci denunciadas neste expediente de queixa, na prestación do servizo de acollida ao participante e na consecuente interrupción da estancia formativa, e proceda á xestión do reembolso das cantidades satisfeitas no sentido indicado polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos e procure compensar ao participante por non cumprir co seu cometido de facilitarlle un posto en prácticas, tal como manifesta literalmente o informe do OAPEE, de forma que poida ser acordado entre eles (Q/2212/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. P.S.R., con domicilio na rúa … en A Coruña.

No seu escrito esencialmente indicábanos a súa desconformidade coa xestión feita pola Universidade da Coruña da bolsa Leonardo da Vinci para estancias formativas no estranxeiro, da que resultou beneficiaria a UDC e el foi participante. Literalmente manifestaba o seguinte:

"A UDC concedeume unha beca Leonardo da Vinci en setembro, para estancias formativas en Portsmouth, Reino Unido.

Tras estar alí 42 días sen facer nada e gastando os meus cartos, e intentando poñer solución a este tema mediando co Ministerio, OAPEE, Unión Europea persoalmente. A empresa que contrata a UDC a cal eu paguei 3250 euros da beca, non me atopa traballo nun prazo de tempo estimado para que eu poda cumprir os requisitos e poder recibir a subvención, polo que tras mediar a Oapee, por medio de M.A, F.D. y A.Q., director das becas Leonardo, aconsellan a UDC que debido que a miña estancia era ineficaz, tiña que voltar a España, ou mais ben que nunca debería haber ido sen a beca resolta, e que debido a que a tanto o socio intermediario como a UDC están en falta co contrato eu non teño culpa de nada e é a UDC a que ten que asumir os custes e mandarme voltar a España a parte de incidir no socio intermediario e reclamar os cartos que eu paguei.

A UDC, sempre moi pouco preocupada polo ben do participante, ou sexa eu, foi dando largas e non soubo resolver a situación en su momento a pesar de que o ministerio déralles as instrucións detalladas para proceder con mi caso, ata o punto en que a OAPEE díxome que a UDC me tería que haber dito que voltara un día e tivéronme alí 2 semanas máis, e que isto acabou afectando a miña saúde e perdín a oportunidade de facer unha carreira na que estaba matriculado por culpa da falta de resolución do problema a tempo.

Fai poucos días a Vicerrectora de Estudiantes e RRII, María José Martínez López, comunicoume de palabra que a UDC non ía a asumir os custes da miña estancia en Inglaterra e que se non estaba de acordo que presentara un recurso, e tan sequera deume información detallada acerca de que se poderei optar a esta beca de novo ou arranxar este tema de forma oficial, por escrito.

Levo dende o 25 de Outubro en España e a UDC non se puxo en contacto comigo de forma oficial, por máis que chamo a María José Brión non quere falar comigo, e o resto de cargos na UDC danme largas día tras día, e a ultima noticia que teño e que a UDC non se vai facer cargo da miña estancia alí e máis non asume as súas responsabilidades e obrigacións firmadas no contrato. (...)

O meu parecer, a UDC quere escorrer o problema e que se perda no tempo, ou incluso culparme da situación xa que dixéronme que eu renunciara a beca, o mesmo director de Leonardo da OAPEE díxome que a UDC estaba en falta co contrato e que debían asumir o custe da miña estancia en Reino Unido. Todo este proceso estivo rodeado dunha falta de transparencia moi grande por parte da UDC así como dunha tardanza exaxerada a hora de responder os meus escritos, os que aínda non me informan da situación da miña bolsa a día de hoxe".

A queixa foi tramitada segundo dispón a lei reguladora desta institución, e solicitouse informe a esa reitoría con data de 20 de decembro. O informe tivo que ser requirido novamente o 21 de xaneiro, ao transcorrer o prazo legal sen que fora remitido a esta institución.

Finalmente, o informe tivo rexistro de entrada nesta institución o día 9 de febreiro. Do análise do informe, despréndese que a UDC atribúe ao participante unha actitude de obstrución e negatividade, non aceptando as alternativas propostas, negándose a recoller documentación, esixindo que diversas instancias da UDC se puxeran en contacto con él e condicionando o seu retorno a España. O informe conclúe afirmando que *"procede contestar que a Universidade da Coruña cumpriu en todo momento coa legalidade vixente e cos compromisos adquiridos nas bases reguladoras do programa Leonardo Hac Luce", intentando por todos os seus medios o cumprimento dos compromisos da empresa parceira do devandito Programa*".

Á vista do sinalado no informe, non quedaban claras determinadas cuestións propostas no escrito de queixa e das que se lle solicitou aclaración. En concreto, as razóns polas que o recorrente se atopou na situación descrita e cal ten sido a actitude da UDC cara

á reclamación de responsabilidades á empresa intermediaria e ó abono das cantidades satisfeitas, como expón o interesado no seu escrito de queixa.

Ao non responder o informe á totalidade dos problemas que foran expostos polo recorrente en queixa, solicitouse dese órgano que, con carácter urxente, nos complementara a información subministrada e, en particular, sobre os aspectos sinalados no noso escrito de data de 7 de marzo. Con data do 8 de abril, tivo que ser requirido novamente. Con data do 25 de abril, a UDC remite un oficio asinado polo secretario xeral ao que se xunta unha copia de unha serie de correos electrónicos, sen mais aclaración nin valoración das consideracións recollidas no escrito desta institución.

Con data de 23 de maio, solicitamos ao OAPEE que informara sobre o caso, á vista da actitude da UDC e por existiren un absoluto desacordo sobre a situación entre a entidade beneficiaria do programa, a UDC, e o participante, D. P.S.. Con data de 24 de xuño, foi recibido o devandito informe do OAPEE, asinado polo director da División Leonardo da Vinci. Xunta ao informe a seguinte documentación:

- Copia do Convenio de subvención para un proxecto de Movilidad Leonardo da Vinci no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente: "Prácticas europeas en empresas para titulados de la Universidad de A Coruña-Prácticas Hac Luce +

- Copia das Condicións xerais do devandito convenio.

- Copia do modelo de contrato entre o beneficiario e o participante, e dos seus anexos: Anexo I: *Acuerdo de formación y Compromiso de calidad para estancias formativas*, y Anexo II: *Condiciones xenerales del contrato.*

O informe remitido polo OAPEE manifesta literalmente:

"Como contestación a su petición de información y valoración sobre la estancia de D. P.S. en Reino Unido, participante seleccionado por la UDC para el proyecto de Movilidad PLM de la convocatoria Leonardo da Vinci de 2009, ES/09/LLP-LdV/PLM/150087, denominado "PRÁCTICAS EUROPEAS EN EMPRESAS PARA

TITULADOS DE LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA-PRÁCTICAS HAC LUCE +", desde esta unidad cabe informar de lo siguiente:

Según nos informó la UDC a raíz de la comunicación recibida del Sr S, , éste había recibido una beca Leonardo PLM para una estancia en Reino Unido de 14 semanas de duración. Según la información de que disponemos, la estancia comienza el día 14 de septiembre de 2010, fecha de llegada del Sr. S. a Portsmouth y en la que la institución intermediaria en Reino Unido, Training Vision Ltd., facilita alojamiento en una familia de la localidad. La intermediaria Training Vision Ltd. figura como socio del proyecto en el formulario de solicitud. Sin embargo y aduciendo dificultades de pago observadas por la Intervención Delegada, el beneficiario UDC nos informa de que no ha pagado directamente el servicio de búsqueda de empresa, alojamiento y manutención a la intermediaria, sino que ha adelantado el 85% de la financiación de la beca a los participantes y son estos los que deben transferir el pago a la intermediaria antes de su salida de España.

A los efectos del contrato de financiación del proyecto con la UDC, para el Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos (OAPEE), como Agencia Nacional del Programa de Aprendizaje Permanente (PAP), el beneficiario es responsable único de las deficiencias en la prestación del servicio de acogida que pueda dar el intermediario designado por la UDC, aunque el sistema de pago por el que haya optado sea indirecto, a través del participante. Así se ha hecho saber a la UDC. Asimismo hemos emitido a la UDC nuestra recomendación de evitar la práctica de pago indirecto al intermediario por los servicios de acogida, dado que este sistema debilita su posición respecto al socio intermediario, al no poder haber un contrato directo entre beneficiario y prestador de servicios, con unas condiciones contractuales que garanticen la calidad exigida en el ámbito de la Movilidad Leonardo da Vinci, conforme a la Recomendación (EC) No 2006/961 del Parlamento Europeo y del Consejo de 18 de diciembre de 2006 sobre movilidad transnacional dentro de la Comunidad para propósitos de educación y formación: Carta Europea de Calidad para la Movilidad [Diario Oficial L 394 de 30.12.2006]

Con fecha 5 de octubre se recibe en este Organismo la primera comunicación del participante. Pedimos información sobre el caso a la UDC que requiere una solución a Training Vision Ltd y, finalmente con fecha 14 de octubre nos confirma que el intermediario ha ofrecido al Sr S. una práctica en la localidad de Winchester, situada a unos 50 kilómetros por carretera de la residencia ofrecida en Portsmouth. A diferencia de la información que figura en la página 6 de su escrito, según consta en las comunicaciones que recibimos de la UDC y del participante, el intermediario no ofrece inicialmente cambiar la residencia a Winchester, sino que se traslade diariamente desde el alojamiento ofrecido en Portsmouth hasta Winchester para trabajar. Los costes de esos traslados diarios los debería haber pagado el participante y los consideramos elevados así como el tiempo diario necesario para los transportes. Por este motivo y por haber transcurrido un tiempo excesivo desde el inicio de la estancia informamos a la UDC y al participante que debe ser éste el que decida si quiere continuar con la estancia o regresar a España, sin tener que devolver a la UDC las cantidades recibidas en adelanto para costes de viaje y subsistencia. Al mismo tiempo pedimos a la UDC que presione el intermediario, so pena de comunicación nuestra a la Comisión Europea por las deficiencias de éste en la gestión, para que ofrezca al participante residencia en el mismo lugar de trabajo que se le ofrece, Winchester, para no encarecer los transportes diarios ni los tiempos de traslado a la empresa. A pesar de que el intermediario cede finalmente a esta petición, el participante decide no continuar con la estancia, por la desconfianza que ha generado en él en este tiempo la deficiente gestión de intermediario

Pedimos conforme a esto a la UDC que confirme al participante su compromiso de no requerirle las cantidades adelantadas para alojamiento y manutención, que fueron entregadas por el participante al intermediario, ni las correspondientes a los gastos del viaje, que debe sufragar la UDC, ya que nosotros debemos, conforme a las condiciones del contrato de financiación del proyecto con la UDC, no considerar los costes de esta estancia formativa, no realizada, como elegibles dentro del proyecto. Esto se debe a que la interrupción de la estancia no se entiende como debida a una causa de fuerza mayor a las que hace referencia el artículo 1.2 del contrato de financiación entre OAPEE y UDC (Anexo 1), sino a una deficiente prestación del servicio de acogida, achacable al beneficiario UDC. Asimismo comunicamos a la UDC que debe requerir al intermediario

la devolución de las cantidades adelantadas para alojamiento y manutención, así como para gestión de la movilidad.

Entre las quejas recibidas del Sr S. se encontraba que no había recibido de la UDC copia de las condiciones de su contrato y del acuerdo de formación. Puestos en comunicación con la UDC nos confirman que sí le habían facilitado copia de esas condiciones. Le facilitamos nosotros copia al participante de los modelos oficiales Leonardo de contrato y acuerdo de formación cuando insiste en no haberlos recibido. Según la información que tenemos, la UDC comunicó por correo electrónico al participante que podía pasar a la UDC a recoger el contrato y éste no lo hizo (modelo oficial de contrato entre beneficiario y participante en Anexo II). Sin embargo creemos que los criterios de calidad contenidos en el acuerdo de formación (Anexo III) no se le habían facilitado al participante antes de salir hacia Reino Unido. Cabe indicar que aunque no las hubiera recibido, la UDC es responsable del cumplimiento de las condiciones especificadas en el contrato y el acuerdo de formación.

Respecto al pago de la beca, entendemos que la UDC ya ha satisfecho las cantidades que procedía pagar al participante al inicio de la estancia, correspondientes al 85% del total de la beca. De esta cantidad el participante transfirió al intermediario, siguiendo indicaciones del beneficiario, el coste completo de alojamiento y manutención comprometido para toda la duración de la estancia, y adquirió el billete de avión. Hemos comunicado a la UDC que esos costes no van a poder ser cargados como elegibles al proyecto Leonardo da Vinci, al ser la interrupción de la estancia desde nuestro punto de vista debida a deficiencias en la gestión de la movilidad, responsabilidad del beneficiario. Hemos indicado a la UDC que de todas formas deberá hacerse cargo de reclamar al intermediario la devolución íntegra de las cantidades recibidas, al no haber cumplido con su cometido de facilitar un puesto en prácticas adecuado al participante. Se debe aclarar que esas cantidades, en caso de recuperarse no pertenecerían al participante, sino a la UDC que es quien las había entregado ya al participante como pago adelantado. En caso de no recuperarlas, la UDC las deberá dar como perdidas, renunciando expresamente a reclamarlas al participante, a pesar de no haber realizado éste su estancia formativa. Se nos informó desde la UDC que esa renuncia expresa a la reclamación del pago

adelantado ya se comunicó al participante. El 15% restante de la cuantía de la beca se puede entender como complemento a costes de manutención, a viajes locales y a otros costes en que pudiera haber incurrido el participante, al menos parcialmente, en el transcurso de la estancia. Se debe tener en cuenta también en la consideración sobre la procedencia del pago de ese 15% complementario o parte de él, el coste extraordinario que haya podido suponer para el participante la compra o cambio del billete de regreso a España, en el caso de que el adquirido inicialmente de ida y vuelta fuera cerrado o con ciertos costes de cambio de fecha.

Entendemos que no corresponde, dentro del acuerdo entre ambas partes otro pago suplementario para financiar la estancia formativa, puesto que ésta no se ha realizado y el coste de alojamiento no lo ha debido costear el participante, sino que ha sido la UDC la que lo ha hecho mediante el pago adelantado. De posibles indemnizaciones que el participante quisiera reclamar al beneficiario por daños y perjuicios debidos a la interrupción de la estancia, no tiene este Organismo competencia para juzgarlas. Sí debemos aclarar que la adjudicación de una beca Leonardo tiene únicamente como objetivo la cobertura parcial o total de los costes de la estancia formativa.

Además los tres anexos mencionados anteriormente, que acompañan a este escrito, con contrato de financiación Leonardo da Vinci entre UDC y OAPEE, modelo oficial (Comisión Europea) de contrato entre beneficiario y participante y términos del Acuerdo de Formación, procede indicar que la normativa específica de la convocatoria europea del Programa de Aprendizaje Permanente y la Convocatoria Nacional de 2009 se encuentran publicadas en la página web del OAPEE:

http://www.oapee.es/oapee/inicio/convocatoria/2009.html".

O informe do organismo autónomo confirma todos e cada un dos extremos denunciados no escrito de queixa, polo que esta resulta claramente fundada. A súa percepción do problema, por ser unha das partes asinantes do convenio de subvención é especialmente significativa. Do conxunto do informe conclúese sen dúbida o seguinte:

- Que a UDC como beneficiaria é responsable única das deficiencias na prestación do servizo de acollida que poida dar o intermediario designado pola UDC, neste caso, *Training Vision.*

- A circunstancia anómala da práctica feita pola UDC de pago indirecto ao intermediario polos servizos de acollida, dado que este sistema debilita a súa posición respecto ao socio intermediario, xa que se impide un contrato directo entre beneficiario e prestador de servizos, con unhas condicións contractuais que garantan a calidade esixida no ámbito do programa de *Movilidad Leonardo da Vinci*.

- A interrupción da estadía non se entende como debida a causa de forza maior (artigo 1.2 do contrato de financiación entre OAPEE y UDC, segundo Anexo 1), senón a unha deficiente prestación do servizo de acollida, imputable ao beneficiario UDC.

- Os criterios técnicos e legais para o reembolso das cantidades abonadas veñen expostos con toda claridade no informe: *"comunicamos a la UDC que debe requerir al intermediario la devolución de las cantidades adelantadas para alojamiento y manutención, así como para gestión de la movilidad*.". "*Hemos indicado a la UDC que de todas formas deberá hacerse cargo de reclamar al intermediario la devolución íntegra de las cantidades recibidas, al no haber cumplido con su cometido de facilitar un puesto en prácticas adecuado al participante. Se debe aclarar que esas cantidades, en caso de recuperarse no pertenecerían al participante, sino a la UDC que es quien las había entregado ya al participante como pago adelantado. En caso de no recuperarlas, la UDC las deberá dar como perdidas, renunciando expresamente a reclamarlas al participante, a pesar de no haber realizado éste su estancia formativa"*.

- Sobre a procedencia do pago do 15% complementario, pronúnciase tamén o OAPEE con precisión.

- Sobre se a documentación do contrato foi entregada ou nón, as discrepancias sobre este feito carecen de consecuencias pola declaración do OAPEE no sentido de que

aunque no la hubiera recibido, la UDC es responsable del cumplimiento de las condiciones especificadas en el contrato y el acuerdo de formación.

Por todo o sinalado ata agora, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa reitoría da Universidade da Coruña a seguinte **recomendación:**

Que a UDC asuma, como responsable única, as deficiencias na xestión do programa de mobilidade Leonardo da Vinci denunciadas neste expediente de queixa, na prestación do servizo de acollida ao participante e na consecuente interrupción da estadía formativa, e proceda á xestión do reembolso das cantidades satisfeitas no sentido indicado polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos e procure compensar ao participante por non ter cumprido co seu cometido de facilitarlle un posto en prácticas, tal como manifesta literalmente o informe do OAPEE, do xeito que poida ser acordado entre eles.

Resposta do reitor da Universidade da Coruña: incumprindo o deber legal de responder adecuadamente e polo tanto rexeitada.

22.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 25 de agosto de 2011 para que as fotografías dos alumnos, aínda que os pais ou titores legais autoricen a súa utilización no ámbito escolar con carácter xeral, non sexan empregadas en situacións das que poida derivarse desaprobación, castigo, reproche ou calquera outro efecto negativo na propia imaxe, respectando o dereito constitucional dos alumnos a dispoñer da súa imaxe física impedindo a súa difusión salvo que medie o seu consentimento ou o dos titulares da patria potestade, no seu caso (Q/905/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona I.B.C., que expresaba o seu rexeitamento á utilización das fotografías de un grupo de alumnos de 2º da E.S.O. do IES Urbano Lugrís, de Malpica, expostas na porta de acceso á Biblioteca do centro para identificalos e negarlles o acceso a ela como

castigo pola perda das fichas dun xogo. Na devandita Biblioteca celébranse, entre outros actos, as reunións dos pais e nais do centro.

Solicitouse informe a esa Consellería que tivo entrada con data de 6 de xullo.

No informe sinálase literalmente o seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 1 de xuño pasado ao que engade outro do Valedor do Pobo (D.3.Q/905/11) dimanante de queixa formulada por Dona I.B.C., na que manifesta no nome de varias nais a súa desconformidade co castigo que se lles impuxo a un grupo de nenos de IES Urbano Lugrís de Malpica comunícolle, unha vez visto o informe da Inspección educativa sobre o particular:

- Os alumnos afectados (sete dun mesmo grupo) foron sancionados con non poder entrar na Biblioteca no tempo de lecer, mentres non compensaran o material de xogos que deterioraron ou perderon, xa que, de acordo coa LOE (disposición final 1°.4) é unha obriga do alumnado respectar e coidar o equipamento dos colexios.

- A titora dos alumnos estivo e está en continuo contacto cos pais.

- A Biblioteca é atendida no tempo de lecer por profesores voluntarios, algún dos cales non lle da clase, por elo as súas fotos para identificalos (as familias teñen concedida ao centro autorización para utilizar a imaxe dos alumnos) están nunha orla como a que teñen todos os profesores do alumnado dos grupos aos que lle dan clase.

A prohibición de entrar na Biblioteca foi só no tempo de lecer, polo que non se lle obstaculizou a súa aprendizaxe."

Á vista do que se fai constar no informe, esta institución considera que a estratexia educativa empregada non foi axeitada. Manifesta o informe que a titora dos alumnos estivo en contacto permanente cos pais, circunstancia que forma parte das obrigas xerais dos titores e non modifica a situación. Non compartimos o criterio elixido polo centro para identificar a uns alumnos aos que se lles impuxo un castigo, e en ningún caso

se pode xustificar co feito de que o centro tivera concedida a autorización para utilizar a imaxe dos alumnos. Esta autorización non abrangue a exposición das fotografías dos alumnos (algún dos cales, sen dúbida, non tivo intervención no feito) cando poida ter un efecto de pública censura ou reprobación. A finalidade de identificar aos alumnos que non podían acceder á Biblioteca durante o castigo poderíase ter cumprido dándolle a orla mencionada no informe aos profesores que atendían a Biblioteca en cada momento, mesmo deixándoa na mesa do profesor. En ningún caso, exposta na porta de entrada.

O dereito fundamental á propia imaxe atribúe ao seu titular a potestade para dispoñer da súa imaxe física impedindo a súa difusión salvo que medie o seu consentimento. A constitucionalización desta forma autónoma do dereito á personalidade, distinguíndoo do dereito á honra e do dereito á intimidade, é unha garantía fronte a aquelas intromisións ilexítimas sobre a vida da persoa que consisten en reproduciren a súa imaxe física por calquera medio que poida facela identificable (televisión, vídeo, fotografía o incluso caricatura), con absoluta abstracción da súa propia vontade. Ao recoñecer este dereito, trátase de protexer un ben xurídico que, como os demais que definen os dereitos fundamentais, baséase no respecto ao valor constitucional da dignidade da persoa.

Este razoamento aplícase con maior forza aos menores de idade. Por unha banda, non houbo consentimento dos titulares da patria potestade segundo se desprende do escrito de queixa. Por outra banda, os dereitos fundamentais son fins educativos e a toma ou exhibición de fotos sen consentimento dos titulares do dereito a propia imaxe en calquera eido, desde as redes sociais ata as gravacións con móbiles, é un dos aspectos nos que os centros educativos teñen a obriga de facer unha especial pedagoxía.

Rematado xa o curso escolar, supoñemos que neste intre a devandita orla terá sido retirada do acceso á Biblioteca ou que a situación se resolvería doutro xeito. Pero esta institución considera pertinente formular á Consellería de Educación a seguinte **recomendación:**

Que as fotografías dos alumnos, aínda que os pais ou titores legais autoricen a súa utilización no ámbito escolar con carácter xeral, non sexan empregadas en situacións

das que poida derivarse desaprobación, castigo, reproche ou calquera outro efecto negativo na propia imaxe, respectando o dereito constitucional dos alumnos a dispoñer da súa imaxe física impedindo a súa difusión salvo que medie o seu consentimento ou o dos titulares da patria potestade, no seu caso.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada.

23.- Recomendación dirixida ao reitor da Universidade de Vigo, o día 25 de agosto de 2011 para que a aplicación informática de auto matrícula Xescampus sexa modificada de forma que o sistema poida xerar unha mensaxe de confirmación da matrícula efectivamente realizada ou se estableza outra ferramenta física ou virtual pola que o alumno poida conseguir toda a información relativa ao proceso de matrícula coas garantías legalmente exixibles aos procedementos administrativos nos que ten a condición de interesado. (Q/968/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. E.F.A., con domicilio na Avenida …, en Vigo (Pontevedra).

O preceptivo informe foi remitido por esa reitoría, cun oficio asinado pola Secretaria Xeral ao que se engade un informe da directora de Area de Xestión Académica e outro da xefa do Servizo de Alumnado. Á vista do contido dos informes, esta institución ten que facer as seguintes consideracións:

1.- Sobre a cuestión de fondo da queixa:

Alega o recorrente en queixa que o orixe do erro na matrícula solicitada xorde por nunha deficiencia da aplicación informática Xescampus. Do informe da directora de Area de Xestión Académica despréndese, sen dúbida, que a aplicación informática de automatrícula, tal e como estaba deseñado naquel momento, non ofrece as imprescindibles garantías e podería facilmente orixinar erros ou incorreccións na súa utilización por parte do alumnado.

Por unha banda, o único documento xustificativo da matrícula para o alumno que se lle facilita como confirmación da matrícula realizada é unha folla de liquidación que consiste no que na linguaxe informática se denomina "captura de pantalla". Como o propio informe pon de manifesto, o único que pode imprimir o alumno é a imaxe que visualiza na pantalla do ordenador, na que se amosa unha fase concreta do proceso de matrícula. Esta captura, por unha banda, non acredita que o proceso foi concluído posto que non impide modificalo despois da impresión. Por outra banda, as capturas de pantalla non teñen valor probatorio nin certifican a veracidade do proceso pois, como é sabido, determinados elementos da pantalla capturada poden ser manipulados despois, ao pegar a imaxe, por medio de moitas ferramentas informáticas de uso común.

A esta circunstancia, engádese o feito de que a Universidade non fai públicas as listaxes de alumnos matriculados en cada unha das materias, coas convocatorias de exame elixidas, agás no intre de xerar as actas de cualificación, o que se produce nun momento moi posterior. Por outra banda, a aplicación non envía ao usuario ningunha mensaxe de confirmación da matrícula realizada, o que é, sen dúbida, un fallo da aplicación pois é doado que o proceso, tal e como está concibido, poida xerar no alumno erros, inseguridade sobre o que finalmente se gravou, ou mesmo a convicción de que non se visualizan nin se poden imprimir determinadas opcións feitas nun combo (circunstancia que prodúcese en moitas aplicacións informáticas) pero quedan gravadas no sistema.

Por este motivo, semella claro que a confusión producida na matrícula do alumno débese a un deficiente deseño da aplicación. O feito de que afectara a un só ou a moitos (e esta institución ten coñecemento de que se produciron erros no proceso de automatrícula do curso 2010-11 nunha porcentaxe significativa de alumnos), non modifica a conclusión de que a orixe do problema está en que non se teñen arbitrado mecanismos en soporte físico ou virtual (listaxes públicas en papel ou na web dos alumnos inscritos nas distintas convocatorias das materias da titulación con carácter inmediato á finalización do prazo do proceso de automatrícula, mensaxes de confirmación a cada usuario, relación de materias e convocatorias na secretaría virtual que confirmen a matrícula realizada ...e calquera outra ferramenta que respecte o dereito do alumno a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesado, como é a

matrícula, e a obter copia con selo dos documentos contidos en tales procedementos, coa necesaria seguridade xurídica.

Esta institución conclúe, a diferenza da xefa do Servizo de Alumnado, que o erro na matrícula é imputable ao programa informático.

A observación feita pola directora de Area de Xestión Académica de que non constan incidencias relativas ao proceso de matrícula do alumno só pode entenderse aplicable aos mecanismos de consulta e atención ao usuario previstos pola Universidade para resolver os problemas que xorden á hora de realizar a matrícula e que se advirten nese instante. Si que constan incidencias relativas ao proceso de matrícula do interesado por outra vías: os escritos de reclamación presentados perante os propios órganos da Universidade e o escrito de queixa ante esta Institución.

2.- Sobre o recurso de reposición

O informe da xefa do Servizo de Alumnado nega que chegara ao servizo ningún recurso de reposición por parte de alumno. Os documentos aportados no informe acreditan que si foi presentado, aínda que fose cualificado como "instancia para a modificación de matrícula" ou de "ampliación de matrícula para a convocatoria extraordinaria de decembro da materia Termodinámica" (equivocación imputable esta vez á Sección de admisión e xestión de alumnos). Como é sabido, o artigo 110.2 da Lei do Procedemento administrativo común sinala que o erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter. Neste suposto, do corpo do escrito dedúcese con toda claridade a natureza do recurso, que non foi tramitado nin resolto como tal.

3.- Os defectos de forma recoñecidos no procedemento de reclamación

Os defectos na tramitación imputables á Universidade de Vigo non atinxen só a unha mención equivocada da norma na que se recolle a delegación de competencias. Vulnera tamén a seguridade xurídica e a necesaria publicidade dos actos administrativos

imposta pola lei que coa mesma data, a do 30 de xuño de 2010, se publique no DOG unha resolución reitoral de delegación de competencias de data 24 de xuño de 2010, e se faga pública na web da Universidade a resolución reitoral de convocatoria de matrícula para o curso académico 2010/2011 na que se modifica esa delegación outorgándolles aos decanos e directores de centro unha competencia que non figura na delegación xeral da mesma data.

4.- A aclaración do concepto de modificación de matrícula na resolución reitoral de 22 de outubro

Aínda que pode resultar problemático incluír un acto distinto (o cambio na inscrición das convocatorias de exame) no concepto de modificación de matrícula, con posterioridade á resolución reitoral de convocatoria, e afectando, polo tanto, a actos administrativos xa producidos (ao marxe de que o prazo de modificación fose sinalado uns días máis tarde) non tería relevancia neste suposto pois non se está a modificar a matrícula senón a corrixir un erro producido pola aplicación informática Xescampus e a falta dun documento xustificativo de confirmación da matrícula realizada coas necesarias garantías xurídicas.

Por todo o anterior, esta Institución formúlalle a seguinte **recomendación:**

Que a aplicación informática de automatrícula Xescampus sexa modificada de xeito que o sistema poida xerar unha mensaxe de confirmación da matrícula efectivamente realizada ou se estableza outra ferramenta física ou virtual pola que o alumno poida acadar toda a información relativa ao proceso de matrícula coas garantías legalmente esixibles aos procedementos administrativos nos que ten a condición de interesado. De acoller esta recomendación, cómpre que a Area de Xestión Académica e o Servizo de Alumnado procedan a corrixir os procesos de automatrícula nos que, como o que deu lugar ao presente expediente de queixa, se acredite que se producira un erro na matrícula realizada derivada da defectuosa xustificación do trámite feito pola mera captura de pantalla.

Resposta do reitor da Universidade de Vigo: pendente de resposta.

24.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 25 de agosto de 2011 para que todos os centros educativos teñan instrucións concretas para poñer en marcha o procedemento establecido para solicitar a intervención dos Equipos de Orientación Específicos cando os pais ou titores legais dos menores informen ao centro da existencia de diagnósticos médicos, sospeitas clínicas, avaliacións psicolóxicas ou, en xeral, informes privados de profesionais da saúde, coa finalidade de axustar a resposta educativa ás necesidades específicas de apoio destes alumnos e coordinar a actuación dos centros escolares e das familias en beneficio do interese máis necesitado de protección que é o dos menores (Q/1015/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa polo escrito presentado por D. D.N.R. e Dª S.C.V. en relación coa atención recibida polo seu fillo no colexio …, en Vigo.

Con data do 22 de xullo recibiuse o preceptivo informe, asinado pola Inspección educativa da Xefatura Territorial da Consellería en Pontevedra.

Á vista do que se fai constar no informe, a queixa resulta absolutamente fundada. Producíronse na atención educativa de N., fallos inaceptables que repercutiron, sen dúbida, no seu benestar anímico, no seu rendemento escolar e na súa maduración. A confirmación do diagnóstico clínico de N. mostra que se produciu neste caso unha incorrecta actuación da Administración educativa, polo menos nos seguintes aspectos:

- A titora non debeu, en ningún caso, negar as conclusións dun médico especialista, que se cinguiron ao ámbito clínico. Non hai ningunha razón pola que un profesional do ensino poida sementar dúbidas sobre un diagnóstico ou a eficacia dun tratamento farmacolóxico imposto por un profesional médico. Aínda menos, alegando os seus anos de docencia. A realidade demostrou que a titora se equivocou gravemente xa que o tratamento non se iniciou no seu momento pola inseguridade que crearon nos pais os seus comentarios, e atrasouse varios meses.

- O procedemento legalmente establecido para que a Administración poida actuar cando se sospeitan necesidades educativas especiais, asociadas neste caso a trastornos de conduta, é a intervención dos Equipos de Orientación específicos. Custa aceptar que o centro tivese que ser informado pola Inspección educativa da posibilidade de solicitar asesoramento especializado ao Equipo de Orientación Específico como servizo dependente da Consellería. A Dirección debía actuar neste caso, non limitándose a mediar entre a nai e a titora, o que parece reducir o seu coñecemento e percepción do problema a un enfrontamento persoal ou a un conflito subxectivo, e non a un caso dun alumno no que poden sospeitarse necesidades específicas de apoio educativo. A propia Inspección recoñece implicitamente esta situación cando afirma nas súas conclusións que se formularon recomendacións pedagóxicas ao centro educativo para dar resposta ás necesidades específicas derivadas da problemática de comportamento e atención que presentan os alumnos con TDAH.

- O informe insiste nas discrepancias e a imposibilidade da comunicación familia-titora. Se se profundiza na orixe desta situación, que o propio informe recoñece que aflorou neste curso e non nos tres anteriores, parece claro que os pais buscaron en todo momento dar información ao centro e comunicaron o resultado do diagnóstico médico no mesmo momento en que o souberon. O propio informe recoñece que "*a titora discrepa do diagnóstico e da necesidade de medicación e atribuíu os problemas á súa falta de traballo e aos seus problemas de comportamento.*

Durante todo o curso produciuse unha discrepancia manifesta entre a titora e os pais do alumno, sobre todo coa nai, o comportamento do neno empeorou progresivamente mostrándose retador e desafiante ante as indicacións dos adultos, e o seu rendemento académico foi moi variable, suspendendo a final de curso cinco materias". Parece evidente que foi a actitude de negación da titora e o seu empeño en que N. era *vago, mentireiro e manipulador* o que produciu o enfrontamento cos pais e o que xustifica, dalgún modo, a actitude defensiva da nai ante unha percepción tan negativa do seu fillo. Os pais puxeron todos os medios para solucionar os problemas do seu fillo e padeceron un sufrimento innecesario producido pola actitude da titora e a pasividade da Dirección cando tiña medios técnicos ao seu alcance e a obriga legal de coñecelos e poñelos en práctica.

Por todo o anterior, procede formular á Consellería a seguinte **recomendación**:

Que todos os centros educativos teñan instrucións concretas para pór en marcha o procedemento establecido para solicitar a intervención dos Equipos de Orientación Específicos cando os pais ou titores legais dos menores informen o centro da existencia de diagnósticos médicos, sospeitas clínicas, avaliacións psicolóxicas ou, en xeral, informes privados de profesionais da saúde, coa finalidade de axustar a resposta educativa ás necesidades específicas de apoio destes alumnos e coordinar a actuación dos centros escolares e a das familias en aras do interese máis necesitado de protección que é o dos menores.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada, aínda que a Consellería entende que os centros teñen xa as instrucións precisas, sen prexuízo deste problema concreto.

25.- Recomendación dirixida ao Presidente da Comisión Interuniversitaria de Galicia, o día 20 de setembro de 2011 para que a Comisión Interuniversitaria de Galicia corrixa a lesiva situación para os intereses do alumno que supón a non admisión na titulación elixida, tendo en conta que reúne todos os requisitos académicos, cando esta situación deriva exclusivamente dun incorrecto funcionamento e deficiencias na xestión da aplicación informática NERTA e dunha información inadecuada recibida no LERD (Q/1713/11).

Como vostede xa sabe, nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. G.A.P., con domicilio na rúa …, en Pontevedra.

No seu escrito, esencialmente indícanos que presenta a súa queixa pola falta de resposta da CiUG ás instancias presentadas polo interesado para que se lle permitira realizar a súa preinscrición, fora de prazo, na titulación 2002- Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, no campus de Pontevedra, ao ter constancia de que a aplicación informática NERTA non rexistrara a súa preinscrición feita *online* no mes de xuño.

Literalmente sinala o seguinte:

"Mandé, entonces, un e-mail al soporte de la web y me recomendaron que fuese a la secretaría de la facultad, desde donde me mandaron al LERD de Pontevedra.

Una vez ahí me dieron un impreso de instancia, que rellené y que ellos mismos se ocuparon de mandar a CIUG (desde ahí). Me dijeron que en principio me incluirían en la segunda o tercera lista de admitidos, pero ambos listados salieron y yo no figuraba en ninguno, así que el día 27 de Julio volví al LERD y rellené una segunda instancia, esta vez con dos documentos adjuntos en los que constaba que yo me había inscrito y superado las pruebas de aptitud personal y que estaba por encima de la nota de corte para dicho grado. Según los funcionarios del LERD el asunto quedaba totalmente en manos de CIUG y tenía que esperar la respuesta. Tras cerca de una semana de espera, pregunté por un modo de comunicarme con CIUG y me facilitaron un correo electrónico, añadiendo que el tiempo normal de respuesta son unos tres días laborables; así pues escribí un correo electrónico pidiendo que se me comunicara cuándo se me iba a responder o a partir de qué plazo sin respuesta pasaba a considerarse silencio administrativo."

Á data de onte, 15 de setembro, manifesta o interesado que aínda non ten recibido resposta algunha.

Xunta ao seu escrito de queixa os seguintes documentos:

- *Xustificantes de inscrición nas probas físicas de aptitude persoal, así como nota de corte e da esixida pola Universidade para acceder ao Grao.*

- *Copia da primeira instancia, solicitando que se lle permita realiza-la preinscrición fora de prazo, con data do 13 de xullo, sen resposta á data de hoxe.*

- *Copia da solicitude de preinscrición no formulario establecido na titulación 2002, Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, presentada no LERD nº 7 con data de 19 de xullo.*

- Copia dunha terceira instancia, presentada no LERD nº 7 de Pontevedra, con data de 15 de setembro, reclamando resposta ás súas solicitudes.

- Escrito do Xefe da Área de Servizos á Comunidade do campus de Pontevedra, no que fai constar e certifica que o día 13 de xullo de 2011 se personou nas dependencias administrativas do LERD nº 7 o estudante D. G.A.P., para solicitar que se lle admitise a súa pre-inscrición fóra de prazo, debido a que o trámite que realizou, dentro de prazo, "on line" na páxina web de CIUG non tiña sido debidamente gravado e tramitada, toda vez que él non aparecía nas listaxes de admitidos, a pesar de ter unha nota superior ao último alumno admitido. ***En ningún momento se lle pediu por parte do persoal do LERD que presentase a súa solicitude de pre-inscrición fóra de prazo no impreso oficial****.*

Á vista da documentación achegada e do que se fai constar no informe remitido pola CiUG con data de 6 de setembro, esta institución ten que facer as seguintes consideracións:

Na orixe dos problemas xurdidos para a matriculación do alumno semella atoparse un uso incorrecto da aplicación informática NERTA xa que non quedou correctamente gravada a solicitude de preinscrición feita polo interesado. Sen embargo, a propia configuración da ferramenta semella que pode xerar problemas deste tipo ao non terse establecido na aplicación, con carácter automático, a emisión dun xustificante do proceso realizado. Esta institución vén insistindo no feito de que a substitución de procesos manuais por procesos informáticos ten que artellar as suficientes garantías, principalmente cando conteñan actos administrativos, é dicir, nun sentido amplo declaracións unilaterais de vontade realizadas no exercicio dunha función administrativa que producen efectos xurídicos individuais de xeito inmediato. Estas garantías deben concretarse na expedición automática por parte do sistema ou da aplicación de xustificantes ou mensaxes automáticas de confirmación dos procesos realizados. É dicir, de mecanismos de proba e recoñecemento formal da validez dos documentos e comunicacións emitidos por vía telemática. Esta é, xustamente, unha pretensión e un obxectivo da Lei 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento

Administrativo Común cando se refire á modernización e tecnificación dos medios operativos na administración. Neste sentido, son aplicables os artigos 58, 59 e 60 da Lei 30/1992 no relativo á eficacia dos actos administrativos e a necesaria constancia dos mesmos por parte do interesado.

Polo tanto, non é suficiente con que o alumno "poida imprimir" un xustificante da operación realizada, é dicir, un xustificante obtido de xeito potestativo. É imprescindible que sexa xerada automaticamente unha mensaxe de confirmación. Constitúe esta a única proba de que o proceso se ten rematado correctamente e a constancia oficial para o alumno dos termos exactos do trámite administrativo feito. Esta é unha práctica común nas operacións privadas que se realizan de xeito virtual e de numerosas operacións no ámbito administrativo. Cómpre lembrar o disposto no artigo 45. 5 da Lei 30/1992 sobre a incorporación de medios técnicos:

"Los documentos emitidos, cualquiera que sea su soporte, por medios electrónicos, informáticos o telemáticos por las Administraciones Públicas, o los que éstas emitan como copias de originales almacenados por estos mismos medios, gozarán de la validez y eficacia de documento original siempre que quede garantizada su autenticidad, integridad y conservación y, en su caso, la recepción por el interesado, así como el cumplimiento de las garantías y requisitos exigidos por ésta u otras Leyes".

Por outra banda, no intento por parte do alumno de corrixir a situación producida polo deficiente funcionamento do sistema informático (alomenos no grao de certeza por parte do usuario do trámite feito e de que os datos foran gravados), o LERD nº 7 non informou ao alumno da necesidade de presentar a súa solicitude de preinscrición fóra de prazo no impreso oficial. De terse feito así, a solicitude oficial estaría cursada dentro do prazo para incorporar ao alumno ás listaxes de admitidos, xa que cumpría todos os demais requisitos académicos canto a súa nota de acceso e as probas de aptitude.

Canto as cuestións relativas ao procedemento administrativo común, non é aceptable a dilación por parte da CiUG en dar resposta ás instancias do interesado, aínda menos neste tipo de procesos de matrícula que se caracterizan por prazos preclusivos

notablemente breves. Teñen transcorrido máis de dous meses sen que os seus escritos á CiUG foran respondidos.

Finalmente, cómpre facer unha aplicación neste caso do principio de proporcionalidade entre as consecuencias da decisión do órgano (a non admisión do alumno á titulación) e o ben xurídico protexido (a corrección formal dun proceso de matrícula), en particular nun axeitado xuízo de ponderación dos efectos que se lle producen ao interesado –a perda dun curso académico- en relación cun sistema de matrícula que ten amosado polo menos dous fallos non imputables ao alumno.

Por todo o anterior, cómpre facer a seguinte **recomendación:**

Que a Comisión Interuniversitaria de Galicia corrixa a lesiva situación para os intereses do alumno que supón a non admisión na titulación elixida, tendo en conta que reúne todos os requisitos académicos, cando esta situación deriva exclusivamente dun incorrecto funcionamento e deficiencias na xestión da aplicación informática NERTA e dunha información inadecuada recibida no LERD.

En xeral, que a CiUG vele para que nos sistemas informáticos de automatrícula, ou aplicacións informáticas de xestión académica nas que interveña o alumnado, de todas as universidades do SUG, se establezan os mecanismos técnicos que garantan o recoñecemento formal da validez dos documentos e comunicacións emitidos por vía telemática. A tal fin, deberá observarse o previsto no artigo 45. 5 da Lei 30/1992 sobre a incorporación de medios técnicos.

Resposta do presidente da CIUG: non aceptada

26.- Recomendación dirixida ao reitor da Universidade de Vigo, o día 22 de setembro de 2011 para que se realicen certos cambios no tratamento dos proxectos de fin de estudos no Título propio impartido na Escola Superior de Deseño Textil e Moda de Pontevedra (Q/839/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. J.D.D.V., con domicilio na Rúa …, en Vigo (Pontevedra).

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que presentaba a súa queixa contra a normativa que regula a asignatura de proxecto de fin de estudos ou traballo académico equivalente pertencente ao 2° cuadrimestre do terceiro curso segundo o plan de estudos aprobado en Consello de Goberno do 18/3/2004. O escrito de queixa remataba solicitando:

"Se tenga por presentada reclamación ante este Valedor para que intervenga en defensa de mis derechos.

1.- Se declare NULA la normativa del curso 2010/2011 que regula la asignatura del 2° cuatrimestre del tercer curso de "proyecto final de carrera o trabajo académico equivalente" de la titulación "Estudios Superiores en Diseño Textil y Moda", aprobada y publicada el 12/04/2011 por un órgano incompetente para ello (la Directora de la titulación, sin ser aprobada por la Junta de Centro), en la que se está exigiendo una carga docente muy superior a la que figura en el plan de estudios aprobado en Consejo de Gobierno y a la carga docente que figura en el expediente de los alumnos , se está obligando a cursar fuera del segundo cuatrimestre, se está cobrando dos veces la matrícula y se está privando del 100% de la propiedad intelectual. Por el contrario que se dicte una nueva normativa por el órgano competente en la que se adecue:

- La dedicación horaria de ejecución de la asignatura de proyectos a la carga real que figura en el plan de estudios y en el expediente.

- Plazo de ejecución como asignatura del 2° cuatrimestre como en el resto de las titulaciones.

- Se elimine el cobro de tasas para presentar el proyecto ya que se han pagado las tasas como una asignatura del 2° cuatrimestre (como ocurre en el resto de las titulaciones), ya que el pago de matrícula da derecho al examen.

- Que no se le prive del 100% de la propiedad intelectual como en el resto de las titulaciones.

Paralelamente se solicita que se arbitren las medidas cautelares paralizando cautelarme la ejecución del trabajo por parte de los alumnos ya que de no hacerlo se está causando un daño de difícil reparación, ya que está obligando a los alumnos dedicar más de 10 veces de tiempo del que figura en su expediente."

Conclúe o escrito sinalando que esta reclamación foi presentada por rexistro o pasado curso académico á vista da norma ditada para o curso 2009/2010, reclamación que foi ignorada polos diferentes estamentos da comunidade universitaria (Directora da titulación, reitor e Tribunal de Garantías).

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada dos artigos 27 e 103 da Constitución Española, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. Transcorrido en exceso o prazo establecido no artigo 22 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo sen ter recibido o informe que lle foi reclamado, requiríuselle de novo para que dera cumprimento ao establecido na citada lei, recordándolle especialmente a obriga de todos os poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lle sexan demandados por esta institución no curso das súas investigacións e actuacións.

Finalmente, o informe tivo entrada nesta institución con data de 4 de xullo. O informe da Secretaria Xeral da Universidade achega outros dous. Nel se sinala o seguinte:

“1 En relación aos puntos 2 e 3 da queixa de J.D.D.V., na que se sinala que a normativa que regula a materia de Proxecto Fin de Estudos é nula de pleno dereito porque foi aprobada por órgano incompetente, e outros aspectos cuestionados da mencionada normativa (en concreto a relativa ao número de créditos), adxunto informe detallado, emitido pola Directora do Título Propio de Deseño Téxtil e Moda, en resposta ao requirimento realizado pola Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións (Doc. I).”

O informe asinado pola Directora da titulación manifesta o seguinte:

“En referencia á "IMPUGNACIÓN” da normativa que regula o Proxecto Final de Carreira dos Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza.

Os Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda, Titulación Propia da Universidade de Vigo NON ten no seu plan de estudos ningunha materia que se chame "Proxecto fin de carreira", senón unha materia chamada "Proxecto Fin de Estudos".

A "Normativa de Proxectos Fin de Estudos" é unha guía docente que non é aprobada en Xunta de Centro, xa que non é unha materia dun título conducente a unha titulación oficial, deste xeito a mencionada normativa é aprobada pola comisión académica do título composta polo equipo de dirección do Título Propio. Nese sentido os actuais proxectos fin de grado e proxectos fin de máster que se imparten no centro son aprobados igualmente na comisión académica ou similar de cada título, non nas Xuntas de centro.

“A Normativa dos PFE foi elaborada seguindo os modelos de outras normativas de proxectos finais de estudos e adaptada ás peculiaridades que inevitablemente ten unha titulación como os Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda, baseándonos en normativas precedentes como a da Escola Superior de Disseny (ESDI) de Barcelona”.

No punto 2 da normativa de proxectos fin de estudos, no último parágrafo di literalmente "Como norma xeral orientativa, os PFE que se realicen estarán pensados para que o tempo total de adicación do alumno/a sexa de 400 horas".

Os catro créditos ECTS referidos ó proxecto fin de estudos se fixan en relación a unha serie de horas de titoría de dirección de proxecto, se ben a adicación do alumno á execución do propio proxecto estará supeditada ás habilidades do propio alumno e á proposta concreta de proxecto que faga (dificultade na materialización, tipo de materiais que utilice, etc).

En todas as convocatorias de Proxectos Fin de Estudos, os alumnos matriculados foron quen de presentar os seus proxectos coa adicación horaria asignada a dita materia,(16 alumnos en 2007, 18 en 2008, 13 en 2009, e 12 en 2010), con resultados de apto.

Á vista do que se fai constar no informe, esta institución ten que facer as seguintes consideracións.

Na páxina web de ESDEMGA, consultada hoxe, http://esdemga.uvigo.es/index.php?id=15 figura por dúas veces a denominación Proxectos Fin de Carreira baixo o epígrafe xeral Proxectos Fin de Estudos". Polo tanto, o emprego indistinto de ambos termos é común na información relativa a esta asignatura e faise así desde o propio centro. A denominación *Proxecto final de carreira* é precisamente a que figura no plano de estudos oficial conducente á titulación propia de GRADUADO SUPERIOR EN DESEÑO TÉXTIL E MODA e no seu descritor, segundo copia do plano oficial achegada co seu informe pola Secretaria Xeral.

Á vista do seu contido, trátase en sentido técnico dunha normativa e non dunha guía docente. Regula cuestións que non forman parte das guías docentes, denomínase "Normativa proxectos fin de estudos", e establece as bases e as normas sobre definición, adxudicación, presentación, cualificación e tramitación administrativa dos PFE, aspectos moitos deles que quedan fóra do contido propio dunha guía docente. Por último, contén

unha disposición final relativa a que a "normativa" entrará en vigor a partir da data da publicación. As guías docentes non entran en vigor. Establece *a iniciativa para a reforma de calquera artigo do* ***presente regulamento*** e o trámite que deberá facerse. En conclusión, aínda que agora a directora a considere unha guía docente, ten natureza de regulamentación. Por este motivo, incumpriuse neste suposto o artigo 43 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo, no que se sinala que entre as funcións da Xunta de Centro atópase o ordenamento da realización de proxectos de fin de carreira, teses de licenciatura e de ensinanzas e actividades complementarias esixidas para obter os títulos, ámbito no que se inclúen os proxectos de fin de estudos. Por esta razón, ten motivo o recorrente en queixa para solicitar a nulidade da actual normativa por terse aprobado por un órgano sen competencias para facelo como é a Dirección da Titulación.

En canto a referencia á normativa da ESDI, escola que imparte un título universitario oficial de Grado en Deseño, non é homologable á do Título Propio. Ademais de que a aprobación da normativa do proxecto final de grao seguiu as canles regulamentarias e foi aprobada segundo se establece legalmente para os títulos oficiais de Grao, na ESDI a titulación consta de catro cursos —240 créditos ECTS—, e o Proxecto Final de Grao, con 16 créditos ECTS, realízase (xunto coas prácticas en empresas e as materias de orientación) ao longo do cuarto ano.

No relativo á súa duración, en efecto, os proxectos teñen que ter unha estimación do tempo total de adicación, é dicir, debe existir unha correspondencia entre os estilismos propostos no proxecto e o tempo total de adicación. Non se xustifica en ningún punto da normativa o criterio académico ou pedagóxico segundo o cal, os mesmos créditos (catro, no plano de estudos oficial) poden adicarse no curso 2007-2008 a realizar seis estilismos, que se converten en oito nos cursos 2008-2009 e 2009-2010, e en "unha colección de entre oito e dez" no curso 2010-2011. É evidente que o tempo de adicación non pode ser o mesmo ao incrementarse a carga de traballo do alumno en máis dun terzo. Debe terse en conta que se fala do tempo total de adicación, catrocentas horas, o que inclúe o traballo persoal e as horas de titoría de dirección de proxecto, sen prexuízo de que polas características ou a complexidade do traballo proposto ou por circunstancias do propio

alumno, o tempo real sexa maior. Esta consideración non ten nada que ver coa anomalía de que se incremente o número de estilismos obrigatorios sen que se aumente correlativamente a carga lectiva en créditos. Cómpre recordar que a carga lectiva mídese en créditos europeos que representan a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do plano de estudos e que se obtén da superación de cada unha das materias que os compoñen. Nesta unidade de medida se integran as ensinanzas teóricas e prácticas, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo que o alumno ten que realizar para alcanzar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias.

En canto as taxas, a súa regulación faise no actual Decreto 133/2011, de 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais na ensinanza universitaria para o curso 2011/2012. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades galegas polo seu respectivo consello social, de conformidade co establecido no artigo 81.32 c) da Lei orgánica 6/2001, de universidades, e pola Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, no seu artigo 4.e). As taxas de presentación do proxecto fin de estudos son as estipuladas pola Universidade de Vigo, e aplícanse en virtude do acordo do 20 de novembro de 2007 do Consello Social da Universidade de Vigo que aproba a "equiparación das taxas para os proxectos finais de carreira das titulacións propias ás que cada ano académico se fixan a estes efectos nas titulacións oficiais, consonte á proposta do vicerreitor de Formación e Innovación Educativa". As taxas dos estudos universitarios para o curso 2011-2012 mantén os prezos do curso 2008-2009, do curso 2009-2010 e do curso 2010-2011, e fixa o prezo público de avaliación do proxecto fin de carreira en 117,09 euros. O Decreto establece a taxa do proxecto dentro da "Tarifa segunda. Avaliación e probas". Polo tanto, o proxecto non se considera unha materia dentro do plan de estudos senón unha proba final.

Sen embargo, a meirande parte da información que recibe o alumno non se corresponde con este criterio. Aínda que a materia non figura entre as asignaturas do terceiro curso na folla de matrícula, na propia normativa do PFE díse:

"O PFE é unha asignatura obrigatoria situada no último cuatrimestre da titulación".

Aparece recollida no plano de estudos publicado na páxina web de ESDEMGA como una asignatura do segundo cuadrimestre do terceiro curso, con catro créditos, que se computan globalmente xunto cos demais créditos do curso e non como unha proba final. Esta confusión é xerada pola propia escola na información que subministra, como tamén resulta así do plano oficial de estudos. Incúmprese o artigo 14 do Real Decreto 1496/1999, do 24 de setembro, que regula os estudos superiores de deseño. No seu apartado 2. sinálase: "*La superación del proyecto final de carrera requerirá haber aprobado la totalidad de las asignaturas que integran el correspondiente currículo".* Por esta razón, resulta problemático que o proxecto apareza integrado xunto coas asignaturas do terceiro curso e computando a súa carga lectiva no total de créditos a cursar. Cómpre que se adopten as medidas necesarias para que no plano oficial resulte claro que o título obterase unha vez superados os tres cursos académicos da especialidade e o PFE e que só é posible presentarse ao Proxecto Fin de Estudos cando consten aprobados todos os créditos dos tres cursos.

O derradeiro punto que convén aclarar é o da propiedade intelectual do proxecto. Non existe neste eido un criterio unánime na Universidade española. Algúns centros configuran os proxectos de fin de estudos ou de fin de carreira como obras en colaboración, mentres que outros consideran que é propiedade do autor. A propia Universidade de Vigo, para traballos académicos equivalentes noutros centros, establece que a propiedade é só do autor, é dicir, do alumno. Este é tamén o criterio xeral para outro tipo de traballos académicos titorizados como son as teses doutorais. O feito de que un traballo académico esté titorizado non o converte nunha *"obra en colaboración",* no sentido regulado polo artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 1/1996. Hai que subliñar que o artigo 7 do *Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Propiedad Intelectual, regularizando, aclarando y armonizando las disposiciones legales vigentes sobre la materia* está a falar de obras que son resultado unitario da colaboración de varios autores, é dicir, na que todos eles comparten a condición

de coautor. O caso típico dáse no eido científico, no que é habitual a coautoría de traballos, artigos e publicacións en revistas científicas.

Sen embargo, un traballo académico titorizado que forma parte do plano de estudos como unha materia específica, e que ten que pasar por un proceso de avaliación e cualificación para poder obter o título, non cabe que sexa considerado unha obra en colaboración xa que o titor non é nunca un coautor (entender o contrario levaría a paradoxa de que tamén os titores dos PFE aprobarían ou suspenderían na avaliación do proxecto) porque a súa actividade deriva de dar cumprimento a unha obriga docente asumida de xeito voluntario (dirixir os traballos académicos do alumnado) e porque en ningún caso ten a condición de autor xa que non crea (no sentido do art. 5 do Real Decreto Lexislativo 1/1996), senón que titoriza ou dirixe. É o alumno quen se matricula do PFE, quen paga as taxas da proba (como vimos), quen crea a obra orixinal, quen defende o proxecto, quen pode solicitar cambio de director (o que redunda no argumento de que non é obra en colaboración) e quen aproba ou suspende.

A cuestión é particularmente relevante, porque da condición de autor dependen os dereitos de explotación da propiedade intelectual que a lei recolle, cun contido económico innegable.

No ámbito concreto da Universidade de Vigo, non existe unha regulamentación uniforme. Algúns centros recollen a propiedade intelectual compartida dos PFC ao 50% entre autor e director (enxeñería). A OTRI, pola súa banda, mantén que *"La propiedad intelectual según la Ley de Propiedad Intelectual, corresponde siempre al autor. La Universidad de Vigo no tiene norma al respecto, pero esta Ley es de ámbito nacional. En el tipo de trabajos que me preguntas hay veces que la persona que elabora el trabajo puede reconocer a su director de proyecto, tesis, derechos de propiedad intelectual también por la implicación que haya tenido en el trabajo. En normativas recientes, como la Ley de Economía Sostenible y la nueva Ley de la Ciencia, se sigue reconociendo al autor la propiedad intelectual, pero los derechos de explotación de esa propiedad se otorgan a universidades y centros de investigación, si el autor trabaja en estos centros."*

Por esta razón, é urxente regular axeitadamente esta cuestión dentro da normativa xeral da Universidade para evitar discriminacións ou regulamentacións contraditorias dentro da institución. No ámbito concreto do título propio, é desequilibrada a atribución que se fai da propiedade intelectual se temos en conta o tempo de adicación. A normativa da ESDEMGA sinala que a propiedade intelectual do PFE, no seu conxunto ou nas súas partes, corresponderá nun 50% ó alumno e no 50% restante ó titor/es. Tendo en conta que os titores adican 40 horas (o 10% do tempo total) e os alumnos 360 horas estimadas, a proporción debería ser distinta. Á marxe deste criterio, considérase importante que o dereito do alumno como autor dun traballo creativo se vexa reflectido e respectado na necesidade da súa autorización ou o seu consentimento expreso para o acto de exposición pública dos seus estilismos en formato de pasarela e que esta exhibición sexa posterior e independente da avaliación do PFE perante os membros do Tribunal Externo, de xeito que as actas de valoración coa cualificación final sexan publicadas antes da exhibición en formato de pasarela e que ésta se configure como con carácter voluntario e absoluta autonomía respecto do acto académico de avaliación. Esta é a práctica común entre as escolas de deseño no ámbito nacional.

Por todo o anterior, procede facer á Universidade de Vigo a seguinte **recomendación** en relación co Título Propio de Graduado Superior en Deseño Téxtil e Moda impartido por ESDEMGA:

- *Que a denominación oficial da materia sexa a mesma no plano oficial de estudos e no resto da documentación relativa ao título propio e non se induza a confusión empregando indistintamente as dúas denominacións: Proxecto Fin de Estudos ou Proxecto Fin de Carreira.*

- *Que, no mesmo sentido que recomenda o Tribunal de Garantías, a normativa que regula o Proxecto de Fin de Estudos ou traballo académico equivalente sexa aprobada pola Xunta de Centro ou órgano competente.*

- *Que o contido obrigatorio do proxecto (os estilismos completos e a memoria que recolle o proceso de realización en cinco apartados) se axuste á carga lectiva do mesmo,*

catro créditos, non considerando que os catro créditos ECTS se fixan en relación a unha serie de horas de titoría de dirección do proxecto, é dicir, a 40 horas de titoría. Cómpre subliñar que na actual normativa publicada, a do curso 2010-11, non hai ningunha mención ao tempo total de adicación do alumno, fronte as normas dos cursos anteriores que establecían como norma xeral orientativa un tempo total de adicación ao proxecto de 400 horas.

- Que o Proxecto Fin de Estudos non figure entre as asignaturas do terceiro curso nin se computen os seus créditos nel, senón como unha proba final que esixe ter superadas as materias ordinarias do título propio. Deste xeito eliminaríase tamén o problema derivado do pago das taxas do proxecto, cando o alumno pode entender que pagou xa por todos os créditos do curso completo. Compartimos a recomendación feita polo Tribunal de Garantías no sentido de deixar claro o período ao que corresponde a realización do proxecto, xa que segundo o plano de estudos aprobado é unha materia do 2º cuatrimestre do terceiro curso.

- Que a Universidade de Vigo, tendo en conta a lexislación estatal que ten carácter básico nesta materia, regule axeitadamente a propiedade intelectual dos Proxectos de Fin de Grao, de Fin de Estudos ou calquera outro traballo académico titorizado que cómpre ter superado para obter o título, e que o faga dentro da normativa xeral da Universidade para evitar discriminacións ou regulamentacións contraditorias entre titulacións ou estudos dentro da propia institución e fundamentalmente, que se garanta a protección do verdadeiro autor, que é o alumno.

Resposta do reitor da Universidade de Vigo: aceptada

27.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 5 de outubro de 2011 para que 2011 para que se proceda á urxente escolarización do menor A.G.V. atendendo aos criterios de elección de centro escolar sinalados como prioritarios polo órgano da Administración pública galega que ten conferida legalmente a súa tutela, tendo en conta a primacía do interese do neno sobre calquera outro interese lexítimo que inspire as actuacións dos poderes

públicos, e, en particular, a necesaria cooperación interadministrativa entre as Consellerías con competencias nas funcións asistenciales, protectoras e educativas de menores e a necesaria existencia de criterios comúns nestes ámbitos (Q/1477/11).

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu D. L.R.J., con domicilio en …, en Gondomar (Pontevedra), solicitando a nosa intervención.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que é pai en acollemento familiar preadoptivo de A.G.V., de 6 anos de idade. Solicitou praza para escolarizalo no mesmo colexio onde está a súa irmá de 7 anos, o CPR Estudo de Nigrán, pero non foi posible por non existir praza vacante para este curso en 2° de primaria. Posto en contacto coa inspección educativa para ver se era posible solucionalo aumentando a *ratio* por considerar que era un caso especial, como noutros supostos similares, danlle como única solución escolarizar aos dous nenos noutro colexio, sen considerar o prexuízo que se ocasionaría á súa filla por ter que abandonar o colexio no que está desde os 3 anos, supoñendo un cambio engadido ao que xa soporta pola incorporación dun novo membro á familia nas condicións sinaladas. Coñece que hai casos, como a incorporación de nenos que proceden do estranxeiro, para os cales se aumenta a *ratio* sen ningún problema, e non lle parece xusto que nun caso como este -un menor que está baixo a tutela da Xunta de Galicia- non se adopte unha medida que poida facilitar a integración do neno nun novo entorno familiar sen prexudicar a ninguén. Conta cun informe do Servizo de Familia e Menores que considera "de vital importancia" a escolarización do menor no mesmo centro que a súa irmá maior, o que potenciará a súa integración na familia, así como no colexio, nesta etapa crucial do seu desenvolvemento debido á súa curta idade. Presentou a instancia ante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra -entrada o 29 de marzo 2011- solicitando praza para escolarizar ao neno no CPR Estudo de Nigrán, achegando o informe do Servizo de Familia e Menores que recomenda actuar nese sentido. O 18 de xullo 2011 desestimouse a solicitude de escolarizalo no devandito colexio.

Cómpre salientar que nesa resolución, non se lle concedeu a A, unha praza escolar no Concello de Nigrán, lugar no que ten actualmente o seu domicilio legal, senón que ao rexeitar os pais a posibilidade de cambiar de colexio a ámbolos dous irmáns para agrupalos

noutro centro distinto, A, non está escolarizado, ao ter renunciado previamente os seus pais en acollemento á praza escolar no CPR Atlántida (código de centro 36010915), situado no Concello de Vigo por ter neno o seu novo domicilio legal en Nigrán.

O informe da Subdirección xeral de Centros da Consellería foi recibido con data do 4 de outubro. Con carácter previo, cómpre sinalar dous erros rexistrados no informe remitido pola Subdirección Xeral de Centros da Consellería. O primeiro refírese ao curso no que se solicitou praza que non é 1º de E.P senón **2º de E.P**. Como lle consta a Administración educativa, A. cursou 1º de primaria no CPR Atlántida, de Vigo, e promocionou de curso.

Por outra banda, o informe do Servizo de Familia e Menores do Departamento Territorial en Vigo da Consellería de Traballo e Benestar é de data de 18 de marzo de 2011, e non de setembro.

*Os **principios reitores** nesta materia, entre outros, son os que de seguido se enumeran:*

Segundo a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, vixente no momento que se produciu a actuación administrativa controvertida, o artigo 3 establece os principios rectores da actuación dos poderes públicos en Galicia respecto dos menores. En tres dos seus apartados declara os seguintes principios:

3) A primacía do interese do neno e da nena sobre calquera outro interese que inspirase as actuacións públicas ou privadas encargadas da súa protección.

4) O favorecemento da integración sociofamiliar dos menores, procurando, sempre que sexa posible, a permanencia no seu ambiente familiar e contorno comunitario.

9) A coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas ou privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia

e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social.

No artigo 4 sinálase: *"Para os efectos da necesaria coordinación de actuacións, a Xunta de Galicia adoptará un sistema permanente de comunicación que garanta a necesaria cooperación interadministrativa en tódalas ordes, especialmente nos ámbitos familiar, educativo, sanitario e de servizos sociais. En particular, a Xunta de Galicia, a través das consellerías competentes, promoverá actuacións de cooperación cos concellos, deputacións e outras institucións públicas..."*.

No ámbito educativo, e no conxunto da lexislación aplicable, tanto de carácter básico como no seu desenvolvemento na comunidade autónoma, os principios inspiradores no que atinxe a menores de idade tentan proporcionar a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar.

A lei pon a disposición dos cidadáns diferentes medios para protexer aos menores que se atopan en situación de risco ou de desamparo. Por unha banda, o artigo 17 da L.O. 1/1996, de Protección Jurídica del Menor

"En situaciones de riesgo de cualquier índole que perjudiquen el desarrollo personal o social del menor, que no requieran la asunción de la tutela por ministerio de la Ley, la actuación de los poderes públicos deberá garantizar en todo caso los derechos que le asisten y se orientará a disminuir los factores de riesgo y dificultad social que incidan en la situación personal y social en que se encuentra y a promover los factores de protección del menor y su familia.

Una vez apreciada la situación de riesgo, la entidad pública competente en materia de protección de menores pondrá en marcha las actuaciones pertinentes para reducirla y realizará el seguimiento de la evolución del menor en la familia".

O artigo 172.1 do Código Civil establece:

"La entidad pública a la que, en el respectivo territorio, esté encomendada la protección de los menores, cuando constate que un menor se encuentra en situación de desamparo tiene por ministerio de la Ley la tutela del mismo y deberá adoptar las medidas de protección necesarias para su guarda (...). Se considera como situación de desamparo la que se produce de hecho a causa del incumplimiento, o del imposible o inadecuado ejercicio de los deberes de protección establecidos por las leyes para la guarda de los menores, cuando éstos queden privados de la necesaria asistencia moral o material".

A estes principios reitores xerais, sonlle aplicables os seguintes elementos de feito:

1) Sobre a existencia da situación de risco.

A diferenza do que aprecia a Administración educativa, no sentido de que non consta conflito xudicial coa familia biolóxica do menor en relación a actuacións que impliquen risco para o mesmo, a situación de risco é un concepto xurídico indeterminado que non se circunscribe a existencia de ameazas ou perigos físicos para o menor, senón que deriva de certas condicións do seu entorno persoal e social que afectan ao seu benestar e seguridade. Neste caso, trátase dun menor desamparado que se atopa en situación de tutela pola Xunta de Galicia desde o 12 de marzo de 2009, cando tiña catro anos de idade. Á Administración educativa cónstalle, porque así o manifesta o informe do Servizo de Menores que "No ano 2009, esta Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia en Vigo, dita resolución administrativa de suspensión de visitas para os pais e familia extensa có fin de integrar o menor cunha familia adoptiva, notificación que foi recorrida xudicialmente por parte da familia biolóxica. En outubro de 2010, o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución n°. 5. dicta auto no que se desestima a demanda de oposición da dita resolución administrativa, novamente apelado e pendente de resolución firme, polo que o menor leva toda a súa vida (etapa que se considera crucial para e

desenvolvemento da súa personalidade) nunha situación de temporalidade e provisionalidade".

A situación de desamparo dun menor, máis grave ca de risco, supón unha saída automática do seu núcleo familiar. Neste intre, prodúcese de xeito automático, polo ministerio da lei, a actuación das entidades públicas. Respecto dos menores en situación de risco social, os servizos sociais municipais teñen que se ocupar dos casos de menores en situación de risco social, é dicir, cando a situación non é o suficientemente grave para separar ao menor do núcleo familiar.

Respecto dos menores en situación de desamparo, cada Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia é o órgano de ámbito autonómico encargado de determinar a retirada da tutela do pais no caso dos menores que se atopan en situación de desamparo e asúmea integramente. O artigo 17 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece que lle corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería competente, asumir a tutela dos menores desamparados que residan ou se encontren transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma galega, sen prexuízo das competencias que sobre estes últimos puidesen ter outras administracións públicas. A tutela administrativa subsistirá en tanto non desaparezan as causas que a motivaron, se proceda á constitución da tutela ordinaria, o menor sexa adoptado, se emancipe ou chegue á maioría de idade.

2) Sobre o contido da asunción da tutela pola Xunta de Galicia

No artigo 18 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia sinálase o contido da asunción da tutela administrativa.

"1. A resolución pola que se asume a tutela administrativa será motivada e nela faranse constar as medidas de protección que se adoptarán que sexan máis adecuadas aos intereses do menor. Regulamentariamente arbitrarase un procedemento no que se garantirá a audiencia dos pais, titores ou gardadores do menor, agás nos casos de urxencia con grave

risco para o menor, nos que o organismo competente poderá, de modo inmediato, declarar e asumir a tutela".

Finalmente, o artigo 21, ao referirse as medidas que se adoptarán, establece que basearanse nun informe preceptivo de equipos técnicos, os Servizos de Familia e Menores de cada Xefatura Territorial, que terán en conta o interese dos nenos e das nenas. Tales medidas poderán ser, entre outras:

b) O acollemento do menor por unha persoa ou familia que poida substituír, de maneira provisional ou permanente, o seu núcleo familiar natural.

d) O acollemento familiar preadoptivo.

e) **CALQUERA OUTRA MEDIDA DE CARÁCTER** asistencial, **educativo** ou terapéutico **que resulte aconsellable atendendo as circunstancias do menor.**

Entre elas atópase, sen dúbida, a elección do centro educativo máis adecuado ás peculiares características persoais do menor.

Chama a atención que o escrito remitido a esta institución pola Consellería de Educación se esté a falar dun "informe-tipo". O informe preceptivo dos equipos técnicos está especificamente referido ao menor A.G.V., aínda que se mencionen elementos típicos do contexto persoal dos menores susceptibles de ser adoptados, que como dí o Servizo de Menores da Consellería de Traballo e Benestar, "son nenos e nenas que tiveron na súa maior parte unha historia de adversidade de maior ou menor severidade e duración. Trátase de menores que en casi todos os casos van a presentar algún tipo de especial necesidade que pode estar relacionada coa súa historia de maltrato. negativas experiencias de vinculación, retrasos evolutivos, problemas de conduta, ou unha combinación de estas situacións. O caso que nos ocupa, a do menor A.G.V.. entendemos que está dentro de estas características". Lamentablemente, este é un cadro común a este tipo de nenas e nenos, sen que poida falarse por iso de informes tipo.

Entre as medidas propostas polo equipo de adopción, órgano técnico da entidade pública titora, "na metodoloxía empregada por este equipo de adopción cara á selección da familia, tivéronse en conta, entre outros criterios, as especiais habilidades parentais que presentaban os futuros pais así coma a existencia dunha irmá de 7 anos de idade que consideramos relevante de cara a facilitar a integración do menor. Por tanto **a escolarización de A. no mesmo centro educativo da irmá considerase de vital importancia precisamente nesta etapa crucial para o seu desenvolvemento, dada a súa curta idade e características persoais,** o cal favorecerá a súa integración tanto na propia familia, como na escola, potenciando a relación de convivencia e complicidade, coa súa irmá, que por engadido vai ser un modelo de referencia e patrón de aprendizaxe que vai a favorecer en gran medida a vinculación do menor no seo da súa nova familia. Dadas estas características de índole persoal e familiar que van contribuír a favorecer un entorno protexido, minimizando calquera tipo de risco para o menor, debido á clara oposición por parte da familia biolóxica. e favorecer a súa plena integración no seo da súa nova familia, nesta etapa da súa vida na que a escola ten un papel crucial, desde este equipo de adopción consideramos **prioritario a escolarización do menor no mesmo centro educativo que a súa irmá** (...)". Cómpre subliñar que a irmá é asemade adoptada. Por este motivo é absolutamente inapropiada a medida proposta de agrupar a ambos os dous irmáns nun centro escolar distinto pois, lonxe de normalizar a situación, desestabilizaría a unha menor de sete anos, xa integrada no seu contorno escolar e que afrontaría tal cambio como unha perturbación que só ela está obrigada a soportar e que é producida pola chegada dun novo membro á familia.

c) Sobre a ratio de alumnos por unidade como criterio preferente

Fronte a todas estas consideracións de orde material e substantivo, referidas ao interese superior dos menores, non poden prevalecer outros intereses lexítimos da Administración educativa e, aínda menos, a ríxida aplicación dun criterio formal e organizativo como é ratio máxima de alumnos por unidade, que non é un principio esencial e inmutable que garanta *per se* a calidade da educación, senón que é un criterio que a propia norma dispensa en supostos concretos nos que prevalecen outros intereses. Semella un contrasentido que unha limitación do número de alumnos por aula que tenta ser un

reforzo a unha educación de calidade poida ser prevalente a un criterio prioritario de escolarización no caso concreto dun menor para o que se estima "de vital importancia" que se integre nun concreto centro educativo.

No relativo ao caso invocado, o Q/2131/10, no que a Consellería de Educación aceptou a recomendación formulada por esta institución no relativo a adopción das medidas necesarias para a escolarización dunha menor, esta institución segue a considerar que se da en ambos supostos unha identidade de razón, que permitiría unha aplicación analóxica do mesmo criterio para facilitar a integración do ordenamento xurídico neste punto, no que non existe unha específica regulamentación do caso concreto. Por esta razón, considérase que a Administración estaría obrando en contra dos seus propios actos de non proceder no mesmo sentido.

Aínda que non se entre en disquisicións conceptuais sobre se é ou non un caso de necesidades específicas de apoio educativo asociadas a unha historia persoal, é evidente que é un suposto de **necesidade inmediata e urxente de escolarización** pois o menor non ten neste intre praza escolar asignada pola administración educativa e atópase sen escolarizar. Esta institución considera que debe ser atendida, na súa urxente escolarización, o criterio prioritario da entidade pública que ostenta a súa tutela, á vista do principio de colaboración que vén garantir a necesaria cooperación interadministrativa en todas as ordes, **especialmente nos ámbitos familiar, educativo** e **DOS SERVIZOS SOCIAIS ENCARGADOS DA SÚA PROTECCIÓN**; pola interpretación sistemática do ordenamento xurídico que non se esgota na lexislación aplicable ao ámbito educativo senón que impón unha interpretación armónica das normas, incluída a lexislación sobre familia e menores e os principios xerais do Dereito civil; e, finalmente, por apreciarse unha identidade de razón co suposto da queixa Q/2131/10 no que se procedeu a escolarización solicitada, o que xustifica unha aplicación analóxica dun criterio que xa foi aceptado pola Consellería.

Por todo o cal, procede facer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte **recomendación**:

Que se proceda a urxente escolarización do menor A.G.V. atendendo aos criterios de elección de centro escolar sinalados como prioritarios polo órgano da Administración pública galega que ten conferida legalmente a súa tutela, tendo en conta a primacía do interese do neno sobre calquera outro interese lexítimo que inspire as actuacións dos poderes públicos, e, en particular, a necesaria cooperación interadministrativa entre as Consellerías con competencias nas funcións asistenciais, protectoras e educativas de menores e a necesaria existencia de criterios comúns nestes ámbitos. En concreto, que sexa escolarizado no centro educativo de Nigrán solicitado polos pais en acollemento familiar preadoptivo, medida que o órgano tutelar considera de vital importancia.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: non aceptada.

28.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 19 de outubro de 2011 para que para os efectos de acreditar unha discapacidad igual ao 33%, baste a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez. Non será exixible en ningún caso resolución ou certificado do órgano competente da Xunta de Galicia para acreditar o grado de minusvalía igual ao 33 por cento. (Q/1612/11).

Como vostede sabe, nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención D. E.P.M. e Dª A.M.A.G., con domicilio na … en Vigo (Pontevedra), por presuntas irregularidades no proceso de admisión do CEIP Pintor Laxeiro, de Vigo.

Con data de 17 de outubro foi recibido o preceptivo informe, remitido pola inspección educativa de Vigo.

Á vista do que se fai constar nel, o CEIP Pintor Laxeiro expuxo para o coñecemento das familias, como é preceptivo, toda a información que a normativa demanda desde o inicio de presentación das solicitudes, polo que non se produciu ningunha

irregularidade. Tampouco do escrito de queixa se deriva que o centro omitira información, senón que, lamentablemente e por circunstancias sen dúbida comprensibles, cando os solicitantes se achegaron ao centro, o proceso estaba xa rematado por transcorrer os prazos legais. O feito de que no formulario entregado inicialmente non se recollera toda a información sobre os criterios de baremación non implica que esta información non se fixera chegar aos solicitantes por outras canles. A propia normativa alude a que os centros *facilitaranlles aos pais, nais ou titores legais que o soliciten e exporán no seu taboleiro de anuncios e en todos os sistemas de información pública de que dispoñan, durante o proceso de admisión do alumnado,* toda a información referida no artigo 14 da Orde de 17 de marzo. Non esixe que toda a información figure no formulario, senón que sexa posta a disposición dos interesados, e o informe acredita que así se fixo.

No relativo a xustificación da incapacidade, é certo que a norma refírese a ela no artigo 23 sinalando que *"para os efectos desta orde puntuaranse as discapacidades en grao igual ou superior ao 33 por 100. No suposto de que se alegue unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, do alumno ou alumna, ou da súa nai, pai ou titores legais ou algún dos seus irmáns, esta* ***deberá acreditarse mediante a certificación do ditame emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou, se é o caso, doutras administracións públicas****"*.

Non obstante, o criterio manifestado pola inspección non é axeitado porque só considera que a Orde de 17 de marzo de 2007 é taxativa nos medios de acreditación cando o certo é que prevalece neste punto o Real Decreto 1414/2006, de 1 de decembro, modificado parcialmente pola disposición derrogatoria única do Real Decreto 1276/2011, de 16 de setembro.

Segundo o Real Decreto 1414/2006 na súa disposición final, "la acreditación del grado de minusvalía en los términos establecidos en el presente real decreto tendrá validez en todo el territorio nacional". Neste sentido, a devandita norma regula a acreditación de minusvalías **iguais ao 33%** ou **superiores ao 33%**, establecendo distintos mecanismos de acreditación. Tendo en conta que no ámbito do proceso de escolarización, a norma prevé que puntuarase por unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%, basta con

xustificar unha discapacidade igual ao 33%, xa que non existe gradación de puntuación no baremo en función das porcentaxes de minusvalía. O artigo 31 da Orde de 17 de marzo establece a valoración da discapacidade, e sinala unha puntuación concreta e diferenciada segundo a persoa discapacitada, pero non pola súa porcentaxe de discapacidade, que como xa se dixo, e abondo con que sexa igual ao 33% (ou superior, no seu caso). Se isto é así, hai que aplicar o *Real Decreto 1414/2006, de 1 de diciembre, por el que se determina la consideración de persona con discapacidad a los efectos de la Ley 51/2003, de 2 de diciembre, de Igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad* que establece:

"Artículo 1. Consideración de personas con discapacidad.

1. De conformidad con lo previsto en el artículo 1.2 de la Ley 51/2003, de 2 de diciembre, de Igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad, tendrán la consideración de personas con discapacidad aquéllas a quienes se les haya reconocido un grado de minusvalía igual o superior al 33 por ciento.

2. Se considerarán afectados por una minusvalía en grado igual o superior al 33 por ciento:

a) Los pensionistas de la Seguridad Social que tengan reconocida una pensión de incapacidad permanente en el grado de total, absoluta o gran invalidez.

b) Los pensionistas de Clases Pasivas que tengan reconocida una pensión de jubilación o de retiro por incapacidad permanente para el servicio o inutilidad.

Artículo 2. Acreditación del grado de minusvalía.

1. A los efectos de lo dispuesto en la Ley 51/2003, de 2 de diciembre, el grado de minusvalía igual al 33 por ciento se acreditará mediante los siguientes documentos:

a) Resolución o certificado expedidos por el Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO) u órgano competente de la Comunidad Autónoma correspondiente.

b) Resolución del Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS) reconociendo la condición de pensionista por incapacidad permanente total, absoluta o gran invalidez.

c) Resolución del Ministerio de Economía y Hacienda o del Ministerio de Defensa reconociendo una pensión de jubilación o retiro por incapacidad permanente para el servicio o inutilidad.

A estos efectos, ***en ningún caso será exigible resolución o certificado del IMSERSO u órgano competente de la comunidad autónoma correspondiente para acreditar el grado de minusvalía igual al 33 por ciento de los pensionistas a que se hace referencia en los párrafos a) y b) del artículo 1.2 de este real decreto****.*

2. A los efectos de lo dispuesto en la Ley 51/2003, de 2 de diciembre, el grado de minusvalía superior al 33 por ciento se acreditará mediante los siguientes documentos:

a) El grado de minusvalía superior al 33 por ciento se acreditará mediante resolución o certificado expedidos por el IMSERSO u órgano competente de la comunidad autónoma correspondiente.

b) Los pensionistas a que se hace referencia en los párrafos a) y b) del artículo 1.2 del presente real decreto podrán solicitar del IMSERSO u órgano competente de la comunidad autónoma correspondiente, el reconocimiento de un grado de minusvalía superior al 33 por ciento. En estos supuestos, será de aplicación el baremo recogido en el anexo 1 del Real Decreto 1971/1999, de 23 de diciembre, de procedimiento para el reconocimiento, declaración y calificación del grado de minusvalía."

Segundo esta norma básica, cando unha persoa teña recoñecida a condición de pensionista por resolución do Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS) por incapacidad permanente absoluta, este documento basta para acreditar unha minusvalía igual ao 33% e, polo tanto, é xustificación bastante para valorar a existencia dunha

discapacidade aos efectos do proceso de admisión en centros sostidos con fondos públicos, sen que o seu alcance quede restrinxido ao ámbito laboral.

Á vista de todo o anterior, formúlaselle o seguinte **recordatorio dos seus deberes legais:**

Que na aplicación da normativa que regula os procesos de admisión nos centros escolares da comunidade autónoma sostidos con fondos públicos, aos efectos de acreditación da discapacidade como un dos criterios prioritarios naqueles centros onde non existan prazas suficientes, se teña en conta o disposto no Real Decreto 1414/2006, de 1 de diciembre, por el que se determina la consideración de persona con discapacidad a los efectos de la Ley 51/2003, de 2 de diciembre, de Igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad. A tal fin, para acreditar unha discapacidade igual ao 33%, basta a resolución do Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta o gran invalidez.

Non será esixible en ningún caso resolución ou certificado do órgano competente da Xunta de Galicia para acreditar o grao de minusvalía igual ao 33 por cento, que é o necesario e suficiente para puntuar neste criterio do baremo, cando se trate de pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

29.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 26 de outubro de 2011 para que coa maior urxencia se proceda a aplicar ao alumno J.R.B. os procedementos legalmente previstos para identificar as necesidades educativas que poida presentar e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis adecuada, a elaboración de adaptacións curriculares, a determinación de recursos e apoios

específicos complementarios, a orientación escolar e cantos outros aspectos que aquel poida precisar para progresar no seu desenvolvemento (Q/1468/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención Dª B.B.C. e D. T.R.L., con domicilio na Rúa … en Oleiros (A Coruña), pais do alumno J.R.B., alumno escolarizado en 2° de E. Primaria no CEIP Valle Inclán de Oleiros.

Os pais de J. interpuxeron diante da Xefa Territorial recurso de alzada contra a decisión do centro de non promoción ao 2° ciclo de E. Primaria do seu fillo, alegando como argumento fundamental da súa reclamación que *"J. fue calificado como un alumno sin necesidades educativas específicas, cuando los padres estuvimos solicitando desde el principio que el niño necesitaba una adaptación curricular de acuerdo con sus características de aprendizaje"* e solicitan a promoción do seu fillo *"ya que como padres podemos asegurar que no tendría ningún resultado positivo el encontrarse en la misma situación..."*.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada dos artigos 27 e 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 do dito texto legal, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

Con data do 26 de setembro, recibiuse o preceptivo informe desa Consellería, remitido polo servizo de Inspección Educativa da Xefatura Territorial da Coruña. Esta inspección, con data do 2 de agosto, xa informara o seguinte:

"A Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro) establece no seu artigo 5°.3: "decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un

alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa". No artigo 7°.2 establece que a decisión sobre a pertinencia ou non da ACS tomarase nunha reunión coordinada polo xefe de estudos. É, en consecuencia, unha decisión que corresponde ao centro e non aos pais, sen que a avaliación diagnóstica determine con carácter vinculante a medida a adoptar ao efecto polo centro en canto á pertinencia ou non da adaptación curricular, así como, de ser o caso, os elementos do currículo a modificar.

O centro non considerou conveniente a elaboración dunha adaptación curricular para o alumno, senón que lle prestou as medidas de reforzo que estimou pertinentes, así como o apoio do profesorado de PT e AL. Solicitou, por outra banda, a intervención do EOE a través desta inspección que trasladou a solicitude de intervención ao EOE con data do 10 de febreiro de 2011, para que procedese á valoración do alumno e ao asesoramento correspondente ao centro. Non se produciu, sen embargo, a intervención do EOE, ao parecer, segundo comunica o centro, "por saturación da axenda e por considerar necesario un informe médico máis recente que o aportado polos pais que é de novembro de 2007". A permanencia dun alumno un ano máis nun ciclo ao longo da etapa de E. Primaria pode adoptarse unha soa vez na etapa con carácter ordinario, non requirindo autorización especial algunha, polo que, e máxime no 1° ciclo de E. Primaria, pode considerarse unha medida ordinaria de intervención educativa debido ao grao de madurez dun alumno, ao seu ritmo máis lento de aprendizaxe ou a outras circunstancias valoradas polo equipo docente.

A adaptación curricular que se aparte significativamente do currículo ordinario require, sen embargo, tal como recolle a Orde do 6 de outubro de 1995 no seu artigo 6°, autorización da inspección educativa."

O devandito informe remitido a esta institución pola Consellería con data de 26 de setembro concluía:

"En consecuencia, esta inspección estima que o CEIP Valle Inclán non conculcou a lexislación vixente ao non aceptar a demanda dos pais de elaborar unha adaptación

curricular para J. e que non é posible, polo feito de non ter elaborada a devandita adaptación que demandaban os pais, que esa xefatura territorial altere a decisión de non promoción adoptada polo centro, permitindo a incorporación do alumno ao segundo ciclo de E. Primaria."

Achégase fotocopia dos informes de inspección aos que se fai referencia, así como da acta do equipo docente do centro na sesión celebrada para o estudio da reclamación presentada polos pais de J. contra da decisión de non promoción".

Á vista do que se fai constar no informe, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. Con independencia de que a Xefatura Territorial non poida alterar a decisión de non promoción adoptada polo centro, e sen prexulgar se foi ou non conculcada a lexislación, queda fora de toda dúbida unha **actuación irregular da Administración educativa que foi lesiva para o menor,** o que se amosa nos seguintes aspectos, todos eles expresamente recoñecidos na acta da reunión da Comisión de Avaliación do centro á que o informe do Inspector se remite:

1º.-A Comisión ratifícase na decisión de non promoción de J. por **non acadar os obxectivos mínimos establecidos na programación didáctica de determinadas materias e por non obter alomenos as seguintes competencias: lingüística, matemática, en coñecemento, social e cidadá, aprender a aprender e autonomía persoal.**

Esta afirmación revela o absoluto fracaso das medidas adoptadas polo centro durante o curso. O feito de que un alumno de 2º de Primaria non acade ningunha das competencias básicas nin supere cinco materias ao remate do curso pon de manifesto a inadecuación da resposta educativa as necesidades dese alumno.

2º.-As medidas adoptadas polo centro non foron axeitadas **para acadar os obxectivos mínimos** establecidos na programación didáctica. É dicir, o propio centro recoñece que este era un caso claro no que houbera debido facerse unha adaptación curricular. A Orde de 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do

curriculum nas ensinanzas de réxime xeral, entende por adaptacións curriculares as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículum, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas, neste caso, por unha determinada dificultade persoal.

3º.- O informe afirma que o centro non considerou conveniente a elaboración dunha adaptación curricular para o alumno, senón que lle prestou as medidas de reforzo que estimou pertinentes, así como o apoio do profesorado de PT e AL. O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención, pero a intervención dos especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe non é unha medida ordinaria. Trátase de profesorado con función de apoio á atención do alumnado con necesidades educativas especiais. Sen embargo, J. non foi avaliado como un alumno con necesidades educativas especiais, polo que existe unha contradicción entre as medidas de intervención adoptadas e a avaliación diagnóstica, de terse feito -circunstancia que non se acredita expresamente na documentación remitida-. De resultas diso, adoptáronse certas medidas que o centro considerou pertinentes, sen ditame de escolarización nin informe técnico específico sobre as necesidades educativas especiais que apoiara as devanditas medidas. O resultado foi *"que o alumno* ***non alcanzou o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e que as aprendizaxes non alcanzadas son un claro obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo****, dado o carácter instrumental dalgunhas das áreas non superadas".*

4º.- Recentemente, con ocasión dunha recomendación formulada á Consellería sobre a necesidade de "que todos os centros educativos teñan instrucións concretas para pór en marcha o procedemento establecido para solicitar a intervención dos Equipos de Orientación Específicos cando os pais ou titores legais dos menores informen ao centro da existencia de diagnósticos médicos, sospeitas clínicas, avaliacións psicolóxicas ou, en xeral, informes privados de profesionais da saúde, coa finalidade de axustar a resposta educativa ás necesidades especificas de apoio destes alumnos e coordinar a actuación dos centros escolares e a das familias en aras do interese máis necesitado de protección que é o dos menores", a resposta recibida da Consellería foi a seguinte:

"que a información procedente de servizos externos aportada polas familias debe ser considerada tanto polo equipo docente como polos servizos de orientación. Así se recolle en varias das funcións do profesorado que establece a Lei Orgánica de Educación (artigo 91) e na propia Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (artigos 3, 4 e 5). En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que todos os centros e todos os servizos teñen instrucións claras sobre o procedemento para demandar a intervención dos servizos de orientación, entre os que se inclúen os equipos de orientación específicos. Polo tanto, non proceden novas instrucións."

Se isto é así, non é admisible a información contida no escrito remitido polo inspector, segundo a cal, o centro solicitou a intervención do EOE a través desta inspección que trasladou a solicitude de intervención ao EOE con data do 10 de febreiro de 2011, para que procedese á valoración do alumno e ao asesoramento correspondente ao centro. Non se produciu, sen embargo, a intervención do EOE, ao parecer, segundo comunica o centro, **"por saturación da axenda e por considerar necesario un informe médico máis recente que o aportado polos pais** que é de novembro de 2007". Ningún de ambos os dous motivos aparecen recollidos na normativa aplicable como causa para a non realización dun informe psicopedagóxico, e aínda menos ao longo de todo un curso escolar. Non se entende que o Equipo non pudiera avaliar a J. ao longo de cinco meses.

5º.- Segundo a Orde de 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización, enténdese por avaliación psicopedagóxica o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, **coa finalidade de identificar as necesidades educativas de determinados alumnos que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis**

axeitada, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a proposta de diversificacións do currículo, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aqueles poidan precisar para progresar no desenvolvemento harmónico das distintas capacidades. Neste suposto, é evidente que Julio foi privado dun elemento fundamental para identificar as súas necesidades e darlle a resposta educativa axeitada.

6º.- Tampouco é doado comprender o reproche feito aos pais de que non tiñan informes médicos cun diagnóstico máis preciso. A propia orientadora recoñece que non foi posible adiantar a cita que J. tiña pendente no servizo de Neuropediatría. A valoración das necesidades educativas de J. é unha competencia que o departamento de orientación ten legalmente conferida, así como a realización das avaliacións psicopedagóxicas, no seu caso (artigos 6º e 7º do Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia). Esta avaliación non está suxeita á existencia informes médicos previos, que ademais, neste caso, existían. A propia diagnose de disartria, aínda que se fixera no ano 2007, debera levar ao centro a elaboración dun informe psicopedagóxico que fundamentara un ditame de escolarización e as medidas máis axeitadas para dar apoio a J. no seu aprendizaxe.

7º.- Á vista de todo o anterior, é inaceptable que o centro propuxera aos pais que pediran cita para Saúde Mental Infantil e lles suxerira poñerse en contacto con ASPANAES, asociación privada para apoio as persoas con trastornos de espectro autista. Ningunha destas propostas ten encaixe nas **obrigas da Administración educativa**, que é identificar a posible existencia de necesidades específicas de apoio educativo no alumno e adoptar unha serie de actuacións, tanto de carácter pedagóxico, curricular e organizativo como relativas á utilización de recursos específicos, que difiren das habituais. Non se fixo así neste caso.

8º.-A non promoción de Julio, á marxe de que sexa unha decisión académica revisable ou non, semella ser consecuencia directa do fracaso das estratexias educativas propostas e do tipo de apoio que se lle deu.

Por todo o anterior, procede facer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte **recomendación**:

Que coa maior urxencia se proceda a aplicar ao alumno J.R.B. os procedementos legalmente previstos para identificar as necesidades educativas que poida presentar e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis axeitada, a elaboración de adaptacións curriculares, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e cantos outros aspectos que aquel poida precisar para progresar no seu desenvolvemento; en particular, que o Equipo de Orientación Específico elabore un informe psicopedagóxico, de non terse feito xa na data desta resolución, e que se apliquen as medidas necesarias para que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados no alumno, segundo establece expresamente o artigo 12.2 da Orde do 6 de outubro de 1995. Ao mesmo tempo, os pais do alumno deben ser informados de todo o proceso.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

30.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 3 de novembro de 2011 no sentido de que se adopten as medidas oportunas para que non se utilice o libro de texto citado, en tanto o seu contido non sexa corrixido no sentido xa comentado, ademais de transmitir aos alumnos un coñecemento adecuado da regulación constitucional e estatutaria das linguas cooficiales (Q/1653/11).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. P.L.P., con domicilio en … Vigo (Pontevedra).

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e atopando, en principio, cobertura constitucional derivada dos artigos 27 e 103 da Constitución Española, procedeu admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal,

como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

O informe sobre a dita queixa foi subscrito polo subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado desa Consellería.

Tras analizar o informe, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. Despois de transcribir a Disposición adicional cuarta da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, a conclusión do escrito da Consellería establece unha conexión entre o seu deber e a súa competencia de supervisión dos materiais curriculares e a información sobre o centro educativo concreto no que este libro da editorial Vicens Vives se adoptou como libro de texto. Non obstante, a determinación do centro educativo non pode ser unha condición para actuar. Por mor da denuncia contida no escrito de queixa e da solicitude de informe desta institución, a Administración educativa ten xa un coñecemento suficiente dunha situación antixurídica, a transmisión aos escolares de 5º de Primaria dun contido incompleto en canto á regulación estatutaria das linguas oficiais nesta Comunidade Autónoma, sexa ou non deliberada. Como tal contido incompleto, produce un coñecemento inexacto do réxime xurídico das linguas oficiais en Galicia e, en consecuencia, non só carece do rigor científico imprescindible nos libros de texto senón que transmite unha información contraria á configuración constitucional da cooficialidade lingüística como expresión xurídica do bilingüismo, sobre os seus principios constitucionais e sobre o seu alcance.

Por tal motivo, é irrelevante o centro educativo no que tal libro fose adoptado como manual para a materia de Coñecemento do Medio. A Consellería debe actuar no sentido de impedir con carácter inmediato que continúe trasladándose ao alumnado unha información inexacta e incompleta e, xa que logo, falsa. E isto debe facelo no exercicio da súa potestade de supervisión dos libros de texto e outros materiais curriculares, que constituirá parte do proceso común de inspección que exerce a Administración educativa sobre a totalidade dos elementos que atinxen ao proceso de ensino e aprendizaxe, que debe velar polo respecto aos principios e valores contidos na Constitución e ao disposto na lei. Basta para iso con utilizaren os mecanismos de que dispón a Administración educativa

para dar a todos os centros as instrucións necesarias, con carácter xeral. O contrario sería tanto como esixir un control previo por parte dos cidadáns, que terían que denunciar centro por centro os eventuais incumprimentos da obrigación de respectar os principios e valores contidos na Constitución e o disposto na lei, nesta ou outras materias se adoptan libros ou outros materiais curriculares con contidos contrarios a aqueles principios e valores.

Merece tamén algún comentario o principio aludido no apartado primeiro do informe sobre a autonomía pedagóxica. Este principio ten, como é evidente, unha finalidade superior. Non é un fin en si mesmo. Pretende adaptar a acción educativa ás específicas circunstancias en que se desenvolve a vida de cada centro. Está posto ao servizo do fin superior de proporcionar unha educación de calidade a todo o alumnado, tendo ao mesmo tempo en conta a diversidade dos seus intereses, características e situacións persoais. Para iso, é necesario que a normativa combine ambos os aspectos, establecendo as normas comúns que todos teñen que respectar, así como o espazo de autonomía que se ha de conceder aos centros docentes. Este é o sentido da regulación da autonomía dos centros no artigo 120 da Lei Orgánica de Educación, que disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente e nos termos recolleitos na devandita Lei e nas normas que a desenvolvan. Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro, de modo que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan adecuarse aos plans de traballo e organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

Pola súa banda, o proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outros ensinos. O devandito proxecto, que deberá ter en conta as características da contorna social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así

como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación.

Nin o principio de autonomía pedagóxica nin a elaboración e execución dos proxectos educativos outorga aos centros un poder omnímodo para articular os contidos curriculares. Trátase dun aspecto do ensino que corresponde determinar á Administración educativa, que ten carácter regulado e que os centros haberán de concretar nas diversas programacións didácticas, sen apartarse dos contidos establecidos.

No seu réxime anterior, para que un libro de texto determinado puidese ser empregado nos centros docentes tiña que ser rexistrado, supervisado e, nalgúns casos, autorizado polas administracións educativas competentes, de acordo cunha normativa establecida especificamente para ese efecto. No caso dos territorios xestionados polo Ministerio de Educación, este labor de supervisión estaba regulada polo Real Decreto 1744/1998, de 31 de xullo, que entendía a dita tarefa como parte do procedemento habitual de control que debe exercer a administración educativa sobre a totalidade de elementos que constitúen o proceso de ensino e aprendizaxe. Tal decreto, que afectaba tanto aos libros de texto como aos demais materiais curriculares, pretendía desenvolver un modelo de supervisión e aprobación que respectase a liberdade dos centros e profesores sen comprometer por iso a coherencia das formulacións curriculares propostos pola administración.

Na actualidade, o Ministerio de Educación renuncia a autorizar ou supervisar os libros e demais materiais didácticos previamente á súa edición, limitándose a supervisar os materiais xa editados. Tralas transferencias das competencias en educación, a meirande parte das administracións autonómicas lexislaron, mediante decretos, os seus propios mecanismos de control, que esixen, como no caso do xeneral, a adecuación dos materiais ás formulacións establecidas nos currículos respectivos. Os decretos dan liberdade aos centros educativos na elección dos libros de texto que consideren máis adecuados aos seus proxectos curriculares, sempre que tales libros fosen autorizados ou homologados pola administración educativa correspondente. En calquera caso, unha vez establecidos estes mecanismos de control, parece evidente que aquilo que tras ser aprobado por un organismo

público se atopa á marxe da normativa legal, é responsabilidade directa da administración competente en cada caso, xa sexa estatal ou autonómica. Convén lembrar en tal sentido que tanto a normativa básica como a das Comunidades Autónomas que lexislaron sobre este aspecto establecen mecanismos de rexistro, supervisión e desautorización dos materiais editados no caso de que se detecte o incumprimento das directrices establecidas na normativa correspondente. Neste caso, a Administración educativa solicitará á editorial a súa corrección, facendo pública a súa falta de idoneidade de manterse devandito quebrantamento.

Por todo o anterior, desde esta institución ínstase á Consellería a actuar nun dobre sentido, formulándolle a seguinte **recomendación**, tendo en conta que non é necesario coñecer o centro educativo concreto no que o libro de texto obxecto de denuncia está a utilizarse, senón que:

Desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria se adopten as medidas oportunas para que non se utilice o libro de texto citado, en tanto o seu contido non sexa corrixido no sentido xa comentado, ademais de transmitir aos alumnos un coñecemento adecuado da regulación constitucional e estatutaria das linguas cooficiais.

Por outra banda, que se tente reforzar a supervisión os libros de texto e outros materiais curriculares que, de acordo coa lei, constitúe parte do proceso común de inspección que exerce a Administración educativa sobre a totalidade de elementos que integran o proceso de ensino e aprendizaxe, e que debe velar polo respecto aos principios e valores contidos na Constitución e ao disposto nas leis.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: aceptada

31.- Suxestión dirixida ao alcalde-presidente do Concello de Vigo, o día 10 de novembro de 2011 para que para que en próximas edicións do Programa de Inmersión Lingüística en Lingua Inglesa do Concello de Vigo sexa considerado como alumnado da rede pública o que foi escolarizado en centros sostidos con fondos públicos, e que o carácter compensatorio deste programa, dirixido a corrixir as

desigualdades que derivan de factores sociais, económicos e culturais, tome en consideración o nivel de renda e as circunstancias socio-laborais das familias dos alumnos solicitantes. (Q/965/11).

Por mor da queixa presentada ante esta institución por … con datas do 31 de maio (rexistro de saída nº 5085), 8 de xullo (rexistro de saída nº 6495), 19 de agosto (rexistro de saída nº 7482) e 23 de setembro, solicitouse informe sobre o problema que motivou a queixa.

Finalmente, tivo entrada nesta institución o devandito informe Expte. D.3.Q/965/11-QUEIXA XX 2011, s/expte.- 2278/321, n/expte.- 12588/332. O informe vén asinado polo xefe do servizo de Educación, co visto e prace do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Á vista do que se fai constar no informe, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. O procedemento administrativo concreto seleccionado para implementar o programa de inmersión lingüística en lingua inglesa PILIVIGO impulsado polo Concello de Vigo, e o carácter da convocatoria atinxen á capacidade autoorganizativa da administración municipal que pode, no ámbito das súas competencias e na execución do seu orzamento, elixir unhas vías ou outras (subvencións a particulares, prestacións directas...) dentro da legalidade vixente. É certo tamén que este tipo de actividades poden ser prestadas polas administracións locais no ámbito dos seus servizos complementarios. Non é unha actividade típica e esencial da administración municipal, pero pode ser lexitimamente desenvolta no marco do artigo 28 da LBRL que contempla a posibilidade de realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas, tamén no eido educativo.

A cuestión máis problemática é se é axustada a dereito a vinculación que neste programa municipal de inmersión lingüística se fai entre políticas de educación compensatoria e a rede pública de ensino.

Esta institución non comparte un dos criterios de selección sinalados nas bases da convocatoria do programa PILIVIGO posto que semella ter un perfil marcadamente ideolóxico ao establecer unha correlación entre a escolarización en centros públicos, o nivel socioeconómico e cultural das familias e os niveis de competencia en linguas estranxeiras, con apoio en indicadores cando menos discutibles. **Os centros concertados integran a rede de centros sostidos con fondos públicos** e a súa inicial exclusión da convocatoria baséase en elementos que carecen de fundamentación xurídica e mesmo de apoio legal xa que a escolarización neses centros, os requisitos e baremo para facer as admisións, as limitacións de *ratio*, a súa programación, a planificación e execución das ensinanzas, incluídas as linguas estranxeiras, e as demais circunstancias académicas veñen regulamentadas e supervisadas pola Administración educativa. O Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala que a lei prescribe que as administracións educativas deberán regular a **admisión do alumnado en centros públicos e privados concertados** de tal forma que se garanta o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por pais, nais e titores legais. Así mesmo, a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, regula a participación na programación xeral do ensino e dedica o seu título IV aos centros concertados, regulando que **a admisión nestes centros se axustará ao réxime establecido para os centros públicos** e definindo a infracción das normas sobre admisión de alumnado como unha das causas de incumprimento grave do concerto por parte do titular do centro. En aplicación do artigo 87 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e coa finalidade de asegurar a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades, garántese unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, establecendo a proporción de alumnado destas características que debe ser escolarizado en cada un dos centros públicos e privados concertados garantindo os recursos persoais e económicos necesarios. Finalmente, garántese a escolarización do alumnado de incorporación tardía. A todos os efectos, a rede de centros sostidos con fondos públicos está conformada por centros públicos e privados concertados. Todos son alumnos da rede pública. Só cambia o titular.

Chama a atención a proposta do Concello de Vigo neste eido, baseado no presuposto que vencella a escolarización pública con *unha situación social desfavorable que precisa de medidas compensatorias*. E inadecuada, na nosa opinión, esa asimilación entre actividades complementarias das realizadas pola Administración educativa (artigo 28 da Lei 7/85 de 2 de abril RBRL) con políticas de educación compensatoria (artigo 80.2 da Lei 2/2006, de 3 de maio, Orgánica de Educación) que están pensadas para contextos de desigualdade socioeconómica en sentido estrito ou de exclusión social, e non teñen que ver co tipo de centro, público ou concertado, no que un alumno é escolarizado, no que ten carácter preferente, entre outros criterios, a proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo dos pais/nais ou titores, os niveis de renda ou as circunstancias da familia (irmáns, familias numerosas...). Polo tanto, semella que a xustificación última é a recollida no propio informe, a *das políticas que os gobernos locais consideren en cada momento apropiadas conforme ás súas prioridades programáticas,* é dicir, a decisión baséase en criterios políticos e ideolóxicos. Na práctica, pode supoñer unha discriminación dun amplo sector do alumnado vigués que, cumprindo os requisitos académicos, é excluído polo tipo de centro escolar no que se atopa escolarizado, na meirande parte das ocasións de xeito regrado.

Sen embargo, no propio desenvolvemento do programa, o Concello de Vigo vén incrementando as prazas e proporcionalmente increméntase tamén o alumnado dos centros concertados, aínda que segue a ter un tratamento residual no proceso de adxudicación. Segundo o informe, na derradeira edición os beneficiarios do programa foron 284 alumnos de centros públicos e 156 alumnos de centros concertados. Esta situación amosa por parte do Concello unha progresiva corrección do criterio "de compensación". En conclusión:

- Considérase moi positiva a progresiva ampliación das prazas ofertadas no programa PILIVIGO, o que e supón, sen dúbida, un esforzo financeiro notable nas arcas municipais pero que amosa por parte do Concello o loable obxectivo de que paga a pena investir na educación e na formación dos futuros cidadáns.

- Considéranse axeitados os criterios de selección dos participantes: que estean matriculados en 3° da ESO no curso anterior; que teñan aprobadas tódalas asignaturas de

2° da ESO no curso anterior; que teñan unha nota media de 6 na asignatura de inglés e que estean empadroados en Vigo.

- No relativo á especificación de que terá preferencia o alumnado pertencente aos centros públicos, de maneira que se asignarán as prazas entre aqueles alumnos que cumpran os requisitos da convocatoria, primeiro entre todos os solicitantes da rede pública e, no caso de existiren prazas vacantes, entre o alumnado da rede privada-concertada, consideramos que é mais axustada á súa configuración xurídica entender que **é alumnado da rede pública o que ten sido escolarizado en centros sostidos con fondos públicos**, sen prexulgar a condición desfavorecida do alumnado matriculado en centros de titularidade pública. Xa que logo, o carácter compensatorio deste programa, que é certamente loable, debería obxectivarse no nivel de renda familiar, circunstancia que pode acreditarse de xeito sinxelo pola declaración tributaria correspondente, ou outras continxencias socio-laborais (desemprego, precariedade laboral...). Neste tipo de formación (o aprendizaxe de idiomas), as desigualdades derivan de factores sociais, económicos e culturais moi dependentes da renda familiar dispoñible, aínda que o alumnado estea escolarizado en centros concertados, ao ser a Administración educativa o que determina as zonas de influencia dos centros e a escolarización.

Por todo o cal, formúlaselle a seguinte **suxestión**:

Que nas vindeiras edicións do Programa de Inmersión Lingüística en Lingua Inglesa do Concello de Vigo sexa considerado como alumnado da rede pública o que ten sido escolarizado en centros sostidos con fondos públicos, e que o carácter compensatorio deste programa, dirixido a corrixir as desigualdades que derivan de factores sociais, económicos e culturais, tome en consideración o nivel de renda e as circunstancias socio-laborais das familias dos alumnos solicitantes.

Resposta do Alcalde-presidente do Concello de Vigo: pendente de resposta.

32.- Recomendación dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 30 de novembro de 2011 para que se extremen as medidas para

erradicar calquera tipo de conduta ou actitude dos alumnos que poida ser perturbadora para a convivencia no centro, en particular, que se garanta un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar. En xeral, que se traballe máis intensamente nos principios e fins da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (Q/936/11).

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona P.C.F., referente ao acoso escolar padecido pola súa filla, entón de 8 anos de idade, no Colexio Fogar Santa Margarita de A Coruña.

Do contido do informe remitido pola Inspección educativa da Xefatura Territorial da Consellería na Coruña déuselle traslado á interesada, quen formulou unha serie de puntualizacións e aclaracións ao devandito informe, achegando tamén o informe clínico da súa filla feito polo psicólogo clínico na Unidade de Saúde Infanto-Juvenil do Hospital Teresa Herrera e mesmo o informe do Departamento de Orientación do centro escolar.

Da análise dos seus escritos, dos informes psicolóxicos que achega e da información enviada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cómpre facer as seguintes consideracións:

1.- É evidente e resulta probado que a filla da recorrente en queixa padeceu acoso no Colexio Fogar Santa Margarita. O acoso escolar prodúcese cando un neno insulta, agrede ou ten un comportamento hostil cara a outro neno e este comportamento prodúcese de forma continuada no tempo. A violencia escolar adoita ser moito máis social e psicolóxica que física. Aínda que tamén se producen agresións físicas, intimidación e coacción, é máis frecuente a exclusión social, o illamento, ou condutas como a de ridiculizar, humillar, poñer motes, non deixar participar en actividades, enfrontar aos compañeiros contra a vítima, facer correr rumores, etc. Este acoso psicolóxico é moito máis daniño que o acoso físico e produce maiores taxas de estrés postraumático. A

meirande parte destas condutas están probadas no caso da filla da recorrente en queixa e despréndese así do informe do inspector e do informe da orientadora do Centro.

2.- Segundo os estudos sobre a materia, o acoso escolar non é un aspecto inofensivo do crecemento. Pode causar un dano severo á saúde mental e física de vítimas, acosadores e dos nenos testemuñas da violencia. As vítimas poden sufrir lesións físicas, medo e ansiedade. Poden aparecer cadros depresivos, trastorno de estrés postraumático e síntomas físicos. O seu rendemento escolar decae debido a que poden faltar á escola ou chegar tarde, aos problemas para concentrarse nos estudos ou a baixa autoestima provocada polo acoso constante. As vítimas de acoso poden rexeitar participar en actividades que implican a outros nenos; poden non facer ningunha actividade social e comezar a perder amizades ou depender psicolóxicamente dos seus acosadores. Adoitan estar sempre ansiosos e deprimidos. O estrés ao que se ven sometidos tamén afecta ao seu corpo, dando lugar a dores de estómago, dores de cabeza, negarse a comer, ouriñarse na cama ou problemas de soño. Unha parte significativa destes síntomas foron amosados pola filla da interesada ao longo dos meses nos que tivo lugar esta problemática relación con tres das súas compañeiras de clase.

3.- Por este motivo, minimizar os efectos deste tipo de condutas nos centros escolares por parte dos equipos directivos ou dos profesores, e facelo dun xeito máis claro cando os nenos son pequenos como *rifas propias da idade* non é unha actitude coherente. É innecesario subliñar as diferenzas entre *enfados no grupo*, que xorden de xeito espontáneo, e condutas deliberadas de hostigamento ou illamento entre iguais. Respecto de estas, non cabe tolerancia. Os feitos concretos relatados pola interesada no escrito dirixido ao presidente da ANPA con data do 3 de novembro non ten sido desmentidos ou negados doutro xeito, senón só "reinterpretados" na información remitida polo centro e no informe da inspección educativa. Chama a atención un dos derradeiros comentarios da psicóloga do centro e a absoluta falta de explicación sobre o contexto: *"Con fecha de 22 de diciembre de 2010, en una dinámica durante las clases de inglés, todo el grupo-clase señala a E. como la peor compañera"*. Non sabemos que quere dicir "unha dinámica" na que se permite aos alumnos facer valoracións de xeito público e aberto sobre os seus compañeiros

nin cales son os seus obxectivos, pero semella, cando menos, unha práctica potencialmente conflitiva.

Sobre as outras cuestións que a interesada desminte ou matiza con información complementaria da forma en que se produciron, clarifican tamén certas afirmacións do informe. Noutros casos, as manifestacións da nai teñen un carácter marcadamente subxectivo, perfectamente comprensible na situación que se estaba a vivir na súa familia, pero que non acreditan feitos obxectivos.

Porén, tampouco semellan feitos obxectivos algúns dos que o informe da inspección dá como *probados*. Resulta problemático afirmar que "o inicio dos incidentes é normalmente responsabilidade da presunta acosada, non sendo en cambio a máis prexudicada nos mesmos". Non se entende que en ningún dos documentos figure que se advertiu á nai de que a súa filla era a que promovía os conflitos.

O informe fala de incidentes e de prexuízos, co que está a recoñecer que ambos os dous se producían. Fálase de "intención de facer dano" o que ten tamén unha compoñente decisiva de voluntariedade que é dificilmente comprobable despois de ocorrer os feitos. Critica a intervención da nai cando lle solicita ao titor que cambie a súa filla de sitio na aula, e a acusa de "tratar de alterar a organización da aula de forma inxustificada". A nai, non obstante, refire que a compañeira sentada detrás da súa filla estaba a darlle patadas na espalda e pequenos golpes, pero constantes, molestándoa todo o tempo, collendo os seus libros e pintándoos.

De calquera xeito, as medidas adoptadas non foron suficientes aínda que o centro identificou o caso como una situación de posible acoso entre alumnos e activou o protocolo correspondente por dúas ocasións, iniciándose incluso unha mediación. Outro elemento que propón dúbidas e o feito de que o cambio de aula da menor fose anulado a petición das súas compañeiras e da propia filla da interesada. Non se comprende cómo esta medida é rectificada a instancia das alumnas, sen que conste a aprobación da nai, que fora a que a solicitou.

O mero feito de que dúas alumnas solicitaran cambio de centro o pasado curso por razóns moi semellantes é proba de que o centro ten problemas, seica puntuais, de convivencia. Por todos estes motivos, cómpre que se traslade ao Colexio Fogar Santa Margarita a seguinte **recomendación:**

Que se extremen as medidas para erradicar calquera tipo de conduta ou actitude dos alumnos que poida ser perturbadora para a convivencia no centro, en particular, que se garanta un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar. En xeral, que se traballe máis intensamente nos principios e fins da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: pendente de resposta.

33.- Recomendación e suxestión dirixida ao Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o día 16 de decembro de 2011 para que tendo en conta os defectos de forma e de fondo, algúns con eficacia invalidante, que concorreron no procedemento de revisión da avaliación da proba de acceso ao grado profesional do Conservatorio Profesional de Música da Coruña dos fillos da interesada, se considere a pertinencia de declarar a nulidad do procedemento e se lles permíta realizar de novo a proba.

Suxíreselle que se considere a conveniencia de modificar o procedemento para a reclamación das cualificacións das probas de acceso, de modo que se garanta unha revisión efectiva dos exercicios, non baseada únicamente nas actas escritas do primeiro tribunal que xulgou a proba (Q/1704/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dona E.R.E., referente á reclamación para unha revisión de notas na proba de acceso ao

Grao Profesional no Conservatorio Profesional de Música da Coruña, e, en xeral, ao seu desacordo co proceso de avaliación dos seus fillos nese centro.

Con data do 6 de outubro, recibiuse informe desa Consellería, máis ao non conter toda a información necesaria para unha axeitada valoración do obxecto da queixa, tivo que solicitarse un informe complementario do anterior, que foi recibido con data do 15 de novembro. Nel sinálase que D. M.M.V., pai dos alumnos obxecto desta reclamación, insta á dirección do centro á remisión do expediente á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Coruña para a súa revisión mediante solicitude presentada o 14 de xullo.

É neste último punto onde se considera que fora superado o prazo establecido no artigo 19º da Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, no que se establece que *"No suposto de desestimación da reclamación, o interesado ou interesada poderá instar para que a Dirección lle remita o expediente á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria"* e máis tarde "No caso de ter que enviar o expediente á delegación provincial, tramitarase no prazo de 48 horas".

Non obstante, a dita xefatura territorial remite copia das probas realizadas polo alumnado obxecto de reclamación coa intención da revisión das ditas probas por tribunais de contraste integrados por profesorado alleo ao Conservatorio Profesional de Música da Coruña. Ditos tribunais emiten os seus informes relativos aos aspirantes J. M. R. e M. M. R. ratificándose en ambos os dous informes nas notas outorgadas polos tribunais que xulgaron as probas de acceso, e a súa vez, **indican a improcedencia da reclamación pola superación dos prazos establecidos no artigo 19° da Orde do 28 de xullo de 2008**.

Á vista do que se fai constar no informe, cómpre facer as seguintes consideracións:

1ª.- A apreciación da efectividade dos prazos legais feita polos tribunais de revisión non semella axeitada. Literalmente, o devandito artigo 19 invocado como fundamento, **non establece ningún prazo no seu apartado 3º**, que é o que regula a facultade do interesado ou interesada de instar a remisión do expediente á Delegación Provincial da Consellería para que o xefe territorial dite a resolución procedente. Non se sinala prazo, como sí se fai en cambio no apartado 1º. A única mención a un prazo nesta fase do procedemento faise no apartado 4. b) do mesmo artigo. Pero cómpre salientar que se está a regular un acto de trámite, e non un acto administrativo definitivo. A redacción do precepto é confusa, porque no mesmo apartado 4 está a regular actos definitivos, resolucións recorribles ao abeiro dos apartados 3 (a do Director/a perante o xefe territorial) e 5 (a do xefe/a territorial en alzada perante o Conselleiro) xunto con un mero acto de trámite (a remisión do expediente á Delegación Provincial) no que o prazo de 48 horas vincula só á administración, pois non pode afectar ao interesado unha tramitación ou despacho no que a observancia do prazo non está na súa man.

Porén, cando se lle recoñece ao interesado ou interesada o dereito a instar a remisión do expediente para que resolva a xefatura territorial, non se limita temporalmente o seu exercicio. De pretender establecer un prazo para que o interesado inste a remisión, unha mínima sistemática normativa obrigaría a facelo neste mesmo apartado. De calquera xeito, a regulación legal é deficiente e xera dúbidas interpretativas, polo que deberían aplicarse os principios xerais sobre a ordenación dos actos administrativos. En primeiro termo, a celeridade, aludida tamén como obxectivo no apartado 4 da Orde de 2008 comentada. A devandita Lei reguladora do procedemento administrativo común sinala no artigo 75. 2. "Al solicitar los trámites que deban ser cumplidos por otros órganos, deberá consignarse en la comunicación cursada el plazo legal establecido al efecto". Este é claramente o suposto contemplado no artigo 19.4, b), que outorga un prazo de 48 horas para que a Dirección do Conservatorio remita o expediente á Xefatura Territorial.

2ª.- Por outra banda, de tratarse de un prazo preclusivo (o das 48 horas) e aínda máis dada a súa brevidade, tería que establecerse un mecanismo fehaciente para o cómputo do *dies a quo*, de xeito que houbera constancia indubitada da notificación ou publicación da resolución desestimatoria da reclamación, nos termos establecidos no artigo 48 da Lei

30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Por exemplo, por un acuse de recibo. Neste expediente en particular, se acredita que a comunicación da Dirección do Conservatorio fíxose por correo ordinario, o que veda calquera posibilidade de fehaciencia no cómputo do prazo. O artigo 76.1 da devandita Lei do Procedemento Administrativo Común en canto ao cumprimento dos trámites, sinala:

"Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de **diez días a partir de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto".** É evidente que a norma non establece un prazo distinto e que non houbo notificación.

3ª.-A resolución é do Xefe de Estudos e non do Director de centro, cando segundo o artigo 19.2, a competencia para resolver as reclamacións contra as cualificacións das probas de acceso a ten o Director ou Directora do Conservatorio, sen que conste delegación de competencia nin sinatura por delegación. Ademais, non leva pé de recurso, polo que os interesados carecen de información sobre a posibilidade de efectuar reclamacións e os seus prazos, xa que logo se trata de un acto administrativo recorrible. Ambos os dous defectos poderían invalidar a resolución. O pé de recurso é unha mención obrigatoria segundo o artigo 89 da Lei 30/1992.

4ª.- A resolución da Xefa Territorial da Consellería fundamentase para a desestimación da revisión nunha norma que non é aplicable a este suposto, aínda que no fondo do asunto á regulación sexa coincidente. En efecto, alega o artigo 6º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando o caso refírese a alumnos que realizaron a proba de acceso a estes estudos pero que aínda non son alumnos do conservatorio profesional senón do superior, polo que hai que aplicar a Orde de 28 de xullo de 2008, que é a que regula estas probas de acceso.

5ª.- Ao marxe disto, o procedemento mesmo de revisión resulta problemático. A resolución do Xefe de Estudos do Conservatorio fai unha transcrición literal do informe emitido polo tribunal e no punto 3º manifesta: "O Tribunal ratifícase na calificación otorgada". Non hai motivación ni se segue un procedemento contraditorio que é o propio das reclamacións. Pero ademais, é incomprensible o procedemento de revisión establecido para unha proba de acceso que consiste nunha interpretación instrumental e nunha proba de linguaxe musical que contén unha parte práctica. Si a revisión se basea na mera remisión das actas do tribunal a outro tribunal alleo ao centro pero non se lle remiten, porque non se fan, as videogravacións das probas de execución, non é entendible qué elementos de contraste se lle ofrecen ao tribunal revisor. ¿Cómo pode un tribunal revisar si unha postura corporal é correcta, a calidade na proxección do son, si se realizan ben os cambios de compás, si hai destreza, control e fluidez na lectura rítmica ou si hai unha correcta entoación e afinación cando só pode xulgar por unhas actas escritas?. Semella claro que o sistema de revisión establecido é pouco axeitado para probas que non consisten na mera revisión dun exercicio escrito. Para evitar que este mecanismo de garantía se traduza nunha regulamentación *pro forma* sería conveniente establecer outras vías, tales como a videogravación da proba ou mesmo a súa repetición perante o tribunal revisor.

Por todo o sinalado ata agora, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facerlle chegar a esa Consellería a seguinte **recomendación:**

Que tendo en conta os defectos de forma e de fondo, algúns con eficacia invalidante, que concorreron no procedemento de revisión da avaliación da proba de acceso ao grao profesional dos fillos da interesada, se considere a pertinencia de declarar a nulidade do procedemento e se lles permita realizar novamente a proba.

Por outra banda, formúlaselle a seguinte **suxestión:**

Que se considere a conveniencia de modificar o procedemento para a reclamación das cualificacións das probas de acceso, de xeito que se garanta unha

revisión efectiva dos exercicios, non baseada unicamente nas actas escritas do primeiro tribunal que xulgou a proba.

Resposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria: pendente de resposta.

1.5. AREA DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

1.5.1. INTRODUCIÓN

A normativa estatal e autonómica aplicada a esta área condicionou a presentación de queixas neste exercicio.

Se comparamos o número de queixas tramitadas no ano 2010 (160 en total) coas rexistradas no exercicio 2011 (129), observamos unha diferenza real de 31 queixas. A súa diminución produciuse fundamentalmente no sector eólico (18 queixas menos), como teremos ocasión de explicitar no correspondente apartado.

Efectuada esta consideración xeral e por razóns metodolóxicas, imos desagregar, neste informe, o marco xurídico de aplicación e situarémolo ao principio de cada sector para poder valorar a súa incidencia xeral na presentación das correspondentes queixas.

1.5.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN.

A actividade desenvolvida promoveu e condicionou a orixe ou a resolución das 129 queixas presentadas no ano 2011 co seguinte detalle:

Iniciadas	129	
Admitidas	73	57 %
Non Admitidas	55	42 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	1 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	62	85 %
En trámite	11	15 %

No relativo ás queixas presentadas en anos anteriores e pendentes de resolución nalgún momento de 2011, debemos declarar a súa inexistencia para este exercicio.

1.5.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Un estudo sistemático das 73 queixas tramitadas aconséllanos a súa distribución dentro dos sectores que integran a denominación desta área.

1.5.3.1.Industria

A aplicación da normativa vixente incidiu principalmente en dous sectores: o eléctrico e o de comunicacións electrónicas.

No concernente á subministración de enerxía eléctrica, o marco xurídico creado pola Lei 17/2007, de 4 de xullo, e polo Real decreto 1955/2000, de 1 de decembro, viuse incrementado cos Reais decretos 485/2009, de 3 de abril; 1011/2009, de 19 de xuño; 249/10, de 5 de marzo; e 1202/2010, de 24 de setembro. A eles hai que sumar a resolución de 26 de xuño de 2009 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se establece o custo de produción da enerxía eléctrica e as tarifas do último recurso aplicables a partir do segundo semestre de 2009, constituídas por un termo de potencia e un termo de enerxía, que foron actualizados en 2010 de conformidade co establecido na Disposición transitoria terceira da Orde de 22 de xuño de 2009. Todo iso sen esquecer o artigo 82 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostible, sobre o fomento do I+D+I no ámbito de enerxías renovables.

A este marco xurídico estatal hai que sumar a Lei autonómica 13/2011, de 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia.

Tamén hai importantes modificacións no sector das comunicacións electrónicas, de forma especial nas telefónicas. Aprobáronse normas estatais con proxección no ámbito competencial das comunidades autónomas, como son o Real decreto Lei 1/2009, de 23 de febreiro, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións -posteriormente convertido na Lei 7/2009, de 13 de xullo- e o Real decreto 899/2009, de 29 de maio. que aproba a carta de dereitos do usuario dos servizos de comunicacións electrónicas.

Actualmente declarouse en caducidade, por extinción da pasada lexislatura, o Anteproxecto da lei xeral de telecomunicacións, que tiña como obxectivo, entre outros, trasladar a España o chamado paquete Telecom, aprobado polo Parlamento Europeo hai pouco máis de dous anos.

Baixo a cobertura deste marco xurídico debemos dar resposta ás reclamacións presentadas en distintos sectores.

1.5.3.1.1. Subministración de enerxía eléctrica.

A prestación deste servizo ten evolucionado de forma significativa. En principio catalogouse como un servizo público condicionado por unha forte intervención administrativa. A partir das Leis 54/97, de 27 de novembro, e 17/2007, de 4 de xullo, configurouse como un servizo esencial e, na actualidade, e por adaptación da directiva comunitaria 2003/54/CEE, hai que definilo cunha nota máis: é un servizo de prestación universal.

De xeito simultáneo acentuouse o proceso de liberalización da subministración eléctrica. Nesta proxección hai que citar o Real decreto 485/2009, de 3 de abril, polo cal o subministración de enerxía eléctrica pode prestarse ben con tarifa de último recurso ben de forma totalmente libre, a través de empresas comercializadoras que, dentro dos clientes ou usuarios acolleitos á tarifa do último recurso, deben aplicar o denominado “bono social”

configurado por unha tarifa especial para rendas máis baixas e para os fogares con menos posibilidades económicas. O proceso de reconversión culmina coa resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética de 24 de maio de 2011 (BOE 128, de 30 de maio).

Esta profunda evolución do sector reflíctese na variedade de reclamacións atendidas, con causas diversas, o que nos obriga a fixar uns criterios de clasificación:

a) Instalación do tendido eléctrico, enganche e mantemento.

Os oito expedientes incluídos neste apartado teñen en común que as reclamacións se concentran nas empresas distribuidoras ás cales solicitan un cambio no trazado do tendido eléctrico de baixa ou unha elevación da súa altura para non prexudicar a propiedade sobre a que voa, así como a desconformidade cos orzamentos de enganche, os danos ocasionados en tarefas de limpeza e mantemento das liñas e a extinción dalgunha servidume de paso aéreo existente na leira da súa propiedade.

b) Continuidade e calidade do subministración de enerxía eléctrica.

Incluímos neste epígrafe nove expedientes e as súas causas concorrentes son reiterativas: carencia de subministración, interrupcións, caídas de tensión, diferenzas entre as empresas comercializadoras e distribuidoras ante a redución da potencia contratada.... Iso levou á administración autonómica a recordar, nalgúns supostos, ás empresas distribuidoras o necesario cumprimento do artigo 105.4 do Real decreto 1955/2000, de 1 de decembro, no que se establece a obrigación de reparar as deficiencias no prazo máximo de 6 meses.

c) Cambio de tarifa eléctrica e facturación mensual.

A disposición adicional sétima do Real decreto 157/2008, de 26 de setembro, establece que *a facturación das tarifas de subministración de enerxía eléctrica social e domésticas (ata 10 kw de potencia contratada) a partir do 1º de novembro de 2008 efectuarase pola empresa distribuidora mensualmente levándose a cabo con base na lectura bimestral dos equipos de medida instalados ao efecto.*

A aplicación desta norma xerou múltiples denuncias de asociacións de consumidores e usuarios sobre a estimación mensual do consumo da enerxía eléctrica, realizada polas empresas distribuidoras nas facturacións aos seus clientes domésticos e o seu regularización ao mes seguinte, cando se efectúa a lectura real do contador.

Ante esta situación, a Administración viuse obrigada a redactar informes puntuais respecto aos criterios aplicados polas diferentes empresas comercializadoras nas distintas comunidades autónomas tratando de corrixir algunha das irregularidades detectadas. Neste sentido destacamos o informe final da Comisión Nacional de Enerxía de 9 de xullo de 2009, cuxas conclusións se trasladan ás correspondentes comunidades autónomas. Pola súa incidencia na nosa, destacamos a conclusión quinta referida ás empresas Unión Fenosa e Iberdrola, estimando que elas, desde o primeiro momento ou ben posteriormente coa conseguinte regularización, aplicaron de forma correcta os criterios aprobados pola referenciada Comisión Nacional.

Cos antecedentes expostos, non resulta sorprendente a desconformidade denunciada contra a liquidación mensual do consumo eléctrico, que se reflicte nas corenta e catro queixas tramitadas ante esta institución, das cales trinta corresponden ao ano 2010 e catorce ao actual exercicio. A partir da súa motivación -global e compartida polos interesados- e tendo presente a insuficiente modificación operada pola citada resolución estatal de 24 de maio de 2011, o Valedor do Pobo considerou oportuno impulsar e apoiar as actuacións programadas pola Consellería de Economía e Industria, a través da queixa de oficio Q/838/11, en dúas direccións.

Respecto á Administración central estimou oportuno:

- Reiterar a convocatoria da Conferencia Sectorial de Consumo para debater en profundidade os cambios operados na tarifa de último recurso, na tarifa social e nas tarifas de discriminación horaria.

- Presentar recurso de alzada contra a resolución de 24 de maio de 2011 ao entender que non resolvía, na materia de lecturas estimadas de consumo, os inconvenientes derivados do actual sistema de facturación mensual.

- Acurtar o prazo establecido ata 1º de xaneiro de 2014 para poñer en funcionamento os contadores de luz dixitais. Nesa liña debería considerarse a oportunidade de incentivar ás compañías eléctricas para que a telexestión sexa unha realidade canto antes.

- Participar no Anteproxecto de lei, en trámite, para a adecuación da lexislación española ás directivas comunitarias de gas e electricidade, coa finalidade de mellorar a regulación relacionada cos dereitos do consumidor, incluíndo aspectos como a figura do subministración de último recurso, as funcións das oficinas de consumidores, a definición dos clientes vulnerables, a revisión normativa sobre o subministración e a implementación do contacto único para a tramitación das queixas dos usuarios.

Respecto á Administración autonómica galega -e por extensión ás asociacións de consumidores- decantábase por apoiar:

- O programa "Belenus" en canto permitiría unha información comprensible e actualizada sobre os cambios operados nas distintas tarifas eléctricas.

- A elaboración dun modelo de factura eléctrica comprensible para todos os consumidores.

- A programación de visitas de inspección ás empresas comercializadoras e distribuidoras da subministración eléctrica e, de ser o caso, a apertura de expedientes sancionadores.

- A formación e mellora das oficinas de atención ao consumidor.

- O control da publicidade comercial e a redución dos prazos para a formalización de cambios nos contratos de subministración coas compañías eléctricas, tendo presente que a Comisión Nacional de Enerxía apoia a fixación dun prazo non

superior a tres semanas para que resulte efectivo o cambio de subministrador de enerxía eléctrica.

Ante a proposta realizada polo Valedor, a Consellería de Economía e Industria deu resposta a cada unha das indicacións formuladas no seu escrito de 18 de outubro de 2011 (rexistro de saída nº 37332).

Ademais da queixa de oficio precitada, debemos destacar pola súa singularidade o expediente de queixa Q/1083/11, relativo ao reparto competencial establecido pola instrución da Consellería de Economía e Industria nº 1/2011, de 8 de abril, entre a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e o Instituto Galego de Consumo. Esta instrución determinou o procedemento para a atención das reclamacións correspondentes a facturacións erróneas ou deficientes de consumo eléctrico e aos cortes de subministración por falta de pagamento.

Ante a situación creada, o titular da referida queixa manifestou a súa desconformidade coa decisión de que a súa reclamación fose tramitada e resolta polo Servizo Provincial do Instituto Galego de Consumo de Pontevedra. Ao seu xuízo debería manterse esa atribución no *órgano competente en materia de enerxía da Comunidade Autónoma* de conformidade co establecido no artigo 98 do Real decreto 1955/2000, de 1 de decembro, precepto que reúne a condición de básico en virtude do establecido na disposición final primeira punto 1 da citada norma estatal.

O cambio de atribución operado pola referida instrución autonómica orixina un cambio na situación xurídica do interesado, xa que a decisión adoptada polo Instituto Galego de Consumo someteríase, previo consentimento das partes, a arbitraxe, sistema extraxudicial de resolución de conflitos entre consumidores e empresas comercializadoras e distribuidoras que, no suposto de non existir acordo, abocaríao ao exercicio de accións na orde xurisdicional civil. Por contraposición, de manterse a atribución nos órganos competentes en materia de enerxía, o procedemento aplicable sería o de réxime xurídico e do procedemento común das administracións públicas. A desconformidade exposta polo

interesado, a través do correspondente recurso de alzada, atópase pendente de resolución na Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria.

d) Enerxías renovables e outras.

Neste epígrafe recóllense tres reclamacións en relación coas instalacións fotovoltaicas e a exclusión de axudas por aplicación do Real decreto 1598/2008, de 26 de outubro. Como sinalabamos no apartado introdutorio causaron baixa, ao finalizar o ano 2010, as dezaoito reclamacións veciñais presentadas pola instalación do parque eólico de Vilamartiño-Cabanas, no Concello da Baña.

1.5.3.1.2. Comunicacións telefónicas e electrónicas.

A implantación e extensión estatal dos servizos telefónicos e electrónicos son a razón básica de que quince queixas non sexan admitidas. En todos estes casos recordouse a competencia atribuída ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Goberno Central polo Real decreto 899/2009, de 22 de maio, e que se instrumenta, de conformidade co artigo 27, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, División de atención ao usuario.

Nalgúns expedientes, esta Institución intentou conciliar o interese cidadán co defendido pola empresa, reenviando as súas peticións ao Servizo Provincial de Consumo como órgano de mediación nos asuntos relativos a portabilidade, facturas erróneas ou excesivas e deficiencias na atención ao usuario. Un exemplo clarificador deste comportamento constitúeo o expediente tramitado Q/1649/11.

1.5.3.2.Consumo

A entrada en vigor do Real decreto lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, -ás que se une a Lei 44/2006, de 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios-, contribuíu á creación dun marco xurídico

homoxéneo na tramitación das múltiples reclamacións formuladas polo consumidor. Marco este en constante revisión pola aprobación de directivas comunitarias en protección do consumidor que deberían terse recollido no proxecto de lei de servizos de atención ao cliente, publicado no boletín das Cortes de 10 de xuño de 2011. A expiración do mandato da anterior lexislatura e a convocatoria de eleccións xerais provocou a súa caducidade.

En todo caso aínda existen materias pendentes de clarificación. Un exemplo resulta ilustrativo. A reparación dos danos ocasionados ao usuario por un defecto na calidade da enerxía subministrada pode solicitarse á empresa distribuidora ben pola vía dun incumprimento do contrato de subministración enerxético, sometido ao disposto nos artigos 59 e seguintes da Lei 54/1997, de regulación do sector eléctrico, ou ben como produto defectuoso que permite utilizar a canle prevista na Lei 22/1994, de 16 de xullo sobre responsabilidade civil polos danos causados por produtos defectuosos, lei que foi derrogada e integrada no actual texto refundido da Lei xeral para defensa dos consumidores.

Efectuada esta consideración xeral agora concentramos a nosa atención nos 13 expedientes tramitados sobre a prestación de servizos ou a entrega de produtos demandados polo consumidor, de distinta natureza.

Destacan pola súa singularidade as reclamacións cursadas en materia de publicidade enganosa respecto da promoción de determinados artigos ou servizos (expedientes de queixa Q/392, 765 e 1616/11); polo atraso ou extravío na tramitación de escritos presentados nas oficinas municipais de consumo (expedientes de queixa Q/618, 642 e 1584/11), por incumprimento dos prazos de tramitación das xuntas arbitrais de consumo ou por notificacións incompletas dalgún laudo arbitral (expedientes de queixa Q/1351 e 1722/11).

Para rematar debemos destacar dentro deste epígrafe, pola súa importancia, os expedientes de queixa Q/387 e 1483/11 cuxos interesados suscitan o recoñecemento do dereito a comparecer nos procedementos sancionadores sumando á súa condición de denunciante a de interesado lexítimo para poder examinar e ter presenza efectiva no

procedemento sancionador. A resposta do Instituto Galego de Consumo a devandita petición foi denegatoria e a posición desta institución a de respecto á súa decisión, aínda que formulou unha reflexión sobre a devandita cuestión reflectindo un dos fundamentos xurídicos da sentenza do Tribunal Supremo de 10 de decembro de 2010 nos seguintes termos:

En abstracto non se podería afirmar a falta de lexitimación para solicitar a incoación dun expediente disciplinario sancionador por tales prácticas, xa que, como indicamos noutros supostos e a sentenza recorda acertadamente, no ámbito dos procedementos sancionadores non é posible dar normas de carácter xeral en relación coa lexitimación, senón que hai que atender ao exame de cada caso. Así, aínda que non existe lexitimación para pretender en abstracto a imposición dunha sanción e, polo tanto, para incoar un expediente sancionador, non pode excluírse que, en determinados asuntos, o solicitante poida resultar beneficiado nos seus dereitos ou intereses como consecuencia da apertura dun expediente sancionador (recoñecemento de danos, dereito a indemnizacións), o que lle outorgaría lexitimación para solicitar unha determinada actuación inspectora ou sancionadora.

1.5.3.3.Comercio.

O marco xurídico deste sector vén definido, principalmente, pola Lei 10/1988, de 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia (modificada pola Lei 7/2009, de 22 de decembro, nos seus capítulos IV, V e VI); a Lei 1/1996, de 5 de marzo de regulación das actividades feirais; a Lei 13/2006, de 27 de decembro de horarios comerciais de Galicia; a Lei estatal 1/2010, de 1 de marzo, de comercio minorista; e o Decreto 194/2001, de 26 de xullo, en materia de ordenación da venda ambulante.

Dentro deste ámbito e admitida a dificultade de deslindar entre aquelas reclamacións que afectan ao consumo daqueloutras que son propias do comercio, podemos incluír neste apartado nove expedientes sobre materias moi diversas, como son a adquisición dunha vivenda con deficiencia; a compra de mobiliario cun prezo abusivo, a adquisición e instalación dunha cociña familiar con incumprimento do contrato, a

instalación defectuosa dunha piscina, ou a minuta excesiva dun notario sobre a que se pronunciou o colexio provincial sinalando a obrigación de minorar o seu importe nun 25%.

Para rematar, e dada a súa singularidade, hai que destacar a presentación de tres reclamacións sobre incumprimento das normas reguladoras en materia de prevención de riscos laborais en establecementos comerciais, incumprimento que o interesado fai constar nos expedientes Q/1135, 1136 e 1137/11.

1.5.3.4.Turismo

A súa regulación xurídica foi actualizada pola Lei autonómica 7/2011, de 27 de outubro de Turismo de Galicia, para adaptala á realidade social do sector e á Directiva comunitaria 2006/123/CEE.

Neste período contabilizáronse catro expedientes, en tres dos cales solicitábanse as correspondentes indemnizacións por atraso ou cancelación de voos operados por distintas compañías aéreas. Destaca polo seu transcendencia a reclamación formulada a unha empresa aérea de baixo custo por negar o embarque a un usuario ao carecer ou non exhibir o correspondente documento nacional de identidade.

1.5.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE.

A motivación da inadmisión a trámite das cincuenta e cinco queixas incluídas nesta área atópase, na maioría dos supostos (35 queixas), por reclamarse en cuestións sometidas ao réxime xurídico privado; outras 15, ante a inexistencia dunha actuación administrativa previa e, xa que logo, non susceptible de supervisión; e cinco, sobre cuestións de carácter xeral que carecían dunha concreción que permitise a súa tramitación.

1.5.5. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

A lectura dos datos estatísticos expostos con anterioridade evidencian que só unha queixa tivo que remitirse ao Defensor del Pueblo, formulada pola Federación Galega de Asociacións de Fontanería, Calefacción e Afíns contra a aplicación e interpretación dun Real decreto en devandita materia (expediente Q/2649/11).

1.5.6. OBSERVACIÓNS

Como consecuencia das actuacións practicadas nesta área parécenos oportuno someter a consideración xeral dúas observacións.

A primeira alerta sobre a deficiente coordinación existente entre as empresas comercializadoras e distribuidoras de enerxía eléctrica. En moitos casos, a resolución das reclamacións formuladas polos usuarios ante a Administración autonómica demórase porque a solicitude de información demandada ás empresas eléctricas tarda en remitirse.

A normativa vixente determina o prazo no cal as empresas distribuidoras deben atender a petición das comercializadoras, pero non existe unha disposición precisa sobre o prazo que dispón unha comercializadora para trasladar a solicitude do usuario á compañía distribuidora, como se pon de manifesto ao contrastar as seguintes disposicións xerais:

- O Real decreto 1435/2002, de 27 de decembro, regulador das condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso a redes en baixa tensión, dispón no seu artigo 8.1 que *os distribuidores deberán contestar ás solicitudes de modificación da forma de contratación dos consumidores que opten por contratar directamente o acceso ás redes co distribuidor e ás peticións das comercializadoras que actúen como mandatarios ou substitutos dos consumidores que opten por contratar a enerxía e o acceso ás redes a través de devandito comercializador, relativas aos procedementos que se detallan no parágrafo seguinte, nun prazo de cinco días hábiles, comunicándolles se procede atender a devanditas solicitudes, ou se existen obxeccións que impidan a súa realización.*

- Pola súa banda o Real decreto 1164/2001, de 26 de outubro, relativo ao establecemento de tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, dispón no seu artigo 5.1 *a lectura e, no seu caso, instalación dos equipos de medida necesarios para a facturación das tarifas de acceso, así como da enerxía que haxa que liquidarse no mercado de produción, será responsabilidade dos distribuidores. O prazo de instalación e precintado dos devanditos equipos será de quince días a contar desde a data en que o consumidor, ou o seu mandatario, comunique á empresa distribuidora, que dispón do equipo, ou de ser o caso, que opta por alugalo á empresa distribuidora...*

- En vista do exposto hai que entender que a distribuidora ten un prazo de vinte días para atender as solicitudes da comercializadora e realizar as actuacións necesarias.

A segunda móvenos a suscitar a conveniencia dunha urxente tramitación do novo proxecto de lei de consumidores de Galicia, cuxa exposición de motivos xustifica a necesidade de recoller unha serie de melloras en relación coa problemática dos consumidores co sector de enerxía eléctrica. Entre elas destacamos as seguintes:

- O dereito do consumidor a ter unha información completa e comprensible sobre o custo do servizo de consumo de enerxía eléctrica.

- A obrigación das compañías eléctricas, nos supostos de cortes ou suspensión do subministración eléctrico, de prestar un servizo de atención e información ao consumidor no prazo máximo de dúas horas.

-A instalación e posta en funcionamento de oficinas físicas para atención das reclamacións dos usuarios en materia eléctrica.

- A obrigación do empresario de responder ás reclamacións dos consumidores no prazo máximo dun mes.

1.5.7. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO.

1. Recomendación de 29 de decembro de 2011, dirixida á presidenta do Instituto Galego de Consumo, para a resolución, expresa e motivada, dun recurso de alzada pendente. (Q/1483/11)

Acusámoslle a recepción do seu escrito en relación co expediente de queixa 1483/11.

Así mesmo, tomamos coñecemento do informe emitido polo Servizo Técnico Xurídico da Consellería o 28 de novembro de 2011 non que non se recoñece a D. G.A.R. a condición de interesado nos procedementos sancionadores números 32013/11 e 32014/11.

O resultado da investigación practicada pon de manifesto a existencia dunha clara contradición. Para o reclamante, á súa condición de denunciante debe sumarse á de interesado nos procedementos sancionadores incoados. Para o organismo autonómico, do expediente tramitado non se deduce que ao denunciante se lle deba recoñecer a condición de interesado.

Chegados a este punto, debemos recordar que á institución do Valedor do Pobo non lle compete dirimir sobre o dereito lesionado e o seu recoñecemento. Pero si lle corresponde, no exercicio da función de supervisión da actuación administrativa pública sometida á súa consideración, formular -neste caso concreto e á vista do expediente tramitado- unha reflexión e unha recomendación.

A reflexión diríxese á Administración autonómica recollendo a fundamentación sentada polo Tribunal Supremo na súa sentenza de 10 de decembro de 2010:

en abstracto, non se podería afirmar a falta de lexitimación para solicitar a incoación dun expediente disciplinario sancionador por tales prácticas, xa que como

indicamos noutros supostos e a Sentenza recorda acertadamente, no ámbito dos procedementos sancionadores non é posible dar normas de carácter xeral en relación coa lexitimación, senón que hai que atender ao exame de cada caso. Así, aínda que non existe lexitimación para pretender en abstracto a imposición dunha sanción e, xa que logo, para incoar un expediente sancionador, non pode excluírse que en determinados asuntos o solicitante poida resultar beneficiado nos seus dereitos ou intereses como consecuencia da apertura dun expediente sancionador (recoñecemento de danos, dereito a indemnizacións), o que lle outorgaría lexitimación para solicitar unha determinada actuación inspectora ou sancionadora

E a **recomendación** instruméntase, ao amparo do artigo 32.1, nos seguintes termos:

O Sr. Á.R., o día 29 de abril de 2011, recibiu na súa condición de denunciante unha resolución do Servizo Provincial de Consumo de Ourense na que se lle comunicaba a apertura dos procedementos sancionadores números 32013/11 e 32014/11 contra as empresas SAMSUNG ELECTRONIC IBERIA S.A. e contra o Grupo Comercial Galego, S.A. (ACTIVA).

En data posterior, 23 de maio, solicitou o seu recoñecemento como interesado nos citados procedementos, carácter que lle foi denegado por resolución do Servizo Provincial de Consumo de Ourense do 13 de xuño.

Contra a devandita resolución formulou recurso de alzada ante a Consellería de Economía e Industria o día 4 de xullo de 2011, sen que se teña ditado unha resolución expresa e motivada -favorable ou non- con ofrecemento dos recursos procedentes.

Polo exposto, constátase o incumprimento do prazo de tres meses establecido no artigo 115.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, feito xurídico que nos obriga a exercer a función de velar para que a Administración resolva, no tempo e na forma que corresponda, o citado recurso de alzada (artigo 20 da Lei 6/84, de 5 de xuño).

En consecuencia, recoméndase á Consellería de Economía e Industria que impulse a tramitación necesaria para que se dite e notifique unha resolución expresa e motivada sobre a pretensión do interesado, con ofrecemento dos recursos procedentes, á maior urxencia posible.

Resposta do Instituto Galego de Consumo: pendente.

1.6. ÁREA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA

1.6.1. INTRODUCIÓN

Durante o ano 2011 recibimos 70 queixas relacionadas coas materias incluídas neste epígrafe.

Por razón do seu contido a maioría das queixas (61) afectan á problemática que presenta a actividade agrícola e gandeira, así como a forestal, competencia da Consellería do Medio Rural. As restantes queixas (9) están relacionadas coas actividades propias da pesca marítima e o marisqueo, que entran no ámbito de competencias da Consellería do Mar.

Seguindo este criterio de clasificación, imos distinguir na exposición das queixas entre as relativas á agricultura e montes e as vinculadas á actividade pesqueira e acuícola, en atención ás competencias atribuídas a cada unha das citadas consellerías.

1.6.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN.

O estado de tramitación das queixas recibidas é o seguinte:

Iniciadas	70	
Admitidas	65	93 %
Non Admitidas	4	6 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	1 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	57	88%
En trámite	8	12%

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Año de presentación	En trámite a 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite a 31-12-2011
2009	1	0	1	1	0
2010	5	4	9	6	3

1.6.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.6.3.1.Agricultura e montes

O marco xurídico que habemos ter en conta para a tramitación das queixas desta sección foi o seguinte:

- Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei anterior.

- É de aplicación supletoria a Lei estatal de reforma e desenvolvemento agrario, aprobada por Decreto de 12 de xaneiro de 1973, e disposicións complementarias.

- Lei 4/1997, de 25 de xuño, de caza de Galicia.

- Lei 7/1992, de 24 de xullo, de pesca fluvial.

- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

- Lei 6/2011, de 13 de outubro, de mobilidade de terras.

Para unha máis comprensible exposición das queixas imos distinguir os apartados seguintes:

a) Concentración parcelaria.

O exame das queixas tramitadas verifica que as discrepancias derivadas dos procesos de concentración parcelaria teñen a súa orixe en causas moi variadas:

- A excesiva duración do proceso de tramitación e conclusión da concentración parcelaria; a incorrecta clasificación dalgunhas leiras de substitución; a falta de títulos de propiedade dentro dos prazos establecidos e a insuficiencia de delimitación e amolloamento das leiras entregadas. En catro queixas aléganse os motivos apuntados.

- A deficiente execución dalgúns camiños da rede viaria, a omisión doutros necesarios e programados, a falta de camiño ou as dificultades de acceso a algunhas leiras, foron o obxecto primordial en cinco queixas tramitadas.

Dos informes facilitados pola Administración evidénciase a excesiva duración dos procesos de concentración dalgunhas zonas, circunstancia que afecta ao dereito constitucional á propiedade privada recoñecido no artigo 33.1 da Constitución Española; e tamén vulnera os principios de legalidade e eficacia na actuación da Administración pública, consagrados nos artigos 9 e 103.1 do texto constitucional. Un exemplo resulta ilustrativo. No expediente Q/1697/11 verificase que na zona de concentración parcelaria de Fanoi, do Concello de Abadín, o decreto de declaración pública de concentración parcelaria aprobouse o 19 de febreiro de 1993 e o proxecto de concentración o 22 de xuño

de 1998. Desde esa data, os traballos estiveron paralizados ata o 26 de marzo de 2007, e no día de hoxe existen vinte e cinco recursos pendentes de resolución, que representan o 7,5 % dos propietarios da zona. En resumo, esta concentración, iniciada en 1993, aínda non finalizou, tendo pendente de conciliar os intereses de 300 propietarios afectados pola súa tramitación inacabada.

b) Montes veciñais.

Tramitáronse cinco queixas no exercicio. Unha afectaba ao funcionamento do rexistro de montes veciñais en man común, tres recollían unha serie de suxestións que os interesados propoñen incorporar ao proceso de elaboración do anteproxecto de lei de montes, e o último solicita a modificación do consorcio de Monte Parada, no Concello da Gudiña.

c) Aproveitamentos cinexéticos e gando solto

Dos tres expedientes tramitados, dous afectan ao exercicio da caza nun TECOR e o último recolle as medidas que se deben adoptar respecto ao gando solto. A problemática deste gando reflíctese na queixa Q/485/11, que moveu a esta institución a poñer de manifesto ante a Consellería do Medio Rural, os seguintes feitos:

- As perdas que sofren os agricultores nas súas colleitas pola invasión de animais soltos nas leiras e montes contiguos.

- Os accidentes de circulación viaria, con danos non só materiais nos vehículos, senón tamén lesións corporais para os condutores e peóns das vías públicas.

- A carencia de medios persoais e materiais dos Concellos para a adopción de medidas de prevención ou corrección que limiten o libre tránsito dos animais entre montes veciñais, algúns deles pertencentes a provincias limítrofes. Un feito real é a situación na que se atopa o gando sen dono existente na Serra do Suido e que afecta a 12 Concellos das provincias de Ourense e Pontevedra.

- A antigüidade do regulamento da administración e réxime das reses sen dono, de 14 de abril de 1905, que -como é lóxico- non recolle as competencias actuais dos poderes públicos da comunidade Autónoma nesta materia.

Os feitos relacionados e a normativa comunitaria e estatal vixente, dispersa nesta materia, suscitan a necesidade de buscar unha solución a un conxunto de cuestións pendentes dunha nova regulación:

- O obxecto e a definición de animais en réxime de liberdade.

- O procedemento de recollida, mantemento e adxudicación dos animais libres.

- A actuación das autoridades responsables e a súa coordinación.

- Documento de identificación e organismos emisores.

- E para rematar, normas para a compensación dos gastos realizados polo seu mantemento e para a indemnización dos danos causados polos animais soltos ou abandonados.

Como conclusión deste expediente de queixa formulouse a correspondente suxestión á Consellería do Medio Rural, que se comprometeu a incorporar determinadas actuacións referentes ao gando solto na futura lei de montes.

d) Outras cuestións relacionadas coa actividade forestal, agrícola e gandeira.

Dentro deste apartado incluímos os restantes expedientes desta área. As causas determinantes son variadas:

- Unha gran maioría dos expedientes recollen a solicitude de axudas con finalidades distintas: a incorporación de mozas á agricultura, axudas con cargo ao

FOGGA, e reiterados expedientes de desenvolvemento rural para a utilización sostible de terras agrícolas.

- Noutros once expedientes denunciábase a existencia de plantacións forestais sen gardar as distancias establecidas respecto das leiras estremeiras, a falta de limpeza de leiras e montes co conseguinte risco de incendio forestal, ou o cambio de destino nalgunhas explotacións.

- Para rematar, debemos destacar que se atopa pendente desde o exercicio anterior a resolución dun recurso de alzada en relación coa baixa dun viticultor no rexistro oficial de denominacións de orixe.

1.6.3.2.Pesca e acuicultura

As competencias da Comunidade Autónoma en materia de pesca en augas interiores e de marisqueo e acuicultura (artigos 148.1.11º da Constitución Española e 27.15 do Estatuto de Autonomía) están residenciadas na Consellería do Mar. A lexislación autonómica reguladora da pesca marítima foi refundida na Lei 11/2008, de 3 de decembro, a cal foi modificada no ano 2009 pola Lei 1/2009, de 15 de xuño, que altera a entrada en vigor da súa disposición final cuarta, e pola Lei 6/2009, de 11 de decembro, que a través de 98 artigos modifica de forma extensa a precedente Lei 11/2008.

Dentro deste sector tramitáronse nove expedientes. O número en principio non minimiza a importancia do contido dalgunhas queixas. En tres delas abórdase a problemática das zonas de produción marisqueira catalogadas como C na Ría de Ferrol, as actuacións convidas coas confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre para a recuperación de ría e as programadas para a elaboración dun futuro plan de dinamización da referida ría (expedientes de queixa Q/1918, 2155 e 2166/11).

Para rematar hai que subliñar a importancia a queixa Q/1433/11, en trámite e non conclusa. Nela examínanse as consecuencias da aplicación da Orde da Consellería do Mar de 15 de xullo de 2011 no concernente á denegación do permiso de explotación para o marisqueo a pé (PERMEX) a aquelas mariscadoras que cumpren 65 anos de idade e que

deben cesar na actividade. Así mesmo, a necesidade de renovar a Orde de 10 de novembro de 2011, que permita a obtención dunha axuda para seguir cotizando ata cumprir os 15 anos, período que debe alcanzarse para causar a pensión mínima establecida.

1.6.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Catro queixas non foron admitidas a trámite. As causas da non admisión foron a falta dunha actuación administrativa previa que poida ser sometida a fiscalización, a formulación de cuestións de orde xurisdicional e outras cuestións sobre as que esta institución carece de competencia territorial ou material.

1.6.5. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Neste ano remitiuse unha queixa ao Defensor del Pueblo, relativa á desaparición dun mariñeiro en augas próximas ao Senegal.

1.6.6. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE AGRICULTURA, MONTES E PESCA

1. Suxestión de 24 de febreiro de 2011, dirixida á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural, para a resolución dun recurso de alzada pendente. (Q/2318 e 2319/10)

O día 1 de febreiro, acusámoslle a recepción do seu informe do 13 de xaneiro en relación cos expedientes de queixa acumulados números 2318 e 2319/10.

Deseguido comunicouse ao interesado para que formulase as súas alegacións respecto ao seu contido, en cumprimento do disposto nos artigos 79 e 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O interesado presentou as correspondentes alegacións o 15 de febreiro (rexistro de entrada nº 786) que se remitiron para a súa integración no expediente que figura nas dependencias ao seu cargo.

Tendo en conta o contido da reclamación rexistrada o 1 de decembro, esta institución formula a seguinte **suxestión**:

A Administración autonómica debe impulsar a instrución do procedemento, instado polo interesado, e ditar resolución expresa e motivada, de conformidade co disposto no artigo 42.2 e con ofrecemento dos recursos administrativos procedentes do Título VII, Capítulo II da referenciada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Resposta do director xeral de Produción Agropecuaria: pendente de efectividade.

2. Suxestión de 16 de maio de 2011, dirixida á Consellería do Medio Rural, para regulación de gando ceibe (Q/485/11).

A tramitación de sucesivos expedientes de queixa sobre os danos ocasionados polo gando sen dono, ponnos de manifesto os seguintes feitos:

- As perdas que sofren os nosos agricultores nas súas colleitas pola invasión de animais soltos nas súas leiras.

- Os accidentes de circulación viaria, con danos non só materiais aos vehículos, senón tamén lesións corporais para os condutores e acompañantes polo seu tránsito polas vías públicas.

- A carencia de medios persoais e materiais dos Concellos para a adopción de medidas de prevención ou corrección que limiten o libre movemento dos animais entre concellos, algúns deles pertencentes a provincias limítrofes. Un feito real é a situación na que se atopa o gando sen dono existente na Serra do Suído, afectando a doce concellos das provincias de Ourense e Pontevedra.

- A antigüidade do "*Reglamento para la administración y régimen de las reses mostrencas"*, de 24 de abril de 1905 que non reflicte as competencias actuais na materia dos poderes públicos da Comunidade Autónoma.

Invocar o citado Regulamento de 24 de abril de 1905 -como fai a Xefatura territorial da Consellería do Medio Rural no seu escrito de saída nº 1392 e data 1 de febreiro de 2011- para lembrar aos concellos as obrigas que teñen atribuídas respecto aos animais soltos ou abandonados, pon de manifesto a necesidade de refundir e actualizar a normativa vixente e dispersa nesta materia.

Dentro desta normativa hai que salientar:

- A Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade e o seu regulamento de 2 de abril de 1998.

- O Regulamento comunitario nº 504/2008, de 6 de xuño, sobre os métodos de identificación dos équidos.

- E as normas de transposición do regulamento comunitario ao dereito nacional a través do Decreto da Xunta de Galicia nº 968/08, de 13 de novembro, e Real Decreto nº 1515/2009, de 2 de outubro

Un estudo normal do sector lévanos a sinalar as cuestións pendentes dunha nova regulación:

- O obxecto e maila definición de animais en réxime de liberdade.

Para o regulamento de 1905, as reses *mostrencas* son cabezas de gando sen dono coñecido ou aquelas outras que chegan ás feiras e mercados sen a documentación acreditativa do seu dono. Por extensión, para o artigo 2.3 da Lei autonómica 1/1993, son animais abandonados os que circulan libremente, aínda que estean provistos da correspondente identificación, se no prazo de vinte días desde a súa captura non son reclamados por alguén que acredite a súa relación posesoria.

- O procedemento de recollida, mantemento e adxudicación dos animais indicados.

No Regulamento de 1905, ao longo dos artigos 6 a 16, establécese todo o procedemento administrativo existente e compartido entre o concello, a asociación de gandeiros e o Goberno civil. En troques e limitado aos animais abandonados, os artigos 11, 12 da Lei autonómica 1/1993 e o Capítulo VIII do seu regulamento, dedican normas sobre as autoridades responsables e o procedemento establecido para a súa recollida, atención e destino.

- Actuación das autoridades responsables.

Resulta necesario establecer uns protocolos de actuación que desenvolvan os cometidos atribuídos aos concellos e á Administración autonómica, asumindo o Consello

Galego de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en cativiade as funcións de estudo e asesoramento nesta materia.

- Documentos de identificación e organismos emisores.

Deben terse en conta as excepcións recollidas no Regulamento comunitario de 6 de xuño de 2008, respecto aos équidos, e estendelas a outras cabezas de gando que viven nos montes veciñais ou en espazos naturais protexidos.

- Normas para a compensación dos gastos realizados e para a indemnización dos danos ocasionados polos animais soltos ou abandonados.

As normas contidas nos artigo 19 a 25 do Regulamento de 1905 son, de xeito notorio, obsoletas debendo fixarse unhas normas actuais que teñan en conta o reparto de obrigas e normas de colaboración entre os concellos e a Administración autonómica.

Polo motivado e no exercicio da facultade atribuída polo artigo 30 da Lei autonómica 6/84, de 5 de xuño, formúlase a seguinte **suxestión**:

O órgano competente da Xunta de Galicia debe considerar a oportunidade de iniciar a tramitación dunha disposición xeral sobre a organización e réxime xurídico das reses sen dono e dos animais soltos ou abandonados, articulando nesta materia as competencias existentes entre a Administración autonómica e a local e desenvolvendo o principio de coordinación establecido no artigo 205 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia"

Resposta do Conselleiro do Medio Rural: aceptación parcial.

3. Recordatorio de deberes legais de 20 de xuño de 2011, dirixido ao alcalde-presidente do Concello de Padrón, para a limpeza de solar e execución de obras de urbanización pendentes. (Q/2072/10)

Acusámoslle a recepción do seu escrito de 10 de xuño (rexistro de saída nº 2561).

Tomado coñecemento do seu informe e examinada a documentación achegada resulta abraiante:

- Que o informe xurídico sobre as alegacións formuladas por don J.B.C.D. o 11/10/2010 -en relación co decreto da alcaldía de 23/09/2010 ordenando a limpeza e acondicionamento do seu terreo- no día de hoxe aínda está pendente, incumpríndose todos os prazos legais establecidos tanto para a súa emisión como para a conclusión do expediente administrativo incoado (artigo 83 en concordancia co artigo 42.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) *(Documento nº 1).*

- Que o edificio situado na rúa …, promovido por C.J.B.C., S.L., estea habitado e dotados dos servizos urbanísticos necesarios cando no expediente non figura nin o certificado final de obra nin ten concedida a licenza de primeira ocupación (artigos 194.2 e 3 e 195.6 da Lei autonómica 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural *(Documento nº 2).*

Polo motivado, disponse requirir ao Concello de Padrón para que no prazo máximo de tres meses e ao abeiro do artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, proceda a dar cumprimento aos seguintes **deberes legais**:

- *Resolver de xeito expreso o expediente de limpeza do terreo situado na rúa …, aplicando o disposto nos artigos 9.1.b) e 199.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural.*

- *Finalizar o expediente de outorgamento de licenza urbanística do edifico promovido por C.J.B.C., S.L. velando polo cumprimento do disposto no artigo 194 e 197 da referenciada Lei autonómica.*

Requirir á empresa promotora da edificación e propietaria do chan a realización das obras de urbanización pendentes de execución e a cesión do vial urbanizado ao Concello de Padrón, en cumprimento do disposto no artigo 19 da Lei autonómica 9/2002, de 30 de decembro, xa referenciada.

Resposta do alcalde de Padrón: pendente de efectividade.

1.7. ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS

1.7.1. INTRODUCIÓN

1.7.1.1. As carencias na aplicación da Lei de Dependencia.

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (LD), conforma dereitos subxectivos para quen precise para a súa atención de determinados servizos ou, excepcionalmente, de prestacións económicas. Así, as persoas recoñecidas formalmente como *dependentes terán dereito, con independencia do lugar do territorio do Estado español onde residan, a acceder, en condicións de igualdade, ás prestacións e servizos previstos nesta Lei, nos termos establecidos nesta* (art. 4.1 LD). A universalidade, principio proclamado no artigo 3.1 b) LD, implica que todos os cidadáns en situación de dependencia poderán acceder aos servizos e prestacións descritos na norma, sexa cal sexa a súa idade, a súa situación familiar, os seus recursos económicos e a causa da súa dependencia, e a resolución de recoñecemento da situación de dependencia *determinará os servizos ou prestacións que corresponden ao solicitante segundo o grao e nivel de dependencia* (art. 28.3 LD).

Con todo, xa desde a entrada en vigor da LD observáronse numerosas e graves disfuncións, sobre todo importantes atrasos nos procedementos e, polo tanto, na atención debida. Nos Informes ao Parlamento de Galicia de 2008, 2009 e 2010 dedicamos a nosa atención aos problemas de aplicación da LD en Galicia e concluímos que se daban abundantes incumprimentos que traían como consecuencia que os dereitos recoñecidos nesta Lei non resultasen efectivos para moitos cidadáns. Pois ben, este ano observamos unha situación similar debido a que os atrasos continúan e nalgúns casos resultan aínda máis prolongados. A maioría das reclamacións da área de servizos sociais, que este ano aumentaron considerablemente (507, fronte ás 210 do pasado ano -aínda que, en realidade, son 245, se temos en conta que 262 teñen un mesmo contido), seguen versando sobre a falta de cumprimento das previsións da LD (171 queixas), sobre todo polos abundantes atrasos que afectan aos dependentes severos e moderados, pero tamén a non poucos grandes dependentes, como comprobamos a través das queixas.

Tampouco se ten solucionado a falta de pago de atrasos en caso de falecemento do dependente despois do vencemento dos longos prazos que a administración ten para resolver, isto é, pola responsabilidade xerada por ese atraso. A iso únese a falta de pagamento dos atrasos aos herdeiros dos dependentes que recibiron os programas de axudas antes de que estes falecesen, ou atraso máis que considerable dos pagos, no caso de que se dean finalmente. Isto sucede malia que a débeda xa se recoñeceu, posto que se trata de realizar o pago dun procedemento xa finalizado no momento do falecemento do dependente, polo que a débeda recoñecida pasou a formar parte do seu patrimonio e debe ser aboada aos seus herdeiros.

Como aspecto positivo, consolidouse a preferencia no outorgamento de servizos, en detrimento das prestacións económicas que eran comúns antes, sobre todo a que ten por obxecto pagar por coidados no contorno familiar. Este ano a administración confirmou o seu cambio de criterio, e na liña iniciada o pasado ano, segue outorgando servizos de forma preferente, de acordo coa previsión do Decreto 15/2010 (art. 5.2) e da LD (art. 14), que preceptúan que as prestacións económicas serán excepcionais. Con todo, esta necesidade legal e lóxica no sistema de atención que se intenta implantar choca coa realidade dun déficit de prazas en centros residenciais, centros de día ou noite, servizos de axuda no fogar (SAF), ou noutros servizos, o que xera unha lista de espera, o chamado programa de asignación de recursos, que ademais se xestiona cun criterio cuestionable, como veremos. A falta dalgúns servizos ou a súa necesidade de mellora afecta especialmente a colectivos con necesidades específicas e amplamente xustificadas, como autistas, persoas con síndrome de Down, parálise cerebral, enfermos de Alzheimer, grandes dependentes, etc.

Outro aspecto negativo que vimos observando é a retirada de axudas de institucións de asistencia social, especialmente no caso da ONCE, circunstancia que podería estenderse a outras. É certo que, tal e como di a Consellería de Traballo e Benestar (CTB), a administración non pode evitar esa forma de actuar da ONCE debido á súa condición privada; con todo, desde que coñecemos esta realidade procuramos que a consellería poña todo o empeño en evitar esa perda de capital social, que afecta a persoas con graves discapacidades intelectuais e deficiencias de visión, a quen se retirou a axuda complementaria que viña prestando a organización. A consellería debe evitar, polo menos

a forma na que ese recorte se pretende xustificar ante os afiliados da ONCE; esta envíalles unha comunicación sinalando que agora debe ser a consellería a que se faga cargo de todos os pagos do servizo, algo que resulta inexacto, polo que é necesaria unha rectificación formal, cousa que ata agora a consellería non ten comunicado que fixese a ONCE.

Como xa resaltamos noutros anos, a política de implantación progresiva da LD require dun enorme esforzo presupuestario, polo que a profunda e prolongada crise económica que padecemos resulta un factor clave para entender as vicisitudes da súa aplicación en España e, en particular, en Galicia. A iso únese un complexo sistema de reparto concorrente de responsabilidades materiais e sobre todo financeiras entre as diferentes administracións. A Comunidade Autónoma alega con frecuencia que a principal causa dos atrasos e faltas de atención é o deficiente sistema de financiamento establecido; *se o Estado asumise a súa obrigación de financiamento do 50 % poderiamos prestar atención a todos os solicitantes pendentes de atención*, sinala. Pero, pola súa banda, o Estado argumentou o contrario, isto é, que contribúe máis que a Comunidade Autónoma. Sexa dun xeito ou doutro, o certo é que as discrepancias económicas ou de financiamento non poden servir de escusa para o cumprimento estrito da Lei, que, como vimos, crea dereitos subxectivos en favor dos dependentes, que deben recibir de forma preceptiva e sen excepción os servizos previstos.

Outro problema que observamos e que afecta de forma considerable aos dependentes en espera dun servizo é a inadecuada xestión que se fai da lista de espera, ou, por mellor dicir, a falta de incorporación a esta despois de que a proposta de PIA indicase como adecuado un determinado servizo para o que nese momento non hai praza, o que, de acordo coa normativa, debería implicar a inclusión no chamado *programa de asignación de recursos* ou lista de espera. O que se fai en moitos casos é deixar o expediente sen resolver, privando con iso ao dependente da posibilidade de pedir a prestación económica alternativa para a adquisición do mesmo servizo, un dereito previsto polo Decreto 15/2010.

Xunto coa concesión de máis prestacións económicas que servizos que antes se practicaba, algo corrixido, pero que fai que aínda permaneza un prexudicial desequilibrio a favor das prestacións económicas, outro dos problemas fundamentais que se observa no

sistema de atención á dependencia é a súa considerable burocratización, algo que vén imposto polo seu actual réxime legal. A atención aos dependentes debería ser tratada dunha forma moito máis dinámica, como un servizo público precisado de maior axilidade e dinamismo, con avaliacións rápidas e o establecemento de servizos tamén de forma case inmediata, tal e como requiren as necesidades dos dependentes, que resultan extraordinariamente cambiantes tanto en canto ao seu nivel de dependencia como no que se refire ás súas necesidades de atención. O actual sistema atópase moi desaxustado respecto das necesidades das persoas que precisan coidados dunha forma perentoria (enfermos graves, con empeoramentos rápidos), polo que se fai preciso un cambio no sistema e sobre todo, na forma de valoralos e atendelos, posto que o actual só parece ter iniciado o camiño, pero demostrouse deficiente para atender de forma adecuada as necesidades da maioría das persoas dependentes.

En relación con diferentes problemas na aplicación da LD pronunciámonos todos os Defensores do Pobo de España a través das conclusións das XXVI *Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo* celebradas este ano en Cartagena (Murcia), e nas que, entre outras cousas, se concluíu que as diferenzas na interpretación e aplicación da LD entre as diversas comunidades autónomas determinan a necesidade de que o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia estableza criterios comúns no cumprimento dos prazos para o recoñecemento dos servizos e prestacións, a compatibilidade entre eles, o réxime de retroactividade e o tratamento de expedientes de persoas falecidas, que deben ser resoltos de modo expreso, aspectos todos eles que tanto en Galicia como noutras comunidades están dando lugar a numerosas reclamacións fundadas.

Na liña de restriccións na configuración orixinal da LD que iniciou o Real decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público (art. 5), agora o Real decreto-lei 20/2011 establece unha moratoria na aplicación da LD para os dependentes moderados, ao sinalar na súa disposición final 14 que a efectividade do dereito ás prestacións de dependencia se producirá "a partir do 1 de xaneiro de 2013 ao resto de quen sexa valorado no grao I de dependencia moderada, nivel 2" (os valorados antes dese xeito deberían ser atendidos antes

do final de 2011), “e a partir do 1 de xaneiro de 2014 os quen sexan valorados no grao I de dependencia moderada, nivel 1”.

1.7.1.2. Outros problemas observados en materia de asuntos sociais.

Este ano destacou a presentación de 262 queixas -co mesmo contido- polos recortes que afectaron ás políticas autonómicas de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria, en concreto pola aprobación de dúas ordes que modifican as anteriores nas que se establecían axudas por contías que finalmente se reduciron.

Tamén destacou a necesidade de intervir ante determinadas administracións para que se respectasen as reservas de prazas para discapacitados nas ofertas públicas de emprego, especialmente no caso da Deputación Provincial de Ourense, que só se comprometeu a facelo no futuro, sen recoñecer a súa mala praxe pasada; e para que se respectase a reserva específica para discapacitados intelectuais, o que trasladamos á Administración galega. A normativa estatal resulta aplicable neste último caso, polo que xa existe unha quenda de reserva de prazas para persoas afectadas por discapacidade intelectual (art. 59 da Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público, reformado pola Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade) e reservarase un 2 % das ofertas de emprego público. Á marxe desta actual necesidade, que afecta a todas as administracións, a Consellería de Facenda comprometeuse a través das súas respostas á institución a incluír esa específica reserva na futura lei de emprego público de Galicia.

Continúan os importantes atrasos observados no tratamento das valoracións de discapacidade que xa apreciamos e criticamos en anteriores anos; seguen sendo moi considerables e obsérvanse en case todas as queixas recibidas por iso.

Como outros anos, recibíronse queixas por atrasos nas tramitacións de axudas de urxencia social e rendas de integración social, aínda que na maior parte dos casos tratábase de problemas pola non achega da documentación que xustifique a súa concesión; por problemas de accesibilidade a edificios ou medios de transporte; ou polo funcionamento do

servizo público de transporte adaptado 065, que segue tendo aspectos que precisan de mellora.

1.7.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas correspondentes á área de servizos sociais no ano 2011 foi de 507, ás que se deu o curso que se describe a continuación:

Iniciadas	507	
Admitidas	498	98 %
Non Admitidas	9	2 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	0	---

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	464	93 %
En trámite	34	7 %

No relativo ás queixas presentadas en anos anteriores e pendentes de resolución nalgún momento de 2011, a situación actual é a seguinte:

Ano de presentación	En trámite a 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite a 31-12-2011
2009	2	3	5	5	0
2010	84	0	84	83	1

1.7.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE.

1.7.3.1. Os atrasos na atención dos dependentes.

Como en anos anteriores, a circunstancia máis significativa das observadas en materia de dependencia son os numerosos e importantes atrasos dos expedientes, o que provoca que non se preste a atención debida aos afectados. En moitos casos a resolución final non se aprobou logo de transcorridos anos desde a solicitude, como se puido apreciar nas numeras recomendacións formuladas no presente exercicio á CTB por este motivo. Este ano chegamos a formular ata 118 recomendacións en materia de servizos sociais, a maioría dirixidas á CTB por cuestións relacionadas coas carencias comprobadas na aplicación da LD.

A maioría dos atrasos e os de maior duración afectan a dependencias severas ou moderadas, pero aprécianse tamén en casos de grandes dependentes, malia que estes teñen preferencia (art. 3. q LD); por carencias no tratamento de procedementos de grandes dependentes formulamos á CTB un total de 41 recomendacións, e por problemas que afectan a dependentes doutros graos chegamos a formular ata 48. O resto das resolucións tamén poden afectar a estes dependentes, pero ao problema común tratado nas anteriores, o atraso no procedemento e a atención, únense outros que fan que o texto da resolución teña un obxecto máis amplo.

Os atrasos que afectan a dependentes severos e moderados preténdense xustificar coa preferencia dos grandes dependentes, ou de niveis superiores -dos severos sobre os moderados-, o que non compartimos; a preferencia dos grandes dependentes e, en xeral, dos niveis superiores non exime da necesidade de cumprir os prazos establecidos para a efectividade dos dereitos dos dependentes.

Resulta común o incumprimento dos prazos dos procedementos de dependencia sinalados no Decreto galego 15/2010: tres meses para a valoración e outros tres para aprobar o Programa Individual de Atención (PIA). A redución dos prazos (dos 12 meses anteriores aos 6 actuais) non fixo que os procedementos sexan máis áxiles, posto que

observamos numerosos casos con importantes atrasos, como queda constatado nas recomendacións das que damos conta.

As recomendacións que afectaban a grandes dependentes (41, como sinalamos) fan fincapé na súa teórica preferencia, que, como vemos, non evita os atrasos. Sinalamos que con urxencia se resolva sobre o expediente, relativo ás prestacións derivadas da LD para un gran dependente, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal xeito que non se produzan atrasos que prexudican aos afectados. Subliñamos que iso sucede malia que o afectado é un gran dependente e debe ter preferencia (art. 3 q LD). Como se pode apreciar no apartado de recomendacións, comprobáronse bastantes casos de grandes dependentes con solicitudes antigas que en 2011 aínda non tiñan atención. En moitos casos trátase de valoracións renovadas logo da solicitude de revisión, comprobándose que tampouco se atendeu ao dependente mediante o PIA que correspondía á súa anterior valoración.

No caso dos dependentes severos e moderados de nivel 2 o atraso vese matizado polo calendario de implantación progresiva da LD, que fixo que estes dependentes non tivesen que ser atendidos ata 2008, 2009 ou 2011 en función do seu grao e nivel. Os atrasos comprobados son abundantes e significativos; como sinalamos, formuláronse ata 48 recomendacións, cuxo detalle se mostra no apartado correspondente.

Xa adiantamos na introdución que agora o corte na atención por fases que prevé a LD se establece nos dependentes moderados de nivel 1, que non serán atendidos ata 2014 (antes previase que serían atendidos xa en 2013), ao que se engade unha segunda restrición para os dependentes moderados de nivel 2 que aínda non foran valorados, que non se atenderán ata 2013 -co anterior sistema as actuais solicitudes destes dependentes deberían ser atendidas nos prazos regulamentarios actuais, de 6 meses.

A maioría das recomendacións formuladas por atrasos nos procedementos de grandes dependentes, dependentes severos e dependentes moderados de nivel 2 resultaron aceptadas pola CTB, pero comprobamos que en non poucos casos esa aceptación non tivo efectividade, posto que os afectados se viron na necesidade de acudir de novo ao Valedor

do Pobo para indicar que malia a aceptación da recomendación, logo dun tempo razoable a consellería aínda non aprobara nin dera efectividade ao PIA, que seguía pendente. Así sucedeu no caso da queixa Q/1026/10, con nova queixa (Q/1413/11) por falta de efectividade da recomendación aceptada o pasado ano e relativa a un gran dependente; ou a Q/709/11, con nova queixa (Q/1946/11) polo incumprimento de aceptación da recomendación (ver resolución nº 21 das desta área) relativa a outro gran dependente. Pola súa banda, a queixa Q/242/11 viuse afectada polo mesmo, con nova queixa (Q/2316/11) relativa a un dependente severo polo incumprimento da recomendación formulada para resolver o seu caso (ver resolución nº 103 das desta área); a queixa Q/909/11 deu lugar tamén a nova queixa (Q/2234/11) polo incumprimento da recomendación formulada para resolver o caso dun dependente severo -grao II e nivel 2- (ver resolución nº 61 das desta área); a queixa Q/1765/11, con nova queixa (Q/2290/11) pola falta de efectividade da recomendación aceptada (ver resolución nº 74 das desta área) e relativa a unha dependente severa (grao II nivel 1); a queixa Q/1751/10, con nova queixa (Q/1689/11) por falta de efectividade da recomendación formulada o ano pasado e aceptada, relativa a un dependente severo (grao II e nivel 2), pero que no momento da nova queixa xa era gran dependente; ou a queixa Q/441/11, cunha nova (Q/1954/11) por incumprimento da recomendación formulada pola falta de atención a unha dependencia moderada (ver resolución nº 102 das desta área).

En sentido contrario ao exposto anteriormente, o pasado ano tivemos varias recomendacións como rexeitadas debido á falta de concreción dos PIA (Q/1622, 1838 ou 1970/10), pero logo de indicar o devandito á consellería, esta rectificou ao pouco tempo e deu conta da efectividade desas recomendacións, sen que despois se recibisen novas reclamacións dos interesados.

Tamén se observan atrasos nas solicitudes de revisión de grao e nivel por empeoramento, o que deu lugar a recomendacións como as das queixas Q/242/11, Q/983/11 ou Q/2065/11 (ver resolucións nº 103, 108 e 118 desta área). Ata coñecemos casos nos que a consellería asegura que non se dá resposta ás solicitudes de revisión da anterior denegación do recoñecemento de grao e nivel (denegación da condición de

dependente), o que non consideramos adecuado, posto que en calquera caso se debe dar a preceptiva resposta.

Estes atrasos, tanto na fixación de PIA como nas revisións por empeoramento, resultan moi negativos para o conxunto do sistema, posto que o obxectivo é atender a persoas xeralmente cunha idade moi avanzada e cunha saúde precaria, o que resulta unha realidade en constante cambio, e esa realidade debe ser recoñecida con axilidade se non se quere desvirtuar o sistema de atención. Dar respostas tan tardías como as que se están dando resulta de pouca axuda, posto que entón é probable que se precise unha nova valoración ou xa non se necesite polo falecemento do dependente, como observamos en non poucos casos.

Apréciase que debido á priorización dos expedientes con maior grao e nivel, que fai que en gran parte só se resolvan expedientes dos graos e niveis máis altos, en moitos casos os afectados orientan os seus trámites cara á consecución dunha revisión que lles permita subir de grao e nivel e con iso na orde de prioridade, ante a evidencia de que co seu, aínda que xa deberían ser atendidos, non o van ser en breve. A propia consellería informa que se pode axilizar o procedemento mediante unha posible revisión; nas súas respostas sinala que a situación (a demora constatada) pode verse afectada por unha eventual revisión. Sinala expresamente que esta solicitude de revisión non suspende o trámite do procedemento en curso (a resolución do PIA correspondente á valoración xa feita), pero a realidade que comprobamos a través das queixas é outra. A revisión reforza a situación de estancamento do PIA pendente; como exemplo podemos citar o informado pola propia CTB en relación coa queixa Q/1600/11, no que sinalou que a proposta do plan individual de atención se atopa *interrompida por revisión de grao e nivel*.

Noutras ocasións os atrasos prodúcense logo dunha revisión e do aumento do grao e nivel antes recoñecido; prodúcese ese recoñecemento, pero demórase o cambio da prestación ou servizo, como comprobamos na queixa Q/2087/11. A CTB aceptou a recomendación para que con urxencia se resolvese sobre a revisión do PIA (ver resolución nº 113 desta área). Cando se trata de actualizar contías económicas, como é o caso, a revisión deberíase producir de forma instantánea ou sen demoras pouco xustificables,

cousa que, como vemos, non sucedeu, ao confirmarse unha falta de resposta áxil e acorde co carácter cambiante das necesidades dos dependentes, aspecto que xa resaltamos anteriormente.

En relación coas valoracións observamos que algúns dependentes ou as súas familias as consideran insuficientes, polo que promoven recursos ou revisións para polo menos coñecer as súas causas con máis detalle; con todo moitos recursos non se responden ou respóndense moi tardiamente, e en xeral non se proporciona a explicación demandada. No caso dun menor con acondroplasia valorado só con grao II e nivel 1 (Q/1841/11) formulamos unha recomendación á CTB (ver resolución nº 110 desta área), que a aceptou. Máis comúns resultan as reclamacións por baixas valoracións dos dependentes por discapacidade intelectual; os pais consideran que non se teñen en conta todas as circunstancias ou que, polo menos, non se especifica como se valoran as que non se refiren a problemas físicos, senón intelectuais.

Moi acusados foron os atrasos dos recursos administrativos contra as resolucións de recoñecemento de grao e nivel, respecto dos cales a CTB sinala que se resolven por orde de entrada, o que non resulta escusa para a súa falta de resolución logo de moitísimo tempo desde que vencese o prazo para iso. Así o apreciamos nas queixas Q/1418/10 ou Q/950, 1701, 2279 e 2291/11, que deron lugar a diferentes recomendacións (ver resolucións nº 109, 114, 116 ou 117 desta área). Non se respectan os prazos de resolución dos recursos (3 meses, art. 115.2 LRJAP-PAC), o que non pode xustificarse nas previsións respecto do silencio negativo (tamén art. 115.2 da mesma lei), que só son unha garantía para o cidadán ante o atraso, que pode escoller entre acudir á xurisdición contencioso-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar ao cumprimento do deber da administración de resolver, que permanece (art. 42.1 LRJAP-PAC). Nalgún caso obsérvase que ao atraso na resolución do PIA únese a falta de resolución do recurso interposto contra a valoración realizada, o que fixo que formulásemos algunhas recomendacións para corrixir ambas situacións.

Tampouco se contestan adecuadamente os recursos contra as denegacións de grao e nivel, é dicir, as que negan a condición de dependente, pero máis grave resulta que non se

respondan as novas solicitudes ou as peticións de revisións, co argumento de que o art. 31 do decreto 15/2010 sinala que os afectados deben esperar dous anos para formular unha nova solicitude. Con todo, resulta claro que a administración ten a obrigación de responder en todo caso, aínda que sexa para resolver que procede aplicar o preceptuado na norma citada, ao non concorrer as circunstancias que poden excepcionala, algo previsto nesa mesma norma (que se acredite debidamente un erro no diagnóstico, na aplicación do baremo, ou que o grao de autonomía persoal ou a situación do contorno habitual variase), o que trasladamos á CTB. Esta respondeu que o aplicativo non permite esas respostas, razón pola que lle formulamos unha recomendación (ver resolución nº 114 desta área), que foi aceptada. Calquera persoa valorada con anterioridade de forma negativa -sen grao e nivel- ten a posibilidade de pedir unha revisión xustificada, como calquera outra, aportando unha variación nas circunstancias anteriores, polo que non se pode deixar de responder a esas solicitudes formais.

Detectamos que unha circunstancia que incidía na xeración ou aumento dos atrasos dos expedientes de dependentes moderados de nivel 2 era o momento que se tiña en conta para comezar a tramitar o seu PIA, de acordo co calendario de aplicación progresiva da LD. En vez de facelo tres meses antes da data de necesaria efectividade, de tal xeito que nese momento estivesen aprobados todos os PIA con todo entendíase que a data a partir da cal se debían empezar a coñecer, para os efectos dos seus prazos, era precisamente a data na que o PIA debía resultar cumprido, o que producía un atraso na prestación do servizo equivalente ao prazo de resolución do PIA. Efectivamente, a CTB sostiña (por exemplo, na queixa Q/441) que o prazo para a aprobación do PIA comeza a contar desde o 1 de xaneiro de 2011 ("a disposición final primeira da Lei 39/2006 ... indica que a efectividade do dereito aos servizos e prestacións económicas non lle corresponde no ano en curso, polo que o prazo para a aprobación do PIA comezará a contar desde o 1 de xaneiro de 2011"). Discrepamos desa interpretación e trasladamos á consellería que ese *dies a quo* non respectaba o expresado na mencionada disposición da LD, que preceptúa que "o recoñecemento do dereito contido nas resolucións das administracións públicas competentes xerará o dereito de acceso aos servizos e prestacións correspondentes, previstos nos arts. 17 a 25 desta lei, a partir do inicio do ano de implantación de acordo co calendario do apartado 1 desta disposición ou desde o momento da súa solicitude de

recoñecemento polo interesado, se esta é posterior a esa data". Polo tanto, o expresado nesta disposición é diferente do indicado pola consellería, como se confirma á vista do Decreto galego 15/2010, que define o réxime dos prazos respecto da cuestión que tratamos no seu art. 33.2, que sinala que "cando a resolución de recoñecemento da situación de dependencia ditada se refira a un grao e nivel non implantado, de acordo co calendario de implantación da disposición final primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, o inicio do procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención terá lugar no prazo máximo de tres meses antes do primeiro día do ano en que se proceda a implantar o grao ou nivel de dependencia de que se trata". Polo tanto, o criterio que expresou a CTB resultaba contrario ao legalmente previsto e debía corrixirse. Recomendamos que se rectificase e se tivese como *dies a quo* o sinalado no art. 33.2 do Decreto galego 15/2010, que se resultaba acorde coa disposición final primeira da LD. Este problema mantén toda a súa virtualidade no momento presente porque afecta a todos os dependentes moderados de nivel 2 que xa tiñan a súa valoración aprobada con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 20/2011, polo que terían que ser atendidos desde o 1 de xaneiro de 2011; o atraso nos seus PIA é o que resulta desde esa data, non desde tres meses máis adiante, como sostiña a consellería (ver resolución nº 102 desta área). A CTB aceptou a recomendación, pero non lle deu efectividade, o que coñecemos posteriormente a través da queixa Q/1954/11.

1.7.3.2. Os casos de falecemento antes da aprobación do programa de atención e con atraso no procedemento; os casos de falecemento con programa de atención aprobado, pero sen pago dos atrasos.

Como tratamos noutros Informes, a consellería comprometérase a compensar a súa responsabilidade polos atrasos nos expedientes e o posterior falecemento dos dependentes sen a previa aprobación do programa de atención; con todo, xa desde hai tempo observamos que tal compromiso non se levou á práctica. Malia os nosos recordatorios de deberes legais e recomendacións, a CTB rexeitou tacitamente todas as reclamacións promovidas neste sentido, da mesma forma que fixera anteriormente a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar. As respostas achegadas pola CTB desde hai tempo evidencian que o art. 40 e a disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010 non se

utilizaron para compensar a evidente responsabilidade económica en que incorreu a administración nos moitos casos deste tipo que coñecemos. No entanto, a consellería anunciara a aprobación dunha Orde que desenvolvería esas disposicións do Decreto 15/2010 para compensar estes casos, pero logo de moitísimo tempo desde ese anuncio non se aprobou a Orde. Un caso significativo do incumprimento dese anuncio coñecémolo na queixa Q/1668/11, que trae a súa causa de dúas anteriores pola mesma materia (Q/198 e 2196/10). O reclamante fixera unha solicitude o 10 de maio de 2010 para a aplicación do previsto no Decreto 15/2010 en relación cos dependentes falecidos, e xa o 19 de maio de 2010 respondéraselle que nos atopamos pendentes do desenvolvemento do Decreto 15/2010 ... e neste caso concreto, o establecido no artigo 40 de devandito decreto. Moito tempo despois aínda non se desenvolveu o decreto nese punto e tampouco se respondeu ao fondo do asunto, polo que nos vimos na necesidade de formular a recomendación correspondente (ver resolución nº 115 desta área), que non foi aceptada. Algo parecido sucedeu coa queixa Q/1140/10, na que formulamos unha recomendación xa en novembro de 2010 para que se respondese á solicitude de aplicación do previsto no Decreto 15/2010 para casos de dependentes falecidos. Concluímos que, nestes e en todos os casos similares, a CTB rexeitara as resolucións, posto que as previsións do Decreto 15/2010 para pagos nos supostos de atraso e falecemento do dependente non estaban tendo virtualidade.

Ademais, a Orde anunciada non é necesaria para resolver as actuais solicitudes de aplicación do previsto para casos de falecemento no Decreto 15/2010, posto que este xa regula a materia e a ausencia de previsións futuras non permiten deixar de resolver os asuntos que se suscitan, como está sucedendo. Por iso formulamos as recomendacións das queixas Q/1540 e 2203/10 (ver resolucións nº 102 e 112 desta área) e a citada no parágrafo anterior. Nelas arguméntase que o establecido no Decreto xa forma parte do ordenamento e xa que logo resulta directamente aplicable. Ademais, o desenvolvemento do Decreto, sexa do tipo que sexa (orde, instrución ...), depende única e exclusivamente da propia administración.

Coñecemos outro bo número de casos nos que os afectados por estas situacións reclamaran á vista do disposto polo Decreto 15/2010, pero viron defraudadas as súas expectativas pola falta dunha resposta sobre o fondo do asunto, que se remitía a unha

futura regulación, a da orde anunciada, como antes se fixo co anuncio do Decreto. En todos os casos mostramos aos afectados o noso acordo coa súa posición e anunciámoslles que realizariamos o presente comentario crítico sobre o actuado pola CTB; iso sen prexuízo das accións que por parte de cada un se puidesen promover, o que quedaba ao seu criterio. Como exemplo, citamos as queixas Q/1842, 2061, 2064, 2105/11.

Aínda que agora xa non se xeran atrasos das prestacións económicas derivadas da LD -foron suprimidos para as solicitudes posteriores ao 1 de xuño de 2010 polo Real decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público (art. 5)-, a necesidade de aboamento dos chamados atrasos continúa en relación cos casos máis antigos e sobre todo polo abundante incumprimento dos prazos de resolución dos expedientes de dependencia, que seguen xerando débeda por atraso, é dicir, unha vez cumpridos os prazos (tres meses máis tres meses).

Ademais dos numerosos supostos de responsabilidade por atraso no procedemento e falecemento do dependente sen aprobación do PIA, tamén coñecemos casos nos que a reclamación se refire á falta de pago dos atrasos e mensualidades cando os dependentes faleceron ao pouco tempo de aprobarse o PIA. A falta de pago nestes casos resulta máis grave, posto que aquí non se trata do pago relativo á responsabilidade polo atraso, senón de aboar unha cantidade xa recoñecida pola propia administración, da que agora resultan acredores os herdeiros do dependente. Vímonos na necesidade de recordar á CTB que o art. 40 e a disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010 non resultan aplicables a estes supostos, posto que se refiren expresamente a *solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento*, o que non é o caso, posto que os procedementos chegaron ao seu fin. De acordo co art. 38 do Decreto citado (sección terceira, *terminación*), "recibida a proposta do Programa Individual de Atención e demais documentación que conste no expediente, a persoa titular do departamento territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais ditará, logo das comprobacións que procedan, resolución pola que se aproba o Programa Individual de Atención". En idéntico sentido previíase a terminación dos procedementos no Decreto antes vixente, o 176/2007 (art. 15.2), posto que contra a aprobación do PIA prevese a posibilidade de interpoñer recurso de alzada (art. 16). Xa que logo, os procedementos finalizan nese momento, restando unicamente os actos materiais

precisos para dar cumprimento ás previsións da resolución, sen prexuízo de que tamén se atopen pendentes aspectos instrumentais para ese cumprimento.

A CTB aceptou o criterio citado anteriormente e poñéndoo en práctica deu cumprimento á recomendación formulada en 2010 con ocasión da queixa Q/1127/10. Con todo, tamén observamos que en numerosos casos non se produce o pago reclamado ou se atrasa de forma considerable. Malia a aceptación do criterio, en moitas ocasións as respostas recibidas da CTB seguen asimilando estes casos aos de falecemento sen PIA. Así o comprobamos, por exemplo, na queixa Q/1413/11; esta trae a súa causa noutra moi anterior, a Q/1026/10, na que recomendamos que se cumprise o PIA aprobado en vida do dependente e se aboáse a cantidade acordada en concepto de prestación económica vinculada ao servizo de centro de día ao que acudía ata a súa necesaria baixa deste. A recomendación foi aceptada, pero a nova queixa daba conta do incumprimento do compromiso, o que confirmamos, posto que a resposta á nova queixa fai mención ás mesmas razóns que habitualmente se expoñen para non aboar os atrasos nos casos de falecidos sen PIA, o que, como resaltamos en diferentes ocasións á consellería, non é o caso.

1.7.3.3. Déficit de prazas no catálogo de servizos; as listas de espera.

Coñécense problemas relacionados co déficit de servizos, en especial en residencias para persoas que necesitan asistencia especial ou ordinaria, centros de día ou noite, ou servizos de axuda no fogar (SAF). Este ano a CTB sinalou en relación con este último servizo que se produciu unha reorganización, sen concretala, que ocasionou atrasos, o que comprobamos en numerosas ocasións. Provócanse esperas tanto para a aprobación do programa de atención como para a súa efectividade. Ademais, a CTB non parece ter un criterio adecuado respecto das alternativas que corresponde ofrecer aos afectados cando se carece de praza de SAF. Efectivamente, en moitas ocasións apréciase que simplemente se deixa sen aprobar o PIA que conta con proposta de atribución dese servizo, o que resulta contrario á normativa, que para eses casos obriga a incluír ao dependente nunha lista de espera, o chamado *programa de asignación de recursos*, de tal xeito que aos tres meses o afectado poida optar por unha prestación económica para o financiamento do servizo

privado, á vista de que non pode ofrecerse unha praza pública. O art. 37.3.c sinala que "para o caso de que non sexa posible o acceso a un servizo público, a proposta de resolución deberá indicar os seguintes contidos específicos: i. ... que a persoa solicitante incorpórase a un programa de asignación de recursos, especificando os criterios de preferencia no acceso aos servizos que deberá de producirse nun prazo non superior a tres meses desde a resolución do PIA. Transcorrido o prazo de tres meses, de non producirse o acceso ao servizo público, o beneficiario poderá solicitar unha modificación do seu PIA para os efectos de obter unha libranza vinculada a un servizo ou, pola contra, seguir incorporado ao programa á espera do acceso a un servizo público".

Unha alternativa razoable ao anterior víñase aplicando con anterioridade, segundo comprobamos nalgunha ocasión; á vista da inexistencia de praza pública no concello de que se tratase, a proposta inicial reconvertíase directamente na libranza para a contratación do servizo, que se aprobaba a través do PIA sen facer esperar ao dependente. Pero tal cousa xa non nos consta que se faga agora. Polo tanto, ante os abundantes casos de falta de praza municipal de SAF, nin se aproba o programa de atención cunha libranza (prestación económica) para a adquisición privada do servizo, nin a proposta dá lugar a unha derivación rápida cara ao programa de asignación de recursos que permita que ao cabo de tres meses o interesado inste a revisión do seu programa para que se lle atribúa unha libranza (prestación económica). Con todo, a situación resulta prexudicial para os afectados. Así o constatamos, por exemplo, na queixa Q/946/11, polo que formulamos unha recomendación para que se aprobase un PIA atrasado e orientado a un SAF (ver recomendación nº 78 das desta área), pero a consellería, logo de aceptar a recomendación, non lle deu efectividade -o que equivale a rexeitala-, alegando que non había praza de SAF. A consellería pretende xustificar a súa posición (que non resolve sobre o PIA) dicindo que debe ser o interesado quen reclame o cambio; con todo, tal e como expuxemos, iso non é o legalmente previsto, posto que debe realizarse de oficio a incorporación á lista de espera, informar diso ao afectado e, se logo de tres meses segue nesa lista, este pode decidir entre continuar nesa situación ou reclamar a prestación económica para a contratación pola súa banda do servizo.

Outra causa de abundante incorporación ao programa de asignación de recursos é a insuficiencia de prazas residenciais. Como no caso dos outros servizos, de acordo coa normativa vixente *considerarase a libranza vinculada á adquisición dun servizo e esta prestación irá destinada á cobertura dos gastos do servizo previsto no Programa Individual de Atención, debendo ser prestado por un centro ou programa acreditado para a atención á dependencia* (art. 36.2.2. do Decreto 15/2010). Con todo, como sucede co SAF, tal cousa non se fai de inmediato, como tampouco se incorpora ao dependente ao *programa de asignación de recursos* desde que consta a proposta e a falta de praza pública, polo que se xeran atrasos. Exemplo de servizo demorado polas causas indicadas atopámolo na queixa Q/220/11, polo que recomendamos á CTB que non se demoren os PIAs orientados cara a servizos como consecuencia da falta de prazas, e que no caso de darse esa circunstancia de inmediato se cambie a orientación e se aprobe unha libranza de servizo, ou, de existir previsión de acceso ao servizo nun prazo razoable, se aprobe o PIA coa asignación do servizo, pero informando aos interesados das circunstancias da espera -da súa inclusión na lista- e do dereito que teñen a solicitar o cambio cara a unha libranza logo dos tres meses (ver resolución nº 100 desta área). Esta recomendación foi aceptada pola consellería.

En materia residencial tamén se observa que os dependentes moderados en principio non teñen acceso ao servizo residencial, polo que en ocasións reclaman -con razón- por devir de peor condición que os non dependentes, que si poden acceder a unha residencia, segundo expón a consellería. Esta responde que os afectados por esta situación deberían solicitar praza residencial polo *sistema anterior*, o que non parece lóxico, posto que xa de oficio debería impulsarse a atribución do servizo que corresponda a través do programa de atención, ou polo menos indicarlles que teñen a posibilidade de pedila a través do procedemento alternativo indicado, pero non denegar sen máis o servizo e despois informalos da alternativa, co conseguinte atraso na atención, como sucedeu nas ocasións citadas.

1.7.3.4. As necesidades específicas de determinados grupos de dependentes, en especial dos discapacitados intelectuais.

Determinados colectivos de dependentes que precisan unha atención particularizada non viron mellorada a súa situación coa LD; só se lles ten validado ou confirmado o servizo que xa tiñan, sen servizos ou prestacións complementarias. Os seus PIAs atribúen o centro que xa os viña atendendo. A atención especial do resto do día segue sendo unha tarefa doméstica que require grandes esforzos, polo que os familiares reclaman axudas complementarias. Ademais, moitos dependentes con discapacidade intelectual atópanse en idade escolar -que para estes casos se prolonga-, polo que a atención nos centros en realidade non é máis que a prestación pública correspondente ao seu dereito fundamental á educación (especial) gratuíta, garantido no art. 27 da Constitución, e o lóxico sería complementar ese dereito cunha prestación para a atención específica da dependencia.

En ocasións apréciase unha axustada valoración da dependencia dos discapacitados intelectuais; as súas familias non entenden como se lles notifican valoracións tan baixas, tendo en conta que aos problemas de mobilidade nos seus casos deben engadirse motivos de dependencia doutra natureza. A normativa prevé que se valoren, pero a interpretación que se fai da discapacidade intelectual parece insuficiente ás familias, aspecto que intentamos aclarar coa consellería, que se limita a indicar que as valoracións fanse por equipos técnicos, sen aclarar as concretas razóns destas valoracións aparentemente baixas. Este tema tratámolo na Q/1166/11, referida ao outorgamento dun grao II e nivel 1 (intermedio) a un neno diagnosticado con trastorno xeneralizado de conduta. Aínda que recibe atención nun centro especializado, depende da súa nai para todo o demais -ir ao baño, ducharse, atar os zapatos, ver a hora no reloxo, saber que día é ...-. Está sempre ao seu lado e *o seu traballo é o seu fillo*, sinala; deixou de traballar por el. A resposta da CTB non detalla como se teñen en conta os factores de dependencia relacionados coa súa discapacidade intelectual, á vista da aparente baixa valoración do caso; unicamente sinala que pode reclamar unha revisión, prevista para casos de empeoramento. Realizouse unha recomendación con ocasión dunha queixa anterior polos mesmos motivos (Q/175/10; ver recomendación nº 8 do área de servizos sociais do

Informe 2010), tanto polo atraso xeral en outorgar o PIA como pola aparente falta de correspondencia entre a valoración e o grao de dependencia do neno. A recomendación foi aceptada, pero a través da nova queixa e das respostas da CTB coñecemos que non tivera efectividade, polo que realizamos o correspondente comentario. Como vimos, noutros casos reclámase pola valoración tamén baixa doutros problemas de dependencia, sen que tampouco se achegasen elementos clarificadores, como sucedeu na Q/1841/11, referida a unha acondroplasia (resolución nº 79 desta área).

Como aspecto positivo debemos destacar que, logo de determinadas intervencións pola nosa banda, produciuse unha reconversión dalgúns centros de atención á discapacidade intelectual. Así sucedeu no centro público de Ferrol, que agora se converteu en dous centros independentes. O novo Souto de Leixa de Ferrol é agora un centro residencial con centro de día, e un centro residencial con centro ocupacional para persoas con certa autonomía. Dadas as carencias anteriores algúns pais optaron por libranzas para coidados domiciliarios, o que aceptaba a administración debido a esa situación. En relación cos problemas anteriores do centro coñecemos (Q/1427/10) que mentres se solucionaban íase outorgar unha libranza para coidados no contorno familiar a petición dos pais dun dependente que era atendido no centro. Pero con posterioridade a CTB revisara o PIA de oficio -pola súa propia iniciativa-, restando parte da prestación económica e outorgando a cambio un servizo de axuda no fogar que non era factible debido á carencia de prazas no concello. A consellería responsabilizaba diso ao concello, sen especificar se se contrastou a viabilidade do servizo ou se ofreceu a alternativa do pago de libranza para a súa contratación privada. Tampouco explicou por que cando o centro de día finalmente se normalizou non revisou o PIA de oficio e se reingresou ao dependente, posto que esa era a intención orixinal dos pais e a causa do outorgamento provisional da prestación económica. Os detalles poden consultarse na resolución nº 104 desta área. A recomendación formulada respecto diso non foi aceptada.

Por outra banda, como consecuencia dos prexuízos que sofre un neno con parálise cerebral debido aos ruídos provocados pola empresa concesionaria do servizo municipal de limpeza en Ourense iniciamos primeiro unha queixa de oficio (Q/995/11) e despois a que promoveu a nai do neno (Q/2118/11). A pesar do tempo transcorrido desde o comezo da

investigación, aínda non temos noticia da solución definitiva do problema, polo que seguimos á espera dunha resposta municipal satisfactoria. A afectada entende que seguen sufrindo ruídos considerables na súa vivenda. Indica que o seu calvario empezou cando a empresa de limpeza Ecourense alugou o baixo do edificio no que vive; óese todo o que fan nel, polo que todos os días espertan moi cedo ao seu fillo, incluso os sábados, domingos e festivos. O médico aconsella tranquilidade para o neno, o que non logran dende entón. Fan ruído coa persiana, os carros e as rampas, e non teñen insonorización de ningún tipo, sinálase.

Estes e outros moitos aspectos relacionados coa discapacidade intelectual abordaranse en próximas datas a través dun Informe Especial sobre a materia.

1.7.3.5. A retirada de fondos complementarios cos que antes contribuía a ONCE para atención dos seus afiliados con discapacidade intelectual.

Seguimos coñecendo reclamacións de pais de nenos ou adultos afectados por algún tipo de discapacidade intelectual (parálise cerebral, autismo, síndrome de Down ...), que ademais sofren cegueira ou discapacidade visual e por iso son afiliados da ONCE. Esta organización, alegando a implantación da LD, retiroulles as axudas que viña prestando como complemento das percibidas das administracións públicas, normalmente dedicadas a sufragar os centros especiais, educativos ou de día, aos que acoden desde antes da implantación da LD. Esas axudas da ONCE recibíanse para facer fronte ao copago previsto antes da LD e tamén agora, logo da súa aplicación e de contar coa declaración oficial como dependentes e cos plans individuais de atención. A ONCE indica aos seus afiliados que coa entrada en vigor da LD debe ser a administración responsable -a Comunidade Autónoma de Galicia- a que se faga cargo da totalidade do servizo, algo que non responde á realidade, posto que tanto agora como antes prevese a necesidade de copago do servizo. A necesidade de pago parcial do servizo non cambiou, posto que a LD prevé o copago dos servizos de dependencia (art. 33; participación dos beneficiarios no custo das prestacións). Ademais, a ONCE aplica a medida con efectos económicos referidos ao momento de aprobación do PIA, co que pretende obrigar aos afectados a devolver o cobrado indebidamente, segundo os seus argumentos.

Como expuxemos en anteriores Informes, desde que coñecemos esta forma de proceder da ONCE iniciamos xestións para que se rectificase e se repuxesen as axudas complementarias aos discapacitados intelectuais, o que non conseguimos da propia ONCE. Pero tamén desde o primeiro momento puxemos a situación en coñecemento da CTB para que pola súa banda se intentase o mesmo, ou polo menos para que se rectificase a inadecuada xustificación que estaba dando a ONCE respecto dos seus recortes de axudas, que atribuían a responsabilidade á Xunta. Este ano coñecemos que a CTB entrara en contacto coa ONCE para expoñerlle o mesmo criterio expresado polo Valedor do Pobo e pediulle por escrito que se rectificase. Logo de moito tempo só chegamos a coñecer que a ONCE se atopaba pendente dunha decisión que se comunicaría, o que ao parecer aínda non fixo, ou polo menos non nos consta. A consellería insiste en que a ONCE é unha organización privada, o que non resulta óbice para que como mínimo se obrigue a esa organización benéfica -que utiliza un recurso atribuído polos poderes públicos- a rectificar de forma expresa as xustificacións inadecuadas que sinalaban á Administración galega como responsable da retirada das súas axudas. Ademais, deberan esgotarse as posibilidades de reposición das axudas. Como xa apuntamos, ata agora non temos noticia dunha resposta satisfactoria da ONCE á consellería, nin da reacción desta ante a falta de rectificación. Por segundo ano consecutivo resaltamos o prexudicial desta situación, que comprobamos a través de queixas como a Q/881/10, a Q/2111/10, a Q/2215/10 ou a Q/234/11 (ver resolucións nº 96, 97, 98 e 106 desta área).

A responsabilidade da retirada das axudas corresponde en exclusiva á ONCE, que a decide libremente; esa organización, que para o cumprimento dos seus fins ten concedida unha modalidade de xogo, está reducindo os recursos económicos que antes se dedicaban a uns fins sociais que deberían ser prioritarios. A administración galega, en concreto a CTB, debería aplicar todos os medios ao seu alcance para que polo menos se rectificase a xustificación aducida pola ONCE.

1.7.3.6. Problemas co servizo de transporte adaptado (065) e de accesibilidade nos transportes públicos.

Como en anos precedentes, as reclamacións polo funcionamento do servizo 065 céntranse na súa falta de efectividade despois do recoñecemento da condición de usuario do reclamante. Esta circunstancia responde á realidade e débese á aplicación da actual normativa, que non prevé un estudo sobre a viabilidade do transporte cando se reclama para cubrir un servizo habitual, como o precisado polas persoas que acoden a centros de atención. Por iso, pola nosa banda reclamamos ese estudo previo en diferentes ocasións á consellería.

Un exemplo do anterior atopámolo na queixa Q/2039/11, na que coñecemos a ausencia de transporte adaptado para un discapacitado intelectual que debía acudir todos os días desde o seu domicilio, en Arteixo, ao centro ASPABER, en Carballo, no que conseguira unha praza pola que estivera esperando moito tempo. Tiña recoñecida a condición de usuario, pero como non se avaliara a necesidade diaria do referido transporte, con posterioridade indicóuselle que non se podía prestar por falta de medios. A solución que se articulou veu dada por un cambio de centro, na Coruña, e un transporte adaptado que ao parecer realizaba o Concello de Arteixo.

Tamén son frecuentes as reclamacións por falta de respecto aos horarios preestablecidos, por cambios de horario que non se comunican con antelación suficiente, ou por atrasos que prexudican especialmente aos usuarios de centros asistenciais e aos seus coidadores ou familiares, que teñen horarios laborais que cumprir.

En materia de accesibilidade aos medios públicos de transportes destacou o caso suscitado por unha cidadá de Cangas que sinalaba que os autobuses que cobren as liñas que pretende utilizar non se atopan adaptados. A consellería respondeu que, na actualidade, os autobuses que se incorporan por primeira vez a unha concesión deben contar con adaptacións para discapacitados, e en 2018 calquera autobús que cambie de concesión debe estar adaptado.

1.7.3.7. Fomento da accesibilidade e outros problemas relacionados coa discapacidade.

En diferentes queixas exponse o incumprimento das prescripcións legais respecto da accesibilidade de edificios. O normal é que a CTB dea conta á Comisión Técnica de Accesibilidade e esta requira a corrección da deficiencia detectada. Así o constatamos nos casos coñecidos en diferentes expedientes.

A queixa de oficio Q/528/11 iniciouse por unha noticia que daba conta de que uns cursos de formación impartidos por UXT tiñan lugar nun local de Monforte de Lemos que non resultaba accesible. A CTB respondeu que UXT iniciara a procura dun novo local para poder impartir en mellores condicións o seu programa de formación na comarca de Lemos, xa que non pode acometer obras de reforma por non ser titular do inmoble.

Ao anterior únense problemas por deficiencias nas rúas que prexudican de forma moi singular aos discapacitados. Un exemplo ilustrativo diso é a queixa de oficio (Q/1688/11) iniciada debido a unha noticia na que se daba conta da caída dunha invidente nun sumidoiro sen tapa de Milladoiro-Ames. O informe recibido do Concello de Ames unicamente manifestaba que se pediran desculpas verbais á afectada, pero sen iniciar procedemento ningún para coñecer e tratar as evidentes responsabilidades, malia existir unha reclamación. O concello sinalou que cando coñeceu o problema, a policía local colocara unha sinalización provisional -uns conos-, o que resultou claramente insuficiente, á vista do sucedido. Así pois, o concello non aclarou a razón do mal estado da rúa, as causas da falta de tratamento adecuado da rotura da tapa, e as razóns polas que non se respondeu adecuadamente e por escrito á reclamación da afectada, e non se tramitou a posible responsabilidade que se deriva das circunstancias mencionadas.

1.7.3.8. Amplos atrasos nas valoracións de discapacidades.

Xa nos Informe de 2009 e 2010 subliñamos os amplos atrasos que se producían nas valoracións de discapacidades, que este ano se volveron a dar, como coñecemos a través das queixas. Estes atrasos resultan significativos e poden apreciarse nalgunha das

recomendacións que versan sobre este problema (Q/2093/10, recomendación nº 89 desta área; Q/2345/10, recomendación nº 90 desta área; Q/2109/10, recomendación nº 91 desta área; Q/62/11, recomendación nº 92 desta área; Q/435/11, recomendación nº 93 das desta área; e Q/1093/11, recomendación nº 94 desta área). A consellería aceptou as recomendacións, pero algunha non tivo efectividade despois, como sucedeu coa queixa Q/2109/10. Outros atrasos coñecémolos en queixas como a Q/2204/11, que confirmou un caso con solicitude en marzo de 2010 e resolución en novembro de 2011. A situación non parece mellorar; no entanto, nas últimas respostas recibidas a queixas deste tipo, a consellería anuncia que reforzará os equipos dedicados ás valoracións (Q/1985/11).

Teoricamente, os atrasos nas valoracións non producen efectos prexudiciais debido a que os seus efectos se retrotraen á data da solicitude. Con todo, observamos que na práctica si teñen efectos negativos, como os provocados pola falta de títulos habilitantes para acceso a transportes colectivos ou para o uso de prazas reservadas de aparcamento; polo atraso de prestacións económicas en beneficio de persoas maiores, ás que urxe o seu aboamento; ou polo atraso no recoñecemento de dereitos en mutualidades ou outras entidades. Pero o caso máis ilustrativo destas consecuencias negativas atopámolo na queixa Q/1118/11, na que se expoñía que se recibiu o certificado de discapacidade do fillo do reclamante en abril de 2011, con efectos do 27/05/09, data da solicitude. Na Xunta informárono de que a demora na resolución da valoración non tiña importancia porque tería efectos desde a data da solicitude. Pero despois acudiu ao INSS para solicitar a prestación por fillo a cargo e alí informárono de que tería dereito a ela só a partir de xullo de 2011, do que resultaba un importante quebranto, posto que non se recoñecían os efectos económicos do atraso de que era responsable a administración, e contradicíase a información recibida desde a Xunta e ata o propio certificado, que sinalaba que os seus efectos se remontan ao 27/05/09, sen excepcións. O INSS indicoulle que o Real Decreto 1335/2001 establece que o dereito á prestación familiar xérase a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte ao da presentación da solicitude da prestación, e que se no momento en que solicitou a minusvalía tamén se solicitase a prestación podería ter tido dereito desde 2009, engadindo que o INSS non era responsable das informacións dadas por outras administracións. Indicamos ao afectado que podía facer valer os seus razoables argumentos ante a Defensora do Pobo -por tratarse dun problema co INSS, é dicir, coa

Administración Xeral do Estado-, ou ata ante a xurisdición correspondente, o que quedaba ao seu criterio. Á marxe do que resulte destas reclamacións para que se teña en conta o criterio do Real Decreto 1971/1999, que establece que o recoñecemento do grao de discapacidade entenderase producido desde a data de solicitude, e non o do decreto citado polo INSS, o certo é que o problema estivo condicionado polo atraso na valoración e pola incompleta información que o afectado recibiu na Administración autonómica. Esta recoñeceu esta circunstancia e en consecuencia anunciou que remitiría o asunto ao departamento encargado das valoracións de Vigo para que nestes casos, nos cales as valoracións se tramitan co obxecto principal de solicitar a prestación por fillo a cargo, se advirta dos efectos legais de posibles atrasos e sobre todo da solución que se ofrece. No entanto, considérase que a información -ou mellor, a instrución de servizo- deberíase dar a todos os servizos que orientan e/ou tramitan este tipo de solicitudes.

1.7.3.9. As reservas de prazas para discapacitados nas ofertas de emprego público.

En relación coa integración laboral dos discapacitados intelectuais recibimos a queixa Q/1196/11, promovida pola asociación AFILDI, que traballa con ese fin. Sinala que noutras administracións xa se estableceu unha quenda de convocatoria independente, non inferior ao 2%, de prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual nos grupos IV e V de persoal laboral fixo e D e E de funcionarios, con probas e temarios adaptados, e que os postos que non se cobren nunha oposición se acumulan ás seguintes convocatorias ata un límite do 10 %. Tamén se prevén listas de contratación exclusivas para discapacitados intelectuais para cubrir os postos reservados a este colectivo por quen superase as probas e non obtivese praza, e cursos de formación para a adaptación ao posto de traballo e implantación do emprego con apoio coa figura do preparador laboral para mellorar a integración ao novo posto.

Todo iso foi solicitado ao anterior conselleiro por FADEMGA en febreiro de 2006 e estaba contemplada o seu implantación nun ano (Decreto 143/2008), pero aprazouse polo Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade Galicia 2010-2013, postergándose ata 2013. Ademais, ese Plan fai referencia á discapacidade psíquica e non intelectual, malia que esta implica limitacións propias (comprensión, aprendizaxe lenta,

problemas de memoria a curto prazo) que non teñen os discapacitados psíquicos, polo que non sería xusto incluílos nas mesmas reservas en procesos de concorrencia competitiva, pois os discapacitados intelectuais estarían en clara desvantaxe.

Concluímos que a recente reforma da normativa estatal resulta aplicable e que polo tanto xa se atopa vixente a quenda de reserva de prazas para persoas con discapacidade intelectual. O art. 59 da Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público, reformado pola Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, prevé a reserva do 2 % nas sucesivas ofertas de emprego público (OEP) para este colectivo, dentro do 7 % do total da reserva para discapacitados. Esa previsión será aplicable non só á Administración Xeral do Estado, senón tamén ao resto das Administracións ("este Estatuto aplícase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo das seguintes Administracións Públicas: A Administración Xeral do Estado; as Administracións das Comunidades Autónomas e das Cidades de Ceuta e Melilla; as Administracións das Entidades Locais; os Organismos Públicos, Axencias e demais Entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións Públicas, as Universidades Públicas"; art. 2). En calquera caso, á marxe desta actual necesidade, a Consellería de Facenda comprometeuse a adaptar o proxecto de lei de emprego público de Galicia á nova normativa de reserva. Polo exposto, concluímos que a reclamación foi atendida.

Por outra banda, unha noticia aparecida en *La Voz de Galicia* mencionaba que no proceso selectivo de persoal da Deputación Provincial de Ourense non se respectou a reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo que se iniciou unha queixa de oficio (Q/212/11), á que se engadiu a promovida por un dos afectados (Q/230/11). Logo da correspondente investigación recomendouse á Deputación que respectase o legalmente previsto en relación ás cotas de reserva de prazas para discapacitados nas OEP dese organismo provincial, o que non se fixo na ocasión analizada, e posiblemente tampouco nas anteriores, sendo inadecuada a argumentación da Deputación que pretendía xustificar tal forma de proceder (ver recomendación nº 101 desta área). Finalmente, da resposta da Deputación Provincial concluímos que aceptaba a recomendación no que se refire ás

futuras ofertas de emprego, pero non no relativo ao expreso recoñecemento da súa inadecuada actuación en anteriores convocatorias, co que se rexeitaba parcialmente.

1.7.3.10. As reclamacións por rendas de integración social, axudas de urxencia ou doutro tipo.

Tamén se promoveron queixas relacionadas con atrasos na tramitación da renda de integración social (RISGA), de axudas para urxencias sociais (AES) ou de axudas sociais doutro tipo. Para cumprir os obxectivos legalmente fixados para estas axudas é evidente que a tramitación debe resultar rápida. En canto ás primeiras (RISGA), observouse que algúns supostos atrasos, en realidade debíanse a que non se achegaba a documentación necesaria e que os expedientes se puideron resolver unha vez emendada esta deficiencia.

En materia de AES coñeceuse unha queixa (Q/1978/11) pola non tramitación ou denegación da axuda a unha persoa estranxeira sen NIE (número de identificación de estranxeiros). Ao peche do Informe puidemos confirmar que a Xefatura Territorial correspondente reclamou o NIE para a formalización da solicitude, advertindo de que se non se aportaba non se daría trámite ao procedemento, polo que requirimos da CTB aclaración para coñecer a súa posición definitiva a este respecto -a través da resolución do recurso pendente-. Debe terse en conta que a queixa argumenta que a Lei galega de medidas básicas para a inserción social establece como requisito das AES estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos municipios da Comunidade Autónoma, circunstancia diferente ao previsto para a RISGA, que esixe acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude, e que no formulario de solicitude da AES pídese copia compulsada dun documento identificativo do solicitante, mentres que o formulario para solicitar a RISGA require, no caso de estranxeiros, copia do pasaporte ou documento de identidade e copia do carné de identidade de estranxeiro. Como sinalamos, estas circunstancias non foron aclaradas pola CTB á pechadura do Informe.

En relación coas reclamacións por incidentes noutro tipo de axudas destaca a retirada dunha pensión non contributiva debido ao cobro simultáneo da renda activa de

inserción para traballadores desempregados de longa duración maiores de 45 anos, que logo da correspondente investigación se considerou suficientemente xustificada pola CTB (Q/1467/11).

1.7.3.11. A redución de axudas para proxectos de cooperación e accións humanitarias no exterior.

Como adiantamos, recibíronse 262 queixas co mesmo contido referidas a determinados recortes en políticas de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria, en concreto á aprobación de dúas ordes que modifican outras anteriores, unha de convocatoria de subvencións para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e outra para subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior. Segundo os reclamantes, a modificación supón un recorte de 2.274.901 euros (991.215 en 2011 e 1.283.686 en 2012). Engaden que actualmente a Xunta só achega un 0,06% do seu orzamento a cooperación, fronte ao 0,7% comprometido en diferentes instrumentos.

Polo anterior requirimos informe á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que nos deu moitos detalles sobre a medida e os seus motivos. Unha vez analizados o informe e os argumentos da queixa concluímos que, polo que se refire ao adecuado do procedemento para a modificación das convocatorias de subvencións, este resultaba axustado á legalidade, posto que se produciu cos mesmos instrumentos e antes de que se resolvese o outorgamento de eventuais subvencións, polo que debía entenderse que os solicitantes non contaban entón con dereito subxectivo ningún (menos aínda os proxectos a presentar na convocatoria aberta con carácter permanente). Únicamente tiñan unha expectativa de dereito a expensas da decisión da Administración que convocaba e das dispoñibilidades presupostarias; neste caso, esta última circunstancia foi a principal causa da modificación das convocatorias.

Polo que se refire á posible contradición con determinados instrumentos, como o II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013 ou o Plan Anual de Cooperación Galega 2011, estes resultan instrumentos de carácter programático; no entanto, o informe achegado indica que *malia a redución presupostaria aplicada en xuño darase cumprimento á maioría das actuacións previstas no Plan Anual 2011 da Cooperación Galega, e ata coa redución, a dotación presupuestaria destinada a convocatorias públicas de axudas é superior a 4 millóns de euros, o que representa un 68,4% dos capítulos operacionais de gastos do programa de cooperación*. Pola súa banda, o Plan Galego contra a Pobreza é un documento subscrito entre os tres grupos parlamentarios e a Coordinadora de ONGs para o Desenvolvemento, sen plasmación posterior nun instrumento normativo; é unha proposta da Coordinadora para conseguir unha serie de compromisos políticos na liña dos *Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio*, xa que logo, segundo di o informe, *unha declaración de intencións que sinala unhas metas e obxectivos a lograr e uns principios de actuación, pero que non xera obrigacións xurídicas para as partes asinantes.* Algúns obxectivos recóllense no II Plan Director da Cooperación Galega, polo que a *Xunta está cumprindo esas orientacións do Pacto, aínda que moitos dos obxectivos son orientacións xenéricas da acción de Goberno a manter nun horizonte temporal longo.* O concreto obxectivo de aplicar o 0,7% do orzamento consolidado da Xunta a este tipo de axudas está previsto no Pacto para 2017.

1.7.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Neste apartado recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reunir os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a inadmisión da queixa e especifícase o motivo concreto desa decisión,

informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

En 2011 vímonos na necesidade de inadmitir nove queixas, a maioría das veces por non se ter dado unha actuación administrativa previa que poder supervisar.

1.7.5. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS

1. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 27/01/2011 debido a un atraso un procedemento de dependencia (Q/2106/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª J. G. C. debido a un procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é filla, gardadora de feito e coidadora de D. F. G. R., con DNI .... D. F. ten valoración de dependencia resolta con data de 11 de febreiro de 2010 co grao e nivel máximo de dependencia, III-2. Ten recoñecida a condición de grande dependente e a Lei recoñécelle dereito a unha serie de servizos e prestacións que ata agora non son efectivos por estar condicionados á aprobación dun plan individual de atención (PIA) do que non recibín notificación. Xa hai máis dun ano desde a presentación da solicitude de dependencia do seu pai. Reclama que se resolva o PIA, xa que no Decreto 15/2010 fixase un prazo máximo de resolución de aprobación do PIA de tres meses desde a notificación da resolución de recoñecemento da situación de dependencia.

Ante iso solicitamos información a esa Consellería, que xa nola remitiu. N sinálase o seguinte:

"Ante a queixa presentada por Dª J. G. C., n° expediente G.6.Q/2106/10, con relación ao caso sobre dependencia, de F. G. R., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data solicitude: 21/09/2009. Data resolución grao/nivel: 11/02/2010 III-2.

O expediente de F. G. R., unha vez recoñecida a súa dependencia en grao III nivel 2 con data 11/02/2010, está en fase de tramitación para a elaboración do programa individual de atención, repectando a orde de prelación na instrución do procedemento tal

e como sinala o artigo 34 do Decreto 15/2010, e en función da dotación presupostaria existente."

Coa información transcrita confírmase o expresado pola interesada na súa queixa, isto é, que o expediente se atopa demorado, posto que foi iniciado en setembro de 2009 e aínda non finalizou. A consellería non dá conta da aprobación e efectividade do PIA pendente, sen que tampouco se anuncie cando se aprobará, a pesar de que expresamente se requiría información ao respecto. Polo tanto, continúa a incerteza respecto ao momento en que finalmente se aprobará e dará efectividade ao PIA. O anterior sucede a pesar de que o afectado é un *gran dependente* e debería ter preferencia (art. 3 q LD).

Tanto o anterior Decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado Programa Individual de Atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Este prazo resulta aplicable ao trámite pendente, posto que os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á

asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia para un gran dependente, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar:recomendación aceptada.

2. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 4 de marzo de 2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2059/10).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 6/6/2007; data de valoración, 14/01/2008; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

3. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 04/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/2217/10).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 19/02/2009; data de valoración, 02/07/2009; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

4. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 04/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2241/10).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 31/07/2009; data de valoración, 05/11/2009; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

5. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 04/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/2274/10).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 20/01/2009; data de valoración, 27/10/2009; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

6. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 04/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1232/10).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 22-09-2009; data de valoración, 22-03-2010; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

7. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 17/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/271/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 19/05/2010; data de valoración, 01/07/2010; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

8. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 22/03/2011 ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/251/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 19/05/2010; data de valoración, 09/08/2010; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

9. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 23/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/178/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 4/6/2007; data de valoración, 11/03/2008; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

10. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 6/04/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/507/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 9/9/2009; data de valoración, 28/01/2010; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

11. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 13/04/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/532/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 12/03/2008; data de valoración, 12/02/2009; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

12. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 15/04/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/299/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 4/2/2010; data de valoración, 24/08/2010; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

13. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 19/04/2011 al atraso en la tramitación de un procedemento de dependencia (Q/591/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 15/6/2007; data de valoración, 20/05/2008; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

14. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo y Benestar o 27/04/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/309/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 16/7/2008; data de valoración, 17/10/2008; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

15. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 5/5/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/681/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 30/09/2010; data de valoración, 16/03/2011¸ grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

16. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 06/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/744/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 20/8/2009; data de valoración, 05/08/2010; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

17. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo y Benestar o 06/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/757/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 22/5/2007; data de valoración 11/03/2008; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

18. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 06/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/540/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 5/6/2007; data de valoración, 12/02/2008; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

19. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 06/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/707/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 6/2/2009; data de valoración, 15/09/2009; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

20. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 13/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/706/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 11/3/2008; data de valoración, 08/01/2008; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

21. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 13/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/709/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 9/9/2008; data de valoración, 29/12/2008; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación no aceptada (aceptada nun primeiro termo, pero sen efectividade posterior).

22. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 19/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/784/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 20/01/2009; data de valoración, 27/10/2009; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

23. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 30/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/917/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 7/5/2009; data de valoración, 18/08/2010; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

24. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 30/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/974/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 28/4/2010; data de valoración, 11/11/2010; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

25. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1089/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 7/5/2010; data de valoración, 13/01/2011; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

26. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1156/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 26/7/2010; data de valoración, 07/07/2011; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

27. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1201/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 9/7/2007; data de valoración16/12/2008; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada por la Consellería de Traballo y Benestar.

28. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1078/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 5/5/2010; data de valoración, 25/10/2010; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

29. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 25/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1408/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 13/05/2010; data de valoración, 23/02/2011; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

30. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 25/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1476/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 20/07/2009; data de valoración, 15/03/2010; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

31. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 1/09/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/993/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 11/09/2008; data de valoración, 27/01/2011; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

32. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo y Benestar o 5/10/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1732/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 16/11/2009; data de valoración, 22/09/2010; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

33. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 05/10/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1830/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 27/12/2010; data de valoración, 06/05/2011; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

34. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26/10/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1845/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 21/09/2009; data de valoración, 17/08/2010; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

35. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/11/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/2093/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 31/5/2010; data de valoración, 13/01/2011; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

36. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 17/11/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/1563/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 28/5/2007; data de valoración, 15/10/2007; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

37. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 28/11/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/2243/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 27/5/2010; data de valoración, 15/12/2010: grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

38. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 28/11/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/2244/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 27/2/2009; data de valoración, 02/09/2009; grao III, nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

39. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 28/11/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia(Q/2249/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 25/1/2010; data de valoración, 07/07/2010; grao III, nivel 1.

Resposta: recomendación aceptada.

40. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 28/11/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1689/11).

Cun contido similar á nº 1. Data de solicitude, 18-02-2010; grao III, nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

41. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 16/12/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2307/11).

Con un contido similar a la nº 1. Data de solicito, 8/7/2010; data de valoración, 10/02/2011; grado III, nivel 1.

Resposta: recomendación aínda no contestada.

42. Recomendación dirixida a la Consellería de Traballo y Benestar el 18/02/2011 debido al atraso en la tramitación de un procedemento de dependencia (Q/2123/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª P.D.M. debido a un procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que está a realizar o trámite de dependencia dende hai varios anos, enviando o plan de coidados, xunto con outra documentación, o 4 de decembro de 2008 (hai dous anos), pero aínda non se coñece ningún tipo de resolución, tendo o grao III nivel 1. Xa pasou a data na que debían ter resolto esta solicitude, sinala. Solicita axuda de coidados no contorno e que se revise o expediente e se conceda a contía que corresponde para coidados no contorno, cos atrasos correspondentes dende 2008.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Traballo e Benestar, que sinalou o seguinte:

"Ante a queixa presentada por dona P. D. M., n° expediente G.6.Q/2123/10, con relación ao caso sobre dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data de rexistro de entrada de 18/06/2008 e por portelo único achégase solicitude. Data resolución grao/nivel: 4/12/2008 II-1.

Con data de rexistro de entrada de 5/12/2008 achégase diversa documentación xunto con plan de coidados no que se solicita libranza de coidados no contorno familiar sendo a coidadora habitual a nora.

Este expediente está en fase de tramitación para a elaboración do programa individual de atención, respectando a orde de prelación na instrución do procedemento que sinala o artigo 34 do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro.

En todo caso a asignación de servizos, libranzas vinculadas ou prestacións económicas está sempre condicionado, respectivamente, á dispoñibilidade de praza pública ou de dotación orzamentaria."

A información agora facilitada non especifica a data na que finalmente se aprobará e dará efectividade ao PIA, que debería terse aprobado no prazo de 3 meses dende a valoración, de acordo co previsto no Decreto 15/2010, aplicable neste trámite aínda pendente (disposición adicional primeira), ou, como moito, no prazo de 6, previsto no anterior decreto, vixente entón.

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a

promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar : recomendación aceptada.

43. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 18/02/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2036/10).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 26/07/2007; data de valoración, 25/04/2008. Grao I- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

44. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 18/02/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2224/10).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 29/5/2007; data de valoración, 15/11/2007. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

45. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 04/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2338/10).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 12/07/2007; data de valoración, 19/06/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

46. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 04/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2262/10).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 15/09/2008; data de valoración, 12/05/2010. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

47. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 04/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2005/10).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 27/02/2008; data de valoración, 23/10/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

48. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 07/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1929/10).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 17/09/2007; data de valoración, 10/3/2009. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

49. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 14/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2058/10).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 13/06/2007; data de valoración, 25/08/2008. Grao II- nivel 2.

Resposta: recomendación aceptada.

50. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 24/03/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/73/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 20/2/2009; data de valoración, 21/10/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada por la Consellería de Trabalo y Benestar.**

51. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 06/04/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/515/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 24/03/2009; data de valoración, 24/09/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada por la Consellería de Trabalo y Benestar.**

52. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 06/04/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/567/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 17/06/2008; data de valoración, 3/11/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

53. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 06/04/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/640/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 8/7/2007; data de valoración 19/06/2009. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

54. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 19/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/364/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 21/05/2009; data de valoración, 23/09/2010. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

55. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 24/05/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/796/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 30/11/2007; data de valoración 23/10/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

56. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 14/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/867/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 30/4/2009; data de valoración 27/08/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

57. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 14/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/926/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 25/5/2007; data de valoración, 28/08/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

58. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 14/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1046/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 10/07/2007; data de valoración, 29/07/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

59. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 30/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1051/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 07/05/2007; data de valoración, 17/04/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada**

60. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 30/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/866/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 30/4/2009; data de valoración 23/09/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

61. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 30/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/909/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 26/1/2009; data de valoración, 15/06/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación no aceptada (aceptada en primeiro termo, pero sen efectividade).**

62. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 30/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/953/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 30/9/2008; data de valoración, 03/06/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

63. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 14/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1001/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 16/06/2007; data de valoración, 23/04/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

64. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1009/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 27/5/2009; data de valoración 11/02/2010. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

65. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1085/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 15/3/2010; data de valoración, 29/11/2010. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

66. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1115/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 18/12/2007; data de valoración 22/12/2008; II-1. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

67. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1141/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 15/6/2009; data de valoración 03/11/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

68. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1143/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 23/2/2010; data de valoración, 11/10/2010. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

69. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1144/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 2/3/2009; data de valoración, 17/03/2010. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

70. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1386/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 24/01/2008; data de valoración 25/09/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

71. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1599/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 18/12/2008; data de valoración 12/02/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

72. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 14/06/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1600/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 27/04/2009; data de valoración, 1/07/2009. Grao I- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

73. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1498/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 14/03/2008; data de valoración 13/10/2008. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

74. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1765/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 16/12/2008; data de valoración 16/12/2009. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación no aceptada (aceptada en primeiro termo, pero sen efectividade).**

75. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1730/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 27/11/2007; data de valoración, 30/04/2008. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

76. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1733/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 28/10/2009; data de valoración, 24/02/2010. Grao I- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

77. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1512/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 6/8/2008; data de valoración, 30/04/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

78. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/946/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 5/5/2010; data de valoración, 23/09/2010. Grao II- nivel 3.

Resposta: **recomendación non aceptada.**

79. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1841/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 6/11/2009; data de valoración, 29/4/2010. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

80. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1905/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 22/10/2007; data de valoración, 13/12/2011. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

81. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2130/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 16/04/2009; data de valoración, 27/08/2009. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

82. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2158/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 11/03/2008; data de valoración, 11/12/2008. Grao I- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

83. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2242/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 4/6/2010; data de valoración, 16/12/2010. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

84. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2248/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 18/08/2010; data de valoración, 1/2/2011. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

85. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1961/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 8/02/2010; data de valoración, 15/07/2010. Grao II- nivel 1.

Resposta: **recomendación aceptada.**

86. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/1358/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 24/04/2008; data de valoración, 11/07/2008. Grao I- nivel 2.

Resposta: **recomendación aceptada.**

87. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2254/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 1/2/2011; data de valoración, 20/3/2009. Grao I- nivel 3.

Resposta: **recomendación aceptada.**

88. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11/08/2011 debido ao atraso na tramitación dun procedemento de dependencia (Q/2305/11).

Contido similar á 42. Data de solicitude, 21/04/2010; data de valoración, 24/09/2010. Grao II- nivel 1. Grao II- nivel 2.

Resposta: **recomendación pendente.**

89. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 20 de xaneiro de 2011 debido ao retraso dun procedemento de recoñecemento da discapacidade (Q/2093/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª C.C.C. debido ao retraso dun procedemento de recoñecemento da discapacidade.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que con data 30 de marzo de 2010 presentou ante a Consellería de Traballo e Benestar unha solicitude de recoñecemento da minusvalía da súa nai, D. B. C. M., con D.N.I. ..., e 88 anos de idade. Padece, entre outras cousas, unha importante falta de mobilidade que dificulta enormemente a súa vida cotiá. Dende esa data non se ten recibido comunicación ningunha da consellería, nin se fixo a correspondente valoración para os efectos de determinar a existencia ou non da minusvalía solicitada, segundo expresa. Dado a avanzado da idade da solicitante considera que debería de darse prioridade a estes casos, por canto unha demora da administración pode dar lugar ao falecemento da interesada sen recibir a asistencia a que ten dereito.

Ante iso requirimos informe a esa consellería , que indicou o seguinte:

"Ante a queixa presentada por Dª C.C.C., n° expediente G.6.Q/2093/10, con relación ao caso sobre minusvalía de Dª B. C. M., e segundo os datos facilitados pola sección de Cualificación e Valoración de Discapacidade, infórmase o seguinte:

Ten unha entrada no rexistro o 25/02/10, solicitude de valoración inicial. Os informes que achega non acreditan, a xuízo do equipo de valoración, unha situación de risco vital, (neoplasias, hospitalizacións..., non vinculados a idade). Non existen outros datos no expediente, que acrediten outro motivo especial de urxencia. As valoracións se realizan seguindo a orde de entrada, e divido a alta cantidade de solicitudes existentes non se pode estimar una data aproximada."

Da información transcrita dedúcese que a confirma o importante retraso no trámite da solicitude de valoración da discapacidade que é obxecto da queixa. Ao respecto

sinala que a solicitude é de 25-02-10*,* que *as valoracións se realizan seguindo a orde de entrada, e divido a alta cantidade de solicitudes existentes non se pode estimar una data aproximada.* Isto último se indica a pesar de que o afectado ten 88 anos.

A pesar do anterior non se achegan as medidas que se teñen que adoptar para corrixir a situación, nin con respecto ao caso concreto analizado nin con respecto a situación xeral que se recoñece. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes, especialmente no que se refire á bisbarra de Ferrol. Cando se coñeceu, hai xa un tempo considerable, a Consellería confirmara os problemas existentes no equipo de Ferrol, pero anunciando a súa solución. Porén, como observamos neste e noutros casos, o problema continua, causando graves prexuízos.

Así pois, confírmase o atraso que é obxecto da queixa, sen que se anuncie a solución do problema. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas, que prexudican os cidadáns afectados, especialmente cando estes padecen graves problemas de saúde, como é o caso. A súa reclamación reflicte un importante grao de desgusto que resulta perfectamente comprensible.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo a valoración e recoñecemento da situación de discapacidade da interesada, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral os cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar : recomendación aceptada.

90. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 20 de xaneiro de 2011 debido a ao retraso dun procedemento de recoñecemento da discapacidade (Q/2345/10).

Contido similar á 89. Data de solicitude: 20-12-2010.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

91. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 21 de xaneiro de 2011 debido ao retraso dun procedemento de recoñecemento de discapacidade (Q/2109/10).

Contido similar á 89. Data de solicitude: 5-4-2010.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación non aceptada (aceptada nun primeiro termo, pero sen efectividade, o que coñecemos a través dunha queixa posterior).

92. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 1 de marzo de 2011 debido ao retraso dun procedemento de recoñecemento de discapacidade (Q/62/11).

Contido similar á 89. Data de solicitude: 14-8-2009.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

93. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 29 de marzo de 2011 debido ao retraso dun procedemento de recoñecemento de discapacidade (Q/435/11).

Contido similar á 89. Data de solicitude: 20-1-2011.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada

94. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 7 de setembro de 2011 debido ao retraso dun procedemento para o recoñecemento dunha discapacidade (Q/1093/11).

Contido similar á 89. Data de solicitude: 27-12-2010.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada

95. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de xaneiro de 2011 debido a un procedemento de dependencia (Q/1353/09).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.M. E.L. debido a un procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que a súa nai, D.ª D. L. G. con DNI ..., de 85 anos, ten a enfermidade de Alzheimer en estado avanzado. Ao seu pai os asistentes sociais lle propuxéronlle centros de día, residencias, etc, e el dixo que quere estar na súa casa e atendido pola súa esposa como coidadora no contorno familiar. El é o único fillo, o que fai que teña unha total dedicación cara a eles, alterando a convivencia do seu matrimonio. Na consellería dinlle que ten de 45 a 55 horas mensuais como libranza do coidador, que a maioría dos concellos o teñen, Pontevedra non o ten e correspóndelle dende o marzo do 2008. Foi ao concello para informarse e danlle evasivas ou desculpas.

Ante iso solicitamos informes a esa consellería e ao Concello de Pontevedra, que no seu momento sinalaron o seguinte:

-Concello de Pontevedra:

"Esta Concelleira Delegada da Área de Benestar Social agradécelle a comunicación remitida por vostede en referencia ao expediente número: G.6.Q/1353/2009, xa que neste Concello non se tiña constancia da remisión do citado escrito por parte da FADENGA.

En resposta a súa demanda achegamos o informe emitido pola Directora Xeal de Benestar Social e Educación, en relación as actuacións realizadas dende este Concello, en concreto dende a Oficina Técnica de Benestar Social.

Ao igual que esa institución, dende o Concello de Pontevedra lamentamos que a xestión da dependencia non se estea realizando coa eficacia e eficiencia que todos desexamos para beneficio das persoas usuarias. Por parte de este Concello estanse facendo esforzos económicos (contratación de persoal para a xestión, sen subvención algunha) e esforzos persoais, demandando á Administración Autonómica, por escrito e medios telemáticos, criterios e instrucións precisas para a xestión da dependencia, sen resultado algún."

- Consellería de Traballo e Benestar:

"FEITOS

1. O 11/06/2007 preséntase a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia de D. L. G. (en adiante a solicitante) con DNI .... No expediente consta como gardadora de feito e coidadora da solicitante a súa nora M. L. G. F.

2. Con data do 10 de xaneiro de 2008, o Delegado Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de Pontevedra resolveu recoñecerlle á solicitante unha situación de dependencia en grao II, nivel 2.

3. O 09/09/2008 notifícaselle á solicitante a resolución de data 28 de agosto de 2008 do Delegado Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de Pontevedra que aproba o Programa Individual de Atención (PIA) no que se lle concede "libranza para coidados no contorno familiar" con efectos dende o 1 de xaneiro de 2008, de acordo coa proposta do órgano de valoración de data 13 de marzo de 2008.

4. O 18/08/2009, o 24/09/2009, o 10/11/2009, o 30/12/2009 e o 09/02/2010 a Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar require informe deste Departamento co obxecto de contestar ó Valedor do Pobo respecto da queixa presentada.

5. O 14/07/2009 solicítase a revisión do grao e nivel motivado por un empeoramento da saúde da solicitante.

6. O 23 de decembro de 2009 notifícaselle á solicitante a concesión de 15 horas ó mes de Servizo de Axuda no Fogar.

7. Con data 10 de marzo de 2010 a Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar resolve revisar o grao e nivel de dependencia, recoñecendo á solicitante unha situación de dependencia en grao III e nivel 2. Escrito que leva data de rexistro de saída de 10 de marzo.

8. No 15 de decembro de 2010 a Xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar emite revisión da resolución PIA para o recoñecemento da compatibilidade da prestación de coidados no contorno familiar co Servizo de Axuda no Fogar cunha intensidade de 15 horas mensuais. Data de notificación 23 de decembro de 2010.

9. Na actualidade atópase pendente emitir unha nova proposta de Programa Individual de Atención (PIA) acorde coa resolución de revisión da situación de dependencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Aínda que o Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, derroga o Decreto 176/2007,de 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á

dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, manteñen a súa validez e se rexen por ela, tal e como dispón a disposición transitoria primeira do Decreto 15/2010. De acordo con dita disposición, ós actos posteriores aplícaselles o novo procedemento.

O prazo para resolver e notificar unha solicitude de recoñecemento da situación de dependencia é de seis meses dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, de acordo co artigo 14.4 do Decreto 176/2007, do 6 de setembro. No caso que nos ocupa este prazo que remataba o 11/12/2007 non se cumpriu.

O prazo para aprobar a resolución do Programa Individual de Atención é de seis meses dende a notificación da resolución de grao e nivel,de acordo co artigo 14.7 do Decreto 176/2007. No caso que nos ocupa este prazo que remataba o 30/06/2008 non se cumpriu.

INFORME

O expediente número PO/2728 que corresponde a D. L. G. se atopa xa resolto. A solicitante se atopa en nómina; tendo cobrado 2364,16 € en concepto de atrasos polo período comprendido entre 01/01/2008 e 30/08/2008, así como os importes mensuais de 295,52 € dende setembro ata decembro de 2008; a cantidade mensual de 302,61 € durante o ano 2009 e a cantidade mensual de 303,53 € dende xaneiro ata abril de 2010. Esta cantidade atópase pendente de revisión durante o ano 2010 para axustala á resolución de revisión da situación de dependencia que recoñeceu un grao III e nivel 2 de dependencia."

Así pois, no seu momento aprobouse o PIA correspondente ao grao e nivel de valoración da dependente, o de grao II e nivel 2, en concreto unha prestación económica ou libranza para coidados no entorno familiar. Esta prestación tiña efectos dende comezo de 2008, de acordo co calendario de aplicación progresiva da LD. Polo tanto, aboáronse os atrasos (2.364,16 €) e os importes mensuais de 295,52 € dende setembro ata decembro de 2008, 302,61 € durante os meses do ano 2009, e 303,53 € dende xaneiro ata abril de 2010. En xullo de 2009 solicitou unha revisión do grao e nivel por empeoramento e en decembro aprobase a compatibilidade do servizo de axuda a domicilio, que parece que é o que

demanda na queixa. En marzo recoñecéronlle o grao III e nivel 2, o máximo. Algunhas manifestacións do informe da CTB resultan erróneas en canto as datas, e tamén confusas, posto que se sinala que se *emite revisión da resolución PIA para o recoñecemento da compatibilidade da prestación de coidados no contorno familiar co Servizo de Axuda no Fogar cunha intensidade de 15 horas mensuais* (...), e que *na actualidade atópase pendente emitir unha nova proposta de Programa Individual de Atención (PIA) acorde coa resolución de revisión da situación de dependencia.* Co anterior non se aclara se co resolto xa se dará efectividade ao SAF (se *emite revisión da resolución PIA*), ou se polo contrario haberá que esperar ao novo PIA. Pola súa banda, o Concello de Pontevedra, que é quen tería que prestar o servizo, Porén non aclara que o faga, pero a consellería tampouco afirma que deba ser así e o fundamente cun criterio ao respecto.

Polo sinalado requirimos aclaración sobre eses extremos á consellería e ao concello, en especial para coñecer a resolución e efectividade do PIA pendente, de acordo coa valoración renovada. Os informes recibíronse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar á consellería e ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilos da súa posible declaración como hostís e entorpecedores da labor da institución. Nos informes finalmente recibidos sinálase o seguinte:

-Concello de Pontevedra:

"Esta Concelleira Delegada da Área de Benestar Social agradécelle a comunicación remitida por vostede en referencia ao expediente número: G.6.Q/1353/2009, de queixa formulada por D. J. M.l E. L.

Lamentamos non poder informarlle mais aló de que a situación do expediente de referencia é a mesma que a sinalada nas comunicacións anteriores, e que figuraba no informe emitido pola Directora Xeral de Benestar Social e Educación deste Concello, e que se resume no seguinte: a Xunta non ten remitido a resolución da concesión do respiro familiar a través do Servizo de Axuda no Fogar.

Tal como lle temos informado, este Concello ten reclamado á Xunta de Galicia en repetidas ocasións por escrito (temos remitido fotocopias dos escrito en anteriores

informes), así como telefonicamente, pero ata a data do presente escrito non temos recibido a devandita resolución.

Ao igual que esa institución, dende o Concello de Pontevedra lamentamos que a xestión da dependencia non se estea realizando coa eficacia e eficiencia que todos desexamos para beneficio das persoas usuarias.

Por parte deste Concello estanse facendo esforzos económico (contratación de persoal para a xestión, sen subvención algunha) e esforzos persoais, demandando á Administración Autonómica, por escrito e medios telemáticos, criterios e instrucións precisas para a xestión da dependencia, sen que os resultados sexan os que todos desexamos."

-Consellería de Traballo e Benestar:

"Ante a queixa presentada por D. J.M. E. L., con relación ao caso sobre dependencia de Dª D. L. G., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

O 11/06/2007 preséntase a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia de D. L. G. (en adiante a solicitante) con DNI ... No expediente consta como gardadora de feito e coidadora da solicitante a súa nora M. L. G. F..

Con data do 10 de xaneiro de 2008, o Delegado Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de Pontevedra resolveu recoñecerlle á solicitante unha situación de dependencia en grao II, nivel 2.

O 09/09/2008 notificaselle á solicitante a resolución de data 28 de agosto de 2008 do Delegado Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de Pontevedra que aproba o Programa Individual de Atención (PIA) no que se lle concede "libranza para coidados no contorno familiar" con efectos dende o 1 de xaneiro de 2008, de acordo coa proposta do órgano de valoración de data 13 de marzo de 2008.

O 14/07/2009 solicítase a revisión do grao e nivel motivado por un empeoramento da saúde da solicitante.

O 23/12/2009 notificaselle á solicitante a concesión de 15 horas ó mes de Servizo de Axuda no Fogar.

Con data 10 de marzo de 2010 a Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar resolve revisar o grao e nivel de dependencia, recoñecendo á solicitante unha situación de dependencia en grao III e nivel 2. Escrito que leva data de rexistro de saída de 10 de marzo.

O expediente número P0/2728 que corresponde a Dolores Loureiro García se atopa pendente de regularización da súa situación para adaptala ó novo grao III nivel 2 de dependencia. A solicitante se atopa en nómina; aínda que a cantidade que está a cobrar se atopa pendente de revisión durante o ano 2010 para axustala á resolución de revisión da situación de dependencia que recoñeceu un grao III e nivel 2 de dependencia, e así mesmo, pendente de notificación da correspondente resolución do Programa Individual de Atención".

Da información achegada dedúcese que se confirma que o reclamado non finalizou coa revisión do PIA, que se atopa pendente e retrasado, a pesar de que se trata dunha gran dependente, que por esta razón debera ter prioridade (art 3. q LD). De aprobarse a proposta, o PIA consistiría nun aumento da prestación económica por coidados no entorno familiar e nun reforzo complementario a través da aprobación dunhas horas de axuda no fogar. No momento da aprobación do PIA o aumento da prestación económica debera incluír os atrasos que corresponderan.

Non se aclarou nada respecto da virtualidade que a consellería outorga ao seu recoñecemento previo da compatibilidade da prestación económica co servizo municipal de axuda no fogar. A pesar de que claramente se informa que *"o 23/12/2009 notificaselle á solicitante a concesión de 15 horas ó mes de Servizo de Axuda no Fogar",* a falta de explicación (e sobre todo dada a falta de comunicación á entidade prestadora, o concello), debe entenderse que interpreta que so tería efectividade cando se aprobara o PIA, que segue sen aprobarse.

Se confirma o motivo da queixa, isto é, o retraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior Decreto que regulaba o procedemento, o

176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado Programa Individual de Atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente de revisión debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

"Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo a unha revisión do anterior recoñecemento da situación e ás prestacións

derivadas da Lei de dependencia, que afecta a unha gran dependente e, a pesar diso, se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados".

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación non aceptada.

96. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 24 de febreiro de 2011 debido á retirada dunha axuda antes dada pola ONCE (Q/2215/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. L. R. S. debido a retirada dunha axuda antes dada pola ONCE.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que a súa filla A., que ten 27 anos, está afiliada á ONCE (nº ...) dende aproximadamente os 4 ou 5 anos. Asiste dende esta idade ao centro de educación BATA (Asociación para o tratamento do autismo en Baión) debido aos problemas que presentou dende o seu nacemento. Dende a súa avaliación ata a chegada da Lei de dependencia(LD) A. percibiu axudas da ONCE de xeito periódico como achega ao gasto que lles xeraba nos apartados de educación, comedor e transporte. A partir da LD (recoñecéuselle un grao II e nivel II) a ONCE, apoiándose nunha suposta incompatibilidade, pechou o concerto de axuda que tiña co centro, pasando a súa filla a non percibir as periódicas axudas das que estaba gozando. Anteriormente a esta decisión recibiran (o 16 de febreiro de 2010) unha carta informativa da ONCE na que se indicaba a cantidade a percibir en dito curso (296,80 euros mensuais) e noutro parágrafo desa mesma carta se lles dicía textualmente que "esta axuda é complementaria á concedida pola administración pública". Despois de facilitar copia da resolución da LD, na que só se confirmaba a praza de atención residencial nun piso tutelado da que xa estaba gozando, a ONCE cancelou o concerto de axuda económica, quedando A. sen ela. Entón fixeron un recurso de alzada ante o órgano de valoración da dependencia, no cal explicaban á administración a súa sorpresa por manter a mesma situación que xa tiñan antes da aparición da LD, é dicir, o recoñecemento de asistencia ao centro de día e a residencia nun piso tutelado. Non recibiron resposta ao dito recurso. Ademais, ante a ONCE indicaron o seu desacordo coa solución adoptada, pero desestimou os argumentos o 20 de outubro.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que sinalou o seguinte:

"*Ante a queixa presentada por D. L. R. S., n° expediente* ***G.6.Q/2215/10,*** *con relación ao caso sobre dependencia de D. A. R. P., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:*

A resolución do Plan Individual de Atención (PIA) aprobada polo Departamento Territorial de Pontevedra, en data: 26/02/2008, Grao II, nivel 2, solicitaron como recurso máis apropiado Servizo de Centro de Atención Diúrna, para persoas con discapacidade. O expediente tramitouse conforme ao establecido na Lei 39/2006 e a súa normativa de desenvolvemento, atendendo ao regulado para o recoñecemento das situacións de dependencia e do dereito as prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma Galega. Os trámites foron realizados conforme á normativa anterior e mantendo a súa validez e se rexen por ela.

En canto ao recurso de alzada que se menciona na queixa, os recursos de alzada, vanse resolvendo por estrita orde de entrada, existindo na actualidade unha demora na resolución dos mesmos polo seu elevado número.

En canto ao motivo de queixa sobre o tratamento das prestacións da ONCE, deberán establecer contacto cos órganos responsables dos servizos sociais de ese organismo, por ser o órgano competente para regularizar as contías abonadas ao interesado durante el periodo de concurrencia desas prestacións coas do SAAD."

En relación co aspecto formal obxecto da queixa, isto é, a falta de resposta ao recurso de alzada, é de sinalar que o indicado pola consellería (*os recursos de alzada vanse resolvendo por estrita orde de entrada, existindo na actualidade unha demora na resolución dos mesmos polo seu elevado número*) non resulta xustificación da falta de cumprimento dos prazos. Os recursos deberían resolverse no prazo de 3 meses, de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou

esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Polo que se refire ao motivo de fondo, a través desta e doutras queixas coñecemos que a ONCE, alegando a recente e progresiva implantación da LD, retirou as axudas que viña prestando como complemento das percibidas das administracións públicas, normalmente dedicadas a sufragar os centros especiais, educativos ou de día, aos que acoden desde antes da implantación da LD. Esas axudas da ONCE recibíanse para facer fronte ao copago previsto antes da LD e tamén agora, despois da súa aplicación e de contar coa declaración oficial como dependentes e cos plans individuais de atención ou PIA, ou para pagos complementarios. O máis significativo é que a ONCE, nas súas respostas aos afiliados, indícalles que coa entrada en vigor e a efectividade da LD, mediante a aprobación dos PIA, debe ser a administración responsable, neste caso a Comunidade Autónoma de Galicia, a que se faga cargo da totalidade do servizo, algo que nos parece inadecuado, posto que tanto agora como antes se prevé a necesidade de copago do servizo, que era precisamente o que motivaba a achega complementaria da ONCE, ou seguen os pagos dos servizos complementarios. Esa necesidade de pago parcial do servizo non cambiou; a LD sinala ao respecto que "os beneficiarios das prestacións participarán no financiamento destas, segundo o tipo e custo do servizo e a súa capacidade económica persoal" (art. 33; a participación dos beneficiados no custo das prestacións).

Non obstante, dada a natureza da entidade referida, a nosa actuación consistiu en dar traslado da situación á consellería co propósito de que pola súa parte se entrase en contacto coa ONCE para que se tentase evitar esta actuación, moi prexudicial para o colectivo. Parecía lóxico coñecer a motivación última desta forma de actuar da ONCE e esgotar as posibilidades para evitar este grave prexuízo a persoas que, polas súas circunstancias, necesitaban toda a axuda posible, xa fose pública, institucional ou privada. En calquera caso, como mínimo deberan impedirse as xustificacións inadecuadas da organización, que sinala á administración como responsable de algo que non respondía á realidade.

Pola nosa parte contactamos coa ONCE, que confirmou que as axudas se estaban retirando nos casos que coñeciamos. A ONCE pagaba directamente parte dos gastos das prazas, pero retirou esa axuda en relación cun número importante de afectados debido, segundo ela, a que eses gastos deberían ser asumidos pola administración que recoñece o PIA, algo que, reiteramos, non parece responder á realidade. Comprobamos en documentos da ONCE achegados polos afectados que a organización lles sinala que "...mediante escrito... se notifica a aprobación do programa individual de atención que se contempla no art. 29 da Lei 39/2006 ...., no que se lle concede o servizo de centro de día con intensidade de xornada completa, que será prestado no centro ao que... viña acudindo. Do contido da dita resolución despréndese que a totalidade dos servizos que se veñen prestando a través do dito centro ha de quedar comprendido entre os cubertos en virtude da prestación aprobada". Esta xustificación non responde á realidade, aínda que é á CTB a quen corresponde intervir ante a ONCE para que non se trasladen este tipo de argumentos. Ademais, a ONCE aplica a medida con efectos económicos referidos ao momento de aprobación do PIA, co que pretende obrigar aos afectados a devolver o *cobrado indebidamente*, segundo os seus argumentos.

Do exame dos casos que coñecemos dedúcese que nestes casos a administración está aplicando adecuadamente a LD e a normativa que a desenvolve, sen prexuízo da posibilidade de outorgamento de servizos complementarios nos casos en que resulten xustificados. A normativa prevé que parte dos gastos do servizo asignado sexan de conta do usuario, da mesma maneira que se viña facendo con anterioridade. Foi a ONCE a que, facendo unha interesada e incorrecta interpretación da LD e das resolucións que a aplican, reduciu as súas axudas individuais dedicadas a persoas e familias en situación de evidente necesidade, ao contar con problemas graves non só de discapacidade intelectual ou psíquica, senón tamén de visión, razón pola que recibían a axuda da ONCE, agora retirada de forma incomprensible.

Todo parece indicar que esta organización social está reducindo os recursos económicos que antes se dedicaban a estes concretos fins que tratamos, que Porén deberían ser prioritarios. A ONCE, que antes asumía o custo de parte do servizo, deixou de atender os seus obxectivos sociais neste terreo nos casos que coñecemos.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se entre en contacto coa ONCE co fin de reclamar desa entidade que rectifique as súas medidas de retirada de axudas complementarias a dependentes atendidos en centros da Comunidade, de tal forma que se evite o grave prexuízo que tales medidas causan a persoas que, polas súas circunstancias, necesitaban toda a axuda posible e de calquera natureza, pública, institucional ou privada; e que en calquera caso se actúe en contra das xustificacións inadecuadas achegadas pola organización, que sinala á administración como responsable de retirada, ao indicar que agora debera ser ela quen deba sufragar a totalidade dos gastos.

Que, en relación co anterior, a Consellería se interese polo suposto relativo á dependente desta queixa.

E que finalmente se resolva o recurso pendente, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

97. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 25 de febreiro de 2011 debido á retirada dunha axuda antes dada pola ONCE (Q/2111/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª M E A. R. debido a retirada dunha axuda antes dada pola ONCE.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que ten dous fillos de 38 e 36 anos, Mª E. A. A. e G. A. A., e os dous padecen unha enfermidade dexenerativa chamada "síndrome de Marinesco-Sjogren, debido a cal os dous teñen unha minusvalía do 99%. No ano 2007 separouse do meu marido, razón pola que o pai contribúe con 400 euros (150+150 de alimentos e 100 de compensatoria), e foron vivir a un piso. Dada a súa situación económica (so tiñan o importe da pensión non contributiva deles dous), a ONCE fíxose cargo do copago do centro de día ao que van os seus fillos. Porén, a ONCE deixou

de facer efectiva a axuda despois da aprobación do PIA correspondente á súa dependencia, que o único que fai é validar o servizo que xa tiñan con anterioridade no centro. Esta circunstancia non pode entendela, segundo manifesta, posto que a Xunta seguía concedendo o mesmo diñeiro que antes e a súa situación é a mesma. No 2008 deixaron de darlles esa axuda. Dada a situación de dedicación absoluta aos fillos non pode saír fóra da casa a traballar e non ten medios económicos. Envía toda a documentación acreditativa da grave situación que están a padecer e reclama axuda para corrixir esta grave situación.

Ao exposto pola interesada é de engadir que esta institución trasladou á consellería algún outro caso de actuación inadecuada por parte da ONCE por retirada das axudas complementarias que viña concedendo. A organización, nos diferentes escritos que dirixe aos interesados (algúns deles con aparencia de actuacións administrativas) pretende xustificar tal forma de proceder en que a partir do PIA debe ser a Xunta a que se faga cargo de todo, algo manifestamente incorrecto, posto que tanto antes da Lei de dependencia como a partir da súa efectividade, a través dos PIA, os usuarios deben pagar parte do servizo, e parte dese copago o que asumía a ONCE en beneficio dos seus afiliados. Tamén temos coñecemento de que esta práctica non afecta só aos casos que promoveron queixa ata agora, senón a práctica totalidade dos afiliados da ONCE que están recibindo PIA neste mesmo sentido.

O traslado de tales circunstancias á consellería fíxose e faise aos efectos de valorar a necesidade da intervención pola súa banda (a que se considere oportuna) para corrixir esta práctica e evitala no futuro. En primeiro termo debera aclarase que a pretendida xustificación desta forma de proceder da ONCE (a suposta asunción por parte da Xunta da totalidade do custo do servizo despois da aprobación dos PIA) resulta incerta. Por iso, parece adecuado considerar a conveniencia de entrar en contacto coa ONCE para evitar a retirada xeneralizada dos fondos complementarios que antes recibían os seus afiliados galegos, que nestes casos non son só afectados por problemas de visión, senón que ademais padecen outras discapacidades engadidas, sobre todo intelectual, que fan que a súa situación de necesidade de axuda sexa enormemente xustificada.

(…) Contido similar á 95.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

98. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 25 de febreiro de 2011 debido á retirada dunha axuda antes dada pola ONCE (Q/881/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.ª A. M. C. V. debido a retirada dunha axuda antes dada pola ONCE.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que a súa filla, Dª A. V.C., con DNI ..., padece parálises cerebral dende o seu nacemento. Foi atendida na súa etapa escolar no centro da *Asociación Amencer* para paralíticos cerebrais de Pontevedra. Dende que non está en idade escolar está atendida no centro *Princesa Leticia* da mesma asociación de Vilagarcía. Solicitou a aplicación da Lei de dependencia en 2007, concedéndose o grao e nivel máximo en xaneiro de 2008, asignándolle finalmente o recurso de centro de día a xornada completa "Amencer-Pontevedra" en novembro de 2008. Antes do PIA xa viña gozando dese servizo, pero tamén gozaba dunha hora e media de axuda no fogar que lle atribuíu o Concello de Vilagarcía. Porén, agora non llo prestan, ou pretenden cobrarlle por iso 200 €, segundo lle dixeron no concello. En relación co servizo recoñecido no PIA, en primeiro lugar manifesta que non ten a intensidade que se menciona, posto que o horario é limitado, de 10 a 16.30 h., e envíase á dependente a casa nalgúns períodos de vacacións, como Nadal, semana santa e no mes de agosto. Por iso, ela pedira que se lle dera unha libranza para coidados no entorno familiar como prestación económica polos coidados precisos fóra do centro. Isto non se lle atribuíu por resultar incompatible, pero tampouco se lle atribuíu unha axuda no fogar, o que posiblemente xera o problema co concello. Por último, agora atopase co grave problema de que a ONCE, que pagaba directamente gran parte dos gastos do centro, agora retirou esa axuda en relación coa súa filla, posiblemente debido a que entende que agora os gastos deberan ser asumidos pola administración que recoñece o PIA. O centro trasladoulle que se ela non paga o que deixou de pagar a ONCE debe deixar a súa praza. Pero a súa pensión, de 504 €, non chega para asumir o pago do centro nin para pagar a axuda en domicilio. Así pois, a súa situación é moito peor que antes de iniciar os trámites de dependencia, o que lle resulta inaudito.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Vilagarcía de Arousa e á Consellería de Traballo e Benestar, que no seu momento indicaron o seguinte:

-Concello de Vilagarcía de Arousa: *"Remítese informe requirido, relativo a Dona A. V. C., respecto do Servizo de Axuda no Fogar do Concello."*

-Consellería de Traballo e Benestar: *"Ante a queixa presentada por Dª A. M. C. V., n° expediente G.6.Q/881/2010, con relación ao caso sobre dependencia de Dª A.V.C., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:*

Presentou solicitude de valoración o 25/05/2007. Con data 29/10/2007 procédese a realizar a valoración aplicando BVD: 93,30 e o 10/01/2008 se lle resolve un grao III Nivel 2. A usuaria estaba acudindo ao Centro de Día Amencer en praza subvencionada polo que o 20/10/2008 se lle resolve praza en centro de día en xornada completa. A proposta dende Servizos Sociais do Concello era de libranza de coidados no entorno familiar (incompatible coa praza en centro de día). Con data 31/10/2008 se lle resolve o Plan de Centro de Día. En xuño do 2009 desde Servizos Sociais do Concello piden revisión do seu PIA por compatibilización con Servizo de Axuda no Fogar como respiro. O 14/07/2009 se lle pide aos Servizos Sociais do Concello que confirme a disponibiliade horaria (30 horas/mes por respiro). Con data 19/11/2009 recíbese escrito da nai da usuaria manifestando a súa renuncia ao respiro ao non poder pagar o copago do Servizo de Axuda no Fogar (5% do coste do servizo dacordo coa normativa municipal). Con data 03/05/2010 confírmase co Centro de Día que continúa asistindo ao Centro."

No que se refire ao servizo complementario de axuda a domicilio o problema xa foi aclarado, posto que o concello non lle cobraría a cantidade que entendera nun primeiro momento , que parecía desproporcionada, senón unha cantidade moito menor, en concreto só un 5%.

Cousa diferente eran algunhas cuestións relativas ao centro de atención asignado. A consellería non sinalaba nada en relación con estas cuestións, en concreto a

intensidade da atención de acordo co PIA e os problemas de copago despois da aprobación deste, que a sitúan nunha situación peor que a que tiña. O servizo recoñecido no PIA non ten a intensidade que se menciona (servizo completo). Tampouco se aclara o grave problema que se mencionaba na queixa en relación co copago. A ONCE, que pagaba directamente parte dos gastos das prazas do centro, retirou esa axuda en relación coa súa filla e con outros usuarios, e pretende xustificar tal cousa aludindo a que os gastos deberan ser asumidos pola administración que recoñece o PIA na súa integridade, de acordo coa redacción dese PIA. Ademais, a ONCE pretende que devolva o diñeiro ingresado dende a aprobación do PIA, indicando que debera pagalo a Xunta. Tales pretensións constan nos documentos do expediente, que achegamos á Xunta. O centro *Amencer-Aspace*, ao non recibir o mencionado diñeiro da ONCE, require o pago que esta deixa de facer, apercibíndolle de que se non o fai debe deixar a praza. Así pois, parecía xustificada a súa afirmación de que a situación é peor que antes de iniciar os trámites de dependencia, o que resulta rechamante. Toda a información anterior foi contrastada coa xerencia do centro e confirmouse que a situación descrita responde á realidade e que prexudica enormemente a moitos usuarios e aos seus pais e nais. Ademais, esta mesma situación vívese noutros centros deste tipo por parte de afectados na mesma situación, polo que debera ser abordada de forma urxente.

Ante iso requirimos aclaración á consellería, que cun importante retraso nesta ocasión sinalou o seguinte:

"Data solicitude: 25/05/2007. Con dita solicitude achegouse declaración de gardadora de feito de A.M. C. V., nai da solicitante, e un ditame do equipo de valoración e orientación de Pontevedra, no que se lle recoñece a solicitante unha diminución do 99% da súa capacidade orgánica e funcional e necesidade de asistencia de terceira persoa, e un ditame técnico facultativo do equipo técnico de valoración e orientación de Pontevedra, no que se lle recoñece á nai da solicitante, A. M. C. un grao de minusvalía do 65%. Asemade, achegouse con dita solicitude unha sentenza do Xulgado de Primeira Instada n° 2 de Vilagarcía de Arousa, na que se declara a separación xudicial do matrimonio de A. M. C. e M.V., pais da solicitante, e un auto, no que como medida de carácter provisional se atribúe á nai a garda e custodia dos fallos do matrimonio. Data

resolución grao/nivel: 24/01/2008 III-2. O 24/04/2008 o órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Pontevedra emitiu una proposta PiA de teleasistencia e libranza de coidados no contorno familiar. O 13/10/2008 enviouse, por nota interior, ao órgano de valoración de Pontevedra (EVO), o expediente para cambiar o PIA de libranza de coidados no contorno familiar a centro de día, por acudir a solicitante ao centro de día Amencer. O 22/10/2008, o órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Pontevedra emitiu unha proposta-resolución de PIA de Centro de Dia. Resolución do Programa Individual de Atención: 31/10/2008, na que se Ile recoñeceu a A. un servizo de centro de día, a xornada completa, no Centro Amencer de Pontevedra. O 2/06/2009 recibiuse unha proposta de plan de coidados para completar o servizo de Centro de Día a xornada completa en Amencer co servizo de axuda no fogar como respiro familiar. O 14/07/2009 envióuselle polo órgano de valoración de dependencia de Pontevedra aos servizos sociais do Concello de Vilagarcía de Arousa un escrito, no que se sinalaba que a. tiña proposta de PIA de servizo de centro de día, aos efectos de que se confirme polo concello correspondente a dispoñibilidade de praza no servizo de axuda no fogar como complemento do servizo de centro de día. O 19/11/2009 Ana M. C. no que solicitou o acceso ao servizo de axuda no fogar municipal como respiro familiar sen necesidade de asumir o copago do 5% do custo do servizo. O 25/03/2010 A. M. C.presentou unha queixa perante o Valedor do Pobo, na que manifesta que no se cumpre no centro de día a intensidade completa que se lle recoñeceu no PIA, xa que ten o horario limitado de 10:00 a 16:30. Tamén manifesta na reclamación que a ONCE retirou a axuda que lle concedía desde o momento da aprobación do PIA, por entender que os gastos se deben asumir pola Administración que lle recoñeceu o PIA. O 20/04/2010 presentou unha reclamación, na que manifestou a súa decepción por verse prexudicada pola aparición da Lei de dependencia. En primeiro lugar, cómpre sinalar que a solicitante ocupa unha praza concertada no centro de día Amencer, en Vilagarcía de Arousa, tal e como se sinala na listaxe de beneficiarios que ternos nas nosas bases de datos. En dita listaxe se sinala que a solicitante ingresou no centro o 2/10/2001. En concreto, dita praza é unha praza de media pensión, pois tal e como se dispón na cláusula primeira do contrato de xestión de servizo público, para a reserva de ocupación de prazas en centro de día para persoas con discapacidade, as prazas que se concedan por dito centro son en réxime de media pensión. Un dos motivos da queixa da nai consistía no tempo en que a súa filla acude ao Centro,

por entender que non se cumpre a intensidade completa recoñecida no PIA. Ao respecto, sinalar que media pensión e intensidade completa son sinónimos, pero a cuestión é determinar se hai cumprimento ou non do horario estipulado. En relación con isto, cabe sinalar que no prego de prescricións técnicas para a contratación, pola Consellería de Traballo e Benestar, da reserva e ocupación de prazas en centro de día para persoas con discapacidade, mediante a modalidade de concerto, polo procedemento aberto, sinala, en relación coas condicións de prestación do servizo, que o servizo de centro de día para as persoas usuarias debe estar aberto de luns a venres, cun horario de funcionamento diario dun mínimo de 7,5 horas, se ben este poderá diminuírse coa finalidade de adecualo á duración da xornada diaria establecida para o persoal de atención directa conforme ao convenio colectivo que resulte de aplicación. Dentro de dito horario inclúese o relativo a servizo de comedor. Ao do ano natural o centro deberá funcionar como mínimo durante 220 días, excluíndose polo tanto os festivos, fins de semana e o mes correspondente ao período vacacional. Excepcionalmente poderase autorizar un n° de días de funcionamento inferior, sempre que o n° de horas de atención en cómputo anual non sexa inferior ás 1.650 horas. En relación co outro motivo de queixa interposta pola nai, sobre a retirada da axuda pola ONCE, despois da aprobación do PIA, cómpre dicir que xa que dita asociación fundamenta estas decisións en normativa interna, e xa que tal e como se recoñece polo Valedor do Pobo, este Departemento Territorial de Vigo está a aplicar adecuadamente a Lei de dependencia, o noso parecer, non ternos competencia para pronunciarnos sobre o correcto funcionamento da ONCE, sendo ela mesma a quen debera emitir un informe."

Como vemos, o carácter adecuado da denominación do servizo en relación co efectivamente prestado non resulta aclarada. E polo que se refire ao segundo aspecto, a retirada de axudas complementarias por parte da ONCE, é evidente que cando reclamábamos aclaración sobre este punto á consellería non era para que supervisara formalmente o feito por esa organización, posto que tal cousa non resulta procedente, senón para que entrase en contacto con ela para tentar evitar a retirada dos fondos e, en calquera caso, para corrixir a incorrecta argumentación da ONCE.

Ante iso requirimos información complementaria á consellería, que de novo nola remitiu cun atraso considerable, ata ao punto de que foi preciso recordarlle o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertila da súa posible declaración como hostil e entorpecedora do labor da institución. No informe sinálase o seguinte:

"- data solicitude: 25/05/2007. Con dita solicitude achegouse declaracion de gardadora de feito de A.M. C. V., nai da solicitante, e un ditame do equipo de valoración e orientación de Pontevedra, no que se lle recoñece a solicitante unha diminución do 99% da súa capacidade orgánica e funcional e necesidade de asistencia de terceira persoa, e un ditame técnico facultativo do equipo técnico de valoración e orientación de Pontevedra, no que se lle recoñece á nai da solicitante, A. M. C. un grao de minusvalía do 65%. Asemade, achegouse con dita solicitude unha sentenza do Xulgado de Primeira Instancia n° 2 de Vilagarcía de Arousa, na que se declara a separación xudicial do matrimonio de A. M.C. e M.V., pais da solicitante, e un auto, no que como medida de carácter provisional se atribúe á nai a garda e custodia dos fillos do matrimonio.

- data resolución grao/nivel: 24/01/2008 III-2

- o 24/04/2008 o órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Pontevedra emitiu una proposta PiA de teleasistencia e libranza de coidados no contorno familiar.

- o 13/10/2008 enviouse, por nota interior, ao órgano de valoración de Pontevedra (EVO), o expediente para cambiar o PIA de libranza de coidados no contorno familiar a centro de día, por acudir a solicitante ao centro de día Amencer.

- o 22/10/2008, o órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Pontevedra emitiu unha proposta-resolución de PIA de Centro de Dia.

- resolución do Programa Individual de Atención: 31/10/2008, na que se lle recoñeceu a A. un servizo de centro de día, a xornada completa, no Centro Amencer de Pontevedra.

- o 2/06/2009 recibiuse unha proposta de plan de coidados para completar o servizo de Centro de Día a xornada completa en Amencer co servizo de axuda no fogar como respiro familiar.

- o 14/07/2009 envióuselle polo órgano de valoración de dependencia de Pontevedra aos servizos sociais do Concello de Vilargarcía de Arousa un escrito, no que se sinalaba que A. tiña proposta de PIA de servizo de centro de día, aos efectos de que se confirme polo concello correspondente a dispoñibilidade de praza no servizo de axuda no fogar como complemento do servizo de centro de día

- o 19/11/2009 A.M. C. no que solicitou o acceso ao servizo de axuda no fogar municipal como respiro familiar sen necesidade de asumir o copago do 5% do custo do servizo.

- o 25/03/2010 A. M. C.presentou unha queixa perante o Valedor do Pobo, na que manifesta que no se cumpre no centro de día a intensidade completa que se lle recoñeceu no PIA, xa que ten o horario limitado de 10:00 a 16:30. Tamén manifesta na reclamación que a ONCE retirou a axuda que lle concedía desde o momento da aprobación do PIA, por entender que os gastos se deben asumir pola Administración que lle recoñeceu o PIA.

- o 20/04/2010 presentou unha reclamación, na que manifestou a súa decepción por verse prexudicada pola aparición da Lei de dependencia.

- En primeiro lugar, cómpre sinalar que a solicitante ocupa unha praza concertada no centro de día Amencer, en Vilargarcía de Arousa, tal e como se sinala na listaxe de beneficiarios que temos nas nosas bases de datos. En dita listaxe se sinala que a solicitante ingresou no centro o 2/10/2001. En concreto, dita praza é unha praza de media

pensión, pois tal e como se dispón na cláusula primeira do contrato de xestión de servizo público, para a reserva de ocupación de prazas en centro de día para persoas con discapacidade, as prazas que se concedan por dito centro son en réxime de media pensión.

- Un dos motivos da queixa da nai consistía no tempo en que a súa filla acude ao Centro, por entender que non se cumpre a intensidade completa recoñecida no PIA. Ao respecto, sinalar que media pensión e intensidade completa son sinónimos, pero a cuestión é determinar se hai cumprimento ou non do horario estipulado. En relación con isto, cabe sinalar que no prego de prescipcións técnicas para a contratación, pola Consellería de traballo e benestar, da reserva e ocupación de prazas en centro de día para persoas con discapacidade, mediante a modalidade de concerto, polo procedemento aberto, sinala, en relación coas condicións de prestación do servizo, que o servizo de centro de día para as persoas usuarias debe estar aberto de luns a venres, cun horario de funcionamento diario dun mínimo de 7,5 horas, se ben este poderá disminuirse coa finalidade de adecualo á duración da xornada diaria establecida para o persoal de atención directa conforme ao convenio colectivo que resulte de aplicación. Dentro de dito horario inclúese o relativo a servizo de comedor. Ao do ano natural o centro deberá funcionar como mínimo durante 220 días, excluíndose polo tanto os festivos, fins de semana e o mes correspondente ao período vacacional. Excepcionalmente poderase autorizar un n° de días de funcionamento inferior, sempre que o n° de horas de atención en cómputo anual non sexa inferior ás 1.650 horas.

- O horario do centro é de 9:00 a 17:00 horas. Aínda que nunha primeira lectura poderíase concluír que non se da cumprimento ao horario, pois a nai do dependente sinalou nas súas queixas que a súa filla disfrutaba dun horario limitado de 10 a 16:30 horas, en realidade pódese dicir, tras conversación telefónica coa xerente do centro amencer, que si se lle da cumprimento o horario estipulado. Así compre dicir que en principio o transporte ao centro é un servizo que queda fora do contrato establecido coa administración e Porén, xa que existía dispoñibilidade se lle está a prestar a A., motivo polo que a dependente chega sobre as 10:00 horas da mañá ao centro. Tamén por motivos de transporte sae do centro as 17:00 horas e chega ao seu fogar ás 17:30 horas. Cómpre engadir, que pola xerencia do centro se nos informou que inicialmente se lle deu á

nai de A. a posibilidade de que a súa filla acudise ao centro polos seus propios medios de transporte, o que suporía que chegase as 9:00 horas, como fan outros dependentes, pero a nai preferiu que a súa filla se desprazase no transporte do centro, aínda que chegase máis tarde.

- En relación co outro motivo de queixa interposta pola nai, sobre a retirada da axuda pola ONCE, despois da aprobación do PIA, cómpre dicir que xa que dita asociación fundamenta estas decisións en normativa interna, e xa que tal e como se recoñece polo Valedor do Pobo, este Departemento Territorial de Vigo está a aplicar adecuadamente a Lei de dependencia, o noso parecer, non temos competencia para pronunciarnos sobre o correcto funcionamento da ONCE, sendo ela mesma a quen debera emitir un informe.

Polo que se refire ao primeiro aspecto obxecto da queixa e pendente de aclaración, é dicir, a intensidade do servizo de centro de día aprobado no PIA (*Centro de Día: Intensidade Xornada Completa*), a consellería sinala o mesmo que indicara no anterior informe que dera lugar ao requirimento de información complementaria, xustificado cos argumentos que entón trasladamos. Efectivamente, se insiste en que *media pensión* (que é o que en realidade ten) *e intensidade completa son sinónimos.* Polo tanto, debe ter atención durante 7,5 horas ao día, con posibilidades de diminución por motivos laborais, *excluíndose polo tanto os festivos, fins de semana e o mes correspondente ao período vacacional.* Para xustificar estas condicións de novo arguméntase só en relación co *prego de prescricións técnicas para a contratación,* é dicir, indicando cales son as condicións de funcionamento contractual que afectan ao centro concertado, deixando de facer mención as condicións de tipo xeral que afecten aos centros de diferente tipo de servizos, públicos ou privados, por medio da regulación das súas intensidades, e iso a través da norma que sinale tal circunstancia con carácter xeral. En calquera caso, parece evidente que non é o mesmo *media pensión* que *xornada completa*, polo que tal circunstancia debera aclararse suficientemente tanto a nivel particular como a través da norma a que aludimos, de tal forma que se eviten os equívocos que mencionamos.

Polo que se refire ao aspecto fundamental da queixa, a retirada das axudas da ONCE, a resposta da consellería indica que *non temos competencia para pronunciarnos sobre o correcto funcionamento da ONCE, sendo ela mesma a quen debera emitir un informe*. A través desta e doutras queixas coñecemos que a ONCE, alegando a recente e progresiva implantación da LD, retirou as axudas que viña prestando como complemento das percibidas das administracións públicas, normalmente dedicadas a sufragar os centros especiais, educativos ou de día, aos que acoden desde antes da implantación da LD. Esas axudas da ONCE recibíanse para facer fronte ao copago previsto antes da LD e tamén agora, despois da súa aplicación e de contar coa declaración oficial como dependentes e cos plans individuais de atención ou PIA, ou para pagos complementarios. O máis significativo é que a ONCE, nas súas respostas aos afiliados, indícalles que coa entrada en vigor e a efectividade da LD, mediante a aprobación dos PIA, debe ser a administración responsable, neste caso a Comunidade Autónoma de Galicia, a que se faga cargo da totalidade do servizo, algo que nos parece inadecuado, posto que tanto agora como antes se prevé a necesidade de copago do servizo, que era precisamente o que motivaba a achega complementaria da ONCE, ou seguen os pagos dos servizos complementarios. Esa necesidade de pago parcial do servizo non cambiou; a LD sinala ao respecto que "os beneficiarios das prestacións participarán no financiamento destas, segundo o tipo e custo do servizo e a súa capacidade económica persoal" (art. 33; a participación dos beneficiados no custo das prestacións).

Non obstante, dada a natureza da entidade referida, a nosa actuación consistiu en dar traslado da situación á consellería co propósito de que pola súa parte se entrase en contacto coa ONCE para que se tentase evitar esta actuación, moi prexudicial para o colectivo. Parecía lóxico coñecer a motivación última desta forma de actuar da ONCE e esgotar as posibilidades para evitar este grave prexuízo a persoas que, polas súas circunstancias, necesitaban toda a axuda posible, xa fose pública, institucional ou privada. En calquera caso, como mínimo deberan impedirse as xustificacións inadecuadas da organización, que sinala á administración como responsable de algo que non respondía á realidade.

Pola nosa parte contactamos coa ONCE, que confirmou que as axudas se estaban retirando nos casos que coñeciamos. A ONCE pagaba directamente parte dos gastos das prazas, pero retirou esa axuda en relación cun número importante de afectados debido, segundo ela, a que eses gastos deberían ser asumidos pola administración que recoñece o PIA, algo que, reiteramos, non parece responder á realidade. Comprobamos en documentos da ONCE achegados polos afectados que a organización sinálaos que "...mediante escrito... se notifica a aprobación do programa individual de atención que se contempla no art. 29 da Lei 39/2006 ...., no que se lle concede o servizo de centro de día con intensidade de xornada completa, que será prestado no centro ao que... viña acudindo. Do contido da dita resolución despréndese que a totalidade dos servizos que se veñen prestando a través do dito centro ha de quedar comprendido entre os cubertos en virtude da prestación aprobada". Esta xustificación non responde á realidade, aínda que é á consellería a quen corresponde intervir ante a ONCE para que non se trasladen este tipo de argumentos. Ademais, a ONCE aplica a medida con efectos económicos referidos ao momento de aprobación do PIA, co que pretende obrigar aos afectados a devolver o *cobrado indebidamente*, segundo os seus argumentos.

Do exame dos casos que coñecemos dedúcese que nestes casos a administración está aplicando adecuadamente a LD e a normativa que a desenvolve, sen prexuízo da posibilidade de outorgamento de servizos complementarios nos casos en que resulten xustificados. A normativa prevé que parte dos gastos do servizo asignado sexan de conta do usuario, da mesma maneira que se viña facendo con anterioridade. Foi a ONCE a que, facendo unha interesada e incorrecta interpretación da LD e das resolucións que a aplican, reduciu as súas axudas individuais dedicadas a persoas e familias en situación de evidente necesidade, ao contar con problemas graves non só de discapacidade intelectual ou psíquica, senón tamén de visión, razón pola que recibían a axuda da ONCE, agora retirada de forma incomprensible.

Todo parece indicar que esta organización social está reducindo os recursos económicos que antes se dedicaban a estes concretos fins que tratamos, que Porén deberían ser prioritarios. A ONCE, que antes asumía o custo de parte do servizo, deixou de atender os seus obxectivos sociais neste terreo nos casos que coñecemos.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se entre en contacto coa ONCE co fin de reclamar desa entidade que rectifique as súas medidas de retirada de axudas complementarias a dependentes atendidos en centros da Comunidade, de tal forma que se evite o grave prexuízo que tales medidas causan a persoas que, polas súas circunstancias, necesitaban toda a axuda posible e de calquera natureza, pública, institucional ou privada; que en calquera caso se actúe en contra das xustificacións inadecuadas achegadas pola organización, que sinala á administración como responsable de retirada, ao indicar que agora debera ser ela quen deba sufragar a totalidade dos gastos; e que, en relación co anterior, a Consellería se interese polo suposto relativo ao dependente desta queixa.

E que a Consellería revise as mencións dos PIA correspondentes a este tipo de servizos (centros de día de intensidade determinada), de tal forma que se eviten equívocos coas mesmas, como se comprobou neste caso, en que se indicaba que se trataba dunha "intensidade xornada completa", o que resulta claramente confuso, dado o servizo prestado.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada

99. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar e ao Concello de Pontevedra 18 de marzo de 2011 debido a tramitación dun procedemento de dependencia (Q/158/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.ª M A C debido a tramitación dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 18 de marzo de 2009 recibiu a notificación da resolución do PIA da dependencia de Mª B. T. A., exp. PO/9907. A resolución di recoñecer os servizos da proposta, axuda no fogar (30 horas/mes) e centro de día. Pese ao tempo transcorrido e á imperiosa necesidade da prestación, o servizo de axuda

no fogar aínda non se lle está prestando. Presentou escritos para a reclamación da "axuda no fogar" aprobada ante a anterior Vicepresidencia o 08/04/09 e ante a Consellería de Traballo e Benestar o 21/01/10, non obtendo resposta. Non tivo máis remedio que contratar pola súa conta o servizo mencionado para paliar a situación, con gasto de 2.400 euros. A situación da reclamante, viúva e con 86 anos, e de Dª Mª B., filla, con minusvalía do 85% e unha dependencia de grao III e nivel 2, é dificilmente levadeira sen a axuda de polo menos unha terceira persoa. Así o recoñecen todos os informes e institucións. A dependencia de feito da nai e a de dereito da filla fan que as tarefas básicas da vida diaria da familia se condicionen a axuda externa. Para paliar a situación Dª Mª B. viña gozando desde hai anos dunha praza concertada na institución *Juan XXIII*. Esta é considerada como "centro de día"; Porén, agora considerado centro de día non é abondo para solucionar as necesidades básicas sinaladas, para as cales é imprescindible a axuda externa doutra persoa e sobre todo para as seguintes tarefas: levantar da cama pola mañá, cambio de cueiros e baño ou aseo diario, vestir, almorzo e traslada a parada e espera do autobús do *Juan XXIII* (centro de día). A situación descrita está reflectida na propia Lei de dependencia baixo a denominación de "axuda no fogar", sendo este servizo compatible co centro de día.

Ante iso requirimos información en diferentes ocasións á consellería, que no seu momento non aclarou a aparente diferenza entre dúas expresións do PIA, que por unha banda indicara que se aprobaba a proposta de PIA, na que de forma xenérica se inclúen os servizos de centro de día e axuda no fogar (figura no documento que nos envía), e por outra, na súa concreción final, indica que se outorga só o centro de día que xa viña utilizando, sen mención da axuda no fogar. A interesada viña reclamando a efectividade do SAF e a ese efecto presentou escritos o 08/04/09 e o 21/01/10, non obtendo resposta. Por esa razón insistimos ante á consellería para coñecer a resposta que se daba a esa concreta cuestión, o sentido da resolución de PIA. Respondeu, entre outras cousas, que en decembro de 2008 se valorou que a prestación de SAF de MUFACE é incompatible, e que en 2010 se reclamara a compatibilidade do SAF como respiro, pero o Concello de Pontevedra informara da carencia de prazas. Non obstante, o Concello de Pontevedra indicou que máis adiante, o 13 de xullo de 2009, indicou que se modificara a ordenanza municipal do SAF e que se dispoñía de praza para a interesada.

Á vista do anterior de novo requirimos aclaración tanto ao Concello de Pontevedra como á Consellería de Traballo e Benestar, que xa nos remitiron os seus respectivos informes. O da consellería recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordarlle o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertila da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. No informe municipal sinálase de novo que o 13-07-09 se lle indicou á consellería que existía praza (achégase copia), e que non se recibiu resolución de PIA outorgando o novo PIA con SAF, sen concretar que se informara á consellería sobre a solicitude que tramita de SAF complementario. Pola súa parte, a consellería sinala o seguinte:

"Respecto das alegacións cómpre sinalar que non constan no expediente de M. B. T. A. ningunha reclamación de data 8 de abril de 2009 nin do 21 de xaneiro de 2010, que os únicos escritos que constan son os do 14 de outubro de 2008 e 15/03/2010 aos que non se deu resposta por escrito senón información presencial.

A resolución do PIA contempla só o servizo de atención diúrna, que so é compatible co servizo de axuda no fogar e non coa libranza vinculada á adquisición de dito servizo que foi proposta no plan de coidados proposto o 15/07/2008, segundo dispón a Orde do 17 de decembro de 2007. Engadir que a proposta de PIA contempla o SAF como servizo complementario ao servizo de centro de día pero que non se pode resolver dita proposta ata que non haxa dispoñibilidade horaria confirmada polo Concello de Pontevedra. Dita dispoñibilidade aínda non foi confirmada na data de hoxe.

O expediente de B. T. A. ten resolución de aprobación do Programa Individual de Atención na modalidade de servizo de centro de día e ten pendente de resolver a solicitude de revisión para incorporar o servizo de axuda no fogar como servizo complementario. Dita solicitude de revisión, transcorrido o prazo máximo de seis meses para resolvela pode entenderse desestimada, sen prexuízo de que se resolva con posterioridade cando se reciba confirmación sobre a dispoñibilidade do servizo".

De todo o expresado se deduce que, en primeiro termo, non foi expresamente aclarado o expresado pola interesada na súa queixa e nas diferentes reclamacións

promovidas en relación co sentido do PIA. Parece claro que este pretendeu aprobarse sen coincidir coa proposta orixinaria debido as circunstancias apuntadas (incompatibilidade cun que xa se tiña), pero o certo é que a redacción do PIA é contraditoria dende o momento en que expresamente se indica nel que se aprobaba a proposta de PIA, na que de forma xenérica se inclúen os servizos de centro de día e axuda no fogar (figura no documento que nos envía). Por iso, esta circunstancia debera resolverse de forma expresa, sen que poida eludirse es pronunciamento.

Á marxe do anterior tamén resta por aclarar a reclamación expresa feita pola interesada dun SAF compatible (ou dunha ampliación do seu PIA, á vista de que o anterior se interpreta no sentido de que non leva o recoñecemento do SAF). Ao respecto dedúcese unha contradición entre o Concello de Pontevedra e a consellería. Esta sinala que se reclamara a compatibilidade do SAF como respiro, pero o Concello de Pontevedra informara da carencia de prazas; Porén, o concello indica que o 13 de xullo de 2009 indicara á consellería a dispoñibilidade de prazas e de 30 horas para a atención de Dª Mª B. T., e que agora non ten nada da consellería.

Así pois, o certo é que a interesada parece estar a sufrir a evidente confusión que se trata. A consellería reclamou información do concello hai tempo sobre a posible prestación do SAF como complemento do centro de día, pero nese momento o concello non entendía posible a prestación, e a consellería non o entendeu incluído no PIA, aínda que sen aclarar definitivamente coa interesada a contradición entre manifestación que formaban parte, ambas da resolución do PIA. Posteriormente reclamouse ao SAF como complemento do centro de día, e a consellería sinala que de novo pediu información ao Concello; a resposta deste é que a deu en 2009, sen ter en conta que a resposta debe ser actualizada, posto que as circunstancias non son necesariamente as mesmas que en 2009.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á Consellería de Traballo e Benestar e ao Concello de Pontevedra a seguinte recomendación:

-Concello de Pontevedra:

Que con urxencia se informe de forma actualizada á Consellería de Traballo e Benestar sobre a existencia de praza de SAF municipal para a atención do suposto que tratamos.

-Consellería de Traballo e Benestar:

Que con urxencia se responda formalmente sobre o sentido final do PIA aprobado, aclarando a contradición que se aprecia na súa redacción. E que, unha vez recibida a información municipal reclamada do Concello, tamén con urxencia se resolva expresamente sobre o SAF complementario reclamado pola interesada.

Resposta do Concello de Pontevedra: recomendación aceptada.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

100. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 24 de marzo de 2011 debido a un procedemento de dependencia (Q/220/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª E. P. V. debido ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que despois de 2 anos de solicitar para a súa nai unha axuda domiciliaria da consellería (exp. ……), segue sen ter resposta ao grave problema que están a vivir, que é moi urxente, sinala. Precisan unha persoa que colabore co aseo persoal da súa nai, enferma de Alzheimer, e para axudala a dar uns pequenos paseíños pola casa para evitar que o anquilosamento tanto físico como psíquico que está a padecer, e que enfermidade avance rapidamente. Os seus fillos teñen a necesidade de traballar e aínda que se releven para os seus coidados é imposible cubrir as 24 horas do día. Vense desbordados e mesmo con algúns casos de depresión, sinala.

Ante iso solicitamos información a esa consellería , que xa nola remitiu. Na mesma sinálase o seguinte:

"Ante a queixa presentada por Dª E. P. V., n° expediente G.6.Q/220/11, con relación ao caso sobre dependencia de Dª M.V. V., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Presentou solicitude de valoración o 4/9/2009

O 22 de febreiro de 2010 tivo lugar a valoración da situación de dependencia, na que obtivo unha puntuación de 67,83 puntos

O 9/03/2010 emítese ditame técnico no que se lle recoñece unha situación de dependencia en grao II e nivel 2

O 10/3/2010, a Xefa Territorial da Conselleria de Traballo e Benestar de Pontevedra resolveu recoñecerlle ao solicitante unha situación de dependencia en Grao II e nivel 2

O órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Vigo, con data do 6 de abril de 2010, emitiu proposta-resolución do PIA de servizo de axuda no fogar, cunha intensidade de 55 horas ao mes, prestadas polo concello de Vigo O 22/7/2010 presentan revisión de grao e nivel por empeoramento do seu estado de saúde.

O 19 de outubro de 2010, tivo lugar a revisión da valoración da situación de dependencia, na que trala aplicación do baremo obtivo unha puntuación de 69,03 puntos

O 22/11/2010 emítese ditame técnico no que se lle recoñece unha situación de dependencia en Grao II nivel 2

O 24/11/2010 a xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Pontevedra resolveu recoñecerlle á solicitante, trala revisión, unha situación de dependencia en grao II e nivel 2 con carácter permanente

Actualmente o expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do PIA, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que da prioridade ás persoas dependentes con maior grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica e en función dos recursos dispoñibles.

Dita dispoñibilidade para o servizo de axuda no fogar, debe ser conformada desde os servizos sociais do concello de Vigo."

Da información facilitada dedúcese que o procedemento se atopa demorado, confirmándose o motivo da queixa. Efectivamente, o expedinte iniciouse en setembro de 2009, e a valoración aprobouse en marzo de 2010, pero aínda non se aprobou o PIA, sen que tampouco se aclare a data na que finalmente se resolverá e dará efectividade a ese PIA.

Confírmase o motivo da queixa, isto é, o atraso na atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

Neste caso constátase que os prazos previstos se superaron. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A consellería aduce respecto ao atraso que este se debe a que a dispoñibilidade para o servizo de axuda no fogar, que é o proposto neste caso, debe ser conformada desde os servizos sociais do Concello de Vigo. Porén, tal e como sinalamos en anteriores ocasións por supostos similares, a administración responsable da aprobación e efectividade do PIA é a autonómica, polo que esta debe aclarar as incidencias que poidan producirse,

entre elas o evidente atraso constatado. O PIA oriéntase cara a un servizo municipal respecto do cal non se coñece que existan prazas. Á marxe da responsabilidade do Concello en canto á falta de resposta ou pola falta de prazas (se estas estiveran formalmente comprometidas para cubrir todos os PIA ou se existira cobertura económica de acordo cos convenios que poidan existir, circunstancias que non se aclaran nin neste nin en anteriores informes da consellería), o certo é que non resulta adecuada esta forma de proceder, posto que o seu resultado, como claramente se comproba neste suposto, é a demora na aprobación e efectividade dun PIA. Ademais, debe terse en conta que, de acordo co art. 44.6 do Decreto 15/2010, a consellería debera coñecer os datos que parece reclamar, posto que *o programa de asignación de recursos xerará unha actualización automática da listaxe de agarda*.

O método de actuación previsto no Decreto 15/2010 non coincide co exposto pola consellería. Para os supostos en que as propostas de PIA se orientan a servizos sen praza, o art. 37.3.c prevé que a persoa se incorpore á lista de espera (*a persoa solicitante incorpórase a un programa de asignación de recursos*), dando a opción de reclamar en tres meses o cambio do PIA para orientalo cara a unha libranza. En realidade, o máis operativo é modificar a proposta de PIA no momento anterior á súa aprobación, de oficio, en canto se coñeza que non existe praza ou pase un tempo considerable sen a súa confirmación; non pode xustificarse a ausencia de resolución, como sucede neste caso. Se non se fai así, como parecería lóxico en moitos casos nos que a perspectiva de praza é escasa, entón só cabe a aprobación do PIA e a inmediata alta do afectado na lista de espera, de tal maneira que polo menos dende entón xa corra o prazo de tres meses para reclamar a libranza, un prazo moi amplo, posto que equivale ao tempo dun dos procedementos, o de valoración ou o de aprobación do PIA. Ademais, a administración debe informar periodicamente as persoas solicitantes ou a quen exerza a súa representación sobre a súa situación no programa de asignación de recursos, o que supón que cando menos debera facelo cando se cumpra o prazo de tres meses, de tal maneira que entón tivera a posibilidade de orientar o PIA cara á libranza a que se viu abocado por circunstancias de responsabilidade da propia administración.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva e se dea efectividade ao PIA do expediente de dependencia obxecto desta queixa, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos. E que con carácter xeral non se demoren as resolución dos PIA orientados cara a servizos como consecuencia da falta de prazas ou por falta de confirmación das mesmas, de tal maneira que no caso de darse esa circunstancia de inmediato se cambie a orientación e se aprobe unha libranza de servizo, ou, no caso de existir posibilidade real de acceso ao servizo nun prazo razoable, se aprobe o PIA coa asignación do servizo, pero informando adecuadamente aos interesados das circunstancias da espera e do dereito a solicitar o cambio cara a unha libranza despois dos tres meses.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

101. Recomendación dirixida á Deputación Provincial de Ourense o 7 de abril de 2011 en relación coas bases do proceso selectivo de persoal da Deputación, por non respectar a reserva de prazas para persoas con discapacidade (Q/212/11 e 230/11).

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio (G.6.Q/212/11), en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Voz de Galicia* o 2 de febreiro de

2011 en relación coas bases do proceso selectivo de persoal da Deputación Provincial de Ourense, por non respectar a reserva de prazas para persoas con discapacidade.

Na noticia sinálase esencialmente que acaba de abrirse unha nova vía de reproche á política de persoal da institución. Quen o fixo é un discapacitado ourensán que denuncia a suposta marxinación da Deputación a este colectivo. X. A. V. D. presentou un escrito á Fiscalía de Ourense acusando á entidade de non reservar a cota para discapacitados que a lei marca nas convocatorias de empregos públicos. V. D.presentouse recentemente a dous concursos de selección de persoal na Deputación. Un deles gañouno A.A., irmán dunha das noras do presidente provincial, J. L. B. P., e o outro, B. G., ex concelleira do PP en Ourense. No seu escrito, V. D. non fai referencia a irregularidades nas cualificacións, pero si na convocatoria previa dos concursos. Recorda que a lei marca unha cota non inferior ao 5% nas ofertas de emprego público para as persoas que teñen un grao de discapacidade do 33% ou superior. Nas convocatorias destes concursos a propia institución recoñece que non reserva esa cota, pero argumenta que, "dado o número de prazas", que non adoitan ser máis de dúas en cada proceso, é imposible cumprila. Para V. D., iso non é escusa e solicita á Fiscalía que paralice todos os procesos de selección de persoal, que revise pasadas convocatorias e que valore se os feitos constitúen un delito de prevaricación.

Tamén se iniciou expediente de queixa a demanda de D. X. A. V. D. (G.6.Q/230/11), que entre outras cousas sinalou que *"o presidente recoñece ter falado comigo sobre a falla de reserva da cota de persoas con discapacidade nas súas convocatorias. (...) Non se pode prantexar un recurso a cada convocatoria por separado. (...) para escusar a súa ausencia faise referencia a disposición adicional sétima da Lei da Función Pública de Galicia. Vexa o que di o apartado 2 da mesma: "2. La reserva se hará sobre el cómputo total de las vacantes incluidas en la oferta de empleo público, y se podrán concentrar las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías cuyo desempeño se adapte mejor a las peculiaridades de las personas discapacitadas". (...) A cota de reserva ... debe realizarse sobre o total de prazas ofertadas e non sobre cada unha das convocatorias... Tamén di a mesma disposición: "4. Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las*

personas con discapacidad no alcanzasen la tasa del 3% de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán a la cuota del 7% de la oferta siguiente, con un límite máximo del 12%... Estendo a miña crítica a PSOE e BNG por ter permitido durante tantos anos esta discriminación ao colectivo de persoas con discapacidade...".

Ante iso requirimos á Deputación Provincial de Ourense que facilitara información sobre o obxecto da queixa, que xa recibiuse. Nesta sinálase o seguinte:

"En contestación ó seu escrito de data 9 de febreiro de 2011, polo que se solicita información relativa á reserva de prazas para persoas con discapacidade na oferta de emprego público desta Deputación Provincial, infórmase o seguinte:

1°.- Con carácter xeral, esta Presidencia entende que é preciso distinguir entre convocatorias de procesos selectivos para a selección de persoal funcionario de carreira e laboral fixo, en execución da oferta de emprego público anual, e convocatorias de procesos selectivos para contratacións de carácter temporal ou nomeamentos interinos, que como tales non forman parte da oferta de emprego público.

2°.- Polo que se refire ós procesos selectivos correspondentes á execución da oferta de emprego público, se ben neles é aplicable a reserva do 5%, o Estatuto Básico do Empregado Público non establece ningunha regra para o seu cómputo, e non indica se debe aplicarse separadamente a cada convocatoria integrada na oferta de emprego público ou de modo conxunto sobre o total de prazas da oferta.

A única norma que establece a obrigación de computa-la porcentaxe de reserva para discapacitados é a Disposición adicional sétima do Texto refundido da Lei de función pública de Galicia, aprobada por Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo. A dita disposición adicional sétima incrementa a cota de reserva prevista polo EBEP ata o 7% das vacantes, e establece no seu apartado 2 que a reserva se fará sobre o cómputo total de vacantes incluídas na oferta de emprego público, podendo concentrarse as prazas reservadas na convocatoria que se refiran a corpos, escalas ou categorías cuxo desempeño se adapte mellor ás peculiaridades das persoas discapacitadas.

Con respecto a esta disposición adicional sétima, esta Deputación Provincial considera que non lles é de aplicación ás entidades que integran a administración local, xa que se trata dunha previsión específica nos seus propios termos, para "a administración da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos". Pola dita razón, a Deputación Provincial non veu aplicando esa regra especial de cómputo, ó non estar prevista no Estatuto Básico do Empregado Público nin tampouco na lexislación de réxime local. Noutra orde de cousas, resulta evidente que se o número de prazas é tan reducido que a aplicación da porcentaxe sinalada na lexislación bota unha cifra inferior á unidade, resulta imposible aplica-la dita norma, debendo entenderse que non son esixibles obrigacións de contido imposible.

Non obstante o anterior, esta Presidencia considera que aínda que a Disposición adicional 7ª da Lei da función pública de Galicia non sexa de aplicación ás entidades locais, é obvio que nada impide o aplica-las previsións desa disposición por decisión da propia entidade local. Neste sentido, e coa vontade de incrementa-las posibilidades de integración das persoas discapacitadas na nosa sociedade, comunícolle que esta Presidencia ten a intención de proceder a aplicar por vontade propia os criterios da Disposición adicional 7ª a partir da oferta de emprego público de 2011 (non sendo posible proceder á súa aplicación á oferta de emprego público de 2010 ó atoparse esta xa en estado de execución, estando xa convocados os procesos selectivos e aprobadas as listas definitivas de admitidos e excluídos nos ditos procedementos).

3°.- Con respecto ós procesos selectivos para contratación de persoal ou nomeamentos interinos, esta Presidencia entende que as normas sobre reserva dunha cota ou porcentaxe das prazas convocadas para a súa provisión preferente por discapacitados cun grao superior ó 33% só lles é aplicable ós procesos selectivos correspondentes á execución da oferta de emprego público e non o é en cambio ós procesos selectivos de contratacións temporais ou nomeamentos interinos. Isto é así por canto o artigo 59.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, especificamente refire a aplicabilidade do cota mínima do 5% "na oferta de emprego público". Por outra parte, en todo caso terase en conta que nos procesos selectivos para contratacións de carácter temporal ou nomeamentos interinos, que pola súa propia natureza son

convocados en función de necesidades conxunturais da administración e non integran unha oferta conxunta co resto de procesos selectivos do mesmo carácter, resultaría imposible a aplicación da cota do 5% tomando como referencia de forma conxunta o número de prazas de tódolos procedementos selectivos de contratación temporal ou interinos que se vaian convocar (pola sinxela razón de que no momento de realizar cada unha desas convocatorias se ignora se se van realizar outras).

Non obstante o anterior, e na medida na que o número de contratacións ou nomeamentos previstos en cada convocatoria así o permitisen, esta Deputación Provincial procederá no sucesivo á aplicación da dita reserva en cada unha das ditas convocatorias."

Unha vez avaliado o informe que achega a Deputación Provincial de Ourense dedúcese que esta entende que a súa actuación foi adecuada por dous motivos principais: porque na lexislación do Estado non se establece o método para facer efectiva a obriga da reserva, e porque a lexislación autonómica, que si sinala ese método, en realidade non contempla dentro do seu ámbito ás entidades locais. Non obstante, anuncia que de forma voluntaria (*esta Presidencia ten a intención de proceder a aplicar por vontade propia os criterios da Disposición adicional 7ª* -da Lei de Función Pública de Galicia-) cambiará o criterio que expón e aplicado até o de agora, entendendo que a decisión ao respecto resulta discrecional.

En relación co anterior é de sinalar que non pode compartirse o criterio exposto polo organismo provincial en canto á imposibilidade de aplicar a reserva legal que tratamos. Polo que se refire á aplicación da normativa estatal, esta (Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) sinala que "nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do **artigo 1 da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade,** sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de modo que progresivamente se alcance o

dous por cento dos efectivos totais en cada Administración Pública"; e que "cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado este proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade" (art. 59, *persoas con discapacidade*). No ámbito da norma, o artigo 2 (ámbito de aplicación) da lei estatal prevé que "este estatuto aplícaselles ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas: a Administración xeral do Estado, ás administracións das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, e ás administracións das entidades locais...".

Polo tanto, a normativa básica do Estado que se cita, cuxa aplicabilidade confirma a propia Deputación, non preceptúa o que esta pretende, senón que debe ser a propia administración convocante da oferta de emprego a que adopte as medidas adecuadas co fin de dar estrito cumprimento ao dobre obxectivo da norma, a reserva estrita en cada OEP e alcanzar de forma progresiva ao menos o 2% do total nesa administración. O feito de que non se estableza un medio concreto para dar cumprimento a obriga non supón, como se pretende, que esta decaia na súa vixencia, senón unicamente que se deixa á propia administración a elección do medio a través do cal se dará cumprimento á obriga no conxunto da convocatoria. Un deses posible medios é precisamente o que se concreta na Lei galega, como veremos.

Polo que se refire á normativa autonómica, a Deputación defende que non resulta aplicable á administración local (*non lles é de aplicación ás entidades que integran a administración local, xa que se trata dunha previsión específica nos seus propios termos, para "a administración da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos"*). O art. 3 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, sinala que "esta Lei é aplicable a todo o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos, e no que non está reservado á lexislación do Estado, aplicaráselle esta Lei ao persoal da Administración local ." Non obstante, tal e como sinala o organismo provincial, na específica previsión que se refire ao obxecto da queixa, a disposición adicional sétima do Decreto Lexislativo 1/2008, sinálase expresamente que a reserva e as condicións desta

refírense á Administración da Xunta de Galicia e aos seus organismos autónomos. Efectivamente, esa disposición sinala o seguinte: "1. Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ao 7% das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, de modo que progresivamente se acade o 2% dos efectivos totais da Administración da Xunta de Galicia e dos seus organismos autónomos, sempre que superen as probas selectivas e que, no seu momento, acrediten o indicado grao de minusvalidez e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes, segundo se determine regulamentariamente. 2. A reserva farase sobre o cómputo total das vacantes incluídas na oferta de emprego público, e poderanse concentrar as prazas reservadas para persoas con discapacidade naquelas convocatorias que se refiran a corpos, escalas ou categorías cuxo desempeño se adapte mellor ás peculiaridades das persoas discapacitadas. 3. Cando da aplicación da porcentaxe resulten fraccións decimais redondearase por exceso para o seu cómputo. 4. Se as prazas reservadas e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non acadasen a taxa do 3% das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do 7% da oferta seguinte, cun límite máximo do 12%. 5. Ao acadarse o obxectivo do 2% a que se refire o número 1 desta disposición, a porcentaxe mínima de reserva será do 5%, e non serán aplicables os números 3 e 4 desta disposición mentres a porcentaxe se manteña ou se incremente. 6. Poderanse realizar convocatorias independentes, non supeditadas ás ordinarias, nas cales as prazas estarán reservadas a persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. As probas terán o mesmo contido e grao de exixencia que as que se realicen nas convocatorias ordinarias. En calquera caso, as persoas que participen na convocatoria deberán acreditar a discapacidade e o grao de minusvalidez. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse, en todo caso, na cota reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade. 7. Nas probas selectivas, incluíndo os cursos de formación ou os períodos de prácticas, estableceranse para as persoas con discapacidade con grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% que o soliciten as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, para asegurar que as persoas con discapacidade participan en condicións de igualdade. 8. Tras superar o proceso selectivo, as persoas que ingresen en corpos ou escalas de persoal funcionario ou categorías de persoal laboral da Administración autonómica e dos seus organismos autónomos e que fosen admitidas na

convocatoria ordinaria con prazas reservadas para persoas con discapacidade poderanlle solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a escolla das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a devandita alteración cando estea debidamente xustificada, e deberase limitar a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa discapacitada."

A Lei galega podería (que quizais debería) non terse limitado á administración autonómica en canto ao ámbito da cuestión que examinamos, pero o certo é que o fai; a disposición que regula a reserva resulta mais específica que o mencionado art. 3 e restrinxe o seu ámbito á administración autonómica e aos seus organismos autónomos.

En calquera caso, confírmase o expresado na información de prensa que deu orixe á queixa de oficio, e o indicado despois directamente polo interesado, isto é, que a Deputación Provincial de Ourense non deu cumprimento ao preceptuado na normativa vixente respecto da reserva de cota para discapacitados porque nela non se estableza un medio concreto para dar cumprimento a dita reserva, o que loxicamente non fai que deixe de ter vixencia; como adiantamos, isto unicamente supón que sexa a administración a que opte polo medio que considere mais adecuado para dar cumprimento á obriga, que se refire ao conxunto da OEP. Un deses posible medios é precisamente elixido pola Lei galega, que determina a forma de proceder e ademais aumenta a porcentaxe de reserva para a administración autonómica.

Non pode compartirse a interpretación da Deputación de que non é posible cumprir o previsto no Estatuto Básico do Empregado Público porque *non establece ningunha regra para o seu cómputo e non indica se debe aplicarse separadamente a cada convocatoria integrada na oferta de emprego público ou de modo conxunto sobre o total de prazas da oferta*. A norma forma parte do ordenamento e en consecuencia resulta plenamente aplicable nos termos previstos, isto é, para a oferta pública de emprego da administración de que se trate, polo que a Deputación Provincial debera tela aplicado no conxunto do procedemento. O feito de que agora anuncie unha *rectificación de futuro* non

significa que quede corrixida a actuación inadecuada anterior, que non so parece afectar á convocatoria obxecto da queixa, a última, respecto da que a Deputación non anuncia medida algunha para corrixir a irregularidade tratada, senón tamén a outras convocatorias que, a falta de explicación por parte da Deputación, é de supoñer que se viron afectadas polo mesmo criterio inadecuado que vicia a última.

O interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles as Deputacións Provinciais, teñen a obrigación principal de protexer o dereito mencionado, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Deputación Provincial de Ourense a seguinte **recomendación:**

Que se respecte o legalmente previsto no relativo as cotas de reserva de pazas para discapacitados nas ofertas públicas de emprego dese organismo provincial, o que non se fixo na ocasión que se coñeceu, e posiblemente tamén en anteriores, sendo inadecuada a argumentación da Deputación que pretende xustificar tal forma de proceder

Resposta da Deputación Provincial de Ourense: recomendación aceptada parcialmente (só no que se refire ás futuras convocatorias).

102. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 12 de abril de 2011 debido á falta de resposta a unha reclamación relacionada cun anterior expediente de dependencia (Q/1540/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª. C. R. V. debido á falta de resposta a unha reclamación relacionada cun anterior expediente de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 3 de marzo de 2010 promoveu ante a Consellería de Traballo e Benestar unha reclamación para "a efectividade do dereito á prestación económica, segundo o decreto 15/2010, publicado no DOG do 19 de febreiro de 2010". Despois de cumprirse o prazo aínda non obtivo a preceptiva resposta. Aínda que non o aclara, a interesada parece referirse á aplicación do previsto na disposición transitoria sexta do decreto citado, en relación co art. 40 do mesmo decreto.

Efectivamente, a través da queixa G.6.Q/519/09 coñeceramos o suposto que a afectaba e como conclusión formuláramoslle un recordatorio de deberes legais e unha recomendación para que "os expedientes relativos ao recoñecemento das situacións e prestacións derivadas da Lei de dependencia se coñezan nos prazos legal e regulamentariamente previstos, sen demoras inxustificadas que prexudican con carácter xeral a todos os cidadáns afectados, como se pon de relevo no caso examinado", e para que " cando se constate o falecemento da persoa dependente unha vez vencido o prazo legalmente previsto para resolver, por ese órgano, de oficio ou a instancia de parte, con carácter xeral se dea continuidade ao procedemento ata a resolución e a efectividade retroactiva do correspondente PIA, de acordo cos criterios expresados nos fundamentos desta resolución".

A consellería respondeu sinalando que "*asume e acepta como propia"* (a resolución) ... e que unha norma xurídica establecería "*o carácter prioritario da tramitación e aplicación das prestacións previstas na Lei da Dependencia"*. Con posterioridade a consellería remitiu un borrador de Decreto que aceptaba parcialmente o criterio expresado pola nosa banda e polo tanto recoñecerá a necesidade de abono despois do falecemento. As disposicións transitorias dese borrador estendían ese efecto aos casos producidos con anterioridade.

Polo anterior, indicamos á interesada que cando definitivamente se aprobara o Decreto, entón solicitara que se aplicara ao seu caso; e se a resolución correspondente se

demorara ou a resposta non fora a adecuada, segundo o seu criterio, entón podería acudir novamente a esta institución, o que agora fai.

O decreto finalmente aprobado sinala o seguinte: Artigo 40º.-*Solicitantes falecidos*. "1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre que lle corresponda conforme a normativa de aplicación. 2. Será necesario que a documentación que consta no expediente no momento do falecemento probe cal era o grao e nivel de dependencia do solicitante falecido. Así mesmo, de existir proposta do Programa Individual de Atención terá que constar que se cumprían os requisitos establecidos para cada tipo de libranza. 3. En todos os supostos deberá xustificarse documentalmente o gasto efectivamente soportado." Disposición Transitoria Sexta.-*Solicitantes falecidos anteriormente á entrada en vigor deste decreto. "*1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos antes da entrada en vigor deste decreto durante a tramitación do procedemento, producirase cos mesmos efectos e requisitos que os supostos recollidos nos artigos 39 e 40 do articulado. 2. Os prazos establecidos normativamente para o exercicio das accións correspondentes empezaranse a contar desde a data do falecemento do solicitante."

Así pois, de acordo co novo Decreto 15/2010, a administración finalmente pagará nos supostos que se citan; non obstante, resta coñecer en que sentido se interpretan ou aplican as previsións que tratamos para supostos como este, o que non se coñecerá con exactitude ata que se dean as correspondentes resolucións, como a que neste caso se reclama. Trátase de coñecer o que se resolve en relación cos supostos de tramitación con retraso, falecemento sen aprobación do PIA, a pesar do retraso, e con proposta de PIA para libranza de coidados no contorno familiar, supostos nos que o reclamado é o que deixou de ingresarse polos motivos expostos, e non os gastos que poidan acreditarse a través de facturas.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Esta recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar á consellería o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertila da

súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e ata reiterar esa advertencia vía fax. No informe da consellería sinálase o seguinte:

"Asunto: Informe sobre a queixa presentada ante o Valedor do Pobo por Dª C. R. V. en relación a tramitación de expediente de dependencia de Da M. R. V.. Queixa G.6. Q/1540/2010. Dependente: M. R. V.. Exp. SAAD ...)

En relación á solicitude de informe anteriormente referenciada exponse o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de grao e nivel de dependencia: 5 de xuño de 2007.

Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de ditame técnico facultativo: 16 de xullo de 2008. Resolución grao e nivel: Con data 23 de xullo de 2008 dítase resolución de recoñecemento de situación de dependencia en grao III e nivel 2 con carácter permanente.

Programa individual de atención (PIA). Proposta programa individual de atención: 23 de xullo de 2008Recurso proposto: Libranza para coidados no entorno familiar.

Data de falecemento: 7 de outubro de 2008.

Resolución de arquivo de expediente por falecemento da solicitante: 5 de marzo de 2009.

Con data 5 de marzo de 2009, Dª C. R. V., filla e coidadora da persoa dependente, interpuxo reclamación dos dereitos económicos que puideran corresponderlle.

Xustificación: Debido ao falecemento do interesado con proposta de PIA remata o expediente por imposibilidade material de continualo e procédese ao arquivo do mesmo segundo o disposto no artigo 87 da Lei 30/92, mediante resolución motivada. Todo elo sen prexuízo das posibles accións que se deriven do recoñecemento da efectividade do dereito dos solicitantes falecidos sen recibir a atención solicitada segundo o disposto no

artigo 40 do decreto 15/2010 e na posterior normativa de desenvolvemento, que se substanciarán, en todo caso, nun procedemento distinto á solicitude de recoñecemento da situación de dependencia."

Unha vez avaliada a información transcrita, que, como sinalamos, se recibiu cun retraso moi considerable, confírmase o exposto na queixa, isto é, que non se respondeu á reclamación de 3 de marzo de 2010 para a efectividade do dereito á prestación económica, segundo o Decreto 15/2010, no caso de dependentes falecidos, e tampouco se anuncia que se vaia resolver nun futuro próximo. A consellería sinala ao respecto que o expediente orixinal de dependencia se atopa arquivado, *sen prexuízo das posibles accións que se deriven do recoñecemento da efectividade do dereito dos solicitantes falecidos sen recibir a atención solicitada segundo o disposto no artigo 40 do decreto 15/2010 e na posterior normativa de desenvolvemento, que se substanciarán, en todo caso, nun procedemento distinto á solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.*

Ao respecto da necesidade de desenvolver o Decreto 15/2010 para resolver sobre estas demandas, en anteriores ocasións indicamos á consellería que o establecido no decreto xa forma parte do ordenamento e por tanto resulta directamente aplicable. Ademais, ese desenvolvemento, sexa do tipo que sexa (orde, instrucións...), depende única e exclusivamente da propia administración.

Polo tanto, á marxe de que a resposta pendente se faga incardinada no expediente de dependencia orixinal, cousa que descarta a consellería, ou noutro procedemento diferenciado, o certo é que debe darse unha resposta, que neste momento se atopa moi demorada, posto que a reclamación se fixo hai xa máis de un ano. A obriga de resolver establécese no art. 42.1 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, que establece que "a administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación".

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos

sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre a solicitude promovida pola interesada de aplicación do previsto no Decreto 15/2010 para o caso de dependentes falecidos, posto que esa resolución se atopa retrasada.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

103. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 19 de abril de 2011 debido ao atraso dun procedemento de dependencia (Q/441/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª D. G. N.relativo ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 11 de maio de 2009 presentou solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia ante a Consellería de Traballo e Benestar, acompañando o correspondente informe médico. O 13 de agosto de 2009 recibiu a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, recoñecéndose o grao I e nivel 2, cunha puntuación global de 47,67 puntos. Na devandita resolución indicábase que o prazo para a aprobación o Programa Individual de Atención (PIA) comezaría a contar desde o 1 de xaneiro de 2011. O 10 de xaneiro de 2011 recibiu unha carta da consellería na cal se comunicaba que se iniciou a elaboración do seu programa individual de atención, facéndolle saber que a prevención será prioritaria para as persoas en situación de dependencia en grao I, co obxecto de previr o agravamento do seu grao e nivel de dependencia, polo que os servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da situación de dependencia terán carácter prioritario á hora da elaboración do seu PIA. Pasou case un mes desde a recepción da devandita carta sen recibir máis noticias sobre a

elaboración dese PIA e pasou un ano e sete meses desde o recoñecemento da súa situación de dependencia, tempo máis que suficiente para a elaboración do programa, sobre todo tendo en conta que a súa situación é prioritaria para evitar un agravamento, segundo o sinalado.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

"Ante a queixa presentada por dona D. G. N., n° expediente G.6.Q/441/11, con relación ao caso sobre dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 11/05/2009.

Aplicación da valoración dependencia: Data: 10/06/2009

Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de ditame (data): 10/08/2009. Resolución nivel e grao: 10/08/2009 I-2.

O expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica e en función dos recursos dispoñibles ou da dotación orzamentaria existente.

Non obstante, no suposto de resultar acreditada unha variación nas condicións de saúde ou na situación do contorno do solicitante que puidera supoñer unha modificación do grao e nivel poderase iniciar o procedemento de revisión regulado no artigo 42 do Decreto 15/2010. Este procedemento non interrompe a tramitación do PIA."

Unha vez examinado o contido do informe deduciuse que non se aclaraban ningunha das dúas cuestións obxecto da queixa, nin os motivos da mención do comezo do prazo para resolver o 1 de xaneiro de 2011, en contra do previsto, nin o retraso na

resolución. Por iso requirimos informe complementario, que se recibiu recentemente co seguinte contido:

"Ante a queixa presentada por dona D. G. N., n° expediente G.6.Q/441/11, con relación ao caso sobre dependencia, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 11/05/2011

Aplicación da valoración dependencia:

. Data: 10/06/2009

. Puntuación: 47,67

- Recoñecemento de grao e nivel:

. Emisión de proposta-resolución (data): 10/08/2009

. Resolución grao e nivel: 10/08/2009 1-2

O expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica e en función dos recursos dispoñibles ou da dotación orzamentaria existente.

Non obstante, no suposto de resultar acreditada unha variación nas condicións de saúde ou na situación do contorno do solicitante que puidera supoñer unha modificación do grao e nivel poderase iniciar o procedemento de revisión regulado no artigo 42 do Decreto 15/2010. Este procedemento non interrompe a tramitación do PIA."

Como pode comprobarse, o agora informado é practicamente o mesmo que o que se indicou anteriormente, polo que non resulta aclarado o especificamente indicado no noso anterior requirimento de informe complementario.

Respecto da primeira cuestión, isto é, que a resolución do recoñecemento de grao e nivel, de agosto de 2010, indica que o prazo para a aprobación o PIA comezaría a contar desde o 1 de xaneiro de 2011 ("a disposición final primeira da Lei 39/2006 ... indica que a efectividade do dereito aos servizos e prestacións económicas non lle corresponde no ano en curso, polo que o prazo para a aprobación do PIA comezará a contar dende o 1 de xaneiro de 2011"), xa trasladáramos á consellería que este *dies a quo* non parece coincidente co expresado na disposición mencionada, a final primeira da LD, que preceptúa que "o recoñecemento do dereito contido nas resolucións das administracións públicas competentes xerará o dereito de acceso aos servizos e prestacións correspondentes, previstos nos artigos 17 a 25 desta Lei, a partir do inicio do ano de implantación de acordo co calendario do apartado 1 desta disposición ou desde o momento da súa solicitude de recoñecemento polo interesado, se esta é posterior a esa data". Polo tanto, o expresado na disposición legal é diferente do indicado pola resolución. Isto confírmase co expresado no Decreto galego 15/2010, que define o réxime dos prazos respecto da cuestión que tratamos. O art. 33.2 deste Decreto sinala que "cando a resolución de recoñecemento da situación de dependencia ditada se refira a un grao e nivel non implantado, de acordo co calendario de implantación da disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, o inicio do procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención terá lugar no prazo máximo de tres meses antes do primeiro día do ano en que se proceda a implantar o grao ou nivel de dependencia de que se trata". Polo tanto, a mención contida na resolución resulta irregular por contraria ao legalmente previsto e debera non terse en conta aos efectos do *dies a quo* para resolver o PIA, e no caso de incluírse con carácter xeral nas resolucións deste tipo, debera ser corrixida para adaptala ao previsto na disposición final primeira da LD e no art. 33.2 do Decreto 15/2010.

A partir do anterior resulta claro que o expediente para resolver sobre o PIA se atopa retrasado. O procedemento iniciouse en maio de 2009 e Porén aínda non se resolveu na súa última fase, a de aprobación do PIA, que debera comezarse, de acordo co expresado, o 1 de outubro do pasado ano.

A consellería segue sen concretar a data na que finalmente se resolverá sobre o PIA pendente. Confírmase o atraso do procedemento de valoración das situacións de dependencia e de posterior atribución e efectividade das prestacións previstas na LD. Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, coma o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións ou servizos derivados da LD, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados.

E que, no caso de confirmarse que con carácter xeral as resolucións de valoración de dependencia moderada mencionan como dies a quo para o prazo de resolución do PIA o de comezo da efectividade das prestacións ou servizos, o que resulta inadecuado, se rectifique tal criterio e se teña como dies a quo o sinalado no art. 33.2 do Decreto 15/2010, acorde co previsto na disposición final primeira da LD.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación non aceptada (aceptada en primeiro termo, pero sen efectividade, o que coñecemos posteriormente a través da queixa Q/1954/11).

104. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 20 de abril de 2011 debido ao retraso dun procedemento de dependencia (Q/242/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª T. M. C. debido ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que está a coidar dos seus pais. O seu pai sufriu unha agravación das doenzas (fundamentalmente alzheimer, Parkinson, axitación psicomotriz, a agravación das lesións artrósicas, e outras de carácter psiquiátrico), polo que solicitou o 01.10.10 nova valoración do grao e nivel de dependencia, sen que despois de máis de catro meses o citasen. A situación económica familiar é de absoluta precariedade; non pode traballar porque as doenzas do seu pai esíxenlle estar ao seu coidado as 24 horas do día, feito polo que tivo que deixar de traballar.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa presentada por Dª T. M. C., n° expediente G.6.Q/242/11, con relación ao caso sobre dependencia de D. J.M. A., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 31/05/2007. Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de proposta-resolución (data): 19/11/2007. Resolución nivel e grao: 26/11/2007 II-1.

Plan Individual de Atención (PIA). Proposta do Plan Individual de Atención: 13/02/2009 na que se propón como axuda a libranza de coidados no contorno.

Solicitude de revisión de nivel e grao por agravamento: 05/10/2010. Estado actual do expediente: con data 25 de marzo de 2011 remíteselle a D. J. M. A. unha citación por carta para valoralo de novo o día 12/04/2011.

O expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica e en función da dotación orzamentaria existente.

Sendo precisa a procedencia de revisión do grao e nivel recoñecido por empeoramento, estase procedendo a efectuar as correspondentes valoracións para a pronta resolución do expediente."

Coa información transcrita confírmase o exposto pola interesada na súa queixa, isto é, que o procedemento se topa moi demorado, posto que se comezou en maio de 2007 e aínda non se resolveu, e que no relativo á revisión solicitada por empeoramento, este incidente tamén se atopa moi demorado, posto que se reclamou hai mais de medio ano e aínda non se resolveu sobre el. Ademais, a consellería non concreta a data na que finalmente se resolverá sobre o PIA pendente.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, coma o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo

decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os familiares e *coidadores* mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da queixa, relativo ás prestacións ou servizos derivados da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican con carácter xeral aos cidadáns afectados; e que tamén con urxencia se resolva sobre a solicitude de revisión por empeoramento, que tamén se atopa demorada.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación non aceptada (aceptada en primeiro termo, pero sen efectividade, o que coñecemos posteriormente a través da queixa Q/2316/11).

105. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 19 de maio de 2011 debido a un expediente de dependencia (Q/1427/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J. G. L. relativo a un expediente de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que a súa filla, Dª L. G. M., con DNI ..., ten recoñecido o grao III e nivel 2 de dependencia. Atópase parcialmente atendida no centro anteriormente coñecido como *Carmen Polo*, agora *Terras de Ferrol*. Alí foi atendida na súa idade escolar, e cando cumpriu a maioría de idade seguiu nel, pero con graves carencias asistenciais, posto que se presta un servizo que non se corresponde ao propio dun centro de día para usuarios con necesidades específicas, como as da súa filla e o resto dos usuarios maiores de idade.

Reclama o servizo de centro de día, de acordo co legalmente previsto (atenderase mediante servizo, e só excepcionalmente mediante prestacións económicas). Esta necesidade de servizo é aínda mais evidente nos casos de graves afeccións como a que afecta a interesada. En concreto reclámase unha praza no centro de día que se tería que constituír de forma adecuada. Porén, ata que exista o centro de día reclamou unha prestación económica para coidados no contorno familiar, que foi o que lle recoñeceron en 2008. Como se sinalou, é atendida no centro escolar, utilizado provisionalmente como centro de atención de maiores. Nel está aproximadamente 3 horas ao día, ata a hora de comer, o que non pode facer alí por carecer o centro dunha atención específica para darlle a comida, cousa que precisa polas súas específicas características. O centro tamén carece doutras atencións específicas por falta de medios tanto humanos como materiais. Polo tanto, recibe unha atención de intensidade baixa en tempo e carente da necesaria especialización na atención.

O 25 de maio de 2010 resolveuse que o novo PIA consistiría nun servizo de axuda no fogar con intensidade de 30 horas/mes e a prestación ou libranza para coidados no contorno familiar con dedicación parcial de 100 horas/mes. Ese novo Programa Individual de Atención substitúe ao anterior de 29/04/08, no que se recoñecía unha libranza no contorno familiar cunha dedicación completa e intensidade de 160 horas/mes. Indica ao

respecto que o servizo de axuda no fogar non ten efectividade en Ferrol, posto que no concello indicáronlle que pasaría a unha lista de espera. Ademais, no caso de chegar a prestalo, non sería adecuado, posto que o servizo non pode atender a súa filla, cunhas circunstancias moi específicas que requiren unha atención moi especializada. Por iso, reclama a volta ao PIA de 2008, ata que poida prestarse o servizo adecuado de centro de día, de acordo co indicado no parágrafo anterior. A anterior petición fíxoa a través dun recurso da alzada contra a resolución de 25 de maio de 2010.

É de sinalar que anteriormente coñeceuse a queixa Q/1771/07, na que o anterior órgano competente nos trasladou a previsible solución da problemática relativa á falta de atención adecuada aos maiores de idade do centro.

Ante iso solicitamos información á consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

"Ante a queixa presentada por D. J. G. L., n° expediente G.6.Q/1427/10, con relación ao caso sobre dependencia de D^{a} L. G. M., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data de solicitude: 09/05/2007.

Data resolución grao/nivel: 30/10/2007 III-1, modificada por unha nova resolución de revisión da dependencia de 13/12/2007 pola que se lle recoñece III-2.

Con data 24/07/2008 resólvese a aprobación do Programa Individual de Atención polo que se lle recoñece unha libranza de coidados no entorno familiar unha intensidade completa. Este expediente incorpórase á nómina mensual de dependencia.

Con data 25 de maio de 2010 emítese unha nova resolución por revisión do Programa Individual de Atención pola que se lle concede unha intensidade da libranza de coidador de 100 horas ao mes e un servizo de axuda no fogar en concepto de respiro da coidadora de 30 horas ao mes, prestado polo concello de Ferrol.

Con data 5/07/2010, D. J. G. L., pai e titor legal da solicitante, achega un recurso de alzada, en prazo, contra a resolución de revisión do Programa Individual de

Atención e pide que se declare nula a dita resolución por lesionar o contido esencial dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional e se repoña a prestación anterior ata a posta en funcionamento do centro de atención a persoas con discapacidade "Souto de Leixa".

O artigo 29 da Lei 39/2006 de 14 de decembro establece que os servizos sociais correspondentes do sistema público establecerán un Programa Individual de Atención no que se determinarán as modalidades de intervención máis adecuadas de entre os servizos e prestacións económicas previstas na resolución para o seu grao e nivel coa participación, previa consulta, e no seu caso, elección entre as alternativas propostas polo beneficiario e, no seu caso, pola súa familia. Así mesmo no seu punto 2 establece que o Programa Individual de Atención será revisado, de oficio, na forma que determine ou coa prioridade que prevea a normativa das comunidades autónomas.

O artigo 43 do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, que é a norma que regula os procedementos de dependencia na nosa comunidade, establece o procedemento de revisión do Programa Individual de Atención.

A Administración procede a revisar de oficio o plan individual de atención da solicitante, establecendo provisionalmente por un ano a prestación económica para coidados no entorno familiar por tempo parcial (intensidade 100 horas/mes) e o respiro de SAF (30 horas/mes).

A posta en funcionamento do centro de día Souto de Leixa está prevista para finais do presente ano 2010.

En canto ao recurso, cabe sinalar que foi presentado en xullo e dado que hai tres meses para resolver, aínda estaría en prazo."

Con esa información confirmábase o indicado polo interesado na queixa no relativo á revisión de oficio do PIA, que se concreta provisionalmente nunha prestación económica para coidados no entorno familiar por tempo parcial (intensidade 100 horas/mes) e nun respiro de SAF (30 horas/mes). Porén, a consellería non respondeu á súa reclamación respecto á non prestación do servizo asignado pola consellería no PIA por

falta de prazas municipais, e no caso de rematar outorgándoa, respecto da falta de idoneidade do servizo, posto que a súa filla require atención moi especializada que non pode prestar o SAF do concello. Polo que se refire ao servizo no centro, que non resulta adecuado, a consellería indicounos que o novo centro de día comprometido e cuxa atención se reclama expresamente para a filla do interesado abriría en breve (*a posta en funcionamento do centro de día Souto de Leixa está prevista para finais do presente ano 2010).* Finalmente, no relativo ao aspecto formal, isto é, ao recurso de alzada pendente de resposta, a consellería indicou que aínda non se respondera e que non venceu o prazo para iso. Á vista de todo iso de novo nos diriximos á consellería co fin de requirir aclaración urxente sobre os extremos citados; a resposta foi a seguinte:

"O Centro de Día de Souto de Leixa xa está en funcionamento. O Plan Individual de Atención revisouse de oficio, establecendo provisionalmente por un ano a prestación económica para coidados no entorno familiar por tempo parcial (intensidade de 100 horas/mes) e o respiro de SAF (30 horas/mes). Actualmente o PIA está en comprobación para entrar en nómina."

A reposta achegada, recibida cun considerable retraso, posto que foi preciso reiterala ata en 3 ocasións, unicamente facía referencia a que xa se solucionara a carencia que existía respecto do centro de día para maiores de idade, antes insuficiente; agora xa se atopa en funcionamento o centro Souto de Leixa, que, a falta de mais explicación, será o que preste a atención ao dependente. Non obstante, non se aclararon as outras circunstancias contidas no requirimento de información complementaria de 14 de outubro de 2010. Non se aclaraba o relativo á prestación económica, respecto da que ao parecer non se está a realizar o pago (indícase que "está en comprobación para entrar en nómina"), e sobre todo non se aclaraba a falta de efectividade do servizo de axuda no fogar asignado nese PIA por falta de prazas municipais e por falta de idoneidade do servizo debido a que a súa filla require unha atención moi especializada que non pode prestar o SAF do concello. Ao respecto o interesado promovera un recurso de alzada no que reclamaba que polos motivos expostos se volvera ao PIA anterior de abril de 2008 (debe entenderse que provisionalmente, ata a prestación adecuada do servizo no novo centro de día). Porén, tampouco nesta ocasión se aclarou o respondido neste recurso pendente, e iso a pesar de

que no requirimento de información complementaria se insiste na necesidade de aclarar este aspecto. Por iso de novo requirimos información complementaria, que se respondeu recentemente da seguinte forma:

"- Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 09/05/2007.

- Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de ditame (data): 23/10/2007. Resolución nivel e grao: 30/10/2007 III-1.

- Presentación recurso de alzada contra resolución de grao e nivel: 27/11/2007. . Resolución grao e nivel: 13/12/2007 III-2.

- Plan Individual de Atención (PIA)

Proposta do Plan Individual de Atención: 18/04/2008

. Resolución do Plan Individual de Atención (PIA) (data): 24/07/2008

. Medida/recurso/libranza de conformidade coa Resolución do (PIA): libranza de coidados no contorno familiar con intensidade completa (160 horas) sendo a coidadora non profesional a súa nai D. C. M. C., con efectos dende o día 8 de malo de 2007 e unha contía de 330,78 euros ao mes no 2007, 342,74 euros ao mes no ano 2008 e 350,97 euros ao mes no ano 2009. Este expediente incorporouse a nómina mensual de libranzas de coidador de dependencia.

- Con data 09/04/2010, de oficio, procédese a revisión do PIA pola aplicación da instrución n° 5/2010 da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal de 7 de abril, que se ditou coa pretensión de solucionar as desigualdades nos PIAS dos usuarios que asistían ao centro de día Carmen Polo de Ferrol, que nalgúns casos eran incompatibles.

Con data 25 de maio de 2010 emítese unha nova resolución do programa individual de atención na que se lle recoñece unha libranza de coidados no contorno familiar con intensidade parcial (100 horas) sendo a coidadora non profesional a súa nai

D. C. M. C., con efectos dende o día 1 de maio de 2010 e ata o 30 de abril de 2011, e unha contía de 139,26 euros ao mes. Esta resolución notificouse con data 9 de xuño de 2010 e este expediente incorporouse á nómina mensual de libranzas de coidador de dependencia, que se esta a aboar mensualmente, mais pode sufrir retrasos puntuais. Nesta resolución recoñéceselle, tamén, 30 horas ao mes de servizo de axuda no fogar. Este servizo será prestado polo concello de Ferrol polo que este departamento non pode informar das incidencias que se producen en su funcionamento.

Con data 25 de novembro de 2010, emítese unha nova resolución do PIA na que se revisou a cantidade que a persoa usuaria estaba a cobrar debido ao erro nos cálculos. A cantidade correcta que debía percibir no ano 2010 era de 155,53 euros ao mes, polo que se lle aboaron os atrasos correspondentes e corrixiuse a cantidade que mensualmente estaba a recibir.

Con data 5 de xullo de 2010, Don J. G. L. presentou recurso de alzada á resolución de revisión de PIA no que solicita que se repoña a prestación anterior ata a posta en funcionamento do centro de atención á persoas con discapacidade "Souto de Leixa" de Ferrol. A resolución de dito recurso está a tramitarse, o que se fai por orde de entrada no rexistro correspondente.

É necesario sinalar, que se a prestación recoñecida no programa individual de atención do solicitante non cubre as súas necesidades asistenciais pode proceder a solicitar unha revisión do seu programa individual de atención.

En canto ao recurso de alzada contra a resolución de grao e nivel, indícase que foi estimado recoñecéndolle un grao III nivel 2 con data 29/03/2011 e notificado o 16/04/2011."

Na información transcrita apreciase, en primeiro termo, que a consellería fai referencia a que o *recurso de alzada contra a resolución de grao e nivel ... foi estimado recoñecéndolle un grao III nivel 2 con data 29/03/2011 e notificado o 16/04/2011,* o que parece un erro, posto que o grao e nivel non eran obxecto de controversia por parte do interesado nin conseguintemente de requirimento de información, posto que a propia

consellería informara de que xa en 2007 se revisara a primeira valoración e se concedera a máxima, precisamente un grao III e un nivel 2.

O que si quedaba pendente era o recurso contra a revisión de oficio do PIA, por incluír un servizo que non tiña nin podía ter efectividade. Porén, a consellería non aclara esta concreta cuestión nin no seu aspecto formal nin no material. Efectivamente, respecto da resolución en prazo unicamente sinala que *a resolución do dito recurso está a tramitarse, o que se fai por orde de entrada no rexistro correspondente,* co que se confirma que despois de case un ano dente a presentación do recurso este aínda non se resolveu. Ademais, respecto do fondo do asunto, non se aclara nada respecto da falta de efectividade do servizo de axuda no fogar; a consellería se limita a indicar que *este servizo será prestado polo concello de Ferrol polo que este departamento non pode informar das incidencias que se producen en su funcionamento*. Porén, a responsabilidade no adecuado do PIA e na súa efectividade corresponde a quen o resolve, a CTB. Esta non aclara se coñeceu a dispoñibilidade de prazas con anterioridade á emisión do PIA, ou, no caso de non coñecer tal cousa, se despois, cando se coñeceu a falta de praza, se incluíu ao afectado na lista de espera e se aplicou o previsto respecto dela, isto é, unha adecuada información respecto da propia inclusión e ao desenvolvemento desta, xunto coa información da posible solicitude dunha libranza ao cabo de tres meses.

Finalmente, dado que a orixe do problema era a carencia dun centro de día adecuado para a atención dos discapacitados que permanecían nel durante a súa idade escolar, no centro Terras de Ferrol, resulta rechamante, despois da confirmación da posta en funcionamento do novo centro *Souto de Leixa*, que non se indique nada ao respecto do cambio de PIA á vista do funcionamento dese centro, a pesar de que a atención adecuada nel é a solución mais eficaz para a atención da dependente. O propio interesado resaltou que o que reclamaba era o servizo de centro de día, de acordo co legalmente previsto (se atenderá mediante servizo, e so excepcionalmente mediante prestacións económicas), en concreto unha praza no centro de día que se tería que constituír de forma adecuada; Porén, ata que existira o centro de día reclamaba unha prestación económica, que foi o que lle recoñeceu en 2008.

Ao respecto desto último a consellería parece esperar a que o interesado reclame expresamente un novo PIA (*...pode proceder a solicitar unha revisión do seu programa individual de atención*). Porén, tal cousa reclamouna anteriormente, posto que, como dixemos, a solución se reclamaba de forma provisional por carencias do servizo ofertado entón. Ademais, en todo caso a consellería, que no seu momento modificou de oficio o PIA, agora debera facelo tamén, sen necesidade de esperar a ningunha reclamación de parte, que, como dixemos, xa deuse neste expediente.

En resumen, a consellería confirma o retraso na resolución da discrepancia do interesado respecto da revisión do PIA e sobre todo respecto da súa falta de efectividade no relativo ao SAF, e non indica, a pesar do novo centro de día adecuado para a atención da dependente, que se renovara o PIA para outorgarlle un novo atribuíndo o servizo correspondente. O anterior sucede a pesar de que a afectada é unha *gran dependente* e debera ter preferencia (art. 3 q LD).

Esta reclamación, como todas as abundantes queixas por falta de efectividade ou retrasos na aplicación da LD, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade coa tramitación do expediente.

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e á política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán (os poderes públicos) a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia para unha gran dependente.

E que en concreto se resolva sobre a súa atención adecuada no novo centro de día Souto de Leixa, e tamén se aclaren as circunstancias polas que non se tivo en conta a posible carencia de praza de SAF, ou polo menos se actuou na forma indicada no decreto 15/2010 para casos de falta de praza para o servizo outorgado.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación non aceptada.

106. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 17 de xuño de 2011 debido ao retraso dun procedemento de dependencia e á falta de resposta a un recurso (Q/861/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª M. M. G.M.debido ao retraso dun procedemento de dependencia e á falta de resposta a un recurso.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o seu familiar, do que é gardador de feito, D. R. B. R., con DNI …, solicitou recoñecemento de dependencia o 7 de outubro de 2008. En marzo de 2009 déronlle o grado I e nivel 2. En abril de 2009 presenta solicitude de revisión da súa situación de dependencia con novos informes médicos. O 21 de xullo de 2009 resólvese non modificar o grao e nivel dependencia recoñecidos. Presenta recurso de alzada o 16 de setembro, pero non tivo resposta ao recurso, a pesar de transcorrer mais de 16 meses dende que se presentou. Remite reclamación escrita en maio de 2010, sen ter contestación.

Ante iso solicitamos, como vostede coñece, información á Consellería de Traballo e Benestar que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/861/11, con relación ao caso sobre dependencia de D. R. B. R., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 07/10/2008

Aplicación da valoración dependencia: Data: 17/12/2008. Puntuación: 42

Recoñecemento de grao e nivel: Resolución nivel e grao: 10/03/2009 I-2

Solicitude revisión grao e nivel: 22/05/2009 - Aplicación da valoración dependencia: Data: 06/07/2009. Puntuación: 49

- Recoñecemento de grao e nivel: Resolución nivel e grao: 21/07/2009 I-2

Con esta resolución, interpuxo recurso de alzada (17/09/2009), para o cal o órgano de valoración (OVD), despois de revisalo, emitiu informe técnico, con proposta NON favorable, que se remitiu á Unidade de Coordinación de Dependencia o 22/07/2010, para a súa definitiva resolución.

Solicitude revisión grao e nivel por empeoramento: 10/11/2010

Aplicación da valoración dependencia: Data: 09/05/2011. Puntuación: 85

Recoñecemento de grao e nivel: Proposta ditame: 21/07/2009 III-1. Está pendente a resolución e comunicación ao interesado.

Interposto o recurso de alzada e logo de recibida a documentación do expediente administrativo, procederase a emitir a corresponde resolución, de acordo coa normativa de aplicación. Os recursos de alzada se van resolvendo por estrita orde de entrada."

Da información achegada dedúcese, en primeiro termo, que o recurso referido na queixa non se resolveu, sen que se aclaren as causas; unicamente se indica que *os recursos de alzada se van resolvendo por estrita orde de entrada*. O prazo para tal resolución venceu hai tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992,

de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992). A través de queixas precedentes coñecemos que as demoras nas resolucións de recursos resultan frecuentes.

Posteriormente reclamouse unha revisión e esta ao parecer ditaminouse recentemente con proposta de grao III e nivel 1 (nos obstante, a información é confusa, sobre todo en canto as datas, que resultan incoherentes). De confirmarse o anterior o certo é que o recurso interposto no seu momento decaería en canto á súa utilidade, posto que debera resolverse canto antes sobre a nova valoración. Posteriormente debera darse rápida aprobación e efectividade ao PIA pendente dende hai tempo, e despois respecto do relativo á nova valoración, no caso de confirmarse. Efectivamente, xa con anterioridade o expediente debera terse resolto, polo que o motivo da queixa resulta confirmada. A solicitude é do 07-10-08 e a valoración orixinal, que atribúe un grado I e nivel 2, debera ter dado lugar á aprobación do PIA, tendo en conta o calendario de efectividade progresiva da LD.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos. As demoras prexudican aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que os recursos promovidos en relación con procedementos de dependencia se resolvan con carácter xeral nos prazos legalmente previstos e non se produzan demoras nos mesmos en prexuízo dos afectados.

Que con urxencia se resolva sobre a valoración pendente, que se atopa demorada, e que tamén con urxencia se aprobe e de efectividade ao PIA pendente dende hai tempo, correspondente á primeira valoración, e o relativo á valoración revisada, no caso de confirmarse a proposta actual.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación non aceptada (aceptada en primeiro termo, pero sen efectividade, o que coñecemos posteriormente a través da queixa Q/2219/11).

107. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 22 de xuño de 2011 relacionada coa situación de incapacidade dun veciño de Arbo (Q/234/11).

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario "*Faro de Vigo*" o 29 de xaneiro de 2011 en relación coa situación de incapacidade dun veciño de Arbo.

Na noticia sinálase esencialmente que en Vilar de Cabeiras, en Arbo, vive J. R. co seu fillo J., de 20 anos, que desde que naceu con só cinco meses de xestación, non ve, non fala, e non anda. Ademais, este mozo padece problemas respiratorios que o obrigan a estar conectado ao oxíxeno18 horas diarias e J. viuse obrigado a traballar só media xornada para coidalo. En xuño solicitou a axuda da Lei de dependencia e desde entón non recibiu resposta. Pode ser un caso máis da falta de resposta da Administración na aplicación da Lei de dependencia, pero clama ao ceo, segundo se sinala. En Arbo unha familia moi humilde sofre ao límite a desgraza de que un dos seus membros, de 20 anos de idade, sexa discapacitado físico e intelectual e necesite coidados especiais.

Ata xuño de 2010 estivo ingresado nun centro da *Asociación Galega San Francisco (Agasfra)* grazas á axuda do ONCE. Con todo, despois de ter que ingresar en varias ocasións no hospital, os médicos recomendáronlle "coidados especiais". Por iso o seu pai, levouno á casa. A familia recibe unha pensión non contributiva polo mozo dependente. O seu pai é quen se encarga de duchalo, darlle para comer, levalo ao baño, colocarlle o oxíxeno e todos os coidados necesarios. Coa súa forza levántao en brazos e cámbiao de cama á cadeira de rodas. Pola tarde, J. vai traballar media xornada porque como explica "teño outro fillo de 18 anos que manter". Ademais na casa vive a súa muller, que padece gravemente dos nervios, e a súa sogra de 88 anos. Este veciño de Arbo pide axuda despois de pasar quince xornadas, noite e día, no Meixoeiro co seu fillo

hospitalizado. Foi en xuño cando solicitou unha axuda pola Lei de dependencia, pero non recibiu resposta; tampouco desde o Concello de Arbo lle envían unha persoa que o axude a atender a J..

"Os médicos dinnos que pode durar un ano e nós o único que queremos é que estea ben coidado, dános igual que sexa nun centro especializado ou cunha persoa que o atenda ben, o diñeiro non nos importa", explica J.. O mozo debe recibir oxíxeno polo menos 18 horas ao día e necesita alimentos especiais de farmacia. Corre perigo de atragoarse e por iso debe comer todo en papa e mesmo necesita un espesante para a auga. "Todo o que lle damos ten que pasarse antes polo batedor e teño que facerlle xogos para que me abra a boca", indica o seu pai.

J. non fala pero ri cando o seu pai lle di cousas cariñosas e só está serio e triste cando está mal. Para levalo ao médico desde Vilar de Cabeiras ata Arbo o seu pai chama un taxi e unha vez no centro cólleo en brazos para ir á consulta. "Teño 50 anos e levo toda a vida loitando, non sei canto tempo máis vou aguantar", di. J. R. pide solucións ás administracións. "Fun ao concello, á Xunta a Vigo, e ninguén me dá unha solución, é inhumano no tempo que estamos que este neno estea así", afirma o proxenitor, e engade que "a asistenta social do concello aténdenos ben e fai todos os trámites, pero non nos dan resposta, algo pasa". Asegura que "polo benestar do seu fillo está disposto a chegar aos tribunais ou onde faga falta".

Ante iso requirimos informe á Consellería de Traballo e Benestar e ao Concello de Arbo. A primeira respondeu esencialmente que o dependente se atopaba atendido no centro residencial para persoas con discapacidade San Francisco, pero o 24 de setembro de 2010 recibiuse unha solicitude de revisión do PIA reclamando unha libranza para coidados no entorno familiar, polo que se reclamou do concello un informe social, recibido o 12 de xaneiro, no que se indica que se considera ao pai con capacidade suficiente para facerse cargo dos coidados, pero non á nai. O expediente atopábase a espera da estimación ou desestimación do pedido. Pola súa banda o concello achega un amplo listado de actuacións dende 1991, pero sen concretar o especificamente requirido. Por esa razón puxémonos en contacto directo cos servizos sociais do ente local, que nesta ocasión informaron

amplamente da situación coñecida na queixa de oficio. Entre outras cousas coñeceuse que a xustificación dada pola familia para pedir o cambio de PIA de servizo a prestación económica era que ás veces o dependente tiña que ser atendido na casa debido a enfermidades puntuais. Ao respecto o informe social indicou que era posible o coidado a través do pai, non da nai; sen embargo, quedaría pendente a especificación do que resulte mellor para o dependente, que previsiblemente sería permanecer o máximo tempo posible no centro de atención específica, aínda que quizais co complemento doutro servizo (por exemplo, un SAF) cando por razóns de saúde o neno se atopara na casa. Outra razón que puido influír na vontade do pai de demandar a prestación económica podería ser a retirada (confirmada polos servizos sociais) da axuda que a ONCE viña prestando a este tipo de discapacitados intelectuais para o pago das cantidades que corresponderan en concepto de copago do servizo e abono dos servizos complementarios.

Polo sinalado requirimos informe complementario ao concello e a consellería, que xa nolo remitiron. Nos mesmos sinálase o seguinte:

- Concello de Arbo:

Informe social: " *J. ingresa no Centro San Francisco (Vigo), sendo naqueles momento s menor de idade, a petición do propio pai. Neses momentos, é o pai, quen toma a iniciativa en nome de toda a familia; xa que recoñecía a necesidade dunha atención continua para o seu fillo. Atención que el non Ile podía prestar, xa que tiña que traballar, ao ser o único membro que achegaba ingresos para o mantemento da unidade familiar.*

Non obstante, a nai non era partidaria da permanencia do seu fillo no dito Centro, e así o manifestou nestes Servizos Sociais (ela quería que os axudasen economicamente para atender o seu fillo no domicilio familiar).

Durante todos estes anos que J. permaneceu ingresado (de luns a venres) no Centro San Francisco; cando enfermaba, o pai, era quen o atendía durante o tempo de enfermidade e/ou convalecencia, xa fose no Hospital coma no domicilio familiar.

Durante anos J. recibiu axuda por parte da ONCE, para sufragar os gastos de estancia semanal no dito Centro; e tamén percibiu axuda para os gastos de desprazamentos ou transporte (do domicilio ao Centro e viceversa) .

Antes da Resolución de Dependencia, a axuda de transporte, deixou de percibila, xa que Ile foi recoñecido o Servizo de transporte adaptado 065.

Unha vez resolta a solicitude de Dependencia, adxudícaselle no PIA, praza en Centro Residencial: Centro San Francisco; coincidindo o recurso asignado coa petición da familia. A partir dese momento, a axuda da ONCE retiráselle, segundo información facilitada polos Servizos Sociais desa Entidade.

J., debido as súas doenzas, sofre moi a miúdo complicacións na súa saúde física. Estando internado no Centro, cada vez que enfermaba, o pai tiña que acudir a recollelo, en ocasións era preciso hospitalizalo e noutras soamente trasladalo ao domicilio familiar, ata a súa recuperación. No transcurso, do ano 2010, os ingresos hospitalarios foron máis continuados indicándolle os médicos ao pai, que o mellor sería que permanecera no domicilio e non no Centro onde estaba máis a miúdo en contacto con enfermidades. Este empeoramento, foi un motivo de peso (e así o manifestou o pai, ante estes Servizos Sociais), para decidir a baixa do seu fillo no Centro, no mes de xullo. A continuación solicitou o cambio de PIA (setembro), para libranza de coidados no contorno familiar; pois el realmente estaba dedicándose ao coidado diario do seu fillo.

En relación aos coidados no fogar para o dependente, infórmase novamente, que a atención no domicilio é adecuada por parte do pai. A nai apréciaselle un "lixeiro retraso psíquico", non está valorada como minusválida, porque se nega; segundo ela manifesta é que "padece dos nervios ". O pai conta, actualmente, co apoio do outro fillo: J. (maior de idade e sen ningunha problemática).

En canto á prestación do recurso de SAF para atender o dependente cando este se atopa no domicilio familiar, esta opción foille proposta ao pai. Este volveu

manifestar (a estes Servizos Sociais), que este recurso non o quería , xa que o tempo que Ile podían conceder non era suficiente.

Tamén se informou o pai que, a prestación económica que podería percibir como coidador familiar, non era unha contía económica moi elevada, xa que o seu fillo percibía unha pensión e un complemento por atención de terceira persoa.

Respecto a que servizo ou axuda sería a máis conveniente para o dependente, propoño as seguintes posibilidades:

A opción de que J. recibise a axuda de Coidador familiar a media xornada, complementada con servizo de axuda no fogar (outra media xornada). Deste xeito permanecería no domicilio, favorecéndose a súa saúde, e facilitando que o pai, poida continuar desempeñando o seu emprego durante a outra media xornada.

Outra opción, a permanencia en Centro Residencial e compatibilizala coa prestación de Coidador familiar ou doutra axuda económica cando permanece no domicilio. Esta sería unha opción especial, pero tamén as circunstancias de este dependente son especiais. Deberíase ter en conta a problemática de saúde que padece o dependente, o que motiva que teña que permanecer días ou incluso semanas no domicilio familiar, e isto implica que o pai deixe de traballar para atendelo; situación que repercute na economía familiar, e por conseguinte, na atención do dependente durante a duración da súa enfermidade/convalecencia. Por todas estas circunstancias, sería esta a opción ideal para o dependente e para a súa unidade familiar."

- Consellería de Traballo e Benestar:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/234/11, con relación ao caso sobre dependencia de D. J. R. G., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase do seguinte:

Data de entrada da solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia (no primeiro rexistro administrativo e no rexistro do órgano competente para resolver): 4/06/2007

Aplicación da valoración de dependencia: Data: 13 de febreiro de 2009

Puntuación: 95

Recoñecemento de grao e nivel:

Emisión da proposta-resolución: 17 de febreiro de 2009

Resolución de grao e nivel: 17 de febreiro de 2009, atópase en situación de dependencia en grao III e nivel 2, con carácter permanente.

Plan Individual de Atención:

Proposta do PIA: 11 de febrero de 2010 servizo de centro de atención residencial para persoas con discapacidade: Centro San Francisco.

Resolución do PIA: 15 de febreiro de 2010

D. J. R. L., en representación do seu fillo D. J. R. G.solicitou en data 24/09/2010 revisión da resolución do PIA: Modificación de praza en centro residencial por libranza para coidados no entorno.

Na actualidade J. causou baixa no mes de xaneiro no centro de atención residencial de discapacitados San Francisco por decisión familiar.

En data 23/03/2011 mantivemos unha reunión co Director da ONCE na que se nos facilitou a normativa sobre a dita organización.

No artigo 2.6.h da circular "4/2009 de 7 de abril de la Dirección de Autonomía Personal, Bienestar Social y Atención al Mayor, se establece que las prestaciones otorgadas por la ONCE se extinguen debido a la concesión de ayudas públicas derivadas de la aplicación de la Ley de Dependencia".

Da información transcrita dedúcese que a consellería recibiu a solicitude de revisión do PIA, cos correspondentes informes, xa en setembro de 2010, hai case un ano, pero sen embargo aínda non se resolveu, polo que se confirma que non se está a responder coa axilidade precisa para a resolución do suposto que tratamos. Esa solución podería consistir en calquera das solucións propostas polo concello ou noutras mais adecuadas para o dependente, de ser o caso. O que non parece opción é que pola demora na solución a adoptar o afectado se atope sen prestación ou servizo, a pesar das circunstancias que padece.

Polo que se refire á retirada da axuda da ONCE, a través desta e doutras queixas coñecemos que esa organización, alegando a implantación da LD, retirou as axudas que viña prestando como complemento das percibidas das administracións públicas, normalmente dedicadas a sufragar os centros especiais, educativos ou de día, aos que acoden desde antes da implantación da LD. Esas axudas da ONCE recibíanse para facer fronte ao copago previsto antes da LD e tamén agora, despois da súa aplicación e de contar coa declaración oficial como dependentes e cos plans individuais de atención ou PIA, ou para pagos complementarios. O máis significativo é que a ONCE, nas súas respostas aos afiliados, indícalles que coa entrada en vigor e a efectividade da LD, mediante a aprobación dos PIA, debe ser a administración responsable, neste caso a Comunidade Autónoma de Galicia, a que se faga cargo da totalidade do servizo, algo inadecuado, posto que tanto agora como antes se prevé a necesidade de copago do servizo, que era precisamente o que motivaba a achega complementaria da ONCE, ou seguen os pagos dos servizos complementarios. Esa necesidade de pago parcial do servizo non cambiou; a LD sinala ao respecto que "os beneficiarios das prestacións participarán no financiamento destas, segundo o tipo e custo do servizo e a súa capacidade económica persoal" (art. 33; a participación dos beneficiados no custo das prestacións).

Dada a natureza da entidade referida, demos traslado da situación á consellería co propósito de que pola súa parte se entrase en contacto coa ONCE para tentar evitar esta actuación, moi prexudicial para o colectivo (esgotar as posibilidades para evitar este grave prexuízo a persoas que, polas súas circunstancias, necesitaban toda a axuda posible, xa fose pública, institucional ou privada), ou, como mínimo, impedir as xustificacións inadecuadas da organización, que nas súas comunicacións aos afectados sinala á administración como responsable de algo que non responde á realidade.

Ademais, a ONCE confirmou que as axudas se estaban retirando nos casos que coñeciamos, algo que agora confirma tamén a consellería. A ONCE pagaba directamente parte dos gastos das prazas, pero retirou esa axuda en relación cun número importante de afectados debido, segundo ela, a que eses gastos deberían ser asumidos pola administración que recoñece o PIA, algo que, reiteramos, non parece responder á realidade. Comprobamos en documentos da ONCE achegados polos afectados que a organización lles sinala que "...mediante escrito... se notifica a aprobación do programa individual de atención que se contempla no art. 29 da Lei 39/2006 ...., no que se lle concede o servizo de centro de día con intensidade de xornada completa, que será prestado no centro ao que... viña acudindo. Do contido da dita resolución despréndese que a totalidade dos servizos que se veñen prestando a través do dito centro ha de quedar comprendido entre os cubertos en virtude da prestación aprobada". Esta xustificación non responde á realidade, aínda que é á Consellería de Traballo e Benestar a quen corresponde intervir ante a ONCE para que non se trasladen este tipo de argumentos. A ONCE aplica a medida con efectos económicos referidos ao momento de aprobación do PIA, co que pretende obrigar aos afectados a devolver o *cobrado indebidamente*, segundo os seus argumentos.

A administración está aplicando adecuadamente a LD e a normativa que a desenvolve, sen prexuízo da posibilidade de outorgamento de servizos complementarios nos casos en que resulten xustificados. A normativa prevé que parte dos gastos do servizo asignado sexan de conta do usuario, da mesma maneira que se viña facendo con anterioridade. Foi a ONCE a que, facendo unha interesada e incorrecta interpretación da LD e das resolucións que a aplican a que reduciu as súas axudas individuais dedicadas a persoas e familias en situación de evidente necesidade, ao contar con problemas graves non

só de discapacidade intelectual ou psíquica, senón tamén de visión, razón pola que recibían a axuda da ONCE, agora retirada de forma incomprensible.

Ante o exposto a consellería indica agora que *en data 23/03/2011 mantivemos unha reunión co Director da ONCE na que se nos facilitou a normativa sobre a dita organización. No artigo 2.6.h da circular "4/2009 de 7 de abril de la dirección de autonomía personal, bienestar social y atención al mayor, se establece que las prestaciones otorgadas por la ONCE se extinguen debido a la concesión de ayudas públicas derivadas de la aplicación de la Ley de Dependencia".* Loxicamente, organización ten a súa disposición a retirada das axudas que se concreta na circular (non normativa) que se menciona, sen prexuízo da crítica social que diso se poda derivar. Sen embargo, o en calquera caso quedaría pendente por parte dese órgano en relación coa situación descrita é, como dixemos, evitar que nas comunicacións que se envían con aparencia administrativa por parte da ONCE se xustifique a retirada no que habitualmente se manifesta, que é que a partir da aplicación da LD ten que ser a propia consellería a que atenda "todo", sen ter en conta o dito. A ONCE debera motivar os seus actos ante os seus afiliados indicando claramente que por decisión propia, de acordo cunha circular súa, se extinguen as axudas complementarias aos dependentes, pero non, como ven facendo, indicar que se extinguen porque a consellería xa atende ou debera atender en todo (no referido ao copago ou ao pago dos servizos complementarios dos centros) aos dependentes que utilizan o servizo de dependencia aprobado en PIA, como ven facendo. Todo parece indicar que esa organización social está reducindo os recursos económicos que antes se dedicaban a estes concretos fins que tratamos, que sen embargo deberían ser prioritarios. A ONCE, que antes asumía o custo de parte do servizo, deixou de atender os seus obxectivos sociais neste terreo nos casos que coñecemos.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre a revisión do PIA solicitada hai tempo, e que esa resolución sexa motiva no exclusivo interese do dependente.

E que, dado que a ONCE non parece disposta a rectificar as súas medidas de retirada das axudas complementarias a dependentes atendidos en centros da Comunidade, con grave prexuízo para persoas que polas súas circunstancia necesitan toda a axuda posible e de calquera natureza, pública, institucional ou privada, polo menos se requira a rectificación das motivacións inadecuadas achegadas pola organización aos afectados, aos que sinala á administración galega como responsable de retirada, indicando que agora debera ser ela quen deba sufragar a totalidade dos gastos.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

108. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 1 de xullo de 2011 debido ao atraso dun procedemento de dependencia (Q/998/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª Mª B. V. C. relativo ao atraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o seu pai, D. J. V. S., DNI ... ., ten o grao II e nivel 2 de dependencia desde o 20 de maio do 2010. En agosto a súa saúde empeora, solicitando en outubro a revisión e mandando todos os informes que ía tendo, o último en febreiro do 2011. En abril desestimase a nova valoración por non apreciar empeoramento. Ao non estar conforme reclamou persoalmente unha explicación á traballadora social e logo a un membro da xunta de valoración de dependencia, onde lle dixeron que tiña que reenviar os informes porque non chegaran; eles non tiñan esa documentación. Reenviounos acompañados dun recurso o 12 de maio. Aínda que traballaba, arranxábase para coidar ao seu pai, pero ao empeorar a súa saúde solicitou a axuda ao domicilio que prestou a empresa Galaurea; ao pouco tempo quedou en paro e rexeitou a dita axuda, posto que xa estaba en casa. Até o momento non recibiu prestación económica. Foi un erro desestimar a súa nova valoración.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/988/11, con relación ao caso sobre dependencia de D. J. V. S., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 20/11/2009

Aplicación da valoración dependencia: Data: 04/05/2010. Grao II Nivel 2

- Recoñecemento de grao e nivel: Ditame: 10/05/2010. Resolución grao e nivel: 20/05/2010. Tivo unha revisión na que o 12/04/2011 obtivo o mesmo grao e nivel.

- Plan Individual de Atención (PIA): Proposta do Plan Individual de Atención: Libranza de coidados no contorno familiar, intensidade completa, 160 horas.

- O expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica e en función dos recursos dispoñibles (caso dunha proposta Pia de servizos)/da dotación orzamentaria existente (caso dunha proposta PIA de prestación económica).

Coa información achegada confírmase o expresado pola interesada na súa queixa, isto é, que o expediente se atopa demorado, posto que foi iniciado en novembro de 2009 e aínda non finalizou. A consellería tampouco anuncia cando se aprobará o PIA, a pesar de que expresamente se requiría información ao respecto. Polo tanto, continúa a incerteza respecto ao momento en que finalmente se aprobará e dará efectividade a ese PIA. Ademais, tampouco se indica nada respecto do recurso promovido en relación coa revisión da valoración.

Tanto o anterior Decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado Programa Individual de Atención (PIA). O

Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Este prazo resulta aplicable ao trámite pendente, posto que os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican aos

cidadáns afectados; e que tamén con urxencia se resolva sobre o recurso interposto contra a denegación da revisión da valoración.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar:recomendación aceptada.

109. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 11 de agosto de 2011 debido ao retraso na revisión dun PIA de dependencia (Q/983/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª M.N. L. V. relativo ao retraso na revisión dun PIA de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que desde hai anos coidou da súa nai Dª M. L. V., DNI ..., que ten aprobada unha prestación pola Lei de dependenciaque até o pasado mes de setembro 2010 consistía nunha axuda económica para sufragar parte dos gastos do Centro de Día ao que acudía. En outubro 2010 empeorou o seu estado físico e psíquico, polo que se viu obrigada a deixar o seu traballo para atendela na casa, tendo que saír adiante coa súa pequena pensión, e o agravante de que ela deixou de cotizar para a súa futura pensión de xubilación. En outubro 2010 comunica a situación na Xunta de Galicia (atención de persoas dependentes) e solicita o cambio da prestación, para que conste ela como coidadora non profesional. Até o momento non tivo resposta, o que non entende, sinala, xa que neste caso as valoracións e diagnósticos xa están realizados e mesmo xa se estaba percibindo unha contía económica; trátase de cambiar unha por outra.

Ante iso solicitamos información en diferentes ocasións á Consellería de Traballo e Benestar. Na primeira ocasión non se aclaraba a data na que finalmente se resolvería sobre a revisión do PIA solicitada, e iso a pesar do evidente retraso que se apreciaba, posto que se demandou en outubro do pasado ano. Por iso reclamamos información complementaria; nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/983/11, con relación ao caso sobre dependencia de Dª N. L. V., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte: Solicitada a revisión, faise preciso determinar se procede revisar o Programa Individual de Atención. Estase a seguir a orde de prelación

normativamente establecida para as solicitudes de revisión e no prazo marcado pola normativa vixente."

Coa información achegada confírmase o expresado pola interesada na súa queixa, isto é, que a revisión reclamada se atopa demorada, posto que foi solicitada en outubro de 2010 e aínda non resolveuse. Tampouco anuncia cando se resolverá, a pesar de que expresamente se requiría información ao respecto; por tanto, continúa a incerteza respecto ao momento en que finalmente se aprobará e dará efectividade ao novo PIA, no seu caso. Isto sucede a pesar de que a afectada é unha gran dependente, que por esta causa debera ter preferencia (art. 3 q LD).

O Decreto 15/2010 establece a posibilidade de revisión do PIA a instancia do interesado ou do seu representante sempre que se acredite unha variación nas condicións de saúde ou na situación do seu contorno que puidesen motivar unha modificación do servizo ou prestación económica recoñecida (art. 43.3).

O expediente debera atoparse resolto sen demoras inxustificadas; estas prexudican gravemente aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a revisión non se faga con dilixencia.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre a solicitude de revisión de PIA obxecto desta queixa, posto que se atopa demorada e afecta a unha gran dependente, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

110. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 1 de setembro de 2011 debido ao retraso dun procedemento de dependencia (Q/950/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de queixa de Dª P.D.F. relativo ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que solicitou a Lei de dependencia o 27/06/07 para Dª E. M. P., con DNI ..., exp. SAAD 12-27/305611/2008-18 (2771-Lugo). A primeira resolución do PIA chegou o 30/09/08 e recoñecía un centro de día (para atención do Alzheimer) a xornada completa. Despois de falar coa traballadora social de Viveiro decidiron cambialo a media xornada. Este novo PIA recoñeceu o centro durante 70 h/mes e unha libranza por coidados no contorno de dedicación media. Porén, non lle pagan os atrasos a xornada completa, senón so en parte, indica. Engade que entón se dirixiron de novo á traballadora social, que lles deu a razón e redactou un recurso de alzada 02/06/09. Porén, aínda non recibiron contestación.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"*Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/950/11 , con relación ao caso sobre dependencia de Dª E. M.P., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:*

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 27/06/2007.

Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de ditame (data): 03/03/2008. Resolución nivel e grao (data): 17/03/2008. 111-1

Plan Individual de Atención (PIA)

O 29/04/2009 resolveuse Libranza de coidados no contorno familiar cunha intensidade media (80 horas) e Centro de atención diúrna con intensidade parcial (70 horas).

Interposición recurso de alzada contra a resolución do PIA: 03/06/2009 onde pide que se lle recoñeza xornada completa da libranza para coidados no contorno familiar dende a data de solicitude da valoración de dependencia (27/06/2007) ata a concesión da praza no centro de día (15 de malo de 2009).

Interposto o recurso de alzada contra a resolución de aprobación do PIA, e logo de recibida a documentación do expediente administrativo, procederase a emitir a corresponde resolución, de acordo coa normativa de aplicación.

Os recursos de alzada se van resolvendo por estrita orde de entrada."

Da resposta recibida dedúcese que o recurso segue sen resolverse, sen aclarar a data na que finalmente se resolverá. O prazo para tal resolución venceu hai tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contencioso-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte recomendación**:**

Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto desta queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

111. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 26 de outubro de 2011 debido ao retraso dun procedemento de dependencia e a falta de resposta a unha solicitude de revisión do grao e nivel, que considera xustificada. (Q/1841/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. S. C. debido ao retraso dun procedemento de dependencia e a falta de resposta a unha solicitude de revisión do grao e nivel, que considera xustificada.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que leva loitando máis dun ano para que valoren de novo a dependencia da súa filla e para que se faga como a de calquera neno con acondroplasia en Galicia. Ten concedido un grao II e nivel 1. Néganme as mesmas prestacións tendo a mesma enfermidade, sinala. Os nenos en Galicia con acondroplasia adoitan ter un grao III. En Galicia son poucos os nenos con acondroplasia e é fácil de comprobar que hai pouca sensibilidade no departamento de Pontevedra, indica. Non queren facer a revisión tendo novos informes. A nena perdeuse mais de tres meses de colexio pola súa enfermidade e considérano normal, engade.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/1841/11, con relación ao caso sobre dependencia de Dª M. C. G., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 06/11/2009

Aplicación da valoración dependencia: 16/04/2010

Recoñecemento de grao e nivel:

Emisión de proposta-resolución: 21/04/2010

Resolución nivel e grao: 29/04/2010 II-1

- Data informe técnico estimatorio: 09/06/2011

- Recoñecemento de grao e nivel:

Emisión de proposta-resolución: 07/07/2011

Resolución nivel e grao: 21/07/2011 II-1

O expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica e en función dos recursos dispoñibles ou da dotación orzamentaria existente.

Da información achegada dedúcese que o expediente se atopa atrasado, tal e como se mencionaba na queixa, que resulta confirmada. Efectivamente, a solicitude é de novembro de 2009, pero resta a aprobación e efectividade do PIA. Tampouco se aclara nada en relación coa revisión solicitada, que o interesado considera xustificada.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O

Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

Respecto da revisión non se aclara nada, como sinalamos; non se entende que quere dicirse coa expresión data informe técnico estimatorio: 09/06/2011, *salvo que refírase a aceptación do exame da revisión, que porén despois se confirma, pero sen aclarar os motivos, á vista dos informes médicos e do argumentado polo propio interesado, que sinala que é normal que a enfermidade do dependente se valore con mais grao e nivel, e que é na provincia de Pontevedra onde se valora por debaixo do debido.*

O interesado que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ao recoñecemento da situación e ás prestacións derivadas da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican aos cidadáns afectados; e que tamén con urxencia se detallen as causas da confirmación da valoración anterior.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

112. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 28 de outubro de 2011 debido un procedemento de dependencia. (Q/1953/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª M. M.N. G. debido a un procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que tras a súa nai, Dª. L. G. Á., DNI …, ten 79 anos e Alzheimer. Ela vive soa en Ourense e os fillos en Huesca e en Madrid. Debido á súa enfermidade non pode vivir soa, posto que hai que estar pendente dela as 24 horas, e os médicos recomendan que estea nunha residencia onde poida ser tratada da súa enfermidade e goce de calidade de vida. Sufriu unha caída e foi ingresada nun centro médico. Solicitou unha tramitación de urxencia para a revisión do seu grao de dependencia. A súa nai cobra unha pensión de 600 euros e a residencia custa 1200, e os seus recursos económicos son limitados, polo que sería necesario que se concedera por dependencia, sinala. Á reclamación de revisión axuntaron informes médicos dos neurólogos, informe da médico de Ourense, informe médico da Unidade de Coidados Intensivos do Centro Médico O Carmen de Ourense, informe de Alta do Centro Médico O Carmen, de Ourense, e xustificante da tramitación de dependencia, resgardo de solicitude de revisión de grao e nivel de dependencia, e fotocopia DNI.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/1953/11, con relación ao caso sobre dependencia de Dª L. G. A., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 21/02/2011.

- Recoñecemento de grao e nivel:

Emisión de proposta-resolución: 27/04/2011

Resolución nivel e grao: 28/04/2011 I-1.

Data informe técnico: 19/09/2011

Solicitada a revisión, faise preciso determinar se procede revisar o grao e nivel recoñecido. Estase a seguir a orde de prelación normativamente establecida para as solicitudes de revisión."

Da información achegada dedúcese que o expediente se atopa atrasado, tal e como se mencionaba na queixa, que resulta confirmada. Efectivamente, a solicitude é de febreiro, pero resta a aprobación e efectividade do PIA. Ademais, tampouco se aclara o trámite dado á solicitude de revisión, de 15 de setembro (parece que a ela se refire a mención *data informe técnico: 19/09/2011*), que se fixo reclamando o trámite urxente. Ao parecer a dependente padece o indicado, polo que se reclama como medio de atención máis idóneo unha residencia pare enfermos de Alzheimer.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de

3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre o expediente de dependencia obxecto desta queixa e sobre a solicitude urxente de revisión, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican aos cidadáns afectados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

113. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 4 de novembro de 2011 debido á falta de resposta a unha reclamación de abono nun procedemento de dependencia despois do falecemento do dependente (Q/2203/10).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª M. P.A.V. debido á falta de resposta a unha reclamación de abono nun procedemento de dependencia despois do falecemento do dependente.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 25 de marzo de 2010 a súa nai, Dª P. V. Á., con DNI …, presentou reclamación de prestacións recoñecidas ao seu pai por dependencia, con efecto retroactivo, baseándose no Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, que recoñece esta retroactividade, segundo sinala. Con anterioridade tiña promovido ante esta institución a queixa G.6.Q/669/09. Despois da aprobación do Decreto 15/2010 indicouse á interesada que restaba coñecer en que sentido se interpretarían ou aplicarían as súas previsións (art. 40 e DT Sexta) para supostos como o que a afectaba, o que non se coñecería con exactitude ata que se dera a correspondente resolución. Por iso, podería realizar a correspondente reclamación dos atrasos para que finalmente se lle abonara o reclamado, como así fixo. Na reclamación solicita o aboamento das cantidades correspondentes ao seu pai falecido. Xunto coa reclamación entregou a documentación que sinala o Decreto (certificacións acreditativas de uso do servizo, facturas, resolución de recoñecemento de dependencia, carta do valedor do pobo, expediente G.6.Q/669/09, certificado de defunción do meu pai e DNI). O expediente de dependencia do seu pai, D. J. M. A. A., DNI …, é o PO/….

Ante iso solicitamos información á consellería, que no seu momento sinalou o seguinte:

"Informe sobre a Queixa presentada ante o Valedor do Pobo por dona M.P.A.V. en relación a tramitación do expediente de dependencia de don J. M. A. A.. Valedor do Pobo. Núm.Queixa: G.6.Q/2203/10.

En relación á solicitude de informe anteriormente referenciada recibida na

data 7 de marzo de 2011, exponse o seguinte:

A solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia ten data de entrada 13 de xuño de 2007.

A resolución de recoñecemento de nivel e grao de data 7 de marzo de 2008 recoñece un grao III e nivel 2 de dependencia.

–Emítese a Proposta do Plan Individual de Atención en data 15 de abril de 2008 con recoñecemento de libranza vinculada ós servizos de residencia

–O expediente atopábase pendente da Resolución do Plan Individual de Atención pero en data 7 de decembro de 2010 produciuse o falecemento do dependente provocando o arquivo do expediente por falecemento.

-Polo tanto na actualidade o expediente atópase arquivado polo motivo antes exposto.

XUSTIFICACIÓN:

Debido ó falecemento do interesado con resolución de grao e nivel e proposta de Plan Individual de Atención (PIA) pero sen Resolución PIA, remata o expediente por imposibilidade material de continualo e procédese ó arquivo do mesmo segundo o disposto no artigo 87 da Lei 30/92. Todo elo sen prexuízo das posibles accións que se deriven do recoñecemento da efectividade do dereito dos solicitantes falecidos sen recibir a atención solicitada segundo o disposto no artigo 40 do decreto 15/2010 e na posterior normativa de desenvolvemento, que se substanciarán, en todo caso, nun procedemento distinto á solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.

No artigo 40, así como na disposición transitoria sexta do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, dispón que "A efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento, recoñecerase á persoa que

soportara o gasto sempre e cando se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza", sempre que se xustifique documentalmente o gasto efectivamente soportado. Neste momento estase a tramitar o texto da orde que desenvolve o decreto e, máis concretamente, no relativo ós supostos, requisitos e acreditación da efectividade deste dereito. Unha vez que se publique a orde a solicitude será tramitada segundo o disposto na mesma."

Á vista do informado pola nosa banda reclamamos información complementaria, basicamente que se aclarara se se dera ou se daría resposta á reclamación pendente dela. O informe recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar á consellería o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertila da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. O informe sinala o seguinte:

"Informe sobre a queixa presentada ante o Valedor do Pobo por Da M.P.A. V. en relación á tramitación do expediente de dependencia de D. J. M. A. A.. Valedor do Pobo. Núm. Queixa: G.6.Q/2203/10

En relación á solicitude de informe anteriormente referenciada exponse o seguinte;

O 13/06/2007 preséntase a solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia de J. M. A. A. con DNI ...

-Con data do 14 de decembro de 2007, tivo lugar a valoración da situación de dependencia, na que trata aplicación do baremo obtivo unha puntuación de 95 puntos.

-Con data do 7 de marzo de 2008, o delegado provincial da Igualdade e do Benestar de Pontevedra resolveu recoñecerlle ó solicitante unha situación de dependencia en grao IH, nivel 2, con carácter permanente.

-O órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Pontevedra,

con data do 15 de abril de 2008, emitiu proposta do PIA de libranza vinculada ás servizos de residencia.

- Con data do 18 de outubro de 2008 aconteceu o falecemento do solicitante, provocando o arquivo do expediente por falecemento.

O expediente atopábase en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con mallar grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica e en función da dotación orzamentaria existente.

Debido ao falecemento do interesado remata o expediente por imposibilidade material de continualo e procédese ea arquivo do mesmo segundo o disposto no artigo 87 da Lei 30/92, mediante resolución motivada. Todo eta sen prexuízo das posibles accións que se deriven do recoñecemento da efectividade do dereito dos solicitantes falecidos sen recibir a atención solicitada segundo o disposto no artigo 40 do decreto 15/2010 e na posterior normativa de desenvolvemento, que se substanciarán, en todo caso, nun procedemento distinto á solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.

No artigo 40, así coma na disposición transitoria sexta do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, dispón que "e efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento, recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre e cando se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza", sempre que se xustifique documentalmente o gasto efectivamente soportado. Neste momento estase a tramitar o texto da orde que desenvolve o decreto e, máis concretamente, no relativo ós supostos, requisitos e acreditación da efectividade deste dereito. Unha vez que se publique a orde a solicitude será tramitada segundo o disposto na mesma.

O expediente número P0/2781, que corresponde a J. M. A. A., arquivouse por

mor do pasamento do solicitante, que aconteceu con anterioridade á aprobación do Plan Individual de Atención."

Como pode comprobarse, o informe agora remitido (cun considerable retraso, como se subliñou) sinala basicamente o mesmo que o anterior, que fora obxecto de novo requirimento pola nosa banda, ao entender que non aclaraba aspectos fundamentais da cuestión, en especial a falta de resposta á solicitude feita de xeito formal pola interesada. Efectivamente, no seu momento indicamos á consellería que do informe se deducía que esta non concretaba a resposta que debera darse á reclamación promovida pola reclamante hai un tempo considerable. O 25 de marzo de 2010 presentouse esa reclamación para o abono do que correspondera ao amparo do previsto no Decreto 15/2010 para supostos como o descrito, isto é, para dependentes falecidos sen a aprobación do PIA.

Tanto entón como agora a consellería argumenta que no artigo 40 e na disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010 se dispón que a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento, recoñecerase á persoa que soportara o gasto sempre e cando se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza, sempre que se xustifique documentalmente o gasto efectivamente soportado. Porén, tal e como se sinala claramente nesta queixa, precisamente iso é o que fixo a interesada, que xunto coa reclamación formal entregou a documentación que determina o Decreto (facturas de uso de servizos, certificacións e outras); pero a pesar diso non se indica que se respondera ou que se anuncia unha pronta resposta.

O informe insiste, na mesma liña que o anterior, en que se está a tramitar a orde que desenvolve o decreto (requisitos e acreditación da efectividade deste dereito), e en que unha vez que se publique a orde a solicitude será tramitada segundo o disposto nela. Porén, en diferentes ocasións indicamos á consellería que o establecido no Decreto 15/2010 resulta directamente aplicable e por tanto as súas previsións xa forman parte do ordenamento, que o desenvolvemento pendente dependería única e exclusivamente da propia administración, e que as solicitudes deben resolverse de acordo co dereito vixente, sen que poidan demorarse por futuribles que se anuncian dende hai moito tempo e non se

coñece se finalmente se concretaran e, de ser o caso, en que sentido o farán.

En resumen, á marxe do fondo do asunto, isto é, do que debera resolverse en relación coa cuestión, aspecto este no que en numerosas ocasións indicamos á consellería o noso criterio, mais aínda despois da aprobación do Decreto 15/2010, no que expresamente se regula o dereito de cobro en beneficio dos familiares dos falecidos cando se cumpran determinadas condicións materiais e formais, debe concluírse que a consellería nin tan sequera dá resposta á reclamación feita (á marxe de como a ordene formalmente, no seo do anterior expediente ou nun independente; isto último é polo que parece inclinarse a consellería, o que resulta válido), incumprindo o deber establecido no art. 42.1 da Lei 30/1992, de PRXAP-AC.

A interesada que reclama por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre a solicitude de abono á familia do dependente dos atrasos correspondentes ao expediente tramitado no seu momento e arquivado polo falecemento do dependente antes da aprobación do PIA. A resolución resulta obrigada, de acordo co previsto no art. 42.1 da Lei 30/1992 e no Decreto 15/2010.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de resposta.

114. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 16 de novembro de 2011 debido ao retraso dun procedemento de dependencia (Q/2087/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª M.C. C.debido ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que para ela (DNI …) non se fixo efectivo o incremento da paga para coidados no contorno familiar do seu novo grao e nivel, recoñecido o 6 de xuño de 2011. Despois da revisión recoñecéronlle un grao II e nivel 2, tendo anteriormente un grao II e nivel 1, pero dende esa data a prestación que percibe é a mesma que xa tiña co anterior grao e nivel de dependencia Dinlle que ten que esperar, sen máis, segundo sinala.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/2087/11, con relación ao caso sobre dependencia de Da A. C. P., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Cunha resolución de grao e nivel de data 11/12/2008, II-1, actualmente está a percibir unha prestación por este grao recoñecido, procedéndose a unha revisión de grao e nivel cunha resolución de data 17/06/2011, II-2.

Na actualidade e segundo a dispoñibilidade orzamentaria estanse a resolver primeiro os expedientes de gran dependencia (grao III) sen prestacións e en función da capacidade económica e, posteriormente, os expedientes de dependencia severa (grao II) sen prestacións económicas.

Para este caso estamos á espera de poder regularizar en función do orzamento dispoñible."

Coa información transcrita dedúcese que a consellería confirma o expresado na queixa, isto é, que se revisou o grao e nivel, aumentando o segundo, pero que a pesar do tempo transcorrido aínda non se revisou o PIA para axustalo a esa novo nivel; unicamente se indica que *para este caso estamos á espera de poder regularizar en función do orzamento dispoñible,* o que non permite coñecer cando se producirá tal cousa.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre a revisión do PIA pendente, posto que se atopa demorada, o que supón un prexuízo.

115. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 17 de novembro de 2011 debido ao retraso dun procedemento de dependencia (Q/1701/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.S.P. debido ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 7 de abril do 2010 solicitou o recoñecemento da situación de dependencia (DNI …, exp. PO/…). No mes de outubro de 2010 comunícaselle a valoración como non dependente. O 3 de novembro do 2010 interpón recurso de alzada. Ten múltiples patoloxías que condicionan o seu desenvolvemento; dificultades de deambulación, oxixenoterapia domiciliaria, graves dificultades para subir escaleiras, dificultades para vestirse, calzarse, axuda para aseo persoal, apoio en xestións, acompañamento, non pode facer tarefas domésticas, etc. Tiña tramitada solicitude de servizo de axuda no fogar, pendente de resolución, renunciando actualmente a esta por ingreso en residencia. O 4 de novembro do 2010 cursa solicitude de revisión de grao e nivel de dependencia por agravamento da situación de saúde. O 25 de febreiro do 2011 remite escrito solicitando prioridade na tramitación por emerxencia social, sen obter resposta. Tras numerosos ingresos hospitalarios, en marzo do 2011 é trasladado á residencia Geriolveira de Pontevea, praza privada, ao non contar coa dependencia. Ten que facer fronte mensualmente a un gasto de 1.675 euros pola praza, atopándose actualmente nunha situación límite, sinala. Segue sen resposta á solicitude de revisión de grao e nivel de dependencia e ao recurso de alzada. Optou por libranza vinculada a servizo para poder continuar na residencia que ocupa.

Ante iso solicitamos información en diferentes ocasións a esa consellería, que xa nos remitiu o seu último informe. No primeiro sinalaba o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/1701/11, con relación ao caso sobre dependencia de D. J. S. P., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

7/4/2010 presenta solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia.

A súa solicitude complétase correctamente o 6/7/2010, data na que remite documentación obligatoria requerida, dacordo co artigo 21 do decreto 15/2010.

9 de setembro de 2010 tivo lugar a valoración da situación de dependencia, no seu domicilio, na que trala aplicación do baremo obtivo unha puntuación de 21,95 puntos.

Con data 20/9/2010 emítese ditame técnico no que se Ile recoñece que non acada a puntuación mínima esixida (25 puntos) para recoñecer a situación de dependencia.

22 de setembro de 2010 a xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Pontevedra resolveu que non acada a puntuación mínima esixida para poder ecoñecer unha situación de dependencia. Notificado ao interesado o 15/10/2010.

O 9 de novembro de 2010 J. interpón recurso de alzada contra a resolución de grao e nivel de dependencia.

26/11/2010 o órgano de valoración de dependencia emite informe técnico con proposta de desestimación do recurso.

4/11/2010 presenta solicitude de revisión de grao e nivel de dependencia, por empeoramento do seu estado de saúde, pero de acordo co artigo 31 do Decreto 15/2010 as resolucións denegatorias por non atoparse en situación de dependencia ao non acadar o solicitante ningún dos graos establecidos na Lei 39/2006, teñen unha limitación temporal de dous anos para formular unha nova solicitude, salvo que con anterioridade a dito período, acrediten debidamente un erro no diagnóstico, na aplicación do baremo ou ben que o seu grao de autonomía persoal ou a situación do contorno habitual variou.

28 de febreiro de 2011, presentan nova solicitude de valoración de dependencia, solicitando ademais a valoración polo trámite de emerxencia recollido no artigo 16 do decreto 15/2010. 0 25/02/2011 o órgano de valoración de dependencia de Pontevedra desestima a valoración da nova solicitude, dacordo co artigo 31 do Decreto. 0 2/3/2011 desestima a valoración polo trámite de emerxencia por non atoparse en situación de risco.

Non se informou ao interesado, por escrito, de ningunha das desestimacións, so se notifican as resolucións de estimación de trámite de emerxencia e o aplicativo non permite desestimar unha revisión dun expediente sen grao e nivel e tampouco unha valoración inicial. Si se informou aos servizos sociais de referencia por teléfono."

Á vista do anterior pola nosa banda requirimos aclaración, que se remitiu recentemente co seguinte contido:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/1701/11, con relación ao caso sobre dependencia de D. J. S. P., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte: A nova solicitude non xustifica ningún erro no diagnóstico nin na aplicación do baremo, nin tampouco ningunha modificación no grao de autonomía persoal ou na situación do seu contorno habitual. Polo tanto, segundo o artigo 31 do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, deberá esperar 2 anos para formular unha nova solicitude, salvo que acredite modificación nas circunstancias anteriores. En canto ao recurso de alzada, cabe indicar que os recursos de alzada se van resolvendo por estrita orde de entrada."

Dos informes transcritos dedúcese que a consellería segue sen responder ao recurso de alzada, a pesar de que xa transcorreu máis dun ano dende a súa interposición, e que tampouco se respondeu á solicitude de revisión. Tal e como sinalamos á consellería na anterior comunicación, o feito de que "o aplicativo" non permita dar resposta a esas solicitudes non pode desvirtuar a obriga xeral de calquera administración de dar resposta expresa e motivada ás solicitudes que se dirixen a ela.

Tampouco se aclara a data na que finalmente se resolverá o recurso. O prazo para tal resolución venceu hai tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contencioso-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre o recurso pendente e obxecto desta queixa, que se encontra demorado, de acordo cos prazos legalmente previstos, e que tamén con urxencia se facilite resposta escrita á solicitude de revisión ou de nova valoración.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: recomendación aceptada.

116. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 28 de novembro de 2011 debido á falta de resposta a unha reclamación para aboamento de atrasos do procedemento de dependencia despois do falecemento da dependente. (Q/1668/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. M.J. V.R.debido á falta de resposta a unha reclamación para abono de atrasos do procedemento de dependencia despois do falecemento da dependente.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que anteriormente promoveu as queixas G.6.Q/198 e 2196/10, relativas ao retraso dun procedemento de dependencia e ao

falecemento do dependente sen aprobación do PIA. Da correspondente investigación deducimos que se confirmaba a demora e non se resolvera o PIA, e que ademais non se revisou a valoración, como se solicitara. Finalmente a consellería sinalaba o previsto no art. 40 do Decreto 15/2010 en relación cos efectos do falecemento dos solicitantes.

Pois ben, o interesado sinala que fixo unha reclamación o 10 de maio de 2010 para a aplicación do previsto no Decreto citado ao seu caso, e recibiu resposta o 19 de maio na que *"en resposta ao seu escrito que tivo entrada nestas dependencias o pasado 10 de maio, sobre a solicitude de abono das prestacións económicas por coidados no contorno familiar, polo falecemento da dependente dona Manuela Rodríguez Lago, infórmolle que atopámonos pendentes do desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, e neste caso concreto, o establecido no artigo 40 de dito Decreto."*

Despois de moito tempo dende entón segue sen recibir noticia do desenvolvemento anunciado e do curso que finalmente se dea a súa reclamación, polo que entende que a consellería non resolveu sobre o fondo da súa reclamación, e iso que reiterou a necesidade desa resposta mediante reclamación de 23/06/11 (vía burofax).

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/1668/11, con relación ao caso sobre dependencia de Dª M. R., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 03/07/2007.

Aplicación da valoración dependencia. Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de ditame (data): 25/04/2008. Resolución nivel e grao: 25/04/2008 I-2.

Solicitude de revisión do nivel e grao: 22/09/2008. Emisión de ditame (data): 22/01/2009. Resolución nivel e grao: 22/01/2009 II-2.

Solicitude de revisión do nivel e grao: 23/12/2009.

A valoración da usuaria non se realizou debido ao falecemento o 21 de febreiro de 2010. O expediente está arquivado debido ao falecemento da usuaria.

No relativo ao artigo 40 así como á disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010, informámoslle o texto da orde que o desenvolva estase a tramitar e estamos á espera da súa publicación."

Unha vez avaliada a información transcrita dedúcese que a información é basicamente a que xa se proporcionara en ocasións anteriores. Confírmase o exposto na queixa, isto é, que non se respondeu á reclamación para o aboamento do que corresponda aos herdeiros dos dependentes falecidos, segundo o establecido no decreto 15/2010, como tampouco se anuncia que se vaia resolver nun futuro próximo. A consellería sinala ao respecto que o expediente se atopa arquivado e que *no relativo ao artigo 40 así como á disposición transitoria sexta do Decreto 15/2010, ... o texto da orde que o desenvolva estase a tramitar e estamos á espera da súa publicación.*

Ao respecto da necesidade de desenvolver o Decreto 15/2010 para resolver sobre estas demandas, en anteriores ocasións indicamos á consellería que o establecido no Decreto xa forma parte do ordenamento e por tanto resulta directamente aplicable. Ademais, ese desenvolvemento, sexa do tipo que sexa (orde, instrucións...), depende única e exclusivamente da propia administración. Ademais, o retraso do compromiso da consellería é moi significativo, á vista desta queixa; efectivamente, xa na solicitude de informe se sinalaba que a solicitude de aplicación do previsto ao respecto no Decreto 15/2010 é de 10 de maio de 2010, e ao pouco tempo a consellería respondeu ao interesado que *atopámonos pendentes do desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, e neste caso concreto, o establecido no artigo 40 de dito Decreto;* dende entón seguimos na mesma situación, como pode apreciarse.

Polo tanto, á marxe de que a resposta pendente se faga incardinada no expediente de dependencia orixinal ou noutro procedemento diferenciado, o certo é que debe darse unha resposta, que neste momento se atopa moi demorada, posto que a reclamación se fixo hai xa máis dun ano e medio. A obriga de resolver establécese no art. 42.1 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, que establece que "a administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación".

A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre a solicitude de aplicación do previsto no Decreto 15/2010 para o caso de dependentes falecidos, posto que esa resolución se atopa moi retrasada.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de resposta.

117. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 2 de decembro de 2011 debido ao retraso dun procedemento de dependencia (Q/2279/11).

Nesta institución iniciouse expediente como consecuencia do escrito de D. E. M. F. V. debido ao retraso dun procedemento de dependencia.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que el, con DNI …, ten en curso o expediente de dependencia VI …, iniciado o 8 de febreiro de 2011. O 4 de abril resólvese a súa valoración, indicando que non ten a puntuación mínima. Posteriormente promoveu un recurso de alzada ante a consellería, pero ao parecer non se respondeu.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/2279/11, con relación ao caso sobre dependencia de D. E. M. F.o, e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 08/02/2011

Aplicación da valoración dependencia: 04/03/2011

Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de proposta-resolución: 25/03/2011. Resolución nivel e grao: 29/03/2011. Sen grao e sen nivel

Dacordo co artigo 31 do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro: "As resolucións denegatorias por non atoparse nunha situación de dependencia ao non acadar o solicitante ningún dos graos establecidos na Lei 39/2006, do 14 de decembro, levará consigo a limitación temporal de dous anos para formular unha nova solicitude salvo que, con anterioridade a dito período, acredite debidamente un erro no diagnóstico, na aplicación do baremo ou ben que o seu grao de autonomía persoal ou a súa situación do contorno habitual variou".

Interposto o recurso de alzada e logo de recibida a documentación do expediente administrativo, procederase a emitir a corresponde resolución, de acordo coa normativa de aplicación. Os recursos de alzada se van resolvendo por estrita orde de entrada."

Da información achegada dedúcese que o recurso de alzada contra a resolución de denegación de grao e nivel aínda non se resolveu, a pesar de que venceu o prazo para iso, e tampouco se anuncia a data na que se resolverá, confirmando deste xeito os presupostos da queixa. Unicamente se sinala que *os recursos de alzada se van resolvendo por estrita orde de entrada*.

Porén, o prazo para resolver estes recursos atópase previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución é de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992). A través de queixas precedentes coñecemos que as demoras nas resolucións de recursos resultan frecuentes.

O interesado que reclama por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre o recurso de alzada pendente, que se encontra demorado.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de resposta.

118. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 2 de decembro de 2011 debido ao retraso de dous procedementos de dependencia e á falta de resposta a un recurso contra o recoñecemento de grao e nivel (Q/2291/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª A. M.C. G. e D. S. C. C.debido ao retraso de dous procedementos de dependencia e á falta de resposta a un recurso contra o recoñecemento de grao e nivel.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que os seus fillos teñen un diagnóstico de síndrome autista, polo que o 30 de decembro do 2009 e o 4 de xaneiro de 2010 lles foi concedida á situación de dependencia por parte da consellería, en grao II e nivel 1 para M.M., e grao II e nivel 2 para I.. Dentro do prazo interpuxeron recurso de alzada contra a valoración que foi realizada a M. M. (grao II e nivel 1), recurso presentado o 4 de febreiro do 2010, sen que o dito escrito tivese ningunha resposta ata o día de hoxe. Ata este momento non lles ten sido concedido ningún servizo nin prestación (PIA) dos que teñen recoñecidos na resolución da súa situación de dependencia.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/2291/11, con relación ao caso sobre dependencia de Dª M. M. e I. C. C., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

I. C. C.

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 27/02/2009. Aplicación da valoración dependencia: 15/06/2009 Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de proposta-resolución: 21/12/2009. Resolución nivel e grao: 30/12/2009 II-2

M. M.C. C.

Data entrada solicitude de recoñecemento de nivel e grao de dependencia: 27/02/2009. Aplicación da valoración dependencia: 22/06/2009. Recoñecemento de grao e nivel: Emisión de proposta-resolución: 17/12/2009. Resolución nivel e grao: 29/12/2009 II-1.

Os expedientes están en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención, respectando a orde de prelación establecida normativamente para a instrución do procedemento que dá prioridade ás persoas dependentes con maior grao e nivel de dependencia e menor capacidade económica e en función dos recursos dispoñibles ou da dotación orzamentaria existente.

Non obstante, no suposto de resultar acreditada unha variación nas condicións de saúde ou na situación do contorno do solicitante que puidera supoñer unha modificación do grao e nivel poderase iniciar o procedemento de revisión regulado no artigo 42 do Decreto 15/2010. Este procedemento non interrompe a tramitación do PIA.

Interposto o recurso de alzada, e logo de recibida a documentación do expediente administrativo, procederase a emitir a corresponde resolución, de acordo coa normativa de aplicación. Os recursos de alzada se van resolvendo por estrita orde de entrada."

Da información achegada dedúcese que os expedientes se atopan atrasados, tal e como se mencionaba na queixa, que resulta confirmada. Efectivamente, as solicitudes son de febreiro de 2009, pero resta a aprobación e efectividade dos PIA. Tampouco se

aclara nada en relación coa data na que finalmente se resolverá o recurso de alzada, que tamén se atopa moi demorado.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme á normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

Os expedientes deberan atoparse resoltos nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

Respecto do recurso, non se aclaran as causas polas que non se resolveu; unicamente se sinala que *os recursos de alzada se van resolvendo por estrita orde de entrada*. O prazo para tal resolución venceu hai tempo, posto que de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, de RXAP-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Non pode xustificarse a falta de resolución expresa nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención,

ao permanecer a súa obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992). A través de queixas precedentes coñecemos que as demoras nas resolucións de recursos resultan frecuentes.

Os interesados que reclaman por esta forma de actuar demandan a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva sobre os expedientes obxecto desta queixa, relativos ás prestacións ou servizos derivados da Lei de dependencia, posto que se atopan demorados, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican aos cidadáns afectados; e que tamén con urxencia se resolva o recurso pendente, que tamén se encontra demorado

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: pendente de resposta.

119. Recomendación dirixida á Consellería de Traballo e Benestar o 7 de decembro de 2011 debido ao retraso dun procedemento de dependencia e á falta de resposta a un recurso contra a desestimación dunha solicitude de revisión de grao e nivel. (Q/2065/11).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª Mª B. V.C. debido ao retraso dun procedemento de dependencia e á falta de resposta a un recurso contra a desestimación dunha solicitude de revisión de grao e nivel.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que promoveu unha revisión da dependencia de D. J. V. S., con DNI …, e que foi denegada por motivos que non se concretan. Promoveu tamén un recurso contra a denegación e aínda non foi respondido. O empeoramento da saúde do dependente é evidente, posto que agora se atopa en coidados paliativos, que requiren unha atención intensiva durante todo o día.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

"Ante a queixa con n° expediente G.6.Q/2065/11, con relación ao caso sobre dependencia de D. J. V. S., e segundo os datos facilitados pola Unidade Coordinadora da Dependencia, infórmase o seguinte:

O 20/11/2009 presenta solicitude de valoración.

O 29 de abril de 2010, tivo lugar a valoración da situación de dependencia, na que trala aplicación do baremo obtivo unha puntuación de 67 puntos.

Con data 10/05/2010 emítese ditame técnico no que se lle recoñece unha situación de dependencia de Grao II nivel 2.

O 29/10/2010 presenta solicitude de revisión de grao e nivel de dependencia, por empeoramento do seu estado de saúde, dacordo co artigo 42 do Decreto 15/2010.

O 11/4/2011 o órgano de valoración da situación de dependencia de Pontevedra, trala revisión da súa solicitude e a documentación que obra no expediente, emite ditame técnico no que desentima a solicitude de revisión de grao e nivel, por non concorrer ningunha circunstancia que acredite unha melloría ou empeoramento, ou erro no diagnóstico ou na aplicación do baremo.

O 12/4/2011 a Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Pontevedra resolveu desestimar a solicitude de revisión por non concorrer ningunha das circunstancias establecidas na revisión.

O 28/01/2011 recíbese informe dos servizos sociais e escrito da filia do dependente no que solicitan un cambio no servizo proposto, servizo de axuda a domicilio, en favor de libranza para coidados no contorno familiar.

O órgano técnico de valoración da situación de dependencia de Pontevedra, con data do 14/6/2011, emitiu proposta-resolución do PIA de libranza para coidados no contorno familiar, como coidadora propuxose a súa filla B. V. C..

O 12/5/2011 recíbese recurso de alzada interposto contra a resolución de desestimación da revisión.

O 8/8/2011 o órgano de valoración de dependencia de Pontevedra emite informe técnico sobre o recurso de alzada no que se estima a solicitude de revisión.

En relación ao grao e nivel do expediente de J. V. S., atópase pendente de citación para proceder a unha nova valoración (revisión de oficio).”

Da información achegada dedúcese, polo que se refire á desestimación da solicitude de revisión de grao e nivel, que a consellería, despois dun tempo considerable dende a solicitude, finalmente orienta a súa actuación cara a unha estimación do recurso contra a desestimación (*o órgano de valoración de dependencia de Pontevedra emite informe técnico sobre o recurso de alzada no que se estima a solicitude de revisión*); Porén, posteriormente sinala que *atópase pendente de citación para proceder a unha nova valoración (revisión de oficio),* o que non se corresponde co indicado antes, que debera dar lugar á estimación do recurso e a conseguinte realización da revisión como consecuencia da solicitude do interesado (non de oficio), que xa é de hai mais dun ano.

No relativo ao retraso xeral que se observa no expediente, isto é, á falta de aprobación do PIA, a pesar de que o procedemento é xa de novembro de 2009, a consellería non sinala nada, e sobre todo non aclara cando se resolverá o PIA retrasado.

Tanto o anterior decreto que regulaba o procedemento, o 176/2007, como o vixente, o 15/2010, conforman dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o

servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA). O Decreto 15/2010 establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Os expedientes iniciados antes da entrada en vigor do novo decreto "rexeranse polas disposicións contidas neste decreto, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme á normativa anterior, aplicándose o novo procedemento aos actos posteriores" (disposición transitoria primeira).

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as abundantes queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e coidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

Os interesados que reclaman por esta forma de actuar demandan a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41) e a promoción do benestar dos cidadáns da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio (art. 50). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Traballo e Benestar a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se resolva o expediente obxecto desta queixa, relativo ás prestacións ou servizos derivados da Lei de dependencia, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican

aos cidadáns afectados; e que tamén con urxencia se resolva o recurso contra a desestimación da realización da revisión, que se atopa informado favorablemente, e no caso de resolverse nese sentido se realice tal revisión, pendente dende hai moito tempo.

Resposta da Consellería: pendente de resposta

1.8. ÁREA DE EMIGRACIÓN E TRABALLO

1.8.1. INTRODUCIÓN

Esta área comprende as materias de emigración, traballo e seguridade social.

Ao longo de 2011 recibimos 57 queixas nesta área. Só 6 se referían a cuestións relacionadas coa emigración, o que supón un 11% do total, 31 referíanse ao traballo, cunha porcentaxe do 54%, e 20 á seguridade social, cunha porcentaxe do 35%. Das 57 queixas recibidas, 21 foron admitidas a trámite, un 37%, e destas concluímos 18, un 86% das admitidas, mentres 3 continúan en trámite, un 14%. Das 36 restantes, 24 remitímolas ao Defensor del Pueblo porque se referían a cuestións competencia de órganos da Administración Xeral do Estado, o que se lle participou ao autor de cada queixa. As 12 restantes non puideron ser admitidas a trámite debido ao seu contido, agora ben, aos seus autores informámoslles das razóns polas que a súa queixa non podía ser atendida por esta institución. Tamén tramitamos e concluímos 1 queixa de 2009, e tamén concluímos as 19 que se iniciaron en 2010.

Polo que se refire á inmigración, a Constitución Española establece no seu artigo 13.1 que os estranxeiros gozarán en España das liberdades públicas que garante o seu Título Primeiro nos termos que establezan os tratados e a lei. España tradicionalmente era un país de emigración. Agora ben, logo da súa integración na Unión Europea pasou a ser un país de inmigración, aínda cando na actualidade de novo se está volvendo incrementar a emigración e diminuír a inmigración. Como consecuencia diso procedeuse a través da denominada Lei de estranxeiría (Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social), a regular o conxunto de dereitos , liberdades e obrigacións que se lle recoñecen aos estranxeiros.No artigo 3 desta lei establécese o seguinte: "*1. Os estranxeiros gozarán en España dos dereitos e liberdades recoñecidos no Título I da Constitución nos termos establecidos nos Tratados internacionais, nesta Lei e nas que regulen o exercicio de cada un deles. Como criterio interpretativo xeral, entenderase que os estranxeiros exercitan os dereitos que lles recoñece esta Lei en condicións de igualdade cos españois.*

2. As normas relativas aos dereitos fundamentais dos estranxeiros serán interpretadas de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e cos tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias vixentes en España, sen que se poida alegar a profesión de crenzas relixiosas ou convicción ideolóxicas ou culturais de signo diverso para xustificar a realización de actos ou condutas contrarios ás mesmas".

Esta Lei foi reformada polas Leis orgánicas 8/2000, de 22 de decembro, 11/2003 de 29 de setembro; 14/2003, de 20 de novembro e 2/2009, de 11 de decembro. Mediante Real decreto 557/2011, de 20 de abril, aprobouse o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Mediante Resolución de 27 de abril de 2011 da mesma Secretaría Xeral regúlase a concesión de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acolleita e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega e procédese á súa convocatoria para 2011.

Polo que se refire aos nosos emigrantes no exterior, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Emigración, promove distintos programas e proxectos de integración e de axudas a emigrantes retornados, tanto para retornar a Galicia de forma definitiva como para visitala, así como bolsas de estudos, programas de campamentos, subvencións e outro tipo de axudas para a realización de accións de acolleita e integración, así como axudas aos galegos residentes no exterior.

A título de exemplo destacamos que, mediante Resolución de 21 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral de Emigración, se aprobaron as bases reguladoras das subvencións a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver proxectos destinados a favorecer os procesos de acolleita e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega e se procede á súa convocatoria. Así mesmo por Resolución de 28 de decembro de 2010 da Secretaría Xeral de Emigración establecéronse as bases reguladoras das axudas correspondentes ao programa "Reencontros na Terra"

para emigrantes galegos residentes no exterior e convocáronse as correspondentes a 2011. Establecéronse tamén axudas correspondentes ao 2011 do programa "Ven a Galicia, Ben en Galicia" para residentes no exterior.

En canto a traballo e seguridade social, de conformidade co establecido na Constitución Española, o Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das Comunidades Autónomas (artigo 149.1.7º). O artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía dispón que corresponde á Comunidade Autónoma a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que neste ámbito, e a nivel de execución, ostenta actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste. Así mesmo, o artigo 33.2 do Estatuto establece que en materia de seguridade social corresponderá á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, salvo as normas que configuran o réxime económico da mesma.

Con respecto a cuestións cuxa competencia corresponde ao Servizo Público de Emprego de Galicia, recibimos varias queixas sobre cursos de formación e sobre emprego.

1.8.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

En 2011 recibimos nesta área 57 queixas, cuxo estado de tramitación é o seguinte:

Iniciadas	57	
Admitidas	21	37%
Non Admitidas	12	21%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	24	42%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	18	86%
En trámite	3	14%

Ao longo de 2011 tamén foron obxecto de trámite varias queixas presentadas en anos anteriores. O seu estado é o seguinte:

Ano de presentación	En trámite o 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite o 31-12-2011
2009	0	1	1	1	0
2010	4	15	19	19	0

1.8.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

En 2011 foron admitidas a trámite un total de 21 queixas, un 37 % das presentadas, e concluíronse 18, o que supón un 82%. Ademais foron concluídas 1 de 2009 y 19 de 2010.

En **emigración**, con respecto ás poucas queixas recibidas en 2011, formuladas por emigrantes ou fillos de emigrantes debemos referirnos en primeiro lugar a unha queixa na que a súa autora, filla de pai galego, nada e residente en Río de Janeiro (Brasil) e con nacionalidade española, manifestaba a súa desconformidade coa Secretaría Xeral de Emigración porque lle reclamaba o reintegro de cantidades que lle foron aboadas correspondentes a unha bolsa de estudos para a realización dun máster na Universidade de Santiago de Compostela concedida no seu día. Da información que nos foi facilitada despréndese que a esixencia de reintegro de cantidades veu motivada porque a autora da

queixa non cumprira cunha das esixencias establecidas como era xustificar o pago da matrícula para os devanditos estudos, cando o importe da dita matrícula se incluía nos gastos como parte substancial de devandita axuda (bolsa).

Noutras dúas queixas os seus autores manifestaban a súa desconformidade polas restricións do dereito ao voto para as eleccións municipais aos emigrantes galegos e ao resto de españois residentes no exterior. Ambas queixas non puideron ser atendidas, dado que esta cuestión foi establecida pola Lei orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, pola que se procedeu a modificar a Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño do réxime electoral xeneral.

En **traballo e seguridade social**, varias das queixas presentadas referíanse a cuestións cuxa competencia corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal, tales como as referidas a prestacións por desemprego, outras a actuacións do Instituto Nacional da Seguridade Social, polo que nos vimos obrigados a remitir ao Defensor del Pueblo, por tratarse de organismos da Administración Xeral do Estado.

Recibimos varias queixas sobre cursos de formación e sobre outras cuestións cuxa competencia corresponde ao Servizo Público de Emprego de Galicia. Así, nunha delas a persoa que se dirixiu a esta Institución manifestaba que figuraba inscrita desde 2008 e que non recibira ningunha oferta de emprego en todo ese tempo. Na información que nos foi facilitada faise constar, entre outras cuestións, que os requisitos das ofertas son fixados polos empresarios que se dirixen ás oficinas do servizo público de emprego solicitando persoas para a súa contratación.

Noutra queixa, un demandante de emprego poñía de manifesto o seu malestar polo sistema de selección, por ser discriminatorio por razón de sexo, para poder acceder a un curso de "empregado de oficina", xa que das 15 prazas convocadas, 10 foron adxudicadas directamente polo Servizo Público de Emprego e delas 9 foron para mulleres e 1 soa para home, e para as 5 restantes, das 50 persoas preseleccionadas, 40 eran mulleres e 10 homes, polo que vía poucas posibilidades de ser admitido. Na información que nos foi facilitada faise constar que a selección para o devandito curso fíxose seguindo estritamente

o establecido na Orde de 30-12-10 que regula o procedemento de selección das persoas participantes nos cursos de formación subvencionados.

Outra persoa dirixiuse a esta institución expoñendo a súa queixa polo feito de que unha oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia non a incluíu entre os nomes de varios desempregados remitidos a un concello para seleccionar a dous monitores de turismo nunha oficina local, figurando na devandita relación practicamente as mesmas persoas que o ano anterior, na que ela si figuraba e ademais fora seleccionada , traballara no devandito posto con outra persoa que este ano si figuraba na lista en cuestión e fora seleccionada de novo. Manifestaba tamén que se dirixiu á Consellería de Traballo e Benestar, sen que se lle contestase. Na información que nos foi facilitada facíase constar que o concello en cuestión presentou unha oferta para cubrir dous postos de traballo de animador turístico coa categoría de técnico e que o autor da queixa non puidera ser seleccionado porque no seu currículo figuraba a ocupación de animador turístico, pero non coa categoría solicitada. No entanto, para ocasións posteriores o demandante poderá acreditar o nivel profesional mínimo de técnico.

Unha persoa demandante de emprego expoñía o seu malestar porque se anotou para acceder a un curso de formación, pero non podía participar nel porque a titulación que se esixía era a de graduado en ESO ou un ciclo de FP, e ela non puidera realizar tales estudos, pois comezara a traballar moi nova. A Consellería de Traballo e Benestar na súa información especificou que a Comunidade Autónoma galega non pode modificar os requisitos de acceso aos cursos de formación para o emprego por exceder das súas competencias, pois tales requisitos son fixados pola Administración Xeral do Estado. Con todo, as persoas que non teñen a titulación suficiente para acceder á formación, poden acceder a esta superando unhas probas de competencias clave asociadas ao certificado que queiran e a Consellería está realizando continuamente esas probas para facilitar a formación a todos os desempregados.

1.8.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Ao longo de 2011 vímonos obrigados a non admitir a trámite 12 queixas á vista do seu contido, o que supón un 21% do total das queixas recibidas. Agora ben, hai que facer constar que aos autores de cada unha destas queixas explicáronselles as causas polas que non podían ser obxecto de tramitación.

A) Non indicios de irregularidade na actuación da Administración

Por esta causa non foron admitidas a trámite 4 queixas, pois do estudo dos correspondentes escritos de queixa comprobamos que a actuación dos órganos administrativos que interviñeron adecuábase á normativa vixente.

B) Non actuación administrativa previa

Foron tamén catro as queixas non admitidas a trámite por esta causa, posto que do seu estudo se desprendía que os seus autores aínda non se dirixiron á administración afectada ou facía moi pouco tempo que se dirixiron á mesma e, en consecuencia, informámoslle que debería dirixirse á devandita administración ou ben esperar a que esta examinase as súas alegacións e puidese adoptar a resolución correspondente.

C) Intervención xudicial

Non puidemos admitir unha queixa a trámite porque estaba pendente da correspondente resolución xudicial (art. 20 da Lei do Valedor do Pobo)

D) Non competencia do Valedor

Ao autor dunha queixa tivemos que participarlle que non a podiamos admitir a trámite, á vista de que a cuestión que suscitaba no seu escrito quedaba fóra das competencias do Valedor.

E) Queixa inconcreta

Unha queixa non foi admitida porque da lectura da mesma non se alcanzaba a comprender con claridade o motivo da mesma.

1.8.5. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Remitíronse 24 queixas ao Defensor del Pueblo porque se referían a actuacións de órganos dependentes da Administración Xeral do Estado.

Destas 24 queixas, 13 facían referencia a cuestións relacionadas coas competencias do Instituto Nacional da Seguridade Social, 9 referíanse a materias relativas ao Servizo Público de Emprego Estatal, e 2 facían referencia a cuestións que afectaban a estranxeiros.

1.9 AREA DE SANIDADE

1.9.1 INTRODUCION

O sistema de protección da saúde.

A saúde, como di o dicionario da Real Academia Española, é *o estado en que o ser orgánico exerce normalmente todas as súas funcións* e de acordo coas definicións contidas no artigo 3 da Lei de Saúde de Galicia é *o estado da persoa que lle permite realizar as funcións vitais e sociais propias da súa idade, adaptarse e superar dificultades de forma socialmente aceptable e persoalmente satisfactoria. Este concepto inclúe, xa que logo, os aspectos físicos, psíquicos e sociais.*

O dereito á saúde é un dos dereitos básicos, sen o que é imposible, ou desde logo moi difícil, poder acceder a outros dereitos. A saúde percíbese como o primeiro e maior ben dos seres humanos; por iso, a súa protección pasa a ser unha política xeral e un dos piares fundamentais do *Estado do benestar*.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos desenvolve este dereito no seu artigo 25, cando di que *toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar.*

O Tratado da Unión Europea, da que España forma parte, no seu artigo 168 establece que ao definirse e executarse todas as políticas e accións da Unión garantirase un alto nivel de protección da saúde humana. Así mesmo, que a acción da Unión, que se complementará coas políticas nacionais, se encamiñará a mellorar a saúde pública, previr as enfermidades humanas e evitar as fontes de perigo para a saúde física e psíquica. A dita acción abarcará a loita contra as enfermidades máis graves e amplamente difundidas, apoiando a investigación da súa etioloxía, da súa transmisión e da súa prevención, así como a información e educación sanitaria, e a vixilancia das ameazas transfronteirizas graves para a saúde, a alerta en caso de tales ameazas e a loita contra elas.

A Constitución Española no seu artigo 43 recoñece o dereito dos cidadáns á protección da saúde, responsabilizando aos poderes públicos da organización e a tutela da saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

De conformidade co Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 33.1) correspóndelle a esta Comunidade a plena capacidade para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado na materia de sanidade interior.

Neste momento atópase en vigor a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, que ten por obxecto *a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o dereito constitucional á protección da saúde no marco das competencias que lle atribúe o Estatuto de Galicia, mediante a ordenación do Sistema de Saúde de Galicia, que comprende os sectores sanitarios público e privado, e a regulación do Sistema Público de Saúde de Galicia e dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía galega, así como dos instrumentos que garanten o seu cumprimento.*

O Sistema de Saúde de Galicia defínese no artigo 3 da citada lei como *o conxunto de recursos, actividades, servizos e prestacións, públicos e privados, cuxa finalidade é a promoción e protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social, todo iso baixo unha perspectiva de asistencia sanitaria integral e funcionalmente articulada.*

Na devandita lei plásmanse os principios da sanidade galega: integración funcional de todos os recursos sanitarios públicos, participación dos profesionais no sistema sanitario, promoción do uso racional dos seus recursos, acreditación e avaliación continua dos servizos de saúde e sanitarios, descentralización, desconcentración e autonomía da xestión de recursos.

A nova lei centra o modelo de saúde na cidadanía e, de feito, tradúcese nun aspecto formal, xa que no seu título I se recollen e establecen os dereitos e deberes sanitarios dos cidadáns, cunha pormenorizada relación, estruturación e clarificación destes.

Contémplanse de xeito innovador os dereitos relativos ao acompañamento do paciente e a súa autonomía, os de poder dispoñer dos tecidos e mostras biolóxicas para unha posible segunda opinión médica, ou que se proceda á súa eliminación.

O dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e de cobertura universal garántese a todas as persoas que residan nos seus municipios, é dicir, o carácter público e a gratuidade do sistema. Esta xeneralidade sen ningunha clase de limitación, que se atopaba recollida no número 1 da citada Lei de saúde de Galicia, foi concretada pola modificación deste levada a efecto pola Lei 12/2011, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, do Parlamento de Galicia, lei de acompañamento á que aproba os orzamentos da Comunidade, que incorpora un novo parágrafo polo que se determina o concepto de residencia en Galicia, aproximándose ao concepto de residencia habitual da normativa tributaria, para evitar a fraude na declaración sobre o estado membro onde reside o usuario dos servizos, como se di na exposición de motivos da disposición.

En consecuencia, de conformidade coa citada modificación establécese que, para acreditar a residencia, haberá de terse en conta algún dos seguintes criterios:

- Que conste o empadroamento en calquera dos municipios da Comunidade Autónoma cunha antigüidade de máis de 183 días.

- Que radique en Galicia o núcleo principal ou a base dos seus intereses económicos, de forma directa ou indirecta.

- Que residan habitualmente en Galicia o cónxuxe ou a persoa con análoga relación de afectividade, non separado legalmente, e os fillos ou fillas menores de idade que dependan da persoa física.

Certamente esta modificación lexislativa non foi aceptada pacificamente por todos os sectores da sociedade. De feito, no momento da redacción do informe existe en

tramitación ante esta institución unha reclamación interposta por unha asociación contra ela.

A atención sanitaria debe entenderse como de calidade, total, en todos os aspectos e durante todas as etapas da vida, e, sobre todo, rápida. Efectivamente, a atención debe de ser de calidade, deben ampliarse os equipos e poñer á súa disposición todos os recursos materiais precisos, incluídos os máis innovadores.

A atención ha de ser total; deberá prestarse durante toda as etapas da vida das persoas, tendo presente que, na actualidade, o desenvolvemento da nosa sociedade provoca un maior envellecemento da nosa poboación, o que obriga, á súa vez, que deba necesitar unha maior asistencia sanitaria. Tamén ha de ser integral; cada persoa ten dereito a unha protección da saúde mediante un tratamento completo e personalizado, e que se ocupe tanto do seu saúde física como psíquica ou mental. Para rematar, a asistencia ha de ser rápida; como veremos posteriormente, prodúcense excesivas demoras en calquera nivel e especialidade asistencial.

O catálogo de prestacións sanitarias é o conxunto de servizos preventivos, diagnósticos, terapéuticos, rehabilitadores e de promoción e mantemento da saúde da cidadanía, cuxo obxecto é garantir as condicións básicas e comúns para unha atención integral, continuada e no nivel adecuado. O catálogo de prestacións está definido na lei e comprende as de saúde pública, as de atención primaria, especializadas, de urxencias e emerxencias, sociosanitaria, farmacéuticas, ortoprotésicas, de transporte sanitario, produtos dietéticos e complementarias. Deixan de ser consideradas prestacións independentes, como estaban recoñecidas na precedente lei, a saúde mental e a atención ás drogodependencias, que se incorporan como calquera outro aspecto da saúde. A atención pediátrica, a fisioterapia e a atención á saúde bucodental inclúense como modalidades de atención primaria.

A atención primaria e a asistencia especializada.

A atención primaria, como primeiro nivel de atención do sistema sanitario, desempeña un papel primordial nel. É o máis accesible ao cidadán e condiciona o acceso racional á atención especializada. É o primeiro contacto do paciente co sistema e ao tratar os problemas de saúde dunha forma integral contribúe a mellorar o nivel de saúde da poboación.

A atención primaria, como di a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, caracterízase por un enfoque global e integrado da atención e por asumir un papel orientador e de canalización da asistencia requirida polo paciente en calquera punto da rede sanitaria ou sociosanitaria.

Foi un elemento clave no Sistema Nacional de Saúde en España, pero o transcurso dos anos fai pensar na necesidade da súa modificación. O importante documento auspiciado polo anterior Ministerio de Sanidade e Consumo en outubro de 2006, denominado "Estratexias para a atención primaria do século XXI" (Proxecto AP21), realiza unha valoración da situación, sinalando a estratexia da súa mellora, ao que obrigan os cambios experimentados na nosa sociedade (envellecemento, incremento das situacións de dependencia, esixencia dos usuarios na recepción do servizo, aumento da poboación inmigrante ...), e sobre todo o incremento da carga de traballo dos profesionais encargados dela.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) asinan coas organizacións integrantes da Plataforma 10 minutos e outros colectivos profesionais e sindicais, o *Plan de Mellora da Atención Primaria de Galicia 2007-2011* de abril de 2007. Nel preténdese a modernización da atención primaria, o que esixe novas formas de traballo, que deben estar marcadas por criterios de calidade e de orientación ao paciente. Céntrase en tres áreas estratéxicas claves: a calidade dos servizos, a capacidade de resolución e a continuidade asistencial, todo o que, necesariamente ten que levar aparellada unha mellora da organización da atención primaria.

Non se pon en dúbida a calidade dos servizos que o sistema público sanitario oferta e a capacidade de resolución da atención primaria, na que se resolven diariamente non menos do 85% dos problemas de saúde da poboación. Pero, como se recoñece no plan, en parte desaténdese a promoción da saúde e a prevención das enfermidades, aspectos moi importantes que se pretenden fomentar. Recoñécese no citado plan que a continuidade asistencial e a coordinación entre a atención primaria e a especializada non están ben resoltas, polo que é necesario acometer a coordinación e comunicación entre elas, de forma que o cidadán non perciba interrupción entre os seus coidados e tratamento.

Pola súa banda, a atención especializada é o nivel de asistencia que, unha vez superadas as posibilidades de diagnóstico e tratamento da atención primaria, caracterízase por unha alta intensidade dos coidados requiridos ou pola especificidade do coñecemento e/ou a tecnoloxía que os pacientes precisan para a súa adecuada atención sanitaria.

O estado das listas de espera

O artigo 12.2 da Lei de Saúde de Galicia recoñece *o dereito a obter unha garantía de demoras máximas, de modo que determinadas prestacións sanitarias financiadas publicamente lles sexan dispensadas nuns prazos previamente definidos e coñecidos*. Xa o artigo 25 da Lei 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema de Saúde establecía que *no seo do Consello Interterritorial acordaranse os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións do Sistema Nacional de Saúde, que se aprobarán por real decreto. As comunidades autónomas definirán os tempos máximos de acceso á súa carteira de servizos dentro de devandito marco.*

As demoras e as esperas para recibir as prestacións sanitarias atópanse reguladas no noso ordenamento coas seguintes normas:

1.- Orde de 19 de maio de 2003, da Consellería de Sanidade, normalízase o sistema de información e control da demanda de actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas na rede de hospitais do SERGAS, disposición na que se establece que o rexistro de pacientes en espera inclúe a todos os que están pendente da prestación dun

servizo asistencial, con prescrición non urxente dunha atención médica indicada por un facultativo e aceptada polo paciente, para a que está prevista a utilización dun recurso dependente do hospital (propio ou concertado). Esta disposición foi modificada por outra de 13 de maio de 2005.

2.- Real Decreto 605/2003, de 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no Sistema Nacional de Saúde, tanto das consultas externas, como das probas diagnósticas e as intervencións cirúrxicas, co fin de alcanzar un tratamento homoxéneo que permita unha análise dos seus resultados, garantindo a transparencia e uniformidade na información facilitada ao cidadán, estruturándoas a partir de rexistros de pacientes con indicadores básicos que permitan a homoxeneidade na avaliación global obxectiva, con mellora da súa xestión.

3.- Orde de 13 de xullo de 2004 da Consellería de Sanidade, normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de consultas externas médicas da rede de hospitais do SERGAS. Partindo de que estas consultas constitúen o principal sistema de acceso dos pacientes ao hospital, para conseguir que a atención especializada sexa a máis áxil e fluída, efectúanse as definicións normalizadas de consulta externa, consulta inicial e consulta sucesiva. Así mesmo clasifícanse os pacientes en espera estrutural (cando é atribuíble á organización dos recurso dispoñibles) e non estrutural (cando é atribuíble á vontade propia do paciente).

4.- O Decreto galego 104/2005 desenvolve a garantía dos tempos máximos de espera en atención sanitaria, creando un rexistro de tempos de garantía para atención sanitaria non urxente, adscrito na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, e integrado co sistema de xestión de listas de espera de cada centro hospitalario. No decreto establécese que o tempo máximo de espera estrutural nas intervencións cirúrxicas será de 180 días naturais e que mediante orde se definirán os tempos máximos de acceso á carteira de servizos incluíndo os tempos máximos de espera estrutural dos servizos sanitarios de consulta, probas diagnósticas e outras modalidades asistenciais. Sinálase a forma de cómputo, e determínase a posibilidade de que, transcorridos 140 días en espera estrutural nas intervencións cirúrxicas, o usuario poderá optar por continuar na lista de espera no

centro ou requirir a atención sanitaria en calquera outro centro debidamente acreditado na Comunidade. Terao que comunicar e se se acepta, expresa ou tacitamente, o SERGAS asumirá o pago dos custos coas circunstancias e excepcións contidas no Decreto.

5.- O Real decreto 1039/2011, de 15 de xullo, polo que se establecen os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde (SNS). O devandito real decreto, en aplicación da Lei 16/2003, de cohesión e calidade do SNS, ten por obxecto determinar eses criterios marco para que o acceso ás ditas prestacións poida realizarse en condicións de igualdade efectiva. A norma establece o seu ámbito de aplicación, a forma do exercicio da garantía, a súa perda e suspensión, así como as obrigacións dos usuarios do sistema para que poida ser efectiva a dita garantía. No seu artigo 4 establécense os citados criterios marco, remitindo ao anexo do real decreto que recolle o tempo máximo de acceso a determinadas intervencións cirúrxicas (cirurxía cardíaca valvular e coronaria, cataratas, próteses de cadeira e de xeonllo), todas elas cun tempo máximo de acceso de 180 días naturais. Regula tamén que os servizos de saúde das comunidades autónomas concretarán no seu ámbito territorial as garantías previstas, establecendo uns tempos máximos para a atención sanitaria programable, utilizando como referente os citados no anexo, tendo en conta se os procesos ou patoloxías teñen un especial impacto na saúde ou na calidade de vida do usuario. No seu artigo 8, permite ao Consello Interterritorial do SNS revisar periodicamente os tempos máximos de acceso, para adaptalos á realidade sanitaria de cada momento, así como incluír tempos máximos de acceso á primeira consulta externa de atención especializada e para probas diagnósticas ou terapéuticas, aplicando os mesmos criterios que para as intervencións cirúrxicas. Para rematar, é digno de sinalar que, de conformidade coa disposición adicional única, as garantías contidas no real decreto son de aplicación á asistencia prestada tanto polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, como a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), o Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e a Mutualidad General Judicial (MUGEGU).

Como se pode apreciar, a espera na asistencia sanitaria e, en consecuencia, o tratamento das listas de espera está profundamente regulado no noso ordenamento e o SERGAS ten a obrigación de coordinar os recursos dos centros da rede sanitaria pública,

establecendo, no seu caso, programas de actividade extraordinaria e debe facilitar a utilización complementaria dos centros concertados, se son necesarios, coa finalidade de que as atencións sanitarias programadas se realicen en tempos axustados desde o punto de vista clínico e social.

En consecuencia, é necesario facer un pequeno estudo sobre o estado dos pacientes e listas de espera.

A) Consultas de especialidades médicas.

Do exame dos datos que se atopan na web do SERGAS resulta que os pacientes que se atopaban pendentes de ser consultados nas diversas especialidades médicas dos distintos hospitais eran:

Pacientes en lista de espera de consultas médicas especialistas	
Data	**Total**
06-06-2005	197.775
31-12-2005	223.396
06-06-2006	212.390
31-12-2006	231.613
06-06-2007	223.567
31-12-2007	226.646
31-12-2008	207.047
31-12-2009	214.672
31-12-2010	209.672
31-12-2011	184.498

Con relación aos datos de finais de 2010 notamos un descenso dun 12.01% do total dos pacientes pendentes de recibir consulta médica; deles, 55.387 (29,94%) dependían do CHU de Vigo (CHUVI), 33.818 (18,28%) do da Coruña (CHUAC) e 21.337 (11,53%) do de Santiago (CHUS), como cifras máis relevantes. Podemos dicir que, á vista dos totais do ano pasado, continúa subindo o número de pacientes pendentes de recibir a atención médica no CHUVI, onde ascende un 3,51%. Con todo, os devanditos números descenden no CHUAC, un 12,86%, e moi notablemente, como xa ocorrera no ano anterior, no CHUS, un 28,64%.

Deses número totais, o 76,08% (140.730) son os pacientes que se atopan en espera de 0 a 3 meses; o 16,74% (30.964) esperan entre 3 e 6 meses; o 6,93% (12.825,), entre 6 e 12 meses. Os 465 restantes (0,25%) son os que superaban unha espera dun ano.

Comparando os datos co ano anterior, nos pacientes que superaban unha espera dun ano, ascende a cifra de 29 aos citados 465. Deles 286 corresponden ao CHUVI (112 do servizo de neurocirurxía, 77 de oftalmoloxía, 59 de xinecoloxía, 37 de anxioloxía e cirurxía vascular e 1 de dermatoloxía), 166 do CHUAC (todos eles de servizo de neurocirurxía), e os restantes 13 do Centro Hospitalario Arquitecto Marcide Novoa Santos de Ferrol (12 do servizo de anestesioloxía e reanimación e 1 de uroloxía). Chama a atención o notable incremento de pacientes que superan a espera dun ano e que un 59,78% deles correspondan aos servizos de neurocirurxía.

Os que se atopaban pendentes de consulta entre 6 e 12 meses son 12.825 pacientes, un número case idéntico ao do ano anterior, o que supón un 6,93% do total. Deles 8.923 (un 69,57%) son pacientes do CHUVI, dos que 4.141 estaban pendentes do servizo de oftalmoloxía, 1.073 do de xinecoloxía e 1.032 de traumatoloxía, como datos máis importantes. Por especialidades, os atrasos máis importantes, neste tramo, son oftalmoloxía (4.376), xinecoloxía (2.627), neurocirurxía (1.380) e traumatoloxía (1.034).

Para rematar, hai que facer constar que non supera unha espera de máis de tres meses o Complexo Hospitalario de Pontevedra e Hospital de Verín, nin superior a seis meses o CHU de Santiago, o CHU de Ourense, o Hospital Virxe dá Xunqueira de Cee e o Hospital do Salnés.

Hai que poñer de relevo que os datos son incompletos debido a que faltan os correspondentes ao Hospital POVISA de Vigo, de titularidade privada, pero concertado co SERGAS e que ten adscrita as poboacións de Cangas, Moaña e parte de Vigo.

B) intervención cirúrxica.

Continuando co exame dos datos que figuran na web do SERGAS, polo que se refire aos pacientes que se atopan á espera dunha intervención cirúrxica, podemos obter o seguinte cadro de datos.

Pacientes en lista de espera estrutural cirúrxica	
Data	**Total**
06-06-2005	39.284
31-12-2005	39.512
06-06-2006	36.335
31-12-2006	33.277
06-06-2007	34.296
31-12-2007	33.436
31-12-2008	32.122
31-12-2009	35.318
31-12-2010	34.343
31-12-2011	35.590

Do total de pacientes en lista de espera, 713 (2,01%) agardan pola súa cita máis de doce meses, cifra que, con relación á mesma data do ano anterior, increméntase dos 52 daquela data aos citados 713. Deles 694 (un 97,33%) están pendentes no Hospital POVISA de Vigo; dos restantes, 15 correspóndense ao CHUVI, e 4 ao CHUAC. En consecuencia, a espera cirúrxica superior aos doce meses concéntrase en Vigo e a súa área de influencia. Por especialidades, os 4 do CHUAC corresponden a traumatoloxía, os 15 do CHUVI corresponden a cirurxía xeral e dixestiva e os restantes 694, correspondentes ao Hospital POVISA distribúense en 270 pacientes do servizo de traumatoloxía, 237 de oftalmoloxía, 97 de cirurxía xeral e dixestiva, 48 de cirurxía plástica e reparadora e 42 de cirurxía maxilofacial.

Os pacientes que agardan en lista de espera un período entre 6 e 12 meses totalizan 2.632 (un 7,39 %), elevándose un 4,98% con relación ao pasado ano no mesmo período, que se reparten entre os hospitais do seguinte modo:

PACIENTES EN ESPERA DE 6 A 12 MESES		
Hospital	Pacientes	Porcentaxe
Hospital POVISA	1.969	74,82%
CHU Santiago	281	10,68%
CHU Vigo	164	6,22%
CHU A Coruña	155	5,89%
Hospital da Costa	59	2,24%
H. Monforte	4	0,15%
Total	2.632	100

O atraso maior por especialidades corresponde a traumatoloxía, no que esperan 916 persoas (719 en H. POVISA); a seguinte especialidade é a de cirurxía xeral e dixestiva, na que nos atopamos con 455 pacientes (416 en H. POVISA), 379 en oftalmoloxía (372 do H. POVISA), 271 de cirurxía pediátrica (238 no CHUS), e 144 en cirurxía maxilofacial (todos os pacientes do H. POVISA).

De todos os datos que figuran na web do SERGAS resultan salientables os correspondentes ao Hospital POVISA de Vigo, co que a Consellería de Sanidade ten un concerto, renovado hai pouco tempo, para a atención sanitaria correspondente a unha zona de Vigo e aos municipios de Cangas e Moaña. Do total de pacientes en espera estrutural cirúrxica correspondente ao devandito hospital (5.555), un total de 2.663, o 47,94%, teñen unha espera superior a seis meses. Deles 1.969 está no tramo de 6 a 12 meses, e 694 no de máis de 12 meses, como xa quedou descrito anteriormente. Esta institución é coñecedora da problemática que suscita a asistencia sanitaria e hospitalaria na área de Vigo, que realmente non quedará emendada ata a posta en funcionamento do novo hospital que se está construíndo. A dita situación, provoca, necesaria e transitoriamente, a realización de concertos con hospitais privados para poder dan cumprimento ao artigo 43 da Constitución Española, cando regula o dereito á saúde. Con todo, os devanditos concertos deberían estar supeditados a un estrito cumprimento dos prazos que legalmente están establecidos para poder dispensar unha asistencia sanitaria, neste caso cirúrxica, e cuxo incumplimiento tería que provocar a imposibilidade de realización de novos concertos, arbitrando, cos custos do concerto, derivacións a outros hospitais públicos da rede sanitaria galega.

C) Primeiras probas diagnósticas

En último lugar, sería conveniente estudar os datos das listas de espera de primeiras probas diagnósticas. Á vista dos obtidos da mesma web, atopámonos que existen un total de 73.968 probas pendentes de realización en todos os complexos hospitalarios dependentes do SERGAS, que supón unha redución dun 17,56% con relación á mesma data do ano pasado, no que estaban pendentes 89.714, excepción feita tamén das que puidesen corresponder ás que estean en lista de espera no Hospital POVISA, xa que, do mesmo xeito que ocorre coa correspondente aos pacientes que se atopan á espera da primeira consulta de especialista, non figuran publicados; en consecuencia, hai que entender que a lista de espera é superior ao número indicado.

Das probas pendentes de realizar 57.383 (77,58%) correspóndense a radioloxía, das que 597 están cunha espera superior a un ano, destacando a ecografía vascular (195) e resonancia magnética (140), e 4.036 no tramo de 6 a 12 meses, chamando a atención 659 ecografías xinecolóxicas e 600 radioloxías de mama. En probas de medicina nuclear están pendentes 92. As endoscopias pendentes de realización son 6.716, das que 6.382 (o 95,02%) son endoscopias dixestivas. As probas de electrofisioloxía pendentes son 4.217. Para rematar, os estudos pendentes son un total de 5.560, deles 1.105 (19,87%) son estudos respiratorios e 1.065 (19,15%) son estudos do sono, destes 347 teñen unha espera superior a un ano.

Da totalidade das devanditas probas, 22.038 (29,79%) están pendentes no CHU A Coruña, 13.273 (17,94%) no CHU de Vigo, 11.353 (15,34%) no CHU de Santiago, 7.140 (9,65%) no CH Xeral-Calde de Lugo, 5.950 (8,04%) no CHU de Ourense, 4.434 (5,99%) no CH Arquitecto Marcide-Novoa Santos de Ferrol, e 2.691 (3,63%) no CH de Pontevedra.

Sen ter en conta a falta de datos correspondente ao citado hospital de Vigo, están pendentes de realización por un período superior a 12 meses un total de 1.043 probas (1,41%), e 6.762 (9,14%) no tramo de 6 a 12 meses.

Á vista dos datos apuntados, subministrados polo SERGAS, as listas de espera, consideradas como o número de pacientes pendentes de recibir a correspondente asistencia sanitaria, diminúen nas primeiras consultas de especialista, onde o total de pacientes pendentes, con relación á mesma data do ano pasado, pasa de 209.672 a 184.428. O mesmo sucede coa lista de pacientes en espera estrutural de primeiras probas diagnósticas, que pasa de 89.714 a 74.968. Con todo, a lista de espera estrutural cirúrxica sobe de 34.343 pacientes a 35.590.

Para rematar, en relación coas esperas comentadas e sen prexuízo de recoñecer o gran traballo realizado pola inmensa maioría dos profesionais sanitarios, hai que poñer de manifesto a necesidade dunha maior dotación de medios, tanto persoais como materiais, e dunha vontade de melloras na xestión dos centros hospitalarios. Ben é certo que as circunstancias económicas que estamos sufrindo na economía do noso país non permiten augurar un gran esforzo inversor, dada a rebaixa de dotación presupuestaria que se observa en todas as áreas. Recoñécese a situación, pero é necesario que por parte do Goberno da nosa Comunidade Autónoma non se reduzan os orzamentos da área sanitaria, tendo en conta que o dereito á saúde é un dos básicos que conforman a nosa sociedade do benestar. Hai que aproveitar ao máximo todos os recursos existentes para rebaixar as listas de espera, tanto de primeira consulta como cirúrxicas, listas que non se presentan como uniformes en todos os centros hospitalarios, senón que cada un deles dá unha imaxe propia e determinada, ás veces ata dependendo da especialidade concreta, o que se pode atribuír ás circunstancias existentes no período.

As novidades lexislativas a destacar no ámbito sanitario.

A) Normas estatais.

A nivel estatal, publicáronse as seguintes normas de interese:

- Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición. No seu artigo 1 establécese que en desenvolvemento do artigo 43 da Constitución, o obxecto da lei é o recoñecemento e a protección efectiva do dereito á seguridade alimentaria, entendendo

como tal o dereito a coñecer os riscos potenciais que puidesen estar asociados a un alimento e/ou a algún dos seus compoñentes; o dereito a coñecer a incidencia dos riscos emerxentes na seguridade alimentaria e a que as administracións competentes garantan a maior protección posible fronte aos devanditos riscos. Do recoñecemento deste dereito derívase o establecemento de normas en materia de seguridade alimentaria, como aspecto fundamental da saúde pública, en orde a asegurar un nivel elevado de protección á saúde das persoas en relación cos alimentos, así como establecer as bases para fomentar hábitos saudables, que permitan loitar contra a obesidade. Teranse en conta todas as etapas da produción, transformación e distribución dos alimentos e dos pensos.

- Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública. Sinala no seu artigo 1 como o seu obxecto establecer as bases para que a poboación alcance e manteña o maior nivel de saúde posible a través das políticas, programas, servizos e en xeral actuacións de toda índole desenvolvidas polos poderes públicos, empresas e organizacións cidadás coa finalidade de actuar sobre os procesos e factores que máis inflúen na saúde, e así previr a enfermidade e protexer e promover a saúde das persoas, tanto na esfera individual como colectiva. A saúde pública defínese como o conxunto de actividades organizadas polas administracións públicas, coa participación da sociedade, para previr a enfermidade así como para protexer, promover e recuperar a saúde das persoas, tanto no ámbito individual como no colectivo e mediante accións sanitarias, sectoriais e transversais.

- Real decreto lei 9/2011, de 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do SNS, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011. O Real decreto-lei, entre outras, pretende introducir medidas que contribúan a unha redución do gasto público a través da racionalización do gasto sanitario. Manifesta na súa exposición de motivos que o actual contexto económico fai necesario que as políticas públicas se orienten cara a escenarios de austeridade e racionalidade, que permitan o mantemento dun adecuado nivel dos servizos públicos sen menoscabo dos seus compoñentes de equidade e calidade. Entre as medidas de carácter sanitario atopámonos coas seguintes:

a) Xeneralización da prescrición por principio activo, dispensándose nas oficinas de farmacia o de menor prezo, tendo que conta que se as necesidades terapéuticas o xustifican, a prescrición e dispensación poderase realizar identificando o medicamento co seu nome comercial.

b) Fomentar o uso racional dos medicamentos a través da adecuación do contido dos envases á duración do tratamento e de acordo co que sinale a práctica clínica.

c) Promover o correcto cumprimento terapéutico por parte dos pacientes en mellora do uso racional dos medicamentos e, en consecuencia, a eficacia e eficiencia destes, o que terá importancia no caso dos pacientes crónicos, polimedicados e institucionalizados.

d) Definir o conxunto do sistema de prezos de referencia, establecendo a obrigación, para os medicamentos afectados, de axustarse a el, non podendo superar o do conxunto correspondente.

e) Incorporación das mutualidades de funcionarios no Consello Reitor da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios e contemplando as ditas mutualidades entre os destinatarios da información sobre medicamentos.

f) Medida de viabilidade das oficinas de farmacia para garantir a continuidade de servizo asistencial que prestan, especialmente nos núcleos rurais e dispersos

g) O Goberno, en coordinación coas Comunidades Autónomas, no prazo de seis meses, deberá establecer un formato único e común de tarxeta sanitaria, válido para todo o SNS. Igualmente, antes do 1 de xaneiro de 2013, deberán adoptar as medidas necesarias para garantir a interoperabilidade e o intercambio de datos relativos á historia clínica dixital e a receita electrónica

h) Tamén no prazo de seis meses o Goberno debe elaborar, en cooperación coas Comunidades Autónomas, coas mutualidades de funcionarios e coa

colaboración das organizacións cidadás, os profesionais e as empresas do sector, unha estratexia de coordinación na atención sociosanitaria.

B) Normas autonómicas.

En primeiro lugar, temos que recordar, pola súa transcendencia e as incidencias sufridas ao longo de 2011, que a finais de 2010 se publicaba a Lei 12/2010, de 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia. No seu preámbulo apuntaba que a Comunidade Autónoma ten a obrigación de asegurar o mantemento do sistema sanitario público, polo que se consideraba imprescindible e inaprazable a actuación sobre un dos puntos máis críticos que o podían ameazar nese momento, como era o incremento do gasto da prestación farmacéutica. A lei implanta un catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, que ten como obxectivo último o financiamento selectivo de medicamentos e produtos sanitarios dentro do nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos elaborado polo Ministerio responsable en materia de sanidade. Elaborarase un catálogo priorizado, co criterio do menor prezo, de entre os que teñen un mesmo principio activo, a mesma dose e presentación, e igual número de unidades por envase, que forman o conxunto de intercambio. Os medicamentos intercambiables posúen a mesma eficacia, seguridade e calidade.

O artigo 1 da citada Lei di que o obxecto desta é establecer as medidas de racionalización do uso de medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do SERGAS mediante a implantación dun catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, o que se fai polo acordo do Consello da Xunta de Galicia de 30 de decembro de 2010, que aproba o devandito catálogo (DOG de 31 de decembro). Na resolución establécese que o catálogo producirá os seus efectos desde o 3 de xaneiro de 2011, cun período transitorio ata o 31 de xaneiro, e producindo todos os seus efectos a partir do 1 de febreiro.

Contra a referida lei estase tramitando un recurso de inconstitucionalidade, promovido polo Presidente do Goberno contra os artigos 1 a 4 e as disposicións adicionais primeira e segunda da devandita lei, presentado o 11 de febreiro de 2011. Por providencia de 1 de marzo, ao invocar o Goberno o artigo 161.2 da Constitución Española e solicitar a

suspensión, así se acordou. Por Auto de 21 de xuño de 2011 acordouse levantar a suspensión.

Ao propio tempo, suscitouse un conflito de competencias promovido polo Goberno da Nación contra o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se acorda o catálogo priorizado de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia. O devandito procedemento tramítase co número 823/2011 ante a Sala Primeira do Tribunal Constitucional. Foi presentado o 11 de febreiro de 2011 e, por providencia de 1 de marzo seguinte, ao invocar o Goberno o artigo 161.2 da Constitución Española e solicitar a súa suspensión, así se acordou. Por Auto de 21 de xuño de 2011 acordouse levantar a suspensión.

Ao longo do pasado ano, o catálogo priorizado de medicamentos estivo en vigor desde o 1 de febreiro ao 4 de marzo, data na que o Tribunal Constitucional notifica á Comunidade a admisión a trámite dos recursos, e a partir do 21 de xuño seguinte, data en que se alza a suspensión, ata o 1 de novembro, data na que entra en vigor a prescrición por principio activo como fórmula de receita xeneralizada para o conxunto do Estado. A dita medida foi establecida polo Real decreto lei 9/2011, de 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do sistema nacional de saúde, de contribución á consolidación fiscal, e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011, do que xa se fixo mención anteriormente, cando modifica o artigo 85 da Lei 29/2006, de 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

Dos datos que foron publicados resulta que o gasto público en receitas nesta Comunidade Autónoma reduciuse un 10,96% durante 2011, o que supuxo a maior rebaixa no conxunto do Estado e equivale a 102 millóns de euros no gasto de farmacia.

No 2011 destacamos as seguintes novidades normativas:

- Lei 12/2011, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, ou lei de acompañamento á de Orzamentos para 2012. Esta norma legal contén dous títulos, un

dedicado ás medidas fiscais e outro ás medidas de carácter administrativo, entre as que se atopan a ordenación farmacéutica e a saúde.

No ámbito da ordenación farmacéutica, modifícanse varios preceptos da Lei 5/1999, de 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia. A máis salientable é a modificación do seu artigo 17, ao que se lle engade un parágrafo 5, no que se establece que na organización das quendas de garda das zonas farmacéuticas teranse que ter en conta, polo menos, os criterios seguintes: a poboación que se debe atender, a existencia dun punto de atención continuada, co obxecto de asegurar a continuidade do proceso de prescrición e a dispensación de medicamentos, a accesibilidade para as persoas usuarias e a demanda de dispensacións das oficinas de farmacia nos distintos tramos de garda. Os devanditos criterios cubrirán, en todo momento, a cobertura das necesidades asistenciais da poboación. A regulación permitiría unha modificación dos servizos de garda en zonas rurais, sempre coa previa autorización da Consellería de Sanidade.

Como adiantamos, tamén se incorpora un novo parágrafo que concreta os criterios que determinan o concepto de residencia en Galicia, aproximándose ao concepto de residencia habitual da normativa tributaria, como di na exposición de motivos a lei.

Non sufriron modificación os apartados 2 e 3 de devandito artigo, polo que, mantense a garantía da protección da saúde e a atención sanitaria con cargo a fondos públicos ás persoas menores e mulleres xestantes, así como a todas as persoas en situación de urxencia e emerxencia.

-Decreto 11/2011, de 20 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 42/1998, de 15 de xaneiro, que regula o transporte sanitario. O transporte sanitario establécese na Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, como unha garantía para todos os titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria. Coa modificación do artigo 1 do último decreto citado, defínese o transporte sanitario como o transporte especial de persoas accidentadas ou enfermas cando concorra unha situación de urxencia que implique risco vital ou dano irreparable para a saúde, ou cando exista unha imposibilidade física ou outras causas clínicas que impidan ou incapaciten para a utilización de transporte ordinario para

desprazarse a un centro sanitario ou ao seu domicilio logo de recibir asistencia sanitaria, en vehículos especialmente acondicionados para iso e debidamente autorizados, transporte que será accesible ás persoas con discapacidade.

-Orde de 6 de xullo de 2011, pola que se regula a asistencia ao farmacéutico na dispensación de medicamentos e produtos sanitarios suxeitos a receita médica polo persoal técnico ou auxiliar que presta servizos na oficina de farmacia. Entre outros razoamentos desta disposición atópase a introdución da receita electrónica no mecanismo de prescrición-dispensación no SNS, que supuxo un cambio na dinámica das oficinas de farmacia para dar estrito cumprimento á Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, o Real Decreto 1720/2007, que aproba o seu regulamento, e o Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, que regula o uso e acceso á historia clínica electrónica en Galicia. Establécese o procedemento de acreditación por parte do farmacéutico dese persoal técnico ou auxiliar e prevese, sempre coa necesaria presenza e supervisión activa e efectiva do farmacéutico titular, rexente, substituto ou adxunto na oficina de farmacia, que poderá ter acceso ao listado de receitas dispensables do paciente, ao seu listado de receitas non dispensables e ao listado de prescricións activas, sen que en ningún caso poida consultar o historial farmacoterapéutico do paciente nin información relacionada coa súa historia clínica (art. 2). Como teremos ocasión de expoñer con posterioridade, contra esta orde presentáronse diversas queixas ante esa institución.

-Orde de 5 de setembro de 2011, pola que se actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes e daquelas que se atopan en situación de desemprego. O seu obxecto, segundo se fai constar na súa exposición previa, é desenvolver instrucións precisas para facer efectivo o acceso ás prestacións sanitarias por parte dos citados colectivos e evitar que o mecanismo de acceso á asistencia sanitaria se utilice dunha forma inadecuada. As solicitudes do recoñecemento efectuaranse ante os Centros de Saúde de Atención Primaria dependentes do SERGAS.

Os que soliciten a asistencia sanitaria por carecer de recursos económicos suficientes (PSR) deberán acreditar a carencia de recursos, non ter dereito por calquera dos

réximes da Seguridade Social, estar empadroados nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia e residir en España cunha antigüidade mínima de cento oitenta e tres días.

Os requisitos para solicitar a asistencia sanitaria como desempregado coa prestación ou o subsidio esgotados son ter máis de 18 anos e non superar a idade de xubilación, estar de alta como traballador en activo con dereito á asistencia sanitaria pública na Tesourería Xeral da Seguridade Social nalgún período comprendido nos doce meses anteriores á solicitude, estar empadroado nun concello de Galicia e ser demandante de emprego nesta comunidade e ter solicitado o subsidio de emigrantes na oficina de emprego no caso dos emigrantes retornados nos doce meses anteriores á solicitude da asistencia. O dereito establecido na Orde para os desempregados sen prestacións ou subsidios de desempregos foi recoñecido con carácter estatal pola Lei 33/2011, xeral de saúde pública, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2012.

A aplicación desta Orde, inicialmente, provocou certo desconcerto en persoas que mantiñan a súa tarxeta sanitaria e, sen unha previa notificación da posible modificación da súa situación persoal en canto á asistencia sanitaria, atopáronse coa súa anulación impedindo o acceso á devandita asistencia. Esta situación teremos ocasión de analizala posteriormente cando referenciemos distintas queixas presentadas polo problema.

5.- Consideracións finais.

O sector sanitario público, como eixe esencial do estado do benestar e motor relevante do desenvolvemento económico e social do noso país supón un compoñente moi importante do gasto público. A situación económica coa que nos atopamos desde hai uns anos obrigou a constrinxir os orzamentos dedicados a todos os fundamentos do estado do benestar, entre os que se atopa a sanidade. Do ano 2010 ao 2011 reduciuse o gasto destinado a sanidade na nosa Comunidade Autónoma en 192,7 millóns, en base á política de austeridade do Goberno Autonómico.

Ante a falta de recuperación económica atopámonos con que a Administración Autonómica debe continuar reducindo gastos a todos os niveis, afectando, necesariamente,

á educación, sanidade e gastos sociais (dependencia), os alicerces do estado do benestar deseñado. Na sanidade abríronse novas vías de redución de gasto, entre os que podemos sinalar a confección do catálogo de medicamentos, ao que anteriormente se fixo referencia, que provocou unha gran redución da factura farmacéutica, un dos maiores gastos da consellería.

Os gastos e requirimentos da poboación aumentan continuamente dun xeito case ilimitado. Demándase, cada vez máis, unha atención de forma inmediata e continuada, sexa cal for a urxencia da súa doenza. Hai que subliñar que a estrutura da nosa sanidade, pública, xeral e gratuíta, e o seu elevado nivel, é difícil de atopar noutros países, tanto no noso continente como noutros.

Na nosa Comunidade atopámonos con graves problemas con relación á sanidade, como o envellecemento da nosa poboación e a súa dispersión na zona rural, o que provoca unha visión nada prometedora, necesaria de elevados custos, que se confronta cunha redución de orzamento sanitario nos últimos anos. A esperanza de vida nos últimos anos continúa elevándose e o 21,8% dos galegos son maiores de 65 anos. Esta situación supón un incremento da factura de sanidade, polos achaques asociados á lonxevidade.

A situación fai que o mantemento do estado do benestar con relación á sanidade obrigue a un maior control da xestión sanitaria, e á racionalización dos gastos correntes. Tamén é necesario poñer de manifesto a responsabilidade do paciente no uso dos recursos sanitarios. Temos dereitos, todos os que nos recoñece a lexislación sanitaria, pero tamén temos determinados deberes, que deberían impedir un mal uso dos recursos.

1.9.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACION

O número de queixas correspondentes a 2011 distribúese do seguinte modo:

Iniciadas	226	
Admitidas	206	91 %
Non Admitidas	18	8 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	2	1 %

Das queixas que foron admitidas, ao finalizar o ano o seu estado é o seguinte:

Concluídas	53	26 %
En trámite	153	74 %

No relativo á situación das queixas presentadas en anos anteriores, cuxo trámite estivo activo durante o ano 2011, o cadro é o seguinte:

Ano de presentación	En trámite o 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite o 31-12-2011
2009	0	2	2	1	1
2010	32	1	33	32	1

1.9.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.9.3.1. Listas de espera

Neste punto pouco se pode engadir ao xa comentado; as queixas relativas a esta materia son consecuencia da situación descrita na introdución. Ingresaron 75 queixas, un 33,18 % das iniciadas na área e un 36,40% das admitidas a trámite. Admítense a trámite practicamente todas (só se declarou inadmitida unha) e delas a inmensa maioría (96 %) refírense á atención especializada.

O número máis importante de queixas, 27, referíronse ao CHU de Santiago de Compostela. Séguenlles en número o CHU da Coruña, con 14; o CHU de Vigo, con 12; o CHU de Ourense, con 9; o Arquitecto Marcide de Ferrol, con 4; 3 procedentes do HU Lucus Augusta de Lugo; 2 do CH de Pontevedra; e 1 en cada un dos hospitais de Burela, Barbanza, POVISA e Salnés. Na maioría dos casos os problemas solucionáronse, adiantándose a consulta ou intervención que estaba sinalada, ou sinalando a que non tiña data.

O número de queixas ingresadas por este motivo durante a anualidade que se comenta non é moi elevado comparado co número total das que tiveron entrada na institución. As 75 queixas por atraso nas listas de espera supoñen un 2,46% do total de queixas. Podemos pensar que non se corresponden con todas as noticias que se poden ler ou oír nos medios informativos cando saen a relucir a situación das listas de espera de asistencia médica. Con todo, existen un gran número de reclamacións que poden ter outro conduto, como os servizos de atención ao paciente, que existen en todos os centros sanitarios, cuxo número se descoñece e que, polo tanto, non podemos valorar.

1.9.3.2.Servizos médicos

Neste apartado poderiamos incluír un total de 41 queixas, interpostas contra os distintos servizos dos hospitais da rede galega. Deles, 8 presentáronse contra servizos do CHU de Santiago (urxencias, hospital de día de psiquiatría, pediatría, neumoloxía,

traumatoloxía e rehabilitación), 7 do CHU de Vigo (urxencias, falta de atención, xinecoloxía e traumatoloxía), 6 fórono contra servizos do CHU da Coruña (rehabilitación, neuroloxía, oncoloxía, urxencias e outros servizos), 3 do CH de Pontevedra (mal funcionamento, urxencias), 2 dos hospitais de Ferrol (neurocirurxía e urxencias), 2 do CHU de Ourense (urxencias e funcionamento), 2 dos hospitais de Lugo (rehabilitación e urxencias), e 1 do hospital do Salnés (traumatoloxía)

O resto das queixas recibidas refírense a distintos centros hospitalarios, puntos de atención continuada e centros de atención primaria. Sirvan como exemplo as relativas a disfuncións nos PACs de Noia e O Barco de Valedoras, así como a presentada contra o Centro de Saúde de Baltar (Portonovo) polo seu mal funcionamento.

Como se pode apreciar, existe un índice superior das queixas contra os servizos de urxencia, na maioría dos casos motivados polo que se consideran excesivos atrasos na atención ao paciente.

Neste apartado debemos incluír tamén a reclamación interposta por distintos profesionais sanitarios do Hospital Psiquiátrico Cabaleiro Goás de Toén (Ourense). Presentouse polas múltiples deficiencias estruturais de Hospital de Toén, denunciadas desde hai moitos anos polos profesionais de Servizo de Psiquiatría de Complexo Hospitalario de Ourense. Admitida a trámite a queixa, solicitouse o correspondente informe da Consellería de Sanidade. Neste, de principios de xuño do pasado ano, maniféstase que o citado hospital foi deseñado de acordo coas concepcións teóricas do momento, sufrindo un proceso de degradación paulatino froito da falta de investimentos para o seu mantemento, que foron demoradas continuamente polas distintas administracións responsables do seu coidado. En consecuencia, valorouse a posibilidade de traslado da hospitalización psiquiátrica a dúas plantas do Hospital de Piñor, creando para iso un grupo de traballo que estudase a viabilidade do proxecto. Este grupo considerou que dispoñer das devanditas plantas era a opción mellor, antes que seguir utilizando o Hospital de Toén, xa que gañarían en confortabilidade, estarían menos illados e os seus familiares terían unha mellor accesibilidade ás visitas. Maniféstase que durante 2011 cambiaríanse as Unidades Hospitalarias de Rehabilitación Psiquiátrica do Hospital de Toén ao Hospital de

Piñor, dando lugar a unha mellora na calidade asistencial dos pacientes. Como consecuencia de todo o informado, tendo en conta que o traslado se produciría ao longo de 2011, esta institución acordou arquivar a reclamación. No momento da redacción deste informe, o traslado produciuse xa e o Hospital de Toén atópase pechado desde o 16 de xaneiro de 2012.

Así mesmo, un grupo de médicos do Servizo de Urxencias do Hospital Xeral de Vigo interpuxo unha reclamación sobre a situación que estaban sufrindo. En primeiro lugar poñían de manifesto a constante presenza de pacientes ingresados no servizo á espera de cama hospitalaria, o que fai que os boxes de exploración se atopen ocupados, ocasionando un diminución na capacidade do servizo para atender a novos pacientes, o que provoca demoras horarias na devandita atención, chegando nalgunha ocasión a nove horas e, frecuentemente, entre tres e catro horas. Outro problema que suscitan é a situación que se está vivindo co servizo de cardioloxía, que en determinados horarios e días carecen de atención especializada. Manifestan que estas graves deficiencias dan lugar a unha pésima atención aos usuarios do servizo, algúns con patoloxías graves xa de inicio e outros que se poden agravar coa deficiente atención que se lles pode prestar. Tramitada a reclamación, solicitouse o correspondente informe da Consellería de Sanidade, no que manifesta que resulta inherente aos Servizos de Urxencia xestionar os incrementos puntuais de demanda de atención sanitaria mediante a implantación dun sistema de priorización adecuado e coa organización eficiente dos recursos materiais e humanos dispoñibles, coa finalidade de garantir que os pacientes graves sexan atendidos coa urxencia e calidade necesaria, aínda nos momentos de maior demanda. Expón o compromiso da dita consellería e do SERGAS en reforzar a atención nas urxencias da área de Vigo coas seguintes actuacións: a análise da situación e a proposta de medidas de mellora, coa participación de todos os estamentos do servizo e a estrutura directiva da Xerencia do Complexo Hospitalario; o inicio das actuacións que integrarán progresivamente a atención de pacientes con patoloxía cardíaca no complexo hospitalario, para conseguir a mellor atención posible; a reordenación dos recursos e dos circuítos asistenciais de atención cardiolóxica, na que participan todos os sectores implicados nos que se inclúen os actuais servizos de urxencias. Ademais, a Xerencia do CHUVI, ao coordinar todas as actuacións indicadas, mantén un diálogo continuo para favorecer o proceso de cambio, procurando que a reordenación se

desenvolva cunha visión ampla e global, coa finalidade de abarcar todos os aspectos que poidan ter repercusión na atención sanitaria urxente. En consecuencia, á vista das actuacións previstas pola consellería para a mellora do Servizo de Urxencias, esta institución acordou o arquivo da queixa formulada.

Seguidamente pasamos a expoñer a problemática de tres queixas que tiveron entrada nesta anualidade, expoñendo un problema novo que, ata o momento, non fora coñecido ante esta institución. Refírense aos procedementos de reprodución asistida. Das tres queixas iniciadas, dúas eran contra a Unidade de Reprodución Asistida do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, aínda que despois as pacientes foron derivadas ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, cando se puxo en marcha a correspondente unidade a principios de 2011, e outra contra a mesma unidade do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. Ao finalizar o ano, concluíran dúas delas e a terceira estaba pendente de recibir o correspondente informe da Consellería de Sanidade. En realidade o problema de fondo que se suscitaba nas tres reclamacións era o enorme atraso existente nas devanditas unidades para poder acceder ás consultas e ao procedemento de reprodución asistida, o que producía que pacientes que entraran na lista de espera cunha idade á que lle sería aplicable a totalidade do protocolo do procedemento, con aplicación, no seu caso, da posibilidade de tres inseminacións, ao transcorrer o tempo e cumprir os 40 anos, atopábanse coa imposibilidade de poder acceder a elas. Ao chegar a ese punto, en moitos casos, na sanidade pública só lle era ofertada unha inseminación. Como consecuencia da problemática suscitada, que nalgún caso a reclamante acabou solucionando na medicina privada, esta institución, no momento da redacción deste informe, ten en marcha a realización dun estudo concreto sobre a situación das persoas que se puidesen atopar pendentes de posibles actuacións nas unidades de reprodución asistida dependentes da sanidade pública.

Para rematar, con relación ás reclamacións presentadas contra determinados servizos sanitarios, temos que facer mención das presentadas polas Plataformas en de Defensa da Sanidade Pública en Moaña e Cangas, que, en definitiva, suscitaban o mesmo problema dunha falta de atención total e de forma igualitaria cos restantes usuarios da Área Sanitaria de Vigo, xa que os devanditos municipios se atopan obrigatoriamente asignados

ao Hospital POVISA, privado, co que o SERGAS mantén un concerto. Presentaban o problema das súas listas de espera e de non dispoñer de técnicas avanzadas de tratamento, así como de carecer dos servizos de hospitalización a domicilio e de coidados paliativos. Tramitáronse as queixas e recibíronse os informes da Consellería de Sanidade, así como os complementarios ante a falta de todos os datos necesarios para resolver as queixas. Neles maniféstase que, efectivamente, tanto os cidadáns de Moaña como os de Cangas están asignados ao Hospital POVISA, co que se mantén un concerto de servizos desde 2000, no que expresamente se compromete a avanzar na incorporación de todas as técnicas e procedementos diagnósticos e terapéuticos no ámbito das prestacións definidas no Real decreto 1030/2006. Como consecuencia do anterior, no devandito hospital aplícanse todo tipo de coidados paliativos e de técnicas diagnósticas dispoñibles na actualidade para loitar contra o cancro de mama e as súas consecuencias, estando acolleito aos mesmos protocolos de coordinación entre a atención primaria e a especializada que o resto dos centros hospitalarios da rede pública, garantindo que o tempo que transcorre entre o diagnóstico e a actividade terapéutica non sexa superior a 30 días. Doutra banda, polo que se refire ao módulo de hospitalización a domicilio e coidados paliativos do Hospital POVISA, atende aos pacientes do municipio de Vigo que lle corresponden, non aos doutros municipios, debido a que a súa situación xeográfica complica a aplicación das isocronas habituais dos servizos de hospitalización a domicilio. A Consellería de Sanidade informa de que está traballando co SERGAS para a ampliación da funcionalidade e dos equipos de hospitalización a domicilio, tendo en conta a súa importancia cara aos pacientes. Ante a manifestación de que se está traballando na ampliación dos equipos, por esta institución acordouse o arquivo da reclamación.

1.9.3.3. Historias clínicas

De conformidade co establecido no art. 10.2 da Lei de saúde de Galicia, recoñécese *o dereito a acceder á súa historia clínica e a obter os informes e resultados das exploracións que sobre o seu estado de saúde ou enfermidade se inclúan nela, así como copia dos devanditos documentos*, de conformidade co regulado na Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica do paciente. O Decreto 29/2009 regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, que se constitúe como o

soporte máis adecuado para a asistencia sanitaria, facilitando o manexo e accesibilidade da documentación clínica do paciente ou usuario e dos profesionais que interveñen. A Consellería de Sanidade utiliza o sistema de historia clínica electrónica denominado IANUS, que configura un modelo de historia único e garante dun modo seguro o acceso a toda a información clínica por parte dos profesionais que desenvolven a súa actividade no sistema sanitario público de Galicia.

Nesta anualidade houbo tres queixas por problemas procedentes do CHU de Santiago, CHU de Vigo e Hospital de Ferrol.

1.9.3.4.Cuestións de persoal

En primeiro lugar, coñecemos tres queixas interpostas por distintas DUE interinas que traballaban no Centro de Saúde de Boiro. Expoñían que a Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela estaba incumprindo o aboamento dun complemento recollido no Decreto 156/2005, de 9 de xuño, no seu artigo 2 apartado 1, e na Orde de 4 de xuño de 2008. É un complemento que se está aboando por outras xerencias pola ausencia e intersubstitución doutro profesional de enfermería e que a xerencia contra a que se dirixe a queixa viña aboando ata xullo-agosto de 2009, deixando de aboalo a partir da dita data sen ningunha explicación. Manifestaban que o complemento se estaba pagando aos médicos. Tramitada a queixa e reclamado o correspondente informe, nel faise constar que unha reclamación se atopa en trámite, pendente de resolución, o que se realizaría en breve. Noutro caso, unha vez presentadas todas as xustificacións, xa se aboou o complemento correspondente a 2011; e, para rematar, a terceira non presentara a oportuna reclamación ante a Xerencia. En consecuencia, dada a situación procedemental das reclamacións, acordouse o arquivo das queixas.

Unha persoa, en representación da Plataforma da Saúde Pública da Mariña, expuxo que no Hospital de Burela as retribucións dos facultativos médicos eran máis elevadas se aumentaban as altas médicas que realizaban, evitando a realización de probas complementarias, circunstancia da que se fixeron eco os medios de comunicación. Reclamado o correspondente informe, a Consellería de Sanidade manifesta que as

retribucións dos facultativos médicos do Hospital de Burela correspóndense coas que perciben os restantes facultativos dos centros hospitalarios do SERGAS e non dependen das probas complementarias, e que as retribucións dos facultativos médicos son por procesos. É falso que os facultativos do Hospital de Burela dean máis altas polo feito de ver aos pacientes en xornada extraordinaria. De todos os xeitos, para aclarar as distintas modalidades de retribución, xa se mantivo unha reunión coa Comisión permanente sindical o 26 de novembro de 2010. En consecuencia, ao non observar ningunha anomalía, acordouse o arquivo das actuacións.

1.9.3.5.Outras materias

Un número elevado de queixas (a 1585/11 e 30 máis) foron interpostas contra a publicación no Diario Oficial de Galicia da Orde de 6 de xullo de 2011 pola que se regula a asistencia ao farmacéutico na dispensa de medicamentos e produtos sanitarios suxeitos a receita médica polo persoal técnico ou auxiliar das oficinas de farmacia. Os que presentaban a reclamación eran farmacéuticos colexiados. No seu escrito facían constar que, no seu día se enviaran alegacións polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña así como a Xunta de Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela, opoñéndose ao texto da dita orde, non sendo atendidas as reclamacións. Abriuse o oportuno expediente e reclamouse o informe da Consellería de Sanidade, que nolo remitiu. Nel participouse que a Orde en cuestión fora tramitada de acordo co procedemento de elaboración das disposicións administrativas de carácter xeral, sinalado nos artigos 49 e seguintes da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, contando con todos os informes preceptivos que se sinalan nos citados artigos. Como consecuencia do anterior, tendo en conta que existían os preceptivos informes, dato que era recoñecido polos reclamantes, a aceptación ou non do contido dos devanditos informes non é competencia desta institución. Para a revogación da dita orde só existen dous camiños, ou ben pola iniciativa da propia Administración que a ditou, publicando unha nova resolución, ou ben pola interposición dun recurso contencioso-administrativo contra ela ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. En consecuencia, procedeuse ao arquivo das actuacións.

Como consecuencia á entrada en vigor da Lei 12/2010, de 22 de decembro de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia, presentáronse na nosa institución reclamacións contra a prescrición dos medicamentos xenéricos, por principio activo, e non pola marca comercial correspondente. O número delas non foi moi elevado, seis, e unha vez tramitadas, procedeuse ao arquivo das mesmas, tendo en conta que a citada lei fora complementada coa Resolución de 30 de decembro de 2010, pola que se facía público o acordo do Consello da Xunta de Galicia que aprobaba o Catálogo priorizado do produtos farmacéuticos. Ademais a calidade dos medicamentos xenéricos (EFG) está garantida tanto polo laboratorio fabricante como polas autoridades sanitarias. Como calquera outro medicamento, os xenéricos deben ser autorizados pola Administración sanitaria mediante a oportuna avaliación técnica e administrativa que garanta a súa calidade, seguridade e eficacia. Doutra banda, un xenérico só se autoriza se cumpre as normas de correcta fabricación de medicamentos e se se comprobou que actúa de xeito idéntico ao de marca, polo que representan unha opción sanitaria perfectamente válida.

A portavoz da Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública da Área Sanitaria de Santiago presentou unha reclamación sobre a posible incompatibilidade da xeneralización da figura do concerto sanitario con centros privados, coa obrigación de manter a sanidade como servizo público, tal como contempla a Constitución Española. Reclamaba que a Consellería de Sanidade paralizase os concertos. Tramitamos a reclamación e estudamos o problema suscitado. No artigo 90 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, dispón que se poderán establecer concertos para a prestación de servizos sanitario con medios alleos ás Administracións Públicas Sanitaria. Ademais, en cada concerto que se estableza debe quedar asegurado que a atención sanitaria e de todo tipo que se preste aos usuarios afectados polo concerto será a mesma para todos sen outras diferenzas que as sanitarias inherentes á natureza propia dos distintos procesos. En consecuencia, a lei establece os concertos de asistencia sanitaria como medios complementarios da asistencia prestada polas Administracións públicas, cando os medios propios non son suficientes para cubrir a asistencia, garantindo tamén, en todo momento, que a asistencia prestada nos centros privados non pode ser diferente da que se presta nos centros públicos. O artigo 88 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, vén

reafirmar o sinalado anteriormente, establecendo a complementariedade dos concertos con centros privados e poñendo de manifesto a importancia do sector privado de atención sanitaria para a consecución dos obxectivos e dos principios reitores do Sistema Público de Galicia. Neste momento, entre os anos 2009 e 2010, conxeláronse as tarifas, e no ano 2010, coa aplicación do Real Decreto Lei 8/2010, produciuse unha baixada de tarifas do 5%. En consecuencia, en vista de todo o anterior, acordouse proceder ao arquivo da reclamación.

Con motivo da entrada en vigor da Orde de 5 de setembro de 2011, pola que se actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes e daquelas que se atopan en situación de desemprego, tiveron entrada nesta institución unha serie de queixas por persoas que manifestaban que, sen previo aviso, cando acudiran ao médico, atopáranse coa sorpresa de que lles dixeron que estaban dados de baixa e a tarxeta non lle funcionaba. O número recibido non foi moi elevado, cinco, pero o problema non só xurdiu na nosa institución, senón que tivo unha gran repercusión nos medios de comunicación. Tramitáronse as queixas e a consellería acaba informando que o recoñecemento do dereito á asistencias sanitaria a nivel estatal correspóndelle, con carácter exclusivo, ao Instituto Nacional da Seguridade Social. En Galicia, coa publicación da orde citada, as persoas sen recursos poden solicitar a correspondente tarxeta sanitaria, que ao ser favorable, recoñeceríalle o dereito á asistencia sanitaria con cargo ao SERGAS. Acabou manifestando que os cidadáns galegos teñen garantida a asistencia sanitaria en todo momento, podendo solicitar, se así o necesitan, toda a atención facultativa que sexa necesaria.

1.9.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Como se sinalou anteriormente, das queixas que foron rexistradas nesta anualidade, foron declaradas non admitidas a trámite por diversos motivos un total de dezaseis, e fórono polas seguintes causas:

1.- Por non apreciar unha actividade administrativa irregular tiveron entrada 4 queixas. 2.- Por non existir actividade administrativa previa, rexistráronse 2 queixas. 3.- Por existir competencia xudicial, 9 queixas. 4.- Por carecer de fundamento, 1 queixa. 5.-

Por non ser competencia do Valedor do Pobo, 1 queixa. 6.- Por carecer de interese lexítimo, 1 queixa

1.9.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Do total das queixas ingresadas na área de sanidade, dúas remitíronse ao Defensor del Pueblo en cumprimento do establecido no artigo 38.3 da Lei do Valedor do Pobo, unha referida ás indicacións nos envases de medicamentos e outra sobre a regulación da especialidade profesional de urxencias e emerxencias.

1.9.6. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE SANIDADE.

1. Suxestión do 24 de xuño de 2011, dirixida á Conselleira de Sanidade, para poder ser operada polo equipo A do Servizo de traumatoloxía do Complexo Hospitalario de Pontevedra. (Q/157/11).

Nesta institución como consta nesa consellería, mediante escrito de queixa compareceu solicitando a nosa intervención V. T. P..

No seu escrito, esencialmente indicábanos que padece desde hai tempo doenzas da columna vertebral (artrose, escoliose e espondilolistesi) o que lle provoca fortes dores de costas, con comprensión nerviosa que lle causa perda de forza progresiva e dor irradiado ás pernas. O seu estado empeorou o pasado ano polo que no servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario de Pontevedra aconséllanlle como tratamento óptimo a operación, explicándolle os riscos da mesma.

Consciente de que se ten que operar, trata de informarse e acabou solicitando o cambio do equipo médico de Traumatoloxía B ao A para ser atendido por este. Que o Servizo de Atención ao Paciente négalle, por dúas veces, o cambio sen unha verdadeira xustificación, cando os especialistas do equipo A non poñen inconveniente algún.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional sobre a base do artigo 43 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 do dito texto legal, acordouse con data 14 abril admitila a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 de dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

Para este tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, que foi recibido con data 6 de abril pasado, no que se di:

"A Lei 8/2008, do 10 de xuño, de saúde de Galicia, establece no seu artigo 8, entre os dereitos dos pacientes relacionados coa autonomía da decisión, o de elixir médico xeral ou pediatra de entre os que presten os seus servizos na zona sanitaria do seu lugar de residencia de conformidade coas normas regulamentaria que resulten aplicables, pero non se recolle na lei a libre elección de especialista. A pesares desto, ofertóuselle un cambio de especialista que a paciente rexeitou.

Soamente sinalar que, como non cabería esperar o contrario, a asistencia sanitaria no Complexo Hospitalario de Pontevedra se presta coas máximas garantías de calidade e seguridade."

Con data do 12 de abril remitiuse unha solicitude de complemento do anterior informe para que se concretase a data na que se lle ofertou á paciente reclamante un cambio de especialista e a clase de especialista, manifestando que fora *o pasado 8 de febreiro e o especialista sempre falamos de médico traumatólogo.*

En consecuencia, tendo en conta que:

No contido do escrito de reclamación o que se pon de manifesto é unha gran falta de empatía e seguridade co equipo do Servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario de Pontevedra ao que lle corresponde realizar a operación cirúrxica.

Efectivamente, a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, entre os dereitos dos pacientes, no seu artigo 8.4 contempla o dereito a elixir médico xeral e pediatra de entre os que presten os seus servizos na zona sanitaria do seu lugar de residencia, pero non a posibilidade de elixir o médico especialista. O artigo 10 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece os dereitos que todos teñen con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias e, entre eles, no seu número 13 regula o de elixir médico e os demais sanitarios titulados de acordo coas condicións contempladas na lei, nas

disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e nas que regule o traballo sanitario nos centros de saúde.

No documento *Estratexia Sergas 2014. A Sanidade Pública ao Servizo do Paciente* publicado pola Consellería de Sanidade, maniféstase que entre os principios que rexen a estratexia é a orientacións aos cidadáns, usuarios e pacientes, garantindo os dereitos do paciente, prestando unha asistencia segura e de calidade. Asemade, entre os elementos clave e implicacións, maniféstase que hai que situar aos cidadáns no centro de decisión do sistema sanitario, establecendo o seu dereito a escoller onde e por quen queren ser atendidos, tendo en conta que a libre elección de médico é un dereito dos cidadáns xa establecido na Lei 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad e na la lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia. Ben é certo que é necesario un desenvolvemento normativo para poder regular o completo e universal dereito para a libre elección de médico e hospital.

Á vista do anterior, como o tratamento que require a reclamante é unha operación cirúrxica que comporta uns riscos que, loxicamente, asome, hai que ter en conta que a confianza do paciente co médico ou equipo médico que a vai atender ten que ser total, sobre todo polas consecuencias que poderían derivarse se se producira un problema na mesma operación ou no postoperatorio.

Procede, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, efectuar a seguinte **suxestión:**

Que se lle conceda a dona V. T. P. a posibilidade de ser operada polo Equipo A do Servizo de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario de Pontevedra, ante a falta de empatía e seguridade que mostra a reclamante cos outros equipos.

Resposta da Consellería de Sanidade: No escrito do 7 de outubro de 2001, por parte da consellería fanse distintas consideracións que, se ben non expresan un rexeitamento directo á suxestión, así parece entenderse e como tal se tivo e se participou á Administración.

2. Recordatorio de deberes legais do 24 de outubro de 2011, dirixido á Conselleira de Sanidade, pola non resolución dun expediente de responsabilidade patrimonial (Q/1835/11).

Nesta institución como consta nesa consellería, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención M. A. F. F..

No seu escrito, indicábanos:

"El día 28 de junio de 2007 he presentado reclamación de responsabilidad patrimonial por defectuosa asistencia sanitaria prestada por el SERGAS. Se tramita con el número de expediente XX. Todavía no ha sido dictada resolución. SOLICITO que se dicte resolución expresa o, en su caso, que se me informe de los motivos de la demora y del tiempo estimado que se prevé para dicha resolución."

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional, co sometemento á lei e o dereito e ó principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 de dito texto legal, acordouse con data 14 de abril admitila a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

Para tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, con data 20 de setembro, que foi recibido o día 19 de outubro, no se que se fai constar que:

"... unha vez solicitada información á Subdirección de Inspección, Auditoría e Acreditación, comunícolle que a reclamación do expediente de responsabilidade patrimonial interposto pola reclamante, está pendente de emisión de informe e resolución por parte da instrutora que leva o caso."

Á vista do contido da reclamación e do consignado no informe, no que se manifesta que o procedemento de reclamación de responsabilidade patrimonial …iniciado o 28 de xuño de 2007 aínda non finalizara e tendo en conta:

1º.- A obrigatoriedade que ten a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, que establece o nº 1 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2º.- Que de conformidade co número 2 do devandito artigo o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o que fixe a norma reguladora do correspondente procedemento, que non deberá de exceder de seis meses, e, segundo o número 3, cando as normas reguladoras non fixen prazo máximo, será de tres meses que, nos expedientes iniciados a solicitude do interesado, se contará desde a data que a dita solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Neste senso, o artigo 42.2 da Lei 30/1992, de 26 de decembro, de réxime xurídico e de procedemento administrativo común, e a súa modificación posterior contida na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, establece que: "*o prazo máximo para resolver as solicitudes que se formulan polos interesados será o que resulte da tramitación do procedemento aplicable en cada caso. Cando a norma do procedemento non fixe prazos, o prazo máximo de resolución será de tres meses".*

No presente suposto, o prazo máximo para resolver o procedemento é de seis meses ou o prazo de engadirlles un período extraordinario de proba, tendo en conta que transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa ou, no seu caso, se formalizase o acordo, poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular, como dispón o artigo 13.3 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

O dereito a obter unha resolución sobre o pedido á Administración impón a esta un prazo máximo para resolver, co fin de evitar esperas interminables do cidadán, so pena de aplicar regras de silencio positivo ou negativo. Claramente o formula a exposición de motivos da citada lei cando di que o silencio administrativo, positivo ou negativo, non debe ser instituto xurídico normal, senón a garantía que impida que os dereitos dos particulares se baleiren de contido cando a súa Administración non atenda de xeito eficaz e coa celeridade axeitada as funcións para as que foron organizadas.

A Administración está obrigada a responder ao cidadán cando acode a ela, non dando máis do que pode e debe facer, pero tampouco menos do que pode razoablemente esperarse dela. O mínimo que debe ofrecer ao cidadán é unha resposta directa, rápida, exacta e legal. Estamos, pois, diante dunha das manifestacións lexislativas do dereito a obter unha resposta expresa dentro de prazo. A obriga administrativa de cumprir escrupulosamente coas normas que rexen os procedementos, coidando ao máximo todos os trámites que constitúen o expediente, dimana directamente do mandato constitucional do artigo 103 dunha administración eficaz que serve con obxectividade aos intereses xerais e que actúa co sometemento pleno á Lei e ao Dereito, sometemento ao procedemento administrativo establecido pola lei e segundo os principios garantidos pola Constitución española no seu artigo 9.3.

3.- A responsabilidade directa do persoal ao servizo das Administracións públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como dos titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os mesmos, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo, todo iso sen prexuízo das responsabilidades a que puidera dar lugar o incumprimento, que establece o nº 7 do citado artigo.

Procede, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, efectuar o seguinte **recordatorio dos deberes legais:**

Que se dite, á maior brevidade posible, resolución expresa no expediente de responsabilidade patrimonial nº XX iniciado por dona M. A. F. F. con data 28 de xuño de 2007, tendo en conta que se teñen sobrepasado, con moito os prazos

establecidos no Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

Resposta da Consellería de Sanidade: Foi aceptado o recordatorio dos deberes legais en comunicación do 30 de novembro de 2011, na que se manifesta que será ditada resolución no expediente de forma inmediata, unha vez sexa informado polo Consello Consultivo de Galicia.

1.10. AREA DE XUSTIZA

1.10.1 INTRODUCIÓN

O obxecto da actuación do Valedor do Pobo nesta área é contribuír, no marco das competencias que lle encomenda a súa lei reguladora, a que a tutela xudicial se converta, día a día, nunha realidade efectiva.

A Constitución española regula o dereito á tutela xudicial efectiva como fundamental, cunha garantía de protección máxima. Trátase de protexer con iso unha serie de dereitos procesuais que permitan garantir os demais dereitos. É un dereito dunha extraordinaria potencialidade e a súa instrumentalidade non impide que sexa un auténtico dereito fundamental con caracteres autónomos e cun contido individual, definido pola ampla xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Contido que afecta ás prestacións obrigatorias dos poderes públicos, o que esixe que manteñan a Administración de Xustiza dotada dos medios persoais e materiais suficientes para facelo efectivo e que, o servizo que presta aos cidadáns, sexa co maior grao de efectividade posible.

O artigo 24.1 da Constitución Española recoñece o dereito á xurisdición dun modo xenérico cando establece que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, se poida producir indefensión.

Segundo a interpretación doutrinal do propio Tribunal Constitucional (sentenza nº 26/1983), o artigo 24 da Constitución Española comprende os seguintes aspectos:

1.- O dereito ao libre acceso aos xuíces e tribunais.

2.- O dereito a obter unha decisión xudicial.

3.- O dereito á execución de devandita decisión.

Este é o contido mínimo do dereito e, ao seu núcleo, engádense unha serie de garantías incardinadas na nosa cultura xurídica:

1.- O dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei (art. 24.2 C.E.), coa prohibición dos tribunais de excepción (art. 117.6 C.E.).

2.- Os dereitos á asistencia de letrado, a ser informado da acusación formulada, ao proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, á utilización de todos os medios de proba pertinentes para a defensa, a non declarar contra si mesmo e a non confesarse culpable e á presunción de inocencia (art. 24.2 CE).

3.- As garantías penais e penitenciarias do artigo 25 C.E., é dicir, o principio de legalidade e irretroactividade das normas penais, a prohibición de impoñer penas privativas de liberdade pola administración civil e os principios que inspiran o réxime penitenciario.

A posibilidade de intervención da institución nas problemáticas suscitadas vén limitada, como xa se dixo, polas atribucións que na materia establece a Lei do Valedor do Pobo (LVP). O principio de independencia xudicial, establecido no artigo 117.1 CE leva ás previsións do artigo 2 da Lei orgánica do poder xudicial e o artigo 20 da LVP, cando este último di: *O Valedor do Pobo de Galicia non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderaos se, iniciada a actuación, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, con todo, a investigación sobre os problemas xerais formulados nas queixas presentadas, En calquera caso, velará porque a administración resolva expresamente, no tempo e na forma que correspondan, as peticións e recursos que lle fosen formulados.*

En consecuencia, a actuación do Valedor do Pobo está lexitimada só nos casos nos que aspectos formais da Administración de Xustiza son obxecto da queixa, especialmente a dilación inxustificada do proceso. A dilación na resolución dos procedementos xudiciais é un punto que se pon constantemente de manifesto por todos os estamentos involucrados no mundo da xustiza e é unha lacra que incide sobre ela. Tanto a nivel oficial, polas Administracións encargadas do seu mantemento, como por todas as demais institucións, colexios e colectivos que, directa ou indirectamente, se relacionan con ela, en toda clase de memorias, estudos ou manifestos fálase do atraso na Administración

de Xustiza, atraso que non se pode constrinxir ao ámbito da nosa Comunidade Autónoma, senón que, en maior ou menor medida, afecta a todas as Comunidades do noso Estado. A necesaria modernización da xustiza, evitando a súa burocratización, cunha completa e definitiva informatización, co desenvolvemento da nova oficina xudicial que permitise desenvolver todas as posibilidades de actualización tanto do persoal como dos procedementos, faría que o dereito á tutela xudicial efectiva fose máis real e actual, no sentido temporal do termo, xa que, como sabemos, unha xustiza tardía non é xustiza, nin para quen a pide nin para o que a outorga. É necesario crear e prestar un servizo próximo e de calidade, recollido na Carta dos Dereitos dos cidadáns ante a Xustiza, aprobada polo Pleno do Congreso dos Deputados na súa sesión do día 22 de abril de 2002, como proposición non de lei, que pon de manifesto o dereito dos cidadáns a unha tramitación áxil dos asuntos que lle afecten.

É conveniente, unha vez máis, examinar a situación dos órganos xudiciais da nosa Comunidade Autónoma. A finais de 2010 e principios do ano 2011, existía unha pendencia total de todos os órganos de 183 954 asuntos. Na última estatística publicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial no momento da redacción deste informe, correspondente ao terceiro trimestre do ano 2011, figura un total de asuntos pendentes de 178 228, supoñendo un descenso do 3,11%, con relación ao fin do ano 2010, continuando a nosa xustiza cuns niveis xerais de pendencia que impide resolver dunha forma áxil e eficaz o volume de procedementos en trámite, non podendo obtela dentro das prescricións constitucionais.

No Tribunal Superior de Xustiza, na súa Sala do Social, increméntase no devandito período de 8 987 procedementos a 9 408, o que supón un aumento do 4,68%, mentres que na Sala do Contencioso-Administrativo descende de 15 165 asuntos a 12 599, é dicir, un 16,92%. Os datos poñen de manifesto a gran carga de traballo que existe sobre estas dúas xurisdicións no Tribunal Superior de Xustiza, no que, sen prexuízo de observar unha moi boa diminución na Sala do Contencioso-Administrativo, as cifras obrigan a pensar nunhas medidas de reforzo para todo o tribunal que permitan mellorar a súa pendencia.

No conxunto da xurisdición civil, no período estudado, diminúe o número de asuntos de 62 004 a finais de 2010 a 56 342 ao fin do terceiro trimestre de 2011, é dicir, descende a pendencia un 9,13%.

Na xurisdición penal, seguindo cos asuntos pendentes nas mesmas datas estudadas, partimos de 71 891 asuntos para finalizar con 71 735, o que supón unha imperceptible variación dun 0,22% á baixa.

A totalidade dos Xulgados do Contencioso-Administrativo da Comunidade Autónoma elevan as súas cifras de pendencia de 6 985 a 7 095, é dicir, un 2,9% e, para rematar, os Xulgados do Social da Comunidade inician o período con 18 929 procedementos e finalízano con 21 049, elevándose en consecuencia a pendencia nun 11,24%.

Sen ánimo de ser exhaustivo cos datos apuntados, pódese apreciar que os números globais son dunha pequena tendencia á baixa, aínda que ascende unha elevada porcentaxe nos Xulgados do Social, comparado coas restantes xurisdicións, produto quizais da situación económica que está vivindo o país. De todos os xeitos, dado o elevado número de asuntos pendentes en todas as xurisdicións, aínda coas mellores intencións dos integrantes dos órganos xudiciais, atopámonos fronte a unha gran insuficiencia para poder conseguir unha Administración de Xustiza rápida, áxil e executiva, na forma que está desenvolvida neste momento, para poder facer real o dereito á tutela xudicial efectiva.

A Constitución Española, no seu artigo 149.1.5º, establece que a competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza correspóndelle ao Estado, e á Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 20.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle exercer as facultades que as Leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúan ou recoñezan ao Goberno do Estado.

O Real decreto 581/1982, de 26 de febreiro, determina as normas e o procedemento aos que han de axustarse os traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, sobre esta base e cos

acordos da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto, ditáronse con relación ás competencias nesta materia os seguintes Reais decretos:

R.D. 2166/1994, de 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

R.D. 2397/1996, de 23 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza.

R.D. 1380/1997, de 29 de agosto, sobre traspaso complementario ao aprobado por R.D. 2166/1994 en materia de provisión de medios materiais e económicos.

R.D. 233/1998, de 16 de febreiro, sobre ampliación de funcións, servizos e medios traspasados polos Reais Decretos 2166/1994 e 2397/1996, en materia de provisión de medios persoais, materiais e económicos.

R.D. 72/1999, de 5 de marzo, sobre traspaso complementario ao aprobado polo RD 2166/1994.

En toda a normativa citada quedan definidas as competencias autonómicas e estatais para o conveniente desenvolvemento da nosa Administración xudicial. O estado de atraso da nosa Xustiza fai necesario que as administracións encargadas do seu mantemento, tanto a nivel de persoal como de medios materiais, leven a efecto unhas actuacións de colaboración para poder conseguir unha mellor efectividade do dereito constitucional á tutela xudicial efectiva. Na consideración de que a Xustiza é a garantía última dos dereitos fundamentais da cidadanía, é necesario aproximar a Xustiza aos cidadáns, axilizar os seus procedementos, conseguir que sexa valorada positivamente e que confíen nela, a fin de adaptala ás necesidades da sociedade española do século XXI. Estes cambios teñen que inserirse na procura da concertación de esforzos e vontades, a través do diálogo con todos os operadores, xestores e profesionais do mundo do dereito, incluídas as

Administracións Públicas e as instancias garantes de dereitos fundamentais como as que protexen a privacidade ou a intimidade das persoas no tratamento automatizado dos datos persoais. Este diálogo débese levar a cabo cos colectivos que contribúen á acción da Xustiza, coas Comunidades Autónomas cuxa competencia na xestión dos medios materiais e persoais da Administración de Xustiza as converte en actores principais e co Consello do Poder Xudicial como órgano de goberno do Poder Xudicial.

Unha xustiza ineficaz, ademais de ser un lastre político, económico e social, constitúe unha fonte de erosión ao crédito do Estado e un déficit moi difícil de soportar por unha sociedade avanzada en termos de lexitimación democrática. Os órganos xurisdicionais, polo crecemento da litixiosidade nos últimos anos, experimentaron un notable incremento das cargas de traballo que asumen, o que esixe un reflexo na adaptación da planta xudicial que permita restablecer o equilibrio necesario. Nun primeiro termo deberase determinar, á vista dos resultados estatísticos e o estudo do funcionamento dos distintos órganos xudiciais tanto unipersoais como tribunais, a necesidade de creación de novas prazas de xuíces e maxistrados que permitan asumir a carga de traballo existente. A súa creación corresponde á Administración Estatal, sen prexuízo das propostas que efectúa a Comunidade Autónoma e as peticións que formula nas súas memorias tanto a Presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como o Consello Xeral do Poder Xudicial. Sábese que a creación de novos órganos xudiciais supón un gran desembolso económico, pero necesítase para conseguir un servizo público de calidade. É necesario adaptar a planta xudicial ás necesidades reais, deseñando o novo modelo de Administración de Xustiza.

Débense abordar os problemas estruturais do noso sistema xudicial desenvolvendo, en definitiva, o novo modelo da Administración de Xustiza, centrado na Oficina Xudicial, como a organización de carácter instrumental que serve de soporte e apoio á actividade xurisdicional de xuíces e tribunais, como establece o artigo 435 da Lei orgánica do Poder Xudicial, na súa redacción pola Lei orgánica 19/2003, de 23 de decembro, e deberá funcionar con criterios de axilidade, eficacia, eficiencia, racionalización do traballo, responsabilidade pola xestión, coordinación e cooperación entre Administracións, de maneira que os cidadáns obteñan un servizo próximo e de

calidade, con respecto aos principios recolleitos na Carta de Dereitos dos cidadáns ante a Xustiza.

Distínguense dous tipos de unidades: unidades procesuais de apoio directo e servizos comúns procesuais. Enténdese por unidade procesual de apoio directo aquela unidade da Oficina xudicial que directamente asiste a xuíces e maxistrados no exercicio das funcións que lles son propias, realizando as actuacións necesarias para o exacto e eficaz cumprimento de cantas resolucións diten, e por servizo común procesual, toda aquela unidade da Oficina xudicial que, sen estar integrada nun órgano xudicial concreto, asume labores centralizados de xestión e apoio en actuacións derivadas da aplicación das leis procesuais.

A Lei 13/2009, de 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova Oficina xudicial, publicada no BOE do seguinte día 4 de novembro, no seu preámbulo recoñece que a reforma da xustiza converteuse nun obxectivo crucial e inaprazable, tendo presente que os cidadáns teñen dereito a un servizo público da xustiza áxil, transparente, responsable e plenamente conforme aos valores constitucionais. A implantación da nova Oficina xudicial ten por obxecto a racionalización e optimización dos recursos que se destinan ao funcionamento da Administración de xustiza. Esta lei reforma os distintos procedementos, intentando unha maior axilización destes, coa atribución ao secretario xudicial dunhas determinadas competencias, tendo en conta que é o responsable último da realización de todas as actividades que serven de soporte e apoio á actividade xurisdicional de xuíces e maxistrados. Atribúese aos secretarios xudiciais, como corpo superior xurídico, a competencia do trámite, garantindo que o xuíz ou tribunal poida concentrar os seus esforzos no labor que lle atribúen a Constitución e as leis como propia e exclusiva, é dicir, xulgar e facer executar o xulgado. Haberá que comprobar como se vai desenvolvendo a posta en práctica desta lei, que inicialmente deberá permitir unha maior rapidez no desenvolvemento da aplicación da xustiza.

Esta lei foi complementada coa Lei orgánica 1/2009, da mesma data e publicada o mesmo día, na que se introducen *unha serie de reformas encamiñadas á axilización da*

Xustiza, que teñen como obxectivo a optimización dos recursos e mellorar a súa prestación en tanto que servizo público esencial, como di no seu preámbulo.

Como xa se dicía en anteriores memorias, a planta xudicial débese mellorar coa creación de novos órganos xudiciais e novas prazas de maxistrados nos órganos colexiados, tendo presente as dificultades económicas existentes nestes momentos que non permiten unhas grandes alegrías financeiras, para que poida permitir un descenso no número de procedementos pendentes na nosa Comunidade. A dita creación levará implícita, loxicamente, as súas consecuencias na oficina xudicial coa creación de novas prazas de persoal adscrito a esta e a súa dotación de todo o material necesario para o seu funcionamento.

A dotación material e o gasto en persoal correspóndenlle á nosa Administración Autonómica. Medios que non é necesario enumerar por ser coñecidos, pero si é necesario referenciar que é necesario a perfecta subministración dos correspondentes medios informáticos que permitan a axilidade de funcionamento dos órganos xudiciais, cunha aplicación informática única compatible coa existente no resto do Estado, o que podería permitir a interconexión de información e a transferencia das comunicacións entre eles. Esta situación vaise desenvolvendo aos poucos, aínda que necesitan grandes empuxes e investimentos. É moi importante achegar información e certeza a todos os estamentos que forman parte do proceso xudicial, e as novas tecnoloxías son o único medio que permiten dar un servizo adecuado aos nosos administrados.

Na actualidade atópase en fase de implantación, desenvolvemento e execución en comunidades con competencias transferidas que asinaron un convenio de cooperación tecnolóxica co Ministerio de Xustiza, como o caso da Xunta de Galicia, que xa o puxo en funcionamento, o sistema Lexnet, que posibilita que na Administración de xustiza os actos de comunicación se realicen a través dos medios electrónicos. Ten a súa regulación no Real decreto 84/ 2007, de 26 de xaneiro de 2007, no relativo á súa implantación, requisitos de acceso, funcionalidades e características técnicas, pois así o establece o seu artigo 1 apartado 1º, que di que esta norma ten por obxecto regular a implantación na Administración de xustiza do sistema telemático denominado Lexnet, para a presentación

de escritos e documentos e o traslado de copias e a realización de actos de comunicación procesual, así como establecer as condicións xerais para a súa utilización e funcionamento.

Como desenvolvemento da normativa indicada anteriormente, asinouse o Convenio de cooperación tecnolóxica para a implantación e execución da presentación de escritos e notificacións, certificados por vía telemática, nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia de 20 de decembro de 2006, publicado pola resolución de 10 de xaneiro de 2007 da Secretaría de Estado de Xustiza.

Constitúe este sistema, desenvolvido polo Ministerio de Xustiza, un conxunto de comunicacións electrónicas securizadas para a Administración de xustiza, baseado nun servizo de correo electrónico, que proporciona un servizo áxil, accesible, transparente, de calidade máxima e gran fiabilidade na comunicación, obtendo o usuario un certificado que garante a autenticidade e integridade da transmisión, así como a data e a hora do envío e recepción. Redúcese a un tempo mínimo as operacións de envío e recepción das notificacións, recursos, autos, sentencias etc., ás partes; por parte bidireccional das oficinas xudiciais aos distintos operandos xurídicos, como avogados e procuradores, e tamén a realización por parte destes da presentación de escritos e documentos e o traslado das copias aos órganos xudiciais.

Por resolución de 29 de marzo de 2010 (BOE de 19 de abril seguinte) publícase que con data 10 de decembro de 2009 a nosa comunidade autónoma, entre outras, subscribiu o Convenio de adhesión ao subscrito entre o Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado con data 30 de setembro anterior do Esquema Xudicial de Interoperabilidade e Seguridade (EXIS) no ámbito da Administración de Xustiza. O convenio ten por obxecto acordar a colaboración entre todos os subscritores para o desenvolvemento das actuacións precisas co obxectivo de establecer o devandito esquema que permita, a través das plataformas tecnolóxicas necesarias, o funcionamento integrado e conxunto de todas as aplicacións informáticas ao servizo da Administración de Xustiza.

O EXIS ten por obxectivo facilitar o máximo aproveitamento das tecnoloxías da información e as comunicacións da actividade xudicial en condicións de eficacia, eficiencia, racionalidade económica e calidade, obxectivo que queda condicionado á adopción de cumprimento e estándares que aseguren a interoperabilidade dos sistemas e aplicativos a disposición da Administración de Xustiza, a nivel nacional, con todas as garantías de seguridade. O EXIS establécese desde o punto de vista de tres dimensións fundamentais: dimensión ou aspectos organizativos, dimensión ou aspectos semántico-xurídicos e dimensión técnica. Esta última con prioridade para establecer entre as partes a coordinación para consensuar os medios actualmente dispoñibles, infraestruturas de comunicacións e plataformas tecnolóxicas que permitan o intercambio de información en todos os ámbitos: o Punto Neutro Xudicial (PNX), desenvolvido polo CGPX e a Nova Rede Xudicial (NRX) do Ministerio de Xustiza, que se sumarían ás funcionalidades que ofrece a intranet administrativa (SARA), todas elas desde o punto de vista das comunicacións.

Neste momento a Xunta de Galicia ten aprobado o primeiro plan de Sistemas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) na Administración de Xustiza denominado Senda 2014. As accións que se contemplan neste estrutúranse en diferentes liñas que abarcan as áreas de infraestruturas, equipamento e medios, sistemas de información, formación e prestación de servizos TIC. Preténdese conseguir unha Administración de Xustiza máis eficaz levando o proceso de informatización ata o expediente xudicial electrónico, perseguindo que sexa unha xustiza máis transparente e próxima á cidadanía, garanta que os servizos TIC prestados sexan dunha maior calidade e ofrecendo solucións adaptadas á realidade de Galicia. Segundo recolle o plan, a revisión integral dos sistemas de información permitirá avanzar na dixitalización dos datos e da información ata evolucionar ao expediente electrónico, que garanta a calidade da información rexistrada e a súa accesibilidade desde calquera punto xeográfico para todos os operadores que o necesiten, evitando a redundancia de rexistro durante a itinerancia dos asuntos xudiciais.

A Lei 18/2011, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza, ten como principais obxectivos, segundo o

seu preámbulo, actualizar o contido do dereito fundamental a un proceso público e sen dilacións indebidas, grazas á axilización que permite o uso das TIC, xeneralizar o uso das novas tecnoloxías nas comunicacións e definir o conxunto de requisitos mínimos de interconexión, interoperabilidade e seguridade necesarios no desenvolvemento dos diferentes aplicativos utilizados polos actores do mundo xudicial, a fin de garantir a seguridade na transmisión dos datos e cantas outras esixencias se conteñan nas leis procesuais. Regula o uso dos medios electrónicos na Administración de Xustiza, cunha carta de dereitos dos cidadáns e profesionais da xustiza en relacións con esta por medios electrónicos. A estes últimos imponlles o deber de utilizalos. Regula tamén o expediente xudicial electrónico e defíneo como o conxunto de documentos electrónicos correspondente a un procedemento xudicial, calquera que sexa o tipo de información que conteñan. Cada novo expediente terá un número de identificación xeral, que será único e inalterable ao longo de todo o proceso, permitindo a súa identificación unívoca por calquera órgano do ámbito xudicial nun contorno de intercambio de datos.

Para rematar hai que destacar a publicación da Lei 37/2011, de 10 de outubro, de medidas de axilización procesual, cuxo obxecto é incorporar determinadas medidas de axilización procesual nas ordes civil, penal e contencioso-administrativo, co propósito de fornecer instrumentos procesuais óptimos para a xestión procesual.

Polo que se refire á actuación desta institución nesta área, o número de queixas iniciadas neste período en materia de xustiza é de 91. Non podemos considerar que sexa moi elevado, xa que supón menos dun catro por cento do total de todas as materias (un 3,29%), as queixas descenderon un 21,65% con relación ao ano anterior, no que ingresaran un total de 116 queixas. De todos os xeitos, o total de expedientes que tiveron relación con esta área elévase a 197, se contabilizamos as consultas e outros escritos que esixiron a oportuna tramitación

Tamén esta institución está lexitimada para o coñecemento das queixas que poidan presentarse nos aspectos da xestión da Administración de Xustiza que é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e nas materias conexas con ela, como

pode ser o funcionamento dos colexios profesionais de avogados e procuradores e dos rexistros e notarías, por exemplo.

En canto ás queixas relativas á administración penitenciaria, esta depende da Administración Xeral do Estado, polo que non temos competencias directas para o estudo destas queixas, sendo remitidas ao Defensor del Pueblo para a súa tramitación, de conformidade co establecido no artigo 38 da LVP.

1.10.2 QUEIXAS RECIBIDAS E O SEU ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas correspondentes ao ano 2011 distribúese do seguinte modo:

Iniciadas	91	
Admitidas	19	21 %
Non Admitidas	53	58 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	19	21 %

Das queixas que foron admitidas, o seu estado é o seguinte:

Concluídas	3	16 %
En trámite	16	84 %

No relativo á situación das queixas presentadas en anos anteriores ao desta memoria, cuxo trámite estivo activo durante o ano 2010, o cadro é o seguinte:

Ano de presentación	En trámite o 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite o 31-12-2011
2005	0	1	1	1	0
2006	0	1	1	1	0
2009	5	0	5	5	0
2010	5	6	11	11	0
Total	10	8	18	18	0

En consecuencia, non queda ningunha queixa en trámite correspondente a anualidades anteriores á que se está comentando.

1.10.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Como xa quedou dito anteriormente, o labor desta institución con relación aos órganos xudiciais é moi limitada. As queixas que se recibiron e admitiron a trámite contra algún deles, doce en total, referíanse esencialmente a atrasos na tramitación ou resolución dos procedementos xudiciais. Os órganos e os procedementos xudiciais aos que se refire non manteñen unha uniformidade, de feito non existen dúas queixas contra un mesmo órgano xudicial. En todas as queixas iníciase a tramitación cunha solicitude de informe, en moitas ocasións por teléfono, sen prexuízo de reproducir a solicitude ao órgano xudicial denunciado por escrito.

As restantes referíronse, dúas delas, a problemas coa concesión do dereito de asistencia xurídica gratuíta; unha contra o Colexio de Avogados da Coruña, pola actuación dun colexiado; outra polo funcionamento do Colexio de Enxeñeiros industriais de Galicia; outra contra un expediente disciplinario dun funcionario da Xunta de Galicia; outra pola baixa dun falecido no censo electoral; e a última polo desaloxo dunha vivenda.

1.10.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Como quedo dito con anterioridade, neste período houbo un total de cincuenta e tres queixas declaradas inadmitidas. Delas, a maioría, 32 queixas, arquiváronse en cumprimento do artigo 20 da LVP, é dicir, pola existencia dun procedemento xudicial en trámite, pendente de sentenza, ou no que, téndose ditado xa a resolución definitiva, se atopaba en trámite a súa execución. En ambos casos non se apreciaba un atraso que permitise a esta institución interesarse pola resolución expresa, en tempo e forma, de todas as peticións ou recursos formulados polas partes.

De entre as restantes, oito fórono por desconformidade co contido da sentenza ditada polo Xulgado ou Tribunal correspondente.

Así mesmo foron declaradas como non admitidas tres queixas por non existir unha actuación administrativa previa; tres queixas nas que nos atopabamos ante unha relación xurídico privada; outras tres por non ser competencia desta Institución; e dúas por non existir actuación administrativa irregular.

1.10.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

No apartado de queixas remitidas ao Defensor del Pueblo, por incompetencia desta institución, houbo un total de dezanove, das que, como xa se deixou dito, deuse coñecemento a este, en cumprimento do artigo 38.3 da LVP. Delas sobresaen en número as relativas a problemas relacionados con centros penitenciarios, un total de 13, ao depender da Administración central. Cinco refírense a denuncias polo atraso na actuación do Rexistro Civil Central; e a última, pola actuación dun fiscal.

1.11. ÁREA DE ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA E TRANSPORTES

1.11.1. INTRODUCIÓN

En 2011 presentáronse 135 queixas nesta área, polo que en principio produciuse un importante aumento en números absolutos en relación coas 74 queixas recibidas en 2010, pois o aumento porcentual sería dun 81%. Con todo, debe puntualizarse que este incremento de queixas non é tan notable como parece deducirse desta primeira comprobación numérica, xa que nesta área presentouse unha queixa colectiva referida á eventual privatización de organismos ou empresas públicas españolas (como AENA ou o organismo de Loterías e Apostas do Estado), que deu lugar á apertura de 43 expedientes de queixa, que ademais foron remitidos ao Defensor del Pueblo. Neste sentido, o aumento no número de queixas en 2011 non sería tan notable como o indicado, quedando nun 24%.

En relación coa distribución por materias das queixas desta área, como vén ocorrendo todos os anos, debemos novamente destacar o grupo constituído polas queixas que afectan á Administración económica ou tributaria. A este respecto, dentro do total de queixas, 135, este relevante grupo estaría integrado por 73 queixas, polo que supoñen un 55% do total de queixas da área, porcentaxe que se incrementaría notablemente se temos en conta a corrección indicada (pola queixa colectiva). Entre as restantes queixas poden sinalarse as 6 referidas a transporte, 4 que afectan á Xerencia do Catastro, 4 á empresa pública de Correos, e finalmente 47 que se inclúen nun grupo moi heteroxéneo (entre elas, as 43 da queixa colectiva).

Dentro do amplo epígrafe da Administración económica ou tributaria pode establecerse unha primeira subdivisión entre as queixas referidas a tributos ou taxas, e as referidas a entidades financeiras; estas últimas supoñen un total de 18, e adoitan non ser admitidas a trámite, xa que o Valedor do Pobo carece de competencias para a supervisión directa dunha caixa ou entidade bancaria, e unicamente pode valorar a actuación dos órganos adscritos á Consellería de Facenda con competencias para a supervisión destas entidades.

En relación coas queixas referidas propiamente á Administración tributaria, podemos distribuílas entre as que afectan a tributos ou a organismos estatais (IRPF, IVE,

que foron un total de 14; as que afectan á facenda autonómica (principalmente os impostos de transmisións patrimoniais e de sucesións), que sumaron 19; e, finalmente, as que afectan á administración local, que sumaron 22 (fundamentalmente tratan de cuestións relacionadas co Imposto de Bens inmobles ou con taxas por servizos municipais).

1.11.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O estado de tramitación das queixas desta área é a seguinte:

Iniciadas	135	
Admitidas	34	25%
Non Admitidas	38	28%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	63	47%

En relación co elevado número de queixas remitidas ao Defensor del Pueblo debe subliñarse que os 43 expedientes ocasionadas pola queixa colectiva forman parte deste apartado estatístico.

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	21	79%
En trámite	13	21%

1.11.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Para un mellor seguimento das queixas, distinguiremos os seguintes epígrafes en función do seu contido.

En relación co **Imposto de Bens Inmobles** formulouse queixa por algún contribuínte respecto da devolución de cobros indebidos naqueles casos nos que se produciu un cambio de titularidade do ben inmoble. Así na queixa Q/1008/11 o reclamante, que era coherdeiro de varios inmobles en Palas de Rei, presentara un escrito á Deputación Provincial de Lugo, que lle reclamaba os recibos do IBI de 2006 e 2007, pois consideraba que xa foran aboados polo causante, manifestando que transcorrera case un ano sen recibir contestación ao seu escrito por parte da Deputación de Lugo. Admitida a trámite a queixa recibimos un escrito desta no que se informaba de que se deu traslado dos escritos presentados polos interesados á Xerencia Territorial do Catastro para que emitise un informe sobre a titularidade dos inmobles controvertidos, en canto á duplicidade do pago, que se realizou polo causante con outra referencia catastral referida á totalidade dos inmobles; posteriormente a Deputación indicou que se procedería á regularización da situación tributaria coa correspondente devolución dos ingresos indebidos, de acordo co informe emitido pola citada Xerencia.

Por outra banda, en relación co **Imposto de Sucesións**, e concretamente no que afecta ao trámite de alegacións na liquidación provisional do imposto, na queixa Q/1866/11 a reclamante referíase a un escrito de alegacións presentado no trámite de audiencia respecto da valoración dos bens da causante, e no que manifestaba que os bens da herdanza da nai eran os mesmos que xa se valoraron dous anos antes na herdanza do pai, e que con todo experimentaran un aumento de valor considerable. A reclamante aludía na súa queixa a que non se deu resposta na liquidación definitiva ás alegacións presentadas, e na información remitida pola Consellería de Facenda indicábase que en cumprimento da obrigación de resolver que lle impón o artigo 103 da Lei Xeral Tributaria estimara o recurso presentado pola reclamante por falta de contestación expresa ás alegacións presentadas.

Na queixa Q/829/11, referida tamén ao imposto de sucesións, o reclamante indicaba que a Consellería de Facenda non lle contestou expresamente a un recurso presentado polos intereses de demora que tivo que satisfacer na liquidación que lle practicaran. Na información remitida pola Consellería manifestábase que se procedía á resolución expresa do recurso no sentido desestimatorio. No que se refire á fundamentación da resolución recorrida sinálase que, conforme a reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo, se a Administración comproba a autoliquidación e descobre que foi practicada incorrectamente, debe esixir intereses de demora polas cotas liquidadas como consecuencia da súa actuación de comprobación desde o día seguinte ao do vencemento do prazo para declarar, pois enténdese que a obrigación tributaria é por ministerio da lei líquida, exixible e vencida. Sinalándose tamén, por outra banda, que os intereses de demora non teñen carácter sancionador, sendo a súa función a de compensar ao Tesouro do custo financeiro ocasionado polo atraso nos ingresos das cotas a cargo dos suxeitos pasivos.

Na queixa Q/1139/11 o reclamante aludía a unha resolución do Tribunal Económico-Administrativo de Galicia recaída na liquidación do imposto de sucesións por unha herdanza en Caldas de Reis, que estimara a devolución do importe dunha liquidación anulada, e que a pesar do tempo transcorrido non se satisfixo. Na información recibida da Consellería de Facenda, en concreto da Oficina Liquidadora de Caldas de Reis, indícase que no procedemento de devolución de ingresos indebidos correspóndelle á Oficina a proposta de devolución e á Delegación de Facenda de Pontevedra a súa fiscalización e o recoñecemento definitivo de tal dereito, e que á citada Oficina non lle foi comunicada a resolución firme do TEAR, ou dos tribunais superiores caso de ser recorrida, e por ese motivo non puidera impulsar o procedemento de devolución para o seu recoñecemento definitivo por parte da Delegación de Facenda de Pontevedra. Posteriormente, tivemos coñecemento de que se procedeu á devolución reclamada.

En relación co **Imposto de Transmisións Patrimoniais**, na queixa Q/931/11 o reclamante referíase á liquidación do imposto pola adquisición xunto coa súa esposa dun piso para vivenda habitual, tendo solicitado na autoliquidación a redución do tipo impositivo para menores de 36 anos. Sinalaba o reclamante que recibira unha proposta de

liquidación co tipo normal (7%), por non cumprir o artigo 3.6 da Lei galega 4/2009, de 20 de outubro, de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para o fomento do acceso á vivenda e á sucesión empresarial, xa que non se mencionaba expresamente a data de nacemento na escritura pública, malia que cumprían co requisito da idade. Admitida a trámite a queixa, recibimos un informe da Oficina Liquidadora de Ferrol no que se indicaba que a adquisición da vivenda tiña que documentarse en escritura pública, e que na escritura tiña que constar a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a vivenda habitual. Por outra banda, indicábase expresamente que "*a subsanación de calquera omisión na formalización da compravenda, non esquezamos que tales compravendas están autorizadas por profesionais perfectamente coñecedores do ordenamento xurídico, deben ser emendadas no prazo establecido ao efecto no artigo 57 da Lei 16/2007, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para 2008*." Neste artigo sinálase expresamente que a rectificación debería facerse dentro do prazo regulamentario da declaración do imposto, e a este respecto, o prazo para a declaración do imposto é o de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte ao outorgamento da escritura pública, polo que polos datos que constaban no expediente xa se superara este prazo cando os interesados achegaron unha escritura pública complementaria na que se indicaba a súa idade.

Por outra banda, en relación co **Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica,** podemos mencionar a queixa Q/437/11, na que o reclamante se refería a unha solicitude de compensación presentada ante a Deputación Provincial da Coruña porque lle pasaron ao cobro o recibo do imposto emitido polo Concello de Miño, no que está actualmente censado, por un vehículo polo que xa pagara o mesmo recibo no Concello de Pontedeume. Na información remitida pola Deputación Provincial constátase que a Administración cumpriu na tramitación do expediente de compensación co procedemento legal dentro do prazo de seis meses establecido no artigo 23 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, xa que a resolución estimatoria da pretensión do reclamante recaeu cando apenas transcorreran tres meses desde a presentación da solicitude.

Na queixa Q/1702/11 unha persoa cunha discapacidade do 66% e propietaria dun vehículo de motor solicitaba á Deputación Provincial da Coruña a exención do pago do imposto de circulación, indicando que xa tiña gozado anteriormente da dita exención con outro vehículo. Na información recibida compróbase que lle recoñecen o seu dereito para 2012, pero indícanlle que ten que pagar os recibos anteriores correspondentes a 2009, 2010 e 2011. No informe da Deputación sinálase que tanto na Lei reguladora das Facendas Locais como na Ordenanza fiscal xeneral da Deputación Provincial disponse que a exención do IVTM por minusvalía ten carácter rogado, polo que é o obrigado tributario o que debe instar a súa concesión, e neste caso cando o reclamante cambiou de vehículo non realizou ese trámite.

En relación coas **taxas municipais**, na queixa Q/2196/11 a reclamante referíase ao cobro dunha taxa por parte do Concello de Cesuras pola emisión dun informe técnico municipal tras unha denuncia presentada pola reclamante, indicando na queixa que a súa denuncia afectaba a feitos relacionados coa protección do dominio municipal. A este respecto, na información remitida desde a Administración municipal consta que as denuncias presentadas pola reclamante afectan a varias cuestións, a maioría delas vinculadas a un interese privado, e que soamente afectan dun modo indirecto ao dominio público. O Concello indica no seu informe que a taxa só se cobra cando se trata de casos que afectan ao interese privado, estando exentas de pago todas as denuncias que se refiran exclusivamente á defensa dos bens ou servizos públicos.

En relación coas queixas referidas á materia de **transportes**, debemos subliñar en primeiro termo que moitas destas queixas suscítanse ante o Valedor do Pobo sen que previamente se teñan presentado ante o órgano administrativo competente -neste caso Dirección Xeral de Mobilidade ou Servizos Provinciais correspondentes- denuncia por presunta infracción administrativa. Nestes casos debemos inadmitir inicialmente a queixa presentada, indicando que antes de que se produza a nosa intervención ante un determinado problema é necesario que en primeiro lugar se presente a oportuna reclamación ante a Administración con competencias directas na materia. Neste caso a denuncia previa debería presentarse ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través dos órganos administrativos sinalados anteriormente, e posteriormente, ante unha

posible falta de resposta ou por estar desconforme coa resposta recibida, poderíase instar a nosa actuación.

1.11.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Durante 2011 nesta área foron 38 as queixas non admitidas a trámite, o que supón un 28% do total das queixas presentadas. Esta porcentaxe relativamente alta de queixas non admitidas a trámite, en comparación con outras áreas, obedece a que se presentaron 18 queixas referidas a entidades financeiras, que quedan fóra do ámbito de competencias desta institución.

Nos expedientes nos que se acorda a non admisión a trámite infórmase detidamente aos reclamantes das razóns que determinaron esta decisión. O motivo máis habitual de non admisión a trámite radica en que non se observa a existencia dunha actuación administrativa previa. Así ocorre, no caso das queixas referidas a entidades bancarias, xa que nestes casos a única posibilidade de que poidamos intervir, é que previamente se teña instado polo reclamante a actuación do órgano autonómico supervisor, que para estes casos é a Subdirección Xeral de Supervisión de Caixas de Aforro e Entidades financeiras da Consellería de Facenda. Sen embargo, nas queixas presentadas sobre esta materia non se impulsou previamente a intervención deste órgano de supervisión.

Este mesmo motivo de non admisión a trámite é tamén o habitual nas queixas referidas á materia de transporte, xa que moitas delas, como sinalamos anteriormente, preséntanse sen ter instado previamente a intervención dos órganos autonómicos con competencias en materia de transporte.

Para rematar, entre os demais motivos de non admisión a trámite poden destacarse a existencia dunha relación xurídico-privada, a non constatación dunha actuación administrativa irregular, ou a actuación xudicial.

1.11.5. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

En 2011 desde esta oficina remitimos 63 queixas ao Defensor del Pueblo por afectar a actuacións de órganos administrativos, organismos ou entidades dependentes da Administración Xeral do Estado. Dentro deste amplo número de queixas atópanse as 43 referidas a unha queixa colectiva sobre a eventual privatización de AENA ou do organismo "Loterías e Apostas do Estado".

O resto das queixas remitidas ao Defensor del Pueblo afectaban ao Catastro, á Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Correos.

1.12. ÁREA DE OBRAS PÚBLICAS E EXPROPIACIÓNS

1.12.1. INTRODUCIÓN

Na área de obras públicas e expropiacións pode subliñarse que as 68 queixas recibidas en 2011 supoñen un aumento en relación con anos anteriores, xa que no ano 2010 as queixas recibidas, excluídas dúas queixas colectivas, foron 43, e en 2009 foron 55, excluída tamén outra queixa colectiva. A este respecto, en relación coas queixas presentadas en 2010 o aumento foi dun 58%.

As 68 queixas presentadas en 2011 han de distribuírse entre as diversas materias que se integran na área. A este respecto, na materia referida a expropiacións presentáronse 22 queixas, e no que afecta a obras públicas as queixas foron 20. Poden destacarse tamén as queixas referidas á xestión do dominio público hidráulico (un total de 17). As restantes queixas tratan doutras materias.

1.12.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas recibidas na área de obras públicas e expropiacións ao longo de 2011 foi de 68 e o estado de tramitación no que se encontran é o que a continuación expresamos:

Iniciadas	68	
Admitidas	40	60%
Non Admitidas	7	10%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	21	30%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	30	75 %
En trámite	10	25 %

No relativo ás queixas presentadas en anos anteriores e pendentes de resolución nalgún momento de 2011, a situación actual é a seguinte:

Ano de presentación	En trámite o 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite o 31-12-2011
2010	10	0	10	10	0

1.12.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

En relación coas queixas referidas á materia de expropiación forzosa afectan a problemas moi variados, desde queixas que tratan das controversias xurdidas cos procedementos de valoración dos bens ou dereitos obxecto da expropiación ata as queixas máis habituais, que se refiren ás demoras observadas no pago do prezo xusto.

Así, na queixa Q/592/11 a reclamante manifestaba o seu desacordo coa valoración dunha parcela con vivenda, que quedara afectada polo expediente expropiatorio para a obtención do solo necesario para a execución do enlace da Terceira Ronda da Coruña coa Autovía AC-14, nas Rañas; a reclamante tamén indicaba que presentara alegacións achegando a súa valoración, pero aínda non recibira resposta ningunha. No amplo informe remitido polo Concello da Coruña, no que constaba unha resolución municipal de contestación ás alegacións presentadas, posterior en pouco tempo á presentación da queixa, aludíase a que o Ministerio de Fomento estaba naquel momento expropiando no mesmo ámbito, polo que se realizou consulta aos técnicos encargados das valoracións deste, que acudiran a unha capitalización da renda real ou potencial, xa que se trataba dun solo rural, adoptándose polo Concello o mesmo valor fixado polo Ministerio para a aprobación definitiva do expediente, co que a valoración total do expediente se incrementou case ao dobre en relación co valor fixado inicialmente.

Por outra banda, en relación coas demoras no pago do prezo xusto da expropiación podemos mencionar a queixa Q/1154/10, na que a reclamante era propietaria de dúas leiras afectadas pola obra "Vía de Alta capacidade de alternativa C-54 e conexión coa rede de alta capacidade tramo 1, enlace CP-821", no termo municipal de Teo, referíndose a queixa inicialmente a que a superficie realmente expropiada nas dúas leiras era superior á que constaba no expediente expropiatorio de 2004 e tamén á que lle pagaran. No primeiro informe remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas indicábase que se faría unha resolución de modificación dos bens efectivamente expropiados, que se comunicaría ao propietario e se levaría a cabo o trámite correspondente á valoración da diferenza de superficie coa recollida no expediente expropiatorio (a superficie realmente afectada era aproximadamente dez veces maior que a que figuraba no expediente). Á vista desta información, procedemos a concluír a nosa intervención esperando que nun breve prazo se resolvese satisfactoriamente o problema. Con todo, recibimos posteriormente novos escritos da reclamante nos que se sinalaba que aínda non se resolvera o expediente expropiatorio, e non se lle pagou o prezo xusto fixado de mutuo acordo, malia que nun dos últimos escritos da reclamante, e tal e como lle requiriu a Consellería, remitira os seus datos bancarios aos efectos de que lle ingresasen a cantidade debida. Tendo en conta o anteriormente expresado formulámoslle á Xefatura do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas unha recomendación: "Para que se proceda o máis axiña posible a instar da unidade administrativa correspondente o libramento do pago correspondente á indemnización expropiatoria recoñecida ao interesado, tendo en conta o tempo transcorrido desde a efectiva ocupación do terreo expropiado, e desde a reclamación presentada e finalmente recoñecida por esa Consellería".(Ver resolución nº1 desta área).

A este respecto, recibimos unha resposta da citada Xefatura Territorial na que se indicaba que se remitía un escrito ao Servizo de xestión económico-administrativa da Dirección Xeral de Infraestruturas para que se efectuase o libramento do pago ao interesado, recibíndose posteriormente un escrito desta Dirección Xeral no que se indicaba a imposibilidade legal do pago no último trimestre de 2011 (Orde da Consellería de Facenda do 29/09/2011, que regula as operacións de peche de exercicio de 2011), pero

pagaría ao interesado a indemnización expropiatoria en breve, polo que entendemos aceptada a recomendación.

Tamén se tramitaron outras queixas referidas aos atrasos no pago das indemnizacións expropiatorias, como a queixa Q/645/11, na que se constatou que a demora se producía porque a reclamante non acreditaba adecuadamente a súa condición de herdeira da propietaria da leira expropiada, nin xustificaba doutro xeito título de propiedade suficiente. Na Q/1915/11 a reclamante e outros familiares atopábanse desde facía catorce anos pendentes de cobrar do Concello de Santiago de Compostela o prezo xusto pola expropiación dunha leira á Xunta de Compensación dun polígono de solo urbanizable en Conxo que era propiedade inicialmente da nai da reclamante. A cantidade na que se valorou inicialmente polo Concello consignouse en 1997, e posteriormente o xurado de expropiación forzosa fixou un prezo xusto maior, cantidade á que deberían engadirse os intereses correspondentes. Pola documentación achegada pola reclamante deducíase que os interesados foran requiridos en varias ocasións polo Concello para a achega de documentación xustificativa dos seus dereitos. Finalmente, en setembro de 2011 adoptouse un acordo relativo á desconsignación e o Concello requiriu á Xunta de Compensación do SUP-4 de Conxo que fixese efectivo o pago aos expropiados. En outubro de 2011 fixéronse efectivas as cantidades depositadas a todos os titulares da parcela e que estaban pendentes os intereses.

Noutra queixa referida ás demoras no pago do prezo xusto, a Q/1145/11, a reclamante referíase á expropiación dun terreo afectado pola obra "Variante de Marín, Conexión Estrada de Figueirido con C-550", expropiación que tivera lugar en 2002 pola anteriormente denominada Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e sinalaba que o expediente expropiatorio concluíra mediante resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de xaneiro de 2010, e tíñase desestimado un recurso de reposición presentado pola propia interesada en xullo de 2010. No informe recibido indicábase que se habilitara crédito necesario para proceder ao pago do prezo xusto correspondente, polo que se estaban tramitando os actos necesarios para o seu aboamento, aos cales a propietaria sería convocada formalmente, e que se fixarían tamén os intereses correspondentes.

Por outra banda, hai un grupo de queixas que se refiren aos danos por obras públicas e responsabilidade patrimonial da Administración.

En relación con esta materia tramitouse algunha queixa por danos ou molestias sufridas con ocasión da execución de obras públicas, como é o caso da queixa Q/201/11, na que a reclamante se refería aos problemas existentes nun terreo da súa propiedade que considera derivados dun desaugadoiro da autovía do Barbanza. Na información remitida pola Dirección Xeral de Infraestruturas indícase que o caudal que se recolle na autovía, ao ser de drenaxe transversal lonxitudinal, non é moi significativo, e que ademais nunha visita á zona non se apreciaron danos na leira que fosen consecuencia da escorrentía das augas. Por outra banda, sinálase no informe, que analizada a solicitude de que as augas sexan canalizadas noutro punto quilométrico, os técnicos chegaron á conclusión de que esta actuación supoñería construír unha cuneta ao pé do noiro e paralela á autovía, o que resultaría moi perigoso, polo risco de corrementos ou desprendementos do terreo.

Noutra queixa similar, a Q/1778/11, o reclamante indica que con motivo dunhas obras de mellora nunha estrada próxima á cidade da Coruña a empresa encargada das obras colocara un tubo de recollida de augas pluviais, que desauga directamente nunha leira da súa propiedade. A este respecto, no informe remitido polo xefe do Servizo Provincial de Infraestruturas sinalou que a canalización das augas pluviais realizada responde ao especificado no proxecto e ás necesidades de drenaxe da estrada e das beirarrúas, e que o reclamante non pode sentirse prexudicado de ningún xeito, xa que a canalización construída respecta a escorrentía superficial anterior e recolle a mesma superficie de drenaxe, polo que non se espera un aumento significativo do caudal de auga vertido no terreo. Por outra banda, sinalábase tamén no informe que faltaba por realizar o emboquillado da tubaxe e o remate das cunetas, e estes elementos minimizarían o posible impacto que as augas vertidas poidan causar, e que en calquera caso a dirección de obra permanecería observando o comportamento da drenaxe no futuro, para comprobar se se producen ou non danos na parcela e en caso afirmativo, tomar as medidas correspondentes.

Por outra banda, tamén se presentaron queixas nas que se formulou polo reclamante unha reclamación indemnizatoria polo danos nun automóbil presuntamente

causados polos defectos ou falta de adecuado mantemento dunha estrada. Así foi na queixa Q/1295/10, na que o reclamante se refería aos danos producidos no seu automóbil cando circulaba pola estrada AC-414, Carballo-Malpica, na que a consecuencia dunha focha rebentoulle unha roda e fundíuselle un faro. O interesado presentara inicialmente unha reclamación a través do Concello de Carballo, pero ao parecer a consellería non tiña constancia desta reclamación, polo que consultado o concello indicounos que se remitiu recentemente á consellería, estando en estudo do Servizo de Xestión Xurídico-Administrativa da Dirección Xeral de Infraestruturas.

Noutra queixa, a Q/954/11, a reclamante referíase a unha reclamación por danos producidos no seu automóbil na estrada AC-566 na comarca de Ferrol, consecuencia dun accidente ao parecer causado polo mal estado e a falta de limpeza da estrada. Na información solicitada da consellería púxose de manifesto que no momento de presentarse a queixa, uns dous meses logo de presentada a reclamación, aínda non chegara ao Servizo de Xestión Xurídico-Administrativa, e que a partir dese momento se procedía a informar a reclamación. Actualmente, este expediente de queixa está aínda en tramitación nesta oficina do Valedor do Pobo.

En relación coa materia de protección do dominio público hidráulico presentáronse diversas queixas nas que se poñía de manifesto a realización de obras de diferente natureza (movementos de terras, instalación de tubos para canalización de augas, etc..) que afectaban a canles de auga, e respecto das que os reclamantes presentaran denuncias ante o organismo *Augas de Galicia*, por entender que os feitos denunciados constituían infraccións en materia de protección do dominio público hidráulico. Nos seus escritos dirixidos os reclamantes aludían a que as súas denuncias non eran debidamente atendidas por ese organismo.

Entre as queixas que se integran neste grupo podemos mencionar a queixa Q/397/11, na que a reclamante se refería aos atrasos na tramitación por *Augas de Galicia* dunha denuncia sobre entubación irregular dunha corrente de auga para regadío. Na información remitida constátase que por parte dos servizos de inspección se comproba a existencia dunha entubación realizada varios anos atrás, de 160 m. de lonxitude, que non

contaba con autorización de *Augas de Galicia*, polo que este organismo procedeu, con posterioridade á presentación da queixa, á apertura dun expediente sancionador.

Noutra das queixas, a Q/691/11, a reclamante referíase a unhas obras no linde entre dúas propiedades e que afectaban a unha corrente de auga que servía para o rego das leiras, indicando que presentara unha denuncia ante o organismo de *Augas de Galicia* e que non tiña notificación sobre o resultado da súa denuncia. No informe remitido desde *Augas de Galicia* indícase que os feitos denunciados motivaron a incoación dun expediente sancionador, e que outras pretensións que puidesen derivar da queixa suscitada pola reclamante deberíanse substanciar pola vía xudicial.

A queixa Q/524/11 presentouse por un residente en Teo en relación cunhas obras de recheo nunha leira veciña da súa, e que ao parecer afectaban ao caudal dunha corrente de auga que discorría pola leira do reclamante. Admitida a trámite a queixa, solicitamos información tanto ao Concello de Teo como ao organismo de *Augas de Galicia*, e constatouse que as obras contaban con autorización do organismo de cunca, e que posteriormente o concello concedeu a licenza para as obras controvertidas con suxeición ás condicións expresadas na autorización de *Augas de Galicia*.

Por outra banda, hai un grupo máis reducido de queixas que se refiren á materia de xestión de portos ou de protección do dominio público portuario.

Dentro deste grupo pode mencionarse a queixa Q/1530/10, na que o reclamante se refería a unha denuncia pola instalación dunha terraza de bar no Porto de Caión dentro da zona de dominio público portuario, ao parecer sen autorización municipal. O reclamante denunciara os feitos ao Concello de Laracha, e á Consellería do Mar. Solicitamos informe deles e, no informe remitido polo concello indicábase que debido á situación do establecemento denunciado consideraba que o organismo encargado de resolver estas denuncias era Portos de Galicia, pero que en relación coa actividade desenvolvida tramitouse no concello expediente de actividade clasificada para a instalación dunha grella para unha actividade tradicional (asado de sardiñas) e de interese turístico, e esa licenza fora denegada, tras informe desfavorable da Consellería de Sanidade, malia o cal o

establecemento denunciado continuou coa súa actividade. Sinalábase que se tomarían as medidas legais pertinentes para o cese da actividade carente de autorización municipal. Na Consellería do Mar constaba que no correspondente expediente administrativo sancionador incoado por Portos de Galicia, que se impuxo unha multa ao titular do establecemento pola utilización dunha grella móbil non autorizada na zona portuaria de Caión.

Noutra queixa, a Q/1754/11, o reclamante referíase á demora na tramitación dunha solicitude de autorización de atraque nunhas instalacións náutico-deportivas dependentes de Portos de Galicia. No informe facilitado por este organismo público indicábase que a embarcación para a que se solicitaba autorización excedía de 10 metros de eslora, polo que debería utilizar un amarre para embarcacións de ata 12 metros, sinalándose tamén no informe que na lista de espera para autorizacións dese tipo había varias embarcacións, e que a última autorización desa categoría fora outorgada en xuño de 2011 a unha embarcación que estaba en lista de espera desde 2006.

1.12.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Neste apartado recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reunir os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. Nas 7 queixas non admitidas a trámite en 2011 predominan aquelas nas que non existe unha reclamación previa suscitada ante a administración competente, ou ben aqueloutras nas que non se advirten indicios de actuación irregular da administración. Noutros casos a non admisión a trámite prodúcese a consecuencia do coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e especifícase o motivo concreto desa decisión, informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

1.12.5. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

O Defensor del Pueblo é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da Administración Xeral do Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos algunha queixa relativa a esa Administración, remitímola ao Defensor del Pueblo, dando efectividade deste xeito aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, de 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do Defensor do Pobo e as figuras similares nas distintas Comunidades Autónomas. En 2011 remitimos un total de 21 queixas ao Defensor del Pueblo, relacionadas con obras públicas e expropiacións en estradas da rede estatal, ou ben con problemas vinculados aos Portos dependentes do Estado, e tamén algunhas queixas sobre dominio público hidráulico que afectaban á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

1.12.6. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE OBRAS PÚBLICAS E EXPROPIACIÓNS.

1.- Recomendación dirixida ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de A Coruña, para que se proceda á maior brevidade posible ao pago do prezo acordado nunha expropiación (Q/1154/10).

Nesta institución do Valedor do Pobo abriuse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de queixa presentado por D. C.A.C.C. no que, esencialmente, indicábanos que o seu marido, D. A. S. B., era propietario de dúas fincas afectadas pola obra "Vía de Alta capacidade de alternativa C-54 e conexión coa rede de alta capacidade tramo 1, enlace CP-821", no termo municipal de Teo, e que a superficie realmente expropiada nas dúas fincas era superior á que constaba no expediente expropiatorio e tamén á que lle pagaron.

Sinalaba tamén no seu escrito de queixa que presentara varios escritos ante esa consellería, o último deles na data do 7 de abril de 2008, indicando que aínda non recibira contestación a este último escrito por parte desa Administración autonómica.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das Administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

A este respecto, recibimos un informe de data do 12-7-10 (RS n.º 98606, do 13-7-10) do Xefe do Servizo de Infraestruturas dese Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que se indicaba, entre outras cousas, o seguinte:

"...Tendo en conta o exposto, este Servizo de Infraestruturas fará unha resolución de modificacións de bens das fincas 1278 e 1287 do plano parcelario, que lle comunicará ao propietario e o trámite correspondente á valoración da diferenza de superficie coa recollida no expediente expropiatorio.

A superficie realmente afectada é a seguinte:

Finca 1278: 165 m2 solo non urbanizable-labradío.

Finca 1287: 1.200 m2 solo rústico de protección fluvial-labradío."

Á vista da información facilitada por esa consellería, que trasladamos á reclamante de acordo co previsto no artigo 34 da lLi do Valedor do Pobo, procedemos a concluír a nosa intervención no problema que motivara a queixa, en tanto que o expediente expropiatorio se atopaba pendente naquel momento dunha resolución modificatoria en relación coa valoración das fincas expropiadas, agardando que nun breve prazo se resolvese satisfactoriamente o problema que motivara a queixa.

Non obstante, recibimos posteriormente un novo escrito da reclamante no que se sinalaba que aínda non se resolvera efectivamente o citado expediente expropiatorio, e non se lle pagara aínda o prezo xusto correspondente.

Tendo en conta o anteriormente expresado, e de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, na data do 14-1-11 solicitamos dese Servizo Provincial que nos facilitase un informe complementario sobre o trámite actual do expediente ao que se refire a queixa, e sobre as causas de que aínda non se resolvese definitivamente.

A este respecto, recibimos desa Xefatura Territorial un novo informe do 21-1-11 (RS nº 7925) no que se indicaba expresamente o seguinte:

"En contestación a súa solicitude de informe complementario relativo a queixa formulada por Dª. C.A.C.C., expediente M.2.Q/1154/10 sobre que a superficie expropiada nas dúas fincas é superior á que consta no expediente expropiatorio, manifestámoslle o seguinte:

-Tal e como se dixo no primeiro informe remitido a ese organismo, con data do 15 de xuño de 2010 remítese a D. A.S.B., propietario que figura na acta previa a ocupación, resolucións de modificación de superficie afectada correspondentes as dúas fincas, creándose as fincas 1287 CO e a 1278 CO.

- Con data de 10 de xaneiro de 2011 remítese o intento de mutuo acordo coa valoración das dúas fincas.

Neste intre estase a espera da devolución do mutuo acordo, ben sexa asinado polo propietario manifestando a conformidade coa valoración ofertada pola Administración, ou a súa valoración, co fin de poder continuar coa tramitación do expediente expropiatorio".

Con esta información procedemos en principio a concluír a nosa intervención no problema que motivou a queixa. Sen embargo, recibimos posteriormente un novo escrito da reclamante no que se indicaba expresamente o seguinte "manifesta que ata o momento non lle foron satisfeitas as cantidades que por motivo de expropiación de dúas fincas lle debe á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, tal como constan xa no referido expediente; aporta fotocopias de mutuo acordo e remisión por correo certificado á consellería."

En consecuencia, na data do 19-5-11 solicitamos de vostede que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo nos facilitase un informe sobre o trámite actual dos expedientes expropiatorios aos que se refire a queixa.

Neste sentido, recibimos un último informe desa Xefatura Territorial do 6-6-11 (RS nº 77715, do 7-6-11) no que se indicaba expresamente o seguinte:

"Unha vez recibidos os mutuos acordos coa valoración da Administración, asinados polo propietario dos predios números 1278-CO e 1287-CO, este servizo tramitou á Subdirección Xeral de Planificación e Programación -Servizo de Xestión Económico-Administrativa o expediente para a súa aprobación e habilitación do crédito. E canto ó

seu pago, cando se reciba o libramento, fixarase a data e lugar do pago, remitindo á citación ao propietario.

Para axilizar o pago, pode facerse por transferencia bancaria, remitindo a este Servizo de Infraestruturas certificación de conta da entidade bancaria e a solicitude de pago por transferencia".

Á vista da información exposta, que trasladamos á reclamante, procedemos na data do 21-6-11 a concluír provisionalmente a nosa intervención agardando que se resolvese satisfactoriamente o problema que motivou a queixa, e quedando non obstante á disposición da reclamante por se houbera algunha incidencia ou maior demora que podería supor a reapertura do presente expediente de queixa.

Neste sentido, no pasado mes de agosto recibimos un novo escrito da reclamante no que indicaba que ata o momento non se fixera efectiva a indemnización expropiatoria, a pesar de que como xustificaba documentalmente enviara a esa consellería unha certificación dunha entidade bancaria co número de conta correspondente, tal e como lle pedían nesa consellería, o que parecía presumir a inminencia do pago da expropiación efectuada.

En consecuencia, na data do 5-9-11 solicitamos a esa Xefatura Territorial un informe complementario sobre o trámite actual do expediente ao que se refire a queixa, e sobre as causas de que aínda non se fixera efectivo o pago correspondente, petición de información que ata o momento non foi atendida.

Á vista do anteriormente exposto e da documentación que consta neste expediente de queixa estimamos pertinente no presente caso facer algunhas consideracións sobre as circunstancias concorrentes no problema que motivou a queixa.

Así, cómpre subliñar que o primeiro escrito no que a reclamante alude ao exceso de ocupación sobre a superficie inicialmente expropiada é de data do 12-1-07, e que en principio esa Xefatura Territorial na data do 16-2-07 non acepta a pretensión do interesado,

aínda que lle require alegacións nun prazo de 15 días, que o reclamante acaba presentando na data do 7-4-08.

Posteriormente, no primeiro informe remitido a esta oficina do Valedor do Pobo de data do 12-7-10 sinálase que feitas as comprobacións oportunas compróbase que a superficie realmente afectada é superior á recollida no expediente expropiatorio polo que se procederá a unha resolución modificatoria recoñecendo esa maior superficie expropiada.

Neste sentido, cómpre subliñar que desde a presentación do primeiro escrito da reclamante ante esa consellería en relación co problema que motivou a queixa ata o momento actual transcorreron aproximadamente catro anos e dez meses, e desde a acreditación da maior superficie ocupada, aínda que extemporánea, pasaron uns tres anos e seis meses, polo que unha vez recoñecido por esa consellería o dereito do interesado a cobrar pola superficie realmente expropiada, dende vai aproximadamente un ano, e instando ao interesado o trámite de comunicar unha conta corrente para facer o correspondente ingreso, desde fai aproximadamente catro meses, estimamos que deberá efectuarse o pago a maior brevidade, circunstancia que ata a data de hoxe indícanos a reclamante que aínda non tivo lugar.

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo formulámoslle a esa Xefatura do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a seguinte **recomendación:**

Que por parte desa Xefatura do Servizo de Infraestruturas se proceda a maior brevidade posible a instar da unidade administrativa correspondente o libramento do pago correspondente á indemnización expropiatoria recoñecida ao interesado, tendo en conta o tempo transcorrido desde a efectiva ocupación do terreo expropiado, e desde a reclamación presentada e finalmente recoñecida por esa Consellería.

Resposta á recomendación: Aceptada

1.13. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS, SERVIZOS MUNICIPAIS E PROTECCIÓN CIVIL

1.13.1. INTRODUCIÓN

Un exame comparativo entre as queixas recibidas en 2010 -que foron 219- e as iniciadas e tramitadas en 2011 -142 queixas- confirma a tendencia descendente de reclamacións no sector público relativo á organización e funcionamento das corporacións locais. Os datos estatísticos que a continuación se relacionan deixan claro este descenso.

1.13.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN.

O número total de queixas recibidas en 2011 é de 142, coa seguinte pormenorización:

Iniciadas	142	
Admitidas	117	82 %
Non Admitidas	23	16 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	2	2 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	96	82 %
En trámite	21	18 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de Presentación	En trámite o 31-12-10	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite o 31-12-2011
2009	2	0	2	2	0
2010	52	0	52	51	1

1.13.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.13.3.1. Dereito de participación nas Corporacións Locais

Dado o número de queixas tramitadas e as distintas causas que as orixinaron, parece oportuno buscar un criterio de homoxeneidade para o seu desenvolvemento.

1.13.1.1.1. Dereito dos membros das corporacións de acceso á información e documentación municipais.

Este dereito instrumental, recoñecido como fundamental pola súa vinculación co artigo 23.2 da Constitución Española, vén configurado legalmente nos artigos 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e 226 da Lei autonómica 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA). Na súa interpretación e aplicación debemos invocar unha constante e reiterada xurisprudencia, da que son testemuñas as sentenzas do Tribunal Supremo de 22 de novembro e 7 de decembro de 2004, 2 de decembro de 2005, e 4 de xuño e 22 de outubro de 2007.

Con frecuencia ábrese unha dialéctica entre o que demandan os grupos municipais da oposición e as respostas que reciben do grupo municipal. Para algúns alcaldes as solicitudes de información e documentación resultan improcedentes, abusivas e cando non entorpecedoras do labor municipal; e para os grupos municipais na oposición as respostas

son nalgúns casos baleiras, insuficientes e tardías. Esta dialéctica ponse de manifesto nas 19 queixas tramitadas en 2011.

Algunha delas destacan pola súa reiteración, como sucede co Concello de Vila de Cruces (Q/9689/10 e Q/1898/11); outras pola súa complexidade, como se pode verificar ao examinar os expedientes -iniciados en 2010 e conclusos en 2011- tramitados ante os concellos das Pontes (Q/196/10), Viveiro (Q/1584/10), e Brión (Q/2392/10);e outras para rematar, en función da súa extensión (Q/576/11, do Concello de Cambados, Q/2535/11 do Concello da Merca).

Intimamente vinculado ao dereito de acceso á información atópase o dereito ao libramento de copias da documentación municipal cuxo exercicio –nalgunhas ocasións de forma discriminada- xerou un conflito de intereses para cuxa resolución invocou a doutrina sentada polo Tribunal Supremo nas súas sentenzas de 29 de marzo de 2006 e 2 de xullo de 2007, destacándose desta as seguintes notas:

a) O núcleo básico do dereito fundamental de participación política inherente ao cargo de concelleiro satisfaise co dereito á información e non comprende un dereito a obter copias da documentación existente na corporación local.

b) Ese dereito a obter copias deriva da normativa de réxime local e non é incondicionado, pero a súa indebida denegación, cando é procedente, se incide no dereito fundamental de participación política (porque, pese a que se trata dun dereito non derivado da Constitución, senón da normativa inconstitucional, o certo é que se recoñece como un instrumento para exercer o cargo de concelleiro).

c) As condicións para reclamar ese dereito de obtención de copia son diferentes segundo o título normativo que sexa invocado: cando se exercite ao amparo dos apartado a) e b) do artigo 15 do ROFRJ/CL, haberá de precisarse o asunto en relación ao cal se piden as copias; e cando o sexa, segundo o apartado c) dese mesmo precepto regulamentario, deberá cumprirse coa esixencia de individualización documental que establece os apartados 7 e 8 do articulo 37 da Lei 30/1992.

d) Cumpríndose con esas condicións, non poderá esixirse ao interesado que xustifique adicionalmente a utilidade ou conveniencia das copias solicitadas para o desempeño da función de control político que corresponde ao cargo de concelleiro.

e) Recae sobre o concello destinatario da solicitude de copia a carga de xustificar e motivar a súa denegación.

Tamén convén engadir que o excesivo volume da documentación cuxa copia sexa solicitada e a perturbación que a súa expedición ou entrega poida causar no funcionamento da corporación local, en razón dos medios de que esta dispoña, será un factor de lexitima ponderación na resolución que haxa de ditarse. Pois non pode esquecerse que asegurar a normalidade daquel funcionamento é un imperativo do principio de eficacia que para a actuación da Administración pública proclama o artigo 103 CE.

1.13.1.1.2. Dereito de participación do veciño na actividade municipal

O artigo 70 bis da LBRL establece o deber que pesa sobre os concellos de facilitar a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local. O correlato dese deber xurídico é o dereito recoñecido aos cidadáns de recibir unha ampla información sobre a actividade municipal e de participar na vida local.

En relación coa necesidade de facilitar a información e documentación precisa aos membros da Corporación formulamos unha recomendación ao Concello de Antas de Ulla, que a aceptou (ver resolución nº 2 desta área)

Sen limitar esa participación, pero co propósito de facela máis efectiva, o artigo 72 da LBRL potencia o protagonismo das asociacións veciñais, e os artigos 227.2 e 228 do ROF atribúelles unha facultade da que carecen outras entidades, xa que poden ser convocadas para escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto dun tema concreto incluído na orde do día dunha Comisión Informativa ou dunha sesión plenaria.

As razóns xurídicas expostas xustifican a intervención desta institución nalgunhas das queixas tramitadas. Entre elas citamos as formuladas por veciños interesados ante as respectivas entidades locais en demanda dunha necesaria información, ao seu xuízo, demorada, limitada ou denegada (Q/42, 119, 264, 384, 749, 969, 1324, 1850, 1948, 1956, 2028 e 2557/11).

Tamén debemos mencionar as reclamacións formuladas por determinadas asociacións veciñais, como as referidas á utilización dun local social ou á denegación da súa inscrición no rexistro municipal de asociacións (Concello de Mesía); ao reparto de fondos destinados a políticas de emprego (Concello de Vigo); ao mantemento de gradas deportivas nunha urbanización (Concello de Culleredo); á aplicación da Lei de memoria histórica na denominación de rúas e prazas (Concello de Ourense); á utilización da biblioteca e o local social do pazo de Guizamonde pola asociación de veciños (Concello de Ourense); á concesión da xestión administrativa dun tanatorio municipal (Concello de Valga); e á utilización social da vella casa consistorial (Concello de Vila de Cruces). Para rematar, destaca pola súa singularidade as reclamacións formuladas por ADEGA sobre o mantemento de vías destinadas a sendeirismo rural en varios concellos da provincia de Ourense (Q/516, 517, 518, 519, 520, 648, 649, 663/11)

1.13.1.1.3. A organización e o funcionamento das Corporacións Locais.

O número de queixas presentadas neste apartado e a súa diversidade, obríganos a realizar unha referencia resumida dalgunha delas e das cuestións suscitadas. Destacamos pola súa importancia a reclamación formulada contra o Concello de Brión pola omisión ou resposta agrupada a preguntas incluídas na orde do día dunha sesión plenaria ordinaria; o incumprimento do acordo municipal sobre periodicidade da convocatoria de sesións ordinarias no Concello de Avión e na Mancomunidade de Municipios de Río Ouro; a convocatoria urxente dunha sesión extraordinaria no Concello de Vilagarcía de Arousa; a impugnación de dous decretos de alcaldía pola Xunta de persoal no Concello de Gondomar; a necesidade de revisar os criterios municipais na organización e

funcionamento das escolas deportivas municipais no Concello de Arteixo; e a falta de colocación da bandeira nacional en determinados edificios públicos no Concello da Coruña

1.13.3.2. Servizos municipais

O artigo 3.1 da Carta Europea de autonomía local, ratificada por instrumento estatal o 20 de xaneiro de 1988, entende a autonomía local como o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

Unha parte importante da xestión deses asuntos públicos asúmena os municipios a través da prestación de servizos públicos, que contribúen a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal. Dentro destes, ocupa un lugar preferente os servizos mínimos de prestación obrigatoria en todos os municipios, servizos que se relacionan no articulo 81, a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e sobre os cales converxen moitas das queixas que seguidamente imos referenciar.

Respecto ao servizo de abastecemento de auga potable a domicilio as queixas son recorrentes. Hai núcleos rurais carentes do devandito servizo municipal e noutros sucédense cortes frecuentes, hai pouca presión da auga ou de mala calidade, ou as lecturas dos contadores son erróneas. Exemplos desta variedade de denuncias atópanse nos oito expedientes tramitados e concluídos no ano 2011.

Destaca unha queixa (Q/873/11) na que o interesado, de Ourense, reclamou por unha facturación excesiva en concepto de consumo de auga a domicilio, que pasou de pagar un mínimo de 20 m3 a 452 m3. Este consumo doméstico desproporcionado tivo a súa orixe na existencia dunha fuga na instalación particular a domicilio. Ante esta situación anómala, algúns concellos arbitraron unha solución razoable e proporcionada para a administración e para o usuario do servizo, posibilitando a tipificación na ordenanza municipal da figura denominada refacturación por avaría. Para que o cidadán afectado teña dereito a esta refacturación debe concorrer un conxunto de causas obxectivas, tales como

consumo desproporcionado, alleo á súa vontade ou descoñecido, xustificación do exceso por unha fuga ou rotura na condución e dilixente adopción polo interesado de medidas para corrixir as deficiencias observadas. Tamén os tribunais han ter en conta esta situación anómala destacando a sentenza 93/2007, de 26 de febreiro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Oviedo que estimou que *procede la atenuación de la facturación, al cumplirse lo dispuesto en la ordenanza fiscal reguladora de la tasa por prestación del servicio de suministro de agua, que establece en la misma los consumos desproporcionados motivados por fugas o averías probadas, producidas después del contador y, por tanto, a cargo del usuario, si resultase de las actuaciones practicadas que este obró con la debida diligencia en orden a detectar y enmendar la avería.*

Con estes antecedentes e fundamentos e ante unha situación semellante á exposta (consumo de auga desproporcionada por avaría) formulouse ao Concello de Ourense a suxestión de que estudase a posibilidade de incorporar á normativa municipal (ordenanza da taxa), aquelas previsións que atenuasen a facturación excesiva nos casos dun consumo desorbitado por avarías na instalación (ver reclamación nº4 de esta área). Non obstante, o concello rexeitou o suxerido, co que non deu satisfacción á xusta demanda do afectado.

Os problemas derivados do servizo de recollida de lixos e limpeza viaria orixinaron frecuentes queixas. Unhas veces por un funcionamento insuficiente do servizo, polo custo non xustificado da taxa municipal e, na maioría das ocasións, pola mala situación ou pola distancia dos colectores instalados. En dezaoito expedientes atopamos exemplos ilustrativos dunha variada motivación.

Constitúen casos singulares as queixas tramitadas de oficio e iniciadas por resolución da institución ante situacións de folga declarada no servizo de recollida de lixos nos Concellos de Padrón, Ames, Santiago e Ourense.

Un capítulo especial ábrese paso dentro deste sector, que é o referente á limpeza de leiras próximas a vivendas con quince expedientes tramitados. A defensa do medio ambiente, da saúde pública ou o perigo de incendios forestais –logo dos acontecementos sufridos no verán de 2006- motivaron unha denuncia xeneralizada das leiras próximas a

vivendas, abandonadas ou descoidadas. Invócase con frecuencia os artigos 9.4 e 199.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbana e protección do medio rural de Galicia, e 7.d) e 22 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, para fundamentar un importante número de queixas. En oito expedientes tramitados ponse de manifesto unha inquietude veciñal xeneralizada, situación que se agrava coas dificultades alegadas, nalgúns casos, polos Concellos respecto da localización dos seus propietarios.

O estudo das referidas queixas ponnos de manifesto a necesidade de establecer uns criterios dirimentes na gradación de responsabilidades.O propietario é o primeiro obrigado a manter o solo natural e, no seu caso, a masa vexetal, nas condicións precisas para evitar a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, do aire ou da auga. O problema xorde cando incumpre esa obrigación e hai que acudir á execución subsidiaria dos traballos preventivos.No suposto de leiras urbanas, a competencia municipal é clara. Pero que ocorre coas leiras rústicas?. Cando se atopan situadas en franxas de especial protección ou nas redes secundarias de xestión de biomasa (ás que se refire o artigo 21.1.b da Lei 3/2007, de 9 de abril) e o propietario incumpre coas obrigacións de conservar e limpar a leira, neste caso, impútase aos Concellos a súa execución subsidiaria. Estes, con frecuencia, alegan -sobre todo os pequenos municipios- que para o exercicio desa competencia transferida por Lei necesitan de medios técnicos, persoais, e económicos suficientes que a Administración autonómica debe dotar en cumprimento do establecido nos artigos 59 da citada Lei 3/2007 de 9 de abril, e 331.1 da Lei 5/97, de Administración local de Galicia.

Outro sector que concita un importante número de queixas son as redes de saneamento. A carencia de depuradoras e de redes de sumidoiro nalgúns núcleos rurais e costeiros, e a insuficiencia dos servizos de mantemento e conservación das citadas redes, están presentes nas queixas recollidas en dez expedientes tramitados en 2010. As deficiencias denunciadas e as súas consecuencias no medio ambiente e na preservación da salubridade pública aconsellan un esforzo prioritario das Administracións públicas implicadas na prestación deste servizo.

Tamén resultan significativas as queixas relativas á reparación de vías públicas e iluminación para garantir a seguridade das persoas e dos vehículos obrigados á súa utilización. O cumprimento do citado servizo é asumido e recoñecido polos Concellos, os cales alegan no seu descargo a insuficiencia de recursos presupuestarios e a ampla rede que xestionan -procedente en moitos casos de viais entregados polo servizo de concentración parcelaria-. Dentro deste período concluíronse vinte e tres expedientes, dos cales dez foron iniciados en 2010 e os restantes trece tramitáronse neste exercicio. Dous deles destacan pola súa singularidade. Refírense a numeracións repetidas da guía de rúas e neles ponse de manifesto os danos e inconvenientes derivados de recibir con atraso a correspondencia postal e en especial notificacións de actos que deben ser contestados dentro de prazo (expedientes Q/2054/10 e 857/11).

Estreitamente vinculado co referido deber de mantemento e conservación das vías públicas, atópase o de recuperación de camiños públicos ante actos de invasión ou de limitación do seu uso por algún veciño. As cuestións formuladas son múltiples e, con frecuencia, os conflitos sobre a súa natureza traen causa dunha confusión interesada entre o que é un camiño público, unha servidume de paso ou unha serventía. As once queixas tramitadas neste apartado xustifican unha recomendación xeral que, desde este informe anual, se dirixe aos concellos para que, en cumprimento dos artigos 32, apartados 1 e 4, da Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas, 86 do texto refundido da Lei de réxime local, e artigos 17 e seguintes do seu regulamento de bens, procedan a rectificar anualmente os inventarios de bens e se actualice o seu patrimonio cun adecuado programa informático que permita exercer as accións de defensa e recuperación do referenciado patrimonio sen incorrer no que son xa frecuentes procesos xudiciais. En relación con esta materia formulamos unha recomendación ao Concello de Arzúa (ver resolución nº3 desta área) que a aceptou.

1.13.3.3. Protección civil e outros.

Dentro deste apartado, e pola incidencia que han ter algunhas queixas en trámite sobre os servizos prestados por protección civil e policía local, parécenos oportuno abrir un período de reflexión sobre dúas cuestións puntuais que afectan ao funcionamento dos

concellos, para cuxa solución é necesario o auxilio técnico e financeiro da Administración autonómica.Referímonos, en primeiro lugar, á recollida de animais abandonados nos termos municipais. A lexislación vixente atribúe esta competencia ás entidades locais. Unha lectura dos artigos 11.1 e 16 da Lei autonómica 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade -e o seu posterior desenvolvemento no art. 54 do Decreto 153/1998, de 2 de abril-, pon de manifesto: a responsabilidade do alcalde na defensa e protección dos animais no ámbito de cada municipio; a obrigación dos concellos na recollida dos animais abandonados coa conseguinte carga de retelos ata que sexan reclamados ou acolleitos e, nalgúns casos, sacrificados; o deber de contar cun centro de acolleita e depósito de animais para cuxo funcionamento poden concertar convenios de colaboración ou de cooperación coa consellería competente por razón da materia ou ben con asociacións constituídas para a protección e defensa de animais domésticos e salvaxes en catividade. Se temos presente o custo do servizo, os escasos recursos dos municipios afectados, e a supramunicipalidade da materia, a solución esixe unha partición efectiva e eficaz da Administración autonómica neste ámbito.

A segunda cuestión que sometemos a consideración ten a súa orixe na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, e na súa regulamento, aprobado por Decreto 25/2000, cuestións que se propoñen nas queixas Q/78/11 e Q/241/11. A adaptación dos espazos públicos, de vías e parques existentes, así como de edificios de acceso público obriga aos concellos á execución de proxectos de urbanización e de investimentos para os que carecen, en moitos casos, de medios técnicos e económicos suficientes. Ábrese así outro ámbito no que a colaboración e coordinación entre a Administración autonómica e a local resulta imprescindible.

1.13.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

O seu número cifrouse en 23 polos motivos enumerados nos artigos 14.4, 18.3, 20 e 21 da Lei 6/84, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo. A maioría -18- ,por non existir unha actuación administrativa previa que xere o título habilitante da competencia atribuída polo

artigo 1.3 da citada lei. Noutros tres máis, por ser a materia non sometida á competencia desta institución. E os últimos dous casos por recaer nunha cuestión xurídico-privada.

1.13.4. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE CORPORACIÓNS LOCAIS, SERVIZOS MUNICIPAIS E PROTECCIÓN CIVIL

1. Suxestión de 10 de febreiro de 2011, dirixida ao alcalde-presidente do Concello de Brión, para alteración do calendario de sesións plenarias ordinarias. (Q/2392/10)

Acusámoslle a recepción do seu escrito de saída nº 214 e de data 26 de xaneiro, en relación co expediente de queixa nº 2392/10.

Da súa detallada información, practicouse unha síntese que se comunicou ao reclamante.

Tendo en conta as razóns expostas e mailas circunstancias concorrentes, formúlase a seguinte **suxestión**:

"Entendemos conveniente que, cara á próxima lexislatura local, se desenvolva no regulamento orgánico municipal un procedemento excepcional de alteración das datas sinaladas para as sesións ordinarias e o funcionamento das preguntas ante o Pleno garantindo, de xeito organizado, a participación de todos os grupos municipais. (art. 46.2.e) Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local)."

Resposta do Alcalde de Brión: non aceptada.

2. Recomendación de 28 de febreiro de 2011, dirixida ao alcalde-presidente do Concello de Antas de Ulla, para o cumprimento do artigo 77 da Lei 7/1985, de Réxime Local. (Q/1072/10)

Achégolle unha folla de seguimento do expediente de queixa nº 1072/10 coas actuacións practicadas (Doc. nº 1).

Como pode verificar, coas datas de 7 de setembro, 18 de outubro, 25 de novembro e 29 de decembro de 2010, solicitóuselle un informe complementario sobre a reclamación formulada pola concelleira dona Pilar García Porto, sen obter no día de hoxe unha resposta expresa (Doc. nº 2 e 3).

Ante este reiterado incumprimento do deber de colaboración institucional preceptuado no artigo 26.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, e sen facer uso, neste momento, das facultades previstas no seu artigo 27, diríxome a vostede, de conformidade co disposto no artigo 32.1 da Lei reguladora do Valedor do Pobo, formulando a seguinte **recomendación**:

No seo das Corporacións Locais -e da súa en particular- hai que garantir os membros que as integren o pleno exercicio do dereito de acceso á información e documentación que figuren nas dependencias municipais e que afecten o ámbito de competencias locais, de acordo cos principios constitucionais vixente (9 e 23.2) e as normas do réxime local. Estamos en presenza dun dereito instrumental ó servizo do dereito de participación nos asuntos públicos, e resulta necesario para que os cargos públicos representativos poidan cumprir cabalmente as funcións que teñen encomendadas, non podendo estar sometido, na súa plasmación práctica, a criterios de oportunidade ou conveniencia por parte dos Alcaldes. A obstaculación, restrición ou perturbación do citado dereito previsto no art. 77 da lei 7/1985 e 226 da Lei 5/1997 de Galicia, supón a lesión do dereito fundamental recoñecido polo art. 23.2 da Constitución, non admitindo máis limitación que a xustificada para manter o correcto funcionamento dos servizos administrativos municipais.

Resposta do Alcalde de Antas de Ulla: aceptada.

3. Recomendación de 7 de abril de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa, para a recuperación do borde exterior dun camiño público. (Q/422/11)

Acusámoslle a recepción do seu escrito de 30 de marzo (rexistro de saída nº 643).

Logo da súa lectura, compartimos con vostede a procedencia de instar a intervención de Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para garantir o cumprimento da ordenación urbanística nun solo cualificado como rústico de protección forestal.

Porén, no suposto denunciado concorre tamén unha actuación veciñal que pretende ocupar -segundo o informe da policía local- "uns 50 centímetros do borde exterior do camiño público". Polo tanto o Concello ten a obriga de exercer a competencia establecida no artigo 282 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na defensa do seu patrimonio público.

Polo motivado e ao abeiro do artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, formúlase a seguinte **recomendación**:

Dada a existencia de indicios de usurpación do borde exterior do camiño público que, desde a estrada de Brandeso-Dombodán, discorre ante a parcela nº 5 do polígono 9 do lugar de Gruvelas, deben exercerse as accións necesarias para a defensa da referenciada vía pública, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 282 da Lei autonómica 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Resposta do Alcalde de Arzúa: aceptada.

4. Suxestión de 23 de xuño de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Ourense, para a refacturación da liquidación, por avaría, no subministro de auga a domicilio. (Q/883/11).

Acusámoslle a recepción do seu escrito de 9 de xuño, saída núm. 20.238/2011 respecto ao asunto da reclamación referenciada sobre exceso de consumo de auga por unha avaría na canalización de abastecemento ao domicilio do interesado.

A xuízo desta Institución, aínda cando poida facerse unha aplicación estrita e literal da normativa municipal vixente, o resultado alcanzado, en virtude do cal se imputa

ao interesado un consumo de auga que pasa do mínimo de 20 m^3 a 452 m^3 (obviamente, cantidade non consumida efectivamente), pugna con principios tales como os de proporcionalidade e equilibrio de prestacións e contraprestacións, que han de rexer o conxunto de relacións xurídicas de servizo público que vinculan a Administración e cidadáns.

Neste sentido, habemos de sinalar que xa existen ordenanzas análogas á aplicada neste caso que prevén unha solución razoable e proporcionada para Administración e usuario. Parten da consideración de que a facturación automática pode provocar unha certa indefensión do usuario, posibilitando a "refacturación por avaría" en instalacións particulares, sempre que o importe desproporcionado se deba a causas obxectivas, alleas á vontade do propietario, que xustifiquen o exceso (entre elas, a rotura de conducións), e que o mesmo xustifique a adopción de medidas para corrixir a deficiencia e evitar que volvan repetirse situacións similares.

Os Tribunais de Xustiza tamén interviñeron en supostos similares así, a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo 93/2007, de 26 de febreiro, de Oviedo, estima que "*procede a atenuación da facturación, ao cumprirse o disposto na ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de subministración de auga, que establece a mesma nos consumos desproporcionados motivados por fugas ou avarías probadas, producidas despois do contador e, por tanto, a cargo do usuario, se resultase das actuacións practicadas que este obrou coa debida dilixencia en orde a detectar e emendar a avaría*".

Recomendamos que se incorporen á normativa municipal previsións como as citadas, pero estimamos que a solución é aplicable aínda no caso de que iso non se faga, pois a mesma non é senón consecuencia da virtualidade de principios tales como os de boa fé, proporcionalidade e equilibrio de prestacións e contraprestacións.

Polo anterior, ao amparo da facultade conferida no artigo 32 da Lei reguladora do Valedor do Pobo , formulo a seguinte ***suxestión*** ao Concello de Ourense:

Suxerir ao Concello de Ourense que estude a incorporación á normativa municipal (ordenanza) de previsións que atenúen a facturación nos casos de consumos desorbitados por avarías en instalacións.

Resposta del Alcalde de Ourense: non aceptada.

1.14. ÁREA DE MENORES

1.14.1. INTRODUCIÓN

Os expedientes tramitados nesta área durante 2011 foron 52: 46 queixas, 1 consulta e 5 expedientes diversos. A desagregación das queixas foi a seguinte: 36 queixas admitidas, 9 inadmitidas e 1 remitida ao Defensor del Pueblo. Das admitidas 27 atópanse concluídas e 9 en trámite. Ademais, no 2011 finalizouse a tramitación de 16 queixas iniciadas no 2010.

No ano 2011 aprobouse a Lei autonómica 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Nela, como ocorría na normativa anterior, atribúelle ao Valedor do Pobo un relevante papel na protección dos dereitos da infancia e da adolescencia. En concreto, o seu art. 44 indica que "as persoas menores de idade para a defensa dos seus dereitos poderán, persoalmente ou a través de quen as represente legalmente: (…) c) presentar queixas perante o Valedor do Pobo, quen, para a defensa dos dereitos referidos, lle asignará, baixo a súa supervisión, a competencia a unha ou un das ou dos vicevaledores". A continuación, o devandito precepto sinala que "as autoridades ou os responsables en materia de menores facilitaranlle ao Valedor do Pobo toda a información que lles sexa requirida". E para rematar establece que "a vicevaledora ou o vicevaledor responsable prestará especial atención a: defender os dereitos das e dos menores a todos os niveis; velar polo respecto da lexislación vivente en materia de protección de menores; propoñer, a través do Valedor do Pobo, medidas susceptibles de melloraren a protección das e dos menores ou de perfeccionaren a aplicación das xa existentes; promover diante da sociedade galega a información sobre os dereitos referidos e sobre as medidas que é necesario tomar para a súa mellor atención e coidado". Esta nova previsión reforza o noso compromiso cos menores, especialmente vulnerables pola súa propia natureza e pola situación de crise actual, que fai crecer necesidades diversas neste ámbito.

En informes pasados chamabamos a atención sobre as especificidades desta área con relación ao resto. Basicamente iso prodúcese porque os que acoden a esta institución son adultos, polo xeral familiares, que tratan de defender o interese do menor implicado no

asunto de que se trate. A complexidade da investigación increméntase porque resulta necesario resolver o contexto no que se produce o problema, e non só satisfacer a específica dimensión dun dereito de determinado menor. A consecuencia desta situación é un esforzo xurídico adicional, primeiro, no enfoque da análise e, segundo, na redacción das resolucións emitidas.

De igual forma, como tamén ocorría en exercicios pasados, os traballos nesta área estiveron conectados coa área de sociedade da información, baixo a supervisión en ambos casos do Vicevaledor José Julio Fernández Rodríguez. Como é sabido, na actualidade parte da problemática de ambos sectores solápase, xerando riscos relevantes que hai que afrontar de xeito decidido.

1.14.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número total de queixas recibidas no año 2011 é de 46, coa seguinte desagregación:

Iniciadas	46	
Admitidas	36	78 %
Non Admitidas	9	20 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	2 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	27	75 %
En trámite	9	25%

1.14.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRAMITE

O asunto que entendemos máis relevante foi a queixa de oficio sobre o **consumo de alcohol por parte de menores** (Q/1154/11). Trátase dunha queixa que aínda está aberta, pero na que xa se avanzou de xeito importante. Este expediente iniciouse por aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, e como consecuencia da información obtida de diversas fontes, incluídas noticias publicadas en distintos medios de comunicación, sobre a presenza en Galicia de menores na actividade coñecida como "botellón". O interese superior dos menores, recoñecido no artigo 3 da Convención de Nacións Unidas de Dereitos do Neno, esixe que os poderes públicos leven a cabo labores de supervisión para a protección da saúde física e mental destes. Neste sentido, o artigo 12.1 da Lei galega 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, prohibe que estes consuman tales bebidas. Desta forma, é evidente que debe evitarse, entre outras cousas, que os menores acudan ao fenómeno do "botellón". A propia Lei 11/2010 establece un sistema de infraccións e sancións para tratar de asegurar o cumprimento das súas previsións. O artigo 30 atribúe competencia sancionadora, entre outros, aos alcaldes. Así mesmo, o artigo 38 establece que a Administración local debe adoptar as medidas preventivas dirixidas a asegurar o cumprimento do establecido na mencionada lei e velar polo cumprimento das diferentes medidas de control. Polo tanto, nunha primeira fase dirixímonos aos alcaldes das sete cidades para que nos facilitasen información sobre o devandito problema, en particular sobre as medidas de control, vixilancia e supervisión que se adoptaron ou se van a adoptar para impedir o consumo de alcohol por parte de menores.

Nesta investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben mostrar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. Por iso, o Valedor emitiu a seguinte recomendación: o concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controis especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no "botellón", para o que hai que

empregar as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Os concellos das cidades analizadas mostraron preocupación e interese pola solución deste problema, aínda que con distinta intensidade. Como exemplo no lado positivo debemos mencionar a Santiago de Compostela, que se enfrontou de xeito decidido a este tema, no marco da súa loita contra a inxestión de alcohol en zonas públicas: por unha banda, Santiago implementa alternativas lúdicas e de lecer que non están relacionadas co alcohol, incluíndo campañas informativas e charlas en centros de primaria e secundaria; doutra banda, está aplicando as sancións legalmente establecidas, o que deu lugar a decenas de sancións a menores, que se están substituíndo por traballos en beneficio da comunidade. Os programas diríxense a tres ámbitos diferentes: escolar, familiar e xuvenil. No ámbito escolar atopamos, entre outros, un programa educativo de aprendizaxe de habilidades sociais para sexto de primaria; outro para primeiro, segundo e terceiro de ESO; un programa de educación para a saúde de menores de 16 a 18 anos; un programa informativo sobre drogas para cuarto da ISO; ou cursos de formación do profesorado. No ámbito familiar desenvólvese unha escola de pais e nais ou un programa de resolución de condutas problemáticas. E no ámbito xuvenil atopamos, entre outros, un programa de mediadores universitarios ou de prevención dentro dos espazos de ocio nocturno.

No lado negativo da resposta a esta investigación atopamos a Pontevedra, cuxo concello, á marxe de non mostrar respecto institucional nalgunha das súas comunicacións, non aceptou a recomendación emitida polo Valedor. Ata fixo argumentacións xurídicas sorprendentes e absurdas para xustificar a súa criticable inacción. Neste sentido, afírmase que o dereito ao libre tránsito de persoas impide prohibir o acceso aos lugares onde se realiza "botellón" (*sic*!). Esta afirmación descoñece por completo a teoría dos límites dos dereitos fundamentais, que implica que tales dereitos non poden ser absolutos, xa que iso imposibilitaría a convivencia. Ademais, o Concello de Pontevedra considera que a recomendación do Valedor é unha inxerencia na acción política do goberno municipal. Esta aseveración só pode entenderse vulnerando a normativa legal que regula ao Valedor, que como defensor dos dereitos e liberdades supervisa a actuación administrativa en garantía da propia cidadanía e do interese xeral.

Esperamos que a tramitación desta queixa sexa útil para atallar un problema que se estaba convertendo en preocupante na nosa sociedade, e respecto do cal existía, por momentos, unha sorprendente permisividade.

Con relación a outras queixas, xa concluídas no 2011, un grupo delas refírese a problemas individuais das persoas que acoden a esta institución (tutela de varios menores, posible desprotección, algunha cuestión de reinserción, un expediente de adopción internacional). Agora, en cambio, comentamos as que presentan unha dimensión máis xeral. En todas elas a colaboración da Administración autonómica foi intensa, o que permitiu finalizar satisfactoriamente os diversos expedientes.

Destacamos un conxunto de queixas referidas ao seguimento de **adopcións internacionais** (Q/797/11; Q/871/11; Q/937/11); Q/985/11). Estes casos referíanse ao cambio de criterio da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia nos seguimi0entos das adopciones internacionais, que repercutía nos pagos dos devanditos seguimientos. Tralo estudo do caso, entendemos que a actuación do poder público foi razoable nun contexto de crise como o actual. A normativa establece que as ECAI deben realizar as xestións correspondentes para o cumprimento das obrigacións postadoptivas (artigo 6 da Lei 54/2007, de adopción internacional) e que as ditas entidades poderán desenvolver calquera función para a que as habilite a consellería competente (artigo 36.3 d da Lei galega 3/1997, de familia -xa derrogada na actualidade-). Con base nesta normativa, o 18 de maio de 2010, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar ditou unha instrución sobre a realización dos informes de seguimento en adopción internacional, pola que, a partir desa data, os seguimentos serían realizados pola ECAI encargada da tramitación do expediente de adopción internacional. Ademais, os equipos de adopción da Xunta de Galicia soportan unha considerable carga de traballo. Por tal motivo, a dita Secretaría considerou conveniente ditar a referida instrución, que tamén ten en conta que son as ECAI as responsables directas ante o país de orixe do menor do cumprimento da obrigación de efectuar os seguimentos postadoptivos.

No expediente Q/766/11 examinouse a situación do centro de menores "Montelaegre", en Ourense. Unha vez analizada a queixa, considerouse que as restricións

que se produciron tratan de afectar o menos posible á cobertura das necesidades dos menores. Así as cousas, con relación ás actividades en talleres, aínda que estas efectivamente se reducíron en intensidade, algunhas se suprimiron por contar con moi pouca asistencia e outras foron substituídas por outras similares e sen custo. Deste xeito, o taller de mecánica de automóbiles eliminouse ao asistir un único menor; xardinería e téxtil reduciron o número de horas; e ximnasia elimínase pola entrada en vigor dun convenio coa Deputación de Ourense para o uso das instalacións do pavillón de deportes "Paco Paz". Nos gastos xerais que se conectan coa atención dos menores, non constatamos restricións presupostarias (alimentación, roupa, calzado, etc.), o que é acorde cun centro de protección de menores desa natureza.

Do mesmo xeito que en pasados exercicios tamén hai queixas referidas aos **puntos de encontro** familiar (como a Q/1065/11). Estamos ante un tipo de centros onde concorren circunstancias que poden xerar tensión, aínda que, sen dúbida, o positivo labor que teoricamente se pode lograr neles compensa tales riscos e aconsella a súa existencia. Nestas queixas cremos que a mera intervención do Valedor, solicitando informes e expoñendo os problemas denunciados, mellora por si mesma o funcionamento dese servizo público. Neste sentido, a Consellería de Traballo e Benestar iniciou un proceso de reforma da normativa reguladora para avanzar na prestación.

Nun caso analizouse o **impacto das corridas de touros nos menores** (Q/1066/11). Neste expediente considerouse que a regulación en Galicia en materia de espectáculos públicos se atopa dispersa e necesitada de certa actualización. Por iso, o Valedor suxeriu á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que adopte as medidas oportunas para tratar de actualizar a normativa de espectáculos públicos co fin de protexer o interese superior dos menores, fixando, entre outras cousas, a idade a partir da cal se poderá acceder a tales espectáculos, en función da natureza dos mesmos. A dita suxestión foi aceptada pola consellería, que está traballando nun anteproxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas que cubra un baleiro normativo que existe na actualidade. Neste sentido estableceríase unha regulación específica do acceso de menores co obxecto de protexelos.

Entre as queixas que se achan **en trámite**, ademais da indicada máis arriba sobre o consumo de alcohol por menores, dúas versan sobre o funcionamento dos puntos de encontro (Q/2511/11; Q/2715/11). Ademais, tres están referidas ao acollemento familiar (Q/361/11; Q/2300/11; Q/2308/11). Como é sabido, trátase dunha figura de suma relevancia para cubrir a situación na que se atopan certos menores, que ten unha versión residencial e outra, de maiores beneficios, familiar. A Q/361/11 finalizouse ao comezo de 2012. Nela investigáronse certos atrasos nos pagos dun acollemento familiar. Aínda que a xestión destes mellorou respecto de anos anteriores, detectouse unha disfuncionalidade referida ao cambio de exercicio económico. Por iso recomendouse ás consellerías de Facenda e de Traballo e Benestar que articulen mecanismos de coordinación entre ambas para que os cambios de exercicio económico non afecten nin dilaten os pagos sociais xa aprobados, urxentes e necesarios, en especial cando estean menores implicados. Esta recomendación foi aceptada.

1.14.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRAMITE

En canto ás **queixas inadmitidas**, que foron 9, na maioría dos supostos a razón diso foi a natureza estritamente xudicial do asunto. Recordemos que o art. 20 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, nos impide entrar en procesos xudiciais. Adoitan ser casos referidos ao réxime de visitas dos fillos, casos especialmente problemáticos e delicados. Aínda que, como dicimos, se trata dun asunto de competencia xudicial, cremos necesario neste momento, como ocorría no informe ordinario do Valedor do pasado exercicio, facer unha reflexión adicional. Este tipo de conflito entre os pais, cando se radicaliza, resulta particularmente agresivo cos fillos, que se ven prexudicados, desde o punto de vista psicolóxico e físico, pola irracionalidade dun ou ambos proxenitores (normalmente un, ben é certo), que converten, dun xeito vergonzoso, aos seus fillos no obxecto da disputa e en arma arreboladiza contra a outra parte. Desde o Valedor do Pobo volvemos denunciar publicamente estes comportamentos e apelar á sociedade para que trate de encamiñar de xeito correcto a estes pais para que os seus desencontros non prexudiquen aos seus fillos, vítimas dunha situación ante a que non poden facer nada.

Tamén se inadmitieron dúas queixas referidas a procesos de adopción en Kazakhstan, dado que se trataba de problemas ocorridos no devandito país, polo que non son competencia do Valedor. Outro expediente inadmitido aludía a posibles problemas de protección de datos por cuestións relacionadas coas notas obtidas nun colexio. A publicidade do sistema educativo, e os principios de igualdade e de mérito e capacidade, relativizan a presenza da intimidade nas cuestións relativas ás cualificacións escolares e ás consecuencias destas no seguinte curso. Así mesmo, inadmitiuse un caso por tratarse dun asunto de natureza privada. Como é sabido, as funcións do Valedor refírense ao control da actuación dos poderes públicos autonómicos, non de entidades privadas ou particulares. Nese suposto, había unha posible vulneración de datos que procedía dunha entidade privada.

1.14.5. ACTIVIDADE DE PEDAGOXÍA DE DEREITOS

Como xa mostramos en informes pasados, o labor de pedagoxía e difusión de dereitos da infancia é un dos eixes claves da actividade do Valedor do Pobo. Por iso, en función das dispoñibilidades presupostarias, tratamos de elaborar diversas iniciativas neste sentido, que permitan mellorar a concienciación social e o propio compromiso dos responsables públicos cos problemas dos menores. Tamén estas actuacións axudan a que os nenos e nenas se formen nos seus dereitos e deberes.

Así as cousas, seguíronse distribuíndo **materiais** que se confeccionaron en pasados anos: un cartel informativo para divulgar entre a poboación escolar galega os dereitos da infancia; ou un tríptico que contén recomendacións aos menores para unha navegación segura en Internet.

Tamén se seguiron aproveitando as canles de comunicación que a institución mantén coas **organizacións non gobernamentais**, coas que se intercambiaron informacións sobre, entre outros temas, o fenómeno do "botellón", os puntos de encontro familiar, os centros de menores ou o acollemento.

Polo que respecta as **conferencias**, destacamos dúas das pronunciadas polo Vicevaledor responsable desta área, José Julio Fernández Rodríguez: "Dereitos dos menores e lei penal xuvenil" (relatorio presentado no curso "Intervención socioeducativa con menores", organizado pola Universidade Nacional de Educación a Distancia en Pontevedra); e "Actitudes, percepcións e hábitos de uso de Internet e as redes sociais entre os adolescentes da Comunidade galega" (XII Congreso de Metodoloxía das Ciencias Sociais e da Saúde, organizado pola Universidade do País Vasco e a Asociación Española de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento, en San Sebastián).

De igual forma, a institución acudiu a diversos **cursos, congresos e xornadas** sobre temas de menores. Entre eles, destacamos a XV Conferencia da ENOC (*European Network of Ombudpersons for Children*), celebrada en Varsovia en setembro de 2011, baixo o título "O respecto dos dereitos dos nenos e mozos na atención institucional".

Nas visitas de escolares á sé do Valedor do Pobo tamén se realiza este labor de pedagoxía de dereitos, por medio do Vicevaledor responsable desta área.

Para rematar, no ano 2011 presentouse o importante **informe extraordinario** titulado "Adolescentes e Internet en Galicia", que tivo unha gran acolleita e difusión. A preparación deste empezou en 2010 coa intención de conseguir datos fiables e científicos sobre as percepcións, motivacións, crenzas e hábitos no uso de Internet por parte da adolescencia da nosa Comunidade Autónoma. Este informe estrutúrase en tres grandes partes: o aspecto estatístico, as conclusións e as recomendacións . Estas últimas diríxense ao ámbito doméstico, aos poderes públicos e ás empresas que xestionan servizos dixitais. Con elas inténtase axudar na resolución dos graves problemas que orixina a interacción entre menores e Internet.

No apartado deste informe ordinario relativo á área de Sociedade da Información estendémonos nalgún dos aspectos deste estudo monográfico, polo que nos remitimos agora a ese lugar.

1.14.6. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE MENORES.

1. Suxestión do 18 de xullo de 2011, dirixida á Conselleira da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para que se actualice a normativa de espectáculos públicos (Q/1066/11).

O escrito presentado por R. P. S. ante esta Institución deu lugar ao expediente O.11.Q/1066/11, no se recollía o impacto negativo das corridas de touros nos menores e a necesidade de actuación dos poderes públicos para protexer ás persoas vulnerables, como son os menores.

Tras o estudo do caso, entendemos que a regulación en Galicia na materia de espectáculos públicos atópase dispersa e necesitada de certa actualización. Por iso, con base no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emítese a seguinte **suxestión**:

Suxerimos á Consellería da Presidencia que adopte as medidas oportunas para tratar de actualizar a normativa de espectáculos públicos con fin de protexer o interese superior dos menores, fixando, entre outras cousas, a idade a partir da cal poderase acceder a tales espectáculos, en función da natureza dos mesmos.

Resposta da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: aceptada.

2. Recomendación do 5 de decembro de 2011, dirixida á Consellería de Facenda, para que se coordine coa Consellería de Traballo e Benestar, co obxecto de que os cambios de exercicio económico non afecten aos pagos sociais (Q/361/11).

O escrito presentado por D. F. C. ante esta institución deu lugar ao expediente O.11.Q/361/11, referido a retrasos nos pagos nun acollemento familiar.

Tras a investigación efectuada detectamos certos problemas de xestión nos procedementos que poden ser arranxados, aínda que é certo que mellorouse nos procesos respecto ó pasado.

Os problemas detectados afectan ao cambio de exercicio económico. Neste senso, é necesario que as consellerías de Facenda e de Traballo e Benestar coordinen a súa labor coa finalidade de que os atrancos burocrático-contables a principios de ano non afecten a situacións de especial vulnerabilidade, como é a situación de menores en acollemento familiar. Poderíase explorar a vía de expedientes de tramitación anticipada de gasto, ou de expedientes de compromisos plurianuais, ou adiantando as datas de aprobación do gasto. Con esta finalidade emítese a seguinte **recomendación**:

Que se articulen mecanismos de coordinación entre a Consellería de Facenda e a Consellería de Traballo e Benestar para que os cambios de exercicio económico non afecten nin dilaten os pagos sociais xa aprobados, urxentes e necesarios, en especial cando estean menores implicados.

Resposta da Consellería de Facenda: aceptada.

3. Recomendación do 5 de decembro de 2011, dirixida á Consellería de Traballo e Benestar, para que se coordine coa Consellería de Facenda co obxecto de que os cambios de exercicio económico non afecten aos pagos sociais (Q/361/11).

O escrito presentado por D. F. C. ante esta institución deu lugar ao expediente O.11.Q/361/11, referido a retrasos nos pagos nun acollemento familiar.

Tras a investigación efectuada detectamos certos problemas de xestión nos procedementos que poden ser arranxados, aínda que é certo que mellorouse nos procesos respecto ó pasado. Animámoslle, polo tanto, a seguir nesa liña de compromiso coa labor das persoas acolledoras.

Os problemas detectados afectan ao cambio de exercicio económico. Neste senso, é necesario que as consellerías de Facenda e de Traballo e Benestar coordinen a súa labor coa finalidade de que os atrancos burocrático-contables a principios de ano non afecten a situacións de especial vulnerabilidade, como é a situación de menores en acollemento familiar. Poderíase explorar a vía de expedientes de tramitación anticipada de gasto, ou de expedientes de compromisos plurianuais, ou adiantando as datas de aprobación do gasto. Con esta finalidade emítese a seguinte **recomendación:**

Que se articulen mecanismos de coordinación entre a Consellería de Facenda e a Consellería de Traballo e Benestar para que os cambios de exercicio económico non afecten nin dilaten os pagos sociais xa aprobados, urxentes e necesarios, en especial cando estean menores implicados.

Resposta da Consellería de Traballo e Benestar: aceptada.

4. Recomendación do 15 de decembro de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de A Coruña, para previ-lo consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores de idade (Q/1154/11).

Nesta Institución tramítase a queixa de oficio O.11.Q/1154/11, relativa ao consumo de alcohol por menores en Galicia. No marco da mesma solicitarámoslle informe sobre o obxecto da queixa.

Na presente investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia do mesmo e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben amosar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. O artigo 38 da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, recolle boa parte do relevante papel a xogar pola administración local neste eido.

O Valedor valora positivamente a preocupación e algunha das medidas adoptadas polo seu concello. Sen embargo, entendemos que debe actuarse con maior intensidade.

Por elo, e con base no artigo 32 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emitimos a seguinte **recomendación:**

O concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controis especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no denominado "botellón", para o cal deben

empregarse as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de A Coruña: aceptada.

5. Recomendación do 15 de decembro de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Ourense, para previ-lo consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores de idade (Q/1154/11)

Nesta Institución tramítase a queixa de oficio O.11.Q/1154/11, relativa ao consumo de alcohol por menores en Galicia. No marco da mesma solicitarámoslle informe sobre o obxecto da queixa.

Na presente investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia do mesmo e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben amosar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. O artigo 38 da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, recolle boa parte do relevante papel a xogar pola administración local neste eido.

O Valedor valora positivamente a preocupación e algunha das medidas adoptadas polo seu concello. Sen embargo, entendemos que debe actuarse con maior intensidade.

Por elo, e con base no artigo 32 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emitimos a seguinte **recomendación:**

O concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controis especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no denominado "botellón", para o cal deben empregarse as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Ourense: pendente.

6. Recomendación do 15 de decembro de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Lugo, para previ-lo consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores de idade (Q/1154/11).

Nesta Institución tramítase a queixa de oficio O.11.Q/1154/11, relativa ao consumo de alcohol por menores en Galicia. No marco da mesma solicitarámoslle informe sobre o obxecto da queixa.

Na presente investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia do mesmo e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben amosar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. O artigo 38 da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, recolle boa parte do relevante papel a xogar pola administración local neste eido.

O Valedor valora positivamente a preocupación e algunha das medidas adoptadas polo seu concello. Sen embargo, entendemos que debe actuarse con maior intensidade.

Por elo, e con base no artigo 32 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emitimos a seguinte **recomendación:**

O concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controis especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no denominado "botellón", para o cal deben empregarse as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Lugo: pendente.

7. Recomendación do 15 de decembro de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol, para previ-lo consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores de idade (Q/1154/11).

Nesta Institución tramítase a queixa de oficio O.11.Q/1154/11, relativa ao consumo de alcohol por menores en Galicia. No marco da mesma solicitarámoslle informe sobre o obxecto da queixa.

Na presente investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia do mesmo e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben amosar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. O artigo 38 da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, recolle boa parte do relevante papel a xogar pola administración local neste eido.

O Valedor valora a preocupación manifestada polo seu concello. Sen embargo, entendemos que debe actuarse con maior intensidade.

Por elo, e con base no artigo 32 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emitimos a seguinte **recomendación**:

O concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controis especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no denominado "botellón", para o cal deben empregarse as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol: aceptada.

8. Recomendación do 15 de decembro de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, para previ-lo consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores de idade (Q/1154/11).

Nesta Institución tramítase a queixa de oficio O.11.Q/1154/11, relativa ao consumo de alcohol por menores en Galicia. No marco da mesma solicitarámoslle informe sobre o obxecto da queixa.

Na presente investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia do mesmo e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben amosar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. O artigo 38 da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, recolle boa parte do relevante papel a xogar pola administración local neste eido.

O Valedor valora positivamente a preocupación e algunha das medidas adoptadas polo seu concello. Sen embargo, entendemos que debe actuarse con maior intensidade.

Por elo, e con base no artigo 32 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emitimos a seguinte **recomendación**:

O concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controis especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no denominado "botellón", para o cal deben empregarse as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Vigo: aceptada.

9. Recomendación do 15 de decembro de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela, para previ-lo consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores de idade (Q/1154/11).

Nesta Institución tramítase a queixa de oficio O.11.Q/1154/11, relativa ao consumo de alcohol por menores en Galicia. No marco da mesma solicitarámoslle informe sobre o obxecto da queixa.

Na presente investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia do mesmo e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben amosar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. O artigo 38 da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, recolle boa parte do relevante papel a xogar pola administración local neste eido.

O Valedor valora moi positivamente a preocupación e sensibilidade mostrada polo seu concello ante este tema. Tamén son correctas as medidas adoptadas para tratar de erradicar este fenómeno.

Nesta liña, con base no artigo 32 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, e para gañar máis intensidade neste proceso, emitimos a seguinte **recomendación**:

O concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controis especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no denominado "botellón", para o cal deben empregarse as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela: aceptada.

10. Recomendación do 15 de decembro de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra, para previ-lo consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores de idade (Q/1154/11).

Nesta Institución tramítase a queixa de oficio O.11.Q/1154/11, relativa ao consumo de alcohol por menores en Galicia. No marco da mesma solicitarámoslle informe sobre o obxecto da queixa.

Na presente investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia do mesmo e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben amosar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. O artigo 38 da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, recolle boa parte do relevante papel a xogar pola administración local neste eido.

O Valedor valora positivamente a preocupación e algunha das medidas adoptadas polo seu concello. Sen embargo, unha das argumentacións plasmada no informe remitido descoñece de xeito sorprendente a teoría dos dereitos fundamentais. Tales dereitos, como é sabido, non son absolutos senón que se poden limitar por razóns diversas, como ante o conflito con outros dereitos, por razóns de saúde pública, seguridade ou ante certos supostos de interese xeral. Polo tanto afirmar que non se pode impedir que os menores acudan ao "botellón" alegando o seu libre tránsito, é un erro xurídico que descoñece por completo á teoría dos límites dos dereitos fundamentais.

Ao marxe desa cuestión, entendemos que debe actuarse con maior intensidade. Por elo, e con base no artigo 32 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emitimos a seguinte **recomendación:**

O concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controles especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no denominado "botellón", para o cal deben

empregarse as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra: non aceptada.

11. Recomendación do 16 de decembro de 2011, dirixida ao Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para que non se produzan atrasos nas actuacións do IMELGA cando puideran verse afectados menores (Q/999/11).

Os escritos presentados ante esta Institución por M. J. A. M. deron lugar ao expediente O.11.Q/999/11, no que se analizaban atrasos na emisión de informes por parte do IMELGA nun caso tramitado nun xulgado en Vigo.

Tras o estudo da queixa, constátase que o solicitado ao IMELGA requiría unhas actuacións por momentos complexas, que deben abordarse coa metodoloxía adecuada.

Sen embargo, e a pesar de elo, tamén entendemos que se produciron retrasos excesivos e desproporcionados, que poderían afectar á situación dun menor de idade. Polo tanto, con base no artigo 32 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, emitimos a seguinte **recomendación:**

Deben articularse as medidas e/ou protocolos necesarios para que non se produzan retrasos nas actuacións do IMELGA cando poderían verse afectados menores de idade.

E, de xeito concreto, debe axilizarse a actuación do IMELGA no caso que orixinou a presente queixa.

Resposta do Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: pendente.

1.15. AREA DE CULTURA E POLITICA LINGÜÍSTICA

1.15.3. INTRODUCIÓN

As queixas tramitadas na área de Cultura e Política Lingüística en 2011 incidiron principalmente, ao igual que en anos anteriores, na falta dunha adecuada protección de determinados elementos do patrimonio cultural galego e as discriminacións no uso dunha das dúas linguas oficiais no territorio da Comunidade Autónoma. No entanto, neste ano produciuse un significativo incremento das queixas relacionadas coas validacións e homologacións de cursos de lingua galega. Aínda que estas queixas se clasifican na área de educación, xa que fan sempre referencia á expedición de títulos e certificados de estudos de lingua galega, serán obxecto de comentario neste apartado dado que implican en todos os casos á Secretaría Xeral de Política Lingüística, que é o órgano da Administración con competencias neste ámbito. No son, desde o noso punto de vista, problemas de política lingüística en sentido estrito, senón que se refiren a criterios técnicos relativos a validacións e recoñecementos de estudos cursados, ben no ensino regrado ou fóra del, de lingua galega. Na orixe das discrepancias entre a Administración educativa (a Secretaría Xeral de Política Lingüística insírese na Consellería de Cultura e Educación, como o estaba na anterior Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) e os recorrentes en queixa, late sempre unha concepción moi restritiva do sistema de validacións, certificacións e homologacións dos estudos de lingua galega cursados con anterioridade ao modelo Celga, ao que máis adiante nos referiremos.

1.15.4. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas recibidas ao longo do ano 2011 na área de Cultura e Política Lingüística foi de 103, ás que se lles deu a seguinte tramitación:

Iniciadas	103	
Admitidas	85	83 %
Non Admitidas	15	15 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	3	2 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	72	85 %
En trámite	13	15 %

Ao longo deste ano, continuouse e concluíuse a tramitación de expedientes iniciados en anos anteriores.

Ano de presentación	En trámite a 31-12-2010	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite a 31-12-2011
1996	1	0	1	1	0
1997	1	0	1	1	0
1998	1	0	1	1	0
2009	3	0	3	3	0
2010	16	0	16	15	1

1.15.5. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.15.5.3. A falta da adecuada protección a determinados elementos do patrimonio histórico-artístico galego

Unha parte das queixas admitidas a trámite e concluídas na área de cultura foron presentadas pola *Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)*, centradas principalmente na falta de protección de determinados elementos do patrimonio histórico-artístico: a realización de obras no Castelo de Monterrei (Q/36/11, Q/1906/11), o plan de

rehabilitación de determinados elementos da catedral de Ourense (Q/301/11), a posible destrución de bens do patrimonio histórico a causa das obras do tren de alta velocidade (Q/416/11), a inadecuada restauración ou o estado de abandono e deterioro de retablos ou capelas (Q/417/11, Q/1917/11), ou a falta de protección de determinados bens ou conxuntos patrimoniais, como o castelo de Maceda (Q/481/11), o Pazo de Diomondi (Q/482/11), o mosteiro de Santa Comba de Naves (Q/1777/11), a igrexa románica de Santo Estevo de Pardollán (Q/1815/11), a torre de Sandiás (Q/1829/11) ou o mosteiro de San Paio de Abelenda (Q/2097/11). Esta institución valora particularmente o grao de rigor e precisión nos informes remitidos este ano pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e as súas subdireccións xerais, tanto a de Protección do Patrimonio Cultural como a de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Nos informes ponse de manifesto o esforzo e a preocupación dos servizos especializados da Administración pola conservación dun patrimonio inxente, pero que se atopa ante esta tarefa con varios problemas. O máis preocupante é, quizais, a falta dos cuantiosos recursos económicos que se precisan para protexer e conservar o patrimonio histórico-artístico galego: as súas cinco catedrais; multitude de basílicas, mosteiros e conventos; miles de pequenas igrexas rurais, pazos, castros, castelos, fortalezas e obras civís de distinta natureza. Algúns destes bens, en mans privadas, non son conservados polos seus propietarios do modo establecido para cada categoría de ben na lexislación sobre patrimonio cultural de Galicia; os problemas de conservación dos bens culturais de interese relixioso, nunha estrutura territorial eclesiástica tan dispersa e complexa como a de Galicia, vén tamén de tempo atrás, cunha inadecuada regulación do procedemento de autorización dos proxectos de restauración (o expediente Q/2252/10 deu lugar a unha recomendación á consellería, aínda pendente de resposta); a rehabilitación e posta en valor dos Camiños de Santiago está esixindo un intenso traballo técnico na delimitación, o deslinde e a conservación.

A falta dos recursos económicos necesarios na extinta Consellería de Cultura, investidos noutros proxectos culturais de gran alcance, parece estar tamén na orixe do problema formulado este ano para aboar as bolsas de formación en biblioteconomía e documentación convocadas pola extinta Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura mediante a colaboración tutelada dos bolseiros en diversas bibliotecas. Recibíronse

12 queixas no mes de maio, cando os bolseiros levaban xa algúns meses sen cobrar as axudas, que foron finalmente pagadas.

Outra das queixas que coñecemos denunciaba a falta de apertura do Pazo de Meirás á visita pública durante o mes de agosto (Q/1828/11), presentada pola Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, por problemas derivados do pago do servizo de seguridade privada para que a familia propietaria puidera ocupalo durante a tempada estival. Está pendente de que a Administración envíe o preceptivo informe, que lle foi requirido xa en varias ocasións.

1.15.3.2. Os dereitos lingüísticos no ámbito das Administracións Públicas.

A Constitución Española (CE) supuxo un importante e novo instrumento a favor do recoñecemento da realidade plurilingüe de España. Tanto o castelán como "as demais linguas españolas serán oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos (art. 3.1 e 2 CE); ao ordenar constitucionalmente a *realidade plurilingüe da nación española establece* un réxime de cooficialidade lingüística (Sentenza do Tribunal Constitucional 337/1994, do 23 de decembro, fundamento xurídico 6). Así, na organización territorial do Estado Autonómico que configuraron a CE e os Estatutos de Autonomía existen territorios, como é o caso de Galicia, dotados dun *estatuto de cooficialidade lingüística* nos que -como establece a STC 82/1986, fundamento xurídico 3- o uso polos particulares de calquera lingua oficial efectivamente ten plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público radicado no devandito territorio, "sendo o dereito das persoas ao uso dunha lingua oficial un dereito fundado na Constitución e o respectivo Estatuto de Autonomía". Xa que logo, establécese a co-oficialidade dos idiomas e principio de non discriminación idiomática. O Estatuto de Autonomía de Galicia (EAG), establece (art. 5) o que segue:

"1- A lingua propia de Galicia é o galego . 2- Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e de usalos. 3.- Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e

dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. 4- Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua."

Así pois, un dos dereitos que nos compete tutelar é o dereito ao uso normal do galego como idioma propio de Galicia, como tamén supervisar a efectividade do deber estatutario que afecta aos poderes públicos da Comunidade de garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas e da potenciación do emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

O artigo 4 apartado 1º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma, e que tamén o é o castelán, como lingua oficial do Estado.

O plan xeral de normalización da lingua galega marca como obxectivo asegurar que na administración autonómica o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, co que se logrará, deste xeito, consolidar o galego como lingua xeral de referencia na administración autonómica.

O art. 54 apartado 11 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto do empregado público establece que os empregados públicos garantirán a atención ao cidadán na lingua que o solicite e sempre que sexa oficial no territorio.

O art. 7 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, especifica que o galego , como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa administración local.

A última achega ao marco legal regulador da política lingüística de Galicia veu por medio da Lei 1/2010 de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que na súa disposición

adicional sexta relativa ao Fomento do uso da lingua galega na actividade dos prestadores de servizos, establece:

1. Os prestadores de servizos que operen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística, especialmente a partir da Lei 3/1985, de 15 de xuño, de normalización lingüística, con arranxo ao disposto no apartado 4 do artigo 1 da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

2. A estes efectos, favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberán ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita en lingua galega.

Pois ben, ao amparo desta última norma tramitáronse varias queixas de cidadáns pola non utilización da lingua galega na emisión de facturas dunha empresa de enerxía que operaba na zona da Laracha. Solicitado informe á empresa implicada na prestación deses servizos, respondeunos que estaban estudando a posibilidade de emitir nun futuro próximo a facturación en galego , para o que intentarían adaptar o seu sistema no máis breve prazo posible.

a) Actuacións da Administración autonómica.

Neste ámbito pódese facer mención a un grupo de queixas presentadas por particulares cuxo contido tiña por obxecto supostos incumprimentos por parte da Administración autonómica da Lei de normalización lingüística, nuns casos, ou da CE, noutros.

Un ano máis constátase que é no ámbito da administración sanitaria (Sanidade e SERGAS) onde se producen bastantes queixas . Neste ámbito, producíronse denuncias tanto pola non utilización de modelos en lingua galega como en lingua castelá (falta de impresos en castelán nalgún centro sanitario, e falta deles en galego noutros así como

inexistencia de formularios de consentimento informado en lingua galega). A administración sanitaria indicou que se están realizando todas as actuacións posibles para cumprir a normativa vixente e para que todos os documentos dos centros sanitarios estean nas dúas linguas oficiais da Comunidade galega. Tamén foron obxecto de queixa a rotulación de indicacións interiores dalgúns hospitais da rede sanitaria galega. En concreto unha queixa tramitada por este motivo no Complexo Hospitalario de Ourense deu lugar á nosa suxestión, que figura no apartado correspondente deste informe, de que todas as indicacións e rotulacións de espazos interiores dos centros e complexos adscritos ao Servizo Galego de Saúde, se realicen nos dous idiomas oficiais da comunidade autónoma, dando así cumprimento á normativa vixente nesta materia.

Tamén se presentaron denuncias contra outras consellerías pola non utilización da lingua galega tanto nas páxinas web dalgunha delas como en redes sociais, como a de Twitter de TURGALICIA (Q/1643/11 e Q/1377/11).

Pola contra, outros cidadáns facían referencia nos seus escritos á discriminación do castelán nos mesmos medios. Todas estas queixas foron tramitadas ante os departamentos correspondentes, recordándolles a lexislación aplicable e conseguindo un compromiso por parte daqueles de facer as xestións precisas para solucionalo conseguíndose con posterioridade.

Un ano máis iniciáronse expedientes en relación coa sinalización das estradas e autovías. Producíronse varias reclamacións pola existencia de rotulacións e sinalizacións utilizando toponimia non oficial ou inadecuada, como no caso dos sinais na intersección das estradas AC-540 e AC-566, circunstancia corrixida (Q/1674/11). Algunhas delas remitíronse ao Defensor del Pueblo, por tratarse de actuacións da Administración Xeral do Estado (dependentes do Ministerio de Fomento), que están máis aló das nosas competencias supervisoras.

Hai que sinalar que ante todas as queixas presentadas nesta materia, nos diferentes informes remitidos polos Departamentos afectados da Administración autonómica, ratificábase o compromiso, que xa reflectimos en informes anteriores, de

facilitar ao administrado a información oral e tamén a documentación de que se trate en cada caso, na lingua que voluntariamente o cidadán elixa.

b) Actuacións da Administración local.

Dentro deste apartado presentáronse queixas referentes á inexistencia de formularios de petición para os administrados nalgunha das dúas linguas cooficiais así como outros documentos emitidos polos entes locais.

Así, dous cidadáns presentaron escritos de queixa (Q/1895 e Q/2187) contra o Concello de Lugo por que as notificacións e recibos emitidos por esa entidade se realizaban soamente en lingua galega, cando manifestaran expresamente a preferencia pola lingua castelá.

Ante estas queixas , trala investigación realizada pola institución e á vista da información facilitada polo Concello de Lugo, recordóuselles a normativa aplicable en materia lingüística, o que deu orixe a que con data 3 de febreiro se formulase suxestión por parte desta institución (cuxo contido integro figura no apartado correspondente deste informe) para que ante a petición dun cidadán de utilización da lingua castelá nas súas relacións co concello, se lle redacten os documentos e comunicacións na lingua da súa elección sen a necesidade de que teña que solicitar expresamente a tradución de cada un dos escritos que forman parte das distintas fases do procedemento.

Hai que mencionar tamén neste lugar a presentación de varias queixas pola utilización de toponimia incorrecta en sinalizacións de obras, rúas e prazas de diferentes concellos da nosa comunidade, e tamén pola non utilización da lingua galega en diversos servizos públicos. Exemplo disto último é a queixa dun cidadán (Q/554/11) acerca de que as informacións subministradas pola empresa de transporte público da Coruña se realizaban exclusivamente en lingua castelá (utilizábase o topónimo inadecuado "La Coruña" e tamén nos paneis informativos e nas pantallas informativas se excluía a información en galego). Solicitada a información correspondente sobre o asunto, o concello respóndenos recoñecendo que efectivamente toda a información se realiza

exclusivamente en lingua castelá. Por parte desta institución recordouse a normativa aplicable en materia de toponimia oficial de Galicia e de fomento do uso do galego por parte das administracións públicas, concluíndo a nosa actuación cunha recomendación ao Concello da Coruña (que figura no apartado correspondente deste informe) para que requirise á empresa concesionaria de transporte o cumprimento da normativa vixente en materia de normalización lingüística. Neste momento tal recomendación atópase pendente de aceptación polo concello implicado.

Presentáronse tres queixas (Q/400/11, Q/583/11 e 1992/11) contra a Deputación Provincial de Pontevedra, sede en Vigo, pola discriminación da lingua galega nas comunicacións informativas sobre actividades dirixidas a particulares ou colectivos. Pola Deputación presentábasenos informe e ampla documentación pola que entendían que se estaba garantindo o uso da lingua galega cun emprego maioritario das súas comunicacións. Pese a iso, por esta institución non se considerou suficiente, e formulouse recomendación (que figura no apartado correspondente deste informe) para que as comunicacións informativas realizadas por ese Ente Local se realizasen sen exclusión de ningunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma. Esta recomendación foi expresamente aceptada pola Deputación Provincial de Pontevedra.

1.15.3.3. Os problemas derivados das validacións e homologacións de cursos de lingua galega

Como antes apuntamos, este ano rexistráronse diversas queixas derivadas do desacordo dos interesados cos criterios aplicados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Son varios os problemas que subxacen nesta situación e que conflúen nun marco xurídico confuso e que, na práctica, está afectando ao principio de seguridade xurídica. Neste sentido resulta moi clarificadora a sentenza do Tribunal Constitucional 46/1990, de 15 de marzo: "A esixencia do artigo 9.3 relativa ao principio de seguridade xurídica implica que o lexislador debe perseguir a claridade e non a confusión normativa, debe procurar que acerca da materia sobre a que lexisle saiban os operadores xurídicos e os cidadáns a que aterse, e debe fuxir de provocar situacións obxectivamente confusas (…). Hai que promover e buscar a certeza respecto de que é Dereito e non provocar xogos e

relacións entre normas como consecuencia das cales se introducen perplexidades dificilmente salvables respecto á previsibilidade de cal sexa o Dereito aplicable, cales as consecuencias derivadas das normas vixentes, incluso cales sexan estas". O sistema de certificacións oficiais do coñecemento da lingua galega, con independencia do ensino regrado, puido afectar, en certa medida, ao principio de seguridade xurídica. En apenas dous anos, sucedéronse dúas ordes, a de 1 de abril de 2005, pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as validacións correspondentes, e a orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). A primeira trataba de harmonizar todos os cursos de formación en lingua galega que se viñeran impartindo na nosa comunidade a diversos colectivos, tanto na súa estrutura como nos seus niveis, duración, programas, contidos, e as súas validacións. A orde de 2005 parecía tomar en consideración, unicamente, a necesidade de ordenar e sistematizar un sistema de aprendizaxe da lingua galega que se desenvolveu cunha certa improvisación, como aplicación da Lei de normalización lingüística de 1983, que incidía na obrigación do Goberno galego de difundir o coñecemento oral e escrito da lingua galega entre os cidadáns de Galicia. Xurdiron así os cursos de galego oral, iniciación e perfeccionamento, os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior, os cursos de linguaxe xurídica galega , de linguaxe administrativa sanitario, de extensión cultural e de lingua e cultura galegas para menores de 18 anos. Incluía unha prolixa táboa de validacións entre estes cursos de formación (algúns dos cales foran regulados nunha primeira orde, a de 19 de xaneiro de 1989), e certas materias do ensino regrado universitario, non universitario e de formación profesional, así como dos ciclos elemental e superior das escolas oficiais de idiomas. Ademais destas validacións, a orde de 2005 estableceu un sistema de equivalencias a efectos administrativos no seu artigo 19 e declarou a vixencia, en todo o non previsto na orde, dos convenios subscritos entre a Escola Galega de Administración Pública, a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria e as organizacións sindicais coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. As validacións, para as que se atribuía a competencia a distintos órganos, facíanse a solicitude do interesado, que debía achegar toda a documentación necesaria.

A clasificación dos cursos de galego oral, iniciación e perfeccionamento como niveis de coñecemento de lingua galega desaparece dous anos despois, a partir da orde de 16 de xullo de 2007, que entrou en vigor o 1 de setembro, como esixencia derivada do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL): aprendizaxe, ensino e avaliación. Con todo, este MECRL foi publicado polo Consello de Europa en 2001, con motivo do Ano Europeo das Linguas, é dicir, existía catro anos antes da primeira orde, a de 2005, que nin menciona este marco europeo común nin o ten en conta á hora de establecer as súas homologacións ou os niveis de coñecemento da lingua galega. En cambio, a orde de 2007, tras unha exposición de motivos que inclúe, entre outras cousas que o recoñecemento dos dereitos de Galicia como nacionalidade histórica marca un punto de inflexión na recuperación da lingua e inicia un proceso que continúa aínda hoxe, propón o MCERL como un novo modelo que esixe modificar os niveis de coñecemento da lingua galega e establecer un novo sistema de validacións entre os estudos regrados e as novas certificacións.

A orde de 2007 regula cinco niveles oficiais de coñecemento de lingua galega e os seus correspondentes certificados, o programa e contido das probas, as súas validacións e equivalencia de cada un dos cinco certificados (do Celga 1 ao Celga 5) con determinados niveis do Marco Común Europeo de Referencia e cos estándares da Asociación de Avaliadores de Linguas Europeas (ALTE).

Con todo, establece unha ruptura co anterior sistema que podería ocasionar unha vulneración dos dereitos adquiridos por aquelas persoas que seguiron os cursos de formación en lingua galega de acordo co modelo regulado na orde de 2005, o único ao que puideron legalmente acceder. Ao fío das queixas investigadas por esta institución, déronse os seguintes problemas.

A orde de 2007 establece na súa disposición adicional terceira que a partir do 1 de setembro de 2007, a Secretaría Xeral de Política Lingüística non poderá homologar, validar ou certificar aptitude sobre cursos de lingua galega oral, iniciación ou perfeccionamento rematados con posterioridade á entrada en vigor da dita orde. Algunhas persoas (Q/1987/11, Q/2293/11, e outros moitos casos aludidos nestes escritos de queixa) que

solicitaron a validación polo curso de perfeccionamento ao ser avaliados positivamente na materia de lingua e literatura nun curso de bacharelato LOGSE, ao amparo do artigo 15.3 da orde de 2005, entón en vigor, viron como a Secretaría Xeral de Política Lingüística desestimaba as súas solicitudes alegando a citada disposición adicional terceira e a disposición derrogatoria da orde de 2007, que derrogou todas as normas de igual ou inferior rango que regulasen cursos de lingua galega cuxos contidos fosen contrarios ao disposto nela, incluído expresamente, entre outros, o artigo 15 da orde de 2005. A Secretaría Xeral non tivo en conta que esas persoas cumpriron os requisitos para que se lles validara a materia de galego de bacharelato polo curso de perfeccionamento antes da entrada en vigor da orde Celga e, xa que logo, adquiriron dereito a esa validación, sen prexuízo de que na nova regulación se establezan condicións máis esixentes (ter o título de bacharelato LOGSE sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase e aprobase de xeito oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos devanditos estudos). No entanto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística insiste en que a orde Celga rompeu co anterior sistema e que "para marcar as novas lindes, regulou na D.A. 3ª que a dita secretaría xeral non poderá homologar, validar ou certificar aptitude sobre cursos de lingua oral, iniciación ou perfeccionamento..". Aínda así, recoñece este órgano da consellería que "tras recibir algunhas queixas, somos conscientes de que debemos salvagardar posibles dereitos adquiridos daquelas persoas cuxas validacións se refiriren a cursos realizados con anterioridade á entrada en vigor da referida orde e así non vulnerar os principios de boa fe e confianza lexítima nas actuacións da Administración. Por iso, na modificación da orde Celga que se vai publicar inminentemente vaise abrir un prazo excepcional para que as persoas que antes do 1 de setembro de 2007 reunisen os requisitos establecidos para que se lles expedise a validación do curso de iniciación ou perfeccionamento realizados ao amparo das ordes de 1 de xaneiro de 1989 e de 1 de abril de 2005, ou normativa anterior, soliciten a expedición da validación ou certificación correspondente". Esta institución non comparte o criterio de que sexa precisa unha nova regulación, senón que basta con ter en conta os dereitos adquiridos ao amparo da normativa en vigor en cada caso de acordo co principio de seguridade xurídica. Nese sentido, fixéronse á Consellería dúas recomendacións. Non deixa de resultar rechamante que o propio Gabinete de Normalización Lingüística do Departamento Territorial da Consellería na Coruña, no informe enviado a solicitude desta institución sobre os

problemas xurdidos no IES Eusebio da Garda, sinalase o seguinte: "como así se manifestou en informes emitidos e enviados á Secretaría Xeral de Política Lingüística por este órgano xestor, a orde de 16 de xullo de 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, é restritiva nas validacións e equivalencias aplicadas a certos estudos regrados. A súa aplicación está tamén en contradición coa Lei orgánica de educación, 2/2006, de 3 de maio, que declara que todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo e iso implica, por unha banda, establecer conexións entre os distintos tipos de ensinos, de modo que se facilite o paso dunhas a outras e, por outra, permitir a configuración de vías formativas adaptadas ás necesidades e os intereses persoais máis diversos. No caso das persoas adultas, a lei formula a necesidade de adoptar medidas para recoñecer as aprendizaxes adquiridas, impulsando a súa continuidade na educación e a formación, e que iso lles proporcione unha mellora cualitativa e cuantitativa no emprego". O informe conclúe afirmando que a partir da entrada en vigor da orde de 16 de xullo de 2007, a Secretaría Xeral só delegou as competencias nos centros educativos para validar os estudos regulados polos niveis Celga. Polo tanto, é a Secretaría Xeral de Política Lingüística a que debería resolver as solicitudes de quen pida as validacións que lles puidesen corresponder de acordo coa orde de 2005 "para non vulnerar os dereitos adquiridos destes cidadáns dado que, segundo subscribe o Valedor do Pobo no seu informe, a derrogación dunha disposición de carácter xeral non supón a anulación dos dereitos adquiridos no seu día". Estas recomendacións, no momento da pechadura deste informe, están pendentes de resposta.

Outro expediente de queixa (Q/2063/11) puxo de manifesto o criterio que aplica a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre os cursos de iniciación e perfeccionamento no ámbito das actividades de formación, criterio que, desde o noso punto de vista, pode suscitar dúbidas. O recorrente en queixa, funcionario de carreira do Corpo de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas na especialidade de Inglés e con destino definitivo nunha EOI fóra da Comunidade Autónoma, sinalaba que os cursos de iniciación e perfeccionamento que houbo de superar no seu día non se lle certificaban como cursos de formación permanente. A anterior Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera os devanditos cursos como formación inicial e non permanente. Polo tanto, estas

actividades non están incluídas no Rexistro de Formación Permanente. Pártese da base de que estes cursos son requisito de acceso á función pública docente en Galicia. Con todo, este criterio sobre a súa natureza non é unívoco e induce a certas confusións. O informe remitido pola Consellería admite que "nalgúns concursos de traslados da Comunidade Autónoma de Galicia poden puntuar os cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega como titulacións de ensinos de réxime especial, non como actividades de formación". Así se concreta na Circular 13/2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se ditan instrucións para os concursos de traslados, o procedemento de participación e os criterios que se utilizarán na baremación do concurso convocado pola orde de 8 de novembro de 2010. Con todo, no Acordo de 16 de maio de 2006 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as centrais sindicais sobre retribucións de todos os funcionarios docentes que imparten ensinos distintos das universitarias da Comunidade Autónoma de Galicia, ratificado polo Consello da Xunta de Galicia o 27 de xullo de 2006, establécese no apartado 5º ("Outros incrementos"), que a efectos da consolidación do compoñente do complemento específico, "teranse en conta todas as **actividades de formación** convocadas e/ou organizadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística ou pola Secretaría Xeral de Política Lingüística". En calquera caso, a disposición adicional segunda da orde de 2007 establece: "Para o acceso e valoración de méritos na función pública galega, terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde de 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento) que as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3, Celga 4, respectivamente. Nas bases das convocatorias de oposicións e/ou concursos de méritos estableceranse os niveis de lingua esixidos como requisito e/ou como mérito".

No expediente Q/2255/11 aflora o mesmo problema aínda que noutro ámbito. O interesado solicitaba que a Secretaría Xeral de Política Lingüística procedese a validar os cursos de linguaxe oral, iniciación e perfeccionamento que realizara para que producisen efectos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, dado que desexaba presentar ese mérito a un concurso a nivel nacional convocado polo Ministerio de Educación. No seu informe, a Secretaría Xeral de Política Lingüística afirma claramente que o MECRL proporciona unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais…etc. en toda Europa, e define, ademais, os niveis comúns de referencia

co fin de poder avaliar o nivel de dominio dunha lingua por unha persoa. Establécense seis niveis de competencia que, de menor a maior son os seguintes A1, A2, B1, B2, C1 e C2. A Orde de 16 de xullo de 2007, xa citada varias veces, establece cinco niveles oficiais de competencia en lingua galega que se corresponden cos do MECRL partir do A2, de modo que o Celga 1 correspóndese co A2 e o Celga 5 correspóndese co C2. Con todo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística mantén o criterio de que non se poden validar por parte da Xunta de Galicia as certificacións de coñecemento de lingua galega expedidas con arranxo á normativa anterior con ningún dos niveis do MECRL e só teñen validez para a Comunidade Autónoma de Galicia. A Secretaría Xeral de Política Lingüística alega que eses cursos de lingua galega son anteriores ao Marco Europeo Común e á orde Celga e sinala literalmente que "*non teñen nada que ver con eles. Por conseguinte, por exceder das súas competencias, non lle corresponde á Secretaría Xeral de Política Lingüística ditaminar sobre se estas certificacións deben ser ou non valoradas como mérito nun procedemento de fóra da nosa Comunidade Autónoma. Cousa distinta é que eses cursos si deban ter recoñecemento, ben como requisito ben como mérito, naqueles procedementos nos que se esixa o coñecemento da lingua galega no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia"*.

Conclúe o informe manifestando que consideran que a Secretaría Xeral de Política Lingüística está respectando os dereitos adquiridos no seu día polos interesados. Esta institución non concorda con esta opinión. A orde Celga deixou virtualmente sen eficacia, excepto para o acceso e valoración de méritos na función pública galega (disposición adicional segunda), os cursos de formación en lingua galega que a propia Xunta de Galicia organizou ata 2007, de modo que quen obtivo no seu día os certificados de linguaxe oral, iniciación e perfeccionamento non poden xa facelos valer en ningún ámbito que non sexa o da función pública en Galicia. Esta configuración tan restritiva non ten en conta, en primeiro lugar, que aínda que tales cursos son anteriores, en efecto, ao MECRL e á orde Celga, eran os únicos que se podían cursar naquel momento, xa que non había ningún outro sistema alternativo. Por outra banda, é contraria ao propio espírito da orde de 2007, que o que pretende é, precisamente, situar á lingua galega no marco común europeo e poder certificar os seus correspondentes niveis de competencia en todo o ámbito territorial europeo. Na práctica, os certificados anteriores ao 1 de setembro de 2007 só producen

efectos en Galicia e só para a función pública, o que constitúe, sen dúbida, unha anomalía. Ademais, a orde de 2007 establece unha prolixa táboa de validacións entre determinados estudos regrados e non regrados, algúns deles xa extinguidos, como sucede co bacharelato da LOGSE, con distintos niveis Celga e, con todo, deixa fóra destas validacións os cursos de iniciación e perfeccionamento, salvo para eses limitados efectos que contempla a disposición adicional segunda.

Finalmente, a Q/2751/11 pon de manifesto novos problemas e restricións para validar polo Celga 5 o certificado de nivel avanzado de idioma galego expedido por unha escola oficial de idiomas. A orde de 2007 establece que o certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas segundo o programa previsto no Real Decreto 47/1992, de 24 de xaneiro, polo que se regulan os contidos mínimos correspondentes ao ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas, será validable polo Celga 5. No entanto, da súa redacción despréndese que se aplica só a este certificado de ciclo superior de galego conforme ao Real decreto de 1992. A cuestión complícase aínda máis ao terse modificado profundamente os aspectos básicos do currículo de idiomas de réxime especial mediante o Real decreto 1629/2006, de 29 de decembro, para adaptarse á Lei Orgánica de Educación. Este real decreto dispón que o certificado de aptitude e o de nivel avanzado serán equivalentes a efectos académicos. Pola súa banda, a Secretaría Xeral de Política Lingüística resolve a solicitude do interesado desestimándoa e alegando que o certificado de nivel avanzado, que é o grado máis alto que se cursa na EOI, correspóndese co nivel B2 do MECRL mentres que o Celga 5 equivale ao C2.

En conclusión, cabería afirmar que a Secretaría Xeral de Política Lingüística non adaptou plenamente os seus criterios de validación aos plans educativos vixentes e, en cambio, valida por titulacións ás que é imposible acceder na actualidade; non contribuíu a clarificar ou ordenar a confusa normativa sobre ensinanzas de idiomas de réxime especial nin as equivalencias dos seus títulos, e vulnerou, en ocasións, os dereitos adquiridos polos interesados ao entender que a derrogación dunha norma supón a extinción de todos os efectos que estaba chamada a producir ou que, en adiante, só os producira limitadamente

para algúns dos titulares do dereito, como sucede, por exemplo, nos expedientes de queixa aos que nos referimos neste informe.

1.15.6. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Os expedientes inadmitidos a trámite, 15, responden aos seguintes motivos:

- Por non se ter producido unha actuación administrativa previa.

- Por non ser competencia da institución, como a relativa ao ensino da lingua galega no Bierzo.

- Por referirse a relacións xurídicas de natureza privada

1.15.7. QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Foron remitidos ao Defensor del Pueblo tres expedientes iniciados en 2011: na Q/92/11, o interesado denunciaba a non utilización da lingua galega por un axente da Garda Civil; na Q/211/11 poñíase de manifesto a non utilización do idioma galego na páxina web da Dirección Xeral de Tráfico, e na Q/2110/11 aludíase aos impresos normalizados en galego na Oficina de Xestión Territorial do Ministerio de Xustiza na Coruña.

1.15.8. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE CULTURA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA.

1. Recordatorio de deberes legais e recomendación do 4 de xaneiro de 2011, dirixidos ao Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para que se cumpran os prazos legais na resolución dos recursos presentados, y se subministre ás unidades competentes os medios persoais e materiais necesarios (Q/77/10).

Nesta institución, como consta nesa consellería, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención o Colectivo Ecoloxista *"Luita Verde"*

No seu escrito, esencialmente indicábanos que nesa consellería se estaban a tramitar os procedementos sancionadores nº S-P-128.07 e S-P-129-07 por denuncias presentadas por actuacións sen autorización no ámbito de protección do petroglifo de Borna, situado en Domaio, termo municipal de Moaña.

Reunindo a queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, acordouse con data 26 de xaneiro de 2010 admitir a mesma a trámite, promovéndose a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse informe sobre as actuacións denunciadas, e transcorrido o prazo e non tendo entrada este nos rexistros desta institución, foi reclamado novamente o dito informe os días 2 de marzo, 12 de abril, 31 de maio, 6 de xullo, 9 de setembro e 10 de novembro seguintes.

O pasado día 26 de novembro tivo entrada nesta institución o informe desa consellería no que se di:

A) En relación co ***procedemento sancionador S-P-128.07,*** *con data 28 de abril de 2008 o director xeral do Patrimonio Cultural dita resolución pola que se sobresé o*

procedemento incoado a J. S. G., en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Domaio, porque non se pode concluír que a dita Comunidade sexa responsable da tala realizada no contorno do petróglifo de Borna, situado en Domaio, termo municipal de Moaña, sen a preceptiva autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

O Colectivo Ecoloxista Luita Verde interpón recurso de alzada contra a dita resolución:

- Está rexistrado de entrada na consellería o 9 de xuño de 2008 e repartido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Ten asignada a referencia RA-P-57.08.

B) En relación co procedemento sancionador S-P-129.07, con data 25 de abril de 2008 o director xeral do Patrimonio Cultural dita resolución pola que impón unha sanción de 480 euros ao …… como responsable da comisión dunha infracción administrativa de carácter grave en materia de protección do patrimonio cultural, polo feito de organizar unha proba do campionato galego de trial o 7 de maio de 2006 no ámbito do petróglifo de Borna, situado en Domaio, termo municipal de Moaña, sen a preceptiva autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

O Colectivo Ecoloxista Luita Verde interpón recurso de alzada contra a dita resolución:

- Está rexistrado de entrada na consellería o 9 de xuño de 2008 e repartido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Ten asignada a referencia RA-P-56.08.

Con data 16 de outubro de 2008, achéganse os expedientes RA-P-56.08 e RA-P-57.08 ao Servizo Técnico-Xurídico, dependente da Secretaría Xeral da extinta Consellería de Cultura e Deporte, que ten atribuída, entre outras funcións, o estudo, tramitación e formulación de propostas de resolucións dos recursos administrativos que debe resolver o titular da consellería.

Á data deste escrito, por razón da acumulación de traballo na dita unidade debida á falta temporal de medios persoais, están pendentes de ditarse resolución expresa.

Á vista do contido da reclamación e do consignado no informe da consellería, procedeu, á vista do establecido no artigo 32 nº 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, efectuar o seguinte **recordatorio dos deberes legais:**

Que a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común no seu artigo 115.2 sinala como prazo máximo no que debe notificarse a resolución do recurso de alzada o de tres meses desde a súa interposición.

E a seguinte **recomendación:**

*Que por esa Consellería de Cultura e Turismo se coide que, no sucesivo, se procedan a subministrar ás unidades competentes para o estudo, tramitación e formulación da proposta de resolución dos recursos, os medios persoais e materiais necesarios para que se poidan resolver nun prazo próximo ao establecido na lei de procedemento administrativo***.**

Resposta do Conselleiro de Cultura e Turismo: aceptada.

2. Suxestión de 3 de febreiro de 2011, dirixida ao alcalde-presidente do Concello de Lugo, para os documentos emitidos polo Concello de Lugo se redacten na lingua solicitada polo interesado (Q/1895 e 2187/10).

Como vostede coñece iniciáronse ante esta institución as dúas queixas arriba referenciadas en relación coa posible discriminación da lingua castelá por parte dese concello. Esencialmente tratábase de dous cidadáns que solicitaban que as notificacións e recibos que se lle emitiran desde ese concello foran realizados en lingua castelá.

Tras as oportunas solicitudes de informe foron contestadas por esa Administración respectivamente en datas 25 de outubro de 2010 e 5 de xaneiro de 2011.

No primeiro dos informes citados, sinálase que segundo práctica desa Administración o cidadán poderá instar de *"cada caso"* a tradución da documentación correspondente, petición que haberá de realizarse por escrito e ser entregada no rexistro.

Por outra banda, e no informe do pasado 5 de xaneiro, polo gabinete de normalización lingüística dese concello fanse unha serie de consideracións legais acerca do galego como lingua propia de Galicia, comezando pola nosa carta magna, o seu desenvolvemento lexislativo posterior ata chegar á aprobación polo Parlamento de Galicia do Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004.

Na ultima parte deste informe, recoñécese igualmente o amparo do castelán na lexislación aplicable a este asunto, e en especial o dereito dos cidadáns recollido nos artigos 35 e 36 da Lei 30/1992, e modificacións posteriores, relativo á libre elección de lingua na súa relación e procedementos tramitados polas administracións publicas, sinalando a existencia nese Concello *dun procedemento para facilitar a tradución daquela documentación que expresamente se solicite e que persoalmente lle afecte o* interesado que realice a petición de recibir en castelán calquera comunicación municipal.

No obxecto destas queixas, os cidadáns deixaron patente a elección da lingua castelá en escritos dirixidos a ese concello no ano 2009 solicitando expresamente que os documentos que se lle remitiran nas súas relacións con ese Concello foran naquela lingua, entendendo esta institución que en tanto non comunique o seu desexo de utilización de outra lingua, os procedementos e relacións cos cidadáns que así o solicitaren deberán ser desenvolvidos na lingua pola que se optou.

Por todo o anterior, de acordo co establecido no artigo 32.1 da nosa lei reguladora, se fai a seguinte **suxestión**:

Que ante a petición dun cidadán de utilización da lingua castelá na relación con esa administración, se lle redacten todos os documentos dos procedementos nos que sexa interesado na lingua da súa elección, sen que expresamente teña que solicitar a tradución de cada un dos documentos que se produzan en cada procedemento.

Resposta do alcalde de Lugo: aceptada

3. Recomendación do 18 de marzo de 2011, dirixida ao Conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia, para que se inicie de oficio o expediente relativo ao proxecto de modificación dun tendido de liña eléctrica para evitar que atravese un ben cultural catalogado (Q/1164/10).

Como ten coñecemento, nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu no seu día solicitando a nosa intervención don J. L. R., co DNI nº … e con domicilio en …, tramitándose o expediente arriba indicado.

No seu escrito esencialmente indicábanos que é propietario do Pazo de … incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia como ben catalogado. Que no ano 2007 recibiu un requirimento da Consellería de Medio Rural para que permitise á empresa BEGASA a entrada para cortar o arborado que estivese nunha franxa a cada lado da liña eléctrica que atravesa -ilegalmente- os xardíns do pazo. Despois de distintas incidencias foi resolto o expediente 68/09-LU do Servizo de Vixilancia desa consellería sen contestar as alegacións do reclamante e sen esperar o informe da Consellería de Cultura.

Recibidos os correspondentes informes desa consellería e da de Cultura e Turismo, con data 8 de outubro de 2010 rematouse o expediente ditándose unha resolución, da que se lle xunta copia, que finaliza cunha **recomendación** á dita Consellería de Cultura e Turismo na que literalmente se di:

Que tal como se informa, considérase conveniente que a empresa que realizou a instalación eléctrica, ou a que no seu caso a poida substituír, presente un proxecto de modificación da LMT Vilalba-Cospeito ao seu paso polo Pazo de X, ben soterrando a liña ou ben afastándoa do ben inventariado, co fin de evitar o impacto sobre o ben protexido e alterar as árbores do seu xardín, previo informe da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Lugo para a súa autorización pola Consellería de Cultura e Turismo.

A tal fin, pola citada Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, xa que nos atopamos ante a protección dun ben coa consideración de BIC, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 8/1995, procederase a iniciar de oficio o correspondente expediente para a consecución do recomendado.

Resposta do Conselleiro de Medio Rural: pendente de resposta.

4. Suxestión do 18 de abril de 2011, dirixida ao Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, para que se flexibilicen os requisitos para ser electores e elixibles nos procesos electorais da Federación galega de Montaña, tendo en conta o previsto no Regulamento electoral da Federación española de Deportes de Montaña e Escalada (Q/2238/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. X. A. R. G., con domicilio en …, denunciando certas situacións disfuncionais no réxime electoral das federacións galegas, en particular, respecto da Federación Galega de Montaña.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, atopando, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103 da Constitución Española, co sometemento á lei e o dereito e ao principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, procedeu admiti-la mesma a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do dito precepto legal.

A tal fin, solicitouse dese órgano que, no prazo de quince días, nos facilitara información sobre o problema que motivou a queixa. En particular, a comprobación de se existen ou non nas disposicións reguladoras deste tipo de procesos, mecanismos que corrixan a situación denunciada no escrito, que segundo o recorrente, menoscaba de xeito evidente o dereito de participación e as garantías de representatividade deste tipo de eleccións. Do escrito parece derivarse, en efecto a conveniencia de axustar a configuración

dos censos ás específicas tipoloxías de certos deportes que non teñen un calendario ou tempada oficial de competición.

Por medio de escrito do día 21 de febreiro, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, procedeuse a realizar un requirimento de que o enviara con carácter urxente, e reiterouse o día 11 de marzo. Finalmente foi recibido o devandito informe, asinado polo Secretario Xeral para o Deporte.

Á vista do que se fai constar no informe, esta institución ten que facer as seguintes consideracións. Como sinala o informe, a propia norma contempla que poidan ser desenvolvidas outro tipo de actividades deportivas no caso das federacións en que as actividades deportivas máis relevantes non sexan competicións, polo que non se dá discriminación neste punto. A Orde do 8 de setembro de 2010 especifica que para os efectos do artigo 8º, entenderase como competición deportiva, ou actividade deportiva naquelas federacións en que as actividades deportivas máis relevantes non sexan actividades competitivas, as competicións ou actividades que estivesen reflectidas nos correspondentes calendarios deportivos aprobados pola asemblea xeral.

Sen embargo, neste punto relativo á condición de elector e elixible, existen algúns matices importantes. O Real decreto 1835/1991, de 20 de decembro, sobre Federaciones Deportivas Españolas y Registro de Asociaciones Deportivas establece no artigo 14 (modificado por R.D. 1252/1999, de 16 de xullo):

"1. La consideración de electores y elegibles para los órganos de gobierno y representación se reconoce a:

Los deportistas mayores de edad para ser elegibles y no menores de dieciséis años para ser electores, que tengan licencia en vigor, expedida a través de la Federación autonómica en la que esté inscrito su club, o excepcionalmente según su residencia habitual, para el caso de aquellas Federaciones en las que la expedición no se produzca por ese sistema, homologada por la Federación deportiva española, de acuerdo con lo previsto en el artículo 7, en el momento de la convocatoria de las elecciones, y la hayan

tenido durante la temporada deportiva anterior, siempre que hayan participado en competiciones y actividades ***de la respectiva modalidad deportiva de carácter oficial y ámbito estatal****, salvo causa de lesión, debidamente acreditada.* ***En aquellas modalidades donde no exista competición o actividad de dicho carácter, bastará la posesión de la licencia estatal y los requisitos de edad."***

Pola súa banda, a ORDEN ECI/3567/2007, de 4 de diciembre, pola que se regulan os procesos electorais nas federacións deportivas españolas sinala:

"Artículo 5. Electores y elegibles para la Asamblea General.

Tienen la consideración de electores y elegibles para los órganos de gobierno y representación por los distintos estamentos deportivos:

1. Deportistas: Los mayores de edad, para ser elegibles y no menores de dieciséis años, para ser electores, referidos en ambos casos a la fecha de celebración de las votaciones.

Deberán estar en posesión de licencia deportiva en vigor en el momento de la convocatoria expedida u homologada por la Federación deportiva española y haberla tenido, al menos, durante la temporada deportiva anterior, así como haber participado igualmente durante la temporada anterior en ***competiciones o actividades de su modalidad deportiva, que tuviesen carácter oficial y ámbito estatal****. A estos efectos, las competiciones internacionales oficiales de la federación o federaciones internacionales a las que la Federación deportiva española se encuentre adscrita, se equipararán a las competiciones oficiales de ámbito estatal.*

En aquellas modalidades deportivas ***donde no exista competición o actividad de carácter oficial y ámbito estatal****, para ser elector o elegible* ***bastará cumplir los requisitos de edad y poseer la licencia correspondiente*** *durante la temporada deportiva anterior, y manteniéndola en vigor en el momento de la convocatoria electoral, siempre que así se prevea expresamente en el correspondiente Reglamento Electoral."*

É dicir, a normativa estatal prevé que cando non exista un calendario de competicións ou actividades da respectiva modalidade deportiva que teña **carácter oficial e ámbito estatal**, bastará ter cumprida a idade e ter licenza federativa en vigor. A norma atinxe a todas as federacións deportivas españolas, integradas tamén polas federacións deportivas de ámbito autonómico. En cambio, a normativa autonómica ao referirse á participación "nas competicións ou actividades que estivesen reflectidas nos correspondentes calendarios deportivos aprobados pola asemblea xeral", impón, de feito, un criterio distinto e máis restritivo porque aínda que non estean sinaladas actividades de carácter oficial e ámbito estatal, habería que tomar parte en calquera das actividades programadas pola federación, o que se aparta do criterio xeral ao considerar que todas as actividades do calendario aprobado pola Federación Galega son actividades de carácter oficial aínda que a meirande parte delas teñen só ámbito autonómico. De feito, no eido desta concreta modalidade deportiva, son poucas as actividades anuais de carácter oficial e ámbito estatal polo que, en principio, é posible que noutras federacións autonómicas bastase a licenza.

Por outra banda, o Regulamento Electoral da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada, á que pertence a Federación Galega, foi ditado en 2008, aprobado pola Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes con data de 29 de febreiro de 2008, establece no seu artigo 16 a condición de electores e elixibles no ámbito das Federacións de montaña e escalada e sinala como único requisito, ademais da idade mínima, ter licenza federativa en vigor e na tempada anterior. O mesmo sucede na regulación das eleccións ás asembleas xerais doutras federacións, como a Federación Andaluza de Montañismo, no artigo 9 dos seu regulamento de réxime interno e en moitos outros estatutos doutras federacións autonómicas.

Non cabe compartir integramente o criterio de que *a expedición das licenzas deportivas ten o obxectivo de participar na actividade deportiva oficial, e non o obxectivo principal de ter un seguro ou o goce doutros beneficios.* En calquera caso, introducir un criterio restritivo da participación democrática dos distintos estamentos deportivos das federacións baixo a sospeita de que a mera tramitación da licenza pode ter como único obxectivo estar presente nos censos electorais, non semella axeitado. É evidente que en

determinadas modalidades deportivas a licenza non ten como obxectivo único participar en actividades deportivas oficiais, entre outros motivos porque non existe en todos os deportes a posibilidade de tomar parte neste tipo de actividades, como recoñece expresamente o Real Decreto 1835/1991, de 20 de decembro, sobre Federaciones Deportivas Españolas y Registro de Asociaciones Deportivas.

Non resulta ocioso traer aquí o propio sentido e alcance das licenzas nos deportes de montaña segundo informa a páxina web da Federación Española:

"Entrar a formar parte de la Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada supone integrarse en un proyecto común de defensa de nuestros deportes, formar parte de un colectivo de personas que aman la naturaleza y practican los deportes de montaña, que protegen y preservan el medio natural, y que defienden, al mismo tiempo, el libre acceso al mismo. Pertenecer a la federación representa beneficiarse de los servicios y actividades organizadas pensando en las necesidades de los practicantes de nuestros deportes.

La licencia federativa, además de identificarte como practicante de tu deporte favorito, supone la posibilidad de acceder a una serie de ventajas, la fundamental es la tranquilidad de saber que conlleva un seguro que cubre los riesgos normales de la práctica de los deportes de montaña. Pero no se queda ahí. La licencia te facilita un acceso a precios preferentes a tus pernoctaciones en los Refugios de Montaña de España y de la mayoría de los países de Europa gracias al Convenio de Reciprocidad.

Además de una serie de ventajas directas de la licencia: seguro de accidentes, precios especiales en los refugios de montaña españoles y del resto de Europa afiliados al Convenio de Reciprocidad, ventajas directas: 30 empresas asociadas con más de 35.000 productos y servicios en estos momentos, a precios tan especiales que en algunos casos como la suscripción a Oxígeno llegan a ofrecer un descuento de hasta un 49% (ver la web www.ventajasfedme.es), la posibilidad de optar a los premios anuales de la FEDME, que otorga a los deportistas federados por sus actividades más destacadas, estar federado es formar parte de un proyecto común de defensa de nuestros deportes y de un colectivo de

personas que aman la naturaleza y practica los deportes de montaña. Protegerás el medio natural y defenderás el libre acceso a él para todos los amantes de la montaña. Aunque puedes contribuir de muchas formas a estos objetivos, el mero hecho de obtener tu licencia supone que una parte de su coste se destinará a ellos.

Contribuirás a hacer posible la preparación de nuestros deportistas. Durante más de 10 años la FEDME, a través de la Escuela Española de Alta Montaña desarrolló los currículos formativos de los Técnicos Deportivos que ahora, una vez implantados en el sistema educativo forman la base de la formación reglada de técnicos profesionales de montaña. Actualmente la EEAM lidera la implantación de nuevas titulaciones para la formación de federados y de nuevos perfiles profesionales como árbitros y jueces, imprescindibles para el desarrollo de las competiciones de escalada, esquí de montaña y carreras por montaña y promoviendo trabajos de investigación para la mejora del rendimiento de nuestros deportistas.

Harás posible la detección de jóvenes valores y su acceso a los equipos españoles de alpinismo masculino y femenino y a las selecciones nacionales de las distintas modalidades que nos representan en las competiciones internacionales, cosa que es posible gracias al soporte que los federados a través de la FEDME dan a los 19 Centros de Tecnificación de las federaciones autonómicas. Actualmente los deportistas de la FEDME copan los primeros puestos en los campeonatos mundiales de escalada, esquí de montaña y carreras por montaña y se abren paso en nuevas modalidades como la paraescalada y las carreras verticales.

Facilitarás la continuidad en la extensión del sistema de senderos homologados en España, gracias a la ascendencia que como colectivo experto nos autoriza como asesores habituales de entidades particulares e instituciones.

Entre todos generamos conocimiento útil relacionado con los usos y acceso a la naturaleza que luego se incorpora a reglamentos, documentos de parques naturales, colaborando con las autoridades estatales y las Comunidades Autónomas. Como el recientemente terminado estudio "Impacto Medioambiental de las Carreras por Montaña"

o la organización de los "Seminarios Espacios Naturales Protegidos y deportes de Montaña".

Hacemos realidad el traslado a nuestra geografía de grades eventos internacionales como el Campeonato del Mundo de Escalada de Dificultad o la Copa del Mundo de Escalada en Bloque de este año o la organización de la gran manifestación internacional de senderismo "Eurorando 2011" en Andalucía, actividades de gran calado para el prestigio de nuestro colectivo y que tiene además repercusiones sociales y económicas importantes para sus lugares de realización.

A condición de federado outorga legalmente un amplo elenco de dereitos, do que non debería estar excluída a condición de elector e elixible xa que ao federarse para a mera práctica deportiva, en xeral, todos os deportistas membros dos distintos estamentos deportivos teñen a lexítima aspiración de poderen estar representados nos seus órganos de goberno e na xestión dos seus deportes. Tampouco cabe esquecer que, dependendo do número de licenzas de cada estamento e especialidade, se vai realizar a distribución do número de representantes elixibles pola circunscrición autonómica. É dicir, as licenzas teñen tamén eficacia no ámbito electoral dos organismos federativos, polo menos neste punto.

Por todo o cal, esta institución formúlalle a seguinte **suxestión**:

Que no ámbito da Federación Galega de Montaña se teña en conta que o propio Regulamento Electoral da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada, á que a FGM pertence, establece no seu artigo 16 a condición de electores e elixibles no ámbito das federacións de montaña e escalada, sinalando como único requisito, ademais da idade mínima para cada caso, ter licenza federativa en vigor e tela a tempada anterior. Non contempla o requisito doutras federacións de ter participado en competicións ou actividades de carácter oficial e ámbito estatal para tomar parte nos procesos electorais federativos. A tal fin, sería adecuado que a Orde do 8 de setembro de 2010 incluíra algunha previsión específica para esta modalidade deportiva, e outras análogas sen calendario oficial de probas ou actividades de ámbito estatal, de xeito que se axuste aos

requisitos xerais destas modalidades no senso apuntado e se amplíe o dereito de participación democrática dos deportistas federados nos órganos de representación e xestión destas entidades.

Resposta do Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: non aceptada

5. Recomendación de 30 de maio de 2011, dirixida ao alcalde-presidente do Concello da Coruña, para que as informacións subministradas pola empresa municipal de tranvías se realicen sen exclusión de ningunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma (Q/554/11).

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu D. B.G., solicitando a nosa intervención, en relación coa non utilización da lingua galega nas informacións de transporte público do Concello da Coruña.

Con data 1 de abril solicitouse a ese concello informe, que nos foi remitido o día 15 de abril, con entrada nesta institución o día 19 do mesmo mes.

Nel esencialmente recoñécese expresamente que pola empresa municipal de tranvías se utiliza deturpado o topónimo da cidade (*Tranvías de La Coruña, S.A.)* e igualmente aparece reflectida esa denominación nas pantallas informativas sobre frecuencias de chegada dos autobuses urbanos. Por outra banda, tamén se recoñece no escrito de informe que nos facilita ese Concello, que nos paneis verticais informativos sobre percorridos dos autobuses existentes nas paradas da cidade tampouco figura ningunha versión en galego da información que se lles está a facilitar aos cidadáns.

Continúa informando que respecto ao interior dos autobuses existe unha gravación na que se informa ás persoas usuarios do servizo do percorrido e das paradas non utilizando os nomes correctos de lugares con deturpación cara ao castelán. Remata o seu informe comunicando que tamén nos rótulos exterior dos autobuses existen topónimos que non se corresponden co establecido na normativa reguladora desta materia.

Á vista do anterior, de acordo co establecido no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei de Normalización Lingüística, en particular no seu artigo 2; na Lei 5/1988, de 21 de xullo de uso de galego como lingua oficial polas entidades locais e no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo, formulámoslle a ese Concello a seguinte **recomendación**:

Que por parte do Concello da Coruña se requira da empresa municipal de tranvías para que tanto nas informacións subministradas aos cidadáns como nos rótulos e gravacións dos medios materiais por ela utilizados, se realicen sen exclusión de ningunha das linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, procedendo así mesmo á utilización dos topónimos oficialmente recoñecidos.

Resposta do alcalde da Coruña: pendente

6. Suxestión de 3 de xuño de 2011, dirixida á Conselleira de Sanidade, para que as indicacións e rotulacións de espazos interiores dos centros e complexos hospitalarios adscritos ao Sergas se realicen nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma (Q/43/11).

Como vostede coñece iniciouse ante esta institución a queixa arriba referenciada en relación con discriminación do castelán nas sinalizacións do Complexo Hospitalario de Ourense.

Unha vez estudada a súa queixa, foi admitida, en referencia neste caso á vulneración dos artigos 3 da Constitución Española e 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional.

Con datas 18 de xaneiro, 3 de marzo e 11 de abril, solicitouse informe a esa Consellería, que foi enviado nestas últimas datas.

No dito informe nos sinalaba que *"en relación coa ausencia de sinalización en lingua castelá nas instalacións do Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU), infórmolle que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde teñen presente en todo momento os dereitos lingüísticos dos pacientes, asegurando, de conformidade co establecido no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado en setembro de 2004, que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar a súa lingua nas súas relacións coas institucións sanitarias. Sen prexuízo de que as indicacións existentes no CHOU están en lingua galega tamén é certo de que responden a indicacións de locais, consultas ou salas médicas con denominación igual ou similar as existentes en lingua castelá. Por outra parte o complexo hospitalario dispón dun servizo de información para facilitar o acceso ao lugar de atención sanitaria aos pacientes, que o reclamante podería solicitar libremente."*

Que examinados en primeiro lugar o escrito presentado polo recorrente en queixa, e tendo en conta así mesmo o informe remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, esta institución considera que por parte da administración non se está dando cumprimento ao establecido:

No artigo 3 da Constitución Española no que se prescribe: *"El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla"*. Continuando en el apartado 2º *"Las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas Comunidades Autónomas de acuerdo con sus Estatutos"* Y en el 3º *"La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de especial respecto y protección"*.

No artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que se sinala: *"A lingua propia de Galicia é o galego"*. Seguindo no apartado 2º *"que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar"*. Continuando no 3º dos seus apartados que *"os poderes públicos de Galicia, garantizarán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa e disporán dos medios necesarios para*

facilita-lo seu coñecemento". Rematando o citado artigo *"ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua"*.

No artigo 4 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, regúlase que: *"O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma"*. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado e no artigo 6 que *"os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma"*.

Polo anterior, esta institución, de conformidade co establecido nos artigos 29 e 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, aínda que coñecedora dos grandes esforzos que a administración está a realizar para cumprir coa normativa lexislativa vixente na presente materia, formulámoslle á Consellería de Sanidade a seguinte **suxestión**:

Que as indicacións e rotulación de espazos interiores dos centros e complexos hospitalarios adscritos ao Servizo Galego de Saúde se realicen nos dous idiomas oficiais desta Comunidade Autónoma, para así dar cumprimento ao establecido na Constitución Española, Estatuto de Autonomía de Galicia e Lei de Normalización Lingüística.

Resposta da Conselleira de Sanidade: aceptada

7. Recomendación do 13 de xullo de 2011, dirixida ao Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para que se introduzan determinadas modificacións nos procedementos de autorización de restauracións ou intervencións técnicas en bens eclesiásticos parroquiais (Q/2252/10).

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona M. C. A. R., con domicilio en …. No seu escrito de queixa denunciaba os prexuízos que se lle estaban a causar nos seus contratos privados de restauración de retablos, por encargo de determinadas parroquias, por parte da Dirección xeral do Patrimonio Cultural.

Con data do 3 de xaneiro, solicitouse da Consellería de Cultura un informe sobre os feitos recollidos no escrito de queixa que tivo entrada nesta institución con data de 21 de febreiro. Á vista do contido do informe, esta institución fixo determinadas consideracións, dirixidas á Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, que é o órgano que o emite, sendo asinado o devandito informe polo subdirector xeral, e con data de 7 de abril, solicitouse información complementaria á Subdirección xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Recibido o seu informe complementario, cómpre facer as seguintes consideracións:

Sobre o primeiro punto, hai que aclarar que no noso escrito de data do 7 de abril, referiámonos a que a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural **xerou unha situación xuridicamente dubidosa,** e en ningún caso se afirma que ó fora a propia resolución. Da lectura da resolución resulta que se fan unha serie de observacións técnicas relativas á desmontaxe do retablo e ao problema das humidades por capilaridade respecto das que se require unha corrección. No primeiro caso, solicítase que se xustifique a necesidade da desmontaxe. No segundo, que non se formulan solucións para evitar as humidades. A empresa de restauración interpreta, con fundamento no teor literal, que se trata de aspectos técnicos do proxecto que eles terían que emendar, achegando documentación complementaria. Con todo, sobre ambas as dúas cuestións técnicas fundaméntase a desestimación do proxecto e a resolución denegatoria da autorización.

As dúas cuestións principais da queixa atinxen, como ben sinala o informe desa Secretaria Xeral Técnica, á titularidade dos bens eclesiásticos e a condición de interesados no procedemento. Á marxe do informe que se solicitara da Asesoría Xurídica, segundo o escrito remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, esta institución considera que o procedemento administrativo respecto das solicitudes de autorización de intervencións en bens mobles de propiedade de entidades eclesiásticas tería que ser corrixido en dous aspectos:

1º.- Da lectura das actas das sesións do 14 de outubro de 2010 e de 20 de xaneiro de 2011 celebradas pola Subcomisión da Conservación de Patrimonio Histórico-Artístico da Igrexa de Galicia despréndese o erro de considerar aos Bispados como propietarios dos bens e aos párrocos como meros administradores e, no seu caso, promotores das obras. Este criterio erróneo sobre a titularidade dos bens eclesiásticos prodúcese tanto nos Delegados Diocesanos de Patrimonio Histórico-Artístico como nos técnicos da Consellería, pero non é desculpable nos primeiros, coñecedores da precisa normativa canónica sobre á propiedade eclesiástica. Como xa tivemos ocasión de comentar é completamente incorrecta a previsión de que *"a solicitude acompañará (...) a autorización do propietario, que para o caso de bens de titularidade eclesiástica será o Bispado correspondente como titular do ben. Neste senso, a autorización realizarase na calidade de propietario do ben, polo que a autorización será do responsable neste eido dentro da xerarquía da diocese, que á vista dos expedientes tramitados ata o de agora son as vicarías respectivas*". Aínda sorprende máis que na proposta de corrección do texto por parte dun dos Delegados Diocesanos de Arte Sacro, a emenda se faga só no senso de que as autorizacións poidan ser asinadas non só polo bispo senón polo delegado diocesano por entender que *"tamén representa ao Sr. Bispo e a súa sinatura nunha solicitude de restauración de bens mobles integrantes do Patrimonio Cultural de Galicia e propiedade da igrexa católica, ten tanto valor como a do propio vicario"*.

Vémonos na obriga de insistir nas consideracións sobre a natureza xurídica destes bens contidas no noso escrito do 7 de abril.

Toda persoa xurídica pública da Igrexa Católica ha de ter un administrador dos seus bens. O canon 1279 así o determina:

Canon 1279 § 1: La administración de los bienes eclesiásticos corresponde a quien de manera inmediata rige la persona a quien pertenecen esos bienes, si no determinan otra cosa el derecho particular, los estatutos o una costumbre legítima, y quedando a salvo el derecho del Ordinario a intervenir en caso de negligencia del administrador.

§ 2: Para la administración de los bienes de una persona jurídica pública que no tenga administradores propios por disposición del derecho, por escritura del fundación, o por sus estatutos, el Ordinario a quien está sujeta designará por un trienio a personas idóneas; este nombramiento es renovable.

As persoas xurídicas públicas han de prever nas súas normas constituíntes -a disposición do dereito, a escritura de fundación ou os seus estatutos- o nomeamento do administrador propio. O parágrafo primeiro outorga á persoa xurídica eclesiástica -no uso da súa lexítima autonomía-, a capacidade de administrar os seus bens. No caso das parroquias titulares dos bens, é sempre o párroco. Se na norma constituínte da persoa xurídica non se establecese o nomeamento do administrador, será o Ordinario de quen depende a persoa xurídica pública quen o designe por un período de tres anos. Como se ve, está prevista a separación de funcións das demais autoridades da persoa xurídica.

Ademais, toda persoa xurídica pública ha de ter un Consello de asuntos económicos, ou polo menos ha de designar dous conselleiros para asuntos económicos. A súa función é a de axudar ao administrador. As funcións do administrador de bens eclesiásticas pódense sintetizar en actuar como un dilixente pai de familia. O canon 1284 establece unha lista indicativa das súas funcións ao prescribir nos dous parágrafos primeiros que todos os administradores están obrigados a cumprir a súa función coa dilixencia dun bo pai de familia, e que deben polo tanto:

1º. Vixiar para que os bens encomendados ao seu coidado non perezan en modo ningún nin sufran dano, subscribindo tal fin, se fose necesario, contratos de seguro;

2º. Coidar de que a propiedade dos bens eclesiásticos se asegure polos modos civilmente válidos;

3º. Observar as normas canónicas e civís, as impostas polo fundador ou doador ou pola lexítima autoridade, e coidar sobre todo de que non sobreveña dano para a Igrexa por inobservancia das leis civís.

Cabería lexitimamente que, para garantir a correcta actuación dos párrocos e evitar posibles prexuízos ao patrimonio parroquial, fora imposta en certos casos a necesidade dunha autorización do Bispado ao configurar obras superiores a certa contía como un acto de administración extraordinaria. O Dereito Canónico distingue entre actos dun e outro tipo. Os administradores poden realizar validamente os actos de administración ordinaria, mentres que para os actos de administración extraordinaria teñen que pedir autorización escrita do Ordinario: o § 1 así o determina. Xa se ve que é importante a determinación dos actos de administración extraordinaria.

O canon 1281 § 2 establece que serán os estatutos os que indiquen que actos superan o fin e o modo da administración ordinaria; e se os estatutos non prescriben nada sobre esta cuestión, compete ao Bispo diocesano, oído o Consello de asuntos económicos, determinar cales son estes actos para as persoas que lle están sometidas. O propio Código de Dereito canónico refírese, por exemplo, a actuar en litixios civís como demandantes ou demandados. Nas xuntanzas da Subcomisión cabería quizá establecer certas cautelas sobre o importe do gasto que xustifiquen a súa consideración como actos de administración extraordinaria para os que se requiriría a autorización do Bispo. En cambio, non se ve clara a razón pola que o procedemento administrativo de autorización considera aconsellable que a solicitude incorpore o conforme ou visto e prace do proxecto por parte do Delegado Diocesano de Arte Sacra **no que se refire ao seu interese cultural,** cando é precisamente a protección dos valores culturais do ben o que xustifica a preceptiva autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural polo que a súa intervención de inspección e control técnico xa garante dabondo a preservación do devandito interese cultural.

2º.- Sobre a condición da empresa restauradora como interesada no procedemento. En primeiro lugar, cómpre subliñar os seguintes extremos:

As empresas ou técnicos restauradores titulados asinan un contrato ou acordo privado cos promotores, sometido ao bo fin da tramitación administrativa da autorización. É evidente que a empresa de restauración será titular dos dereitos e deberes derivados da relación contractual privada que manteña coa parroquia, pero non de dereitos derivados da resolución do procedemento de autorización. Sen embargo, a empresa ten un dereito que

pode resultar afectado pola decisión que se adopte no procedemento de autorización. Si a resolución do procedemento é denegatoria, o contrato non pode ser validamente celebrado.

Por outra banda, o artigo 31 da Lei do Procedemento Administrativo común refírese a distintos tipos de interesados, de xeito que a doutrina administrativa vén diferenciando entre o interesado "principal" que é aquel que intervén ou comparece no mesmo en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e se presenten no procedemento en tanto non haxa resolución definitiva. Este interese non ten que ser persoal nin directo e basta con que sexa lexítimo. Neste sentido, o interese lexítimo debe ser un interese propio, cualificado ou específico: STC 257/1988, de 22 decembro (RTC 1988, 257):

«[...] Este Tribunal ha precisado que la expresión "interés legítimo" utilizada en nuestra Norma fundamental, aun cuando sea un concepto diferente y más amplio que el de "interés directo", ha de entenderse referida a un interés en sentido propio, cualificado o específico. No cabe, pues, confundirlo con el interés genérico en la preservación de derechos que ostenta todo ente u órgano de naturaleza "política", cuya actividad está orientada a fines generales y que ha de cumplir y respetar la legalidad en su sentido más amplio y hacerla cumplir en su ámbito de atribuciones». [F. 3].

Por outra banda, o interese lexítimo inclúe o dun interese profesional (máis aló da lexitimación do Colexio profesional, individualmente considerado que tivera relación directa co obxecto do proceso administrativo.

STC 97/1991, de 9 maio (RTC 1991, 97):

«[...1 En cuanto al interés que el demandante de amparo dice tener en el proceso contencioso-administrativo en el que recayó, sin contradicción, la Sentencia impugnada, es evidente que el Arquitecto Técnico, autor del proyecto de la obra autorizada por la licencia que resultó anulada, es titular de un interés legítimo en el sentido del art. 24.1 CE. Este Tribunal ha declarado reiteradamente que la expresión "interés legítimo" es más amplia que la de "interés directo" de la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa

(STC 60/1982 [RTC 1982, 60]), y como tal resulta identificable con cualquier ventaja o utilidad jurídica derivada de la reparación pretendida (ATO 356/1989). Ahora bien, este Tribunal también ha precisado que la expresión "interés legítimo" utilizada en nuestra Norma fundamental, aun cuando sea un concepto diferente y más amplio que el de "interés directo" ha de entenderse referida a un interés en sentido propio, cualificado o especifico (STC 257/1988 [RTC 1988, 257]). En el presente caso, el recurrente en amparo es el Arquitecto Técnico autor del proyecto de obras cuya licencia se impugnó con base en la falta de competencia de los Arquitectos Técnicos para suscribir ese tipo de proyectos. Es claro que, en cuanto tal, es titular de un interés legítimo que es común e idéntico a toda la categoría profesional a la que pertenece lo que sin embargo no significa, en contra de lo que alega la representación del Colegio Oficial de Arquitectos de Extremadura, que su defensa corresponda exclusivamente al Colegio Profesional. Se trata de un interés profesional del que es titular el Colegio Oficial de Arquitectos Técnicos y también todo Arquitecto Técnico, individualmente considerado que haya tenido relación directa con el objeto del proceso administrativo, por lo que el hecho de que sean intereses comunes a una pluralidad o categoría de sujetos determinada no puede excluir la posibilidad de que los mismos se defiendan individualmente. En el recurso contencioso-administrativo del que trae causa el presente proceso de amparo, y en el cual no fue emplazado directa y personalmente el actor, su interés no era sólo el común a toda la categoría profesional sino también ostentaba el hoy recurrente un interés directo, propio, cualificado o específico, por ser el autor del proyecto de obras cuya licencia resultó anulada por su falta de competencia profesional para realizarlo; así, pues, de la resolución del recurso se podían derivar consecuencias negativas para sus intereses patrimoniales y profesionales. Y, en este sentido, es acertada la afirmación del Fiscal de que estaban en juego, no sólo sus honorarios profesionales por el proyecto firmado sino también su capacidad para intervenir en proyectos similares en el futuro. Por todo lo dicho hay que concluir que el hoy recurrente en amparo es titular de un interés legítimo, directo y personal que podía verse afectado por la decisión adoptada en un proceso contencioso-administrativo, del que no fue parte» [F. 2].

É dicir, e aínda que na sentenza citada se fai relación a un procedemento de amparo no que se impugna unha resolución recaída nun contencioso-administrativo, a

lexitimación é aplicable tamén ao procedemento administrativo del que este trae causa e o perfil do profesional autor do proxecto é homologable ao do técnico restaurador no suposto que nos ocupa. Por este motivo, sería aconsellable que neste tipo de procedementos de autorización, se fixera constar de xeito expreso a posibilidade do técnico restaurador ou da empresa presentadora do proxecto de presentarse no procedemento. Tería así unha máis clara xustificación desde o punto de vista xurídico a práctica seguida pola Subdirección Xeral de darlle comunicación á empresa restauradora do contido da resolución, que este órgano fundamenta "*nun intento de maior transparencia administrativa e eficacia técnica, na medida que, en moitos casos e sobre todo nos de denegación de autorización ou nos de autorización con condicións, a motivación fundaméntase en aspectos técnicos e o exacto coñecemento destes polos técnicos redactores permitirá unha maior seguridade na execución do proxecto nos termos autorizados ou axilizar a proposta pola empresa ao titular-promotor das actuacións necesarias para acadar a autorización".*

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **recomendación:**

- *Que á vista da errónea consideración sobre a titularidade dos bens eclesiásticos parroquiais como bens de propiedade diocesana en tódolos casos, se proceda no ámbito da Comisión Mixta e da Subcomisión da Conservación do Patrimonio Histórico-Artístico da Igrexa de Galicia a facer as modificacións pertinentes nos procedementos de autorización de restauracións ou intervencións técnicas nos devanditos bens, preservando os dereitos do seu lexítimo titular.*

- Que se considere a posibilidade de establecer outras cautelas ou garantías adicionais no seo da propia Subcomisión, cando poida entenderse que determinados actos ou obras propostas ou contratadas polos párrocos superan o fin e o modo da administración ordinaria. No ámbito das Igrexas particulares, serán os estatutos os que indiquen que actos superan o fin e o modo da administración ordinaria; e se os estatutos non prescriben nada sobre esta cuestión, compete ao Bispo diocesano, oído o Consello de

asuntos económicos, determinar cales son estes actos para as persoas que lle están sometidas.

- Que se considere a conveniencia de dar aos técnicos ou empresas autoras dos proxectos de restauración a posibilidade de presentarse nestes procedementos de autorización, para garantir os intereses lexítimos de todas as partes e reforzar tamén os controles administrativos sobre a súa intervención.

Resposta do Conselleiro de Cultura e Turismo: pendente de aclaración sobre se se acepta ou non expresamente e, no seu caso, das medidas para darlle efectividade.

8. Suxestión de 15 de novembro de 2011, dirixida ao alcalde-presidente do Concello da Coruña, para que adopte as medidas necesarias a fin de que as indicacións e rotulacións das rúas e vías públicas esteann redactadas nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma. (Q/1781/11).

Como vostede coñece iniciouse ante esta institución a queixa arriba referenciada en relación con sinalizacións só en castelán de moitas rúas do Concello da Coruña.

Unha vez estudada a queixa, foi admitida a trámite, por posible vulneración no cumprimento dos artigos 3 da Constitución Española e 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional.

Con data 26 de setembro do ano en curso, solicitouse informe a ese Concello, información que nos foi enviada o pasado día 31 de outubro.

No dito informe sinalábanos que O Concello da Coruña cumpría de forma escrupulosa os seus deberes legais de potenciar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida pública e tamén no rueiro garantíndose, ao tempo, a convivencia harmónica de ambas as dúas linguas cooficiais, e acompañaba documentación relativa a acordos plenarios adoptados nos últimos anos para a denominación de rúas, nos que se recolle a forma oficial galega en todos aqueles nomes nos

que a forma única non é xa nesta lingua. Da mesma maneira, nos rótulos de rúas o tipo de vía (rúa, praza, paseo, alameda, etc) recóllese en ambas as linguas, xunto co nome oficial da rúa. Continuaba informándonos que os nomes de rúas correspondentes a topónimos galegos (Arteixo, Ourense...) adaptáronse a estes e constatouse oficialmente pola Comisión Municipal de Honras e Distincións en sesión de 27 de novembro de 2008.

Concluía o seu escrito solicitando o arquivo da queixa en base a que o Concello da Coruña aplica a normativa vixente e promove a utilización do galego como lingua propia de Galicia no rueiro urbano.

Analizada toda a documentación por vostedes aportada, compróbase efectivamente que foron adaptadas as vías públicas con topónimos galegos á normativa vixente (artigo 10 da Lei 3/83, de 15 de xuño, de normalización lingüística).

Non obstante o anterior, o obxecto da queixa do interesado non era tanto a aprobación por parte da Comisión correspondente dese concello da denominación das rúas e prazas adaptada á lingua galega senón a sinalización desta información en lingua galega e castelán, dado que pola documentación gráfica que nos remitía a sinalización estaba unicamente en lingua castelán.

Examinados, en primeiro lugar o escrito presentado polo recorrente en queixa, e tendo en conta así mesmo o informe remitido por ese Concello, esta institución considera que por parte desa administración non se está dando axeitado cumprimento ao establecido:

No artigo 3 da Constitución Española no que se prescribe: *"El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla"*. Continuando no apartado 2º *"Las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas Comunidades Autónomas de acuerdo con sus Estatutos"* E no 3º *"La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de especial respecto y protección"*.

No artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que se sinala: *"A lingua propia de Galicia é o galego"*. Seguindo no apartado 2º *"que os idiomas galego e castelán*

son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar". Continuando no 3º dos seus apartados que *"os poderes públicos de Galicia, garantizarán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa e disporán dos medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento"*. Rematando o citado artigo *"ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua"*.

No artigo 4 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, regúlase que: *"O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma"*. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado e no artigo 6 que *"os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma"*.

Polo anterior, sen esquecer os delicados momentos de crise económica que estamos a padecer, esta institución, de conformidade co establecido nos artigos 29 e 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, aínda que coñecedora dos grandes esforzos que por ese Concello se están a realizar para cumprir coa normativa lexislativa vixente na presente materia, formula ao Concello da Coruña a seguinte **suxestión**:

Que polo Concello da Coruña se adopten as medidas necesarias para que as indicacións e rotulacións de rúas e vías públicas esteann redactadas nos dous idiomas oficiais desta Comunidade Autónoma, dando así cumprimento ao establecido na Constitución Española, Estatuto de Autonomía de Galicia e Lei de Normalización Lingüística, de tal forma que non prevaleza unha lingua sobre a outra salvagardando deste xeito a liberdade de opción lingüística dos cidadáns e impulsando o uso do galego en tódolos ámbitos da vida pública.

Resposta do alcalde da Coruña: aceptada.

9. Suxestión do 28 de novembro de 2011, dirixida ao Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para que se adopten as medidas necesarias para frea-lo proceso de destrución e o espolio de pezas do mosteiro de San Paio de Abeleda (Q/2097/11).

Como vostede sabe, nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención, D. X. C. F. R., actuando en nome e representación da *Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)*, e con enderezo a efectos de notificacións en ….

O seu escrito referíase ao estado ruinoso do mosteiro de san Paio de Abeleda e manifestaba que presentara recentemente un escrito ante o Concello de Castro Caldelas, en referencia a situación do ben, construído no século XII. Na resposta, o Concello de Castro Caldelas desentendese da situación do mosteiro, e renuncia a exercer a tutela do dito patrimonio, polo motivo de que non é propietario do dito Ben inventariado.

No detallado informe remitido por esa Consellería faise referencia a que se a situación na que se atopa o ben é de urxencia, de acordo co artigo 4 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, corresponderíalle actuar ao Concello:

Artigo 4. Colaboración das corporacións locais.

*1. Os concellos **teñen a obriga** de protexeren, defenderen, realzaren e daren a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.*

2. Correspóndelles, así mesmo, adoptar, en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens do patrimonio cultural de Galicia que visen o seu interese ameazado.

O informe remata manifestando que desde a Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, dependente da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural tentarase recoller datos actuais sobre o estado de conservación do ben e, de ser o caso,

realizar a tramitación administrativa que proceda para reclamar dos propietarios as accións necesarias para garantir a conservación do ben.

Á vista do que se fai constar no informe, cómpre ter en conta os principios da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia que sinala no seu artigo 3.1. que as persoas que observasen perigo de destrución ou deterioración dun ben integrante do patrimonio cultural de Galicia deberán, no menor tempo posible, poñelo en coñecemento da Administración competente, que comprobará o obxecto da denuncia e actuará conforme o disposto nesta lei. Asemade, calquera persoa física ou xurídica está lexitimada para actuar en defensa do patrimonio cultural de Galicia ante as administracións públicas da Comunidade Autónoma e os tribunais de xustiza, en cumprimento do previsto nesta lei. Por outra banda, o artigo 24 contempla a protección xeral de tódolos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, os cales gozarán das medidas de protección establecidas nesta lei, correspondendo aos poderes públicos a compulsión sobre os propietarios e posuidores dos bens para que cumpran a súa obriga de conservalos, coidalos e protexelos debidamente para aseguraren a súa integridade e evitaren a súa perda, destrución ou deterioración. É evidente que a Consellería non ten a obriga de a substituír a todos os propietarios nas súas responsabilidades, pero si a de instar ao cumprimento da norma, na medida do posible. Neste suposto, da información accesible ao público consta que o que fora un dos centros monásticos máis importantes da provincia de Ourense, atópase nun estado lamentable de abandono e ten sido vítima de un grave espolio de retablos e pezas arquitectónicas do claustro del mosteiro.

Por tal motivo, con data de hoxe, cómpre facer á Consellería de Cultura a seguinte **suxestión**:

Que procure acadarse coa maior urxencia toda a información necesaria e instar a intervención do Concello, no seu caso, para establecer as medidas imprescindibles que impidan que o proceso de espolio e destrución do mosteiro continúe, así como pescudar aos actuais propietarios do ben co fin de dar cumprimento ao disposto na lei reguladora do patrimonio cultural galego no que atinxe á súa obriga de conservalos, coidalos e

protexelos debidamente para aseguraren a súa integridade e evitaren a súa perda, destrución ou deterioración.

Resposta do Conselleiro de Cultura e Turismo: : pendente de resposta.

1.16. ÁREA DE SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

1.16.1. INTRODUCIÓN

A área de sociedade da información, que inclúe a temática da protección de datos, é un eixe clave da nosa estratexia institucional tendo en conta a necesidade de que Galicia alcance e manteña un perfil alto no mundo dixital. Só así aseguraremos elevadas cotas de desenvolvemento e benestar social.

O número de queixas é relativamente pequeno. Iso é produto, por unha banda, do carácter transversal desta materia, que dá lugar a que aspectos desta problemática sexan tratados en queixas doutras áreas. Así mesmo, e doutra banda, tamén é certo que a administración galega está facendo unha aposta clara polas novas tecnoloxías, cun ambicioso plan de banda larga en todo o territorio da comunidade, o que mingua en gran medida a conflitividade. Esta decisión debe ser valorada moi positivamente.

Para rematar, debemos mencionar, como ocorreu nos anos anteriores, que as actuacións desta área realízanse en conexión coas da área de menores, baixo a coordinación, en ambos casos, do Vicevaledor Primeiro, José Julio Fernández Rodríguez. É de sobra coñecida a especial perigosidade que as novas tecnoloxías representan para os menores, o que obriga a unha atenta supervisión neste sentido e, ata, a adoptar medidas proactivas.

1.16.2. QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número total de queixas recibidas en 2011 é de 22, coa seguinte especificación:

Iniciadas	22	
Admitidas	11	50 %
Non Admitidas	10	45 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	5 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	8	73 %
En trámite	3	27 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de Presentación	En trámite o 31-12-10	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite o 31-12-2011
2009	1	0	1	1	0
2010	1	0	1	1	0

1.16.3. QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Como dixemos máis arriba, das 11 queixas admitidas 8 xa se concluíron. 4 delas aludían a diversos problemas co servizo de Televisión Dixital Terrestre (TDT): en diversas zonas dos concellos de Boiro (Q/3/11), Cee (Q/606/11), Ponteceso (Q/699/11), e O Irixo (Q/1161/11).

Como xa comentamos non informe ordinario anterior, o fondo xurídico desta cuestión é de relativa complexidade pois o deslinde competencial fai que interveñan distintos entes públicos que pertencen a niveis territoriais diferentes. Tamén, a través da técnica da concesión, están presentes empresas privadas, que son as responsables directas da difusión do sinal. O aspecto referido ao servizo de telecomunicacións e ás obrigacións relativas aos servizos de interese xeral deste sector correspóndese con competencias do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do Estado central. A Xunta de Galicia

interveu decididamente no proceso a través do despregue dunha rede de extensión, que complementa a cobertura dos centros transmisores principais. Un convenio entre o citado Ministerio e a Xunta posibilitou estas actuacións. Tamén se implementa un plan de homoxeneización de coberturas.

Nestas queixas, o Valedor entendeu que a Administración autonómica, por medio da súa Secretaría Xeral de Medios, actuou de xeito adecuado. Os plans de implantación da TDT aplícanse de forma razoable, tendo en conta a dispersión da poboación e a orografía propias de Galicia. Ademais, a Xunta de Galicia colabora cos concellos para a extensión da cobertura da rede oficial, a través, por exemplo, de estacións transmisoras de TDT de baixa potencia en rede de frecuencia única (baseadas na disposición adicional duodécima do Real decreto estatal 944/2005). As medidas adoptadas parece que foron eficaces.

Outro caso que queremos destacar é o expediente Q/177/11, relativo ás dificultades que no ámbito rural de Lugo existen para acceder a Internet, especialmente no marco das explotacións gandeiras.

Polos datos solicitados nesta investigación, a Xunta de Galicia está realizando un importante esforzo para avanzar no acceso de calidade a Internet, a través, sobre todo, do "Plan Banda Larga de Galicia 2010-2013". Tamén se comprobou o compromiso das autoridades autonómicas para continuar coa mellora das infraestruturas de telecomunicacións nos próximos anos, en coherencia co carácter do citado plan, que se estende a catro anos.

Este asunto deu lugar a unha suxestión á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia para que no desenvolvemento da banda larga en Galicia se dea prioridade aos sectores que por razóns profesionais teñan necesidade dun acceso a Internet de calidade. A dita secretaría respondeu afirmativamente á referida suxestión. Así mesmo, indicou que nos despregues do mencionado Plan teranse en conta, ademais da demanda da poboación do rural de Galicia, a demanda do sector empresarial e do sector público.

Tamén se tramitou a queixa Q/801/11, relativa ao funcionamento de Radio Arzúa**.** O asunto referíase ao cumprimento do Regulamento Interno da Emisora de Radio Municipal de Arzúa no relativo ás reunións do consello de administración. Estas previsións tiñan unha aplicación laxa. Por iso, recomendamos ao concello que aplique a normativa reguladora da dita emisora e que o presidente do seu consello de administración reúna tal órgano unha vez cada trimestre, con base no artigo 12 de Regulamento Interno. A recomendación foi plenamente aceptada.

Así mesmo, en 2011 concluíu a tramitación do expediente Q/1471/10, no que un cidadán manifestaba a súa desconformidade coa esixencia, no oficina virtual da Consellería de Facenda, do uso do navegador Internet Explorer. Esta situación podería ser contraria ao principio de neutralidade tecnolóxica previsto, entre outros lugares, no artigo 4.i da Lei estatal 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Tras o estudo do caso, entendeuse que a Administración autonómica está aplicando de modo paulatino e adecuado as previsións desa Lei 11/2007, co obxectivo de alcanzar unha administración electrónica eficiente. Entre outras medidas estanse mellorando aspectos como a accesibilidade web, e foméntase o software libre e os códigos en fontes abertas. En concreto, desde a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta impleméntase un plan de mellora dos servizos que aborda a dependencia que aínda existe de sistemas informáticos antigos. Este proceso é necesariamente progresivo, vinculado á dispoñibilidade presupuestaria e ao tamaño da administración involucrada.

Á finalización do ano 2011 atopábanse en trámite 3 queixas. Unha referida ao cumprimento da normativa de protección de datos no Concello de Marín, outra sobre a instalación e recepción da TDT nunha zona do Concello de Valdoviño (dirixida contra devandito concello), e unha última sobre a cobertura da TDT nunha parroquia do Concello da Cañiza.

1.16.4. QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Con relación aos expedientes que se inadmitiron en 2011, en total 10, a principal causa da dita inadmisión foi o carácter privado que presentaba o problema trasladado ao Valedor. En efecto, de acordo cos artigos 1.3 e 13 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, as funcións do Valedor refírense ao control da actuación dos poderes públicos autonómicos, non dos privados. Así, nalgúns supostos, as queixas consistían no tratamento de datos persoais por parte de entidades privadas, polo que lle recomendamos acudir á Axencia Española de Protección de Datos; e noutros, o problema viña de certas publicacións ou tratamentos en medios de comunicación privados, ou da actuación de particulares en Internet, ou do comportamento dunha empresa. Outros expedientes inadmitíronse por non constar ningún indicio de actuación administrativa irregular. En concreto, con relación a unha noticia emitida na Televisión de Galicia, entendemos que a concreta selección dun feito noticiable e a ulterior redacción da noticia forman parte da liberdade de información do xornalista que a efectúa. Así as cousas, o tratamento dunha noticia concreta debe ser examinado desde a óptica da dimensión individual da liberdade de información, e non das esixencias constitucionais que se refiren á actividade xeral dun medio de comunicación público.

1.16.5. INFORME EXTRAORDINARIO SOBRE ADOLESCENTES E INTERNET EN GALICIA

Durante o 2011 viu a luz un importante informe extraordinario, cuxo título foi "Adolescentes e Internet en Galicia". A súa preparación e deseño produciuse a finais de 2010. A complexidade deste, e o rigor empregado para o seu finalización, levounos un elevado número de meses. Trátase dun estudo pioneiro na nosa Comunidade Autónoma, que esperemos que axude a enfrontarse aos crecentes problemas que existen nesa temática. Buscouse, polo tanto, ir máis aló do simplemente descritivo, asumindo unha intención proactiva e pedagóxica. Os datos obtidos debían permitir o deseño de novas estratexias de prevención e control, que se concretaron ao final do informe nunha serie de

recomendacións. O fin último é salvagardar o interese superior do menor, sumido nun cúmulo de riscos e ameazas coa irrupción das novas tecnoloxías.

Co obxectivo de obter, dunha forma científica e fiable, os datos necesarios para analizar en Galicia a problemática suscitada neste informe, o Valedor do Pobo encargou un estudo específico á Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da Universidade de Santiago de Compostela. Para iso contou co imprescindible apoio económico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O traballo de campo foi verdadeiramente ambicioso: entrevistouse a case 2500 alumnos de ensino secundario, tanto de centros públicos, como privados e concertados. Iso permitiu unha elevada fiabilidade, cunha marxe de erro en torno ao 2%.

Este traballo permitiu constatar o alto grao de implantación de Internet entre os adolescentes galegos, que coñecen e utilizan de xeito masivo a Rede. Así mesmo, sen caer no alarmismo, si se puido atopar un contexto relativamente preocupante. Os datos recolleitos permiten estimar que 1 de cada 4 adolescentes fai un uso perigoso de Internet e as redes sociais, que ata podía interpretarse como un elevado risco de dependencia.

Este informe ten tres grandes partes: unha primeira relativa á proposta introdutoria, situacional e teórica dos problemas analizados; unha segunda centrada no estudo estatístico, no que se abordan os obxectivos, a metodoloxía e os resultados (globais e por segmentos –xénero, ciclo, titularidade e provincia-); e a terceira parte versa sobre as conclusións e recomendacións.

As **conclusións** poderían resumirse do seguinte modo:

- Con relación aos hábitos: ao redor do 60% dos adolescentes galegos conéctase a Internet de xeito diario, e o 90% cunha frecuencia polo menos semanal; o 55% dispón de conexión no seu propio cuarto; case un 40% conéctase entre as 21 e 24 horas, e un 5.8% faino a partir de media noite.

- Respecto das motivacións: as máis importantes, por orde, son facer uso das redes sociais, descargar materiais (música, películas, vídeos, imaxes, etc.), buscar información relaciona cos estudos, e usar o correo electrónico.

- Desde o punto de vista das barreiras de acceso pódese concluír que os mozos que non utilizan Internet é porque non dispoñen de conexión, por falta de interese ou porque lle atribúen unha escasa utilidade.

- En canto ao nivel e demandas de información: case a metade considera que o seu nivel de información sobre a Rede é alto ou moi alto; así mesmo, destaca o interese polas redes sociais e polo que se refire á seguridade e á confidencialidade en Internet.

- 9 de cada 10 adolescentes galegos dispón no día de hoxe de correo electrónico, sendo habitual que o consulten dúas ou tres veces por semana.

- Tamén case 9 de cada 10 ten conta en Messenger.

- O 63% posúe web cam, e case un 20% úsaa de xeito habitual.

- Con relación ás redes sociais: o nivel de coñecemento é moi elevado; o 85% está rexistrado, polo menos, nunha rede social, case o 40% en dúas e un 20% en tres ou máis; a rede social de maior aceptación é Tuenti, seguida de Facebook; o 61% ten polo menos un contacto maior de vinte anos, e un 23% maior de trinta.

- O papel dos pais é de suma relevancia, aínda que parecen non asumilo: o 53% dos pais non controlan aos adolescentes á hora de usar Internet; 1 de cada 4 pais non usou nunca ou case nunca a Rede; o 78% dos menores entrevistados que utilizan Internet non tivo nunca ou case nunca unha discusión cos seus pais polo seu uso.

- Detectouse certo nivel de dependencia: un 19% presenta un risco elevado de dependencia ou un uso perigoso de Internet, e nun 6% mostra claros indicios desta.

- Para rematar, en canto á brecha dixital, reflíctese un alto nivel de implantación de Internet en Galicia no obxecto do estudo. Así, a Rede chega ao 88% dos fogares con alumnos en ensino secundario.

Á súa vez, as principais **recomendacións**, expostas agora de xeito esquemático, foron:

- *No ámbito doméstico:*

* as persoas implicadas na problemática teñen que recibir unha correcta preparación

* os pais non poden facer deixamento das súas funcións e deben aconsellar aos fillos sobre as posibilidades e perigos de Internet

* tamén os profesores, no exercicio das súas funcións ordinarias, ostentan unha elevada responsabilidade neste labor

* o uso de Internet por parte dos nenos debe realizarse acompañado dos pais ou profesores, tratando de imbuírlles un espírito crítico

* a web cam debe estar situada nun lugar común da casa, e o seu uso hai que restrinxilo

* o horario de conexión ten que adecuarse ao que minimice os riscos

* os menores deben de aprender a protexerse desde un punto de vista informático, polo que recibirán a formación adecuada para iso

* en ningún caso hai que dar datos privados a descoñecidos, de maneira que só se debe compartir información cos amigos que se coñezan de fóra da Rede

* descargar arquivos e programas que non se coñecen é perigoso polas aplicacións espía que poden conter

* ante unha situación de risco xa detectada, os pais deben actuar con celeridade e poñelo en coñecemento, se é preciso, das Forzas e Corpos de Seguridade

* resulta imprescindible usar un adecuado software de protección e establecer máximos grados de seguridade nos perfís de usuario

* é conveniente transmitir ao menor unha razoable percepción do risco, a necesidade de ser cauto e precavido, a importancia dun espírito crítico que lle permita progresivamente ser dono das súas propias decisións, e unha cultura de respecto e tolerancia que asegure a súa correcta socialización

* os menores teñen dereito á vida persoal no seu contexto familiar, polo que as restricións e limitacións deben ser proporcionadas á súa finalidade e á idade e madurez do menor0

* por iso, o control exercido polos pais debe ser razoable e proporcionado, en busca dun adecuado equilibrio entre os deberes parentais e a intimidade propia dun menor de idade

- *Con relación aos poderes públicos:*

* os poderes públicos competentes deben levar a cabo campañas de sensibilización e formación, dirixidas tanto aos menores como aos pais e educadores, para a promoción dun uso e consumo responsable de Internet

* os centros educativos teñen que converterse en interlocutores válidos para modular os coñecementos, actitudes e hábitos de uso de Internet entre os adolescentes

* o profesorado debe traballar neste tema co alumnado desde idade temperá, implementándose accións didácticas específicas que axuden a esta formación

* é necesario que o profesorado actúe de inmediato ante as situacións de risco activando un protocolo de intervención

* os poderes públicos teñen que patrocinar a realización de estudos avalados cientificamente para o seguimento destas cuestións, a análise das novas psicopatoloxías on line, e a elaboración de códigos de conduta específicos para a protección da mocidade e a infancia

* hai que realizar un esforzo de coordinación entre as diferentes institucións para gañar eficiencia nas iniciativas promovidas e optimización nos recursos empregados

- *Respecto das empresas que xestionan servizos dixitais:*

* as empresas teñen que sensibilizarse ante os perigosos retos que Internet supón para os menores, o que esixe axilidade na protección destes e establecemento de métodos para coñecer a idade do navegante, ademais de crear na Rede espazos específicos para a infancia e a adolescencia

* deben cumprir a lexislación de protección de datos, o que significa, entre outras cousas, que os datos persoais só poden tratarse para a finalidade para a que se solicitaron, que non se poden pedir máis datos que os estritamente necesarios para iso, e que os datos deben conservarse actualizados, garantindo a súa seguridade e segredo, cancelándoos cando xa non sexan necesarios

* impulsarán o desenvolvemento e a utilización de software de control de contidos de manexo sinxelo e efectivo

* hai que avanzar no etiquetado de webs para que o navegador detecte de xeito inmediato as franxas de idade ás que se destina tal web

* o acceso aos perfís de menores de idade debe ser restrinxido por defecto

* en fin, debe existir unha plena colaboración e asistencia ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado

Esperemos, en suma, que todas estas recomendacións axuden a deseñar novas estratexias de prevención e control, e contribúan á paulatina superación desta problemática.

1.16.6. RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.

1. Suxestión do 7 de marzo de 2011, dirixida á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Consellería da Presidencia, da Xunta de Galicia, para que no desenvolvemento da banda ancha se prioricen os sectores que por razóns profesionais teñan necesidades nese sentido. (Q/177/11).

O escrito presentado por D. P. L. ante esta institución deu lugar ao expediente O.11.Q/177/11, que de acordo co artigo 18 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, foi admitido a trámite.

A dita queixa refírese aos problemas que existen no ámbito rural de Lugo para acceder a Internet, especialmente no ámbito das explotacións gandeiras. Isto provocaba disfuncións na súa actividade profesional.

Esta institución coñece o importante esforzo que está a realizar a Xunta de Galicia para achegar a todo o territorio da nosa Comunidade Autónoma un acceso de calidade a Internet, a través do Plan Banda Larga de Galicia 2010-2013, e os importantes progresos que xa se fixeron na provincia de Lugo. Tamén nos consta o compromiso das autoridades autonómicas para continuar coa mellora das infraestruturas de telecomunicacións nos próximos anos, en coherencia co carácter do citado plan, que se estende a catro anos.

Tamén debe terse en conta que o artigo 9.2 da Constitución española obriga aos poderes públicos a que actúen para lograr a igualdade material entre os cidadáns.

Por todo iso, con base no artigo 32.1 da Lei 6/1984, o Valedor do Pobo emite a seguinte **suxestión:**

No desenvolvemento da banda larga en Galicia débense priorizar os sectores que por razóns profesionais teñan necesidades dun acceso a Internet de calidade.

Resposta da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Consellería da Presidencia, da Xunta de Galicia: aceptada.

2. Recomendación do 18 de xullo de 2011, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa para que se aplique a normativa reguladora da emisora de radio municipal. (Q/801/11).

O escrito presentado por X. P. V. ante esta institución deu lugar ao expediente R.11.Q/801/11, que foi admitido a trámite ao entender que cumpría cos requisitos do artigo 18 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo.

O asunto refírese ao cumprimento do Regulamento interno da Emisora de Radio Municipal de Arzúa no relativo ás reunións do consello de administración.

Tras o estudo do caso, e a análise dos informes presentados, entendemos que as ditas previsións regulamentarias teñen unha aplicación laxa.

Polo tanto, e con base no artigo 32.1 da citada Lei 6/1984, emítese a seguinte **recomendación:**

Recomendamos ao Concello de Arzúa que aplique a normativa reguladora da emisora de radio municipal e que o presidente do seu consello de administración reúna o dito órgano unha vez cada trimestre con base no artigo 12 de Regulamento Interno da Emisora.

Resposta do Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa: aceptada.

3. Suxestión do 20 de xullo de 2011, dirixida á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Marín para que se aplique a normativa de protección de datos no acceso de terceiros. (Q/851/11).

O escrito presentado por M. G. P. ante esta institución deu lugar ao expediente R.11.Q/851/11, que foi admitido a trámite e deu lugar a unha investigación por parte do

Valedor do Pobo. Nesta examinouse o cumprimento da normativa de protección de datos por parte do Concello de Marín.

Desde un punto de vista formal, o dito concello cumpre coas esixencias que sinala a normativa específica de protección de datos, en especial no que se refire á existencia dunha disposición de creación e supresión de ficheiros, notificada á Axencia Española de Protección de Datos, cláusulas informativas nos diversos formularios, e a aprobación dun documento de seguridade. A mencionada Axencia parece que considerou correcto o documento de seguridade.

Non obstante, non quedou resolta a posibilidade de acceso de terceiros ás bases de datos, e as condicións deste, polo que, con base no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, consideramos oportuno facer a seguinte **suxestión** ao Concello de Marín:

Suxerimos ao Concello de Marín que preste especial atención ao acceso de terceiros as súas bases de datos e aplique a normativa existente neste ámbito.

Resposta da Alcaldesa-Presidenta do Concello de Marín: pendente.

1.17. QUEIXAS DE OFICIO

Área de emprego público e interior.

A Q/183/11 iniciouse como consecuencia da noticia contida nos diarios *La Voz de Galicia*, *El País, El Correo Gallego, La Opinión, ABC* e outros, do 27 de xaneiro de 2011, na que se sinala que opositores da Xunta serán avaliados polos seus propios xefes. Nas noticias indícase tamén que os procesos selectivos da Xunta seguen xerando irregularidades que poñen en cuestión a súa limpeza. Ás manobras "que salpicaron ata a cargos do Goberno súmase o caso que onte anunciou o PSdeG de 14 opositores que xa traballan na Xunta como interinos e que compiten por 15 prazas de titulados superiores ambientais, onde serán xulgados por tribunais nos que están os seus xefes directivos", sinálase. Un deputado socialista obxectou que a Xunta vulnera a Lei de Procedemento Administrativo nunha proba con máis de 700 aspirantes. "Das 10 persoas que compoñen o tribunal, polo menos 6 delas teñen relación directa con eses interinos, que á súa vez son opositores", indícase. Segundo a información, o Goberno replica que ese proceso foi convocado polo (Goberno) bipartito o 23 de febreiro de 2009. En canto ao fondo do asunto, esgrime que, segundo a LRXAP-PAC, "o feito de que algún dos membros do tribunal de selección sexa superior xerárquico na estrutura administrativa dalgunha das persoas que participan na oposición non supón a concorrencia da causa de abstención". Función Pública asume que algún membro do tribunal foi obxecto de recusación, pero desestimouno con "argumentos idénticos" aos que usou o anterior conselleiro ante unha recusación similar nunha proba de 2008.

Do informe da Consellería de Facenda (concretamente da Dirección Xeral de Función Pública) dedúcese que respecto da alegación fundamental, o nomeamento dos membros titulares e suplentes dos tribunais, non resulta aplicable a norma citada de abstención ou recusación, de acordo co criterio do órgano convocante, da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta e da xurisprudencia alegada, o que constatamos como correcto.

A queixa Q/1462/11 iniciouse de oficio debido á noticia aparecida en *La Voz de Galicia* na que se relataba que unha participante nunha oposición de promoción interna para administrativos tivo ao seu cargo os exames durante varios días, o que comprobou outra opositora que ao solicitar unha revisión viu como facilitaba a súa proba unha das súas

competidoras, polo que presentou unha reclamación. Á anterior uniuse unha queixa da sección sindical municipal de CCOO (Q/1919/11) sobre irregularidades en diferentes procesos selectivos, e outras moitas de supostos prexudicados por esas irregularidades. Outra manifestaba que as actuacións dun funcionario e alcalde pedáneo dunha parroquia de Vigo poderían ser delito e ter relación coas irregularidades denunciadas respecto das oposicións en Vigo, polo que foi remitida ao Ministerio Fiscal.

Ao noso requirimento de informe respecto da queixa de oficio o concello respondeu en primeiro termo que lle sorprendía a forma de actuar do Valedor do Pobo iniciando un expediente de oficio exclusivamente por unha información de prensa, sen realizar unha consulta previa ao concello ... e sen producirse ningunha denuncia de particular.Vímonos obrigados a informalo de que as actuacións de oficio atópanse habilitadas pola Lei do Valedor do Pobo, que normalmente se inician por noticias de prensa, e que son comúns nesta institución e nas análogas (Defensor del Pueblo ...), sen que se prevexan consultas previas, como pretende o concello. Ademais, no caso do Valedor do Pobo as iniciativas de oficio son demandadas en sede parlamentaria polos diferentes Grupos Parlamentarios. Son numerosas as iniciativas deste tipo que se promoveron para a comprobación do respecto dos dereitos constitucionais e da legalidade común, como se pode comprobar nos diferentes Informes Anuais, e moitas delas foron dirixidas ao Concello de Vigo, que en ningún caso fixo manifestacións deste tipo con anterioridade.

Respecto ao fondo do asunto o Concello sinalou que iniciaría un expediente de información reservada, pero sen responder ás preguntas sobre a situación de suposta irregularidade. Ademais, da expresión referida (información reservada) parecía deducirse que o concello non daría conta do actuado. Así as cousas, requirímoslle informe complementario, que o concello emitiu, pero de novo sen responder ás cuestións requiridas. Non achegou os detalles do comprobado en relación cos aspectos requiridos, que foron obxecto de análise nesa información reservada; en calquera caso, coñecemos que do actuado pola Asesoría Xurídica derivouse a suspensión cautelar do nomeamento dos funcionarios. Engadíase que se daría conta das actuacións que se adoptasen polos órganos

municipais competentes; con todo, ao cabo dun tempo non se tiña esa información, polo que a requirimos.

Como resposta esta vez o concello enviounos un detallado informe da Asesoría Xurídica que confirmou a existencia de irregularidades, aínda que entendía que se podían emendar no caso de que o tribunal dese unha explicación adecuada; en caso contrario deberíase iniciar un procedemento de revisión de oficio ou de lesividade, dependendo do grao da irregularidade constatada finalmente. Engadíase que o órgano de selección estaba examinando e executando as indicacións da asesoría e que se daría conta do resultado; con todo, ao cabo dun tempo considerable aínda non recibimos a información comprometida, polo que ao peche do Informe vémonos na obrigación de requirir de novo ao Concello de Vigo que aclare definitivamente o resolto sobre o asunto obxecto de queixa. Ademais, ao observar que o informe da asesoría xurídica se refire só ao sucedido no caso descrito na noticia e ás súas posibles consecuencias, tamén non vemos na obrigación de indicar ao concello que entendemos que a súa investigación debe transcender do detalle puntual que se trata, que parece ser indicio dun mala *praxe* que pode afectar a outras persoas e circunstancias, polo que o que se precisa é unha investigación pormenorizada das circunstancias xerais que concorreron na oposición, en especial se participaron membros do tribunal que debesen absterse; se determinados opositores participaron no proceso como colaboradores formais ou informais no proceso selectivo, nese caso deberían advertir da súa obrigación de non participación; ou se puideron ter acceso ao material propio da oposición debido á súa proximidade a membros do tribunal, especialmente aos que custodiaban as preguntas e manipularon os exames.

En conclusión, a pesar do tempo transcorrido desde o inicio da queixa de oficio Q/1462/11, en xullo de 2011, o certo é que o Concello de Vigo aínda non aclarou todas as circunstancias irregulares da oposición e sobre todo non deu conta das medidas adoptadas de forma definitiva en relación coas irregularidades xa confirmadas e coas que poidan deducirse dunha máis ampla investigación, que se considera conveniente.

Área de medio ambiente.

Sobre os prexuízos ocasionados polos botellóns na Coruña iniciáronse dúas queixas de oficio. A Q/545/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Opinión* o mércores 23 de marzo na que se facía referencia aos botellóns que se celebran na praza da Colexiata da Coruña. Concluíuse despois de solucionado o problema, posto que o 24 de marzo ese mesmo diario indicou que o Concello prohibiría o botellón no lugar.

A Q/2082/11 iniciouse como consecuencia das noticias aparecidas en diferentes diarios en relación cos problemas derivados do botellón na Coruña. Nas noticias sinalábase, entre outras cousas, que os veciños piden o fin do botellón, e que a gota volveu colmar un vaso que sempre está a rebordar. O luns os operarios do Concello instalaban as novas agullas do reloxo floral dos xardíns de Méndez Núñez. Foran esnaquizadas a finais de setembro nunha noite de esmorga. Onte, tras vivir o seu primeiro botellón nesta nova etapa, as agullas apareceron novamente destrozadas. Uns vándalos aproveitaron a noite para retorcelas, inutilizando o reloxo máis famoso da cidade. As caras dos varredores, que á primeira hora se afanaban para recoller quilos e quilos de lixo, eran un poema. "Outra vez, outra vez o esnaquizaron", dicía un deles resignado. As reaccións entre os representantes veciñais non se fixeron esperar. Todas coinciden nun punto: a esixencia da prohibición total do botellón. Non só nos xardíns de Méndez Núñez, o punto neurálxico na actualidade, senón en toda a cidade. A presidenta da Federación de Asociacións de Veciños da Coruña e Area Metropolitana é tallante: "Queremos que se prohiba o botellón en toda a cidade. Non vale de nada incluír os xardíns dentro das zonas de especial protección se logo os rapaces se van ir beber a outra parte. Hai que prohibilo totalmente porque esta situación non pode seguir así". Nunha liña similar maniféstase o portavoz do outro conglomerado de asociacións da cidade, a Federación Salvador de Madariaga. Pide ao goberno municipal "medidas drásticas para terminar dunha vez por todas co botellón, prohibindo totalmente o consumo de alcol na rúa". Recorda que, no seu momento, postulouse contra a normativa que estableceu as zonas de especial protección porque consideraba que o problema non é só de ruídos e veciños. Agora reclama que non se use como arma política: "Todos os políticos teñen que facer un pacto para erradicar xa esta

secuela social". Outro que apela ao consenso político é ..., que sostén que "non existe ningunha razón para seguir tolerando isto, excepto o voto xuvenil. Se todos os partidos se únen non existirá ese problema". Considera que "unha sociedade que permite que os seus mozos beban na rúa deste xeito e fagan estas desfeitas é unha sociedade retrógrada". De momento, o goberno local, por boca do edil de Seguridade, aposta por aumentar a vixilancia e dar alternativas aos mozos. O concelleiro reiterou onte que convocará aos grupos da oposición para pechar un acordo "de mínimos" e lamentouse do custo económico das desfeitas, subliñando que a última reparación do reloxo custou 700 euros: "É un problema de todos os cidadáns, non do Concello". Tamén se sinala que os estragos non son algo inédito no botellón, como tampouco as pelexas e enfrontamentos coa policía local, e xera constantes tensións entre os que o practican e os veciños.

Ao requirir informe o concello sinalou, basicamente, que desde a aprobación da ordenanza de ocio nocturno se estableceu un dispositivo policial extraordinario para a vixilancia deste tipo de ocio, que inclúe as chamadas zonas de especial protección, nas que non se permite o consumo na vía pública, e un dispositivo móbil noutras zonas, entre elas os xardíns de Méndez Núñez. Despois o dispositivo trasladase á zona de ocio nocturno, especialmente Juan Canalejo e outras. Entre as actuacións deste dispositivo cítanse algunhas denuncias por infraccións en materia de limpeza ou convivencia, identificacións de menores consumindo alcohol, e denuncias por ruídos provocados por persoas ou vehículos. Como conclusión indícase que con esas actuacións se observa que se teñen reducido os comportamentos incívicos.

Á vista do anterior deduciuse que non se aclaraban todos os aspectos da queixa de oficio. Non se indicaba se, á vista do reiterado dos danos, da petición das asociacións de veciños e da propia apreciación municipal -o concelleiro recoñece que o botellón xera constantes tensións entre os que o practican e os veciños-, se adoptarán medidas para que os danos e prexuízos se eviten ou polo menos se controlen de forma adecuada. Ademais, sen prexuízo doutro tipo de consideracións (saúde, orde pública, etc.), deberan terse aclarado as medidas para evitar as consecuencias que os *botellóns* teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polas desordes e o ruído. Por iso nos diriximos de novo ao concello e requirímoslle aclaración sobre os extremos mencionados, en concreto sobre as

medidas aplicadas ou previstas para facer cumprir a normativa relativa a ruídos, protección de menores, protección do patrimonio e outros ámbitos afectados pola celebración periódica de botellóns.

O concello respondeu a este requirimento de información complementaria sinalando que "as ditas medidas xa están especificadas no informe anterior desta dirección de data 30 de outubro de 2011"; polo tanto, o concello manifesta que non ten máis que engadir.

De todo o anterior conclúese que o Concello da Coruña entende que as medidas que vén aplicando para combater os efectos máis prexudiciais do botellón son suficientes. Con todo, respecto do ruído e demais molestias, os veciños non comparten esa percepción, posto que nas noticias se reflicte unha opinión común en contra do consentimento dos botellóns molestos, como serían os que referimos. E respecto dos danos asociados aos botellóns por actos vandálicos contra o patrimonio público, o concello parece entender tamén que non é necesario aplicar mais medidas que as que xa se veñen dando, o que contrasta coa evidencia que se reflicte na noticia, na que se indica que se produciron repetidos e moi significativos danos nesa zona, recoñecidos polo propio ente local -sinalou que os estragos non son algo inédito no botellón-, sen que nin tan sequera dera conta das medidas adoptadas ao respecto deses concretos danos para promover a sanción dos seus autores, no seu caso, e para evitar que se repitan coa asiduidade con que se veñen dando. Así pois, conclúese que a resposta municipal non resultou satisfactoria, polas carencias subliñadas ata agora.

A Q/2116/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Voz de Galicia* o xoves 20 de outubro de 2011 en relación coa inseguridade e alborotos na praza de Pontevedra, na Coruña. Na noticia sinálase esencialmente que os pais dos nenos que asisten ao colexio *Eusebio da Garda*, así como os que acompañan aos seus fillos á Praza Pontevedra, empezan a queixarse pola inseguridade da zona, xa que dende hai un tempo instalouse un grupo de persoas que se dedican a inxerir bebidas alcohólicas a plena luz do día. Unha avoa que vai recoller ao seu neto de 4 anos, defíneo como "un botellón consentido". Aínda que a Policía Local está presente tanto na entrada como na saída dos

nenos do centro educativo, os axentes só poden identificalos. Unha nai di que ademais destas molestias hai persoas que se drogan detrás da estatua que está situada entre o instituto e o propio colexio. Por ese motivo, moitos pais, indignados, non perden de vista aos nenos. Desde a dirección do colexio confirman que nunca houbo incidencia ningunha, pero os pais non se fían. E aos nenos dálles medo. Dúas nais comentan que a medida que pasa o día o grupo vai aumentando e nos fins de semana xúntanselles os que fan botellón. "Pelexan entre eles e non é a primeira vez que vén o 061", asegura outra persoa. Segundo outra nai, algunhas persoas usan as zonas axardinadas para facer as súas necesidades. A asociación de veciños do Ensanche pediu onte ao concello maior seguridade e vixilancia. Din que no lugar onde xogan moitos nenos pequenos ultimamente "persoas en estado de embriaguez se acehgan a eles para pedirlles a merenda".

Polo exposto requirimos informe ao Concello da Coruña sobre a comprobación do sinalado; sobre as medidas adoptadas ou que se adoptarán para garantir a adecuada convivencia, a seguridade e a salubridade no espazo público indicado, que é frecuentado por nenos; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. O concello respondeu, basicamente, que o consumo de alcohol na vía pública non é infracción, que o consumo de estupefacientes é competencia da Policía Nacional, que se vixía a entrada e saída dos nenos do colexio, e que os responsables do colexio indican que non hai incidencias -en relación coa actividade escolar-. Con todo, do exame do informe aludido deduciuse que non se aclaraban todos os aspectos da queixa de oficio. Non se trataba de determinar incidencias exclusivamente relacionadas coa entrada e saída do colexio, senón en xeral o adecuado uso da vía pública e o respecto do ordenamento en xeral e en especial das normas de convivencia cidadá. É de subliñar que non se aclaraban as actuacións para impedir o consumo de estupefacientes na vía pública, que é un dos principais motivos da queixa cidadá. O informe municipal sinalaba que a cuestión é responsabilidade da Policía Nacional, pero tal circunstancia non impediría unha intervención eficaz da Policía Local, que pode comprobar polos seus medios eses feitos, denuncialos e remitir as denuncias a quen correspondan, ou ben avisar á Policía Nacional para que realice tal labor, de tal maneira que en calquera caso se evite este xustificado motivo de queixa, o consumo de estupefacientes nun lugar público no que concorren habitualmente moitos nenos e cidadáns. O informe sinalaba que a Policía Local

non detectou tal cousa, pero non se dicía se os axentes alí presentes o vixiaban, o denunciaban, no seu caso, ou daban conta á Policía Nacional para que o comprobara e corrixira. A mención que se fai a través da noticia que da orixe á queixa de oficio e esta mesma resultan suficientes motivos para promover as comprobacións e correccións que correspondan, de tal forma que no seu caso se evite no posible a reiteración deste consumo ilegal, posiblemente relacionado cos problemas que se mencionan. Polo demais, tamén resultaba preciso que se especificaran as medidas adoptadas con base no adecuado mantemento das normas de convivencia na vía pública, de acordo co previsto no ordenamento en xeral e en particular nas ordenanzas municipais, en especial a ordenanza local para regular a convivencia e o ocio no espazo público da cidade da Coruña.

Pola anterior razón dirixímonos de novo ao concello para que dera conta dese labor, polo menos de cara ao futuro, pero a resposta municipal limitouse a sinalar que se remitía ao xa informado. Á vista diso solicitamos a colaboración da Delegación do Goberno en Galicia, en concreto para que achegara informe sobre as medidas adoptadas para comprobar e corrixir, de ser o caso, o consumo de estupefacientes na vía pública, e, en relación con iso, para a preservación da seguridade cidadá nese espazo público da cidade da Coruña. Ao peche do informe atopámonos á espera de recibir a colaboración demandada.

A Q/1669/11 iniciouse como consecuencia das noticias aparecidas no diario *La Región* os días 18, 19 e 24 de xullo de 2011 en relación prexuízos ocasionados polo denominado *botellón* en Ourense. Nas referidas noticias sinálase esencialmente que a práctica do botellón na Alameda rematou a madrugada do domingo (17) cunha pelexa, engadíndose que parte dos mozos que participan nel eran menores. "A proliferación de botellóns desespera por momentos aos veciños das zonas onde se producen, mentres ningún corpo de seguridade nin o concello recoñecen ter responsabilidade no asunto e polo tanto eluden as medidas e intervencións para poñerlle fin". Tamén se indica que "o botellón estraga o mobiliario da Alameda" e que "o consumo de alcohol na rúa se repite cada fin de semana ante a desidia das administracións". Relaciónase a práctica do botellón na zona co vandalismo que sofre. Ao parecer o botellón da Alameda é o mais numeroso, pero sófrese tamén noutros 17 puntos da cidade. Na última das noticias indícase que o

botellón é unha constante en todos os puntos da xeografía española e Ourense non é unha excepción, sobre todo coa chegada do bo tempo. Ata tres prazas e parques e unha vintena de rúas sofren nas noites de fin de semana a presenza de decenas de mozos que se reúnen para beber. Entre as razóns desta práctica os mozos deféndense alegando o alto prezo das copas nos locais e a mala calidade da bebida, ao servir alcohol adulterado a prezo de boas marcas. A pesar das boas intencións iniciais a inxestión de alcohol fai que moitos perdan o control do seus actos e danen diversos elementos do mobiliario urbano. E o que ocorre na Alameda, onde se produce o encontro da maior asiduidade, sempre de xoves a domingo. É esta área a que xera máis conflito por estar no centro e próxima a rúas residenciais, pero todas elas obrigan a gastar unha media de 1.110 euros cada semana por danos. Os veciños da zona quéixanse do ruído a altas horas da madrugada e tamén dos regalos desagradables que deixan os alí reunidos, como vómitos ou incluso excrementos. "O cheiro polas mañás é insoportable", declara unha das veciñas afectadas. Do mesmo xeito, as molestias veñen porque a policía non intervén nesta situación, xa que só actúa no caso de conflitos. Os veciños non son os únicos que se queixan, pois os comerciantes do mercado tiveron que presenciar unha forte pelexa na madrugada do fin de semana pasado, cando iniciaban a súa tarefa. Con esta actitude "estase agredindo ás persoas que alí traballan", asegura o presidente da Praza. Despois das campañas para potenciar os seus produtos quéixase porque "se está xogando co traballo da xente" e estase valorando a opción de pedir ao concello o acordoamento da zona. O botellón xera unha media de seis toneladas de residuos as fins de semana. Este lixo queda acumulado nos espazos públicos e os grupos de limpeza teñen que recollela a primeira hora da mañá.

En relación co tratamento legal do problema que se reflicte nas noticias é de subliñar que a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, e o Decreto 320/2002, de ordenanzas-tipo sobre protección contra a contaminación acústica, establecen a regulación positiva e as habilitacións suficientes para abordalo, tal e como se expón detalladamente nos Informes desta institución dende hai tempo. A Lei do ruído habilita aos concellos para que a través das súas ordenanzas aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación acústica ocasionada polos usuarios da vía pública (*as ordenanzas locais poderán tipificar infraccións en relación con: a) o ruído procedente de usuarios da vía pública en*

determinadas circunstancias; artigo 28.5); e para o caso de ausencia de ordenanza específica resulta aplicable de forma directa o citado decreto autonómico, o 320/2002, que establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *será sancionado conforme o establecido neste regulamento* (artigo 26.5). Esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais, ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles. A todo iso hai que engadir a necesidade de dar aplicación directa aos dereitos fundamentais afectados, como o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario, así como a numerosa xurisprudencia que obriga a corrixir os graves prexuízos deste fenómeno, por exemplo, a sentenza do 29 de outubro de 2001, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (sede de Sevilla), que obriga a un concello a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos.

Polo mesmo motivo da anterior queixa de oficio, os botellóns de Ourense, coñeceuse unha queixa promovida por un cidadán desa localidade (Q/2095/11). O informe municipal que responde a ambas alegou, basicamente, que o Concello realiza un estrito seguimento do botellón, aínda que sen impedilo na Alameda, por entender que non resulta molesto debido ás circunstancias que se mencionan, como a concentración nese punto -a Alameda-, a distancia das vivendas, o remate as 4 da mañá, a recollida do lixo por parte das persoas que realizan botellón e pola ausencia de incidentes graves -non constan denuncias ou partes dos incidentes que se mencionan na prensa-. Tamén se sinala que non pode impedirse porque se interpreta que se vería afectado o dereito de reunión pacífica e sen armas do art. 21 da CE.

En relación co anterior sinalamos ao Concello de Ourense que con posterioridade, en concreto o 23 de outubro, o mesmo diario publicou (páx. 10) que se celebraron 5 botellóns na noite na cidade; ademais do da Alameda déronse no Parque Barbaña, estación San Francisco e nos parques de San Lázaro e Miño. Indicase que "parece que calquera parque ou praza son o lugar perfecto para beber sen control e sen que as autoridades con competencia na materia o impidan aplicando a lexislación". Engade que a concentración

finalizou as 7 de mañá, que o espazo quedou cheo de vasos e botellas de cristal e plástico, ademais de bolsas, cartóns e papeis esparexidos polo chan. Tamén o cidadán promotor da queixa sinalaba que *as 09.11 horas do día 14 de outubro, ao mirar pola xanela o primeiro que vin de Ourense foi ... botellas, bolsas, é dicir o efectos secundarios do botellón. Non só o lixo é o que prexudica a veciños, senón a turistas e o sono dos veciños. Claro imaxínome que serían tantos na Alameda e terán que buscar sitio, xa que hai de abondo. Ademais a lei parece ser que supostamente non lles afecta.* Co anterior ponse en cuestión que o problema se limite á Alameda, que non prexudique aos veciños por diferentes motivos -ruído a altas horas da madrugada, sucidade ...-, e que o remate sexa ás 4 da mañá.

Polo que se refire ao comentario no que se relaciona o fenómeno tratado cun dereito fundamental, o de reunión pacífica e sen armas do art. 21 da CE (enténdese que se indica que impedir os botellóns conculcaría ese dereito), é de subliñar que en ningún caso este fenómeno ten que ver co dereito constitucional -de rango fundamental- que se cita, e menos que o botellón se poida considerar habilitado por esa vía. Como sinala a doutrina (p. e. MARTIN MORALES; *El régimen constitucional de "la movida"*), "o dereito fundamental de reunión e manifestación non está involucrado no problema da movida, pero non porque decaia fronte a outros dereitos prevalentes, senón por carecer dos elementos esenciais que constitucionalmente o configuran. Movémonos, pois, no plano previo da delimitación do contido do dereito. Na "movida" non existe a mínima organización que distingue a reunión da mera aglomeración. Non hai unha vinculación subxectiva de todos os participantes a unha concreta finalidade. Ademais, ese mínimo de organización debería ser anterior ou previo ao feito mesmo da coincidencia dun determinado número de persoas nun lugar e nun tempo. Por outra banda, aínda que a finalidade da reunión pode ser de carácter amplo, alcanzando tanto a reunións públicas ou políticas como privadas, en relación á "movida" o problema non consiste no tipo de finalidade, senón en que non existe finalidade, requisito imprescindible para que poidamos falar do dereito de reunión: "Para os efectos da presente lei, enténdese por reunión a concorrencia concertada e temporal de máis de 20 persoas, cunha finalidade determinada", artigo 1.2 da Lei Orgánica 9/1983, reguladora das reunións en lugares pechados e en lugares de tránsito público ou manifestacións. A aglomeración en si mesma non é unha finalidade. A diversión, o alterne, o pasalo ben, etc. non constitúen, como pode

comprenderse, ese elemento finalista. A reunión implica a existencia dunha pluralidade de persoas vinculadas entre si e a unha finalidade ou obxecto, e isto non se dá na "movida". De todos os xeitos, con independencia de que non nos atopemos ante o dereito de reunión, tampouco o gozar del queda exento de cumprir as súas condicións de exercicio, xa que, pola contra, chegaríase ao absurdo de que desaparece a posibilidade de intervir con tal de que un número determinado de persoas decidan reunirse.

A argumentación achegada parece cuestionar a constitucionalidade de numerosas normas con rango de lei estatais e autonómicas, e das normas administrativas e ordenanzas municipais que prohiben ou restrinxen este tipo de fenómenos na vía pública, o que ata o de agora non se deu, confirmando o consenso respecto da improcedencia dese argumento, que ademais pode sementar a dúbida nas administracións e nos seus axentes respecto do cumprimento das súas responsabilidades.

É perfectamente posible intervir a través da habilitación legal citada e ademais é obrigado, de acordo co decreto tamén citado. Polo anterior de novo nos diriximos ao concello, que ao peche do informe aínda non respondeu, despois de moito tempo dende que lle indicaramos o sinalado.

A queixa de oficio Q/752/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida en diferentes medios de comunicación en relación coas consecuencias da folga de lixo en Padrón. Na noticia sinálase esencialmente que xa se acumulan 15 toneladas de lixo despois de 3 días de folga. Indicase que "a historia volvese a repetir en Padrón" e "a descomposición dos restos orgánicos, tras un fin de semana festivo, e a calor dos últimos días contribúen a crear unha atmosfera nauseabunda polo Concello". A isto sumaríase a proliferación de mosquitos en moitos puntos claves, como as inmediacións do campo do Souto e do mercado. A situación crea malestar no sector hostaleiro e a cidadanía tamén está molesta, sinálase.

Recibiuse o informe demandado do Concello de Padrón e neste sinálanse de forma exhaustiva todas as actuación municipais relativas á folga. Ademais, tamén se sinalaba que había reunións periódicas cos traballadores e a empresa para tentar solucionar

o conflito e a facer un seguimento detallado do cumprimento dos servizos mínimos. Ademais, o Valedor do Pobo recibiu aos representantes dos traballadores, que solicitaran unha entrevista con el para que se mediara de cara a solucionar o problema. Estes indicaran que percibían un maior grado de receptividade no novo alcalde, que a solución podería estar cerca, e que solicitaban a medición para a rápida resolución do recurso pendente do xulgado. Tamén se entrou en comunicación co novo alcalde de Padrón, que confirmou a percepción dos traballadores. Pola petición dos traballadores entrouse en comunicación co xulgado do contencioso onde se coñecía o recurso contra o decreto municipal de servizos mínimos. Nel manifestaron que tiñan pendente a resolución da medida cautelar de suspensión, pero que en breve se citaría as dúas partes para vista e posterior resolución, o que coñecemos que xa se dera. Por esa razón entendeuse cumprido o labor de medición demandado e procédese ao arquivo do expediente.

Área de educación

Ao fío de diferentes expedientes sobre a materia abriuse unha queixa de oficio (Q/1874/11) relativa á propiedade intelectual dos proxectos de fin de grao, de fin de estudos ou traballos académicos equivalentes. Non existe neste campo un criterio unánime na universidade española. Algúns centros configuran os proxectos de fin de estudos ou de fin de carreira como obras en colaboración, mentres que outros consideran que é propiedade do autor. En xeral os centros da Universidade de Vigo establecen que nos traballos académicos a propiedade é só do autor, é dicir, do alumno. Este é tamén o criterio xeral para outro tipo de traballos académicos tutelados como son as teses doutorais. O feito de que un traballo académico estea tutelado non o converte nunha "obra en colaboración", no sentido regulado polo artigo 7 do Real decreto lexislativo 1/1996. Hai que subliñar que o artigo 7 do Real decreto lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, fala de obras que son resultado unitario da colaboración de varios autores, é dicir, na que todos eles comparten a condición de coautor. O caso típico dáse no campo científico, no que é habitual a coautoría de traballos, artigos e publicacións en revistas científicas.

Con todo, un traballo académico autorizado, que forma parte do plan de estudos como unha materia específica, e que ten que pasar por un proceso de avaliación e cualificación para poder obter o título, non debería ser considerado unha obra en colaboración, xa que o titor non é nunca un coautor (entender o contrario levaría ao paradoxo de que tamén os titores dos PFE aprobarían ou suspenderían na avaliación do proxecto) porque a súa actividade deriva de dar cumprimento a un deber docente asumido de xeito voluntario (dirixir os traballos académicos do alumnado) e porque en ningún caso ten a condición de autor, xa que non crea (no sentido do art. 5 do Real decreto lexislativo 1/1996), senón que tutela ou dirixe. É o alumno quen se matricula do PFE, quen paga as taxas da proba, quen crea a obra orixinal, quen defende o proxecto, quen pode solicitar cambio de director (o que redunda no argumento de que non é obra en colaboración) e quen aproba ou suspende.

A cuestión é particularmente relevante, porque da condición de autor dependen os dereitos de explotación da propiedade intelectual que a lei recolle, cun contido económico innegable. No ámbito concreto da Universidade de Vigo non existe unha regulamentación uniforme e algúns centros recollen a propiedade intelectual compartida dos PFC ao 50% entre autor e director.

Por esta razón, parece urxente regular adecuadamente esta cuestión dentro da normativa xeral das Universidades para evitar discriminacións ou regulamentacións contraditorias dentro das distintas institucións. Por este motivo, a institución do Valedor do Pobo está facendo unha investigación sobre este aspecto, cuxas conclusións trasladaranse no seu día.

Área de industria, comercio e turismo

Iniciouse unha queixa de oficio (Q/838/11) polo cambio de tarifa eléctrica e de facturación mensual. A disposición adicional sétima do Real decreto 157/2008, de 26 de decembro, autoriza a facturación estimada mensual, contra a que se contabilizaron neste exercicio catorce queixas. A reiteración dos motivos de oposición por parte dos usuarios do servizo eléctrico fundamentou a tramitación da queixa de oficio, que obtivo unha acollida favorable por parte da Consellería de Economía e Industria, como evidencia o seu escrito de 18 de outubro de 2011, tal e como detallamos no comentario da área.

Área de servizos sociais

Unha noticia aparecida en *La Voz de Galicia* mencionaba que no proceso selectivo de persoal da Deputación Provincial de Ourense non se respectou a reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo que se iniciou unha queixa de oficio (Q/212/11), á que se engadiu a promovida por un dos afectados (Q/230/11). Logo da correspondente investigación recomendouse á Deputación que respectase o legalmente previsto en relación ás cotas de reserva de prazas para discapacitados nas Ofertas de Emprego Público (OEP) dese organismo provincial, o que non se fixo na ocasión analizada, e posiblemente tampouco nas anteriores, sendo inadecuada a argumentación da Deputación que pretendía xustificar tal forma de proceder (ver recomendación nº 101 da área de servizos sociais). Finalmente, da resposta da Deputación Provincial concluímos que aceptaba a recomendación no que se refire ás futuras ofertas de emprego, pero non no relativo ao expreso recoñecemento da súa inadecuada actuación en anteriores convocatorias, co que se rexeitaba parcialmente.

A Q/234/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida no diario *Faro de Vigo* o 29 de xaneiro de 2011 en relación coa situación de incapacidade dun veciño de Arbo. Na noticia sinálase esencialmente que en Vilar de Cabeiras, en Arbo, vive ... co seu fillo ..., de 20 anos, que desde que naceu con só cinco meses de xestación, non ve, non fala, e non anda. Ademais, este mozo padece problemas respiratorios que o obrigan a estar conectado ao oxíxeno18 horas diarias e ... viuse obrigado a traballar só media xornada para coidalo. En xuño solicitou a axuda da Lei de dependencia e desde entón non recibiu resposta. Pode ser un caso máis da falta de resposta da Administración na aplicación da Lei de dependencia, pero clama ao ceo, segundo se sinala. En Arbo unha familia moi humilde sofre ao límite a desgraza de que un dos seus membros, de 20 anos de idade, sexa discapacitado físico e intelectual e necesite coidados especiais. Até xuño de 2010 estivo ingresado nun centro da *Asociación Galega San Francisco (Agasfra)* grazas á axuda do ONCE. Con todo, despois de ter que ingresar en varias ocasións no hospital, os médicos recomendáronlle "coidados especiais". Por iso o seu pai levouno a casa. A familia recibe unha pensión non contributiva polo mozo dependente. O seu pai é quen se encarga de duchalo, darlle para comer, levalo ao baño, colocarlle o oxíxeno e todos os coidados

necesarios. Coa súa forza levántao en brazos e cámbiao de cama á cadeira de rodas. Pola tarde, ... vai traballar media xornada porque como explica "teño outro fillo de 18 anos que manter". Ademais na casa vive a súa muller, que padece gravemente dos nervios, e a súa sogra de 88 anos. Este veciño de Arbo pide axuda despois de pasar quince xornadas, noite e día, no Meixoeiro co seu fillo hospitalizado. Foi en xuño cando solicitou unha axuda pola Lei de dependencia, pero non recibiu resposta; tampouco desde o Concello de Arbo lle envían unha persoa que lle axude a atender a .... "Os médicos dinnos que pode durar un ano e nós o único que queremos é que estea ben coidado, dános igual que sexa nun centro especializado ou cunha persoa que o atenda ben, o diñeiro non nos importa", explica .... O mozo debe recibir oxíxeno polo menos 18 horas ao día e necesita alimentos especiais de farmacia. Corre perigo de atragoarse e por iso debe comer todo en papa e mesmo necesita un espesante para a auga. "Todo o que lle damos ten que pasarse antes pola batedor e teño que facerlle xogos para que me abra a boca", indica o seu pai. ... non fala pero ri cando o seu pai lle di cousas cariñosas e só está serio e triste cando está mal. Para levalo ao médico desde Vilar de Cabeiras ata Arbo o seu pai chama un taxi e unha vez no centro cólleo en brazos para ir á consulta. "Teño 50 anos e levo toda a vida loitando, non sei canto tempo máis vou aguantar", di. ... pide solucións ás administracións. "Fun ao concello, á Xunta a Vigo, e ninguén me dá unha solución, é inhumano no tempo que estamos que este neno estea así", afirma o proxenitor, e engade que "a asistenta social do Concello aténdenos ben e fai todos os trámites, pero non nos dan resposta, algo pasa". Asegura que "polo benestar do meu fillo estou disposto a chegar aos tribunais ou onde faga falta".

Despois de recibir diferentes informes formulamos unha recomendación á Consellería de Traballo e Benestar (ver resolución nº 107 das da área de servizos sociais). Polo que se refire a primeira parte da recomendación, que menciona a necesidade de *que con urxencia se resolva sobre a revisión do PIA solicitada hai tempo, e que esa resolución sexa motivada no exclusivo interese do dependente,* tal recomendación aceptouse e xa ten efectividade, posto que finalmente se resolveu sobre o novo PIA e xa se aprobou unha libranza para coidados no entorno. No que se refire á segunda parte da recomendación (que, dado que a ONCE non parece disposta a rectificar as súas medidas de retirada das axudas complementarias a dependentes atendidos en centros da Comunidade, con grave prexuízo para persoas que polas súas circunstancia necesitan toda a axuda posible e de

calquera natureza, pública, institucional ou privada, polo menos se requira a rectificación das motivacións inadecuadas achegadas pola organización aos afectados, aos que sinala á administración galega como responsable da retirada, indicando que agora debera ser ela quen sufrague a totalidade dos gastos), a Consellería tamén a acepta, posto que indica estar de acordo co criterio enviado dende esta institución, e que a Dirección Xeral de Dependencia vai iniciar as accións para que a ONCE rectifique as medidas adoptadas. O resultado comunicarase a esta institución. Por todo iso entendemos a recomendación aceptada plenamente e con efectividade, polo que arquivamos o expediente.

A Q/235/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida no diario *El Correo Gallego* o 8 de febreiro de 2011 en relación cunha familia de Cambre en situación de dependencia. Na noticia sinálase esencialmente que a afectada leva 17 anos loitando, e coa súa tenacidade vai conseguindo leves melloras para os seus, cinco persoas dependentes, os seus pais, o seu fillo e dous netos. Asegura que se ve impotente ante a burocracia oficial. Posteriormente recibiuse unha queixa da propia interesada, a Q/283/11.

A Consellería de Traballo e Benestar aclarou en primeiro termo que ningún dos dependentes mencionados se atopa baixo a súa tutela legal. Polo que se refire a súa atención no ámbito de responsabilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, entre eles a dos pais, os dous teñen unha valoración de III-1 e o seu Programa Individual de Atención xa aprobado, no que se determina que ambos deben contar cun servizo de atención residencial. Para dar efectividade a estes programas asignáronselle dúas prazas na residencia *Abrente* de Carballo, na mesma provincia, pero rexeitáronas. Posteriormente solicitaron revisión do Programa Individual de Atención para que o ámbito do servizo se reduza á bisbarra de Ferrol, e á vista da dificultade desa concreta asignación, finalmente o seu pai amplía o ámbito territorial das posibles residencias á provincia, pero descartando a que tiña asignada en Carballo. Tamén rexeitaron unha libranza (prestación económica) para residencia. Non se contemplou a declaración do seu caso como de emerxencia social; ademais, no caso de resultar tal situación, esta implicaría que o ámbito territorial de atención é toda a Comunidade, algo que tamén rexeitan. Posteriormente o seu pai ingresou na residencia de Ois, pero a Consellería sinala que ata entón só se demandara praza para el. A súa nai atópase na mesma residencia nunha praza privada. Na actualidade non existen

vacantes. Polo tanto, os expedientes de dependencia atopábanse adecuadamente tramitados, so á espera de concretar o servizo residencial atribuído no seu momento e rexeitado polas circunstancias mencionadas, que non son de responsabilidade da consellería, posto que as ofertas se axustaban á legalidade e eran razoables para atender as súas necesidades. En calquera caso, informouse que no caso de que os seus pais entenderan que se produciu algunha irregularidade nos seus expedientes de dependencia, entón deberan ser eles os que reclamaran por esta causa, ou, no seu caso, o conxunto da familia coidadora.

No relativo ao fillo, coñecemos que se atopaba atendido no centro de promoción da autonomía persoal de Bergondo, da Administración Xeral do Estado, en concreto do *Instituto de Mayores y Servicios Sociales* (IMSERSO). No que se refire á atención á súa dependencia, podería complementar a atención do centro cun servizo de axuda no fogar, pero ao parecer pasa a noite no centro. Cando venza o prazo de atención nel podería orientarse o seu Programa Individual de Atención a un servizo de axuda no fogar ou a calquera outro que poida corresponderlle. Ademais, o fillo é usuario do servizo autonómico 065. Polo tanto, puido concluírse que a actuación da Consellería de Traballo e Benestar era adecuada en razón das circunstancias.

Polo que se refire ao neto, este atópase baixo a custodia dos seus pais. Dada a súa discapacidade podería recibir dúas axudas da Administración Xeral do Estado, pero para iso deben promoverse, como ben sinalou a Consellería de Traballo e Benestar. Polo que se refire ás responsabilidades da Consellería, indicouse que non se promoveu o recoñecemento e beneficios da Lei de dependencia. Non obstante, ofrecéuselle un recurso considerado tecnicamente adecuado e rexeitouse.

Respecto da súa neta, polas informacións proporcionadas pola propia interesada coñecemos a súa negativa a acudir a un centro adecuado a súa idade. O que parecería mais oportuno sería que en primeiro termo se promovera o procedemento para a súa incapacitación; entón o seu titor debera instar o recoñecemento e valoración como dependente e o recurso adecuado, de tal maneira que poida ser atendida correctamente.

Ademais, dado o seu grao de discapacidade, podería ter as axudas do Estado que correspondan (pensión non contributiva, axuda familiar de fillo a cargo...).

A Q/528/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Voz de Galicia* o 18 de marzo de 2011 (páx. 19) en relación cunha barreira arquitectónica en Monforte de Lemos. Na noticia sinálase que o 11 de abril empezará a impartirse nos locais do sindicato UXT en Monforte un curso de formación de empregados de oficina que conta co financiamento da Consellería de Traballo e Benestar. ..., un discapacitado físico residente en Monforte, matriculouse no curso, aínda que sabe que non poderá asistir. O motivo é que o edificio sindical onde se impartirán as clases non está adaptado para o acceso de persoas que usan cadeiras de rodas e non se previu ningunha alternativa para solucionar este problema. Esta non é a primeira vez, senón a segunda, que ... se atopa con tal obstáculo. O ano pasado apuntouse a un curso de informática que organizou UXT neste mesmo local e tivo que renunciar ás clases e ao diploma. "Escribín á Xunta para ver se podían facer algo e contestáronme que tratarían de arranxalo na medida do posible, pero xa pasou un ano e todo segue igual", explica en ton indignado. "Ao parecer, estes cursos teñen que impartirse forzosamente no local de UXT e mentres non fagan adaptacións no edificio sindical, non hai forma de que as persoas que están na miña situación poidan acudir ás clases como o resto da xente", agrega. O Sr. ... di non entender porqué non é posible ofrecer mentres tanto unha alternativa, posto que en Monforte hai numerosos locais accesibles para discapacitados físicos nos que tamén poderían impartirse estes cursos. De feito, ao seu xuízo, a cidade está bastante ben preparada para desprazarse en cadeira de rodas. "Podo moverme sen problemas polas rúas e a maioría dos edificios públicos están ben adaptados, pero aínda hai excepcións, como o local de sindicatos ou a oficina de Facenda", sinala. ... inscribiuse no curso de UXT para chamar a atención sobre a súa situación, pero cre que non poderá asistir ás clases e lamenta perder outra oportunidade de incrementar a súa preparación. Cobra unha pensión non contributiva, pero o que desexa é atopar un emprego que lle permita ser o máis independente posible. Hai pouco seguiu un curso de recepcionista telefonista -nun local adaptado- e obtivo boas cualificacións, pero quere seguir aumentando o seu currículo para ter máis oportunidades de achar unha saída profesional. "Eu o único que quero é que me permitan formarme e atopar un traballo digno -sinala-, porque non me parece xusto que teña que resignarme a cousas como repartir

folletos de publicidade pola rúa. A Xunta debería preocuparse de que os discapacitados teñamos as mesmas oportunidades de formarnos que calquera outra persoa que busca emprego", conclúe o afectado.

Ante iso requirimos informe á Consellería de Traballo e Benestar e ao Concello de Monforte. Da información recibida dedúcese que, tal e como indica a Consellería, a UXT iniciou a busca dun novo local para poder impartir en mellores condicións a súa formación na comarca de Lemos, xa que non pode acometer obras de reforma por non ser titular do inmoble. Por tanto, o problema da accesibilidade para impartir os cursos de formación atópase en vías de solución, tal e como se pretendía coa promoción desta queixa de oficio.

A Q/994/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida en diferentes diarios o martes 31 de maio de 2011 en relación coa denuncia que fai unha nai polo suposto traslado forzoso da súa filla discapacitada. Na noticia sinálase esencialmente que ... manifestou a súa frontal oposición a que a súa filla discapacitada, non poida volver ser interna do *Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña*, tal e como lle comunicou a dirección do colexio a pasada semana. A Consellería de Traballo e Benestar anunciou, coa oposición dos traballadores, que o próximo curso o centro atenderá discapacitados intelectuais gravemente afectados cunha dependencia superior ao 75%. ..., de 19 anos, está valorada nun 65%. Na mesma situación, segundo a nai, hai 10 ou 12 familias máis. "Pero eu son a única que se fixo valente e decidiu dar a cara", relata. ... sofre a síndrome de Smith-Magenis (SMS), unha desorde xenética e clínica do comportamento e do desenvolvemento. Unha enfermidade de recente diagnóstico e considerada rara en Galicia -media ducia de casos- que leva trastornos da conduta, desde os hábitos de sono até de alimentación, e, sobre todo, con crise de agresividade. O pasado fin de semana, ... propinoulle á súa nai unha puñada no nariz, empuxouna contra unha parede e mordeuna nas costas. "Eu non podo con ela, pesa 70 quilos e eu 49, e case tampouco o seu pai", di .... Ao non estar interna (salvo fins de semana e vacacións), a familia da moza, que vive en Ponteareas, terá que levala e recollela todos os días. "Por un fillo faise o que sexa, pero tela todos os días na casa é imposible. Tivemos que pór unha fechadura na cociña para que cando se levanta polas noites non lle dea por comer, co perigo de que se atragoe",

laméntase a nai. “Esa persoa non se terá que ir para casa, a praza tena garantida. Pero ao cambiar a orientación do centro e os criterios de ingreso, co fin de especializar a atención, non cumpre os requisitos, porque non está gravemente afectada e ten certa autonomía. Hai varios centros alternativos da zona nos que se podería ingresar a esta usuaria”, aseguran na Consellería. En efecto, a alternativa que no propio centro lle deron á familia é levala ao *Terra de Ferrol*. “Eu non quero cambiala a Ferrol. En primeiro lugar, porque xa leva catro anos no *Santiago Apóstolo*, os coidadores xa a coñecen e ela a eles (os afectados de SMS son especialmente sensibles ás alteracións da rutina), e, ademais, cando cumpra 21 anos pasaríana ao centro *Souto de Leixa*, que é privado, e eu xa teño suficientes malas experiencias dos centros concertados”, di ....

Do informe da Consellería de Traballo e Benestar dedúcese que está a reestruturar o centro Santiago Apóstolo, da Coruña, debido a que se consideraba o seu anterior funcionamento como disfuncional debido a que dependía desa consellería, pero a maioría dos usuarios eran nenos en idade escolar e que precisaban dunha educación especial, o que provocaba, segundo se sinala, “unha deficiente atención, non acorde coas necesidades dos usuarios do centro”. Agora preténdese dividilo en dous centros, un de educación especial e outro asistencial, de atención ás persoas con discapacidade. Este último terá 80 prazas de internado e 40 de centro de día, pero só para discapacitados gravemente afectados, precisamente o motivo do traslado da afectada. Un dos motivos aducidos para iso é que “se ampliará o servizo que se lle pode ofrecer a persoas con discapacidade, evitando que moitos usuarios deban abandonar o centro polo feito de cumprir a idade límite de permanencia no actual Santiago Apóstol”. Non obstante, sendo este obxectivo certamente adecuado en termos xerais, é evidente que isto non ten que significar necesariamente que os usuarios que permanezan na sección dedicada ao réxime asistencial deban ter o nivel indicado (discapacitados gravemente afectados), podéndose optar tamén polo mantemento do nivel antes consentido. Non obstante, a administración actuante conta con capacidade de autoorganización respecto do servizo, polo que non cabe intervir en contra desta iniciativa, sobre todo tento en conta que o afectado ten garantida unha praza nun centro público da zona e a distancia do domicilio dos pais ao anterior centro xa era moi considerable.

A Q/995/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Región* o 31 de maio de 2011 en relación coa denuncia que fai unha nai polas molestias que causan no seu fillo os ruídos producidos por unha empresa. Na noticia sinálase esencialmente que unha nai ourensá loita polo seu fillo, con parálise cerebral, para evitar que a actividade dunha empresa (Ecoourense, a empresa concesionaria do lixo na cidade) o esperte, con ruídos, todos os días. Asegura que o seu estado de saúde empeorou por esa realidade. A nai sinala que están arruinando a súa vida e a do seu fillo. Leva mais dun ano co problema e xa non sabe onde acudir, sinala a noticia. A saúde do seu fillo empeora por esta causa (parece que cae o edificio). Ao parecer os técnicos fixeron unha medición, pero cando non había ruído. A mesma nai fixo despois a queixa Q/2118/11.

As primeiras respostas do Concello non deron conta da solución do problema. Finalmente coñeceuse que o local aplicara unha serie de medidas, entre as que destaca a falta de funcionamento da persiana, a instalación de moquetas, o cambio da rampla de acceso que minimiza os ruídos, e o cambio de horario. Ademais, as medicións parecían confirmar a solución do problema.

A Q/1910/11 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida no diario *El Correo Gallego* o 27 de agosto de 2011 en relación co transporte adaptado dun neno. Na noticia sinálase esencialmente que indignada, ademais de humillada e avergoñada, é como se sente ..., nai de ..., de 23 anos, cunha discapacidade do 65%, ao que a administración nega o transporte adaptado despois de recoñecer o seu dereito ao servizo o 13 de outubro. A familia non entende as evasivas de 065 cada vez que avisa da necesidade do transporte para iniciar o curso no centro Aspaber de Carballo, onde foi concedida unha praza despois de ter que saír do Santiago Apóstolo da Coruña, ao elevar o grao de discapacidade ata o 75% como requisito para acudir a ese centro. O mozo leva unha semana na casa sen poder ir a Aspaber, relata a nai, porque a contestación do servizo do transporte adaptado é que "non pode ir recollelo por falta de coches". Ademais, os vehículos cos que conta o centro de Carballo non poden pasar de Paiosaco e, polo tanto, non chegan ata Arteixo, que é onde vive o mozo. A familia teno claro: "Se a Xunta non pode cumprir que non saque ... un servizo que non pode dar". "Eu só pido o que é dereito do meu fillo", insiste ..., que non cesa no seu empeño de velar polo interese do novo. Así, a familia concentrarase hoxe a

partir da 10:30 horas ante a sede da Consellería de Traballo e Benestar, da que depende o servizo 065, en Elviña para pedir que lle permitan a ... usar este recurso imprescindible para a súa inclusión social. Fontes da Xunta recoñeceron que son moitos os usuarios do transporte adaptado e que "as veces non se pode dar cobertura ao cen por cen". Ademais, nunha nota remitida pola Consellería explica que "o obxectivo é cubrir as necesidades e demandas dos usuarios e nas franxas horarias solicitadas sempre que as posibilidades o permitan, pero sempre tendo en conta os intereses de todos os usuarios e as prioridades á hora de outorgar os servizos". Na resposta a este caso, a autoridade na materia matiza que ter solicitado un servizo determinado nunha franxa horaria non implica sempre a súa realización efectiva nos termos demandados, como sucede neste caso, xa que é preciso avaliar tamén as necesidades da área xeográfica". "Aspaber cobra unha subvención por cada neno que entra, así que se ten que preocupar tamén de como chegan ata alí", quéixase a nai do mozo afectado neste caso e engade que non lle preocupa "de quen é a culpa" neste agravio, "se é responsabilidade do alcalde, da asistencia ou da conselleria" porque o único que quere é que "se cumpra co dereito do meu fillo". "Isto desestabiliza unha familia completamente", laméntase a nai, en alusión a un problema que se suma á precaria situación desta familia numerosa na que o pai recibe unha axuda familiar e a nai perdía onte o seu emprego. A noticia engade que a reacción da Xunta foi indicar que "o Centro de Control debe coordinar as demandas de cada área e deseñar as rutas en base as prioridades tipificadas (na orde 9 de setembro que desenvolve o decreto 195/2007 do 13 de setembro)", e engadiu que "aos usuarios infórmaselles de que ter solicitado un servizo determinado nunha franxa horaria non implica sempre a súa realización efectiva". A afectada promoveu a queixa Q/2039/11.

A Consellería sinalou, como neste tipo de supostos, que tiña recoñecido o dereito de uso do 065, pero que non se podía dar a ruta que precisaba para acudir ao seu centro de atención. En relación con iso dende hai tempo vimos indicándolle que a xestión do transporte adaptado debera cinguirse aos criterios que a interesada expresaba na queixa, isto é, que non se debera outorgar se non se pode prestar o concreto servizo reclamado con carácter habitual. Sen embargo, a Consellería non segue ese criterio e, como pode comprobar a través do informe, concede a condición de usuario para despois examinar se resulta posible prestar o concreto servizo habitual que se require, o que en casos como o

visto resulta claramente inadecuado, posto que crea unha lexítima expectativa que despois se ve frustrada, chegando a causar evidentes trastornos, como se demostra neste caso. A solución atopouse polo cambio de centro de atención de Carballo á Coruña, sen prexuízo do evidente trastorno ocasionado.

Área de menores

A queixa Q/396/11 abriuse pola posible situación de desprotección de dous menores residentes en Cambados. A dita información chegou a nós por diversas fontes, por medio das cales constatamos que estes menores e a súa nai foran desafiuzados do piso no que vivían. Tamén constaba que o seu pai non pagaba as axudas correspondentes.

Por iso, comunicamos estes feitos ao Fiscal de Menores da Comunidade Autónoma para que, se o entendía oportuno, actuase en consecuencia. Así mesmo, pedimos informe sobre o problema ao Alcalde do Concello de Cambados e á Conselleira de Traballo e Benestar.

Tras a investigación efectuada non se identificaron situacións de risco ou desamparo, polo que se procedeu ao peche do expediente. Quedou constancia de que en diversas ocasións os servizos sociais do concello se interesaron pola situación da familia e fixeron seguimento do caso. Tamén o Servizo de Familia e Menores da consellería realizou un seguimento da situación. As menores continuaron con normalidade no colexio e unha familiar do seu pai acolleu ás tres desafiuzadas na súa casa, cubríndolles as necesidades básicas. É de supoñer que cando se execute a sentenza de divorcio dos pais mellorará o caso.

O expediente Q/1154/11 iniciouse como consecuencia da información obtida de diversas fontes, incluídas noticias publicadas en distintos medios de comunicación, sobre a presenza en Galicia de menores na actividade coñecida como "botellón". Esta queixa aínda está aberta, aínda que xa se avanzou de xeito importante na súa análise.

O interese superior dos menores, recoñecido no artigo 3 da Convención de Nacións Unidas de Dereitos do Neno, esixe que os poderes públicos leven a cabo labores de supervisión para a protección da saúde física e mental dos mesmos. Neste sentido, o artigo 12.1 da Lei galega 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, prohibe que estes consuman tales bebidas. Desta forma, é evidente que debe evitarse, entre outras cousas, que os menores acudan ao fenómeno do "botellón". A

propia Lei 11/2010 establece un sistema de infraccións e sancións para tratar de asegurar o cumprimento das súas previsións. O artigo 30 atribúe competencia sancionadora, entre outros, aos alcaldes. Así mesmo, o artigo 38 establece que a administración local debe adoptar as medidas preventivas dirixidas a asegurar o cumprimento do establecido na mencionada Lei e velar polo cumprimento das diferentes medidas de control. Polo tanto, nunha primeira fase dirixímonos aos alcaldes das sete cidades para que nos facilitasen información sobre o devandito problema, en particular sobre as medidas de control, vixilancia e supervisión que se adoptaron ou se van a adoptar para impedir o consumo de alcohol por parte de menores.

Nesta investigación constatamos a relevancia do problema e a urxente necesidade de que os poderes públicos tomen conciencia del e adopten medidas para a súa erradicación. En especial, son os concellos, como administración máis próxima, os que deben mostrar unha especial sensibilidade ante este tipo de consumo. Por iso, o Valedor emitiu a seguinte recomendación: o concello debe aplicar as diversas medidas contempladas na Lei 11/2010, tanto as accións educativas e preventivas como as intervencións sancionadoras. Neste sentido, deben facerse controis especiais aos locais de venda de alcohol e aos locais de ocio; e, sobre todo, impedir a presenza de menores no "botellón", para o que hai que empregar as medidas formativas e as sancións contempladas especificamente na citada Lei 11/2010.

Os concellos das cidades analizadas mostraron preocupación e interese pola solución deste problema, aínda que con distinta intensidade. Como exemplo no lado positivo debemos mencionar a Santiago de Compostela, que se enfrontou de xeito decidido a este tema, no marco da súa loita contra a inxestión de alcohol en zonas públicas: por unha banda, Santiago implemente alternativas lúdicas e de lecer que non están relacionadas co alcohol, incluíndo campañas informativas e charlas en centros de primaria e secundaria; doutra banda, está aplicando as sancións legalmente establecidas, o que deu lugar a decenas de sancións a menores, que se están substituíndo por traballos en beneficio da comunidade.

No lado negativo da resposta a esta investigación atopamos a Pontevedra, cuxo concello, á marxe de non mostrar respecto institucional nalgunha das súas comunicacións, non aceptou a recomendación emitida polo Valedor. Ata fixo argumentacións xurídicas sorprendentes e absurdas para xustificar a súa criticable inacción. Neste sentido, afírmase que o dereito ao libre tránsito de persoas impide prohibir o acceso aos lugares onde se realiza "botellón" (*sic*!). Esta afirmación descoñece por completo a teoría dos límites dos dereitos fundamentais, que implica que tales dereitos non poden ser absolutos, xa que iso imposibilitaría a convivencia. Ademais, o concello de Pontevedra considera que a recomendación do Valedor é unha inxerencia na acción política do goberno municipal. Esta aseveración só pode entenderse vulnerando a normativa legal que regula ao Valedor, que como defensor dos dereitos e liberdades supervisa a actuación administrativa en garantía da propia cidadanía e do interese xeral.

Esperamos que a tramitación desta queixa sexa útil para atallar un problema que se estaba convertendo en preocupante na nosa sociedade, e respecto do cal existía, por momentos, unha sorprendente permisividade.

CAPÍTULO 2
ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE COLABORACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCIÓN

2.1 O DEBER LEGAL DE COLABORACIÓN NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCIÓN

O deber de colaboración en xeral

Para o correcto desempeño das funcións estatutarias do Valedor do Pobo é fundamental a prestación dunha leal e rápida colaboración por parte das administracións obxecto de supervisión. Por esta razón, o artigo 26.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, establece que *"os poderes públicos de Galicia están obrigados a prestar o auxilio e cooperación que lles sexan demandados polo Valedor do Pobo nas súas investigacións e actuacións"*.

Para os supostos máis graves de desatención ao deber legal de colaboración coas investigacións, o artigo 22.2 da Lei do Valedor do Pobo prevé a **declaración de hostilidade e entorpecemento** do seu labor. En concreto esta aliña preceptúa que *"a negativa ou neglixencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada polo Valedor do Pobo de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, se fose o caso, ao Parlamento. Tamén porá os ditos feitos en coñecemento do seu superior xerárquico, informando sobre o seu comportamento por se fose susceptible de corrección disciplinaria"*.

No presente exercicio non foi necesario formular declaracións de hostilidade e entorpecemento. Non obstante, si tivemos que facer numerosos recordatorios de deberes legais e advertencias de declaración de hostilidade.

Ofrecemos a continuación unha avaliación resumida dos niveis de colaboración das administracións públicas coa nosa institución durante o ano 2011. Ofrecemos unha lista das administracións ou órganos aos que foi preciso recordar formalmente o seu deber de colaborar en prazo coa institución e advertilos da posible declaración de hostilidade e entorpecemento da súa actitude con respecto a unha ou varias concretas investigacións. Por

último, ofrécese unha lista das administracións ou órganos aos que foi preciso reiterar ata en dúas ocasións a solicitude de informe, xunto co número de casos (ou queixas) en que foi preciso facer estas reiteracións a cada unha deles.

2.1.1 AS ADVERTENCIAS CONSTRINXENTES

Como sinalamos, en ocasións a institución vese na necesidade de facer advertencias especialmente enérxicas para obter a colaboración demandada, advertencias ás que acompañamos un recordatorio de deberes legais. En concreto sinalamos o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS:

O artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo impón a todos os organismos e dependencias administrativas aos que o Valedor lles solicite datos sobre a tramitación das queixas, a obrigación de remitir estes informes "no prazo de quince días". Ademais, na aliña 2 do mesmo artigo engade: "A negativa ou neglixencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada polo Valedor do Pobo de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, sé é o caso, ao Parlamento".

De aquí que deba dirixir a seguinte **ADVERTENCIA**:

Que se no prazo máximo de 15 días desde a data deste escrito non se recibe nesta institución o informe, que unha vez máis lle requirimos, segundo o prescrito no artigo 22.2, o Valedor do Pobo procederemos a facerlle a declaración de *"hostil e entorpecedor das nosas funcións"* en canto se refire á tramitación desta queixa.

Enumeramos aquí as administracións e órganos aos que nos vimos obrigados a facer este tipo de advertencia.

Administración Autonómica:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 12 veces (Q/2249/10, Q/229/11, Q/366/11, Q/404/11, Q/529/11, Q/534/11, Q/558/11, Q/692/11, Q/876/11, Q/997/11, Q/1098/11 y Q/1112/11).

Consellería de Sanidade: 17 veces (Q/227/11, Q/260/11, Q/261/11, Q/282/11, Q/317/11, Q/443/11, Q/456/11, Q/547/11, Q/563/11, Q/1105/11, Q/1109/11, Q/1133/11, Q/1727/11, Q/1755/11, Q/1766/11, Q/1792/11 y Q/1812/11).

Consellería de Cultura e Turismo: 1 vez (Q/581/11)

Consellería de Traballo e Benestar: 5 veces (Q/2203/10, Q/431/11, Q/770/11, Q/881/10 y Q/946/11)

Consellería do Medio Rural: 2 veces (Q/1884/10 y Q/1911/10)

Administración Local:

Provincia da Coruña

Concello de Abegondo: 1 vez (Q/1941/10)

Concello de Arteixo: 2 veces (Q/1630/10 y Q/1978/10)

Concello de Betanzos: 1 vez (Q/1688/10)

Concello de Boiro: 1 vez (Q/1266/10)

Concello de Carballo: 1 vez (Q/2055/10)

Concello de Melide: 1 vez (Q/904/11)

Concello de Oleiros: 1 vez (Q/1907/10).

Concello de Ordes: 1 vez (Q/206/11)

Concello de Padrón: 7 veces (Q/1445/10, Q/2072/10, Q/426/11, Q/1478/11, Q/1261/10, Q/1353/10 y Q/273/11)

Concello de Ponteceso: 1 vez (Q/704/10)

Concello de Pontedeume: 1 vez (Q/1885/10)

Concello de Ribeira: 3 veces (Q/602/09, Q/1231/10 y Q/1616/10,)

Concello de Santiago de Compostela: 1 vez (Q/852/11)

Concello de Valdoviño: 1 vez (Q/384/11)

Provincia de Lugo

Concello de Barreiros: 1 vez (Q/208/11)

Provincia de Ourense

Concello de Ourense: 2 veces (Q/1999/10 y Q/1593/10)

Provincia de Pontevedra

Concello de Agolada: 1 vez (Q/1303/10)

Concello de Cambados: 1 vez (Q/964/11)

Concello de Gondomar: 2 veces (Q/1498/10 y Q/2219/10)

Concello de Meis: 1 vez (Q/78/11)

Concello de Mos: 1 vez (Q/538/11)

Concello de Ponteareas: 1 vez (Q/174/11)

Concello de Pontevedra: 1 vez (Q/1024/11)

Concello de Porriño: 1 vez (Q/1380/10)

Concello de Silleda: 1 vez (Q/56/11)

Concello de Tui: 2 veces (Q/315/11 y Q/2245/10)

Concello de Vigo: 7 veces (Q/1441/10, Q/1504/11, Q/1666/1, Q/641/11, Q/472/11, Q/1543/10 y Q/2154/10)

2.1.2 ADMINISTRACIÓNS OU ÓRGANOS AOS QUE SE REITEROU A PETICIÓN DE INFORME ATA EN DÚAS OCASIÓNS, E NÚMERO DE VECES EN QUE TAL CIRCUNSTANCIA SE DEU

A) XUNTA DE GALICIA

ADMINISTRACIÓN	Nº Queixas
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	1
Consellería de Facenda	1
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	9
Consellería de Economía e Industria	9
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	55
Consellería de Sanidade	67
Consellería de Cultura e Turismo	2
Consellería de Traballo e Benestar	22
Consellería do Medio Rural	22
Consellería do Mar	1

DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Deputación Provincial	Nº Queixas
A Coruña	1
Pontevedra	1

CONCELLOS

A CORUÑA

Concello	Nº Quejas
Abegondo	1
Betanzos	1
Boiro	2
Cambre	2
Carballo	1
Cedeira	1
Coruña, A	3
Culleredo	1
Ferrol	1
Padrón	9
Malpica de Bergantiños	1
Melide	1
Monfero	1
Noia	1
Oleiros	2
Ordes	1
Pobra do Caramiñal, A	1
Pontedeume	2
Pontes, As	1
Ribeira	2
Santiago de Compostela	4
Valdoviño	1

LUGO

Concello	Nº Queixas
Lugo	1
Mondoñedo	1
Monforte de Lemos	2
Sarria	2

OURENSE

Concello	Nº Queixas
Bande	1
Boborás	1
Castrelo do Val	1
Celanova	2
Ourense	6
Pobra de Trives, A	1
Rubiá	1
Veiga, A	1

PONTEVEDRA

Concello	Nº Queixas
Cambados	2
Cangas	1
Estrada, A	1
Gondomar	3
Grove, O	1
Meis	1
Moaña	1
Mos	2
Silleda	1
Oia	3
Ponteareas	1
Pontecesures	1
Pontevedra	1
Porriño	1
Salceda de Caselas	1
Tomiño	1
Tui	3
Vila de Cruces	1
Vigo	11

CAPÍTULO 3
AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS FORMULADAS POLO VALEDOR DO POBO

3.1 AS RESPOSTAS DAS ADMINISTRACIONS OU ÓRGANOS AOS QUE SE DIRIXIU ALGUNHA RESOLUCIÓN

3.1.1 INTRODUCIÓN.

O artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo preceptúa que a institución poderá "formular ás autoridades e funcionarios das Administracións públicas advertencias, recomendacións, recordatorios de deberes legais e suxestións para a adopción de novas medidas", mentres o parágrafo 2º do mesmo artigo impón a funcionarios e autoridades o deber de responder "sempre por escrito e no prazo dun mes" a estas resolucións. Polo tanto, establécese unha obrigación de colaboración relacionada coa formulación das resolucións: o deber de responder a estas.

Se a Administración acepta a resolución, con iso non acaba o labor da institución respecto dese concreto asunto; faise preciso coñecer tamén se se lle dá efectividade. Cando resulta necesario requírese que, ademais da aceptación formal, se dea conta das medidas adoptadas para dar efectividade ás resolucións, ou establécense as medidas oportunas para facer un adecuado seguimento desa efectividade, xeralmente solicitando ao reclamante que nos traslade a falta de cumprimento do recomendado. No caso de confirmar esa falta de efectividade a resolución terase por rexeitada, malia a aceptación formal. O mesmo sucede coas resolucións pendentes de resposta durante moito tempo; se se esgotan as posibilidades de recibir unha resposta, logo de reiterala insistentemente, a resolución tense por rexeitada.

A Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, establece para os casos de rexeitamento das resolucións un mecanismo de publicidade específica que faga manifesto o reproche que esta circunstancia merece. O artigo 33.2 sinala que "se (non) obtivese unha xustificación adecuada, incluirá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguiu."

Por iso, facemos constar detalladamente o contido das respostas proporcionadas polas Administracións ou órganos aos que se dirixiu algunha resolución. Esta mención realízase tamén no comentario de cada unha das áreas, destacando as resolucións rexeitadas, de acordo co citado artigo 33.2.

É importante destacar que as resolucións pendentes de resposta expresa enténdense aceptadas logo de transcorrido o prazo para iso (un mes), sen prexuízo de que se siga requirindo a resposta expresa e que se concrete a forma en que se deu efectividade á resolución. Por esta causa nalgúns comentarios damos un mesmo tratamento ás resolucións aceptadas e ás "*pendentes de efectividade*", sen prexuízo do que se resolva finalmente en relación con estas últimas. As que figuran como pendentes nos listados que se mencionan a continuación formuláronse hai pouco tempo, polo tanto non poden considerarse aceptadas tacitamente.

3.1.2 RESPOSTAS DAS DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS E ÓRGANOS ÁS RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO

Administracións Ou órganos	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendentes
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	4	2	1	1
Consellería de Facenda	1	1	0	0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	5	1	3	1
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	19	14	2	3
Consellería de Sanidade	3	3	0	0
Consellería de Cultura e Turismo	5	5	0	0
Consellería de Traballo e Benestar	120	106	9	5
Consellería do Medio Rural	2	2	0	0
Deputación Provincial de Ourense	1	1	0	0
Deputación Provincial de Pontevedra	2	2	0	0
Reitorado Universidade da Coruña	3	0	3	0

Administracións ou órganos	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendentes
Reitorado Universidade de Vigo	3	2	0	1
Reitorado Universidade de Santiago	2	2	0	0
Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)	1	0	1	0
Concello da Coruña	6	4	2	0
Concello da Estrada	1	0	1	0
Concello de Antas de Ulla	1	1	0	0
Concello de Arzúa	2	2	0	0
Concello das Pontes	1	1	0	0
Concello de Betanzos	2	2	0	0
Concello de Boiro	1	1	0	0
Concello de Brión	1	0	1	0
Concello de Burela	1	0	1	0
Concello de Coles	1	0	1	0
Concello de Culleredo	1	0	1	0
Concello de Chantada	1	1	0	0
Concello de Ferrol	1	1	0	0

Administracións ou órganos	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendentes
Concello de Gondomar	1	1	0	0
Concello de Lugo	3	2	0	1
Concello de Marín	2	2	0	0
Concello de Monforte de Lemos	2	2	0	0
Concello de Noia	1	1	0	0
Concello do Carballiño	1	1	0	0
Concello de Oia	1	0	0	1
Concello de Ordes	1	1	0	0
Concello de Ourense	2	0	1	1
Concello de Padrón	1	1	0	0
Concello de Pontevedra	1	0	1	0
Concello de Ribadeo	1	1	0	0
Concello de Salceda de Caselas	2	2	0	0
Concello de Santiago de Compostela	4	3	0	1
Concello de Sanxenxo	1	1	0	0
Concello de Sarria	1	1	0	0

Administracións ou órganos	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendentes
Concello de Trazo	1	1	0	0
Concello de Vigo	4	3	1	0

3.1.3 RESUMEN DAS RESOLUCIONS DO VALEDOR DO POBO E DA SÚA ACEPTACIÓN POLAS CORRESPONDENTES ADMINISTRACIONS.

RESOLUCIONS FORMULADAS	*TOTAL*	*ACEPTADAS*		*NON ACEPTADAS*		*PENDENTES*	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
Recordatorios deberes legais	**12**	8	67	4	33	0	
Recomendacións	**193**	155	80	24	13	14	7
Suxestións	**20**	16	77	3	18	1	5
Total resolucións	**225**	179	79	31	14	15	7




Recordatorios de deberes legales
0%
33%
67%
Aceptados
No aceptados
Pendientes


Recomendaciones
7%
13%
80%
Aceptadas
No aceptadas
Pendientes


Suxestións
5%
18%
77%
Aceptados
No aceptados
Pendientes

3.1.4 AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS.

A) RECORDATORIOS DE DEBERES LEGAIS.

Área de urbanismo e vivenda.

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/708/11	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (IGVS)	Non aceptado
Q/892/11	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (IGVS)	Non aceptado

Área de Medio Ambiente.

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2431/08	Concello de Vigo	Non aceptado
Q/1266/10	Concello de Boiro	Aceptado, pendente de efectividade
Q/1229/10	Concello de Lugo	Aceptado

Área de educación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/342/11	Reitorado da Universidade da Coruña	Non aceptado
Q/159/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptado
Q/1688/10	Concello de Betanzos	Aceptado
Q/1612/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptado

Área de agricultura, gandería e pesca

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2072/10	Concello de Padrón	Aceptado, pendente de efectividade

Área de sanidade

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1835/11	Consellería de Sanidade	Aceptado

Área de cultura e política lingüística

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/77/10	Consellería de Cultura E Turismo	Aceptado

B) RECOMENDACIÓNS.

Área de urbanismo e vivenda.

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/305/09	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (IGVS)	Aceptada
Q/2456/09	Concello de Gondomar	Aceptada
Q/457/11	Concello de Trazo	Aceptada
Q/708/11	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (IGVS)	Non aceptada
Q/798/11	Concello de Sanxenxo	Aceptada
Q/892/11	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (IGVS)	Non aceptada

Área de Medio Ambiente.

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1128/10	Concello de Chantada	Aceptada
Q/2343/09 y acumuladas	Concello de Culleredo	Non aceptada
Q/1044/10 y Q/1381/10	Concello do Carballiño	Aceptada
Q/995/10	Concello de Santiago	Aceptada
Q/1987/10	Concello de Marín	Aceptada
Q/579/10	Concello de Monforte	Aceptada
Q/2147/10	Concello da Coruña	Aceptada
Q/398/11	Concello de Santiago	Aceptada, pendente de efectividade
Q/1393/10	Concello de Ribadeo	Aceptada
Q/643/11	Concello das Pontes	Aceptada
Q/202/11	Concello da Estrada	Non aceptada
Q/434/11	Concello de Burela	Non aceptada
Q/55/11	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Non aceptada
Q/55/11	Concello de Coles	Non aceptada
Q/669/11	Concello de Noia	Aceptada
Q/588/11	Concello de Monforte de Lemos	Aceptada
Q/1666/10	Concello de Vigo	Aceptada
Q/1080/11	Concello de Salceda de Caselas	Aceptada, pendente de efectividade
Q/1551/11	Concello de Sarria	Pendente de efectividade
Q/1431/11	Concello de Salceda de Caselas	Aceptada
Q/206/11	Concello de Ordes	Aceptada

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2367/10	Concello de Santiago de Compostela	Pendente
Q/737/11	Concello de Oia	Pendente

Área de educación

QUEJA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1689/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Non aceptada
Q/1890/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/1281/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/2169/10	Concello da Coruña	Non aceptada
Q/97/11	Concello da Coruña	Non aceptada
Q/2131/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/124/11	Reitorado Universidade de Vigo	Aceptada
Q/124/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/342/11	Reitorado da Universidade de A Coruña	Non aceptada
Q/1688/10	Concello de Betanzos	Aceptada
Q/542/11	Consellería de Traballo e Benestar (Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar)	Aceptada
Q/529 y 534/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/2249/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/366/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/2212/10	Reitorado da Universidade da Coruña	Non aceptada
Q/905/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/968/11	Reitorado Universidade de Vigo	Pendente
Q/1015/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/1713/11	**Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)**	Non aceptada
Q/839/11	Reitorado Universidade de Vigo	Aceptada
Q/1477/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Non aceptada
Q/1468/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/1653/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/936/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Pendente
Q/1704/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Pendente

Área de industria, comercio e turismo

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1483/11	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (IGVS)	Pendente

Área de servizos sociais

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2093/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2345/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2109/10	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/2123/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2036/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1353/09	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/2106/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2224/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2215/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2111/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/881/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/62/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2338/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2262/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2005/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2059/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2217/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2241/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2274/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1232/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1929/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/271/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2058/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/158/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/251/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/178/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/220/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/73/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/435/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/507/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/515/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/212/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada parcialmente
Q/230/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada parcialmente
Q/567/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1540/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/532/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/299/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/591/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/441/11	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/242/11	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/640/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/309/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/681/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/744/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/757/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/540/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/707/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/706/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/709/11	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/784/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/364/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1427/10	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/796/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/867/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/861/11	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/926/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/234/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/917/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/974/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1046/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1051/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/866/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/909/11	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/953/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/988/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1001/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1009/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1085/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1089/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1115/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1141/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1143/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1144/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1156/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1201/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1078/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/983/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1386/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1408/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1476/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1599/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1600/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/950/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/993/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1093/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1498/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1765/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1730/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1733/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1732/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada

QUEJA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1830/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1512/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/946/11	Consellería de Traballo e Benestar	Non aceptada
Q/1841/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1845/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1953/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1905/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2203/10	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada, pendente de efectividade
Q/2130/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2093/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2087/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1563/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1701/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2158/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2242/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2243/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2244/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2248/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2249/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1668/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada, pendente de efectividade
Q/1961/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1689/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1358/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2254/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/2279/11	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/2291/11	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/2065/11	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/2305/11	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/2307/11	Consellería de Traballo e Benestar	Pendente
Q/212/11 y Q/230/11	Deputación Provincial de Ourense	Aceptada parcialmente

Área de Obras públicas y expropiación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1154/10	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Aceptada

Área de Corporacións locais, servizos municipais e protección civil

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1072/10	Concello de Antas de Ulla	Aceptada

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/422/11	Concello de Arzúa	Aceptada

Área de menores

QUEJA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/361/11	Consellería de Facenda	Aceptada
Q/361/11	Consellería de Traballo e Benestar	Aceptada
Q/1154/11	Concello da Coruña	Aceptada
Q/1154/11	Concello de Ourense	Pendente
Q/1154/11	Concello de Lugo	Pendente
Q/1154/11	Concello de Ferrol	Aceptada
Q/1154/11	Concello de Vigo	Aceptada
Q/1154/11	Concello de Santiago de Compostela	Aceptada
Q/1154/11	Concello de Pontevedra	Non aceptada
Q/999/11	Consellería de la Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Pendente

Área de cultura e política lingüística

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/77/10	Consellería de Cultura e Turismo	Aceptada
Q/1164/10	Consellería de Cultura e Turismo	Aceptada
Q/554/11	Concello da Coruña	Pendente de efectividade
Q/2252/10	Consellería de Cultura e Turismo	Pendente de efectividade

Área de sociedade da información

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/801/11	Concello de Arzúa	Aceptada

C) SUXESTIÓNS.

Área de educación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1977/10	Universidade de Santiago de Compostela	Aceptada
Q/2282/10	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/595/11	Universidade de Santiago de Compostela	Aceptada
Q/785/11	Deputación Provincial de Pontevedra	Aceptada
Q/823/11	Deputación Provincial de Pontevedra	Aceptada
Q/965/11	Concello de Vigo	Pendente de efectividade
Q/1704/11	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Pendente

Área de agricultura, montes e pesca

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2318 y 2319/10	Consellería do Medio Rural	Aceptada, pendente de efectividade
Q/485/11	Consellería do Medio Rural	Aceptada parcialmente

Área de sanidade

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/157/11	Consellería de Sanidade	Aceptada

Área de Corporacións locais, servizos municipais e protección civil

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2392/10	Concello de Brión	Non aceptada
Q/883/11	Concello de Ourense	Non aceptada

Área de menores

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1066/11	Consellería de la Presidencia, Administracións Publicas e Xustiza	Aceptada

Área de cultura y política lingüística

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1895 y 2187/10	Concello de Lugo	Aceptada
Q/2238/10	Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Non aceptada
Q/43/11	Consellería de Sanidade	Aceptada
Q/1781/11	Concello da Coruña	Aceptada
Q/2097/11	Consellería de Cultura e Turismo	Pendente de efectividade

Área de sociedade da información

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/177/11	Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Aceptada
Q/851/11	Concello de Marín	Pendente de efectividade

CAPÍTULO 4
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Á marxe do intenso labor de supervisión da actividade dos poderes públicos que desprega o Valedor do Pobo na súa intríseca misión de influír na conquista dunha máis eficiente xestión por parte destes; así como da función pedagóxica que tamén ten encomendada por lei en prol da difusión e defensa dos Dereitos Fundamentais das persoas; o Valedor do Pobo desenvolve cada ano unha nutrida axenda institucional, cuxos aspectos máis destacables se reúnen nas liñas que suceden, que o mantén en contacto coa realidade e con outras entidades públicas e que, así mesmo, lle permite manter intacto o seu compromiso para coa cidadanía, leit motiv das súas actuacións.

Como alto comisionado seu, o Valedor do Pobo foi fiel un ano máis aos seus compromisos para co Parlamento de Galicia, facendo gala de idéntica cordialidade que en exercicios precedentes e cumprindo coas súas obrigacións de forma dilixente. Deste xeito, durante a anualidade a repaso dirixiuse á súa presidencia en dúas ocasións con motivo de dar a coñecer ,por unha banda o contido do Informe Ordinario correspondente ao exercicio 2010, e por outra os resultados do Informe Extraordinario *Adolescentes e Internet en Galicia*, pioneiro pola exhaustiva análise que realiza dos comportamentos da poboación xuvenil para coas novas tecnoloxías. Así, ao termo do primeiro semestre do ano, e grazas a que a axenda parlamentaria o permitiu, o Valedor daba por concluída a tramitación do informe do exercicio precedente, tras ser entregado en primeiro termo á presidenta da Cámara, Pilar Rojo, e protagonizar dúas comparecencias para debullar os aspectos máis relevantes deste ante a Comisión de Peticións e en sesión plenaria.

Durante a anualidade a institución do Valedor do Pobo despregou un conxunto de estratexias que contribuíron a reforzar máis se cabe os lazos entre a defensoría e a poboación, contribuíndo, entre outros aspectos, a establecer con esta novos mecanismos de comunicación. Como exemplo cabe mencionar a apertura de canles de diálogo a través das redes sociais e os seus usuarios téndose estreado durante 2011 perfís en Facebook e Twitter, por medio dos que comunicar actuacións exemplares, resolucións destacables e difundir a actividade da institución que, con esta iniciativa, se converteu en defensoría pioneira en poñer en marcha as novas plataformas, téndose constancia só de experiencias previas de carácter residual por parte de institucións análogas. Ao finalizar o ano, máis

de 300 persoas contábanse entre os seguidores destas canles a través das que poden depositar os seus comentarios e interactuar obtendo respostas inmediatas.

Fomentar a participación e o espírito deportivo dos máis novos converteuse noutro dos propósitos de Benigno López González durante a anualidade, instituíndo un premio Valedor ao xogo limpo que se puido estrear no primeiro semestre do ano con motivo da celebración en Galicia de dous acontecementos de relevancia internacional: o Campionato de Europa de rugby feminino, disputado na Coruña, e o Campionato de España junior de baloncesto que tivo como sedes as localidades de Tui e O Porriño.

As portas da institución abríronse unha vez máis durante 2011 a recibir visitas institucionais resultando frecuente a presenza de alumnos de institutos de Educación Secundaria e grupos de universitarios. Colectivos con necesidades especiais, grupos profesionais, vítimas da violencia doméstica ou asociacións para a inserción laboral de discapacitados tiveron ocasión de coñecer as dependencias da defensoría e de entrevistarse co titular en demanda de amparo para as súas particulares problemáticas.

Unha vez máis a coordinación entre diferentes defensorías autonómicas e o Defensor del Pueblo permitiu ao Valedor do Pobo estar en contacto coas realidades ás que se enfrontan cada unha delas e debater acerca do modo de reaccionar ante as novas situacións que lles suscita a cidadanía. Evidente resulta que a crise económica e a súa repercusión na poboación de cada comunidade estivo sobre a mesa nos diferentes foros e xornadas de traballo permitindo a todos os defensores afirmar o compromiso de cumprir cos mandatos legais e estatutarios en aras a velar polo pleno respecto dos dereitos dos cidadáns mentres se prolongue a delicada situación.

4.1. ACTIVIDADES PARLAMENTARIAS. INFORMES ORDINARIOS E EXTRAORDINARIOS

4.1.1. INFORME ORDINARIO

O informe ordinario anual correspondente ao ano 2010 iniciou a súa tramitación parlamentaria o día 1 de xuño de 2011, ao serlle entregada a versión definitiva do documento á presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, nun lapis de memoria USB. Seguindo o protocolo normal, deuse difusión pública ao contido do informe nesa mesma xornada a través dos medios de comunicación e das páxinas web do Valedor do Pobo e do Parlamento de Galicia.

O exercicio do 2010 marcou un fito na traxectoria do Valedor do Pobo, ao sumar un total de 2 698 expedientes, a cifra máis alta das rexistradas nos vinte anos de historia da institución, e que veu confirmar a tendencia alcista experimentada nos últimos anos. O dato supuxo un incremento de 64 iniciativas respecto ao exercicio precedente e duplicou o número de expedientes iniciados cinco anos antes. E todo iso, tal e como puido comentar o titular da institución en rolda de prensa, a pesar do contexto de crise no que se desenvolveu a actividade, o que provocou que "o esforzo a realizar desde as nosas entidades, que traballan en prol das persoas, se vexa multiplicado aínda máis cando, tanto o número das reclamacións como a súa intensidade, vai *in crescendo"*.

O resto das comparecencias do Valedor do Pobo no Parlamento galego vinculadas ao mencionado Informe, realizáronse con arranxo á seguinte cronoloxía:

Intervención do Valedor ante a Comisión de Peticións do Parlamento para expoñer con máis detalle o informe anual correspondente ao exercicio 2010. Realizada o 25 de xuño de 2011. Benigno López compareceu ante os representantes dos tres grupos parlamentarios para mostrar de xeito resumido os asuntos que preocuparan ás persoas que se dirixiron a el. Ao profundar nos temas que causaron máis inquietude aos galegos, o alto comisionado dirixiuse aos poderes públicos aos que instou a realizar un exercicio de "enorme responsabilidade para cos máis débiles" e en segundo, aos propios portavoces

presentes na Comisión, para que "saiban transmitir esta mensaxe de necesidade e o diagnóstico imparcial que os cidadáns nos fixeron chegar".

O Valedor resumiu o contido do Informe Ordinario 2010 ante o pleno do Parlamento de Galicia o 28 de xuño de 2011. En virtude do disposto no artigo 36 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, o titular desta institución cumpriu co seu deber de comparecer ante o pleno da Cámara galega para resumir o contido do Informe Ordinario correspondente á anualidade e pechar coa súa intervención a tramitación parlamentaria deste. Seguindo tamén co estipulado na mencionada norma, expuxo aspectos recolleitos no informe e relativos ao número e tipos de queixas presentadas; das que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que resultaron obxecto de investigación e a súa conclusión, con especificación das suxestións ou recomendacións dirixidas á administración pública galega.

Como reflectira en anteriores intervencións, Benigno López González recordou que o ano sometido a repaso supuxo un fito na historia da defensoría ao ascender o número de expedientes iniciados na institución a 2 698, sete veces maior aos rexistrados na primeira anualidade de vida da oficina. Do total de expedientes, 2 396 deron lugar a queixas no seu sentido máis estrito, e o resto repartíronse entre consultas e asuntos de diversa índole.

De todas as queixas, foron admitidas a trámite 1637; non admitidas, 383; e remitidas ao Defensor del Pueblo e outras defensorías autonómicas, por exceder das competencias deste Valedor, un total de 376. Entre as causas máis habituais de non admisión destacaron a inexistencia dunha actuación administrativa previa por parte do cidadán, así como o feito de que traten asuntos de competencia xudicial ou xurdidos nas relacións xurídico-privadas entre as partes.

Segundo o seu tipo, o Valedor abriu 1 845 investigacións que partiron de iniciativas individuais; sobre 479 presentadas en serie sobre un total de seis asuntos diferentes; e 21, que foron promovidas de oficio.

Por áreas, e con carácter xeral, o Valedor recordou unha vez máis que a educación, a sanidade, os servizos sociais e as cuestións relacionadas con procesos selectivos e outros extremos da función pública atopáronse entre as que máis preocuparon aos cidadáns que a el se dirixiron. Neste sentido achacou á entrada dunha queixa seriada contra da substitución do antigo Curso de Adaptación Pedagóxica polo actual Máster de Formación de Profesorado o feito de que a área de educación quedase catapultada nas estatísticas. Algo semellante afectou á sanidade ao contabilizar ducias de queixas en demanda dunha mellor atención médica no Courel e outro grupo importante para reclamar profesionais celadores en diferentes centros hospitalarios. Un total de 59 expedientes gardaron relación coas listas de espera.

En canto aos problemas derivados da aplicación da Lei de dependencia, o Valedor indicou que permanecían algúns dos xa detectados en 2008 e 2009 en canto ás excesivas dilacións e a ausencia de pagos de atrasos en caso de falecemento do dependente sen contar co Plan Individual de Atención, e despois do vencemento dos prazos para telo. A exhaustividade da investigación desenvolvida na anualidade sometida a repaso sobre procesos selectivos do Sergas, que permitiu ao Valedor constatar irregularidades importantes, centrou tamén parte do discurso do alto comisionado parlamentario ante a Cámara.

4.1.2. INFORME EXTRAORDINARIO

O informe extraordinario *Adolescentes e Internet en Galicia* foi entregado á presidenta da Cámara, Pilar Rojo, o 19 de outubro de 2011. O documento analiza, cunha exhaustividade ata entón descoñecida, as actitudes, crenzas e hábitos da "mocidade dixital" en Galicia. Tomando como punto de partida os resultados dunha enquisa promovida polo Valedor, e realizada a 2 339 mozos de entre 11 e 18 anos de 29 centros da comunidade, o defensor galego puido constatar que o 53% dos mozos afirman navegar por Internet sen control paterno e que un 80% nunca discutiu cos seus proxenitores polo seu uso.

Incidir no papel das familias de cara a evitar malos usos nas relacións dos mozos/as coas novas tecnoloxías foi xusto un dos intereses perseguidos polo defensor para

xustificar a elaboración do informe e aportar recomendacións co obxectivo de mellorar e protexer aos menores de idade.

Como novidade a enquisa desenvolvida polo Valedor permitiu obter indicadores propios de ciberdependencia en Galicia á marxe de extrapolacións de estatísticas europeas ou estatais. A teor dos resultados un 18.7% dos mozos presentaría un risco elevado e un 5.9% claros indicios de ciberdependencia. En alusións aos usos perigosos concretos que afectan aos adolescentes, púidose deducir que polo menos un 20.9% dos adolescentes recoñece que algunhas das páxinas que visita habitualmente non son adecuadas para a súa idade, un 40.9% sobe fotos a Facebook ou Tuenti e un 64.7% adoita baixar música, películas, vídeos ou imaxes de Internet.

4.2 OUTRAS ACTIVIDADES DA INSTITUCIÓN

4.2.1 ESTREO NAS REDES SOCIAIS

O Valedor do Pobo estreou o 19 de abril un perfil propio na rede social Twitter (http://twitter.com/Valedordopobo), a principal ferramenta de microblogging existente na actualidade e que lle permitiría estar máis próximo á cidadanía e coñecer os seus intereses. Como institución de defensa dos dereitos das persoas e, en concreto, dos máis novos, o Valedor puxo en marcha esta nova plataforma para facer pedagoxía dos mesmos e estar en contacto co novo perfil de usuario que se entrelaza por medio das redes sociais.

A sensibilidade do Valedor para co uso seguro das novas tecnoloxías non resulta novo. De feito hai anos que a institución iniciou sucesivas campañas de concienciación sobre estas cuestións por medio de anuncios televisivos, cartelería e publicacións didácticas. A presenza do Valedor nas redes sociais, neste primeiro momento en Twitter, supuxo un punto e seguido nesa tarefa de contribuír a que os adolescentes coñezan os perigos aos que se enfrontan nas redes e poidan interactuar en demanda de axuda.

Ademais a presenza do Valedor en Twitter contribuíu á difusión de informacións de carácter institucional e sobre os problemas que os galegos lle fan chegar por medio das

súas queixas, e cos que os propios usuarios das redes poden sentirse identificados. Á pechadura do ano eran máis de 300 os seguidores e uns 150 os tweets emitidos.

O Valedor do Pobo foi o primeiro defensor autonómico en apostar con estabilidade por esta nova vía de comunicación.

4.2.2 O VALEDOR, MEMBRO DE HONOR DO COLEXIO DE ODONTÓLOGOS

O Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña acordou designar membro de honor da entidade a Benigno López González, Valedor do Pobo de Galicia. A xunta directiva da entidade colexial, reunida en sesión plenaria o 6 de abril, decidiu ratificar por unanimidade o nomeamento do defensor galego, recoñecendo deste xeito "o apoio institucional e persoal" dispensado.

O presidente do Colexio, José María Suárez Quintanilla, remitiu unha carta ao Valedor para comunicarlle a distinción que segundo indicou "a todos nos satisfai".

O nomeamento oficializouse no transcurso dun acto celebrado o 22 de xuño no Salón Nobre do Pazo de Fonseca onde se lle impuxo a medalla correspondente ante a presenza de autoridades académicas, xudiciais, municipais e membros colexiados da entidade, entre outros.

O Valedor aproveitou esta ocasión para facer público o seu agradecemento ao Colexio e puido felicitar aos alumnos alí presentes e que concluíran con éxito o Curso de Especialización en Implantoloxía impartido pola Facultade de Odontoloxía da Universidade de Santiago logo de recoller os seus diplomas.

Coa distinción, Benigno López pasa a engrosar a lista de personalidades que, polos seus méritos, foron designadas nos últimos anos como membros de honor e entre as que se atopan, entre outras, Senén Barro Ameneiro, ex reitor da Universidade de Santiago; ou o doutor José Carro Otero, como presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, distinguido na anualidade anterior.

4.2.3 A INSTITUCION TAMÉN SE APUNTA A FACEBOOK

O Valedor do Pobo, fiel á súa aposta polas novas tecnoloxías e polo fomento da súa presenza a través das redes sociais, inaugurou o 6 de maio un perfil en Facebook (http://www.facebook.com/pages/Valedor-do-Pobo/).A plataforma dixital permitiu desde ese momento á institución abrir unha nova canle de diálogo para coa cidadanía e, en especial, con quen se define usuario destas ferramentas.

A través de Facebook, Benigno López González, achega aos seus usuarios as noticias máis importantes relacionadas coa acción institucional do defensor, as campañas de pedagoxía dos dereitos e o contido de queixas e resolucións que poidan resultar exemplares. Un aspecto importante desta aposta ten que ver co despregue de campañas que a institución vén desenvolvendo desde fai tres anos en prol dun uso seguro das novas tecnoloxías por parte da mocidade.

A diferenza de Twitter, unha ferramenta de microblogging á que os usuarios "soben" mensaxes de tan só 140 caracteres, Facebook defínese como unha aplicación para as relacións sociais, para vincular a persoas e institucións que comparten intereses. Desde o perfil do Valedor do Pobo, deste xeito, a institución publica notas, fotografías e ata vídeos dos actos máis relevantes. E mantén contacto directo e dá resposta aos usuarios sobre as dúbidas que lles afloren acerca do funcionamento e a utilidade da defensoría.

4.2.4. CO DEPORTE LIMPO

O Valedor do Pobo instituíu durante 2011 un trofeo propio a favor do xogo limpo, que puido estrear con motivo da celebración en Galicia de dous encontros deportivos de relevancia tales como o Campionato de Europa de Rugby feminino celebrado na Coruña así como o Campionato de España Junior de Baloncesto que tivo como sedes as localidades pontevedresas do Porriño e Tui. En ambos casos a institución decidiu premiar a deportividade de todos os participantes e, en especial, a dos equipos que destacaron polos seus méritos, esforzo e compañeirismo.

Os premiados resultaron ser a selección de Rusia no caso do Mundial de Rugby, e no de Baloncesto o galardón (unha figura de sargadelos exclusiva da institución) recaeu en Carlos Caballero, xogador do Fuenlabrada.

4.2.5 CERTAMEN DE FOTOGRAFÍA INCLUSIVA

O xurado do II Concurso de Fotografía Cidadá Inclusiva, organizado pola Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia), e que contou coa participación do Valedor, Benigno López González, decidiu outorgar o primeiro premio da edición á fotografía "Ocupación rota" asinada por Elisabet Rodríguez Gándara. Debido ao incremento da participación a organización decidiu ademais entregar 3 accésit a diferentes imaxes nas que se pretenden plasmar situacións de exclusión social ben por problemas de raza, de discapacidade ou económicos.

O Valedor do Pobo tomou parte por primeira vez na convocatoria como membro do xurado, á beira doutras autoridades como a Presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, e persoas vinculadas ao mundo da fotografía e da organización EAPN.

Como en anteriores ocasións, a organización dispuxo reservar parte das 61 imaxes presentadas para a exposición "Prioridade I. Pobreza e exclusión social" que, xunto coas fotografías da primeira edición do certame seguirán percorrendo diferentes puntos da xeografía galega.

4.2.6 PUBLICACIÓNS

O Valedor do Pobo, Benigno López González, fixo chegar ás diferentes administracións e institucións de Galicia, así como outras entidades de fóra da comunidade un total de 500 exemplares da súa Revista Resumen Informe Ordinario 2010 que, como o seu título indica, reúne parte das actuacións máis relevantes despregadas polo Valedor durante ese ano, así como unha copia en soporte dixital do último informe presentado ante o Parlamento correspondente ao exercicio.

Como cada ano, e unha vez concluída a súa tramitación parlamentaria, o Valedor edita esta versión abreviada da memoria anual tras abandonar fai xa catro anos a custosa e aparatosa edición en formato libro. Tamén nesta ocasión recibiron exemplares tanto o presidente da Xunta e as súas correspondentes consellerías así como a presidenta do Parlamento de Galicia, os membros da Mesa e os portavoces da Cámara; todos os alcaldes de Galicia, os órganos consultivos e de fiscalización da comunidade, tribunais, xefaturas policiais e militares, entre outros.

Para cumprir co seu propósito de estar en contacto tanto co Defensor del Pueblo como con outros altos comisionados autonómicos, o titular da institución remite exemplares da publicación ás súas respectivas institucións.

A versión da revista en formato PDF así como do Informe Ordinario 2010 permanece "colgada" na páxina web do Valedor para favorecer a descarga por parte dos interesados.

O mesmo número de exemplares do *Informe Extraordinario Adolescentes e Internet en Galicia* foi remitido no seu soporte mixto papel-cedé tanto ao Goberno galego, como aos representantes da Cámara e outros altos comisionados do resto de comunidades. Á marxe destas autoridades, o Valedor do Pobo facilitou copias a todas as entidades públicas e privadas de dentro e fóra de Galicia relacionadas dalgún modo coa Sociedade da Información e as boas prácticas a desenvolver no seo da mesma.

Todos os centros educativos que imparten ensino secundario en Galicia foron, por outra banda, obxecto dun *mail* masivo no que se lles explicaba o contido do documento e facilitábaselles o enlace para que puidesen imprimir todo o seu contido.

A difusión a través da páxina web da institución e das redes sociais foi tal que en só tres meses 1200 persoas descargaron da mesma un exemplar completo do documento.

4.2.7 VISITAS GUIADAS Á INSTITUCION

Diferentes grupos de universitarios e de alumnos de Educación Secundaria e Bacharelato tiveron a oportunidade de percorrer no 2011 as dependencias do Valedor do Pobo e coñecer, de man do seu persoal, tanto a súa orixe e funcións como o seu compromiso e/ou utilidade para con eles.

As visitas resultaron máis intensas durante o pasado mes de decembro, antes da pechadura da anualidade, en que se desprazaron ata a sede do Valedor alumnos universitarios do IES A Paralaia de Moaña (1 de decembro) e do IES Auga de Laxe de Gondomar (20 de decembro). Previamente, as portas da sede abríronse a recibir a presenza de mozos universitarios da Facultade de Dereito do Campus de Ourense (25 de novembro), dunha representación da maxistratura húngara (15 de setembro), do IES Pedro Floriani de Redondela (28 de abril), universitarios da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra (24 de marzo) e de escolares do Colexio Peñarredonda da Coruña (3 de marzo).

Nas súas visitas, os participantes adoitan suscitar as súas dúbidas ou comentarios sobre a institución, algo que a longo prazo repercute en beneficio dunha maior proxección do Valedor do Pobo.

4.2.8 PORTAS ABERTAS.

Non menos frecuentes resultou durante a anualidade a presenza de representantes de colectivos de moi diversa natureza que reclamaban un achegamento á institución e ao seu titular para formular problemas da súa incumbencia e atopar apoio. Neste sentido, durante o ano 2011, o Valedor do Pobo puido entrevistarse co Delegado Territorial da ONCE, Eugenio Ferradás (18 de xaneiro) para poñer sobre a mesa asuntos relacionados coas prestacións por dependencia e outras cuestións relacionadas coa discapacidade. Tamén visitaron a sede representantes do colectivo Secretariado Xitano (7 de abril) e da Asociación Custodia Compartida (6 de maio) que entregou ao Valedor un completo dossier

acerca dos beneficios desta alternativa en procesos de separación e/ou divorcio no que se analizaba o estado da cuestión tanto en España como noutros países.

Representantes da Asociación Velaluz contra a violencia de xénero tamén acudiron ao encontro co titular da institución (23 de maio) a quen puideron propoñer aspectos concretos da súa especial problemática reclamando da defensoría a súa implicación en solucionala.

Outros colectivos que tiveron a oportunidade de presentarse ante o Valedor foron: Comité de folga dos servizos de recollida de lixo de Padrón (14 de xuño), representantes da Asociación Alfidi a favor da integración laboral dos discapacitados intelectuais (21 de xuño) e un grupo de mariscadores que suscitaron as súas demandas profesionais (28 de decembro).

4.2.9 ESTUDO PIONEIRO

O Valedor do Pobo promoveu durante o 2011 a elaboración do pioneiro *Estudo sobre o uso de Internet entre os adolescentes galegos* que marcou un fito no coñecemento, ata o momento limitado, que tiñamos en Galicia dos hábitos da mocidade respecto do uso de Internet e as novas tecnoloxías. O desenvolvemento do traballo, que se utilizou como punto de partida para a elaboración dun Informe Extraordinario sobre a materia, foi posible grazas á colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que puxo o financiamento. O desenvolvemento dos contidos, pola súa banda, foi encomendado ao Grupo de Investigación en Psicoloxía do Consumidor e Usuario da Universidade de Santiago de Compostela.

O traballo naceu do propósito que o titular tiña de casar a súa finalidade de defender os dereitos dos menores prestando atención ás especiais problemáticas que representan as novas tecnoloxías. Neste sentido procedeu a encargar a realización dunha enquisa entre 2 339 mozos/as que cursan os seus estudos de Secundaria en 29 centros da comunidade galega seleccionados de xeito aleatoria tendo en conta os seus trazos diferenciadores tales como provincia, zona rural ou urbana, costa e interior, etc. A mostra

supuxo unha marxe de erro de máis menos o 2%, o que permitiu garantir uns niveis de representatividade adecuados.

A realización da enquisa permitiu a todos os interesados adquirir unha radiografía exhaustiva acerca das actitudes, percepcións, crenzas e hábitos de uso da rede de redes por parte da mocidade, prestando especial interese aos seus costumes respecto das redes sociais e a posibles indicadores de ciberdependencia por parte dos cidadáns.

Dun xeito indirecto, os investigadores puideron realizar unha avaliación sobre as barreiras que afectan aos adolescentes á hora de conectarse, tendo en conta as posibles alusións a deficiencias ou carencias nas conexións nos fogares, e coñecer se son vítimas da denominada brecha dixital.

Todas as conclusións do traballo foron tidas en conta polo Valedor como punto de partida dun informe monográfico extraordinario centrado nos perigos que axexan á adolescencia nas súas relacións con Internet, e entregado ao Parlamento de Galicia no último trimestre do ano.

4.2.10 NOVA SECRETARIA XERAL

O Valedor do Pobo, Benigno López González, nomeou o 9 de febreiro á compostelá María José Castro Carballal como secretaria xeral da institución, un posto que ocupaba en funcións desde o ano 2009, aínda que a súa experiencia no seo da defensoría sumaba máis de dez anos desde que en 1999 se fixese cargo da xefatura de Servizo e Persoal.

Castro Carballal conta cunha dilatada experiencia profesional, tanto dentro da institución do Valedor do Pobo como nas diferentes administracións coas que tivo a oportunidade de colaborar, primeiro como letrada dos servizos xurídicos da entón Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración (1985) e máis adiante como xefa do Servizo Xurídico da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes (1987) ou como

subdirectora xeral de Xustiza na Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (1994).

No ano 1999 accedeu á institución do Valedor do Pobo como responsable da Xefatura de Servizo de Administración e Persoal, cargo que compatibilizou ata o nomeamento coa Secretaría Xeral en funcións, que ostenta desde o ano 2009.

No que se refire á súa formación, María José Castro Carballal é licenciada en Dereito e Diplomada en Comunidades Europeas pola Universidade de Santiago de Compostela e conta no seu haber co diploma de directiva desde o ano 1996 e co diploma de inspección de servizos da Xunta de Galicia desde 1998. Durante a súa traxectoria profesional tivo a oportunidade de profundar no coñecemento das políticas rexionais na Unión Europea, tomando parte, por exemplo, en programas europeos de intercambio de funcionarios da Xunta de Galicia en Francia e con estadías temporais na Fundación Galicia Europa en Bruxelas.

4.3 VISITAS E ACTOS OFICIAIS E PROTOCOLARIOS

O Valedor do Pobo recibiu a visita de personalidades do ámbito da Administración, do mundo profesional e da cidadanía, asistiu a innumerables actos oficiais e protocolarios e atopouse con representantes doutras defensorías autonómicas durante a anualidade. A continuación enuméranse algunhas das súas actividades máis destacadas.

4.3.1 RECEPCIÓNS NA SEDE DA INSTITUCIÓN.

Colectivos e personalidades que visitaron a institución do Valedor do Pobo:

- Don Eugenio Ferradás, Delegado Territorial para Galicia da Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE).

-Don José Luís García García, Alcalde de Brión.

-Don Álvaro Rodríguez, Presidente da Asociación de Custodia Compartida en Galicia.

- Asociación "Velaluz" contra a violencia de xénero.

- Don Pedro Puy Fraga, Portavoz do Grupo Popular.

- Doña Beatriz Sestayo, integrante do Grupo Socialista no Parlamento de Galcia.

-Don José Sánchez Bugallo acudiu como alcalde de Santiago de Compostela.

-Comité de folga de Padrón da Federación de Servizos da U.X.T.

-Asociación para a Integración Laboral de Discapacitados Intelectuais (AFILDI).

-Xeneral de División don Manuel Ferreiro Losada, Xefe da XV Zona da Garda Civil, que acudiu para despedirse con motivo do seu pase á reserva.

-Don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

-Dona Paula Prado e don Albino Aldrey, concelleiros do Concello de Santiago que se dirixiron ao Valedor para tratar o problema do botellón en Santiago de Compostela.

-Coronel don Eduardo Canelada Sánchez, Xefe do Aeródromo Militar de Santiago de Compostela, con motivo do seu cesamento no cargo.

-Xeneral don Faustino Álvarez Sola, Xefe da XV Zona da Garda Civil, con motivo do seu recente nomeamento no cargo.

-Don Simón Sabaríz Rolán, comisario xefe da Policía Nacional en Santiago de Compostela, con motivo do seu nomeamento para o cargo.

-Coronel don Esteban Miguel Diego, xefe do Aeródromo Militar de Santiago de Compostela, con motivo do seu nomeamento para o cargo.

-Doña María Luisa Cava de Llano y Carrió, Defensora del Pueblo de España en funcións.

-Don Argimiro Rojo Salgado, Defensor Universitario da Universidade de Vigo.

-Alcalde do Concello de Ordes, don Manuel Regos Boquete.

4.3.2 ACTOS INSTITUCIONAIS E PROTOCOLARIOS

- Recepción con motivo da celebración da Pascua Militar, no Palacio de Capitanía Xeral. A Coruña. (6 de xaneiro de 2011).

-Inauguración do Arquivo e Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia por SS.AA.RR. os Príncipes de Asturias. Monte Gaiás. Santiago de Compostela. (11 de xaneiro de 2011).

-Apertura do Curso Académico na Fundación Averhó. Club Financeiro. A Coruña. (13 de xaneiro de 2011).

-Entrega de medallas e xura de novos colexiados no Salón Nobre do Palacio de Fonseca e celebracións con motivo da festividade de San Raimundo de Peñafort, organizadas polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. (21 de xaneiro de 2011).

-Entrega no Concello da Coruña do Premio de Xornalismo "Pérez Lugín" 2010, concedido pola Asociación da Prensa da Coruña a don Antón Pombo. (25 de xaneiro de 2011).

-Presentación na sede do Valedor do Pobo, xuntamente co conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, don Jesús Vázquez Abad e o profesor doutor don Jesús Varela Mallou, en representación do Grupo de Investigación en Psicoloxía do Consumidor e Usuario da Universidade de Santiago de Compostela, do proxecto de Informe Extraordinario sobre "Uso de Internet entre os adolescentes galegos". (26 de xaneiro de 11).

-Día da Universidade 2011 con motivo da festividade de San Tomé de Aquino. Paraninfo da Universidade da Coruña. (28 de xaneiro de 2011).

-Xura de Procuradores e entrega de medallas a colexiados, con motivo da festividade de San Raimundo de Peñafort, organizada polo Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela (28 de xaneiro de 2011).

-Entrega de medalla Eixo Atlántico a don Luís García Mañá, Xefe Superior de Policía de Galicia. Santiago de Compostela (10 de febreiro de 2011).

-Conmemoración por parte do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña, da festividade da súa Patroa Santa Apolonia. Santiago de Compostela (12 de febreiro de 2011).

- Conferencia a cargo do Presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo, organizada polo Real Club Náutico da Coruña (15 de febreiro de 2011).

-Entrega do XVIII Premio Xornalístico "Puro Cora" ao escritor Luís González Tosar. Círculo das Artes. Lugo (25 de febreiro de 2011).

- Celebración do Día Internacional da Muller na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela (7 de marzo de 2011).

-Inauguración de dúas Salas de Exposicións no Edificio Exponav da Armada. Arsenal de Ferrol (24 de marzo de 2011).

-Xubilación do Tenente Fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, don José Luís Conde Salgado. A Coruña (25 de marzo de 2011).

-Ingreso de don José Antonio Portero Molina como membro electo no Instituto José Cornide de Estudos coruñeses da Coruña. Concello da Coruña (1 de abril de 2011).

-Inauguración das Xornadas da Asociación Nacional de Profesores de Dereito Civil. Paraninfo da Universidade da Coruña (8 de abril de 2011).

-Acto de presentación do novo delegado do Goberno en Galicia don Miguel Cortizo Nieto. Delegación do Goberno. A Coruña (8 de abril de 2011).

-Conmemoración do 800º aniversario da Catedral de Santiago. Santiago de Compostela (9 de abril de 2011).

-Despedida ao Almirante da Flota don Santiago Bolíbar Piñeiro, con motivo da súa promoción ao devandito emprego. Arsenal de Ferrol. (16 de abril de 2011).

-Foro "Xubilación e exercicio da profesión" e homenaxe a don Roberto Pérez López, ex secretario xeral da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, organizado polo Colexio de Avogados e o Colexio Médico da Coruña. Sede do Colexio Médico. A Coruña. (28 de abril de 2011).

-Ingreso do Dr. don David Suárez Quintanilla na Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. A Coruña. (6 de maio de 2011).

-Celebración relixiosa na Catedral de Santiago con motivo dos 800 anos da súa Consagración (7 de maio de 2011).

-Entrega do Trofeo Valedor do Pobo "A Deportividade" no Campionato de Europa Feminino de Rugby, á selección de Rusia. A Coruña. (7 de maio de 2011).

-Conmemoración do Día das Letras Galegas, na Fundación Luís Seoane, organizada polo Concello da Coruña (16 de maio de 2011).

-Acto institucional en Monforte de Lemos organizado pola Real Academia Galega con motivo do Día das Letras Galegas, en honor de Lois Pereiro. Parador de Monforte de Lemos (17 de maio de 2011).

-Entrega do Trofeo Valedor do Pobo ao "Xogo Limpo", na clausura do XL Campionato de España Junior Masculino de Baloncesto, ao xogador Carlos Caballero do equipo Fuenlabrada. O Porriño, Pontevedra (21 de maio de 2011).

-Actos na Capitanía Xeral con motivo do Día das Forzas Armadas (25 de maio de 2011).

-Xura de xuíces, pertencentes á 61ª promoción da Carreira Xudicial, no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Coruña (26 de maio de 2011).

-Homenaxe á Bandeira con motivo do Día das Forzas Armadas no Campo da Leña da Coruña e posterior recepción en Capitanía Xeral. A Coruña (27 de maio de 2011).

-Constitución da nova Corporación Municipal no Concello da Coruña. Palacio Municipal da Coruña. (11 de xuño de 2011).

-Imposición da Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda. Pazo de Mariñán. A Coruña (14 de xuño de 2011).

-Homenaxe ao Xeneral de División don Manuel Ferreiro Losada, Xefe da 15ª Zona da Garda Civil, con motivo do seu pase á situación de reserva. A Coruña. (16 de xuño de 2011).

-Celebración do 50º Aniversario do Real Club de Golf A Coruña da Zapateira. A Coruña (17 de xuño de 2011).

-Cea homenaxe á Patroa do Colexio de Notarios e Rexistradores da Propiedade. A Toxa- Pontevedra (18 de xuño de 2011).

-Ingreso do Valedor do Pobo don Benigno López González como Membro de Honor do Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña. Salón Nobre de Fonseca. Santiago de Compostela (22 de xuño de 2011).

-Entrega de Medallas Castelao 2011, na Igrexa de San Domingos de Bonaval. Santiago de Compostela (28 de xuño de 2011).

-Entrega do Premio Dereitos Humanos "Amparo de Dereitos e Liberdades" concedido pola Universidade de Oviedo e a Procuradora General del Principado de Asturias, a Cruz Roja Española. Paraninfo da Universidade de Oviedo. (1 de xullo de 11).

-Ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Jesús Sacramentado na Catedral de Lugo (3 de xullo de 2011).

-Inauguración da Exposición "Aqueles primeiros anos (1981-1989)", no Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela (4 de xullo de 2011).

-Constitución da nova Corporación da Deputación Provincial da Coruña. Palacio da Deputación. A Coruña (12 de xullo de 11).

-Xura de Bandeira e entrega de despachos na Escola Naval de Marín, con asistencia de SS.AA.RR. os Príncipes de Asturias (16 de xullo de 11).

-Actos oficiais con motivo da festividade do Apóstolo 2011 (24 de xullo de 2011).

-Ofrenda Nacional ao Apóstolo presentada por dona Pilar Rojo Noguera, Presidenta do Parlamento de Galicia (25 de xullo de 2011).

-Concesión das Medallas Galicia 2011 a don Anxo Mª Carracedo Álvarez e ao Instituto da Lingua Galega. Cidade da Cultura (Monte Gaiás). Santiago de Compostela (25 de xullo de 2011).

-Inauguración do Auditorio de Novacaixagalicia. Santiago de Compostela (20 de setembro de 2011).

-Apertura do Ano Xudicial. Palacio de Xustiza. A Coruña. (23 de setembro de 11).

-Actos institucionais en conmemoración do Día da Policía. Santiago de Compostela. (3 de outubro de 2011).

-Actos institucionais en conmemoración do Día da Policía. A Coruña (3 de outubro de 2011).

-Acto de Entrega de Mando do Aeródromo Militar de Santiago e da Comandancia Militar Aérea do Aeroporto de Santiago ao Coronel don Esteban Miguel Diego. Aeródromo Militar. Santiago de Compostela (5 de outubro de 2011).

-Función do Voto en honor da Virxe do Rosario, Patroa da Coruña. Igrexa Conventual de Santo Domingo. A Coruña (7 de outubro de 2011).

-Festividade da Garda Civil, en honor á súa Patroa a Virxe do Pilar. Cuartel de Lonzas. A Coruña (12 de outubro de 2011).

-Gala de entrega de Premios Galegos do Ano de "O Correo Galego". Palacio de Congresos e Exposicións. Santiago de Compostela (27 de outubro de 2011).

-Entrega da Cruz Distinguida de 1ª Clase de San Raimundo de Peñafort a Don Antonio Platas Tasende, Decano do Colexio de Avogados da Coruña. Colexio de Avogados. A Coruña (31 de outubro de 11).

-Festividade da nosa Señora do Patrocinio, Patroa do Colexio de Avogados da Coruña (18 de novembro de 2011).

-Clausura do XIV Congreso Estatal do Voluntariado, con asistencia de SS.AA.RR. os Príncipes de Asturias e do Presidente da Xunta de Galicia Don Alberto Núñez Feijóo. Palexco, Peirao de Trasatlánticos. A Coruña (1 de decembro de 2011).

-Fundación Andrea. Cea benéfica no Pazo de San Lorenzo. Santiago de Compostela (1 de decembro de 2011).

-Conmemoración do 33º aniversario da Constitución española con intervención do Ministro de Xustiza Don Francisco Caamaño, organizada polo Delegado de Goberno en Galicia don José Manuel Pose Mesura. Delegación do Goberno en Galicia. A Coruña (2 de decembro de 2011).

-Festividade da Inmaculada Concepción, Patroa do Corpo de Infantería. Misa e Parada Militar na Brilat de Pontevedra, organizado polo Xeral don José Antonio Alonso Miranda (8 de decembro de 2011).

-Translación dos restos do Apóstolo Santiago. Santiago de Compostela (30 de decembro de 11).

4.4 REUNIÓNS DE TRABALLO NACIONAIS E INTERNACIONAIS

-Reunión de coordinación de titulares das defensorías.

O Valedor do Pobo, Benigno López González, participou o 24 de xaneiro de 2011 nunha reunión de coordinación de titulares de defensorías autonómicas convocados pola Defensora del Pueblo (e.f.), María Luisa Cava de Llano. No transcurso desta, os representantes das comunidades definiron parte da súa axenda de actividades para a anualidade, prestando especial interese á súa xuntanza anual que nesta ocasión, se celebrarou en Murcia.

Os asistentes elixiron así mesmo a representación que enviarían ao encontro en Copenhague da rede europea de defensores.

-Talleres preparatorios das Xornadas de Coordinación

A institución do Valedor do Pobo estivo representada nos talleres preparatorios das XXVI Xornadas de Coordinación de Defensores del Pueblo que se celebraron no mes de xuño en Murcia co lema *Os dereitos das persoas maiores*. O programa previo de encontros de técnicos das diferentes defensorías arrincou o 28 de abril en Albacete, onde representantes de todas as oficinas analizaron os dereitos socio-económicos deste grupo de poboación. Os outros dous, dos tres talleres previstos, celebráronse os días 3 e 4 de maio en Alacante co título *Persoas en situación de dependencia: especial consideración ás persoas maiores* e na Palma os días 10 e 11 de maio sobre *Dereitos sociosanitarios e outros dereitos.*

O plan de traballo do taller de Albacete incluíu como proposta de análise temas vinculados cos dereitos socio económicos das persoas maiores tales como a pobreza, o sistema de pensións, as prestacións que reciben, a súa accesibilidade á vivenda ou cuestións relacionadas coa fiscalidade. Na mesa de traballo, os participantes puideron coñecer parte das actuacións desenvolvidas pola defensoría de Castela-A Mancha neste ámbito.

No caso de Alacante, os participantes debateron sobre as diferentes situacións de dependencia que afectan ás persoas maiores. Durante as dúas xornadas puxéronse sobre a mesa asuntos como a protección xurídica deste colectivo ou a análise pormenorizada da Lei de dependencia no que concirne ás persoas de maior idade. As diferentes defensorías achegaron a súa perspectiva á luz das queixas tramitadas e as resolucións adoptadas e o Síndic Valenciano explicou aos asistentes con minuciosidade como funciona o sistema valenciano para a promoción da autonomía persoal e a atención á dependencia.

O Valedor do Pobo, Benigno López González, asistiu en persoa ao último taller que se celebrou na illa da Palma os días 10 e 11 de maio organizado polo Diputado del

Común. O documento base sobre o que se traballou tiña como tema xeral os dereitos sociosanitarios e outros dereitos das persoas maiores, incluíndo cuestións de diversa índole como as derivadas da cobertura sanitaria que reciben tanto no seu domicilio como en centros sanitarios e residencias; a atención nos diferentes niveis, os coidados paliativos, a cobertura farmacéutica ou as políticas de participación desta cidadanía de idade avanzada, entre outras.

De cada un dos talleres organizados saiu un documento de conclusións que foron presentadas por representantes dos diferentes grupos de traballo no marco das XXVI Xornadas de Coordinación de Defensores del Pueblo de España, que este ano se celebraron en Cartaxena os días 6, 7 e 8 de xuño.

-XXVI Xornadas de Coordinación de Defensores del Pueblo

As XXVI Xornadas de Coordinación de Defensores del Pueblo celebradas durante tres días en Cartaxena permitiron aos titulares destas institucións, entre os que se atopaba o Valedor do Pobo, Benigno López González, profundar nos dereitos das persoas maiores. Durante a última sesión, todos eles participaron na reunión final na que se aprobaron as conclusións das xornadas e entre as que se inclúen, entre outras necesidades, a de instar aos poderes públicos a atender o mandato de garantía da suficiencia económica, tendo en conta os datos da OCDE nos que se reflicten que un 25% dos españois maiores de 65 anos se atopan por baixo do limiar da pobreza.

Durante tres días representantes das 13 defensorías autonómicas e do Defensor del Pueblo, así como relatores especializados puideron debater sobre os dereitos económicos e socio-sanitarios deste núcleo de poboación así como sobre os problemas na aplicación da Lei de dependencia que afectan aos nosos maiores.

Entre as conclusións destacadas polos defensores, inclúense chamadas de atención á administración sobre diferentes asuntos como a inadecuación das vivendas que, polos seus problemas de accesibilidade ou ausencia de ascensores, poden favorecer o illamento das persoas maiores. Segundo os comisionados parlamentarios o sistema debe dispoñer, así

mesmo, dunha rede de recursos asistenciais suficiente para atender as necesidades dos maiores en residencias permanentes ou temporais, centros de día ou de noite, etc. e que ademais estea coordinado entre as diferentes comunidades autónomas, de forma que se permita o traspaso territorial cando a persoa maior teña a súa familia noutra rexión.

En canto aos dereitos das persoas maiores os defensores conclúen que en virtude da aplicación da Lei de dependencia, saturouse a tradicional oferta de servizos sociais autonómicos, privando do seu goce aos antigos usuarios que non teñan a condición de dependentes. Outra das deficiencias é que resulta insuficiente o desenvolvemento da normativa estatal por parte das comunidades autónomas. En moitas delas non se aprobaron aínda os decretos que regulan o procedemento de recoñecemento da prestación, copago, retroactividade ou expedientes de falecemento. Neste sentido, pídese a intervención harmonizadora dun Consello Interterritorial do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD).

Os titulares, por outra banda, acordaron celebrar as xornadas do ano que vén en Zaragoza coa saúde mental como tema de análise. Así mesmo decidiron remitir ás autoridades de Lorca unha declaración conxunta en apoio das persoas damnificadas polo sismo que deixou fóra das súas casas a centos de damnificados.

A continuación, reprodúcense as conclusións alcanzadas no encontro anual de defensores:

Nos últimos anos a sociedade española está experimentando unha transformación derivada da acusada tendencia demográfica cara ao envellecemento, sen que os Defensores e Defensoras del Pueblo de España observen que por parte das administracións e os poderes públicos se planificase de forma suficiente o novo escenario que debería ir necesariamente encamiñado cara á implementación de novas políticas públicas, cambio de patróns sociais e dotación de recursos asistenciais para as persoas maiores, sexan ou non autosuficientes.

Desde un punto de vista normativo, a Constitución Española no seu artigo 50 mandata aos poderes públicos garantir, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica durante a terceira idade e promover o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais, con independencia das obrigacións dos seus familiares.

Con idéntica vinculación xurídica, isto é, atopando a súa concreción nas normas con rango legal que os desenvolvan, o artigo 43 do texto constitucional recoñece o dereito á protección da saúde, atribuíndo aos poderes públicos a obrigación de organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

Finalmente, ten que destacarse a aprobación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia (LAPAD), recoñecendo, non xa con carácter programático e informador do ordenamento xurídico, senón como dereito subxectivo e exixible polos cidadáns, a promoción da súa autonomía persoal e atención ás situacións de dependencia a través da creación dun sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) no que participan as diversas administracións territoriais coa garantía dun contido mínimo común para todos os cidadáns.

É neste triplo marco normativo no que se desenvolveron os tres talleres que precederon ás actuais Xornadas de Coordinación. No primeiro, celebrado en Albacete, sede da Defensoría de Castela A Mancha, someteuse a análise e discusión os dereitos socio-económicos das persoas maiores, poñéndose de manifesto a necesidade, especialmente marcada en contextos como os actuais de crise económica, de que os poderes públicos atendan o mandato de garantía da suficiencia económica, tendo en conta dos datos da OCDE nos que se reflicten que un 25% dos españois maiores de 65 anos se atopan por baixo do limiar da pobreza, e especialmente no caso das mulleres, que conten unicamente cunha pensión de viuvez, en moitos supostos insuficiente.

Neste punto cobra singular relevancia, como complemento do nivel básico asistencial establecido polo Estado, o sistema de servizos sociais establecidos en cada

comunidade autónoma, propugnando a elaboración de Leis de maiores, Cartas de dereitos e obrigacións, Plans de maiores e Carteiras de servizos, como liñas reitoras das políticas públicas a adoptar polas administracións, nas que deberá estar presente a integración da perspectiva de xénero, o fomento do asociacionismo e do envellecemento activo, xunto ao favorecemento da continuidade da persoa maior no seu domicilio habitual.

A inadecuación das vivendas, en tamaño ou pola existencia de barreiras arquitectónicas, ou a imposibilidade de saír das mesmas por ausencia de ascensores ou limitacións no transporte, constitúe un tema recorrente onde as administracións teñen que intervir necesariamente.

Finalmente, para aquelas persoas que non desexen ou non poidan vivir no seu domicilio, o sistema debe dispoñer dunha rede de recursos asistenciais suficiente (residencias permanentes ou temporais, centros de día ou de noite, etc.) e coordinado entre as diferentes comunidades autónomas, de forma que se permita o traspaso territorial cando a persoa maior teña a súa familia noutra rexión.

A maior taxa de morbimortalidade no grupo de idade de persoas maiores de 65 anos, e o feito de que supoñan unha porcentaxe moi elevada dos usuarios do sistema sanitario, motivou que o segundo taller, celebrado na Illa da Palma, sede da Defensoría de Canarias, se centrase nos dereitos sociosanitarios das persoas de idade.

Neste fixose patente a necesidade de impulsar a creación e desenvolvemento dun "espazo socio-sanitario" onde os recursos asistenciais sociais e sanitarios se presten de forma integral ás persoas maiores, mediante a creación de "mapas sociosanitarios" e a homoxeneización, extensión e implementación electrónica da historia clínica integrada en todos os ámbitos sociais e sanitarios das diferentes comunidades autónomas.

A tarefa de prevención e xeneralización de hábitos saudables configúrase como prioritaria para evitar enfermidades, así como a realización de diagnósticos integrais por profesionais da xeriatría e a xerontoloxía, en número insuficiente na actualidade, coordinando a asistencia das persoas de idade nos diferentes niveis de atención primaria,

especializada e de urxencias, así como en coidados paliativos, que debería estenderse máis aló da súa utilización en pacientes oncolóxicos.

A especial vulnerabilidade das persoas maiores aconsella favorecer a asistencia domiciliaria polo servizo de atención primaria e o seu acompañamento cando ingresan en urxencias, evitando situacións de desprotección e desorientación, todo iso sen prexuízo de reivindicar o dereito do maior a estar informado en todo momento do seu diagnóstico, así como xeneralizar a utilización do documento de últimas vontades ou testamento vital.

O terceiro taller celebrado en Alacante, sede da Sindicatura da Comunidade Valenciana, tivo como obxecto a aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro (LAPAD) ás persoas maiores. A configuración das prestacións e servizos que ofrece como un dereito subxectivo, e o feito de que a perda da autonomía funcional adoite ir nunha alta porcentaxe asociada á dexeneración progresiva ocasionada pola ancianidade, aconsellaba este tratamento especial nun taller diferenciado.

A primeira disfunción observada con carácter xeral polas distintas Defensorías consiste en que as prestacións e servizos esixidos pola LAPAD, incardinada nun dos seus tramos dentro do sistema de servizos sociais autonómicos, invadiron e saturaron a tradicional oferta de servizos sociais autonómicos ás persoas maiores, privando do seu goce aos antigos usuarios que non teñan a condición de dependentes e expulsando en consecuencia os supostos de urxencia social.

Simultaneamente apréciase que aínda que a lei presta cobertura ás situacións de dependencia, non promove a autonomía persoal, actuación preventiva clave no sistema da configuración de políticas públicas que se propugnan, tal como se sinalou con anterioridade.

Neste sentido, é insuficiente o desenvolvemento da normativa estatal por parte das comunidades autónomas. En moitas delas non se aprobaron aínda os decretos que regulen o procedemento de recoñecemento da prestación, copago, retroactividade ou expedientes de falecemento, sen compromiso decisivo no recoñecemento de

compatibilidades básicas como poidan ser coidados no contorno familiar con centro de día ou apoio a domicilio, xerando desigualdades que poderían vulnerar o marco mínimo de dereitos querido polo lexislador estatal. Neste sentido pídese a intervención harmonizadora do Consello Interterritorial do SAAD.

Finalmente obsérvase a descoordinación territorial e sectorial entre as administracións competentes en materia de educación, traballo, sanidade ou asuntos sociais, apostando pola implantación de sistemas de calidade e seguimento das prestacións e servizos outorgados.

Constatada a existencia de vulneracións dos dereitos e liberdades das persoas maiores polas administracións públicas, os Defensores e Defensoras do Pobo, en sesión celebrada os días 6, 7 e 8 de xuño, acordaron por unanimidade elevar aos poderes públicos, as seguintes propostas de actuación:

1. É necesario que os poderes públicos cumpran o mandato do artigo 50 da Constitución, garantindo de forma real e efectiva o dereito das persoas maiores a unha pensión pública, adecuada, suficiente e periodicamente actualizada, especialmente en situacións de viuvez, así como a un sistema de servizos sociais que atendan os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer, con independencia das obrigacións familiares.

2. Ante o incremento da esperanza de vida da poboación española, a prevención e promoción dos hábitos saudables de xeito precoz e o fomento do envellecemento activo configúranse como os mellores elementos para unha vellez sa. Neste sentido é importante tamén potenciar a prevención da dependencia a través do SAAD dirixido a persoas maiores dependentes ou en risco de estalo.

3. Desde un punto de vista normativo, urxe a elaboración e aprobación de "Cartas de Dereitos e Deberes das persoas maiores", "Plans de Maiores" e as correspondentes "Carteiras de servizos sociais autonómicas", onde se delimiten políticas integrais de protección e fomento de envellecemento activo e o catálogo de dereitos de

atención ás persoas maiores, sexan ou non dependentes. En relación á dependencia, as comunidades autónomas deben exercer sen máis dilacións as súas responsabilidades de desenvolvemento da lexislación estatal, garantindo o cumprimento dos dereitos recoñecidos na mesma e a atención inmediata a situacións de urxencia.

4. Para asegurar unha atención de calidade en todo o territorio nacional, ha de articularse a coordinación entre os diferentes territorios autonómicos, mediante, entre outras actuacións, a implantación electrónica da historia clínica integrada, de forma que os desprazamentos das persoas maiores dentro do ámbito nacional non supoñan unha diminución da calidade na atención sanitaria, farmacéutica, ou no goce de recursos residenciais que permitan a permanencia da persoa maior preto do seu contorno familiar.

As diferenzas significativas na interpretación e aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, entre as diversas comunidades autónomas determinan a necesidade de que o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia estableza criterios comúns no cumprimento dos prazos para o recoñecemento dos servizos e prestacións, a compatibilidade entre os mesmos, o réxime de retroactividade e o tratamento de expedientes de persoas falecidas que deben ser resoltos de modo expreso.

5. Coa finalidade de conformar un novo modelo de sociedade fundamentada na igualdade entre homes e mulleres, é imprescindible incorporar a perspectiva de xénero na valoración de políticas, plans, programas e actuacións destinados a persoas maiores, adoptando en particular no sistema público de pensións un conxunto de medidas dirixidas a contemplar a específica realidade socio-laboral das mulleres, e introducindo no modelo de dependencia medidas de fomento de corresponsabilidade home - muller no coidado de persoas maiores dependentes.

6. Coa finalidade de incorporar a perspectiva de idade nas políticas públicas, é necesario promover a creación de Consellos Sectoriais autonómicos e locais, impulsando a tarefa participativa das persoas maiores nos organismos públicos e fomentando o seu asociacionismo.

Así mesmo resulta conveniente fomentar a participación das persoas maiores na sociedade da información, realizando campañas de información e de sensibilización dirixidas ás persoas de idade, para o mellor exercicio dos seus dereitos.

7. O sistema público sanitario e de servizos sociais ha de evitar discriminacións negativas ou exclusións por razón de idade. Así mesmo a aplicación do sistema de promoción de autonomía persoal e atención á dependencia non deberá desprazar aos usuarios dos servizos sociais nos que non concorran circunstancias de dependencia.

8. A creación dun espazo socio-sanitario configúrase como unha ferramenta esencial para asegurar a continuidade entre o sistema sanitario e os servizos sociais. Para iso proponse a creación de mapas sociosanitarios que superen a tradicional separación entre zonas sanitarias e áreas sociais, a homoxenización de contidos da historia clínica integrada, a realización de valoracións xeriátricas integrais e a conexión entre os servizos especializados e a atención primaria.

9. É necesario potenciar os recursos xeriátricos e xerontológicos existentes no sistema sanitario e nos servizos sociais, especialmente no relativo ao número e selección de persoal especializado, incrementando a oferta dos recursos asistenciais e adaptándoos ás necesidades reais dos pacientes, xa sexan físicas ou psíquicas. Así mesmo é conveniente establecer un sistema de seguimento e control da idoneidade dos servizos e prestacións asignados, tanto públicos como privados.

10. En relación cos malos tratos a persoas maiores, xa sexan físicos, psíquicos ou económicos, é necesario establecer programas específicos de detección e protocolos de actuación que aporten solucións áxiles e eficaces ás vítimas, así como asesoramento para exercer o dereito a decidir libremente sobre a súa persoa ou o seu patrimonio.

Así mesmo é conveniente regular e establecer protocolos de actuación detallados acerca do uso de limitacións da autonomía da vontade, tales como internamentos involuntarios ou suxeicións restritivas.

11. Na atención sanitaria primaria, especializada e de urxencias ha de evitarse, na medida do posible, o cambio de facultativo se a persoa maior exerceu previamente o dereito de elección, garantíndose a atención domiciliaria se se atopa inmobilizada, ou a posibilidade de acompañamento en urxencias ou no transporte sanitario programado, cuxa planificación debe ser axustada, se as circunstancias o permiten, ás necesidades da persoas maiores.

12. En canto ao gasto farmacéutico, sen prexuízo das medidas a adoptar en relación a profesionais médicos e de farmacia, requírese a promoción de políticas de educación e participación sanitaria dirixidas aos usuarios, que fomenten o uso racional dos medicamentos.

13. Debe recordarse ás administracións públicas o dereito das persoas maiores a estar informadas persoalmente sobre o seu proceso asistencial, sobre o seu dereito a usar os documentos de vontades anticipadas e a obter coidados paliativos, debendo estenderse estes máis aló dos pacientes oncolóxicos.

14. A preferencia polo mantemento das persoas no seu propio domicilio determina a necesidade de adoptar medidas para asegurar o dereito das persoas maiores a gozar dunha vivenda digna e adecuada ás súas necesidades, mediante a promoción de actuacións en vivenda protexida e social, promoción da eliminación de barreiras arquitectónicas nas mesmas e nos medios de transporte, garantindo o cumprimento da normativa existente en materia de accesibilidade.

15. É necesario potenciar a rede de servizos de centros de día e centros de noite, como recursos complementarios á permanencia da persoa maior no seu contorno social e familiar, garantindo a compatibilidade de prestacións económicas de atención na contorna familiar, co servizo de axuda a domicilio e a asistencia aos citados centros.

16.- Os poderes públicos deben establecer os mecanismos de información e formación necesarios para promover un cambio na percepción das persoas maiores, que deben ser consideradas como integrantes activos da sociedade pola súa importante

contribución na vida familiar, económica e social, e na afirmación de valores e transmisión do coñecemento.

-Encontro de defensores sobre os dereitos lingüísticos.

O defensor galego tomou parte nun encontro de traballo sobre os dereitos lingüísticos e culturais das diferentes comunidades convocado polo Síndic de Greuges de Cataluña e na o que tamén estiveron invitados D. Íñigo Lamarca, Ararteko do País Vasco e D. Flavio Curto, Defensore Civico do Val d'Aosta en Italia. A xornada de traballo celebrouse en Barcelona.

-XV Conferencia e Asemblea Xeral da ENOC

A ENOC, European Network of Ombudspersons for Children (Rede Europea de defensores do menor) organizou en Varsovia (Polonia) a súa 15ª Conferencia Anual e Asemblea Xeral os días 14, 15 e 16 de setembro co título *O respecto e os dereitos dos nenos e mozos na atención institucional.* Durante a primeira sesión puideron tomar a palabra todos os membros da rede para explicar a actividade desenvolvida durante o último ano en relación á protección aos menores dentro do marco competencial que ten asumida cada unha das defensorías. Así mesmo aproveitouse o encontro para acometer modificacións orgánicas e funcionais da rede e planificar encontros futuros.

-Xornada de traballo sobre a resposta das Defensorías ante a crise

O Valedor do Pobo, Benigno López González, participou en novembro xunto aos seus homónimos do resto das comunidades autónomas nunha xornada de traballo acerca das *Respostas das defensorías do pobo ante a crise económica*. O encontro, que se celebrou na sede do Parlamento andaluz, tivo a súa orixe na preocupación crecente que experimentaron as diferentes institucións protectoras e garantistas dos dereitos cidadáns para coas consecuencias da actual crise económica.

O obxectivo do Valedor do Pobo e do resto dos defensores pasa neste contexto por adecuar os criterios de atención á cidadanía ás novas circunstancias xa que, como a

miúdo fan saber aos titulares das defensorías, as persoas depositan nestas institucións a súa confianza para que exerzan con firmeza a salvagarda dos máis desfavorecidos. A convocatoria foi realizada por parte do defensor andaluz como unha invitación a reflexionar conxuntamente sobre o papel a desempeñar por estas institucións no novo panorama económico-social que está delimitando esta situación de crise.

O plan de traballo incluíu, por unha banda, o estudo das queixas recibidas durante os últimos anos e que entroncan co actual contexto de crise e da súa evolución así como outras accións de debate e compromiso. Neste sentido, os participantes puideron reflexionar acerca das accións de resposta que demandan e os novos retos que afrontan as institucións e, por outra banda, ratificaron un compromiso de cumprir cos mandatos legais e estatutarios para velar polo pleno respecto dos dereitos da cidadanía mentres dure a difícil situación.

-XVI Asemblea Xeral da FIO

A cidade de Bos Aires acolleu a finais de novembro o encontro anual da Federación Iberoamericana de Ombudsman (FIO) que contou coa presenza de máis de 200 representantes de diferentes institucións de Iberoamérica. No marco deste encontro desenvolveuse a XVI Asemblea Ordinaria da Federación en cuxo transcurso se procedeu á elección da nova presidencia e membros do Consello reitor que o acompañarán na súa xestión. Ademais presentouse o IX Informe FIO *Pensións e Dereitos Humanos* elaborado con achegas de todas as Defensorías.

As xornadas acolleron, por outra banda, o Seminario Internacional *Erradicación da Violencia contra as Mulleres: Avances, Desafíos e Experiencias Rexionais* onde estivo presente, entre outras autoridades, o ministro de Xustiza e DD.HH. arxentino, Julio Alak.

A Federación Iberoamericana de Ombudsman está integrada polas Defensorías do Pobo e Comisionados e Presidentes de Comisións Públicas de Dereitos Humanos dos países de Andorra, Arxentina, Bolivia, Colombia, Costa Rica, Ecuador, O Salvador, España, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, Panamá, O Paraguai, Perú, Portugal,

Porto Rico e Venezuela. Ademais forman parte da organización as defensorías provinciais e municipais de Arxentina, as defensorías autonómicas de España e as defensorías estatais de México.

No marco do congreso levouse a cabo un novo encontro da Rede de Comunicadores e da Rede de Defensorías de Mulleres da FIO. Esta última aprobou o informe anual e a Declaración da Rede sobre Violencia de Xénero presentado á Asemblea Xeral da Federación Iberoamericana de Ombudsman. Na reunión aprobouse ademais, o Plan de Traballo correspondente ao ano 2012, e tratouse a prohibición da Fertilización in vitro en Costa Rica, como así tamén a situación dos países membros da Rede respecto ao tema e o pronunciamento para elevalo á FIO. Para rematar, Gabriela Moffson e Emilia Caballero resultaron reelectas como coordinadoras da Rede polo Cono Sur e Europa.

-Seminario de defensores rexionais europeos

A localidade austríaca de Innsbruck acolleu os días 8 e 9 de novembro o VII Seminario Rexional da Rede Europea de Defensores do Pobo, convocado polo Defensor do Pobo Europeo, Nikiforos Diamandouros e organizado polo Defensor do Tirol, Josef Hauser.

Na axenda dos asistentes incluíronse asuntos relacionados co papel dos defensores rexionais e problemas medioambientais. Así, durante a primeira xornada e, trala inauguración na que estiveron presentes o defensor europeo e as máximas autoridades do Tirol, abriuse o debate co relatorio *O papel dos Defensores do Pobo Rexionais* a cargo de Anna Gamper, Catedrática de Dereito Público da Universidade de Innsbruck. Sucedéronlle dúas sesións de traballo convocadas baixo os lemas *Compartindo coñecementos de dereito Europeo e A Rede Europea de Defensores do Pobo*, nas que tomaron parte representantes de diferentes defensorías.

Os asistentes, entre os que se atopaba o Valedor do Pobo, Benigno López González, puideron participar, así mesmo, nos talleres sobre cuestións ambientais convocados durante a segunda sesión e que trataron *Os últimos avances en Dereito*

Ambiental Europeo e os Problemas medioambientales e o papel dos Defensores do Pobo Rexionais.

-Abordaxe multidisciplinar da contaminación acústica

A institución participou no *I Seminario sobre abordaxe multidisciplinar da contaminación acústica* promovido, entre outras entidades, polos colexios profesionais de avogados, enxeñeiros e médicos da provincia de Pontevedra, e celebrado no mes de marzo na sede do Colexio Oficial de Médicos en Vigo. A mesa II, que versou sobre *O tratamento médico e xurídico dos danos por ruído* contou co relatorio de Fernando de Andrés Alonso, asesor do Valedor do Pobo, que tivo como título *Abordaxe da contaminación acústica desde o punto de vista sociolóxico e vías de defensa non xudiciais.*

-Curso de verán sobre reformas estatutarias

O Valedor do Pobo estivo representado o 20 de xullo polo asesor Fernando de Andrés Alonso no curso de verán da Universidade da Coruña *Reformar o Estatuto de Galicia?*. Formou parte dunha mesa de debate acerca das institucións de garantía e control nun posible novo marco estatutario, na que tamén interviñeron o Conselleiro do Consello Consultivo D. Javier D'Amorín, e o Presidente do Consello de Contas D. Luciano Fariña.

4.5 RELACIÓN CON OUTROS COMISIONADOS AUTONÓMICOS

- Jerónimo Saavedra Acevedo, novo Diputado del Común de Canarias.

O Valedor do Pobo participou o pasado decembro no Palacio Salazar de Santa Cruz da Palma no acto de toma de posesión de Jerónimo Saavedra Acevedo como Diputado del Común de Canarias, posto para o que resultara designado o 30 de novembro polo pleno do Parlamento de Canarias.

Xunto ao Valedor do Pobo desprazáronse á localidade canaria altos comisionados do resto das comunidades autónomas, para brindar apoio ao novo defensor e ofrecer coordinación institucional.

-Xornadas de traballo en Barcelona

Unha representación do Valedor do Pobo asistiu en Barcelona o pasado novembro ás xornadas de traballo *A defensa dos dereitos e as boas prácticas na prestación privada de servizos de interese xeral* promovidas polo Síndic de Greuges, IOI-Europe (International Ombusdman Institute) e o Círculo de Economía. O encontro contou coa participación de ombudsman e expertos de diferentes nacionalidades.

As xornadas foron inauguradas polo presidente da Generalitat, Artur Mas e, entre outras autoridades, destacou a presenza do comisario europeo de Saúde e Políticas de Consumo, John Dalli, que foi o encargado de impartir o relatorio principal.

O programa puxo sobre a mesa cuestións relevantes como o papel que os ombudsman deben xogar no novo contexto de liberalización da prestación de servizos básicos de modo que se poidan controlar de xeito directo as actividades que supoñen o exercicio de obrigacións de servizo público. Profundar nestas cuestións e suscitar propostas na defensa dos dereitos dos cidadáns e as boas prácticas foron os obxectivos das xornadas.

-Xornadas sobre dereitos dos consumidores

Un representante da defensoría galega desprazouse os días 19 e 20 de setembro a Barcelona para tomar parte nunhas xornadas acerca dos dereitos dos consumidores e as boas prácticas corporativas organizadas polo Parlament catalán e o defensor desa comunidade.

As xornadas, que se desenvolveron na sede da Cámara, reuniron a diferentes personalidades do ámbito público e privado. Ademais da presidenta do Parlamento, Núria de Gispert e do Síndic, Rafael Ribó, encargados de inaugurar os relatorios, tamén interviñeron, entre outros, o director xeral de "A Caixa", Joan Maria Nin; o director de Relacións Institucionais da Comisión Nacional da Enerxía, Rafael Durban; o defensor do cliente de Endesa e doutor en Economía, Josep Lluís Oller; o director de Relacións

Institucionais e Comunicación de Spanair, Jordi Juan, e o conselleiro de Telefónica en Cataluña, Ramon Salabert.

4.6 COMUNICACIÓNS E CONFERENCIAS

Artigo elaborado polo Valedor do Pobo acerca dos problemas derivados da aplicación da Lei de dependencia en Galicia e publicado na revista "*Entre maiores"* correspondente ao mes de agosto de 2011:

"Na institución do Valedor do Pobo acabamos de cumprir coa obrigación anual de informar ao Parlamento de Galicia da nosa actividade, ou, o que é o mesmo, da análise da actuación das Administracións galegas á luz das queixas dos cidadáns. Sen dúbida un dos temas que máis interese suscita para os maiores é a progresiva aplicación da chamada Lei de dependencia. A directa relación entre idade e dependencia fai que a súa adecuada aplicación resulte fundamental para este colectivo. Os problemas da dependencia adoitan coincidir en gran medida cos problemas específicos da terceira idade, e en Galicia esta incidencia é aínda maior.

Coa entrada en vigor da Lei de Dependencia observáronse importantes disfuncións, entre as que cabe destacar o atraso dos procedementos, xa contemplados con prazos moi amplos; a concesión de numerosas prestacións económicas en detrimento dos servizos previstos; e as discrepancias en canto aos medios financeiros dedicados á súa aplicación polas diferentes administracións protagonistas, en especial a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

Nos Informes ao Parlamento de Galicia correspondentes aos anos 2008 e 2009, e tamén no máis recente, de 2010, dedicamos un amplo comentario aos problemas de aplicación da Lei en Galicia. Á vista das queixas dos cidadáns e sobre todo logo de investigar as súas circunstancias debemos concluír que continúan os problemas. A gran maioría das reclamacións do área de servizos sociais refírense a diferentes aspectos da aplicación da Lei de Dependencia, sobre todo a atrasos e á falta de pago en caso de

falecemento do dependente despois do vencemento dos longos prazos que a administración ten para resolver.

Todos somos conscientes das limitacións presupuestarias provocadas pola crise e de que, malia iso, as necesidades colectivas neste terreo non fan máis que crecer. Con todo, unha política pública orientada á protección integral da vellez resulta unha esixencia do Estado Social e Democrático de Dereito (articulo 1.1 CE) e do dereito proclamado no artigo 50 da Constitución, onde se prevé a promoción do benestar das persoas da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer. Por iso, resulta perentorio resolver con máis dilixencia as reclamacións de dependencia e ampliar o insuficiente catálogo de servizos postos a disposición da súa atención, que aínda resulta insuficiente.

Valedor do Pobo de Galicia".

CAPÍTULO 5
APÉNDICE ESTATÍSTICO

5.1 INTRODUCIÓN.

Neste capítulo ofrecemos unha visión global e esquematizada das queixas e documentos tramitados durante o ano 2011, reflectidos en gráficos e cadros acompañados dun breve comentario.

Recordamos ao mesmo tempo que as queixas incluídas neste informe foron obxecto de comentario, e se é o caso, exposición pormenorizada no capítulo 1, na área correspondente.

5.2 ENTRADAS E SAIDAS DE DOCUMENTOS.

As entradas de documentos que se recibiron na institución durante o ano 2011 foron en total 6 739, o que dá unha media mensual de 561 entradas. Neste mesmo ano, a institución emitiu un total de 12 499 documentos, o que supón unha media de 1 041 saídas.

ENTRADAS E SAIDAS DE ESCRITOS POR MESES ANO 2011

Mes	Entradas de escritos	Saídas de escritos
Xaneiro	550	825
Febreiro	501	876
Marzo	612	1297
Abril	494	1008
Maio	555	1066
Xuño	713	1123
Xullo	502	794
Agosto	418	714
Setembro	535	1392
Outubro	611	1142
Novembro	704	1409
Decembro	544	853
Total	**6739**	**12499**

Media mensual de entradas: 561
Media mensual de saídas: 1041

ENTRADAS E SAIDAS DE ESCRITOS POR MESES



Totales:
Entradas: 6.719
Saídas: 12.499

5.3 EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2011.

O número de expedientes iniciados polo Valedor do Pobo de oficio ou a proposta dos cidadáns durante o ano 2011 ascendeu a 2 947, o que supón un fito na historia da institución, ao tratarse da cifra máis elevada desde que o Valedor do Pobo iniciase a súa actividade no ano 1990; e confirma a tendencia alcista rexistrada nos últimos 5 anos. Neste tempo, duplicáronse en número os expedientes e mantívose un incremento notable cada ano, respecto de 2010, de 249 iniciativas.

Rexistrouse unha media mensual de 245 expedientes, cun máximo de 353 no mes de novembro e un mínimo de 184 en agosto.

Aos expedientes citados, deben engadirse un número importante de actuacións de consulta presencial ou telefónica, que non cuantificamos nestas páxinas.

ENTRADA DE EXPEDIENTES
ANO 2011

Mes	Entrada de expedientes
Xaneiro	227
Febreiro	197
Marzo	288
Abril	204
Maio	201
Xuño	361
Xullo	216
Agosto	184
Setembro	216
Outubro	234
Novembro	353
Decembro	266
Total	**2947**

Media mensual de expedientes: 245

ENTRADA MENSUAL DE EXPEDIENTES



Total: 2947

5.3.1 COMPARACIÓN CON EXERCICIOS ANTERIORES.

ENTRADA DE EXPEDIENTES POR ANOS

Año	Total
1990 (6 meses)	372
1991	781
1992	733
1993	805
1994	1301
1995	1056
1996	1615
1997	1397
1998	1900
1999	1581
2000	1188
2001	2656
2002	1635
2003	1307
2004	1400
2005	1309
2006	1805
2007	2280
2008	2558
2009	2634
2010	2698
2011	2947
Total	**35958**

ENTRADA DE EXPEDIENTES POR ANOS



5.3.2 DISTRIBUCIÓN DE EXPEDIENTES POLA SÚA NATUREZA.

O número de expedientes iniciados na institución durante o ano 2011 foi de 2 947, distribuídos en función da súa natureza. No momento de entrada de documentos no rexistro da institución, en función da súa natureza e contido os expedientes clasifícanse en queixas, consultas e asuntos diversos. Teñen a condición de queixa aqueles escritos que de acordo co art. 18.1 da Lei do Valedor do Pobo, se formulan por escrito no cal consta a identificación do que subscribe e o feito que a motiva. As consultas poden ser realizadas tanto por escrito como oralmente con comparecencia do cidadán. Tramítanse como asuntos diversos aqueles expedientes que non poden ser identificados como queixas ou consultas. Tralo primeiro estudo ou a ampliación dos datos aportados nas consultas e dos expedientes diversos, estes poderán ser reclasificados coa categoría de queixas.

Quedando do seguinte modo o reparto estatístico en función da súa natureza:

* Queixas	2768 (94 %)
* Asuntos diversos	157 (5 %)
* Consultas	22 (1 %)
TOTAL	**2947**



5.3.3 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS SEGUNDO AS ÁREAS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ÁS QUE SE REFIREN.

Distribuímos no seguinte cadro as queixas iniciadas no ano 2011 segundo as áreas administrativas ás que se refiren. Como se pode comprobar, as áreas que concentraron un maior número de queixas foron a de servizos sociais con 507 queixas (18,32 %), seguida polas de educación, con 475 queixas (17,16 %) e emprego público e interior con 348 queixas (12,57 %).

ÁREAS	**NÚMERO**	**PORCENTAXE**
Emprego público e interior	348	12,57
Urbanismo e vivenda	155	5,6
Medio ambiente	194	7,01
Educación	475	17,16
Industria, comercio e turismo	129	4,66
Agricultura, gandería e pesca	70	2,53
Servizos sociais	507	18,32
Emigración e traballo	57	2,06
Sanidade	226	8,16
Xustiza	91	3,29
Administración económica e transportes	135	4,88
Obras públicas e expropiacións	68	2,46
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	142	5,13
Menores	46	1,66
Cultura e política lingüística	103	3,72
Sociedade da información	22	0,79
Total	**2768**	

No entanto, o anterior reconto inclúe as queixas presentadas "en serie", promovidas por unha pluralidade de persoas, pero cun mesmo contido. Se nos fixamos só nas queixas presentadas sobre asuntos diferentes, considerando as "en serie" ou iguais só como unha, entón as áreas con máis queixas son emprego público e interior, con 326 (15,15 %), servizos sociais, con 245 (11,38 %) e educación, con 232 (10,78 %). As queixas

individuais (contabilizando as colectivas só como unha), distribúense por áreas da forma que expoñemos no seguinte cadro.

ÁREAS	**NÚMERO**	**PORCENTAXE**
Emprego público e interior	326	15,15
Urbanismo e vivenda	155	7,20
Medio ambiente	176	8,18
Educación	232	10,78
Industria, comercio e turismo	129	5,99
Agricultura, gandería e pesca	42	1,95
Servizos sociais	245	11,38
Emigración e traballo	57	2,65
Sanidade	226	10,50
Xustiza	91	4,23
Administración económica e transportes	92	4,28
Obras públicas e expropiacións	68	3,16
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	142	6,60
Menores	46	2,14
Cultura e política lingüística	103	4,79
Sociedade da información	22	1,02
Total	**2152**	

De entre as queixas colectivas ou en serie destacan polo seu número as seguintes:

- Q/1832/11 e outras: por recorte de axudas en políticas de cooperación da Xunta de Galicia (262 queixas).

- Q/2545/11 e outras: por desacordo con recomendación formulada polo Valedor do Pobo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (140 queixas).

- Q/1242/11 e outras: por Proxecto de Decreto sobre diversidade do alumnado (87 queixas)

- Q/1513/11 e outras: por privatización de organismos e empresas públicas españolas (43 queixas)

5.3.4 ALGÚNS DATOS SOCIOLÓXICOS REFLECTIDOS NAS QUEIXAS.

En primeiro termo damos conta das queixas individuais, as colectivas ou "en serie" (as presentadas por diferentes persoas, pero todas elas cun mesmo contido), e as de oficio (promovidas pola propia iniciativa da Institución).

* Individuais	2128 (77 %)
* Colectivas	8 (614) (22 %)
* De oficio	18 (1 %)

TOTAL (contabilizando as "en serie"só como unha)**.....2154**



Nos seguintes cadros ofrecemos algúns datos sociolóxicos reflectidos nas queixas: as presentadas por unha soa persoa ou asinadas por máis dunha; en idioma galego, castelán ou outros; xénero dos reclamantes (masculino ou feminino); se proceden do medio urbano ou do rural; se viven en Galicia ou nalgunha outra comunidade autónoma; modo de presentación (correo, internet, ...). Loxicamente, estes datos exclúen as queixas de oficio (18)

TOTAL DE QUEIXAS PRESENTADAS EN 2011: 2768

DATOS SOCIOLÓXICOS:
(referidos a 2750, dado que 18 queixas son de oficio)

XÉNERO DOS RECLAMANTES: (*)

Homes	1376
Mulleres	1354

(*) Excluídas as 20 queixas de máis dun reclamante



IDIOMA:

Galego	1421
Castelán	1279



HABITAT DO RECLAMANTE:

Medio urbano	2424
Medio rural	326



PROCEDENCIA TERRITORIAL:

Residencia na Comunidade Autónoma	2614
Residencia fóra da Comunidade Autónoma	136



CARÁCTER:

Un reclamante	2730
De máis dun reclamante	20



MODO DE PRESENTACION DAS QUEIXAS:

Correo postal	1195
Páxina web do Valedor do Pobo	1087
Correo electrónico	468



5.3.5 ENTRADA DE QUEIXAS POR MESES.

O número de queixas iniciadas na institución durante o ano 2011 foi de 2 768 entre as recibidas dos cidadáns e as abertas de oficio, o que dá como resultado unha media mensual de 230 queixas, cun máximo de 357 no mes de xuño e un mínimo de 181 no de agosto.

ENTRADA DE QUEIXAS
ANO 2011

Mes	Entrada de queixas
Xaneiro	204
Febreiro	184
Marzo	247
Abril	191
Maio	187
Xuño	357
Xullo	212
Agosto	181
Setembro	209
Outubro	223
Novembro	325
Decembro	248
Total	**2768**

Media mensual de queixas: 230

ENTRADA MENSUAL DE QUEIXAS



Total: 2768

5.4 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR RAZÓN DAS PROVINCIAS E MUNICIPIOS DE PROCEDENCIA.

Nos cadros que seguen presentamos as queixas por razón das provincias e municipios dos que proceden. En canto ás provincias, ofrecemos tamén a porcentaxe representada por cada unha delas no conxunto da Comunidade Autónoma, así como o número de queixas por cada dez mil habitantes. No tocante aos municipios, limitámonos a ofrecer o número de queixas procedentes de cada un deles. Aqueles dos que non recibimos ningunha queixa aparecen coa cuadrícula en branco.

5.4.1 POR PROVINCIAS.

Como se pode observar no seguinte cadro, o maior número de queixas procede da provincia da Coruña, e o menor provén da provincia de Lugo. Tamén A Coruña é a provincia que promove maior número de queixas por cada 10000 habitantes.

Provincia	Núm. de queixas presentadas	Porcentaxe sobre a Comunidade Autónoma	Queixas por cada 10.000 habitantes
A Coruña	1168	45,77 %	10,18
Lugo	213	8,35 %	6,05
Ourense	277	10,85 %	8,31
Pontevedra	894	35,03 %	9,27
Total C.A.	**2552**		
Fóra da C.A.	**198**		
TOTAL	**2750(*)**		

(*) Exclúense as 18 queixas de oficio

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR PROVINCIAS



5.4.2 POR CONCELLOS

Como podemos observar, a cidade desde onde se presentaron más queixas foi A Coruña (332), seguida de Vigo (312) e Santiago de Compostela (204). Tamén no ámbito dos municipios intermedios destacan as moitas queixas presentadas en Ames (47), Marín (39) e Narón (36).

A CORUÑA

Concello	Núm. Queixas
Abegondo	4
Ames	47
Aranga	
Ares	6
Arteixo	22
Arzúa	5
Baña, A	1
Bergondo	3
Betanzos	11
Boimorto	
Boiro	16
Boqueixón	
Brión	5
Cabana de Bergantiños	3
Cabanas	2
Camariñas	3
Cambre	20
Capela, A	2
Carballo	14
Cariño	3
Carnota	1

Concello	Núm. Queixas
Carral	3
Cedeira	5
Cee	6
Cerceda	3
Cerdido	1
Cesuras	1
Coirós	
Corcubión	2
Coristanco	5
Coruña, A	332
Culleredo	16
Curtis	15
Dodro	6
Dumbría	3
Fene	17
Ferrol	70
Fisterra	1
Frades	3
Irixoa, A	
Laracha	8
Laxe	3

Concello	Núm. Queixas
Lousame	1
Malpica de Bergantiños	4
Mañón	
Mazaricos	
Melide	7
Mesía	2
Miño	6
Moeche	
Monfero	
Mugardos	3
Muros	6
Muxía	4
Narón	36
Neda	1
Negreira	4
Noia	10
Oleiros	25
Ordes	11
Oroso	6
Ortigueira	3
Outes	7
Oza dos Ríos	
Paderne	4
Padrón	16
Pino, O	2
Pobra do Caramiñal , A	4
Ponteceso	3
Pontedeume	2
Pontes de García Rodríguez, As	10
Porto do Son	6
Rianxo	7
Ribeira	19

Concello	Núm. Queixas
Rois	6
Sada	35
San Sadurniño	2
Santa Comba	4
Santiago de Compostela	204
Santiso	
Sobrado	
Somozas, As	
Teo	27
Toques	
Tordoia	
Touro	1
Trazo	1
Val do Dubra	2
Valdoviño	2
Vedra	4
Vilarmaior	
Vilasantar	
Vimianzo	3
Zas	
TOTAL A CORUÑA	**1168**

LUGO

Concello	Núm. Queixas
Abadín	
Alfoz	2
Antas de Ulla	1
Baleira	
Baralla	1
Barreiros	
Becerreá	
Begonte	1
Bóveda	
Burela	2
Carballedo	2
Castro de Rei	1
Castroverde	
Cervantes	
Cervo	
Corgo, O	3
Cospeito	2
Chantada	4
Folgoso do Courel	3
Fonsagrada, A	5
Foz	3
Friol	
Guitiriz	1
Guntín	1
Incio, O	1
Láncara	3
Lourenzá	
Lugo	110
Meira	2
Mondoñedo	
Monforte de Lemos	11
Monterroso	
Muras	1
Navia de Suarna	
Negueira de Muñiz	1
Nogais, As	1
Ourol	1
Outeiro de Rei	
Palas de Rei	2
Pantón	1
Paradela	4
Páramo, O	
Pastoriza, A	2
Pedrafita do Cebreiro	
Pobra de Brollón, A	
Pol	1
Pontenova, A	
Portomarín	
Quiroga	1
Rábade	1
Ribadeo	9
Ribas de Sil	2
Ribeira de Piquín	
Riotorto	
Samos	3
Sarria	6
Saviñao, O	2
Sober	2
Taboada	1

Concello	Núm. Queixas
Trabada	
Triacastela	
Valadouro, O	1
Vicedo, O	
Vilalba	4
Viveiro	6
Xermade	1
Xove	1
TOTAL LUGO	**213**

OURENSE

Concello	Núm. Queixas
Allariz	3
Amoeiro	
Arnoia, A	
Avión	1
Baltar	
Bande	1
Baños de Molgas	
Barbadás	6
Barco de Valdeorras, O	8
Beade	1
Beariz	1
Blancos, Os	
Boborás	3
Bola, A	
Bolo, O	
Calvos de Randín	
Carballeda de Valdeorras	1
Carballeda de Avia	1
Carballiño, O	4
Cartelle	1
Castrelo de Miño	
Castrelo do Val	1
Castro Caldelas	
Celanova	5
Cenlle	
Coles	3
Cortegada	2
Cualedro	
Chandrexa de Queixa	

Concello	Núm. Queixas
Entrimo	
Esgos	
Gomesende	1
Gudiña, A	1
Irixo, O	4
Larouco	
Laza	
Leiro	
Lobeira	
Lobios	
Maceda	1
Manzaneda	
Maside	1
Melón	1
Merca, A	1
Mezquita, A	1
Montederramo	1
Monterrei	1
Muíños	
Nogueira de Ramuín	
Oímbra	
Ourense	186
Paderne de Allariz	
Padrenda	
Parada de Sil	
Pereiro de Aguiar, O	1
Peroxa, A	
Petín	
Piñor	

Concello	Núm. Queixas
Pobra de Trives, A	2
Pontedeva	
Porqueira	
Punxín	
Quintela de Leirado	1
Rairiz de Veiga	
Ramirás	
Ribadavia	2
Riós	1
Rúa, A	3
Rubiá	
San Amaro	
San Cibrao das Viñas	4
San Cristovo de Cea	1
San Xoán de Río	
Sandiás	1
Sarreaus	
Taboadela	
Teixeira, A	
Toén	1
Trasmiras	
Veiga, A	2
Verea	
Verín	3
Viana do Bolo	2
Vilamarín	
Vilamartín de Valdeorras	1
Vilar de Barrio	1
Vilar de Santos	
Vilardevós	
Vilariño de Conso	
Xinzo de Limia	7

Concello	Núm. Queixas
Xunqueira de Ambía	1
Xunqueira de Espadanedo	
TOTAL OURENSE	**277**

PONTEVEDRA

Concello	Núm. Queixas
Agolada	1
Arbo	2
Baiona	10
Barro	2
Bueu	9
Caldas de Reis	7
Cambados	7
Campo Lameiro	
Cangas	23
Cañiza, A	2
Catoira	6
Cerdedo	
Cotobade	2
Covelo, O	
Crecente	1
Cuntis	8
Dozón	9
Estrada, A	30
Forcarei	2
Fornelos de Montes	1
Gondomar	13
Grove, O	4
Guarda, A	6
Illa de Arousa	5
Lalín	14
Lama, A	2
Marín	39

Concello	Núm. Queixas
Meaño	
Meis	1
Moaña	28
Mondariz	2
Mondariz-Balneario	
Moraña	1
Mos	10
Neves, As	1
Nigrán	6
Oia	2
Pazos de Borbén	
Poio	17
Ponteareas	22
Pontecaldelas	2
Pontecesures	2
Pontevedra	165
Porriño, O	11
Portas	2
Redondela	15
Ribadumia	
Rodeiro	2
Rosal, O	3
Salceda de Caselas	9
Salvaterra de Miño	5
Sanxenxo	8
Silleda	9
Soutomaior	2

Concello	Núm. Queixas
Tomiño	3
Tui	16
Valga	3
Vigo	312
Vila de Cruces	4

Concello	Núm. Queixas
Vilaboa	
Vilagarcía de Arousa	25
Vilanova de Arousa	1
TOTAL PONTEVEDRA	**894**

5.5 CURSO DADO ÁS QUEIXAS RECIBIDAS

Aquí clasificamos as queixas en tres grupos, por razón do procedemento seguido na súa tramitación. Incluímos no primeiro grupo as queixas que admitimos a trámite, distinguindo neste grupo aquelas nas que a súa tramitación a concluímos durante o ano 2011 e as que aínda continuaban en trámite a finais do exercicio descrito. No segundo grupo describimos as queixas que decidimos rexeitar, por non reunir as condicións eximidas pola lei que rexe a nosa institución, mencionando a causa. E no terceiro, as queixas que tivemos que enviar ao Defensor del Pueblo ou a Comisionados Autonómicos, por ser da súa competencia.

CURSO DAS QUEIXAS

QUEIXAS PRESENTADAS	Núm.	
Admitidas:	**1956**	
	En trámite	355
	Concluídas	1601
Non admitidas	**608**	
	Causas:	
	Non actuación administrativa irregular	137
	Non actuación administrativa previa	116
	Relación xurídico-privada	63
	Competencia xudicial	93
	Non competencia do Valedor	182
	Queixa inconcreta	5
	Non interese lexítimo	6
	Toma de coñecemento	4
	Prazo superior a un ano	2
Remitidas ao Defensor del Pueblo e outros Comisionados Parlamentarios	**204**	

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS PRESENTADAS



ESTADO PROCEDEMENTAL DE QUEIXAS POR ÁREAS

POR ÁREAS	NUM. QUEIXAS EN CADA ÁREA	QUEIXAS ADMITIDAS		QUEIXAS NON ADMITIDAS		QUEIXAS REMITIDAS AO DP	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
Emprego público e interior	348	268	77,01	47	13,51	33	9,48
Urbanismo e vivenda	155	107	69,03	27	17,42	21	13,55
Medio ambiente	194	170	87,63	21	10,82	3	1,55
Educación	475	206	43,37	260	54,74	9	1,89
Industria, comercio e turismo	129	73	56,59	55	42,64	1	0,78
Agricultura, gandería e pesca	70	65	92,86	4	5,71	1	1,43
Servizos sociais	507	498	98,22	9	1,78	0	0,00
Emigración e traballo	57	21	36,84	12	21,05	24	42,11
Sanidade	226	206	91,16	18	7,96	2	0,88
Xustiza	91	19	20,88	53	58,24	19	20,88
Administración económica y transportes	135	34	25,19	38	28,15	63	46,67
Obras públicas e expropiacións	68	40	58,82	7	10,29	21	30,88
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	142	117	82,39	23	16,20	2	1,41
Menores	46	36	78,26	9	19,57	1	2,17
Cultura e política lingüística	103	85	82,52	15	14,56	3	2,91
Sociedade da información	22	11	50,00	10	45,45	1	4,55
TOTAL	**2768**	**1956**	70,66	**608**	21,97	**204**	7,37

5.6 AS CAUSAS DE NON ADMISIÓN POR ÁREAS

As queixas que non foron admitidas a trámite durante 2011 son en total 608 Hai que resaltar que a "non admisión" non significa ausencia de atención á queixa formulada; sempre se motiva amplamente esa non admisión e sobre todo infórmase do máis conveniente na defensa dos dereitos ou intereses do reclamante, se observamos a existencia dunha actuación alternativa. No cadro que segue ofrecemos esquematicamente e por áreas as causas polas que no foron admitidas. No capítulo 1, ao facer a descrición das queixas por áreas, xa se fixo unha exposición pormenorizada de moitas delas.

ÁREA	Número queixas	Non actuación administrativa irregular	Non actuación administrativa previa	Relación xurídico-privada	Prazo superior a un ano	Queixa inconcreta	Non interese lexítimo	Toma de coñecemento	Competencia xudicial	Non competencia do Valedor do Pobo
Emprego público e interior	47	7	28	2	0	0	0	0	7	3
Urbanismo e vivenda	27	9	5	3	1	1	0	0	4	4
Medio ambiente	21	2	3	0	0	0	0	0	4	12
Educación	260	89	6	1	0	0	4	0	17	143
Industria, comercio e turismo	55	1	15	35	1	2	0	0	0	1
Agricultura, gandería y pesca	4	0	1	0	0	1	0	0	1	1
Servizos sociais	9	0	6	1	0	0	0	0	1	1
Emigración e traballo	12	4	4	1	0	1	0	0	1	1
Sanidade	18	4	2	0	0	0	1	1	9	1
Xustiza	53	3	3	3	0	0	0	0	41	3
Administración económica e transportes	38	7	18	8	0	0	0	0	2	3
Obras públicas e expropiacións	7	2	3	0	0	0	0	0	2	0
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	23	0	18	2	0	0	0	0	0	3
Menores	9	2	0	1	0	0	0	0	3	3
Cultura e Política Lingüística	15	5	2	1	0	0	1	3	1	2
Sociedade da información	10	2	2	5	0	0	0	0	0	1
TOTAL	**608**	**137**	**116**	**63**	**2**	**5**	**6**	**4**	**93**	**182**

CADRO DE DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POLA CAUSA DA NON ADMISIÓN A TRÁMITE



5.7 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS ADMITIDAS POR RAZÓN DAS ÁREAS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ÁS QUE SE REFIREN.

No cadro que segue ofrecemos as queixas que foron admitidas a trámite, distribuídas por razón das áreas da Administración pública ás que se refiren. Distinguimos aquí tamén entre as queixas que estaban concluídas ao finalizar o ano 2010 e as que seguían aínda en proceso de tramitación.

ÁREAS	NÚM. QUEIXAS ADMITIDAS	EN TRÁMITE		CONCLUÍDAS	
	Núm.	Núm.	%	Núm.	%
Emprego público e interior	268	63	23,51	205	76,49
Urbanismo e vivenda	107	33	30,84	74	69,16
Medio ambiente	170	44	25,88	126	74,12
Educación	206	34	16,50	172	83,50
Industria, comercio e turismo	73	11	15,07	62	84,93
Agricultura, gandería e pesca	65	8	12,31	57	87,69
Servizos sociais	498	34	6,83	464	93,17
Emigración e traballo	21	3	14,29	18	85,71
Sanidade	206	53	25,73	153	74,27
Xustiza	19	3	15,79	16	84,21
Administración económica e transportes	34	13	38,24	21	61,76
Obras públicas e expropiacións	40	10	25,00	30	75,00
Corporacións locais, servizos municipais e protección civil	117	21	17,95	96	82,05
Menores	36	9	25,00	27	75,00
Cultura e política lingüística	85	13	15,29	72	84,71
Sociedade da información	11	3	27,27	8	72,73
TOTAL	**1956**	**355**	18,15	**1601**	81,85

5.8 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS REFERIDAS Á ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA, SEGUNDO NIVEIS.

Ofrecemos no seguinte cadro as queixas que se refiren ás Administracións públicas galegas, distribuídas entre cada unha, isto es, segundo que afecten á Xunta de Galicia, aos Concellos, ás Deputacións Provinciais ou ás Universidades. Quedan polo tanto fóra desta clasificación as que se refiren á Administración Xeral do Estado e os órganos xurisdicionais.

Administración	**Queixas**	
	Número	**Porcentaxe**
Administración autonómica galega	1370	76,46 %
Concellos	385	21,48 %
Deputacións Provinciais	21	1,17 %
Universidades galegas: * Santiago de Compostela 3 * Vigo 5 * A Coruña 4 * CIUG 4	16	0,89 %
Total	**1792**	

TOTAL DE ACTUACIONS

Administracións galegas	1792
Outras (Estado, órganos xurisdicionais, etc.)	164
TOTAL	**1956**

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POLAS ADMINISTRACIÓNS AFECTADAS



5.9 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS QUE SE REFIEREN Á XUNTA DE GALICIA, SEGUNDO CONSELLERÍAS

As queixas que se refiren á Xunta de Galicia presentámolas no seguinte cadro distribuídas por Consellerías. Como se observa no cadro, as máis numerosas son as que se refiren á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e á Consellería de Sanidade con porcentaxes do 21,61 % e 21,24 %, respectivamente.

Consellerías	Núm. queixas	Porcentaxes
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	296	21,61 %
Consellería de Facenda	27	1,97 %
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	58	4,23 %
Consellería de Economía e Industria	104	7,59 %
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	204	14,89 %
Consellería de Sanidade	291	21,24 %
Consellería de Cultura e Turismo	36	2,63 %
Consellería de Traballo e Benestar	257	18,76 %
Consellería do Medio Rural	90	6,57 %
Consellería do Mar	7	0,51 %
Total	**1370**	

DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERIAS DAS QUEIXAS QUE AFECTAN Á XUNTA DE GALICIA



Totales: 1370

5.10. QUEIXAS REFERIDAS ÁS DEPUTACIONS PROVINCIAIS E AOS CONCELLOS

Nestes cadros constan os datos numéricos sobre as queixas referidas ás Deputacións Provinciais e aos Concellos. Os datos referidos aos Concellos presentámolos distribuídos por provincias. Observamos que o Concello con máis queixas é Vigo, con 42 queixas. Os seguintes foron Marín (24), A Coruña (20) e Pontevedra (18).

5.10.1 QUEIXAS REFERIDAS ÁS DEPUTACIONS PROVINCIAIS:

Deputación da Coruña	5
Deputación de Lugo	4
Deputación de Ourense	2
Deputación de Pontevedra	10

5.10.2 QUEIXAS REFERIDAS AOS CONCELLOS:

5.10.2.1 A CORUÑA

Concello	Núm. Queixas
Abegondo	3
Ames	5
Aranga	
Ares	2
Arteixo	2
Arzúa	4
Baña, A	
Bergondo	
Betanzos	1
Boimorto	

Concello	Núm. Queixas
Boiro	3
Boqueixón	
Brión	4
Cabana de Bergantiños	
Cabanas	
Camariñas	1
Cambre	2
Capela, A	
Carballo	2
Cariño	1

Concello	Núm. Queixas
Carnota	
Carral	
Cedeira	1
Cee	
Cerceda	
Cerdido	
Cesuras	1
Coirós	
Corcubión	
Coristanco	6
Coruña, A	20
Culleredo	5
Curtis	1
Dodro	
Dumbría	
Fene	1
Ferrol	5
Fisterra	
Frades	
Irixoa, A	
Laxe	
Laracha	
Lousame	
Malpica de Bergantiños	
Mañón	
Mazaricos	
Melide	3
Mesía	
Miño	1
Moeche	
Monfero	1
Mugardos	

Concello	Núm. Queixas
Muxía	2
Muros	3
Narón	4
Neda	
Negreira	1
Noia	3
Oleiros	5
Ordes	2
Oroso	
Ortigueira	1
Outes	1
Oza dos Ríos	
Paderne	
Padrón	10
Pino, O	
Pobra do Caramiñal, A	2
Ponteceso	
Pontedeume	1
Pontes de García Rodríguez, As	2
Porto do Son	2
Rianxo	2
Ribeira	1
Rois	1
Sada	4
San Sadurniño	
Santa Comba	
Santiago de Compostela	15
Santiso	
Sobrado	
Somozas	
Teo	4
Toques	

Concello	Núm. Queixas
Tordoia	
Touro	
Trazo	1
Val do Dubra	2
Valdoviño	2
Vedra	
Vilarmaior	
Vilasantar	
Vimianzo	1
Zas	
TOTAL A CORUÑA	**147**

5.10.2.2 LUGO

Concello	Núm. Queixas
Abadín	
Alfoz	
Antas de Ulla	
Baleira	
Baralla	1
Barreiros	1
Becerreá	
Begonte	
Bóveda	
Burela	1
Carballedo	1
Castro de Rei	
Castroverde	2
Cervantes	
Cervo	
Corgo, O	
Cospeito	
Chantada	
Folgoso do Courel	
Fonsagrada, A	
Foz	1
Friol	
Guitiriz	1
Guntín	
Incio, O	
Láncara	3
Lourenzá	
Lugo	10
Meira	
Mondoñedo	
Monforte de Lemos	6
Monterroso	
Muras	1
Navia de Suarna	
Negueira de Muñiz	
Nogais, As	
Ourol	1
Outeiro de Rei	
Palas de Rei	
Pantón	
Paradela	
Páramo, O	
Pastoriza, A	
Pedrafita do Cebreiro	
Pobra de Brollón, A	
Pol	
Pontenova, A	
Portomarín	
Quiroga	
Rábade	
Ribadeo	
Ribas de Sil	
Ribeira de Piquín	
Riotorto	
Samos	
Sarria	4
Saviñao, O	
Sober	
Taboada	
Trabada	
Triacastela	
Valadouro, O	

Concello	Núm. Queixas
Vicedo, O	
Vilalba	1
Viveiro	
Xermade	
Xove	
TOTAL LUGO	**34**

5.10.2.3 OURENSE

Concello	Núm. Queixas
Allariz	
Amoeiro	1
Arnoia, A	
Avión	2
Baltar	
Bande	1
Baños de Molgas	
Barbadás	
Barco de Valdeorras, O	
Beade	1
Beariz	
Blancos, Os	
Boborás	2
Bola, A	
Bolo, O	2
Calvos de Randín	
Carballeda de Valdeorras	
Carballeda de Avia	1
Carballiño, O	
Cartelle	
Castrelo de Miño	
Castrelo do Val	
Castro Caldelas	
Celanova	2
Cenlle	
Coles	1
Cortegada	
Cualedro	1
Chandrexa de Queixa	

Concello	Núm. Queixas
Entrimo	1
Esgos	
Gomesende	
Gudiña, A	
Irixo, O	
Larouco	
Laza	
Leiro	1
Lobeira	
Lobios	
Maceda	
Manzaneda	
Maside	
Melón	
Merca, A	1
Mezquita, A	
Montederramo	1
Monterrei	
Muíños	1
Nogueira de Ramuín	1
Oímbra	
Ourense	15
Paderne de Allariz	2
Padrenda	1
Parada de Sil	
Pereiro de Aguiar, O	
Peroxa, A	
Petín	
Piñor	

Concello	Núm. Queixas
Pobra de Trives, A	1
Pontedeva	
Porqueira	
Punxín	
Quintela de Leirado	
Rairiz de Veiga	
Ramirás	
Ribadavia	2
Riós	
Rúa, A	
Rubiá	
San Amaro	
San Cibrao das Viñas	1
San Cristovo de Cea	
San Xoán de Río	
Sandiás	
Sarreaus	
Taboadela	
Teixeira, A	
Toén	
Trasmiras	
Veiga, A	3
Verea	
Verín	
Viana do Bolo	1
Vilamarín	
Vilamartín de Valdeorras	1
Vilar de Barrio	
Vilar de Santos	
Vilardevós	
Vilariño de Conso	
Xinzo de Limia	3

Concello	Núm. Queixas
Xunqueira de Ambía	1
Xunqueira de Espadanedo	
TOTAL OURENSE	**51**

5.10.2.4 PONTEVEDRA

Concello	Núm. Queixas
Agolada	
Arbo	2
Baiona	3
Barro	1
Bueu	
Caldas de Reis	1
Cambados	3
Campo Lameiro	
Cangas	3
Cañiza, A	1
Catoira	1
Cerdedo	
Cotobade	1
Covelo, O	
Crecente	
Cuntis	1
Dozón	
Estrada, A	1
Forcarei	
Fornelos de Montes	
Gondomar	4
Grove, O	1
Guarda, A	
Illa de Arousa, A	
Lalín	1
Lama, A	1
Marín	24
Meaño	
Meis	1

Concello	Núm. Queixas
Moaña	4
Mondariz	2
Mondariz-Balneario	
Moraña	
Mos	3
Neves, As	
Nigrán	5
Oia	2
Pazos de Borbén	
Poio	
Ponteareas	4
Pontecaldelas	
Pontecesures	
Pontevedra	18
Porriño, O	
Portas	
Redondela	2
Ribadumia	
Rodeiro	
Rosal, O	
Salceda de Caselas	3
Salvaterra de Miño	1
Sanxenxo	4
Silleda	3
Soutomaior	
Tomiño	2
Tui	2
Valga	
Vigo	42

Concello	Núm. Queixas
Vila de Cruces	3
Vilaboa	
Vilagarcía de Arousa	3
Vilanova de Arousa	
TOTAL PONTEVEDRA	**153**

5.11 ATENCIÓN AO CIDADÁN

Durante o ano 2011 o Valedor do Pobo despregou unha importante actividade en canto á súa atención ao cidadán. Un total de 2129 persoas dirixíronse á institución en demanda de orientación e asesoramento, nas súas modalidades de atención presencial e telefónica.

Atención telefónica	1401 (media mensual 116)
Atención presencial	728 (media mensual 60)



ANEXO

Liquidación orzamento (artigo 37.4 da Lei 6/1984)

En cumprimento do establecido no artigo 37.4 da Lei 6/84, do Valedor do Pobo, os artigos 27 e 28 do seu Regulamento de organización e funcionamento, así como o disposto no artigo 18 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, xúntase resume da liquidación por capítulos do estado de gastos e ingresos referidos ao ano 2011.

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2011
Data de Creación: 13/02/2012

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	MODIFICACIÓN DE PREVISIÓNS			DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PDTES. DE COBRO NO 31/12
	PREVISIÓNS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS				
3	0,00	0,00	0,00	16.356,74	15.239,11	0,00	1.063,63
4	1.963.195,00	0,00	1.963.195,00	1.963.195,00	794.489,60	0,00	1.168.705,40
Total operacións corrientes	**1.963.195,00**	**0,00**	**1.963.195,00**	**1.979.551,74**	**809.782,71**	**0,00**	**1.167.769,03**
6	0,00	0,00	0,00	1.000,00	1.000,00	0,00	0,00
7	40.300,00	0,00	40.300,00	40.300,00	40.300,00	0,00	0,00
Total operacións capital	**40.300,00**	**0,00**	**40.300,00**	**41.300,00**	**41.300,00**	**0,00**	**0,00**
5	30.050,00	0,00	30.050,00	57.714,79	57.714,79	0,00	0,00
Total operacións patrimoniais	**30.050,00**	**0,00**	**30.050,00**	**57.714,79**	**57.714,79**	**0,00**	**0,00**
Total operacións non financeiras	**2.033.545,00**	**0,00**	**2.033.545,00**	**2.078.566,53**	**908.797,50**	**0,00**	**1.169.769,03**
8	15.000,00	76.089,00	91.089,00	6.021,49	6.021,49	0,00	0,00
Total cap. 8 e 9	**15.000,00**	**76.089,00**	**91.089,00**	**6.021,49**	**6.021,49**	**0,00**	**0,00**
Total operacións financeiras	**15.000,00**	**76.089,00**	**91.089,00**	**6.021,49**	**6.021,49**	**0,00**	**0,00**
Total Xen.:	**2.048.545,00**	**76.089,00**	**2.124.634,00**	**2.084.588,02**	**914.818,99**	**0,00**	**1.169.769,03**

Data de Referencia: 31/12/2011

Data de Creación: 14/02/2012

VALEDOR DO POBO

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA **0102** **VALEDOR DO OBO**

CL. FUNCIONAL **111B** **Actividade lexislativa**

ECONÓMICO	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CRÉDITO	PAGOS	OBL. PDTES. NO 31/12
	INICIAIS	MODIFICAC.	DEFINITIVOS					
1	1.557.745,00	-12.210,36	1.545.534,64	1.447.708,09	1.447.708,09	97.826,55	1.447.604,09	104,00
2	435.400,00	-12.210,36	447.610,36	419.029,08	419.029,08	28.581,28	405.309,25	13.719,83
4	100,00	0,00	100,00	0,00	0,00	100,00	0,00	0,00
Total operacións correntes	**1.993.245,00**	**0,00**	**1.993.245,00**	**1.866.737,17**	**1.866.737,17**	**126.507,83**	**1.852.913,34**	**13.823,83**
6	37.300,00	76.089,00	113.389,00	77.519,53	77.519,53	35.869,47	77.519,53	0,00
7	3.000,00	0,00	3.000,00	2.086,83	2.086,83	913,17	1.613,02	473,81
Total operacións capital	**40.300,00**	**76.089,00**	**116.389,00**	**79.606,36**	**79.606,36**	**36.782,64**	**79.132,55**	**473,81**
Total operacións non financeiras	**2.033.545,00**	**76.089,00**	**2.109.634,00**	**1.946.343,53**	**1.946.34,53**	**163.290,47**	**1.932.045,89**	**14.297,64**
8	15.000,00	0,00	15.000,00	6.661,52	6.661,52	8.338,48	6.661,52	0,00
Total cap. 8 e 9	**15.000,00**	**0,00**	**15.000,00**	**6.661,52**	**6.661,52**	**8.338,48**	**6.661,52**	**0,00**
Total operacións financeiras	**15.000,00**	**0,00**	**15.000,00**	**6.661,52**	**6.661,52**	**8.338,48**	**6.661,52**	**0,00**
TOTAL PROGRAMA	**2.048.545,00**	**76.089,00**	**2.124.634,00**	**1.953.005,05**	**1.953.005,05**	**171.628,95**	**1.938.707,41**	**14.297,64**
TOTAL ORGÁNICA	**2.048.545,00**	**76.089,00**	**2.124.634,00**	**1.953.005,05**	**1.953.005,05**	**171.628,95**	**1.938.707,41**	**14.297,64**
Total Xen.:	**2.048.545,00**	**76.089,00**	**2.124.634,00**	**1.953.005,05**	**1.953.005,05**	**171.628,95**	**1.938.707,41**	**14.297,64**